268. **Ave que se muda, en cada sitio deixa unha pluma.** (mc: A.N. / ms: A.V. / ms21,22v: Bermés)

269. **Ave que se muda, en cada sitio deixa súa pluma.** [135] (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)

270. **Ave que vai de paso, cañazo.** (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)

Var.: *Anade de paso, fungueirazo.* (C.A. *A Nosa Terra*)

(es) *Al ave que va de paso, cañazo.* (Sbarbi)

271. **Axudémonos do boi que é alleo.** (mc: Palas de Rey)

272. **Bacoriño de celeiro non quer compañeiro.** [136] (mc: *Terra de Melide* / ms21,20r: Bermés / Juan Carlos Couselo Gago)

(pt) *Bácoro em celeiro, não quer parceiro.* (Chaves)

273. **Bacuriño no palleiro non quere compañeiro.** [137] (mc: Mellid-F.V.S.)

274. **Baraxo de gando, perdendo ou ganando.** (mc e ms: Agro)

275. **Bebe o viño alí onde come a perdís.** (mc e ms4: A.I. / ms4: A.S.A.)

Var.: *Bebe o viño onde come a perdiz.* (ms4: A.S.A.)

276. **Bebe viño onde comas perdís.** (ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)

277. **Becerriño no palleiro non quere compañeiro.** (ms17,037: Mellid)

278. **Becerro e vaca sobrante, quitalos logo de diante.** [138] (mc, ms, ms17,038: J.P.)

---

[130] ms4: *y os cas*.
[131] ms: *d'un burro c'a d'unha vesta*.
[132] ms-LU: *fai o seu amo*.
[133] ms: *y o que o dice*; ms4: *burrico*.
[134] O orixinal di *Ave de pluma non dixes ninguna, su porco voara*.
[135] O orixinal di *Ave que se muda, en cada sito deixa sua pluma*.
[136] ms21,20r e J.C. Couselo Gago: *Bacuriño*; ms21,20r: *non quere compañeiro*; J.C. Couselo Gago: *non querer compañeiro*.
[137] mc: *Becerriño*.
[138] ms17: *quitalas*.

279. **Becerro en inverno ben tratado, para Pascua xa verás cebado.** [139] (ms4: J.P.)

280. **Ben sabe o burro cándo é día de misa.** (mc: Tuiriz, Monforte)

281. **Ben sabe o burro en qué cara rebuzna.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

282. **Ben sabe o burro en qué casa ornea.** (mc: Buciños)

(pt) *Bem sabe a burra diante de quem zurra.* (Chaves) */ Bem sabe o asno em cuja casa ronda.* (Id.) (es) *Bien sabe el asno en cuya casa rebuzna.* (Sbarbi) (ct) *Be sab l'ase en quina casa brama.* (Alberola)

Reprende la excesiva familiaridad, que ocasiona serios inconvenientes.

283. **Ben se alegra o lobo do que come o zorro.** [140] (mc: A.I. / ms15,01: Carré Aldao)

(es) *Bien se huelga el lobo con la voz de la oveja.* (R. Marín)

284. **Ben vai a cabra coxa, como o lobo non-a colla.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

285. **Besta andadora, nunca a vella chega.** (ms10,049r: Renche, Samos)

286. **Besta atada, se non come, paga.** (mc: Páramo-F.V.S.)

Besta atada para comer, aunque no come, paga lo mismo, por ej. en un mesón, etc. A eso se aplica el refrán, que se acomoda también a las personas.

287. **Besta branca non a come o lobo.** (mc e ms: Agro)

Lo hemos oído en Buciños, donde aseguran que no hay precedente que contradiga el refrán. (mc) / Lo oímos también en Buciños, donde aseguran que no hay precedente de tal cosa. (ms)

288. **Besta brava, corda larga.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

289. **Besta cega ben a ves.** (mc: Santiago)

290. **Besta de andadura pouco dura.** (ms10,049r: Renche, Samos)

291. **Besta de herba, besta de merda; besta de toxo, besta que dá noxo; besta de pan e cebada, besta prá xornada.** [141] (mc e ms: Carballedo)

292. **Besta de herba, besta de merda.** [142] (mc e ms: A.S.A.)

293. **Besta de herba, besta de perda.** (mc: A.I.)

294. **Besta de monte, a orella cortada.** (mc: Lugo / ms: Agro)

Véase *A besta golosa...*

295. **Besta golosa, talega d'area.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

296. **Besta grande, ande ou non ande.** (mc: A.I.)

(es) *Caballo grande, ande o no ande.* (Sbarbi)

Censura a los que prefieren la cantidad a la calidad.

297. **Besta grande, ande, non ande.** (ms11,56: José Sanjurjo Pedrouzo)

298. **Besta moína, falsa ou fina.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

299. **Besta mular, comer e andar.** (mc: Agro)

300. **Besta mular, ou comer ou andar.** (mc: M.V. / ms3: M.V., *Terra de Melide* / ms21,20v: Bermés)

301. **Besta peluda engañ'a tres.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

302. **Besta que fai "¡iu!" é porque é falsa.** (ms21,14r: Bermés)

303. **Besta que non poidas manter, levala a vender.** [143] (mc: Agro / ms18,68v: *Diario de Avisos*, de Ricardo Caruncho (1888))

304. **Besta que non poidas pagar, deixala apastar.** [144] (mc: Agro / ms18,22r / ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)

305. **Besta que xeme, á carga non teme.** [145] (mc e ms3: M.V. / ms21,20v: Bermés)

(pt) *Burro que geme, carga não teme.* (Chaves) (es) *Bestia que gime, más carga pide.* (Correas) */ Bestia que geme, la carga no teme.* (Id.) Entiéndela en alegoría que el que rezonga y gruñe, quiere carga de palos. (Correas)

306. **Besta roán, ou podre ou san.** (mc: Santiago)

307. **Besta sin rabo, o demo a aparella.** (mc: Carballedo)

308. **Besta vella n'entra en paso, pero a leña i-a muller, cantas máis tomas alcance, tanto millor son de arder.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

309. **Besta vella n'entra en paso.** (mc: M.L.)

---

[139] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.
[140] ms3: *s'alegra*.
[141] ms: *besta de m.*
[142] ms: *besta de m.*
[143] ms18,68v: *non podas manter, leval'a vender*.
[144] ms6,02v e ms18,22r: *podas pagar*; ms6,02v: *deixala pastar*.
[145] ms3: *geme*.

(pt) *Burro velho não toma andadura e, se a toma, pouco dura.* (Chaves)

310. **Besta vella non colle enseño.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

(pt) *Burro velho não recebe ensino.* (Chaves)

311. **Besta vella non dá paso.** (ms-LU: Guillermo Pino[sic] O[?] e José M[?] R[?]: Terra Cha, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Terra Cha, LU)

312. **Besta vella non sigue paso.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

313. **Besta vella todo é callos.** (mc: Carballedo)

314. **Besta vella, botala ós toxos.** (mc: A.N.)

Por inservible.

315. **Besta vella, cómena os lobos.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

316. **Besta vella, ós toxos, e home vello, ós arredores.** (mc / ms4: F.V.S.)

317. **Besta vella, ós toxos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Serantes, Santiso (Terra de Melide), C / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU / ms21,06v: Bermés)

318. **Besta vella, pouco verde.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

(pt) *A burro velho, pouco verde.* (Chaves) (es) *A caballo viejo, poco verde.* (R. Marín)

R. Marín explica: *porque se van de vareta en comiendo mucho alcacer*. Sbarbi lo entiende en sentido figurado: *aconseja, dicen, dar a los viejos alimentos sustanciosos*.

319. **Bestas no monte e barcos no mar nunca faltan.** (mc: S. Loureiro)

320. **Bestias do monte non comen cebada.** [146] (Jesús Vázquez: Sarria, LU)

321. **Boa orella, porco de boa casta.** (ms4: Agro)

322. **Boa pata e boa orella son siñal de boa besta.** (mc: Agro)

(pt) *Grande pé e grande orelha, sinal é de grande besta.* (Chaves) (es) *Buena pata, y buena oreja, señal de buena bestia.* (Correas) (ct) *Bòna pata y bòna orella, senyal de bòna bestia.* (Alberola).

323. **Boa pata e boa orella, señal é de boa besta.** [147] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

324. **Boi bravo en terra allea faise manso.** (mc e ms: Tuiriz, Monforte)

(pt) *O boi bravo na terra alheia se faz manso.* (Chaves) (es) *El buey bravo, en tierra ajena se hace manso.* (Correas).

En ambiente extraño se procede con mayor moderación que en el propio.

325. **Boi bravo, rego largo.** (mc e ms: M.V.)

326. **Boi bravo, vente ó carro que o manda o Apóstol Santiago.** [148] (mc / ms4: F.V.S. / ms17,032)

Se dice en S. Julián de Vea (Estrada), y alude a la referencia tradicional de que los toros bravos del país, se dejaron uncir al carro para conducir a Compostela los restos del Santo Patrón de España.

327. **Boi ceibo, de seu se lame.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

328. **Boi de palla, besta de herba e home de moita verba, todo é merda.** (mc e ms: Agro)

(es) *Amigo de verba, caballo de hierba y casa de tierra, todo es mierda.* (R. Marín)

329. **Boi de ventre non mente.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

330. **Boi e vaca escornador e xente de señorío, canto máis lonxe, millor.** (ms17,034)

331. **Boi e vaca escorneador, e xente de servicio, canto máis lexos mellor.** (mc: Carballedo)

332. **Boi manso matou o home.** (mc e ms: Tuiriz de Monforte)

Por la mayor confianza que inspira.

333. **Boi morto, vaca é; carne de porco, touciño.** [149] (mc e ms17,036: Agro)

(pt) *Boi morto, vaca é.* (Chaves) (es) *Buey muerto, vaca es.* (Sbarbi) */ Buey me mata y vaca me alaba.* (Id.)

Se confunde con ella en la expendeduría y así logra mayor estimación.

334. **Boi morto, vaca é.** (mc: Lugo / ms3: M.V. / ms17,036: Agro)

335. **Boi pequeno, en cornos crece.** (mc e ms17,029: *Vida Gallega*)

(pt) *Boi manso* (ou *mau*)*, em seu corno cresce.* (Chaves) (es) *El buey ruín en cuerno crece.* (Sbarbi) (ct) *El bòu chiquet tot ho pósa en cuernos.* (Alberola)

Los mal indolados, al crecer en años, crecen también en sus torcidas inclinaciones. (mc) / Las personas de malas inclinaciones, suelen ir creciendo en vicios al par de los años. (Sbarbi) (ms17,029)

336. **Boi porque aras, boi porque non aras.** (mc, ms4 e ms17,028: Bagueixos, Lugo-F.V.S.)

---

[146] O orixinal di *Bestias d'o monte non comen zebada*.

[147] ms-LU: *señal de boa*.

[148] ms17,032: *Apóstolo Santiago*.

[149] ms4: *touciño é*.

337. **Boi que escorna, escorna i-escornará.** [150] (mc e ms17,027: Agro)

Es muy difícil vencer los malos hábitos adquiridos.

338. **Boi que escorna, escornou e escorna.** (ms18,22r)

339. **Boi que está mui traballado, non che sirve para o barco.** [151] (mc e ms17,026: Agro / ms18,22r)

340. **Boi que non garda o rego, engordalo e vendelo.** (ms-SA: algún lugar de Galicia)

341. **Boi roedor, boi comedor.** (mc: Chantada / ms4: F.V.S. / ms17,025)

342. **Boi vello pola reigueira.** [152] (mc: Chantada / ms4: F.V.S. / ms17,023)

343. **Boi vello pola rilleira.** (mc e ms17,023: Pedraza)

344. **Boi vello, de seu leva o rego.** (ms17,022: M.L.)

(pt) *Boi velho, rego direito.* (Chaves) (es) *Buey viejo lleva surco derecho.* (Correas) / *Buey viejo, surco derecho.* (Correas) (va) *El bòu vell fa el solc dret.* (Alberola)

345. **Boi vello, rego direito.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

Var.: *Boi vello, suco dreito.* (ms5,045: Santiago)

(pt) *Boi velho, rego direito.* (Chaves) (es) *Buey viejo lleva surco derecho.* (Correas) / *Buey viejo, surco derecho.* (Id.) (ct) *El bòu vell fa el solc dret.* (Alberola)

346. **Boi vezado volve ó prado.** (mc: M.V. / ms21,30r: Bermés)

347. **Boi vezado, carreira ó prado.** (mc, ms4 e ms17,024: Buciños-F.V.S.)

348. **Bois de palla, bois de nada.** (mc e ms17,021: Buciños)

349. **Burro grande, ande, non ande.** (ms21,06r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

350. **Burro morto, cebada ó rabo.** (mc: A.S.A.)

Véase *A burro muerto...*

351. **Burro que entra na devesa allea, volverá cargado de leña.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

352. **Burro vello, albarda nova.** (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)

(pt) *A burro velho, albarda nova.* (Chaves) / *A burro velho, capim novo.* (Id.) (es) *A burra vieja, albarda nueva.* (Correas) / *A buey viejo, cencerro nuevo.* / *A burra vieja, arracadas nuevas.* (Sbarbi)

Véase *A cabalo vello...*

353. **Burros blancos, burros negros, lameiros arriba do rego e mozas de Boborás, vai que ben vas.** (mc: Loureiro de Cotovad)

Var.: *Burros blancos e negros, lameiros arriba do rego e mozas de Boborás, vai que ben vas.* (Loureiro de Cotovad-F.V.S.)

354. **Búscalle os tres pés ó gato i-atoparás catro.** [153] (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

355. **Cabalo grande, ande ou non ande.** [154] (mc e ms4: A.N.)

(es) *Caballo grande, ande o no ande.* (Sbarbi)

Como *Besta grande...*

356. **Cabalo grande, ande, non ande.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

357. **Cabalo morto, chourizos no matadeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pontevedra, PO)

358. **Cabalo que diga "hin", home e muller que sepa latín e fonte que regue no fondo do prado, renégoche deles como do diablo.** [155] (mc: Incio-F.V.S.)

359. **Cabalo que ha d'ir á guerra no es poltro o égua.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

360. **Cabalo que ha de ir á guerra, non-o aborta súa nai.** [156] (mc: *Terra de Melide* / ms e ms4: V.R. y A.R.)

(pt) *Cavalo que há-de ir à guerra, nem corra lobo, nem o abane a égua.* (Chaves) (es) *Caballo que ha de ir a la guerra, ni le come el lobo, ni le aborta la yegua.* (Correas) / *Caballo que ha de ir a la guerra, nunca le aborta la yegua.* (Id.)

361. **Cabalo que non conozas non montes.** (mc: Tuiriz, Monforte)

362. **Cabalo, espada e muller, a naide se han de ceder.** [157] (mc: Meilán)

(pt) *Mulher, cavalo e cão, nem se emprestan, nem se dão.* (Chaves) (es) *Espada y mujer, ni darlos a ver.* (Correas)

363. **Cabra con zarcelos, en calquer tempo.** (mc: Buciños)

---

[150] ms4: *escornou e escornará*; ms17: *y escornará*.
[151] ms18,22r: *esté moi traballado*.
[152] ms4 e ms17,023: *rigueira*.
[153] ms: *y atoparás os catro*.
[154] ms4: *ande non ande*.
[155] ms4: *Cabalo que diga in*.
[156] ms3: *ha d'ir, a sua nai*; ms4: *aborta a sua nai*.
[157] V. tamén *Préstamos*.

364. **Cabra coxa non precisa solta.** [158] (mc: Buciños / ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

365. **Cabra coxa non quer sesta, e se a toma, mal lle presta.** [159] (mc: M.V.)

(pt) *Cabra manca não tem sesta, e se a tem, pouco lhe presta.* (Chaves) (es) *Cabra coja no quiere siesta.* (Sbarbi) */ Cabra coja no tenga siesta, y, si la tiene, caro le cuesta.* (Id.) */ La cabra coja no quiere siesta, y si la quiere caro la cuesta.* (Correas)

A menos recursos y más escaso talento, mayor actividad y aplicación. (mc) / Dice que las personas de escaso entendimiento deben suplir con su trabajo y voluntad su deficiencia. (Bergua) (ms)

366. **Cabra coxa non quer xesta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

367. **Cabra coxa non quere xesta** [sic] **e, se a toma, non lle presta.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

368. **Cabra coxa non quere sesta; se a toma, mal lle presta.** (ms-SA: M. González Fernández)

369. **Cabra coxa non ten pernas.** (ms: Buciños)

370. **Cabra coxa non ten sesta, e se a ten, mal lle presta.** [160] (ms21,12v: Bermés / ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)

371. **Cabra por viña, de tal mai tal filla.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

(pt) *Cabra que vai à vinha, tal é a mãe, tal é a filha.* (Chaves) (es) *Cabra por viña, cual la madre, tal la hija.* (Sbarbi)

Los hijos, siguen, por lo común, el genio y las inclinaciones de sus padres.

372. **Cabra que está na serra, por ti pasa e por min espera.** [161] (mc e ms: Bagueixos / ms4: Incio-F.V.S.)

373. **Cabra que estás na pena, polo que doutra oies, a ti che espera.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

374. **Cabras de Pedro Rodríguez, tarde ides e cedo vides, i-o mal que tedes, na corte o colledes.** [162] (mc e ms4: Biville-F.V.S.)

375. **Cabritiño de xaneiro i-añiño de ferbeiro.** [163] (ms21,11r: Bermés)

376. **Cada can lambe a súa ferida.** (ms15,29r: Mª Felicidad Vila)

377. **Cada can lambe os seus.** (ms15,29r: Mª Felicidad Vila)

378. **Cada formiga ten súa ira.** (mc: A.N.)

(pt) *Cada formiga tem sua ira.* (Chaves) (es) *Cada hormiga tiene su ira.* (Correas)

379. **Cada gota d'auga na sega, val un sapo na terra.** (ms18,51r: *Vida Gallega*)

380. **Cada gota de auga na sega, val un sapo na terra.** [164] (ms: M.L.)

381. **Cada moucho no seu souto.** [165] (mc: Buciños)

Var.: *Cada moucho no seu portelo.* (C.A. *A Nosa Terra*)

(pt) *Cada mocho a seu souto.* (Chaves) (es) *Cada mochuelo a su olivo.* (R. Marín)

382. **Cada moucho ó seu portelo.** (ms18,68v: *Diario de Avisos*, de Ricardo Caruncho (1888))

383. **Cada ovella con súa parella.** [166] (mc: *Dicc. Ac.* / ms10,74r: *D.E.*)

Var.: *Cada ovella busca a súa parella.* (G.P.)

(pt) *Cada ovelha com sua parelha.* (Chaves) */ Cada qual folgue com seu igual.* (Id.) (es) *Cada oveja con su pareja.* (Correas) */ Cada par con su par, o con su igual.* (Id.) */ Cada oveja quiere su pareja.* (Id.) (ct) *Cada ovella en sa parella.* (Alberola)

Cada uno se junte con su igual. Idea repetidísima en todas las paremiologías.

384. **Cada peza do cocho seu sabor ten.** (ms: Sober)

Var.: *Cada peza do cocho seu sabor ten, ten sesenta e catro se llas contas ben. / Cada peza do cocho ten o seu gusto.* (Camb?)

385. **Cada pita ben come o que escarabella i-á noite hai que lle dar a cena.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

386. **Cada pita come o que escaravella i-á noite hai que lle dar a cea.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

387. **Cada porquiño fai o seu aniño.** (mc: Santiago)

388. **Cada porquiño ten o seu santiño.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

389. **Caga máis un boi que cen golondrinas.** [167] (mc e ms: Tuiriz, Monforte)

---

[158] mc: *percisa*.
[159] ms4: *sesta, se a toma*.
[160] ms-LU: *e sa ten*.
[161] ms e ms4: *estás*.
[162] mc: *tarde vides*.
[163] O orixinal di *Cabritiño de xaneiro y'aniño de ferbeiro*.

[164] ms: *sal un sapo*.
[165] V. *Moito pode o moucho no seu souto* en *Dominio*.
[166] ms10: *coa sua*. / A primeira variante tamén está contida no ms e leva a indicación *Elección*.
[167] ms: *C... máis*.

(es) *Más caga un buey que cien golondrinas.* (Sbarbi) (ct) *Més caga un bòu que sent oronelles.* (Alberola)

Más influye un amigo poderoso, que muchos sin influencia; y también más vale un gran negocio que muchos pequeños.

390. **Calzada de un pé, boa; de dous, millor; de tres, mala; e de catro, peor.** (mc: Carballedo)

391. **Campo que vexas moi adiantado, cómano as ovellas sin coidado.** (ms4: J.P.)

392. **Can que moito lambe tira sangue.** [168] (mc e ms: M.V. / ms21,21r: Bermés)

(pt) *Cão que muito lambe, tira o sangue.* (Chaves) (es) *Can que mucho lame, saca sangre.* (Correas)

El excesivo cariño suele ser dañoso; hay amores que matan.

393. **Can vello non aprende enseño.** (mc: J.P.)

(pt) *Burro velho não recebe ensino.* (Chaves)

394. **Can vello non colle enxeño.** [169] (ms21,17v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

395. **Cando a galiña canta como o galo, a morte está no tellado.** [170] (mc: G.P. / ms11,33)

En otros lugares van variantes de la especie supersticiosa del refrán según la cual, el canto de la gallina, cuando imita al del gallo, anuncia muerte en casa.

396. **Cando a galiña canta, ou ovo deixa ou zorro espanta.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

397. **Cando a galiña canta, señal de que hai ovo.** (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

398. **Cando a galiña pica o galo, maliño malo.** (mc: R. Caruncho)

Var.: *Cando a galiña pica o galo, malo, malo...*

Tiene variantes que pondremos es su lugar.

399. **Cando a galiña pica o galo, malo; cando o galo pica a galiña, aínda, aínda.** (mc: M.L.)

Var.: *Cando a galiña pica o galo, señal de pitos pró amo; e cando o galo pica á galiña, señal de pitos axiña.* (A.N.) [171]

(es) *Cuando la gallina pica al gallo ¿qué va buscando?* (R. Marín) / *Cuando la gallina pica al gallo en la cresta ¿qué busca ella?* (Id.)

400. **Cando a galiña pica o galo, señal de bon ano.** [172] (mc e ms: La Gudiña)

401. **Cando a golondrina marcha, acabouse o vran.** [173] (mc e ms: Santiago)

402. **Cando a ovella berra, vai o lobo tras dela.** [174] (mc: Santiago / ms-SA: Pascual Campos Arestiño: Cando, Outes, C)

403. **Cando a pita galea o galo, señal de bon ano.** (ms-LU: seminarista anónimo: Becerreá, LU)

404. **Cando a pita pica ao galo, señal de bon ano.** (ms11,25: Gudiña, Orense)

405. **Cando a pita pica o galo, señal de pitos pró ano.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

406. **Cando a rula canta no seu ruleiro, botar o millo anque sea no bulleiro.** (ms14,18)

407. **Cando a rula está no ruleiro, bota o millo, anque sea no bulleiro.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

(es) *Cuando la tórtola canta, es tiempo se sembrar el maíz.* [175]

408. **Cando as pegas cantan, algo ventan.** [176] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

409. **Cando as sanas se poñen coxas ¿que farán as coxas xa?** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

410. **Cando cacarexa a pita, algo sente na crista.** (mc: A.I.)

411. **Cando cant'o cuco, millo ó suco.** (ms21,03v: Bermés)

412. **Cando canta a galiña, prepara a sartén i-encende a cociña.** (ms15,42: Valle del Mao)

413. **Cando che deren a vaquilla, colle a soguilla.** [177] (mc: Carballedo)

(es) *Cuando te dieren la vaquilla, acude con la soguilla.* (Sbarbi) / *Cuando te dieren la vaquilla, acorre luego con la soguilla.* (Correas)

Recomienda que no seamos remisos, cuando se nos ofrece alguna cosa.

---

[168] mc e ms21,21r: *sangre*.
[169] ms-LU: *colle enseño*.
[170] ms11,33: *coma o galo*.
[171] ms3 e ms4: *pitos pro ano*.
[172] ms: *pita*.
[173] ms: *jolondrina*.
[174] ms-SA: *vai u lobo tras ela*.
[175] ms: *canta la rula*.
[176] ms-LU: *Cand'as pegas*.
[177] V. refráns semellantes en *Oportunidad* (*Aprovechar la oportunidad*).

414. **Cando chega Difuntos, os corvos chegan todos xuntos.** (mc: Santiago)

415. **Cando chove e sarabea, a galiña cacarea.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

416. **Cando chove e vai sol, cas'o zorro e maila zorra.** [178] (ms21,05r: Bermés)

417. **Cando dicen lobo, lobo non será pero zorro é seguro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

418. **Cando o año berra e o pito pía, acabouse o tempo da fía.** (mc: Calvor, Sarria / ms4: F.V.S.)

419. **Cando o burro vén ó lugar, todos o queren tomar.** (mc: A.N.)

420. **Cando o can quere a cadela, ofrécelle farela.** [179] (mc, ms3 e ms4: A.S.A.)

Var.: *Cando o can quere a cadela, moito esfarela.* (Velle) [180]

(es) *Cuando el perro quiere a la cadela, mucho la promete de la farela.* (Correas)

421. **Cando o corvo canta, algo venta.** (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)

Tiénese su graznido por mal agüero.

422. **Cando o galo pica a galiña, aínda, aínda...** (ms)

423. **Cando o gato lava a cara, sinal de inverno.** (ms-SA: Jesús Santiso Barreiro)

424. **Cando o gato lava a cara, señal de invierno.** [181] (mc: Santiago / ms-SA: Jesús Santiso Barreiro.)

425. **Cando o gato se lava, cubre a túa casa.** (mc: Santiago)

426. **Cando o lobo anda solto, todo bicho se mete no tobo.** (mc: Santiago)

427. **Cando o lobo mata, mata pra todos.** [182] (mc e ms4: M.V. / ms e ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

428. **Cando o merlo pide pan, arrabea o catalán.** (mc: C.A.)

429. **Cando o tempo se poña de color de ouro, castra o teu touro.** (mc: Lulle)

430. **Cando o teu veciño mate o porco, ti mata unha pita.** [183] (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

431. **Cando o zorro non vén, marañada ten.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(pt) *Raposa que muito tarda, caça aguarda.* (Chaves) (es) *Raposa que mucho tarda, caza aguarda.* (Correas)

432. **Cando os corvos berran, señal de que chove.** (mc: Santiago)

433. **Cando os corvos súan, señal que non hai pan.** (mc: Santiago)

434. **Cando vén a bubela i-o chau garrido, sembra o primeiro millo.** [184] (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

Bubela = bubilla. *Chao garrido* = oropéndola.

435. **Cando vén o cuco, vén o pan ó suco.** (mc: M.V. / ms4: Cuartilla 7)

436. **Canto máis burro, máis palla.** (ms-SA: José M. Domínguez Martínez: Sardiñeiro, Fisterra, C)

437. **Canto máis fraco é o can, máis tarambollo lle dan.** [185] (mc / ms4: F.V.S. / ms21,10v: Bermés)

438. **Canto máis gordo é o porco, millor san Martín se fai.** (ms)

439. **Canto máis grande o can, máis tarambollo lle dan.** (ms-SA: Algún lugar da provincia da Coruña)

440. **Capós, pavos, gansos e coellos por esceución deben facerse vellos.** (ms4: J.P.)

441. **Carga larga, man na illarga; ó cabo dun ano, nin besta nin carga.** [186] (mc, ms3 e ms4: M.V. / ms21,24v: Bermés / ms10,031r: *D.E.*)

442. **Carneiro pra vender, pola mañá ha de pacer.** (mc: J.P.)

443. **Catro paxaros pasan o mar: o cuco, a anduriña, a rula i-o paspallá.** [187] (mc: Lugo-F.V.S.)

444. **Cébanse nos xaulós pavos, gansos e capós.** [188] (ms4: J.P.)

445. **Cegos, pegas e choias, dou ó demo estas tres xoias.** [189] (mc, ms e ms3: A.I.)

Var.: *Cregos, frades, pegas e choyas, do ao demo as catro xoyas.* (Vasconcelos-F.V.S.)

446. **Cegos, pegas e choias, o demo cargue con todas.** [190] (mc e ms: C.A.-*A Nosa Terra*)

447. **Coida o prado e terás gado.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)

448. **Como a cabra por súa viña, onde vai a nai vai a filla.** [191] (mc e ms4: M.L.)

---

[178] O orixinal di *Cando chove e vai sol, cas'o zorro e mail'a zorra*.
[179] ms3 e ms4: *quer*.
[180] ms4: *quer*.
[181] Jesús Santiso Barreiro: *sinal, inverno*.
[182] ms e ms4: *para todos*.
[183] ms e ms4: *un porco*.
[184] ms: *y o*.
[185] ms4: *Cando*.
[186] ms3 e ms4: *d'o ano*; ms21,24v e ms10,0314: *cabo do ano*. / En ms10 s.v. *Ijada*.
[187] ms: *y o*; ms4: *a paspallá*.
[188] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.
[189] ms e ms3: *choyas, xoyas*.
[190] ms: *choyas*.

(es) *La cabra va por la viña, como hace la madre hace la hija.* (Correas) */ La cabra va por la viña, por do va la madre va la hija.* (Id.) */ Cabra va por viña, cuál la madre tal la hija.* (Id.)

449. **Como come a besta, dío a bosta.** (mc: M.L.)

450. **Como come o burro, dicho o seu cu.** [192] (mc: C.S. / ms: A.C. *A Nosa Terra*)

451. **Como come o mulo, así caga o cu.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)

452. **Como sin mel non hai abellas e sin abellas non hai mel, castra as abellas entre Candeas e san Miguel.** (mc: Santiago)

453. **Como vai o gando engordando, convén sin recelo ilo despachando.** [193] (ms4: J.P.)

454. **Con bon tempo hai que castrar e tódalas crías destetar.** (ms4: J.P.)

455. **Con perros vellos non hai cus cus.** (ms-SA: Jesús Santiso Barreiro)

456. **¿Con que soña o porco? Coa lavadura.** [194] (mc: Buciños)

(pt) *Com que sonhas porco? Com a bolota* (Chaves)

457. **Cordeiro manso mama a súa ovella e a allea.** (mc: Chantada)

Var.: *Año manso mama a nai e mais a allea. / Año manso mama a súa ovella e mais a allea.*

(pt) *Cordiro manso, mama sua mãe e a alheia.* (Chaves) */ Borreguinha mansa mama a sua teta e a alheia.* (Id.) (es) *Cordero manso mama a su madre y a todas las del rebaño.* (Correas) */ La cordera mansa mama a su madre y a toda la piara.* (Id.) */ El cordero manso, mama a su madre y a cualquiera, y el bravo, ni a la suya ni a la ajena.* (Correas)

Los que tienen carácter apacible tienen abiertas todas las puertas.

458. **Cornada de burro non mata a xente.** (mc: Santiago)

459. **Corvos á dreita, sorte ben feita.** (ms5,135: Santa Comba)

460. **Corvos en bandada, ou sombra ou presada.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)

461. **Cos animás a forza de limpeza, daranlle ó labrador moita riqueza.** [195] (ms4: J.P.)

462. **Costa abaixo non me montes, costa arriba non me aprontes, e polo chan dáme da man.** (mc: Sober)

Lo dice el caballo y quedan variantes en la primera serie. [196]

463. **Costa abaixo no me montes, costa arriba non m'afrontes, por llano non ma perdones.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

464. **Costa arriba non me montes, costa abaixo non me afrontes, polo chan non me perdones.** [197] (mc: J. Alvariño)

Var.: *"Costas arriba non me apures, costas abaixo non me montes, e polo llano non me aforres", dice o cabalo.* (Baralla-F.V.S.) [198] */ Dixo a besta ó montadore: "Pra riba non m'afrontes, pra baixo non me montes e polo chan non me perdones".* (ms4: M.L.)

En la Tierra Llana se pone en boca del caballo. *Afrontar* es lo mismo que fatigar, cansar, y en este sentido lo incluye en su *Diccionario* Carré Alvarellos.

465. **Costas abaixo, eu me as** [sic] **subo; costas arriba, and'o meu burro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

466. **Costas arriba non m'apures, costas abaixo non me montes, e polo llano non me aforres. (o cabalo)** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

467. **Cregos, frades, pegas e choias son do demo catro xoias.** [199] (ms21,02v: Bermés)

468. **Cría corvos e quitaranche os ollos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

469. **Cría corvos e sacaranche os ollos.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

Var.: *Cría corvos, sacaranche os ollos.*

(pt) *Cria o corvo, tirar-te-há o olho.* (Chaves) (es) *Cría cuervos y te sacarán los*

---

[191] V. *Propensión*. / ms4: *por donde vai a nai*.

[192] Carré Aldao en *A Nosa Terra* recolle: *Como come o burro, dicho seu c.*. Vázquez Saco, probablemente coa intención de recoller *dicho o seu cu*, recolle a forma errónea *dicheo*, engadindo o artigo pero suprimindo o posesivo.

[193] O orixinal di *Como vay o gando engordando, conven sin recelo ilo despachando*.

[194] mc: *ca lavadura*.

[195] Probablemente se trata dunha máxima de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[196] Ás veces no mc, dentro dun mesmo tema hai varias series de refráns alfabetizados. Este é o caso dos relativos a *Agrícolas* (*Animales*). Supoñemos que esa *primera serie* se refire ós que estaban na primeira lista alfabética, onde efectivamente aparecen tódolos que aquí lle siguen a este refrán.

[197] ms: *non ma perdones*.

[198] ms: *m'apures*.

[199] O orixinal di *Cregos, frades, pegas e choyas, son d'o demo catro* (*4*) *xoyas*.

ojos. (Sbarbi) / *Cría el cuervo, y sacarte ha el ojo.* (Correas)

Recomienda no hacer beneficios a los ingratos, so pena de recibir mal por bien.

470. **Criado e galo, un ano; despois de un ano, nin bo criado nin bo galo.** [200] (mc: Chantada)

(pt) *Ao moço e ao galo, um ano.* (Chaves)

(es) *El gallo y el criado, un año, y, en sirviendo los dos. ox.* (Sbarbi)

Porque el primero se cansa", dice Sbarbi, *y el segundo toma confianzas; por lo que es conveniente deshacerse de ellos*.

471. **Criado e galo, un ano.** (mc: Chantada)

472. **Cuando a choia choeia, o lobo rodea; cuando o corvo corvea, o lobo prea.** (ms12,78: S. Pedro de Orrios, Caurel) [201]

473. **Cuco cantando, primaveira na man.** (mc: Santiago)

474. **Cucú cantando, primavera na man.** (ms-SA: Algún lugar da provincia da Coruña)

475. **Chámenme can e díanme pan.** (mc: Buciños)

(es) *Llámame gorrión y échame trigo.* (R. Marín)

476. **Chega abril; si o cuco non vén, ou morriu o no sei qué ten.** [202] (ms-SA: José Lorenzo Viña)

477. **Chover, chover, hasta o corno amolecer.** [203] (mc: Buciños / ms4: Buciños-F.V.S.)

(es) *Lloviese hasta que este mi cuerno se me enmolleciese.* (Correas)

Véase *A vaca chover...* El refrán se pone en boca de la vaca, como el correspondiente castellano. (mc) / Refrán que se aplica a la vaca, de quien se dice que le gusta que llueva. (ms4)

478. **Dálle graus á pola que ela porá.** (ms8,49v: Trives)

479. **Das aves de plumas non desprecies ningunhas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Becerreá, LU)

480. **Das aves, a perdiz, e mellor a codorniz; e se o porco voara, quen lle ganara.** (ms15,42: Valle del Mao)

481. **Das cereixas ós nabos ben o pasamos, e dos nabos ás cereixas damos as queixas.** (ms14,17)

De tiempo.

482. **Das cereixas ós nabos no nos queixamos; dos nabos ás cereixas veñen as queixas.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

483. **Das cireixas ós nabos ben o pasarás, pero dos nabos ás cereixas damos as queixas.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Dicen os gorriós.

484. **Das cireixas ós nabos ¡que ben o pasamos!; dos nabos ás cireixas dámo-las queixas.** [204] (ms-SA: seminarista anónimo: Terras do Deza, PO / algún lugar de Galicia.)

Falan os paxaros.

485. **De besta vella, aos toxos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

486. **De besta, a mular, e de home, o de pouco falar.** [205] (mc: A.I. / ms15,01: Carré Aldao / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(es) *De bestia mular, ni de hombre de poco hablar.*

Lo primero por su buena andadura, y lo segundo, porque la prudente reserva es nota de discreción.

487. **De besta, a mular, e de home, o pouco falar.** (ms-SA: Ramón Viña Varela: Golmar, A Laracha, C)

488. **De boa casta é o can pra non roer o óso.** (ms4: F.V.S.)

489. **De burro abaixo non hai máis r[u]ín besta.** [206] (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)

490. **De burro abaixo non hai máis roín bestío.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

491. **De burro abaixo non hai menos besta.** [207] (mc: A.S.A. / ms21,05r: Bermés / Francisco Canosa Quintáns)

Var.: *De burro embaixo non hay millor besta.*

Indica el pobre concepto que merece el asno.

---

[200] ms: *despois d'un ano*.

[201] Aínda que V. Saco escribe *S. Pedro de Orrios* a forma normativa deste topónimo hoxe en día é *San Pedro de Hórreos*.

[202] O orixinal di *Chega abril si o cuco non ven ou morriu o no sen que ten*.

[203] Dentro de *Agrícolas* (*Generales*) no mecanoescrito orixinal.

[204] O orixinal di *Das cireixas os nabos, qué ben o pasamos; dos nabos as cireixas dámol'as queixas- falan os paxaros*.

[205] ms-LU: *ou de pouco falar*.

[206] O orixinal di *De burro a baixo non ai mais rin besta*.

[207] ms21,05r: *non hay menos*; F. Canosa Quintáns: *Do burro*.

492. **De burro abaixo non hai pr'ond'ir.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

493. **De burro abaixo non hai máis ruín besta.** [208] (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

494. **De can, cadela; de cadela, can.** [209] (ms11,25 / ms21,05r: Bermés)

Se refiere a la herencia cruzada.

495. **De tres porcos: seis touciños, doce pés e tres fuciños, seis orellas e tres rabos; trinta anacos ben contados.** (ms4: J.P.)

496. **De bestia vella, ós toxios.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

497. **Déitase o boi no prado porque non se pode sentar.** (ms4: Bagueixos-F.V.S.)

498. **Deixar andar o can coa roca, qu'el dará conta da mazaroca.** (ms4: Agro)

499. **Dende as cereixas ós nabos ben estamos; dende os nabos ás cereixas, todas son queixas.** [210] (mc: A.I.)

Dicen los pájaros.

500. **Des que vén o cuco, enche a cal e mais o suco.** (ms21,04r: Bermés)

501. **Des que vén o cuco, vén o pan ó suco.** (mc: *T. de Melide*)

502. **Desconfía da besta que fai "hin" e da muller que sepa latín.** [211] (mc: Chantada / ms4: F.V.S.)

503. **Día d'Ano Novo puxo a miña pita un ovo, e día de Reis xa tiña seis.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

504. **Día de Ano Novo pon a pita un ovo; día de Reis xa ten seis; día de Ceniza, cunta outros trinta.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

505. **Do burro pra baixo non hai máis ruín besta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

506. **Do contado come o lobo i-anda gordo.** (mc: M.L.P.)

(es) *De lo contado come el lobo, y anda gordo.* (R. Marín)

507. **Do contado come o lobo.** [212] (mc: Carballedo / ms3: A.N.V.)

(pt) *Do contado come o lobo.* (Chaves) (es) *De lo contado come el lobo.* (Sbarbi) */ De lo contado come el lobo, y anda gordo.* (Id.)

No siempre se logra la seguridad de una cosa, por mucho que se cuide.

508. **Do home, o falar, e da besta, a mular.** (ms-SA: Algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Camino Sánchez)

509. **Do lobo un pelo.** (mc)

510. **Do lobo, un pelo e, aquel, do lombo no medio.** (mc: Lugo)

(es) *Del lobo, un pelo.* (Sbarbi) */ Del lobo un pelo, aunque sea de la frente.* (Sbarbi) (ct) *El llop, un pel, i eixe de front.* (Alberola)

511. **Do lobo, un pelo, i-aquel do medio do lombo.** [213] (ms18,72r: A.S.A.)

512. **Do ó demo o dente que come a semente.** (ms8,54v: Silvarrey)

513. **Do superior e do mulo, canto máis lexos millor.** (mc: Buciños)

Var.: *Do superior e do mulo, canto máis lexos máis seguro.* (Buciños-F.V.S.)

(pt) *Do rei e do sol, quanto mais longe melhor.* (Chaves) (es) *Del sol y del señor, mientras más lejos, mejor.* (R. Marín)

514. **Do zorro nace xente do rabo largo.** (mc: Buciños)

Cada uno produce su semejante.

515. **Donde a pega ten o ollo, ten o ovo.** (ms4: A.N.)

516. **Donde hai égoas, poltros nacen.** [214] (mc: A.N.)

(es) *Donde hay yeguas, potros nacen.* (mc: Sbarbi / ms: R. Marín) */ Donde hay gallinas hay huevos y pollos.* (R. Marín)

No se deben extrañar los acontecimientos cuando están inmediatos a las causas de que provienen. / *Dum causa existit, effectus natura consequitur.*

517. **¿Donde irás, boi, que non ares?** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

518. **Donde non hai can, o golpe é veciño.** [215] (ms15,05: Valcarría)

519. **Donde non hai vacas aran os bois, e despois, solta-las vacas e xunxir os bois.** [216] (ms8,45r: Las Ermitas)

---

[208] O orixinal di *De burro a baixo, non hay máis ruin besta*.
[209] ms21,05r: *e de cadela*.
[210] ms3: *Dend'as*.
[211] ms e ms4: *fale*.
[212] V. tamén *Jurídicos y similares*. / V. *Das sardiñas contadas come o gato* en *Marítimos* (*Peces*).

[213] O orixinal di *D'o lobo, un pelo, y-aquel d'o medio d'o lombo*.
[214] Nunha segunda clasificación no manuscrito, Vázquez Saco incluiuno en *Efectos y causas*.
[215] O orixinal di *Donde non hay can o golpe e veciño*.
[216] O orixinal di *Donde non hai vacas aran os bois; e despois, soltal-as vacas e xunxir os bois*.

520. **Donde o lobo come a ovella, deixa o rastro dela.** (mc: Buciños)

(pt) *Onde o lobo acha um cordeiro, busca outro.* (Chaves) (es) *Donde halló un cordero el lobo, allí busca otro.* (Jara)

521. **Donde sal unha vaca pinta hai encantos na miña** [sic]. [217] (ms: Santiago)

522. **Donde vexas corpo bota carga.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

523. **Donde vexas corpo, bota carga, e donde vexas orellas, albarda.** (ms)

524. **Dous galos nun galiñeiro non cacarexan ben.** (mc: Buciños)

(es) *Dos gallos en un gallinero, no hay paz entre ellos.* (R. Marín) */ Dos gallos en un gallinero, el uno es rey y el otro es siervo.* (Id.) */ Dos gallos en un corral se llevan mal.* (Id.) / *Dos gallos en un gallinero, el uno trae al otro en el retortero.* (Id.) (ct) *Dos galls en un galliner, no canten bé.* (Ricart)

525. **Dous lobos a un can ben o comerán.** [218] (mc: A.I.)

(pt) *Dois lobos a um cão, bem o comerão.* (Chaves) (es) *Dos lobos a un can bien le comerán.* (Correas)

Como todo el que ataca con fuerzas duplicadas a un inferior.

526. **Dous zarrullos a un can algo lle fan.** [219] (mc e ms3: A.N.)

(es) *Dos potros a un can, bien le morderán.* (R. Marín)

527. **Dunha ovella negra sale un año branco.** (ms)

528. **É lidar en van con un burro sin un pau.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(pt) *O burro e a mulher, a pau se quer.* (Chaves)

529. **En abellas e ovellas non metas o que teñas, pero, podendo ser, nunca estés sin elas.** (mc: Chantada)

Var.: *En abellas y-en ovellas nunca méta-lo que teñas, y o que rico queira ser, de todo ha de ter.*

(pt) *Abelha, ovelha, pena atrás da orelha e parte na igreja, desejaba para seu filho a velha.* (Chaves) (es) *Abeja y oveja y piedra que trebeja.* (Sbarbi). Donde se declaran como fuente de riqueza y bienestar, el ganado lanar, la apicultura y la industria molinera. / *Abeja y oveja, y parte en la Iglesia, desea a su hijo la vieja.* (Sbarbi)

En cast. se insiste en la riqueza que proporciona tanto el ganado lanar como las colmenas.

530. **En abril canta o cuco no cubil.** (mc: Santiago)

531. **En abril o cuco pó cubil.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

532. **En abril sail'o cuco do cubil.** (ms-SA: Manuel Fernández Ferro)

533. **En abril sale o cuco do cuquil.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

534. **En abril sale u cuco do cubil.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

535. **En cama de lobos non busques mendrugo.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *En cama de galgos, pocas cortezas.* (R. Marín)

536. **En canto o prado enverdece, o boi padece.** (mc: Tuiriz)

537. **En casa de Gonzalo, máis pode a galiña que o galo.** [220] (mc: A.S.A. / ms21,03r: Bermés / ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos*, La Coruña)

(pt) *Em casa de Gonçalo, manda mais a galinha que o galo.* (Chaves) (es) *En casa de Gonzalo, más puede la gallina que el gallo.* (Correas)

538. **En febreiro xa busca o can o palleiro.** (ms: C.G.)

Var.: *En febreiro xa busca a sombra do palleiro.* / *En marzo xa o can busca a sombra do palleiro.* (ms4: Taboada-F.V.S.)

(es) *En enero y hebrero busca la sombra el perro; en marzo, búscala el asno.* (Correas) */ En febrero busca la sombra el perro, y el cochino el bañadero, mas no todo el mes entero.* (R. Marín) / *En febrero busca la sombra el perro, y el marrano el cenaguero, a lo último, que no a lo primero.* (R. Marín)

539. **En febreiro paséase o lobo polo carreiro.** (mc: Santiago)

540. **En gando tratarás e medrarás.** [221] (ms17,057 / ms4: F.V.S. / ms10,025v: *D.E.*)

(pt) *En gado tratarás coma medrarás.* (Chaves) (es) *En ganado tratarás y medrarás.* (Correas)

---

[217] O orixinal di *Donde sal unha vaca pinta hay encantos na miña*.

[218] mc: *Dos lobos*.

[219] ms3: *zarrulos*.

[220] ms21,03r: *galiña c'o galo*.

[221] En ms10 s.v. *Ganado*.

541. **En ghando ruín non hai que escoller.** [222] (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

542. **En maio unha besta vella parece cabalo.** (mc: Santiago)

543. **En ruín gando pouco hai que escoller.** (mc: A.I.)
(pt) *Em ruim gado não há que escolher.* (Chaves) (es) *En ruín ganado, poco hay que escoger.* (Correas)

544. **Encima dun ovo pon unha pita.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

545. **Énchete, barriga, estarrícate, meu rabo, en arcas abertas e mulleres de pouco cuidado.** (mc: Tuiriz, Monforte)

546. **Enriba dun ovo pon unha galiña un cento.** [223] (ms21,15v: Bermés)

547. **Entra o can na igresia porque está a porta aberta.** (mc: Bagueixos-F.V.S.)

548. **Entrando xunio, o carneiro ardente retira do rebaño prontamente.** [224] (ms4: J.P.)

549. **Entre maio e abril sal o cuco do cubil.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

550. **Entre marzo e abril sal o cuco do cuquil.** (ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)

551. **Entre marzo e abril, cal o cuco cal a fin.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

552. **Entre marzo e abril, o cuco e a fin.** (ms-SA: Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C)

553. **Entre marzo e abril, sale o cuco do cubil; se chega maio e non veu, mor[r]íu ou non sei qué ten.** (mc: Santiago)
Var.: *Entre marzo e abril sal o cuco do cubil; se chega maio e non vén, morreu ou non sei qué ten.* (ms5,135: Santiago)

554. **Entre marzo i-abril sale o cuco do seu cubil.** [225] (ms14,18)

555. **Entre santa Mariña e Nosa Señora anda a galiña mui cantadora.** (mc: Santiago)

556. **Estírate, corpo, e alárgate, rabo; Dios che me dea mulleres de pouco cuidado.** (mc: Gudiña)

557. **Estorniños e pardales non somos todos iguales.** (mc: Buciños)
(pt) *Estorninhos e pardais, todos somos iguais.* (Chaves) (es) *Estorninos y pardales, todos quieren ser iguales.* (R. Marín)

558. **Eu son o pito Cairo, que naceu no mes de xaneiro; se o raposo non me come, hei de cantar no poleiro.** [226] (mc e ms4: *Nós*)

559. **Facenda miúda, a seu amo axuda.** [227] (mc, ms4 e ms5,135: A.N.)
Var.: *Fusada miúda, a seu dono axuda.* (ms4 e ms5,135: A.N.)

560. **Fai o cuidado ó ganado o neno ben criado.** [228] (ms4: J.P.)

561. **Fillo do lobo ten a orella parda.** (mc: A.S.A.)

562. **Galiña buscadora é a máis poñedora.** (mc: Tuiriz, Monforte)

563. **Galiña de xaneiro pon no colmeiro.** (mc: Santiago)
Véase *Galiña nada en xaneiro...*

564. **Galiña qu'escacarexa, algo venta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

565. **Galiña que cacarexa, algo venta ou ovo deixa.** [229] (mc: M.V. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Literatura Gallega,* 2ª edición, 1911 / ms21,24r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(es) *Gallina que canta, de poner viene.* (R. Marín) / *Gallina que canta da cuenta a su ama.* (Id.)

566. **Galiña que cacarexa, algo venta ou ovo pon.** (ms-SA: M. González Fernández)

567. **Galiña que cae do puleiro, morte na porta.** (ms4: F.V.S.)

568. **Galiña que canta quere capón.** (mc: Buciños)
(pt) *Galinha que canta quer galo.* (Chaves)

569. **Galiña que non pon, levala á feira.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

570. **Galiña vella fai bon caldo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

---

[222] O orixinal di *En jando ruin non hay que escoller*.

[223] O orixinal di *Enriba d'un ovo pon un'ha galiña un cento*.

[224] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[225] O orixinal di *Entre marzo y abril, sale o cuco d'o seu cubil*.

[226] Dentro de *Agrícolas* (*Generales*) no mecanoescrito orixinal. / ms4: *pito do Cairo*.

[227] En ms4 están recollidos os dous refráns, o primeiro deles da seguinte maneira: *Facenda miuda, a seu dono axuda*. / ms5, 135: A.N.: *a seu dono axuda*.

[228] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[229] ms4 e ms21,24r: *Galiña que cascarexa*; ms-LU: *Gallina*.

571. **Galiña vella fai un bo caldo.** [230] (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
Var.: *Galiña vella, caldo espeso.* (ms15,44: Ferrol)
(pt) *Galinha velha faz bom caldo.* (Chaves) / *Galiña velha faz boa cosinha.* (Id.) (es) *Gallina vieja, buen caldo.*
Queda atrás otro equivalente.

572. **Galiñas das pernas verdes, nin as troques nin as vendas.** (ms-SA: Jesús Acuña Garrido: Vilaboa, PO)

573. **Galo e criado, un ano.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
(es) *El gallo y el criado un año; y en sirviendo los dos, ox.* [sic]

574. **Galo que non gala as súas galiñas, vai galar as das veciñas.** (ms: Tuiriz)

575. **Ganado gordo volve a seu dono tolo.** (ms17,062: M.V.)

576. **Ganados limpos e ben aloxados, en moita parte están cuidados.** [231] (ms4: J.P.)

577. **Gando na corte, pouca leite e queixo forte.** (ms: Santiago)

578. **Gata roxa, tal as fai tal as coida.** [232] (mc: A.I. / ms21,03v: Bermés)
(pt) *Gata ruiva, assim como é, assim cuida.* (Chaves) (es) *Gata bermeja, cuales las hace, tales las piensa.* (Correas) / *Gata rubia, cuales las hace, tales las cuida.* (Id.)
Como *A gata lamboira...* Porque, en palabras del mismo Correas, *quien ha las hechas, ha las sospechas*.

579. **Gato berrador non é o máis murador.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

580. **Gato celeiro non quer compañeiro.** (mc: A.N.)

581. **Gato e can, mala parexa fan.** (mc: G.P.)

582. **Gato farto non se doi do famento.** (mc: Tuiriz. Monforte)

583. **Gato goloso, pau no fuciño.** (mc: Tuiriz)
(es) *Al gato goloso se le quema el hocico.* (Sbarbi)

584. **Gato miañador non é o máis cazador.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

585. **Gato moi berrador, nin por eso máis rateador.** (ms-SA: Eliseo López Varela)

586. **Gato moi maullador no é bo rateador.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)

587. **Gato mui berrador, nin por eso máis cazador.** (mc: A.N.)
Var.: *Gato mui miador, non por eso é o máis rateador / cazador.* (A.C.*A Nosa Terra*) [233]
(pt) *Gato miador não bom caçador.* (Chaves) / *Gato bradador, nunca bom murador.* (Id.) (es) *Gato miador, nunca buen cazador.* (Correas) / *Gato maullador, nunca buen murador.* (Id.)

588. **Gato mui maulleador non é o máis rateador.** (ms-SA: Ramón Viña Varela: Golmar, A Laracha, C)

589. **Gato mui miador, non por eso é o máis cazador.** (mc: C.A. / ms e ms4: A.C. *A Nosa Terra*)
(pt) *Gato miador não bom caçador.* (Chaves) / *Gato bradador, nunca bom murador.* (Id.) (es) *Gato miador, nunca buen cazador.* (Correas) / *Gato maullador, nunca buen murador.* (Id.)

590. **Gato mui miador, non por eso é o máis rateador.** [234] (mc: C.A. / ms e ms4: A.C. *A Nosa Terra*)
(pt) *Gato bradador, nunca bom murador.* (Chaves) / *Gato miador não bom caçador.* (Id.) (es) *Gato maullador, nunca buen murador.* (Sbarbi) / *Gato miador, nunca buen cazador.* (Correas)
Figuradamente se aplica al que habla mucho y hace poco.

591. **Gatos e ratos non comen nos mesmos pratos.** [235] (mc e ms4: A.C. *A Nosa Terra*)
(es) *¡El ratón y el gato comiendo en el mismo plato!* (Sbarbi) / *El ratón y el gato no comen en un mismo plato.* (R. Marín)

592. **Gatos e ratos non fan compaña.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)

593. **Gatos fogosos crían fillos cegos.** (mc: Vivero)

594. **Golpe dormente non lle chincha á galiña o dente.** [236] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

595. **Gordura, miñas vacas, gordas coma estacas e herba nin vela.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

596. **Grande pé e grande orella é sinal de grande besta.** (ms: Pidre)
(pt) *Grande pé e grande orelha, sinal é de grande besta.* (Chaves)

---

[230] ms4: *bon caldo*. V. *A galiña vella fai un bon caldo*, tamén en *Agrícolas* (*Animales*).
[231] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.
[232] ms21,03v: *as fai e tal as coida*.
[233] ms4: *non por eso máis rateador*.
[234] ms4: *non por eso máis rateador*.
[235] ms4: *nuns mesmos*.
[236] O orixinal di *Golpe dormente non ye chinche a galiña o dente*.

597. **Hai moitos burros da mesma color de coiro.** [237] (mc e ms4: L.G. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Literatura Gallega*, 2ª edición, 1911)

(pt) *Há muitos burros do mesmo pelo.* (Chaves) (es) *Hay muchos burros del mismo pelo.* (Sbarbi)

598. **Hai moitos burros da mesma color que o coiro.** (ms-SA: M. González Fernández)

599. **Hai moitos burros dun color.** (mc: Buciños)

(pt) *Há muitos burros do mesmo pelo.* (Chaves) (es) *Hay muchos burros del mismo pelo.* (Sbarbi)

Se emplea jocosamente cuando se confunde una cosa con otra por su mucho parecido.

600. **Junt'ó galo a galiña nova pra que o galo estea'lerta.** (ms4: M.V.)

601. **Líbrate de dianteira de viúda e de traseira de mula.** (ms10,005v: *D.E.*)

602. **Limpa a fondo e sala os palomares e virán por millares de millares.** [238] (ms4: J.P.)

603. **Macho burreño, macho ferreño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

604. **Máis quero burro que me leve ca cabalo que me derrengue.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

605. **Máis val besta que carrexe que non que espeldrexe.** (mc: C.A.-*A Nosa Terra*)

606. **Máis val unha asnal que cen de pardal.** (ms3: A. de la I.)

607. **Máis vale asno que me leve que cabalo que me derrube.** (mc: Lugo-F.V.S.)

(es) *Más quiero asno que me lleve, que caballo que me derruegue.* (Sbarbi)

Aconseja que se prefiera una medianía segura, a posiciones más altas, pero peligrosas.

608. **Máis vale ruín besta que bon burro.** (mc: Cervantes)

(pt) *Mais vale ruim cavalo que ter asno.* (Chaves)

609. **Máis vale unha asnal que cento de pardal.** (ms18,72r: A.S.A.)

610. **Mal é o dente que come a semente.** [239] (ms-SA: Lorenzo Castiñeira Canosa: Santa María de Xaviña, Camariñas, C / (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

611. **Mal ladra o perro, se ladra con medo.** (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

(pt) *Mal ladra o cão quando ladra de medo.* (Chaves) (es) *Mal ladra el perro cuando ladra de miedo.* (Sbarbi)

No se hace a gusto lo que se hace por imposición.

612. **Mal lle vai á corte onde o boi vello non tose.** (mc e ms17,065: A.I.)

Var.: *Mal va a corte do buey vello non tose.* (Correas)

(pt) *Mal vai à corte onde o boi velho tosse.* (Chaves) (es) *Mal va a la corte donde el buey viejo no tose.* (Correas) */ Mal va a la corte donde el viejo no tose. / Mal va a la troje donde el buey viejo no tose.*

Recomendando el gobierno de los experimentados. (ms17)

613. **Mal lle vai ó rato cando vai na boca do gato.** [240] (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *Tan contento como ratón en boca de gato.* (Sbarbi)

614. **Mal lle vai ós gatos cando andan aos gorriós.** (ms18,32r)

615. **Mal o becho que roe a semente.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

616. **Mal o dente que come a semente.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

617. **Mal vai a corte donde o boi vello non toxe.** [241] (ms21,04v: Bermés)

618. **Mal vai ós gatos cando andan ós gorriós.** (mc: A.S.A.)

Tiene figuradamente el mismo sentido que *Cando a zorra anda ós grilos...*

619. **Maldito sea o burro que non gana a cebada.** (mc: Chantada / ms4: F.V.S.)

Var.: *Do demo a besta que non gana a cebada.* (ms4: M.L.)

620. **Malia do rato que ten un solo buraco.** (ms14,16)

621. **Malia o rato que non sabe máis dun burato.** (mc e ms: M.V.)

(pt) *Mal vai ao rato que conhece um só buraco.* (Chaves) */ Rato que só conhece um buraco, azinha é tomado.* (Id.) (es) *El ratón que no tiene más que un agujero, presto llega al moridero* (R. Marín) */ El ratón que no tiene más que un agujero, presto viene al apagadero.*

---

[237] ms4 e ms15,01: *do coiro*.

[238] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[239] ms-SA (anónimo): *Mal eu dente*.

[240] mc: *boca do rato*.

[241] O orixinal di *Mal vay a corte donde o bon vello non toxe*.

Porque *O rato que non sabe máis d'un furado, logo é cazado*. Aplícase al que sólo cuenta con un recurso para eludir un peligro, pues, malogrado aquél, caerá en éste.

622. **Malia o rato que non sabe senón de un burato.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

623. **Malia o rato que non sabe senón do burato.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

624. **Malo é o dente que come a semente.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

625. **Malo é o dente que roe a semente.** (ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)

626. **Mañá de san Xoán madruga a zorra máis có can.** [242] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

627. **Marrao de abril sube ca mai ao chamberil.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

628. **Mau por mau, com'o pardau.** (ms)

629. **Menea o rabo o can, non por ti sinón polo pan.** [243] (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *Menea la cola el can, no por tí, sino por el pan.* (Correas)

Enseña lo que puede el interés.

630. **Méntra-lo prado enverdece, o boi perece.** [244] (mc e ms17,063: M.V. / ms21)

631. **Mentras hai burros, ándase a cabalo.** [245] (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

Alude figuradamente al abuso que se hace de los desheredados de la fortuna.

632. **Mentras o can ladra, non morde.** [246] (mc: Santiago)

633. **Miña gata rubia, tal as fai tal as cuida.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

634. **Moitas veces a mula reponse ó arrieiro.** (ms21,19v: Bermés)

635. **Morrendo o can, acabouse a rabia.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)

636. **Morreu o can e acabouse a rabia.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-SA: Manuel Lago López)

637. **Morto o can, acabouse a rabia.** (ms-SA: J. M. Barral Sánchez)

638. **Morto o can, morta a rabia.** [247] (mc: Lugo / ms21,21r: Bermés)

Var.: *Morreu o can, acabouse a rabia.*

(es) *Muerto el perro, se acabó la rabia.* (R. Marín)

Al cesar una causa cualquiera, cesan todos los efectos.

639. **Moscas comen o mel i-o gando.** [248] (mc e ms4: Agro)

640. **Mula con remoíña, o demo a trasquila.** (mc: M.V.)

641. **Mula con remoíño, o demo a trasquila.** [249] (mc: M.V.)

Remoíño. Rodete.

642. **Mula moína, ou falsa ou fina.** (mc)

(pt) *Mula mofina, ou má ou fina.* (Chaves)
(es) *Mula mohina, o muy ruín, o muy fina.* (Sbarbi) */ Mula mohína, o muy mala o muy fina.* (Correas) */ Mula mohína, el demonio la trasquila.* (R. Marín)

643. **Nabos ó pé dos hortos non ceban os porcos.** (ms: Lalín)

644. **Nabo, castaña e relón fai bon o xamón.** (ms15,14)

645. **Nadie lle tira polo rabo á burra como seu amo.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)

646. **Naide turra do rabo do poltro como seu dono.** [250] (mc e ms: M.L.)

647. **Nas bestas vellas todos son sobrehuesos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

648. **Nin "arre" que escapes nin "xo" que te deites.** (ms21,17r: Bermés)

649. **Nin besta de moita herba nin home de moita verba.** (mc: M.V.)

(es) *Ni hombre de sola verba, ni bestia de sola hierba.* (R. Marín)

---

[242] O orixinal di *Mañá de S. Xoán madriga a zorra mais co can*.

[243] V. *Polo pan baila o can* en *Hambre. Gastronomía* e *¿A onde vas, can? A onde me dan pan* en *Egoísmo. Ambición. Interés*.

[244] O orixinal di *Mentral-o prado enverdece, o boi perece*. / ms21: *Mentrel'o prado*; ms4: *Mentra-l-o prado enverdece, o boi parece. Perece?* aparece escrito coa grafía de F. V. Saco e o refrán enteiro cunha distinta. Marcial Valladares recolle *perece*.

[245] ms: *acabalo*.

[246] V. *Perros* (*Ladridos de perros*).

[247] V. *Morto o can acabou a rabea* en *Medicina. Higiene*.

[248] ms4: *a mel*.

[249] *Remoíño* = rodete o centro del pelo que algunos animales tienen delante de la espaldilla donde principia la tabla del pescuezo. En las mulas es, dicen, señal de valientes, pero también de traidores, según el refrán. (Valladares)

[250] ms: *coma seu dono*. / No mecanoescrito está clasificado dentro de *Agrícolas* (*Generales*), mais no manuscrito aparece no sobre *Agrícolas* (*Animales*).

650. **Nin besta de solo herba nin home de moita verba.** (ms21,30r: Bermés)

651. **Nin bon Pedro nin bon burro negro, nin bon lameiro por riba do rego, nin vaca ramalleira, nin muller que sea mui amiga da feira nin ola sin asa, todos os demos fóra da miña casa.** [251] (ms17,067)

652. **Nin bon Pedro, nin bon burro negro nin bon lameiro por riba do rego.** (ms17,067)

(pt) *Nem bom Pedro nem bom burro negro.* (Chaves) (es) *Ni mozo Pedro nin burro negro* (R. Marín)

Véase explicación en *6.100 refranes*.

653. **Nin mula que faga "hin" nin muller que sepa latín.** (mc: Buciños)

654. **Nin tanto que fuxa nin moito que se deite.** (ms-SA: Algún lugar da provincia da Coruña)

655. **Nin tanto "arre" que fuxa nin tanto "xo" que pare.** (ms3 / ms4: V.R. y A.R.)

Var.: *Nin moito "arre" que fuxa nin moito "xo" que se deite.* (ms4: F.V.S.)

656. **Nin tanto "arre" que fuxa nin tanto "xo" que se deite.** (ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)

657. **Nin tanto "so" que pare nin tanto "arre" que fuxa.** (ms-SA: M. González Fernández)

658. **Nin vaca de moita herba nin home de moita barba.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

659. **Nin vaca de moito ubre nin home de moito fume.** (ms-LU: seminarista anónimo: Lugo, Lugo, LU)

660. **Ninguén lle tira polo rabo á burra como seu amo.** (ms-SA: Algún lugar da provincia da Coruña)

661. **Ningún can lambendo engorda.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

662. **No abril canta o cuco no cubil.** (mc: Santiago)

Como: *En abril...*

663. **No abril sal o cuco do cubil.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

664. **No inverno, sobre todo, o gando ha de estar ben comido.** (ms17,072: Cuartilla 6)

665. **No mes de abril canta o cuco e o penduril.** (mc: Santiago)

666. **No mes de abril sale o cuco do cuquil.** (ms-SA: Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C / ms-SA: José Buño Caamaño: Erboedo, A Laracha, C)

667. **No mes de febreiro ponse o can á sombra do palleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

668. **No mes de maio xa vén o cuco co seu vasallo.** [252] (ms: Santiago)

669. **No mes de xaneiro está o rancho enteiro.** (ms5,045: Cobas, Cachafeiro, Forcarey)

670. **No mes de xunio e de maio fan os paxaros o seu traballo.** (mc: Santiago)

671. **Non é pola ovella, que é pola la dela.** (ms: M.L.2)

672. **Non hai boa mula, nin bon can negro nin bon prado por cima do rego.** (ms15,25: Guntín)

673. **Non hai cartos como os da corda.** (ms: Páramo)

674. **Non hai cartos como os que van polo seu pé á feira.** [253] (mc e ms17,068: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

El fruto sobrante dásele al ganado, que es el mejor dinero.

675. **Non hai cocho bon nin ruín que non teña seu san Martín.** (ms8,08r: Mosteiro, Pol)

676. **Non hai pita que non teña algunha chocada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

677. **Non hai quen ande atrás da besta como o dono dela.** [254] (mc / ms4: F.V.S.)

Porque es también a quien más interesa.

678. **Non lle ates a boca ó boi, que remoi.** (mc: Buciños-F.V.S. / ms17,070: A.C. *A Nosa Terra*)

De tradición bíblica: *Non alligabis os bovi trituranti*. [255] No pueden impedirse las cosas necesarias. (mc) / No hay que impedir las cosas necesarias. *Non alligabis os bovi trituranti.* (ms17)

679. **Non múxa-la vaca que ten pouco leite.** [256] (mc: C.A. / ms17,070: A.C. *A Nosa Terra*)

680. **Non olvides o porco campeiro si queres velo cebón verdadeiro.** (ms4: J.P.)

---

[251] O orixinal di *Nin bon Pedro nin bon burro negro nin bon prado por riba do rego nin vaca ramalleira, nin muller que sea muy amiga da feira, nin ola sin asa, todos cos demos fóra da miña casa*.

[252] O orixinal di *No mes de mayo xa ven o cuco co seu vasallo*.

[253] ms17,068: *Non hay cartos*; ms17,068 e ms-LU: *com'os que*.

[254] ms: *d'ela*.

[255] A cita bíblica que anota Vázquez Saco refírese a I Cor 9,9.

[256] O orixinal di *Non muxal-a vaca que ten pouco leite*.

681. **Non pon a galiña, que pon a fariña.** [257] (mc: Sarria / ms3: A.N.V.)

682. **Non pon a pitiña, que pon a tuñiña.** (mc: Neira de Rey / ms e ms4: Neira de Jusá-F.V.S.)

En la comarca de Neira de Jusá se dice *tuña* por *tulla*.

683. **Non tódolos que visten de la son carneiros.** (ms: Tuiriz)

(es) *Aunque visto de lana no soy borrego.* (Sbarbi)

684. **Non todos polos conocen as fabas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

685. **Nunca os lobos comeron uns os outros.** (ms-SA: Cándido Señarís Fernández, Santiago de Buxán, Val do Dubra, C)

686. **Nunca un lobo come a outro pero cada un tira pró seu bolso.** (ms9,09r: Silvarrey)

687. **Nunca un lobo comeu a outro.** (mc: Golada-F.V.S. / ms4: Fonsagrada-F.V.S.)

Var.: *Nunca un lobo come a outro.* (ms e ms4: Golada-F.V.S. / ms10,033v: *D.E.*) [258]

(pt) *Nunca lobo mata outro.* (Chaves) (es) *Un lobo a otro lobo, no se muerden.* (Sbarbi) */ Un lobo no muerde a otro.* (Correas) (ct) *Llop en llop, no's mosseguen.* (Alberola)

Las personas de iguales inclinaciones no se motejan, antes ocultan sus defectos.

688. **O becerro, das miñas vacas, e o mancebo, das miñas bragas.** (mc e ms17,087: S.Victorio de R. de Miño)

(pt) *O boi da tua vaca, e o moço da tua braga.* (Chaves)

689. **O boi bravo, en terra allea se fai manso.** (ms17,086)

(pt) *O boi bravo, mudando a terra, é mudado.* (Chaves) */ O boi bravo na terra alheia se faz manso.* (Id.)

690. **O boi cando é vello faise un maulón.** [259] (mc e ms17,074: Santiago)

691. **O boi ceibo, ben se lambe.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

692. **O boi ceibo, de seu se lambe.** (ms17,078 / mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

Var.: *O boi solto, de seu se lambe.*

(pt) *Boi solto delambe-se todo.* (Chaves) (es) *El buey suelto bien se lame.* (Sbarbi) *Gustar gústanme as moscas / pero tocante á carne / miña nai sabe un refrán: / o boi solto ben se lambe.* (Ramón Cabanillas, *Antífona de Cantiga*, p. 121) El buey suelto hace lo que quiere.

693. **O boi frontudo e o cabalo cascudo.** (ms17,080: Tuiriz)

(pt) *Boi cornudo, cavalo cascudo.* (Chaves) (es) *Buey frontudo y caballo cascudo.* (Correas)

694. **O boi ladrón, ou come antes ou despois.** (mc: Buciños, Carballedo-F.V.S. / ms17,081: Buciños)

695. **Ó boi pelexón nunca lle faltou unha cornada.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S. / ms17,107)

696. **O boi que non garda o rego, engordalo e vendelo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

697. **O boi que non pasta no prado ¿onde irá a pastar?** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

698. **O boi que non poda arar, deixalo a pastar.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

699. **O boi que non queira beber a auga, o demo que lla faga beber.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

700. **O boi que non quere beber auga, o demo lla faga beber.** (mc e ms17,082: Layosa / ms4: F.V.S.)

701. **O boi ruín en corno medra.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

702. **O boi solto de seu se lambe.** (mc: Buciños)

(pt) *Boi solto, delambe-se todo.* (Chaves) (es) *El buey suelto bien se lame.* (Sbarbi)

El conocido sentido figurado del refrán, recógelo la canción popular: *Gustar, gústanme as moreas, / pero, tocante a casarme, / miña nai sabe un refrán: / o boi solto ben se lambe*.

703. **Ó boi vello non lle búsque-lo abrigo.** [260] (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

704. **O boi solo, ben se lame.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

705. **O boi, canto máis vai, máis malo se fai.** (mc e ms17,085: Santiago)

706. **O boi, frontudo; e o cabalo, cascudo.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(pt) *Boi cornudo, cavalo cascudo.* (Chaves) (es) *Buey frontudo, y caballo cascudo.* (Correas)

---

[257] V. *Non pon a galiña, senón a fariña* en *Poner*.

[258] En ms10 s.v. *Lobos*.

[259] ms17,074: *un moulón*.

[260] O orixinal di *O boi vello non lle búsquel'o abrigo*.

707. **O boi, velo vir, i-a vaca, vela ir.** (mc e ms17,083: Buciños)

Así hacen los compradores, para juzgar de la buena planta de la res.

708. **Ó boi pellexón nunca lle faltou u seu roxón.** [261] (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

709. **O bon pavo fártase con fariña e salvado.** [262] (mc: Tuiriz, Monforte / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

(es) *El pavo, ha de ser cebado con harina y con salvado.* (Sbarbi)

710. **O burro burreño ten a forza dun camello.** [263] (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

711. **O burro diante para que a recua non se te espante.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

712. **O burro diante pra que non se espante.** [264] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

713. **O burro que máis traballa, máis rota leva a albarda.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *El burro que más trabaja, más pronto rompe el aparejo.* (Sbarbi)

Recomienda la prudencia en el trabajo, a fin de no agotarse prematuramente.

714. **O burro traseiro, que zarre o boqueiro.** (mc: A.N.)

715. **O burro, canto máis grande, máis lambe.** (mc: Santiago)

716. **O cabalo grande, ande non ande.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

717. **O cabalo que non dá a carreira, no corpo lle queda.** (mc e ms11,32: Pontevedra)

(es) *Carrera que no da el caballo, en el cuerpo se le queda.* (Sbarbi)

Recomienda que no se gasten las fuerzas de una vez, y que es conveniente reservarse para el porvenir. (ms11,32)

718. **Ó cabalo regalado non se lle mira o dente.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia: galego occidental)

719. **Ó cabalo regalado non se lle mira un dente.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

720. **O cabalo sube a calzada comendo, chega á vila e tropeza na lama i-están os da vila todos na cama.** (ms15,28r)

721. **Ó cabalo vello, cabezadas novas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

722. **O cabalo, pra pelar, ha de temblar.** (mc: S. Victorio de R. de Miño-F.V.S.)

723. **O caldiño quente saca os marraos do inverno.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

724. **O can de san Torrado, canto fai coa boca, desfaino co rabo.** (ms-SA: José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO)

725. **O can de san Torrado, todo canto fai coa man, desfai co rabo.** [265] (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

726. **O can de Xan Torrado, canto fai ca man, desfai co rabo.** (mc: M.V. / ms21,21r: Bermés)

Aplícase a los que emplean su tiempo en tejer y destejer, sin hacer cosa de provecho.

727. **O can do ferreiro dorme ás martilladas e desperta ás dentelladas.** [266] (mc: J.P.)

(es) *El perro del herrero, no acude a las martilladas, y acude a las dentelladas.* (R. Marín)

Reprende a los que huyen de las penalidades, y acuden a lo que les proporciona gusto o satisfacción.

728. **O can e o gato non comen no mismo plato.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *Como perros y gatos.* (Sbarbi) / *Llevarse como perro y gato.* (Id.)

Equivalente: *Se llevan como el perro y el gato*.

729. **O can que ha de dar mala xeira á raposa, non a ha de levar el moi boa.** [267] (mc e ms: Fonsagrada-F.V.S.)

Var.: *O que dá mala xeira á raposa, pra si non a leva boa.* (mc: Chantada)

730. **O canciño, canto máis pequeniño, máis moniño.** (mc: Santiago)

731. **O canciño, canto máis pequeno, máis moniño.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)

732. **O can, no seu palleiro, é moita xente.** (mc: L.G. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Literatura Gallega*, 2ª edición, 1911)

Como cada uno en su casa.

733. **O castor sacou e sacou hasta que o matou.** (mc e ms11,31: Buciños)

---

[261] O orixinal di *O boy pellexón nunca lle faltou u seu roxón*.

[262] ms-LU: *en fariña*.

[263] ms: *d'un camello*.

[264] ms-LU (Melide): *pa que*.

[265] O orixinal di *O can de San Torrado todo canto fai coa man desfa co rabo*.

[266] O orixinal di *O can d'o ferreiro, dorme as martilladas, e desperta as dentelladas*. / En mc, Vázquez Saco recolle *dorma âs martilladas* pero Jacinto del Prado recollía orixinalmente o refrán como *dorme as martilladas*.

[267] ms: *mui boa*.

Se refiere al catador de colmenas, que tanta miel sacó que no dejó la necesaria para la alimentación del enjambre. (mc) / Se refiere al catador de colmenas, que tanta miel sacó que la mató: No se puede extraer toda la miel. (ms11,31)

734. **Ó cocho gordo o demo lle trai a fariña.** (ms10,049v: Sta. Eulalia de Bóveda)

735. **Ó cocho gordo untarll'o rabo.** [268] (ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

736. **Ó cocho gordo, untarll'o rabo, i-ó flaco, repinicarllo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

737. **O cocho non quere amo que quere ano e, pra que seña bon, amo e ano.** (ms9,16r: Silvarrey)

738. **Ó cocho non se lle dá, que se lle empresta.** (ms8,20r: La Cañiza)

Porque devuelve en carne y en peso lo que se gasta en alimentarle.

739. **O cocho, cando soña co farelo, é señal que come.** (ms8,48v: S. Simón de la Cuesta)

740. **O corpo da vaca e ovos da gata.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

741. **O cuco e o predicador, canto máis altos máis millor.** (ms18,36r)

742. **O cuco e o predicador, canto máis altos, millor.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

743. **O dente do rato é bo dente, que sempre deixa a semente.** (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

744. **O dente que come a semente non é bon dente.** (ms-LU: seminarista anónimo: Aguada, Carballedo, LU)

745. **Ó fillo da cabra cabirto lle chaman.** [269] (mc: *Terra de Melide* / ms4: V.R. y A.R.)

(es) *El hijo de la cabra ha de ser cabrito.* (Sbarbi) */ De tal palo tal astilla.*

746. **O fillo do lobo ten a boca negra.** (mc: Cervantes)

(es) *Más oscuro que boca de lobo*. (Jara).
Es clásica la comparación *máis oscuro que boca de lobo*.

747. **O fillo do lobo ten o bico pando.** (mc: A.S.A.)

748. **O fillo do monte, lobo ou raposo.** (mc: Chantada / ms4: F.V.S.)

749. **O galo i-o criado, un ano.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

750. **O ganado é a pañería do labrador.** (mc: Buciños)

751. **Ó gando bravo, corda solta.** (mc: Santiago)

752. **O gato a tapa, i-o que mal quer a destapa.** [270] (mc e ms: Tuiriz, Monforte)

753. **O gato é da casa i-o can é do amo.** (mc: Sober)

754. **O gato e mais o can van pra onde lles dan pan.** (mc: Santiago)

755. **O gato grande pouco lambe.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

756. **O gato lambiqueiro nunca gordo está.** (ms-SA: algún lugar de Galicia)

757. **O gato lamboiras, según as fai, así as coida.** (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)

758. **O gato lambón pensa que todos son da súa condición.** [271] (mc: Camba)

759. **O gato lambriqueiro nunca gordo está.** (ms-SA: seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)

760. **O gato máis maiador non é o máis ratador.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

761. **O gato máis miador non é o máis cazador.** (ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU)

762. **O gato máis miador non é o máis pillador.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

763. **O gato máis miañador non é o máis cazador.** [272] (ms21,14r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: seminarista anónimo: Moreda, Taboada, LU)

764. **O gato miañador non é o mais cazador.** (ms-SA: M. González Fernández)

765. **O gato que non ten máis dunha sortella, non sabe si a poña no rabo ou na orella.** [273] (mc e ms)

766. **O gato tápaa e o que mal quer destapa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

767. **O gato maullador non é o millor cazador.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

---

[268] O orixinal di *O cocho gordo untarll'o rabo*. / ms-LU (Pacios): *untarlle o rabo*.
[269] V. *O fillo da cabra cabirto é* en *Propensión*.
[270] ms: *O gato tapaa e o que mal quer destapaa*. (Tuiriz)
[271] V. *O gato ladrón pensa que todos son da misma condición* en *Robo*.
[272] ms-LU: *miñañador*.
[273] ms: *d'unha*.

768. **O gato, cando é grande, pouco lambe.** (mc: Santiago)

769. **O gato, cando vai grande, pouco lambe.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)

770. **O gato, canto máis grande, menos lambe.** (ms-SA: Algún lugar da provincia da Coruña)

771. **O gato, limpeza; o can, resguardo; i-o galo, unha alegría.** (ms5,041)

772. **O gato, por lamber, nunca foi cheo.** (mc: S. Victorio de R. de Miño)

773. **O gato, por lamber, nunca se veu cheo.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

774. **O lobo muda de pelo pero non de condición.** (mc: Fonsagrada-F.V.S.)

(pt) *O lobo muda o pelo, mas não o vezo.* (Chaves) (es) *Muda el lobo los dientes; pero no las mientes* [274]. (Sbarbi) / *Pierde el lobo los dientes; mas no las mientes.* (Id.) (ct) *Muda el llop de dent, pero no de pensament.* (Alberola)

El malo por naturaleza, al crecer en años, crece en malicia, o no muda de manera de ser.

775. **O lobo non ve tod'o que queda no monte.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

776. **O lobo perde do pelo pero das mañas non.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

777. **O lobo vello caza á espera.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *El lobo viejo caza a la espera.* (Jara)

778. **O lobo, onde cría, non é donde fai a matanza.** (mc: Pidre, Palas de Rey)

(es) *El lobo carne no hace cerca de donde yace.* (Jara) / *El lobo de amaño, donde mora no hace daño.* (Id.) / *El lobo do se halle, daño no hace.* (Sbarbi) (ct) *El llop sempre va a caçar llunt del llòc aon sòl estar.* (Alberola)

Suele ser práctica de todos aquellos que quieren ocultar sus fechorías para seguir gozando de buena fama entre sus convecinos.

779. **O mal tempo logo cansa: Dios te mande o sol, que che hei de dar o boi millor, i-a vaca marela, i-a filla como ela, i-o porco ruzo que anda no puzo, i-o porco branco que anda no campo, i-a galiña curupeluda que pon os ovos prá seitura.** [275] (mc e ms: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

780. **O maor rendemento do ganado é o esterco ben aproveitado.** (ms4: J.P.)

781. **O marrao do abril vai ca mai ó chambaril.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

782. **O marrao do maio, cebalo todo o ano.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

783. **O marrau de cedo, ou dá carne ou sebo, e o de tarde, nin sebo nin carne.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

784. **O marrau de xaneiro vai con seu pai ó talleiro.** [276] (ms21,18r: Bermés)

785. **Ó marrau, ano e amo.** (ms15,41: Masid, Sarria)

786. **O meu can foi ás zorras e desfixéronlle as nalgas todas.** (mc: Monforte)

787. **O mundo sube e baixa, xa o dice o peto.** (ms5,055: Silvarrey)

Se refiere al volar del *peto*, que vuela subiendo y bajando.

788. **O ollo do amo engorda o cabalo.** [277] (mc: P. Sobreira - *Dicc. Ac.* / ms-LU: Jesús Redondo C.: Chantada, LU)

(pt) *O olho do dono engorda o cavalo.* (Chaves) / *Quem engorda os bois é o olho do dono.* (Id.) (es) *El ojo del amo, o del señor, engorda el caballo.* (Sbarbi)

789. **O ollo do gato ben ve o rato.** (mc: Santiago)

790. **O paxaro da devesa, cando un canta, o outro pesca.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

791. **O perro e o gato dormen a cada rato.** (ms-SA: Eliseo López Varela)

792. **O porco celeiro non quer compañeiro.** (mc: Buciños)

Var.: *O can no celeiro non quer compañeiro.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

793. **Ó porco gordo engordalo, e ó flaco arráncalle o rabo.** (ms-SA: Algún lugar da provincia da Coruña)

794. **Ó porco gordo, untarlle o rabo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

---

[274] ms: *y no.*

[275] ms-LU: *ch'hei, i-a filla com'ela, porco ruzo q'anda no puzo, porco branco q'anda no campo*; ms: *y-a vaca marela y-a filla com'ela, y-o porco ruzo qu'anda no puzo y-o porco branco qu'anda no campo, y-a galiña*.

[276] O orixinal di *O marrau de xaneiro vai con seu pai o talleiro* (*morte*).

[277] ms-LU: *engord'o cabalo*.

795. **O porco quere amos, non quere anos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

796. **O porco, pra ser bo, tantos anos como pés.** (mc: Silleda-F.V.S.)

797. **Ó porquiño cebado chégalle o medo ó rabo.** (mc: Santiago)

798. **Ó porquiño chégalle o medo ó rabo.** (mc: Santiago)

799. **O potro, da potrela i-o becerro, da vaca vella.** [278] (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

800. **O qu'ó marrao llo queira topar, no maio llo empeze a dar.** [279] (ms12,70)

801. **O que a escarabellos manda á plaza, nada lle acarrexan.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

802. **O que anda con lobos, oubeando acaba.** [280] (mc / ms)

803. **O que anda entre lobos, a oubear deprende.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)

Var.: *O que se cría entre lobos, aúla con eles.* (F.V.S.)

(es) *Quien con lobos anda, a aullar se enseña.* (Sbarbi) */ Quien con lobos anda, al año aúlla.* (R. Marín)

Destaca el influjo de las compañías.

804. **O que besta ha ter, besta ha de ser.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

805. **O que cabrito come e cabra non ten, dalgún lado lle vén.** (ms-LU: seminarista anónimo: Chantada, LU)

806. **O que cabrito vende e cabra non ten, de algún lado lle vén.** (ms-SA: M. González Fernández)

807. **O que cabritos vende e cabras non ten, d'algures lle vén.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

808. **O que come cabirto e cabra non ten, de algures lle vén.** (mc: M.V.)

(pt) *Quem cabritos vende e cabras não tem, d'algures lhe vem.* (Chaves) (es) *Quien cabras no tiene y cabritos vende ¿de dónde le vienen?* (R. Marín) */ Quien cabritos vende y cabras no tiene ¿de dónde le vienen?* (Id.)

809. **O que con cas se deita, con pulgas se levanta.** (mc: Chorexe, Palas de Rey-F.V.S.)

(pt) *Quem com cães se deita, com pulgas se levanta.* (Chaves) (es) *Quien con perros pasa la noche, pulgas coge.* (Jara) */ Quien con perros se acuesta con pulgas despierta.* (Id.)

Aplicación obvia al influjo que causan las malas compañías.

810. **O que entre lobos se mete, comido sale.** (mc: Cervantes / ms4: F.V.S.)

La suerte que espera a cuantos presuntuosamente se exponen a los peligros.

811. **O que escarabellos manda á plaza, merda lle traen á cara.** (ms-SA: M. González Fernández)

812. **O que escarabellos manda, bosta lle carrexa.** (ms-LU: Félix Rodríguez Vieites)

813. **O que escarabellos manda, merda lle carretan.** [281] (mc e ms: Tuiriz, Monforte / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Sindrán, Monforte de Lemos, LU)

814. **O que ha de bicar o can no cu, non ten que lle mirar pró rabo.** [282] (mc: M.L.)

(es) *Quien ha de besar en el culo al perro, bésele luego*. (R. Marín)

El mal camino, andarlo pronto.

815. **O que leva a ovella, leva o velro.** [283] (mc e ms12,76: Buciños-F.V.S.)

Contiene una ley de accesión: quien lleva lo principal, lleva lo accesorio. *Velro* = lana, vellón, falta en nuestros diccionarios y es común en Chantada y Carballedo.

816. **O que mal pensa, cánsalle a besta.** (mc: M.L.)

Aquí *pensar* por *alimentar*. Es necesario alimentarse para trabajar.

817. **O que mantén con herba, mantén con merda.** (mc: Cervantes)

Lo mismo dicen otros análogos ya registrados.

818. **O que manteña moita facenda de pico, nunca chegará a rico.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

819. **O que mata un abellón, cen días de perdón.** (mc: Santiago / ms-SA: Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C)

820. **O que mata un abellón, ten cen días de perdón.** (mc: Carballedo)

---

[278] O orixinal di *O potro da potrela y'o becerro da vaca vella*.

[279] O orixinal di *O c'o marrao llo queira topar, no mayo llo empeze a dar*.

[280] mc: *ande*; ms: *oubiando*.

[281] ms: *O que a escarabellos*; ms-LU (prov. de Lugo): *m... lle carrea*; ms-LU (Sindrán): *merda lle carrean*.

[282] ms: *bical-o*.

[283] ms12,76: *leva o belro* (*o velro*).

Var.: *O que mata un abellón, ten cen anos de perdón.* (mc / ms4: F.V.S. / ms17,073 / Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU).

Creen los campesinos que los abejorros son brujas o *meigas*, que se disfrazan así para hacer daño al ganado.

821. **O que mata un culebrón, ten cen anos de perdón.** (ms11,29: Sober)

Culebrón = persona mala.

822. **O que mata unha abella, cen días de pena.** (mc: Santiago)

823. **O que mata unha abella, ten cen anos de pena.** (mc: Carballedo)

Var.: *O que mata unha abella, ten cen días de pena.* (mc) / *O que mata unha abella, ten cen anos de cadea.* (ms5,135: Puente Ulla) / *O que mata unha abella, ten nove días de pena.* (mc)

Se funda el refrán en la creencia de que las almas bajan a la tierra en forma de abejas. Son las abejas objeto en todas partes de especial cariño, por creérselas llenas de virtudes, y, en ellas se representa la solicitud para el trabajo y la discreción.

824. **O que mata unha abella, ten sete anos de pena.** [284] (mc / ms4: F.V.S. / ms11,41)

(es) *Las abejitas de Dios, antes de trabajar, rezan su oración. / Las abejas, Dios mira por ellas; y quien a una mata, del castigo no escapa.* (R. Marín) / *A quien destruye una colmena, Dios lo condena.* (Id.) / *Abejitas, santas sois vos, que haceis miel para los hombres y cera para Dios. / Abejas benditas, santos abejares, dan miel a los hombres y cera a los altares.* (R. Marín)

Radica el refrán en la creencia de que las almas bajan a la tierra en forma de abejas. Las *solicitas y discretas* abejas son en todas partes objeto de un cariño especial, por creerlas el pueblo dotadas de virtudes.

825. **O que mata unha abella, ten un ano de pena; o que mata un abellón, ten cen anos de perdón.** (ms-LU: seminarista anónimo: Terra Cha, LU)

826. **O que naceu pra burro, non pode chegar a cabalo.** [285] (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)

(pt) *Quem nasceu para burro, nunca chega a cavalo.* (Chaves) (es) *Quien nació asno, no morirá caballo.* (R. Marín) (it) *Chi asino nasce, sempre é asino.*

Con la misma enseñanza que el que dice: *O que naceu pra ichavo...*

827. **O que non come cand'os bois, come antes ou despois.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

828. **O que non pode dar na besta, dá na albarda.** (mc: Buciños)

Var.: *Non pudo dar na besta e deu n'albarda.* (M.V.)

(pt) *Quem não pode dar no asno, dá na albarda.* (Chaves) (es) *Quien no puede dar en el asno, da en la albarda.* (Sbarbi)

Como último recurso del que no puede tomar venganza en la misma persona del ofensor.

829. **O que non ten bois, ten qu'arar antes ou despois.** (ms11,47: Comarca de Fonsagrada)

830. **O que non ten carro nin bois, anda antes ou despois.** (mc: M.V.)

Al carecer de cosas necesarias, ha de hacer los trabajos, cuando no es tiempo ni sazón.

831. **O que non ten carro nin bois, ten qu'andar antes ou dispois.** (ms-LU: Recaredo de la Fuente Pérez (04-10-1951): Pombeiro, Pantón, LU)

El que no tiene carro ni bueyes (u otro servicio cualquiera), tiene que pedirlos prestados antes o después de haberse servido el dueño de ellos.

832. **O que nunca tuvo porco i-ahora ten un porquiño, anda "quino, quino, quino".** (mc: Fonsagrada-F.V.S.)

Presunción del que llega a algo, no habiendo sido nada.

833. **O que o burro ha de ter, burro ha de ser.** (mc: Fonsagrada)

834. **O que oie o cuco en aúnas, leva albarda pró ano.** (mc: Golada)

(es) *¿Dónde irá el buey que no are?* (Correas)

Creencia supersticiosa, que asegura mala suerte al que oye al cuco antes de desayunar.

835. **Ó que os cochos lle faltan, hasta as silveiras lle roncan.** [286] (mc e ms4: A.N.)

Como *Ó que lle faltan marraus*, registrado más arriba. (mc) / *Facile invenise credimus quod avemos*. (ms4)

836. **O que pensa mal, cánsalle o burro no camiño.** (mc: Carballedo / ms4: Choreje-F.V.S.)

Todos repiten la idea del ya registrado: *o que mal pensa, cánsalle a besta*.

---

[284] Indica *Agrícolas* (*Animales*).

[285] V. *O que nace pra ichavo, non pode ser carto* en *Desgracia* (*Pesimismo en la desgracia*).

[286] ms4: *hastr'as silveiras*.

837. **O que pensa sin cebada, sálelle a burra mal pensada.** (mc / ms4: F.V.S.)

838. **O que perde o burro e encontra a albarda, non é a perda tanta.** (ms-SA: Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

839. **O que perde o burro e topa a albarda, xa non sufre perda tanta.** [287] (mc: M.V. / ms21,27v: Bermés)

(es) *El que pierde el asno y halla la albarda, eso gana.* (R. Marín)

Del mal, el menos.

840. **O que perde un boi e encontra un corno, non-o perde todo.** (mc: Tuiriz)

(es) *Quien pierde un buey y se encuentra un gato, no pierde tanto.* (R. Marín)

841. **O que perdeu as ovellas, leva a choca nas orellas.** (mc: M.L.)

(es) *Quien bueyes ha perdido, los cencerros trae al oido.* (Sbarbi)

Como: *Ó que lle faltan os marraus...* Destaca la fuerza de la obsesión, que a quien la tiene, le hace ver en todas partes algo que se la recuerda.

842. **Ó que porcos lle faltan, outeiros lle roncan.** (mc: Buciños-F.V.S.)

Var.: *Ó que lle faltan os marraus, róncanlle os oídos.* (F.V.S.) / *Ó que porcos lle faltan, paredes lle roncan.* (Carballedo)

(es) *Quien puercos ha menos, grúñenle en cada cerro.* (R. Marín)

843. **O que queira ter a fortuna torta, machee a vaca e femee a porca.** (mc: M.V.)

844. **O que queira ter unha ruín besta, que compre un burro bo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

845. **O que queira unha mala besta, que compre un burro bon.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

846. **O que quere ter besta, ten que ser el besta dela.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

847. **O que se cría entre lobos, aúla como eles.** [288] (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *Quien con lobos anda, al año aúlla.* (R. Marín)

Como: *O que anda entre lobos...*

848. **O que se deita con cas, aparece coronado de pulgas.** (mc: Santiago)

849. **O que se deita cos cas, érguese coas pulgas.** (mc: M.L.)

(pt) *Quem com cães se deita, com pulgas se levanta.* (Chaves)

Véase *O que con cas se deita...*

850. **O que ten a ovella, que pida por ela.** [289] (mc: Fonsagrada-F.V.S.)

851. **O que ten'a ovella, que pida por'ela.** (ms11,43: Comarca de Fonsagrada)

852. **O que ten besta, soña na albarda.** [290] (mc: M.V. / ms21,15r: Bermés)

853. **O que ten cabras e fillos, non pode estar a ben cos veciños.** (mc: A.N.)

854. **O que ten fillos e cabras, ten penas bravas.** (mc: R. Caruncho)

Con frecuencia son ambas cosas fuente de disgustos: las cabras cuando respetan el cercado ajeno; los hijos, por pendencieros.

855. **O que ten un burro e o vende, ben s'entende.** (ms-SA: algún lugar de Galicia)

856. **O que ten unha cabra i-a vende, ben se entende.** (mc: C.G.)

(pt) *Quem tem um burro e o vende, acho bem que lá se entende.* (Chaves) (es) *Quien tiene un burro y lo vende, él se entiende.* (Sbarbi)

Cada cuál obra de acuerdo con sus cálculos o conveniencia.

857. **O que teña a miruxa, cuide que non lle fuxa.** (ms-LU: seminarista anónimo: San Martiño de Mato, Taboada, LU)

Miruxa, muruxa.

858. **O que teña cabras, que aturule.** [291] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

859. **O que trata con mulleres e bestas, nunca lle faltan novedades frescas.** [292] (mc / ms4: F.V.S.)

860. **O que vai nunha mula e con un francés, vai tolo e vai de a pé.** [293] (mc: Villamor, Mellid-F.V.S.)

Con una reliquia del odio que se atrajeron los franceses desde la guerra de la Independencia.

861. **O que xungue bois á molida e come papas cun fuso, váiselle a mitá do día.** [294] (mc e ms: Taboada-F.V.S.)

Lo primero es uncirlos a los cuernos, y no se hace sino para trabajar en zonas abruptas

---

[287] ms21,27v: *perd'o burro*.

[288] ms4: *con eles*.

[289] V. *Animales domésticos* (*Ovejas*).

[290] ms21,15r: *soña n'albarda*.

[291] ms-LU: *qu'aturule*.

[292] Contén a indicación *Mulleres*. *Perigros da muller* no ms.

[293] ms: *c'un francés*.

[294] ms e ms4: *xungue os bois*.

y empinadas, lo que supone trabajo penoso y que exige mucho tiempo; lo segundo es claro.

862. **O rabo do zorro arteiro non corta o salgueiro sin ferro i-aceiro.** [295] (mc e ms: Buciños)

863. **O raposo con moito garbo nunca galiña boa come.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

864. **Ó raposo dormente non ll'amanece a galiña no dente.** (mc: M.L.)

Var.: *Ó raposo dormente non lle canta a galiña no dente.* (A.N.) / *Ó raposo dormente non lle rincha o año no dente.* (R. Caruncho)

(pt) *A raposa que dorme, não apanha galinhas.* (Chaves) (es) *A raposo durmiente no le amanece la gallina en el vientre.* (Sbarbi) (ct) *Rabossa que dòrm, no menja gallina.* (Alberola)

865. **O raposo madruga.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

866. **O raposo perderá a la pero non as mañas.** (mc: Buciños)

(es) *La zorra mudará los dientes, mas no las mientes.* (Sbarbi)

Como *O lobo muda de pelo...* Destaca el influjo de la costumbre que se convierte en una segunda naturaleza.

867. **O raposo sempre tira ás galiñas.** (mc: *Vida Gallega*)

Destaca también la fuerza del instinto y de la inclinación.

868. **O rato que non sabe máis que dun burato non é rato.** (ms21,14r: Bermés)

869. **O rato que non ten máis de un burato, non é bo rato.** (mc: Golada-F.V.S.)

Var.: *O rato que non sabe máis dun furado, logo é cazado.* (mc / ms4: F.V.S.) [296] / *O rato que solo sabe dun furado, logo cae.* / *O rato que solo sabe dun furado, malo.* (Buciños-F.V.S.)

(pt) *Mal vai ao rato que conhece um só buraco.* (Chaves) / *Rato que só conhece um buraco, azinha é tomado.* (Id.) (es) *El ratón que no tiene más que un agujero, presto llega al moridero.* (R. Marín) / *El ratón que no tiene más que un agujero, presto viene a pagadero.* (R. Marín) (ct) *Ratolí que no sab més qu'un forat, pronte es agarrat.* (Alberola)

870. **O rato que no sabe máis que un furado, logo é cazado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

871. **O refrán di así, i-eu tamén cho digo aiquí: "Atrás do lobo, un can; atrás dunha taza de sopas, unha taza de viño i-on rebuxo de pan".** (mc: Taboada-F.V.S.)

Rebuxo falta en nuestros Diccionarios y significa rebanada, trozo de pan.

872. **O ruín marrao mama na teta de atrás.** [297] (mc: Tuiriz / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

873. **O xuício non está na cabra, que está en quen a garda.** (mc / ms4: F.V.S.)

874. **O zorro perderache o rabo, pero as mañas...** (mc: Buciños-F.V.S.)

(pt) *A raposa muda de pele, mas não de manha.* (Chaves) (es) *El zorro perdera los dientes, mas no las mientes.* (Sbarbi) / *La zorra mudará los dientes, mas no las mientes.* (Id.) / *La piel mudará la raposa, pero su natural no despoja.* (Jara)

875. **O zorro, donde cría, non come os pitos.** (mc: Palas de Rey)

(pt) *A raposa não mata galinhas onde tem os filhos.* (Chaves)

876. **O zorro, donde cría, non mata a galiña.** (ms17,002)

877. **O zorro, onde cría, non atouza.** (mc: Palas de Rey)

(pt) *A raposa não mata galinhas onde tem os filhos.* (Chaves)

878. **Oito galiñas i-on galo comen a cebada dun cabalo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

879. **Ollo de amo engorda o cabalo.** (ms-SA: Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C)

880. **¿Onde irás, boi, que non ares?** (mc: *Dicc. Ac.*)

881. **¿Onde irás, boi, que non ares? A cortaduría, a pagar ca vida.** (ms17,076: Lugo)

(pt) *Aonda irá o boi que nao lavre, pois que sabe.* (Chaves) (es) *¿Donde irá el buey que no are?* (Correas) (va) *¿Aon auirá el boi que non llaure?* (Alberola)

882. **Onde non vexas corpo, non botes carga.** [298] (ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

---

[295] Contén a indicación *Zorros* no ms. / ms: *y acero*.

[296] ms4: *mais que dun furado*.

[297] ms-LU: *Ruin marrano, teta de tras*.

[298] O orixinal di *Onde non vexas corpo, non botes cara*.

883. **Onde o corvo andou, nunca trigo faltou.** (ms-SA: José Barca Sanmartín: Santa Minia de Brión, C)

884. **Onde vexas corpo, arrima carga.** (mc: A.S.A.)

(pt) *Onde vires corpo, bota carga.* (Chaves)

885. **Onde vexas corpo, arrima peso.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

886. **Onde vexas corpo, bota carga, e onde vexas orella, cebada.** (mc: Carballedo)

(pt) *Onde vires corpo, bota carga.* (Chaves) Véase *Onde vires corpo, bota carga* y *Onde vexas orella...*

887. **Onde vexas corpo, carga, i-onde vexas orella, cebada.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

Dixo o burro.

888. **Onde vexas orellas, cebada; e onde vexas corpo, carga.** (ms-LU: seminarista anónimo: Becerreá, LU)

889. **Onde vexas orellas, mete cebada, e onde non vexas corpo, non poñas carga.** (ms18,50r: *Ultreya*, Emilio Álvarez Jiménez)

890. **Onde vexas orella, mete cebada, e onde non vexas corpo, non botes carga.** [299] (mc: M.V.)

Var.: *Onde vires orellas, mete cebada, e onde non vexas corpo, non poñas carga.*

(pt) *Onde vires corpo, bota carga.* (Chaves) Interesado consejo del asno del cuento, para lograr mayor pienso y librarse de soportar carga.

891. **Onde vires corpo, bota carga.** (mc: Buciños)

Var.: *Onde non vexas corpo, non botes carga.* (ms4: Agro)

(pt) *Onde vires corpo, bota carga.* (Chaves)

892. **Oraciós de burro non chegan ó ceo.** [300] (mc: S. Victorio de R. de Miño-F.V.S. / ms21,18r: Bermés)

(es) *Rebuznos de jumento no llegan al cielo.* (R. Marín) */ Oración de perro no va al cielo.* (Sbarbi) (ct) *Bram d'ase, no aplega al cèl.* (Id.)

Así se ataja a los que inconsideradamente piden pestes contra sus semejantes.

893. **Os burros na miña terra collen a carga i-están con ela.** [301] (mc e ms5,135: Santiago)

894. **Os carneiros, en xunio retidos, en setembre deben ser vendidos.** (ms4: J.P.)

895. **Os corvos, cas súas voces, ventan a mala sorte.** (mc: Santiago)

896. **Os fillos do raposo todos cheiran ao farume.** (mc: J.A.P.)

897. **Os ganados queren chegar ó pasto con bon pelax'e bandullo farto.** (ms4: J.P.)

898. **Os machos, velos vir, e as mulas, velas ir.** [302] (mc e ms17,084: Buciños)

Como: *O boi velo vir, i-a vaca vela ir.* (mc) / A los machos se les admira y elige por la estampa que presentan por delante: pecho, etc; a las mulas, al revés. (ms17,084).

899. **Os paxaros da devesa, cando un canta, outro o pesca.** (mc: Santiago)

900. **Os paxaros na folla aboligando.** (ms-SA: José María García Vázquez (10-11-51): Dodro, C)

901. **Os pitos van ca nai ó cubeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

902. **Os porcos ben regalados, entre palla sepultados.** (ms4: J.P.)

903. **Ovella que leva o lobo, levada vai.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

(es) *Oveja que lleva el lobo, no hay San Antón que la guarde.* (R. Marín) *ms: Oveja que es del lobo, no hay San Antón que la guarde.* (R. Marín)

904. **Ovella vella e colmea probe no mes de maio morre.** [303] (ms14,18)

905. **Ovella vella e cortizo pobre no maio morre.** [304] (ms4: F.V.S.)

906. **Ovellas e lobos non fan xuntanza.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

907. **Ovellas poucas, ovellas loucas.** (mc: A.N.)

908. **Paso de boi, dente de lobo e faite o bobo.** [305] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(Pleiteante)

909. **Patada de besta non mata cabalo.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

910. **Patada de burro non mata a ninguén.** (mc: Santiago)

---

[299] ms: *votes carga*.

[300] ms21,18r: *Oraciós de burros*. / V. *As oracións do burro non chegan ó ceo* en *Religiosos y morales*.

[301] ms5, 135: *e están*

[302] ms17,084: *y as mulas*.

[303] ms14: *mayo*. / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Enjambres*.

[304] O orixinal di *Ovella vella e cortizo pobre, no mayo morre*. / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Enjambres*.

[305] O orixinal di *Paso de boy, dente de lobo... e faite o bobo*.

911. **Patada de yegua non mata o caballo.** (ms-SA: José M. Domínguez Martínez: Sardiñeiro, Fisterra, C)

912. **Patadas de burro non chegan ó ceo.** [306] (mc: Santiago / Manuel Portela Balayo)

913. **Paxaro que non canta, non val blanca.** (mc: Buciños)

914. **Paxaro trigueiro non entra no meu graneiro.** (mc)

(es) *Pájaro triguero, no entres en mi granero.* (Correas) / *Pájaro triguero, no entres en mi granero; que si te apaño, no comerás más grano.* (R. Marín)

No hay que abrir las puertas a los inficionados de algún vicio o defecto. / Es peligroso dar ayuda a los viciosos. (Bergua)

915. **Paxaros e pardales, todos son iguales.** (mc: Buciños)

(pt) *Passarinhos e pardais, todos querem ser iguais.* (Chaves) (es) *Pajarillos y pardales, todos quieren ser iguales.* (Correas)

916. **Pelexo de zorro, inda que sea embulleirado, nunca levou canado.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

Los pellejos se hacen de piel de cabra, y, cuando ésta es pequeña, se la compara con el zorro, en cuanto a magnitud, y de ahí el refrán: porque así como el pellejo de un zorro no llevaría un cañado de vino, así el de una cabra pequeña. Se dice *embulleirado*, palabra que falta en los Diccionarios, de *bulleiro*; es decir, *mojado*, porque suelen mojar los pellejos para que estiren; así dicen: *fol mollado, masa leva*.

917. **Pelico de zorro nunca fanega de millo levou.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

918. **Pelico de zorro nunca fanega de trigo levou.** [307] (mc: Buciños-F.V.S.)

Véase el anterior.

919. **Pita morta, galo é.** (mc: Buciños)

Como *Boi morto, vaca é*.

920. **Pita que canta e muller que asubía, na miña casa non pía.** [308] (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: Recaredo de la Fuente Pérez (04-10-1951): Pombeiro, Pantón, LU)

(pt) *Dinheiro emprestado, dinheiro arriscado.* (ou *não seja mais reclamado*). (Chaves) */ Dinheiro emprestado parte rindo*

---

[507] En ms10 s.v. *Odre*.

[508] O orixinal di *Fousiño que a erba non corte non debe estar no fachico*.

[509] ms4: *Froitas variadas*. Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *varias*. Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[510] ms: *gayola*.

[511] ms4: *Gado blanco*.

[512] mc: *Ganado*.

[513] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[514] ms4: *Gran*.

[515] ms e ms4: *arrequence*. En ms10 s.v. *Grano*.

[516] ms e ms3: *debaijo*; ms4: *gran morto*.

[517] ms4: *Gran*. En ms10 s.v. *Grano*.

e volta chorando. (Id.) (es) *¿Dinero prestado? Con él diste al traste.* (R. Marín)

1566. **Habendo rebolos logo se fan estelas.** (mc: Bagueixos-F.V.S.)

1567. **Hai auga que queima e sol que rega.** (mc: Buciños)

(pt) *Há sol que rega e chuva que seca.* (Chaves)

1568. **Hai cousas que parecen mal: o tempo composto de noite, a besta no curro i-o fidalgo en zocos.** [518] (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

1569. **Hai moitos que queren a auga nu [horto e o sol na aira].** [519] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

1570. **Hai quen quere o sol na aira i-a auga no horto.** (mc: Fonsagrada)

(pt) *Sol na eira, chuva no nabal.* (Chaves)
(es) *El sol en la era y la lluvia en el nabal.* (Sbarbi)

1571. **Hastra despois de sementado nunca probes o cosechado.** [520] (ms4: J.P.)

1572. **Herba mala non peligra.** (ms-SA: Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)

1573. **Herba mala non perece.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1574. **Herba segada, polo sol agarda.** (mc: Buciños)

1575. **Herdeiro novo, mal polas silvas.** (ms-SA: M. González Fernández)

1576. **Herdeiros novos, mal polas silvas.** (mc: Velle)

1577. **Humidad e ceo craro fan crecer as silveiras no valado.** [521] (ms5,141: *O Gaiteiro de Lugo*, 1961)

1578. **Inverno de xiadas, moito grau e pouca palla.** [522] (mc e ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms10,031r: *D.E.*)

(ct) *Hivèrn gelat, graner colmat.* (Alberola)

1579. **Labor sin horta, fame á porta.** [523] (mc: Taboada. F.V.S. / ms10,032r: *D.E.*)

1580. **Labra ben e fondo, se ques coller pan abondo; o arado, rabudo, e o labrador, barbudo.** [524] (mc: M.V.)

Var.: *Labra ben a fondo, se ques ter pan abondo.* (mc: Cuartilla 16) / *Labra ben e fondo, se ques coller pan abondo.* (mc: Cuartilla 16)

(es) *Ara bien y con afán y cogerás mucho pan.* (R. Marín) / *Ara yunto y hondo, y cogerás abondo.* (Id.) / *El arado rabudo y el labrador barbudo.* (Sbarbi)

Recoge en una dos paremias, que registramos en su lugar.

1581. **Labra ben e sembra en tempo; anque che falte un ano, non che faltará cento.** (mc: Lulle, Samos / ms4: F.V.S.)

(es) *Siembra temprano, y de ciento, te faltará un año.* (R. Marín)

1582. **Labra ben ou labra mal; labra ben ó caroal.** (mc: Parga. F.V.S.)

1583. **Labra e cría, que o demais é tontería.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

1584. **Labra fondo e pon basura, e déixate de libros de agricultura.** (mc: Villanueva, Lalín)

(es) *Labra hondo y echa basura, y deja los libros de agricultura.* (R. Marín)

1585. **Labra no fondo se queres ter pan de abondo.** [525] (ms10,032r: *D.E.*)

1586. **Labra tarde e non en veces; labra cedo e non che pese.** (mc / ms4: F.V.S.)

1587. **Labra tarde e non te aduites; labra cedo e non te asustes.** (mc)

1588. **Labrador que non come media libra de esterco cada día, non colle millo nin xudía.** (mc: G.P. Mundil, Orense)

1589. **Labrador, labra ben e sembra en tempo, aunque che falte un ano, non che faltará un cento.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

1590. **Lama mollada, colleita pasada.** (ms5,136: *O Gaiteiro de Lugo*, 1957)

1591. **Leira asucada, casa tellada.** (mc / ms4: F.V.S.)

1592. **Leiras grandes e mal traballadas fan andar a seu dono por terras extrañas.** (mc: Santiago)

1593. **Leña de ameneiro arde no regueiro.** [526] (mc e ms3: M.V.)

1594. **Leña que aborralla, ehí queda.** (mc: Buciños)

1595. **Leña torta ou bitorta, ó fogo aporta.** [527] (mc: A.I.)

---

[518] ms: *y o fidalgo*; ms4: *muy mal*.

[519] Refrán incompleto porque falta a folla seguinte: *Hay moitos que queren a auga nu* [...].

[520] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[521] Non parece un refrán da tradición popular senón unha paremia de autor. Hai varios casos deste tipo no *Gaiteiro de Lugo*.

[522] ms4: *moito gran*. En ms10 s.v. *Invierno*.

[523] mc: *Labor sin hora*. En ms10 s.v. *Labrador*.

[524] ms3: *d'abondo*.

[525] En ms10 s.v. *Labrar*.

[526] ms3: *d'ameneiro*; mc: *rigueiro*.

[527] mc: *â porta*.

1596. **Leña verde e pan mole fan a casa pobre.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *Pan tierno y leña verde, la casa pierde.* (R. Marín)

Tiene muchas variantes. Lo primero, porque se come mucho, y lo segundo, porque es necesario quemarla en gran cantidad, como dice el siguiente.

1597. **Leña verde mal se encende.** (mc: Palas de Rey)

(pt) *Lenha verde nem se queima nem se acende.* (Chaves) / *Lenha verde, mal se acende, quem muito dorme pouco aprende.* (Id.) (es) *Leña verde, mal se enciende.* (R. Marín)

1598. **Leña, leña, qu'a borralla aí queda.** (ms21,02v: Bermés)

1599. **Liño chorado, medio medrado.** (ms5,135: S. Simón de la Cuesta)

En S. Simón de la Cuesta, *chorimas* = flores y *chorado* = floreado. Chorado, en este sentido está ausente de muchos diccionarios.

1600. **Liño d'Holanda pesa e non anda.** [528] (mc: M.V. / ms3: (M.V.) (T.M.) / ms21,25r: Bermés)

1601. **Liño floreado, medio medrado.** (ms8,10v e ms8,47v: Silvarrey)

1602. **Madeira de serra e pan de cazola nunca sobran.** (ms-SA: Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)

1603. **Madeira de serra e pan de cazola nunca sobra.** (mc: M.V. / ms21,25v: Bermés / ms-SA: Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

1604. **Madeira serrada, prata labrada.** [529] (mc: M.V. / ms21,25v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(es) *Madera aserrada, plata labrada.* (R. Marín)

1605. **Maínzo ralo dá cesta e carro; maínzo mesto, nin carro nin cesto.** [530] (mc e ms: U.C. Cuartilla 16)

Véase *Entre millón e millón...*

1606. **Maioraza de aldea e besta de herba, todo é merda.** [531] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

La caballeria no le basta la hierba para andar, necesita pienso y el mayorazgo tiene de que hacer dinero, pero actualmente no dispone de una perra. (algún lugar de Galicia)

1607. **Máis dá o ano que o labrado.** (mc)

(es) *Más produce el año que el campo bien labrado.* (Sbarbi) (ct) *Més produix l'any, qu'el camp ben llaurat.* (Alberola)

Nada haría el laboreo sin las condiciones propicias de tiempos y estaciones.

1608. **Máis de medio ano véselle o día ó cabazo.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

1609. **Máis vale corda baleira que ruín feira.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1610. **Máis vale o que deixa a seca que o que leva a chea.** (mc: Carballedo)

Véase *Val máis o que o sol deixa, que o que a auga fai*.

1611. **Máis valen pastos queimados que montes herbados.** [532] (mc e ms: Santiago)

1612. **Mal lle vai ó paxariño que anda en maus de meniño.** [533] (mc, ms e ms3: Buciños)

(pt) *Mal vai ao passarinho na mão do menino.* (Chaves) (es) *Por eso se dice en cast.: Pájaro sea, y en mano de niño te veas.* (Sbarbi)

1613. **Malia o dente que come a semente.** [534] (mc: M.V. / ms21,28v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(es) *Mal haya el diente que se come la simiente.* (R. Marín)

Porque se queda sin grano que sembrar, y por tanto, sin cosecha.

1614. **Malo dente que come a semente.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

1615. **Malo é o bicho que roe a semente.** (mc: Santiago)

Como: *Malia o dente que come a semente*.

1616. **Mas vale ruín feira que corda baleira.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1617. **Mazarocos ó caínzo, cada día vintecinco.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

1618. **Meda pra un día como pra un ano.** (ms5,055: Silvarrey)

Hay que hacer la meda (almiar) para un dia como si hubiera de durar un año: No vale hacerla descuidadamente con la intención de majar al día siguiente; porque si llueve se puede echar a perder el pan.

1619. **Medas a gusto, malo.** (ms5,055: Silvarrey)

---

[528] mc: *de Holanda*.
[529] mc e ms21,25v: *plata labrada*.
[530] ms: *da cesta ô carro*.
[531] ms: *todo é m...*; ms-LU: *Mayorazgo da, toda e*.
[532] ms: *hervados*.
[533] ms e ms3: *qu'anda nas*. / V. *Mal anda o paxariño que anda nas mans do meniño* en *Niñez* (*La travesura de los niños*).
[534] ms-LU: *Mali'o dente que com'a semente*.

Se dice cuando los haces se ponen a nivel (totalmente horizontales); cuesta poco trabajo *médase a gusto*; pero hay peligro de que cojan agua.

1620. **Mentras hai castañas no souto, ou por un lado ou por outro; cando están no canizo, escarabellas co guizo; desque van no arcaz, pobre de ti, rapaz.** [535] (mc: Paradela-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

1621. **Mentras non hai abórtegas, non hai maragotas.** [536] (mc: *Dicc. Ac.*)

1622. **Mentras non molla, arrímate á folla.** (mc: Mondoñedo-F.V.S.)

1623. **Mentras vexas a folla no carballo, non deas palla ó almario.** (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)

1624. **Mentres non hai abórtegas, non hai maragotas.** [537] (ms11,37)

Abórtega = Gamón o esfodelo. La forma subrayada [538] es propia de Bergantiños, donde le aplican el refrán, porque tanto las abrótegas como las maragotas aparecen en primavera. Hay muchas variantes del mismo nombre que pueden verse en el *Diccionario de la Academia Gallega*, voz *abrótega*.

1625. **Metá do inverno vai fóra e metá está por pasar.** [539] (mc e ms: R. Caruncho)

1626. **Millo mesto vai no cesto; millo raro vai no carro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1627. **Millo mesto, nin carro nin cesto.** (ms-SA: Eliseo López Varela)

1628. **Millo raro carga o carro.** (ms-SA: Eliseo López Varela)

1629. **Millor é pouco cheu ca no terreu.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1630. **Moitas augas non tran bágoas.** (mc: M.L.2)

1631. **Moitas serdas ten un cocho e mais dorme no cubil.** (mc: M.L.2)

1632. **Moito gando, pouco esterco.** (mc: Santiago)

1633. **Moito pode facer o ben cultivado, pero máis o que foi ben estercado.** [540] (mc e ms4: J.P.)

1634. **Moitos pitos, moito comen.** [541] (mc: M.L.2 / ms10,092r: *D.E.*)

1635. **Monte de ra, nin palla nin gra.** (mc: A.N.)

1636. **Monte de sapo, pan no papo.** (mc: C.A.)

1637. **Monte de sapo, pan no saco.** (mc: A.N.)

1638. **Monte duro, pan seguro.** (mc: A.N.)

1639. **Mora madura, pintar na uva.** (mc: Buciños)

1640. **Moscatel non vai ó pichel.** [542] (mc: M.V. / ms21,26v: Bermés)

(es) *Uva de moscatel, riquísima para comer.* (R. Marín)

1641. **N'andes nunca co pau d'uz sin facer ante-la cruz.** [543] (mc: M.L. / ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms10,084r: *D.E.*)

1642. **N'hai millor regazada cá d'arada.** [544] (ms: M.L. / ms10,107r: *D.E.*)

(es) *No hay tal regazada como la de la arada.* (Correas)

1643. **Na aira que non é miña, que malle nela quen queira.** [545] (mc: Sarria / ms: F.V.S.)

Véase *Aira que non é miña...*

1644. **Na laxeira levanta a rabela.** (mc: Buciños)

1645. **Na viña de outro ninguén pode ir escoller.** [546] (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms10,141r: *D.E.*)

1646. **Naide bote máis millo do que poida sachar; despois non ande: sacha, tolo, sacha, sacha, tolo; que o tolo cansou de sachar.** [547] (mc e ms: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)

1647. **Navalla, que sea boa para segar a verdura.** [548] (mc e ms: C.A. *A Nosa Terra*)

1648. **Neva menudo, cebada ó burro.** (ms9,06r: Fonsagrada, Monteseiro)

---

[535] mc: *probe*; ms-LU: *escarabellaas co guizo; desde que van*.

[536] O orixinal di *Mentras non hay abòrtegas, non hay maragotas*.

[537] O orixinal di *Mentres non hay abórtegas non hay maragotas*. / Indica *Agrícolas*.

[538] *Abórtega* no orixinal vén subliñado. Conforme ós nosos criterios de edición, cambiamos por cursiva tódalas palabras subliñadas nos manuscritos orixinais.

[539] ms: *pasare*.

[540] mc: *Moitas pode facer*. Jacinto del Prado recolle só *Moito pode facer*. A forma rexistrada por Vázquez Saco no mc pode deberse a unha errata ó copiar.

[541] En ms10 s.v. *Polluelo*.

[542] mc: *no vai*.

[543] O orixinal di *N'andes nunca co pau d'uz, sin facer antel'a cruz*. / ms4: *de us, sen facer*; ms10: *Non andes co pau da uz, antes a cruz*. / En ms10 s.v. *Palo*.

[544] ms10: *Non hai millor, que a da arada*. / En ms10 coa indicación *Arada*.

[545] mc: *en ela*.

[546] ms10: *ninguién pode*. / En ms10 s.v. *Viña*.

[547] ms: *qu'o tolo*; ms-LU: *mais maíz, sacha tolo sacha tolo, co tolo*.

[548] mc: *pra*; ms: *segal-a*.

1649. **Neva menudo, cebada pró burro; neva delgado, cebada pró cabalo.** (mc: Baralla-F.V.S.)

1650. **Nin bo Xan nin bo Pedro, nin boi marelo encima do rego.** (ms18,73r: A.S.A.)

1651. **Nin bo Xan nin bo Pedro, nin boi marelo por riba do rego.** [549] (mc: Carballedo / ms17,068)

(pt) *Nem bom Pedro, nem bom burro negro.* (Chaves) */ Pedros, burros velhos, terras por cima dos regos.* (Id.) (es) *Ni mozo Pedro, ni burro negro.* (R. Marín) */ Ni moza adivina, ni mujer latina, ni mozo Pedro en casa.* (Id.)

La antipatía al nombre de Pedro es común a la pareminología peninsular, y la estudia Rodríguez Marín en *6.100 refranes más...*, donde puede leerla el curioso.

1652. **Nin bon Pedro nin bon burro negro, nin bon lameiro por riba do rego.** [550] (mc e ms3: Buciños)

Var.: *Nin bo Pedro nin bo burro negro, nin bo lameiro por riba do rego, nin de sabugueiro un bo vencello, nin de cuñado un bo consello. / Nin bo Pedro nin bo burro negro, nin bo carreiro por riba do rego, nin de sabugueiro un bo vencello nin de cuñado un bo consello.* (ms4: "Folklore de Sandiás", *Nós*)

1653. **Nin bon Pedro nin bon burro negro, nin bon prado por riba do rego, nin vaca ramalleira, nin muller que sea mui amiga da feira, nin ola sin asa; todas cos demos, fóra da miña casa.** [551] (mc / ms4: F.V.S.)

1654. **Nin boo Pedro nin boi marelo, nin boa herba por riba do rego, nin boa mula que faga ghin, nin boa muller que fale latín.** [552] (mc e ms17,067: *Vida Gallega*)

1655. **Nin de sabugueiro bon vencello nin de cuñado bon consello.** [553] (mc, ms e ms3: A.I. / ms21,04v: Bermés)

(pt) *Nem de sabugueiro bom vincelho, nem de cunhado bom conselho.* (Chaves)

1656. **Nin en inverno sin capa nin en vrau sin calabaza.** [554] (mc: J.P.)

(pt) *Nem no inverno sem capa, nem no verão sem cabaça.* (Chaves) (es) *Ni en invierno sin calabaza, ni en verano sin capa.* (R. Marín)

1657. **Nin millo engrolado nin millo queimado.** (mc: L.G. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Literatura Gallega*, 2ª ed., 1911)

1658. **Nin por carreiro nin por atallo, deixar o camiño do carro.** [555] (mc)

1659. **Nin viña no baixo nin trigo no cascaxo.** [556] (mc: C.A. / ms: A.C. *A Nosa Terra* / ms10,141r: *D.E.*)

(pt) *Nem vinha em baixa, nem trigo em cascalho.* (Chaves) (es) *Ni viña en bajo, ni trigo en cascajo.* (Correas)

1660. **Ninguén bote máis millo do que poida sachar.** (ms21,13v: Bermés)

1661. **Ninguén colle dúas cosechas no ano.** (mc: Buciños)

1662. **Ninguén semente máis millo do que poida sachar.** (mc: Pidre-F.V.S.)

1663. **No ano que moito chove, traballa máis que come.** (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)

1664. **No crecente, o touciño crece na ola.** (mc: Carballedo)

Var.: *No crecente, o touciño medra na ola.* (F.V.S.)

1665. **No hai feixe como d'encima do eixe.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Grande.

1666. **No hai peor cuña cá da misma madeira.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

1667. **No inverno, sobre todo, o gando ha de estar ben comido.** (mc: U.U. / ms4: Cuartilla 6)

1668. **No sal un mes e no lume tres.** [557] (mc: Santiago)

Exige la cura de la carne de cerdo.

1669. **No tempo da grada, o dono a trague.** (mc: M.V.)

El y no otro es quien se beneficia de ella.

1670. **No tempo da vendimia, auga do ceo, mala; pero da fonte, boa é.** (mc: Agro)

1671. **Non bote auga ó viño o cosecheiro, si quer ter creto e diñeiro.** [558] (ms4: J.P.)

---

[549] ms3: *encima do rego*. / V. tamén *Nombres*.
[550] ms3: *ni bon burro, bo lameiro*. / V. tamén *Nombres*.
[551] ms4: *todos cos demos*.
[552] O orixinal di *Nin boo Pedro nin boi marelo, nin boa herba por riba do rego, nin boa mula que faga gin, nin boa muller que fale latín*. ms17,067: *que fala latín*.
[553] ms e ms3: *Nen*.
[554] mc: *vran* pero Jacinto del Prado recolle *vrau*.
[555] mc: *Nin por camiño*. / V. *Nin por arrodeos nin por atallos nunca te apartes do camiño dos carros* en *Precaución*.
[556] ms10: *no cascallo*. / En ms10 s.v. *Viña*.
[557] Por lóxica e por outros paralelos, coidamos que *lume* é unha errata por *fume*.

1672. **Non che doia nas cuadras botar folla qu'en abono ben feito se recolla.** [559] (ms4: J.P.)

1673. **Non che estaba mal o sol na eira i-a chuvia na nabeira.** (mc: Carballino)

Queda atrás otro semejante y los encontramos en la canción popular: *A un tempo non pode ser / o ter e mailo gastar; / nin que loza o sol na eira / e que chova no nabal*.

1674. **Non esquenzas de chantar en outono e levar un carro de abono.** (ms5,133: Santiago)

1675. **Non hai arregoada como a da súa labrada.** [560] (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

1676. **Non hai chuvia que non escampe.** (mc: J.T.)

1677. **Non hai feixe como o de riba do eixe.** (mc: Buciños)

Como ofrece más resistencia, encima del eje se coloca el haz más pesado.

1678. **Non hai larada sin pito coxo.** (mc: M.L.2)

1679. **Non hai máis mala cuña ca do mismo pao.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1680. **Non hai mal ano por pedra, pro probe d'aquel a quen acerta.** [561] (mc e ms: J.P.)

(pt) *Não há mau ano por pedra; mas guay de quem acerta.* (Chaves) (es) *No hay mal año por piedra, mas guay de a quien acierta.* (Correas)

1681. **Non hai mel sin aguillón.** (mc: A.N. / ms21,32v: Bermés)

(es) *Buscar la miel entre las picadas de la abeja.* (Sbarbi)

1682. **Non hai mel sin fel.** (mc: Buciños)

(pt) *Não há mel sem fel.* (Chaves / ms: R. Marín) [562] (es) *Buscar la miel entre las picadas de la abeja.* (Alberola) (ct) *No hi ha mèl sense fèl.* (Alberola)

1683. **Non hai millor** [sic] **cuña que a do mismo pau.** [563] (ms21,18v: Bermés)

1684. **Non hai palleiro sin palla nin morcilla sin atadalla.** (mc: Palas de Rey-F.V.S.)

1685. **Non hai palleiro sin palla nin regueiro sin auga.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

1686. **Non hai palleiro sin palla.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C / Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C / Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C / José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO / Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

1687. **Non hai peor cuña cá da misma madeira.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1688. **Non hai pera que non madureza.** [564] (mc: A.N. / ms10,089r: *D.E.*)

1689. **Non hai pior cuña que a do mesmo pau.** [565] (mc: A.N / Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C / J. M. Area Alonso / ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO / F. Canosa Quintáns / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(pt) *Não há pior cunha que a do mesmo pau.* (Chaves) */ Não há cunha melhor que a do mesmo pau.* (Id.) (es) *No hay peor cuña que la del mismo palo.* (R. Marín) */ No hay peor astilla, que la de la misma viga.* (Correas) (ct) *No hi ha pijor clavilla que la de mateix fust.* [566] (Alberola)

1690. **Non hai tal vicio como o pan de trigo e o leite mocizo.** [567] (mc / ms4: A.I.)

(es) *No hay tal vicio como leche con nata y pan trigo.* (Correas)

1691. **Non pretendas aforrar o que costa o escardar.** [568] (mc: J.P.)

1692. **Non se fai o colmo sin traballo.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

1693. **Non se ten por acertada sementeira apretada.** (mc: J.P.)

---

[558] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[559] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[560] ms e ms4: *coma*.

[561] mc: *de aquel*. Jacinto del Prado recolle só a forma *d'aquel* do ms.

[562] Aínda que V. Saco lle atribúe este refrán a R. Marín no ms, parece deberse a un erro porque R. Marín non achega ningunha variante portuguesa cando recolle *No hay miel sin hiel*. Ademais, si que atopamos o refrán no refraneiro de Chaves.

[563] O orixinal di *Non hay millor* (*peor?*) *cuña que a do mismo pau*.

[564] En ms10 s.v. *Peras*.

[565] ms e ms3: *qu'a do*; ms3: *mismo*.

[566] Na edición do refraneiro de Alberola que consultamos este refrán empeza *No hi ha pijor esquèrda*... e non hai ningún refrán que empece *No hi ha pijor clavilla*.... *Esquèrda* e *clavilla* teñen un significado similar. É posible que a diferenza se deba a que a edición de Alberola que manexou V. Saco fora diferente.

[567] ms4: *com'o pan, e leite*.

[568] Vázquez Saco corrixe o orixinal de Jacinto del Prado no mc e recolle *o que costa o escardar*.

Var.: *Unha acertada sementeira debe quedar con terra lixiera.* (ms4: J.P.)

1694. **Non sempre está o alcacén pra gaitas.** (mc: M.V.)

Var.: *Non sempre o alcacén está pra gaitas.* (M.V.)

(es) *Está ya duro el alcacer para zampoñas.* (Sbarbi)

1695. **Non sempre vai a auga ó rego.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

1696. **Non te queixes do ano, que outro virá máis malo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

1697. **Nunca a anada é mala cando a colleita non é mollada.** (mc: Carballino)

Porque, como hemos visto, si es mojada *é media anada*.

1698. **Nunca chove como trona nin nunca trona como chove.** (ms-SA: Algún lugar da provincia da Coruña)

1699. **Nunca chove como trona.** (mc: M.V. / ms-SA: algún lugar de Galicia.)

(es) *Nunca llueve como truena.* (Sbarbi) / *No llueve como atruena.* (Correas)

Suele aplicarse a las amenazas, que no traen los efectos que de ellas serían de temer.

1700. **Nunca chove tanto coma trona.** (ms21,15v: Bermés)

1701. **Nunca faltou pan pá malla nin viño pá trasfega.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

1702. **Nunca pode chover a ghusto de todos.** [569] (ms-SA: Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO)

1703. **Nunca se sega a herba sin susto.** (ms9,08r: Silvarrey)

Por miedo a que llueva.

1704. **O amieiro arde no lameiro.** (ms18,66v)

1705. **O ano da serra non-o traiga Dios á terra.** (ms: A.N.)

(pt) *Ano da serra, não o traga Deus à terra.* (Chaves) (es) *El año de la sierra no lo traiga Dios a la tierra.* (Sbarbi) Es bueno para la sierra es malo para la tierra llana. (ct) *Any bó per a la serra, mal per a la tèrra.* (Alberola)

1706. **O ano torto, ó horto.** (ms)

1707. **O arado, rabudo, i-o labrador, barbudo.** [570] (mc / ms / ms4)

(pt) *O arado barbudo e o lavrador barbudo.* (Chaves) (es) *El arado, rabudo y el labrador, barbudo.* (Sbarbi)

1708. **O bido, se non fora pola vergonza, ardía debaixo da iauga.** [571] (ms21,15r: Bermés)

1709. **O cargar moito é de preguiceiros, e o cargar pouco é de carreteiros.** (mc: Santiago)

1710. **O carro derradeiro, ou cheo ou baldeiro.** (ms-SA: Freire López: Padrón, C)

1711. **O carro derradeiro, ou vai cheo ou vai baldeiro.** (ms-SA: Alfonso Fernández Barros: Santa Eulalia de Oeste, Catoira, PO)

1712. **O carro grande non derruba a devesa.** (mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

1713. **O carro máis millor pode torcerse.** (mc: R. Caruncho)

Var.: *O carro máis millor pódese torcer.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

1714. **O carro que non canta, úntalle o eixe con sebo.** [572] (mc e ms: Santiago)

1715. **O carro rodadeiro, ou cargado ou valeiro.** (mc: Pidre-F.V.S.)

Var.: *O carro redadeiro, ou cargado ou valeiro.* (mc e ms17,089: Pidre-F.V.S.)

1716. **O carro rodadeiro, ou cargado ou valeiro.** (ms17,089: Pidre)

1717. **O carro untado anda ben detrás dos bois.** (ms21,11v: Bermés)

1718. **O carro untado anda millor.** (mc e ms17,090: Buciños-F.V.S.)

(pt) *Quem seu carro unta seus bois ajuda.* (Chaves) / *Unta o carro, andan os bois.* (Chaves) (es) *Quien su carro unta, sus bueyes ayuda.* (Sbarbi)

Se usa en sentido figurado para conseguir una cosa; lo que resume el dicho común de *untar el carro*.

1719. **O castaño de vello acequilarás e outros cen anos castaño terás.** (ms15,38: Sober)

Alabando la madera del castaño.

1720. **O castiñeiro na man, o burato e o carballo no carro.** (mc: M.V.)

1721. **O centeo, basto na hucha e non no terreo.** [573] (mc: M.V. / ms21,22v: Bermés)

1722. **O centeo, mesto na arca, raro no terreo.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

---

[569] O orixinal di *Nunca pode chover a justo de todos*.

[570] ms: *e o labrador*; ms4: *rabudo, o labrador*.

[571] O orixinal di *O vido, se non fora pol'a vergonza, ardía debaixo da i-auga*.

[572] ms: *eixo*.

[573] ms21,22v: *basto na hucha*.

1723. **O cortado, que seco que mollado, queda parado.** (mc: Aguada, Carballedo / ms4: D. Pejerto-FVS)

1724. **O cultivar ben a terra goces tranquilos encerra.** (ms4: J.P.)

1725. **O de fento, polo cenzo; o de xesta, pola testa; i-o de palla non ten talla.** [574] (ms21,09v: Bermés)

1726. **Ó derradeiro pártenlle o pan e písanlle o leiro.** (ms8,51v: O. de Rey)

Al que siega tardiamente.

1727. **O derradeiro, cargado ou valeiro.** (mc: Tierra Llana)

Se refiere al carro, como otro análogo que dejamos registrado.

1728. **O derradeiro, ou cargado ou baldeiro.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

1729. **O derradeiro, ou cheu ou baldeiro.** (ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)

1730. **O día nubrado engaña o amo i-o criado.** [575] (mc e ms: Tuiriz, Monforte)

(es) *El día nublado engaña al amo y al criado.* (R. Marín)

1731. **Ó ferrado de semente cómprelle ben dúas carradas de esterco.** (mc: Monforte)

Var.: *On ferrado de semente cómprenlle ben dúas carradiñas de esterco.* (ms4: F.V.S.) [576]

1732. **O fruto, vasto nas arcas.** (mc: Layosa)

1733. **O gallo do millo ten moita pillería: garda o orballo no ollo pró mediodía.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ribadeo, Ribadeo, LU)

1734. **O inverno come e non cría.** [577] (mc: M.V. / ms21,24v: Bermés / ms-LU: Jesús Redondo C.: Melide, C)

1735. **O labrador codicioso sembra no rastroxo.** (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

(es) *El labrador codicioso, siembra en el rastrojo.* (Correas)

1736. **O labrador debe ter de todo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

En lo concerniente al ramo.

1737. **O labrador, cando ara cantando, recolle chorando; cando ara xemendo, recolle contento.** (ms5,137: Aguada)

1738. **O leite da vaca sale do muíño prá casa.** (ms8,65r: Silvarrey)

1739. **O liño, na touca, medra que relouca.** [578] (mc / ms)

1740. **O máis ruín porco, a millor belota.** [579] (ms: F.V.S.)

(pt) *Ao mau bácoro, boa lande.* (Chaves)
(es) *Al más ruin puerco, la mejor bellota.* (Correas)

1741. **O meu home, por ser Xan, fixo os mollos grandes, perdeu un carro de pan.** (mc: Bardaos, Incio)

1742. **O millo canto dá canto come.** (ms5,057: Silvarrey)

Porque empobrece mucho la tierra en que se ha sembrado.

1743. **O millo da xesta dá pola testa.** (mc: Santiago)

1744. **O millo no polvo i-o trigo no lodo.** [580] (mc: F.L.)

(es) *El trigo, en lodo; y la cebada, en polvo.* (R. Marín)
Se han de sembrar.

1745. **O millo raro vai no carro; o millo mesto vai no cesto.** (ms-SA: Manuel Vilanova Peña: Ribadumia, PO)

1746. **O millo raro, boa espiga e bon garelo.** (ms9,05r: Silvarrey)

Garelo = Caña del maíz.

1747. **O millo rascado enche a cesta e enche o ferrado.** (ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

1748. **O millo rascado enche a cesta e o ferrado.** [581] (mc e ms: M.V / ms21,26r: Bermés)

1749. **O millo sachado henche a cesta e o ferrado.** (mc: Carballedo)

1750. **O millo serodio, ó verlle o bico, dálle co pico.** (ms5,023 e ms5,137: Félix Rodríguez Vieites)

Var.: *Cando me vexas o bico, ándame co pico.* (ms5,137: Sober)

Lo dice el maíz: Al brotar, hay que removerle un poco la tierra, sólo así crecerá lo que debe crecer. (ms5,137)

1751. **O millo serodio, ó verlle o bico, dálle ó pico.** (ms-LU: Félix Rodríguez Vieites)

1752. **O millo** (ou **maínzo) mesto vai no cesto, o millo raro vai no carro.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

1753. **O mosto que foi ben tratado, en noviembre será trasegado.** [582] (ms4: J.P.)

---

[574] Falando tamén d'esterco: *O de fento pol'o cenzo, o de xesta pol'a testa, y'o de palla non ten talla.*
[575] ms: *nublado, y o*.
[576] ms4: *en semente*.
[577] ms-LU: *com'e non*.

[578] ms: *lino*.
[579] Contén a indicación *Agrícolas*. V. *Sempre o porco ruín ha topar cunha boa castaña* en *Agrícolas* (*Generales*).
[580] ms: *y o trigo*.
[581] mc: *henche*; ms21,26r: *y'o ferrado*.

1754. **O nitro e sal mescrados deben de darse ós ganados.** [583] (ms4 e ms16: J.P.)

1755. **Ó ourizo, cando regaña, logo lle cai a castaña.** (mc: Tuiriz, Monforte)

1756. **O palleiro non se fai sin palla.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1757. **Ó pan de relón hai que esperarlle sazón.** (mc: Lugo)

Var.: *Ó pan de relón hai que gardarlle sazón.* (ms15,20v: Silvarrey)

1758. **O pan do grao i-o viño da uva.** (ms8,63r: Silvarrey)

Cuando se alaba una cosa que no es buena.

1759. **O pan e a pedra, no camiño medran.** (mc: M.V.)

1760. **O pan no chao i-as patacas nas costas.** [584] (ms12,78: S. Pedro de Orrios, Caurel)

Es más apto el terreno llano para el cereal que para la patata.

1761. **O pan raro enche o carro.** [585] (mc e ms4: M.L.2)

1762. **O pan raro vai no carro i-o mesto vai no cesto.** (ms15,05: Silvarrey)

1763. **O pan temporán, ou en palla ou en gran.** (ms18,40r)

1764. **O pan, ben escardado, enche a hucha do amo.** [586] (mc e ms: J.P.)

(es) *El pan bien escardado hinche la troja su amo.* (R. Marín)

1765. **Ó pé da serra ou lonxe dela.** [587] (ms: M.L.2)

(es) *Al pie de la sierra, o cien leguas de ella.* (Correas)

Por el frío que es menos al pie de la sierra que algo más lejos, y para criar ganado, es buena la sierra.

1766. **Ó pra baixo corre o sapo i-ó pra riba estende o papo.** (ms8,48v: Trives)

1767. **O prado do meu amigo, ben segado e mal pacido.** (mc: Paradela)

1768. **O primeiro millo é prós paxaros.** [588] (ms4: G.S. y A. / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

1769. **O que antes acaba, acadulla.** (mc e ms12,66: Páramo)

Acadullar que falta en los vocabularios gallegos, en Sarria y Páramo es labrar o arar las cabeceras de las fincas, lo que hay que hacer en sentido contrario a lo arado anteriormente, por no haber de otra manera lugar para la yunta y el arado. En Mellid y Carballedo es deshacer los terrones = *cadullos*. El sentido del refrán no varía.

1770. **O que atrás vendima, cómenlle as uvas e cáganlle na viña.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

1771. **O que atrás vendima, cómenlle as uvas e méxanlle na viña.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1772. **Ó que atrás vendima, lévanlle as uvas e estércanlle a viña.** [589] (mc e ms: Buciños)

Var.: *O que fai atrás a vendima, cómenlle as uvas e estércanlle* (derrámanlle) *a viña.* (ms15,45r)

1773. **O que bota o pan raro, non colle pan malo.** (mc / ms4: F.V.S.)

(pt) *Quem semeia basto, gasta mais e colhe menos.* (Chaves) */ Quem basto semeia, ralo colhe.* (Id.)

Como se ve, son varios los refranes que insisten en la oportunidad de sembrar ralo para el mejor éxito de la cosecha.

1774. **O que dá a anada, non-o leva vento nin xiada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1775. **Ó que de vrao non lle ferve a mola, de inverno non lle ferve a ola.** [590] (mc: M.L. / ms11,49: Comarca de Fonsagrada)

Quien no trabaja en las duras labores de la recolección del verano, nada podrá echar en el puchero durante el invierno.

1776. **O que esterca, sacha.** [591] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

La tierra bien abonada cría menos maleza. (mc) / Menos maleza en la tierra bien abonada. (seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1777. **O que ha de prantar, ha de saber arrincar.** (mc: M.L.2)

1778. **O que mal esfende e mal refende, todo o ano xeme.** (ms5,057: Silvarrey)

1779. **O que no horto sembra, na cuchara amasa.** (mc)

---

[582] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[583] ms16: *mezclados*; ms4: *mezcrados*. Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *mescrados*. Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[584] O orixinal di *O pan no caho, yas patacas nas costas*.

[585] mc: *henche*; ms4: *carga o carro*.

[586] mc: *henche*; ms: *ucha*.

[587] V. *Vivir na serra ou lonxe dela* en *Casa y vecindad*.

[588] ms-LU: *e dos páxaros*.

[589] ms: *e estercanlle*.

[590] ms e ms11,49: *vrau*; ms11,49: *d'inverno*.

[591] ms-LU: *qu'esterca*.

1780. **O que no regazo sembra, no regazo recolle.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pol, LU)

1781. **O que non bima, non vendima.** (ms21,31r: Bermés / ms18,74r: A.S.A.)

1782. **O que non cae á maza, cae á espada.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

1783. **O que non cai á maza, cai á espadela.** (mc: M.V. / ms21,26r: Bermés / ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

Var.: *O que non cai á maza, cai á tasca.* (ms4: F.V.S.)

Son diversas fases en la elaboración del lino. Equivale a *O que non cai á maza, cai á tasca*.

1784. **O que non cai na cata, cai na recata.** (mc / ms4: F.V.S.)

1785. **O que non cría, espía.** (mc: M.L.)

(pt) *Quem não cria, sempre pia.* (Chaves) / *Quem nada cria, nada tem.* (Id.)

1786. **O que non cría, non pía.** (mc: Buciños / ms4: G.S. y A.)

(pt) *Quem não cria, sempre pia.* (Chaves) / *Quem nada cria, nada tem.* (Id.)

1787. **O que non é á cata, é á recata.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1788. **O que non é á maza, é á taza.** (ms-SA: algún lugar de Galicia)

1789. **O que non seipa facer un medeiro, que non s'estreva a facer un palleiro.** (ms15,19v)

1790. **O que non vai na maza, vai na espadela.** (ms-SA: algún lugar de Galicia)

1791. **O que o sol dá, o sol o pudrirá.** [592] (mc, ms e ms4: J.P.)

1792. **O que pensa e pensa mal, ten o gado fraco.** [593] (mc e ms16: Bagueixos / ms4: F.V.S. / ms21,13r: Bermés)

1793. **O que perfeita cría, acha de cote alegría.** (ms21,27v: Bermés / ms-SA: A. Darriba Míguez)

1794. **O que porfeita cría, sempre ten alegría.** (mc: M.V.)

1795. **O que pranta e cría, ve alegría.** (mc: M.L.2)

(es) *Quien ara y cría, oro hila.* (R. Marín)

1796. **O que queira botar seus bens a perder, meta xornaleiros e venda o que ten pra os manter.** [594] (mc, ms e ms4: J.P.)

1797. **O que queira coller moito, abonar ben e arar enxoito.** (mc: Buciños)

1798. **O que queira ter bo allal, prante no nabal.** (ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)

1799. **O que queira ter bo millo, fágalle un regueiro pola cima.** [595] (mc e ms: Santiago)

1800. **O que queira ter bo millo, pase pola cima o regueiriño.** (mc: Santiago / ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

1801. **O que queira ver o seu allal, poña os allos no Natal.** (mc: Buciños-F.V.S.)

(pt) *Pelo Natal, semeia o teu alhal, e so o quiseres cabeçudo, semeia-o pelo entrudo.* (Chaves) / *Quem quer bom alhal, semeá-lo pelo Natal.* (Id.) (es) *Quien quiera un buen ajar, en enero lo ha de sembrar.* (R. Marín) (ct) *Si vols un bon aller, sembra'l pel gener.* (Sanchis) / *Pel gener planta l'aller; cap at darrer, no pel primer.* (Id.)

Otros lo aconsejan para enero. También el portugués tiene para los dos meses.

1802. **O que quer coller a estiñada, ten que salir pola chuviñada.** (ms-LU: ínformante anónimo: O Cádavo, A Esperela, Baleira, Lugo)

1803. **O que quita o frío, quita o sol.** (mc: Cotá.)

(es) *Lo que quita el frío, quita el calor.* (R. Marín)

1804. **O que rico queira estar, ou á veira do monte ou á veira do mar.** (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S. / ms16)

1805. **O que se guía pola lúa e polo lueiro, non ten palla nin palleiro.** [596] (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)

1806. **O que sementa sin semente, sega sin fouciño.** (mc: Carballedo / ms21,28v: Bermés)

(es) *Quien siembra poco, no coge mucho.* (R. Marín) / *Quien es mezquino al sembrar, pocas gavillas atará.* (Id.) / *Cual sea la sementera, así será la era.* (Id.)

1807. **O que sementa, recolle.** (mc: Buciños)

(pt) *Quem semeia, colhe.* (Chaves) / *Quem não semeia, não colhe* (ou *apanha*). (Id.) (es) *Quien siembra, recoge.* (Sbarbi) / *Quien siembra, coger espera.* (R. Marín)

Han de emplearse los medios necesarios para obtener lo que se desea.

---

[592] ms e ms4: *O que o sol nos da*.

[593] ms4, ms16 e ms21,13r: *flaco*; ms21,13r: *gado*.

[594] ms e ms4: *seus bes*. / V. variantes en *Descuido* e *Pobreza* (*Caminos de la pobreza*).

[595] ms: *fájalle*.

[596] O orixinal di *O que se guía pol'o lúa e pol'o lueiro non ten palla nin palleiro*.

1808. **O que tarde vendimia, cómenll'as uvas e cáganlle na viña.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1809. **O que ten cepas, fai achas ou astellas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

1810. **O que vai ó toxal, sin espiñas non sal.** [597] (mc e ms4: A.N. / ms4: F.V.S. / ms10,049v. O. de Rei)

1811. **O que vén atrás, que traiga o carro i-os bois.** [598] (ms17,091)

1812. **O que vén atrás, que traiga o carro i-os bois.** [599] (mc / ms4: F.V.S. / Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento de Las Córneas.)

1813. **O que sembra en terra allea, logo se cansa e nada lle queda.** (mc: Tuiriz)

1814. **O remedio contra a fame é sementar.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

1815. **O repolo i-o señor, cantos máis raros, mellor.** [600] (mc / ms / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

1816. **O sabor do chourizo di dónde se fixo.** (mc: J.P.)

1817. **Ó seu tempo veñen as uvas i-as mazás maduras.** [601] (mc e ms: A.N. / ms10,127r: *D.E.*)

(es) *A su tiempo maduran las uvas.* (R. Marín)

1818. **O sol dun ano mata o cabalo dun ano.** (ms4: F.V.S.)

1819. **O sol na aira i-a auga no nabal non pode ser.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1820. **O temperán, ou en palla ou en gran.** (mc: A.I.)

1821. **O temperau, palla ou grau.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

1822. **O tempero vai na man.** (mc: M.V.)

1823. **O trigo no polvo, o centeno no lodo, e a cebada en todo.** [602] (mc: Tuiriz)

(es) *Trigo en polvo y cebada en lodo, cantenos en todo.* (Bergua)

Se ha de sembrar. Difieren paremias de otras zonas.

1824. **O viño do bullo fai moito barullo.** (mc: Belesar)

1825. **O viño no lagar e as fabas no fabal.** (mc: Agro)

1826. **O viño xa sentado quere ser trasegado.** (ms4: J.P.)

1827. **O viño, o Miño faino menino.** (mc: Santiago)

1828. **Obra no viño o calor alterándolle o color.** [603] (ms4: J.P.)

1829. **Onde allos ha, viño haberá.** [604] (mc: H.G. / mc e ms4: G.S. y A. / ms21,02v: Bermés)

(pt) *Onde alhos, há, vinha haverá.* (Chaves)

(es) *Donde ajos ha, vino habrá.* (Correas)

1830. **Onde cabe un carro cargado, ben cabe un home a seu cabo.** [605] (mc e ms17,088: M.V. / ms21,21r: Bermés)

1831. **Onde hai allos, cebolas se comen.** [606] (mc e ms: S.P.P.-*Ultreya*)

Var.: *Onde allos ha, cebolas se collen.* (ms4: G.S. y A.)

1832. **Onde hai cepos, logo se fan achas.** [607] (mc e ms3: M.V.)

Como *Habendo rebolos...*

1833. **Onde hai cepo, logo se fan achas.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

1834. **Onde hai labrado, hai monte.** [608] (mc e ms: Buciños / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

1835. **Onde moito gando, pouco esterco.** [609] (mc: Santiago)

Como: *Moito gando, pouco esterco.*

1836. **Onde non chove, barruza.** (mc / ms4: F.V.S.)

1837. **Onde non hai fariña nin relón, todos falan sin razón.** [610] (mc e ms: M.V.)

1838. **Onde non regues, sacha.** [611] (mc: Carballedo-F.V.S. / ms15,29r: Carballedo, Mª Felicidad Vila)

1839. **Onde o rapaz sachou, nunca millo faltou.** (ms-SA: José Barca Sanmartín: Santa Minia de Brión, C)

1840. **Onde pan cai, grau hai.** (mc: Buciños)

Como: *Donde pan cai, pan hai.*

---

[597] mc: *non saí*.

[598] O orixinal di *O que ven atrás que traiga o carro y os bois*. / Nunha segunda clasificación temática Vázquez Saco incluiu este refrán en *Pereza y ociosidad*.

[599] ms-LU: *que traiga carro e bois*.

[600] ms: *y-o, millor*; ms-LU: *y o Señor canto mais raro mellor*.

[601] ms: *y as*. / En ms10 s.v. *Tiempo*.

[602] ms: *centeu*.

[603] O orixinal di *Obra n'o viño ó color alterandolle o color*. / ms4: *no viño o calor*. / A diferenza entre o orixinal de Jacinto del Prado e o refrán que aparece en ms4 podería deberse neste caso a un erro de J.P.

[604] mc: *Donde allos*; ms21,02v: *Dond'allos ha*.

[605] mc: *ô seu lado*.

[606] ms: *Ond'hai*.

[607] ms3: *logo un fai achas*.

[608] ms e ms-LU: *Ond'hai*.

[609] ms: *jando*.

[610] ms: *Onde*. / V. tamén *Pobreza* e *Pobreza* (*La pobreza y la paz*).

[611] mc: *rehues*.

1841. **Os bes de san Xoán, por onde veñen, van.** (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)

1842. **Os fornos sempre se quentan pola boca.** (mc: Vilasouto, Incio)

(es) *El horno y la vieja por la boca se escalienta.* (Correas) */ El horno por la boca se calienta.* (Correas)

El comer y el beber sustenta.

1843. **Os palleiros non se fan sin palla.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1844. **Os pés do hortelán non botan de perda a horta.** [612] (ms10,085r: *D.E.*)

1845. **Os tarreos encharcados deben estar desaugados.** [613] (ms4: J.P.)

1846. **Ou de palla ou de palluceiro, o caso é encher o palleiro.** [614] (mc e ms: P. de Rey)

(es) *De paja o de centeno, el costal lleno.* (Sbarbi)

1847. **Ou rella ou esterco de ovella.** (mc: C.G.)

1848. **Palleiro colmado, inverno ó lado.** (mc)

1849. **Palleiro sin palla non se fai.** (mc: M.V. / ms21,27r: Bermés)

Suele aplicarse a los obesos, que no pueden estarlo sin comer.

1850. **Pan de toxo, señal de noxo.** (mc: Santiago)

1851. **Pan e viño, un ano teu i-outro do veciño.** (mc: J.P.)

(pt) *Pão e vinho, um ano meu outro do meu vizinho.* (Chaves) (es) *Pan y vino, un año tuyo y otro de tu vecino.* (Correas) (ct) *Pá y ví, un any per a tú, y un atre per a mí.* (Alberola)

Alude a las desigualdades de las cosechas.

1852. **Pan sachado, pan doblado.** (mc: Taboada-F.V.S.)

1853. **Pan temporao, ou palla ou grau.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

1854. **Pan xunteiro, fame na casa e fame no leiro.** (mc: Sarria)

Var.: *Sementeiro xunteiro, nin na tuña nin no leiro.* (Lalín)

Rechaza, como tantos otros, la siembra espesa del pan.

1855. **Para mala feira, corda baleira.** [615] (ms-SA: algún lugar de Galicia / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1856. **Pauciño de souto, se non vós, será outro.** (ms21,07v: Bermés)

1857. **Pequeno machado derruba gran carballo.** (mc: Correas)

(pt) *Pequeno machado derruba grande sobreiro.* (Chaves) (es) *Pequeña hacha derriba una haya.* (R. Marín)

Hay muchas veces desproporción evidente entre las causas y los efectos.

1858. **Pica e tarde, e arréndame cedo, e sacarás a teu amo de empeño.** (mc: *Dicc. Ac.*)

Var.: *"Pícame tarde e arréndame cedo, e sacarás a teu amo de empeño", dixo o millo.* (V.R. y A.R.)

Habla el maíz.

1859. **Pícame tarde e réndame cedo e dareiche do que eu teño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Aplícase ó millo (segundo o informante).

1860. **Pisa auga fortemente si queres viño valente.** (ms4: J.P.)

1861. **Polas malas herbas pérdense as colleitas.** (ms5,138: *O Gaiteiro de Lugo*, 1960)

1862. **Por falta de chismes apropiados vense os labradores apurados.** [616] (ms4: J.P.)

1863. **¿Por medo ós gorriós non se sembra o trigo?** [617] (mc e ms11,26: Tuiriz / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

Var.: *Por medo ós gorriós non se deixa de sembrar o trigo.* (Tuiriz)

(pt) *Quem passarinhos receia, milho não semeia.* (Chaves) */ Por medo dos pardais não se deixa de semear cereais.* (Id.) (es) *Por miedo de pajarillos no dejes de sembrar mijo.* (Correas) */ Por miedo de gorriones, no se dejan de sembrar cañamones.* (Bergua)

Enseñan todos que por pequeños inconvenientes no se debe dejar de emprender un negocio. (mc) / Por pequeños inconvenientes no se debe dejar de emprender un negocio. (ms11,26).

1864. **Por mui boa que se parezca a semente, preparala terás por convenente.** [618] (ms4: J.P.)

---

[612] En ms10 s.v. *Pies* coa indicación *Labores agrícolas*.

[613] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[614] ms: *hencher*.

[615] ms-LU: *Pa mala*.

[616] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[617] Vázquez Saco dubida no ms11 sobre a forma correcta do refrán: *Por medo ôs gorriós non se sembra o trigo?* (*non se deixa de sembrar o trigo?*)

[618] O orixinal di *Por muy boa que se parezca a semente preparala teràs por convenente*. Non atopamos este refrán na colección de Jacinto del Prado. Aínda así, podería

1865. **Por Navidá, cando o aire pica da terra do mar, pouco millo e malo de sachar.** [619] (mc e ms: Buciños)

1866. **Por regra xeneral os bos trigos seméntanse sobre abonos antiguos.** [620] (ms4: J.P.)

1867. **Pouca terra ben abonada vale moita mal traballada.** [621] (mc: M.V. / ms21,29v: Bermés)

Suple la calidad lo que falta en cantidad.

1868. **Pouca terra ben abonada vale pola moita traballada.** (ms-SA: José Manuel Area Alonso)

1869. **Pouco importa que o angazo xunte si a cesta verte.** (ms-SA: algún lugar de Galicia)

1870. **Pra abaixo calquera boi turra.** (mc: M.L.)

1871. **Pra abaixo corre o sapo e pra riba estira o papo.** [622] (mc: Tuiriz, Monforte / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

1872. **Pra baixo anda o carro sin bois.** [623] (mc / ms11,45: Comarca de Fonsagrada)

1873. **Pra branquear a camisa com'a prata, coce-la borralla com'a vaca.** [624] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Con las mazarocas obtenidas en el hilado se hacen, en el sarillo, meadas, las cuales se cuecen en agua con jabón, hueso porcino, y borralla, y de este cocimiento depende la blancura de nuestros linos que se utilizaban para camisas -con botones del mismo género-, de gran resultado en el campo. Por esto se oye alguna vez: *Pr'on labrador... non había camisa com'as de liño da casa*.

1874. **Pra costas arriba quero o meu mulo, que as costas abaixo eu as subo.** (mc: Lugo)

1875. **Pra estar o pan ben amasado, hanlle sudar os pés á artesa.** (mc: Pidre-F.V.S.)

1876. **Pra haber bon pan, ten que haber boa sementeira.** [625] (mc / ms4: F.V.S.)

1877. **Pra mala feira, corda baleira; e, se a feira é mala, nin corda nin nada.** [626] (mc e ms4: Fonsagrada-F.V.S.)

1878. **Pra o pan engraiar, ha d'o boi tembrar.** [627] (mc e ms: A.N.)

Var.: *Pra o pan engraiar ha de o boi tremar.* (ms10,009r: *D.E.*)

1879. **Pra o pan fornar, quer o boi tembrar.** [628] (ms, mc e ms4: M.V.)

1880. **Pra os terrenos moi arcillosos conveñen os abonos carbonosos.** [629] (ms4: J.P.)

1881. **Pra prantas, terra ben tida; compárase á mesa ben servida.** [630] (ms4: J.P.)

1882. **Pra que sea bon o viño, hai que atalo de novo.** (mc: Sober / ms4: F.V.S.)

1883. **Pra ruín feira, a corda valeira.** (ms)

1884. **Pra ruín feira, corda valeira.** [631] (mc e ms: M.L.)

1885. **Pra ruíña feira, corda baleira.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1886. **Pra subir quero a miña mula e pra baixar quérome sólo.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

1887. **Prados e montes, os que poidas avistar; labradíos, os que poidas traballar.** [632] (mc / ms4: F.V.S.)

Porque los primeros no exigen el cuidado continuo de los segundos.

1888. **Pranta moi movida, ponse logo revellida.** (mc: S.P.P.-*Ultreya*)

1889. **Primeiro malla e dispois chove.** (mc: Buciños)

1890. **Pró pan esfarnar, o cabelo temblar.** (ms5,137: La Golada)

Esfarnar = florear, purgarse de la flor, expulsar el pendón; *espendoar*, en Aguada.

1891. **Que día a vaca bon becerro e moito leite coa herba no prado, non hai que esperalo.** [633] (mc e ms4: M.L. / ms4: Agro)

---

tratarse dunha máxima da súa autoría máis ca dun refrán da tradición popular.

[619] ms: *cando aire pica*.

[620] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[621] ms21,29v: *val pol'a moita*.

[622] ms-LU: *e pra arriba*.

[623] ms11,45: *Pra baix and'o carro sin bois*.

[624] O orixinal di *Pra branquear a camisa com'a prata... cocel'a borralla com'a vaca*.

[625] ms: *qu'haber*.

[626] ms4: *corda valeira, s'a feira*. / V. *Contratos*.

[627] ms: *engrayar*.

[628] ms4: *trembrar*; mc: *tambrar*.

[629] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[630] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[631] ms: *Pra ruin feira a corda valeira*. / V. *Contratos*.

[632] ms4: *podas traballar*.

[633] mc: *moita leite*.

1892. **Que sea pola arada, que sea pola sin arar, os demos t'han de levar.** (ms-SA: José Cornes Iglesias: Santiago de Buxán, Val do Dubra, C)

1893. **Quen bos viños queira conservar, non debe ter présa en vendimar.** [634] (mc e ms4: J.P.)

1894. **Quen de palla fai a casa, teme ó lume.** (mc: Chantada)

(es) *Quien de paja su casa ha hecho, tema al fuego.* (R. Marín)

1895. **Quen en ruín lugar pon a viña, saca el solo nun día a vendima.** [635] (ms10,034r: *D.E.*)

1896. **Quen mal cultiva a terra, ó seu país fai a guerra.** [636] (mc: J.P.)

1897. **Quen mal decrúa, n'arrenda a súa.** [637] (mc: M.V. / ms21,22v: Bermés / ms-SA: Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C)

1898. **Quen mal decrúa, sempre suda.** [638] (mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1899. **Quen non acrara o seu viño, ten consigo mal veciño.** (mc: J.P.)

1900. **Quen ó sementar é mesquiño, prá seitura escusa fouciño.** [639] (mc: M.V. / ms21,28v: Bermés)

Var.: *O que ó sementar é mesquiño, prá seitura escusa fouciño.* (ms4: F.V.S.) [640]

(es) *Quien es mezquino al sembrar, pocas gavillas atará.* (R. Marín)

Véase *Quen sementa sin semente...*

1901. **Quen os paxaros recea, millo miúdo non semea.** [641] (mc: M.V. / ms6,03v: Emilio Álvarez Jiménez en *Ultreya*)

(es) *Por miedo de gorriones no se dejan de sembrar cañamones.* (R. Marín)

1902. **Quen pranta e cría, ve alegría.** (mc)

(pt) *Quem lavra e cria, oiro fia.* (Chaves)

1903. **Quen rega millo antes de ter pavón, non colleita grans de estimación.** [642] (mc, ms e ms4: M.V.)

1904. **Quen se chega á folla, dúas veces se molla.** [643] (mc: M.L.2)

Var.: *O que se abriga á folla, dúas veces se molla.* (ms15,22)

1905. **Quen sementa na lama, pouco colle ou nada.** (mc)

(es) *Quien siembra en lodo, no lo pierde todo.* (R. Marín)

1906. **Quen sementa no camiño, cansa os bois e perde o trigo.** [644] (mc: A.N. / ms10,118r: *D.E.*)

(pt) *Quem semeia em caminho, cansa os bois e perde o trigo.* (Chaves) (es) *Quien siembra en el camino, cansa los bueyes y pierde el trigo.* (R. Marín)

1907. **Quen sementa sin semente, sega sin fouciño.** (mc: *Terra de Melide* / ms: V.R. y A.R.)

Véase *O que sementa sin semente...* y *Quen ó sementar é mesquiño...*

1908. **Quen seu carro unta, aos seus bois axuda.** [645] (ms3: C.A. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1909. **Quen teña forza no brazo, que cave e pode en marzo.** (mc: *Vida Gallega*)

(es) *Quien tenga fuerza en el brazo, que cave y pode en marzo.* (R. Marín)

1910. **Queres o sol na eira e a choiva no nabal.** [646] (ms4 e mc: A.S.A. / ms4: J.P.)

(es) *El sol en la era y la lluvia en el nabal.* (Sbarbi)

1911. **Ramiño de souto, se non vós, será outro.** [647] (mc e ms: A.S.A. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Literatura Gallega*, 2ª edición, 1911)

1912. **Ramiño de souto, si non é teu, será de outro.** (mc: R. Caruncho)

1913. **Réndame tarde e cávame cedo, e despois dareiche o que teño.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1914. **Renego da grade que leva os terróns todos.** (mc: M.V.)

---

[634] ms4: *a vendimar*.

[635] Sen clasificar no orixinal.

[636] Vázquez Saco recolle este refrán no mc co final *o seu pai fai a guerra*. Pero a forma orixinal que rexistraba Jacinto del Prado era *ó seu pais fai a guerra*. Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[637] ms21,22v: *n'a arrenda o sua*; ms-SA: *non arrenda a sua*.

[638] ms-LU: *mal decruda*.

[639] ms21,28v: *o semear e mesquiño*.

[640] ms16: *na seitura*.

[641] mc: *Quen os paxaros non recea*; ms6,03v: *millo meudo*.

[642] ms: *d'estimación*; ms4: *rega o millo*.

[643] V. *O que se acolle debaixo da folla, dúas veces se molla* en *Religiosos y morales*.

[644] En ms10 s.v. *Sembrar*.

[645] ms-LU: *os seus bois*.

[646] mc: *Quérese o sol chuvia*. A forma na que se recolle o refrán no mc non corresponde coa que rexistraban Saco e Arce e Jacinto del Prado.

[647] ms-LU: *se non vos, era outro*. / Contén a indicación *Desdén* no ms.

1915. **Renego do árbol que dá o froito a paus.** [648] (mc: Buciños / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(pt) *Má é a árvore que só dá fruto a poder de trato.* (Chaves) (es) *Reniego del árbol que da el fruto a palos.* (R. Marín)

Contra los que no obran bien, sino a fuerza de castigos.

1916. **Rula a rular, trigo a botar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

1917. **S'o millo fose pouco, mudalo dun noutro.** (ms11,09: M.V.)

Rodríguez Marín (*Todavía 10.700 refranes más*) lo tiene por equivalente del castellano: *Si los garbanzos son pocos, para que parezcan más, múdalos de un saco a otro*. En este caso tenemos que apartarnos de la opinión del gran paremiólogo. El refrán gallego se supone lo dice la gallina, para aprovecharse de los granos que puedan caer al suelo al ser trasladado el maíz de un saco a otro.

1918. **Saca o teu gando ó sol e veralo con bon fol.** (mc e ms17,098: J.P.)

1919. **Sacha ben, que por donde vas non volverás.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

1920. **Sáchame tarde e réndame cedo e farás de min un bon mancebo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

O millo.

1921. **Sáchame tarde e réndame cedo, i-eu che darei do que teño.** [649] (mc: Buciños)

Habla el maíz.

1922. **Sácheme quen quixere e réndeme quen soupere.** (mc: Buciños)

Habla el maíz.

1923. **Saches ben, saches mal, sache ben o cadullal, que virá teu dono e dirá: "Así queda todo".** [650] (ms e ms10,049v: O. de Rey)

1924. **Se coidas do legón, legón terás.** (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

1925. **Se este ano ganei pouco, ten doce meses o outro.** (mc: S.P.P.-*Ultreya*)

1926. **Se non botas picañadas, non colles millo nin fabas.** (mc: Buciños)

Es necesario estercolar.

1927. **Se o fruto de cedo mente, o de tarde, sempre.** (mc: Lulle, Samos)

1928. **Se queres pan, vaino a buscar á terra do meu can.** (ms: Santiago)

1929. **Se queres qu'o carro che cante, bótall'o eix'ó río e despois un asubío.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Lalín, PO)

1930. **Se queres ter alegría, sementa e cría.** (ms6,05v: Frai Prudencio, *Paliques*)

1931. **Se queres ter bo prado, mal pacido e ben gadañado.** (mc: Buciños)

1932. **Se queres ter boa horta, sácalle a cabra da porta.** [651] (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

1933. **Se queres ter o boi gordo, arado estreito e timón gordo.** (mc e ms17,099: Buciños)

1934. **Se queres ver cómo eu navego, sáchame tarde e réndame cedo.** (mc e ms15,11: Taboada-F.V.S.)

Var.: *Sacha tarde e renda cedo.* (ms15,01: Mato)

Alude al maíz, como *Sáchame tarde...*

1935. **Se ques que bon froito dea, deixa descansa-la terra.** [652] (mc: A.N.)

1936. **Se recolle aceituna, fai o labrador fortuna.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

1937. **Se tes un toxo na mau, déixao que cho non comen as cabras.** [653] (mc e ms: Monforte)

1938. **Se ves furado na eira, é tempo de sementeira.** (mc: Santiago)

1939. **Se ves tronar, non vaias vendimar.** [654] (mc e ms: Santiago)

1940. **Sea bon, sea malo, o camiño do carro.** [655] (mc e ms: Carballedo)

1941. **Según é o suelo, tes que abonar.** (mc: Buciños)

1942. **Según vexas o cereixal, así será o anal.** (mc: Layosa)

1943. **Seitor sin atadeira é como bolsillo sin faltriqueira.** [656] (mc: Pidre-F.V.S.)

Var.: *Seitor sin atadeira, non hai quen o queira.* (mc: Chantada / ms4: F.V.S.)

Cada segador, para rendir en su trabajo, ha de llevar detrás quien ate las gavillas.

1944. **Seitura de baixo i-outono de riba.** (ms-SA: seminarista anónimo: Terras do Deza, PO / algún lugar de Galicia)

---

[648] ms-LU: *da o fruto a paos*.
[649] ms: *y-eu*.
[650] ms10,049v: *ben no cadullal; virá teu dono*.
[651] ms e ms4: *Si queres*.
[652] O orixinal di *Se què's que bon froito dea, deixa descansal-a terra*.
[653] ms: *deixo*.
[654] ms: *vayas*.
[655] ms: *malos*.
[656] ms e ms4: *é coma*.

1945. **Sembra cedo e collerás palla e gran.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

1946. **Sembra cedo e recollerás cedo.** (mc: Santiago)

1947. **Sembra no crecente, arranca no menguante e terás un liño com'on bermante.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1948. **Sembrar na nova e recoller na vella.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1949. **Sembras no polvo e collerás colmo; sembras na lama e non collerás nada.** (mc / ms4: F.V.S.)

Var.: *Sementa no polvo, collerás colmo; sementa na lama, non collerás nada.* (ms4: N.V. 2ª serie)

(pt) *Semeia-me na lama, mas faz-me boa cama* (diz-se do trigo). (Chaves) */ Semeia-me no pó, e de mim não tenhas dó.* (Chaves) (es) *Siembra en polvo y habrás cogolmo.* (Correas) */ Siembra en polvo y no en lodo.* (Correas)

1950. **Sementa cedo e collerás palla e centeo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

1951. **Sementa cedo e non en veces, a non ser que a luna ande cos meses.** (mc / ms4: F.V.S.)

1952. **Sementa cedo e recollerás cedo.** (ms-SA: José Lorenzo Viña)

1953. **Sementa cedo, se queres coller cedo.** (mc: Santiago)

1954. **Sementa e cría, e terás alegría.** (mc: *Dicc. Ac.*)

(pt) *Semeia e cria, viverás com alegria.* (Chaves) (es) *Siembra y cría, y habrás alegría; que andarse a palacio es burlería.* (R. Marín) */ Siembra y cría, y habrás alegría.* (Correas)

1955. **Sementa na lama e non collerás nada; sementa no polvo e collerás [c]olmo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bretoña, A Pastoriza LU)

1956. **Sementa no polvo e collerás colmo; sementa na lama e non collerás nada.** (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)

1957. **Sementar basto e arar miúdo é a regla de un gran burro.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento de Las Córneas.)

1958. **Sementar sin sazón e coller sin fouciño.** (ms-SA: José Luís Castro Izaga: Lira, Carnota, C)

1959. **Sementar vasto e arar miúdo é a regra de un gran burro.** [657] (mc, ms, ms2 e ms4: Berbetoros-F.V.S.)

1960. **Sementeira tarde, recolleita cedo; sementeira cedo, recolleita tarde.** (mc: Lugo)

1961. **Sempre o cego rutineiro ten menguado seu graneiro.** [658] (mc e ms4: J.P.)

1962. **Sempre o cocho ruín ha de encontrar a castaña boa.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)

1963. **Sempre o porco ruín ha topar cunha boa castaña.** [659] (mc: A.S.A. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1964. **Sempre porco ruín ha topar unha boa castaña.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

1965. **Sendo a terra ben tratada, dá máis cosecha colmada.** [660] (mc e ms4: J.P.)

1966. **Ser o primeiro en sembrar, si queres aventaxar.** (ms5,029)

1967. **Si cebas cedo, terás carne; si cebas tarde, nin sebo nin carne.** [661] (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

1968. **Si cuidas do legón, legón terás.** (mc: Agro)

1969. **Si lle chaman ovos, vén o cuco e cómeos; si lle chaman seixos, vén o cuco e déixaos.** (mc e ms11,58: *Nós*)

Cuando los muchachos van a algún nido, aprietan los labios para no hablar, porque, si hablan, creen que el cuco come los huevos; y solamente los salvan del maleficio del pájaro, si les llaman seixos, y no huevos.

1970. **Si non me estercás, non me levedes os meus vidás.** (ms15,45r: Chantada)

Var.: *Se non me estercás, non me levedás as miñas vidás.* (ms15,42)

Si no se echa abono a las cepas, que no se las pode.

1971. **Si non queres ben labrar, déixate de cultivar.** [662] (mc: J.P.)

O herrar o dejar el banco.

---

[657] mc e ms4: *regla, d'un*; ms2: *d'un*.

[658] mc: *menguado o graneiro*. Jacinto del Prado só recolle a forma que aparece en ms4.

[659] ms-LU: *Sempre porco ruin ha de topare*. / V. *A ruín cocho, unha boa mazán* en *Agrícolas* (*Animales*).

[660] mc: *da a cosecha colmada*. Jacinto del Prado só recolle a forma rexistrada no ms4.

[661] ms4: *tendrás carne*.

[662] En mc *Se non queres* pero Jacinto del Prado recolle *Si non queres*.

1972. **Si o árbol non sale direito, non trates de endereitalo.** (mc: Tuiriz, Monforte-F.V.S.)

(es) *Árbol tuerto, nunca derecho.* (R. Marín)

Con aplicación figurada a los hombres mal indolados.

1973. **Si queres coller ben pan (libre do trono), fai ben aradas i-e** [sic] **abundante mineral.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

1974. **Si queres coller mellor estrebeiro, bótaos do salto de un carneiro.** (ms5,133: Mondoñedo)

1975. **Si queres coller millo restrebeiro, bot'o dun salto de carneiro.** (ms-LU: Félix Rodríguez Vieites)

1976. **Si queres coller trigo, seméntao no seu siglo.** (mc: Santiago)

1977. **Si queres que ande a gusto u teu ganado, bótalle timón gordo e eixe delgado.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

1978. **Si queres que cante o carro, móllalle o eixe no río.** (ms-SA: Algún lugar da provincia da Coruña)

1979. **Si queres que o carro cante, bótalle o eixe de freixo; si queres que o mozo veña, dálle talladas de queixo.** (mc)

1980. **Si queres que o carro cante, úntao.** (mc: Tuiriz, Monforte)

1981. **Si queres que o teu carro cante como o do viciño, bótalle eixe de nogal, treitoiros de sangumino.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

1982. **Si queres ter bon liño, bótalle a rega ó pé.** (ms8,48r: Silvarrey)

1983. **Si queres ter bon souto, ó sacudir un, planta outro.** (mc / ms4: F.V.S.)

1984. **Si queres ter que comer, tes que sementar e coller.** (mc: Tuiriz)

1985. **Si ques ter bon viño, inxerta de boa cepa.** [663] (mc e ms4: M.V. / ms4: J.P. / J. Area Alonso / ms21,30r: Bermés / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

1986. **Si se colle o liño a carros, o pan a brazados.** [664] (mc: Paradela)

A buena cosecha de lino, corresponde una mala de centeno.

1987. **Si se gana este ano pouco, doce meses terá o outro.** [665] (mc, ms e ms4: M.L.)

1988. **Si se recolle moita aceituna, pó labrador furtuna.** (ms-SA: Manuel Tojo Reboredo)

1989. **Si te queixas do ano, outro virá máis malo.** (mc: Parga-F.V.S.)

Para confirmar que detrás de mí vendrá quien bueno me hará.

1990. **Si teu veciño che gana a arar, gánalle ti a escardar.** [666] (mc e ms: Lugo)

1991. **Sigue arando sin mirar atrás, anque a auga vaia a máis.** (mc: Santiago)

1992. **Sin palla non hai gran.** [667] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1993. **Sin palla non se fai o palleiro.** [668] (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C / ms-LU: Álvaro Rábade: Saavedra, Begonte, LU)

1994. **Sin pallas non se fai o palleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1995. **Sin uvas, sin vasos e boas covas, pouco valerán os viños que probas.** [669] (mc e ms4: J.P.)

1996. **Sol na eira e auga no lameiro non pode ser.** [670] (mc: Chantada)

(pt) *Sol na eira, chuva no nabal.* (Chaves)

(es) *Sol en la era, en el nabal llueva.* (Correas) (Los que quieren las cosas a su placer) */ El sol en la era y la lluvia en el nabal.* (Id.)

1997. **Sol na eira e auga no nabal non pode ser.** (mc: J.T.)

(pt) *Sol na eira, chuva no nabal.* (Chaves)

(es) *Sol en la era, en el nabal llueva.* (Correas) (Los que quieren las cosas a su placer) */ El sol en la era y la lluvia en el nabal.* (Id.)

Variantes de un tema ya repetido en esta colección.

1998. **Tal terra andar, tal pan manxar.** (mc: A.S.A. / ms21,08r: Bermés)

(es) *Tal tierra andar, tal pan manjar.* (Correas)

---

[663] ms, ms4 e J. Area Alonso: *bo viño*; ms4(M.V.): *engerta*; ms4(J.P.)e J. Area Alonso: *queres*; ms4(J.P.): *enxerta*.

[664] ms e ms4: *o pan é a brazados*.

[665] ms e ms4: *terá outro*.

[666] ms: *tu a escardar*.

[667] ms-LU: *grau*.

[668] ms-LU: *no se fai*.

[669] mc: *sin vasos e sin boas covas*. Jacinto del Prado só recolle o refrán coa forma *sin vasos e boas covas*. Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[670] V. tamén *Egoísmo. Ambición. Interés*.

1999. **Tan bo é o carro como os estadullos.** [671] (mc: Chantada)

2000. **Tan pronto veña a ruña, sementa sin duda.** (mc: Santiago)

2001. **Tanto merece o que atiza o tizón como o que cava o terrón.** [672] (mc e ms4: A.N. / ms10,039v)

2002. **Tanto vale vran como temperán.** (mc: J.T.)

2003. **Tempo de cuco, á mañá mollado e á tarde enxuto.** (mc: Chantada / ms4: F.V.S.)

(pt) *Tempo de cuco, um pouco molhado, um pouco enxuto. / Día de cuco, de manhã molhado, á noite enxuto*. (Chaves) */ No tempo do cuco tanto está molhado como enxuto. / Em tempo de cuco pela manhã molhado, à noite enxuto.* (Id.)

2004. **Tempo de cuco: mañán mollado, á noite enxuto.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2005. **Tempo enarcado, nin bon nin malo.** (mc: M.L.)

2006. **Temporao, ou palla ou grao.** (mc: Carballedo)

(pt) *O temporão dá palha ou grão.* (Chaves)

2007. **Ten ben disposta a bodeguiña e canto se refira á viña.** [673] (ms4: J.P.)

2008. **Ten e garda millo, e terás millo.** (mc: Agro)

2009. **Terra costenta que teñas que labrar, en bancales has de trasformar.** [674] (ms4: J.P.)

2010. **Terra de cardo, pra min a gardo; terra de aguiño, pra meu veciño; terra de muruxa, que non fuxa.** (ms)

2011. **Terra de seixo, pa min a deixo.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

2012. **Terra do cardo, pra min a gardo.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

2013. **Terra fría non dá pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2014. **Terra negra bon pan leva.** (mc: Carballedo)

Var.: *Terra negra, con pan leva.* (ms4: F.V.S.)

(pt) *Terra negra dá bom pão.* (Chaves) */ Terra branca não dá bom pão.* (Id.) (es) *Tierra prieta, buen pan lleva.* (R. Marín) (ct) *Tèrra negra fá bòn blat; tèrra blanca més fallat.* (Alberola) */ Terra negra fa bon blat y la blanca'l fa migrat.* (R. Marín)

Véase *A terra negra...*

2015. **Terra que dá o cardo, pra min a gardo; a que dá o espiño, pra meu veciño.** [675] (mc e ms4: M.V. / ms21,21v: Bermés / Amador Darriba Míguez)

Var.: *Terra que dá cardo, pra min a gardo; terra que dá espiño, pra o veciño.* (ms4: C.G.)

(es) *Tierra que cardos da, bien labrada, trigo dará.* (R. Marín)

2016. **Terra que se ten por lixeira, labor quere verdadeira.** (ms4: J.P.)

2017. **Terra sin abono acaba co seu dono.** [676] (mc e ms: M.V. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms21,29r: Bermés)

(es) *Tierra sin estiércol, entierra a su dueño.* (R. Marín)

2018. **Terras boas e castaneiras queren vides e maceiras.** [677] (ms4: J.P.)

2019. **Terreos arcillosos saneados darán sempre frutos delicados.** [678] (ms4: J.P.)

2020. **Terriña ben labrada, a seu dono dá ganancia.** (mc: A.N. / ms4: Noriega Varela)

2021. **Tira o aire polo millo como o pai polo fillo.** (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)

2022. **Tiroliro, sementar o millo, que na miña terra xa queda co grilo.** [679] (mc e ms: Buciños)

2023. **Todo grao has de vender i-o trigo solo mover.** [680] (mc, ms e ms4: J.P.)

2024. **Todo grau recollido, con frecuencia sea movido.** [681] (ms4: J.P.)

2025. **Todo o farás pero o centeo verde non-o segarás.** [682] (mc: Chantada)

---

[671] V. *Tal carro, tales fungueiros leva* en *Proporcionalidad*.

[672] ms4: *quen atiza*.

[673] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[674] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[675] ms21,21v: *pr'o meu veciño* / A. Darriba Míguez: *para min, po meu*.

[676] ms e ms-LU: *con seu dono*.

[677] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[678] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[679] ms: *Tiroliroliro, semental-o millo*.

[680] ms: *y o*; ms4: *grau, soilo*. Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[681] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[682] mc: *centeno*.

2026. **Tódolos burros comen palla, o caso é saber darlla.** [683] (mc, ms e ms4: Taboada-F.V.S.)

(pt) *Todo o burro come palha; a questao é saber-lha dar.* (Chaves)

2027. **Tralo veraniño de Samartiño chega Nadal co seu inverniño.** [684] (mc, ms e ms2: U.C. Cuartilla 6)

2028. **Tras de moita chuvia vén moito sol.** [685] (mc e ms: Buciños)

2029. **Tras de moita chuvia, moita chuvia, vén o moito sol, o moito sol.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2030. **Trigo que n'has de colleitar, déixao de visitar.** [686] (mc / ms21,22r: Bermés)

2031. **Trigo que non has de segar, déixao de visitar.** (ms-SA: José Manuel Area Alonso)

2032. **Tronos ó mar, pouco millo e malo de sachar.** (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)

Var.: *Tronos ó mar, pouco millo e malo de sachar. Tronos pra Negreiros, máis ós comareiros.* (ms15,45v: Fraguas en *Vida Gallega*)

2033. **Tronos ó Miño, moito pan e moito viño.** [687] (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)

Var.: *Cando a neve pasa ó outro lado do Miño, é bon ano de pan e de viño.* (ms4: Riomuiños-Quintela de Leirado)

2034. **Turra o boi polo arado, mal de seu grado.** [688] (mc / ms17,100)

(pt) *O boi pega* (ou trova) *no arado, mas não por seu grado.* (Chaves) (es) *El buey traba el arado, mas no de su grado.* (Sbarbi)

Siempre los trabajos encuentran alguna repugnancia, particularmente en los perezosos.

2035. **Un ano de peras i-outro de perichos.** (ms15,24r: Silvarrey)

2036. **Un ano de piras i-outro de peruetas.** (ms8,70r: Silvarrey)

2037. **Un ferrado de fabas como unha fanega de millo.** [689] (mc e ms: Buciños / Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

2038. **Un gadaño e un fouciño teno calquera veciño.** (mc: Santiago)

2039. **Un garabanzo reprantado por un pé dá un ferrado.** (ms5,033)

El guisante replantado se multiplica extraordinariamente.

2040. **Un gran non fai palleiro pero axuda o seu compañeiro.** (ms-SA: Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C)

2041. **Un grau non fai graneiro pro axuda ó compañeiro.** [690] (mc: A.I. / Álvaro Rábade: Saavedra, Begonte, LU / ms21,05v: Bermés / ms21,07v: Bermés / Amador Darriba Míguez (13-11-1951) / Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C / José Castro López: Sobrado dos Monxes, C / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

(pt) *Um grao não enche celeiro, mas ajuda o seu companheiro.* (Chaves) (es) *Un grano no hace granero, pero ayuda a su compañero.* (Sbarbi) / *Un grano no hinche granero, mas ayuda a su compañero.* (Correas) / *Un garbanzo no llena costal pero ayuda a lo llenar.* (R. Marín)

Recomienda la economía, aun en cosas de poco valor.

2042. **Un marrao ruín sempre atopa unha boa castaña.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

2043. **Un ruín porco sempre atopou boa castaña.** (ms21,17v: Bermés)

2044. **Un solo golpe non derruba un roble.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *Un solo golpe no derriba un roble.* (Sbarbi)

2045. **Un solo golpe non tira o carballo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

Var.: *Un solo golpe non tira o roble.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2046. **Unha boa bodega e cocedeiro son necesarios ó cosecheiro.** [691] (ms4: J.P.)

2047. **Unha palla non fai palleiro pero axuda o compañeiro.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)

2048. **Uva con rocío vendimada deixa no lagar amontonada.** [692] (mc: Chantada / ms4: J.P.)

---

[683] ms: *darlle*.

[684] ms: *San Martiño*; ms2: *San Martiño*. / Tamén en *Agrícolas* (*Santoral*).

[685] ms: *Tras da moita*.

[686] ms21,22r: *deixa de o visitar*.

[687] mc: *e moito trigo*.

[688] ms4: *do seu grado*.

[689] ms e ms-LU: *com'unha*.

[690] A. Darriba Míguez, Jesús María Antelo Fraga, José Castro López, Manuel Barreiro Somoza, Argimiro Pampín Basteiro, ms21 e Álvaro Rábade: *pero*; A. Darriba Míguez, Jesús María Antelo Fraga, José Castro López, Manuel Barreiro Somoza e Argimiro Pampín Basteiro: *gran*.

[691] Probablemente se trata dunha máxima de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[692] ms: *vendimiada*. Jacinto del Prado recolle a forma *vendimiada*, aínda que en ms4 se transcriba *vendimada*.

(es) *Uva mojada, no es buena para colgada.* (R. Marín)

2049. **Vacas vellas e carros vellos non é caudal.** (ms6,03v: *D.E.* Silvarrey)

2050. **Val máis corda baleira que mala feira.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

2051. **Val máis o que deixa a seca que o que a auga medra.** [693] (mc e ms4: M.L.)

Var.: *Vale máis o que o sol deixa que o que a auga fai.* (Buciños-F.V.S.) [694]

2052. **Val máis que sobre a cebada ca que rabee o burro.** (mc: Santiago)

2053. **Vale máis o que deixa a sequía qu'o qu'a auga cría.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2054. **Vale máis o que o sol deixa que o que a iauga cría.** [695] (ms21,09v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU / ms-LU: Jesús Redondo C.: A Mezquita, OU / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

2055. **Vale máis prado rañado que monte herbado.** [696] (mc: Lamas de Viduedo)

2056. **Vale máis que diga "córrete pra aiquí" que "chégate pra alá".** [697] (mc: Lulle, Samos; ms11,36: Lulle)

Habla la simiente del centeno, y el refrán recomienda, como tantos otros, que no se siembre espeso, sino ralo, para el logro de mejor cosecha. (mc) / Habla la simiente del centeno. Indica que ha de sembrarse raro.

2057. **Vale máis un ano de cría que dous de morriña.** [698] (mc: Taboada-F.V.S.)

2058. **Vale máis un xamón que un tropezón.** (mc: J.P.)

2059. **Vendaval cargado, trigo na eira mollado.** (mc: Santiago)

2060. **Vendima con sol, se queres viño dulzón.** (mc: Villanueva, Lalín)

2061. **Vendima en seco e uva en sazón é pra viño unha gran condición.** [699] (mc: J.P.)

(pt) *Vindima enxuto colheràs vinho puro.* (Chaves) (es) *Vendimia en enjuto si quieres beber vino puro.* (R. Marín)

2062. **Vendima feita e castaña recollida, pícaro fóra, vai ganar a túa vida.** (mc: Buciños)

2063. **Veremos a marqueta, a cruceta i-a zonzoneta.** [700] (mc: Buciños / ms4: Baralla)

Véase *Día de Santa Cruz, vai ver a túa viña si reluz*, donde hablamos de las fechas que pueden ser perjudiciales para el vino y a las que se refiere el refrán.

2064. **Berza que no has de comer, déixaa cocer.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2065. **Ves a silva na flor, pon a canada ó sol.** (ms: Samos)

Cuando florece la zarza por agosto ya las yerbas tienen menos jugo y las vacas dan menos leche.

2066. **Vide de oidium ameazada, tela logo ben axufrada.** [701] (mc e ms: J.P.)

2067. **Viña e nena, peral e fabal, malos son de gardar.** (mc: Chantada)

(pt) *Menina e vinha, peral e faval, maus são de guardar.* (Chaves) (es) *Viña y niña son malas de guardar.* (Sbarbi) / *Viña y niña, melonar y habar, malos son todos cuatro de guardar.* (Id.) / *Mujer hermosa, viña e higueral, son muy malas de guardar.* (*Romancero de la Muela*) (ct) *Vinyes y dònes hermoses, de guardar son dificultoses.* (Alberola)

2068. **Viño a arder, cubas a facer.** (mc: Tuiriz, Monforte)

2069. **Viño maduro, augardente forte.** (mc: Santiago)

2070. **Xa non teño bota, xa non teño viño, xa non teño pan pra levar pró camiño.** (mc: Santiago)

2071. **Xeada na lama, leñador na cabana.** [702] (mc e ms4: J.T.)

2072. **Xunco que arranques, xunco que prantes.** (ms5,137: A.N.)

2073. **Xunto á auga pon carballeiras e verás que logo medras.** [703] (mc e ms4: J.P. / ms16)

2074. **Yeso ben espolvoreado dálle moita vida ó prado.** (ms4: J.P.)

---

[693] ms4: *o que co-a auga medra*.
[694] mc: *Val*.
[695] ms-LU (Jesús Redondo C.): *qu'u sol dixa qu'o qu'auga cría*; ms-LU (Buciños): *co q'a auga fai*; ms-LU (Laiosa): *Vale mas o que sol deixa, a auga cría*.
[696] mc: *Val*.
[697] ms11: *pr'aiquí, pr'alá*. Indica *Agrícolas* no ms11.
[698] mc: *Val*.
[699] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[700] ms: *y a zonzoneta*.
[701] ms: *d'oidium*.
[702] ms4: *cabaña*.
[703] mc: *pon carballeira, e veràs còmo medras*. Jacinto del Prado recolle o refrán tal e como aparece en ms4 e ms16.

Meses. V. TAMÉN AGOSTO, DICIEMBRE, ESTACIONES, FEBRERO, INVIERNO, MARZO, MAYO, OTOÑO, PRIMAVERA, SANTOS = NOVIEMBRE, SEPTIEMBRE, VERANO.

2075. **A auga perderana os meses; o ano, non.** (mc: Buciños)

2076. **Agua e leña, cada día veña.** (mc: G.P.)
No falte, la primera para asegurar las cosechas, la segunda para los usos domésticos.

2077. **Bon tempo de inverno, tempo de inferno.** (mc: J.P.)
(es) *Invierno solajero, verano barrendero.*
Porque para la buena cosecha, son necesarias las heladas de enero y las nieves de febrero, con las lluvias oportunas.

2078. **Desde Santos a Navidade é inverno de verdade.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2079. **Desque o mes media, ó que entra asemella.** [704] (mc e ms: Santiago)

2080. **En inverno sempre procura que d'auga non haxa fartura.** [705] (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms4: J.P.)

2081. **En inverno, sobre todo, o gando ha de estar ben alimentado.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
Var.: *En inverno, sobre todo, o ganado ha de estar moi ben alimentado.* (ms4: J.P.)
Para que pueda superar los rigores de la estación.

2082. **En mes morto nin cápe-la cocha nin plánte-lo horto.** [706] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2083. **En mes morto nin cápe-lo porco nin plánte-lo horto.** [707] (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

2084. **En mes morto nun plantes n'horto nin capes un porco.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

2085. **En primaveira convén a sal a todo cuidado animal.** (ms4: J.P.)

2086. **Mes que empeza por crego i-acaba por frade, Dios me libre de un aire.** (ms5,138: Sta. Eugenia de Asma)
(El mes de agosto?).

2087. **Mes requere mes.** (mc / ms4: F.V.S.)

2088. **No mes morto é peligroso o lobo; pero en xaneiro, sete a sete no carreiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ortigueira, Ortigueira, C)

2089. **No mes que empeza por crego e finda por frade, gárdeme Dios dun aire.** (ms-SA: M. González Fernández)

2090. **O que queira ter bon horto, qu'o plante no mes morto.** (ms11,50: Comarca de Fonsagrada)

2091. **O sol de inverno sae tarde e ponse cedo.** (mc: R. Caruncho)
(pt) *Sol de inverno sai tarde e põe-se cedo.* (Chaves) (es) *Sol de invierno, sale tarde y se pone presto.* (Sbarbi) (ct) *Sòl d'hivèrn, ix tart y es pòn pronte.* (Alberola)
Quedan atrás otros análogos.

2092. **O sol do vran non trae o trigo á man.** [708] (mc e ms4: M.L. / ms10,122r: *D.E.*)

2093. **O veraniño abrideiro, onde chegue non ha de ser moi duradeiro.** (mc: Santiago)

2094. **Perde o mes o seu, pero non o ano.** (mc: J.P.)
(es) *Pierde el mes lo suyo, mas no el año, como no sea abril y mayo.* (Correas) / *Pierde el mes el suyo, pero no el año.* (Sbarbi)
Variante de otro ya registrado. *Pierde el mes el suyo, pero no el año*. (Sbarbi) *Un mes perdido de labores*, añade, *se puede recobrar en los once restantes, pero no el año*. Siendo, sin embargo, tan esenciales para la cosecha los meses de abril y mayo, *chaves de todo o ano*, se explica la excepción del refrán de Correas.

2095. **Poucas son as malas fadas: oito meses e tres semanas.** (mc: M.V.)
(es) *Pocas son las hadas malas, once meses y tres semanas, y una semana de fallas.* (Correas) / *Poco queda de hadas malas, once meses y tres semanas.* (Id)

2096. **Prá noite de inverno, o allar penzo.** (mc / ms4: F.V.S.)

2097. **Que segues, que deixes de segar, tres meses heinos de cucar.** (mc: Páramo)
Habla el cuco.

2098. **Renego da besta que no inverno ten xesta.** [709] (mc e ms: J.P.)

---

[704] ms: *qu'entra*.
[705] mc: *de auga haxa fartura*; mc, ms e ms4: *de auga*.
[706] O orixinal di *En Mesmorto, nin cape'la cocha, nin plante'lo horto*.
[707] O orixinal di *En mes morto, nin cape lo porco, nin plante lo horto*.

[708] ms4 e ms10: *trai*. / En ms10 s.v. *Sol*.
[709] Indica *Animales domésticos* no ms. / mc e ms: *en inverno ten sesta*. Jacinto del Prado non rexistra ningún refrán que coincida co que recolle Vázquez Saco. Supoñemos que a diferenza se debe a un erro de transcrición deste último.

(pt) *Arrenego da besta que de inverno quer sesta.* (Chaves) (es) *Reniego de la bestia que en invierno tiene siesta.* (R. Marín) (ct) *Renegue de bestia qu'en l'hivèrn pren la siesta.* (Alberola)

2099. **Sol de néboa, polo día pega.** (mc: Pontevedra)

Var.: *Sol de néboa, polo día pela.* (Pontevedra)

MESES. ENERO

2100. **A choiva de xaneiro fai o palleiro.** (ms-SA: Juan Bello Valiña)

2101. **A chuvia de xaneiro sempre vén de retraseiro.** (ms-SA: Algún lugar da provincia da Coruña)

2102. **A ferraña de xaneiro non vai ó palleiro.** (mc: A.N. / ms21,03v: Bermés)

La comen verde los ganados.

2103. **A ferraña de xaneiro non vai ó poleiro.** (ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)

2104. **A galiña, do mes de xaneiro.** (mc: Guillar)

2105. **A lúa de xaneiro non ten compañeira, non sendo a d'agosto que lle dá polo rostro.** [710] (ms-SA: Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C)

2106. **A berza en xaneiro vale por carneiro.** (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

2107. **A xeada no mes de xaneiro é como cuito de carneiro.** [711] (mc: Fonsagrada-F.V.S.)

Son tan beneficiosas para los campos como el abono.

2108. **Agora que entrou xaneiro, podes meter obreiro.** (mc: C.A. / ms18,68r: *Diario de Avisos*, de R. Caruncho (1888))

Var.: *Obreiro en xaneiro, pan te comerá e obra non fará.* (Cuartilla 9)

(pt) *Obreiro em Janeiro, pão te comerá, mas obra te fará.* (Chaves)

2109. **Aínda non veu xaneiro pra poñer a perna por diante do compañeiro.** (mc: Santiago, M. Barreiro Somoza / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2110. **Amo en xaneiro, en xulio xornaleiro.** (mc: J.P.)

2111. **Ao lobo, en xaneiro, sábelle o can coma carneiro.** [712] (mc e ms11,25: Gudiña)

2112. **As anadas de xaneiro, lévaas a xiada por enteiro.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

2113. **As augas de xaneiro por a pena fan regueiro.** (mc: Santiago)

2114. **As berzas en xaneiro saben a carneiro.** (mc)

Var.: *As berzas en xaneiro saben como carneiro y as de outono matan o seu dono.* (Santiago, Emilio Fraguas) / *As berzas de xaneiro saben a carneiro si se lles bota o que hay no fumeiro.* (F.V.S.) [713]

(es) *En enero, la berza es carnero.* (Sbarbi)

Pondera la buena calidad de aquellas legumbres, comparándolas con lo que para nuestros campesinos constituye el mejor plato, según el refrán: *Do mar o mero e da terra o carneiro*.

2115. **As castañas postas en xaneiro van na cesta e veñen no sombreiro.** [714] (mc e ms: Santiago, Silvestre Castiñeira)

2116. **As catro escarchas de xaneiro, as catro nevadas de febreiro e as doces augas de abril, valen máis que o coche de Santo Rei David.** [715] (mc e ms16: F.V.S. / ms18,66r)

(es) *Heladas de enero, nieves de febrero, mollinas de marzo, lluvias de abril, aires de mayo, sacan hermoso el año.* (Correas)

Muy repetido en diversas formas.

2117. **As pitas de xaneiro poñen no colmeiro.** (mc: Santiago)

Var.: *Galiña nada en xaneiro pon no colmeiro.* (mc: F.V.S.)

(pt) *A galinha de janeiro vai pôr com sua mãe ao colmeiro.* (Chaves) / *Pinta de janeiro, vai pôr com sua mãe ao colmeiro.* (Id.) (ct) *Lloca de giner, ous en lo paller.* (Sanchis) / *Polls nats dins, ponen en es paier.* (Sanchis)

2118. **As riadas en xaneiro aumentan o gra no graneiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2119. **As xeadas de xaneiro comen máis que Madrid e Toledo.** (mc: Buciños-F.V.S.)

(es) *Enero y febrero comen más que Madrid y Toledo.* (Sbarbi)

Más general el cast. por la falta de pastos en Castilla.

---

[710] O orixinal di *A lua de Xaneiro non ten companeira, non sendo a dagosto que lle da polo rostro*.

[711] ms4: *eche como*.

[712] ms11,25: *lobo de xaneiro*.

[713] ms: *no mes de xaneiro*.

[714] ms: *no cesto*.

[715] ms16 e ms18,66r: *o coche e o Santo*; ms4: *as dulces augas de abril*.

2120. **Auga de xaneiro todo o ano ten tempeiro.** [716] (ms-SA: Teófilo Cabaleiro Cabaleiro:Codeseda, A Estrada, PO / Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2121. **Auga de xaneiro, cada día un centeiro.** (mc)

Var.: *Auga de xaneiro, cada pinga val un centeiro.* (mc / ms4: F.V.S.) [717]

(pt) *A água de janeiro, vale dinheiro.* (Chaves) */ Áuga de janeiro, todo o ano tem concerto.* (Id.) (es) *Agua de enero, cada gota vale un dinero.* (R. Marín) (ct) *Aigua de giner, cada gota val un diner.* (Sanchis) */ Aigua de Giner, òmpli botes y graner.* (Alberola)

Porque *agua de enero todo el año tiene tempero*. (Sbarbi)

2122. **Auga de xaneiro, cada pinga val diñeiro; si non foi ao primeiro, voltan ao derradeiro e a rego.** (ms21,07v: Bermés)

2123. **Auga de xaneiro, cada pinga val diñeiro.** (ms-SA: Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO)

2124. **Auga de xaneiro, todo o ano en concerto.** (ms5,136: *O Gaiteiro de Lugo*, 1957)

2125. **Auga en xaneiro todo o ano ten temporeiro.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

2126. **Ave de xaneiro, hasta a pluma dá diñeiro.** (mc)

(es) *El pollo de enero, la pluma vale dinero.* (Correas) */ Pollo de enero, pluma a dinero.* (Id.) (ct) *Poll de giner, ploma a diner.* (Sanchis) */ Pollastre de gener, cada ploma val un diner.* (Id.)

2127. **A lebre en xaneiro tira ó brañeiro.** [718] (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

2128. **Bo xaneiro, mal febreiro.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

(pt) *Bons dias em janeiro, vêem-se a pagar em fevereiro.* (Chaves) */ Bons dias em janeiro, enganam o homem em fevereiro.* (Id.) (es) *Buen enero, mal febrero.* (R. Marín) (ct) *Qui té bon giner, passa mal febrer.* (Sanchis) */ Els bons dies de gener enganyen l'home pel febrer.* (Id.)

2129. **Bon xaneiro e bon san Xoán, os teus ollos non o verán.** [719] (mc e ms11,48: Fonsagrada-F.V.S.)

2130. **Ca lúa de xaneiro vese a formiga no carreiro.** [720] (mc: C.G. / Félix Rodríguez Vieites)

Muy celebrada la claridad de la luna de enero en toda la paremiología peninsular, registraremos las correspondencias en otros refranes que subrayan la misma idea.

2131. **Cada día que pasa de xaneiro, un allo que perde u alleiro.** (ms-LU: Félix Rodríguez Vieites)

2132. **Cada día que pase de xeneiro, perde un allo o alleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2133. **Cando as rans cantan en xaneiro, señal de fame en todo o eido.** [721] (mc: M.V.)

Var.: *Cando as rans cantan en xaneiro, señal de fame no rueiro.* / *Cando as rans cantan en xaneiro, siñal de fame no turreiro.* (ms4: Cuartilla 9)

Porque hace buen tiempo, y ya sabemos que bon *tempo de inverno, tempo de inferno*.

2134. **Cando chove en xaneiro, señal de bos coleiros.** (mc: Santiago)

2135. **Cando non chove en xaneiro, non hai bon prado nin bo centeio.** [722] (ms21,03v: Bermés)

2136. **Cando trona en xaneiro, millo por todo eido.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2137. **Cando vexas a niebla pousada no mes de xaneiro, fai a teu fillo heredeiro.** (ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

2138. **Cantos días de sol en xaneiro, tantos de choiva en san Xoán.** (mc: Santiago)

2139. **Cantos días leves de xaneiro, cantos dentes has botar no alleiro.** (mc e ms15,11: Taboada-F.V.S.)

(pt) *Se queres ser bom alheiro, planta alhos em janeiro.* (Chaves) (es) *En enero, planta ajero; a fines, que no a primeros.* (Sbarbi) (ct) *Cada dia que passa de gener, perd un all l'aller.* (Sanchis).

Tiene variantes que recogeremos en su lugar.

2140. **Cantos días pasen de xaneiro, tantos allos perde o alleiro.** (mc: M.V. / ms21,03v: Bermés)

2141. **Cantos días ten xaneiro, tantos allos perde o alleiro.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

---

[716] ms-LU: *todo ano*.
[717] ms4 e ms16: *cada pinga un centeiro*.
[718] O orixinal di *E lebre en xaneiro tira o brañeiro*.
[719] ms11: *sanjuan, non-o*.
[720] Félix Rodríguez Vieites: *po lo carreiro*.
[721] ms3: *ramas*.
[722] O orixinal di *Cando non chove en xaneiro, non hay bon prado nin bo centeyo*.

2142. **Co lunar de xaneiro cóntase o diñeiro.** (ms8,45v: Carballino)

2143. **Come máis unha xeada de xaneiro que tódolos cabalos do reino.** [723] (mc: J.T. / ms / ms16)

Var.: *O sol de xaneiro come máis pan que os cabalos do mundo enteiro.* (F.V.S.)

2144. **Cu luar de xaneiro vese a formiga no carreiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

2145. **Cua luna de xaneiro vese a formiga no carreiro.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento de Las Córneas.)

2146. **Chuvias en xaneiro, enchen cuba, tinaxa e graneiro.** (ms15,45r: Fraguas en *Vida Gallega*, 1960)

2147. **Da frol de xaneiro ninguén enche o celeiro.** [724] (mc: C.A.)

(pt) *De flor de janeiro, ninguém enche o celeiro.* (Chaves) (es) *Enero veranero, ni para el pajar, ni para el granero.* (R. Marín) (ct) *De la flor de gener, ningú n'omple el graner.* (Sanchis)

Véase *Come máis un día de sol en febreiro...* Porque es perjudicial el adelanto de la estación.

2148. **Da frol de xaneiro ninguén encheu o celeiro.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

2149. **Dicen da carne de carneiro i-eu digo da de xaneiro.** [725] (mc: Paradela-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

2150. **En frebeiro, unha horiña no sol i-outra ó braseiro.** [726] (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)

2151. **En minguante de xaneiro corta o madeiro.** [727] (mc, ms e ms4: A.C. *A Nosa Terra*)

(pt) *Minguante de janeiro, corta madeiro.* (Chaves) */ Madeiro para tua casa, corta-o em janeiro.* (Id.) (es) *En menguante de enero, corta tu madero.* (Bergua)

2152. **En xaneiro a agua pola pena fai carreiro.** (ms-SA: Manuel Rodríguez Gamallo: Tomonde, Cerdedo, PO)

2153. **En xaneiro a col sabe ó carneiro.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2154. **En xaneiro aínda pasa o trigo polo peneiro.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2155. **En xaneiro anda lixeiro.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

2156. **En xaneiro andan as formigas polo carreiro.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2157. **En xaneiro andan sete a sete no carreiro.** (ms-SA: Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C)

Lobos.

2158. **En xaneiro arde o verdeiro.** (mc: Santiago / ms15,033)

En enero todo está mojado. (ms15,033)

2159. **En xaneiro ás berzas non lles fai falta carneiro.** (mc e ms11,50: Fonsagrada-F.V.S.)

Var.: *En xaneiro berza vella val carneiro.* (M.V.) / *En xaneiro saben as berzas a carneiro.* (F.V.S.) / *En xaneiro a berza é carneiro.* (ms16)

(es) *En enero la berza es carnero.* (Sbarbi)

Ya son de por sí sabrosas, aunque lo serán más *si se lles bota o que hai no fumeiro*.

2160. **En xaneiro as berzas saben a carneiro.** (ms-SA: José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)

2161. **En xaneiro berza vella vale carneiro.** (ms21,10r: Bermés)

2162. **En xaneiro cásate, compañeiro, e dá unha volta ó galiñeiro.** [728] (mc: J.P.)

(pt) *Em janeiro te casa companheiro.* (Chaves) (es) *En enero, cásate, compañero y da vuelta al gallinero.* (Correas).

2163. **En xaneiro e febreiro busca a sombra o can; en marzo búscaa o burro.** [729] (mc, ms4 e ms15,47v: Villanueva-Lalín)

(es) *En febrero, busca la sombra el perro; y en marzo, el perro y el amo.* (R. Marín)

2164. **En xaneiro hai lameiro.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

2165. **En xaneiro inda pasa o trigo polo peneiro.** (mc: Santiago)

2166. **En xaneiro non hai abrigueiro.** (mc: Loureiro de Cotovad)

2167. **En xaneiro non metas obreiro.** (mc: Santiago)

2168. **En xaneiro o ameneiro arde no rigueiro.** [730] (mc e ms16: Carballedo / ms4: F.V.S.)

Su leña arde siempre mal, excepto en enero.

---

[723] O orixinal di *Come màis unha xeada de xaneiro que todol'os cabalos do reino*. / mc: *todos os*.

[724] mc: *henche*; ms3: *encheu*.

[725] ms e ms-LU: *y eu digo a de*.

[726] Saco riscou *Frebeiriño* e escribiu por riba *Frebeiro*.

[727] ms e ms4: *mingoante*.

[728] mc: *da unha volta*.

[729] mc: *busca o burro*.

[730] ms4: *amineiro*; ms4 e ms16: *regueiro*.

2169. **En xaneiro pon abella ó pé no salgueiro.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

2170. **En xaneiro pon o alleiro.** (mc: M.V. / ms21,25r: Bermés)

(pt) *Se queres ser bom alheiro, planta alhos em janeiro.* (Chaves) (es) *En enero, planta, ajero; a fines, que no a primeros.* (R. Marín) (ct) *Si vols un bon aller, sembra'l pel gener.* (Sanchis)

Véase *Cantos días leves de xaneiro...*

2171. **En xaneiro sabe o caldo a cordeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pobra do Brollón, LU)

2172. **En xaneiro saben as berzas como carneiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

2173. **En xaneiro salen as formigas ao carreiro.** (ms-SA: José Manuel Area Alonso)

2174. **En xaneiro seca a avoa as madeixas ó fumeiro.** (mc: J.P.)

(pt) *Em janeiro seca a ovelha* [sic] *suas madeixas ao fumeiro, em março no prado, e em abril as vai urdir.* (Chaves) (es) *En enero y febrero saca la vieja sus madejas al humero; en marzo, al prado; en abril, a urdir.* (Sbarbi) / *En enero y hebrero saca la vieja sus madejas al humero; en marzo al prado, en abril a urdir.* (Correas)

2175. **En xaneiro sete a sete no carreiro.** (ms21,03v: Bermés)

2176. **En xaneiro sete lobos ó carreiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

2177. **En xaneiro sube ó outeiro: se ves verdexar, bótate a chorar, e se ves negrexar, bótate a cantar.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2178. **En xaneiro sube ó outeiro: si ves terrexar, ponte a cantar; si ves verdear, ponte a chorar.** (ms-SA: seminarista anónimo: Rías Baixas, PO)

2179. **En xaneiro súbete a outeiro: se ves o pan marelear, ponte a cantar, e se o ves reverdear, ponte a chorar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

2180. **En xaneiro súbete ó outeiro: si ves o campo verdexar, ponte a chorar, e si terrexar, ponte a cantar.** (ms-SA: Manuel Vázquez Formoso: Serres, Muros, C)

2181. **En xaneiro súbete ó outeiro: si ves reverdear, ponte a chorar; si ves terrear, ponte a cantar.** [731] (ms-LU: seminarista anónimo: San Xoán de Corgo, LU / ms-LU: seminarista anónimo: O Corgo, LU)

2182. **En xaneiro súbete ó outeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

2183. **En xaneiro tira o cepo de xunto a ti e pono diante do compañeiro.** [732] (mc e ms16: M.V.)

2184. **En xaneiro vai ó leiro: si o ves verdegar, ponte a chorar; si o ves mourear, ponte a cantar.** (ms21,03v: Bermés)

2185. **En xaneiro vai ó outeiro: si o ves verdegar, ponte a chorar; si o ves mourear, ponte a cantar.** (ms21,03v: Bermés)

2186. **En xaneiro vaite ó leiro: se ves verdegar, ponte a chorar; se ves mourear, ponte a cantar.** [733] (ms6,01v: Viana, Orense)

Var.: *En xaneiro súbete ó outeiro: se ves verdegar, ponte a chorar; se ves mourear, ponte a cantar.* (ms6,01v: Viana, Orense).

2187. **En xaneiro vaite ó leiro: si o ves verdegar, ponte a chorar; si o ves mourear, ponte a cantar.** (mc)

(pt) *Em janeiro sobe ao outeiro; se vires terrear, põe-te a cantar; se vires verdejar, põe-te a chorar.* (Chaves) (es) *En enero, ponte en el otero; y si vieres verdeguear, ponte a llorar; y si vieres terreguear, ponte a cantar.* (R. Marín)

Conocemos ya otras variantes, registradas anteriormente.

2188. **En xaneiro vaite ó outeiro; si ves verdear, ponte a chorar; si ves blanquear, ponte a cantar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Palas de Rei, LU)

2189. **En xaneiro vaite ó outeiro.** (ms-SA: Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C)

2190. **En xaneiro visita o outeiro: si ves verdegar, ponte a chorar; si ves terrexar, ponte a cantar.** (ms-SA: Juan Bello Valiña)

2191. **En xaneiro xea moito; en chegando marzo, calma un pouco.** [734] (mc)

(pt) *Janeiro, geadeiro.* (Chaves)

Porque, xaneiro, xeadeiro.

2192. **En xaneiro xíase a vella no leito e a auga no pucheiro.** (mc: J.P.)

---

[731] ms-LU: *se ves reverdear, se ves terrear*.
[732] ms16: *junt'a ti, po-n-o diante*.
[733] ms16: *se o ves mourear*.
[734] ms e ms4: *xea moito, chegando marzo*.

(es) *En enero se hiela el agua en el puchero.* (R. Marín) */ En enero se hielan las berzas en el puchero.* (Id.) (ct) *Mes de gener, mes de geler.* (Sanchis) */ Si no fa fred pel gener, quan n'ha de fer?* (Id.) */ Pel gener, la vella en el foguer.* (Id.)

2193. **En xaneiro sabe a berza a carneiro.** [735] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2194. **En xaneiro, bon braseiro.** (mc: Otero de Rey)

2195. **En xaneiro, catro e catro no carreiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2196. **En xaneiro, millor cabalo que o castiñeiro.** (ms: Santiago)

2197. **En xaneiro, nin galgo lebreiro nin boi carreteiro.** (mc: J.P.)

2449. **Febreiro camiseiro, nin boa meda nin bon palleiro.** [810] (mc / ms4: F.V.S. / ms16 / Bello Valiña, J.)

2450. **Febreiro corto cos seus vinteoito, si ten máis catro, non queda can nin ghato.** [811] (ms-SA: Manuel Fernández Ferro)

2451. **Febreiro corto cus seus vinteoito, se ten máis catro, non quedaba can nin ghato.** [812] (ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C)

2452. **Febreiro cos seus vinteoito, se dura un día máis, nin para can nin gato.** (ms-SA: Ríos Pereiro)

2453. **Febreiro cos seus vinteoito, si ten máis catro, non queda can nin gato.** (ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

2454. **Febreiro curto cos seus vinteoito, se tivera máis catro, non quedaba can nin gato.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

2455. **Febreiro é inverneiro.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

2456. **Febreiro é un comillón.** (ms8,22v: Silvarrey)

2457. **Febreiro fai ir as vacas de cu pró eido.** [813] (mc, ms e ms4: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)

Var.: *Febreiro febrereixar, a palliña do medrar.* (J.T.)

2458. **Febreiro faille as contas a xaneiro.** [814] (ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

2459. **Febreiro febreirás, se non deches as túas frebas, x'as darás.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2460. **Febreiro febreirudo, cara de verdugo, ahí vén o meu hirmán marzo, que te ha de facer andar descalzo.** [815] (mc / ms4: F.V.S.)

2461. **Febreiro febrixeiro, por cada suco un regueiro.** [816] (mc e ms16: J.T.)

(pt) *Em fevereiro, cada sulco um regueiro.* (Chaves)

2462. **Febreiro frebas dá; ó entrar ou ó salir x'o demostrará.** [817] (mc)

2463. **Febreiro frebas dá; ou antes ou despois, el as enseñará.** [818] (mc e ms11,47: Fonsagrada-F.V.S.)

Var.: *Febreiriño, frebas dá, e se non as dere, as dará.* (mc e ms16: *A Nosa Terra* / ms18,28r) [819]

(es) *Febrero que las febras das, que al cabo, que al rabo, tú las dejarás.* (Gella. Cudillero)

2464. **Febreiro lenceiro.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)

2465. **Febreiro liñeiro e maio medeiro.** [820] (ms: Santiago)

2466. **Febreiro liñeiro, maio liñeiro.** [821] (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

2467. **Febreiro malladeiro nunca fixo bon medeiro.** [822] (ms4, ms e mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

2468. **Febreiro mata máis que maceleiro.** [823] (ms-SA: José A. Iglesias Ares / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C / Ramón Álvarez

---

[808] ms: *ehí*.

[809] Indica *Meses. Febrero. Condición de los meses* en ms. / mc: *febreriño*.

[810] *Comiseiro* é unha errata por *camiseiro*, xa que numerosos refráns advirten que febreiro caluroso é malo para a agricultura: *Un día de sol de febreiro é un lobo no eido*, *Febreiro quente trae o demo no dente.* / ms4, ms16 e J. Bello Valiña: *bo palleiro*.

[811] O orixinal di *Febreiro corto cos seus vinteoito si ten mais catro non queda can nin jato*.

[812] O orixinal di *Febreiro corto cus seus 28 se ten mais catro non quedaba can nin jato*.

[813] ms: *de c... pro eido*.

[814] O orixinal di *Febreiro faille as contas a xaneiro en martes lardeiro, moito vento e poucas noces*.

[815] ms4: *ha facer*.

[816] ms16: *surco*.

[817] mc: *cho*.

[818] ms11,47: *Frebeiro*.

[819] ms16: *dera*; ms18,28r: *febras*.

[820] O orixinal di *Febreiro liñeiro e mayo medeiro*.

[821] O orixinal di *Febreiro liñeiro mayo liñeiro*.

[822] ms: *molladeiro*.

[823] ms-SA (J. C. Couselo): *manceleiro*.

Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C / Juan Carlos Couselo Gago)

2469. **Febreiro molladeiro, nin boa meda nin bon palleiro.** (mc: J.P.)
(es) *Febrero verano, ni paja ni grano.*

2470. **Febreiro moucho cos seus vinteoito, si dura máis catro, non queda can nin gato.** (ms: Sar. Bayona)

2471. **Febreiro oveiro.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

2472. **Febreiro quente trai o demo no ventre.** [824] (ms-SA: Manuel Gómez Vilar / ms21,06r: Bermés)

2473. **Febreiro quente trai o diablo no ventre.** [825] (mc / ms4: F.V.S.)
(pt) *Fevereiro quente, trás o diabo no ventre.* (Chaves)

2474. **Febreiro uvas dá; si non as dou, xa as dará.** [826] (mc e ms: Santiago)

2475. **Febreiro corto cos seus vinteoito, si duraras máis catro non quedaba can nin gato, nin ratiño no burato, nin orellas ó maragato.** (ms)

2476. **Febreiro, añeiro e oveiro.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

2477. **Febreiro, berceiro; marzo, espigas catro; abril, espigas mil; maio, todo espigado; xunio, todo graiudo; xuilín, bótalle a fouce i-o foucín; agosto, mázale o coxo; setembre, come e vende; octubre, asementa e acubre; san Martiño, pinga o ramalliño; no mes morto, non labres o horto nin mates o porco.** [827] (ms4: Meira-F.V.S.)
Var.*: Febreiro, berceiro; marzo, espigas catro; abril espigas mil; mayo, todo espigado; en xunio, todo maduro; en xuilín, dálle co foucín; en agosto, mázalle o rostro, setembre, come e vende; octubre, asementa e acubre; San Martiño, pinga o ramalliño; no mes morto, non labres o horto nin mates o porco.* (ms16 / ms4: Villaodrid-F.V.S.)
Mes morto: diciembre. (ms4)

2478. **Febreiro, cebadeiro.** [828] (mc: J.P. / ms10,018v: *D.E.*)
(es) *Febrero, cebadero*. (R. Marín) */ Febrero, mes cebadero, y cabrito en el caldero.* (Id.) */ Febrero saca las cebadas de culero.* (Id.) */ Febrero saca la cebada de culero.* (Sbarbi) (ct) *Aigua en febrer, ordi en lo graner.* (Sanchis) */ Aigua en febrer, civada en lo graner.* (Id.) */ Febrer plujós, ordis en gros.* (Id.) */ Febrer plujós, ordi abundós.* (Id.)
Porque las lluvias de este mes hacen mucho bien a las sementeras de la cebada (R. Marín)

2479. **Febreiro, farneiro; marzo, espigarzo; abril, palla pró cubil.** (ms10,049r: Renche, Samos)

2480. **Febreiro, o perillán, andivo polo mundo gastando e quedouse solo con vinteoito días i ahora pide, pide, i, de cando en cando, danlle un máis.** [829] (ms5,058: Carballedo)

2481. **Febreiro, sete capas e un sombreiro.** (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)
(pt) *Em janeiro 7 capelos e um sombreiro.* (Chaves) (es) *Febrero, siete capas y un sombrero.* (Correas)
Por la misma razón que en enero, donde queda otro análogo.

2482. **Febreiro, unha horiña ó sol, outra ó braseiro.** (ms15,40)

2483. **Febreiro, xiada na lareira e cachopo na leira.** (ms-SA: Juan Bello Valiña)

2484. **Femia qu'en febreiro ha de parir, da corte pouco debe saír.** (ms4: J.P.)

2485. **Ferbeiro fervoso, marzo airoso i-abril chuviñoso sacan a maio florido e fermoso.** [830] (ms21,06r: Bermés)

2486. **Ferbeiro, xornal inteiro.** (ms21,07v: Bermés)

2487. **Frebeiriño corto cos seos vinteoito e, se máis duraras, non quedaban can nin gato, nin cornos ó carneiro, nin orellas ó piruleiro.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)

---

[824] ms21,06r: *Frebeiro*.
[825] ms4: *trae, vientre*.
[826] ms: *n'as*.
[827] O orixinal di *Febreiro, berceiro; marzo, espigas catro; abril espigas mil; mayo, todo espigado; xunio todo graiudo* (*en xunio todo maduro* - Villaodrid), *xuilín bótalle a fouce i-o foucín* (*en xuilín dalle co foucín* - Villaodrid) *agòsto mázale o coxo* (*en agosto mázalle o rostro* - Villaodrid) *setembre, come e vende;octubre, asementa e acubre; San Martiño, pinga o ramalliño; no mes morto, non labres o horto nin mates o porco* (*mes morto*, diciembre). / ms15,31: *agosto mázalle o cosco*; ms16: *outubre*.

[828] En ms10 s.v. *Febrero*.
[829] O orixinal di *Febreiro o perillán; andivo pol-o mundo gastando; e quedouse solo con 28 dias y ahora pide, pide; y de cando en cando danlle un mais*.
[830] O orixinal di *Ferbeiro fervoso, marzo airoso, y'abril chuviñoso sacan a mayo florido e fermoso*.

2488. **Frebeiriño corto cos teus vinteoito, si duras máis catro, non parara can nin gato.** (ms21,09r: Bermés)

2489. **Frebe[i]riño corto, cos seus ventioito: si tuvera máis catro, non quedaba can ni gato, ni ratiño no burato ni orellas ó maragato.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2490. **Fror de febreiro non vai ó fruteiro.** (ms5,029)

2491. **Galiña, galo e capón, febreiro se dispón.** [831] (mc: J.P.)

Var.: *Galiña, pavo e cebón, por febreiro se dispón.* (ms4: J.P.)

2492. **Máis vale un día de sol en frebeiro ca cantos cabalos ten o reino.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)

2493. **Na lúa de febreiro farás o teu sementeiro.** (mc: Santiago)

2494. **Neste mes, auga no suco hasta nadar; no mes que vén, nin auga no rabo do gato botar.** [832] (mc, ms e ms4: J.T. / ms18,05r)

(pt) *Em fevereiro cada sulco un regueiro. / Água de março quanta o gato molhe o rabo.* (Chaves)

Alude a los meses de febrero y marzo, y recoge el refrán otros dos parciales anteriormente reseñados.

2495. **No febreiro, ferraña, anque sea na monteira.** (mc: Buciños)

Llegó la época de este suministro.

2496. **No febreiro, frebas, e no maio, medas.** (mc: Santiago)

2497. **No febreiro, pedras, e no maio, medas.** (mc: Santiago)

2498. **No frebeiro, ferraia, anque sea na monteira.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Llegó la época de este suministro.

2499. **No mes de febreiro cómese o cocho enteiro.** (ms-SA: Leonardo Carro Rodríguez: Vilaño, A Laracha, C)

2500. **No mes de febreiro súbete ó outeiro: si ves marelear, bótate a reir, e si ves verdegar, bótate a chorar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

2501. **No mes de febreiro vaite ó outeiro: si ves verdegar, ponte a chorar; e si ves negrear, ponte a cantar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2502. **No mes de febreiro xa se vai acabando o palleiro.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

2503. **No mes de febreiro, malladeira e bon palleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

2504. **Non dure máis a mala veciña do que dura a neve febreiriña.** [833] (mc, ms e ms4: Carballedo-F.V.S.)

2505. **Non pode haber ceniza sin luna febreiriña.** (ms9,13v: Silvarrey)

2506. **O dito de febreiro, xornal enteiro.** (ms-SA: Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

2507. **O frebeiro quente trai o demo no ventre.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2508. **Ó mingoante de febreiro mudarás as patacas do pataqueiro.** [834] (mc e ms4: Lugo-F.V.S.)

2509. **O sol de febreiro non pon palla no palleiro.** (ms10,050v: Lugo)

2510. **O sol de frebreiro non fai meda nin medeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2511. **Os doce primeiros días de ferbeiro son os doce meses do ano inteiro.** (ms21,14r: Bermés)

2512. **Os polos e ovos en febreiro deben abondar no galiñeiro.** [835] (ms4: J.P.)

2513. **Polo febreiro, a auga nas penas [fai] carreiro.** (mc: Santiago / ms-SA: Algún lugar da provincia da Coruña)

2514. **Por febreiro compra o viño do Ribeiro.** (ms-SA: Félix Rodríguez Vieites)

2515. **Quéixaste de min: se che vén meu hirmán marzo i-o meu primo abril, que te han de facer andar coas pieles ó lombo i-os cinzarros no cadril.** [836] (mc, ms e ms4: Paradela-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

---

[831] Jacinto del Prado só rexistra a variante que aparece no ms4 pero non o refrán que Vázquez Saco lle atribúe no mc.

[832] ms, ms4 e ms18,05r: *no surco*.

[833] ms e ms4: *a mala veciña que dura*. / V. *Neve febreiriña, mala veciña* en *Nieve*.

[834] Indica *Labores agrícolas* (*Meses*) no ms. / ms4: *mengoante*.

[835] ms4: *hobos*. Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *hobos*.

[836] ms e ms4: *Queixate, y-o meu, han facer, y-os, cuadril*; ms-LU: *irmao, cuadril*.

2516. **Sementa avea en febreiro, se queres sacar diñeiro.** [837] (mc e ms5,133: Santiago)

Var.: *Sementa a avea en febreiro, si queres facer diñeiro.* (ms5,133)

2517. **Si chove en febreiro, pan no cementeiro.** (ms-SA: Algún lugar da provincia da Coruña)

2518. **Tanto dure a mala veciña, como a neve febreiriña.** [838] (mc: *Sandiás*)

Var.: *Tanto dura a mala veciña com'a neve marciña.* (ms: Sandiás. M.L. *Nos*) / *Mala veciña, como a neve febreiriña.* (mc) / *Mala veciña, como neve febreiriña.* (ms)

Que no dure más una que otra, como vimos arriba. (mc)

2519. **Tanto en febreiro no solleiro, tanto en marzal no braseiro.** [839] (ms-SA: Teófilo Cabaleiro Cabaleiro:Codeseda, A Estrada, PO / M. Canosa Quintáns)

2520. **Un día de sol de febreiro come máis cós cabalos do reino.** [840] (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

2521. **Un día de sol en febreiro é un lobo no eido.** (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)

Por los perjuicios que ocasionan.

2522. **Un día de sol no febreiro come por cantos cabalos ten o reino.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2523. **Vaite con Dios, febreiro, cos teus vinteoito, que si tuveras máis catro, non quedaba can nin gato.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

2524. **Vaite febreiriño corto cos teus días vinteoito; se duraras máis catro, non deixabas can nin gato, nin carneiro nin ovella, nin o pegureiriño dela.** (mc: Paradela.F.V.S.)

Quedan atrás otras variantes: *Febreiriño corto...*

2525. **Vaite febreiriño corto cos teus días vinteoito: se duraras catro máis, non deixabas can nin gato, nin carneiro nin ovella, nin o pegureiriño dela.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

2526. **Vaite febreiriño curto cos teus vinteoito, que si duraras catro máis, non quedaba can nin gato, nin ratiño no burato nin cornas ó carneiro pra roe-lo pregueiro.** [841] (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)

2527. **Vaite febreiro cos teus vinteoito, que si duras máis catro, non queda can nin gato.** (ms-SA: Freire López: Padrón, C)

2528. **Vaite frebeiro con seus vintaoito, si dura máis catro, non quedaba can nin gato.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

2529. **Vaite, febreiriño, vaite cos teus vinteoito, que si duraras máis catro, non quedaba can nin gato.** (ms-SA: Alfonso Fernández Barros: Santa Eulalia de Oeste, Catoira, PO)

Meses. Marzo. V. TAMÉN MARZO.

2530. **A coles e nabos, esterco de marzo.** (mc: J.P.)

Var.: *A sebes e nabos, esterco de marzo.*

2531. **A chuvia en marzo, a que quepa no regazo.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

2532. **A flor de marzo non enche o cabazo.** [842] (ms-SA: M. González Fernández / ms-LU: seminarista anónimo: Pape, San Xoán de Silvarrei, Outeiro de Rei, LU)

2533. **A nuestra Señora de marzo entra a merenda e mais o descanso.** (mc: Carballedo)

Véase *En marzo entra a merenda i-o descanso*.

2534. **A ra que en marzo raquea, en abril rabea.** (mc: Paradela)

Raquear, voz onomatopéyica que falta en nuestros diccionarios, y equivale a *croar*, *croaxar*, que registra el *Vocabulario Castellano Gallego de las Irmandades da Fala*. El refrán indica que buen tiempo en marzo, será malo en abril y corresponde a *Cando marzo maiea, maio marcea*.

2535. **Ágoa de marzo peor é que leixenzo no caso.** (ms21,31v: Bermés)

2536. **Aire de marzo queima a dona no pazo.** (mc: J.T.)

Var.: *Aire de marzo queima a dama no seu pazo.*

2537. **Ala vén noso hirmán marzo, que nos fará andar cos farrapiños debaixo do brazo.** (mc: Santiago)

---

[837] Indica *Avena* no ms5.
[838] V. *Neve febreiriña, mala veciña* en *Nieve*.
[839] Canosa Quintáns: *tanto en marzo*.
[840] ms-LU (Buciños): *sol no febreiro*.
[841] O orixinal di *Vaite febreiriño curto cos teus 28 que si duraras 4 mais non quedaba can nin gato, nin ratiño no vurato nin cornas o carneiro pra roer u prgueiro.*
[842] ms-LU: *enche cabazo*.

Var.: *Alá vén meu hirmán marzo, que che fai andar cos pelicos debaixo do brazo.* (Santiago)

2538. **Auga de marzo come pais e fillos.** (ms5,135: Gerdiz, Lugo)

2539. **Auga de marzo, peor que a mancha no pano.** [843] (mc: J.P. / ms4: F.V.S.)

Var.: *Auga de marzo é peor que leixenzo no cazo.* [844]

(pt) *Água de março é pior que nódoa no pano.* (Chaves) (es) *Agua de marzo, peor que la mancha en el sayo.* (Bergua)

2540. **Auga en marzo, a que leve a vella no regazo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

2541. **Auguiña de marzo, adiós meu pedazo.** [845] (mc: J.P.)

2542. **Ben come a xugada en marzo, pero ha de sudalo.** (mc: J.P.)

2543. **Ben lle irá ó borracho si trona en marzo.** (mc: J.P.)

(pt) *Quando troveja em março, aparelha os cubos e o baraço.* (Chaves) (es) *Cuando truena en marzo, apareja las cubas y el mazo.* (R. Marín) (ct) *Tronades pel març, el vi a bassals.* (Sanchis)

Porque los truenos de marzo son precursores de buena cosecha de vino. En su lugar aduciremos los refranes que lo confirman.

2544. **Bótenme en marzo, bótenme en abril, hasta marzo non quero salir.** (ms8,42r: Castroverde)

2545. **Brétema de marzo, xeada en maio.** (ms15,23: *O Gaiteiro Gallego*, 1956)

2546. **Cabras en marzo, neve en abril.** (ms18,44r)

2547. **Calor de marzo, tempo pró campo mui sano.** [846] (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *Calor de marzo temprano, es para el campo muy sano.* (R. Marín)

2548. **Cando marzo é ventarrón, abril é chuviscón.** [847] (mc e ms4: *Vida Gallega*)

(pt) *Quando o março sai ventoso, sai o abril chuvoso.* (Chaves) (es) *Cuando marzo ventoso, abril lluvioso.* (R. Marín)

2549. **Cando marzo maiea, maio marcea.** [848] (mc)

(es) *Cuando marzo mayea, mayo marcea.* (mc: Sbarbi; ms2: R. Marín)

Se trueca el tiempo propio de cada mes.

2550. **Cando marzo retorce o rabo, non deixa ovella nin pastor sano.** (ms-SA: Juan Bello Valiña)

2551. **Cando marzo trona, ben prá borrachona.** [849] (mc e ms: J.P.)

Como *Ben lle irá ó borracho, si trona en marzo*.

2552. **Cando marzo volve o rabo, non queda ovella con pelexa nin pastor azamarrado.** [850] (mc / ms4: F.V.S.)

(pt) *Se março dá de rabo, nem fica ovelha parida nem pastor açamarrado.* (Chaves) (es) *Cuando marzo vuelve el rabo, no queda oveja con pelleja, ni pastor deszamarrado.* (R. Marín) / *Cuando marzo vuelve de rabo, ni deja carnero encencerrado ni pastor deszamarrado.* (Sbarbi) [851] (ct) *Març aborrascat, ni ovelles ni corders ha deixat.* (Sanchis)

Insiste en la inconstancia del mes y los perjuicios que causan los temporales.

2553. **Cando na luna de marzo hai tronada, todo o ano quere campana.** [852] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Serán frecuentes las tronadas. Alude a la campana que se toca para deshacer las tormentas.

2554. **Cando os primeiros tronos son en marzo, apreta os aros da cuba con un mazo.** (ms9,06r: Fonsagrada, Monteseiro)

2555. **Cando sal ó sol en marzo a culebra, en abril sarabea ou neva.** (ms-SA: algún lugar de Galicia)

2556. **Cando trona en marzo, aparella as cubas e o barazo.** [853] (mc: Quiroga / ms4: F.V.S.)

Var.: *Cando trona em marzo, aparella os cubos e mais o brazo.* (ms15,40)

(pt) *Quando troveja em março aparelha os cubos e o baraço.* (Chaves) / *Vai-te aos cubos do moínho, teu braço a novos proveja; quando por março troveja.*

Véase *Os tronos de marzo apretan a cuba cun mazo*, donde se señalan otras variantes, con sus respectivas correspondencias.

---

[843] mc e ms4: *peor é que*.
[844] ms: *do marzo, pior*.
[845] mc: *Auguiña de maio*.
[846] Dentro de *Agrícolas* (*Generales*) no mecanoescrito orixinal.
[847] ms4: *choviscón*.
[848] ms: *mayo*; ms2: *mayea, mayo*.
[849] Indica *Viño* no ms.
[850] ms2: *volv'o rabo*.
[851] ms2: *no deja*.
[852] ms-LU: *tod'o ano*.
[853] ms: *maio o barazo*; ms4: *os cubos e mais o brazo*.

2557. **Catro meses son de pan: marzo, abril, maio e san Xoán.** (mc: Palas de Rey)

2558. **Centeo alto ou baixo, en marzo espigado, que tarde ou temprán ha de quedar en maio o gran.** [854] (mc e ms: C.A. *A Nosa Terra* / Bello Valiña, J.)

2559. **Centeo outo ou baixo, en marzo todo despigado, que tarde ou temprao ha de quedar en maio o grao.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

2560. **Chuvia en marzo, como a mexeira dun gato.** [855] (ms18,43r)

Var.: *Chuvia en marzo, como a mexeira dun rato.* (ms18,43r)

2561. **Chuvia en marzo, nin o mexo dun gato.** (ms4: M.V.)

Var.: *Chuvia en marzo, nin o mexo dun rato.* (ms4: M.V. / ms21,22r: Bermés)

2562. **De marzo á mitá a anduriña vén e o tordo vai.** (mc: J.P.)

Var.: *De marzo a metá, a golondrina vén y-o tordo vai.* (Villanueva-Lalín-F.V.S.)

(es) *De marzo a la mirad, la golondrina viene y el tordo se va.* (R. Marín)

Véase *A trinta de marzo dá o sol na sombría e canta a anduriña*.

2563. **De marzo ayuso, crébaselle á roca o fuso.** [856] (mc e ms: J.P.)

(es) *De marzo ayuso, quiébrase la rueca al huso.* (R. Marín)

2564. **Despois de vintecinco de marzo, merenda e descanso.** [857] (mc)

Var.: *O vintecinco de marzo entra a merenda e mais o descanso.* (Berbetoros) / *O vintecinco de marzo vén a merenda y-o descanso.* (ms4: F.V.S.)

(pt) *Em março, merendíca e folgaço.* (Chaves) (es) *En marzo, sobre el brazo; y en abril, sobre el cuadril.* (R. Marín). *Porque al crecer los días, puede prolongarse el descanso.*

A la siesta alude el refrán cast.

2565. **Día de marzo, entra rindo e sai chorando.** (mc: J.P.)

Variante del conocidísimo: *Marzo marzán, pola mañán cariña de rosas e pola tarde cara de can*.

2566. **En irse marzo i-abril, sal o cucú.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

2567. **En marzal e abril sempre foron revoltas as augas do Sil.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2568. **En marzo as chuvias, en maio as frores: ano de labradores.** (ms5,136: *O Gaiteiro de Lugo*, 1957)

2569. **En marzo bótame ó monte, verás como pazo; en abril ábreme a porta e déixame ir.** [858] (mc / ms4: F.V.S.)

Var.: *Decían as ovellas cando falaban: "Sácam'a marzo, verás como pacio; sácam'abril, xa me verás fuxir; sácam'a mayo, qu'hei correr com'un cabalo".* (Fonsagrada-F.V.S.)

Se pone en boca del ganado; la segunda parte ya salió en otro refrán.

2570. **En marzo bótame ó monte; verás como paso.** (ms18,06r)

2571. **En marzo chova pró campo, que na horta cada gota quita un carto.** [859] (mc, ms, ms2 e ms4: J.P.)

(es) En marzo, cada gota quita un cuarto; y en abril, cada gota da mil. (R. Marín)

2572. **En marzo déixame arrimar; en abril déixame dormir porque en maio tamén me caio.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2573. **En marzo déixame ir que xa paso.** (ms: Santiago)

2574. **En marzo entra a merenda e mais o descanso.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)

2575. **En marzo entra a merenda i-o descanso.** (mc: Lalín-F.V.S.)

Var.: *En Nuestra Señora de marzo entra a merenda e mais o descanso.* (F.V.S.)

(pt) *Em marzo, merandíca e folgaço.* (Chaves) / *Em marzo, merenda o pedaço; em abril, merenda e merendil.* (Chaves) (es) *En marzo, la siesta sobre el brazo; en abril, sobre el mandil, y en mayo, por largo.* (R. Marín)

2576. **En marzo espigarzo e en abril espigas mil.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

2577. **En marzo inda a vella queima o mazo.** (mc: Santiago)

2578. **En marzo múdame un paso; en abril, mil.** (mc / ms4: F.V.S.)

Se refiere a las colmenas.

---

[854] Bello Valiña: *Centeo outo, temprano, grao*. / Indica *Agricultura*. *Centeno* no ms.

[855] O orixinal di *Chuvia en marzo, como a mexeira d'un gato ou rato*.

[856] mc: *aiuso*.

[857] mc: *do vintecinco*.

[858] Indica *Animales domésticos* (*Gado*) no ms.

[859] mc: *chova no campo*

2579. **En marzo nace o espigarzo.** (mc: Santiago)

Véase *En marzo, espigarzo*.

2580. **En marzo non quere o zorro mollar o rabo.** [860] (ms8,08r e ms8,78v: Silvarrey)

2581. **En marzo o palomar non hai que o descuidar.** (ms / ms4: J.P.)

2582. **En marzo pódese ver quen vaqueiro sabe ser.** [861] (ms / ms4: J.P.)

2583. **En marzo sal a herba anque lle den con un mazo.** [862] (ms4: J.P. / ms)

2584. **En marzo sube ao outeiro, e si ves verdexar, bótate a chorar, e si ves terrexar, bótate a cantar.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

2585. **En marzo sembra o cabazo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2586. **En marzo, a que leve a vella nu regazo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Aplícase á auga.

2587. **En marzo, abrigo, noces e pantrigo.** (ms21,01r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

2588. **En marzo, espigarzo.** [863] (mc: A.I.)

(ct) *Mes de març, pigards.* (Sanchis) */ Març, pigues i barbs.* (Id.)

Porque empiezan a apuntar las espigas. Lo completa el siguiente:

2589. **En marzo, espigas catro; en abril, espigas mil i-en maio, todo espigado.** [864] (mc, ms e ms2: M.L.)

(es) *En abril, espigas mil.* (R. Marín)

2590. **En marzo, malo ou bo, o boi á herba e á sombra o can.** (ms)

2591. **En marzo, mazo.** (mc: C.A. / ms: A.C. *A Nosa Terra*)

2592. **En marzo, nazo; en abril, estou no cubil; en maio, xa saio; en san Xoán xa fuxo do can; en santa Mariña, xa collo a galiña, e en agosto, xa son bon raposo.** (mc: C.A. / ms: E.C.)

Resume de las etapas de crecimiento e instinto del zorro. (mc) / Zorro. (ms)

2593. **En marzo, nen rabo de gato mollado.** [865] (ms4 e mc: Velle / ms21,32v: Bermés / ms4: J.T. / ms-LU: dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo)

Var.: *En marzo nin o gato quer molla-lo rabo.* (mc / ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU) [866] */ En marzo nin o rato quer molla-lo pelo.* (ms4: F.V.S.)

(pt) *Em março nem rabo de gato molhado.* (Chaves) */ Água de março quanta o gato molhe o rabo.* (Id.) (es) *En marzo cuanto moje el rabo el gato.* (Correas) */ En marzo, agua, cuanto moje el rabo la gata.* (R. Marín) (ct) *No té de ploure pel març més del que es mulli la cua del gat.* (Sanchis)

2594. **En marzo, nin mexo de rato.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2595. **En marzo, nin mollar o rabo o gato.** (ms-SA: José Lage Radío: Santa Eulalia de Xil, Meaño, PO)

2596. **En marzo, pan e pedazo, e en maio, sin contalo.** [867] (mc: J.P.)

(es) *En marzo, pan y pedazo; y en mayo, sin contallo.* (R. Marín)

Necesita el labrador mayor alimento, a medida que aumentan sus horas de trabajo.

2597. **En marzo, si cortas un cardo, naceranche catro.** [868] (mc e ms: J.P.)

(es) *En marzo si cortas un cardo nacerte han mil.* (Correas) */ En marzo, si cortas un cardo, nacerte han cuatro; y en abril, si cortas cuatro, nacerte han mil.* (R. Marín)

2598. **En marzo, un pouco o brazo; en abril déixame dormir; i-en maio, do meu me caio.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

2599. **Entre marzo e abril canta o cuco no cubil.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2600. **Entre marzo e abril o cuco vai ó seu fin.** (ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)

2601. **Entre marzo e abril o fuso sae do cubil.** (ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)

---

[860] ms8, 78v: *quer o zorro*.

[861] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[862] ms4 e ms: *sale a yerba*; ms: *anque lle der*. Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *sal a herba anque lle den*.

[863] ms e ms4: *spigarzo*.

[864] O orixinal di *En marzo, espigas catro; en abril, espigas mil y en maio, todo espigado*. / ms: *mayo*; ms2: *y-en mayo*.

[865] ms4, ms-LU e ms21,32v: *nin*.

[866] ms-LU: *quere*.

[867] O orixinal di *En Marzo, pan e pedazo, e en Mayo, sin contalo*.

[868] Indica *Labores del campo. Marzo* no ms.

2602. **Entre marzo e abril o raposo sale do cubil.** (ms-SA: José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)

2603. **Entre marzo e abril sale o cuco do cubil.** [869] (mc e ms: A.I. / ms-LU: seminarista anónimo: Pol, LU / Julio Elías Bello Méndez: Vilalba, LU / seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU / Tres seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo)

Var.: *Entre marzo e abril sale o cuco do cubil, que coa neve non quer vir.* (A.I.) [870] / *Entre marzo e abril o cuco ha de vir.* (J.T.)

(pt) *Entre março e abril, o cuco há-de vir.* (Chaves) */ A três d'abril, o cuco há-de vir, e se não vier até 8, está preso ou morto.* (Id.) */ A carranca é mãe do cuco, vem ao princípio de abril e diz ao maio que seu filho está para vir.* (Chaves) (es) *Entre marzo y abril sale el cuco del cubil; con la nieve no quiere venir.* (Correas)

2604. **Entre marzo e abril sale o cuco do cubil; s'o día sete d'abril [non saíu] cuco morto ou non quer vir.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Corgo, LU)

2605. **Entre marzo e abril, aguas mil.** (ms-SA: Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C)

2606. **Entre marzo e abril, coa neve o cuco non quer vir.** [871] (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)

(pt) *Entre março e abril, o cuco há-de vir.* (Chaves) */ A três d'abril, o cuco há-de vir, e se não vier até 8, está preso ou morto.* (Id.) (es) *Entre marzo y abril sale el cuco del cubil; con la nieve no quiere venir.* (Correas) (ct) *A darrers de març i primers d'abril canta el cucut si és viu.* (Sanchis) */ Pel març i l'abril canta el cucut si és viu, però si hi ha neu, no el veureu.* (Sanchis)

Todos, como se ve, giran alrededor del mismo tema.

2607. **Entre marzo e abril, o cuco ao fin.** (ms18,43r)

2608. **Entre marzo e abril, se non vén o cuco, quer vir a fin.** [872] (ms4 e mc: A.I. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2609. **Entre marzo i-abril, cuco morto ou non quere vir.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

[869] ms-LU (Pacios): *i o abril*. Indica *Cuco* no ms.
[870] ms4: *sal o cuco*.
[871] Indica *Cuco* no ms.
[872] mc: *o fin*; ms-LU: *si non ven*.

2610. **Entre marzo i-abril, o cuco ou a fin.** [873] (ms21,04r: Bermés)

2611. **Entre marzo i-abril, ou o cuco ou a fin.** [874] (ms21,05v: Bermés / ms-LU: Recaredo de la Fuente Pérez (04-10-1951): Pombeiro, Pantón, LU)

Si no viene el cuco en marzo o en abril, es señal de que viene el fin del Mundo. (Recaredo de la Fuente Pérez (04-10-1951): Pombeiro, Pantón, LU)

2612. **Entre marzo i-abril, se non sal o cuco do cubil, ou morreu ou non quer vir.** [875] (ms21,12r: Bermés)

2613. **Espigas en marzo, catro; espigas en abril, mil.** (ms10,014v: *D.E.*)

2614. **Falten augas mil e non as de marzo e de abril; falten as de todo año e non as de abril e maio.** (ms-SA: M. González Fernández)

2615. **Horta no marzo, cesta no brazo.** (mc: G.P.)

2616. **Máis quero no meu trigo unha boiada que en marzo unha aguada.** [876] (mc: J.P.)

2617. **Máis vale estopa de marzo que freba de maio.** [877] (mc / ms / ms4 / ms10,015v: *D.E.*)

(es) *Más vale estopa de marzo que cáñamo de abril.* (R. Marín)

2618. **Malo é marzo que non bebe o boi no prado.** (mc: Santiago)

2619. **Marciño marcexán: pola mañán cara de can, ás doce sol da raíña e á noite pela como unha fouciña.** [878] (mc e ms: Santiago)

2620. **Marciño marzal: pola mañán cariña de rosa e pola tarde cariña de can.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

2621. **Mariñeiro marzán: á mañán cara de rosa e á noite cara de can.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

2622. **Marzal de nubes carregado, ano amolincrado.** (ms5,136: *O Gaiteiro de Lugo*, 1957)

2623. **Marzín marzal: pola mañán cariña de rosa e pola noite cariña de can.** (ms-SA: Freire López: Padrón, C)

[873] O orixinal di *Entre marzo y'abril o cuco ou a fin*.
[874] O orixinal di *Entre marzo y'abril ou o cuco ou a fin.* / ms-LU: *i'abril*.
[875] O orixinal di *Entre marzo y'abril, se non sal o cuco d'o cubil, ou morreu ou non quer vir*.
[876] O orixinal di *Mais quero n'o meu trigo unha boyada qu'en Marzo unha aguada*.
[877] ms e ms4: *que hebra, mayo*. / En ms10 s.v. *Estopa*.
[878] ms: *morcejan, com'a fouciña*.

2624. **Marzo airoso i-abril chuviñoso traen a maio florido e hermoso.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

2625. **Marzo airoso, abril chuvioso, maio louro, san Xoán craro como ollo de galo valen máis que os bois i-o carro.** [879] (mc e ms: J.T.)

2626. **Marzo amola e abril esfola.** [880] (mc: C.A. / ms: E.C.)

(es) *Mayo es loco y abril no poco.* (R. Marín)

2627. **Marzo ben feito, patacas a eito.** (mc: Santiago)

2628. **Marzo camiñeiro, arregle el o de todo o inverno.** (ms5,134: Valle del Mao)

Es el peón caminero que arregla cuantos caminos destruyó el invierno.

2629. **Marzo camiseiro, arregla el o de todo o inverno.** (ms15,42: Silvarrei)

Marzo soleado arregla los caminos; seca todo lo que destrozó el invierno.

2630. **Marzo dá volta sete veces no día.** (ms15,23: *O Gaiteiro Gallego*, 1956)

2631. **Marzo de froles quer entrar e non pode.** (ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C / J. A. Iglesias Ares)

2632. **Marzo de froles querer entrar e non pode.** (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago / Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C)

2633. **Marzo e marzolo, chovasco e raiolo.** [881] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2634. **Marzo engañador: un día malo e outro peor.** (mc: Buciños)

(es) *Marzo engañador, un día malo y otro peor.* (R. Marín)

Análogo al ya transcrito de febrero.

2635. **Marzo esparabazo, abril mollado, maio pardo e san Xoán craro, valen un carro de ouro cargado.** (ms5,039)

2636. **Marzo espigarzo, abril penduril, maio granado, san Xoán curado, en santa Mariña metelo na arquiña.** [882] (ms-SA: Eliseo López Varela)

2637. **Marzo espigarzo, abril penduril, maio granado, san Xuan curado, en santa Mariña metida na arquiña.** [883] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2638. **Marzo espigarzo, abril penduril, maio segado e san Xuan mallado.** [884] (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2639. **Marzo espigarzo, abril penduril.** (ms21,19r: Bermés)

2640. **Marzo espigarzo, abril perduril, en maio granado, en san Xoán airando e en santa Mariquiña metido na arquiña.** [885] (ms-SA: Pascual Campos Arestiño: Cando, Outes, C)

2641. **Marzo espigarzo, e abril, o das espigas mil.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2642. **Marzo espigarzo; abril, espigas mil.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU / seminarista anónimo: Pol, LU)

2643. **Marzo gabo cando recach'o rabo.** (ms-SA: Juan Bello Valiña)

2644. **Marzo maeño, maio marceño.** [886] (ms21,10r: Bermés)

2645. **Marzo marceador: de noite auga e de día sol.** (mc: J.P.)

(es) *Marzo, marceador, que de noche llueve y de día hace sol.* (Sbarbi)

Acusa la inconstancia del tiempo en dicho mes.

2646. **Marzo marceiro, ten man do sombreiro.** (ms15,42: Valle del Mao)

2647. **Marzo marcelo, xa che non temo.** (ms8,09r: La Cañiza)

Cuando pasó.

---

[879] ms: *mayo, craro como ollo de galo, mais que os bois e o carro*. Completa el ya registrado: *maio pardo e San Xoán claro...*, y tiene por base la leyenda conocida del rey que obtuvo esta respuesta de un labriego gallego, cuando el monarca le preguntó qué valdría más que el carro de oro y las mulas también de oro que lo conducían. / mc: *San Xoán como ollo de galo*. / Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Meteorológicos. Meses*

[880] Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Meteorológicos. Meses*.

[881] O orixinal di *Marzo e marzolo chovasco e railo*.

[882] O orixinal di *Marzo espigarzo, Abril penduril, Mayo granado, San Xoan curado En Santa Mariña, metelo na arquiña*.

[883] O orixinal di *Marzo espigarzo, Abril penduril, Mayo granado, San Xuan curado en Santos Mariña metida na arquiña*.

[884] O orixinal di *Marzo espigarzo, abril penduril, mayo maljo segado e San Xuan mallado*.

[885] O orixinal di *Marzo espigarzo Abril perduril en Mayo granado en S Soán airado e en Sta Mariquiña metido na arquiña*.

[886] O orixinal di *Marzo maeño, mayo marceño*.

2648. **Marzo marcial: á mañá cara de can e a mediodía cara de alegría.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

2649. **Marzo marcisco, algúns días corisco.** [887] (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *Marzo, marzadas: aire, frío y granizadas.* (R. Marín)

2650. **Marzo marzada, vento frío e mais sarabia.** (ms21,08r: Bermés)

2651. **Marzo marzada, vento frío e mais xiada.** (ms21,08r: Bermés)

2652. **Marzo marzal, neve nos outos, chuvia no val.** (ms21,02r: Bermés)

2653. **Marzo marzal: á mañá cara de sol i-á tarde cara de can.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2654. **Marzo marzal: pola mañán cara de can e á tarde un gran barrigán.** (ms-SA: Ríos Pereiro)

2655. **Marzo marzal: pola mañán cariña de rosa e pola tarde cara de can.** (ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C)

2656. **Marzo marzal: pola mañán cariña de rosa, pola tarde cara de can.** (ms-SA: Manuel Fernández Ferro)

2657. **Marzo marzán, cara de can.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2658. **Marzo marzán, cara de can, farrapo de neve, espiga de pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

2659. **Marzo marzán, cara de can, felepa de neve, espiga de pan.** (ms18,12r: Monterroso)

Monterroso, donde *felepa = folerpa*.

2660. **Marzo marzán, cara de can, folepa de neve, porreta de pan.** (mc e ms11,15: Monterroso-F.V.S.)

La nieve de marzo, traerá buena cosecha de granos. *Porreta* falta en nuestros diccionarios, y designa la parte superior de la caña del centeno, con la espiga. Es vulgar entre los niños la frase de *saca porreta* para hacer gaitas. (mc) / Porreta falta en nuestros diccionarios y designa la parte superior de la planta, desde el último nudo de la caña, con la espiga. *Saca unha porreta* dicen los chicos para hacer gaitas; y asen la planta por la espiga, y de un tirón sale la caña desde el último nudo. Indica el refrán que la nieve de marzo traerá buena cosecha. (ms11,15).

[887] ms e ms4: *algús días, coriscos*. / Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Meteorológicos. Meses*.

2661. **Marzo marzán, cara de can; ás doce canta a vella e á noite morre a ovella.** (ms: F.V.S.)

2662. **Marzo marzán, cara de can; se ten cara de neve, espiga de pan.** (mc: Berbetoros, Palas de Rey-F.V.S.)

Análogo al anterior.

2663. **Marzo marzán, correa de can.** (mc: Mellid)

2664. **Marzo marzán, cos teus trinteún, pró leite que dás, ben che chegaban vinteún.** (mc: Taboada-F.V.S.)

2665. **Marzo marzán, folepa de neve, porreta de pan.** [888] (mc: Palas de Rey)

Ya explicado anteriormente.

2666. **Marzo marzán, pola mañá ten cara de can, ó medodía un sol que convida, e pola noite un serenao que parece de vrao.** [889] (ms18,65v: Páramo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2667. **Marzo marzán, rabo de can.** (mc: Mellid / ms4: F.V.S.)

2668. **Marzo marzán: á mañá cara de can, a mediodía bo día, i-á tardiña xa refría.** [890] (ms21,07r: Bermés)

2669. **Marzo marzán: á mañá cara de can, a mediodía enxamia a colmea, e á noite morre a ovella.** (ms15,49: Calvos de Randín)

2670. **Marzo marzán: á mañá morre a ovella i-á noite enxamia a abella.** (mc: Berbetoros-F.V.S.)

2671. **Marzo marzán: á mañán cara de rosa e á noite cara de can.** (ms-SA: Julio Barreiro Fernández: San Miguel de Vilar, Touro, C)

2672. **Marzo marzán: á noite cara de lobo i-á mañán cara de can.** [891] (mc: G.P. / ms6,01v)

Var.: *Marzo marzán: pola mañá cara de can, ás doce a ovella* [sic] *e á noite morre a ovella.* (A.N. 2ªserie) / *Marzo marzán: cara de rosas pola mañán e pola noite cara de can.*

2673. **Marzo marzán: cara de rosas pola mañán e pola tarde cara de can.** [892] (mc: A.I. / ms10,038r: *D.E.*)

[888] mc: *porreta de can*.

[889] O orixinal di *Marzo marzán, pol-a mañá ten cara de can; o medodía un sol que convida, e pol-a noite un serenao que parece de vrao*.

[890] O orixinal di *Marzo marzán, a mañá cara de can, a mediodía bo día, y'a tardiña xa refría*.

[891] ms: *y-â*; ms6,01v: *mañá*.

[892] O orixinal di *Marzo, marzàn; cara de rosas pol-a mañàn, e pol-a tarde, cara de can*. / *Marzo marzán, pol-a maña cariña de rosa e pol-a tarde cara de can*. (P. de V.) / ms: *pol-a noite, cara de can*. / En ms10 s.v. *Marzo*.

Var.: *Marzo marzán: á mañá cara de can, a mediodía bon día, á noite logo arrepía.* (mc: Brántega) / *Marzo marzán: á mañá cara de can, a mediodía alegría, i-á noite xián.* (Buciños) / *Marzo marzán: pola mañá bo barrigán e pola tarde cara de can.* (L.deVas / Marzo marzán: á mañá cara de can, a mediodía bon día, á noite logo arrefría. (Brántega-F.V.S.)

(pt) *Março, marcegão, pela manhã, cara de cão, à tarde, cara de rainha, à noite, cavar com a foicinha.* (Chaves) (ct) *Març, març, al matí cara de gos i al vespre galant i minyó.* (Sanchis)

Son numerosísimas las variantes que hemos recogido.

2674. **Marzo marzán: pola mañá boca de can, ao mediodía boca de forno; e pola noite boca de lobo.** [893] (mc / ms15,45v: Fraguas en *Vida Gallega* / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2675. **Marzo marzán: pola mañá cara de risa e pola tarde cara de can.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento de Las Córneas.)

2676. **Marzo marzán: pola mañá cariña de rosa e pola tarde cariña de can.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / seminarista anónimo: San Xurxo de Cadramón; O Valadouro, LU)

2677. **Marzo marzán: pola mañá cariña de rosa, pola tarde cariña de can.** [894] (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

2678. **Marzo marzán: pola mañán cara de can e pola tarde Xan Barrigán.** (mc: Santiago)

2679. **Marzo marzán: pola mañán cara de can, ás doce unha raíña e á noite corta coma unha fouciña.** [895] (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

2680. **Marzo marzán: pola mañán cariña de rosa e pola tarde cara de can.** (ms-SA: Alfonso Fernández Barros: Santa Eulalia de Oeste, Catoira, PO)

2681. **Marzo marzán: pola mañán ten cara de can, ó mediodía un sol que convida, e pola noite un serán como se fora vran.** [896] (mc e ms: Páramo)

Var.: *Marzo marceiro: pola mañán cara de can e pola tarde valente mancebo.* (ms: J.P.) / *Marzo marcexo, co seu rabo rabexo: pola mañán cariña de can, ó mediodía mellor o faría, e pola noite verán parecía.* (Muros)

(es) *Marzo marcero: por la mañana rostro de perro y por la tarde valiente mancebo.* (Sbarbi)

2682. **Marzo marzán: polo día cariña de rosa e pola noite cariña de can.** (ms-LU: Niceto García Campos, San Xurxo de Cadramón, O Valadouro, LU)

2683. **Marzo marzán: por la mañá cara de rosa i-á noite cara de can.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2684. **Marzo marzoco, cara de porco: a mediodía mellor o facía; polo sarao cara de vrao.** (ms4: Berbetoros-F.V.S.)

2685. **Marzo marzolas, trebadas e raiolas.** [897] (ms-SA: Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C)

2686. **Marzo marzolas, trebas e raiolas.** [898] (ms18,43r)

2687. **Marzo marzolas, treboadas e maiolas.** [899] (ms-SA: Juan Bello Valiña)

2688. **Marzo marzola, torbón e raiola.** [900] (ms e ms4: A.I. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Var.: *Marzo marzola, turbón e rayola.* (seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2689. **Marzo marzola, trebón e raiola.** [901] (ms21,01r: Bermés)

2690. **Marzo marzolo, cabeza de porco: ó mediodía milloría; á noite peoría.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pape, San Xoán de Silvarrei, Outeiro de Rei, LU)

2691. **Marzo marzolo, torbón e raiolo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2692. **Marzo marzolo, trebón e raiolo.** [902] (ms-SA: Gestoso provincia de La Coruña)

---

[893] ms e ms-LU: *por a mañá, a medodia, ye a noite*; ms15,45v: *a mediodia, i a noite*.

[894] O orixinal di *Marzo marzán pol'a mañá cariña de rosa pol'a tarde cariña de can*.

[895] O orixinal di *Marzo marzán, pol'a mañan cara de can, as doce unha raiña, e a noite corta com'a unha fouciña*. / Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Meteorológicos. Meses*.

[896] O orixinal di *Marzo marzán, pol-a mañá ten cara de can; o medodía un sol que convida, e pol-a noite un serenao que parece de vrao*.

[897] O orixinal di *Marzo marzolas trebadas e rayolas*.

[898] O orixinal di *Marzo, marzolas, trebas e rayolas*.

[899] O orixinal di *Marzo Marzolas, treboadas e mayolas*.

[900] O orixinal di O orixinal di *Marzo marzola, torbon e rayola*.

[901] O orixinal di O orixinal di *Marzo marzola, trebón e rayola*.

2693. **Marzo marzolo, trebón e raolo.** (ms-SA: Manuel Boado Vázquez: Santa María dos Ánxeles, Boimorto, C / ms-SA: José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)

2694. **Marzo marzolo, trebón ou raolo.** [903] (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2695. **Marzo marzolo, trobón a raola.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

2696. **Marzo marzolo, trobón e raiolo.** (ms-LU: dous seminaristas anónimos: Melide, C e algún lugar da provincia de Lugo)

2697. **Marzo marzolo, trobón e raolo.** (ms-SA: M. García García: Santa Xuliana de Monfero, C)

2698. **Marzo marzón, de comenzo cordeiro e ao fin león.** (ms21,31v: Bermés)

2699. **Marzo marzón: de comenzo, cordeiro; ó fin, león.** (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *Marzo vuelve el rabo, y si al comienzo cordera, a la postre fiera.* (R. Marín)

2700. **Marzo marzoso: pola mañán cara de porco i-ó serán cara de vran.** [904] (ms: M.L.2)

Var.: *Marzo marzoco: pola mañá cara de porco, ó mediodía millor o faría e ó serán, cara de vran.* (Berbeteros)

(es) *Marzo marceador, que de noche llueve y de día hace sol.* (Sbarbi) / *Marzo marcero: por la mañana rostro de perro y por la tarde valiente mancebo.* (Id.)

2701. **Marzo marzote: pola mañán cara de pote, ó mediodía por aí se iría, e pola tarde un serán coma se fora verán.** [905] (mc, ms e ms2: Leiro, Pontevedra)

(es) *Marzo marceador, que de noche llueve y de día hace sol.* (Sbarbi)

2702. **Marzo mazorco, cara de porco: ó mediodía fai melloría i-á noite empeoría.** (ms8,32r: Silvarrey)

2703. **Marzo moscoso, abril chuviñoso, maio pardo, san Juan claro, valen máis cás mulas i-o carro.** [906] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2704. **Marzo o seu pai ó sol sacou i-o seu pai apedrou.** (ms15,41)

2705. **Marzo pardo, san Xoán claro.** [907] (ms-LU: dous seminaristas anónimos: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU e algún lugar de Galicia)

2706. **Marzo pardo, señal de bon ano.** (mc: J.P.)

(es) *Marzo pardo, señal de buen año.* (R. Marín)

2707. **Marzo que comenza bochornoso, logo se convirte en granizoso.** (mc: J.P.)

(es) *Marzo que empieza bochornoso, pronto se vuelve granizoso.* (R. Marín)

2708. **Marzo rascoso e abril amoroso sacan a maio florido i-hermoso.** [908] (mc: Taboada-F.V.S. / ms15,27r: Lugo)

2709. **Marzo regañarzo.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

2710. **Marzo sin trobóns, home sin calzós.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2711. **Marzo ventoso e abril chuviñoso sacan a maio frorido e fermoso.** [909] (mc: C.A. / ms4: E.C. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(es) *Marzo ventoso y abril lluvioso, sacan a mayo florido y hermoso.* (Sbarbi) (ct) *Març ventós i abril plujós, treuen el maig gojós.* (Sanchis) / *Març ventós i abril plujós, el pagès fan ser orgullós.* (Sanchis)

2712. **Marzo ventoso e abril chuvisqueiro henchen a maio de flores e leixos** [sic]**.** (mc: Santiago)

2713. **Marzo ventoso i-abril chuvinoso, sácame a maio frorido i hermoso.** [910] (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2714. **Marzo ventoso i-abril chuvioso, o bon colmear farán astroso.** [911] (mc / ms)

(pt) *Março ventoso, abril chuvoso, de bom colmeal farão astroso.* (Chaves) (es) *Marzo ventoso y abril lluvioso, del buel* [sic] *colmenar hacer astroso.* (Correas) / *Marzo ventoso y abril lluvioso, hacen a mayo*

---

[902] O orixinal di O orixinal di *Marzo marzolo trebón e rayolo*.

[903] O orixinal di *Marzo marzolo trebon o raolo*.

[904] O orixinal di *Marzo marzoso pol-a mañan cara de porco y-o serán cara de vran*.

[905] ms: *coma si*; ms2: *como si*. / Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Meteorológicos. Meses*.

[906] O orixinal di *Marzo moscoso, abril chuviñoso, mayo pardo, Sanjuan claro valen mais cas mulas yo carro.*

[907] ms-LU (Galicia): *s. Xuan claro.*

[908] ms / ms15,27r: *y hermoso*.

[909] ms e ms4: *chuvioso, mayo*, mc: *i-fermoso*; ms-LU: *florido y'hermoso*. / Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Meteorológicos. Meses*.

[910] O orixinal di *Marzo ventoso y a abril chuvinoso sacame a mayo frorido y e hermoso*.

[911] ms: *e abril*; ms2: *y abril*. / Indica *Abejas* no ms. / Na primeira variante do castelán Vázquez Saco corrixe *buel* por *buen*. Na edición da Real Academia Española que V. Saco manexou do *Vocabulario* de Correas aparecía *buel* por errata. Na edición de Louis Conbet aparece a forma *buen*.

hermoso y al colmenero, merdoso. (Correas) (porque el agua daña las abejas).
El agua daña las abejas, como explica el Correas.

2715. **Marzo ventoso, abril chuviñoso, maio pardo e san Xoán claro valen máis que as mulas i-o carro.** [912] (mc / ms / ms2)
(pt) *Quanto vale o carro e o carril? Tanto como a chuva entre março e abril.* (Chaves) / *Mais vale uma chuvada entre março e abril, do que o carro, os bois, a canga e o canzil.* (Id.)
Véase *Marzo airoso...*

2716. **Marzo ventoso, abril chuvioso, maio pardo e san Xoán claro, son as millores regras do ano.** [913] (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S. / ms15,45r: *Vida Gallega*, 1960)
Var.: *Marzo ventoso, abril chuvioso, mayo pardo, san Xoán claro, son as chaves do ano.* (F.V.S.)

2717. **Marzo ventoso, abril chuvioso, maio pardo e san Xoán claro, son as catro chaves do ano.** [914] (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2718. **Marzo ventoso, abril lluviñoso, maio pardo, san Xuan claro, vale más cós bois i-o carro.** [915] (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento de Las Córneas.)

2719. **Marzo hortelano, moita palla e pouco grano.** (ms5,055: Silvarrey)

2720. **Marzo, esfolarso.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

2721. **Marzo, espigarzo; abril, espigas mil; maio, espigado; san Xoán, curado; en xugo** [sic]**, pan maduro; xuilín, fouce foucín; en agosto dálle no rostro; en setembre come e vende; en octubre semea e cubre.** [916] (ms21,01r: Bermés)

2722. **Marzo, espigarzo; abril, penduril; maio, segado e en san Xoán, mallalo.** [917] (mc e ms: Santiago)

2723. **Marzo, espigarzo.** [918] (mc: Sarria / J. Lage Radío: Santa Eulalia de Xil, Meaño, PO / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-SA: algún lugar de Galicia.)
(ct) *Mes de març, pigards.* (Sanchis)
Mes en que debe espigar el pan para la buena cosecha.

2724. **Marzo, igualalarzo.** [919] (mc: Layosa)
(es) *Marzo, igual.* (R. Marín)
Alude al equinoccio.

2725. **Marzo, magarzo.** (ms / ms4: F.V.S.)

2726. **Marzo, marcego, eu non che teño medo. Con tres días que me faltan e outros tres que me preste meu primo abril, heiche facer meter as cabras no cubil.** [920] (mc e ms4: Santa Comba, Lugo-F.V.S.)

2727. **Marzo, marzo marzán: pola mañán cara de can e ás doce un barrighán.** [921] (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

2728. **Marzo, pelarzo.** (mc: Lalín-F.V.S.)
(pt) *Março, pelarço, as noites como os dias, os meses como os marcos.* (Chaves)
Alude a la dureza del mes, y a la esquila de las ovejas, y de los asnos.

2729. **Marzo, raparzo.** (mc: Bagueixos, Lugo-F.V.S.)
(es) *En marzo se esquilan los burros.* (Sbarbi) (ct) *Pel març ton les ovelles.* (Sanchis) / *Pel març s'esquilen els ases.* (Id.)
Como *Marzo, pelarzo*.

2730. **Mes de marzo, mes de marzo, ti tes a chave do ano.** (ms5,136: *O Gaiteiro de Lugo*, 1957)
Var.: *Marzo, a chave do ano.* (ms15,23: *O Gaiteiro Gallego*, 1956)

2731. **Nas tardes de marzo recolle o teu gando.** [922] (mc: J.P. / ms10,125r: *D.E.*)
(pt) *Tardes de março, recolhe teu gado.* (Chaves) (es) *Tardes de marzo, arrecoge tu ganado.* (Correas)
Porque no venga la tempestad.

---

[912] ms: *qu'as mulas, y o*; ms2: *mayo, cas mulas yo carro*. / Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Meteorológicos. Meses*.

[913] ms: *mayo pardo, San Xoan*; ms15,45r: *Xoan craro, regras*. / Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Meteorológicos. Meses*.

[914] O orixinal di *Marzo bentoso, Abril chubioso, Mayo pardo e San Juan claro son as catro chabes do ano*.

[915] O orixinal di *Marzo ventoso Abril lluviñoso, Mayo pardo San Xuan claro vale mas cos bois yo carro*.

[916] O orixinal di *Marzo, espigarzo; abril, espigas mil; mayo, espigado; S. Xoan, curado; en xugo, pan maduro; xuilín, fouce foucín; en agosto dalle n'o rostro; en setembre come e vende; en octubre semea e cubre*.

[917] ms: *mayo, mallalo*.

[918] Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Meteorológicos. Meses*.

[919] mc: *igualalarzo*. / V. *Marzo, iguarzo* en *Días* (*Duración de los días*).

[920] ms4: *presta meu primo*.

[921] O orixinal di *Marzo, marzo, marzán po la mañan cara de can e as doce un barrijan*.

[922] En ms10 s.v. *Tarde*.

2732. **Nin marzo sin trebóns nin home sin calzóns.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)

2733. **No marzo e no outono sempre vén algo de trono.** (mc: Santiago)

2734. **No marzo non debe de mollar o gato o rabo no agro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

2735. **No marzo, abrigo, noces e pantrigo.** [923] (mc e ms: A.I. / ms21,04v: Bermés)

(es) *En marzo el abrigo, nueces y pan trigo.* (R. Marín)

2736. **No mes de marzo chove tanto com'a meixeira dun gato.** [924] (ms: Cuartilla 11)

2737. **Non ha de chover en marzo máis de canto molle o rabo o gato.** [925] (mc: J.P.)

Variante de otro anterior.

2738. **Non saches a horta na lúa de marzo, que se marcean as coles.** (ms9,13v: Silvarrey)

Marcearse: Ponerse amarillas.

2739. **Non te fíes de can coxeando nin de muller chorando, nin de bon tempo en marzo.** (mc / ms4: F.V.S.)

(pt) *Em manqueira de cão e lágrimas de mulher, não há que crer.* (Chaves) (es) *En marzo cojera de perro y en lágrimas de mujer, no hay que creer.* (Sbarbi)

2740. **O marzo que non marcexa, vén abril e o apedrexa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pape, San Xoán de Silvarrei, Outeiro de Rei, LU)

2741. **O millo botado no marzo, nin moi chego nin moi tardo.** (mc: Santiago)

2742. **O pan: en marzo espigarzo; en abril penduril; en maio granado; en san Xuan curado e pola santa Mariña metido na arquiña.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2743. **O que en marzo espende, antes compra que vende.** (ms8,08v: Otero de Rey)

2744. **O que fiache, en marzo non curache.** (mc: A.N. 2ª serie / ms4: N.V. 2º Serie)

2745. **O que poda por marzo, vindima no regazo.** (ms-SA: José Manuel Area Alonso)

2746. **O sol de marzo mat'as damas no palacio.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2747. **O sol de marzo mata a dama no palacio.** [926] (ms-LU: dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo.

2748. **O sol de marzo queima a dama no palacio.** (ms-SA: M. González Fernández)

2749. **O sol de marzo queima a reina no palacio.** (mc: Puente Arcediago, Coruña)

2750. **O vintecinco de marzo entran as merendas e mais o descanso.** (ms-LU: seminarista anónimo: Terra Cha, LU)

2751. **O vinteoito de marzo entran as merendas e mais o descanso.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

2752. **Os tronos de marzo apretan a cuba cun mazo.** (mc: Monforte / ms4: F.V.S.)

(pt) *Quando troveja em março aparelha os cubos e o baraço.* (Chaves) (es) *Los truenos de marzo, aprietan la cuba con un mazo.* (Sbarbi) (ct) *Tronades pel març, el vi a bassals.* (Sanchis)

Las tormentas de este mes son precursoras de buena cosecha de vino.

2753. **Pito minín, botado en marzo e nado en abril.** (mc: Paradela)

2754. **Polo mes de marzo, río gharzo.** [927] (ms5,135: Estrada, Puente Ulla)

2755. **Por marzo todo ganado val o diñeiro dobrado.** [928] (mc, ms e ms4: J.P.)

2756. **¿Qu'é o que fiache, que en marzo n'o curache?** [929] (mc: J.P.)

2757. **Quen saleu ben de marzo, ben salirá de maio.** (mc: J.P.)

Siempre que las heladas que, a veces se presentan en los primeros días, no malogren la cosecha.

2758. **Quentor de marzo temperán é pró campo ben san.** (ms5,136: *O Gaiteiro de Lugo*, 1957)

2759. **S'en marzo abrigo, hai noces e pantrigo.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Lalín, PO)

2760. **Sácame de marzo, si non pace o rasco.** (ms-SA: algún lugar de Galicia)

2761. **Sácame en marzo: si non pacio, rasco i-á noite veño farto.** (ms12,78: S. Pedro de Orriós, Caurel)

Se pone áspero el monte donde pastan en el invierno y ya desean pacer la yerba.

---

[923] Indica *Agricultura* (*Condición de los meses*) no ms.

[924] mc: *como a meixeira de un gato*.

[925] mc: *mais que canto*. Jacinto del Prado só recolle o refrán coa forma *mais de canto*.

[926] ms-LU: *U sol, nu palacio*.

[927] O orixinal di *Pol-o mes de marzo, rio jarzo*.

[928] mc: *vale o diñeiro doblado*. A forma recollida por Vázquez Saco no mc non se axusta á que aparece no orixinal de Jacinto del Prado.

[929] mc:*¿Què fiache que en marzo non curache?* / Jacinto del Prado non recolle ningún refrán que coincida exactamente co do mc. Supoñemos que as diferenzas se deben a un erro de transcrición de Vázquez Saco.

2762. **Se no marzo ves tronar, prepara cubas e lagar.** (mc: X.R.P.S. *Nós*)

Var.: *Si en marzo oyes tronar, pon as cubas a remollar.* (Baralla) / *Si en marzo trona, pon as cubas a remollo.* (Baralla)

Varios otros insisten en la misma idea.

2763. **Se queres ter bo banastro, corta os vimbios en marzo.** [930] (ms-SA: Juan López Souto: Corrubedo, Ribeira, C / Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2764. **Se queres ter bon garbanzo, seméntao no mes de marzo.** (ms5,029)

2765. **Se ques ter bon cabazo, sementa en marzo.** [931] (ms4, ms e mc: Véase Cuartilla 11 / ms4: C.G.)

2766. **Sempre qu'en marzo hai xiada, cóntase con boa anada.** [932] (mc: J.P. / ms15,45r: *Vida Gallega*, 1960)

2767. **Si canta a ran en marzo, xa cala en abril.** [933] (ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)

2768. **Si en marzo canta a ra, en abril e maio calada está.** (mc: Guntín)

Var.: *Se canta a ra en marzo, non cantará nin en abril nin en maio.* (ms15,05: Silvarrey)

(es) *Cuando marzo mayea, mayo marcea.*

Explicado en otros análogos.

2769. **Si en marzo non canta o cuco, nin en abril a bubela e a ruliña non rulea, mala colleita se espera.** [934] (mc)

Son aves que cantan en los meses que se indican, cuando vienen con el tiempo a propósito para la agricultura.

2770. **Si marzo se vai e o cuco non veu, ou vén a fin ou o cuco morreu.** (mc)

Var.: *Si marzo se vai e o cuco non veu, ou morreu o cuco ou vén a fin.* (J.P.)

Variante de otros que insisten en la misma idea.

2771. **Si marzo volve o rabo, non deixa pastor enzamarrado nin año encencerrellado.** (mc: Piúgos, Lugo / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(pt) *Se março dá de rabo, nem fica ovelha parida nem pastor açamarrado.* (Chaves) / *Quando março buelve* [sic] *de cabo no aleixa carneiro encerrado, nem pastor encamisado.* [935] (Chaves) (es) *Cuando marzo vuelve el rabo, ni deja pastor enzamarrado ni carnero encencerrado.* (Sbarbi) / *Si marzo vuelve el rabo, adiós tu ganado.* (R. Marín) / *Si marzo vuelve el rabo, no queda oveja con pelleja ni pastor azamarrado.* (Sbarbi) (ct) *Març aborrascat ni ovelles ni corders ha deixat.* (Sanchis)

2772. **Si marzo volve o rabo, non queda ovella con pelexa nin pastor deszamarrado.** [936] (ms: J.P.)

(pt) *Se março dá de rabo, nem fica ovelha parida nem pastor açamarrado.* (P. Chaves) (es) *Si marzo vuelve el rabo, no queda oveja con pelleja ni pastor azamarrado.* (Sbarbi) (ct) *Març aborrascat, ni ovelles ni corders ha deixat.* (Sanchis)

2773. **Si no mes de marzo sintes tronar, colle as chaves do pallar.** (mc / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2774. **Si por marzo canta a ra, polo maio calará.** [937] (mc: M.V. / ms: M.L.)

Lo hemos visto repetidas veces.

2775. **Si queres bon banasto, corta os vimbios en marzo.** [938] (mc e ms: J.P.)

2776. **Si queres ter bon cabazo, has de sementalo en marzo.** [939] (mc: Piúgos, Lugo)

(pt) *Se queres bon cabaço, semeia em março.* (Chaves)

2777. **Si queres vivir hermoso todo o ano, foxe do sol de marzo.** [940] (ms, ms4 e ms15,47v: Villanueva, Lalín-F.V.S)

2778. **Sol de marzo cedo, pon o campo ledo.** (mc: Piúgos, Lugo)

Var.: *Sol en marzo cedo, pon o campo ledo.* (ms4: F.V.S.)

2779. **Sol de marzo fire con mazo.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

---

[930] ms-LU: *bon*.

[931] Indica *Labores agrícolas* (*Meses*) no ms.

[932] mc e ms15,45r: *Sempre que en marzo*. Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *qu'en*, aínda que Vázquez Saco rexistraba en ámbolos dous manuscritos *que en*.

[933] O orixinal di *Si canta arran en marzo xa calan en abril*. Escrito por detrás dunha carta dirixida por un laboratorio de Madrid ó médico Antonio Figueiras García, de Pantón. ¿Relación con Trini Figueiras que tamén recolleu refráns en Lugo?

[934] ms4: *a abubela*.

[935] A segunda variante do portugués non a atopamos no refraneiro de Chaves. *Buelve* debe ser un erro de transcrición por *vuelve*.

[936] ms: *azamarrado*. Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *deszamarrado*.

[937] mc: *lará*.

[938] mc: *bimbos*. Jacinto del Prado recollía o refrán tal e como aparece no ms.

[939] ms: *sementa en marzo*.

[940] ms4 e ms15,47v: *hermosa*.

Var.: *Sol de marzo fire coma mazo.* (ms4: J.P.)

(pt) *Sol de março, pega como pegamaço, e fere como maço.* (Chaves) (es) *Sol de marzo, sol de mazo.* (Sbarbi) */ Sol de marzo, hiere con mazo.* (Id.) */ Sol de marzo, pega como mazo.* (Correas) (ct) *Lo sol de Mars, estella el cap.* (R. Marín)

Se dice por lo fuerte y dañoso que suele ser en este mes. (Sbarbi)

2780. **Sol de marzo mata a dama no pazo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

2781. **Sol de marzo mata a dama no palacio.** (Jesús Vázquez: Sarria, LU)

2782. **Sol de marzo mata a dama nu palacio i-o d'abril mata u porco nu cubil.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2783. **Sol de marzo queima a dama no palacio.** (ms21,03v: Bermés)

2784. **Sol de marzo queima as damas no pazo.** [941] (mc e ms3: A.I.)

(es) *Sol de marzo, quema las damas del palacio, mas no las del ordenado.* No quema, pues, a las que hacen vida ordenada y están en su casa, al reparo del sol; pero sí a las ventaneras. (Correas) */ Sol de marzo, quema las dueñas del palacio, mas no las del bien concertado.* (Id.) (ct) *Sol de març crema les dames a palau.* (Sanchis) */ El sol de març fa mal an es cap.* (Id.) */ El sol de març es coneix set anys a la cara.* (Id.)

2785. **Sol de marzo queima as donas no pazo.** (mc / ms21,07v: Bermés)

2786. **Sol de marzo, de rego val ó campo.** (ms5,136: *O Gaiteiro de Lugo*, 1957)

2787. **Tras de marzo vén abril.** (mc)

2788. **Tronos en marzo, ou fame ou mortazo.** [942] (mc: M.V. / ms15,45: Camba / ms21,06r: Bermés / ms10,133r: *D.E.*)

2789. **U mes de marzo é igual co cu dus pequeños.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

Tan pronto chove coma fai sol.

2790. **U que en marzo sinta tronar, cerre a tulla e abra u lagar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Sin pan pero hay vino.

2791. **Vaite, marzo marzano, xa me vas deixando meus boiciños catro; con tres que teño e catro que me preste meu primo abril, heichos chamar todos catro ó chameril.** (mc: J.T.)

2792. **Vénse no san Benito Marzán, vaise no san Benito do vran.** (mc: Calde, Lugo / ms4: F.V.S.)

(ct) *Per sant Benet, el cucut canta tot dret.* (Sanchis) */ Per sant Benet, cada cucut en son indret.* (Id.) */ El cucut, per son dret, hauria de cantar per sant Benet, peró ha jurat i perjurat que no cantará fins a sant Marc.* (25 de abril)

Alude al cuco, que aparece en San Benito (21 de marzo) y se retira [sic]. A veces se retrasa y a ello se refieren otros refranes, como el cat.: *El cucut, per son dret....*

2793. **Vento de marzo seca as donas no pazo.** (ms4)

Var.: *Vento de marzo queima as donas do pazo.*

2794. **Veñan lunas mil e non veñan as de marzo polas de abril.** (mc / ms4: F.V.S.)

Var.: *Lunas mil, e non a de marzo por abril.* (ms15,42: Lugo)

2795. **Viño de marzo lévao a vella no regazo.** (mc: Taboada)

Var.: *O viño de marzo lévao a vella no regazo, i-o de abril enche o barril.* (ms15,45: Chantada)

2796. **Xiada de marzo non mata a mala herba, si o arado non acaba con ela.** (mc: J.P.)

Meses. Abril

2797. **A auga d'abril trai o pan ó carril.** [943] (mc: Santiago)

2798. **A auga d'agosto e o polvo de abril, toca na hucha coma un panderil.** (ms-LU: Antonio Vázquez Paredes: Xubia, Narón, C)

2799. **A auga de abril enche o carro e o cubil.** [944] (mc: J.T. / ms16)

(pt) *Abril, cheio o covil.* (Chaves)

Porque *abril, aguas mil*.

2800. **A auga de agosto e o polvo de abril botan o labrador a pedir.** [945] (mc: O. de Rey / ms16)

Como *A lama de agosto i-o polvo de abril...*

2801. **A auga en abril enche o carro e o carril.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2802. **A augua de abril molla o carro e-o carril.** (ms-SA: M. González Fernández)

---

[941] ms3: *a dama*.

[942] En ms10 s.v. *Tronar*.

[943] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

[944] mc: *y o, henche*; ms2: *d'abril, y-o cubil*; mc: *agua*.

[945] ms: *y o polvo d'abril*; mc: *i o polvo*.

2803. **A iauga d'abril enche o carro i-o carril.** [946] (ms21,01r: Bermés)

2804. **A leite de abril pra min.** [947] (mc e ms17,006: J.P.)

(es) *La leche de abril, para mí; la de mayo, para mi amo* (para su hermano)*, y la de junio para ninguno.* (Sbarbi)

Por los pastos y no es aún intenso el calor.

2805. **A sandía, nin en abril nada nin en maio botada.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

2806. **A trama d'abril nunca é vil e non arde no candil.** (ms18,13r)

2807. **A trama de abril, pouca e vil, e non arde no candil.** [948] (mc e ms: J.P.)

(es) *La trama de abril no enciende en candil.* (Sbarbi)

2808. **Abril abrileiro, cada día seu aguaceiro.** (ms21,08r: Bermés)

2809. **Abril amoroso, san Xoán ventoso.** (mc: Santiago)

2810. **Abril atoldado é pouco mollado.** [949] (ms16: Enc.)

2811. **Abril augas mil, se non ó comezo, ó meio ou ó fin.** (ms-SA: Juan Bello Valiña)

2812. **Abril co rabo sole ferir, ó entrar ou ó salir.** (mc: Gella, Ribadeo)

(pt) *No princípio ou no fim, abril sóe ser ruim.* (Chaves) (es) *Al abril alabo, si no vuelve el rabo.* (Sbarbi)

2813. **Abril chove prá xente e maio prás bestas.** [950] (ms-SA: Juan Bello Valiña)

2814. **Abril do bo dormir.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

2815. **Abril e abrilete e un mes que se lle mete.** (ms4: F.V.S.)

2816. **Abril e maio fan fan fan fariña para todo o ano.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

2817. **Abril e maio son a chave do ano.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

2818. **Abril e maio son as chaves de todo o ano.** [951] (mc: *Dicc. Ac.*)

Var.: *Abril e maio, chaves do ano.* (ms16)

(pt) *Abril e maio, chaves do ano.* (Chaves) (es) *Abril y mayo, la llave de todo el año.* (Correas) (ct) *Abril y Maig tenen les claus de tot l'any.* (Alberola)

De las lluvias y templanza de estos dos meses dependen en gran parte las cosechas.

2819. **Abril e maio son as chaves do ano.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU / seminarista anónimo: Lugo, Lugo, LU)

2820. **Abril e maio son chave de todo o ano.** [952] (ms21,31v: Bermés)

Var.: *Abril e maio son a chave de todo o ano.* (ms4)

2821. **Abril e maio, a chave do ano.** [953] (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2822. **Abril e maio, o ser de todo o ano.** (mc: Buciños)

(pt) *Abril e maio, chaves do ano.* (Chaves) (es) *Abril y mayo, las llaves de todo el año.* (ct) *Abril y Maig tenen les claus de tot l'any.* (Alberola)

2823. **Abril esfola pero maio amola.** [954] (ms-SA: Juan Bello Valiña)

2824. **Abril fai as portas cerrar e abrir e os porcos berrar.** (mc: J.P.)

(es) *Abril hace las puertas cerrar y abrir, y a los cochinos gruñir.* (R. Marín)

2825. **Abril frío e fornos quentes, alegría prós meus dentes.** (mc: M.L.)

Var.: *Abril frío e fornos quentes.*

2826. **Abril frío e mollado enche o celeiro e farta o gado.** [955] (mc: A.C. / ms: E.C.)

(pt) *Abril frío e mollado, enche o celeiro e farta o gado.* (Chaves) (es) *Abril frío, hinche el silo, y mojado, silo y campo.* (Correas) */ Abril mojado, panes trae en el saco.* (R. Marín) */ Abril frío y mojado, hinche el granero y harta el ganado.* (Id.) (ct) *Fred en abril, no faltará pa ni vi.* (Sanchis)

2827. **Abril frío, fornos quentes, alegría prós meus dentes.** (ms21,04r: Bermés)

2828. **Abril frío, pan e viño.** (mc: A.C. / ms: E.C. / ms21,31v: Bermés)

(pt) *Abril frío, pão e vinho.* (Chaves) (es) *Abril frío, pan y vino.* (Hernán Núñez) */ ms: Correas. / Abril frío, mucho pan y poco vino.* (Id.) (ct) *Fred en abril, no faltará pa ni vi.* (Sanchis)

A la letra el de Hernán Núñez: Abril frío, pan y vino. Otro en cambio recoge el Priciano que lo contradice: Abril frío, mucho pan y poco vino.

---

[946] O orixinal di *A-i-auga d'abril enche o carro y'o carril*.
[947] ms: *d'abril*.
[948] ms: *d'abril, n-o candil*.
[949] Este refrán aparecía riscado no reverso dunha folla.
[950] O orixinal di *Abril chove pra xente e Mayo prás bestas*.
[951] ms: *mayo*; ms2: *mayo, son a chave*; ms4: *a chave de*.
[952] O orixinal di *Abril e mayo son chave de todo o ano.*
[953] O orixinal di *Abril e mayo a chabe do ano*.
[954] O orixinal di *Abril esfola, pero Mayo amola*.
[955] mc: *henche*.

2829. **Abril malo perde a maio.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pape, San Xoán de Silvarrei, Outeiro de Rei, LU)

2830. **Abril mata o rato no cubil.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

2831. **Abril mollado, malo pr'hortelano.** [956] (mc e ms: J.P.)

(es) *Abril mojado malo en la huerta, bueno en el campo.* (Sbarbi) (ct) *Abril mullat, mal per a l'hort, bé per al sembrat.* (Sanchis)

2832. **Abril molla, maio amola.** (ms8,17r: Silvarrey)

2833. **Abril mui nubloso é pouco chuvioso.** [957] (mc e ms4: J.P.)

2834. **Abril non era malo, se non fora o aire asturiano.** [958] (mc: Taboada / ms15,27r: Lugo)

2835. **Abril para min e san Xoán par'o can.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)

2836. **Abril pra min, san Xoán pró can.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

2837. **Abril que non chove deixa o labrego probe.** (ms-SA: Juan Bello Valiña)

2838. **Abril quente e mollado, carga o carro i-enche o gado; abril frioleiro i-enxoito, nin pra min nin pra outro.** [959] (ms21,32v: Bermés)

2839. **Abril quente e mollado, carga o carro i-enche o gado.** [960] (mc)

Los mismos efectos que *abril fríó e mollado...*

2840. **Abril saca a espiga a descubrir.** (mc: J.P.)

(es) *Abril saca la espiga a relucir.* (R. Marín)

En llegando abril, cada uno con su fusil. (Sbarbi) Porque en abril, los trigos y las cebadas ostentan ya la espiga, (Sbarbi). Lo mismo que el *pendoril* de los refranes anteriores.

2841. **Abril sempre ruín, ó principio i-ó fin, i-ó medio pra non mentir.** [961] (mc e ms: J.P.)

(pt) *No princípio ou no fim, abril sóe ser ruim.* (Chaves) (es) *Abril, si bueno al principio, malo al fin.* (R. Marín) */ Abril, abrilillo ¿cuándo no fué un pillo?* (Id.) */ Abril, uno bueno entre mil.* (Id.) */ Abril y jornaleros, pocos buenos.* (Id.) / *Abril, abrilero, siempre es traicionero.* (Id.) */ Abril siempre fué vil, que al principio, que al medio, que al fin.* (Id.) / *Abril siempre será ruín, al entrar o al salir o al medio por no mentir.* (R. Marín) / *Abriles y condes, los más son traidores.* (Correas) (ct) *L'a abril és més roin que un aguasil.* (Sanchis)

Insisten todos en el concepto del ya transcrito: *Abriles e mulos...* [962]

2842. **Abril sempre será ruín, ó entrar ou ó saír.** (ms-SA: Juan Bello Valiña)

2843. **Abril sin torbós é como home sin botós.** (mc: Buciños)

2844. **Abril vén con cara de santo e uñas de gato.** (ms-SA: José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)

2845. **Abriles e cabaleiros son ás veces treicioeiros.** (ms-SA: Juan Bello Valiña)

2846. **Abriles e mulos engañan a todos.** (mc: J.P.)

(es) *Abriles y caballeros, todos son traicioneros.* (R. Marín) */ Abriles y señores pocos hay que no sean traidores.* (Id.) */ Abriles y condes, los más son traidores.* (Correas) (ct) *Bon abril i bon cavaller, molt escassos solen ser.* (Sanchis) */ D'abrils i de senyors, n'hi ha pocs que no suguin traïdors.*

La traición de abril, si niega las lluvias mansas, que, con mayo le convierten en llave de todo el año, se comparan con las traiciones de los mulos.

2847. **Abril, abril, de cen en cen anos deberas vir.** (mc e ms16: J.P.)

Var.: *Abril, abril, de cen en cen anos debes vir.* (ms16)

(es) *Abril, abril, de cien en cien años debieras venir.* (R. Marín)

Abundan las paremias de esta apreciación.

2848. **Abril, aguas mil.** [963] (mc: G.P. / ms-SA: Gestoso provincia de La Coruña / ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

(es) *Abril, aguas mil* (Sbarbi) */ Abril para ser abril, ha de tener aguas mil.* (G.P.) (ct) *En abril, aigües mil.* (Sanchis) */ Abril, el de les pluges mil.* (Id.)

Más general, y refiriéndose a aguas blandas y *sin turbiones* (Correas)

---

[956] mc: *pro hortelano*.

[957] ms4: *nubloso e pouco*. Jacinto del Prado recolle só *é pouco chuvioso*.

[958] ms15,27r: *sinon fora*.

[959] O orixinal di *Abril quente e mollado carga o carro y'enche o gado; abril frioleiro y'enxoito nin pra min nin pra outro*.

[960] O orixinal di *Abril quente e mollado, carga o carro y-enche o gado*. / mc: *y henche*.

[961] O orixinal di *Abril sempre ruín, ô princípio y o fin, yo medio, pra non mentir*. / ms: *para non mentir*.

[962] Nesta edición aparece un pouco máis abaixo: *Abriles e mulos engañan a todos*.

[963] ms-SA (José B.): *auguas*.

2849. **Abril, augas mil, coladas por un mandil.** [964] (mc: A.C. / ms: E.C.)

(pt) *Em abril, águas mil coadas por um mandil, e em maio 3 ou 4.* (Chaves) (es) *Abril, aguas mil, cernidas por un mandil.* (Correas) (ct) *En abril, aigües mil.* (Sanchis) */ Abril, el de les pluges mil.* (Id.)

2850. **Abril, búscame no cubil; en maio xa son gran de galo; en san Xuan xa boto as cabras do pan; en julio xa me poño ós bois do xugo.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento de Las Córneas.)

2851. **Abril, cara de gato.** (ms5,136: *O Gaiteiro de Lugo*, 1957)

Var.: *Abril, cara de traidor.*

2852. **Abril, cuiros mil.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

2853. **Abril, espigas mil.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

2854. **Abril, maio e san Xoán son os que levan e tran.** [965] (mc: Carballedo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

Meses decisivos para que la cosecha sea buena o mala.

2855. **Abril, o do bo dormir.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2856. **Abril, pendoril; maio, engraio; san Xoán, segaio.** [966] (mc: *Nós*)

Var.: *Abril, pendoril; maio, granado; san Xoán, curado; e san Martiño, no arquiño.*

Con palabras caprichosas describe el estado del centeno en los meses que se indican: *En abril, cuelga ya la espiga, en mayo, grana y en junio está dispuesta para la siega.* Se refiere a las zonas más cálidas de Galicia.

2857. **Abril, raiolas mil.** [967] (mc: Santiago)

Como *Abril, aguas mil*.

2858. **Abril, si por mal quer vir, as portas non deixa abrir.** (ms21,01r: Bermés)

2859. **Abril, si por mal quer vir, nin as portas deixa abrir.** (mc: A.N. / ms21,01r: Bermés)

(es) *Abril hace las puertas cerrar y abrir, y a los cochinos gruñir.* (R. Marín)

Como *Abril fai as portas cerrar...* ya registrado.

2860. **Anque non chova en tod'o ano, non falten as augas d'abril e maio.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2861. **Anque veñan augas mil, que non falten as d'abril.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

2862. **As augas d'abril enchen o carro i-o carril.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2863. **As augas de abril non deben encher un barril.** [968] (mc e ms: J.P.)

2864. **As augas de abril, todas collen nun barril.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

(es) *Abril, aguas mil, todas caben en un barril.* (Sbarbi) */ En el mes de abril toda el agua cabe en un barril pero si el barril está desfondado todo el campo queda anegado.* (Id.) (ct) *En abril tota l'aigua cap dins un barril.* (Sanchis)

Conviene que llueva muchas veces, pero no en abundancia.

2865. **As augas en abril enchen o carro i-o carril.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2866. **As escarabanadas de abril fan berrar os porcos no cubil.** (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)

Como *Abril fai as portas cerrar e abrir... Escarabanadas* son granizadas. *Escarabanar* lo recoge Carré Alvarellos como sinónimo de *Saravear* = granizar.

2867. **As madrugadas de abril son propias para dormir.** (mc: *Nós*)

(es) *Las mañanitas de abril, se duerme el mozo ruin: las de mayo, el mozo y el amo; y cuando llega San Juan, todos los que en la casa están.* (R. Marín)

Como el siguiente.

2868. **As mañanciñas de abril son moi doces de dormir.** [969] (mc e ms: Carballedo)

(pt) *Manhãs de abril, boas d'andar e doces de dormir.* (Chaves) (es) *Las mañanas de abril dulces son de dormir; y las de mayo no tienen cuento ni cabo.* (R. Marín) */ Las mañanitas de abril, son muy buenas para dormir; y las de mayo, las mejores de todo el año.* (Id.) (ct) *D'es bril, en bon matí, hi fa de bon dormir.* (Sanchis)

2869. **As sandías, nin sementadas en abril nin nadas en maio.** [970] (mc e ms2: C.A.)

---

[964] mc: *agoas*; ms2 e ms4: *augoas*.
[965] ms-LU: *Sanjuán son us que*.
[966] ms: *mayo, engrayo, San Juan segayo*; ms4: *Abril, pandoril*.
[967] *Abril, rayolas mil*.
[968] ms: *d'abril*; mc: *hencher*.
[969] ms: *d'abril*.
[970] ms2: *mayo*.

2870. **Auga d'abril, polvo d'agosto.** (ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU)

2871. **Auga de abril henche o carro i-o carril.** [971] (mc: A.N.)

Var.: *Chuvia en abril enche o carro e o carril.* (ms4: E.C.) / *As augas de abril dan pra encher o carro e mais o carril.* (ms15,43: Meda)

Porque *abril, augas mil*.

2872. **Auga de abril mata a porca no cubil.** (mc: Carballino)

2873. **Auga de abril tolle a porca no cubil.** [972] (mc e ms2: J.T.)

2874. **Auga de abril, graos mil.** (mc: Castroverde)

(es) *Agua en abril, granos mil.* (Sbarbi) (ct) *Aigua per l'abril grans mil.* (Sanchis)

2875. **Augas mil e non falten as do mes de abril.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2876. **Augua de abril trai o pan ó carril.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

2877. **Ca auga de abril e maio nace o pan do ano.** (ms-LU: Félix Rodríguez Vieites)

2878. **Cando abril recacha, queima a vella a maza.** (mc: A.I.)

Abril es inconstante y traicionero.

2879. **Cando en abril chove, en maio a vella queima o tallo.** [973] (ms-SA: J. M. Barral Sánchez)

2880. **Cando no abril e maio arden os montes, no san Joán e Santiago ameten as fontes.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2881. **Canta a ra no mes de abril, encrúa o tempo e vólvese ó cubil.** [974] (mc: A.N. / ms4: C.G. / ms21,17r: Bermés)

(es) *Ranas muy cantoras, serenas auroras.* (Ricart)

Porque su canto acompaña al buen tiempo.

2882. **Como chova en abril e maio, que non chova en todo o ano.** (ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU)

2883. **Chova non chova, en abril está escaso o barril.** (mc: Santiago)

2884. **Chova pa min abril e maio e pa ti todo o ano.** [975] (ms-SA: J. M. Barral Sánchez)

2885. **Chova pa min en abril e maio e pa ti o resto do ano.** [976] (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

2886. **Chova para min en abril e maio, e para ti todo ano.** [977] (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

2887. **Chova por abril e maio, e non chova en todo o ano.** [978] (mc e ms: Buciños)

(pt) *A ti chova todo o ano e a mim abril e maio.* (Chaves) (es) *Lluévame a mí abril y mayo, y a los otros todo el año.* (Correas)

2888. **Chova pra min en abril e maio e pra ti no resto do ano.** [979] (ms-SA: Algún lugar da provincia da Coruña)

2889. **Chova pra min todo o abril e maio, pra ti todo o ano.** [980] (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

2890. **Chóvame a min en abril e maio, e chóvache a ti o resto do ano.** [981] (mc e ms: Buciños)

2891. **Chovendo en abril, hai cosecha a cadril.** (mc: Santiago)

2892. **Chuvia de abril enche o carro e o carril.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2893. **De abril a maio sale a fariña do ano.** [982] (mc / ms / ms4: F.V.S.)

Var.: *D'abril e mayo sale a fariña do ano.*

(pt) *Entre abril e maio, moenda para todo o ano.* (Chaves) (es) *Entre abril y mayo haz harina para todo el año.* (Sbarbi)

2894. **Dios nos quite do polvo d'abril e do bulleiro de agosto.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2895. **Dios nos quite do polvo de abril e das lamas de agosto.** [983] (mc / ms4: F.V.S.)

Var.: *Polvo de abril e barro de agosto, cágome nil.* (ms15,09: Bulso)

(es) *Dios te guarde de polvo de mayo y fango de agosto.* (R. Marín)

---

[971] ms: *Auga d'abril, y-o.*

[972] ms2: *d'abril, n-o cubil.*

[973] O orixinal di *Cando en Abril chove en Mayo a vella queima o tallo.*

[974] ms: *d'abril*; ms2: *d'abril.*

[975] O orixinal di *Chova pa min Abril e Mayo e pa ti todo o ano.*

[976] O orixinal di *Chova pa min en Abril e mayo e pa ti o resto do ano.*

[977] O orixinal di *Chova para min en Abril e Mayo, e para tí todo ano.*

[978] ms: *mayo.*

[979] O orixinal di *Chova pra min en Abril e Mayo, e pra ti no resto do ano.*

[980] O orixinal di *Chova pra min todo o abril e mayo, pra ti todo o ano.*

[981] ms: *mayo, no resto.*

[982] Contén a indicación *Abril. Agrícolas* no ms. / ms: *mayo.*

[983] Indica *A chuvia i-a colleita. Agosto* no ms. / ms: *d'abril, d'agosto.*

2896. **Dos cepos mil garda cento pra abril.** [984] (mc: J.P.)

(pt) *Guarda pão para maio e lenha para abril.* (Chaves) */ Quem me vir e ouvir, guarde pão para maio e lenha para abril.* (Id.) (es) *La vieja de los años mil, guardaba pan para mayo y leña para abril.* (Sbarbi) */ La vieja que supo vivir, pan para mayo y leña para abril.* (Id) (ct) *Guarda pa per a maig i llenya per a abril.* (Sanchis)

2897. **En abril a porca fai o cubil.** (mc / ms4: F.V.S.)

2898. **En abril abre a porta e déixame ir.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2899. **En abril abre a porta ó gado e déixao saír.** [985] (mc e ms16: M.V. / ms: M.L.)

(pt) *Em abril, abre a porta à vaca e deixa-a ir.* (Chaves) */ Em abril guarda o gado, e vai onde tens de ir.* (Chaves)

2900. **En abril abre as portas e déixame ir.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento de Las Córneas.)

2901. **En abril ábreme as portas e déixame salir.** (ms-SA: algún lugar de Galicia)

2902. **En abril arden os ferros do carril.** (mc: Santiago)

2903. **En abril berra o porco no cubil.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)

2904. **En abril cada pinga val por mil.** (mc: *Dicc. Ac.*)

(es) *En abril, cada gota vale por mil,* o *vale mil.* (Sbarbi) (ct) *En abril cada gota val per mil.* (Sanchis)

2905. **En abril cantas poidan vir.** (mc: J.T.)

Aguas, porque es el de las aguas mil.

2906. **En abril cear sin candil.** (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) / ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

2907. **En abril cubre a vella o mandil.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bretoña, A Pastoriza LU)

2908. **En abril chían os porcos no cubil.** (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)

Sobre todo, cuando, como indica un refrán ya transcrito, *abril vuelve el rabo*.

2909. **En abril déixame dormir i-en maio de meu me caio.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2910. **En abril déixame dormir que en maio de meu me caio.** [986] (mc: A.I. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms12,70)

(pt) *Em maio com sono caio, em S. João, por esse chão.* (Chaves)

De las mañanas de abril, dulces para dormir, habla un refrán anterior.

2911. **En abril déixame dormir.** (ms21,03r: Bermés)

2912. **En abril e maio a vella queima o tallo.** [987] (ms-SA: José Cornes Iglesias: Santiago de Buxán, Val do Dubra, C)

2913. **En abril empezan as flores a lucir.** (mc: Santiago)

2914. **En abril enche o carro i-o carril.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

2915. **En abril está no cubil; en maio, co pai ó lado; en san Xuan xa lle dá unha carreira ó can; en santa Mariña xa matan a cabritiña; i-en agosto tiran o boi ao pozo.** [988] (mc: La Gudiña / ms11,25: Gudiña, Orense)

Var.: *En abril cátanos no cubil; en maio xa son bon gaio; en santa Mariña xa vou pola cabritiña; en agosto xa vou co meu pai polo rostro; en Santos xa mato os bois nos campos; i-en xaneiro xa podo co carneiro.* (ms / ms4: F.V.S.)

Describe las fases del desarrollo del lobo. (mc) / Acerca del desarrollo del lobo. (ms11,25).

2916. **En abril estou no cubil.** [989] (mc: *Dicc. Ac.*)

Habla el lobo. Es la primera fase de los anteriores.

2917. **En abril fan os paxaros o niu.** (mc)

(ct) *En abril tot pardal fa son niu.* (Sanchis)

2918. **En abril inda a auga henche o camiño.** (mc: Santiago)

2919. **En abril inda a vella queima o bandil.** (mc: Santiago)

2920. **En abril inda a vella queima o pernil.** (mc: Santiago)

2921. **En abril mata o porco no cubil, e en maio mátao dun ano.** (mc: *Dicc. Ac.*)

Var.: *O'inverno de abril mete o porco no cubil, i-o de maio mata o de un ano.* (ms15,45: Chantada)

2922. **En abril mata o porco no cubil.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

2923. **En abril morre o cocho no cubil.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

---

[984] mc: *pra abril*.
[985] ms: *abr'a porta*; ms4: *salir*; ms16: *as portas*.
[986] ms e ms-LU : *qu'en*; ms12,70: *no mayo, cayo*.
[987] O orixinal di *En abril e mayo a bella queima o tallo*.
[988] ms: *San Juan*.
[989] Indica *Lobos* no ms.

2924. **En abril o porco berra no cubil.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2925. **En abril o porco deixa u cubil.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2926. **En abril para min e en san Xuan pó can.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2927. **En abril queima a vella o mandil.** (mc: J.T.)

Var.: *En abril queima a moza o mandil.* (ms16) / *En abril queimou a moza o mandil.* (mc: J.P.)

(pt) *Em abril queima a velha o carro e o carril, e uma camba que deixou, em maio a queimou.* (Chaves) (es) *En abril quemó la vieja el mandil, y en mayo, el escaño.* (Sbarbi) / *En abril quemó la moza el mandil, y en mayo, el escaño.* (R. Marín)

Por el frío.

2928. **En abril ronca o porco no cubil.** [990] (mc e ms16: Velle / ms16)

Var.: *No abril inda tembla a porca no cubil.* (Orense)

Queda atrás otra variante.

2929. **En abril sal o cuco do cubil.** (ms21,02r: Bermés)

2930. **En abril sale o raposo do cubil.** (ms-SA: Eliseo López Varela)

2931. **En abril sete lobos no cubil.** (ms21,10v: Bermés)

2932. **En abril somentar co mandil.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

2933. **En abril unha pingueira vale por mil.** (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

2934. **En abril vai onde has de ir, e no mesmo mes torna outra ves.** (mc)

Var.: *En abril vai onde has de ir, e no mesmo mes torna a vir outra ves.* (mc / ms21,31v: Bermés)

(pt) *Em abril vai a velha onde tem de ir e vem dormir ao seu covil.* (Chaves)

Han crecido los días.

2935. **En abril cénase con sol e déitase sin candil.** [991] (mc: S. Victorio de R. de Miño / ms / ms16)

(es) *En abril, cena el mozo sin candil; y en mayo, el mozo y el amo.* (R. Marín)

2936. **En abril sale o cocho do cubil.** [992] (mc e ms: Santiago)

Var.: *En abril o cocho sale do cubil.* (ms)

2937. **En abril sale o cuco do cuquiro.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)

2938. **En abril, augas mil, que todas collan nun candil.** [993] (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *En abril, las aguas mil, que todas cojan en un candil.* (Sbarbi) / *En el mes de abril, toda el agua cabe en un barril.* (Id.) (ct) *En abril tota l'aigua cap dins un barril.* (Sanchis)

2939. **En abril, augas mil, veñan todas e non falten as de abril.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

2940. **En abril, augas mil, coladiñas por un mandil.** [994] (mc: J.T.)

(pt) *Em abril águas mil coadas por um mandil e em maio 3 ou 4.* (Chaves) (es) *En abril, aguas mil, coladas por un mandil; en mayo, tres o cuatro, y ésas con buen barro.* (Correas)

Queda atrás una variante, con las correspondientes peninsulares.

2941. **En abril, augas mil.** (mc: A.I. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms21,04r: Bermés)

(pt) *E próprio do mês d'abril, as águas serem às mil.* (Chaves) (es) *Abril, aguas mil.* (Sbarbi) (ct) *Abril, el de les pluges mil.* (Sanchis) / *En abril aigües mil.* (Alberola)

Véase *Abril, aguas mil*. Añadimos aquí la correspondencia port.

2942. **En abril, coiros mil.** (ms5,027: Mondoñedo)

2943. **En abril, con día no cubil.** [995] (mc e ms: Buciños)

2944. **En abril, chuvia hastra que corno da vaca se pudra.** (ms15,23: *O Gaiteiro Gallego*, 1956)

En abril, espigas mil; polo san Lucas, suca, boi, suca; polo san Simón, varón, que pasa sazón; polo san Xuan sécalle a primeira raíz ó pan; polo San Pedro sécalle a do medio; polo Santiago sécalle a do cabo; pola santa Mariña bótalle a fouciña. (mc: Mourence, Villalba-F.V.S.)

Agrupa una serie de refranes que registramos en su lugar. / San Lucas (18.10); San Simón (28.10); San Xuan (24.6); San Pedro (29.6); Santiago (25.7); Santa Mariña (18.7).

2945. **En abril, espigas mil; polo [san Lucas, suca, boi], suca; polo san Simón, varón que pasa sazón; polo san Juan, sécalle a**

---

[990] mc: *rouca*.
[991] mc: *con candil*.
[992] ms: *u cocho, du cubil*.
[993] ms4: *as augas mil*.
[994] mc: *caladiñas*.
[995] ms: *ô cubil*.

primeira raíz ó pan; polo san Pedro, sécalle a do medio; polo Santiago, sécalle a do cabo; pola santa Mariña, bótalle a fouciña. (ms: Mourence, Villalba)

Var.: *Polo san Lucas suca, boi, suca e polo san Simón suca varón que pasa sazón.* (ms15,22)

2946. **En abril, espigas mil.** (mc: Belante, Sarria)

(es) *En abril, espigas mil.* (R. Marín) (ct) *Aigua per l'abril, grans mil.* (Sanchis)

2947. **En abril, flores mil, peixes mil e augas mil.** (mc: S. Loureiro)

(es) *En abril, flores, olores y predicadores.* (R. Marín)

2948. **En abril, niños mil.** (mc: Santiago)

2949. **En abril, por mor do frío, non quites nin un fío.** [996] (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

Var.: *En abril, por morto de frío, non te quites un fío.* (ms16)

(ct) *No te'n toquis ni un fil pel mes d'abril.* (Sanchis) / *En abril no et lleves fil.* (Id.) / *Fins a coranta d'es bril, no et llevis un fil.* (Id.)

2950. **En abril, se sopla o aire, trigo con abundancia pero, se sopla demasiado, nin palla nin grano.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

2951. **En lúa de abril tardía ningún paisano confía.** [997] (mc, ms e ms16: J.P.)

(es) *En luna de abril tardía, ningún labrador confía.* (R. Marín)

2952. **Entre abril e maio están as chaves de todo o ano.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2953. **Falan de que nunca se viu o abril que non fora ruín, sexa ó entrar sexa ó saír.** (ms-SA: Manuel Barrós Fachal / Algún lugar da provincia da Coruña)

2954. **Falten augas mil e non as do mes de abril.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento de Las Córneas.)

2955. **Fallen aguas mil e no fallen as de abril.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2956. **Frío d'abril, hastr'as penas vai ferir.** [998] (mc, ms e ms4: J.P.)

(pt) *Frio de abril nas pedras vai ferir.* (Chaves) (es) *Frío de abril a las peñas vaya a herir.* (Correas)

[996] mc: *non te quites un fío*.
[997] mc e ms16: *luna de abril*
[998] mc: *hasta as pedras*; mc, ms, ms4: *Frìo de Abril*. Jacinto del Prado só recolle o refrán coa forma *hastr'as penas*.

2957. **Humedades de abril malas son de salir.** [999] (mc e ms: J.P.)

(es) *Humedades de abril malas son de salir.* (Correas)

2958. **Lama de agosto e polvo de abril fan tocar as huchas como tamboril.** [1000] (mc: Villalba)

Var.: *Lodo de agosto e polvo de abril fan ir o home a pedir.* (mc e ms4: Paradela-F.V.S.) [1001]

Acaban con las reservas de la cosecha anterior, al faltar las aguas de abril y el calor de agosto, por eso pide otro refrán ya registrado que *Dios nos quite dos polvos de abril e das lamas de agosto*.

2959. **Lama de agosto e polvo de abril tocan as huchas como tamboril.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2960. **Lúas, dúas mil, e non veña a de abril.** (mc: M.L.)

2961. **Máis vale auga entre abril e maio que os bois e mais o carro.** (mc: J.P.)

Explicado en variantes anteriores.

2962. **Mes de abril, auga pouca e nubes mil.** (mc: J.P.)

(es) *Mes de abril, agua poca y nubes mil.* (R. Marín)

2963. **Millo de abril, cágome nil.** (mc: Taboada-F.V.S.)

2964. **No abril déixame dormir que no maio de meo me caio.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2965. **No abril estou no cubil, no abril vivo e no maio revivo.** [1002] (mc: Cuartilla 12)

Habla el cuco.

2966. **No abril vive e no maio revive.** [1003] (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)

Como el anterior.

2967. **No comenzo ou no fin abril é ruín.** (ms: C.G.)

(pt) *No princípio ou no fim, abril sóe ser ruim.* (Chaves) (es) *Al principio o al fin, abril suele ser ruin.* (Gella) / *Abril con el rabo suele herir: al entrar o al salir.* (Id.) (ct) *Al principi o a la fi, l'abril sol esser roi.* (Sanchis)

[999] ms: *d'abril*. O orixinal de Jacinto del Prado coincide co refrán do mc.
[1000] ms: *tocal-as huchas*. / Indica *A chuvia i-a colleita. Agosto* no ms.
[1001] ms: *d'agosto, d'abril fai ir*.
[1002] ms: *mayo*.
[1003] Indica *Cuco* no ms.

2968. **No mes d'abril sale o cuco do cubil.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2969. **No mes de abril a auga mata a porca no cubil.** (mc: J.T.)

2970. **No mes de abril canta o cucu e u pendril.** [1004] (ms-SA: Algún lugar da provincia da Coruña)

2971. **No mes de abril sai o zorro do cubil e no maio xa é bon galo.** [1005] (mc / ms)

Explicado anteriormente.

2972. **No mes de abril, aguas mil.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2973. **No mes de abril, cuco morto ou non quere vir.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2974. **No principio ou no fin abril é ruín.** (mc: C.A. / ms: E.C.)

Var.: *No principio ou no fin abril soe ser ruín.* (ms16) / *Nunca se mirou abril que non fora ruín, cando ó entrar, cando ó saír.* (ms15,23: *O Gaiteiro Gallego*, 1956)

(pt) *No princípio ou no fim, abril sóe ser ruim.* (Chaves)

Véase *Abril sempre ruín...*

2975. **Non ha de romper o barril brote que vén en abril.** (mc: J.P.)

(pt) *Vinha que rebenta em abril, dá pouco vinho para o barril.* (Chaves)

2976. **Non pode decirse inverno pasado mentras abril n'está acabado.** (mc: J.P.)

(es) *Ningún invierno es pasado, mientras que abril no ha acabado.* (Sbarbi) (ct) *No donguis l'hivern per passat, que l'abril no sia acabat. / Abril finat, hivern passat.* (Sanchis)

2977. **Nunca se mirou abril que non fora ruín.** (ms-SA: José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)

2978. **Nunca se mirou abril sin ser ruín.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

2979. **O abril, frío e mollado, aula** [sic] **o celeiro e farta o gado.** [1006] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2980. **O año de abril henche o regazo i-o mandil.** [1007] (mc, ms e ms4: A.N. / ms21,04r: Bermés)

Var.: *O año de abril enche o carro y-o mandil.*

(es) *El cordero en mayo, retoza en el prado.* (R. Marín)

2981. **O fol de abril mata a mosca no cubil.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pape, San Xoán de Silvarrei, Outeiro de Rei, LU)

2982. **O lodo en abril bota a calquera a pedir.** (mc / ms4: F.V.S.)

2983. **O millo de abril lev'o a vella no mandil.** (ms15,11)

2984. **O millo de abril, cágome nil; o de san Xoán, doullo ó can, i-o de maio, lévoo no carro.** [1008] (mc, ms2 e ms4: Berbetoros, Palas de Rey-F.V.S. / ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento de Las Córneas.)

2985. **O polvo de abril non é de reis.** (ms15,45r: Burón, Fonsagrada)

Porque abril, aguas mil. El polvo en este mes no hace reyes. Lo aplican especialmente a las colmenas.

2986. **O sol de abril mata a porca no cubil.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2987. **O trigo en abril graado, en abril curado e en santa Mariña metido na arquiña.** (ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

2988. **O vinte de abril vai o burro onde non debe ir, i-o vinte de maio vai o burro buscar o recado.** (ms8,64v: La Cañiza)

El 20 de abril es día clásico para meter pullas en toda aquella comarca.

2989. **Os trobos de abril enchen o carro e o carril.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

2990. **Ovos, de abril, e pitos, de maio.** [1009] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2991. **Polo abril sale o cucu de cubil.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)

2992. **Polo cinco de abril, ou o cuco ou a fin.** [1010] (mc: Taboada-F.V.S.)

Otros dicen *entre marzo e abril...*, como dejamos apuntado.

[1004] A palabra *pendril*, nunca vista, probablemente está por *pendoril*, que aparece en moitos refráns referidos ó centeo: *Marzo espigarzo, abril pendoril, maio granado, san Xoán segado, santa Mariña á airiña*. ¿Metáfora de que nese mes a espiga xa pesa?

[1005] mc: *con galo*; ms: *xe bon galo*. / Indica *Zorros* no ms.

[1006] Este refrán, relativamente frecuente, remata en *enche o celeiro e farta o gado*. Supoñemos que *aula* é un erro do autor do manuscrito, que máis dunha vez presenta grafías difíciles de ler.

[1007] ms: *regazo y-o mandil*; ms4: *ench'o regazo y-o mandil*; ms21,04r: *d'abril*.

[1008] mc: *levo no carro*; ms2: *c... n'il, Xuan, y o*; ms-LU: *cajome nel, San Xuan, yo de mayo levo pro carro.*

[1009] Indica *Animales domésticos* no ms. / ms-LU: *d-abril*.

[1010] ms: *d'abril*; ms15,27r: *Entre marzo y'abril, o fin.*

2993. **Polo dez de abril, cuco morto ou non quer vir.** [1011] (mc: Paradela-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

2994. **Por abril arregla o candil.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

2995. **Por abril, aguas mil.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

3572. **Netal mollado dá xaneiro nevado.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)

3573. **No mes de Nadal a agua cobre o fondal.** (mc: Coruña)

3574. **No mes morto nin sáche-la horta nin capes o porco.** [1248] (mc e ms: M.L.)

Contrario al que comienza: *No mes de Santos, sacha a horta...*

3575. **O que en Nadal non rega, en agosto non sega.** (mc: Santiago)

3576. **O que en Navidad xenta, en maio ayuna.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

3577. **O [que] queira bon allal qu'o sembre no mes de Nadal.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU)

3578. **Quixera vir un Nadal mollado pra un xaneiro nevado.** (mc: Santiago)

3579. **S'o Nadal nada, señal de boa anada.** [1249] (mc: M.L. / Juan Bello Valiña / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Var.: *Cando o Nadal nada...*

3580. **Si en Nadal chove, ningún de fame morre.** (ms5,136: *O Gaiteiro de Lugo*, 1957)

3581. **Tantos días de sol no mes de Nadal como días de chuvia no mes de san Xoán.** [1250] (mc e ms: S.P.P. *Ultreya*)

METEOROLÓGICOS. V. tamén *Estrellas, Marítimos* (subtemas relacionados cos prognósticos meteoroloxicos), *Niebla, Nieve, Nubes, Pronósticos atmosféricos, Sequía, Tiempo, Viento*.

3582. **A chover, a chover, millor na malla que na vendimia.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)

3583. **A lúa de xaneiro non quer compañeiro, non sendo a de agosto, que lle dá polo rostro.** (mc: Santiago / ms: Fernández Pazos)

Como *Luar de xaneiro, non ten parceiro...*

3584. **A lúa de octubre sete lunas cubre.** (mc: C.A. / ms: E.C.)

Var.: *A lúa de octubre sete cubre.* (E.C.)

(pt) *Lua septiembrina, sete luadas declina.* (Chaves / ms: R. Marín) (es) *La luna de octubre siete lunas cubre; y si llueve, nueve.* (R. Marín) */ La luna de octubre, cinco lunas cubre.* (Sbarbi) (ct) *En octubre la llunà, set atres cobrirà.* (Sanchis) */ Lluna d'octubre, set ne descubre.* (Id.)

En Portugal, dicen lo mismo de la de setiembre. Indica el refrán que tal como se presenta la primera suelen ser las condiciones meterológicas de las restantes.

3585. **A lúa de octubre sete lunas cubre; e non vai como pinta senón como terceira ou quinta.** [1251] (mc: Gella, Marín / ms15,11)

(es) *La luna no es como pinta, sino como tercia y quinta; y si como quinta octava, lo mismo que empieza acaba.* (Gella) (ct) *La lluna no com pinta, sino com tèrcia y quinta.* (Alberola)

3586. **A lúa non é como a pinta senón como primeira e quinta, e, si coma quinta e octava, coma comezou, acaba.** [1252] (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

(pt) *A lua não é como pinta mas como quinta.* (Chaves) */ A lua como pinta, assim trinta.* (Id.) (es) *La luna no es como pinta, sino como tercia y quinta; y si como quinta octava, lo mismo que empieza acaba.* (Gella) (ct) *La lluna no com pinta, sino com tèrcia y quinta.* (Alberola)

3587. **A lúa non é como pinta, que é como quinta; e si octava como quinta, como principia, acaba.** (mc: Museo)

(pt) *A lua não é como pinta mas como quinta.* (Chaves) */ A lua como pinta, assim trinta.* (Chaves) (es) *La luna no es como pinta, sino como tercia y quinta; y si como quinta octava, lo mismo que empieza acaba.* (Gella) (ct) *La lluna no com pinta, sino com tèrcia y quinta.* (Alberola)

3588. **A lúa nova é lúa boa.** (ms21,31v: Bermés)

3589. **A lúa que quixo entrar xeando, medrou mollando.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

A luna nueva con heladas, sigue un creciente con lluvias.

3590. **A luna non é como pinta sinón como quinta.** (ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C)

3591. **A millor señal pra chover é vela caer.** [1253] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3592. **A muita auga fai a pouca anada.** (ms15,15)

[1248] *No mes morto, nin sachel-a horta, nin capes o porco.* / Refírese a decembro. / mc: *rachel-a horta* / Indica *Labores agrícolas* (*Meses*) no ms.

[1249] ms-LU: *Si Nadal* / J. Bello Valiña: *Se o Nadal, sinal*.

[1250] ms: *Tantos de sol*, ms e ms4: *no de San Xoán*.

[1251] ms: *d'outubre*; ms4 e ms15,11: *van como pinta*.

[1252] ms e ms4: *como pinta, se coma, comenzou*.

[1253] ms-LU: *sinal, vel'a caer*.

3593. **A nebliña da auga é madriña.** (mc: Lugo-F.V.S.)

(es) *La neblina del agua es madrina, y del sol, más aina, o la ñeblina.* (Correas)

3594. **A niebla de Valiña a Lodos faltará un día pero non-os faltará todos.** [1254] (mc / ms4: F.V.S.)

3595. **A ruliña a rular, colle o fol e vai sementar.** [1255] (mc: Santiago / ms: Ramón Pereira Comparada / ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

Var.: *O cuquiño a cucar e a ruliña a rular, colle o fouciño e vai sementar.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

3596. **Aire caldelao tres días toca en vao.** (mc: Tuiriz, Monforte)

De Castro Caldelas. Puede durar tres días sin traer agua.

3597. **Aire de Calde non traballa en balde.** (mc: Lugo-F.V.S.)

Calde, parroquia inmediata a Lugo, hacia el sur. Trae agua.

3598. **Aire de Lugo, auga no fuciño.** (ms-LU: Julio Elías Bello Méndez: O Santo, Árbol, Vilalba, LU)

3599. **Aire de Lugo, auga no puño.** (mc: C.G. / ms3: C.A.)

Se dice en las comarcas situadas al sur de Lugo. [1256]

3600. **Aire de Meira, caldeir'á goteira.** [1257] (ms4: M.L. / ms-LU: Julio Elías Bello Méndez: Ferrol, Ferrol, C / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3601. **Aire de Neira, auga á carreira.** (mc: Neira de Rey)

Neira es la tierra extendida al sur de la feligresía en que oímos el refrán.

3602. **Aire de Ourense, sol que nos quente.** (mc)

3603. **Aire de Portugal, vellas ó xestal.** (mc: J.T.)

Anuncia buen tiempo y se puede salir de casa.

3604. **Aire de Sarria, ou moito ou nada.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Corgo, LU)

3605. **Aire de terra, augas a xerras.** [1258] (mc: U.C. / mc: Cuartilla 15)

3606. **Aire do Candán: todo arriba, abaixo nada. ¡Dios nos libre da cabra fanada!** (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

3607. **Aire do norte, aire de merda: polo aire do norte perdín a miña herba.** (mc: Pedraza)

3608. **Aire do poniente, solta os bois e vente.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

3609. **Aire do soán, augua na man.** (ms-SA: Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)

3610. **Aire norte, auga forte.** (mc: J.T.)

(pt) *Norte bravo, chuva no cabo.* (Chaves)

3611. **Aire norte, tempo forte.** (mc: Páramo)

3612. **Aire peroxao, nin auga nin vrao.** (mc: Buciños)

De la Peroja, al oeste de Buciños (Carballedo).

3613. **Aire sarriao ou moita ou nin un grao.** [1259] (ms18,65r: Páramo)

Chuvia.

3614. **Aire sarriao, ou moita chuvia ou nin grao.** (mc: Páramo)

De Sarria (Lugo).

3615. **Aire solán, auga na man no inverno pero non no vran.** (mc: Lugo)

(pt) *Vento suao, chuva na mão; de inverno sim, de verão, não.* (Chaves)

3616. **Aire solán, auga na man.** (mc: A.I.)

(es) *Aire solano, agua en la mano.* (Correas)

3617. **Aire solán, troitas á man.** (ms: F.V.S.)

3618. **Aire solaño, tres chos traballa en vano.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3619. **Aire suán, auga na man.** [1260] (mc: Santiago / ms: Manuel Tojo Reboredo)

3620. **Aire sudán, agua na man.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3621. **Aire villalbés, auga por un mes.** [1261] (mc: Pol-F.V.S.)

De Villalba (Lugo).

3622. **Aire zamorao, auga na mao.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Corgo, LU)

3623. **Alba rubia, vento ou chuvia.** (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)

(es) *Alba rubia, viento o lluvia.* (R. Marín) / *Alba roja, capa moja.* (Id.) / *Alba roja, sopla o moja.* (Gella) / *Alba roja, barba moja.* (Id.) / *Alba roja, pita moja.* (Id.) / *Alba roja, vela moja.* (Id.)(eu) *Alba gorri, negoa edo uri.* (Id.)

3624. **Albas pardas, ventos ou augas.** (mc: G.P.)

[1254] ms e ms4: *da Valiña*.

[1255] ms-SA: *Arroliña, arrolar, vai a sementar*.

[1256] Cremos que, coma os anteriores, isto tense que dicir ó norte de Lugo, porque o aire do sur é o que trae a auga.

[1257] ms-LU e ms-LU (Julio Elías B.): *caldeiro a goteira*.

[1258] ms4: *augoas*.

[1259] *Aire sarriao ou mouta, ou nin un grao* (chuvia).

[1260] ms3: *Aire Sudán*.

[1261] ms: *auga pra un mes*; mc: *villabés*; ms4: *pra un mes*.

3625. **Anda a silva en flor, pon a canada ó sol.** (mc e ms5,135: Cervantes)

Var.: *Desque a silva bota a frol, pon a canada ó sol.* (ms4: M.L.) / *Ves a silva na flor, pon o canado ó sol.* (ms5,135: Samos)

Porque en ese tiempo, disminuye la leche. (mc) / Cuando la zarza -silva- florece (por agosto), las hierbas tienen menos jugo, y las vacas dan menos leche. (ms5,135)

3626. **Antes faltará o fillo ó pai que a auga ó aire.** (mc: Baralla)

(es) *Antes faltará al hijo el padre que el agua al aire.* (R. Marín)

3627. **Antes lle falta a mai ó fillo que a xeada ó granizo.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *Antes faltará la madre a su hijo que la helada al granizo.* (R. Marín)

3628. **Ao sol madrugadeiro non abras o madeiro.** [1262] (ms4 e mc: C.A. / mc / ms4: M.L.)

Porque no es duradero, como veremos en otros más adelante.

3629. **Arco á matina, á tarde tormentina.** [1263] (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

(es) *Arco a la maitina, apareja la gabardina.* (Gella) */ Arco de matina, ponte la capuchina.* (Id.) */ Arco a la matina, prepara la capuchina.* (Id.) */ Arco de matino, vístete el capuchino.* (Id.) / *Arco iris al amanecer, agua antes de anochecer.* (Id.) (ct) *Arco per el matí, prepara el capotí.* (Id.)

Hay muchas variantes, y alude al arco iris mañanero.

3630. **Arco da vella a levante, fala ós bois para adiante.** (mc: José Ríos González. Santiago)

Porque hará buen tiempo.

3631. **Arco da vella á mañanciña, prepara a capotiña.** [1264] (mc: Sar., Bayona y Ribadeo / ms18,69r: Gella.-Ribadeo-Bayona)

(es) *Arco iris al amanecer, agua antes de amanecer. / Arco a la matina, apareja la gabardina. / Arco al maitino, vístete de capuchino.* (R. Marín). */ Arco a prima, ponte la capuchina.* (Gella) (ct) *Ralla del matí, l'aigua es aqui.* (Gella)

Como *Arco á matina...*

3632. **Arco da vella á tarde non vén de balde: se non trai chuvia, traerá aire.** [1265] (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S. / ms15,45: Fraguas, *Vida Gallega*)

3633. **Arco da vella en Penaxuá vale máis pola noite que pola mañá.** (mc: Buciños)

3634. **Arco da vella no levante, fala ós bois pra diante.** [1266] (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Camino Sánchez)

3635. **Arco da vella no poniente, ceiba os bois e vente.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

3636. **Arco da vella ó poniente ceiba os bois e vente.** [1267] (mc: José Ríos González. Santiago / ms-SA: Manuel Boado Vázquez: Santa María dos Ánxeles, Boimorto, C / ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO / M. Camino Sánchez)

Augura lo contrario de lo anterior. [1268]

3637. **Arco da vella ó poniente, colle os bois e vente.** (ms-SA: José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO)

3638. **Arco da vella ó poñente, saca os bois e vente.** (ms-SA: Ramón Viña Varela: Golmar, A Laracha, C)

3639. **Arco da vella ó radiante, dálle ós bois para diante.** (ms-SA: José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO)

3640. **Arco da vella ó raiante, anda boi pra diante; arco da vella ó poniente, ceiba e vente.** [1269] (mc: Buciños)

(es) *Arco iris por Levante, levanta el tiempo al instante.* (Gella) */ Arco iris por Poniente, recoge los bueyes y vente.* (Gella) / *Arco a poniente, amarra la barca y vente; arco a poniente leva el arte y vente.* (Sar.)

Recoge la enseñanza de los dos anteriores.

3641. **Arco da vella ó raiante, fala ós bois e vente.** [1270] (ms-SA: Ramón Viña Varela: Golmar, A Laracha, C)

3642. **Arco da vella ó reante, fálalle ós bois pa diante.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

3643. **Arco da vella [en] Penaxuá, vale máis á noite que a pola mañá.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3644. **Arco da vella a la sera, boa noite espera.** [1271] (mc: Gella, Bayona)

(es) *Arco a la sera, buen tiempo espera.* (Gella) */ Arco por la tarde, buen tiempo aguardes.* (Id.) / A pesar de ello el mismo

---

[1262] mc e ms4(M.L.): *O sol*.
[1263] ms4: *Arco e matina*.
[1264] ms4: *â mañaniña*.
[1265] ms4: *Arco de vella, trai aire*.
[1266] M. Camino Sánchez: *Arco de vella*.
[1267] ms-SA (Manuel B.): *ponente* / M. Camino Sánchez: *Arco de vella*; ms-SA (Manuel O.: *puniente*.
[1268] O anterior no mc era *Arco da vella a levante, fala ós bois para adiante*.
[1269] ms: *rayante*.
[1270] *Arco da bella* (*Iris*) *ó rayante fala os bois e vente*.
[1271] ms4: *Arco de vella*.

Gella sin indicación de procedencia, registra: *Arco por la sera, mal tiempo espera.* (ct) *Arc per la esprá, bon temps fará.* (Id.)

3645. **Arco da vella, auga na terra.** (mc: Gella)
(pt) *Arco da vella por água espera.* (Chaves) (es) *Arco, mañana charco.* (R. Marín)

3646. **Arco de vella ó poniente, pícalle ós bois e vente.** (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

3647. **Arco de vella reante, pícalle ós bois pre diante.** (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

3648. **Arco iris de sera, boa noite ch'espera.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

3649. **Arco ponente, colle o boi e vente.** (mc: C.A.)
(es) *Arco iris por Poniente, recoge los bueyes y vente.* (Gella) */ Arco a poniente, amarra la barca y vente.* (Id.) */ Arco a poniente, leva el arte y vente.* (Id.)

3650. **Arco raiante, ei boi pra adiante; arco ponente, colle o boi e vente.** [1272] (ms18,47r)

3651. **Arco raiante, o boi pra adiante.** (mc: C.A.)
Var.: *Arco rayante, ei boi, pr'adiante.* (C.A.)
(es) *Arco iris al levante, levanta el tiempo al instante.* (Gella)

3652. **As henchentes de san Simón, ou antes ou despois, sonadas son.** (mc: G.P.)
San Simón (28.10).

3653. **Auga da sega, se falta hai dela, falta queda.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

3654. **Auga de bolos molla os corvos.** (mc: Paramo-F.V.S.)

3655. **Auga de mediodía, auga todo o día.** [1273] (mc: Santiago / ms9,07r: Aguada)
(es) *Agua de mediodía, agua para todo el día; agua a la tarde, no es durable.* (Gella)

3656. **Auga de nube, a uns baixa, a outros sube.** [1274] (mc e ms: J.P.)
(es) *Agua de nube, a unos los baja y a otros los sube.* (R. Marín)

[1272] *Arco rayante, ei boi pra adiante; arco ponente, colle o boi e vente.*
[1273] ms9, 07r(Aguada): *medodia*.
[1274] mc: *Agua*; mc e ms: *a uns baixa*. O orixinal de Jacinto del Prado coincide co refrán recollido en ms, aínda que a forma *unhs* parece unha errata do propio J.P. corrixida por Vázquez Saco ó incorpora-lo refrán á súa colección.

3657. **Auga de tronada cai na terra e resbala.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

3658. **Auga de tronada, nuns sitios moita, noutros nada.** [1275] (ms, mc e ms4: M.V.)
Var.: *Auga de tronada, nuns sitios moita e noutros nada.* (ms4: Agro)
(pt) *Água de trovão, em parte dá, em parte não.* (Chaves) (es) *Agua de turbión, en una parte da, en otra non.* (Correas)

3659. **Auga domingueira, auga semaneira.** (mc: Santiago)
Que lloviendo el domingo, llueve toda la semana.

3660. **Auga miúda non é de dura.** (mc: *Dicc. Ac.*)
(es) *Agua menuda, vendaval que dura.* (R. Marín)
Lo contrario el cast.

3661. **Baixou o río en seguida, auga encima.** (ms5,056: Silvarrey)
Var.: *Baixou o rio en seguida, outra chea.*

3662. **Báñanse os gorriós, auga a montós.** (mc / ms4: F.V.S.)

3663. **Brúa Ardeleira, trigo á eira.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)

3664. **Brúa Beu, auga a reu.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)

3665. **Brúa Callobo, tempo revolto.** (mc: Agro)

3666. **Brúa Gandarío, panos ó río.** (mc: Agro / ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
Señal de buen tiempo.

3667. **Brúa o Riax, auga atrás.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)

3668. **Brúa San Miro, auga a tiro.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)

3669. **Calma que se prolonga moitos días, tormentas moi bravías.** (mc)
(pt) *Grande calma, grande tormenta.* (Chaves) (es) *Gran calmazo, el agua trae a buen paso.* (Gella)

3670. **Canado adiantado, auga no bago.** (ms5,138: *O Gaiteiro de Lugo*, 1960)

3671. **Cand'o sábado chove i-o domingo antes misa, a semana vai de risa.** [1276] (ms21,14r: Bermés)

3672. **Canda haxa xiada, queima a ramalla.** (ms: A.C. *A N. Terra*)

3673. **Cando a pena de Millares ten corbata, señal de bon tempo.** (mc: Meira-F.V.S.)

[1275] mc: *Agua*.
[1276] *Cand'o sábado chove, y'o domingo antes misa a semana vai de risa.*

3674. **Cando a perdís canta e a nube cubre, non hai mellor señal pa cando chove.** (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago)

3675. **Cando a perdís canta e a nube encobre, na hai mellor señal pra chover.** (ms-SA: Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C)

3676. **Cando a perdiz canta e a nube encobre, non hai mellor señal pra cando chove.** (ms-SA: José Buño Caamaño: Erboedo, A Laracha, C)

3677. **Cando a perdiz canta, nublado vén.** [1277] (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *Cuado la perdiz canta, nublado viene.* (Sbarbi)

3678. **Cando a rula vén rular, colle o fol e vai sementar.** [1278] (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C / ms-SA: Manuel Collazo Porto: Portas, PO)

3679. **Cando a ruliña rular, colle o foliño e vai sementar.** [1279] (mc: A.I. / ms21,28v: Bermés)

Var.: *Cando a rula oias rular, cull'o liño e vai sementar. / Se ves que vén a rula, sementa sin duda.* (mc: Santiago)

3680. **Cando a ruliña veña a rular, colle o millo e vai sementar.** (ms: *Terra de Melide*)

3681. **Cando a serra do Liripio pon o capelo, xentiña, poñede o mantelo.** [1280] (mc: Santiago / ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

3682. **Cando a niebla pousa no Faro, desfaise en tronada.** [1281] (mc e ms18,65v: Chantada)

El Faro separa los partidos de Chantada y Camba, y en él se asienta el venerado Santuario de la Virgen del mismo nombre.

3683. **Cando as doniñas atravesan o camiño, colle o paraguas que chove prontiño.** (mc: J.T.)

Doniña = comadreja, falta en nuestros diccionarios: *donicela*, *denosiña*, *donociña*.

3684. **Cando as galiñas se catan, señal de auga.** [1282] (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

3685. **Cando as pedras do Xalo choran, ventan auga.** (mc: A.C. *A N. Terra*)

3686. **Cando as campanas de Liripio empezan a tocar, vaise a tronada pró mar.** [1283] (mc: Santiago / ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

3687. **Cando canta a rula, sementar sin duda.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)

3688. **Cando canta o cuco, tan pronto mollado como enxoitado.** (mc: Cuartilla 12)

(es) *Cuando canta el cuco, una hora llueve y otra hace enjuto.* (Correas) / *Cuando canta el cuco, de día mojado y a la noche enjuto.* (R. Marín)

3689. **Cando corren as nubes pra Santiago, pon a silla ó cabalo.** [1284] (mc: Vasconçelos-F.V.S.)

3690. **Cando corren as témporas solanas, mal tempo.** (mc)

Suelen observar los campesinos cómo cierran las témporas, que pueden cerrar *de abaixo* (sur), ou *d'arriba*, (con norte), y así anuncian malo y buen tiempo respectivamente.

3691. **Cando che choiva na cama, vaite facedo outra casa.** (mc: Santiago)

3692. **Cando choran as pedras do Xalo, ventan orballo.** (mc: C.A. *A N. Terra*)

3693. **Cando chove e fai frío, vai o demo polo río.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)

3694. **Cando chove e fai lúa, anda o demo pola Cruña.** (ms: C.A. *A N. Terra*)

Var.: *Cando chove e fai lúa, anda o trasno pola Cruña.*

3695. **Cando chove e fai sol, alegre está o pastor.** (mc: C.A. *A N. Terra*)

(pt) *Quando chove e está sol, alegre está o pastor.* (Chaves) (es) *Cuando llueve y hace sol, alegre está el pastor.* (Correas) / *Cuando llueve y hace sol, baila el perro y el pastor.* (R. Marín) / *Cuando llueve y hace sol, come migas el pastor.* (Id.) / *Cuando llueve y hace sol, son las bodas del pastor.* (Id.)

3696. **Cando chove e fai sol, anda o demo no Ferrol, e leva un saco de alfileres pra picar no cu as mulleres.** (mc: Velle)

Var.: *Cando chove e quent'o sol, vay o demo pra Ferrol.* (Santiago) / *Cando chove e vay sol, anda o demo por Ferrol con un saco de tenedores pra pinchar aos señores.* (Lameiro) / *Cando chove e quenta o sol, anda o demo no Ferrol cun saquiño d'alfileres pra picar no cu ás mulleres.* (Santiago) / *Cando chove e vai sol,*

[1277] V. *Cando a perdiz canta, señal de auga* en *Caza*.
[1278] ms-SA (Manuel C.): *rulear*.
[1279] ms21,28v: *semear*.
[1280] ms-SA: *de Liripio*.
[1281] ms18,65v: *desfaise a tronada*.
[1282] ms: *d'auga*.
[1283] ms-SA: *po mar*.
[1284] mc: *soll a*; ms4: *as nubres, pon a sella*.

anda o demo por Ferrol con un saco de alfileres pra pinchar as mulleres. (Lameiro)

3697. **Cando chove e fai sol, está o demo dentro / detrás do fol.** (mc: Santiago)
Var.: *Cando chove e vai sol, ta o demo metido nun fol.* (Santiago)

3698. **Cando chove e fai sol, ladra o can e canta o pastor.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)

3699. **Cando chove e fai sol, vai o demo pró Ferrol.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia (galego oriental))

3700. **Cando chove e fai sol, vai o diaño no Ferrol, cargado de tenedores pra espinchar os homes.** (mc e ms4: A.S.A.)
Var.: *Cando chove e fai sol, vai o diaño pró Ferrol, cargado de tenedores pra espinchar nos homes.* (ms4: C.G.) / *Cando chove e fai sol, vai o diaño por Ferrol, cargado de tenedores pra espinchar nos homes.* (ms)

3701. **Cando chove e fai vento, van as meigas pró convento.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

3702. **Cando chove e fai vento, van as monxas pró convento.** (mc: Santiago)

3703. **Cando chove e fai xeada, vai o demo feito unha cabra.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)

3704. **Cando chove e hai lúa, o demo vai pá Coruña.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Couceiro, Muxía, C)

3705. **Cando chove e hai lus, anda o demonio por Rus.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

3706. **Cando chove e mais fai sol, nin fai sol nin chove.** (ms)

3707. **Cando chove e mais vai sol, anda u demo por Ferrol.** (ms-SA: Julio Barreiro Fernández, San Miguel de Vilar, Touro, C)

3708. **Cando chove e quenta o sol, anda o demo por Ferrol.** (ms-SA: Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)

3709. **Cando chove e quenta o sol, andan as meigas por Ferrol.** (mc: Santiago)
Var.: *Cando chove e mais vai sol, van as meigas pró Ferrol.* (ms15,42: Valle del Mao)

3710. **Cando chove e quenta o sol, vai pra Ferrol.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

3711. **Cando chove e vai sol, anda u demo no Ferrol.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3712. **Cando chove e vai sol, corren as nubes pa Ferrol.** (ms-LU: seminarista anónimo: Novelúa, Monterroso, LU)
No sé si es Ferrol o Friol.

3713. **Cando chove e vai sol, vai o diaño pró Ferrol, cargado de tañedores pra picar os seniores.** (ms21,05r: Bermés)

3714. **Cando chove e vai sol, van as meigas pra Ferrol.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

3715. **Cando chove e vai vento, van as meigas pró convento.** (mc: Santiago)

3716. **Cando chove moito moito, siñal que ha de escampar logo logo.** [1285] (mc: C.A. *A N. Terra*)

3717. **Cando chove pola Ascensión, trinta días de ballón.** [1286] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

3718. **Cando chove por oriente, prende os bois e vente.** (ms-SA: Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)

3719. **Cando chove, chove pra todos.** (mc)
(ct) *Quan plòu, per a tots plòu.* (Alberola)

3720. **Cando chove, vai sol e canta o cuco, vai ou pan ó suco.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

3721. **Cando encarnado está ó monte, mete o boi na corte.** [1287] (mc e ms17,041: Santiago)

3722. **Cando encarnado está o monte, mete os bois na corte.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

3723. **Cando hai leste na ribeira, sudoeste na eira.** [1288] (ms15,11)

3724. **Cando hai monteira no monte Crado, pódese botar o pan no eirado.** (mc: *V. Gallega*)

3725. **Cando hai norte, non hai boa sorte.** [1289] (ms21,02v: Bermés)

3726. **Cando hai xiada, queima a ramalla.** (ms18,47r)

3727. **Cando na pota queda lume, ó outro día chove.** (mc: Santiago)

3728. **Cando nas témporas de Navidá queda o aire de abaixo, ano húmedo.** [1290] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3729. **Cando no dominco chove antes da misa, leva a semana da perguisa.** (ms-SA: José Cornes Iglesias: Santiago de Buxán, Val do Dubra, C)

[1285] ms4: *sinal que ha*.
[1286] *Cando chove pol'a Ascensión trinta dias de ballón*.
[1287] mc: *ô mento*; ms17,041: *buey*.
[1288] *Cando hay l'este n'a ribeira, sudoeste n-a eira*.
[1289] *Cando hay norte non hay boa sorte*.
[1290] ms-LU: *qued'o aire d'abaixo*.

3730. **Cando no río non hai lodeiro, ano de pouco millo e pouco touciñeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

3731. **Cando non fai vento, non fai mal tempo.** (ms e ms4: M.V. / ms4: Cuartilla 15 / ms: Cuartilla 19)

(es) *Cuando hace viento hace mal tiempo.* (R. Marín)

3732. **Cando o arroio corre é porque chove.** [1291] (mc: Santiago)

3733. **Cando o cuco canta, señal de auga.** [1292] (mc: Tuiriz, Monforte)

3734. **Cando o gato se lava, vai chover.** [1293] (mc: Lugo-F.V.S. / ms2: Viavélez)

3735. **Cando o grilo canta, tira ca manta.** (mc: Tuiriz, Monforte)

Señal de buen tiempo.

3736. **Cando o moucho mouchea, nin chove nin xea.** (mc / ms4: F.V.S. / ms15,47v: Vilasouto, Incio)

Var.: *Cando non chove nin xea, o moucho mouchea.* (Silvarrey)

3737. **Cando o Pico de Abeledo se cubre de negro, tembran as vellas de medo.** [1294] (mc: R. Roca)

3738. **Cando o sábado chove e o domingo ante misa, pola semana adiante verás que risa.** (ms: M.V.)

3739. **Cando o arco iris está en raiante, afálalle ós bois para diante; cando está en poniente, cólleos e vénte.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

3740. **Cando o arco iris está no poniente, colle os bois e vente; cando está no raiante, ei boi p'adiante.** [1295] (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

3741. **Cando oias treboar, apaga o lume do teu lar.** (mc: Santiago)

3742. **Cando poño os bois no carro, sempre digo "¡Dios diante!"; met'os pola cuadra adiante, "¡ei, boi, ei!, pra diante".** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

3743. **Cando quere nevar, póñense as pitas no seu lugar.** [1296] (mc: Parga-F.V.S.)

Suelen refugiarse en el gallinero.

3744. **Cando ruxe o mar en Santa Gadia, hai auga ó outro día.** [1297] (ms: Viavélez)

3745. **Cando se catan as galiñas, auga nas cortiñas.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

3746. **Cando se pon o sol e no poniente aparece unha silveira, auga segura.** (mc: Buciños)

En la comarca de Carballedo, llaman *silveira* a una nube negra.

3747. **Cando sintas o cuco cucar i-a rula rular, colle o arado e vai sementar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3748. **Cando ten circo a lúa, chuvia segura.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

3749. **Cando trona e chisquea, todo o mundo temblea.** (mc: Santiago)

3750. **Cando trona, fai sol, anda o demo por Ferrol.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

3751. **Cando vén a rula, sementar sin duda.** (ms-SA: José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)

3752. **Cando vexas o sol rubio pró nacente, colle a aguillada e vente.** [1298] (mc / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

3753. **Cando xea sobre da lama, auga na cama.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pontevedra, PO)

3754. **Cando zoa Ganderío, panos ó río.** (ms-SA: Manuel Autrán Ramos: Santa Marta de Babío, Bergondo, C)

3755. **Canta-lo merlo é siñal de auga.** [1299] (mc: Buciños)

3756. **Canta o merlo, tempo de inverno.** [1300] (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)

3757. **Canta o sapo, tempo guapo.** (mc: Monforte / ms4: F.V.S.)

(es) *Sapos cantando, buen tiempo barruntando.* (Ricart)

3758. **Canto máis nova, máis estreloxo.** [1301] (ms: Buciños)

3759. **Carcacía, norte cría.** [1302] (ms18,47r)

[1291] V. tamén *Fama*.

[1292] ms: *d'auga*.

[1293] V. *O gato cando pasa a pata pola orella, quere que a auga veña* en *Pronósticos del tiempo. Por animales*.

[1294] ms: *d'Abeledo*.

[1295] *Cando o arco iris esta no poniente colle os bois e bente; cando esta no rayante ei boy padiante*.

[1296] V. *Pitas xuntas, señal de tempo trocado* en *Pronósticos del tiempo. Por animales*.

[1297] *Cando ruxe o mar en Santa Gadia, hay auga o outro dia*.

[1298] ms-LU: *coll'a aguillada*.

[1299] *Cantal-o merlo, é siñal de auga*.

[1300] ms: *d'inverno*.

[1301] Aparece por atrás da ficha de *Canto reza por sí ofreza*.

Var.: *Carcacía, norte pía.* (ms18,47r)

3760. **Castigos son as tronadas das xentes moi descuidadas.** [1303] (ms4: J.P.)

3761. **Ceo cuberto de lan, si non chove hoxe, choverá mañán.** (mc: G.P.)

3762. **Ceo empedrado, mañá sol claro.** [1304] (mc: Gella, Cangas / ms18,69r: Gella.-Marín)

3763. **Ceo encarnado, vendaval ao rabo.** (mc: C.A. - *A Nosa Terra*)

(es) *Cielo encarnado, en tiempo de verano, vendaval seguro a la mañana temprano.* (mc: Gella / ms19: *Refranero del Mar*, Corcubión) */ Cielo rogiento, o lluvia o viento.* (R. Marín) (ct) *Cel rogent, pluja o vent fret o sol o tramontana.* (Gella)

3764. **Cerco na lúa, auga segura.** (ms6,05v: Jesús Taboada. "O Culto da Lua no Noroeste Hispánico" en *Revista de Guimaraes*, vol. LXXXi, 1961, nº 1 e 2)

3765. **Cerco na lúa, enxuga a lagúa.** (mc: A.I. / ms21,04v: Bermés)

(es) *¿Cerco lleva la luna? Seca la laguna. ¿Cerco lleva el sol? Mojará la capa del pastor.* (R. Marín) */ Cerco de luna, pastor enjuga; si lo seca al sol, moja al pastor.* (Id.) */ Cerco de sol moja al pastor, que el de la luna, ese le enjuga.* (Correas) */ Cerco de sol, remoja al pastor; cerco de luna o le moja o le enjuga.* (Id.) */ Cerco en la luna, agua en la laguna.* (Correas)

3766. **Cerco na lúa, lagoa dura; cerco no sol, lagúa mol.** (mc: J.A.P.)

3767. **Cerco na lúa, preto anda a chuvia.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

(pt) *Circo na lua, água na rua.* (Chaves) */ Circo ao largo, chuva ao perto.* (Id.) (es) *Cerco de luna, a los tres días lluvia.* (R. Marín) (ct) *Rotllo gros á la lluna, pluja segura.* (Gella)

3768. **Cerrazón ao este, ou norte ou nordeste.** [1305] (mc: Gella / ms2: F.L.)

3769. **Cigarra que o quince avanza é sinal de grande bonanza.** [1306] (mc: J.P.)

(es) *Cigarra que al quince avanza, anuncia abundancia.* (R. Marín)

3770. **Circo na lúa, auga ningunha; circo no sol molla o pastor.** [1307] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)

(pt) *Cêrco de lua, pastor enxuga, se aos 3 dias não enxurra.* (Chaves) */ Cerco de sol, molha ao pastor.* (Chaves) (es) *Cerco de sol, moja al pastor; que el de la luna, ese le enjuga.* (Correas)

3771. **Circo na lúa, auga ningunha.** (mc: Baralla, F.V.S.)

3772. **Clara na veiga, nordeste na caldeira.** [1308] (mc: Gella, Ribadeo)

3773. **Co arco iris no radiante, colle os bois e fálalle pa diante.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

3774. **Cobras en marzo, neve en abril.** (mc: M.V.)

3775. **Cobras en marzo, neve en maio.** (mc: Buciños)

3776. **Cóbregas en marzo, neves en abril.** (ms18,43r)

3777. **Como fore o vintesete, serán os que tras il veñen.** [1309] (mc: G.P.)

3778. **Con aire de riba non se perd'o día.** (ms21,15v: Bermés)

3779. **Conforme pinta, quinta, se o cuarto non rebrinca, e se chega a octava, así como empeza, acaba.** [1310] (mc: J.A.P. / ms / ms4: J.A.P./ Clara (Gella))

La luna prolongará hasta el día quinto, las condiciones metereológicas que acompañen su aparición, siempre que en el día cuarto no hayan cambiado; y si logra prolongarse hasta el día octavo, con las que empezó, terminará.

3780. **Conforme pinta, quinta, se o cuarto non rebrinca; e se chega a octava, así como empeza así acaba.** (ms18,51r: *Vida Gallega*)

3781. **Cornos ó nacente, cuarto crecente; cornos pra adiante, cuarto mingoante.** (mc: Lugo)

Var.: *Cornos ó nacente, cuarto crecente.* (F.V.S.)

(pt) *Lua crescente, pontas para o oriente; lua minguante, pontas adiante.* (Chaves) (es) *Cuernos al naciente, luna creciente; cuernos adelante, luna menguante.* (R. Marín)

[1302] *Carcacía, Norte cría, ou norte pía.*

[1303] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[1304] mc: *mañán*.

[1305] ms: *norte ou nordeste*; ms2: *o este*.

[1306] mc e ms4: *siñal*. Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[1307] ms-LU: *Luna*.

[1308] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Marítimos* (*Astros. Pronósticos de vientos*). V. tamén *Marítimos* (*Astros*).

[1309] V. variantes en *Días*.

[1310] ms: *así a acaba*; ms4: *así acaba*.

3782. **Cornos ó nascente, carto crescente.** (ms6,05v: Jesús Taboada. "O Culto da Lua no Noroeste Hispánico" en *Revista de Guimaraes*, vol. LXXXi, 1961, nº 1 e 2)

3783. **Corren as neboas cara a Galiza, vellas á cinza.** [1311] (mc: J.T.)

3784. **¿Corren as néboas pra Portugal? Camisas ó soallal.** (mc: J.T.)

Camisas al sol, porque hará buen tiempo. *Soallal* no consta en los vocabularios gallegos, que registran *soalleira* = ardor del sol, calma.

3785. **¿Corren as nubes pra Meira? Caldeira á goteira.**

Var.: *Cando a choia vai pra Meira, foi a sella na goteira.* (ms5,039: Riotorto) / *Rubio pra Lugo, tempo seguro; rubio pra Meira, ármalle a caldeira á goteira.* (mc)

Montecubeiro está al sur de Meira. *Choia* = grajo. (mc: Montecubeiro)

3786. **¿Corren as nubes pra Meira? Colle as vacas e bota a leira.** (mc / ms4: F.V.S. / ms18,66v: Pol)

Montecubeiro está al sur de Meira; el último refrán es propio de la comarca situada al norte.

3787. **Corren as nubes pra Ourense, sol que nos quente.** (ms21,05v: Bermés)

3788. **¿Corren as nubes pra Ourense? Sol que nos quente.** (mc: A.I.)

3789. **Corren as nubes pra Viana, colle os bois e vaite á arada.** (mc: La Coruña)

3790. **Crarores á Monteira, sellas á goteira.** (mc)

3791. **Cuarto menguante, xoroba a levante; cuarto creciente, xoroba ó poniente.** [1312] (mc: Santiago)

3792. **Curuxa tardega, auga noitega.** [1313] (mc: M.L.)

(pt) *Corujas no serão, água na mão.* (Chaves)

3793. **Chea de nubes, chea de ventos, con horas de sol e noites de medo.** (ms4: F.V.S.)

3794. **Chova en abril e maio, inda que non chova en todo o año.** [1314] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3795. **Chove na aira, non fai malladoiro.** (ms4: M.L.)

3796. **Chove na aira, o que non mallou que mallara.** (ms-LU: Antonio Vázquez Paredes: O Valadouro, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Vilalba, LU)

3797. **Chove o domingo antes a misa, toda a semana cambeando a camisa.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

3798. **Chove por santo Matías, chove por san Lázaro todo o día.** (ms4: F.V.S.)

3799. **Chuvia antes do vento, cose rizos que vén mal tempo.** (ms4: *Sonata Gallega*)

3800. **Chuvia ó levante, pon os bois e vaite.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

3801. **Despois do trono vén a chuvia.** (mc: Buciños)

(es) *Después de muchos truenos, viene una gran lluvia.* (Sbarbi) (ct) *Després dels tròns, vé la pluja.* (Alberola)

3802. **Dios te libre do sol detrás das nieblas e das moscas detrás das portas das tabernas.** [1315] (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

3803. **Do norte chover é como o borracho beber.** (ms5,055: Silvarrey)

3804. **Do tempo de san Miguel, Dios nos libre del.** [1316] (ms4: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

3805. **Do un ó doce chuvia copiosa pra todos resulta peligrosa.** (ms4 e ms5,138: J.P.)

Var.: *Do un ó doce pra ninguén a chuvia é doce.* (ms5,138: *O Gaiteiro de Lugo*, 1960)

Lo trae en el mes de setiembre. (ms5,138)

3806. **En abril o arco do sol molla o pastor, i-o da lúa enxuga.** [1317] (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *En abril, el arco del sol moja al pastor, y el de la luna, le enjuga.* (R. Marín)

3807. **En canto ó tempo, guíate polos vellos e non polo Mintireiro.** [1318] (mc: Santiago)

3808. **En maio a vella queima o tallo.** (ms-LU: Álvaro Rábade: Belesar, Vilalba, LU)

3809. **En maio inda a vella queima o pé ó tallo, e unha miguiña que lle quedou, pra san Xoán a deixou.** [1319] (ms / ms21)

(es) *En mayo quemó la vieja el escaño y lo que le sobró, para junio lo dejó.* (R. Marín)

[1311] ms4: *cara Galicia*.

[1312] ms5, 133: *xoroba o levante, crecente.*

[1313] V. *A curuxa de madrugada, vento ou xeada* en *Pronósticos del tiempo. Por animales.*

[1314] O orixinal di *Chova en Abril e Mayo, inda que non chova en todo o año*.

[1315] *Dios te libre do sol detras das nieblas e das moscas detras da portas das tabernas*.

[1316] ms15: *D'o tempero de San Miguel* (47r).

[1317] ms: *y o*; ms4: *o enxuga*.

[1318] ms: *giate, mentireiro*.

[1319] *En mayo inda a vella queima o pe o tallo, e unha miguiña que lle quedou pra San Xoan a deixou*. / ms21: *o deixou*.

/ En abril quemó la vieja el celemín, en mayo el escaño y en junio el pescuño. (Id.)

3810. **En maio inda a vella queima o tallo i-o que lle quedou, en san Juan o queimou.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3811. **En maio inda a vella quenta o tallo.** [1320] (mc: Santiago)

Var.: *En maio inda a vella queima o tallo, i-en san Xoán o vello o arado*. (ms5,135: Santiago, E. Carré Aldao, *Literatura Gallega* 2ª ed., 1911) */ En mayo ind'a vella queima o pé ó tallo e unha miguiña que lle quedou, pra san Joan o deixou.* (ms4: A.N.)

3812. **En maio queima a vella o tallo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

3813. **En marzo, cando medra a lúa, medra a chuvia.** (mc / ms4: F.V.S.)

3814. **En xaneiro, un pouco ó sol e outro pouco ao fumeiro.** (ms: C.A. *A N. Terra*)

(pt) *Em janeiro um porco ao sol, outro ao fumeiro.* (Chaves) (es) *En febrero, un rato al sol y otro al humero.* (Correas)

3815. **Encarnado ó monte, leva os bois prá corte.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

3816. **Encarnado hacia o monte, coll'as vacas e vait'á corte.** (mc)

3817. **Entr'a lúa con troada, trinta días d'auga.** [1321] (ms-LU: seminarista anónimo: Illán, Begonte, LU)

3818. **Entroido á lareira, Pascua á raxeira.** [1322] (mc: A.N. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Var.: *Entroido á raxeira, Pascua á lareira.* [sic] (ms: A.N. / Francisco Canosa Quintáns / ms10,012v: *D.E.*) [1323]

Si en febrero hace frío, en abril hará buen tiempo.

3819. **Estamos no tempo dos tres hirmaus: mocos, piollos e fregar as maus.** [1324] (mc: Cervantes-F.V.S.)

Var.: *O tempo dos dous hirmaus, no que se limpa o moco e se sopran as maus.* (mc: A.S.A.)

Se refiere al invierno.

3820. **Falten augas mil e non falten as de abril; falten as de todo o ano e non falten as de abril e maio.** [1325] (ms14,18)

3821. **Falten augas mil e non falten en abril.** (ms: D.R.A.G.)

3822. **Figos á figueira, vellos á golfeira.** (mc: A.I.)

3823. **Fíxoo o sol, desfíxoo a tronada, i-aínda sobrou algo; fíxoo a auga, non-o desfixo a tronada e non chegou a nada.** (ms5,141: Lugo)

Refierese a la cosecha.

3824. **Fume baixo, señal de auga.** (ms5,027: Miño)

3825. **Gato no lar, tempo a cambiar.** [1326] (mc: Pontevedra / ms-LU: seminarista anónimo: Pontevedra, PO)

3826. **Grande nevada, colleita doblada.** [1327] (ms-SA: José Luís Castro Izaga: Lira, Carnota, C)

3827. **Hoxe chove e mañá vento e pasado o mesmo tempo.** (mc / ms4: F.V.S.)

3828. **Lávanse os gatos a cara, logo vén a auga.** [1328] (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

3829. **Lúa circada, semana mollada.** [1329] (mc: Santiago / ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

3830. **Lúa con aro, ríos cheos.** [1330] (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(pt) *Lua com circo, água trás no pico.* (R. Marìn) (es) *Luna con cerco, agua trae en el cuerno.* (Correas) */ Luna con cerco, agua presto.* (R. Marín) */ Luna cercada, tierra mojada.* (Id.) (ct) *Lluna en rol-lo, senyal d'aygo.* (R. Marín) */ Rotllo gros a la lluna, pluja segura.* (Id.)

Esta noite ha de chover, / que leva cerco a luna...

3831. **Lúa con cerco, labaxo cheo; estrela no medio, labaxo seco.** [1331] (mc: J.P.)

(es) *Luna con cerco, lo bajo lleno; estrella en medio, lo bajo seco.* (Correas)

Gella trae: *Cerco de luna, lavajo enjuga en medio estrella, lavajo llena*, que corresponde más exactamente al gallego que transcribimos de Jacinto Prado, aunque con reservas, pues no nos parece popular.

[1320] V. *En maio inda a vella queima o saio* en *Agrícolas* (*Meses. Mayo*).

[1321] *Entra'lua con troada trinta dias d'auga*.

[1322] ms-LU: *Antroido*. Variante en ms10 s.v. *Carnaval*.

[1323] F. Canosa Quintáns: *Entruido*; ms10: *pascoa*.

[1324] mc: *hirmaos*.

[1325] *Falten augas mil, e non falten as de abril. Falten âs de todo o ano, e non falten âs de Abril e Mayo.*

[1326] ms-LU: *cambear*. / V. *Cando o gato quenta o traseiro, escusas regar o lameiro* en *Pronósticos del tiempo. Por animales*.

[1327] *Grande nevada coieita doblada*.

[1328] V. *Cando o gato quenta o traseiro, escusas regar o lameiro* en *Pronósticos del tiempo. Por animales*.

[1329] ms-SA: *Luna cercada*.

[1330] ms4 e ms-LU: *Lua co aro*.

[1331] No refraneiro de Jacinto del Prado non consta esa explicación.

Labajo, explica Gella, es la charca de agua de lluvia que no suele secarse. *Labaxo*, según explica J.P. no consta en nuestros vocabularios.

3832. **Lúa con cerco, mollada de cheo.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Melide, C)

3833. **Lúa con circo, auga no bico.** [1332] (mc: J.T.)

(pt) *Lua com circo, água trás no pico.* (Chaves) */ Circo ao largo, chuva ao perto.* (Id.) (es) *Luna cercada, tierra mojada.* (Gella) */ Luna con cerco, agua presto.* (Id.) */ Luna con cerco agua trae en el pico.* (Id.) (ct) *Rottlo gros a la lluna, pluja segura.* (Gella) (va) *Luna en rollo, senyal d'aigo.* (Gella)

3834. **Lúa de xaneiro fenecida de todo, primeiro martes día de Antroido.** (mc / ms4: F.V.S.)

3835. **Lúa nova con treboada, hasta oito días, nada.** (mc: J.A.P.)

3836. **Lúa nova con tronada, cinco días de troulada.** (ms-SA: Manuel Cancela Corredoira: San Pedro de Campañó, Pontevedra, PO)

3837. **Lúa nova con tronada, trinta días mollada.** (ms21,13v: Bermés)

3838. **Lúa nova tronada, corenta días mollada.** (mc: Marín)

3839. **Lúa nova tronada, trinta días mollada.** (mc: J.T.)

Var.: *Lúa nova con treboada, trinta días mollada.* [1333] */ Lúa nova con tronada, trinta días de invernada.* (Villalba)

(pt) *Lua nova trovejada, 30 dias é molhada e se venta, noventa.* (Chaves) */ Lua nova trovejada, 30 dias é molhada, se não emborrallhada.* (Id.) (es) *Luna nueva tronada, toda mojada.* (Sbarbi) */ Luna nueva tronada, cuarenta días mojada.* (R. Marín) */ Luna nueva tronada, nueve días mojada.* (Id.)

3840. **Lúa nova, lúa boa.** (mc: Santiago)

3841. **Lúa sabadiña, ou chuviosa ou ventosiña.** [1334] (mc: Berbetoros. Palas de Rey. F.V.S.)

3842. **Lúa domingueira, nin ela nin a compañeira.** (mc: Ribadeo)

3843. **Medra a lúa, medra a chuvia, medra o vento e andamos todos revoltos.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

3844. **Moita auga en xaneiro, mala anada.** [1335] (ms5,137: Mondoñedo, Mayan)

3845. **Moitas estrelas a brilar, frío seco vai chegar.** [1336] (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms10,023v: *D.E.*)

(es) *Estrellas brillantes, tiempo frío y secante.* (Gella)

3846. **N'é o que a lúa pinta, que é o que Dios dita.** [1337] (mc: M.V. / ms21,25v: Bermés / ms15,11 / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(es) *La luna suele ser embustera; sucederá siempre lo que Dios quiera.* (R. Marín)

3847. **Nace a lúa con troada, trinta días d'auga.** (ms-LU: seminarista anónimo: Xestoso, Monfero, C)

3848. **Natal, inverno coral.** (ms)

3849. **Nin polo bo te agaches nin polo malo te mates.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

3850. **Ninguén sabe o que a lúa quer nin o que vai facer.** (mc: Santiago)

3851. **No mes de marzo chove tanto como a mexeira dun rato.** (ms18,05r)

3852. **Non é o que a lúa pinta senón o que Dios dita.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

3853. **Non hai mal tempo, se non fai vento.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3854. **Non veñen mal as nevadas que sosteñen as xiadas.** (ms4: J.P.)

3855. **Norte, porco á morte; travesía, porco á basía; vendaval, porco ó sal; soán, porco ó can.** (ms: Santiago)

3856. **Nubes roxas ó sol posto, tempo composto.** (mc / ms4: F.V.S.)

3857. **Nublado do levante, ei boi pa diante.** (ms-SA: Julio Barreiro Fernández, San Miguel de Vilar, Touro, C)

3858. **Nublado do ponente, colle os bois e vente.** (ms-SA: Julio Barreiro Fernández, San Miguel de Vilar, Touro, C)

3859. **Nunca cae como chove.** (ms: Santiago)

3860. **O aire abeneirao, ou moita auga ou nin un grao.** [1338] (mc: Incio / ms4: Incio-F.V.S.)

Procedente del monte de Abeneiras, sito en términos del municipio.

[1332] ms e ms4: *Luna*.
[1333] ms: *co a treboada*.
[1334] ms, ms2 e ms4: *Luna*.
[1335] Indica *Lluvia*.
[1336] ms e ms4: *ao brilar*. En ms10 s.v. *Frío*.
[1337] ms21,25v: *lúa, qu'e o que*; ms15,11: *qu'é o que*; ms-LU: *qu-a lua, qu-e o que*.
[1338] ms4: *nin un grau*.

3861. **O aire de Calde non sopla de balde.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

3862. **O aire no viño feito non lle fai bon proveito.** (ms4: J.P.)

3863. **O arco da vella ó poniente, fala aos bois e vente.** [1339] (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago / ms-SA: José Buño Caamaño: Erboedo, A Laracha, C)

3864. **O arco da vella ó raante, fala ós bois pra diante.** (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago / ms-SA: José Buño Caamaño: Erboedo, A Laracha, C)

3865. **O frío das mañás chega como a rabia dos cas.** (mc: Santiago)

3866. **O gaiteiro, cando toca, quer beber.** (ms5,134: Valle del Mao)

El viento trae agua.

3867. **O gaiteiro de Calde non toca de balde.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3868. **O mal tempo, no seu tempo, é bon tempo.** (ms5,135: Santiago)

3869. **Ó rocío da mañán ó animal quitarán.** (ms4: J.P.)

3870. **O sol da serra engañ'a vella.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Cádavo, A Esperela, Baleira, LU)

3871. **O sol madrugadeiro á porta do veciño fai bulleiro.** (ms8,47r: Rodeiro)

3872. **O sol madrugadeiro á porta dun fai bulleiro.** (mc / ms4: F.V.S.)

Var.: *O sol madrugadeiro esconde o rabo no silveiro. / O sol madrugadeiro, no camiño fai bulleiro.* (F.V.S.) */ Ó sol madrugadeiro non abras o madeiro.* (M.L.) / *O sol madrugadeiro non é o máis verdadeiro.* (F.V.S.) / *O sol madrugadeiro, ás portas trai o bulleiro.* (ms15,25: Sobrecedo)

(pt) *O sol da manhã não dura todo o dia.* (Chaves) */ Sol que muito madruga, pouco dura.* (Id.) (es) *Sol madrugadero, no dura día entero.* (Sbarbi) */ Sol que mucho madruga, pronto se arruga, o poco dura.* [1340] (Sbarbi)

Todos indican que es de escasa duración, y trae agua.

3873. **O sol madrugadeiro, á porta trae o bulleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3874. **O sol madrugador non é o millor.** [1341] (mc: M.L. / ms10,122r: *D.E.*)

(es) *Sol madrugador, nunca buen calentador.* (R. Marín) */ Sol madrugadero, nunca bueno.* (Id.)

3875. **O sol madrugueiro non é o máis verdadeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

3876. **O sol na serra engaña a vella; tanto a engañou, que na serra a deixou.** [1342] (mc: Lulle, Samos)

3877. **O vendaval trae o vaso na man.** [1343] (mc: F.L.)

3878. **Onde chova, non han de encherse os pipotes.** (ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

3879. **Onde siga o nordés, limpiará a borralla. Limpia ti a horta, corta, escarda...** (ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

3880. **Onde venta o mar e chove arreo por san Uxío, fóra do camiño balocas gardar, carballo ó fogar e todos ó lar.** (ms5,136: *O Gaiteiro de Lugo*, 1957)

San Eugenio: 15 noviembre.

3881. **Os rocíos abundosos son augurios primorosos.** (ms4: J.P.)

3882. **Os rocíos en todo tempo malos son, por octubre moi insanos.** [1344] (ms4: J.P.)

3883. **Pégase o cigarro ó tizón, un mes de maio ballón.** (mc)

Curiosa observación campesina, de los que encienden el cigarro en los tizones, al amor de la lumbre.

3884. **Pérdena os meses pero non-a perde o ano.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)

El agua.

3885. **Pola boa hora non te agaches e pola mala non te mates.** [1345] (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

3886. **Polo bon tempo, baixo da pena e, polo malo, apañando na leña.** (ms8,08v: Silvarrey)

3887. **Polo bon tempo, baixo da pena e, polo malo, collendo na leña.** (mc: Otero de Rey)

3888. **Polo Carnaval cai chuvia sin igual.** (mc: Santiago)

[1339] *O arco da bella o poniente fala a os bois en vente*.

[1340] ms: *presto se arruga.*

[1341] En ms10 s.v. *Sol*.

[1342] V. *Tódolos tempos tempiños son, a non ser a neve que é gran prisión* en *Nieve*.

[1343] ms e ms4: *trai*.

[1344] ms4: *por octubre sempre moi insanos*. Jacinto del Prado recolle o refrán só coa forma *por Octubre moi insanos*.

[1345] *Pol'a boa hora non te agaches e pol'a mala non te mates*.

3889. **Polo inverno cai a auga a destajo e polo vran quenta o sol demasiado.** [1346] (mc)

3890. **Polo mal tempo non te mates e polo bon non te agaches.** [1347] (ms-SA: Dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Pape, San Xoán de Silvarrei, Outeiro de Rei, LU)

3891. **Polo malo non te mates e polo bon non te agaches.** [1348] (mc / ms4: F.V.S. / ms21,18r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU / ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

Var.: *Nin polo bo tempo t'agaches nin polo malo te mates.* (mc: M.V. / ms / ms21,29r: Bermés)

Se refiere al bueno o al mal tiempo.

3892. **Polvo d'abril, lama d'agosto.** (ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU)

3893. **Polvo de abril e fango en agosto, fame no rostro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3894. **Polvo de maio, lama de agosto.** (mc: Buciños)

A un mayo seco, sucede un agosto mojado.

3895. **Polvo en abril, lama en agosto.** (mc: M.V. / ms)

(es) *Polvo en abril, lodo en agosto.* (R. Marín)

3896. **Pra saber cándo vai chover, non hai millor regla que vela caer.** (mc: Santiago)

3897. **Que falten as aguas de todo o ano e non falten as de abril e maio.** [1349] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

3898. **Quen dice vento dice mal tempo.** (mc: J.T.)

3899. **Reve o cemento, hai mal tempo.** (mc: Santiago)

3900. **Reyeiro na porta, o tempo dá volta.** (mc e ms12,002: Gella)

Reyeiro = gallegos que antiguamente iban a Asturias en invierno para hacer *reyos*, o cuerdas de cerdas. *Refranero del mar*.

3901. **S'a noite de Navidá foi de luar, labra ben pra sementar; s'a noite de Navidá foi de escuro, sementa no terrón duro.** [1350] (mc: M.V. / ms21,25r: Bermés / ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

(pt) *Pelo Natal, se houver luar, senta-te ao lar; se houver escuro, semeia outeiros e tudo.* (Chaves)

3902. **San Pedro chuvioso, trinta días peligroso.** [1351] (mc e ms4: J.P.)

(es) *Si llueve por San Pedro, lloverá un mes arreo.* (R. Marín) (ct) *Si plou per sant Pere, trenta dies al darrera.* (Sanchis)

3903. **Se a noite de Carnaval está clara, anda, boi, ara.** (mc: Santiago)

3904. **Se a noite de Nadal está crara, ara, boi, ara; se está escura, ara, boi, no duro.** (ms-SA: José Lorenzo Viña)

3905. **Se a noite de Nadal fai luar, labra ben pra sementar; se a noite de Nadal fai escuro, sementa en terreo duro.** [1352] (mc, ms e ms4: C.G.)

(pt) *Pelo Natal, se houver luar, senta-te ao lar; se houver escuro, semeia outeiros e tudo.* (Chaves)

3906. **Se a procesión dos Dolores sal, tamén salen as demais.** [1353] (mc: U.C. Cuartilla 7 / ms10,101r: *D.E.*)

3907. **Se como primo, quinto, se como quinto octavo, como comenzo, acabo.** (mc: U.C. Cuartilla 14)

Se refiere al tiempo que hará en el mes, según el que haya en los días 1,5 y 8.

3908. **Se chora Marta, ríe Lázaro; se Lázaro chora, Marta ríe.** [1354] (mc / ms4: F.V.S.)

3909. **Se chov'o día d'Ascensión, cav'o lameirón.** (ms11,46: Comarca de Fonsagrada)

3910. **Se chove día das Candelas, mortaldá de abellas; se fai sol día de san Brais, cen máis.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

3911. **Se chove na semana de san Mateo, leva o vello as castañas no chapeo.** (mc:

[1346] V. *Estaciones*.

[1347] ms-LU (anónimo): *Por lo mal tempo*; ms-LU (Pape): *Por o mal tempo, por o bon*.

[1348] ms4: *Pol-o mal non*; ms-LU: *po'lo bô non t'agaches*; ms21,18r: *pol'o bó*; ms-SA: *non te ajaches*.

[1349] O orixinal di *Que falten as aguas de todo o ano e non falten as de Abril e Mayo*.

[1350] ms21,25r: *noite de Nadal, pra semear; s'a noite de Nadal foi d'escuro, semea*; ms-SA: *Si a noite de Navidad,. Si a noite de Navidad foi descuro*.

[1351] mc: *San Pedro chuviñoso*.

[1352] mc: *Navidá, no terreo duro*.

[1353] ms10: *sai, saen*. / Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Meteorológicos. Santos*.

[1354] ms: *Si chora, si Lázaro*. / Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Meteorológicos. Santos*. Este refrán refírese ás semanas da Coresma nas que se len os correspondentes episodios de Marta e de Lázaro.

Muradelle / ms-LU: seminarista anónimo: Muradelle, Chantada, LU)

3912. **Se chove o día de san Antonio de xaneiro, xa podes botar as pipas ó fumeiro.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

3913. **Se chove o domingo antes misa, toda semana mollarás a camisa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

3914. **Se chove o sábado i-o domingo ante da misa, lévache tod'a semana de risa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

3915. **Se chove o sábado i-o domingo antes da misa, toda a semana a mollare a camisa.** [1355] (ms-LU: seminarista anónimo: Baltar, Melide, C)

3916. **Se chove o sábado i-o domingo antes da misa, toda a semana mollada a camisa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Baltar, Melide, C)

3917. **Se chove por Nosa Señora, a anada non é boa.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C / ms-SA: Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C)

3918. **Se chove xoves de Ascensión, cava, pión.** (mc)

(pt) *Quando chove na Ascensiòn até as pedrinhas dão pão.* (Chaves)

3919. **Se estrala o lume no lar, señal de vento.** (mc: R. Caruncho)

3920. **Se por Santos houbo neve nos altos, por san Andrés teremos neve no pé.** [1356] (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *Por los Santos, la nieve en los altos; y por San Andrés, la nieve en los pies.* (ct) *A Tots Sants neu en los alts.* (Sanchis) */ Per Sant Andreu, la neu al peu.* (Id.)

3921. **Se queres saber na túa casa algho do tempo, lee o Mentireiro e non o Saraghosano.** [1357] (ms: Santiago)

3922. **Se trona do poniente, ceiba os bois e vente.** (ms-SA: Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)

3923. **Se trona do raiante, fala ós bois pa diante.** [1358] (ms-SA: Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)

3924. **Según vexas o vintesete, así verás o mes siguiente, si o vintenove non desmente.** [1359] (mc: Paradela-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

(es) *Si el veintisiete no llueve y el treinta lo consiente, buen tiempo para el mes siguiente.* (R. Marín)

3925. **Sempre paga o tempo un ó outro.** (mc: Mondoñedo-F.V.S.)

A invierno crudo, verano cálido, y viceversa.

3926. **Si a noite de Navidad foi de escuro, sementa no terrón duro.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

3927. **Si á noite hai rumbós, á mañá ballós.** (mc: Paradela)

3928. **Si as nubes van da Granxa pra Lestedo, mallar sin medo; si de Lestedo prá Granxa, mallar con ansia.** (mc: Santiago)

Var.: *Cando van as nubes da Granxa pra Lestedo, mallar sin medo; cando van de Lestedo prá Granxa, mallar con ansia.* (ms5,135: Puente Ulla)

3929. **Si corren as nubes pra Montán, colle o mallo e malla o pan e, si corren pra Bustelo, colle a capa i-o capelo.** (mc / ms15,53: Sarria)

Montán es del municipio de Samos y Bustelo es de Villouzán. El refrán es propio de la comarca intermedia.

3930. **Si corren as nubes pra Rendar, colle o mallo e vai mallar; si corren pra Outeiro, colle a capa i-o sombreiro.** (mc: Incio)

Son lugares del municipio de Incio. El refrán, como el anterior, se dice en la zona intermedia de los pueblos que se citan.

3931. **Si chove na semana de san Mateo, bota o pan cunha croza.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3932. **Si chove o día da Ascensión, corenta días ballón.** [1360] (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

Var.: *Si chove o día d'Ascensión, cuarenta días mayón.* (ms4: F.V.S.)

(es) *Si llueve el día de la Ascensión, cuarenta días de lluvia son: uno sí y otro no.* (R. Marín) */ Si llueve el día de la*

[1355] Local escrito con outra tinta.

[1356] ms4: *ahora por San Andrés.* / V. *Nos Santos, neve nos altos; en San Andrés, neve nos pés* en *Nieve* (*Épocas de nieve*).

[1357] *Se queres saber na tua casa aljo do tempo, lee o mentireiro e non o sarajosano*.

[1358] *Se trona do rayante, fala os bois pa diante.*

[1359] ms4 e ms-LU: *vintanove*; ms-LU: *vintasete*. / V. *Como vén o vintesete, así vén o mes siguiente* en *Días*.

[1360] ms4 e ms-LU: *cuarenta, vallón*; ms-LU: *dia de Ascensión*.

Ascensión, cuarenta días de lluvia son (R. Marín que añade: vano pronóstico).
Vano pronóstico, dice en el equivalente castellano Rodríguez Marín, palabras que pueden aplicarse a otros muchos, ya que carecen en absoluto de fundamento.

3933. **Si chove o día de Ascensión, cuarenta días de ballón.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

3934. **Si chove o sábado i-o domingo antes da misa, en toda a semana non enxugas a camisa.** [1361] (mc: Paradela-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
Var.: *Chovendo no domingo antes da misa, toda a semana retórcese a camisa.* (ms15,45r: *Vida Gallega*, 1960)

3935. **Si chove o vintesete, chove o mes siguiente, si o trinta ou o primeiro non menten.** [1362] (mc: J.T.)

3936. **Si chove pola Ascensión, leva todo o mes de procesión.** (mc)

3937. **Si chove pola Ascensión, non faltarán tortas ruliñas nin trigo rocón.** (mc: A.N.)

3938. **Si chove por santa Ana, chove un mes e unha semana.** (ms)

3939. **Si chove xoves d'Ascensión, hortas ruís e trigo rocón.** (ms: A.N.)

3940. **Si de tarde unha roda envolve a lúa, antes de media noite vento e chuvia.** [1363] (mc: *Sonata Gallega*)

3941. **Si en once de maio rocío vises, espera bon ano, e mellor si chovese.** [1364] (mc: J.P.)

3942. **Si escampa pra nunca chover, o mundo tense que perder.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

3943. **Si escampa pra nunca máis chover, este mundo vaise perder.** (ms: Santiago)

3944. **Si está encarnado para o mar, colle os bois e vai labrar; si está encarnado pró monte, colle os bois e méteos na corte.** (ms-SA: seminarista anónimo: Rías Baixas, PO)

3945. **Si neva polo san Brais, outro mes máis.** (mc: Taboada-F.V.S.)

3946. **Si neva por san Andrés, interminabre cousa tes.** [1365] (mc: J.P.)
(es) *Si nieva por San Andrés, nieva mucho más después.* (Sbarbi)

3947. **Si non hai vento, non hai mal tempo.** (ms-SA: Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C / Ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

3948. **Si o arco de vella está ó raiante, fala ós bois pra diante; si está ó puñente, ceiba os bois e vénte.** [1366] (ms-SA: Leonardo Carro Rodríguez: Vilaño, A Laracha, C)

3949. **Si san Xoán rompe a chover, molla todo o mes.** (ms5,141: *O Gaiteiro de Lugo*, 1961)

3950. **Si vén o aire de Portomarín, auga na cara.** [1367] (mc: S. Martín de Torre, Páramo-F.V.S.)

3951. **Si vires xiar polo des, aparexa pra un mes.** [1368] (mc: J.P.)

3952. **Si xea a noite de Nosa Señora, tódalas lúas xean, todas todas.** [1369] (mc / ms4: F.V.S.)

3953. **Sol do color do luar, ou chover ou nevar.** (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3954. **Sol madrigueiro, auga ó palleiro.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

3955. **Sol madrugadeiro e cura calexeiro, nin bon cura nin sol duradeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)

3956. **Sol madrugadeiro e cura corrieiro, nin cura verdadeiro nin sol duradeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3957. **Sol madrugadeiro non chega ó poleiro.** (ms4: F.V.S.)

3958. **Sol madrugadeiro volve ó poleiro.** (mc: Pontevedra)

3959. **Sol madrugadeiro, auga no palleiro.** (mc: Santiago)
Var.: *Sol madrugadeiro, auga no poleiro.* (ms5,135: Santiago)
Véase multitud de variantes: *Sol madrugadeiro...*

3960. **Sol madrugadeiro, colle a capa ó ombreiro.** (mc: Buciños-F.V.S.)

[1361] ms4 e ms-LU: *antes de misa*; ms-LU: *enxugas la camisa*.
[1362] V. *Como vén o vintesete, así vén o mes siguiente* en *Días*.
[1363] ms e ms4: *vento ou chuvia*.
[1364] mc: *maio*.
[1365] Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Meteorológicos. Santos*. / mc: *interminable*. Jacinto del Prado recolle a forma *interminare*.
[1366] *Si o arco de vella está o rayante fala os bois pra diante si está o puñente ceiva os bois e vente.*
[1367] ms4: *Puertomarín*. Este refrán aparece recollido en ms4 e corrixido con lapiz de tal forma que, segundo a corrección, o refrán debería comezar *Aire de Puertomarín*.
[1368] ms4: *vixes xiar*.
[1369] Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Meteorológicos. Santos*.

Var.: *Sol madrugadeiro, chuvia no eido*. (mc: A.S.A.) / *Sol madrugadeiro, chuvia no quinteiro*. (mc: A.I. / ms21,25v: Bermés) / *Sol madrugadeiro mete o can no palleiro*. (mc: A.N) / *Sol madrugadeiro non é compañeiro*. (mc: M.L. / ms10,123r: *D.E.*) [1370] / *Sol madrugadeiro, pon a capa ó hombreiro*. (Tuiriz, Monforte-F.V.S. / Sol madrugador, pouco durador. / Sol madrugadeiro non é o máis verdadeiro.

(pt) Sol que muito madruga, pouco dura. (Chaves) / *O sol da manhã não dura todo o dia.* (Id.) (es) *Sol madruguero, no dura día entero. / Sol que mucho madruga poco dura.* (Correas).

Con las variantes siguientes, que acrecen los ya registrados: *o sol madrugadeiro....* Insisten unos en su poca duración, y otros en que trae lluvia. / Porque trae lluvia. / Se refiere al sol del invierno. (ms4, para *Sol madrugadeiro, pon a capa ô sombreiro*)

3961. **Sol madrugadeiro, cura callejeiro; nin o cura é bo nin o sol é duradeiro.** [1371] (ms: Santiago)

3962. **Sol madrugador non é o máis durador.** (ms8,47r: Carballino)

3963. **Sol madrugador, pouco quentador.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3964. **Sol madrugueiro, chuvia no palleiro.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)

3965. **Sol mui madrugadeiro, chuvia no quinteiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

3966. **Sol pra Oseira, vellas á raxeira; sol pra Monforte, vellas detrás do pote.** (mc: Carballedo-F.V.S.)

El primero calienta, y el segundo viene acompañado de frío.

3967. **Sol que pica, por auga repica.** (ms-LU: seminarista anónimo: San Cristovo de Lobelle, Carballedo, LU)

3968. **Sol que pica, por auga repinica.** (ms5,141: *O Gaiteiro de Lugo*, 1961)

3969. **Sol que regaña, chuvia que apaña.** (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)

3970. **Sona Burela, colle o gadaño e vai prá terra.** (mc: Gella, Foz)

Porque hará buen tiempo. Burela, puerto próximo a Foz.

3971. **Tal vintesete, tal mes corriente, se o vinteoito non mente.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bretoña, A Pastoriza, LU)

3972. **Tan madrugadeiro é o sol que lle dan no traseiro.** [1372] (mc: R. Caruncho / ms18,59r: *Vida Gallega*)

3973. **Tempo que muda de noite e muller que é de outro, dura pouco.** (mc: L. de Cotovad-F.V.S.)

3974. **Trono de solano, pouca auga e, si cadra, moito daño.** [1373] (mc: M.V.)

3975. **Trono non repetido, nunca bon tempo trouxo.** (ms5,027: Torres-Villamaior-Pontedeume)

3976. **Tronos a Negreiros, máis ós comareiros.** (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)

Var.: *Tronos ó mar, pouco millo e malo de sachar; tronos pra Negreiros, máis ós comareiros.* (ms15,45v: Fraguas en *Vida Gallega*)

3977. **Vén a rula a rulear, colle o saco e vai sementar.** (ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C / ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

3978. **Vén o aire da ribeira, pon o canado á veira.** (mc: Caurel)

3979. **Vén o cuco a cucar, colle o sacho e vai a sachar.** (ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

3980. **Vén o vento de Piñeira, arma a caldeira á goteira.** (mc: Piñeira, Sarria / ms4: F.V.S.)

Dicen en Sarria, a cuya parte sur está la parroquia de Piñeira.

3981. **Vendaval escuro, inverno seguro.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

3982. **Vento de neve na serra, traballa a túa terra.** (mc: J.T.)

3983. **Vento de Portugal, auga no val.** (mc: J.T.)

3984. **Vento do cabo, á noite quedado.** (mc: M.L.)

3985. **Vento duro, inverno seguro.** (mc: Santiago)

3986. **Vento padronés, nunca bo o verés.** [1374] (ms5,133: Santiago)

3987. **Vento solán, chuvia na man, en tres días van.** [1375] (mc: M.V.)

[1370] En ms10 s.v. *Sol*.

[1371] V. *Sol madrugador, home rezador e frade cortés, desconfiar dos tres* en *Hombre*.

[1372] ms18,59r: *Tan madrugadeiro e sol lle da n'o traseiro*.

[1373] ms4: *do solano, se cadra*.

[1374] Indica *Pronósticos locales de viento* no ms5.

[1375] ms4: *ou tres días van*.

(es) *Viento solano, agua en la mano.* (Correas)

3988. **Vento travesía, polo norte pía.** [1376] (mc: F.L.)

3989. **Vrao de viernes non chega ó domingo.** [1377] (mc: Páramo)

3990. **Xa o di o refrán: día de brétema, día de raposo.** (mc: Santiago)

3991. **Xeada brava, auga na lama.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)

3992. **Xeada na lama, auga hasta a cama.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

3993. **Xeada na lama, auga na cama.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

3994. **Xiada na lama á chuvia lle fai a cama.** [1378] (ms: M.V. / ms-SA: Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C / ms-SA: Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C / ms21,24v: Bermés)

(pt) *Geada* (ou *neve*) *na lama, chuva na cama.* (Chaves) (es) *Jiada sobre lama, agua demanda.* (Correas)

3995. **Xiada na lama, auga na cama.** (mc e ms4: Velle. / ms4: F.V.S. / M. González Fernández / ms-SA: Manuel Boado Vázquez: Santa María dos Ánxeles, Boimorto, C / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

Var.: *Xiada na lama, neve hastra o codo.* (ms e ms4: Velle) [1379] / *Xeada no barro, neve de contado.* (ms5,136: Incio)

(pt) *Geada na lama, chuva na cama.* (Chaves) (es) *Hiela sobre lodo, agua -o nieve- sobre todo.* (R. Marín) / *Helada sobre lodo nieve hasta el hinojo.* (Correas)

3996. **Xiada na lama, chuva na cama.** [1380] (ms-LU: seminarista anónimo: Palas de Rei, LU)

3997. **Xiada nu lodo, neve d'a codo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3998. **Xiada sobre do lodo, neve hasta o xollo.** (ms-SA: M. González Fernández)

3999. **Xiada sobre lodo, hasta o xollo.** [1381] (mc: A.S.A.)

Var.: *Giada sobre lodo, neve fasta o giollo.* (ms4: A.I.) / *Xiada no lodo, neve hasta o codo.* (ms4: Velle)

4000. **Xiar sobre mollado, chover de contado.** (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *Helada sobre lama, agua demanda.* (Correas) / *Helada sobre lodo agua sobre todo.* (Id.)

SANTORAL

4001. **A auga de san Xoán leva o viño e non dá pan.** (ms-SA: M. González Fernández)

Var.: *A auga de san Xoán tolle o viño e non dá pan.* (M. González Fernández)

4002. **A auga de san Xoán tolle o viño e non dá o pan.** [1382] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C / M. González Fernández / Manuel Fernández Ferro / ms-SA: Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)

4003. **A auga de san Xuan sácalle ao viño e dálle a[o] pan.** (ms-SA: José Manuel Area Alonso)

4004. **A auga de san Juan non dá viño e quita pan.** (ms-LU: Antonio Vázquez Paredes: Vilalba, LU)

4005. **A auga de santa Mariña na meda fai fariña.** (mc: J.T.)

Var.: *A auga de santa Mariña toda é fariña.* (ms15,42: Orense)

Por la fiesta de la santa orensana (18 de julio) son convenientes algunas lluvias.

4006. **A auga de Santiago fai vir o millo ó agro.** (ms5,033)

Es buena la lluvia en julio.

4007. **A auga do san Juan saca viño e non dá pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Terra Cha, LU)

4008. **A auga en san Xoán faille moito ben ó pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4009. **A auga en san Xoán quita o viño e tolle o pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

4010. **A auga en san Xoán tolle o millo e non dá pan.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

4011. **A auga en san Xoán tolle o viño e non dá pan.** [1383] (ms-SA: Antonio Torreira Torreira:

[1376] *Travesía* adoita chamárselle ó aire que vén do noroeste.

[1377] V. *O que ríe o viernes, chora o domingo* en *Fortuna* (*buena o mala*).

[1378] ms3: *Giada*; ms21,24v: *fai cama*.

[1379] ms4: *hasta*.

[1380] Escrito entre parénteses con letra do propio autor (*Pontevedra?*), pero abaixo está escrito por Vázquez Saco *Palas de Rey*.

[1381] ms: *neve hastra*.

[1382] ms-SA (Perfecto L.): *san Juan*; M. Fernández Ferro: *de S. Juan toxe o viño*; ms-SA (Manuel M.): *O augua de S. Xoán*; M. Fernández Ferro, ms-SA (Perfecto L.) e ms-SA (Manuel M.): *da pan*.

[1383] ms-SA (Héctor B.): *san soan*; ms-SA (Manuel B.): *Xan Xuan*; ms-LU: *S. Xuan*.

San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C / ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C / ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4012. **A auga en san Xuan mata o viño e non fai pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

4013. **A auga en san Xuan quita o viño e tolle o pan.** (ms)

4014. **A auga en san Juan quita o viño e non fai pan.** [1384] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

4015. **A auga en santa Mariña na meda fai fariña.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU)

4016. **A auga en Xan Xuan quita o viño e non dá pan.** (ms-SA: Manuel Tojo Reboredo)

4017. **A auga por san Joán quita o viño e non dá pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Becerreá, LU)

4018. **A auga por san Juan sac'o viño e non dá pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa María Maior de Mondoñedo, LU)

4019. **A augha de san Xuan quita o viño e non dá o pan.** [1385] (ms-SA: Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C / ms-LU: seminarista anónimo: Vilalba, LU)

4020. **A cada cochiño chégalle o seu samartiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)

4021. **A cada cocho lle chega o seu san Martiño.** (mc: C.A. / ms: E.C.)

Var.: *A cada porco lle chega o seu san Martiño.* (mc / ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C / ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / ms14,16) [1386]

(pt) *A cada bacorinho vem o seu S. Martinho.* (Chaves) (es) *A todos los cerdos les llega su San Martín.* (Correas) */ A cada puerco le llega su San Martín.* (Sbarbi) (ct) *Per sant Martí mata el cotxí.* (Sanchis) */ Per Sant Martí mata el porc i enceta el vi.* (Id.)

Alrededor de su día (11 de noviembre), suelen comenzar las matanzas, y tal fué el sentido del refrán, que hoy más comúnmente se usa con significación figurada: nadie escapa de pagar su merecido, y, aún más generalmente, nadie puede rehuir los trabajos y sinsabores de la vida.

4022. **A cada porquiño ben lle chega o seu san Martiño.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Camino Sánchez)

4023. **A cada porquiño chégalle o seu san Martiño.** [1387] (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C / ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C / ms-SA: Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C)

4024. **A cada [porco] chégalle o seu Samartiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: San Martiño de Mato, Taboada, LU)

Var.: *A todo porco lle chega o seu Samartiño.* (ms-LU: seminarista anónimo: San Martiño de Mato, Taboada, LU)

4025. **A calabaza en san Marcos, ou nacida ou no cacho.** (mc: Tuiriz)

San Marcos (25.04).

4026. **A Concepción sempre trae a súa arribazón.** (ms18,21r)

4027. **A Concepción trae sempre a súa arribazón.** (ms / ms4: F.V.S.)

4028. **A chuvia da Ascensión non dá fabas nin melón.** (mc: Ameijeiras Arjomil. Santiago)

Var.: *Chuvia na semana d'Ascensión, nin boa faba nin bo melón.* (ms e ms4: M.V. / ms21,22v: Bermés) [1388]

4029. **A chuvia de san Xuan quita o viño e non dá pan.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

4030. **A chuvia de Santiago trai o millo ó agro.** (ms5,135: Estrada, Puente Ulla)

4031. **A chuvia do san Xoán toll'o viño e non dá pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4032. **A chuvia do san Xuan quita o viño e non dá pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

4033. **A chuvia en san Xoán tolle o millo e non dá pan.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

4034. **A chuvia en san Xoán tolle o viño e non dá pan.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

[1384] ms-LU: *quita viño*.

[1385] *A auja de San Xuán quita o viño e non da o pan.* / ms-LU: *do S. Juan quita viño*.

[1386] ms-SA (Andrés R.): *chegalle o seu samartiño*; ms-SA (Manuel B.): *chegalle o seu San Martín*; ms14,16: *chégalle*.

[1387] ms-SA (Jesús M.): *chegall'o seu samartiño*.

[1388] ms: *da Ascensión, bon melón*.

4035. **A chuvia na semana da Ascensión leva o centeo e dá relón.** (mc: C.A.)

4036. **A chuvia por san Lourenzo sempre chega a tempo.** (mc: J.P.)

(es) *La lluvia por San Lorenzo, siempre llega a tiempo.* (R. Marín) (ct) *Pluja de Sant Llorenç sempre arriba a temps.* (Sanchis) */ Pluja de sant Llorenç, pluja de bon temps.* (Id.)

San Lourenzo (10 agosto).

4037. **A fame de pan traina a auga do mes de san Xoán.** [1389] (mc: Incio)

4038. **A horta de san Martiño mantén o dono a mais o veciño.** (ms-SA: Leonardo Carro Rodríguez: Vilaño, A Laracha, C)

4039. **A horta do san Martiño mantén a seu dono e o veciño.** [1390] (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / ms21,02r: Bermés)

4040. **A liñaza por san Marco, nin nada nin no saco.** [1391] (mc: San Marcos-F.V.S.)

Var.: *O liño por san Marcos, nin nacido nin no saco.* (ms15,11 / ms4: F.V.S.)

(pt) *Antes a estopa de abril que o linho de março.* (Chaves) (es) *Por San Marcos, ni nacido, ni en el saco.* (Sbarbi)

Según Sbarbi, así lo dicen del lino en las montañas de Santander.

4041. **A mera de san Xoán leva o viño e non fai pan.** [1392] (mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

Var.: *A mera* (orballada) *de san Juan leva o viño e non deixa o pan.* (ms4: F.V.S.)

4042. **A mera de san Xoán tolle o viño e non dá pan.** (mc: Velle)

4043. **A mera de san Xuan leva o viño e non deixa o pan.** [1393] (ms-LU: Recaredo de la Fuente Pérez: Pombeiro, Pantón, LU (04-10-1951) / ms14,18 / ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

La lluvia contínua en el mes de S. Juan (junio) echa a perder la cosecha, tanto del centeno, como del vino.

4044. **A pasar san Martiño, cada día seu ferradiño.** (ms8,61r: Trives)

Hay que cebar los cerdos.

4045. **A reixa de san Xuan, moitos o saben e poucos a dan.** [1394] (ms4: J.P.)

4046. **A semana do san Simón quita os bois do timón.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

4047. **A todo porco lle chega u seu san Martiño.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4048. **A todo porquiño chégalle o seu samartiño.** (ms-SA: ?López Balcale)

4049. **A tódolos santos lles chega o seu día, i-a todos os porcos o samartiño.** [1395] (ms21,02v: Bermés)

4050. **Agua en san Juan, nin dá viño nin dá pan.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

4051. **Agua en san Xuan non dá viño nin cría pan.** (ms-SA: José Porto Buceta: Portas, PO)

4052. **Agua en san Xuan quita viño e non dá pan.** (ms-SA: José Lage Radío: Santa Eulalia de Xil, Meaño, PO)

4053. **Agua por san Xoán quita viño e non dá pan.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

4054. **Aí vén san Lorenzo co seu caldeiro penzo.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

4055. **Aí vén san Quietán con xerro na man.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

4056. **Aí vén santa Mariña coa súa reghasadiña.** [1396] (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

4057. **Ares torto, ares dreito, ara polo san Bieito.** (ms8,41r: O. de Rey)

Marzo.

4058. **As brétemas da Ascensión levan o centeo e deixan o relón.** (mc: Santiago)

Como *A chuvia na semana da Ascensión...*

4059. **As cabazas polo san Marcos, ou nacidas ou no cacho.** (mc: Santiago)

4060. **As coles de san Antoniño manteñen ao amo e mais ao veciño.** [1397] (mc: U.C.)

Alude a las coles de junio.

4061. **As cheas de san Simón sonadas son.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

[1389] ms4: *d'o pan*.
[1390] ms21,02r: *de S. Martiño, y'o veciño*.
[1391] ms: *pol-o Sanmarco*; ms4: *polo Samarco*.
[1392] ms-LU: *S. Juan*.
[1393] ms14,18: *mera de S. Juan*; ms-LU (anónimo): *mera d'o S. Xoan*.

[1394] ms4: *o dan*. Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *a dan*.
[1395] *A todo'los santos lles chega o seu día, y'a todos os porcos o Samartiño*.
[1396] *Ahi ven Sta. Mariña ca sua rejasadiña*.
[1397] ms4: *mail-o veciño*.

4062. **As chuvias da Ascensión fan pan do pallón.** (mc / ms4: F.V.S.)

Var.: *As chuviscas d'Ascensión fan pan do pallón.* (ms4: F.V.S.)

4063. **As nove en san Xoán con día dan.** [1398] (mc: Santiago / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU / Luís Alonso Alonso)

4064. **Ata san Martiño pinga o ramalliño; despois do san Martiño, fame e fríO.** (ms-SA: Manuel Vázquez Formoso: Serres, Muros, C)

4065. **Auga de san Juan quita viño e non dá pan.** (ms11,49: Comarca de Fonsagrada)

4066. **Auga de san Lorenzo chega ó seu tempo.** (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago)

4067. **Auga de san Lourenzo chega co seu tempo.** (ms-SA: Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C)

4068. **Auga de san Lourenzo chega ó seu tempo.** (ms-SA: José Buño Caamaño: Erboedo, A Laracha, C)

4069. **Auga de san Lourenzo sea moi ben vida, tan pronto derramada como sorbida.** [1399] (mc e ms4: J.P.)

(es) *Algo dice San Lorenzo cuando llora sin cuento.* (Que Sbarbi interpreta en el mismo sentido)

Son muy beneficiosas para el campo.

4070. **Auga de san Xoán mat'o viño e non fai pan.** (ms21,07r: Bermés)

4071. **Auga de san Xoán temprana moitos males sana.** [1400] (ms15,23: *O Gaiteiro Gallego*, 1956 / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Barrós Fachal)

4072. **Auga de san Xoán tolle o viño e non dá pan.** [1401] (mc: A.I. / ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU / ms-SA: Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)

(pt) *Chuva no S. João, bebe o vinho e come o pão.* (Chaves) / *Chuva no S. João, talha vinho, e não dá pão.* (Id.) / *Chuva no S. João, tira vinho, azeite e não dá pão.* (Id.) (es) *Agua de por San Juan, quita vino y no da pan; por agosto, ni pan ni mosto.* (Correas) (ct) *Pluja de sant Joan lleva vi i no posa pa.* (Sanchis) / *Si per sant Joan plou, ni vi ni pa tou.* (Id.)

Los tres coinciden en la misma idea, común a los refranes peninsulares.

4073. **Auga de san Xoán tolle viño e non dá pan e tira o aceite no chan.** [1402] (mc: J.T.)

(pt) *Chuva no S. João, tira vinho, azeite e não dá pão.* (Chaves)

4074. **Auga de san Xoán tolle viño e non dá pan.** (ms21,01v: Bermés)

4075. **Auga de santa Rita todo o quita.** (mc: J.P.)

(es) *Agua por San Bernardino, no da pan y quita vino; agua por Santa Rita, todo lo quita.* (R. Marín)

4076. **Auga en san Xoán quita liño e non dá pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU)

4077. **Auga en san Xoán tolle trigo e non dá pan.** [1403] (ms-SA: Eliseo López Varela)

4078. **Auga en san Xoán toll'o viño e non dá pan.** (ms-SA: Juan Bello Valiña)

4079. **Auga en Santiago fai vir o millo ó agro.** [1404] (ms-SA: Eliseo López Varela)

4080. **Auga en san Juan quita o viño e non dá pan.** (ms17,002)

4081. **Auga por san Lorenzo chega no seu tempo.** (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

4082. **Auga por san Lourenzo chega a tempo.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Couceiro, Muxía, C)

4083. **Auga por san Lourenzo chega co seu tempo.** [1405] (ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / José Ballesteros Alonso / Manuel Lago López / José A. Iglesias Ares)

4084. **Auga por san Xoán tolle o viño e non dá pan.** (ms-SA: Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO)

4085. **Augas verdadeiras, por san Mateo as primeiras.** (ms5,136: *O Gaiteiro de Lugo*, 1957 / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia

---

[1398] ms-LU: *Juan* / L. Alonso Alonso: *en San Juan, co día*. / V. *En San Xoán as nove con día dan* en *Días* (*Duración de los días*).

[1399] *Auga de San Lourenzo, sea moi ben vida, tan pronto derramada como sorbida*. / mc: *muy ben ben vida*. O refrán rexistrado por Jacinto del Prado coincide co do ms4.

[1400] ms-SA e M. Barrós Fachal: *de San Xan*.

[1401] ms4: *en San Joan*; ms-LU: *San Juan*; ms-SA: *O augua*.

[1402] Dentro de *Agrícolas* (*Generales*) no mecanoescrito orixinal. / ms4: *viño, non da*.

[1403] O orixinal di *E auga en San Xoan tolle trigo e non da pan*. Eliseo López Varela recolle varios refráns introducidos pola conxunción copulativa *e*. Probablemente o informante díxollos en serie e el copiou tamén a conxunción que os unía.

[1404] O orixinal di *E auga en Santiago fay vir o millo o agro*.

[1405] J. Ballesteros Alonso e M. Lago López: *Agua po lo San* / J. Ballesteros Alonso, M. Lago López e J.A. Iglesias Ares: *Lorenzo*.

da Coruña / Manuel Barrós Fachal / ms15,23: *O Gaiteiro Gallego* (1956))

Var.: *Augas verdadeiras, as de san Mateo as primeiras.*

4086. **Bendito mes que entra con Santos, media con san Uxío e romata con san Andrés.** (ms18,46r)

4087. **Cada porquiño fai o seu san Martiño.** (ms-SA: José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO)

4088. **Cada porquiño ten o seu san Martiño.** [1406] (ms-SA: José Luís Lobato Carbia / José Ignacio Seijo Santiago)

4089. **Cada san Martiño cu seu porquiño.** (ms-SA: Emilio Segade Vidones)

4090. **Cada san Martiño, o seu porquiño.** (mc: Santiago)

4091. **Cando a Candelaria chora, inverno fóra.** (ms21,01r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

4092. **Cando a Candelaria chora, medio inverno vai fóra; cando ela ri, está por vir; mais cal chorar, cal rir, medio inverno está por vir.** [1407] (mc: U.C. Cuartilla 10)

Var.: *Cando a Candelaria chora, medio inverno fóra.* (mc e ms4: C.G.) [1408] / *Cando a Candelaria chora, a metade do inverno vai fóra; que chore, que deixe de chorar, a metá do inverno está por pasar.* (mc: Velle / ms-LU: seminarista anónimo: Gaibor, Begonte, LU) [1409]

(pt) *Quando a Candelária chora, o inverno já está fora; quando a Candelária rir, o inverno está para vir.* (es) *Cuando la Candelaria plora, el invierno es fora; cuando ni plora ni hace viento, el invierno es dentro; y cuando ríe, quiere venire.* (Correas) (ct) *Quan la Candelaria plóra, ya está el hivern fora; si riu, el fret será ven viu.* (Gella)

4093. **Cando a Candelaria chora, mitá do inverno fóra; que chore que deixe de chorar, a mitá do inverno non está por pasar.** (ms-SA: Manuel Vázquez Formoso: Serres, Muros, C)

4094. **Cando a Candelaria chora, mitá do inverno vai fóra; que chore ou deixe de chorar, mitá do inverno está por pasar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

4095. **Cando a Candelaria chora, mitá do inverno vai fóra; que chore que deixe de chorar, mitá dil aínda está de pasar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pol, LU)

4096. **Cando a Candelaria chora, mitá do inverno vai fóra.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4097. **Cando a Candelaria chora, mitá do inverno vai fóra; que chore e deixe de chorar, mitá do inverno vai sin pasar.** [1410] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4098. **Cando a Candelaria chora, o inverno vai fóra.** (ms18,09r)

4099. **Cando a Candelaria chora, vai o inverno fóra; cando ri está por vir.** (ms-SA: Pascual Campos Arestiño: Cando, Outes, C)

4100. **Cando a Candelaria ri, mitá do inverno está por vir.** (mc: R. Caruncho)

(pt) *Se a Senhora da Luz está a chorar, está o inverno a acabar; se está a rir, está o inverno para vir.* (Chaves) / *Quando a Candelária chora, o inverno já está fora; quando a Candelária rir, o inverno está para vir.* (es) *Cuando la Candelaria llora, el invierno es fora, cuando ni plora ni hace viento, el invierno dentro, y cuando ríe, quiere venire.* (Correas). (ct) *Si la Candelera plora, l'hivern és fora, i si la Candelera riu, lluny és l'éstiu; tant si plora com si riu, no et pensis ser a l'estiu.* (Sanchis, que trae cerca de treinta variantes) Omitimos otras variantes castellanas por sobradamente conocidas. / Variantes sobre el mismo tema, que se repite en otras formas.

4101. **Cando chega o san Martiño, xa se proba o bo viño.** [1411] (ms-SA: J. M. Barral Sánchez / José Ballesteros Alonso)

4102. **Cando chove por san Xorxe, de cen cereixas quedan nove.** [1412] (mc: C.A.)

4103. **Cando na Candelaria chora, medio inverno xa vai fóra; que chore ou que deixe de chorar, mitá do inverno está de**

[1406] J.I. Seijo Santiago: *seu samartiño*.

[1407] Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Meteorológicos. Santos*.

[1408] ms4: *chora, inverno*.

[1409] ms-LU: *está de pasar*.

[1410] *Cando a Candelaria chora mitá d'o inverno vay chora que chore e dexe de chorar mitá d'o inverno vay sin pasar*.

[1411] J. Ballesteros Alonso: *o bon viño*.

[1412] Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Meteorológicos. Santos*.

pasar. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4104. **Cando o Candelaria chora, a metá do inverno vai fóra; que chore que deixe de chorar, a metá do inverno está por pasar.** (ms18,09r)

4105. **Cando pola Candeloria chora, mitá do inverno vai fóra; que chore que deixe de chorar, mitad do inverno está sin pasar.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

4106. **Cando san Antonio trae herbas, a cosecha vaise á m[erda].** (mc: Monforte / ms4: F.V.S.)

La misma hierba perjudica a los cereales.

4107. **Cando san Antonio trae herba, a cosecha vaise á m[erda].** [1413] (ms18,64v: Mondoñedo)

4108. **Cando vén o san Lorenzo, trai o seu caldeiro penzo.** (ms-SA: Manuel Canedo Nimo: Trasmonte, Ames, C)

4109. **Carnaval seco, Lázaro mollado.** [1414] (mc: J.T.)

Lázaro, domingo de Pasión.

4110. **Carnaval seco, Lázaro mollado.** (ms6,01v: Verín)

4111. **Carros grandes son días santos.** (ms: Sta. Eugenia de Asma)

4112. **Castañas, noces e viño fan a ledicia do san Martiño.** [1415] (ms-SA: Manuel Vázquez Formoso: Serres, Muros, C / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4113. **Chegando o san Andrés, o viño novo anexo é.** (mc: G.P.)

4114. **Chovendo o día de santa Bibiana, chove nun mes e en sete semanas.** [1416] (ms: Sar., La Guardia)

4115. **Chovendo pola Candelaria, a fortuna non será contraria.** (ms4: J.P.)

4116. **Chuvia de san Juan colle viño e non dá pan.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

4117. **Chuvia de santa Inés, chove unha sola ves.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

4118. **Chuvia en san Xuan tolle viño e non dá pan.** (ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

4119. **Chuvia na semana da Ascensión cría nos trigos mourón; pro é un regalo san Pedro co seu xerro, san Cristobo co seu cobo, santa Mariña coa súa regadiña, Santiago co seu canado, san Lourenzo co seu caldeiro penzo, Nosa Señora coa súa ola e san Miguel co seu tonel.** (ms: M.V.)

4120. **Chuvia na semana da Ascesión cría nos trigos mourón.** (ms21,22v: Bermés)

4121. **Chuvia por san Miguel pouco tempo ha poder ser.** (ms21,08v: Bermés)

4122. **Chuvia por san Miguel, pouco tempo a podes ver.** (ms5,058: O Gait. de Lugo. 1954)

4123. **Chuvia por san Xuan tolle viño e non dá pan.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

4124. **Chuvia por santa Lucía tolle a sardiña.** (ms)

4125. **De aquí a san Pedro o viño ten medo.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)

4126. **De san Martín en diante, frío e fame.** (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

4127. **De san Miguel pra riba non se señala a vendima.** (ms21,31r: Bermés)

4128. **De san Pedro a san Xoán solo cinco días van.** (ms-SA: Manuel Cancela Corredoira: San Pedro de Campañó, Pontevedra, PO)

4129. **De san Pedro a san Xoán te-la conta na man.** [1417] (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

4130. **De san Xoán a san Pedro apreta, mancebo.** [1418] (mc: Velle)

(ct) *Per sant Pere i sant Joan, la calor va en gran.* (Sanchis)

Aprieta el calor.

4131. **Deica san Pedro o viño ten medo.** (mc: C.G.)

(pt) *Até S. Pedro* (29 de junho) *tem o vinho mêdo.* (Chaves)

Hasta finales de junio, hay peligros de que se malogre la cosecha.

4132. **Desde a Virxe de agosto a san Miguel nunca debera chover.** [1419] (mc)

(es) *Desde la Virgen de agosto a San Miguel nunca debiera llover.* (R. Marín)

(ct) *De la Mare de Déu d'Agost a sant Miquel, que la pluja es quedi al cel.* (Sanchis)

[1413] *Cando San Antonio trae herba, a cosecha vaise a m...*

[1414] Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Meteorológicos. Santos*.

[1415] ms-LU: *de Samartiño*.

[1416] ms4: *un mes ou sete semanas*.

[1417] *De San Pedro a San Xoán, tel-a conta na man*.

[1418] ms: *San Juan*.

[1419] ms: *Desde a Virgen*.

Alude a la Dedicación de San Miguel, que se celebra el 29 de setiembre.

4133. **Despois da Concepción que chova ou non.** [1420] (ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms)

4134. **Despois de san Martiño deixa a auga e bebe o viño.** [1421] (mc / ms)

Var.: *Día de san Martiño proba o teu viño.* (A.I.)

(pt) *No dia de S. Martinho, mata teu porco e bebe teu vinho*. (Chaves) */ No dia de S. Martinho, vai á adega e prova teu vinho.* (Id.) */ Pelo S. Martinho abatoca o teu vinho* (ou *o pipinho*) */ No dia de S. Martinho fura o teu pipinho*. (Id.) */ Pelo S. Martinho prova o teu vinho, ao cabo d'un ano ja te nao faz dano*. (Chaves)(es) *Día de San Martino, prueba tu vino.* (Correas) */ Día de S. Martino, todo mosto es buen vino.* (Id.) (ct) *Per sant Martí aspira ton vi.* (Sanchis) */ Per sant Martí enceta la bota de vi.* (Id.)

Es la fecha señalada para probar el vino nuevo.

4135. **Despois de san Miguel vai ós figos quen quere.** (ms-SA: Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C)

4136. **Día da Santa Cruz de maio, o lobo i-o corvo nado, i-o raposo medio criado.** [1422] (ms21,04r: Bermés)

4137. **Día de Páscoa e domingo lardeiro, cada cadelo no seu palleiro.** [1423] (ms4: M.L. / ms10,005r: *D.E.*)

4138. **Día de san Bernabé, nin na terra nin no fardel.** [1424] (mc: A.N.)

San Bernabé: 11 de xuño.

4139. **Día de san Fernando, sai do seu sitio o bando.** (ms15,44: Carballedo)

Se refiere as las moscas, que aparecen el 30 de mayo.

4140. **Día de san Marco, nin nado nin no saco.** (mc: A.N.)

(es) *Por San Marcos ni nacido ni en el saco.* (Sbarbi)

Ya advertimos en otra variante, que se refiere al lino.

4141. **Día de san Martiño proba o teu viño.** [1425] (mc: Amandi / ms: A.I.)

Var.: *Polo san Martiño proba o teu viño, a ver si lle pasou o acediño.* (ms5,136: Sober)

(pt) *Pelo S. Martinho prova o teu vinho; ao cabo d'um ano já te não faz dano*. (Chaves) */ No día de S. Martinho mata o teu porco e bebe o teu vinho.* (Chaves) */ No dia de S. Martinho abatoca o teu vinho* (ou *o pipinho*). (Id.) */ No dia de S. Martinho fura o teu pipinho. / No dia de S. Martinho, vai á adega e prova teu vinho*. (Id.) (es) *Día de San Martino, prueba tu vino.* (Correas) */ Día de S. Martino, todo mosto es buen vino.* (Id.) (ct) *Per sant Martí aspira ton vi.* (Sanchis) */ Per sant Martì, enceta la bota de vi.* (Id.)

4142. **Día de san Mateo, vendima ti, vendimo eu.** (ms-SA: Juan Bello Valiña)

4143. **Día de san Xoán sécalle a primeira raíz ó pan, día de san Pedro sécalle a do medio e día de santa Isabel a do carabel.** [1426] (mc / ms4: F.V.S.)

Var.: *Día de san Xoán sécalle a primeira raíz ó pan, día de san Pedro sécalle a do medio, día de santa Isabel seca todo el, e día de san Agustín, bótalle / o foucín.* (Neira de Rey). */ Día de san Xoán sécalle a primeira raíz ó pan, día de san Pedro e mais de san Pablo sécalle a do medio e mais a do / cabo, e día de santa Isabel colle o fouciño e vai segar el.* (ms4: Pidre-F.V.S.)

(es) *Por San Juan, seca la raíz el pan.* (R. Marín)

Tiene multitud de variantes. *Foucín* presenta influencia asturiana de la terminación.

4144. **Día de san Xuan sécalle a raíz ó pan, día de san Pedro sécalle a do medio e día de santa Isabel seca todo el.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

4145. **Día de san Juan créballe a raíz ó pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

4146. **Día de san Juan sécalle a primeira raíz ó pan, e día de santa Isabel sécalle o fiel.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pape, San Xoán de Silvarrei, Outeiro de Rei, LU)

4147. **Día de santa Cruz de maio, o lobo i-o corvo, nado; i-o raposo, medio criado.** [1427] (mc: A.N.V.)

[1420] ms: *Conceución*.
[1421] mc: *Dispois*.
[1422] *Día dá Sta Cruz de mayo o lobo y'o corbo nado, y'o raposo medio criado*.
[1423] En ms10 s.v. *Día*.
[1424] ms4: *Bernabél*.
[1425] ms5, 136: El vino, recién hecho, tiene unos pocos días sabor dulce; después, durante un mes adquiere acidez (*xesta* le llaman en Sober); y es áspero; cuando pasa esta acidez, es cuando el vino está hecho
[1426] ms: *Xuan*
[1427] ms: *y o corvo nada y o raposo*.

(ct) *Per sant Marc, el llop ja és nat; per santa Creu, el llop s'hi veu.* (Sanchis)

4148. **Día de santa Cruz vai ver a túa viña si reluz.** [1428] (mc: C.A. / ms11,07: A.C. *A Nosa Terra*)

Tres días son tachados como especialmente peligrosos para el viñedo; por causa de las heladas: San Marcos (25 de abril), Santa Cruz (3 de mayo), y la Aparición de San Miguel (8 de mayo). En Verín se dice que los tres arrieros que llevan el vino son Marquete, Crucete y Miguelete. A la segunda fecha se refiere el refrán. Claro es que su sentido abarca el espacio comprendido entre dichas festividades.

4149. **Día de Santa Cruz, vai ver se a túa viña reluz.** (ms18,46r)

4150. **Día de Santa Inés, chuvia no día unha vez.** (ms18,52r: *Vida Gallega*)

4151. **Día de Santa Inés, chuvia un día unha vez.** (ms18,46r)

4152. **Día de santa Lucía, énchete d'auga ou de sardiña.** (ms)

4153. **Día de santa Mariña vai ver a túa viña, e tal a ves, tal a vendima.** (ms-SA: Juan Bello Valiña)

4154. **Días das Candelas, que chores que deixes de chorar, mitá do inverno está por pasar.** (ms17,002)

4155. **Dichoso mes que empeza con Santos e remata con san Andrés.** (ms-SA: Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C)

4156. **Dichoso mes que empeza con Santos e termina con san Andrés.** (ms-SA: M. González Fernández)

4157. **Dichoso mes que empeza por Santos e termina por san Andrés.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

4158. **Dichoso mes que entra con Santos e remata con san Andrés.** (ms-SA: ?López Balcale)

4159. **Dichoso o mes que empeza con Santos e termina por san Andrés.** [1429] (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

4160. **Do santo queimado ó santo esfolado.** (mc / ms4: F.V.S.)

O santo queimado es San Lorenzo (10 de agosto) y el *esfolado*, San Bartolomé (24 de agosto), y es otra de las épocas en que peligra la cosecha de vino.

4161. **Ehí vai Santiago co seu canado.** (mc: C.A. / ms: E.C.)

(pt) *São Tiaguinho, sempre trás seu cabacinho.* (Chaves)

4162. **Ehí vén Nosa Señora coa súa ola.** (mc: C.A. / ms: E.C.)

Nosa Señora (15.8).

4163. **Ehí vén san Cristobo co seu cobo.** (mc: C.A. / ms: E.C.)

4164. **Ehí vén san Lourenzo co seu calderiño penzo.** (mc: C.A. / ms: E.C. / ms21,06v: Bermés)

4165. **Ehí vén santa Mariña ca súa regazadiña.** (mc: C.A.)

(pt) *A Santa Marinha, sempre trás a sua cabacinha.* (Chaves)

Todos incican la conveniencia de lluvia en eses días.

4166. **En chegando san Antón, galiña, pon, e si non, retorcigón.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(pt) *A Santa Marinha, sempre trás a sua cabacinha.* (Chaves) (es) *Por San Antón* (17 en)*, gallinita, pon; por Nechebuena, la que es buena; por Candelaria, la buena y la mala.* (R. Marín) */ Por San Antón, la buena gallina pon; por la Candelaria, la buena y la mala.* (Id) / *Por San Antón, la gallina pon; por San Blas* (3 feb.)*, más y más.* (Id.) */ Por San Antón, toda ave pon.* (Id.) */ Por San Antón, huevos a montón.* (Id.) (ct) *Per Sant Antòn, la gallina pon.* (Sanchis)

4167. **En san Andrés, o trompo outra vez.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

4168. **En san Andrés, pa ben ser, cheos tres.** (ms-SA: M. González Fernández)

4169. **En san Antón a galiña pon.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4170. **En san Benito, portas ó seu sitio.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

4171. **En san Cristobo, millo no cobo.** (mc: Muros)

San Cristobal 10 de julio.

4172. **En san Francisco debes recordar recoller o que has de cebar.** (ms4: J.P.)

4173. **En san Marcos sementa os gravanzos.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Couceiro, Muxía, C)

4174. **En san Martiño xa a vella queima o talliño.** (ms-SA: Julio Barreiro Fernández, San Miguel de Vilar, Touro, C)

4175. **En san Martiño, cada día un ferradiño.** (mc / ms4: F.V.S.)

4176. **En san Martiño, trompos ó camiño.** (ms-SA: Manuel Casal García: Santiago de

---

[1428] ms4: *se reluz.*

[1429] *Dichoso o mes que empeza con santo e termina por San Andrés.*

Compostela, C / ms-SA: Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO)

4177. **En san Martiño deixa o lacón e come o touciño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Calde, Lugo, LU)

4178. **En san Martiño mato o porquiño.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

4179. **En san Martiño, pan e viño.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

4180. **En san Miguel hai mel.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C / ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Couceiro, Muxía, C)

4499. **Por san Mateo non hai setembro sereo.** (ms5,136: *O Gaiteiro de Lugo*, 1957)

4500. **Por san Mateo vendima ti, vendimo eu.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4501. **Por san Mateu vindima ti, vindimarei eu.** [1506] (mc / ms4: F.V.S.)

(pt) *Pelo S. Mateus vindimam os sisudos, semeian os sandeus.* (Chaves) (es) *Por San Mateos vendimian cuerdos y sandeos.* (Correas) (ct) *A sant Mateu, verema i batoll arreu.* (Sanchis) */ Sant Mateu, verma tot déu.* (Id.)

4502. **Por san Matías cantan as cotovías.** (ms21,08r: Bermés)

4503. **Por san Miguel colle o cesto e o caravel.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4504. **Por san Migueliño seca o regueiriño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4505. **Por san Pedro anda pastor co seu rebaño.** [1507] (mc: J.P.)

(es) *Por San Pedro cada pastor con su rebañuelo.* (Correas) (ct) *Per sant Pere, cada pastor amb son ramat.* (Sanchis)

4506. **Por san Pedro da Cuadrela sal a cóbrega da súa pedra.** (mc: A.I. / ms18,76r: A.S.A.)

(es) *Por San Pedro, sale la culebra de su agujero.* (R. Marín)

Alude a la Cátedra de S. Pedro en Roma, que se celebra el 22 de febrero.

4507. **Por san Pedro e san Paulo, riqueza no campo.** [1508] (ms15,23: *O Gaiteiro Gallego*, 1956 / Manuel Barrós Fachal)

4508. **Por san Pedro tírate ó río sin medo.** (ms-SA: Freire López: Padrón, C)

4509. **Por san Pedro, coller no centeo.** (mc: Santiago)

4510. **Por san Ramón saca o vestido do arcón.** (ms5,121: Trapero, Comarca de Villalba)

San Ramón: 31- VIII.

4511. **Por san Ramón, un garrafón; por Santiago, un canado.** [1509] (mc: Lugo-F.V.S.)

Convienen algunas lluvias para los campos.

4512. **Por san Simón proba o viño, e o porco por san Martiño.** (mc: C.A. / ms: E.C.)

Var.: *San Simón proba o viño, e o porco san Martiño. / Por San Simón proba o viño e o porco.* (C.G.)

(pt) *Pelo San Martinho mata o teu porquinho e semeia o teu cebolinho.* (Chaves) (es) *Por San Martín, mata tu guarrín.* (R. Marín) */ Por San Martín deja el puerco de gruñir.* (Correas)

4513. **Por san Simón solta os bois do timón.** (mc)

4514. **Por san Simón suca, varón, que pasa sazón.** (mc)

4515. **Por san Simón suca, varón.** (mc)

(pt) *Por S. Simão semear, sim, navegar não.* (Chaves) (es) *Por San Simón siembra varón; por Todos Santos con ambas manos.* (Correas) (ct) *Per sant Simó, sembra, varó.* (Sanchis) */ Per sant Simó sembra el bon llaurador.* (Id.)

4516. **Por san Xoán en toda a terra espigou o pan.** (ms21,02r: Bermés)

4517. **Por san Xoán sécalle a primeira raíz ó pan; por san Pedro sécall'a do medio, e por santa Isabel seca todo el.** [1510] (ms21,10v: Bermés)

4518. **Por san Xoán sécalle a primeira raíz ó pan; por san Pedro sécall'a do medio, e por santa Isabel fouciño con el.** [1511] (ms21,10v: Bermés)

4519. **Por san Xoán xa fuxe o can.** [1512] (mc: U.C. Cuartilla 13)

4520. **Por san Xoán, tanto queixo como pan.** [1513] (mc: A.N.)

[1506] ms4: *vendima, vendimarei*.

[1507] mc e ms: *anda o pastor*. / mc: *co seu*. Jacinto del Prado recolle só a forma *anda pastor c'o seu rebaño*.

[1508] M. Barrós Fachal: *e San Pablo*.

[1509] ms e ms4: *No San Ramon*.

[1510] *Por S. Xoan sealle a primeira raíz o pan; por S. Pedro sécall'a do medio e por Sta Isabel seca todo él.* (*fouciño con él*).

[1511] *Por S. Xoan sealle a primeira raíz o pan; por S. Pedro sécall'a do medio e por Sta Isabel seca todo él.* (*fouciño con él*).

[1512] V. *Por San Xoán o millo cubre o can* en *Agrícolas* (*Meses. Julio*).

[1513] V. variantes en *Queso*.

Var.: *Día de san Juan, tanto queixo como pan; día de san Pedro, tanto como un dedo.* (ms4: Pol-F.V.S.)

4521. **Por san Xosé canta o cuco e por San Pedro queda mudo.** (mc: J.P.)

(ct) *Per sant Josep el cucut canta tot dret...* (Sanchis)

4522. **Por san Xuan xa o millo cubre o can.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)

4523. **Por san Joán sécalle a raíz ó pan; por san Pedro sécalle a do medio; pola santa Isabel colle a fouciña e vai segar a el.** [1514] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4524. **Por santa Águeda entra o sol na auga.** [1515] (José A. Iglesias Ares / ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Couceiro, Muxía, C / ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / ms-SA: Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C)

4525. **Por santa Andrea colle os bois e semea.** [1516] (mc: E.C.)

(es) *Por San Andrés sementera es; por Santa Catalina, sementerina.* (Correas) (ct) *Per sant Andreu sembra es blat teu.* (Sanchis) */ Per sant Andreu sembra del teu; si ho has d'emprar, deixa-ho anar.* (Id.)

4526. **Por santa Erea toma os bois e semea; por san Martiño nin fabas nin liño.** (ms21,09v: Bermés)

4527. **Por santa Erea toma os bois e semea.** (mc: A.I. / ms)

(pt) *Por Santa Irea, pega nos bois e semeia.* (Chaves)

Su fiesta el día 20 de octubre, ocho antes de S. Simón, del que queda arriba un refrán equivalente.

4528. **Por santa Eulalia, trompos á borralla.** [1517] (mc: Santiago)

4529. **Por santa Inés, chuvia unha sola ves.** (mc: M.V.)

Var.: *Día de santa Inés, chuvia unha sola ves* (todo el día). (mc: M.V. / ms21,22v: Bermés)

Es el 21 de enero, y quiere decir que llueve todo el día.

4530. **Por santa Lucía tan longa é a noite como o día.** [1518] (mc: J.T.)

Ilustrados ya en otros análogos.

4531. **Por santa María de agosto reparta a vaca un pouco; pola de setembre, anque o vaqueiro a pese.** [1519] (mc e ms4: J.P.)

(es) *Por Santa María de agosto repasta la vaca un poco; por la de setiembre, aunque al vaquero le pese.* (Correas)

4532. **Por santa Marina tira a ligona e colle a fouciña.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

4533. **Por santa Mariña colle a sacha e tira a fouciña.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

4534. **Por santa Mariña deita a túa galiña.** (mc: Santiago / ms: J.A.P.)

Santa Mariña, 18 jul.

4535. **Por santa Mariña deixa a legoña e colle a fouciña.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)

4536. **Por santa Mariña deixa a sacha e colle a maciña.** (ms: Orense)

Maciña: un instrumento para mazar el lino.

4537. **Por santa Mariña o millo cobre o rabo á galiña.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

4538. **Por santa Mariña pousa a sacha e colle a fouciña.** [1520] (ms: Santiago / Amador Darriba Míguez / José Lorenzo Viña / ms-SA: Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C)

4539. **Por santa Mariña pousa a sacha e colle o fouciño.** [1521] (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

4540. **Por santa Mariña pousa o sacho e colle a fouciña.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

4541. **Por santa Mariña rapa a túa añina, sexa grandiña ou pequeniña.** (ms-SA: Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C)

4542. **Por santa Mariña sempre vén a súa chuviñeiriña.** (mc: Santiago)

Como: *Ehí ven santa Mariña ca súa regazadiña.*

4543. **Por santa Mariña sempre vou cedo prá camiña.** (ms: Santiago)

[1514] *Por S. Joán secalle un raíz o pan por S. Pedro sécalle a d'o medio. Po la Sta Isabel colle a fouciña e vai segar a él.*

[1515] ms-SA (Ramón A.): *Por Sta. Aagada*; ms-SA (Manuel L.) e ms-SA (Jacinto C.): *Por Santa Ageda, i-auga*.

[1516] mc: *Santo Andrea*.

[1517] mc: *Santa Olalla*. / Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

[1518] V. *Día de Santa Lucía tan grande é a noite como o día* en *Días* (*Duración de los días*). / Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Meteorológicos. Santos*.

[1519] mc: *repasta*. O orixinal de J.P. coincide co refrán rexistrado en ms4.

[1520] J. Lorenzo Viña: *a fauziña* / A. Darriba Míguez: *Pola Sta. Mariña*; ms-SA: *Por la Santa Mariña pousala aixada*.

[1521] *Por Xanta Mariña pouxa sacha e colle o fouciño*.

4544. **Por santa Mariña tira a hacha e colle a fociña.** [1522] (ms-SA: Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)

4545. **Por santa Mariña tira a ligona e colle a fouciña.** (mc: Santiago)

4546. **Por santa Mariña u millo tapa [a] ala á galiña.** (ms-SA: Jesús Alvite Alvite: San Cibrán de Vilastose, Muxía, C)

4547. **Por santa Mariña voume cedo prá camiña.** (mc: Santiago)

4548. **Por santa Mariña x'o millo tapa a galiña.** [1523] (ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO / ms-SA: José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)

4549. **Por santa Mariña xa o fruto está na arquiña.** (mc: Santiago)

Var.: *Por santa Mariña xa o fruto está na casiña.* (ms5,133: Santiago)

4550. **Por santa Mariña xa o millo cobre a galiña.** [1524] (mc e ms: Santiago / ms-SA: Jesús Santiso Barreiro)

Var.: *Pola santa Mariña o millo bo tapa a galiña.* (ms5,135: Puente Ulla)

4551. **Por santa Mariña xa o millo tapa o rabo á galiña.** [1525] (mc: Santiago)

4552. **Por santa Mariña xa o trigo cubre a galiña.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)

4553. **Por santa Mariña, comer galiña.** [1526] (mc: C.A.)

4554. **Por santa Mariña, pedras na hortiña.** (mc: Santiago)

4555. **Por santa Mariña, fruto na arquiña.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

4556. **Por santa Polonia, mitá do inverno vai fóra; si chove ou venta, inda entra.** [1527] (mc: Forcarey-F.V.S. / ms-LU: Trini Figueiras: Forcarei, PO. Residente no Convento de San Salvador de Asma (Chantada))

Localiza en el 9 de febrero, fiesta de Sta. Apolonia, lo que otros refieren a la Candelaria.

4557. **Por Santiago arden as tellas dos tellados, por d'afora, que non por embaixo.** (ms-SA: M. González Fernández)

4558. **Por Santiago esconde o conexo o rabo.** (mc: J.P.)

(es) *Por Santiago esconde el conejo el rabo, y por San Miguel, se le vuelve a ver.* (Jara) / *Por agosto, esconde el conejo el opo; por San Miguel, se le vuelve a ver.* (Id.) (Se esconde en la maleza espesa para defenderse del calor).

Se esconde en la maleza espesa, para defenderse del calor.

4559. **Por Santiago non hai cabalo malo e hasta o burro é cabalo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4560. **Por Santiago o galiñeiro rematouse por enteiro.** (ms4: J.P.)

4561. **Por Santiago, sol hastra o cabo.** (ms5,138: *O Gaiteiro de Lugo*, 1960)

4562. **Por Santo Andrés toma o porco polo pé.** (mc: (Buciños) (A.I.))

(pt) *No dia de Sto. André, quem não tem porco mata a mulher.* (Chaves) / *No dia de Sto. André, vai à esquina, e traz o porco pelo pé.* (Chaves) (es) *Por San Andrés toma el puerco por el pie.* (Correas) (ct) *Per sant Andreu, la matança arreu.* (Sanchis)

Lo que otro dice de Santo Tomás.

4563. **Por Santo Domingo da Calzada a sombra busca e a capa é gardada.** [1528] (mc: J.P.)

4564. **Por Santo Tomé toma o porco polo pé.** [1529] (mc: A.I.)

(pt) *No dia de S. Tomé, pega o porco pelo pé.* (Chaves) (es) *Por San Martino encierra tu vino; por San Tomé toma el cochino por el pie.* (Correas) (ct) *Per sant Tomàs agafa el porc del nas.* (Sanchis) / *Per sant Tomàs, qui té porc que li piqui el nas.* (Id.) / *Per sant Tomàs s'estira el porc pel nas; i qui no en té, estira el de sa muller.* (Id.)

4565. **Por Santos, nin nado nin no saco.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

Aplícase ó trigo.

4566. **Pra que medre ben o pan, sémbrao por san Froilán.** (mc: Farbán, Sarria)

4567. **Pró día de Candelaria, que chores nin que deixes de chorar, mitá do inverno está sin pasar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

4568. **Que grande que pequeno, dáme a renda por san Pedro.** (ms9,16r: Sober)

Habla el maíz.

[1522] *Por Santa Mariña tira a haha e colle a fociña.*
[1523] ms-SA (José C.): *xa o millo topa a galiña.*
[1524] ms e J. Santiso Barreiro: *xo.*
[1525] ms: *xo.*
[1526] ms4: *En Santa Mariña.*
[1527] ms-LU: *Santa Apolonia a mita do inverno.*

[1528] ms2: *a sombra ê a capa e gardada.* / Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Meteorológicos. Santos.*
[1529] ms4: *Por San Tomé.*

4569. **Que non pase san Antón no cortello o teu cebón.** (mc: J.P.)

Porque para esa fecha (17 enero), debe estar hecha la matanza.

4570. **Quen aúna por san Juan, ou é tolo ou non ten pan.** (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago)

4571. **Quen en san Miguel esterca, dende a casa rega.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4572. **Quen en san Miguel esterca, dende a casa sega.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

4573. **Quen queira comer allo, que o poña por san Martiño.** (mc: J.P.)

Var.: *Quen queira comer allo fino, qu'o poña por san Martiño.* (M.L.)

(ct) *Si vols l'all coent, planta per l'Advent; si el vols bo i fi, sembra'l per sant Martí.* (Sanchis) */ Si vòls l'all fí, sembral per Sen Martí.* (Alberola)

Otros recomiendan que ha de sembrarse en enero, o en diciembre.

4574. **Ramos mollados, carros cargados.** (mc: J.P.)

(pt) *Ramos molhados, anos melhorados.* (Chaves) */ Ramos molhados, são louvados.* (Id.) (es) *Ramos mojados, carros cargados.* (R. Marín) */ Ramos mojados, siempre fueron loados.* (Correas) */ Ramos mojados, esos mejorados.* (Id.)

4575. **Riña por san Xuan, amistá pra todo o ano.** [1530] (mc e ms: J.P.)

(pt) *Guerra de S. João, paz de todo o ano.* (Chaves) (es) *Riña por San Juan, para todo el año paz.* (R. Marín) */ Las riñas de por San Juan son paz para todo el año.* (Correas) (ct) *Rinyes per Sen Juan, pau per a tot l'any.* (Alberola)

Recuerda que el 24 de junio se hacían los contratos y ajustes entre la gente del campo; en tal fecha podía haber discusiones para puntualizar las condiciones de trabajo; pero, una vez aceptadas, vivían en paz amos y criados hasta el año siguiente.

4576. **Sábado Santo luar, pódese arar.** (mc)

4577. **Sáchesme tarde, sáchesme cedo, réndame polo san Pedro.** (mc e ms15,11: Taboada-F.V.S.)

Var.: *"Que grande, que pequeno, réndame polo san Pedro", di o millo.* (ms5,137: Sober)

Se refiere también al maíz. (ms15,11).

4578. **San Bieito rega a eito, Santiago trai o seu canado, santa Mariña a súa cabaciña, e san Roque o seu pipote.** (ms15,45v: Fraguas, *Vida Gallega*)

4579. **San Cristobo co seu cobo.** [1531] (ms21,28v: Bermés)

4580. **San Lourenzo co seu caldeiro penzo.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951) / ms-SA: Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)

4581. **San Lourenzo sempre vén co seu caldeiriño penzo, san Cristovo co seu covo e santa Mariña coa súa regazadiña.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

4582. **San Martiño e xaneiro teñen algún tempero.** (ms4: F.V.S.)

4583. **San Martiño mata o porco e proba o viño.** (mc: C.G.)

(pt) *No dia de San Martinho, mata teu porco e bebe teu vinho.* (Chaves)

4584. **San Martiño sempre quere o seu graíño.** (mc: C.A. / ms: E.C. / ms4: Cuartilla 14)

4585. **San Martiño sempre trae seu vraíño, ou grande ou pequeniño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

4586. **San Martiño, trompos ó camiño.** [1532] (mc: C.G. / ms21,02r: Bermés)

4587. **San Mateu vendimia ti, vendimiarei eu.** [1533] (mc: A.I. / ms21,01v: Bermés)

4588. **San Matías anda co Antroido ás porfías.** [1534] (mc: A.S.A. / ms21,07v: Bermés)

(es) *San Matías y el Carnaval andan a porfía.* (R. Marín)

4589. **San Matías cas súas artes fai caer o Entroido en martes.** [1535] (mc / ms4: F.V.S.)

4590. **San Miguel das cereixas, tarde vés e pouco deixas.** [1536] (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)

Alude a la Aparición de S. Miguel, que se conmemora el 8 de mayo.

[1530] mc: *San Xoán*. Jacinto del Prado rexistra o refrán tal e como aparece en ms.

[1531] *San Cristobo co seu cobo*. (cubo de agua). / Neste refrán entendeu o informante que *cobo* se refire a un cubo de auga, ou sexa, que vai chover. O refrán propio é *San Cristobo co seu covo*.

[1532] ms e ms21,02r: *ao camiño*; ms21,02r: *Samartiño*.

[1533] ms4: *vendima*, *vendimarei*; ms21,01v: *vindimia ti, vindimiarei*.

[1534] V. *San Matías anda co Entroido ás porfías; e con todas súas artes, non pudo sacalo do martes* en *Días* (*Días y festividades*).

[1535] ms e ms4: *cair, n'o martes*, ms4: *co-as suas artes*. / V. *San Matías anda co Entroido ás porfías; e con todas súas artes, non pudo sacalo do martes* en *Días* (*Días y festividades*).

[1536] ms4: *logo ves*.

4591. **San Miguel das uvas maduras, moito me tardas e pouco me duras.** (ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU)

4592. **San Miguel das uvas maduras, tarde vés e pouco duras.** (ms21,01v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

4593. **San Miguel das uvas, tarde vés e menos duras.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

4594. **San Miguel das uvas, tarde vés e pouco duras.** (mc: A.I.)

Var.: *San Migueliño das uvas, tarde vas e pouco duras.*

(pt) *São Miguel das uvas, tanto tardas e tam pouco duras; se mais vezes vieras no ano, não estava eu com amo.* (Chaves) (es) *San Miguel de las uvas, tarde vienes y poco duras; si vinieses dos veces al año, no quedaría mozo con amo.* (Correas)

Se refiere a la fiesta de la Dedicación de S. Miguel, que se celebra el 29 de setiembre. / Sobre la segunda parte del refrán, puede verse Correas, en la explicación que da a *San Miguel pasado, tanto manda el criado como el amo*.

4595. **San Miguel sempre trae o seu tonel.** [1537] (ms-SA: Julio Barreiro Fernández, San Miguel de Vilar, Touro, C)

4596. **San Migueliño das uvas maduras, moito me tardas e pouco me duras.** (mc: C.A. / ms: E.C.)

4597. **San Migueliño das uvas maduras, tarde nos veñen e pouco maduras.** (ms: Santiago)

4598. **San Migueliño das uvas maduras, tarde vés e pouco duras.** (ms21,09v: Bermés)

4599. **San Migueliño das uvas maduras, tarde vés e pouco maduras.** (ms-SA: Juan López Souto: Corrubedo, Ribeira, C)

4600. **San Migueliño das uvas maduras ¡que tarde vés e que pouco nos duras! Se nos viñeras dúas veces ó ano ¡quen nos tusira de gordos e sanos!** (ms10,040r: *D.E.*)

4601. **San Migueliño das uvas, tarde vés e pouco duras.** (ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)

4602. **San Migueliño das uvas, vés tarde e pouco duras.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4603. **San Migueliño siempre trae o seu airiño.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Couceiro, Muxía, C)

[1537] *San Miguel siempre trae o su tonel.*

4604. **San Pedriño, san Pedrán, polo teu santo empeza a haber a primeira mazán.** (mc: Santiago)

4605. **San Cosme e san Damián, xuntos veñen e xuntos van.** (ms5,058)

4606. **San Pedro e san Helices creban o pan polas raíces.** (mc)

(es) *San Pedro y San Helices quiebra el pan por las raíces.* (Correas)

Según Correas, San Helices, es San Félix, que tiene su fiesta el 2 de agosto. Con el calor de entonces se explica fácilmente que quiebren las cañas del pan.

4607. **San Simón apreta o baldón.** (mc: A.I. / ms4: G.S. y A. / ms21,07v: Bermés)

Tiempo de vendimia, como explicamos en otro equivalente.

4608. **San Vicente da Codela, sale a cobra de baixo da terra.** [1538] (mc e ms4: Paradela-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

(es) *Por S. Pedro, sale la culebra de su agujero.* (La Cátedra de S. Pedro 22 de febrero). (R. Marín)

Se refiere a San Vicente, mártir, 22 de enero, un mes antes de la Cátedra de San Pedro en Roma, a que alude otro.

4609. **San Xistre busca as uvas donde as viste.** (ms4: J.P.)

4610. **San Xoán é a arca do pan.** (ms6,03v: Portela Pazos, en *Ultreya*)

4611. **San Xoán seco, san Pedro mollado.** [1539] (mc: Otero de Rey)

4612. **San Xuan nos amenaza e san Pedro bótanos da casa.** [1540] (ms4 e ms: J.P.)

(es) *San Pedro y San Juan echan los trastos a rodar* (R. Marín) */ San Juan casero y San Miguel mocero* (Por San Juan suelen mudarse de casa y por S. Miguel los mozos del campo). (R. Marín)

Alude a ser este el tiempo tradicional de las mudanzas de domicilio.

4613. **San Xoán, san Xoaniño, nubrado nubradiño, cuberto cubertiño, morto mortiño.** (ms15,23: *O Gaiteiro Gallego*, 1956)

4614. **Santa Ana ca súa canada e Santiago co seu canado.** [1541] (mc: Calvor, Sarria / ms4: F.V.S.)

[1538] ms4 e ms-LU: *sal a cobra debaixo da terra*.

[1539] ms: *Juan*.

[1540] ms: *Xoan, na casa*.

[1541] ms: *c'o a sua, c'o seu*. / Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Meteorológicos. Santos*.

(pt) *São Tiaguinho, sempre trás seu cabacinho.* (Chaves)

4615. **Santa Bibián, mociñas no liño e vellas na lan.** (ms5,031)

4616. **Santa Cruz de maio, o lobo e o corvo, nado, e o raposo criado.** [1542] (ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)

4617. **Santa Lucía, auga ou sardiña.** (ms-SA: Juan Bello Valiña)

4618. **Santa Mariña coa súa regazadiña.** [1543] (ms21,28v: Bermés / M. Camino Sánchez)

4619. **Santa Mariña nunca vén sin a súa regazadiña.** [1544] (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Couceiro, Muxía, C)

4620. **Santa Mariña sempre vén coa súa regazadiña; Santa Lucía coa súa regalía; San Lourenzo cu seu caldeiro penzo.** (ms-SA: Julio Barreiro Fernández, San Miguel de Vilar, Touro, C)

4621. **Santa Mariña, fruto na arquiña.** (ms-SA: ?López Balcale)

4622. **Santa Quitera, o que nun ano nolo dás, en outro nolo levas.** [1545] (mc: J.T.)

Su festividad en 22 de mayo.

4623. **Santaballa o deu, Santaballa o comeu.** [1546] (ms5,027: Gestoso, Coruña / ms-LU: seminarista anónimo: Xestoso, Monfero, C)

4624. **Santiago co seu canado, Santiaguiño co seu canadiño.** (ms21,02r: Bermés)

4625. **Santiago co seu canado.** (ms-SA: Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)

4626. **Santiago zapatán, todo o mundo anda a preguntar por el.** (ms15,44: Sesto)

4627. **Santo Tomé agarra o cocho polo pé** (mc: A.S.A.)

4628. **Santos e Nadal, inverno carnal.** [1547] (mc: A.I.)

Var.: *Santos e Nadal, inverno curnal.* (P.de V.) / *Dende Santos a Nadal é o inverno natural.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

(pt) *De Santos ao Natal, inverno natural.* (Chaves)

4629. **Santos e Natal, inverno carrual.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4630. **Se a Candelaria chora metá do inverno vai fóra; que chore, que deixe de chorar, a mitá do inverno está por pasar.** [1548] (mc: J.T.)

Var.: *Se a Candelaria chora, mitá do inverno vai fóra; que chore, que deixe de chorar, a mitá do inverno está sin pasar.* (J.T.) / *Se a Candelaria chora, mitá do inverno fóra.* (A.I.)

(pt) *Quando a Candelária chora, o inverno já está fora; quando a Candelária rir, o inverno está para vir.* (Chaves) (es) *Si la Candelaria llora, el inverno va fuera; que llore que deje de llorar, la mitad del inverno está por pasar.* (Gella) / *Si la Candelaria plora, invierno fora.* (Id.) / *Si la Candelaria plora, invierno fora; y si no plora, ni dentro ni fora; que llore que cante, invierno atrás y adelante.* (Gella) (ct) *Si la Candelera plora, l'hivern es fora, y si la Candelera ríu, l'hivern sevíu.* (Gella) (va) *Si la Candelaria plora, l'hivern es fora, si riu, tómase al riu.* (Gella).

4631. **Se a Candelaria chora, metá do inverno vai fóra.** [1549] (mc: A.I.)

(pt) *Quando a Candelária chora, o inverno já está fora; quando a Candelária rir, o inverno está para vir.* (Chaves) (es) *Si la Candelaria llora, el inverno va fuera; que llore que deje de llorar, la mitad del inverno está por pasar.* (Gella) / *Si la Candelaria plora, invierno fora.* (Id.) / *Si la Candelaria plora, invierno fora; y si no plora, ni dentro ni fora; que llore que cante, invierno atrás y adelante.* (Gella) (ct) *Si la Candelera plora, l'hivern es fora, y si la Candelera ríu, l'hivern sevíu.* (Gella) (va) *Si la Candelaria plora, l'hivern es fora, si riu, tómase al riu.* (Gella).

4632. **Se a Candelaria ri, mitá do inverno por vir.** [1550] (mc: A.I.)

(pt) *Quando a Candelária chora, o inverno já está fora; quando a Candelária rir, o inverno está para vir.* (Chaves) (es) *Si la Candelaria llora, el inverno va fuera; que llore que deje de llorar, la mitad del*

[1542] *Santa Cruz de Mayo, o lobo e o corbo nado, e o raposo, criado.*

[1543] M. Camino Sánchez: *ca sua*.

[1544] *Santa Mariña nunca ven si a sua regazadiña*.

[1545] mc: *o que un ano*.

[1546] ms-LU: *o deo, o comeo*.

[1547] Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Meteorológicos. Santos*.

[1548] ms: *Si a Candelaria, inverno fora, mitá d'o inverno*; ms4: *Si a Candelaria, a mitá do inverno*. / Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Meteorológicos. Santos*.

[1549] ms: *Si a Candelaria, mitá do inverno fora*; ms2: *mitá do inverno fora*. / Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Meteorológicos. Santos*.

[1550] ms4: *Candeloria*. / Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Meteorológicos. Santos*.

inverno está por pasar. (Gella) / *Si la Candelaria plora, invierno fora.* (Id.) / *Si la Candelaria plora, invierno fora; y si no plora, ni dentro ni fora; que llore que cante, invierno atrás y adelante.* (Gella) (ct) *Si la Candelera plora, l'hivern es fora, y si la Candelera ríu, l'hivern sevú.* (Gella) (va) *Si la Candelaria plora, l'hivern es fora, si riu, tómase al riu.* (Gella).

4633. **Se a Candelaria vai mal, o inverno está no coral.** [1551] (mc: U.C. Cuartilla 10)

4634. **Se cuca o cuco despois de san Pedro, cava sin medo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

4635. **Se chove día da Ascensión, cava o lameirón; e se non chove, ou cavarás ou non.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

4636. **Se chove o día de san Pedro Fiz, castañas hermosas e nabos ruís.** [1552] (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

4637. **Se por san Xurxo chove, de cen cereixas quedan nove.** (mc: C.A. / ms: E.C.)

San Jorge es el 23 de abril, y las lluvias en esa fecha, causan perjuicio a las cerezas.

4638. **Se queres mel, por san Miguel.** (ms15,49: Puente Ulla)

4639. **Se queres ter abellas, míraas polas Candeas; se queres ter mel, míraa polo san Miguel.** [1553] (mc: M.V.)

(es) *Si quieres sacar colmenas, sácalas por las Candelas; y si quieres sacar miel, sácala por San Miguel.* (Correas)

Candeas (Candelaria).

4640. **Se ques ter abellas, míraas polas Candelas, e se queres mel, polo San Miguel.** [1554] (ms18,43r)

4641. **Se san Xoán chora, a silveira non dá mora.** (mc: C.A. / ms: E.C. / ms21,06r: Bermés)

También la perjudica la lluvia de San Juan.

4642. **Se san Xoán rompe a chover, molla todo o mes.** (ms-LU: seminarista anónimo: San Cristovo de Lobelle, Carballedo, LU)

4643. **Semana de Ramos, lava os teus panos; na da Pasión os lavarás ou non.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

4644. **Sementeira na semana de san Román, nin palla nin gran; na de santa Baia, gran e mais palla.** [1555] (mc: M.V. / ms10,118r: *D.E.*)

Santa Baya (diciembre) / San Román: 18 de novembro.

4645. **Sempre santa Mariña vén ca súa regadiña.** (ms-SA: José Barca Sanmartín: Santa Minia de Brión, C)

4646. **Setembro, ditoso mes, que entras con Santos i-acabas con san Andrés.** [1556] (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

4647. **Si chove día da Ascensión, cava o lameirón.** (mc: Buciños / ms4: Fonsagrada-F.V.S.)

4648. **Si chove día da Ascensión, cava, pión.** (mc: A.N.)

4649. **Si chove día de san Blas, pérdese a cosecha das peras e das mazás.** (mc: Santiago)

4650. **Si chove día de san Xorxe, de cen cereixas quedan nove.** (ms9,11v: Silvarrey)

4651. **Si chove o día de san Fins, castañas poucas e nabos ruíns.** (ms-SA: Carballo)

4652. **Si chove o día de santa Margarita, da niñada sal unha pita.** (mc: Santiago)

4653. **Si chove por Nosa Señora, a anada ha de ser boa.** (ms-SA: Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO)

4654. **Si non chove día de san Antonio, chove día de san Xoán.** (ms18,65r: Palas)

4655. **Si nonregha san Xoán, non regha nin un santo do verán.** [1557] (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

4656. **Si o día de san Pablo nordeste sopla, a colleita do mar e da terra será pouca.** (ms15,41: Cariño)

San Pablo. Conversión de 25 enero.

4657. **Si prantas o horto por san Martín, terás berzas pra ti e pró t[e]u vecín.** (mc: Fonsagrada)

Con la influencia asturiana de vecín.

4658. **Si ques ter abellas, mir'as polas Candeas.** (mc: M.V.)

4659. **Si san Xoán chora, a silveira non dá mora.** (ms-SA: M. González Fernández)

[1551] Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Meteorológicos. Santos*.

[1552] *Se chove o dia de S. Pedro Fiz, castañas bermosas e nabos ruis*.

[1553] mc: *Si queres ter abellas, si queres ter mel, por o San*; ms4: *se qués ter mel*.

[1554] *Se ques ter abellas, miraas pol-as Candelas, e se queres mel pol-o San Miguel*.

[1555] ms: *Baya*; ms10: *e na de Santa Baia, grau e mais palla*. / En ms10 s.v. *Sembrar*.

[1556] *Setembro, ditoso mes, que entras con Santos y'acabas con S. Andrés*.

[1557] *Si no reja S. Xoán non reja nin un santo do verán*.

4660. **Si sembras na semana de san Froilán, o centeo salirache mosquiteiro.** (ms: Sober)

Nadie en Sober siembra el centeno porque, como dice el refrán, se llena de mosquitos.

4661. **Tal é o carro da Madalena, tales son os fungueiros que leva.** [1558] (mc: A.N.)

4662. **Tras o veraniño de san Martiño, chega Nadal co seu inverniño.** [1559] (mc: U.C. / ms10,143v: *D.E.*)

4663. **U ballón de san Juan saca u viño e non dá pan.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4664. **U día de san Marcos, nin nado nin nos cachos.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4665. **Vén a santa Mariña metida nunha cestiña.** (mc: Santiago)

4666. **Vén aí san Cristovo co seu cobo.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

4667. **Vén aí Santiago co seu canado.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

4668. **Vén san Cristovo no seu cobo.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

4669. **Vén santa Mariña metida nunha arquiña.** (mc: Santiago / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

4670. **Veraniño de san Martiño ha de vir, seña grande, seña pequeniño.** [1560] (mc)

4671. **Veraniño de san Martiño, se ha de vir, seña grande ou pequeniño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

4672. **Vran de san Martiño ben pode durar mentras un can atravesa o camiño.** [1561] (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4673. **Vran de san Martiño, grande ou pequeniño.** (mc / ms4: F.V.S.)

AGRO. V. tamén *Agrícolas* (*Generales*)

4674. **Antes de san Martiño, pan e viño; e despois de san Martiño, fame e frío.** [1562] (mc e ms16: U.C. / ms4: Cuartilla 14 / ms15,27r: Taboada)

Var.: *Antes de san Martiño, pan e vino.* (Lugo) / *Por san Martiño, pan e viño.* (Lugo)

(es) *La reja por San Juan muchos la saben y pocos la dan.* (R. Marín) (ct) *La rella de sant Joan molts la saben però pocs la fan.* (Sanchis)

4675. **Cando a formiga traballa, viño na parra.** (mc: C.A. *A N. Terra* / ms16)

4676. **Chove o domingo antes de misa, toda a semana móllase a camisa.** (ms4 / ms18,66v)

4677. **En agosto, as castañas arder, e en setembro, beber.** [1563] (mc: A.I. / ms16)

Necesitan calor en agosto y lluvias en setiembre.

4678. **Se chove o domingo antes de misa, leva tod'a semana de risa.** (ms-SA: Jesús Alvite Alvite: San Cibrán de Vilastose, Muxía, C)

4679. **Se chove o sábado e dominco ante da misa, tod'a semana vai de risa.** (ms-SA: Jesús Tanoira Figueira: Setecoros, Valga, PO)

4680. **Se chove o sábado pola tarde e o domingo ó vir da misa, toda a semana é de risa.** (ms-SA: José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO)

4681. **Se sábado chove e domingo ante misa, pola semana adiante verás que risa.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

4682. **Si chove domingo antes da misa, toda semana de priguisa.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

4683. **Si chove domingo antes de misa, toda a semana leva de risa.** [1564] (mc / ms4: F.V.S. / ms16)

Var.: *Chove o domingo antes da misa, toda a semana mollada a camisa.* (F.V.S.) / *Cando o sábado chove e o domingo ante a misa, pola semana adiante verás qué risa.* (M.V.) [1565] / *Se sábado chove e domingo ante misa, pola semana verás qué risa.* (ms16 / ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C) [1566]

4684. **Si chove o día de san Blas, chove trinta días máis.** (ms17,002)

4685. **Si chove o domingo antes de misa, toda semana vai de risa.** (ms-SA: Eliseo López Varela)

4686. **Si chove o sábado á noite, o domingo á misa, é unha semana de risa.** (ms-SA: Carballo)

[1558] ms3: *Madanela*; ms4: *de Madanéla*. / V. *Tal carro, tales fungueiros leva* en *Proporcionalidad*. Dentro de *Agrícolas* (*Generales*) no mecanoescrito orixinal.

[1559] ms10: *Tras do vranciño*. / Tamén en *Agrícolas* (*Generales*). En ms10 s.v. *Verano*.

[1560] ms: *seña grande ou piquiniño*.

[1561] ms, ms4 e ms-LU: *un camiño*; ms-LU: *namentras un can*.

[1562] ms16: *pan e viño. Despois*.

[1563] V. *A castaña en agosto quer arder i en setembre beber* en *Agrícolas* (*Meses. Agosto*).

[1564] ms4: *antes d'a misa*; ms16: *antes da misa*.

[1565] ms4: *ante misa*.

[1566] ms-SA: *anta misa*.

4687. **Si chove o sábado toda a tarde, o domingo antes da misa, toda a semana vai de risa.** [1567] (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

AGUA

4688. **A auga que fai tolear ós muiños, non é extraño que derrame os camiños.** (ms15,44: Sober)

4689. **Por boa a fixo Dios: condenada a andar a rastras e derramar os camiños.** [1568] (ms15,44: Palas de Rey)

Contra el agua.

AHORRO. V. tamén *Ahorro y tacañería*

4690. **A ama da casa cunha faba pasa; si non a come, quédalle na casa.** (mc e ms16: Lamas de Viduedo)

4691. **A ama da casa, nin coma nin beba, e si moito aforra, na casa lle queda.** (ms9,15r: Silvarrey)

4692. **A arca do aforro é mui grande.** (mc e ms16: Buciños-F.V.S.)

4693. **A dona da casa, nin coma nin beba porque todo na casa lle queda.** (ms-SA: José Cornes Iglesias: Santiago de Buxán, Val do Dubra, C)

4694. **A muller que non administr'a leña, non administra cousa que teña.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

4695. **Aforra hoxe e terás alegría mañá.** (ms15,42: Valle del Mao)

4696. **Aforrar prá vellez: ganar un e comer tres.** (ms16)

4697. **Aforrar, aforra o usureiro, mais non sabe ónde irá o seu diñeiro.** [1569] (mc e ms16: C.A.)

4698. **Ata curto, esterca a modo, ara xusto e fondo e collerás pan dabondo.** [1570] (ms10,078r: *D.E.*)

4699. **Comer e ter non pode ser.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

4700. **Dar con ter pra que nos veñan ver.** [1571] (mc: A.I. / ms16: *D.E.* / ms21,31r: Bermés)

Var.: *Hay que dar e ter pra que nos veñan visitar.* (Santiago)

(es) *Dar y tener, y vernánte a ver; o, por mejor decir, a ver y a pedir.* (R. Marín)

4701. **E ben borrico o que vive probe por morrer rico.** [1572] (ms10,100r: *D.E.*)

4702. **É millor manter un mes que xemer tres.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4703. **Eso pra min aforro: o que bebo e o que como.** (ms16: *Enc.* / C.A.?)

4704. **Garda un de cada dous, se queres facer bolsón.** (mc e ms16: C.A.)

4705. **Gardar de novo pra de vello éche o mellor acerto; se che fai falla, gástalo e, se non, déixalo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

4706. **Hai que comer con ter pra que nos veñan a ver.** [1573] (ms12,70)

4707. **Hai que dar e ter pra que nos veñan a ver.** (mc: Santiago / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

4708. **Hai que ir dando con ter: nin comelo todo nin aforralo todo.** (mc e ms16: Buciños)

4709. **Hasta a auga de fregar é posibre aproveitar.** (mc e ms16: J.P.)

4710. **Huevos e zapatos, na corentena baratos.** [1574] (ms)

4711. **Moito come quen ten e moito aforra quen non ten.** (mc / ms16: Lugo)

4712. **Moito se aforra por non ter, e moito se gasta polo haber.** (mc e ms16: Lugo)

4713. **Moitos poucos fan un moito.** [1575] (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo / ms10,097r: *D.E.*)

(pt) *Muitos poucos fazem muito.* (Chaves)
(es) *Muchos poquitos hacen montón.* (R. Marín) / *Muchos poquitos hacen un muchazo.* (Id.)

4714. **Na casa onde se merenda, afórrase moito de cena.** (ms5,121: Trapero)

4715. **Nas oitavas de Nadal, quen aforra, ben lle vai.** (mc e ms16: Muros)

4716. **Nin tíre-lo teu nin collas o alleu.** [1576] (mc / ms4: F.V.S. / ms / ms16)

4717. **Ninguién debe vivir probe por morrer rico.** [1577] (ms10,143r: *D.E.*)

4718. **Non hai máis aforros que o que pouco gasta.** (ms5,133: Mondoñedo)

[1567] *Si chove o sabado toda a tarde, o domingo antes da misa, toda a semana vai de risa.*
[1568] Indica *Agua*.
[1569] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Usura*.
[1570] En ms10 s.v. *Pan* coa indicación *Ahorro*.
[1571] ms3, ms4 e ms21,31r: *pra que nos veñan a ver*.
[1572] En ms10 s.v. *Pobreza* coa indicación *Ahorro*.
[1573] *Hay que comer con ter, pra que nos veñan a ver*.
[1574] Atopados xunto cos de *Medicina e higiene*.
[1575] En ms10 s.v. *Poco*.
[1576] *Nin tìrel-o teu, nin collas o alleu*. / mc: *alleo*.
[1577] En ms10 s.v. *Vivir* coa indicación *Ahorrar*.

4719. **Non te fará rico o moito que ganes sinón o pouco que aforres.** [1578] (ms10,049r: S. Simón de la Cuesta)

4720. **O aforrar non é por moito madrugar.** (ms16: *Enc.* / C.A.?)

4721. **O aforrar non é por moito traballar senón por moito ganar e pouco gastar.** (ms16: *Enc.* / C.A.?)

4722. **O aforro non o é todo.** (ms)

4723. **O carto (os cartos) todo apretado, dúas veces vai contado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4724. **O diñeiro non é de quen o gana, é de quen o garda.** (ms16: Sober)

4725. **O gardar sempre é ben: o que garda sempre ten.** (ms-SA: M. González Fernández)

4726. **O mozo de gorra nada che aforra.** (ms5,136: Aguada)

Contraste con el anterior. [1579] Al mozo de gorra lo tienen por gamberro.

4727. **O qu'aforra na comida, gast'o na medicina.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4728. **O qu'aforra unha cena en xaneiro, compra un leiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4729. **O qu'aforra, botalo afora.** [1580] (ms18,57r: *Vida Gallega*)

4730. **O que aforra da noite pró día, ten alegría.** (mc e ms16: Fonsagrada-F.V.S. / ms11,47: Com. de Fonsagrada)

Var.: *O que garda da noite pró día, ten alegría.* (ms4: Fonsagrada-F.V.S. / ms16: Fonsagrada)

4731. **O que come a semente, ayúnall'o dente.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

4732. **O que garda, sempre ten, e o gardar sempre foi ben.** [1581] (ms16: Óutara, P. de Brollón / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, arballedo, LU)

4733. **O que garda, sempre ten, se non llo leva ninguén.** (mc: Buciños / ms16: Sober)

4734. **O que garda, sempre ten.** (mc e ms16: M.L. / ms21,01v: Bermés)

Var.: *O que aforra, sempre ten.* (ms16)

4735. **O que non aforra a leña, non aforra cousa que teña.** [1582] (ms: M.L. / ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

4736. **O que non garda non encontra.** (ms-SA: Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)

4737. **O que non garda non ten.** [1583] (mc e ms16: M.V. / ms10,026r: *D.E.*)

Var.: *O que non gana non ten, e si ten, gasta mui ben.* (Santiago)

(es) *Quien guardó, hallo, si bien guardó.* (R. Marín) / *Quien guarda, halla, si la guarda no es mala.* (Correas) / *Quien guardar supo, siempre tuvo.* (R. Marín)

4738. **O que non goberna a leña non goberna cousa que teña.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

4739. **O que non remenda non sai da tenda.** (mc: S.P.P.-*Ultreya*)

4740. **O que non vai na manta vai na amata.** (mc e ms16: Buciños / ms4: F.V.S.)

Por ahorrar en lo necesario, se gasta después mucho más.

4741. **O que o seu garda, muitas almas salva.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

4742. **O que quita e non pon, logo chega ao fondón.** [1584] (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO / ms-SA: Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

4743. **O que ten é porque retén.** (ms16: Sober)

4744. **O que ten pan na hucha é porque non-o come.** (ms16: Sober)

4745. **O que ten pouco e o sabe cuidar, pode aumentar.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

4746. **Onde hai saca e non se pon, logo se acaba o bulsón.** [1585] (ms10,23r: *D.E.*)

4747. **Onde sacan e non pon, logo se chega ó fondo** [sic]**.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)

4748. **Onde sacan e non pon, logo se chega ó fondón.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez / J. M. Area Alonso)

4749. **Onde se quita e non pon, logo se chega ó fondón.** (ms21,24r: Bermés)

4750. **Onde se quita e non se pon, logo se chega ó fondón.** [1586] (mc e ms16: A.N. / ms: V.R. y A.R.)

Var.: *Onde se saca e non se pon, logo se chega ó fondón.* (ms16: *D.E.*) / *Onde se quita e non se pon, logo arromata o bulsón.* (mc / ms4) [1587] / *Onde quitan e non pôn, logo chegan ó fondón.* (ms4: G.S.A.) / *Onde quitan e non poñen, logo se chega ó fondón.* (ms4: V.R. y A.R.) / *Onde tiran e non se pon, logo se chega ó fondón.*

[1578] Indica *Ahorro*.
[1579] O anterior no orixinal era *Home de capa e galero é o que eu quero*.
[1580] *O qu'aforra, botal'o afora*.
[1581] ms-LU: *y'o gardar*.
[1582] ms4: *no-aforra a leña, no-aforra*.
[1583] En ms10 s.v. *Guardar*.
[1584] ms-SA (Antonio T.): *frondón*.
[1585] Sen clasificar no orixinal.
[1586] mc, ms3 e ms4: *Donde*.
[1587] ms4: *arremata*.

(ms16: *D.E.*) */ Onde quitan e non pon, logo se chega ó fondón.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

(pt) *Donde tiram e não põem, cedo chegam ao fundo.* (Chaves) */ Onde se tira e se não põe, logo o monte diminue.* (Chaves) / *Donde tiram e não põem, falta faz.* (Chaves) */ Donde tiram e não põem, cedo chegam ao fundo.* (Id.) (es) *Donde sacan y no pon, presto llegan al hondón.* (Correas) */ Donde dinero no entra y dinero sale, fuerza es que se acabe.* (R. Marín) / *Donde sacan y no pon, vacío queda el cajón.* (R. Marín) */ De do sacan y no pon, presto llegan al hondón.* (Z.)

4751. **Onde se saca e non se pon, logo se lle ve o fondo.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

4752. **Onde un quita e nunca pon, logo chegará ó fondón.** [1588] (ms10,23r: *D.E.*)

4753. **Os cartos a réditos poñen becerros.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

4754. **Peseta aforrada, peseta ganada.** (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)

(es) *Peseta guardada, dos veces ganada.* (R. Marín)

4755. **Quen calza espola, a febilla aforra.** (mc e ms16: A.S.A. / ms21,05v: Bermés)

(es) *Quien calza espuela, échele la hebilla fuera.* (R. Marín)

4756. **Quen de ruín pano se viste, tres veces se viste ó ano.** [1589] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4757. **Quen garda, encontra.** (mc, ms4 e ms16: A.S.A. / ms4: J.P.)

Véase *O que garda sempre ten*.

4758. **Quen garda, ten; e quen gardou, tapou.** (mc e ms16: R. Caruncho)

(pt) *Quem guarda acha e quem cria, mata.* (Chaves) (es) *Quien guarda halla, si la guarda no es mala.* (Bergua) */ Quien guarda halla y quien cría mata.* (Id.)

Recomienda el ahorro.

4759. **Quen merca ruín pano, merca dúas veces no ano.** [1590] (mc e ms16: M.V.)

Var.: *Quen merca ruín pano, tres veces se viste no ano.* (ms16: Santiago)

4760. **Quen merca ruín pano, tres veces se viste ó ano.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

4761. **Quen non goberna a leña, non goberna cousa que teña.** (mc: M.V. / ms16)

Como: *O que non aforra a leña...*

4762. **Quen se viste de mal pano, dúas veces se viste ó ano.** [1591] (mc, ms4 e ms16: J.P.)

(pt) *Quem se veste de ruim pano, veste-se duas vezes no ano.* (Chaves) (es) *El que se viste de mal paño, dos veces se viste al año.* (Sbarbi)

4763. **Quitar e non poñer é cegar e non ver.** [1592] (ms: F.V.S. / ms16: Sober)

Var.: *Sacar e non poñer é cegar e non ver.* (ms4: Pidre-F.V.S)

4764. **Remenda o saio e chegarache ó ano; reméndao ben e chegarache ó que vén.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

4765. **Remenda o teu pano e chegarache ao ano; reméndao ben e chegarache ó que vén; reméndao outra vez e botarache outro mes.** (mc: Muros)

4766. **Remenda o teu pano e durarache o ano; remend'o ben e durarache o que vén.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pontevedra, PO)

4767. **Remenda o teu pano, botarache o ano.** (mc: A.I. / ms3: A.N.V.)

4768. **Remenda o teu saio e durarache máis un ano, vólveo remendar, que che volverá durar.** (mc: A.S.A.)

(pt) *Remenda o pano, durar-te-á outro ano, torna a remendar, outro ano há-de passar.* (Chaves) (es) *Remienda tu sayo, y te durará otro año; vuélvelo a remendar, y te volverá a durar; remiéndalo otra vez, y te durará un mes.* (R. Marín) */ Remienda tu paño, pasarás un año.* (Correas) / *Remienda tu sayo y pasarás tu año.* (Correas) (ct) *Qui apedassa, añ passa.* (R. Marín: Mallorca)

4769. **Se queres chegar a rico, mete a leña polo pico.** [1593] (ms: A.N. 2ª serie / ms4: N.V. 2ª serie)

4770. **Si queres que te veñan ver, hai que dar e ter.** (ms-SA: Eliseo López Varela)

4771. **U que come ben, aforra o que ten.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

[1588] Sen clasificar no orixinal.

[1589] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Paños*.

[1590] ms16: *duas veces o ano*. / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Paños*.

[1591] mc *no ano*. O refrán rexistrado por Jacinto del Prado coincide co que aparece en ms4 e ms16.

[1592] Aparece por atrás da ficha correspondente a *Non hay sábado sin sol, nin María sin amor*, de tema *Del amor y la amistad*.

[1593] ms4: *Se ques*.

4772. **Un peso gánao calquera, o caso é ter conta del.** (mc e ms16: Golada)

4773. **Unha cousa difícil é non perder o tempo e gardar un peso.** (mc e ms16: Carballino / ms: Carballedo)

4774. **Unha das cousas máis difíciles é non perder o tempo e gardar un peso.** (ms: C.)
Var.: *Unha das cousas máis difíciles é non perder o tempo e ahorrar un peso.* (ms: C.)

4775. **Unha vella, de frebas, fixo cen varas.** [1594] (mc / ms4: F.V.S.)

4776. **Unha vella, de frebas, xuntou cen meas i-outra, de bagos, xuntou cen canados.** [1595] (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

4777. **Unha vella, de frebas, xuntou cen meas i-outra, de bagos, xuntou un canado.** [1596] (mc: Paradela-F.V.S.)

4778. **Unha vella, freba a freba, xuntou cen varas de tea.** [1597] (ms4 e mc: M.L.)
(es) *Una vieja revieja, poco a poco y hebra a hebra, hiló para cien varas de tela.* (R. Marín)

4779. **Val máis que sabe ter que quen ten saber.** [1598] (ms10,113r: *D.E.*)

4780. **Vale máis un feo remendo que un bonito buraco.** (ms8,67r: La Cañiza)

4781. **Vale máis un remendo mal feito ca un burato ben feito.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

4782. **Vale moito un remendo ben botado pero vale máis zorcido que remendado.** (mc: Buciños)

4783. **Xunta de novo pra de vello.** (ms8,37r: Silvarrey)

4784. **Xunta pan pra maio e leña pra abril.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

AHORRO Y TACAÑERÍA. V. tamén *Ahorro, Gastar, Generosidad, Sibaritismo*.

4785. **Apañai os bagos, que unha vella, de bagos, fixo cen canados.** (mc: G.P.)

4786. **As moitas pingueiras fan o río grande.** (mc: Buciños)

4787. **Día de moito, víspera de nada.** (mc: Pidre)
Var.: *Día de moito, semana de nada.* (ms15,43: Meda)
(es) *Día de mucho, víspera de ayuno.* (R. Marín) (ct) *Día de molt, vespra de res.* (Alberola)

4788. **Días de moito, vísperas de nada.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

4789. **Eran bos os merendotes, se non foran os escotes.** (ms8,16v: O. de Rey)

4790. **Garda o avaro seu diñeiro pra que o goce o seu herdeiro.** (ms5,133: Mondoñedo)

4791. **Máis vale faltar que sobrar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

4792. **Nese peto nin saco nin meto.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

4793. **Nese peto non quito nin meto.** (ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

4794. **No seas tan tacaño que chegues a engaño.** (mc: Santiago)

4795. **Non hai pouco que chegue nin moito que non se acabe.** (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C / José A. Iglesias Ares)

4796. **Non hai pouco que non chegue e moito que non se acabe.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

4797. **Non hai pouco que non chegue nin moito que non se acabe.** [1599] (mc e ms4: M.L. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms10,097r: *D.E.*)
(es) *No hay poco que no alcance, ni mucho que no se acabe.* (R. Marín)

4798. **O abad de Bamba, o que non pode comer, dáo pola súa ialma.** (mc)
(es) *El abad de Bamba, lo que no puede comer, dalo por su alma.* (Sbarbi)
Moteja a los que sólo dan las cosas que no pueden aprovechar.

4799. **O que dá parte, tócalle menos.** [1600] (mc: C.G. / ms21,31v: Bermés)

4800. **O que outro suda, a min pouco me dura.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

4801. **O que outro suda, pouco me dura.** (mc: M.L.)
Var.: *O que outro zuga, a min pouco me dura.* (Páramo-F.V.S.) / *O que un zuga, a outro pouco dura.* (Incio)

[1594] V. *Unha vella, de bagos, fixo cen canados* en *Ahorro y tacañería*.
[1595] V. *Unha vella, de bagos, fixo cen canados* en *Ahorro y tacañería*.
[1596] V. *Unha vella, de bagos, fixo cen canados* en *Ahorro y tacañería*.
[1597] mc: *frebe a freba*.
[1598] En ms10 s.v. *Saber* coa indicación *Ahorro*.
[1599] ms-LU (Buciños) e ms-LU (anónimmo): *s'acabe*. / En ms10 s.v. *Poco*.
[1600] ms: *tócalle a menos*.

(es) *En la casa del que jura no faltará desventura.* (R. Marín) (ct) *En la casa del que jura, no faltará desventura.* (Alberola)

5444. **Na casa allea a vergonza mantén.** (ms15,09: Silvarrey)

5445. **Na casa allea, o que ben está ben estea.** [1899] (mc: J.A.P.)

5446. **Na casa chea está pronto a cea.** (ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

5447. **Na casa chea logo se fai a cea.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

5448. **Na casa chea sempre coupo bola allea.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Cádavo, A Esperela, Baleira, LU)

5449. **Na casa chea senta ben a torta allea.** (mc)

Var.: *Na casa chea reloce a torta allea.* (mc: Tuiriz, Monforte)

(pt) *Na mesa cheia, bem parece fogaça alheia.* (Chaves)

5450. **Na casa de Xan Pelexón todos reñen e todos teñen razón.** [1900] (mc: M.L.)

Var.: *Na casa de Xan Pelexón, todos falan e todos teñen razón.* (F.B.B.)

5451. **Na casa do abade, cando non chove, gotexa.** (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *En la casa del cura siempre hay hartura.* (R. Marín)

5452. **Na casa do aforcado non hai que mentar a soga.** (mc)

(pt) *Em casa de enforcado, não nomeies o baraço.* (Chaves) / *Em casa de enforcado, não falem em corda.* (Id.) (es) *En casa del ahorcado, no se ha de mentar la soga.* (Sbarbi)

5453. **Na casa do bon amo, alí morre o bo criado.** [1901] (mc: M.V. / ms21,20v: Bermés)

(es) *El buen criado, vive y muere en la casa de su amo.* (R. Marín)

5454. **Na casa do crego e na do prior todo se volve andar darredor.** (ms4)

5455. **Na casa do cura, cando non chove, baguña.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

5456. **Na casa do cura, cando non chove, barruza.** (mc: N.L.)

5457. **Na casa do mentecato, nin can nin gato.** (mc: Buciños)

5458. **Na casa do ruín a muller é alguacil.** (mc)

(es) *En casa del ruín, la mujer es alguacil.* (Correas)

5459. **Na casa do abad hai que comer e que levar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

5460. **Na casa que non hai nai nin pai, abaixo vai.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

5461. **Na mesa chea ben parece a fogasa allea.** (ms21,04v: Bermés)

5462. **Na mesa chea reloce a torta allea.** [1902] (mc: Tuiriz, Monforte / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

Var.: *Na mesa chea senta ben a torta allea.*

(pt) *Na mesa cheia, bem parece fogaça alheia.* (Chaves)

5463. **Na miña casa son señora e na de fóra fregona.** [1903] (mc / ms4: F.V.S.)

5464. **Na miña saranda naide manda.** [1904] (mc / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

5465. **Nas casas vellas todas son goteiras.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

5466. **Nin de broma nin de veras con teu amo comas peras.** (mc: Villanueva, Lalín)

Var.: *Nin en broma nin en veras, con teu amo comas peras.* (Villanueva, Lalín-F.V.S.)

(pt) *Com teu amo não jogues as peras, porque ele come as maduras e deixa-te as verdes.* (Chaves) (es) *Ni en burlas ni en veras, con tu amo partas peras.* (R. Marín)

[1898] V. *Miña casa, meu lar, veña de onde veña, a ela vou parar* en *Casa y vecindad*.

[1899] V. *Quen ben está ben estea* en *Permanencia*.

[1900] V. tamén *Jurídicos y similares*.

[1901] ms e ms21,20v: *bo amo*.

[1902] ms-LU: *reluce*.

[1903] mc: *na de afora*.

[1904] ms-LU: *zaranda*.

5467. **Nin de broma nin de veras, co teu amo partas peras.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

5468. **Nin de risas nin de veras, con teu amo non xógue-las peras.** [1905] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Var.: *Nin de risas nin de veras, co teu señor non xogues as peras.* (Buciños) / *Nin de risas nin de veras, con teu amo non xogues as pedras.* (Pedraza)

(pt) *Com teu amo não jogues as peras, porque ele come as maduras e deixa-te as verdes.* (Chaves) (es) *Ni en burlas ni en veras, con tu amo partas peras.* (R. Marín)

5469. **No fogo fogar tivera, se leña nil non ardera.** (mc: Buciños)

5470. **Non bárra-la casa de noite, que entran as meigas.** [1906] (ms8,74v: Silvarrey)

5471. **Non chama a vella, pro cham'o que leva.** (ms: M. L.)

5472. **Non chamo a vella, pero chamo o que ela leva.** [1907] (mc: A.C. *A N. Terra*)

Var.: *Se non miro pra vello, miro prá guapeza que leva.* (M.L.) / *Si non miro prá vella, miro prá guapeza que leva.* (mc e ms4: M.L.) [1908]

(pt) *Se não olham a vela, olham o que leva.* (Chaves) (es) *Si no miran a la vieja, miran a lo que lleva.* (Correas)

5473. **Non chuspas tan alto que chuspas na casa.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

5474. **Non deixes na casa porquiño que non penses levar ó fuciño.** (ms4 e mc: C.A. *A N. Terra* / ms4: J.P.)

5475. **Non hai fume sin lume.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)

5476. **Non hai pior portela que a da casa.** [1909] (mc e ms: C.A. *A Nosa Terra* / ms18,73r: A.S.A.)

5477. **Non rompe os cacharros o que non anda con eles.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

5478. **Non se sabe cánto pesa a carne mentras non vai á romana.** [1910] (mc)

5479. **Nunha mala hora cai a casa.** [1911] (mc: M.L.)

Var.: *Nunca* [sic] *mala hora cai a casa.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

(pt) *Numa hora cai a casa.* (Chaves) (es) *En un instante se cae una casa.* (R. Marín)

5480. **O amo majestuoso fai o criado reverencioso.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

5481. **O bon amo fai criado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

5482. **O bon amo fai o criado.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(pt) *O bom amo faz o criado.* (Chaves)

5483. **O bon criado faino o bon amo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

5484. **O bon veciño faz ó home desapercibido.** [1912] (mc: A.N. / ms10,136r: *D.E.*)

(es) *El buen vecino hace al hombre desapercibido.* (R. Marín)

5485. **Ó cabo do ano o criado colle as mañas do amo.** [1913] (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(es) *Al cabo del año, tiene el mozo las mañas de su amo.* (Correas)

Véase *Ao cabo do ano...*

5486. **O cal pra unha casa é coma pró caldo a grasa.** (ms15,03)

5487. **O caldeiro no lameiro e o pote no fumeiro.** (mc: M.V.)

5488. **O caldeiro pousadiño na molida non se estraga.** (mc e ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)

Var.: *O caldeiro pousadiño na molida non se destraga.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

5489. **O caldeiro sin a asa non debe salir da casa.** (mc / ms4: F.V.S.)

Lo usan en sentido figurado: La mujer (el asa), debe acompañar siempre a su marido (el caldero).

5490. **O calor da brasa logo pasa.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Melide, C)

5491. **O cortello é bon, o porco non-o sei.** (mc: Viana, Chantada-F.V.S. / ms14, III.)

5492. **O criado ben mandado xanta á mesa con seu amo.** (mc: A.N.)

Véase *Fai o que teu dono manda...*

5493. **Ó criado ben mandado, poñerlle a mesa e mandalo ó recado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

[1905] *Nin de risas, nin de veras, con teu amo non xoguel-as peras.* / ms-LU: *co teu, xogues as peras*.

[1906] *Non barral-a casa de noite, que entran as meigas*.

[1907] ms: *cham'a vella, pro cham'o que leva*. [Os dous verbos poderían ser 3ª persoa sg., e non 1ª persoa???].

[1908] ms4: *Se non miro*.

[1909] ms: *c'a da casa*; ms18,73r: *c'a d'a casa*.

[1910] V. *Non se sabe cánto pesa a carne en canto non-o di a romana* en *Peso*.

[1911] V. *Nunha hora caise a casa* en *Desgracia*.

[1912] ms: *fae o home*; ms4: *fai ô home*; ms10: *bo veciño fai ó home*. / En ms10 s.v. *Vecino*.

[1913] ms-LU: *criao*.

5494. **O criado e o galo sólo sirven pra un ano.** (mc: A.I.)

(pt) *Ao moço e ao galo, um ano.* (Chaves) */ Creados e bois, um ano até dois.* (Id.) (es) *El mozo y el gallo, un año.* (R. Marín) */ El criado y el gallo no los tengas más de un año.* (Id.) */ Criado y caballo, un año.* (R. Marín)

5495. **O criado e o galo, un ano.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

5496. **O criado fai a cama á mañá e á noite non sabe quén dormirá.** [1914] (mc: Taboada)

5497. **O criado i-o galo, de ano a ano.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

5498. **Ó criado, cando é novo, danlle pan e ovo, e así qu'é vello, dano ó demo.** (ms: A.N.)

Var.: *Ó criado, cando é novo, pan e ovo; pro de vello, caldo acedo.* (M.L.2)

5499. **O día que non me afeitei, veu á miña casa quen menos pensei.** [1915] (ms15,16 / ms10,005v: *D.E.*)

5500. **O feixe do criado pequeno é ben avultado.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

5501. **O fume da miña chimenea acerta sempre o tempo: ou chover ou nevar, ou facer sol ou estar nublado.** (ms5,045: Cebrero)

Contra los pronósticos.

5502. **O gholpe da sartén, se non doi, cisca ben.** [1916] (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

5503. **O golpe da sartén, aínda que non doi, emborra ben.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

5504. **O golpe da sartén, se non doi, chizna ben.** (mc: Meilán)

Var.: *O golpe da sartén, anque non doia, tizna.* (ms4: F.V.S.)

(pt) *O golpe da certã, não fere mas suja.* (Chaves) (es) *El golpe de la sartén, aunque no duela, tizna.* (Sbarbi)

Véase *Golpe de Sartén...*

5505. **O golpe da sartén, se non toca, doi ben.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

5506. **O golpe da sartén, si non doi, pinta ben.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

5507. **O lume da casa queima i-abrasa; o lume de fóra queima e esfola.** [1917] (mc / ms4: F.V.S.)

5508. **O mal nunha casa acaba cas carabillas.** (mc: M.L.)

5509. **Ó maldecir non hai casa fuerte.** (mc)

5510. **O qu'atende unha goteira, defend'a casa inteira.** (ms-SA: seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)

5511. **O que a súa roupa non remenda, ó cabo do ano non chega.** (mc: Antas de Ulla)

5512. **O que a súa roupa non remenda, ten que estar sempre na tenda.** (mc: Antas de Ulla)

5513. **O que ás doce do día está na praza, ou non ten que comer ou non ten casa.** (ms15,18)

5514. **O que ás doce está na plaza, ou non ten que xantar ou non ten casa.** [1918] (mc: M.L.)

5515. **O que bota os bés a caseiros, escusa herdeiros.** [1919] (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

5516. **O que bota pan ás papas, acaba con dúas casas.** (ms)

5517. **O que casa fai, casa desfai.** (mc: M.L.)

(es) *Quien casa hace, casa deshace.* (R. Marín)

5518. **O que está en casa allea, o que ben está, ben se estea.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

5519. **O que está en casa allea, se está ben, que se estea.** (ms14,17)

5520. **Ó que lle cai a casa, ten qui-a erguer.** [1920] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

5521. **O que non has de comer, déixao cocer.** [1921] (ms17,001: Carballedo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

5522. **O que queira o pote aguantadeiro, subráselle o pé traseiro.** (mc: Lamas de Viduedo)

5523. **O que sirve a ricos, morre no palleiro como os chitos.** (mc: M.L.2)

(es) *Quien sirve a señores muy principales, rodará por hospitales.* (R. Marín)

[1914] ms: *y a noite*.
[1915] ms15,005v: *m'afeitei*. / En ms10 s.v. *Día*.
[1916] *O jolpe da sarten se non doi cisca ben.*
[1917] mc: *i-abaras*.
[1918] ms4: *praza, ten que chantar*.
[1919] V. *Si queres ter caseiros, non teñas heredeiros* en *Precaución*.
[1920] O orixinal di *O que lle cai a casa... ten qu'ia erguer*.
[1921] ms-LU: *deixo cocer*.

5524. **O que sirve a señores non lle faltan dolores.** [1922] (mc / ms4: F.V.S.)

(pt) *Quem serve no Paço sempre tem embaraço.* (Chaves) (es) *Quien sirve a señores muy principales, rodará por hospitales.* (R. Marín) */ Quien sirve a vil señor, vileza saca por galardón.* (Id.)

5525. **O viño nunha casa é unha gran anchura.** [1923] (mc: Biville, Sarria)

5526. **Ola que non has de comer, déixaa cocer.** [1924] (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

(es) *Olla que no has de comer, déjala cocer.* (R. Marín)

5527. **Ola quebrada non é sana.** (mc / ms4: F.V.S.)

Var.: *Ola rota non é sana.* (mc: F.V.S.)

5528. **Onde fumegue o casar, dorme a terra e astronde o mar.** (ms-LU: seminarista anónimo: San Tirso ¿Vilalba / Antas?, ¿Muxía, Outes, Zas, Maceda?)

5529. **Onde hai fume, hai lume** (mc: Sarria / ms21,15r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

(pt) *Onde há fumo há fogo.* (Chaves) */ Onde há fogo logo fumega.* (Id.) (es) *Donde humo sal, fuego* (lumbre) *hay.* (Correas)

Así lo canta el pueblo en aquella canción: *Onde hai carozos, hai fume; / onde hai fume, lume hai; / onde hai parrandas de noite / forza de cariño hai*.

5530. **Pan de tasca, falta casa.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)

5531. **Pau ca sartén, si non doi, tirma.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

5532. **Pedra limpa na cociña e miniño que non chora, non che me dan boa espiña.** (mc: Vilasouto, Incio-F.V.S.)

Véase *A cociña mui barrida...*

5533. **Pola boca quéntase o forno.** (mc: Buciños)

(es) *Por la boca se calienta el horno, el viejo y todo.* (Correas)

Hace falta alimentación para poder vivir y trabajar.

5534. **Por moito que se barr'a eira, sempre algo queda nela.** (ms4: J.P.)

5535. **Por pequena brasa quéimase unha casa.** (mc: Buciños)

(pt) *Por pequena brasa arde grande casa.* (Chaves) (es) *Con chica brasa se enciende una casa.* (Sbarbi) */ De pequeña centella, grande hoguera.* (Sbarbi) (ct) *Chicoteta brasa, crema una casa.* (Alberola)

5536. **Porta aberta garda a casa.** [1925] (mc, ms e ms4: A.N. / ms18,64r: Pontevedra / ms10,096r: *D.E.*)

5537. **Pra o ladrón da casa non hai pechadura.** (mc: F.B.B.)

(es) *Para el ladrón de casa no hay puerta cerrada.* (R. Marín)

5538. **Pra unha casa, un camiño malo aparta o namorado.** (ms15,18v)

5539. **Que arda a casa e que non se vexa o lume.** (ms11,53: Buciños)

Var.: *Que arda o lume pero que non se vexa o fume.* (Buciños)

(pt) *Queime-se a casa mas não faça fumo.* (Chaves) (es) *Quémese la casa y no salga humo.* (Sbarbi)

Reprendase sin escándalo ni ruido.

5540. **Quéimese a casa con tal que non salla fume.** (ms15,12)

5541. **Quen com'o producto dunha casa, non é larpeiro; larpeiro é o que vende.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

5542. **Quen non atende a goteira, coidará a casa enteira.** (mc: J.P.)

(es) *Quien no adoba* (o apaña o quita gotera)*, hace casa entera.* (Sbarbi) (ct) *Qui no apanya una gotera, apanya una casa sansera.* (Alberola)

5543. **Quen seus criados non vai a ver, venda o que ten pra os manter.** [1926] (mc: M.V.)

Véase *O que ten criados...*

5544. **Quen sirve a señores, non lle faltan dolores.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

5545. **Quen sirve mozo, muller e común, non sirve a ningún.** (mc: A.S.A.)

(pt) *Quem serve a moço, à mulher e a comum, não serve a nenhum.* (Chaves) (es) *Quien sirve a hombre, a mujer o al común, no sirve a ningún.* (R. Marín)

5546. **Saba que dé a mazá é que limpa está.** (ms15,14)

5547. **Se Dios quer e hai proporción, en fillos e pitos logo s'un pon.** (ms / ms4: M.V.)

[1922] ms2 e ms4: *Quen sirve*.

[1923] mc: *en unha casa*.

[1924] ms4: *has comer*. / V. *Do pote que non has comer, deixo cocer* en *Desdén y desprecio*.

[1925] ms e ms4: *garda casa*. / En ms10 s.v. *Puerta*.

[1926] V. *O que ten criados e non os vai ver, venda os bes pra os manter* en *Descuido*. V. tamén *Pobreza* (*Caminos de la pobreza*).

5548. **Si pega o lume en casa vella nada queda de ela.** (mc / ms4: F.V.S.)

5549. **Si queres ter a casa limpa, non teñas conexos nin palomas.** (ms9,15r: Silvarrey)

5550. **Tellado lixeiro, labor perguiceiro.** (mc: J.P.)

5551. **Ten color de brasa, que logo pasa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

5552. **Tope que non esté ben cheo fai vinagre sin remedio.** (ms4: J.P.)

5553. **Tope limpio e ben fregado debera ser tamén axofrado.** [1927] (ms4: J.P.)

5554. **Trastes rotos ao faiado.** (ms-SA: José Manuel Area Alonso)

5555. **Un mal camiño pra unha casa é pior c'on mal veciño.** (ms15,18v)

5556. **Unha boa ceba e unha boa tea deixan unha casa chea.** (mc / ms4: F.V.S.)

5557. **Vende na casa e compra na plaza.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

CASA Y VECINDAD

5558. **A maa veciña dá agulla sin liña.** (ms21,01v: Bermés)

5559. **A mala veciña dá a agulla sin liña.** [1928] (mc e ms4: A.I. / ms4: A.S. y A.)

(pt) *A má vizinha dá a agulha sem linha.* (Chaves) (es) *La mala vecina da la aguja sin liña.* (Correas)

5560. **¡Ai, que demo!, pensei que non-o tiña e téñoo.** [1929] (mc: *Terra de Melide* / ms4: V.R. y A.R.)

5561. **Ca axuda do veciño matou o meu pai un cochino.** [1930] (mc: Carballino / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(es) *Con ayuda del vecino, mató mi padre un cochino.* (Sbarbi)

Zahiere al que se vale del auxilio ajeno, sin querer declararlo.

5562. **Canto máis hai, máis se gasta.** (mc)

(pt) *Quanto mais há, mais se gasta.* (Chaves)

5563. **Canto menos bulto, máis claridá.** [1931] (mc: M.V. / ms21,21v: Bermés)

(es) *Mientras menos bulto más claridad.* (Sbarbi) (ct) *Quan manco bultos, més claror.* (Alberola)

Manera de expresar que una persona estorba o molesta.

5564. **Casa que non ten pai nin nai, abaixo vai.** (mc: Santiago)

5565. **Casa sin dono, casa de todos.** (mc: Buciños)

5566. **Casa sin nai e sin pai, abaixo vai.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)

5567. **Co veciño avergonceime e na casa goberneime.** (mc: M.L.)

5568. **Cos bois d'outro calquera ara.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pol, LU)

5569. **Cos veciños, nin a ben nin a mal.** (mc: *V. Gallega*)

5570. **Criado dun caseiro non dura un ano enteiro.** [1932] (ms e mc: Santiago)

5571. **Chove e choverá, quen 'tá na casa allea non marchará.** (mc: Santiago)

5572. **Hacienda do teu viciño [...].** (ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)

5573. **Lareira, boa ou mala, o caso é tela.** (mc: Santiago)

5574. **Lume na lareira, palique de mozas e sono de vellas.** (mc: Santiago)

5575. **Máis vale casta que fariña.** (ms-SA: José Lage Radío: Santa Eulalia de Xil, Meaño, PO)

5576. **Miña casa, meu lar, veña de onde veña, a ela vou parar.** [1933] (mc: Sober / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Afortunada expresión popular del canto del pueblo glosado por Rosalía: *Miña casiña / meu lar, / cantas onciñas / d'ouro me vals*.

5577. **Moza que máza-lo leite na cántara nova, moita manteiga, proveito da dona.** [1934] (mc: Buciños)

5578. **Na casa que non hai pai nin nai, abaixo vai.** (ms-SA: Pedro Pontes García)

5579. **Nido feito, pega morta.** (mc e ms4: A.S.A.)

(pt) *Ninho feito, pêga morta.* (Chaves) (es) *Nido hecho, pájaro muerto.* (R. Marín)

5580. **Nin en burlas nin en veras co teu amo non partas as peras.** (mc: Meilán)

5581. **Niño feito, pega morta.** (ms4: J.P. / ms21,04v: Bermés)

[1927] ms4: *debe ser tamen axefrado*. Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *debera ser tamén axofrado*.
[1928] ms4: *viciña*.
[1929] ms: *Ay, non'o*.
[1930] ms-LU: *cochino*.
[1931] ms4 e ms21,21v: *craridá*.
[1932] mc: *de un*.
[1933] ms-SA: *veña, ela vou*. / V. *Miña casiña, meu lar, quen te gabou, non te soupo gabar* en *Casa*.
[1934] *Moza que mazal-o leite na càntara nova; moita manteiga, proveito da dona*.

5582. **Non pingues antes de asar.** (mc: Santiago)

5583. **Non queiras criado máis alto có amo.** [1935] (ms e mc: Lugo)

5584. **O golpe da sartén, aínda que non doia, embarna ben.** (mc: Santiago)

5585. **O peor enemigo é o veciño da porta.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)

5586. **O que a señores sirve, no palleiro morre.** (mc: Buciños)

5587. **O que desea a morte do can do veciño, vénlle a súa polo camiño. .** (ms: Sober)

5588. **O que na casa do veciño come ben, aforra o que ten.** (ms-LU: seminarista anónimo: Chantada, LU)

5589. **O que queira tomar venganza do seu veciño, póñalle a vida en diñeiro e en pan cocido.** (mc: M.V.)

5590. **O que queira ver venza do seu viciño, poña o que ten en diñeiro i-en pan cocido.** (ms21,16v: Bermés)

5591. **O que queira ver venza do veciño, venda o que ten e métao en pan cocido.** [1936] (mc / ms4: F.V.S.)

5592. **O que queira vengarse do viciño, póñalle os bés en cartos e pan cocido.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

5593. **O que ten fillos e filliñas, non fale mal das súas viciñas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

Non hai que botar por ela.

5594. **Os que servimos, inda que traballemos, sempre dormimos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

5595. **Ou cerca da costa ou lonxe de ela.** [1937] (mc: Buciños)

5596. **Por atender o veciño, non deixes o teu.** (ms4: Páramo-F.V.S.)

5597. **Por bonita que seña a nena, non fai de comer sin leña.** [1938] (mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

5598. **Pra conservar a amistá co veciño, parede no medio.** (ms15,15)

5599. **Pra saber quén eu son, hai que vivir conmigo ó tizón.** (mc: Pidre-F.V.S.)

[1935] mc: *que o amo*.
[1936] ms e ms4: *ver venza* (*ver la desgracia*).
[1937] ms: *d'ela*.
[1938] ms4 e ms-LU: *que sea a nena*.

5600. **Quen queira mal ó seu veciño, déixelle os bés en cartos ou en pan cocido.** (mc / ms4: F.V.S.)

5601. **Quen ten vidros nas ventanas, que non tire pedras ás alleas.** (ms: Prado, Lalín)

5602. **Se queres saber quen es, pergúntalle ó teu veciño.** (ms15,13)

5603. **Se queres ser servido, sírvete a ti mismo.** [1939] (mc: Carballedo)

(es) *Si quieres ser bien servido, sírvete a tí mismo.* (mc: Correas / ms: Sbarbi) */ Si quieres que te sirvan bien, sírveté.* (R. Marín) (ct) *Si vols esser ben servit, feste tu mateix lo llit.* (R. Marín) (va) *Si vòls estar ben servit, feste tú mateixa el llit.* (Alberola)

5604. **Si queres saber cómo é María, vive con ela sete meses i-on día.** [1940] (mc: Palas de Rey-F.V.S.)

5605. **Si queres saber quen eu son, come conmigo ao tizón.** [1941] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

5606. **Si queres saber quén son, vive conmigo detrás do tizón.** (ms14,16 / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

5607. **Si queres saber quén son, vive conmigo ó tizón.** (mc: Buciños)

(es) *Si quieres saber quién es Andrés, vive con él un mes.* (R. Marín)

5608. **Si queres ser ben servido, sírvete a ti mismo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

5609. **Tódolos camiños van prá casa, si non é por dentro, é por fóra da aira.** [1942] (mc: Buciños)

5610. **Tódolos que servimos, aínda [que] sempre traballemos, sempre dirán que dormemos.** [1943] (ms18,60r)

5611. **Tódolos que servimos, anque sempre traballemos, sempre nos din que dormimos.** [1944] (mc: A.S.A. / ms10,120r: *D.E.*)

5612. **Trastos vellos, ó desván.** (mc: Buciños)

5613. **Trastos vellos, ó fallado.** (mc: Santiago)

[1939] mc: *Si*.
[1940] ms: *y*; ms4: *Se queres, sete anos*.
[1941] O orixinal di *Si queres saber quen eu son come conmigo a o tizón*.
[1942] V. *Tódolos camiños van dar á casa* en *Procedimientos*.
[1943] *Todol-os que servimos ainda sempre traballemos, sempre dirán que dormemos*.
[1944] ms e ms4: *Todol-os, sirvimos*; ms, ms4 e ms10: *durmimos*. / En ms10 s.v. *Servir* coa indicación *Criados*.

5614. **U gado vale máis na corte que arresponsado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

5615. **Val máis carta que fariña.** (mc: Santiago)

5616. **Vale máis coste que fariña.** (ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)

5617. **Vale máis este lumiño qu'eu teño, que estendo a perna por donde quero, que o pan e o viño na casa do crego.** [1945] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

5618. **Vale máis na casa c'arresponsado.** [1946] (ms e mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

5619. **Vale máis na casa c'arresponsado.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

5620. **Veciño, ó teu argadelo e deixa o meu.** (mc / ms4: F.V.S.)

5621. **Vivir na serra ou lonxe dela.** [1947] (mc: M.L.)

(es) *En la sierra, o cien leguas de ella.* (Sbarbi)

CASTA

5622. **O fillo do rato tira ó burato.** [1948] (ms5,135: Estrada, Puente Ulla)

5623. **Tales mais, tales fillos; tales porcos, tales ratiños.** [1949] (ms5,137: Calvor [sic].)

CASTAÑAS

5624. **As castañas que despois do san Martiño quedan no souto son do moucho.** [1950] (ms5,138: Sober)

Quiere decir que todos tienen derecho a cogerlas; y así en efecto se hace en la comarca de Sober. En otras zonas, como Caurel, se recogen más tarde y alli no rige el refrán.

5625. **Tan honrado é o caldo como as castañas.** (ms5,107: Verín)

Se dice en Verín con la significación: tan malo es lo uno como lo otro.

CASTIGO

5626. **A paus naide é bon.** [1951] (ms5,057: Silvarrey)

5627. **A quen pilla, píllano.** [1952] (ms10,092r: *D.E.*)

5628. **Co vento límpiase o trigo e con castighos o medo.** [1953] (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

5629. **Co vento límpiase o trigo e, os vicios, co castigo.** [1954] (ms5,133: Mondoñedo)

5630. **O neno súa nai castigueo, límpeo, fárteo, e se non quer calar, deixeo chorar.** [1955] (ms10,068r: *D.E.*)

5631. **Os nenos castigalos de pequenos, que dispois que crecen non hai castigo pra eles.** [1956] (ms10,068r: *D.E.*)

5632. **O que a un fostiga, a cento castiga.** [1957] (ms10,23v: *D.E.*)

5633. **Págana os xustos cando o fan os pecadores.** [1958] (ms10,075r: *D.E.*)

5634. **Sementa malas obras e collerás a súa froita.** [1959] (ms10,118r: *D.E.*)

CASTIGO-TALIÓN

5635. **Cada un paga por onde peca.** [1960] (ms10,075r: *D.E.*)

CAUSAS Y EFECTOS

5636. **A pedra fire a quen bate.** (ms8,37r: Silvarrey)

5637. **Dunha muxiga pode salir unha gran lumareda.** [1961] (ms)

(pt) *De pequena candeia, grande fogueira.* (Chaves) / *De pequena fagulha grande labareda.* (Id.) (es) *De pequeña centella, grande hoguera.* (R. Marín)

5638. **Foise o paxaro e quedaron as plumas.** (ms5,133: Arzúa)

5639. **Matar a araña i-acabouse a tela.** [1962] (ms: Taboada das Freires)

[1945] O orixinal di *Vale mais este lumiño qu'eu teño, que extendo a perna por donde quero, que o pan e o viño na casa d'o crego*.
[1946] mc: *que arresponsado*
[1947] V. *Ó pé da serra ou lonxe dela* en *Agrícolas* (*Generales*).
[1948] Indica *Casta*.
[1949] Indica *Casta*.
[1950] Indica *Castañas*.
[1951] Indica *Castigo*.
[1952] En ms10 s.v. *Pillar* coa indicación *Castigo*.
[1953] *Co vento limpíase o trijo e con castijos o medo*.
[1954] Indica *Castigo*. V. *Vicios*.
[1955] En ms10 s.v. *Niño* coa indicación *Castigo*.
[1956] En ms10 s.v. *Niño* coa indicación *Castigo*.
[1957] En ms10 s.v. *Castigar*.
[1958] En ms10 s.v. *Pago* coa indicación *Castigo*.
[1959] En ms10 s.v. *Sembrar* coa indicación *Castigo*.
[1960] En ms10 s.v. *Pago* coa indicación *Castigo-Talión*.
[1961] Dentro do sobre *Causas y efectos*.
[1962] *Matar a araña y-acabouse a tela*. / Dentro do sobre *Causas y efectos*.

5640. **O fiado non rompe polo delgado sinón polo gordo mal fiado.** (ms5,056: Silvarrey)

5641. **O que non queira roe-lo cabelo, que non faiga o nó.** [1963] (ms: M.L.2 / ms4: *Vida Gallega* / ms4: M.L.)

5642. **O que non ten cu non pode cagar.** [1964] (ms)

Var.: *Quen non ten cu non pode cagar.* (M.L.)

5643. **Pola liña vén a tiña.** [1965] (ms / ms4: M.V.)

(pt) *Pela linha vem a tinha.* (Chaves) (es) *Por el linaje vienen los ajos.* (R. Marín)

5644. **Pola muestra conócese o pan.** [1966] (ms)

(es) *Por la muestra, si no hay engaño, vereis que tal es el paño.*

5645. **Polo fío sácase o nobelo ou a madeixa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

5646. **Polo fío vén o ovillo.** [1967] (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

5647. **Por un clavo perdeuse unha ferradura; por unha ferradura, un cabalo; por un cabalo, un cabaleiro; por un cabaleiro, unha guerra; e por unha guerra, un reino.** [1968] (ms15,42: Valle del Mao)

Var.: / *Por un clavo pérdese unha ferradura.* (ms: Tuiriz)

(pt) *Por um cravo se perde uma ferradura, por uma ferradura um cavalo, por um cavalo um cavaleiro, por um cavaleiro um exército inteiro.* (Chaves) (es) *Por un clavo se pierde una herradura; por una herradura, un caballo; por un caballo, un caballero; por un caballero, un campo; por un campo, un reino.* (Correas) (ct) *Per un clau, es pergué una ferraura; per una ferradura un cavall, y per un cavall un cavaller.* (Alberola)

5648. **Principio queren as cousas.** [1969] (ms: Buciños)

(pt) *Princípio querem as coisas.* (Chaves) (es) *Principio quieren las cosas.* (Correas)

5649. **Quen-as busca, encóntraas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

[1963] *O que non queira roel-o cabelo, que non faiga o no.* / Dentro do sobre *Causas y efectos*.
[1964] Dentro do sobre *Causas y efectos*. / ms: *non pode c...*
[1965] Dentro do sobre *Causas y efectos*.
[1966] Dentro do sobre *Causas y efectos*.
[1967] *Polo frio ven o ovillo*.
[1968] A segunda variante estaba dentro do sobre *Causas y efectos*.
[1969] Dentro do sobre *Causas y efectos*.

CAUTELA EN EL HABLAR. V. tamén *Hablar, Precaución al hablar*.

5650. **A millor palabra é a que está por dicir.** [1970] (mc e ms16: Buciños / ms10,076r: *D.E.*)

(pt) *A melhor palavra é a que está por dizer.* (Chaves) (es) *La mejor palabra es la que no se habla.* (R. Marín) / *La mejor palabra es la que se calla.* (Id.) (ct) *La millor paraula es la que está per dir.* (Alberola)

5651. **Ao bon calar chaman Sancho.** [1971] (mc: C.A. / ms16)

(es) *Al buen callar, llaman Sancho; al bueno bueno, Sancho Martínez.* (Correas)

5652. **Calar nunca fixo mal.** (mc: C.A. *A N. Terra*)

5653. **Calar nunca foi malo.** (mc: C.A. *A N. Terra* / ms16)

5654. **Decires ó tuntún non teñen logranza.** (ms5,133: Mondoñedo)

5655. **Do que non entendas non fales, que vale máis calar que decir barbaridades.** (mc)

Var.: *Do que non sepas non fales, que vale máis non decir que berrear.* (R. Caruncho, *Diario de Avisos*) / *Do que non entendas non fales, que val máis calar que berrear.* (ms16)

(pt) *Mais vale calar que mal falar.* (Chaves) (es) *En lo que no entiendas, freno a tu lengua.* (R. Marín) (ct) *De lo que no hages estudiat, no tractes, qu'es necetat.* (Alberola)

5656. **Do que non entendas non fales, que vale mas non decir nada que barbaridades.** (ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C)

5657. **Do que non sepas non fales, que é millor non decir nada que decir barbaridades.** (mc: M.V. / ms16 / ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

Var.: *Do que non entendas non fales, que vale máis non decir nada que decir barbaridades.*

(pt) *Mais vale calar que mal falar.* (Chaves) (es) *En lo que no entiendas, freno a tu lengua.* (R. Marín) (ct) *De lo que no hages estudiat, no tractes, qu'es necetat.* (Alberola)

5658. **Garda o pico e terás paz.** (mc: L.G. / ms16 / ms15,01: E. Carré Aldao, *Literatura Gallega*, 2ª ed., 1911)

5659. **Gárdate de auga que non corra e de gato que non mía.** (mc: A.C. *A N. Terra* / ms16)

[1970] ms, ms4 e ms16: *decir*.
[1971] *Ao bom calar, chaman Sancho*.

5660. **Labrador que o entende fala pouco e moito aprende.** [1972] (mc e ms16: J.P.)

5661. **Máis vale calar que mal falar.** (mc: *Terra de Melide* / ms: V.R. y A.R.)

Var.: *Val máis calar que mal falar.* (ms4: M.L. / ms16)

(pt) *Mais vale calar que mal falar.* (Chaves) (es) *Más vale callar que errar.* (R. Marín) (ct) *Més val callar qu'en burros parlar.* (Alberola)

5662. **Muller que moito fala, ó millor desbarra.** [1973] (mc e ms16: M.V. / ms21,26v: Bermés)

5663. **Nin todo o que pensas fales, nin todo o que pensas cales.** [1974] (ms5,121: Trapero / ms10,088r: *D.E.*)

5664. **Nin todo o que penses fales nin todo o que penses cales.** (ms15,13)

5665. **Non falar, si se quere un secreto gardar.** (ms15,12)

5666. **Non hai mellor fala que a que queda por decir.** (ms-SA: Jesús Santiso Barreiro)

5667. **Non hai mellor palabra cá que está por decir.** (mc / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

5668. **Non lle contes a nadie dos teus males porque chos desean mortales.** (ms15,28r: Lalín)

5669. **Non s'engaña quen non conta.** [1975] (mc: M.V. / ms21,22r: Bermés)

Var.: *Non se engaña quen conta.* (C.A. *A Nosa Terra*)

(pt) *Quem não conta é que não erra.* (Chaves)

5670. **Non se engaña que[n] non canta.** (ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C)

5671. **Non se engaña quen non conta.** (ms: M.V.)

5672. **O bo saber é calar antes de ser tempo de falar.** [1976] (mc: Velle / ms16)

5673. **Ó bon calar chámanlle xordo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

5674. **O falar é parola.** (mc: Buciños)

(es) *El hablar poco cuesta.* (Sbarbi)

5675. **O falar sólo é parola.** (mc: S. Victorio de R.de Miño / ms16)

(es) *El hablar poco cuesta.* (Sbarbi)

5676. **O falar, todo é parola.** (mc: A.S.A. / ms16)

(es) *El habla, poco cuesta.* (Sbarbi)

5677. **O millor dito é o que queda por decir.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

5678. **O millor do conto é o que queda por contar.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

5679. **O moito falar é vicio.** (mc: M.V. / ms16 / ms21,23v: Bermés)

(es) *El mucho hablar es dañoso, y el mucho callar no es provechoso.* (R. Marín)

Cuerdo pensamiento que recoge una canción popular: *Pensa moito, fala pouco / que o moito falar é vicio, / i-o dar palabras ó vento é sementar no camiño*.

5680. **O moito parolar, o tempo fai escasear.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16)

5681. **O que fala ben, pode falar sempre.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

5682. **O que fala e non sabe o que dixo, é tolo ou non ten xuicio.** (ms-SA: Teófilo Cabaleiro Cabaleiro, Codeseda, A Estrada, PO)

5683. **O que fala sin sabe-lo que dixo, ou é tolo ou non ten xuicio.** [1977] (ms-SA: Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO)

5684. **O que máis fala é o que menos fai.** (mc)

Var.: *O que máis fala, menos fai.* (ms4: F.V.S. / ms16) / *O que máis fala non é o que máis fai.*

(es) *Quien más habla, menos hace.* (R. Marín)

Glosado en la siguiente canción popular: *Home de moita parola / gasta a forza en parolar, / e nin fai todo o que dí, / nin tampouco dí o que fai*.

5685. **O que moito fala, a súa boca luxa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Becerreá, LU)

5686. **O que moito parola, o tempo nunca lle sobra.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16)

5687. **O saber falar é ouro i-o calar plata.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

5688. **O saber falar é ouro, i-o calar é plata.** (mc / ms4: F.V.S.)

Var.: *O saber falar é ouro y o calar, plata.* (ms / ms16)

5689. **Pensa moito e fala pouco.** (mc: M.V. / ms21,23v: Bermés / ms16)

[1972] ms4 e ms16: *Labradora*.

[1973] V. *A muller que moito fala, no mellor desbarra* en *Mujer*.

[1974] Riscado no manuscrito orixinal ms15 polo propio Vázquez Saco. En ms10 s.v. *Pensar* coa indicación *Reserva oral*.

[1975] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

[1976] ms4 e ms16: *boo saber*.

[1977] *O' que fala sin saber l'o que dixo ou e tolo ou non ten xuicio*.

(pt) *Pensa muito, fala pouco, escreve menos.* (Chaves) (es) *Hablar sin pensar es tirar sin apuntar.* (Sbarbi)

5690. **Pra palabras tolas, orellas pechas.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16)

(pt) *A palavras loucas, orelhas moucas.* (Chaves) (es) *A palabras locas, orejas sordas.* (Correas)

Véase *A palabras falangueiras...* y sus análogos.

5691. **Quen cala consinte.** (mc e ms16: F.B.B.)

(pt) *Quem cala consente.* (Chaves) (es) *Quien calla, otorga.* (R. Marín) (ct) *Qui calla otorga.* (Alberola)

5692. **Quen moito fala, n'algo erra.** [1978] (mc: A.S.A. / ms16)

Var.: *Quen moito fala, pouco asubía.* (mc / ms: F.V.S / ms16)

(es) *Quien mucho fabla, yerra.* (Arcipreste de Hita. *Libro del Buen Amor*, estrofa 733) / El mismo arcipreste (Id. estrofa 949): *non puede ser que non yerre ome en grand raçon. / Quien mucho habla, mucho yerra.* (Correas) */ A mucho hablar, mucho errar.* (Id.) (ct) *Qui molt parla, molt èrra.* (Alberola)

5693. **Quítalle ó murmurador o vicio e cesará o litigio.** (mc: Buciños-F.V.S.)

5694. **Se contigo non vai nada, aquelo que seipas cala.** (ms15,12)

5695. **Vale máis calar que mal falar.** (ms-SA: Laureano Moscoso Sabel: Berreo, Trazo, C)

CAZA. V. tamén *Aves, Galgo, Galgo, Lebre, Lobo, Pájaros, Pérdices, Raposo*.

5696. **A bo zorro, mellor can.** (mc: Sarria)

5697. **A can vello i-a cazador coxo non lle queda a lebre no toxo.** [1979] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

5698. **Á espera caza calquera.** [1980] (ms10,014v: *D.E.*)

5699. **Á larga, o galgo a lebre mata.** (mc: Santiago)

(es) *A la larga, el galgo a la liebre mata.* (Jara)

5700. **A lebre no xaneiro busca no bulleiro.** (mc: Monterroso-F.V.S.)

(pt) *A lebre em janeiro, está na cama ou no lameiro.* (Chaves) */ Em janeiro pasta a lebre no lameiro e o coelho à beira do regueiro.* (Id.) (es) *Por enero busca las liebres en los chapuceros.* (Jara) */ La liebre en enero, en el tollero.* (R. Marín)

5701. **Acabouse a caza, acabouse a baza.** (mc / ms4: F.V.S.)

5702. **¡Ai, aves loucas!, vides moitas e ides poucas.** (mc: Santiago)

5703. **Can alaceiro, nunca bon conexeiro.** (mc: J.P.)

(pt) *Cão azeiteiro, nunca bom coelheiro.* (Chaves) (es) *Can alucero, nunca buen conejero.* (Sbarbi)

5704. **Can de caza quer ser de raza.** (ms15,15)

5705. **Can de caza sal á raza.** (mc: A.N.)

5706. **Can palleireiro non é conexeiro.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *Perro alcucero nunca buen conejero.* (Sbarbi)

5707. **Can que non ventea, non lebrea.** (mc: C.A.)

5708. **Cando a perdiz canta, señal de auga.** [1981] (mc: Santiago / ms5,027: Betanzos)

5709. **Cando a perdiz canta, señal é de auga.** (ms-SA: José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)

5710. **Cárganas os homes e dispáraas o demo.** [1982] (mc)

(es) *El diablo las cargas.* (Sbarbi)

Las armas de fuego.

5711. **Carreira larga, galgo tendido.** (mc: Tuiriz, Monforte)

5712. **Coello de dispensa, cazador e labrador, fame na casa.** [1983] (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

5713. **Corredor serás, pero traza de galgo non tes.** [1984] (mc: Tuiriz, Monforte)

5714. **Cun pau mátanse dúas lebres.** [1985] (ms8,26r: Trives)

5715. **Cun tiro mátanse dous pombos.** [1986] (ms8,26v)

5716. **Detras dun toxo salta a lebre.** (mc: Corme)

5717. **Días de vento, cazador, non salgas ó monte que pérde-lo tempo.** [1987] (ms4: J.T.)

[1978] ms4 e ms16: *n-algo se erra*. ms10: *en algo erra*. En ms10 s.v. *Hablar*.

[1979] *A can vello y-a cazador coxo, non lle queda a lebre no toxo*. / ms-LU: *i-a cazador, qued'a lebre*.

[1980] En ms10 s.v. *Espera* coa indicación *Caza*.

[1981] V. *Cando a perdiz canta, nublado vén* en *Agrícolas* (*Meteorológicos*).

[1982] O orixinal di *Cárganas os homes e disparas o demo*.

[1983] ms4: *fame no comedor*.

[1984] ms: *pro*.

[1985] V. *Cun avío fanse dous mandados* en *Diligencia*.

[1986] V. *Cun avío fanse dous mandados* en *Diligencia*.

[1987] *Dìas de vento, cazador non salgas o monte que perdel-o tempo*.

5718. **Donde hai matas, hai coellos.** (mc: Buciños)

(es) *En las matas de tomillo, gazapón o gozapillo.* (Jara)

5719. **Donde lebre mates, lebre cates.** (mc)

5720. **Donde menos pensa o cazador, sáltalle a lebre.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

5721. **Donde menos se pense, salta a lebre.** (ms-SA: Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C)

5722. **Dun pelo, bon can; de dous, millor; de tres, tal cual; de catro, non val.** (mc: Otero de Rey)

5723. **É mellor que o labrador levante unha pedra, que o cazador rompa unha perna.** (ms-LU: seminarista anónimo: A Trabanca, Santa María de Cela, Outeiro de Rei, LU)

Alude a la costumbre de los cazadores de tirar o derribar setos para andar más a prisa persiguiendo la caza.

5724. **En abril o galgo é mastín.** [1988] (mc: J.P.)

(es) *En abril, el galgo es mastín; y en mayo, el mastín es galgo.* (R. Marín)

Lo primero (único que dice el refrán gallego), porque estando aún en abril enverdinadas o hartas de alcacer las liebres, el galgo no les da alcance. (R. Marín)

5725. **En abril vai a lebre pó cubil.** (mc: Santiago)

5726. **En carreira larga vence o galgo.** (mc: Tuiriz)

(es) *En fin, más corre un galgo que un mastín; y al cabo del año, más corre un mastín que un galgo* (Jara)

5727. **En xaneiro busca a lebre co cu no regueiro.** (mc)

Var.: *En xaneiro, co cu no regueiro.* (J.T.)

(pt) *Em janeiro pasta a lebre no lameiro e o coelho à beira do regueiro.* (Chaves) */ A lebre em janeiro, está na cama ou no lameiro.* (Id.) (es) *En febrero, la liebre en el reguero.* (Jara)

5728. **En xaneiro o conexo búsc'o no regueiro.** [1989] (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

5729. **En xaneiro o conexo está no regueiro.** (mc: Santiago)

Var.: *En xaneiro métese o conexo no regueiro.* (Santiago)

5730. **En xaneiro o conexo métese no regueiro.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

5731. **En xeneiro, sete cans pre un lebrecheiro.** (ms-SA: Eliseo López Varela)

5732. **En xeneiro, no regueiro. (a lebre)** (ms-SA: Eliseo López Varela)

5733. **Fame e frío meten a lebre a camiño.** (mc: A.N.)

(pt) *A fome e o frio metem a lebre a caminho.* (Chaves)

5734. **Gárdete Deus de can lebrel, de casa de torre e de muller sabedora.** (ms21,09r: Bermés)

5735. **Gárdete Dios de can lebrel, de casa de torre e sabia muller.** [1990] (mc: A.I.)

(es) *Guárdete Dios de perro lebrel, y de casa torre, y de rabidueña mujer.* (Correas)

5736. **Home troiteiro, nin boa meda nin bo palleiro, e cazador, moito peor.** (mc: S.P.P.-*Ultreya*)

Var.: *Home truiteiro, nin boa meda nin bon palleiro. / Home pesqueiro non fai bon palleiro.* (S.P.P.-Ultreya)

(es) *Pescador, cazador y gaitero, nunca tendrá mucho dinero.* (R. Marín)

5737. **Labrador e cazador, coello na dispensa e fame no comedor.** (ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C)

5738. **Lebre que escapa, galgos a siguen.** (mc: Lugo)

(pt) *Lebre foge, galgos a seguem.* (Chaves)

5739. **Máis corre un galgo de un mes que un burro de tres.** (mc)

(pt) *Corre mais a lebre d'um ano, que um burro de 40.* (Chaves)

5740. **No xaneiro busca a lebre co cu no bulleiro.** (mc: U.C. Cuartilla 9)

(es) *Por enero busca las liebres en los chapuceros.* (Jara)

5741. **O can pola casta i-o nobelo polo fío.** [1991] (mc: M.L.)

5742. **Ó mellor galgo escápalle unha lebre.** [1992] (mc: J.P.)

(es) *Al mejor cazador se le va una liebre.* (R. Marín) */ Al galgo más lebrero se le va la liebre en enero.* (Jara)

[1988] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Abril. Agrícolas*.

[1989] O orixinal di *En xaneiro o conexo busco no regeiro*.

[1990] ms3: *de casa torre*.

[1991] *O can pol-a casta yo novelo pol-o fio.* / V. *Ti saca o can pola casta y-o novelo polo fío, porque ós pais, ó fin y-ó cabo, hanse parece-los fillos* en *Familia. Parientes*.

[1992] V. *Ó millor cazador váiselle unha lebre* en *Desacierto*. mc: *escàpaselle*. Jacinto del Prado rexistra o refrán coa forma *escàpalle*.

5743. **O paxaro da devesa un o axexa e outro o pesca.** (mc)

5744. **O paxaro da devesa, un o axexa, o outro o pesca.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

5745. **O que caza, por todo pasa.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

5746. **Onde menos se pensa salta a lebre.** (mc)

Var.: *Onde un menos se decata, a lebre salta.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

(pt) *Donde se não cuida, salta a lebre.* (Chaves) (es) *Donde menos se piensa, salta la liebre. / Donde hombre no cata, la liebre salta.* (Correas) */ Donde hombre no piensa, salta la liebre.* (Id.)

5747. **Pasada de cazador non fai daño ó labrador.** (mc / ms4: F.V.S.)

5748. **Pedras pra abaixo e lebres pra arriba, mulleres prá festa e prá romería, o demo as acarría.** (mc: Buciños)

5749. **Quen en abril colle lebres, bos galgos ten.** (mc: J.P.)

5750. **Se cazas, non te alabes; si non cazas, non te enfades.** (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

5751. **Si Dios de ésta me escapa, nunca me cubrirá tal capa.** (mc)

(es) *Si Dios de ésta me escapa, nunca me cubrirá tal capa.* (Correas) */ Si Dios de ésta me escapa, nunca más arriesgaré la capa.* (R. Marín)

Es, según Bergua, equivalente a *Si de esta escapo y no muero, nunca más bodas al cielo*, que tiene su origen en la fábula que llevó a la zorra hacia el cielo, para asistir a unas bodas, y la dejó caer, cuando la tenía a gran altura.

5752. **U cazador da escopeta e o casado da cama come máis ca do que gana.** (ms: Santiago)

5753. **U cazador da escopeta e o cazado da cama come máis ca do que gana.** (ms-SA: Pascual Campos Arestiño: Cando, Outes, C)

5754. **Un ergue a caza e outro a mata.** (ms18,66r)

5755. **Uns erguen a caza e outros a matan.** [1993] (mc: M.V. / mc: Santiago / ms21,23r: Bermés)

(pt) *Uns batem o mato, outros apanham as lebres.* (Chaves) (es) *Uno la liebre levanta, y otro la mata.* (R. Marín) (ct) *U mòu la caça y atre la mata.* (Alberola)

5756. **Van ás codornices cazadores novos e cas aprendices.** (mc: J.P.)

5757. **Xea, mal pola arcea.** [1994] (mc e ms4: M.L. / ms / ms4: N.V. 2ª serie)

CEBO

5758. **Co engado cóllense os peixes e engánanse os parvos.** (ms10,012r: *D.E.*)

CERDOS. V. tamén *Agrícolas* (*Animales*).

5759. **Á porca parida non lle deas fariña.** [1995] (ms10,094r: *D.E.*)

5760. **Por san Andrés mata se tes.** [1996] (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

CIEGOS

5761. **Algún cego quixérame ver, anque non máis fora por vista ter.** [1997] (ms10,138r: *D.E.*)

5762. **Do que di que non ve pola criba, non sei qué che diga.** [1998] (ms10,138r: *D.E.*)

5763. **O que non ve non sabe o que é nin como é.** [1999] (ms10,138r: *D.E.*)

5764. **Tanto é o que non ve como o que non sabe.** [2000] (ms10,138r: *D.E.*)

CIMIENTOS

5765. **A pedra que moito roda, pra cimento non é boa.** [2001] (ms10,086r: *D.E.*)

5766. **Con pouco vento esborrállanse as torres sin cimento.** (ms10,013r: *D.E.*)

CLARIDAD. FRANQUEZA

5767. **Ao pan, pan, e ao viño, viño.** [2002] (ms e ms4: C.A. / ms10,079r: *D.E.*)

(es) *Al pan, pan y al vino, vino.* (R. Marín)

5768. **Claridá sin vanidá.** [2003] (ms: M.V.)

5769. **Non hai com'a claridá.** [2004] (ms: Buciños)

[1993] ms21,23r: *Un'hos, outro-l'-a matan*; mc, Santiago: *outrol-a matan*.

[1994] ms: *pol'arcea* / O textorix tamén aparece en ms4.

[1995] En ms10 s.v. *Puercos* coa indicación *Cerdos*.

[1996] Indica *Cerdos*.

[1997] En ms10 s.v. *Ver* coa indicación *Ciegos*.

[1998] En ms10 s.v. *Ver* coa indicación *Ciegos*.

[1999] En ms10 s.v. *Ver* coa indicación *Ciegos*.

[2000] En ms10 s.v. *Ver* coa indicación *Ciegos*.

[2001] En ms10 s.v. *Piedra* con indicación *Cimiento*.

[2002] ms10: *O pan, o viño*. / Dentro do sobre *Claridad. Franqueza*.

[2003] Dentro do sobre *Claridad. Franqueza* coa indicación *Franqueza*.

[2004] *Non hay com'a claridá*. / Dentro do sobre *Claridad. Franqueza* coa indicación *Claridad*.

5770. **O que se ve, non se esconde.** [2005] (ms: Sarria)

CLASES SOCIALES

5771. **Us nacen de pé e outros non saben pra qué.** [2006] (ms10,065r: *D.E.*)

COBARDÍA

5772. **Home cobarde nunca se farta de carne.** [2007] (ms15,43: Sober)

Lo aplican al trabajador que trabaja *a mantido*. Por cortedad se sirve poco y los que lo cuidan lo animan a servirse más con el refrán.

COCINA. V. tamén *Comida, Pucheiro.*

5773. **A sardiña na chama e a muller na cama.** [2008] (ms10,116r: *D.E.*)

5774. **Perdís moi azorada, está medio asada.** [2009] (ms10,090r: *D.E.*)

5775. **Quen queira facer da vaca carneiro, que a poña a cocer en auga fervendo.** [2010] (ms10,135r: *D.E.*)

5776. **Quen queira facer da vaca galiña, bótea a cocer en auga fría.** [2011] (ms10,135r: *D.E.*)

CODICIA

5777. **A soberbia está nos probes, e nos ricos a cobiza.** [2012] (ms10,100r: *D.E.*)

5778. **Anque sea de palloeiro, precura encher o palleiro.** [2013] (ms10,078r: *D.E.*)

5779. **Non é probe o que pouco tén, senón o que moito quer.** [2014] (ms10,100r: *D.E.*)

5780. **Non é probe o que tén pouco, senón o que cobiza moito.** [2015] (ms10,100r: *D.E.*)

5781. **O labrador cobizoso quer sementar en segando.** [2016] (ms10,032r: *D.E.*)

5782. **Tanto como o que ten, cobiza ter o que non ten.** [2017] (ms10,129r: *D.E.*)

COJOS. V. tamén *Pierna, Zambo*.

5783. **N'hai coxo que corra nin torto que sea bo.** [2018] (ms5,135: Noya / ms-SA: Manuel Gerpe Gerpe: Santa María de Montouto, Santa Comba, C)

COLABORACIÓN

5784. **O que non pode un, pódeno moitos.** [2019] (ms10,093r: *D.E.*)

COLES. V. tamén *Huerta.*

5785. **Nabos e coles, comer de señores.** [2020] (ms10,065r: *D.E.*)

COLORES

5786. **O branco revira o sol i-o mouro chámao.** [2021] (ms5,041: Valle de Oro)

COMERCIO. V. tamén *Baratura, Deudas, Feria, Fiar, Gastar, Malgastar, Mercado, Negocios, Préstamos, Regateo, Tato, Tendero, Tendero, Vida comercial y contratos*.

5787. **Boa venda, valer catro e vender por corenta.** [2022] (ms10,137r: *D.E.*)

5788. **En vender e mercar non hai amistá.** [2023] (ms10,137r: *D.E.*)

5789. **O queixo hase mercar na queixeira, i-o trigo, na eira.** [2024] (ms10,103r: *D.E.*)

5790. **O queixo, na queixeira; e o trigo, na eira.** [2025] (ms10,103r: *D.E.*)

5791. **Vende barato e venderás por catro.** [2026] (ms10,137r: *D.E.*)

5792. **Vende na casa e compra na feira, se queres saír da laceira.** [2027] (ms10,137r: *D.E.*)

5793. **Vende sardiña e poderás comer galiña.** [2028] (ms10,116r: *D.E.*)

5794. **Vendo barato: o que vale tres, douno por catro.** [2029] (ms10,137r: *D.E.*)

[2005] Dentro do sobre *Claridad*. *Franqueza* coa indicación *Claridad*.
6161. **Do que che dean colle e non escollas.** (ms10,001v: *D.E.*)
6162. **Inda non llas dan e xa as sopra.** [2232] (ms10,047v: *D.E.*)
6163. **Non manda Dios dar a quen ten máis que nos.** (ms10,001v: *D.E.*)
6164. **Non se me dá nada que, en morrendo, todo se acaba.** (ms10,002r: *D.E.*)
6165. **O dar amolece as pedras.** (ms10,001v: *D.E.*)
6166. **Ó que dá de balde, darlle.** (ms10,001v: *D.E.*)
6167. **O que dan de balde ben sabe.** (ms10,002r: *D.E.*)
6168. **O que se dá boa vida teme máis a caída.** (ms10,002r: *D.E.*)
6169. **Se o has de dar, non-o fagas cobizar.** (ms10,002r: *D.E.*)

[2232] En ms10 s.v. *Miscelánea* coa indicación *Dar*.

DAR Y RECIBIR. V. tamén *Dádivas, Dado, Donaciones, Generosidad, Limosna, Negación, Negativas, Peticiones, Testamento*.

6170. **Cando o can quer a cadela, lámbelle moito a garela.** (ms21,16v: Bermés)
6171. **Cando o can quere a cadela, moita farela, e despois ergue a pata e mexa por ela.** [2233] (mc e ms16: G.P.)
6172. **É mellor ter que dar, que non ter e pasar.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
6173. **É millor dar ca non ter e pasar.** [2234] (ms: Santiago)
6174. **É millor ter que dar que ter que pasar.** [2235] (ms: Santiago)
6175. **Hai máis quen leve que quen dea.** (ms15,34r: Sarria)
6176. **Muito lle quere Pedrín á súa tía, muito lle quer mentras ela lle día.** (ms15,12)
6177. **Non ch'é o mismo predicar có dar millo.** (ms18,55r: *Vida Gallega*)
6178. **Non ch'é o mismo predicar como dar trigo.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU)
6179. **Non che é o mismo predicar e dar trigo.** (mc: R. Caruncho, Diario *de Aviso*)
6180. **Non hai millor regazada que a que dá a arada.** (ms4)
6181. **Non ter e dar é como comer e non pagar.** (ms: Santiago)
6182. **Ó cabalo dado non lle regañas o dente.** [2236] (ms: Santiago)
6183. **O emprestado non é dado.** [2237] (mc e ms: F.V.S.)
6184. **O que as fai, atópaas.** [2238] (mc: Monforte)
6185. **O que as fai, que as pague.** (ms5,138: Sarria)
6186. **O que dan de balde, darlle.** (mc: M.L.2 / ms: *Vida Gallega*)
(es) *Lo que dan de balde, bien sabe*. (R. Marín)
6187. **O que é dado, non é repuchado.** (mc / ms4: F.V.S.)

[2233] ms: *Cand'o, e dispois?*
[2234] Contén a indicación *De dar y recibir*.
[2235] Contén a indicación *Dar y recibir*.
[2236] Contén a indicación *Sobre el dar y el recibir*. V. *A cabalo regalado non lle mires o dente* en *Agrícolas* (*Animales*).
[2237] Contén a indicación *Del dar y recibir* no ms. / V. *O emprestado é parente do dado* en *Préstamos* (*Peligros de prestar*).
[2238] O orixinal di *O que as fai atopas*.

(es) *Santa Rita, Rita, lo que se da no se quita.*

6188. **O que non agarra o que lle dan, moito lle sobra.** (mc: Carballedo)

6189. **O que non-as fai, non as encontra.** (mc: Buciños-F.V.S.)

6190. **O que pide sempre e nunca dá, pouco logrará.** (ms15,16)

6191. **O que vai dado, nin é pouco nin é malo.** (mc: M.V.)

Var.: *O que vén dado, nin é pouco nin é malo.*

(es) *Lo que te han dado, recíbelo con agrado.* (R. Marín)

6192. **O que vén dado, nin é pouco nin é malo.** [2239] (ms21,27v: Bermés)

6193. **O que vén de bandola, sabe que consola.** (mc)

6194. **Plantaron e comemos; plantamos e comerán.** (ms15,20v: Silvarrey)

6195. **Pouco me dades e menos levades.** [2240] (mc: Santiago)

Var.: *Pouco dás e menos levas.* (V.R. y A.R.)

6196. **Santa Rita bendita, o que se dá non se quita; e cando pasas pola porta da igresia, rin ran, as campanas tocarán.** (mc: Muros)

6197. **Santa Rita bendita, o que se dá non se quita.** (mc)

6198. **Santa Rita, Rita, o que se dá, non se quita.** (mc: Sarria)

6199. **Se che dan a ovella, non te pares a coller a corda senón marcha por ela.** [2241] (mc: Monforte)

Var.: *Cando che den a cabra, colle a corda e vai buscala.*

6200. **Sea ao cura, sea ao fraile, a quen che dé, dálle.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)

6201. **Sea cura, sea frade, según che dea, dálle.** [2242] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6202. **Si dás, ben vas; si non dás, vas pra atrás.** (mc / ms4: F.V.S.)

6203. **Sirve a señores e non lles pidas favores.** (mc / ms4: F.V.S.)

6204. **"Toca-de-balde" morreu.** (ms5,027: Sta. Mª Mayor de Mondoñedo / ms-LU: seminarista anónimo: Terra Cha, LU)

6205. **Todo o que dan é bon, con tal de que non sean paus.** (mc: Buciños)

6206. **Unha cousa é predicar i-outra dar cebada.** [2243] (mc: Quiroga-F.V.S.)

(es) *Una cosa es predicar y otra dar trigo.* (Correas)

6207. **Vale máis ter e dar que non ter e pasar.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)

DE MAL DECIR

6208. **Esto vai a estilo de tropa: cada un amólase cando lle toca.** (mc: Tuiriz)

6209. **Eu iba a cabalo daquel burro, caín del embaixo i-entón eu fun o burro.** [2244] (mc)

6210. **Nunca muller honrada chamou a outra desvergonzada.** [2245] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6211. **Nunca unha honrada lle chamou puta a outra.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)

6212. **Vén de parvo e foi de burro.** (mc: Caldas)

DEBAIXO

6213. **Debaixo de mel hai moitas veces fel.** (ms10,002r: *D.E.*)

DEBILIDAD

6214. **A corda sempre creba polo máis delgado.** (mc e ms4: A.S. y A. / ms18,68r: *Diario de Avisos*, de Ricardo Caruncho (1888))

6215. **A corda sempre rompe polo máis floxo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6216. **A corre rompe sempre polo máis froxo.** (mc e ms16: Sarria)

Var.: *A corda creba sempre polo máis delgado.* (ms16: *D.E.*) / *Sempre a soga creba polo máis delgado.* (ms16)

(pt) *A corda quebra sempre pelo mais fraco.* (Chaves) / *O fiado quebra sempre pelo mais fraco.* (Id.) (es) *La soga quiebra / siempre quiedra por lo más delgado.* (Correas) / *Quiebra la soga por lo más delgado*

[2239] *O que ven dado nin e pouco nin e dado*. / Por riba de *dado* está escrito *malo*.

[2240] Indica *Ahorro* no ms.

[2241] ms: *marcha con ela*. / V. *Cando o crego dá a ovella, colle a corda e vai por ela* en *Animales domésticos* (*Ovejas*) e *Oportunidad* (*Aprovechar la oportunidad*).

[2242] ms-LU: *che dia*.

[2243] ms: *y-outra*; ms4: *pedricar, y-outra cousa e dar*.

[2244] *Eu iba a cabalo d'aquel burro, cain d'el embaixo y-enton eu fun o burro*.

[2245] ms-LU: *chamou autra*.

6217. **Á ruín ovella hasta a la lle pesa.** (ms15,18)
Var.: *Á ruín ovella a lan parece que lle pesa.* (ms16: D.C.)
(es) *A la ruín oveja la lana le pesa, y al ruín pastor, el cayado y el zurrón.* (H. Núñez)

6218. **Ben parva é a ovella que co lobo se confesa.** [2246] (ms10,074r: *D.E.*)

6219. **Corda delgada non fai nudo groso.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S. / ms16: *D.E.*)

6220. **De cobardes non hai nada exento.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
Var.: *De cobardes non hai nada escrito.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

6221. **Do covarde non se encubre nada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

6222. **Ruín é o corpo que non enxuga a camisa do seu dono.** [2247] (ms16 e ms10,111r: *D.E.*)
(es) *Ruin es el cuerpo que no enjuga la camisa de su dueño.* (Correas)

6223. **Se a ola dá escontra a pedra, o pior será pra ela.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Si la redoma da en la piedra, o la piedra en la redonda, mal para la redoma.* (Correas)

6224. **Sempre romp'a corda polo máis delgado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

DECADENCIA

6225. **A facenda do perdido, barato e corrido.** [2248] (ms16 e ms10,015v: *D.E.*)
(es) *La hacienda del perdido, barato y corrido.* (R. Marín)
Se vende barata y corriendo el peso, anota M. Kleiser.

6226. **A facenda do perdido, non ter nada e telo todo comido.** (ms16: *D.E.*)

6227. **Anque perdín os anelos, inda me quedan os dedos.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Si se perdieron los anillos, aquí quedaron los dedillos.* (Z.)

6228. **Cando un vai pra abaixo, hasta as pedras van tras de el.** [2249] (ms9,11r: O. de Rey)

6229. **Canto máis vai, meu señor, canto máis vai, máis peor.** (ms16: Sta. Eulalia de Bóveda)
Var.: *Canto máis vai, pior é.* (ms15,24r: Sarria) / *Canto máis vai, pe[o]r ch'é.* (mc: Santiago)

6230. **Da noite prá mañán aparece un home sin pan.** (ms5,045: Sierra de Outes / ms-SA: Celestino López López: Brai, San Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C)

6231. **De alcalde a verdugo mirade como subo.** (ms16: *D.E.*)

6232. **De mañá en mañá váisell'ó carneiro a la.** (ms21,03v: Bermés)

6233. **De mañán a mañán perde o carneiriño a lan.** [2250] (mc e ms16: M.V.)
(pt) *De manhã em manhã, perde o carneiro a la.* (Chaves) (es) *De la noche a la mañana, pierde la oveja su lana.* (R. Marín)

6234. **De mañán en mañán eínda o carneiro perde a lan.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

6235. **De un gran viño, un gran vinagre, e de un gran santo, un gran demonio.** (ms15,45r: Chantada)
Var.: *O millor viño vólvese vinagre.* (ms16 e ms10,142r: *D.E.*) [2251]
(es) *El mejor vino se torna vinagre.* (R. Marín)

6236. **É de chorar o que conoceu o ben i-agora ten o mal.** [2252] (ms16: *D.E.*)
(es) *Aquel es de llorar que tuvo bien y viene a mal.* (Z.) / *Eso es de llorar, el que non tuvo bien y vino mal.* (S.)

6237. **Entre hoxe e mañán perde o carneiro a lan.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

6238. **Fai un ano catro centas, agora catro cegas.** [2253] (mc, ms4 e ms16: A.N.)
(es) *Ora ha un año, cuatrocientas y hogaño cuatro ciegas.* (H. Núñez)

6239. **Hoxe bouza, mañá cadaval.** (mc e ms16: M.L.)

6240. **Hoxe mal, mañán pior ¡vállanos noso Señor!** (ms16: *D.E.*)

6241. **Pai mercader, fillo caballero e neto pordiosero.** [2254] (mc e ms16: Chantada)
(pt) *Pai rico, filho nobre, neto pobre.* (Chaves) (es) *El padre, mercader; el hijo,*

[2246] En ms10 s.v. *Ovejas* coa indicación *Debilidad*.
[2247] En ms10 s.v. *Ruin* coa indicación *Debilidad*.
[2248] En ms10 s.v. *Hacienda*.
[2249] ms16: *pra baixo, hastra*.
[2250] ms3: *carneiro*; ms16: *Da mañán á.* / V. *De hoxe a mañán o carneiro cría lan* en *Paso del tiempo*.
[2251] En ms10 s.v. *Vino*.
[2252] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Desgracia*.
[2253] mc: *ahora*.
[2254] mc: *Padre*.

caballero; el nieto, pidientero. (Correas) / *Hijo de comerciante, caballero; nieto pordiosero.* (Bergua) / *Padres ganadores, hijos caballeros, nietos pordioseros.* (R. Marín) / *Padre comerciante, hijo estudiante, nieto mendigante.* (R. Marín)

6242. **Pais a xugadas, fillos a pulgadas.** (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)
(es) *Los padres a yugadas y los hijos a pulgaradas.* (Bergua) / *Los padres a yugadas, los hijos a pulgaradas.* (M.)
Se dan y corresponden mutuamente.

DECATARSE

6243. **Cando me decatei, entroume na casa o que nunca pensei.** (ms10,002r: *D.E.*)

6244. **Cando me decatei, entroume na casa quen menos pensei.** (ms10,002r: *D.E.*)

DECIR

6245. **Antes di que digan de ti.** (ms10,002v: *D.E.*)

6246. **Antes teñas que decir que che teñan que decir.** (ms10,002v: *D.E.*)

6247. **Ben dixo o que soilo o preciso dixo.** (ms10,002v: *D.E.*)

6248. **Cando din, algo hai.** (ms10,002v: *D.E.*)

6249. **Decir ben e obrar millor.** (ms10,002v: *D.E.*)

6250. **Decir e facer non é pra todos.** (ms10,002v: *D.E.*)

6251. **Decir mal das cartas é xogar a dúas barallas.** (ms10,002v: *D.E.*)

6252. **Decir mentira pra saber verdade.** (ms10,002v: *D.E.*)

6253. **Decir, cos moitos; sentir, cos poucos.** (ms10,002v: *D.E.*)

6254. **Di mentira e sacarás verdade.** (ms10,002v: *D.E.*)

6255. **Di o teu segredo ó teu amigo e faraste seu cautivo.** (ms10,002v: *D.E.*)

6256. **Dígolle que se vaia e desátese as bragas.** (ms10,002v: *D.E.*)

6257. **Dígoo coa boca e chóroo co corazón.** (ms10,002v: *D.E.*)

6258. **Dime con quen andas e direiche de quen falabas.** (ms10,002v: *D.E.*)

6259. **Dime con quen andas e direiche quen eres.** (ms10,002v: *D.E.*)

6260. **Dime con quen irás e direiche o que farás.** (ms10,002v: *D.E.*)

6261. **Dime con quen vés e direiche as mañas que tés.** (ms10,002v: *D.E.*)

6262. **Dime os que estaban e direiche o que falaban.** (ms10,002v: *D.E.*)

6263. **Díxolle o touciño ó viño: "ben veñades, meu amigo".** (ms10,002v: *D.E.*)

6264. **Díxome miña nai que porfiase mais non que aventurase.** (ms10,002v: *D.E.*)

6265. **Dos meus déixame decir, mais non me fagas ouvir.** (ms10,002v: *D.E.*)

6266. **Millor é que digan "achegadevos aca" que "ídevos alá".** (ms10,002v: *D.E.*)

6267. **Ningúen diga "de aquí non pasarei" nin "desta auga non beberei".** (ms10,002v: *D.E.*)

6268. **Ninguén diga "farei, farei", que máis vale un "toma" que dous "che darei".** (ms10,002v: *D.E.*)

6269. **Non digamos que digamos, pero tampouco digamos que digamos.** (ms10,002v: *D.E.*)

6270. **Non digas que eres, que xa ti o dirás.** (ms10,002v: *D.E.*)

6271. **Non hai cousa máis ben dita que a que inda está por decir.** (ms10,003r: *D.E.*)

6272. **Non hai nada millor dito que aquelo que non se dixo.** (ms10,003r: *D.E.*)

6273. **Non lle digas ó vello "séntate" nin ó mozo "érguete".** (ms10,003r: *D.E.*)

6274. **Non se han decir tódalas verdades en tódolos tempos e lugares.** (ms10,003r: *D.E.*)

6275. **Nunca ninguén diga por si "ben estou".** (ms10,003r: *D.E.*)

6276. **O que dirán logo pasa i-o diñeiro queda na casa.** (ms10,003r: *D.E.*)

6277. **O que é bo de decir é as veces malo de facer.** (ms10,003r: *D.E.*)

6278. **O que todos din, ou é ou quer ser.** (ms10,003r: *D.E.*)

6279. **Quen di o seu, mal calará o alleo.** (ms10,003r: *D.E.*)

6280. **Quen soilo di un, é coma se non dixera ningún.** (ms10,003r: *D.E.*)

6281. **Se cho dixen non me lembro e por eso non cho nego.** (ms10,003r: *D.E.*)

6282. **Se non queres que diga mal de ti, non digas ti mal de min.** (ms10,003r:*D.E.*)

6283. **Us din o que saben e outros non saben o que din.** (ms10,003r: *D.E.*)

DECISIÓN. V. tamén *Elección*.

6284. **Andando se torna o frío.** (ms: C.A.)
Var.: *Andando tórnase o frío.* (ms16: D.E).
(es) *Andando se quita el frío.* (R. Marín)

6285. **Anque me vou, ben me quedo e, anque me marcho, non fuxo.** [2255] (ms10,031v: *D.E.*)

6286. **Ferrar ou deixar o banco.** [2256] (ms3, ms4, mc e ms16: A.N.)
(es) *Herrar o dejar el banco.*

6287. **Nin ferrar nin deixar o banco.** [2257] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6288. **Ou arre ou xo.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

6289. **Ou ben dentro ou ben fóra.** (ms16: *D.E.*)
Var.: *Ou dentro ou fóra.* (ms16: *D.E.*)
(es) *O dentro o fuera.* (Correas)

6290. **Ou ferrar ou quitar o banco.** (ms16: Lugo)
(es) *O herrar o quitar el banco.* (C.C.)

6291. **Ou parir ou rabiar.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)

6292. **Ou parir ou reventar: non hai outro camiño por onde botar.** [2258] (ms16 e ms10,082r: *D.E.*)
(es) *O parir o reventar, no hay otro camino por donde echar.* (R. Marín)

6293. **Pra logo é tarde.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Para luego es tarde.* (Z.)

DEDO

6294. **Cinco dedos nunha man, ás veces fan proveito e ás veces non-o fan.** (ms10,003r: *D.E.*)

6295. **Non fales co dedo o que non digas coa língoa.** (ms10,003r: *D.E.*)

6296. **Os cinco dedos moitas veces fan dano e moitas veces, proveito.** (ms10,003r: *D.E.*)

6297. **Quen sano o seu dedo ata, sano o desata.** (ms10,003r: *D.E.*)

DEFENSA. V. tamén *Jurídicos y similares*.

6298. **A defensa é permitida.** (mc e ms16: Buciños)
(es) *La defensa es natural.* (Sbarbi) / *La defensa es permitida.* (Sbarbi)

6299. **Anque calo, pedras apaño.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Yo que callo, piedras apaño.* (R. Marín)

6300. **Cada un fala en dereito do seu dedo.** [2259] (ms16 e ms10,017r: *D.E.*)
(es) *Cada uno habla en derecho de su dedo.* (Z.)

6301. **Contra forza de vilán, ferro na man.** [2260] (ms16 e ms10,023v: *D.E.*)
(es) *A fuerza de villano hierro en mano.* (Correas)

6302. **Forza, á forza.** (ms16: *D.E.*)
(es) *A la fuerza, con la fuerza.* (R. Marín)

6303. **Non fai pouco o que o seu mal bota a outro.** (ms16: *D.E.*)
(es) *No hace poco quien su mal echa a otro.* (Correas)

6304. **Non fai pouco quen a súa culpa bota a outro.** (ms16: *D.E.*)

6305. **Non fai pouco quen se defende de outro.** (ms16: *D.E.*)
(es) *No hace poco quien se defiende de otro.* (S.)

6306. **O que loita e non pode, ós dentes acode.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6307. **O que non pode, cos dentes acode.** [2261] (ms: D.G.D.L. / ms16: *D.E.* / ms21,02v: Bermés)
(es) *Quien más no puede acude a los dientes.* (R. Marín)

6308. **O que non pode, ó dente acode.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

DEJAR

6309. **Deixa cocer o que non has de comer.** (ms10,003r: *D.E.*)

6310. **Deixalo certo polo dubidoso, non é proveitoso.** (ms10,003r: *D.E.*)

6311. **Déixate ir e xa verás o que tés que sofrir.** (ms10,003v: *D.E.*)

6312. **O que deixa, sempre atopa.** (ms10,003r: *D.E.*)

6313. **O que se deixa gobernar, mal pode mandar.** (ms10,003v: *D.E.*)

DEL MAL, EL MENOS. V. tamén *Fortuna* (*Buena o mala*).

6314. **Dichoso o mal si vén soilo.** (ms21,30v: Bermés)

6315. **Do perdido, o recollido.** (mc: M.L.)

6316. **É millor o ruín conocido que o bon por conocer.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

[2255] Sen clasificar no orixinal.
[2256] mc: *Ferra*. / V. *Nin ferra nin deixa o banco* en *Egoísmo. Ambición. Interés*.
[2257] *Nin perras nin deixar o banco*.
[2258] En ms10 s.v. *Parto* coa indicación *Decisión*.
[2259] En ms10 s.v. *Hablar*.
[2260] En ms10 s.v. *Fuerza*.
[2261] V. *O meniño que loita e non pode, cos dentes acode* en *Niñez*. / Coa indicación *Voluntad* no ms.

6317. **Máis vale algo comido que todo podrido.** (ms-LU: Álvaro Rábade: Saavedra, Begonte, LU)

6318. **Máis vale andar que asnear.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

6319. **Máis vale pouco bo que moito malo.** (ms-SA: José Barca Sanmartín: Santa Minia de Brión, C)

6320. **Máis vale pouco e ben que moito e mal.** (ms-SA: José Duro Quintela: Burres, Arzúa, C)

6321. **Máis vale pouco e bon que moito e ruín.** (ms: Tuiriz)

(pt) *Mais vale pouco e bom que muito e mau.* (Chaves) (es) *Más vale poco y bueno que mucho y malo.* (Correas)

6322. **Máis vale rodar que caer.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(pt) *Mais vale ir de roda que cair no charco.* (Chaves) (es) *Más vale rodar que caer.* (R. Marín)

6323. **Máis vale tardío que vacío.** (mc / ms4: F.V.S.)

6324. **Máis vale un pouco ben feito que un moito mal.** (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

6325. **Máis valen "dous viñeron" que "catro virán".** (ms-SA: seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)

6326. **Mas vale tarde que nunca.** (ms-SA: Gómez Vilar, Manuel)

6327. **Millor é que morra un boi que un rato de fame.** (mc: Sober)

Var.: *É mellor que nunha casa morra un boi ca fame que un rato.* (ms15,43: Valle do Mao)

6328. **O boi que me escapou en boa parte me deitou.** [2262] (mc, ms e ms4: A.N.)

Ex malo bonum. (ms4)

6329. **O boi que me escornou en boa parte me deitou.** (mc: Buciños)

(pt) *Boi que me escornou, em boa parte me deitou.* (Chaves) (es) *El buey que me acorneó, en buen lugar me echó.* (Sbarbi)

6330. **Si a túa muller che pide que te tires dun ponte abaixo, pide a Deus que o ponte sea baixo.** (ms5,029)

6331. **Val máis andar que ornear.** (ms-SA: Eliseo López Varela)

6332. **Val máis pouco e ben que moito e mal.** (ms-SA: José Manuel Area Alonso)

[2262] ms: *m'escapou*.

6333. **Val máis que fagas pouco e ben que moito e mal.** (ms-SA: Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C)

6334. **Val máis un duro na miña man que cinco virán.** (mc: Santiago)

6335. **Val máis flaco no plato que muito na boca do gato.** (mc: Santiago)

6336. **Vale máis algo ó lexos que canada ó preto.** (mc / ms4: F.V.S.)

6337. **Vale máis algo perdido que todo comido.** [2263] (mc: M.L. / ms: *V. Gallega* / ms10,090r: *D.E.*)

6338. **Vale máis andar qu'arnexar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6339. **Vale máis andar que ornear.** (mc: Corme / ms / ms4: Loureiro de Cot.-FVS.)

6340. **Vale máis furado que mal sementado.** (mc: Buciños)

Var.: *Vale máis furado ca mal remendado.* (Buciños)

6341. **Vale máis ir e volver que non xemer.** [2264] (mc: Otero de Rey)

6342. **Vale máis manta lavada da merda do gato que roída do gato.** [2265] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6343. **Vale máis pouca axuda que moita derruba.** (mc: A.N.)

6344. **Vale máis pouco diario que moito de raro en raro.** [2266] (mc: M.V. / ms10,097r: *D.E.*)

(es) *Más vale onza diaria que libra en semana.* (R. Marín)

6345. **Vale máis pouco e bon que moito e malo.** [2267] (mc: Sarria / ms-LU: seminarista anónimo: Terra Cha, LU)

(pt) *Mais vale pouco e bom que muito e mau.* (Chaves) (es) *Más vale poco y bueno que mucho y malo.* (Sbarbi) (ct) *Més val pòc i bò, que molt y roín.* (Alberola)

6346. **Vale máis tarde que nunca.** [2268] (mc: M.V. / ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

(pt) *Mais vale tarde do que nunca.* (Chaves) */ Mais vale cedo que tarde e tarde que nunca.* (Id.) (es) *Más vale tarde que nunca.* (Correas)

6347. **Vale máis torto que morto.** (mc: Corme)

[2263] ms e ms10: *Val*. En ms10 s.v. *Perder*.
[2264] ms: *c'a*.
[2265] ms-LU: *ca roída*.
[2266] En ms10 s.v. *Poco*.
[2267] ms-LU: *Val*.
[2268] ms-SA: *ca nunca*. / Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

6348. **Vale máis unha boa presa que un mal cesto.** (mc)

6349. **Vale máis vestir santos que despir borrachos.** (ms8,54v: La Cañiza)

6350. **Valen máis palmos ca codos. É millor pouco e bo ca moito e malo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

DELATARSE

6351. **Cada bota cheira ó viño que lle botan.** (ms16: Lugo)
(es) *La cuba huele al vino que tiene.* (Z.)

6352. **Cada un di quen é.** [2269] (ms16 e ms10,002v: *D.E.*)
(es) *Cada uno se dice quién es.* (Z.)

6353. **Cada un fai asegún é.** [2270] (ms16 e ms10,016r: *D.E.*)

6354. **Cada un fai como quen é.** (ms16: *D.E.*)

6355. **Cada un fala como quen é.** [2271] (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms16 e ms10,017r: *D.E.*)
(pt) *Cada um fala como quem é.* (Chaves) (es) *Cada uno habla como quien es.* (mc: Sbarbi / ms16: C.C.) (ct) *Cada ú parla conforme qui es.* (Alberola)
Por lo regular, según la cuna y la educación adquirida.

6356. **Cando o galo fai quiquiriquí, empeza o raposo par'aí, par'aí.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

6357. **Non digas qué eres, que xa cho dirán.** [2272] (ms16 e ms10,002v: *D.E.*)

6358. **O que se pica, allos come.** (mc: *Terra de Melide* / ms e ms4: VR y AR / ms16: *D.E.* / ms21,25r: Bermés)
Var.: *O que allos come, pícase.* (ms16: *D.E.*)
(pt) *Quem se queima alhos come.* (Chaves) */ Quem se pica cardos come.* (Id.) (es) *Quien se pica, ajos come.* (Sbarbi) */ El que se pica, ajos come.* (M. Kleiser)
Quien muestra enojo ante una censura, da indicios de tener el defecto que se le achaca.

6359. **O que se rasca, algo lle pica.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

DELGADEZ

6360. **Delgada, e non de fame, arreda que te apañe.** (ms5,138: Santiago)

6361. **Home flaco e non de fame, líbrete Dios que non te agarre.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

6362. **Home fraco, e non de fame, líbrate de el que non te agarre.** (ms8,13v: Silvarrey)
Var.: *Fraco, e non de fame, fuxe del que non te agarre.* (ms16: Lugo)
(es) *Seco y no de hambre, más recio que alambre.* (H. Núñez)

6363. **Val máis fraque no souto que gordo na boca de outro.** [2273] (mc, ms e ms16: Chantada)
(es) *Más vale flaco y nuestro, que gordo y ajeno.* (R. Marín)

DELICADEZA

6364. **Non come miña tía e arrota todo o día.** (ms16: *D.E.*)
(es) *No come mi tía, y come cada día.* (Z.)

6365. **Non digas "¡ai!", que deshonras a teu pai.** (mc: A.N. / ms16: *D.E.*)
(es) *No digas "aj!" que deshonras al linaj.* (Z.)

6366. **O delicado, pouco mal pero ben laiado.** [2274] (ms10,003v: *D.E.*)

6367. **O que arrota, ben almorza.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

6368. **O que ten quen o chore, cada día morre.** (mc: A.G. / ms: A.N. / ms21,09v: Bermés)
Var.: *O que ten quen o chore, tódolos días morre.* (ms: A.N. / ms16: *D.E.*)
(pt) *Quem tem quem o chore, cada dia morre.* (Chaves) (es) *Quien tiene que lo llore, cada día morre.* (Correas)

6369. **Quen ten quen o chore, cada día morre.** (ms18,01r)

6370. **Tan limpa é a miña nora que hastra os allos lava.** [2275] (ms16 e ms10,033r: *D.E.*)
Var.: *Tan limpa e tan recachada e cada mes pon camisa lavada.* (ms16 e ms10,033r: *D.E.*)

DEMO. V. tamén *Demonio, Diablo, Diaño, Religiosos y morales, Trasno*.

6371. **Hai moitos demos de un mesmo coor.** [2276] (ms10,047v: *D.E.*)

6372. **O demo non dorme.** [2277] (ms10,047v: *D.E.*)

6373. **O demo os carga.** [2278] (ms10,047v: *D.E.*)

[2269] En ms10 s.v. *Decir*.
[2270] En ms10 s.v. *Hacer*.
[2271] ms: *com'a quen é*; ms4: *coma quen*. En ms10 s.v. *Hablar*.
[2272] En ms10 s.v. *Decir*.
[2273] ms: *d'outro*; mc: *freque*.
[2274] En ms10 s.v. *Delicado*.
[2275] Refrán e variante en ms10 s.v. *Limpiar*.
[2276] En ms10 s.v. *Miscelánea* coa indicación *Demo*.
[2277] En ms10 s.v. *Miscelánea* coa indicación *Demo*.
[2278] En ms10 s.v. *Miscelánea* coa indicación *Demo*.

DEMONIO. V. tamén *Demo, Diablo, Diaño, Religiosos y morales, Trasno*.

6374. **Cando o demo non ten que facer, en algo se ha de entreter.** (ms10,003v: *D.E.*)

6375. **Cando o demo veña á túa porta, non lla peches, entórnalla.** (ms10,003v: *D.E.*)

6376. **Dá o demo escontra a pedra e non sempre a creba.** (ms10,003v: *D.E.*)

6377. **Dáde ó demo a chave que tódalas portas abre.** (ms10,003v: *D.E.*)

6378. **Dáde ó demo o amigo que vos deixa a palla e vos leva o trigo.** (ms10,003v: *D.E.*)

6379. **Demos mercar e demos vender, pouco negocio pode ser.** (ms10,003v: *D.E.*)

6380. **Tanto lle quer o demo ós fillos que os quer ver asados e cocidos.** (ms10,003v: *D.E.*)

6381. **Todo vai como o demo quer, mais non cal debía ser.** (ms10,004r: *D.E.*)

6382. **Un demo a outro demo no lle achega ós tizos o pelexo.** (ms10,004r: *D.E.*)

6383. **Un solo demo non fai inferno.** (ms10,004r: *D.E.*)

DERECHO

6384. **Dereito ou torto, máis val caír en gracia que ser gracioso.** (ms10,04r: *D.E.*)

DERROCHE. V. tamén *Malgastar, Riqueza y dinero*.

6385. **A quen non lle sobre pan, que non críe can.** [2279] (mc e ms16: C.A. / ms10,078r: *D.E.*)

Var.: *A quen non lle sobre o pan, que non críe can.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *Quem não tem pão, não tenha cão.* (Chaves) / *Quem quer cão tenha pão.* (Id.) / *A quem não sobeja pão, não crie cão.* (Id.) / *Não crie cão a quem não sobeja pão.* (Id.) / *Não sustente cão quem não lhe sobeje pão.* (Id.) (es) *A quien no le sobre el pan, no críe can.* (Correas)

6386. **Bota a casa pola ventana que non falta quen a colla.** (ms8,56r: Trives)

Var.: *Bóta-la casa pola ventana.* (ms16: Lugo)

6387. **Cando gasta María u seu real, tanto o gasta ben cuma mal.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6388. **De todo o que se gasta non se ve galardón.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

6389. **Gastar e non ter eu non sei cómo podrá ser.** (ms-SA: José A. Iglesias Ares)

6390. **Gastar e non ter non pode ser.** (ms-SA: J. M. Barral Sánchez)

6391. **Gastar e non ter, non sei cómo ha de ser.** (ms-SA: Ramón Viña Varela: Golmar, A Laracha, C)

6392. **Gastar e non ter, non sei cómo pode ser.** [2280] (ms: A.I. / José Ballesteros Alonso)

6393. **Gastar e non ter, non sei cómo podrá ser.** (ms-SA: Manuel Lago López)

6394. **Gastar sin ter, non sei cómo pode ser.** [2281] (ms16: *D.E.*)

6395. **Gota a gota o mar se agota.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

6396. **Gota a gota o mar se esgota.** [2282] (mc: Velle / ms16)

(pt) *Gota a gota o mar se esgota.* (Chaves) (es) *Gota a gota la mar se agota.* (Correas) / *Gota a gota la mar se apoca.* (Correas) / *Gota a gota, el mar se agota.* (Hernán Núñez)

Todo se termina, aunque sea mucho, si no lo regula una prudente economía.

6397. **Grolo a grolo valéirase o xerro.** [2283] (mc: A.C. *A Nosa Terra* / ms16: C.A. / ms10,027r: *D.E.*)

(es) *Traguito a traguito, pronto se trasiega un pipote de vino.* (R. Marín)

6398. **María, seu delantal, tanto o gasta ben como mal.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

6399. **Non hai pra pan e mercamos rosquillas.** [2284] (ms16 e ms10,079r: *D.E.*)

(es) *¿No hay para pan, y compraremos un faisán?* (R. Marín)

6400. **Non temos pra pan e mantemos un can.** [2285] (ms16 e ms10,079r: *D.E.*)

Var.: *Pra pan non temos e can mantemos.* (ms16: *D.E.*)

(es) *¿No hay para pan, y manternemos can?* (R. Marín)

6401. **O bon comer chega a mal comer.** (ms5,138: Sta. Eugenia de Asma)

6402. **O comer de galiña trae o comer de sardiña.** (ms16: Sober)

[2279] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Pobreza* (*Ironías de la pobreza*).

[2280] J. Ballesteros Alonso: *como podrá*. / Contén a indicación *Prodigalidad* no ms.

[2281] Contén a indicación *Prodigalidad* no ms. V. *O que gasta sin ter, abofellas s'o entendo* en *Gobierno*.

[2282] ms: *s'esgota*.

[2283] En ms10 s.v. *Trago*.

[2284] En ms10 s.v. *Pan* coa indicación *Derroche*.

[2285] En ms10 s.v. *Pan* coa indicación *Derroche*.

(es) *Quien de mozo come gallinas, de viejo tiene que comer sardiñas.* (R. Marín)

6403. **O moito gastar trae o moito langrear.** [2286] (ms16 e ms10,026r: *D.E.*)

6404. **Ó que non lle sobra o pan, sóbralle o can.** (ms16: *D.E.*)

6405. **Ó que non lle sobra pan, non críe can.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

6406. **Ó que non lle sobra pan, non mantén can.** (ms-SA: José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)

6407. **Ó que non lle sobre o pan, sóbralle o can.** [2287] (ms10,079r: *D.E.*)

6408. **O que non mantén un gato, mantén un fato.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Cádavo, A Esperela, Baleira, LU)

6409. **O que ten can, sóbralle o pan.** (mc: M.L.)

Var.: *O que ten can, é que lle sobra pan.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *Quem não tem pão, não tenha cão.* (Chaves) / *Quem quer cão tenha pão.* (Id.) / *A quem não sobeja pão, não crie cão.* (Id.) (es) *Quien tiene perro y pan no tiene, tiene lo que merece.* (R. Marín) (ct) *Qui té gos y no té pá, se mereix una açotá.* (Alberola)

6410. **O que ten muíño e forno, come o pan todo.** (ms15,43: Valle del Mao)

6411. **O que ten muito e gasta muito, pronto se acaba.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

6412. **Odre de bon viño nunca dura moito.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

6413. **Onde sacan e non botan, buscan e non atopan.** [2288] (ms16 e ms10,113r: *D.E.*)

(es) *Donde sacan y no echan, buscan y no encuentran.* (Correas)

6414. **Polo que hoxe tiras mañán, ó mellor, sospiras.** [2289] (ms16 e ms10,130r: *D.E.*)

(es) *Por lo que hoy tiras, mañana suspiras.* (R. Marín)

6415. **Pouco vale ganar sin gardar.** [2290] (ms16 e ms10,025v: *D.E.*)

(es) *Ganar sin guardar, poco es de estimar.* (R. Marín)

6416. **Pra pan non temos e can mantemos.** [2291] (ms10,080r: *D.E.*)

6417. **Primeiro o pan e dispois o can.** (ms16: *D.E.*)

6418. **Primeiro o pan, dispois o can.** [2292] (ms10,080r: *D.E.*)

6419. **Quen come de máis, tempo virá en que comerá de menos.** (ms5,121: Trapero)

6420. **Quen non ten pan ¿pra que quer can?** [2293] (mc e ms16: C.G. / ms21,03r: Bermés)

Var.: *Se non tes pan ¿pra que queres can?* (ms16: Lugo) / *O que non ten pra pan, que non críe can.* (ms16 e ms10,079r: *D.E.*) [2294]

Véase *A quen non lle sobre pan...*

6421. **Quen ten tres e gasta catro, escusa de saco.** (ms21,03r: Bermés)

6422. **Redonda é a moeda pra que rode e corra e vaia e veña.** (ms16: D.P.)

Var.: *O diñeiro é redondo.* (ms16: Lugo)

(es) *El dinero se ha hecho redondo para que ruede.* (M. Kleiser)

6423. **Se mercas o que non has mester, venderás o que has mester.** [2295] (ms16 e ms10,039r: *D.E.*)

Var.: *Merca o que non has mester e venderás o que non poidas deixar de ter.* (ms16 e ms10,039r: *D.E.*)

(es) *Quien compra lo que no ha menester, vende lo que ha menester.* (Z.)

6424. **Si a nove lle sacan dez, sálenche as contas ó revés.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pape, San Xoán de Silvarrei, Outeiro de Rei, LU)

6425. **Si non che sobra pan, non críes can.** (ms-SA: José Porto Buceta: Portas, PO)

6426. **Si primeiro comes a galiña, despois tes que comer a sardiña.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6427. **Tanto gasta María o que ten andando mal coma ben.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Cádavo, A Esperela, Baleira, LU)

6428. **Tanto gasta María o seu rial ben coma mal.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

6429. **Tanto gasta Marica o seu real ben coma mal.** [2296] (mc e ms4: Paradela-F.V.S.)

6430. **Veña do fondo e veña abondo.** (ms8,75v e ms16: Silvarrey)

Contra los despilfarradores.

[2286] En ms10 s.v. *Gastar*.
[2287] En ms10 s.v. *Pan* coa indicación *Derroche*.
[2288] En ms10 s.v. *Sacar* coa indicación *Derroche*.
[2289] ms10: *o millor*. / En ms10 s.v. *Tirar* coa indicación *Derroche*.
[2290] En ms10 s.v. *Ganar* coa indicación *Ahorro*.
[2291] En ms10 s.v. *Pan* coa indicación *Derroche*.
[2292] En ms10 s.v. *Pan* coa indicación *Derroche*.
[2293] ms21,03r: *quer'o can*. / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Pobreza* (*Ironías de la pobreza*).
[2294] En ms10 s.v. *Pan* coa indicación *Derroche*.
[2295] Refrán e variante en ms10 s.v. *Mercado*.
[2296] mc: *Marica seu real*; ms4: *o seu rial*. / Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

DERROTA

6431. **O can mordido todos o morden.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Al can mordido, todos le muerden.* (R. Marín)

DESACIERTO

6432. **Balisteiro que mal tira, logo argalla unha mentira.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Ballestero que mal tira, presta tiene la mentira.* (Correas)

6433. **Cando por carta de máis, cando por carta de menos.** (ms16: Lugo)

(es) *Cuándo por carta de más, cuándo por carta de menos.* (H.)

6434. **Castigo de dura: unha no cravo i-outra na ferradura.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Castigo de dura: una en el clavo y otra en la herradura.* (R. Marín)

6435. **Dás no clavo e outras na ferradura.** [2297] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

6436. **Ó millor cazador váiselle unha lebre.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Al mejor cazador se le va una liebre.* (R. Marín)

6437. **O que queira ganar o inferno, que compre un cabalo no vrao e un burro no inverno.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6438. **Pedricar a curas, confesar a p[utas] e picar no ladrillo, tempo perdido.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6439. **Tanto se peca por carta de máis coma de menos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

6440. **Tanto se perde polo moito como polo pouco.** [2298] (mc: Villamor, Coruña-F.V.S.)

(pt) *Tanto se perde por carta de mais como por carta de menos.* (Chaves)

6441. **Tanto se perde por carta de máis coma por carta de menos.** (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

6442. **Unha no clavo i-outra na ferradura.** [2299] (mc / ms16: *D.E.*)

Var.: *Dar unha no cravo e outra na ferradura.* (ms16 e ms10,001v: *D.E.*) [2300]

(pt) *Uma no cravo, outra na ferradura.* (Sbarbi) (es) *Dar una en el clavo y ciento en la herradura.* (Sbarbi) / *Dar una en el clavo y ciento en la herradura es mala acertadura.* (R. Marín) / *Una en el clavo y otra en la herradura.* (Z.)

Censura a los que hablan mucho y generalmente fuera de propósito.

DESAGRADO

6443. **Se á vista non me agrada, non me aconselles nada.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Si a vista no me agrada, no me aconsejes nada.* (Z.)

DESATENDER

6444. **O cuiro alleo non doi.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

6445. **Por un ouvido me entra e por outro me sale.** [2301] (ms16: *D.E.* / ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C / ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Couceiro, Muxía, C)

(es) *Acúsome, Padre, que por un oído me entra y por otro me sale.* (R. Marín)

DESCALZO

6446. **Anque me ves que descalzo veño, tres pares de zocos na casa teño.** (ms10,04r: *D.E.*)

DESCANSO

6447. **A cama é boa cousa: o que non dormir, repousa.** (ms16: *D.E.*)

(es) *La cama es buena cosa: quien no puede dormir, reposa.* (Correas)

6448. **A cama é o millor repouso, que anque non durma o home, descansa o óso.** (ms16: *D.E.*)

6449. **A cama é o millor repouso.** (ms16: *D.E.*)

6450. **A cama quit'a gana.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6451. **Ás veces descansar é o mesmo que folgar.** [2302] (ms10,04r: *D.E.*)

6452. **Canto máis se dorme, máis se descansa.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Quien bien duerme, bien descansa.* (R. Marín)

[2297] A caligrafía non está nada clara no orixinal. Só está claro que di *no clavo* e *ferradura*.

[2298] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal. V. tamén *Ocasión*.

[2299] *Unha no clavo y-outra na ferradura*. / ms16: *cravo*.

[2300] En ms10 s.v. *Dar*.

[2301] ms-SA (José A.) e ms-SA (Ramón A.): *oido*.

[2302] En ms10 s.v. *Descansar*.

6453. **Corpo descansado diñeiro vale.** (mc: Lugo-F.V.S. / ms16 e ms5,056: Silvarrey)

(es) *Cuerpo descansado, dinero vale.* (R. Marín)

6454. **Corpo descansao cartos vale.** (ms)

6455. **Descansar pra non traballar.** [2303] (ms10,04r: *D.E.*)

6456. **En poñéndose o sol acabouse o labor.** [2304] (ms16 e ms10,122r: *D.E.*)

(es) *En poniéndose el sol se acaba la labor.* (R. Marín)

6457. **Labra feita, bois ó monte.** (ms: M.V. / ms16: *D.E.* / ms21,25r: Bermés)

6458. **Mentras corres creban, bois descansan.** [2305] (ms-LU: Dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo)

6459. **Mentras loras crebran, os bois descansan.** [2306] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6460. **Mentras loras quebran, bois descansan.** (mc e ms16: A.N. / ms17,002 / ms17,064: A.M.2)

Var.: *Mentras corres creban, os bois descansan.* (Tuiriz) / *Mentras dobras quebran, bois non aran.* (mc e ms16: M.L. / ms: M.L.2)

Lora es un apero de labranza y si rompe, mientras lo arreglan descansa el animal. (ms17,002)

6461. **Mentras o pau vai e vén, descansa o lombo.** [2307] (mc e ms16: M.V.)

Var.: *Mentras se levanta o pau, descansa o óso.* (mc e ms16: Buciños) / *Mentras o pau vai e vén, o lombo descansa.* (Buciños - F.V.S.) / *Mentras o pau ergue, o corpo descansa.* (ms16: Lugo)

(pt) *Emquanto o pau vai e vem folgam as costas.* (Chaves) (es) *Mientras el palo va y viene, descansa el cuerpo.* (R. Marín)

6462. **Mentras sogas quebran, bois folgan.** (ms11,43: Comarca de Fonsagrada)

6463. **Mentras vai e vén o pau, descansa o lombo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Quiroga, Quiroga, LU)

6464. **O corpo na cama, se non dorme, descansa.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Cuerpo en la cama, si no duerme, descansa.* (R. Marín)

6465. **O que dorme sempre, non descansa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

6466. **O que fai ben a cama, ben descansa.** (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)

(pt) *Quem boa cama fizer nela se deitará.* (Chaves)

6467. **O que quer descansar, ten que saber o que é traballar.** [2308] (ms10,04r: *D.E.*)

6468. **O sono mantén.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6469. **O traballo quer descanso.** (ms16: Lugo)

6470. **O traballo trai o descanso.** (ms16: Lugo)

6471. **Para o carro e mexaranche os bois.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Para el carro, y mearán los bueyes.* (Hernán Núñez)

6472. **Quen fuxe do traballo, fuxe do descanso.** [2309] (ms16 e ms10,132r: *D.E.*)

6473. **Se non dorme meu ollo, folga meu óso.** (ms4)

6474. **Sin descansar non se pode traballar.** (ms16: Lugo)

6475. **Sol posto, home composto.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

6476. **Sol posto, obreiro solto.** [2310] (ms16 e ms10,123r: *D.E.*)

(es) *Sol puesto, obrero suelto.* (S.)

6477. **Tras do traballo vén o descanso mais tamén vén o cansancio.** [2311] (ms16 e ms10,132r: *D.E.*)

6478. **Tras do traballo vén o descanso.** (ms16: Lugo)

(es) *Tras el trabajo, viene el dinero y el descanso.* (Hernán Núñez)

6479. **¿Que lle hemos facer? Descansar e volver a beber.** [2312] (ms10,04r: *D.E.*)

DESCARO

6480. **Sempre sai a falar o que ten por que calar.** (ms16: Lugo)

(es) *Siempre sale a hablar quien tiene porqué callar.* (Correas)

6481. **Sempre ten máis que falar o que caga na manta que o que lava.** (ms16)

6482. **Sempre ten máis que falar o que mancha a cama que o que a limpa.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

[2303] En ms10 s.v. *Descansar*.
[2304] En ms10 s.v. *Sol* coa indicación *Descanso*.
[2305] ms-LU (primeiro anónimo): *Mentres*.
[2306] Este refrán está escrito con letra de Vázquez Saco e apunta entre parénteses *Mond.*, que podería corresponder a *Mondoñedo*.
[2307] ms e ms3: *Mentra-l-o*.
[2308] En ms10 s.v. *Descansar*.
[2309] En ms10 s.v. *Trabajo* coa indicación *Descanso*.
[2310] En ms10 s.v. *Sol* coa indicación *Descanso*.
[2311] En ms10 s.v. *Trabajo* coa indicación *Descanso*.
[2312] En ms10 s.v. *Descansar*.

6483. **Ten máis que decir o que caga a manta có qu'a limpia.** [2313] (ms4: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

Var.: *Sempre ten máis que falar o que caga a manta que o que a lava.* (ms16)

6484. **Ten máis que decir quen cagha na cama ca quen-a limpia.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

6485. **Ten máis que decir quen mancha a sábana que quen a limpa.** (ms8,43r: O. de Rey)

6486. **Val máis vergoña na cara que dolor do corazón.** (ms16: Lugo)

(es) *Más vale verguenza en cara que dolor de corazón.* (Z.)

DESCASARSE. V. tamén *Divorcio, Matrimonio*.

6487. **Se a descasarse tocaran ¡cántos se descasaran!** (ms10,04r: *D.E.*)

DESCONFIANZA. V. tamén *Confianza*.

6488. **Cando a limosna é moita, hasta os santos desconfían.** (ms16: Carballino)

6489. **Come co el e gárdate del.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Come con él, e guárdate dél.* (S.)

6490. **Cumpre con todos e fíate de poucos.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Cumple con todos y fía de pocos.* (Correas)

6491. **Desconfiarás e acertarás.** (ms16: Santa Eulalia de Bóveda)

6492. **Entre amigos, un notario e cen testigos.** (mc: F.B.B.)

Var.: *Entre amigos, escribán e testigos.* (ms16: *D.E.*) / *Entre bos amigos non están mal os testigos.* (ms16: *D.E.*) / *Entre dous amigos abondan des testigos.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Entre amigos, un notario y dos testigos.* (Sbarbi) (ct) *Entre bòns amics..., un Notari y dos testics.* (Alberola)

6493. **Entre irmán e irmán, dous testigos e un escribán.** (ms16: *D.E.*)

6494. **Fala moa en corpo sano, desconfía dela como do diaño.** (ms8,25r: Mondrid)

Moa: melosa, enfermiza.

6495. **Hoxe en día ¿quen é o que se fía?** [2314] (ms16 e ms10,020r: *D.E.*)

(es) *El día de hoy no hay de quien fiar.* (Correas)

6496. **Non hai ladrón ben confiado.** (ms16: Santa Eulalia de Bóveda)

6497. **Non son todos reiseñores os que andan entre frores.** (ms16)

(es) *No son todos ruiseñores los que andan entre las flores.* (R. Marín)

6498. **O que non se guía pola boa mai, guíase pola mala madrastra.** [2315] (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

6499. **O que non se cree no bon pai, créese no mal amo.** (ms16 e ms8,59r: O. de Rey)

6500. **O que non cree en boa nai, ten que creer en mala madrasta.** (mc / ms4: F.V.S.)

Var.: *Quen non cre en boa nai, crerá en mala madrasca.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *Quem não crê boa mãe, crê boa madrasta.* (Chaves) (es) *Quien no cree en buena madre, creerá en mala madrastra.* (Sbarbi) / *El que no quiere entender por buena madre, entenderá por mala madrastra.* (Id.) / *Quien no cree a buena madre, crea a mala madrastra.* (M. Kleiser) (ct) *Qui no creu a sa bòna mare, creurá a sa roín madastra.* (Alberola)

6501. **O que non cree na boa mai, cre na mala madastra.** (ms10,049r: Biville)

6502. **O que se queixa da boa mai, aguanta a madrastra.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6503. **O seguro levan preso.** [2316] (mc e ms16: Sarria / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

(es) *A Segura llevan preso.* (R. Marín)

6504. **Quen non cre na boa mai, ha de crer na mala madrastra.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)

6505. **Ratos arriba, que todo o vran non é fariña.** [2317] (ms16: *D.E.*)

(es) *Ratones, arriba, que todo lo blanco no es harina.* (Hernán Núñez)

6506. **Regalo de monxa, santidad de muller solteira e palabra d'obispo...** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6507. **Vemos caras e non vemos corazós.** (ms16: Lugo)

(es) *Caras vemos; corazones no conocemos.* (Refrán judío-español)

[2313] ms-LU: *quia limpia*.

[2314] En ms10 s.v. *Confiar-Hilar*.

[2315] *Ou que non se guia pol'a boa mai, guiase pol'a mala madrastra*.

[2316] ms-LU: *Ao seguro*.

[2317] En *D.E.*, cremos que por errata... *que todo branco é fariña*.

CONVIENE DESCONFIAR

6508. **Cando os homes son tres i-as talladas catro, un ollo posto na man i-outro posto no plato.** (ms5,135: Gerdiz, Lugo)

6509. **Desconfianza e caldo de galiña non matan a ninguén.** (ms6,05v: Frai Prudencio, *Paliques* / ms16: Ponte)

6510. **Gárdate do can que non ladra e do home que non fala.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

6511. **Gárdate do home que non fala e do can que non ladra.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6512. **Non fíes nin porfíes, non apostes nin prestes, e vivirás sosegado entre as xentes.** [2318] (mc e ms16: J.P.)

Var.: *Non fíes nin porfíes nin emprestes: vivirás como quixeres.* (ms16: *D.E.*) / *Non confíes nin fíes nin emprestes e vivirás millor do que quixeres.* (ms16: *D.E.*) / *Non fíes nin confíes nin emprestes: vivirás como quixeres.* (ms16: *D.E.*) / *Non fíes nin confíes nin emprestes, e vivirás entre as xentes.* (ms16, / ms10,020r: E.D.)*Non fíes nin porfíes nin confíes, nin aventures nin desafíes.* (ms16 e ms10,020r: *D.E.*)

(pt) *Não fies, nem porfies, nem arrendes, viverás entre as gentes.* (Chaves) (es) *No fíes ni porfíes, ni apuestes ni desafíes.* (Correas) / *Ni fíes, ni confíes, ni prestes, vivirás como quisieres.* (Correas) / *Ni fíes ni porfíes ni confíes, ni arriendes y vivirás entre las gentes.* (Correas)

6513. **Non hai que confiarse nas fillas das vacas leiteiras.** (ms16: Sober)

6514. **Non hai que fiarse en coxea de can nin lágrimas de muller.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

6515. **Non te fíes da persona que ó verte no peligro t'abandona.** (ms9,01v: O. de Rey)

6516. **Pote pequeno, cheu de veneno.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

6517. **Quen ten trigo, róuballo ó veciño.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

QUIENES INSPIRAN MAYOR DESCONFIANZA

6518. **A que é doncela, sábeo Dios e mais ela.** [2319] (ms16 e ms10,009v: *D.E.*)

6519. **A que mira de reollo non lle fíes os teus aforros.** [2320] (ms16 e ms10,020r: *D.E.*)

6520. **As halaxas con dentes nadia as quere.** (ms8,71v: La Cañiza)

6521. **Cabra coxa e can rabeno, líbranos del coma do demo.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

6522. **Can pouco ladrador é mordedor.** (ms16: Tuimil, Bóveda)

6523. **Can rabelo, aparta del como do demo.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

6524. **Cando vexades cazadores esfarrapados e cas fracos, desconfiade deles como dos diablos.** (ms15,45v: Rial.)

Dice la liebre veterana a las jóvenes: refrán de antaño pues hoy los señores de la ciudad, bien vestidos, cazan con maestría.

6525. **Con quen líes nunca fíes.** (ms16 e ms5,045: Mellid)

6526. **Coxeira de can e mal de muller non s'han de crer.** [2321] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6527. **D'home cego e de can rabelo renego deles como do demo.** [2322] (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)

6528. **D'home coxo e do can rabelo fuxe coma do demo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6529. **De quen pon os ollos no chan non te fíes: man por man.** [2323] (ms16 e ms10,020r: *D.E.*)

6530. **Desconfía do que sempre te gaba.** (ms16: *D.E.*)

6531. **Dos amigos gárdeme Dios, que dos enemigos gardámonos nós.** (ms16: *D.E.*)

6532. **En bágoas de muller non se pode crer.** (ms16: *D.E.*)

6533. **En coxeira de can e bágoas de muller n'hai que creer.** [2324] (mc e ms16: M.V. / ms21,22r: Bermés)

(pt) *Em manqueira de cão e lágrimas de mulher não há que crer.* (Chaves) (es) *En cojera de perro y lágrimas de mujer, no hay que creer.* (R. Marín) / *En sol de invierno, cojera de perro y lágrimas de mujer, no hay que creer.* (Sbarbi)

[2318] Últimas tres variantes en ms10 s.v. *Confiar-Hilar*.
[2319] En ms10 s.v. *Doncella*.
[2320] En ms10 s.v. *Confiar-Hilar*.
[2321] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Perros*.
[2322] *D'ome cego e de can rabelo, renego de'les como do demo*.
[2323] En ms10 s.v. *Confiar-Hilar*.
[2324] ms21,22r: *non hay*. / V. *Mal de mulleres, coxeadela de can* en *Medicina. Higiene*, e *O choro da muller non se debe crêr* en *Mujer*. Nunha segunda clasificiación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Perros*.

6534. **Home moi calado, desconfía de el como do diaño.** (ms16: Tuimil, Bóveda)

6535. **Non fíes en maquía de muiñeiro nin creas en comida de despenseiro.** [2325] (ms16 e ms10,037v: *D.E.*)

Var.: *Non fíes en maquías de muiñeiro.* (ms16 e ms10,020r: *D.E.*) [2326]

(es) *Ni fíes en maquila de molinero, ni en ración de despensero.* (R. Marín)

6536. **Non te fíes da escopeta e da muller.** (ms16: Buciños)

6537. **Non te fíes de quen de ti desconfíe.** (ms16: Lugo)

(es) *No te fíes de quien de ti desconfíe.* (R. Marín)

6538. **O can que lambe a cinza, non lle fíes a fariña.** (ms16: *D.E.*)

(es) *A can que lame ceniza, no le fiar harina.* (Correas)

6539. **O malo sempre soña en engano.** (ms16: *D.E.*)

(es) *El malo siempre piensa engaño.* (Correas)

6540. **O que non se fía, non é de fiar.** [2327] (ms16 e ms10,020r: *D.E.*)

(es) *No hay que fiar de quien no se fía.* (R. Marín)

6541. **Quen ten amigo dubidoso, durma cun ollo e vele co outro.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Quien tiene amigo dudoso, duerma con un ojo y vele con otro.* (Correas)

6542. **Se pra ti eres malo ¿pra quen serás bo?** [2328] (ms16 e ms10,036r: *D.E.*)

VER Y CREER

6543. **Do oído, nada creído, e do visto, a mitade.** (mc / ms16: Lugo)

(es) *De lo que no veas ni la mitad creas.* (R. Marín) / *De lo que digan, ná y de lo que veas, la mitá.* [2329] (R. Marín)

6544. **Entre amigos con velo abonda.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Entre amigos, con verlo, basta.* (R. Marín)

6545. **Hai que ver pra crer.** (ms5,009)

6546. **Inda daquelo que vexas nin a mitá creas.** [2330] (ms16 e ms10,138r: *D.E.*)

(es) *Aun lo que por tus ojos veas, no todo lo creas.* (R. Marín)

6547. **No creas a mitá do que vexas, que da mitá do que vexas a mitá non-a creas.** (ms16: *D.E.*)

(es) *No creas si no lo que veas, y aunque de lo que veas, la mitad no lo creas.* (R. Marín)

6548. **Non aprobes hastra que probes.** (ms16: *D.E.*)

(es) *No apruebas hasta que pruebes.* (R. Marín)

6549. **Non creas ó que vén da acea senón ó que volve a ela.** (ms16: *D.E.*)

Var.: *Non creas ó que vén da feira senón ó que volve a ela.* (ms16: Lugo)

(es) *No creas al que viene de la aceña, sinó al que vuelve a ella.* (R. Marín) / *No creas al que de la feria viene, sinó al que a ella vuelve.* (Correas)

6550. **Non te fíes das cousas que vexas ¡pálpaas!** (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO / ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)

6551. **Val máis ver que creer.** [2331] (ms16 e ms10,138r: *D.E.*)

(es) *Más vale ver que creer.* (R. Marín)

6552. **Ver pra crer.** [2332] (ms16 e ms10,139r: *D.E.*)

(es) *Para creer, ver.* (R. Marín)

6553. **Vista de ollos saca dudas.** (ms16: Castelo, Taboada)

DESCONOCIMIENTO

6554. **O que un non conece, non-o apetece.** (ms16: *D.E.*)

Var.: *O que non é conecido, non pode ser querido.* (ms16: Lugo)

(es) *Lo que no es conocido, mal puede ser querido.* (R. Marín)

DESCONOCIMIENTO PROPIO

6555. **A ninguén lle cheira mal a súa merda.** (ms16: *D.E.*)

(es) *A ninguno le hiede su mierda, sino la ajena.* (R. Marín)

6556. **Cada ruín coida que é bo en si.** [2333] (ms16 e ms10,111r: *D.E.*)

(es) *Cada ruín piensa que es bueno en sí.* (Correas)

6557. **Cada un ve a palla no ollo do seu viciño.** [2334] (mc e ms16: C.A.)

[2325] En ms10 s.v. *Maquila*.
[2326] En ms10 s.v. *Confiar-Hilar*.
[2327] En ms10 s.v. *Confiar-Hilar*.
[2328] En ms10 s.v. *Malo*.
[2329] ms: *De lo que te digan.*
[2330] En ms10 s.v. *Ver* coa indicación *Desconfianza*.
[2331] En ms10 s.v. *Ver* coa indicación *Desconfianza*.
[2332] En ms10 s.v. *Ver* coa indicación *Desconfianza*.
[2333] En ms10 s.v. *Ruin* coa indicación *Desconocimiento*.
[2334] ms: *veciño*.

Var.: *Hai quen ve a palla no teu e non ve o argueiro no seu. / Hai quen ve o argueiro no teu e non ve a palla no seu.* (mc / ms16: Lugo) / *Ves a palla no ollo alleo e non ves a viga no teu.* (Tuiriz, Monforte)

(pt) *Ver a palhinha no olho alheio e não ver a trave no seu.* (Chaves) / *Cada um vê o argueiro no olho do vizinho e não vê a tranca no seu.* (Id.) (es) *Ver la mota en el ojo ajeno y no la viga en el nuestro.* (Correas)

Refrán bíblico contra murmuradores y maldicientes.

6558. **Espántase o morto do aforcado.** (ms16: Lugo)

6559. **Hai quen tropeza cunha palla e non ve un palleiro.** (ms5,027: Villameá, Lugo, Puentenuevo)

6560. **Non hai cego que non vexa nin torto que non coneza.** (ms16: *D.E.*)

Var.: Véxase *Non hai cego que non vexa...*

(es) *No hay ciego que se vea ni tuerto que se conozca.* (R. Marín)

6561. **O corcovado non ve a corcova que leva senón a allea.** (ms16: *D.E.*)

Var.: *O corcovado non ve a súa corcova e ve as outras todas.* (ms16: *D.E.*) / *Ningún corcovado ve a súa corcova.* (ms16: Lugo)

(es) *El corcovado no vee la su corcova, sinón la ajena.* (S. / Z. / C.) / *El corcovado no ve su corcova, y ve la otra.* (Correas)

6562. **Quen mal canta, ben lle acai.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Quien mal canta, bien le suena.* (Z.)

6563. **Ves un arqueiro no ollo alleo e non ves unha viga no teu.** (ms5,029)

DESCONTENTADIZOS

6564. **¿A que feira irás que máis ganes?** (ms16: *D.E.*)

(es) *A ferias vayas que más ganes.* (Correas)

6565. **Dendes que vexo a túa tía morro de acedía, dendes que non a vexo morro de desexo.** [2335] (ms16 e ms10,130r: *D.E.*)

(es) *Desque veo a mi tía, muero de acedía; desque no la veo, muero de deseo.* (Hernán Núñez)

6566. **Naide está contento ca súa sorte.** (ms16)

(es) *Nadie está contento con su suerte.* (R. Marín)

6567. **Ninguén está contento coa súa sorte mentras non vén a morte.** [2336] (ms16 e ms10,124r: *D.E.*)

6568. **Non hai pior mal que o descontento de cada cal.** [2337] (ms16 e ms10,035v: *D.E.*)

(es) *No hay mayor mal que el descontento de cada cual.* (Correas)

6569. **Nunca vaia á feira que máis perda.** (ms16: *D.E.*)

6570. **O ben non é conocido hasta que é perdido.** [2338] (mc: Tuiriz)

Var.: *O ben non é ben conecido hasta que se perde.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *O bem não é conhecido senão depois que é perdido.* (Chaves) (es) *El bien no es conocido hasta que es perdido.* (Correas) / *El bien no se conoce hasta que se pierde.* (Id.) / *Nadie estima el bien que tiene hasta que lo pierde.* (R. Marín)

DESCUBRIMIENTO

6571. **As cousas de noite vense de día.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

6572. **Fanse debaixo da terra e descóbrense riba dela.** [2339] (ms16 e ms8,34v: Betanzos)

6573. **Non hai cousa que non se faga de noite que non se sepa de día.** [2340] (ms8,34v e ms16: Lalín)

Var.: *Non hai cousa encuberta que tarde ou cedo non se seipa.* (ms16: *D.E.*) / *As cousas de noite vense de día.* (ms16: Ferreira de Pantón)

(es) *No hay cosa oculta que no se descubra.* (R. Marín)

6574. **O demo as fai e o pecado as descobre.** [2341] (ms16 e ms10,003v: *D.E.*)

6575. **O que de noite se fai, pola mañá aparece.** (mc e ms16: Buciños)

(pt) *O que de noite se faz pela manhã aparece.* (Chaves) (es) *Lo que de noche hagas mal, de día se parecerá.* (R. Marín)

6576. **O que se di á noite e non é verdá, desfaise pola mañá.** [2342] (ms16 e ms10,003r: *D.E.*)

(es) *Lo que se dice, o no es verdad o a la mañana aparecerá.* (R. Marín)

6577. **O que se fai de noite, polo día se ha de ver.** (mc e ms16: M.L.)

[2335] En ms10 s.v. *Tía* coa indicación *Descontentadizos*.

[2336] ms10: *Ninguién*. / En ms10 s.v. *Suerte*.

[2337] En ms10 s.v. *Mal*.

[2338] Indica *Aprecio y desdén* no ms.

[2339] ms8: *descúbrense*.

[2340] ms16: *cousa que se faga de noite*.

[2341] En ms10 s.v. *Demonio*.

[2342] En ms10 s.v. *Decir*.

(pt) *O que de noite se faz pela manhã aparece.* (Chaves)

Como: *O que de noite se fai, pola mañá aparece.*

6578. **O que se fai dous metros baixo da terra, sábese dous riba dela.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

DESCUIDO

6579. **A casa do ferreiro é de pao de salgueiro.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

6580. **Ábrete miña boca, estarrícate meu rabo, Dios me ampare, portas abertas e xente de pouco cuidado.** [2343] (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)

Var.: *Dios nos depare portas abertas...* (ms16)

(es) *Dios nos depare puertas abiertas, mujeres descuidadas y cosas mal puestas.* (R. Marín)

Se pone en boca del gato. (mc) / Dito do can. (ms)

6581. **As chaves na cinta i-o can na cociña.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Las llaves en la cinta y el perro en la cocina.* (Correas)

6582. **Camarón que se dorma, a corrente o leva.** [2344] (mc e ms16: Tuiriz, Monforte / ms18,63r: Coleic. Renacencia de Santiago Loureiro, *Refraneiro do mar*. Noya.-Imprenta Loroño, 1936)

Var.: *Camarón que dorme, vaino levando a corrente.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Camarón que se duerme, se lo lleva la corriente.* (Gella) / *Camarón que no navega, la corriente se lo lleva.* (Id.) / *Camarón que duerme, se lo lleva la corriente.* (R. Marín)

6583. **Casa de ferreiro, cuchilo de pao.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6584. **Coa axuda dos veciños sóbense os gatos ós touciños.** [2345] (ms16 e ms10,131r: *D.E.*)

(es) *Con ayuda de los vecinos, se suben los gatos a los tocinos.* (R. Marín)

6585. **Coa porta aberta chega o diaño e entra.** [2346] (ms16 e ms10,096r: *D.E.*)

Var.: *Pola porta aberta o demo entra.* (ms16: *D.E.*) / *Pola porta aberta quen quer entra.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Por puerta abierta, cuantos quieren entran.* (R. Marín)

6586. **Come o gato o que non atopa ben gardado.** [2347] (ms16 e ms10,026r: *D.E.*)

Var.: *Come o gato que o atopa mal gardado.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Come el gato lo que halla a mal recaudo.* (Z.)

6587. **En casa de ferreiro, coitelo de pao, e na do carpinteiro, sentado no chao.** (ms-SA: Teófilo Cabaleiro Cabaleiro, Codeseda, A Estrada, PO)

6588. **Manda e descuida, non se fará cousa ningunha.** [2348] (mc e ms16: A.N.)

Var.: *Manda e descoida, e non se fará cousa con cousa.* (ms16 e ms10,037r: *D.E.*) [2349]

(pt) *Manda e descuida, não se fará coisa nenhuma.* (Chaves) (es) *Manda y descuida, no se hará cosa ninguna.* (Correas)

6589. **Manda e non coides, xa verás qué labor che fan.** [2350] (mc e ms16: C.A. / ms18,32r)

6590. **Mentras o can dorme, o lobo mata e come.** (ms16: *D.E.*)

6591. **Na casa do carpinteiro, sentados no chau.** (ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

6592. **Na casa do carpinteiro, sentarse no chan.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

6593. **Na casa do carpinteiro, tallos de cepo.** (mc e ms16: Santiago)

6594. **Na casa do ferreiro, a culler de pau.** (mc e ms16: Santiago)

6595. **Na casa do ferreiro, coitelo de pao.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

6596. **Na casa do ferreiro, coitelo de pau, e na do carpinteiro, sentarse no chau.** [2351] (mc e ms4: A.I. / ms4: F.V.S. / ms16: Sober / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Var.: *En casa do ferreiro, espeto de pau, e na do carpinteiro, sentarse no chan.* (Sarria / ms4: F.V.S.) / *Na casa do ferreiro, espeto de pau.* (ms16: Santiago) / *Na casa do ferreiro, coitelos de pau, e na do carpinteiro, sentados no chao.* (F.V.S.) / *Na casa do ferreiro, a culler de pau.* (ms16: Santiago)

(es) *En casa del herrero peor apero.* (Sbarbi) / *En casa del herrero, badil de*

[2343] ms4: *portas abertas en xente*.

[2344] ms18,63r: *que se dorme*.

[2345] En ms10 s.v. *Tocino* coa indicación *Descuidos*.

[2346] En ms10 s.v. *Puerta* coa indicación *Descuido*.

[2347] ms10: *o que non topa*. En ms10 s.v. *Gatos*.

[2348] ms3: *discuida*. / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Pereza*.

[2349] En ms10 s.v. *Mandar*.

[2350] ms16: *coides, verás qué*; ms18,32r: *e xa verás*.

[2351] mc: *chan*; ms3: *cas do*.

madero o cuchillo mangarrero, o cuchillo de palo y asador de palo. (Id.) / *En casa del herrero, asador de palo y cuchillo de madero.* (R. Marín)

6597. **Na casa do ferreiro, coitelo de pau.** [2352] (ms16: *D.E.* / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU / ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas) / ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

6598. **Na casa do ferreiro, coitelo mangoleteiro.** [2353] (mc e ms16: M.L.)

(pt) *Em casa de ferreiro, espeto de pau* (ou *de salgueiro*). (Chaves) / *Em casa de ferreiro, o pior apeiro.* (Id.) (es) *En casa del herrero, el cuchillo mangorrero; o de madero.* (Correas) / *En casa del herrero, asador de palo.* (o *madero*). (Id.) / *En casa del herrero, el más ruin apero.* (Id.)

6599. **Na casa do ferreiro, coitelos de pau.** (ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

6600. **Na casa do ferreiro, cortar ca mau, e na do carpinteiro, sentarse no chao.** (ms-LU: seminarista anónimo: Moreda, Taboada, LU)

6601. **Na casa do ferreiro, cuchara de pau, e na do carpinteiro, sentarse no chau.** (ms21,14v: Bermés)

6602. **Na casa do ferreiro, cuitelo de pau.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)

6603. **Na casa do ferreiro, cuchara de pau.** (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

6604. **Na casa do ferreiro, cuchilo de pao, e na do carpinteiro, sentados no chao.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Var.: *Na casa do ferreiro, cucharas de pao, e na do carpinteiro, sentados no chao.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6605. **Na casa do ferreiro, cuchillo de pau.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

6606. **Na casa do ferreiro, de pau é o coitelo.** [2354] (ms-SA: Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C)

6607. **Nin arca sin chave nin viña sen quen a garde.** (ms16: *D.E.*)

6608. **Non está a carne no garabato por falta de gato.** (ms16: *D.E.*)

Var.: *Por falta de gato está a carne no garabato.* (ms16)

(es) *No está la carne en el garabato por falta de gato.* (Correas) / *Por falta de gato, está la carne en el garabato.* (Hernán Núñez)

6609. **O boi sin corda pérdese axiña.** (ms16: *D.E.*)

(es) *El buey sin cencerro, piérdese presto.* (Correas)

6610. **O can i-o gato comen o mal gardado.** [2355] (mc: Buciños / ms16: *D.E.*)

(pt) *O cão e o gato comem o mal guardado.* (Chaves) (es) *El can y el gato, comen lo mal guardado.* (Sbarbi / R. Marín)

6611. **O gato come o mal gardado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

6612. **O gato leva o mal gardado.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Lo mal guardado lleva el gato.* (Correas)

6613. **Ó labrador descoidado cómenlle os ratos o sementado.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Al labrador descuidado, ratones le comen lo sembrado.* (Hernán Núñez)

6614. **O pastor descoidado á posta do sol busca o gando.** [2356] (ms16 e ms10,084r: *D.E.*)

Var.: *O pastor descoidado mala conta ten do gando.* (ms16 e ms10,084r: *D.E.*)

(es) *El pastor descuidado, a vuelta del sol busca su ganado.* (Z.) / *El pastor descuidado, mala cuenta da del ganado.* (R. Marín)

6615. **O que aberta a súa arca deixa, se a rouban ¿por que se queixa?** (ms16: *D.E.*)

(es) *Quien abierta su arca deja, si le roban ¿de qué se queja?* (R. Marín)

6616. **O que anda atrás, come na taza dos cas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6617. **O que dorme, dórmelle a facenda.** (mc: Farbán, Sarria)

Var.: *A quen moito dorme, dórmelle a facenda.* (ms16)

(pt) *A quem muito dorme, dorme-lhe a fazenda.* (Chaves) (es) *A quien duerme, duérmele la hacienda.* (Correas) / *A quien se duerme, la hacienda se le duerme.* (R. Marín)

Nada bueno puede salir de la pereza.

6618. **O que non pon os pés no seguro, cedo ou tarde resbala.** (ms15,33: Sober)

[2352] ms-SA: *cuchillo*; ms-LU (Buciños): *cuchilo*; ms-LU (Trini F.): *de pao*.

[2353] ms4: *mangoloteiro*.

[2354] *Na casa do coitelo de pau e o coitelo*.

[2355] ms: *y o gato*. / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Perros*.

[2356] Tanto refrán como variante en ms10 s.v. *Pastor* coa indicación *Descuido*.

6619. **Onde non está o dono, alí está o seu doo.** (ms16: Lugo)

(es) *Donde no está el dueño, está el su duelo.* (S.)

6620. **Os camiños mal cuidados fan probes os potentados.** [2357] (ms4: J.P.)

6621. **Os camiños que tes abandonados, de desgracia están sempre sementados.** [2358] (ms4: J.P.)

6622. **Os descuidados non-os favorece a lei.** (mc: Buciños-F.V.S. / ms16: Sober)

(es) *Al descuidado no lo favorece la ley.* (R. Marín)

6623. **Se a probe queres ir, mete obreiro e bótate a dormir.** [2359] (ms16 e ms10,071r: *D.E.*)

6624. **Tras máa precura vén a máa ventura.** (mc e ms16: A.S.A.)

(es) *Tras mala procura, viene la mala ventura.* (Correas) / *Tras la mala precura, viene la mala ventura.* (R. Marín)

Véase en Correas la explicación.

6625. **Tras mala precura, a mala ventura.** (ms18,01r)

DESDÉN Y DESPRECIO. V. tamén *Desprecio*.

6626. **As cousas do sacristán, por donde veñen, van.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)

6627. **As riquezas do sacristán, por donde veñen, van.** (ms-SA: Celestino López López: Brai, San Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C)

6628. **Ben se gasta cando se tira con pólvora allea.** (mc: Tuiriz)

6629. **Cada pelo fai súa sombra no suelo.** [2360] (mc / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

(pt) *Cada cabelo faz sua sombra na terra* (ou *testa*). (Chaves) / *Cada mosca faz sua sombra.* (Chaves) (es) *Cada cabello hace su sombra en el suelo.* (Correas)

No ha de despreciarse nada, por pequeño o humilde que sea. (mc) / Nada hay despreciable por pequeña que una cosa sea. (ms-LU (Lugo))

6630. **Cal máis, cal menos, toda a la ten pelos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

6631. **Cal máis, cal menos, toda la ch'é pelos.** [2361] (mc e ms: A.N.)

Var.: *Máis ou menos toda a lan ten pelos.* (C.A.-*A Nosa Terra*)

(es) *Cual mas cual menos toda la lana es pelos.* (Sbarbi)

Donde todo es malo por uno u otro concepto, no cabe elección posible.

6632. **Como te vexo no fato, así te trato.** (ms10,018v: *D.E.*)

6633. **Con ruín difunto gastar pouca cera.** (mc: Fonsagrada)

6634. **Cousa ruín non ten peligro.** (mc: Carballino)

6635. **Chámanme pera verde, a ti, mazá podrida: a pera verde cómena i-a mazá podrida tírana.** [2362] (ms-LU: seminarista anónimo: Pape, San Xoán de Silvarrei, Outeiro de Rei, LU)

6636. **Desde que eu morra, nunca os muíños moian.** (ms8,56r: Meda)

6637. **Despois de morto, nin viña nin horto.** [2363] (mc: C.A. / ms: A.C. *A N. Terra*)

(pt) *Depois de morto, nem vinha nem horto.* (Chaves) (es) *Despues de muerto, ni viña ni huerto.* (R. Marín) (ct) *Després de mòrt, ni vinya ni hòrt.* (Alberola)

6638. **Despois que eu morra, nunca o muíño moa.** (mc: *V. Gallega*)

6639. **Diñeiros de sancristán, cantando veñen e cantando van.** (ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)

6640. **Do caro non fagas caso.** (mc: Buciños)

(es) *De lo caro no eches mano.* (R. Marín)

6641. **Do pote que non has comer, déixao cocer.** [2364] (mc / ms4: F.V.S.)

6642. **É tempo perdido gastar moita cera con ruín difunto.** (mc: Tuiriz-F.V.S.)

(pt) *Gastar cera com ruins defuntos.* (Chaves)

6643. **En pouco aprecio se ten o que se recibe de regalo.** [2365] (mc: C.G.)

6644. **Fágase o milagre e fágao o demo.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

(pt) *Façase o milagre embora o faça o diabo.* (Chaves) (es) *Hágase el milagro, y hágale Dios o el diablo.* (Correas)

[2357] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[2358] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[2359] En ms10 s.v. *Obreros* coa indicación *Descuido*.

[2360] ms-LU (Lugo) e ms-LU (Galicia): *a sua sombra*.

[2361] Contén a indicación *Desdén, desprecio* no ms.

[2362] *Chamanme pera verde, a ti maza podrida a pera verde comena y a maza podrida tirina*.

[2363] Contén a indicación *Desdén, desprecio* no ms.

[2364] O orixinal di *Do pote que non has comer, deixo cocer*. V. *Ola que non has de comer déixaa cocer* en *Casa*.

[2365] ms4: *por regalo*.

6645. **Hai enhoraboas que somellan aldraxe.** [2366] (mc: C.A. / ms: A.C. *A N. Terra*)

6646. **Hai enhoraboas que somellan ser aldraxe.** (ms18,30r)

6647. **Na terra forasteira poden as vacas cos bois.** [2367] (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *En tierra ajena la vaca al buey acornea.* (Sbarbi)

6648. **Ningún santo na súa terra fai milagros.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)

6649. **Non hai cousa pequena que seu valor non teña.** [2368] (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *No hay cosa tan mala que para algo no sea buena.* (R. Marín)

6650. **O diñeiro do sacristán, cantando se lle veu e cantando se vai.** [2369] (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

6651. **O que foi e non é, é coma si non fora.** [2370] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / ms18,74r: A.S.A.)

6652. **O que non-o custa, non-o vale.** (mc)

(pt) *O que muito vale muito custa.* (Chaves) (es) *Lo que mucho vale mucho cuesta.* (Sbarbi) (ct) *Lo que molt val, molt còsta.* (Alberola)

6653. **O sol da porta non é o que máis quenta.** (mc: Pedraza)

Var.: *O sol da beira da porta é o que menos quenta.* (Camba)

(es) *Sol de casa no calienta.* (Sbarbi)

6654. **O sol da porta non quenta.** (ms5,09: Esmoriz)

6655. **Odre vacío, coiro lle digo.** (mc: A.S.A. / ms21,04v: Bermés)

(es) *Odre vacío, cuero le digo.* (Correas)

6656. **Os bés do sacristán, por onde veñen, van.** [2371] (mc: Incio-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia (galego occidental) / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

(pt) *Bens de sacristao, cantando vem, cantando vao.* (Chaves) (es) *Los bienes del sacristan, cantando vienen y cantando se van.* (Sbarbi)

Lo que se gana facilmente, se gasta sin reparo.

6657. **Os cartos do sacristán tan pronto veñen como van.** [2372] (mc: G.S.)

Var.: *Os bés do sacristán, por onde veñen, van.* (Incio-F.V.S.) [2373]

(pt) *Bens de sacristao, cantando vem, cantando vao.* (Chaves) (es) *Los bienes del sacristán, cantando se vienen y cantando se van.* (Sbarbi)

Lo que se gana facilmente, se gasta sin reparo.

6658. **Quen foi e non é, métese debaixo do pé.** [2374] (mc: J.P.)

6659. **Quen o pouco desprecia, menos merece.** [2375] (mc: Santiago)

6660. **Ramiño de souto, se non vós, será outro.** (mc: A.S.A.)

6661. **Ramiño de souto, si non teu, será doutro.** [2376] (mc: Buciños)

6662. **San Xoán de bon barato: tanto ten tres como catro.** [2377] (ms: M.L.)

6663. **Santo de terra, santo de merda.** (ms5,056: Silvarrey)

6664. **Se che parece mal, dáme un real e, se che parece ben, dámo tamén.** (mc: Fonsagrada)

6665. **Se che parece mal, vólvem'o real, e se che parece ben, vólvemo tamén.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

6666. **Se te como, non te deixo, e se te deixo, non te teño.** [2378] (ms: Buciños)

6667. **Se te deixo, non te como, e se te como, non te deixo.** (mc: Buciños)

6668. **Según te vexo, maragato, así te trato.** (mc: Buciños)

6669. **Sol da porta non quenta.** (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *Sol de casa no calienta.* (Sbarbi)

6670. **Sol de casa non quenta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

[2366] mc: *ehoraboas*; ms4: *enoraboas, somellan ser*.

[2367] V. *Na terra allea as vacas escornan os bois* en *Emigración*.

[2368] Indica *Desdén. Aprecio* no ms.

[2369] *O diñeiro do xacristan cantando se lle veu e cantando se bay*.

[2370] ms18,74r: *como si non*.

[2371] ms4, ms-LU (Galicia), ms-LU (Lugo) e ms-LU (Buciños): *donde*; ms-LU (Galicia) e ms-SA: *bens do*. / V. *Os bes do sacristán cantando veñen e cantando se van* en *Oficios*.

[2372] ms4: *se van*.

[2373] ms4: *donde*.

[2374] mc: *Quen foi e none e*; ms4: *O que foi*.

[2375] V. tamén *Vicios*.

[2376] O orixinal di *Ramiño de souto, si non ten, será doutro*.

[2377] ms4: *me ten tres*. / Contén a indicación *Desdén, indiferencia*.

[2378] Contén a indicación *Desdén. Indecisión*.

6671. **Xan Portal, o mesmo lle dá ben que mal.** (mc)

6672. **Xente chalada, raza gitana.** (mc: Santiago)

6673. **Xente de tralla, mala canalla.** [2379] (mc / ms4: F.V.S.)

6674. **Xente ruín non peligra.** (mc e ms5,045: Santiago)

DESDICHADO

6675. **Ó malpocado pouco lle vale ser esforzado.** (ms10,036v: *D.E.*)

6676. **Ó malpocado todo se lle conta a pecado.** (ms10,036v: *D.E.*)

6677. **O malpocado, pouco mal e ben laiado.** (ms10,036v: *D.E.*)

DESECHAR

6678. **O que un desbota, outro o roga.** (ms10,04r: *D.E.*)

DESENGAÑO

6679. **Á vista do pano está o desengano.** (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)

6680. **Fai ó fin o necio o que ó principio o discreto.** [2380] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(es) *El necio hace al fin, lo que el discreto al principio.* (Sbarbi)

6681. **Gárdate de vella adiviña e de moza ladina.** (ms: Tuiriz)

(es) *Guárdate de vieja adivina y de moza latina.* (R. Marín)

6682. **Hai que vivir de ilusiós, anque se morra de desengaño.** [2381] (mc: Santiago)

6683. **Máis ensinan os desenganos que os anos.** (ms16: Lugo)

(es) *Más enseñan los desengaños que los años.* (R. Marín)

6684. **Meu gozo nun pozo.** (ms16: Sarria)

(es) *Nuestro gozo en un pozo.* (S.)

6685. **Non nos anos están todos os desengaños.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

6686. **Non soilo nos anos están os desenganos.** (ms16: *Enc.* / ms16: *D.E.*)

Var.: *Nos anos non están tódolos desenganos.* (ms16: *Enc.*)

6687. **Non te mires ó espello, si non queres ver blanquear o guedello.** (mc.)

6688. **Nos anos están os desengaños.** [2382] (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

Var.: *Cos años veñen os desengaños.* (mc: Tuiriz / ms16: *Enc.*)

(es) *Con los años vienen los desengaños.* (Sbarbi / R. Marín) (ct) *Quant més anys, més desenganys.* (Alberola)

6689. **O qu'aprende cos anos leva moitos desengaños; hai qu'escarmentar por en cabeza allea.** (mc: Buciños)

6690. **O que aprende cos anos, leva moitos desenganos.** [2383] (ms16: *D.E.* / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6691. **O que perdeu nos allos, quer cobrar nas cebolas.** [2384] (ms: Alfonso Soares)

Cantiga de maldizer. nº 1156.

6692. **O que pronto se logra, pronto s'aborrece.** (ms15,15)

6693. **O tempo é pai dos desenganos.** [2385] (ms16 e ms10,127r: *D.E.*)

6694. **Onde cantar pensei, chorei.** (ms16: Lugo)

Var.: *Cantar pensei e por cantar chorei.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Pensé cantar y lloré.* (H. Núñez)

6695. **Onde pensamos que hai touciños, non hai estacas.** (ms16)

Var.: *Onde coidas que hai touciños, hai estacas.* (ms16 e ms10,131r: *D.E.*) [2386] / *Onde pensas que hai touciños, non hai tornos pra colgalos.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Do pensáis que hay tocinos, no hay estacas.* (H. Núñez)

6696. **Onte morreu el e xa ela casar quer: ¡ai do que ten que morrer!** [2387] (ms16 e ms10,041r: *D.E.*)

6697. **Os deseganos veñen cos anos.** [2388] (ms16 e ms10,004v: *D.E.*)

(es) *Años traen desengaños.* (R. Marín)

6698. **Una vella i un candil son dous demos nunha casa; a vella roña, roña i-o candil quéimalle a grasa.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

[2379] ms4: *da tralla.* / V. *Xente de tralla, que vén con quen veña e vai con quen vaia* en *Pícaros*.

[2380] ms-LU: *Fay o fin, o prencipio*.

[2381] mc: *morrer de ilusiós*.

[2382] ms: *todos os desengaños*.

[2383] ms-LU: *qu'aprende, desengaños*.

[2384] Este refrán aparece inserto na poesía medieval (B1622, V1155, V1156) de Afonso Soarez Sarraça.

[2385] En ms10 s.v. *Tiempo* coa indicación *Desengaños*.

[2386] En ms10 s.v. *Tocino* coa indicación *Desengaños*.

[2387] ms10,41r: *casarse quer*. En ms10 s.v. *Muerte*.

[2388] En ms10 s.v. *Desengaños*.

6699. **Unha vella e un candil son dos hechizos na casa: a vella, roña, roña, e o candil gasta a graxa.** (ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)

6700. **Unha vella i-e un candil, son dous pesados na casa; a vella roña que roña i-o candil gastou a grasa.** [2389] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

6701. **Unha vella i-on candil son dous demonios na casa: a vella roña que roña i-o candil queimando grasa.** [2390] (ms: Buciños / ms4: Buciños-F.V.S.)

6702. **Vive cen anos e verás moitos desenganos.** [2391] (ms16 e ms10,143v: *D.E.*)

(es) *Vive cien años y verás desengaños.* (R. Marín)

DESEOS

6703. **Cada ruín quere entrar na danza coa súa mudanza.** [2392] (ms16 e ms10,111r: *D.E.*)

(es) *Cada ruin quiere entrar en la danza con su mudanza.* (Correas)

6704. **Con peligro se garda o que a moitos agrada.** [2393] (ms16 e ms10,025v: *D.E.*)

(es) *Con peligro se guarda lo que a muchos agrada.* (R. Marín)

6705. **Di un vello refrán que alá se van os ollos onde está a vontá.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Dice el refrán: allá van los ojos donde está la voluntad.* (Correas)

6706. **Dio-lo leve á gloria, avó, que quedaremos na gloria aló i-acó.** [2394] (ms15,19r)

6707. **Nin ollo na carta nin man na arca.** (ms15,19v. / ms16: *D.E.*)

(es) *Ni las manos en las arcas, ni los ojos a las cartas.* (Z.)

6708. **O bon trigo na arca se vende.** (ms9,03r: Simón de la Cuesta)

Se aplica a la persona que blasona de rechazar una cosa que está deseando.

6709. **O que anda descalzo soña con bos zapatos.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Quien anda descalzo, sueña con buenos zapatos.* (R. Marín)

6710. **O que mal nos queira, que no ceo nos vexa.** (ms5,029)

6711. **O que moito se desexa, non se cre anque logrado se vexa.** [2395] (ms16 e ms10,004v: *D.E.*)

(es) *Lo que se desea, no se crea aunque se vea.* (Z.)

6712. **O que non pode, sempre quer.** [2396] (ms16 e ms10,093r: *D.E.*)

(es) *Quien no puede, es quien más quiere.* (R. Marín)

6713. **Os ollos vanse ond'está a voluntá.** (ms15,19v)

6714. **Se os desexos fosen valedeiros, os viláns serían cabaleiros.** [2397] (ms16 e ms10,004v: *D.E.*)

DESESPERACIÓN

6715. **A perdido, perde a cabeza e o xuicio.** [2398] (ms16 e ms10,089r: *D.E.*)

Var.: *A perdido, perdido de todo.* (ms16 e ms10,089r: *D.E.*)

(es) *Al perdido piérdesele el juicio.* (Correas)

6716. **De perdido, ó río.** [2399] (mc: Buciños / ms16: Sarria / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

(es) *De "perdío", al río.* (R. Marín)

6717. **O perdido, ó río.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)

6718. **O que ha de ser que sea axiña.** (ms16)

(es) *Lo que ha de ser, sea ya.* (R. Marín)

6719. **Onde vai o máis, que vaia o menos.** [2400] (mc: BuciñosF.V.S. / ms4: C.A.*A Nosa Terra* / ms16, ms10,031v, ms10,035r: D.E)

Var.: *Onde vai o máis, vaia o menos.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Donde fue lo más, vaya lo menos.* (R. Marín) */ Adonde va lo más, vaya lo menos.* (Correas)

6720. **Onde vai o mar que vaian as olas.** [2401] (mc: Tuiriz)

Var.: *A onde vai o mar, vaian as ondas.* (ms16: *D.E.*)

[2389] *Unha vella ye un candil, sos dous pesados na casas; a vella roña que roña yo candil gastou a grasa*.

[2390] *Unha vella y on candil son dous demonios na casa: a vella roña que roña y o candil queimando grasa*. / Con indicación entre parénteses *Desengaños* no ms.

[2391] En ms10 s.v. *Vivir* coa indicación *Desengaños*.

[2392] ms10: *quer entrar*. / En ms10 s.v. *Ruin* coa indicación *Deseos*.

[2393] En ms10 s.v. *Guardar*.

[2394] *Dio lo leve a gloria abó que quedaremos na gloria aló y'acó*.

[2395] En ms10 s.v. *Deseos*.

[2396] En ms10 s.v. *Poder* coa indicación *Deseos*.

[2397] En ms10 s.v. *Deseos*.

[2398] Tanto o refrán como a variante en ms10 s.v. *Perder* coa indicación *Desesperación*.

[2399] ms-LU: *a o rio*.

[2400] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Paciencia* (*Paciencia voluntaria*).

[2401] ms: *vayan* / Indica *Marít.* (*Mar*) no ms.

(es) *Donde va el mar, vayan las ondas.* (Gella) */ Do va el mar, vayan las arenas.* (Sar)

Lo principal, lleva consigo lo accesorio.

6721. **Perdido por un, perdido por cento.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Perdido por ciento, perdido por mil y quinientos.* (*D.E.*)

6722. **Perdido por un, perdido por cento.** [2402] (ms10,090r: *D.E.*)

6723. **Preso por mil, preso por mil e millenta.** [2403] (ms16 e ms10,099r: *D.E.*)

(es) *Preso por mil, preso por mil y quinientos.* (R. Marín)

6724. **Preso por un, preso por un cento.** [2404] (ms16 e ms10,099r: *D.E.*)

(es) *Preso por uno, preso por ciento.* (H. Núñez)

6725. **Si podes pouco, non te enfades moito.** (ms8,02v: Aguada)

DESGRACIA. V. tamén *Fortuna* (*Buena o mala*).

6726. **Ai de aquel que a muller zoupa nel.** [2405] (ms8,54r: O. de Rey)

6727. **Antes faltarán as bágoas que coitas pra choralas.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Antes faltarán lágrimas que causa para llorarlas.* (Correas)

6728. **As malas acórdanse sempre.** (ms8,13r: Lugo)

6729. **Cando un está de malas, hasta os cas o morden.** (ms16 e ms8,02v: Meda, Orense)

6730. **Chove, chove na casa do probe; neva, neva na casa da vella.** (ms18,52r: *Vida Gallega*, Pidre)

6731. **Dendes que nacín, chorei, e cada día tiven por que.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Desde que nací lloré y cada día nace porqué.* (R. Marín)

6732. **Dios nos dea humor e non nos ollos.** (ms10,030v: *D.E.*)

6733. **Dios nos dea humor, que disgustos non han faltar.** (ms10,030v: *D.E.*)

6734. **Disgraciado se vexa o que ós seus desprecia.** (ms10,008v: *D.E.*)

6735. **Dos disgraciados nacen os avisados.** (ms10,008v: *D.E.*)

6736. **É boa disgracia non ter pra viño e ter que beber auga.** [2406] (ms15,18v / ms10,008v: *D.E.*)

6737. **Nadar, nadar e logo afogar.** (ms18,34r)

6738. **Nadar, nadar i-agora il afogar.** [2407] (mc e ms16: A.S.A.)

Var.: *Nadar, nadar, i-agora ir a afogar.* (ms16: J.P.) [2408]

(pt) *Nadar, nadar, e morre à veira.* (Chaves) (es) *Nadar, nadar, y en cualquier momento ahogar. / Nadar, nadar, y en la orilla se ahogar.* (Gella) */ Nadar, nadar, y morir a la orilla* (Id.) */ Nadar, nadar, y a la orilla ahogar.* (H.) (ct) *Nadar, nadar, i a la vóra aufegar.* (Gella)

6739. **Neste mundo fondo hai bágoas e choros dabondo.** [2409] (ms16 e ms10,047r: *D.E.*)

6740. **Nunha hora caise a casa.** (ms16 e ms10,030r: *D.E.*)

(es) *De una hora a otra se cae una casa.* (R. Marín)

6741. **O que non sabe de mal non sabe de ben.** (ms16: Lugo)

(es) *Quien no sabe de malo sabe de bien.* (R. Marín)

6742. **O tormento da cazola que tanto a desconsola: face-lo guisado, queimarse pra guisalo e dispois, nin comelo nin probalo.** [2410] (ms16: *D.E.*)

(es) *Lo peor de la cazuela es guisarla y no comerla.*

6743. **Os burros acarrean o viño e beben a auga.** (mc e ms16: Buciños)

(es) *El burro del harinero, todo el día acarreando aceite, y a la noche, a oscuras.* (R. Marín)

6744. **Os traballos fixéronme vella que eu ben moza era.** [2411] (ms10,132r: *D.E.*)

6745. **Parede que ten croio, a muller que non ten fillos i-o home ten mal de ollo.** [2412] (ms4: F.V.S.)

[2402] En ms10 s.v. *Perder* coa indicación *Desesperación*.

[2403] En ms10 s.v. *Preso* coa indicación *Desesperación*.

[2404] En ms10 s.v. *Preso* coa indicación *Desesperación*.

[2405] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Hombre*.

[2406] En ms10 s.v. *Desgracia*.

[2407] ms: *y-agora*. / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Esfuerzo*.

[2408] ms16: *i-ahora*. / Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *i-agora*.

[2409] ms10: *choros abondo*. En ms10 s.v. *Mundo*.

[2410] *O tormento da cazola que tanto a desconsola: facelo guisado; queimarse pra guisalo, e dispois, nin comelo nin probalo*.

[2411] En ms10 s.v. *Trabajo* coa indicación *Desgracias*.

[2412] *Parede que ten croyo, a muller que non ten fillos y-o home ten mal de ollo*.

6746. **Pobre do animal que cae na barriga de outro.** (ms8,68v: La Cañiza)

6747. **Prós disgraciados fixéronse os infortunios.** [2413] (ms16 e ms10,008v: *D.E.*)

6748. **Remar e remar e caer no mar.** [2414] (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

Var.: *Remar, remar, e na orilla naufragar.* (F.L.) / *Tanto remar, remar, i-ó chegar ó porto, afogar.* (ms16: Lugo) / *Remar, remar, pra morrer na veira do mar.* (Gella, Ribadeo) / *Remar, remar, i-ó mar ir dar.* (ms16: Sober)

Como: *Nadar, nadar...*

6749. **Remar, remar, pra caer no mar.** [2415] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

BENEFICIOS Y ENSEÑANZAS DE LA DESGRACIA

6750. **Dá Dios sarna a quen non sabe rascala.** [2416] (ms16 e ms10,117r: *D.E.*)

(es) *Da Dios sarna a quien no sabe rascársela.* (M. Kleiser)

6751. **Non hai mal que por ben non veña.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6752. **Non hai mal que por ben veña.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

6753. **Non hai malo que non veña por ben, pero cata pra quen.** [2417] (ms15,16)

Var.: *Non hai mal que por ben non veña.* (ms16: Sarria) / *Non hai mal sin ben; cata pra quen.* (ms16 e ms10,035v: *D.E.*) / *Non hai mal que non veña por ben, mais cata pra quen* (ms16 e ms10,035v: *D.E.*) / *Non hai mal en que non haxa ben.* (ms16 e ms10,035v: *D.E.*) / *Hai mal que vén por ben.* (ms16 e ms10,035r: *D.E.*) / *Mal trai ben.* (ms16 e ms10,035r: *D.E.*)

DURACIÓN DE LA DESGRACIA

6754. **Hoxe, mal; mañán, pior ¡vállanos Noso Señor!** (ms16: *D.E.*)

(es) *Hoy, mal; cras, peor, ciego Don Salvador.* (H. Núñez)

6755. **Non hai nubrado que dure un ano.** [2418] (ms16 e ms10,070r: *D.E.*)

(es) *No hay nublado que dure un año.* (Correas)

6756. **Non hai tormenta que moito dure.** (ms16: Lugo)

(es) *No hay tempestad que mucho dure.* (R. Marín)

6757. **O bo tempo logo acaba, mais o malo pasa de mala gana.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)

6758. **Traballo é a mala ventura e máis traballo é cando dura.** [2419] (ms16 e ms10,132r: *D.E.*)

(es) *Trabajos la mala ventura y más si dura.* (Correas)

Las desgracias se suceden

6759. **¿A onde vas mal? A onde máis hai.** [2420] (ms16 e ms10,035r: *D.E.*)

6760. **As cereixas e as malas fadas cóllense poucas e veñen a presadas.** (ms16: *D.E.*)

Var.: *Cereixas e malas fadas, cóllense pouquiñas e veñen moitas agarradas.* (ms16: *D.E.*) / *Como as cereixas son as disgracias, que unhas noutras se engarran.* (ms16 e ms10,008v: *D.E.*) [2421]

(es) *Las desgracias son como las cerezas, que unas a otras se llevan.* (Correas)

6761. **Ben veñas, mal si vés solo.** [2422] (mc: Agro / ms16: *D.E.*)

(pt) *Bem venhas mal se vieres só.* (Chaves) / *Bemvindo o mal que vem sòzinho.* (es) *Bien vengas, mal, si vienes solo.* (R. Marín / Correas) (ct) *Ben vingut sigues mal, si vens a sòles.* (Alberola)

6762. **Cando vén unha, nunca vén sola.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

6763. **De malas fadas logo se enchen as casas.** [2423] (ms16 e ms10,017r: *D.E.*)

(es) *De gallinas y hadas malas, presto se llenan las casas.* (Z.)

6764. **Disgracias e malas horas sempre veñen todas.** [2424] (ms16 e ms10,008v: *D.E.*)

6765. **Mal enriba de mal e pedra por cabezal.** [2425] (ms16 e ms10,035r: *D.E.*)

(es) *Mal sobre mal y piedra por cabezal.* (Hernán Núñez)

[2413] En ms10 s.v. *Desgracia*.
[2414] En segundas clasificacións temáticas, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Embarcaciones* e *Esfuerzo*.
[2415] En segundas clasificacións temáticas, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Embarcaciones* e en *Esfuerzo*.
[2416] En ms10 s.v. *Sarna*.
[2417] *Non hay malo que non veña por ben, pero cata pra quen.* / Cinco últimas variantes en ms10 s.v. *Mal*.
[2418] En ms10 s.v. *Nubes* coa indicación *Desgracia*.
[2419] En ms10 s.v. *Trabajo* coa indicación *Desgracia*.
[2420] En ms10 s.v. *Mal*.
[2421] En ms10 s.v. *Desgracia*.
[2422] ms16: *se ves soilo*.
[2423] En ms10 s.v. *Presunción*.
[2424] En ms10 s.v. *Desgracia*.
[2425] En ms10 s.v. *Mal*.

6766. **Nunca a mala fama deixa de traer compaña.** (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms16: *D.E.*)

6767. **Nunca vén o mal soilo, que trai compaña e todo.** [2426] (ms16 e ms10,035v: *D.E.*)

Var.: *Un mal nunca vén soilo, que trae compaña e todo.* (ms16 e ms10,036r: *D.E.*) / *Nunca vén un mal solo, que trae compaña.* (mc: C.A. *A N. Terra*)

(es) *Nunca viene una desgracia sola.* (R. Marín)

6768. **Nunca vén unha sin outra.** [2427] (mc e ms16: A.S.A. / ms10,143r: *D.E.*)

(es) *Nunca viene una desgracia sola.* (R. Marín)

6769. **O mal vai a onde hai máis.** [2428] (ms16 e ms10,035v: *D.E.*)

6770. **O mal vai a onde o hai.** [2429] (ms16 e ms10,035v: *D.E.*)

6771. **Por fuxir de xiada colleut'a neve.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6772. **Si un vai pra baixo, todos son a puxarlle.** (ms8,20v: Silvarrey)

Var.: *Cando un vai pra baixo, todos son a puxarlle.* (ms16: Silvarrey)

6773. **Tras a cruda fornada vén outra queimada.** (ms10,049r: Renche, Samos)

6774. **Tras dun mal vén outro mal.** [2430] (ms16 e ms10,036r: *D.E.*)

6775. **Un mal chama outro mal.** (ms16: *D.E.*)

6776. **Un mal trai outro mal.** [2431] (ms16 e ms10,036r: *D.E.*)

(es) *Un mal llama a otro mal.* (R. Marín)

6777. **Unha disgracia nunca vén soila.** [2432] (ms16 e ms10,047v: *D.E.*)

(es) *Una desgracia nunca viene sola.* (R. Marín)

6778. **Vai o ben ó ben e o mal pra quen o ten.** (ms10,031v: *D.E.*)

No perdona a nadie

6779. **Cada un ten a súa cruz.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Cada altar tiene su cruz.* (R. Marín)

6780. **Nunca falta un mal ano.** (ms16: Lugo)

(es) *Nunca faltó un mal año.* (Correas)

PESIMISMO EN LA DESGRACIA

6781. **A can fraco todas son pulgas.** [2433] (mc e ms16: Monforte)

Var.: *A can fraco pícanlle as pulgas.* (A.C. / ms16: C.A.)

(pt) *A cão fraco acodem as moscas.* (Chaves) (es) *A perro flaco, todas son pulgas.* (Sbarbi) (ct) *A gos flac, tot son puces.* (Alberola) / *Al burro flac, tot son mosques.* (Id.)

Al pobre y abandonado todos le combaten.

6782. **Á ovella fraca non lle faltan carrachas.** (ms16: *D.E.*)

Var.: *Á ovella fraca nunca lle falta sarna.* (ms16: *D.E.*)

(es) *A la oveja flaca nunca le falta roña y sarna.* (Correas)

6783. **Cando o ano está de pulgas, hastra parece que can do ceo.** [2434] (ms16 e ms10,102r: *D.E.*)

(es) *Cuando el año está de pulgas, hasta caen con la lluvia.* (R. Marín)

6784. **Cando un está de sorte, hasta a muller lle pare doutro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Lugo, Lugo, LU)

6785. **Canta máis sede, máis lexos a auga.** [2435] (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

6786. **Home de pouca fortuna, párelle a porca en maio i-a muller na seitura.** (ms16: Óutara, P. de Brollón)

6787. **O can fraco cómeno as pulgas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6788. **Ó home que non ten fortuna, párelle a porca en marzo i-a muller na seitura.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

Var.: *Home de pouca fortuna, párelle a porca en maio i-a muller na seitura.* (ms16: Óutara-P. de Brollón) / *Home sin fortuna: parto da porca no maio e da muller na seitura.* (ms16: Buciños)

6789. **Ó home sin fortuna párelle a vaca no outono e a muller na seitura.** [2436] (ms21,02v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6790. **O que nace pa ochavo, nunca carto paga.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

[2426] Refrán e primeira variante en ms10 s.v. *Mal*.
[2427] En ms10 s.v. *Venir*.
[2428] ms16: *val onde*. En ms10 s.v. *Mal*.
[2429] En ms10 s.v. *Mal*.
[2430] En ms10 s.v. *Mal*.
[2431] En ms10 s.v. *Mal*.
[2432] En ms10 s.v. *Miscelánea*.

[2433] ms16: *cadelo* / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Perros*.
[2434] ms10: *caen do ceo*. / En ms10 s.v. *Pulgas* coa indicación *Desgracia*.
[2435] *Canto mais sede, mais lexos a auga*.
[2436] ms21: *O home sin fortuna p*[...]*ll*[...]*a* [...] *n'o outono y'a* [...] *n'a seitura*.

6791. **O que nace para ochavo non pode chegar a cuarto.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

6792. **O que nace pra clavo, nunca carto paga.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

6793. **O que nace pra ichavo, non pode ser carto.** [2437] (mc e ms16: A.S.A.)

Var.: *O que nace pra ochavo, nunca carto paga.* (ms e ms16: Carballedo) */ O que nace pra ichavo, non chega a carto.* (ms16: *R. Fisterrán*) / *O que naceu pra ichavo, nunca ha de chegar a carto.* (ms16: Sober) */ Quen nace pa ichavo, mal pode chegar a carto.* (ms16: *D.E.*) / *O que nace pra ichavo, nunca a carto chega.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *Quem nasceu para vintém, nunca chega a pataco.* (Chaves) */ Quem nasceu para cinco, não chega a dez.* (Id.) */ Quem nasceu para dez réis, não chega a vintém.* (es) *Quien nace para ochavo, no llega a cuarto.* (R. Marín)

6794. **O que nace pra ochavo, a carto non chega.** (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)

6795. **O que naceu pra ochavo, nunca a carto chega.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santiago de Compostela, C)

6796. **O que non ten pescozo ten soga.** (ms4: F.V.S.)

6797. **O que non ten sorte, a Dios lle pide a morte.** (ms15,42: Sober)

6798. **O que non ten sorte, na cama parte as pernas.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

6799. **O que non ten sorte, na cama se escalaza.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

Var.: *O que non ten sorte, na cama se descalabra.* (ms16: Sober)

6800. **O que non ten sorte, o demo lle caga no camiño.** (ms16: Lugo)

6801. **O que non ten sorte, polo cu colle a morte.** [2438] (mc e ms16: Páramo-F.V.S.)

Var.: *O que non ten sorte, polo cu lle vén a morte.* (ms15,42: Lugo)

6802. **O que non ten suerte, na cama se escalabra.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6803. **O que non ten suerte, hasta ca manteca fresca lle can os dentes.** (ms9,10v: O. de Rey)

Var.: *A quen non ten sorte nin fortuna, crébanselle os dentes na manteiga dura.* (ms16: Sober) / *O que non ten suerte, na manteiga fresca rompe os dentes.* (ms16: Nantín-Becerreá)

6804. **Ó que ten de virlle a mala, na cama se escalabra.** [2439] (mc e ms16: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6805. **O que ten mala sorte, polo cu lle vén a morte.** [2440] (ms21,20v: Bermés)

6806. **O que tén sorte hasta na cama se espadoa.** (ms16: Artaza, Muros)

6807. **Os golpes grandes sempre caen no máis baixo.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU)

6808. **Prós disgraciados fíxose a forca.** [2441] (ms16 e ms10,023r: *D.E.*)

(es) *Para los desgraciados se hizo la horca.* (Correas)

6809. **Quen mala ventura tén nona vai botar á porta de ninguén.** [2442] (ms16 e ms10,138r: *D.E.*)

(es) *Quien mala ventura tién, no le vaya a echar a puerta de ninguién.* (Correas)

6810. **Solo nacen as frieiras nas ruís pernas.** (ms16: *D.E.*)

(es) *No vienen fieras sino a ruines piernas.* (Correas)

PODER DE LA DESGRACIA

6811. **A disgracia que ha de vir non pode fuxir.** [2443] (ms16 e ms10,008v: *D.E.*)

(es) *La desdicha cuando ha de venir, no se puede huir.* (R. Marín)

6812. **A mal decir non hai casa forte.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Al mal decir no hay casa fuerte.* (R. Marín)

SOLEDAD EN LA DESGRACIA

6813. **Can mordido, de todos é perseguido.** (mc: Tuiriz, Monforte)

Var.: *O can mordido todos o morden.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *Cão mordido, todos o mordem.* (Chaves) (es) *Perro mordido, de todos es perseguido.* (mc: Correas / ms e ms16: R.

[2437] ms: *nunca chega a carto*. / V. *O que naceu pra burro, non pode chegar a cabalo* en *Agrícolas* (*Animales*). / Na primeira variante: s16: *ichavo*.

[2438] ms15,32: *pol o colle a morte*.

[2439] ms-LU: *virll'a mala, s'escalabra*.

[2440] *O que ten mala sorte pol'o cu lle ven a morte.*

[2441] En ms10 s.v. *Horca*.

[2442] ms10: *porta de ninguién*. / En ms10 s.v. *Ventura* coa indicación *Desgracia*.

[2443] En ms10 s.v. *Desgracia*.

Marín) / *A can mordido todos le muerden.* (Jara)

6814. **Carballo en terra, todos á leña.** (mc: Sarria / ms16: Lugo)

Como: *Del árbol caido, todos hacen leña.* / Como: *De árbol caído todos fan leña.*

6815. **Do árbore tumbado, todos fan leña.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pol, LU)

6816. **Do árvore caído todo o mundo corta rama.** [2444] (mc)

Var.: *Do árbore caído, todos fan pitelos.* (ms16: *D.E.*) / *Do árbore derrubado todos levan algo.* (ms16: *D.E.*) / *Do árbore que está no chao, todos cortan un ramallo.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *De arvore caída, todos fazem lenha.* (Chaves) (es) *De árbol caído, todos hacen leña.* (R. Marín)

Como el anterior.

6817. **Do árbol caído sempre leña se fai.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

6818. **Do árbol caído todos fan leña.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

6819. **O carballo qu'está solo, tódolos ventos van dar contr'el.** [2445] (ms15,17)

SUFRIMIENTO EN LA DESGRACIA

6820. **Cando veñen os males, todos os tempos son iguales.** [2446] (ms16 e ms10,035r: *D.E.*)

(es) *Cuando vienen los males, todos los tiempos son iguales.* (R. Marín)

6821. **Malas fadas fixéronme negra que eu ben branca era.** (ms16: *D.E.*)

Var.: *Puxéronme as malas fadas moura que antes era ben loura.* (ms16 e ms10,017r: *D.E.*) [2447]

(es) *Hadas malas me hicieron negra, que yo blanca me era.* (Z.)

6822. **Non hai mal sin pena.** [2448] (ms16 e ms10,035v: *D.E.*)

6823. **O que ventura lle falta, sóbralle vida.** [2449] (ms16 e ms10,138r: *D.E.*)

(es) *A quien ventura le falta, la vida le sobra.* (Z.)

6824. **Onde queira que está, non lle falta mal ano.** [2450] (ms10,073r: *D.E.*)

6825. **Os traballos fixéronme vella que eu ben moza era.** [2451] (ms16 e ms10,132r: *D.E.*)

6826. **Védesme cal veño e preguntádesme qué teño.** [2452] (ms16 e ms10,138r: *D.E.*)

(es) *Veisme mal vengo y preguntaisme qué tengo.* (Correas)

DESHACER

6827. **O que moito desfai, non mira ben o que fai.** (ms10,004v: *D.E.*)

DESHONRA

6828. **A mancha grande non hai xabrón que a lave.** (ms16: *D.E.*)

Var.: *Pra mancha grande non hai xabrón que baste.* (*D.E.*)

(es) *A mancha grave no hai jabón que lo baste.* (Correas)

6829. **A tea tecida e a muller parida sempre teñen acollida.** [2453] (ms16 e ms10,125r: *D.E.*)

(es) *A mujer parida y tela urdida, nunca le faltó guarida.* (Hernán Núñez)

6830. **Deshonroume a miña veciña unha vez i-eu deshonreime tres.** [2454] (ms16 e ms10,004v: *D.E.*)

(es) *Deshonrome mi vecina una vez y yo me deshonré tres.* (R. Marín)

6831. **Máis val vivir mal e honrado que vivir ben e deshonrado.** [2455] (ms16 e ms10,030r: *D.E.*)

6832. **Máis vale morrer que mal vivir.** [2456] (ms16 e ms10,041v: *D.E.*)

6833. **Manchas da alma e do corazón non as quita o xabón.** [2457] (mc e ms16: Buciños-F.V.S.)

6834. **Non che importe a mancha que sae con auga.** [2458] (ms16 e ms10,036v: *D.E.*)

6835. **Non se lavará con toda a auga do río.** (ms16: *D.E.*)

(es) *No os lavaréis de ésta con cuanta agua el río lleva.* (Hernán Núñez)

6836. **Non temas a mancha que sale con auga.** (ms5,045: Santiago)

6837. **Pai vello e chaqueta rota non é deshonra.** (ms5,121: Trapero / ms10,076r: *D.E.*)

[2444] ms: *arbre*.
[2445] *O carballo qu'esta solo todol'os ventos van dar contr'él*.
[2446] En ms10 s.v. *Mal*.
[2447] En ms10,017r s.v. *Presunción*.
[2448] En ms10 s.v. *Mal*.
[2449] En ms10 s.v. *Ventura* coa indicación *Desgracia*.
[2450] Sen clasificar no orixinal.
[2451] ms16: *Traballos fixéronme*. / En ms10 s.v. *Trabajo* coa indicación *Desgracias*.
[2452] En ms10 s.v. *Ver* coa indicación *Desgracia*.
[2453] En ms10 s.v. *Tela*.
[2454] En ms10 s.v. *Deshonra*.
[2455] En ms10 s.v. *Honra*.
[2456] En ms10 s.v. *Muerte*.
[2457] mc e ms16: *da i-alma*.
[2458] ms10 *sai con auga*. En ms10 s.v. *Mancha*.

DESINTERÉS

6838. **Non é polo ovo senón polo foro.** [2459] (mc e ms16: F.B.B.)

(es) *No es por el güevo, sino por el fuero.* (mc: Correas / ms16: Z.)

DESLEALTAD

6839. **Anque Cristo pra amigos os escolleu, un dos doce o vendeu, outro o negou e outro non creu.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Doce fueron los que Cristo escogió, y uno le vendió, otro le entregó y otro no lo creyó.* (R. Marín)

Pondera el número de traidores que hay en el mundo; sin ánimo de tener por tales a San Pedro y a Santo Tomás, aludidos en la paremia.

6840. **Descubrínlleme como amigo e armóuseme como testigo.** (mc: Buciños)

Var.: *Descobrinme a el como amigo e amosóuseme como testigo.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Descubríme a él como amigo, y armóseme como testigo.* (R. Marín) / *Descubrime a él como amigo y armóseme de testigo.* (H. Núñez)

6841. **Do mellor amigo, a peor pedrada.** [2460] (ms8,37r: O. de Rey)

6842. **Nunca falta un Xudas.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Nunca falta un Judas.* (Correas)

6843. **O máis amigo pégacha.** (ms16: *D.E.*)

6844. **Págase o rei da treición e non se paga o treidor.** [2461] (ms16 e ms10,076r: *D.E.*)

Var.: *Págase o rei da treición mas do que a fai, non.* (ms16 e ms10,076r: *D.E.*)

(es) *Págase el señor de la traición, mas no del traidor.* (Z.)

6845. **Renego do amigo que cobre cas alas e morde co pico.** [2462] (mc)

Var.: *Renega do amigo que te cobre coas aas e te morde co bico.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *Renego do amigo que cobre com as asas, e morde com o bico.* (Chaves) (es) *Reniego del amigo que cubre con las alas y muerde con el pico.* (H.N.)

6846. **Vive o leal mentras o traidor quere.** (ms16: *R. Fisterrán*)

(es) *No vive más el leal de cuanto quiere el traidor.* (Z.)

DESMEMORIADOS

6847. **O que non tén cabeza, tén pés.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

6848. **O que non tén cabeza, tén que ter pés.** [2463] (ms: F.V.S. / ms16: Lugo / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Var.: *O que non ten acordo ten que ter pés.* / *O que non ten cabeza pra pensar, ten pés pra andar.* (ms5,045: Cobas, Cachafeiro-Forcarey)

(es) *El que non tiene cabeza, que tenga pies.* (Sbarbi) (ct) *Qui no té cap, necessita braços.* (Alberola)

DESOBEDIENCIA

6849. **O que non obedece a palabra obedece a pancada.** (ms-SA: José Cornes Iglesias: Santiago de Buxán, Val do Dubra, C)

6850. **O que non obedece pola palabra, obedece pola pancada.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

6851. **Pedrícame, frade, por un oído me entra e por outro me sale.** (mc: Buciños)

Var.: *Pedrícame, frade, por unha orella me entra, e por outra me sale.* (mc, ms4 e ms16: M.V.) [2464] / *Por un ouvido lle entra e por outro lle sai.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Predícame, padre; que por una oreja me entra y por la otra me sale.* (R. Marín) / *Por una oreja le entra y por otra le sale.* (Correas) / *Por un oído me entra y por otro me sale.* (Z.) (ct) *Mix, mix, per la una m'entra y per l'atra m'ix.* (R. Marín)

6852. **Pedricar en deserto, sermón perdido.** [2465] (mc e ms16: Tuiriz, Monforte / ms10,098r: *D.E.*)

(pt) *Pregar no deserto, sermão perdido.* (Chaves) (es) *Predicar en desierto, sermón perdido.* (R. Marín) / *Predicar en desierto es desconcierto.* (Id.)

6853. **Predica fraile, por-un oído entra e por-outro sale.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

6854. **Predícame frade, por unha orella m'entra e por outra me sale.** (ms)

6855. **Predícame frade: por un oído me entra e por outro me sale.** (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)

[2459] ms: *hovo / pel-o*.
[2460] ms16: *millor, pior*.
[2461] ms10: *non se paga do treidor*.
[2462] ms: *c'as*. V.Saco copiara mal o refrán que aparece como variante, poñendo *morde* no lugar de *cobre*, *cas* por *coas* e *pico* no canto de *bico*. Salvamos estas erratas.

[2463] Contén a indicación *Gobierno* no ms.
[2464] ms4: *Predicame*.
[2465] ms10: *Predicar*. / En ms10 s.v. *Predicar*.

6856. **Predícame fraile: por un oído m'entra e por outro me saile.** (ms21,24r: Bermés)

6857. **Predícame, cura, predícame, frade: por un oído me entra e por otro me sale.** (ms-SA: Lorenzo Castiñeira Canosa: Santa María de Xaviña, Camariñas, C)

6858. **Predícame, padre, que por unha orella me entra e por outra me sale.** (ms-SA: Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

6859. **Predícame, fraile, por un oído me entra e por outro me sale.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

6860. **Predicar en desierto, sermón perdido.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

6861. **Predica, meu cura; predica, meu fraile; por un oído me entra e por outro me saile.** (ms-LU: Félix Rodríguez Vieites)

6862. **Predica, meu frade, por un oído me entra e por outro me sale.** (ms-SA: José Luís Lobato Carbia)

DESORDEN

6863. **A río revolto, ganancia de pescadores.** (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C / ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

6864. **Aproveitador da palla, desperdiciador do grau.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

6865. **Cando na casa engorda a moza mal anda a cousa.** [2466] (ms16 e ms10,012r: *D.E.*)

6866. **Derramador da fariña, achegador da cinza.** [2467] (ms16 e ms10,004r: *D.E.*)

(es) *Derramadora de la farina, allegadora de la ceniza.* (S.)

6867. **Mal vai a barca sin remos.** (ms16: Lugo)

(es) *Bien haremos, bien diremos: mal va la barca sin remos.* (Z.)

6868. **Mar revolto, ganancia de mariñeiros.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)

6869. **O desorde é pai do orde.** [2468] (ms16 e ms10,004v: *D.E.*)

(es) *El desorden es padre del orden* . (R. Marín)

6870. **O que é amigo de poñe-lo carro antes que os bois, o que debía facer antes, faino despois.** [2469] (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6871. **O que ha de canta-lo boi ten que i-lo cantando o carro.** [2470] (ms16: *D.E.*)

(es) *Lo que ha de cantar el buey, canta el carro.* (Correas)

6872. **O río revolto, ganancia de pescadores.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

6873. **Pola mala hora tallando na leña e pola boa debaixo da pena.** (ms21,18r: Bermés)

6874. **Río avolto, ganancia de pescadores.** [2471] (mc e ms16: A.S.A.)

Var.: *¿Río revolto? Ganancia de pescadores.* (ms16: M.-*R. de P.*) / *A río revolto, ganacia de pescantís.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *A río revolto, ganhança* (ou *ganância*) *de pescador.* (Chaves) (es) *A rio revuelto, ganancia de pescadores* (mc: Gella / ms16: Z.) / *Río vuelto, ganancia de pescadores.* (Correas)

6875. **¿Río revolto? Ganancia de pescadores.** (mc e ms16: M.-*R. de P.*)

Var.: *Cando hay ganancia pós pescadores, hubo antes río revolto.* (Lameiro)

(pt) *A río revolto, ganhança de pescador.* (Chaves) (es) *Río revuelto, ganancia de pescadores.* (Sbarbi)

Nota a los que se aprovechan de revueltas y confusión para lograr turbios propósitos.

6876. **Todo anda ó rivés: abaixo a cabeza e arriba os pés.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Todo anda al revés: la cabeza abajo y arriba los pies.* (R. Marín)

DESPEDIDAS

6877. **A "ídevos da miña casa" e "¿que queres coa miña muller?" non hai que responder.** (ms16: *D.E.*)

(es) *A "idos de mi casa" y "¿que queréis con mi mujer?", no hay responder.* (Correas)

6878. **Dígolle que se vaia e desátase as bragas.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Yo le digo que él se vaya, e él descálzase las bragas.* (S. / C. / R. Marín)

Desátese por desátase. Error claro.

DESPERDICIO

[2466] En ms10 s.v. *Engordar*.
[2467] En ms10 s.v. *Maltratar*.
[2468] En ms10 s.v. *Desorden*.

[2469] *O que é amigo de poñelo carro antes que os bois o que debia facer antes, faino despois.*
[2470] *O que ha de cantalo boi, tén que ilo cantando o carro.*
[2471] ms: *A rio avolto.*

6879. **Cos desperdicios dos ricos mantíñanse moitos probes.** (ms10,004v: *D.E.*)

DESPERTAR

6880. **Ninguién desperte a mala ventura cando ésta durma.** (ms10,004v: *D.E.*)

6881. **Non despertes a quen dorme, que o sono é o millor amigo.** (ms10,004v: *D.E.*)

DESPISTES

6882. **Has de ir ó río e non ver a agua.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

DESPRECIO. V. tamén *Desdén y desprecio*.

6883. **A calquera cousa lle chaman [...].** [2472] (ms16)
(es) *A cualquier cosa le llaman rosa.* (R. Marín)

6884. **Anque che manchen o nombre, gazpacho eres.** (ms8,06r: La Coruña)

6885. **Bo puñado son tres moscas.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Valiente puñado son tres moscas.* (R. Marín)

6886. **De xente murona, líbreme Dios.** (ms-LU: seminarista anónimo: Terra Cha, LU)

6887. **Non hai desprecio como o non facer aprecio.** (ms16: Silvarrey)
(es) *No hay mayor desprecio que el no hacer aprecio.* (M. Kleiser)

6888. **O maor desprecio é non facer aprecio.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6889. **O paisano, comer e beber con il; facerlle pagar e romperlle o xarro na cabeza.** (ms15,43: Valle del Mao)

6890. **O que costa pouco, estímase menos.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

6891. **O que desprecia o ochavo, non chega ó carto.** (ms15,43: Lugo)

6892. **O santo da porta non ten devoción.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)

6893. **Quen o pouco desprecia, inda menos merece.** [2473] (ms10,004v: *D.E.*)

6894. **Xente de zocos, tropa do demo.** (ms8,04r: Lalín)

[2472] Este é o único caso no que sorprendemos un intento de traducir un refrán castelán, que quedou frustrado, e por iso quedou incompleto, ó non encontra-la forma de rimar *rosa* con *cousa*.
[2473] En ms10 s.v. *Despreciar*.

DESPREOCUPACIÓN

6895. **Ande eu quente e que se ría a xente.** (mc: C.A.)
Var.: *Ande eu quente e ríase a xente.* (ms16: *D.E.*)
(pt) *Ande eu quente e ria-se a gente.* (Chaves) (es) *Andeme yo caliente y ríase la gente.* (Correas) */ ms16: Z.*

6896. **Bailar ben e bailar mal, todo é bailar.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Bailar bien y bailar mal, todo es bailar.* (Correas)

6897. **Cando a sartén vexas mover, non te botes a correr.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bretoña, A Pastoriza, LU)

6898. **Com'e bebe e ponte gordo e, se te chaman, faite xordo.** [2474] (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)

6899. **Comamos, bebamos e runflemos que, ó cabo, morrer temos.** (ms16: *D.E.*)

6900. **Come ben e caga forte, e non teñas medo á morte.** [2475] (ms5,029)

6901. **Come e bebe, e ponte gordo; e se te mandan traballar, faite xordo.** [2476] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6902. **Come e folga e terás vida boa.** (ms16: *D.E.*)

6903. **Comer e beber e pete á porta quen dispois viñer.** (ms16: *D.E.*)
Var.: *Comer e beber e pete á porta quen viñer.* (*D.E.*)

6904. **Come, durme e engorda e se te chaman faite a xorda.** (ms16: *D.E.*)

6905. **Chova que neve, quen ten sede bebe.** (ms-SA: José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)

6906. **Decir que digan, que tamén de Deus dixeron.** [2477] (ms16 e ms10,002v: *D.E.*)
(es) *Digan que de Dios dijeron.* (H.)

6907. **Diga a miña veciña e teña meu fol fariña.** [2478] (mc e ms15,11: A.I.)
Var.: *Diga a mala veciña e teña o meu fol fariña.* (ms16: *D.E.*)
(pt) *Diga minha vizinha e tenha meu saco farinha.* (Chaves) (es) *Diga mi vecina, y*

[2474] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Sibaritismo*.
[2475] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Sibaritismo*.
[2476] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Sibaritismo*.
[2477] En ms10 s.v. *Decir*.
[2478] ms15,11: *teña o meu fol*.

tenga mi costal harina. (Correas) / *Hable mi vecina y tenga mi cofre harina.* (Z.)
Contra la murmuración.

6908. **O dito logo pasa e o proveito queda na casa.** [2479] (mc: M.L.)
Var.: *O dito axiña pasa i-o proveito queda na casa.* (ms16: *D.E.*)
(es) *El dicho se pasa, y el provecho se queda en casa.* (R. Marín) / *La murmuración luego pasa y la hacienda se queda en casa.* (Correas)

6909. **Que chova que neve, quen ten sede bebe.** (mc, ms4: A.S.A. / ms4: Carballedo.F.V.S. / ms16: *D.E.*)
Var.: *Que chova, que xíe, dálle auga ó corpo cando a sede a pide.* (*D.E.*) / *Que chova, que neve, cando teñas sede, bebe.* (Lugo)
(es) *Llueva o nieve, cuando tengas hambre, come; y cuando tengas sed, bebe.* [2480] (R. Marín).

6910. **Ríase a miña veciña e teña o meu fol fariña.** (ms21,03r: Bermés)

6911. **Ríase a miña veciña i-o meu fol teña fariña.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

6912. **Tanto dá xabrón coma fío negro.** [2481] (ms16 e ms10,047v: *D.E.*)

6913. **Ten o pecado da vella: tanto lle dá polo que vai como polo que vén.** [2482] (mc, ms16 e ms11,54: Incio)
(pt) *Tanto me dou por chut como por arre.* (Chaves) (es) *Tanto me da ser de Rita como de Alcalá.* (Correas) / *Tanto me dió por oíste como por arre.* (Id.)

6914. **Todos se rin del i-el de todos.** (ms16: Lugo)
(es) *Todos se ríen dél y él de todos.* (Correas)

DESQUITE

6915. **Engana a quen te engane e dispois pase o que pase.** (ms16: *D.E.*)

6916. **Ó que te engane unha vez, engánao se podes tres.** [2483] (ms16 e ms10,012r: *D.E.*)
(es) *A quien te engañe una vez, engáñale tu diez.* (R. Marín)

DESTINO

6917. **A todo se chegará.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

6918. **Cada mosca fai a súa sombra.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Cada mosca tiene su sombra.* (Correas)

6919. **Cada un é pró que é.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6920. **Deixa o mundo como está, que ti non lle vas a arreglar nada.** (ms8,56r: Silvarrey)

6921. **En dúas cousas somos iguales: en nacer i-en morrer.** (ms5,041: *El Compostelano*, 1938, 1939 y 1940)
Entresacado de los artículos sobre folklore gallego publicados por Lence-Santar en *El Compostelano* de Santiago de Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940.

6922. **Este mundo eiquí queda.** (ms6,01v)

6923. **Moitos morren porque os matan i-outros porque se lles vai o alento.** (ms8,53v: Trives)
Var.: *Moitos morren porque os matan i-outros porque paran de alentar.*

6924. **O paxaro naceu pra volar i-o home pra traballar.** (ms15,41: Castroverde)

6925. **O que naceu barrigudo, importa pouco enfaixalo.** (ms15,13)

6926. **O toxo non sal de toxo por floreado qu'esteña.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6927. **Pra ter fertuna non val cencia nin cousa algunha.** [2484] (ms16 e ms10,019v: *D.E.*)
Var.: *Contra a fertuna non hai forza algunha.* (*D.E.*)
(es) *A fuerza de fortuna, no vale ciencia ni arte alguna.* (Correas)

6928. **Quen de unha sai, pra dúas é.** (ms15,45v: Guntín)

6929. **Sei que hei de morrer e sei dónde e cándo.** (ms-SA: Freire López: Padrón, C)

6930. **Un día pra morrer non ha de faltar.** [2485] (mc: Lugo)

6931. **Un día pra morrer non ha de fallar.** (ms6,01v)

6932. **Unhos nacen con estrela e outros nacen estrelados.** (mc, ms4 e ms16: J.T. / ms4: F.V.S.)
(es) *Unos nacen con estrella, y otros sin ella.* (R. Marín)

[2479] ms: *y o*.
[2480] ms16: *Llueva que nieve*
[2481] En ms10 s.v. *Miscelánea* coas indicacións *Dar* e *Indiferencia*.
[2482] Indica *Desdén* no ms.
[2483] En ms10 s.v. *Engaño*.
[2484] En ms10 s.v. *Fortuna*. En bo galego un esperaría *ningunha*, o que pode ser indicio de importación.
[2485] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

6933. **Unhos nacen con estrela i-autros sin ela.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

6934. **Unhos nacen deitados e outros de pé.** [2486] (mc, ms4 e ms16: M.V. / ms10: *D.E.*)

(es) *Unos nacen para cibera, y otros para piedra moledera.* (R. Marín) */ Unos nacen con estrella, y otros nacen estrellados.* (Id.) (ct) *Uns naixen ab una flor al cul, i altres ab una banya.* (Alberola) */ Uns naixen en "estrella" y atres en esquella.* (Alberola)

Clases sociales. (ms10)

6935. **Unhos nacen pr'espellos e autros pr'escarabellos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6936. **Uns nacen con estrela e outros sin ela.** (ms16: Lugo)

(es) *Unos nacen con estrella y otros sin ella.* (R. Marín)

6937. **Uns nacen pra moer e outros pra ser moídos.** [2487] (ms16 e ms10,041r: *D.E.*)

(es) *Unos nacieron para moler y otros para ser molidos.* (Correas)

6938. **Uns nacen pra santos e outros pra pés de bancos.** [2488] (mc, ms4 e ms16: A.S.A. / ms10: *D.E.*)

DESTREZA

6939. **Quen mata a abella, sabe máis que ela.** [2489] (ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)

DESTRUCCIÓN

6940. **Máis destroi o polvo que a piqueta.** [2490] (mc e ms16: Tuiriz)

6941. **Máis fácile é desfacer que facer.** [2491] (ms16 e ms10,004v: *D.E.*)

(es) *Más fácil es derrocar que edificar.* (R. Marín)

6942. **Un árbore córtase nunha hora e non se cría en vinte anos.** (ms5,029)

6943. **Unha desfeita todo o arrasa e desaxeita.** [2492] (ms10,004v: *D.E.*)

DESUSO

6944. **Casa pechada, casa esborrallada.** (ms16: *D.E.*)

[2486] ms4: *Uns nacen*; ms16: *i outros*; ms10: *Us nacen*.
[2487] En ms10 s.v. *Moler*.
[2488] ms4 e ms10: *Us nacen*.
[2489] Indica *Destreza*.
[2490] mc: *destruye*
[2491] En ms10 s.v. *Deshacer*.
[2492] En ms10 s.v. *Destrozo*.

DEUDAS.

V. tamén *Comercio, Empeños, Fiar, Jurídicos y similares, Malgastar, Pagos, Préstamos*.

6945. **A débeda e o labor sempre veñen ao pior.** (ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

6946. **A deuda e o labor quedan pra o pior.** [2493] (mc e ms16: F.B.B.)

Var.: *A deuda e o labor, sempre agardan polo peor.* (mc e ms16: Carballino) [2494] */ A deuda e o labor sempre veñen ó pior.* (mc e ms16: M.V.) */ A débeda i-o labor sempre veñen a pior.* (ms16: *D.E.*)

6947. **A deuda e o labor sempre veñen ó pior.** (ms21,25r: Bermés)

6948. **A deuda e o labor sempre veñen ó pior.** (ms-SA: Francisco Luna Bande)

6949. **A deuda i-o labor, agarda pró pior.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6950. **A diñeiros pagados, brazos crebados.** [2495] (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)

Var.: *A diñeiro dado, brazo crebado.* (ms16 e ms10,006r: *D.E.*) [2496]

(es) *A dineros pagados, brazos quebrados.* (Correas) */ A dineros tomados, brazos quebrados.* (S.)

6951. **A quen non debo, non temo.** [2497] (mc e ms16: F.B.B. / ms10,002r: *D.E.*)

(es) *El que teme, algo debe.* (Sbarbi)

6952. **A quen non debo, non teño medo.** [2498] (mc e ms16: M.L.)

(es) *El que teme algo debe.* (Sbarbi) */ Quien no debe no teme.* (R. Marín)

6953. **A rico non debas e a probe non prometas.** [2499] (mc e ms16: F.B.B. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

(pt) *Ao rico não devas, ao pobre não prometas.* (Chaves) */ Ao pobre não prometas e ao rico não faltes.* (Id.) (es) *A rico no prometas, y a pobre no fallezcas.* (Correas) */ Al rico no prometas y al pobre*

[2493] ms4: *prior*.
[2494] ms16: *pior*.
[2495] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Pagos* (*Pagos anticipados*).
[2496] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2497] ms10: *non lle temo*. / En ms10 s.v. *Deber*. / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Deudores* (*Nadie sea deudor*).
[2498] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Deudores* (*Nadie sea deudor*).
[2499] ms: *y-a, pormetas*; ms-LU: *y a, pobre*.

no faltes. (Sbarbi) (ct) *Al ric no degues y al pòbre no prometes.* (Alberola)

6954. **As disculpas non pagan deudas.** (ms8,27v e ms16: Silvarrey)

6955. **Cando chove e fai sol, tempo de paga-las débedas.** [2500] (mc e ms16: A.I.)

6956. **De quen non debe nada, bo é unha migalla.** [2501] (ms10,002r: *D.E.*)

6957. **Deitarse sin débeda e erguerse co ela non é boa aquela.** [2502] (ms16 e ms10,002r: *D.E.*)

6958. **En débeda se mete quen fía ou promete.** [2503] (ms10,002r: *D.E.*)

6959. **Fuxir o deber, que o pagar é certo.** (mc e ms16: Buciños)

6960. **Máis vale deuda vella que enclava nova.** (ms5,029)

6961. **Niste tempo o que paga o que debe empeña o que ten.** (mc e ms16: Tuiriz, Monforte-F.V.S.)

Var.: *Niste tempo, quen paga o que debe, empeña o que ten.* (Tuiriz, M.)

6962. **Non hai prazo que non se cumpla nin deuda que non se pague.** (mc e ms16: Sarria)

(pt) *Não há prazo que não acabe, nem dívida que se não pague.* (Chaves) (es) *No hay plazo que no se cumpla, ni deuda que non se pague.* (R. Marín) */ No hay plazo que non llega, por largo que sea.* (Id.)

6963. **Non hai plazo que non cheghe e deuda que non se paghe.** [2504] (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

6964. **O deber non é pecado.** [2505] (ms16 e ms10,002r: *D.E.*)

6965. **O máis malo é deber, que pagar certo ha de ser.** (mc / ms4: F.V.S.)

Var.: *O máis malo é o deber, que pagar certo ha ser.* (mc e ms16: Lugo)

6966. **O que come os meus bés, pague as miñas deudas.** (mc e ms16: Buciños)

6967. **O que debe e paga, non debe nada.** [2506] (mc e ms16: Palas de Rei-F.V.S. / ms10,002r: *D.E.*)

(es) *Quien debe y paga, cuenta saldada.* (R. Marín)

6968. **O que debe sabe ben canto debe.** [2507] (ms16 e ms10,002r: *D.E.*)

6969. **O que debe, ten que pagar.** [2508] (mc e ms16: Buciños / ms16: Lugo)

(es) *Quien vos debe que vos pague.* (Correas)

6970. **O que moito bebe, tarde paga o que debe.** (ms8,15r: Silvarrey)

6971. **O que nada debe, nada teme.** (mc e ms16: R. Caruncho)

(pt) *Quem não deve, não teme.* (Chaves) (es) *Quien nada debe, nada teme.* (R. Marín)

6972. **Ó rico non debas, ó pobre non ofrezas.** (ms-SA: Francisco Luna Bande)

6973. **Pra pagar e morrer, alá tarde, mal e nunca.** (ms e ms16: Carballino)

Var.: *Pra pagar e morrer, alá tarde e nunca.* (Carballino)

(pt) *Para pagar e morrer, sempre é tempo de o fazer.* (Chaves)

6974. **Quen sen deber queira ser debedor, fágase fiador.** (mc e ms16: F.B.B.)

(es) *Quien sale por fiador, suele salir pagador.* (Sbarbi)

6975. **Trampas nunca pagaron deudas.** [2509] (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

DEUDORES. V. tamén *Deudas*.

Deudores tramposos e insolventes

6976. **Andar a pago non pago non é de homes fidalgos.** (ms16: *D.E.*)

6977. **De deber a pagar hai moito camiño que andar.** [2510] (ms16 e ms10,002r: *D.E.*)

6978. **Home tramposo e muller mintireira, na casa de quen os queira.** [2511] (mc e ms16: M.V. / ms21,24v: Bermés)

Var.: *Home tramposo e muller mentireira, doullos a quen os queira.* (ms16 e ms10,028v: *D.E.*) [2512]

[2500] *Cando chove e fai sol, tempo de pagal-as débedas.* / mc: *pagar as deudas*; ms16: *pagar as débedas*.
[2501] En ms10 s.v. *Deber*.
[2502] En ms10 s.v. *Deuda*.
[2503] En ms10 s.v. *Deuda*.
[2504] *Non hay plazo que non cheje e deuda que non se paje*.
[2505] En ms10 s.v. *Deber*.
[2506] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Deudores* (*Nadie sea deudor*). / En ms10 s.v. *Deber*.
[2507] En ms10 s.v. *Deber*.
[2508] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Pagos*.
[2509] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Deudores* (*Deudores tramposos e insolventes*).
[2510] En ms10 s.v. *Deber*.
[2511] ms: *mentireira*.
[2512] En ms10 s.v. *Hombre*.

(es) *Hombre tramposo y mujer embustera, no en mi casa ni por mi acera.* (R. Marín)

6979. **Home tramposo e muller mintireira, na casa de quen os queira.** (ms21,24v: Bermés)

6980. **O deber é tan antigo como non pagar.** (ms16 e ms10,002r: *D.E.*)

Var.: *O deber é xa moi vello.* (ms16 e ms10,002r: *D.E.*) [2513]

(es) *El deber es muy antiguo.* (R. Marín) / *El deber es tan antiguo como el no pagar.* (R. Marín)

6981. **Trampas non pagan deudas.** (mc: Pidre-F.V.S. / ms16: Sarria, Ferreira de Pantón)

INCONVENIENTES DE SER DEUDOR

6982. **O que algo está a deber non dorme como quer.** [2514] (ms16 e ms10,002r: *D.E.*)

(pt) *O que deve não reposa como quer.* (Chaves) (es) *El que algo debe no reposa como quiere.* (Z.)

6983. **O que debe, non dorme, i-o que cobra, descansa.** [2515] (mc e ms16: Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)

(pt) *O que deve não repousa como quer.* (Chaves) (es) *El que debe, no descansa como quiere o no reposa.* (R. Marín)

6984. **O que debe, non é seu o que ten.** (mc e ms16: Lugo)

6985. **Se tes pra Páscoa unha débeda, logo che se vai á coresma.** [2516] (ms16 e ms10,083r: *D.E.*)

Var.: *Debe algo pra Pascoa e serache corta a Coresma.* (ms16: Lugo)

(es) *Debe algo para Pascua y hacérsete ha corta la Cuaresma.* (Hernán Núñez)

6986. **Ter e deber non é ter.** (ms-SA: seminarista anónimo: Terras do Deza, PO / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

Nadie sea deudor

6987. **Ó pobre non ofrezas i-ó rico non debas.** [2517] (mc: Buciños)

Var.: *Ós ricos non deas y-ós probes non ofrezas.* (ms4: Pidre-F.V.S.) / *A rico non debas e a probe non ofrezas.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *Ao pobre não prometas e ao rico não faltes.* (Chaves) / *Ao rico não devas, ao pobre não prometas.* (Id.) (es) *Ni ofrezcas a pobre, nin debas a rico.* (Sbarbi) / *Ni a rico debas ni a pobre prometas.* (Hernán Núñez)

6988. **O que debe e paga, boa camisa lava.** [2518] (mc e ms16: Buciños / ms4: F.V.S.)

Var.: *O que debe e paga, viste camisa lavada.* (ms15,08 / ms16: *D.E.* / ms18,74r: A.S.A.) [2519]

6989. **O que debe e paga, fai unha festa.** (ms4: G.S. y A.)

6990. **O que debe e paga, ten dolor e sana.** (ms21,13r: Bermés)

6991. **O que debía e pagou, tiña dolor e sanou.** (mc e ms16: M.V.)

Var.: *O que debía e pagou, tiña door e sandou.* (mc e ms16: F.B.B.)

(es) *Quien debe y paga, descansa.* (R. Marín)

6992. **O que debía e pagou, tiña dolor e sanou.** (ms-SA: Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)

6993. **O que paga e debe, sabe o que lle queda.** (ms8,13v e ms16: La Cañiza)

6994. **O que paga o que debe, descansa.** (ms16: Sarria)

Var.: *O que paga, descansa.* (mc: Sarria)

(pt) *Quem paga dívida, faz cabedal.* (Chaves) (es) *Quien debe y paga, descansa.* (R. Marín) / *Quien paga descansa y cobra confianza.* (Id.) / *Quien paga descansa y quien cobra echa panza.* (Id.)

6995. **O que paga o que debe, desempeña o que ten.** (mc e ms16: Buciños)

(es) *Paga lo que debes, verás lo que tienes.* (Sbarbi)

6996. **O que paga o que debe, todo o que lle queda é seu.** [2520] (ms10,075r: *D.E.*)

6997. **Ó rico non debas e ó pobre non ofrezas.** (ms21,28r: Bermés)

6998. **Ó rico non debas i-ó pobre non prometas.** [2521] (mc e ms16: Lugo)

Véase *Ó pobre non prometas...*

6999. **Ó rico non lle debas i-ó probe non lle ofrezas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

7000. **Paga o que debes e saberás do mal que padeces.** (ms16: *D.E.*)

[2513] En ms10 s.v. *Deber*.
[2514] En ms10 s.v. *Deber*.
[2515] ms-LU: *e o que*.
[2516] ms10: *logo se che vai*. En ms10 s.v. *Pascua* coa indicación *Deudores*.
[2517] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Deudas*.
[2518] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Deudas*.
[2519] ms18,74r: *veste a camisa*.
[2520] En ms10 s.v. *Pago* coa indicación *Deudores*.
[2521] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Deudas*.

7001. **Paga o que debes e saberás do mal que padeces.** [2522] (ms10,075r: *D.E.*)

7002. **Paga o que debes e saberás o que tes.** (mc e ms16: Carballedo / ms4: F.V.S.)

Var.: *Paga o que debes e saberás o que che queda.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *Paga o que deves, saberás o que te fica.* (Chaves) (es) *Paga lo que debes, y sabrás lo que tienes.* (mc: Correas / ms16: Z.) / *Paga lo que debes y sabrás lo que te queda.* (Correas)

7003. **Paga o que debes e serás señor do que tes.** (ms16: *D.E.*)

7004. **Paga un, descansan dous.** (mc e ms16: Mondoñedo / ms4: F.V.S.)

7005. **Pago por pago non é pecado.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

7006. **Quen debe e paga boa festa fai.** [2523] (ms16 e ms10,002r: *D.E.*)

DEVOCIÓN. V. tamén *Religiosos y morales*.

7007. **Á igrexa hase ir de voluntá, á guerra de necesidá e ó convite nin de necesidá nin de voluntá.** (ms16: *D.E.*)

7008. **Bota ó Corpiño, que inda que o demo non teñas, faiche santiño.** (ms-SA: seminarista anónimo: Besexos, Vila de Cruces, PO)

7009. **Cando trona, todos acordan de santa Bárbara.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

7010. **Canto máis culto, máis limosna.** (ms)

7011. **Do san Juan ó san Miguel, nin misa nin rosario nin muller.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)

7012. **Dous** [sic] **romaxes por xaneiro, san Amaro é o primeiro.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)

7013. **Hai quen solo se acorda de santa Bárbara cando trona.** (mc e ms16: Buciños)

Var.: *Poucos son os que se acordan de santa Bárbara mentras non trona.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Nadie se acuerda de Santa Bárbara hasta que truena.* (Sbarbi)

7014. **Na igrexa, cantar; na casa, chorar.** (ms16: *D.E.*)

(es) *En la iglesia, cantar y en casa, llorar.* (Correas)

7015. **Na igrexa, rezar; na praza, calar; na casa, falar hastra escachar.** [2524] (ms16 e ms10,030v: *D.E.*)

7016. **O que vai pró mar persínase na terra.** (ms16: Santiago)

7017. **Sea santo que fore, ora pro nobis.** [2525] (ms: M.V.)

Var.: *Sea o santo que queira, ora pro nobis.* (ms16: Sober) / *Seia o santo que fore, ora pro nobis.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Sea el santo que fuere, ora pro nobis.* (R. Marín)

DIABLO. V. tamén *Demo, Demonio, Diaño, Religiosos y morales, Trasno*.

7018. **A capa tapa o diablo, pero o rabo sale fóra.** [2526] (mc)

7019. **A quen co demo anda, o boi se lle esmanca.** (ms21,05v: Bermés)

7020. **Alá vai o demo revolto despois do sol posto.** [2527] (ms16 e ms10,003v: *D.E.*)

7021. **Algunha vez di o demo a verdade.** [2528] (ms16 e ms10,003v: *D.E.*)

7022. **Ás veces o demo é un porco e revístese de mil maneiras.** (ms15,44: Lugo)

7023. **Ben sabe o demo a quén atenta e a besta a quén leva.** [2529] (mc: M.V. / ms16 e ms10,003v: *D.E.*)

Var.: *Ben sabe o demo a quen percura e a besta a quen derruba.* (M.V. / ms16 e ms10,003v: *D.E.*)

7024. **Ben sabe o demo a quen percura e a besta a quen leva.** (ms: M.V.)

7025. **Ben sabe o demo o frangallo que racha.** [2530] (ms16 e ms10,003v: *D.E.*)

7026. **Cando o demo durme, súa nai descansa.** (mc e ms16: C.A.)

7027. **Cando o demo non ten que facer, co rabo se torna as moscas.** [2531] (mc: C.A. / ms16: *D.E.*)

Var.: *Cando o demo non ten qué facer, en algo se ha de entreter.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Cuando el diablo no tiene que hacer, saca lo suyo al sol, y mata moscas.* (Correas)

7028. **Cando o demo reza, engañarte quer.** [2532] (mc / ms4: F.V.S.)

[2522] En ms10 s.v. *Pago* coa indicación *Deudores*.
[2523] En ms10 s.v. *Deber*.
[2524] En ms10 s.v. *Iglesia*.
[2525] Contén a indicación *Indiferencia* no ms. / ms4: *Sea o santo*.
[2526] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.
[2527] En ms10 s.v. *Demonio*.
[2528] En ms10 s.v. *Demonio*.
[2529] mc: *i-a besta*. / Refrán e variante en ms10 s.v. *Demonio*.
[2530] En ms10 s.v. *Demonio*.
[2531] ms16: *co rabo torna*.
[2532] Variantes en ms10 s.v. *Demonio*.

Var.: *Cando o demo reza, non é de creer.* (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms16 e ms10,003v: *D.E.*) [2533] / *Cando o demo reza, algunha cousa quer.* (ms16 e ms10,003v: *D.E.*)

(pt) *Quando o diabo reza, enganar-te quer.* (Chaves) (es) *Cuando el diablo reza, engañarte quiere.* (Correas)

Reprende a los hipócritas y generalmente a todos los que en buenas apariencias encubren dañada intencion. (Sbarbi)

7029. **Cando vai torta o demo a endereita.** (ms10,031r: *D.E.*)

7030. **Dá o demo escontra a pedra e non sempre creba.** (ms16: *D.E.*)

7031. **Dar mal pago; así fai o demo a quen-o sirve.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

7032. **Demoños non son santos.** (mc e ms16: A.N.)

7033. **Detrás da cruz está o demo.** [2534] (mc e ms16: Sarria)

(pt) *Detrás da cruz está o diabo.* (Chaves) (es) *Detrás de la cruz está el diablo.* (Correas) / *Después de la cruz está el diablo y solo a buena razón el engaño.* (R. Marín)

7034. **Fai unha o demo pra que lle crean un cento.** [2535] (mc: Corme / ms21,08r: Bermés)

Var.: *O demo fai unha pra que lle crean cen.* (ms5,045 e ms16: Cebrero)

7035. **Grande é o demo e naide o quere.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

7036. **Grande é o demo e non hai quen o queira.** [2536] (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Silvarrey / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

7037. **Indo por un camiño encontrei o demo o meu ladiño.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

7038. **Invitaron o demo a unha merenda i dixéronlle que era de pequenos e rapaces e dixo que nun aceutaba porque sabían máis qu'el.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

7039. **Máis sabe o demo por vello que por sabio.** (ms4: F.V.S.)

Var.: *Máis sabe o demo por ser vello que por ser demo.* (ms16: *D.E.*)

7040. **Na fariña do demo, todo se volve salvado.** (mc: Leite de Vasconcellos-F.V.S.)

Var.: *Fariña que trai o demo logo se volve farelo.* (ms16 e ms10,003v: *D.E.*) [2537]

(es) *La harina del diablo todo se vuelve salvado.* (R. Marín)

Figuradamente se aplica a lo mal ganado, que se malgasta y se pierde.

7041. **Non é o demo tan feo como o pinta o medo.** [2538] (ms16 e ms10,003v: *D.E.*)

7042. **Non ha de estar sempre o demo detrás da porta.** [2539] (ms16 e ms10,003v: *D.E.*)

7043. **Nunca o diaño fixo empanada que non quixera a millor tallada.** [2540] (ms16 e ms10,011r: *D.E.*)

7044. **O demo anda por todas as cabezas.** (ms15,23)

7045. **O demo as fai e o demo as colle.** (ms-SA: Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C)

7046. **O demo as fai e o demo as xunta.** (mc e ms16: Santiago)

7047. **O demo as tapa e o demo as destapa con tamboril e gaita.** [2541] (ms16 e ms10,003v: *D.E.*)

7048. **O demo ben sabe a quén atenta.** (mc e ms16: Santiago)

7049. **O demo coxo inda ás veces corre máis que outro.** [2542] (ms16 e ms10,003v: *D.E.*)

7050. **Ó demo e á muller nunca lles falta que facer.** [2543] (ms16 e ms10,003v: *D.E.*)

7051. **O demo é gaiteiro e toca o pandeiro.** (mc / ms16: Lugo)

7052. **O demo é unha vaca e non hai quen a muxa.** (mc e ms16: Corme)

7053. **O demo é vello i-o tempo é sabio.** [2544] (ms16 e ms10,003v: *D.E.*)

7054. **O demo ensiña a pecar pero non a rezar.** [2545] (ms16 e ms10,003v: *D.E.*)

7055. **O demo ensiña a romper máis non a compoñer.** [2546] (ms16 e ms10,003v: *D.E.*)

7056. **O demo non desfai cruces.** (ms5,057)

Var.: *O demo non fai cruces.* (ms16: Silvarrey)

7057. **O demo non é santo.** [2547] (ms16 e ms10,003v: *D.E.*)

[2533] ms16 e ms10: *crer*.
[2534] V. *Tras da cruz está o demo* en *Religiosos y morales*.
[2535] ms21,08r: *pa que*.
[2536] ms-LU: *grand'é, quen'o queira*.
[2537] En ms10 s.v. *Demonio*.
[2538] En ms10 s.v. *Demonio*.
[2539] En ms10 s.v. *Demonio*.
[2540] En ms10 s.v. *Empanada*.
[2541] En ms10 s.v. *Demonio*.
[2542] En ms10 s.v. *Demonio*.
[2543] En ms10 s.v. *Demonio*.
[2544] En ms10 s.v. *Demonio*.
[2545] En ms10 s.v. *Demonio*.
[2546] En ms10 s.v. *Demonio*.

7058. **O demo non fai empanada que de ela non coma.** [2548] (ms5,138: Nogales)

7059. **O demo nunca dorme.** (mc e ms16: S.V. Ribas de Miño)

(pt) *O diabo não tem sono.* (Chaves) (es) *El diablo no duerme y todo lo añasca.* (Sbarbi)

7060. **O demo os seus quere.** [2549] (mc e ms16: A.S.A.)

7061. **O demo que as fai, descóbreas.** [2550] (mc, ms11,43 e ms16: Fonsagrada-F.V.S.)

Var.: *O demo as arma e o demo as desarma.* (ms16 e ms10,003v: *D.E.*) [2551]

(es) *El diablo tiene una capa que aparentando tapar, destapa.* (R. Marín)

7062. **O demo que as fai, sempre deixa o rabo fóra.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

7063. **O demo sabe máis por vello ca por demo.** [2552] (ms: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

7064. **O demo sempre deixa o rabo fóra.** (mc: Fonsagrada-F.V.S. / ms11,43: Comarca de Fonsagrada)

7065. **O demo sempre está facendo mazarocos.** (ms16: Sober)

7066. **O demo ten calzós de maragato.** (mc e ms16: Muros)

7067. **O demo ten cara de coello.** [2553] (mc: Sarria / ms16: Lugo / ms10,047v: *D.E.*)

Var.: *Vei que o demo ten cara de coello.*

(es) *El diablo tiene cara de conejo.* (Sbarbi) */ El diablo tiene cara de cochino.* (Id.) (ct) *El dimòni té cara de pòrc.* (Alberola)

Se dice cuando se oye algo raro e inexplicable.

7068. **O demo ten dúas capas: con unha tapa e con outra destapa.** (ms8,34v: Silvarrey)

7069. **O demo tira da manta e todo o destapa.** [2554] (ms16 e ms10,003v: *D.E.*)

7070. **O demo xa sabe a quén xuntou.** (mc e ms16: Santiago)

7071. **O demo, nas que fai, sempre deixa o rabo fóra.** (mc: Fonsagrada / ms16: Sarria)

(es) *Tiro el diablo de la manta y se descubrió el pastel.* (Sbarbi)

Lo malo por muy oculto que se haga, ha de salir al descubierto.

7072. **O demo, p'as facere, ten unha manta, e p'as descubrire, unha gaita.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

7073. **O demo, pa facelas, cubre unha manta, e pa descubrilas toca unha flauta.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

7074. **O demo, para facelos, tapa con unha manta, e para descubrilos toca unha gaita.** (ms-SA: M. González Fernández)

7075. **O demo, pra facelas, cobre unha manta, e pra desfacelas toca unha gaita.** [2555] (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

7076. **O demo, prás facer, pon unha manta e, prás descubrir, toca unha gaita.** (mc e ms16: M.V.)

Var.: *O diaño, cando as fai, viste unha manta, e cando as desfai, toca unha flauta.* (ms16: Sober) / *Cando o demo as fai, viste unha manta, e cando as desfai, toca unha frauta.* (ms16: Sober)

(pt) *O diabo cobre com a capa e descobre com o chocalho* (ou *com o rabo*). (Chaves) (es) *El diablo promete secreto y lo descubre luego.* (R. Marín) */ El diablo tapa el mal hecho para que te confíes, después tira de la manta y se ríe.* (Id.) */ El diablo tiene una capa que aparenta solo tapar / y destapa.* (Id.) */ El diablo tiene una capa que lo que por un lado tapa por otro lo destapa.* (Id.) */ La capa del diablo nunca tapa por todos los lados. / El diablo lo hace y lo traza, y el diablo lo tapa con una manta, y el diablo lo saca con un tamborino a la plaza.* (Correas)

7077. **O fruto do demo florece e non grana.** (ms16: Sober)

7078. **O paxaro no paxar, os nidos nos árboles, e o demo tentando os que lle parecen suaves.** (ms-SA: Luís Vázquez Veiga)

7079. **O que anda co demo, Dios non-o pode axudar.** [2556] (mc e ms16: J.A.P.)

7080. **O que co demo cava a viña, o demo lla vendimia.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

7081. **O que fai raña, o demo o caña.** (ms21,08v: Bermés)

[2547] En ms10 s.v. *Demonio*.
[2548] ms16: *que dela non coma*.
[2549] ms4 e ms10: *quer*. En ms10 s.v. *Miscelánea* coa indicación *Demo*.
[2550] ms11,43: *qu'as fai*.
[2551] En ms10 s.v. *Demonio*.
[2552] ms-LU: *U demo, que por demo*.
[2553] En ms10 s.v. *Miscelánea* coa indicación *Demo*.
[2554] En ms10 s.v. *Demonio*.
[2555] *O demo, p'ra facel'as, cobre unha manta; e p'ra desfacel'as, toca unha gaita*.
[2556] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Dios* (*Ayuda de Dios*).

7082. **Onde non pode mete-la cabeza o diaño, mete o rabo.** [2557] (ms16: *D.E.*)

7083. **Onde o demo non mete a cabeza, mete o rabo.** (ms16: Lugo)

(es) *Donde no puede meter la cabeza el diablo, mete el rabo.*

7084. **Ou a Dios ou ó demo ninguén deixa de servir, sinón os que sirven a entrambos.** [2558] (mc e ms16: M.V. / ms21,30v: Bermés)

7085. **Por fondo que o demo cave, todo se lle sabe.** [2559] (ms16 e ms10,003v: *D.E.*)

7086. **Quen co demo anda, co demo acaba.** (ms16: *D.E.*)

7087. **Quen co demo anda, o boi se lle esmanza.** [2560] (mc e ms16: A.S.A.)

Var.: *O que co demo traballa, os bois se lle desmandan.* (ms16: *D.E.*)

7088. **Quen co demo cava a viña, co demo a vendima.** (mc: J.A.P. / ms16: *D.E.* / ms18,76r: A.S.A.)

(pt) *Quem com o demo cava a vinha, com ele a vindima.* (Chaves) (es) *Quien con el diablo cava la viña, con el diablo la vendimia.* (R. Marín)

7089. **Quen perdeu e non achou, co demo andou.** [2561] (mc e ms16: A.S.A.)

7090. **Se o demo nos ha de levar, que nos leve en coche.** [2562] (ms16 e ms10,003v: *D.E.*)

7091. **Tal é o demo como a súa nai.** (mc e ms16: Correas)

Var.: *Tan bo é o demo como a súa nai.* (ms16 e ms10,047v: *D.E.*) [2563]

(pt) *Tal é o demo como sua mãe.* (Chaves) (es) *Tal es el demo, como la su madre.* (Correas)

7092. **Todo o demo é demo.** (mc e ms16: M.L.)

7093. **U demo éche moi listo; ten contigo sempre un Cristo.** (ms-SA: Pedro Pontes García)

7094. **Un demo a outro non lle achega os tizós ó pelexo.** (ms16: *D.E.*)

7095. **Vai que o demo ten cara de coello.** [2564] (mc e ms16: Buciños)

DIAÑO. V. tamén *Demo, Demonio, Diablo, Jurídicos y similares, Religiosos y morales, Trasno.*

7096. **Ben se ri o diaño cando o famento dá ó farto.** (ms10,005v: *D.E.*)

7097. **Cando toma corpo o diaño, vístese de abogado.** (ms10,005v: *D.E.*)

7098. **Onde non pode mete-la cabeza o diaño, mete o rabo.** (ms10,005v: *D.E.*)

7099. **¿Que diaño fixeches e de onde saliches que á túa nai non viches e pai non tiveches?** (ms10,005v: *D.E.*)

7100. **Tanto leva o diaño o roubado como o ben ganado.** (ms10,005v: *D.E.*)

DÍAS. V. tamén *Lunes, Martes, Mañana, Sábado.*

7101. **A cada día abóndalle a súa malicia.** [2565] (ms16 e ms10,005r: *D.E.*)

7102. **A cada día hai que darlle o seu.** [2566] (ms16 e ms10,005r: *D.E.*)

7103. **A día craro, escuro nubrado.** [2567] (ms10,005r: *D.E.*)

7104. **A día tolo, camiñante afouto.** [2568] (ms10,005r: *D.E.*)

7105. **A tres días de alegrías, trinta días de agonías.** (ms10,006r: *D.E.*)

7106. **Alá se foi o día dispois da posta do sol.** [2569] (ms16 e ms10,005r: *D.E.*)

(es) *Allá van los días, después del sol puesto.* (Z.)

7107. **Algún día será Domingo e Martes de Antroido.** [2570] (ms16 e ms10,005r: *D.E.*)

7108. **Anda de día, que a noite é miña.** (mc: Tuiriz / ms16: La Cañiza / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

Consejo del diablo.

7109. **Cada día que amañece, novas cousas acontecen.** (ms16: *D.E.*)

7110. **Cada día vemos cousas novas.** [2571] (ms10,005r: *D.E.*)

7111. **Comenza a crece-lo día pola santa Lucía.** [2572] (ms10,005r: *D.E.*)

13 dic.

7112. **Como vén o vintesete, así vén o mes siguiente.** [2573] (ms16: Santa Eulalia de Bóveda / ms21,16v: Bermés)

[2557] *Onde non pode metela cabeza o diaño, mete o rabo.*
[2558] ms21,30v: *sin t'os que*.
[2559] En ms10 s.v. *Demonio*.
[2560] mc e ms16: *esmansa*.
[2561] mc: *n'hachou*.
[2562] En ms10 s.v. *Demonio*.
[2563] En ms10 s.v. *Demo*.
[2564] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.
[2565] En ms10 s.v. *Día*.
[2566] En ms10 s.v. *Día*.
[2567] En ms10 s.v. *Día*.
[2568] En ms10 s.v. *Día*.
[2569] En ms10 s.v. *Día*.
[2570] En ms10 s.v. *Día*.
[2571] En ms10 s.v. *Día*.
[2572] En ms10 s.v. *Día*.

7113. **Día a día, morreuse miña tía.** [2574] (ms10,005r: *D.E.*)

7114. **Día de aúno, vispra de santo.** [2575] (ms10,005r: *D.E.*)

7115. **Día de casamento, día de contento.** [2576] (ms10,005r: *D.E.*)

7116. **Día de néboa bo día espera, se non chove ou neva.** [2577] (ms10,005r: *D.E.*)

7117. **Día de San Martiño todo o viño é bo viño.** [2578] (ms10,005r: *D.E.*)

7118. **Día nubrado engana ó ano.** [2579] (ms10,005r: *D.E.*)

7119. **Día tras día, maio vai fóra.** [2580] (ms10,005r: *D.E.*)

7120. **Día tras día vanse indo os anos.** [2581] (ms16 e ms10,005r: *D.E.*)

7121. **Día tras día, semana ó cabo.** [2582] (ms4: M.L. / ms16 e ms10,005r: *D.E.*)

7122. **Día virá que o que hoxe canta, chorará.** [2583] (ms10,005r: *D.E.*)

7123. **Día virá que teña peras o meu peral.** [2584] (ms10,005r: *D.E.*)

7124. **Días de maio, tan longos sodes, que morro de fame e morro de amores.** (ms10,006r: *D.E.*)

7125. **Dispois do día vén a noite.** [2585] (ms16 e ms10,005r: *D.E.*)

7126. **Domingo, lunes e martes, festa en todas partes.** (ms8,75v: O. de Rey)

7127. **En martes lardeiro, moito vento e poucas noces.** [2586] (ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

7128. **En martes non te cases nin te embarques nin a túa ceba mates.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

7129. **En martes non te cases nin te embarques.** (ms-SA: Francisco Ageitos Pérez: Corrubedo, Ribeira, C)

7130. **En martes o teu porquiño non mates.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

7131. **En viernes e en martes non te cases nin te embarques.** (ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

7132. **En viernes e martes non te cases nin te embarques.** (ms-SA: Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C)

7133. **Hai días en que non se pode saír da casa.** (ms6,03v: *D.E.* Dispersos)

7134. **Mata o martes e a lúa non cates.** (ms5,138: Jesús Taboada, "Folklore de Verín" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*. t. XV, 1959, cuadº 3º)

7135. **Mozos do lunes e bois do sábado non valen ochavo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

7136. **Ni no viernes ni no martes, nin te cases nin te embarques.** (ms-SA: Manuel Boado Vázquez: Santa María dos Ánxeles, Boimorto, C)

7137. **Nin o viernes nin o martes, non te cases nin te embarques nin o teu porquiño mates.** (ms-SA: Julio Barreiro Fernández, San Miguel de Vilar, Touro, C / ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

7138. **No martes nin te cases nin te embarques.** (ms-SA: Jesús Acuña Garrido: Vilaboa, PO)

7139. **No martes non te cases nin t'embarques.** [2587] (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago)

7140. **No martes non te embarques nin te cases.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

7141. **Non hai día que non chegue nin prazo que non se acabe.** [2588] (ms16 e ms10,005r: *D.E.*)

7142. **Non hai día sin noite nin noite sin día.** [2589] (ms16 e ms10,005r: *D.E.*)

7143. **Non hai día sin tarde.** [2590] (ms16 e ms10,005r: *D.E.*)

7144. **Non pasan os días en van.** [2591] (ms10,047v: *D.E.*)

[2573] V. *Si chove o vintesete, chove o mes siguiente, si o trinta ou o primeiro non menten* e variantes en *Agrícolas* (*Meteorológicos*).
[2574] En ms10 s.v. *Día*.
[2575] En ms10 s.v. *Día*.
[2576] En ms10 s.v. *Día*.
[2577] En ms10 s.v. *Día*.
[2578] En ms10 s.v. *Día*.
[2579] En ms10 s.v. *Día*.
[2580] En ms10 s.v. *Día*.
[2581] En ms10 s.v. *Día*.
[2582] En ms10 s.v. *Día*.
[2583] En ms10 s.v. *Día*.
[2584] En ms10 s.v. *Día*.
[2585] En ms10 s.v. *Día*.
[2586] *Febreiro faille as contas a xaneiro en martes lardeiro, moito vento e poucas noces*.
[2587] *No martes non te cases nin ten barques*.
[2588] En ms10 s.v. *Día*.
[2589] En ms10 s.v. *Día*.
[2590] En ms10 s.v. *Día*.
[2591] En ms10 s.v. *Miscelánea* coa indicación *Días*.

7145. **Ó bo día ábrelle a porta e ó malo enferróllalla.** [2592] (ms16 e ms10,005r: *D.E.*)
Var.: *Ó bo día ábrelle a porta e pró malo aparéllate.* (ms16 e ms10,005r: *D.E.*) / *O bo día méteo na casa.* (ms16 e ms10,005r: *D.E.*) / *Pró bo día abre a porta e pró malo entórnaa.* (ms16 e ms10,005v: *D.E.*)

7146. **O día da boda deixade a novia que se compoña.** [2593] (ms10,005r: *D.E.*)

7147. **O día de san Lucas mata o teu porco e barra as túas cubas.** [2594] (ms10,005v: *D.E.*)
18 oct.

7148. **O día neboento pón a un morriñento.** [2595] (ms10,005v: *D.E.*)

7149. **O día que é de perder non é de ganar.** [2596] (ms16 e ms10,005v: *D.E.*)

7150. **O día que me casei boa cadea me botei.** [2597] (ms10,005v: *D.E.*)

7151. **O día que miña muller amasa hai alegría na casa.** [2598] (ms10,005v: *D.E.*)

7152. **O día que non se barre entra na casa quen non se sabe.** [2599] (ms10,005v: *D.E.*)

7153. **O día que te cases ten coidado non te manques.** [2600] (ms10,005v: *D.E.*)

7154. **O día trece, si é martes, non te cases nin te embarques.** (ms-SA: J. M. Barral Sánchez)

7155. **O martes día trece a terra desaparece.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

7156. **O martes e o viernes non cortes nin plantes nin a túa filla cases.** (ms-SA: José Castro López: Sobrado dos Monxes, C / ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

7157. **O martes nin ceba mates nin filla cases.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

7158. **O martes nin te cases nin te embarques nin o teu porquiño mates.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

7466. **O que se levante cedo, ve a súa vida e mais a allea.** (ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C / ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

7467. **O que se para no camiño, chega tarde ó muíño.** (ms-SA: José Porto Buceta: Portas, PO)

7468. **O que ten andado, non o ten por andar.** (mc: Buciños)

7469. **O que ten boca, non di "¡asopra!"** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

7470. **O que ten boca, non lle digha a outro sopla.** [2705] (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

7471. **O que vai á misa ou ó muiño, non se pare no camiño.** (mc, ms4 e ms16: J.P. / ms4: F.V.S.)

7472. **O que vai prá misa e pró ferreiro, non espere polo compañeiro.** [2706] (ms21,13v: Bermés)

7473. **O que veña atrás, que arree.** (mc: M.V.)

(es) *Quien venga detrás que harree.* (R. Marín)

7474. **O tempo non agarda por ninguén.** [2707] (mc: La Coruña / ms10,127r: *D.E.*)

7475. **O último mono sempre se afoga.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *El último mono es el que se ahoga.* (R. Marín)

7476. **Onde un non corre, non cansa.** (mc: M.V.)

7477. **Orelliña, si vas á leña e vés cedo, dareiche a merenda; si vés tarde, sin hora, dormirás fóra.** (mc: Camba)

7478. **Pouco importa madrugar, si o cordón non ten ferrete.** (mc: La Coruña)

[2699] *O que ha levaló demo, poñerllo â porta.* / ms4: *porllo â porta*.

[2700] *U que madruga Dio*(*s*) *lo axuda*.

[2701] *O que madruga, Diol-o axuda, si é con bon fin.* / ms16: *Dios o axuda*. / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Dios* (*Ayuda de Dios*).

[2702] ms16: *mañán*; ms-SA: *podas, pa mañan*. As dúas últimas variantes en ms10 s.v. *Hacer*.

[2703] En ms10 s.v. *Dejar*.

[2704] O orixinal di *O que primeiro que ~~vay~~ a o muiño e o pr*[...] *de moie.* Por outros refraneiros sabemos que a segunda parte do refrán é *é o primeiro que moie / moe*.

[2705] *O que ten boca non lle dija a outro sopla*.

[2706] *O que vai pra misa e pro ferreiro non espere pol'o companeiro*.

[2707] ms10: *ninguién*. / En ms10 s.v. *Tiempo*.

7479. **Pra mal sentado, direito.** (ms8,56r: Meda)

7480. **Pra mañá deixa que comer, non deixes que facer.** (ms-LU: seminarista anónimo: Viveiro, LU)

7481. **Prá misa e prá feira non esperes pola compañeira.** (ms9,03v: Meda, Orense)

7482. **Prá misa e pró moín non esperes polo vecín.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

7483. **Prá misa e pró muíño non agardes polo veciño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

7484. **Prá misa e pró muíño non esperes polo teu veciño.** (ms-SA: José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)

7485. **Prá misa e pró muíño non esperes polo veciño.** [2708] (mc: Sarria / ms4: F.V.S. / ms16 / ms-LU: seminarista anónimo: Pol, LU / ms-LU: Tres seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo)

Var.: *Prá misa e pró muín non esperes polo vicín.* (Fonsagrada) / *Prá misa e pró moíño nunca esperes por u veciño.*

(pt) *Para a missa e para o moinho, não esperes pelo teu vizinho.* (Chaves) (es) *Para ir a misa o al molino, no esperes por el vecino.* (R. Marín)

7486. **Prá misa e pró muíño non se espera polo veciño.** [2709] (ms21,12r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

7487. **Prá misa e pró moíño nunca esperes poro veciño.** [2710] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

7488. **Prá misa e pró sermón, chamar si, esperar non.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

7489. **Prá misa e pró souto non hai que esperar un por outro.** [2711] (mc: M.V. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms21,29r: Bermés / A. Darriba Míguez / ms10,124r: *D.E.*)

Var.: *Prá misa e pró souto non hai que esperar moito.* (ms16 e ms10,0040r: *D.E.*) [2712]

7490. **Prá misa e pró tren non esperes por ninguén.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

7491. **Pró puesto e pró ferreiro nun esperes por u compañeiro.** (ms)

7492. **Quen a raposa ha de engañar, cómprelle madrugar.** (mc: A.N.)

(pt) *Quem a raposa há-de enganar, muito tem que madrugar.* (Chaves) (es) *Quien la raposa ha de engañar, cúmplele madrugar.* (Jara)

7493. **Quen chega tarde, nin oi misa nin come carne.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

7494. **Quen tarde vai ó mercado, compra sólo rostroballo.** [2713] (ms15,18r. / ms16: Trapero)

7495. **Quen teña boca, que non diga a outro "¡sopla!"** [2714] (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

7496. **Sacristán, non durmas, que están os santos ás escuras.** (mc: Buciños)

7497. **Si queres dormir ben, que non che dea o sol na cama.** [2715] (mc: Santiago)

7498. **Sin regla nin compás, cousa boa non farás.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)

DINERO. V. tamén *Malgastar, Riqueza y dinero*.

7499. **A hucha sin diñeiro é coma o prado sin rego.** [2716] (ms16 e ms10,030v: *D.E.*)

7500. **Agora que teño moeda, xa podo cantar se me peta.** [2717] (ms16 e ms10,041r: *D.E.*)

7501. **Ande o diñeiro, que é ben lixeiro.** [2718] (ms16 e ms10., 006r: *D.E.*)

7502. **Baraxa diñeiro, sea teu, sea alleo.** (ms16: Agro)

(es) *Ten dinero tuyo o ajeno.* (R. Marín)

7503. **Baraxa e diñeiro, sea teu o[u] alleu.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

7504. **Cando a morte chega, de nada val ter moeda.** (ms5,121: Trapero)

7505. **Cando o probe ten diñeiro non ten carne o carniceiro.** (ms10,006r: *D.E.*)

7506. **Cartos a créditos pairen becerros.** (ms-SA: seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)

[2708] ms-LU: *por o veciño*; ms-LU: *Pra o muiño*. / Na variante do castelán de R. Marín: ms: *a tu vecino.*

[2709] *Pra misa e pro muiño non se espera pol'o veciño*. / ms-LU: *por o viciño*.

[2710] O orixinal di *Pra Misa e pro moiño nunca esperes por u veciño*.

[2711] ms-LU: *n-hai*. / En ms10 s.v. *Soto*.

[2712] En ms10 s.v. *Misa*.

[2713] ms16: *restroballo*.

[2714] *Que teña boca, que non diga a outro "sopla"*.

[2715] mc: *dé*. / V. *Si queres ter boa fama, que non che dea o sol na cama* en *Trabajo*.

[2716] V. *A hucha sin centeo é como o prado sin rego* en *Agrícolas* (*Generales*). En ms10 s.v. *Hucha*.

[2717] En ms10 s.v. *Moneda*.

[2718] En ms10 s.v. *Dinero*.

7507. **Con diñeiro e facenda allea ninguién se deita con cea.** (ms10,006r: *D.E.*)

7508. **Chéireme a min a bulsa e fédache a ti o alento.** (ms16: *D.E.*)

7509. **De diñeiro e santidade, a mitá pola mitade.** [2719] (mc: C.A.)

Var.: *De diñeiro e bondá, a mitá da mitá.* (ms16 e ms10,006r: *D.E.*) / *De diñeiro e santidá quita sempre a mitá.* (ms16 e ms10,006r: *D.E.*) / *En falando de diñeiro e santidá, a mitá da mitá.* (ms16 e ms10,006v: *D.E.*) / *De diñeros e bondades, a mitá das metades.* (ms16 e ms10,006r: *D.E.*)

(pt) *De dinheiro e santidade, a metade da metade.* (Chaves) (es) *Di dineros y bondad -o y calidad-, la mitad de la mitad.* (R. Marín) / *De dineros y bondad, siempre quita la mitad.* (Id.) / *En dinero y santidad, la mitad de la mitad.* (R. Marín) (ct) *De diners o de bondat, la mitat de la mitat.* (Alberola)

7510. **De diñeiros e bondad, quita sempre a mitad.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

7511. **Diñeiro é o que diñeiro vale.** [2720] (ms16 e ms10,006r: *D.E.*)

(es) *Dinero es lo que dinero vale.* (R. Marín)

7512. **Diñeiro esquencido non fai mercede nin fai amigo.** [2721] (ms16 e ms10,006r: *D.E.*)

7513. **Diñeiro teña o meu amo, que lle sobrarán criados.** (ms10,006v: *D.E.*)

7514. **Diñeiros e amores mal se encobren.** [2722] (ms16 e ms10,006v: *D.E.*)

(es) *Dineros y amores mal se encubren.* (R. Marín)

7515. **Diñeiro, si no é lealtá, menos aínda da mitá.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Dinero, siso y lealtad es menos de la mitad.* (Correas)

7516. **Diñeiro, siso e lealtá, menos aínda da mitá.** (ms10,006v: *D.E.*)

7517. **Dous andares ten o diñeiro: vén despaciño e vaise lixeiro.** [2723] (ms16 e ms10,006v: *D.E.*)

7518. **En pasar o río ou dar diñeiro, nunca sexas o primeiro.** (ms16: Agoada)

7519. **Encargos sin diñeiro non pasan do recadeiro.** (ms10,006v: *D.E.*)

7520. **Meu diñeiro manso ¿quen te volveu bravo?** [2724] (ms16 e ms10,006v: *D.E.*)

(es) *Mis dineros mansos ¿quién me los hizo bravos?* (Correas)

7521. **Non hai amigo como os cartos.** (mc)

Var.: *O millor amigo, a bulsa.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Dineros, los únicos amigos verdaderos.* (R. Marín)

7522. **Non hai diñeiro coma o primeiro.** [2725] (ms16 e ms10,006v: *D.E.*)

7523. **Non hai mal máis verdadeiro que o de non ter diñeiro.** [2726] (ms16 e ms10,035v: *D.E.*)

7524. **Non hai millor amigo que on peso no bolsillo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)

7525. **O corazón do home son os cartos.** (ms8,59v: Lugo)

7526. **O diñeiro bo i-o malo gástanse de contado.** [2727] (ms16 e ms10,006v: *D.E.*)

7527. **O diñeiro da Habana pouco custa e pouco dura.** (mc: A.S.A. / ms16: La *Vida Gallega*, Cuba, 01-1956)

Aplícase a los emigrantes.

7528. **O diñeiro do avarento a ningún lle dá contento.** (ms10,006v: *D.E.*)

7529. **O diñeiro do ruín gástase dúas veces sin se lucir.** (ms10,006v: *D.E.*)

7530. **O diñeiro do sogro afúndese en preitos todo.** (ms10,006v: *D.E.*)

7531. **O diñeiro do usureiro dá dez voltas ó quinteiro.** (ms10,006v: *D.E.*)

7532. **O diñeiro do xogo vaise logo.** (ms10,006v: *D.E.*)

7533. **O diñeiro é calado: a ninguén di si foi roubado.** [2728] (ms16 e ms10,006v: *D.E.*)

7534. **O diñeiro é de quen o agarra, a groria é de quen a gana.** [2729] (ms16 e ms10,006v: *D.E.*)

(es) *El dinero es de quien lo agarra, y la gloria de quien la gana.* (R. Marín)

7535. **O diñeiro é gran cabaleiro.** (ms10,006v: *D.E.*)

7536. **O diñeiro é madeira seca.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

[2719] As variantes en ms10 s.v. *Dinero*.
[2720] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2721] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2722] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2723] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2724] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2725] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2726] En ms10 s.v. *Mal*.
[2727] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2728] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2729] En ms10 s.v. *Dinero*.

Non hai cousa máis pronta.

7537. **O diñeiro é o amo do mundo enteiro.** (ms10,006v: *D.E.*)

7538. **O diñeiro é pra contalo e as chaves pra gardalo.** (ms10,006v: *D.E.*)

7539. **O diñeiro é tan bo servidor coma mal señor.** [2730] (ms16 e ms10,006v: *D.E.*)

(es) *El dinero es tan mal amo como mal criado.* (M. Kleiser)

7540. **O diñeiro é tan mal amo como bo criado.** (ms16: *D.E.*)

7541. **O diñeiro é tan mal amo como tan mal criado.** (ms10,006v: *D.E.*)

7542. **O diñeiro en todo tempo é bo compañeiro.** [2731] (ms16 e ms10,006v: *D.E.*)

Var.: *O diñeiro sempre foi o mellor compañeiro.* (ms16 e ms10,007r: *D.E.*)

(es) *No hay tan buen compañero como el dinero.* (R. Marín)

7543. **O diñeiro en todo tempo vén a xeito.** (mc: Chantada / ms4: F.V.S.)

Var.: *O diñeiro sempre vén a xeito.* (ms16 e ms10,007r: *D.E.*) [2732]

(es) *El dinero nunca pierde tempero.* (R. Marín)

7544. **O diñeiro enche o bolsón a forza de pon e pon.** [2733] (ms16 e ms10,006v: *D.E.*)

7545. **O diñeiro foxe como a auga dun regueiro.** [2734] (mc e ms16: S.Victorio de R. de Miño. / ms10,007r: *D.E.*)

(es) *El dinero se ha hecho redondo, para que ruede.* (R. Marín) / *El dinero es voladero.* (R. Marín)

7546. **O diñeiro herdado, pouco custa e menos dura.** (ms18,37r)

7547. **O diñeiro nunca perde o tempero.** [2735] (ms16 e ms10,007r: *D.E.*)

(es) *El dinero nunca pierde el tempero.* (R. Marín)

7548. **O diñeiro que máis nos fai aledar é o que se sabe ganar e o que se sabe gastar.** [2736] (ms16 e ms10,007r: *D.E.*)

(es) *El dinero tiene más de un gozar: saberlo ganar y saberlo gastar.* (R. Marín)

7549. **O diñeiro vaise ó diñeiro e o folgar, ó cabaleiro.** (ms10,007r: *D.E.*)

7550. **O ouro é para o tesouro.** [2737] (ms16: Artaz)

(es) *Vase el oro al tesoro.* (Correas)

7551. **O que non se pode mercar con diñeiro non se pode vender por diñeiro.** (ms10,007r: *D.E.*)

7552. **O que ten cartos no bolsillo, non sempre ten que comer.** (mc e ms16: Santiago)

7553. **Os cartos fan moitos homes listos e moitos homes parvos.** (ms16: *D.E.*)

7554. **Pan cocido e cartos na man, a ver cál dura máis.** (ms5,136: Prado, Lalín)

7555. **Poucas peras se compran por un carto.** (ms21,30v: Bermés)

7556. **Quen diñeiro non ten que cobrar, moitas voltas ten que dar.** (ms10,007r: *D.E.*)

7557. **Quen precisa diñeiro vende ás veces a bulsa i-o pelexo.** (ms10,007r: *D.E.*)

7558. **Redonda é a moeda pra que rode e corra e vaia e veña.** [2738] (ms16 e ms10,041r: *D.E.*)

7559. **Reinos e diñeiros non queren compañeiros.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

7560. **Se o diñeiro é forte, máis forte é a morte.** (ms10,007r: *D.E.*)

7561. **Tanto vales como tes; se non tes máis que cen reás, non máis de cen valerás.** [2739] (ms10,135r: *D.E.*)

Adulación al dinero

7562. **Canto tes, canto vales.** (mc e ms16: Sarria)

Var.: *Tanto tes, tanto vales.* (ms4: F.V.S. / ms16: Lugo / ms10,128r: *D.E.*) [2740]

(pt) *Tanto tens, quanto vales.* (Chaves) / *Tanto tens, tanto vales.* (Id.) / *Tanto vales quanto hás e o saber por demais.* (Id.) / *Quanto tens, quanto vales*. (Id.) (es) *Tanto uno vale como lo que tiene y puede valer.* (Correas) / *Tanto vales como has, y tu haber de más.* (Id.) / *Cuanto tienes, cuanto vales.* (R. Marín) / *Tanto vales como tienes: si no tienes más que cien reales, no más de ciento vales; o non vales más de cien reales.* (Correas)

7563. **Canto tes, tanto vales.** (ms21,18r: Bermés)

[2730] ms10: *como mal señor*. En ms10 s.v. *Dinero*.
[2731] Refrán e variante en ms10 s.v. *Dinero*.
[2732] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2733] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2734] ms10: *coma a i-auga*. En ms10 s.v. *Dinero*.
[2735] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2736] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2737] V. *Corre o ouro pró tesouro* en *Dinero* (*Dinero productivo e improductivo*).
[2738] En ms10 s.v. *Moneda*.
[2739] En ms10 s.v. *Valer* coa indicación *Dinero*.
[2740] En ms10 s.v. *Tener*.

7564. **Con cartos na bulsa calquera runfa.** (ms16: *D.E.*)

7565. **Corre o fume pró fumeiro, corre pra que ten diñeiro.** [2741] (mc: Carballedo / ms4: F.V.S / ms16: Carballino / ms-LU: dous seminaristas anónimos: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU e Laiosa, O Incio, LU)

7566. **Corre o isqueiro pra quen ten diñeiro.** (ms16: Sober)

7567. **Dinche as campanas de Belén: "Valche quen ten".** (mc e ms16: Carballino)

(pt) *Vale quem tem.* (Chaves)

7568. **Glorias sin diñeiro é fume de palla.** (mc e ms16: C.A.)

7569. **Haxa diñeiro no bolsón que non faltará quen lle faga o son.** [2742] (ms16 e ms10,006v: *D.E.*)

7570. **Máis vale din de moeda que don sin renda.** [2743] (ms16 e ms10,006r: *D.E.*)

Var.: *Máis vale o din que o don.* (ms16 e ms10,006r: *D.E.*) / *O don sin din pouco me importa a min.* (ms16 e ms10,006r: *D.E.*) / *Máis vale din que don.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Más vale din de moneda que don sin renta.* (Correas) / *Más vale din que don.* (Correas)

7571. **Non hai amigo nin ermau, si non hai diñeiro na mau.** (ms-SA: José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C)

7572. **Non hai amigo nin irmán, se non hai cartos na man.** [2744] (mc e ms16: Santiago / ms16: Arzúa)

7573. **O fume no fumeiro corre pra o que ten diñeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

7574. **O fume no fumeiro corre pra quen ten diñeiro.** (mc: Tuiriz, Monforte / ms16: Tuimil-Monforte)

Véase *Fume, fumeiro...*

7575. **O fume tira pró fumeiro, prás nenas mocosas e prás que teñen diñeiro.** (ms9,15r: Silvarrey)

7576. **O fume vai pró fumeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

7577. **O que ten, vale, e o que non ten, non vale nada.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

7578. **Os cartos gustan a todos.** (ms15,44)

7579. **Quen ten cartos é fidalgo.** (ms16: Lugo)

Glosado en la canción popular: *Pasei pola túa porta; / troquei un can por un galgo; / o sangue todo é vermello, / quen ten diñeiro é fidalgo.*

7580. **Quen ten din, ten don.** [2745] (mc e ms16: Lugo / ms4: F.V.S. / ms10,009r: *D.E.*)

(es) *Quien tiene din tiene don.* (Correas)

7581. **Quen ten diñeiro, sempre anda no peneiro.** [2746] (ms16 e ms10,007r: *D.E.*)

7582. **Quen ten pan, non falta quen lle barra o chan.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

7583. **"Quen ten, val", din as campanas de Rendal.** (mc: *Terra de Melide*)

Var.: *Quen ten, val.* (mc / ms16: Sober) / *As campanas de Amiudal* (Orense) *din sempre que as repinican: Quen ten val, quen ten ten, val.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *Val quem tem.* (Chaves)

Aparece como estribillo en la copla popular: *As campanas d'Amiudal / cando repinican dicen: / Quen ten val, quen ten val.*

7584. **Se un peso tes, un peso vales.** (ms8,62r: Silvarrey)

7585. **Si ten cartos o velliño, untaráselle o fuciño; pro, si non-os ten, ulirá a sartén.** (mc e ms16: R. Caruncho)

(pt) *Tanto tens, quanto vales.* (Chaves) (es) *Tanto uno vale como lo que tiene y puede valer.* (Correas) / *Tanto vales como has, y tu haber de más.* (Id.) / *Tanto vales como tienes: si no tienes más que cien reales, no más de ciento vales.* (Id.)

7586. **Tanto é o teu valer como o teu ter.** [2747] (ms16 e ms10,135r: *D.E.*)

Var.: *Tanto vales canto tes.* (ms16 e ms10,135r: *D.E.*) / *Tanto vales como tes; se non tes máis de cen reás, non máis de cen valerás.* (ms16: *D.E.*)

AFICIÓN AL DINERO

7587. **Ben cheira o diñeiro inda que veña dun esterqueiro.** [2748] (ms16 e ms10,006r: *D.E.*)

(es) *A gloria huele el dinero, aunque se saque de un estercolero.* (R. Marín)

7588. **Bo é ter diñeiro e casa con pote, tixola e pucheiro.** [2749] (ms16 e ms10,006r: *D.E.*)

[2741] ms16: *no fumeiro*; ms16,ms-LU (Pacios), ms-LU (Laiosa): *pra quen*.
[2742] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2743] Refrán e variantes en ms10 s.v. *Dinero*.
[2744] mc: *hirmán, si non*.
[2745] En ms10 s.v. *Don*.
[2746] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2747] Tanto o refrán como a variante encóntranse en ms10 s.v. *Valer* coa indicación *Dinero*.
[2748] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2749] ms16: *tixela*. / En ms10 s.v. *Dinero*.

7589. **Déannos diñeiro e non nos dean consellos.** [2750] (ms16 e ms10,006r: *D.E.*)

(es) *Dineros quiero, y no consejos.* (R. Marín)

7590. **Diñeiro haxa, que gusto non falta.** [2751] (ms16 e ms10,006v: *D.E.*)

(es) *Dineros haya, que invención y gusto no falta.* (R. Marín)

7591. **Ninguén tira cos cartos.** (ms16: Lugo)

7592. **Os cartos andan apañados.** (mc e ms16: Buciños)

7593. **Os cartos, todos queren arrapañalos.** (ms16: *D.E.*)

Var.: *Os cartos gustan a todos.* (ms16: Lugo)

7594. **Por diñeiro baila o can e por pan, se llo dan.** [2752] (ms16 e ms10,007r: *D.E.*)

(es) *Por dinero baila el perro, y por pan si se lo dan.* (Correas)

Dinero productivo e improductivo

7595. **A prata anda a cotío detrás da prata.** [2753] (ms16 e ms10,097r: *D.E.*)

7596. **Corre o ouro pró tesouro.** [2754] (mc e ms16: *Terra de Melide* / ms16: *D.E.* / ms-SA: Manuel Boado Vázquez: Santa María dos Ánxeles, Boimorto, C)

Var.: *O ouro corre pró tesouro.* (F.V.S.) / *Vaise o ouro pró tesouro.* (ms16: *D.E.* / ms21,08r: Bermés)

(pt) *Dinheiro, ganha dinheiro.* (Chaves) (es) *Vase el oro al tesoro.* (Correas) / *Dinero ¿a dónde vas? A donde hay más.* (R. Marín) / *Dinero hace dinero* (Id.) / *Dinero llama dinero.* (Id.) (ct) *Dins fan dins.* (Alberola)

7597. **Diñeiro busca diñeiro.** [2755] (ms16 e ms10,006r: *D.E.*)

(pt) *Dinheiro ganha dinheiro.* (Chaves) (es) *Dinero hace dinero.* (R. Marín)

7598. **Diñeiro chama diñeiro pero é o máis ó menos.** [2756] (ms16 e ms10,006r: *D.E.*)

(es) *Dinero llama dinero; pero es lo más a lo menos.* (R. Marín)

7599. **Diñeiro gana diñeiro.** [2757] (ms16 e ms10,006v: *D.E.*)

7600. **Diñeiro que gardado está, non gana pan.** [2758] (ms16 e ms10,006v: *D.E.*)

(es) *Dineros que guardados están, no ganan pan: dineros que van y vienen a su amo mantienen.* (R. Marín)

7601. **Diñeiro que vai e vén, a seu dono mantén.** [2759] (ms16 e ms10,006v: *D.E.*)

(es) *Dineros que guardados están, no ganan pan: dineros que van y vienen a su amo mantienen.* (R. Marín)

7602. **Na hucha os cartos non medran pero axúntanse.** [2760] (ms16 e ms10,030v: *D.E.* / ms15,18)

Var.: *Os cartos na hucha non nacen pero gárdanse.* (*D.E.*)

7603. **O que sabe canto gana á noite, nunca rico morre.** (ms10,050r: Silvarrei / ms6,03v: *D.E.* Dispersos)

PELIGROS DEL DINERO

7604. **De rico a soberbio non hai palmo enteiro.** [2761] (mc e ms16: Velle / ms10,077r e ms10,109r: *D.E.*)

(pt) *De rico a soberbo não há palmo inteiro.* (Chaves) (es) *De rico a soberbio, no hay palmo entero.* (Sbarbi)

7605. **Moito ter e pouco valer logo botan un home a perder.** (ms16: *D.E.*)

7606. **O diñeiro trai os homes ó retorteiro.** [2762] (ms16 e ms10,007r: *D.E.*)

PODER DEL DINERO

7607. **Burro con ouro consígueo todo.** (mc e ms16: Buciños / ms4: F.V.S.)

Var.: *Burro cargado de ouro consígueo todo.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Donde el oro habla, todo calla.* (Sbarbi) (ct) *Ase d'òr, ho logra tot.* (Alberola)

7608. **Cando o diñeiro fala, todo cala.** (ms18,24r)

7609. **Cando o diñeiro fala, todos calan.** [2763] (mc: F.B.B. / ms: M.V. / ms16: *D.E.* / ms21,23r: Bermés)

(pt) *Quando o oiro fala, tudo cala.* (Chaves) / *Onde o ouro fala, a língua* (ou *tudo*) *cala.* (Id.) (es) *Cuando el dinero*

[2750] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2751] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2752] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2753] En ms10 s.v. *Plata* coa indicación *Dinero*.
[2754] ms-SA: *po tesouro*; ms16: (*T. de M.*): *pro tesouro*. / V. *O ouro é para o tesouro* en *Dinero*.
[2755] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2756] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2757] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2758] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2759] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2760] En ms10 s.v. *Hucha*.
[2761] ms10,077: *soberto, hai un palmo*. / En ms10,077 s.v. *Palmo* e en ms10,109r s.v. *Riqueza*.
[2762] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2763] V. *Onde o diñeiro fala, todos calan* en *Jurídicos y similares*.

habla, todos callan. (mc: Sbarbi / ms: R. Marín / ms16: C.C.) / *Donde don Dinero habla, todo el mundo calla.* (R. Marín)

7610. **Coa prata todo se alcanza.** [2764] (ms16 e ms10,097r: *D.E.*)

7611. **Diñeiro e vida compoñen casas e vilas.** [2765] (ms16 e ms10,006v: *D.E.*)
(es) *Dineros y vida componen villa.* (Hernán Núñez)

7612. **O diñeiro é cabaleiro.** (mc / ms4: F.V.S.)
Var.: *Don Diñeiro é gran cabaleiro.* (ms16 e ms10,006v: *D.E.*) [2766]
(es) *El dinero es gran caballero.* (R. Marín) / *El dinero hace caballero.* (R. Marín) / *Poderoso caballero es Don dinero.* (R. Marín)

7613. **O diñeiro fai ó cabaleiro.** [2767] (ms16 e ms10,006v: *D.E.*)
(es) *El dinero hace caballero.* (M. Kleiser)

7614. **O diñeiro fai o home enteiro.** [2768] (ms16 e ms10,007r: *D.E.*)
(es) *El dinero hace el hombre entero.* (Correas)

7615. **O diñeiro manda.** [2769] (ms16 e ms10,007r: *D.E.*)
Var.: *O diñeiro pódeo todo.* (ms16 e ms10,007r: *D.E.*)

7616. **O diñeiro racha as pedras.** (mc e ms16: F.B.B.)
(es) *El dinero hace milagros.* (Sbarbi)

7617. **Os cartos son cartos.** (ms15,44 / ms16: Lugo)

7618. **Ouro son trunfos.** (ms16: Lugo)
(es) *Oro son triunfos.* (R. Marín)

7619. **Quen diñeiro ten, merca o que quer.** [2770] (ms16 e ms10,007r: *D.E.*)
(es) *Quien dinero tiene, alcanza lo que quiere.* (H. Núñez)

7620. **Quen ten cartos, quita santos.** (ms16: Sober)
(es) *Quien tiene dineros, pinta panderos.* (R. Marín)

DIOS. V. tamén *Religiosos y morales*.

7621. **A boa herba gárdaa Dios.** (ms4: F.V.S.)

7622. **A cada un o seu e Dios con todos.** (ms10,007r: *D.E.*)

7623. **Alá me leve Dios onde nos atopemos todos nós.** (ms10,007r: *D.E.*)

7624. **Antes é Dios que os santos.** (ms16: Sober)

7625. **Ben gardado é o que a Dios garda.** [2771] (mc e ms16: Pidre-F.V.S.)
Var.: *Gardado é o que Dios garda.* (ms15,42: Aguada)

7626. **Ben gardado está o que Dios garda.** (ms-LU: seminarista anónimo: San Cristovo de Chamoso, O Corgo, LU)

7627. **Cando Dios quería, eu ben lonxe cuspía; agora que non podo, cuspo ó meu modo.** (ms10,007r: *D.E.*)

7628. **Dá Dios moas a quen non ten talladas.** (ms10,007r: *D.E.*)

7629. **Dá Dios mocos a quen non se sona.** (ms10,007r: *D.E.*)

7630. **Dá Dios que roer ó que lle faltan moas e dentes.** (ms10,007r: *D.E.*)

7631. **Dá Dios talladas a quen non ten dentamia.** (ms10,007r: *D.E.*)

7632. **Dar por Dios a quen ten máis que nós é cousa de parvos ou de papós.** (ms10,007r: *D.E.*)

7633. **Despois de Dios, a ola.** (mc e ms16: A.S.A.)
(es) *Después de Dios, la olla.* (Sbarbi) / *Después de Dios, la olla; que la casa de Quirós todo es bambolla.* (R. Marín) (ct) *Després de Deu, l'òlla.* (Alberola)

7634. **Despois de Dios, o pote.** (ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)

7635. **Digan, que de Dios dixeron e dispois inda o mataron.** (ms10,007r: *D.E.*)

7636. **Dio-los cría e o demo os axunta.** [2772] (ms10,047v: *D.E.*)

7637. **Dios amou a probeza.** (ms16: Lugo)
(es) *Dios amó la pobreza.* (R. Marín)

7638. **Dios axuda ó que se axuda.** (ms10,007r: *D.E.*)

7639. **Dios castiga e non da paus.** (ms10,007v: *D.E.*)

7640. **Dios consinte hastra ó que minte.** (ms10,007v: *D.E.*)

7641. **Dios che dea bés, se traballar qués.** (ms10,007v: *D.E.*)

7642. **Dios che dea o ben, e a casa en que o meter.** (ms10,007v: *D.E.*)

7643. **Dios che dea poder na vila e na tua casa fariña.** (ms10,007v: *D.E.*)

7644. **Dios che dea que teñas e casa en que o metas.** (ms10,007v: *D.E.*)

[2764] En ms10 s.v. *Plata* coa indicación *Dinero*.
[2765] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2766] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2767] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2768] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2769] Refrán e variante en ms10 s.v. *Dinero*.
[2770] En ms10 s.v. *Dinero*.
[2771] ms4: *é que Dios garda*.
[2772] En ms10 s.v. *Miscelánea* coa indicación *Dios*.

7645. **Dios che garde o que for do teu agrado, e o demais que o leve o diaño.** (ms10,007v: *D.E.*)

7646. **Dios dea a pereira e eu á beira.** [2773] (mc: A.C. *A Nosa Terra* / ms16: C.A.)

Var.: *Deus me de a pereira e a min á beira.*

7647. **Dios dea con que rir, que pra chorar hai abondo.** (ms10,007v: *D.E.*)

7648. **Dios dea que comer e con quen falar.** (ms15,17)

7649. **Dios dea traballos a quen os queira.** (ms10,007v: *D.E.*)

7650. **Dios diante e o carro que cante.** [2774] (mc e ms16: M.L.2 / ms10,007v: *D.E.*)

7651. **Dios dixo o que será pero non o que virá.** (ms10,007v: *D.E.*)

7652. **Dios é grande i-o mundo pequeno.** [2775] (ms16 e ms10,007v: *D.E.*)

Var.: *Dios é grande.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Dios es grande.* (Z.)

7653. **Dios e o mundo non poden andar xuntos.** [2776] (ms16 e ms10,007v: *D.E.*)

(es) *Dios y el mundo no pueden andar juntos.* (Correas)

7654. **Dios é pai e tempo é tempo.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)

7655. **Dios fai a mercede, mais tamén algo quere.** (ms10,007v: *D.E.*)

7656. **Dios fixo as bestas pra descanso dos homes.** (ms10,007v: *D.E.*)

7657. **Dios me apare mesón que a dona me faga algo e o mesoneiro, non** (ms10,007v: *D.E.*)

7658. **Dios me dea apego ó traballo e o demais que o leve o diaño.** (ms10,007v: *D.E.*)

7659. **Dios me garde de aprendiz novo e de barbeiro vello.** (ms10,007v: *D.E.*)

7660. **Dios me garde de home mal barbado e de lobo esfameado.** (ms10,008r: *D.E.*)

7661. **Dios no ceo e na terra o diñeiro.** (ms10,008r: *D.E.*)

7662. **Dios non axuda a quen non se axuda.** (ms10,008r: *D.E.*)

7663. **Dios non é vello pois nace tódolos anos.** [2777] (ms16 e ms10,008r: *D.E.*)

Var.: *Dios non é vello.* (ms16: Sarria) / *Dios nace tódolos anos.* (ms16: Lugo) / *Inda Dios non é vello.* (ms16: G.P.)

(es) *Dios no es viejo pero nace todos los años.* (R. Marín) / *Dios no es viejo.* (R. Marín) / *Dios nace cada año.* (R. Marín)

7664. **Dios non oi a quen non pide.** (ms10,008r: *D.E.*)

7665. **Dios non ten toucas, mais quita dunhas e pón noutras.** (ms10,008r: *D.E.*)

7666. **Dios nos dea con que riamos e non con que choremos.** (ms10,008r: *D.E.*)

7667. **Dios nos dea con que riamos, que pra sofrir tempo ha de sobrarnos.** (ms4: F.V.S.)

7668. **Dios nos dea moito pan e mala colleita.** (ms10,008r: *D.E.*)

7669. **Dios nos garde o millor, que é o xuicio.** (ms10,008r: *D.E.*)

7670. **Dios nos libre e garde dos que non nos sabemos librar nin gardar.** (ms10,008r: *D.E.*)

7671. **Dios pague a caridade e aumente a devoción.** (ms10,008r: *D.E.*)

7672. **Dios perdoa ó que a súa culpa chora.** (ms10,008r: *D.E.*)

7673. **Dios perdoe ós defuntos e con saúde os enterremos.** (ms10,008r: *D.E.*)

7674. **Dios poña tento nas túas mans.** (ms10,008r: *D.E.*)

7675. **Dios púxome sano e o médico levoume os cartos.** (ms10,008r: *D.E.*)

7676. **Dios que dá prá cea, dá prá candea.** (ms4: M.L.)

7677. **Dios sempre é novo.** (ms9,03v: Orense)

7678. **Dios te garde de amigo reconciliado, de can atado, de borracho irado e de home arroutado.** (ms10,008r: *D.E.*)

7679. **Dios te garde de ladrón da casa e de tolo de fóra da casa.** (ms10,008r: *D.E.*)

7680. **Dios te libre de alcalde novo e de escribano vello.** (ms10,008r: *D.E.*)

7681. **Dios te libre do mozo cando lle apunta o bozo.** (ms10,008r: *D.E.*)

7682. **Dios todo o oi e todo o ve e dálle ó home o que lle convén.** (ms10,008r: *D.E.*)

7683. **Dios vos manteña e máis que veña.** (ms10,008r: *D.E.*)

7684. **Dios dé pacencia i-on saco pra levala.** (ms8,68r: La Cañiza)

7685. **Dios sea loubado, que temos o curral ben estrado.** (ms10,008r: *D.E.*)

7686. **Dispois de Dios, o pote, a cazola e nós.** (ms10,008r: *D.E.*)

[2773] ms4: *beira*.

[2774] ms: *y o carro*; ms4: *Deos diante*; ms16: *i o carro*. / En ms10 s.v. *Dios*.

[2775] En ms10 s.v. *Dios*.

[2776] En ms10 s.v. *Dios*.

[2777] En ms10 s.v. *Dios*.

7687. **Do que é parvo e non sabe, Dios teña piedade.** (ms10,092r: *D.E.*)

7688. **En Dios espera pero, entramentras, [arrenda] as túas terras.** [2778] (ms10,008r: *D.E.*)

7689. **Fianza en Dios e botar a correr.** (ms-SA: Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C / ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

7690. **Fíate en Dios e non corras.** (ms10,008r: *D.E.*)

7691. **Gárdeme Dios de mozo rezador e de vello amador.** (ms10,008r: *D.E.*)

7692. **Hase facer o que Dios quixer.** (ms10,008v: *D.E.*)

7693. **Líbreme Dios de hora minguada e de xente que non teme nada.** (ms10,008v: *D.E.*)

7694. **Non dea Dios tanto ben ós amigos, que nos desconozan.** (ms10,008v: *D.E.*)

7695. **O Dios do usureiro é o diñeiro.** (ms10,008v: *D.E.*)

7696. **O moito teno Dios.** (mc e ms16: Santiago)

7697. **O que con Dios se deita, con Dios se ergue.** [2779] (mc e ms16: Santiago)

7698. **Pra bon labrador sólo Dios.** (ms16: Sober)

7699. **Primeiro é Dios e despois son os santos.** (ms21,01v: Bermés)

7700. **Primeiro é Dios que o demo.** [2780] (mc e ms16: Palas de Rey-F.V.S.)

7701. **Primeiro Dios e dispois nós.** (mc e ms16: Buciños)

7702. **Que Dios te socorra e a min non me desampare.** (ms10,008v: *D.E.*)

7703. **Quen con Dios queira falar, o corazón ten que abrir e os beizos ten que pechar.** [2781] (ms16 e ms10,008v: *D.E.*)

7704. **Quen ós lóstregos non teme, a Dios ofende.** [2782] (mc: M.V. / ms16: Lis Quibén / ms21,25v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / A. Darriba Míguez)

7705. **Se Dios me pon onde hai, xa arranxarei o demais.** (ms10,008v: *D.E.*)

7706. **Se Dios non me quer, o demo me roga.** (ms10,008v: *D.E.*)

7707. **Se Dios quer, non nos ha faltar que comer.** (ms10,008v: *D.E.*)

7708. **Sin defectos sólo Dios.** (ms16: Lugo)

7709. **Solo Dios é labrador.** (mc e ms16: Buciños)
El manda el tiempo propicio para las cosechas.

7710. **Tres cousas pediría, si Dios me has dese: a tea, o tear e a que tece.** (ms10,008v: *D.E.*)

7711. **Vivir como Dios manda, e morrer como Dios queira.** (ms10,008v: *D.E.*)

7712. **[...] quieto que Dios lle dá.** (ms-SA: Manuel Tojo Reboredo)

AMOR DE DIOS

7713. **A quen Dios quer ben, caille a sopa no mel.** [2783] (ms16 e ms10,007r: *D.E.*)

7714. **A quen Dios quer ben, o demo lle apaña a leña.** [2784] (mc e ms16: A.S.A.)
Var.: *A quen Dios quer, o demo lle apaña a leña.* (ms16: A.S.A)
(pt) *A quem Deus quer bem, o vento lhe apanha a lenha.* (Chaves) / *A quem Deus ajuda, o vento lhe junta a lenha.* (Id.) (es) *A quien Dios quiere bien, el viento le junta la leña.* (R. Marín) (ct) *A qui de vida muda, Deu li ajuda.* (Alberola)
Véase *A quen Dios quer ben, o vento...*

7715. **A quen Dios quer ben, o vento lle apaña a leña.** (mc)
Var.: *A quen Dios quer ben, o vento axúntalle a leña.* (ms16: *D.E.*) / *A quen Dios quer, o vento lle apaña a leña.* (ms16: Sober)
(pt) *A quem Deus quer bem, o vento lhe apanha a lenha.* (Chaves) / *A quem Deus ajuda, o vento lhe junta a palha.* (Id.) (es) *A quien Dios ama, el viento le junta la parva.* (R. Marín)

7716. **A quen Dios quer, a casa lle tella.** [2785] (ms16 e ms10,007r: *D.E.*)

7717. **A quen Dios quer, todo lle medra.** [2786] (ms16 e ms10,007r: *D.E.*)

7718. **Cando Dios nos quere, os santos nos axudan.** [2787] (mc e ms16: C.A. *A N. Terra*)

7719. **De Dios todo ben procede e ó que ama, todo lle concede.** (ms4: J.P.)

7720. **Dios a quen lle quere ben, ben lle sabe da casa.** [2788] (mc e ms16: Villamor-Caurel)

[2778] Aínda que Vázquez Saco recolle o refrán sen verbo na segunda parte da oración, no diccionario de Eladio Rodríguez só aparece *En Dios espera pero, entramentras, arrenda as túas terras*.
[2779] mc: *erge*.
[2780] ms: *qu'o*.
[2781] En ms10 s.v. *Dios*.
[2782] ms-LU e A. Darriba Míguez: *Deus*.
[2783] En ms10 s.v. *Dios*.
[2784] V. tamén *Ayuda de Dios*.
[2785] En ms10 s.v. *Dios*.
[2786] En ms10 s.v. *Dios*.
[2787] ms4: *non quere*.

7721. **Dios comigo, eu co El; El primeiro, eu tras El.** [2789] (ms16 e ms10,007v: *D.E.*)
(es) *Dios conmigo, yo con Él; Él delante, yo tras Él.* (Correas)

AYUDA DE DIOS

7722. **A non haber, Dios valer.** (mc e ms16: La Coruña)

7723. **A quen cedo se ergue Dios lle dá axuda.** [2790] (mc / ms16: Lugo)
Var.: *A quen madruga, Dios lle axuda.* / *A quen madruga, Dios o axuda.* (ms16: Lugo)
(pt) *A quem madruga, Deus ajuda.* (Chaves) (es) *A quien madruga, Dios le / lo ayuda.*

7724. **A quen Dios axuda, o vento lle apaña a leña.** [2791] (mc / ms16: Lugo)
Var.: *A quen Dios quer axudar, o vento apáñalle a leña.* (ms16: *D.E.*)

7725. **A quen Dios axuda, o vento lle xunta a palla.** (mc / ms16: Lugo)
(pt) *A quem Deus ajuda, o vento lhe junta a palha.* (Chaves) / *A quem Deus quer bem, o vento lhe apanha a lenha.* (Id.)

7726. **A quen Dios quere axudar, naide o pode dañar.** [2792] (mc e ms16: Santiago / ms-LU: seminarista anónimo: Santiago de Compostela, C)

7727. **Axúdate que Dios che axudará.** (ms-SA: M. González Fernández)

7728. **Axúdate que Dios te axudará.** [2793] (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO / ms-SA: Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO)

7729. **Dios dea salud que fame non ha faltar.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)

7730. **Dios di: "axúdate que eu te axudarei".** [2794] (mc e ms16: Sarria / ms4: F.V.S. / ms10,007v: *D.E.*)
Var.: *Axúdate que eu te axudarei.* (ms16: Sarria)
(pt) *Deus diz: faze tu que eu ajudarei.* (Chaves) (es) *Ayúdate tú, y Dios te ayudará.* (R. Marín) / *A Dios rogando y con el mazo dando.* (Id.) / *Dios dijo: ayúdate que yo te ayudaré.* (Sbarbi) / *Ayúdate que yo te ayudaré.* (R. Marín) (ct) *Deu, diu: ajudat y t'ajudaré.* (Alberola)

Dios no ayuda a quien no se ayuda.

7731. **Dios e vidas compoñen vilas.** [2795] (ms16 e ms10,007v: *D.E.*)
(es) *Dios y vida componen villa.* (Z.)

7732. **Dios faga o demais.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Dios haga lo demás.* (Correas)

7733. **Dios nola depare boa.** (mc: A.C. *A Nosa Terra* / ms16: C.A.)

7734. **Dios non axuda a que non se axuda.** (ms16: *D.E.*)
Var.: *Dios axuda a quen se axuda.* (ms16: *D.E.*)
(es) *Dios no ayuda a quien no se ayuda.* (R. Marín) / *Dios ayuda a los que se ayudan.* (R. Marín)

7735. **Dios nos dé con que riamos e non seian fillos charros.** [2796] (ms4: A.S.A.)

7736. **Dios nos dea con qué, que as ganas de comer non han de faltar.** [2797] (mc: A.C. *A Nosa Terra* / ms16: C.A.)
Var.: *Deus nos dé qué, que as ganas de comer veñen de seu.* (C.A.) / *Dios dea saúde que as ganas de comer elas han de vir* (ou *veñen de seu*). (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

7737. **Dios nos dea saúde e vamos vivindo.** (ms4: A.S.A.)

7738. **Dios nos día cousas arregladas.** [2798] (mc e ms16: Buciños)

7739. **Dios nos día mar que rompa.** (ms5,131)

7740. **Dios nos día moito e nos contente con pouco.** (mc e ms16: Buciños)

7741. **Dios nos día viño mentras vivamos, i-o ceo pra cando morramos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

7742. **Dios nos libre da boca do lobo.** [2799] (mc: Buciños-A.C. *A Nosa Terra* / ms16: C.A. / ms18,71r: A.S.A. / ms10, 033v: *D. E.*)

7743. **Dios nos libre do mal i-o ben que polo trono vén.** (mc e ms16: Buciños)

7744. **Dios nos manteña e veña o que veña.** [2800] (ms16 e ms10,008r: *D.E.*)
(es) *Dios nos mantenga, y más que venga.* (Correas)

7745. **Dios nos queira gardar do que non nos sabemos librar.** [2801] (ms16 e ms10,025v: *D.E.*)

[2788] ms16: *a quen quere ben*.
[2789] En ms10 s.v. *Dios*.
[2790] ms: *s'ergue*.
[2791] V. *A quen Dios quer ben, o vento lle apaña a leña* e variantes en *Dios* (*Amor de Dios*).
[2792] ms16: *quer axudar*.
[2793] ms-SA (Jesús R.): *t'axudará*.
[2794] ms4: *ch'axudarei*. / En ms10 s.v. *Dios*.
[2795] En ms10 s.v. *Dios*.
[2796] *Dios nos dè conque riamos, e non seyan fillos charros*.
[2797] ms4: *non nos han*.
[2798] ms16: *dea*.
[2799] En ms10 s.v. *Lobos*.
[2800] En ms10 s.v. *Dios*.
[2801] En ms10 s.v. *Guardar*.

(es) *Dios nos libre y guarde de lo que no nos sabemos librar ni guardar.* (Correas)

7746. **Dios nos teña da súa man e nos saque do inverno e nos meta no vran.** [2802] (ms16 e ms10,008r: *D.E.*)

(es) *Dios nos tenga de su mano, y nos saque del invierno y nos meta en el verano.* (Correas)

7747. **Dios nos teña da súa man.** (ms16: Lugo)

(es) *Dios sea con nosotros.* (R. Marín)

7748. **Dios te garde do can atado e do home arroutado.** [2803] (ms16 e ms10,025v: *D.E.*)

7749. **En canto un vai e outro vén, Dios dá o seu ben.** (ms10,031r: *D.E.*)

7750. **En canto un vai e outro vén, Dios dá o seu parabén.** (ms10,031r: *D.E.*)

7751. **En todo mal, Dios axuda.** (mc / ms16: Lugo)

(es) *Dios acude siempre a la mayor necesidad.* (R. Marín)

7752. **En Dios espera, pero mentras arrenda.** (mc e ms16: C.A.)

Ayúdate que Dios te ayudará.

7753. **Fai máis o que Dios axuda có que muito madruga.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

7754. **Gana máis o que Dios ll'axuda qu'o que moito madruga.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

7755. **Máis val'o que Dios axuda qu'o que moito madruga.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pol, LU)

7756. **Ó non ter, Dios valer.** (ms21,18r: Bermés)

7757. **Sempre Dios foi dando remedio.** (mc e ms16: Buciños)

7758. **Val máis a quen Dios axuda que a quen moito madruga.** (ms-SA: Eliseo López Varela / Francisco Canosa Quintáns / ms-SA: José Cornes Iglesias: Santiago de Buxán, Val do Dubra, C)

7759. **Vale máis a quen Dios axuda có que cedo madruga.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

7760. **Vale máis que Dios te axude c'un "axúdete Dios".** [2804] (ms, mc / ms16: Lugo)

7761. **Vale máis quen Dios axuda que quen cedo madruga.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

7762. **Vale máis quen Dios axuda que quen moito madruga.** [2805] (mc e ms16: A.I. / ms3: A.N.V. / ms16: *Enc.*)

Var.: *Fai máis o que Dios ll'axuda que o que moito madruga. / Millor vai quen Deus axuda que quen moito madruga.* (ms16: *Enc.*)

(pt) *Mais vale a quem Deus ajuda do que quem muito madruga.* (Chaves) (es) *Más vale a quien Dios ayuda que quien mucho madruga.* (R. Marín)

BONDAD DE DIOS

7763. **A auga fíxoa Dios i-o viño os homes: respetemos a auga e bebamos o viño.** (ms9,13r: Montefurado)

7764. **Asegún dá Dios a chaga, dá o remedio.** [2806] (mc e ms16: Buciños / ms4: F.V.S.)

(pt) *Deus assim como dá a doença dá o médico.* (Chaves) (es) *Cuando Dios da la llaga, da el remedio que la sana.* (Correas) (ct) *Deu que dona la plaga dona la medecina.* (Alberola)

7765. **Bon pan, mal pan, Dios día pan.** (ms8,07r: Lugo)

7766. **Bo, sólo Dios.** (ms16: Lugo)

(es) *Bueno es Dios.* (R. Marín)

7767. **Cada un na súa casa e Deus na de todos.** [2807] (mc e ms16: *Dicc. Ac.* / ms5,133: Mondoñedo)

(pt) *Cada um em sua casa e Deus na de todos.* (Chaves) (es) *Cada uno en su casa, y Dios en la de todos; que es padre poderoso.* (Correas) (ct) *Cada ú en sa casa y Deu en la de tots.* (Alberola) A

7768. **Cada un pra si e Dios para todos.** [2808] (mc e ms16: M.V.)

(pt) *Cada um para si e Deus para todos.* (Chaves) (es) *Cada uno por sí, y Dios por todos.* (R. Marín) */ Cada uno cuida de su negocio, y Dios del de todos.* (Correas) */ Cada uno para sí, y Dios para todos.* (Id.)

Mira o hace.

7769. **Cada un torna do seu e Dios do de todos.** (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms16: C.A.)

Var.: *Cada un terma do seu e Dios do de todos.*

7770. **Cando Dios dá, n'é cocho.** (mc e ms16: M.L.)

(pt) *Quando Deus dá é para todos.* (Chaves) (es) *Cuando Dios da, no es escaso.* (R. Marín) */ Cuando Dios da, para todos da.* (Correas)

7771. **Cando Dios dá, non é migalleiro.** (ms16: *D.E.*)

[2802] En ms10 s.v. *Dios*.
[2803] En ms10 s.v. *Guardar*.
[2804] mc e ms16: *que un*.
[2805] ms e ms16: *Val mais*.
[2806] ms4: *remedeo*.
[2807] mc, ms5, 133 e ms16: *Dios*
[2808] mc, ms2, ms3 e ms4: *pra todos*.

7772. **Cando Dios amanece, pra todos estrelece.** (mc e ms16: C.A. *A Nosa Terra*)

Var.: *Cando Dios amañece, pra todos amañece.* (ms16 e ms10,007r: *D.E.*) [2809]

(es) *Cuando amanece para todos, amanece.* (Z.)

7773. **Dá Dios a cada un o frío como é a manta.** (mc e ms16: Buciños)

(pt) *Dá Deus a roupa conforme o frio.* (Chaves) */ Dá Deus o frio conforme a roupa.* (Id.) (es) *A cada cual da Dios frío, como ande vestido.* (Hernán Núñez)

7774. **De hora a hora Dios mellora.** [2810] (mc e ms16: J.P.)

Var.: *En pequena hora Dios obra e millora.* (ms16 e ms10,030r: *D.E.*) [2811] */ Nunha hora Dios mellora.* (ms16: J.P.)

(pt) *De hora a hora, Deus melhora.* (Chaves) */ Em pequena hora, Deus melhora.* (Chaves) */ Uma hora melhora a outra.* (Id.) (es) *Dios mejora las horas y el diablo las empeora.* (R. Marín) */ En chica hora, Dios obra.* (H. Núñez) */ De hora e hora, Dios mejora.* (S.)

7775. **De hora en hora Dios a mellora.** [2812] (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

7776. **De hora en hora Dios millora.** [2813] (ms16: *D.E.* / ms21,07v: Bermés / ms-LU: Dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo)

7777. **De Dios vén o ben; e das abellas, o mel.** [2814] (ms16 e ms10,007r: *D.E.*)

Var.: *Do mal saca Dios ben.* (ms16: Lugo)

(es) *De Dios viene el bien; de las abejas la miel.* (H. Núñez) */ Del mal saca Dios bien.* (R. Marín)

7778. **[Deus] Apreta, pero... [non afoga.].** [2815] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

7779. **Dios apreta pero non afoga.** (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms21,30v: Bermés)

Var.: *Dios apreta mais non afoga.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *Deus aparta mão não enforca.* (Chaves) (es) *Dios aprieta pero no ahoga.* (R. Marín) (ct) *Deu apreta pero no aufega.* (Alberola)

7780. **Dios apreta pero non afoga.** [2816] (ms21,30v: Bermés / ms10,007v: *D.E.*)

7781. **Dios apreta pero non aforca.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

7782. **Dios dá a cada un o frío según a manta.** [2817] (mc: Cervantes, Lugo-F.V.S. / ms: Páramo)

Var.: *Dios dá o frío asegún é a roupa.* (ms16 e ms10,007v: *D.E.*) */ Dios dá o frío conforme é o abrigo.* (ms16 e ms10,007v: *D.E.*)

(pt) *Dá Deus a roupa conforme o frio.* (Chaves) */ Da Deus o frio conforme a roupa.* (Id.) (es) *Dios da el frío según la ropa.* (R. Marín) */ Dios da el frío según se anda vestido.* (Id.) (ct) *Deu dona el fret segóns la ròba.* (Alberola)

Véase *Dá Dios a cada un...*

7783. **Dios dá a manta según o frío.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

7784. **Dios dá o frío según a roupa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Dios da el socorro conforme es la necesidad.

7785. **Dios dá pra todos.** [2818] (ms16 e ms10,007v: *D.E.*)

Var.: *Cando Dios dá, pra todos dá.* (ms16 e ms10,001r: *D.E.*)

7786. **Dios dea a quen desea.** (ms4: Pidre-F.V.S.)

7787. **Dios dea o pan a quen o sepa comer.** [2819] (mc e ms16: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)

7788. **Dios é un pingón.** (mc e ms16: A.N.)

(es) *Dios es bueno para mercader.* (R. Marín) */ Dios es buen pagador.* (Id.)

Está goteando continuamente sus bienes sobre los hombres. *Quam magnanimus Deus!*

7789. **Dios millora as horas.** (ms16: Lugo)

7790. **Dios molla os xustos i-os pecadores, o mesmo polos días que polas noites.** [2820] (ms16 e ms10,008r: *D.E.*)

(es) *Dios llueve sobre justos y pecadores, días y noches.* (Correas)

7791. **Dios non se queda con nada de naide.** [2821] (ms16 e ms10,008r: *D.E.*)

[2809] En ms10 s.v. *Dios*.

[2810] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Esperanza* (*Esperanza ante los infortunios*).

[2811] En ms10 s.v. *Hora*.

[2812] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Esperanza* (*Esperanza ante los infortunios*).

[2813] ms-LU e ms21,07v: *D'hora*.

[2814] En ms10 s.v. *Dios*.

[2815] Coidamos que esta pode se-la reconstrucción máis verosímil do que quere dici-lo orixinal.

[2816] En ms10 s.v. *Dios*.

[2817] Variantes 1 e 2 en ms10 s.v. *Dios*.

[2818] Refrán en ms10 s.v. *Dios* e variante en ms10 s.v. *Dar*.

[2819] ms16: *seipa comer*.

[2820] En ms10 s.v. *Dios*.

[2821] En ms10 s.v. *Dios*.

7792. **Dios que dá a chaga, dá a medicina pra curala.** (ms16: *D.E.*)

Var.: *Dios que dá o mal, dá o remedio pra sanar.* (ms16 e ms10,008r: *D.E.*) [2822]

7793. **Dios que nos ten acá, sin mantenza non nos deixará.** [2823] (ms16 e ms10,008r: *D.E.*)

7794. **Dios quita un ben e dá outro.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

7795. **Dios tanto deu como ten pra dar.** (ms5,058: Silvarrey)

(es) *Más tiene Dios por dar que ha dado.* (H.)

7796. **Dios xa dá o frío según é a manta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

7797. **Dios, cando dá, non é migalleiro.** (ms4: F.V.S.)

7798. **Non hai mal que Dios non remedie.** (ms16: Sober)

7799. **O ben de Dios pra todos chega.** (mc e ms16: Lugo / ms4: F.V.S.)

7800. **O mellor amigo, Dios; i-o mellor parente, un peso.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU)

7801. **O millor amigo, Dios; o millor parente, un peso; o millor saber, salvarse; i-o millor falar, calarse.** (mc / ms16: Lugo)

7802. **Polo can deu Dios o pan.** (ms8,30r: Silvarrey)

Tenía cada caña 3 ó 4 espigas y San Pedro con los apostoles iban por los agros arrancando espigas; y cuando llegaban a la última Jesus les dijo que dejasen la última para los perros.

7803. **Pra quen non quer, dá Dios moita vida.** [2824] (mc e ms16: Aguada, Carballedo / ms4: F.V.S. / ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

(pt) *Para quem não quer há muito.* (Chaves)

7804. **Según é a manta, así Dios manda o sol.** [2825] (mc e ms16: Pidre-F.V.S.)

(es) *A cada cual da Dios frio segun anda vestido.* (Sbarbi) */ Dios hace la costa, dando el frio conforme la ropa.* (Id.)

7805. **Todo se perde e non perdamos a gracia de Dios.** (ms16: Lence-Santar)

7806. **Vale máis o que Dios dá que o que o home pide.** [2826] (mc e ms16: Buciños)

[2822] En ms10 s.v. *Dios*.
[2823] En ms10 s.v. *Dios*.
[2824] ms4 e ms-LU: *quere*.
[2825] ms16: *dá o sol*.

ESPERANZA EN DIOS

7807. **Dios día malo génaro e boa venta.** (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

7808. **Dios nos libre das penas do inferno e das carreiras do Rejenjo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

7809. **Dios te libre de plagas con culpa, que te collen.** (ms9,05v: Silvarrey)

Tiene el mismo sentido que el anterior. [2827]

7810. **Dios te libre de plagas de un afrixido.** (ms9,05v: San Simón de la Cuesta)

7811. **Estamos perdidos se Dios non nos valle.** [2828] (ms10,050r: Silvarrei)

7812. **Fianza en Dios, que é santo vello.** [2829] (mc e ms16: M.V. / ms21,24r: Bermés)

Var.: *Fianza, sólo en Dios.* (ms16: Lugo)

(es) *Dios es santo viejo.* (Correas) */ Confianza, en Dios.* (R. Marín)

Lo recoge la canción popular: *Pedricando pola aldea / son moitos os que viñeron / i-eu non fío de ninguén: / ¡Fianza en Dios que é santo vello!*

7813. **O que con Dios anda, con Dios medra.** [2830] (mc e ms16: M.V. / ms21,26r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(pt) *Quem com Deus anda, Deus o ajuda.* (Chaves) (es) *Quien con Dios anda, con Dios come.* (R. Marín)

7814. **O que con Dios anda, nada lle falta.** (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)

7815. **O que está de Dios, ás maus ha vir.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

Var.: *O que esté de Dios, á man se volve.* (ms16 e ms10,008v: *D.E.*) [2831] */ O que de Dios está, á man virá.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Lo que Dios quiere, a la mano se viene.* (R. Marín)

7816. **O que non pide, Dios non-o oi.** [2832] (mc e ms16: R. Caruncho, *Diario de Avisos* / ms21,13r: Bermés)

7817. **Quen sembra, en Deus espera.** (ms5,029)

7818. **Sendo Dios con nós, nada contra nós.** (mc e ms16: Aguada, Carballedo)

[2826] ms16: *Val*.
[2827] O anterior no orixinal era *As soberbias non collen pró monte*.
[2828] ms15,24r: *si Dios non nos vale*.
[2829] ms3: *qu'é*.
[2830] ms-LU: *Deus*.
[2831] En ms10 s.v. *Dios*.
[2832] ms21,13r: *non'o oye*.

(pt) *Não estendas as pernas além do cobertor.* (Chaves) / *Estende as pernas conforme o tapete.* (Id.) / *Estende-se o pé conforme o lençol.* (Id.) (es) *Nadie extienda la pierna sino hasta donde la sábana llega.* (Correas) / *Cada uno extiende la pierna como es la cubierta.* (H. Núñez)

8156. **Non se pode estirar o pé más do que dá a manta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

8157. **Non se poden estirar os pés máis cá manta.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

8158. **O que non ten pan, que non teña can.** (ms16)

Var.: *Ó que non lle sobra o pan, sóbralle o can.* (ms16) / *O que ten can, é que lle sobra o pan.* (ms16: *D.E.*)

(es) *A quien no le sobre el can, no críe can.* (H. Núñez)

8159. **O traballo e a economía é a millor lotería.** (ms16: *R. Fisterrán*)

8160. **Según é a manta, estira o pé.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

ECONOMÍA EN LAS COMIDAS

8161. **Comer e deixar se has de cear.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Comer y dejar si has de cenar.* (R. Marín)

8162. **Déitate sin cea e amañecerás sin débedas.** [2952] (ms16 e ms10,003r: *D.E.*)

(es) *Acuéstate sin cena y amanecerás sin deuda.* (H. Núñez)

8163. **En setembre come e vende, e non sea tanto vender que non deixes pra comer.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

8164. **En setembre come e vende, pero non sea tanto vender que non deixes que comer.** [2953] (mc e ms16: A.N.)

Var.: *En setiembre come e vende, e non sea tanto o vender que non deixes pra comer.* (Layosa) / *No setembre come e vende, pero non sea tanto o comer que non deixes que vender.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Por setiembre come y vende; pero no sea tanto tu comer que no dejes qué vender.* (R. Marín)

Aconseja retener de la cosecha recién lograda, de la que puede venderse lo sobrante; pero teniendo en cuenta que *anadiña pouca, anadiña moita, que chegue sempre unha a outra.*

8165. **En setembre come e vende, pero non sexa tanto o comer que non deixes que vender.** (ms21,01v: Bermés)

8166. **En setembro come e vende, pero non sea tanto o comer que non deixes pa vender.** (ms-SA: Manuel Collazo Porto: Portas, PO)

8167. **Hai que beber e atar a bota.** (ms6,03v: Portela Pazos, en *Ultreya*)

8168. **Quen come e deixa, dúas veces pon a mesa.** (ms16: *D.E.*)

(pt) *Quem come e deixa, duas veces poe a mesa.* (Chaves) (es) *Quien toma y deja, dos veces pone la mesa.* (H. Núñez)

8169. **San Xulián garda o viño e garda o pan.** (ms16: *D.E.*)

(es) *San Julián guarda vino y guarda pan.* (Correas)

EDADES. V. tamén *Moza, Mozo, Niñez.*

8170. **A edá é do xuício media irmá.** (ms10,010v: *D.E.*)

8171. **A edade fai ó home amigo da verdade.** (ms10,010v: *D.E.*)

8172. **Anos non me leves e meses os que quixeres.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Años no me lleves, que meses, los que quisieres.* (Correas)

8173. **Cantas fagas de neno, pagar has de vello.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

8174. **Coa edade vén o siso.** (ms10,010v: *D.E.*)

8175. **De mozo logo se sale pero a selo non volve naide.** [2954] (ms16 e ms10,044r: *D.E.*)

8176. **De novo, pan e ovo; de vello, pan e coitelo.** [2955] (mc: Orense)

[2951] ms4: *mais que hastr'onde*.

[2952] En ms10 s.v. *Acostarse*.

[2953] ms4: *seña tanto o vender*.

[2954] En ms10 s.v. *Mozo*.

[2955] V. *De novo, galiña; e de vello, sardiña* en *Hambre. Gastronomía*.

Var.: *De novo, pan e ovo; de vello, pan ó demo.* (ms4: F.V.S.) / *De novo danche un ovo; de vello danche un demo.* (ms16: Layosa)

8177. **Nin novo rezador nin vello aunador.** (ms: M.L.)

(es) *Ni mozo rezador, ni viejo ayunador.* (R. Marín)

8178. **Ninguén ten máis anos dos que representa.** (ms16: Lugo)

Var.: *Naide é máis vello do que parece.* (ms16: Lugo / ms10,137r: *D.E.*) [2956]

(es) *Ninguno tiene más edad de la que representa.* (R. Marín) / *Ninguno es más viejo de lo que parece.* (H.)

8179. **O miolo pró vello e pró mozo o cornello.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8180. **O miolo pró vello e pró novo o cornello.** (ms16: Buciños / ms)

8181. **O neno chora polo seu ben i-o vello polo seu mal.** [2957] (ms16: *D.E.*)

(es) *El niño por su bien llora: y el viejo, por su mal.* (H. Núñez)

8182. **O que apura de mozo, non chega a vello.** (ms-SA: Manuel Cancela Corredoira: San Pedro de Campañó, Pontevedra, PO)

8183. **O que fai vinte, tamén fai cuarenta.** (ms-SA: José M. Domínguez Martínez: Sardiñeiro, Fisterra, C)

8184. **O que unha edade apetece, outra aborrece.** [2958] (ms16 e ms10,010v: *D.E.*)

(es) *Lo que una vez y una edad apetece, otra lo aborrece.* (Correas)

8185. **O vello non se volve novo.** (ms8,59v: Silvarrey)

8186. **O vello, tres veces neno.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

8187. **Os vellos i-os pequenos, con moito cariño sufro; porque hei ser en poucos anos o primeiro i-o segundo.** (ms8,42r: Silvarrey)

EDAD Y APTITUD

8188. **Cada edade quere o seu.** [2959] (ms16 e ms10,010v: *D.E.*)

(es) *A cada edad hay que darle lo suyo.* (R. Marín)

8189. **De vello vacas gardar, pouco durar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8190. **Forza de mozos e consello de vellos.** [2960] (ms: M.V. / ms10,023v: *D.E.*)

(es) *En consejo tomale del buen viejo.* (R. Marín) (ct) *Consell de vell, créute d'ell.* (Alberola)

8191. **Forza de mozos e consellos de vellos.** (ms21,24r: Bermés)

8192. **Mentras que un é novo, é bobo.** (ms9,14v: Silvarrey)

8193. **O mozo a traballar, o vello a descansar.** (ms16: Lugo)

(es) *El mozo a trabajar; y el viejo a descansar.* (R. Marín)

8194. **O qu'ós vinte anos non é home, ós trinta non ten forza, ós corenta non é rico e ós cincuenta non casou, este paxaro voou.** (ms21,30r: Bermés)

8195. **O que ós corenta anos non chega a rico, despois "arre burrico".** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

8196. **O que ós trinta non se casa e aos corenta non é rico, pode pasar a lengua polo bico.** (mc e ms16: R. Caruncho)

8197. **O que ós trinta non se casa e ós corenta non herda, pode ir á merda.** (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)

8198. **O que ós trinta non se casa e ós corenta non ten casa i-ós cincuenta non é rico, é un solemne borrico.** [2961] (mc e ms16: Otero de Rey / ms4: F.V.S.)

Var.: *Quen ós vinte anos non se casa i ós trinta non ten casa i ós corenta non é rico, ese é un borrico.* (ms16: *D.E.*)

8199. **O que ós vinte non casa i-ós corenta non ten, xa nunca ha de ter.** [2962] (mc / ms16: Lugo)

8200. **O que ós vinte non é home e ós trinta non casou e ós corenta non é rico, ese paxaro volou.** [2963] (mc e ms16: A.I. / ms18,75r: A.S.A.)

(es) *Quien a los veinte no sabe, y a los treinta no tiene juicio, y de cuarenta no es rico, borradle del libro.* (R. Marín)

8201. **O que ós vinte non pode, ós trinta non sabe i-ós corenta non ten, nunca pode nin sabe nin ten.** (mc / ms4: F.V.S. / ms-SA:

[2956] ms10: *Ninguién*. En ms10 s.v. *Vejez*.

[2957] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Niñez* (*Desarrollo y salud en la niñez*).

[2958] En ms10 s.v. *Edad*

[2959] ms10: *quer o seu*. En ms10 s.v. *Edad*.

[2960] En ms10 s.v. *Fuerza*.

[2961] ms4: *y o que ôs cincuenta*; ms16: *se casa, ós corenta*.

[2962] ms: *nunca nada*; ms16: *nunca nada ha ter*.

[2963] ms18,75r: *y-os trinta, y-os corenta, ise páxaro*.

seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Var.: *O que ós vinte non barba, ós trinta non sabe, ós cuarenta non ten, nin barba nin sabe nin ten.* (ms16: *R. Fisterrán*)

(pt) *Quem aos trinta não pode, aos quarenta não sabe e aos cinquenta não tem, nunca será ninguém* (ou *não pode, não sabe e não tem*). (Chaves) (es) *Quien a los veinte no puede, a los treinta no sabe, a los cuarenta no tiene y a los cincuenta no reposa, no sirvió para maldita la cosa.* (R. Marín)

8202. **O que ós vinte non pode, ós trinta non sabe i-ós corenta non ten, é un ninguén.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

8203. **O vello, mentras que vive, reina.** (ms9,09r: Silvarrey)

8204. **Onde hai rapaces, hai bulla; onde mozos, alegría; onde vellos, reñen todo o día.** (ms5,133: Mondoñedo)

8205. **Os mozos por non saber e os vellos por non poder, deixan as cousas perder.** [2964] (ms16: Lugo)

Var.: *O mozo por non saber e o vello por non poder, as ocasiós deixan perder.* (ms16 e ms10,044v: *D.E.*) / *O mozo por non saber e o vello por non poder, quédase a vella sin ter que facer.* (ms16 e ms10,044v: *D.E.*) [2965]

(es) *El viejo por no poder y el mozo por no saber, dejan las cosas perder.* (Correas)

8206. **Os mozos, pra loitar, e os vellos, pra aconsellar.** [2966] (ms16 e ms10,044v: *D.E.*)

(es) *Los mozos para pelear; los viejos para aconsejar.* (R. Marín)

8207. **Quen ós trinta anos non ten siso i ós corenta non é rico, rachádelle o libro.** (ms16: *D.E.*)

8208. **S'o vello pudera i-o mozo quixera, non había cousa que non se fixera.** (mc: Sbarbi / ms4: F.V.S.)

Var.: *Si a mocedá quixera e a vellez puidera, canto máis non se fixera.* (ms15,19) / *Se a mocedá soupera e a vellez poidera, canto máis non se fixera.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Si el mozo supiera y el viejo pudiera ¿qué se les resistiera?* (R. Marín)

8209. **Se o mozo soupese e o vello quixese, non habería cousa que non se fixese.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Si el mozo supiese y el viejo quisiese, no habría cosa que no se hiciese.* (Correas)

8210. **Xente nova e rama verde, todo se volve fume.** (ms: Santiago)

Edad y salud

8211. **Come e bebe e faite home.** (ms8,11r: La Cañiza)

8212. **De vello, boas sopas e bon viño.** (ms-LU: seminarista anónimo: San Martiño de Mato, Taboada, LU)

8213. **Hastra os corenta ben paso; dispois dos corenta ¡ai meu brazo! ¡ai miña perna!** (ms16: *D.E.*)

8214. **Morre o mozo e queda o vello.** [2967] (ms16 e ms10,044v: *D.E.*)

8215. **Morren os novos, pr'os vellos non han quedar.** (ms: Fonsagrada-F.V.S.)

8216. **Mozo é o vello que está sano e vello é o mozo que está escrequenado.** [2968] (ms16 e ms10,044v: *D.E.*)

8217. **Mozo que morres, vello ¿que esperas?** (ms21,11v: Bermés)

8218. **Nin mozo enfermo nin vello sano.** (ms16: *D.E.*)

(es) *No hay mozo doliente, ni viejo sano.* (R. Marín)

8219. **Novo que morre, vello ¿que esperas?** (ms: F.V.S. / ms16: Palas de Rey)

(es) *El joven puede morir; pero el viejo no puede vivir.* (R. Marín)

8220. **Novos morren moitos, pero vellos non queda ningún.** (ms9,12r: Silvarrey)

8221. **O mozo mirrar i-o vello engordar é pouco durar.** (ms16: Buciños)

8222. **O mozo pode morrer, pero o vello non pode vivir.** (ms e ms4: M.V.)

Var.: *O mozo pode morrer, pero o vello non está pra moito vivir.* (ms16: *D.E.*) / *O mozo logo pode morrer, pero o vello pouco pode vivir.* (ms16 e ms10,044v: *D.E.*) [2969]

(es) *El mozo puede morir pero el viejo no puede vivir.* (Castillo) / *El joven puede morir; pero el viejo no puede vivir.* (R. Marín)

8223. **O vello engordar e o mozo tomar é señal de moito durar.** (ms-SA: José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)

[2964] As dúas últimas variantes en ms10 s.v. *Mozo*.
[2965] En ms10 s.v. *Mozo*.
[2966] En ms10 s.v. *Mozo*.
[2967] En ms10 s.v. *Mozo*.
[2968] En ms10 s.v. *Mozo*.
[2969] En ms10 s.v. *Mozo*.

8224. **Rapaz que vela e vello que dorme, siñal é de morte.** [2970] (ms16 e ms10,010r: *D.E.*)

(es) *Juventud que vela y vejez que duerme, signo son de muerte.* (R. Marín)

8225. **Se o mozo pode morrer, o vello non pode vivir.** (ms16: *D.E.*)

ANCIANIDAD. V. tamén *Vejez.*

8226. **A boa vida fai a vella garrida.** [2971] (mc: Buciños)

Var.: *A boa ropa e a boa vida fan a nena garrida.* (C.A. *A Nosa Terra*) */ A boa ropa e a boa vida fan a rapaza garrida.* (C.A. *A Nosa Terra*) / *Boa roupa e boa vida fan a vella garrida.* (M.V.) / *A boa vida fai a nena garrida.* (ms4: A.N.)

(pt) *Boa vida, rugas tira.* (Chaves) (es) *Vieja bien vestida, veinte años se quita de encima.* (R. Marín) */ Buena vida, arrugas tira.* (Correas)

8227. **A boca sin dentes e sin moas é como o muíño sin pé e sin roda.** (mc: Santiago, Moisés González)

8228. **A cana i-o dente mente, pero a arruga non mente.** (mc: Palas de Rey)

(es) *Las canas no dicen nada; los dientes, mienten, de las arrugas no cabe duda.* (Sbarbi) */ La cana engaña, el diente miente, la arruga no deja duda.* (Id.)

Ni la ausencia de los dientes, ni la presencia de canas es señal de vejez; pero sí las arrugas en el rostro.

8229. **A canas honradas non hai portas cerradas.** (ms / ms-SA: Manuel Fresco Reboredo: San Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO)

(pt) *A cãs honradas, não há portas fechadas.* (Chaves) (es) *A canas honradas no hay puertas cerradas.* (Sbarbi) (va) *A canes honraes, no hi han pòrtes tancaes.*

8230. **A caña engaña, a engurra é segura.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8231. **A carón do lume os vellos se quentan.** (mc: C.A.)

Var.: *A carón do lume, os vellos quecen.* (C.A.) [2972]

8232. **A gana de comer á vella fai correr.** (mc: M.L.)

Var.: *As ganas de comer fan a vella correr.* (ms4: Paradela)

8233. **A gana de comer fai á vella correr.** (mc: Buciños-F.V.S. / ms8,29v: La Cañiza)

8234. **A vella estaba na cama e entráballe o sol pola ventana.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

8235. **A vella que hincha, na cova rincha.** [2973] (mc: Santiago)

Var.: *Cando o vello incha, logo rincha.* (ms4: M.V.) / *O qu'incha, na cova rechincha.* (ms15,01: Mato)

8236. **A vella que proba os grelos, chupa os dedos.** (mc: A.N.)

8237. **A vella roñona fai a criada respondona.** (ms)

8238. **A vella vai morrendo e mais adeprendendo.** [2974] (mc: Santiago / ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

8239. **A vella, donde / cando non sabe, usma.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)

8240. **A vellés é rapacés.** (mc: Santiago)

(es) *Viejo, dos veces niño.*

8241. **A vellés é niñés.** (mc: Santiago)

8242. **Á vellés, chagas e furunchos.** [2975] (mc: Tuiriz, Monforte / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

8243. **A vellez non ten cura.** (mc: C.A.)

8244. **Á vellez veñen todas.** [2976] (mc: M.V.)

Var.: *Á vellez todo se arrima.*

8245. **Á vellez, virolas.** [2977] (mc: C.A.)

(es) *A la vejez, viruelas.* (Castillo)

8246. **A velliña que quixo vivir deixou leña para abril.** (mc: Buciños)

(pt) *Em abril queima a velha o carro e o carril, e uma camba que deixou, em maio a queimou.* (Chaves) (es) *La viejecita que supo vivir, guardó pan para mayo y leña para abril.* (R. Marín) */ La vieja de los años mil guardaba pan para mayo y leña para abril.* (Id.) (ct) *Guarda pá per a Maig y llenya per a Abril.* (Sanchis)

8247. **A vello chegarás e de alí non pasarás.** [2978] (mc: Santiago / ms4: F.V.S. / ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

[2970] En ms10 s.v. *Dormir.*

[2971] V. *A boa vida fai a moza garrida* en *Edades* (*Niñez y juventud*).

[2972] ms4: *quencen.*

[2973] V. *Vello que hincha logo revincha* en *Medicina. Higiene.*

[2974] ms-SA: *aprendendo.*

[2975] ms-LU: *vellez.*

[2976] ms4: *vellês.*

[2977] ms: *vellés.*

[2978] ms: *d'alí*; ms-LU: *delí.*

8248. **Aconsellar a vellas e pedricar a gitanos, traballos vanos.** (mc: Lugo)

(es) *Aconsejar a viejas y predicar a gitanos, trabajo vano.* (R. Marín)

8249. **Aí vai todo o ben que a vella ten.** (ms21,15r: Bermés)

8250. **Alá vai o ben que a vella ten.** (mc: Tuiriz, Monforte)

Var.: *Ahí vai o ben que a vella ten.* (M.L.)

8251. **Año que morres, ovella ¿que esperas?** (mc: Camba)

(es) *Tan presto va el cordero como el carnero.* (Sbarbi)

No hay porqué confiar en los pocos años; pues lo mismo mueren los jóvenes que los viejos.

8252. **Ás canas honradas non hai portas cerradas.** [2979] (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

(pt) *A cãs honradas, não há portas fechadas.* (Chaves) (es) *A canas honradas, no hay puertas cerradas.* (Sbarbi) (ct) *A canes honraes, no hi han pòrtes tancaes.* (Alberola)

8253. **Ás dez, déitate senez.** (ms: G.P.)

8254. **Atende os consellos dos sabios e dos vellos.** (mc: C.A.)

(pt) *O conselho dos sábios é a providência dos povos.* (Chaves) (es) *Consejo tómalo del hombre viejo.* (R. Marín) */ Consejo del viejo, siempre es buen consejo.* (Id.) */ Buen consejo el del hombre viejo. / Del viejo el consejo y del rico el remedio.* (Bergua) (ct) *Si prens consell, pren-lo d'home vell.* (Alberola)

Ya decía el Arcipreste de Hita (*Libro del Buen Amor*, estrofa 886) *está en los antiguos el seso e la sabyença.* Y Correas: *En los viejos están los buenos consejos.*

8255. **Atrás das vellas andan as pedras.** (mc: Tuiriz, Monforte)

8256. **Atrás das vellas corren as pedras.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

8257. **Avó, pai dúas veces.** (mc e ms: C.A.)

(es) *Quien no sabe de abuelo, no sabe de bueno.* (Sbarbi)

8258. **Barba a barba honra se cata.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8259. **Ben, vella, ben: tiña noventa e nove, logo chega a cen.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

8260. **Beza a vella os nenos, e lámbelle os dedos.** (mc: Agro)

8261. **Bezou a vella os beldros e lámbese os dedos.** (mc: A.I.)

8262. **Bezou a vella os grelos, e agora zuga os dedos.** (mc: *Dicc. Ac.*)

(es) *Avézase la vieja a los berros, y chúpase los dedos.* (Sbarbi) */ Cuando la vieja se empica a los berros, luego no los deja ni verdes ni secos.* (R. Marín)

8263. **Caille ó vello o dente, pero non a semente.** (ms: Tuiriz)

(es) *Al viejo se le cae el diente, pero no la simiente.* (Sbarbi)

Pierden los ancianos sus facultades físicas; pero conservan hasta el sepulcro las psíquicas.

8264. **Cando a vella vexas chorar, bota o paraguas a voar.** (ms: F.V.S.)

8265. **Cando o vello hincha, logo rincha.** (ms)

8266. **Cando o vello vai morrer, aínda ten que aprender.** (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

8267. **Cando o vello hincha, a cova rincha.** [2980] (ms: Viana, Chantada-F.V.S. / ms14,18)

Var.: *Cando o vello hincha, logo rincha.*

8268. **Cando un vai pra vello, Dios lle dá remedio.** (ms: Santiago)

8269. **Como fixeres ó vello, faranche a ti ó selo.** (ms5,121: Trapero / ms15,16)

8270. **Contas'o conto da vella e non se di quén é ela.** (ms21,12v: Bermés)

8271. **Chégase a vellos e d'alí non se pasa.** (ms21,30v: Bermés)

8272. **De novo danche un ollo, de vello danche un demo.** (ms: Layosa)

8273. **De vello que non osma e de novo que non ve, libéranos Dómine.** (ms)

8274. **De vellos, a bota i-o rosario.** [2981] (ms)

Var.: *De vellas, a bota y-o rosario.* (ms4: Quiroga-F.V.S.)

8275. **De vellos, chochos.** (ms: Monforte)

8276. **De vello, gaiteiro.** (ms / ms: A.S.A.)

(pt) *Despois de velho, gaiteiro.* (Chaves)

8277. **De vello, nin vicio collas nin vicio tollas.** (ms: Buciños)

8278. **Despreciar a vellez é unha baixeza.** (ms: Buciños)

(es) *Si te mofas porque es anciano, o has de morir o te veras mofado.* (Sbarbi)

[2979] ms4: *A canas honradas*.

[2980] ms4 e ms14,18: *a coba rincha*.

[2981] *De vellos a bota y-o rosario*.

8279. **Do vello, o consello.** (mc / ms: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8280. **Donde non hai cabeza raída, non hai cousa cumplida.** (ms)

8281. **Dúas vellas, si se poñen a falar, xa non saben cándo han de acabar.** (ms-SA: seminarista anónimo: Rías Baixas, PO)

8282. **En xaneiro bótalle a vella a brasa ó regueiro.** (ms: J.T.)

8283. **Entoxo de vellos, suguería de nenos.** [2982] (ms: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8284. **Entre o lobo e mais o vello, a fouce do demo.** (ms: F.V.S.)

8285. **Está o vello morrendo e está aprendendo.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C / ms-SA: Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO)

8286. **Ferros vellos, trapalladas.** (ms: Buciños)

8287. **Hai cousas vellas que valen máis cás novas.** [2983] (ms: A.C. *A Nosa Terra*)

(ct) *Hi han còses velles, que valen més que les nòves.* (Alberola).

8288. **Lambuxe dos vellos, entoxo dos novos.** (ms: Buciños-F.V.S.)

8289. **Máis vale aprender de vello que morrer de necio.** (ms: F.V.S.)

(es) *Más vale aprender de viejo que morir tonto.* (Sbarbi)

8290. **Máis vale vello honrado que mozo desvergonzado.** (ms)

(es) *Mas vale viejo sentado que mozo desatinado.* (R. Marín)

8291. **Moito xira o vello, moito xira e torce o rego.** (ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU)

8292. **Nin cos santos chanzas nin cos vellos danzas.** (ms4: F.V.S.)

8293. **Non hai ninguén tan vello que non pense durar un ano máis.** (ms15,12)

8294. **Nun ano morre a vella ou quen-a leva.** (ms: M.L.2)

8295. **Nunca discutas cos vellos, que saben máis que ti.** (ms: Santiago)

8296. **Ó chegar ós setenta, bota a cuenta.** (ms: Buciños)

Var.: *Entre os sesenta i-os setenta vai facendo a conta.* (ms15,43: Valle do Mao)

8297. **O dente mente, a cana engaña, a arruga non hai duda.** (ms: Taboada-F.V.S.)

La única señal de vejez es la arruga.

8298. **O dente mente, a caña engaña, pero a arruga é segura.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8299. **O que queira co vello acabar, mándeo d'inverno ó monte a gardar.** [2984] (ms: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

8300. **O vello que incha, na cova rincha.** (ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)

8301. **O vello ahora sempre se equivocou i-antes de ti nacer, sempre acertou.** (ms8,31v: Silvarrey)

Se pone en boca del anciano, a quien no se atiende en consejos o advertencias.

8302. **O vello, onde non sabe, husma.** [2985] (ms-LU: Dous seminaristas anónimos: Buciños, Carballedo, LU e algún lugar da provincia de Lugo)

8303. **Onde non chega a vella, chega a pedra.** (ms: Sober)

8304. **Onde vello non vai, carro non sai.** (ms: A.N.)

8305. **Os paus do vello son paus do demo.** (ms8,34r: San Juan de Parada, O. de Rey)

8306. **Os refrás dos vellos, todos salen certos.** (ms: Santiago)

8307. **Ouro novo vale consello de vello.** (ms15,17)

8308. **Pan cocido e xente vella, todo é bo porque ten cerna.** (ms: Santiago)

8309. **Papas quentes á vella sin dentes.** (ms: Buciños-F.V.S.)

8310. **Pra tempo andado, pan ganado.** (ms)

8311. **Pra vellanzos no-hai herbanzos.** (ms / ms4: M.L.)

8312. **Si queres chegar a vello, sube as costas como tal.** (ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)

8313. **Sigue os consellos dos vellos, que che serán de proveito.** (ms: Santiago)

8314. **Terás moita sorte, se Dios cha dá, e morrerás de vello, se chegas alá.** (ms: Buciños)

8315. **Unha vez vello, dúas veces neno.** (ms: Buciños)

(es) *El viejo es dos veces niño.* (Sbarbi)

8316. **Unha vez vello, dúas veces rapaz.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)

[2982] ms-LU: *zuguería*.
[2983] ms4: *c'as cousas novas*.
[2984] ms-LU: *o monte gardar*.
[2985] ms-LU (Lugo): *donde*.

8317. **Vai a vella morrendo e mais aprendendo.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)

8318. **Vai a vella morrendo e vai aprendendo.** (ms21,16r: Bermés)

8319. **Vai o vello morrendo e mais deprendendo.** [2986] (ms / Manuel Portela Balayo)

8320. **Vai o vello morrendo e vai aprendendo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8321. **Vale máis aprender de vello que morrer de necio.** (ms: Tuiriz)

Var.: *Vale máis aprender de vello que morrer necio.*

(es) *Más vale aprender viejo que morir necio.* (mc: Correas; ms: Bergua) */ Más vale preguntar viejo que morir necio.* (Correas) */ Más vale viejo a la escuela que mozo a la huesa.* (R. Marín)

8322. **Vale máis o que o vello olvida que o que o novo sabe.** (ms: Layosa)

8323. **Vale máis o que o vello sabe que o que o vello osma.** (ms: Tuiriz)

8324. **Vale máis o vello no olvidado que o novo no acordado.** (ms8,46v: Meda, Trives)

8325. **Vale máis vello honrado que mozo desvergonzado.** [2987] (ms: M.V. / ms10,137r: *D.E.*)

(es) *Más vale viejo sentado que mozo desatinado.* (R. Marín)

8326. **Vale máis vello honrado que vello desvergonzado.** (ms)

8327. **Vella roñona é unha zanfona.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

8328. **Vella roñona fai a criada respondona.** (ms4: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8329. **Vello porfioso saca mendrugo.** (ms: Baralla-F.V.S.)

8330. **Vello que incha, na cova desincha.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8331. **Xa non m'acordo de cando era pequeno porque senón xa non me teño.** (ms: Santiago)

NIÑEZ Y JUVENTUD. V. tamén *Niñez*.

8332. **A boa roupa e a boa vida fan a nena garrida.** (ms: C.A.)

Var.: *A boa roupa e a boa vida fan a rapaza garrida.*

8333. **A boa vida fai a moza garrida.** [2988] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8334. **A moza louca mete o capital en roupa.** (mc: Buciños)

8335. **Á novez todo é torpez.** [2989] (mc: M.L.)

8336. **A xente nova toda é boba.** (ms-SA: Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C / ms-SA: Manuel Fresco Reboredo: San Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO)

8337. **Ama, sodes ama mentres o neno mama.** [2990] (mc)

(es) *Ama, sois ama, mientras el niño mama, y después, nonada.* (Correas) */ Ama, ama, mientras el niño mama, y después, nonada.* (Id.)

8338. **As nenas do mesón parecen e non son.** (mc: Baralla)

8339. **Así como es de novo, así serás de vello.** (mc: Santiago, José María Cures)

8340. **Cando era pequeno e non andaba, non conocía a quen encontraba.** (mc: Santiago)

8341. **Canto máis nova, máis toma.** (mc: M.L.)

8342. **Cos rapaces do ano pasado, non vaias ós ovos este ano.** (mc: Santiago)

8343. **Cuida ben do que fases, non te fíes de rapases.** (mc: Santiago)

8344. **De novo, pan e ovo.** [2991] (mc: Buciños)

Var.: *De novo, pan e bolo.* (ms4: F.V.S.)

8345. **De pequenín aguzas'ospín.** [2992] (ms11,46: Comarca de Fonsagrada)

8346. **Des que o din a criar, non-o volvín a aleitar.** (mc: M.L.)

8347. **Despois que van no arcaz, pobre de ti, rapaz.** (mc: Buciños)

Amenaza a los niños para que no se propasen a coger lo que está guardado.

8348. **Leña verde e xente nova todo é fume.** [2993] (mc: Cabanillas, *Antífona da Cantiga,* 124)

Recoge la primera parte una canción popular: *Onde vexas moito fume / non te vaias a quentar, / que está ardendo leña verde / ou morriñada no lar.*

[2986] M. Portela Balayo: *aprendendo*.

[2987] ms10: *Val máis*. / En ms10 s.v. *Vejez*.

[2988] V. *A boa vida fai a vella garrida* en *Edades* (*Ancianidad*).

[2989] ms4: *A novez, toda*.

[2990] mc: *mentres o neno ama*.

[2991] ms: *pan e bolo*.

[2992] Hoxe escribiriamos *agúzase o espín*. O sufixo *-ín* (*pequenín, espín*) é propio do galego nororiental e correponde no galego normativo a *-iño* (*pequeniño, espiño*).

[2993] ms3: *xente moza*.

8349. **Leña verde e xente nova vaise en fumes.** (ms14,16)

8350. **Limpeza e diñeiro fan o mozo un cabaleiro.** (mc: Villanueva, Lalin)

(es) *Limpieza y dineros, hacen los hijos caballeros.*

8351. **Máis vale o can pequeno agudo có can grande e burro.** (ms-SA: Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C)

8352. **Máis vale pequeno e agudo que grande e burro.** (ms-SA: José Duro Quintela: Burres, Arzúa, C)

8353. **Máis vale pequeno listo que burro grande.** [2994] (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

8354. **Máis vale ser pequeno agudo que grande burro.** (ms-SA: Francisco Ageitos Pérez: Corrubedo, Ribeira, C)

8355. **Mal lle vai á moza cando a ama retoza.** (mc: Buciños)

8356. **Moza de vila e regalo de aldea, Dios llo dé a quen o desea.** [2995] (mc: S.P.P.-*Ultreya*)

8357. **Moza que a moitos fai cara, non val nada.** [2996] (mc: R. Caruncho)

8358. **Mozo bo, mozo malo, quince días despois do ano.** [2997] (mc: J.P. / ms10,044v: *D.E.*)

8359. **Mozo galán, nin besta nin can.** (mc, ms11,19 e ms15,11: Taboada-F.V.S.)

Cuando un mozo de casa pudiente va a pretender a una muchacha, suele presentarse sobre arrogante cabalgadura, y acompañado de un buen perro, propio de casa grande. Cuando el galán tiene procer presencia, le basta la figura y puede presentarse *sin besta nin can*.

8360. **Na mocedá e na roupa rachada todo engarra.** (ms21,23r: Bermés)

8361. **Na mocedá e roupa rachada todo engarra.** (mc: M.V.)

8362. **Na mocedade e na roupa rachada todo engarza.** (ms18,34r)

8363. **Nena que de si non torna, é porta sin tarabelo.** (mc e ms4: M.V. / ms21,29v: Bermés)

Var.: *Nena que de si non garda, é porta sin tarabelo.* (ms4: J.P.)

8364. **Nin diñeiros en mozos nin armas en tolos.** (mc)

(es) *Armas y dineros, buenas manos quieren.* (Sbarbi) */ Ni dineros en mozos, ni armas en locos.* (R. Marín)

8365. **Nin ó neno o bolo nin ó santo o voto, nin de malva bon vencello nin de esterco bon olor, nin de mozo bon consello.** (mc)

Var.: *Nin ó neno o bolo nin ó santo o voto, nin de malva bon vencexo nin de esterco bon olor, nin de mozo bon consexo nin de p... bon amor.*

(pt) *Nem de malva bom vincelho, nem de esterco bom odor, nem de moço bom conselho, nem de p... bom amor.* (Chaves)

(es) *Ni de estiercol buen olor, ni de hombre vil, honor.* (Correas). */ Ni al niño bollo, ni a Santo voto.* (Sbarbi)

No se debe ofrecer lo que no se ha de cumplir.

8366. **Non hai moza solteira que canse na carreira.** (mc)

8367. **Non me trípe-lo pé que, anque son rapás novo, ben entendo o que é.** [2998] (mc: J.P.)

8368. **O que non a corre de novo, córrea de vello.** [2999] (mc)

(es) *El que no la corre de joven, la corre de viejo.* (Sbarbi) (ct) *El que no corre de jove, la corre de vell.* (Alberola)

Se aplica en sentido moral: el que no se divirtió de joven, se divierte de viejo.

8369. **Por mal camiño vai quen mozo se fai.** (mc: Santiago / Pedro Pontes García)

8370. **Pra os neniños, un bico; pra os mozos, un amor; pra os velliños, un recordo; e pra os mortos, un amor.** (mc: Santiago)

8371. **Rapaz e vello nadia quere selo.** (mc: Buciños)

8372. **Se queres ser bon rapás, nunca roubes as mazás.** (mc: Santiago)

8373. **Tantas ve a rapaza pola semana, que o domingo non pode ir á misa.** [3000] (mc: F.L.)

8374. **Toxo verde e xente nova, todo é fume.** (mc: Santiago)

8375. **Trigo verde e xente nova, todo é zume e non val nada.** (mc e ms: Santiago)

8376. **Val máis pequeno agudo que grande burro.** [3001] (ms-SA: Ramón Viña Varela: Golmar, A Laracha, C / Luís Alonso Alonso)

[2994] *Maix bale pequeno listo que burro grande*.
[2995] ms: *desee*.
[2996] V. *Moza que a moitos fai cara, dígoche, Xan, que é unha maula* en *Mujer*.
[2997] mc: *Mozo bon*. En ms10 s.v. *Mozo*.

[2998] *Non me tripel-o pe, que anque son rapàs novo, ben entendo o que é.*
[2999] mc: *O que non corre de novo, corre de vello*.
[3000] ms4: *Tantas oe*.
[3001] L. Alonso Alonso: *Vale*.

8377. **Val máis pequeno agudo que grande e burro.** (ms-SA: José Manuel Area Alonso / M. González Fernández)

8378. **Val máis pequeno e agudo que grande e burro.** [3002] (mc: A.I. / ms21,06r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

8379. **Vale máis pequena e aguda que grande e burra.** (ms18,64r: Camba)

8380. **Vale máis pequeno e listo que grande e burro.** (ms-SA: Manuel Lago López / ms-SA: Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO)

8381. **Vale máis ser home pequeno forzudo que grande burro.** (ms-SA: José Bello Arjomil: Vimianzo, C)

8382. **Vale máis ser pequeno e agudo que grande burro.** (ms-SA: José González Santos: Boa, Camboño, Lousame, C)

8383. **Vale máis ser pequeno e agudo que grande e burro.** [3003] (ms-SA: Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C / ms-SA: Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)

8384. **Vale máis un pequeno agudo que un grande burro.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)

8385. **Xente moza e leña verde, todo é fume.** (ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)

8386. **Xente moza e leña verde, todo é fumo.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

8387. **Xente nova e besta vella acaban coa terra.** (mc: Friol-F.V.S.)

8388. **Xente nova é caudal e a vella non-o val(e).** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8389. **Xente nova e leña verde, toda é fume.** (ms-SA: Manuel Fernández Ferro)

8390. **Xente nova e leña verde, todo é fume e non arde.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

8391. **Xente nova e leña verde, todo é fume nela.** [3004] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8392. **Xente nova e leña verde, todo é fume.** (mc: A.N. / ms11,47: Comarca de Fonsagrada / ms21,02v: Bermés)

Véase *Leña verde...*

8393. **Xente nova e leña verde, todo se volve fume** (ms-SA: Rafael García Ramos: Cabo de Cruz, Boiro, C / ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

8394. **Xente nova e pan mol, moito na mau e pouco no fol.** [3005] (mc: A.N.)

8395. **Xente nova e rama verde, todo é fume.** (mc: Santiago)

8396. **Xente nova e roupa vella tod'o mundo enghargha nela.** [3006] (ms-SA: Manuel Canedo Nimo: Trasmonte, Ames, C)

8397. **Xente nova igual ás campanas de pau.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)

8398. **Xente nova n'é caudal, i-a vella non-o val.** [3007] (mc / ms4: F.V.S.)

8399. **Xente nova n'é caudal.** (mc: M.L.)

8400. **Xente nova non garda o rego.** (mc: A.N.)

8401. **Xente nova non ten siso, nin na cabeza nin nos pés.** (ms5,121: Trapero)

Var.: *Xente nova non ten xuício, nin na cabeza nin nos pés.* (ms15,19)

8402. **Xente nova, leña verde, todo é fume.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso / ms-SA: seminarista anónimo: Telleira, Canduas, Cabana de Bergantiños, C / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

8403. **Xente nova, leña verde, todo se volve fume.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

8404. **Xente nova, toda é boba.** (mc: M.L. / ms21,24v: Bermés)

8405. **Xente nova, tropa do vento.** (mc / ms4: F.V.S.)

8406. **Xente nova, xente boba.** (mc: A.N.)

EDUCACIÓN. V. tamén *Crianza, Educación, Enseñar, Maestro, Niñez, Pedagógicos*.

8407. **Falar ben non costa nada.** (ms15,44: Lugo)

8408. **Na casa que non hai crianza, us fillos ós pais semejanzan.** [3008] (ms-SA: Pedro Pontes García)

8409. **O que queira saber, a Salamanca a aprender.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

8410. **Quen ten fillas pra casar, merque rocas pra fiar.** [3009] (ms16 e ms10,021r: *D.E.*)

(es) *Quien tiene hijas para casar, tome sedijas para hilar.* (M.)

[3002] ms4: *pequeno agudo*; ms-LU (Carballedo), ms-LU (Laiosa) e ms21,06r: *Vale*.

[3003] ms-SA (Manuel M.): *Val*.

[3004] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Desengaño*.

[3005] ms4: *na man*.

[3006] O orixinal di *Xente nova e roupa bella todo mundo enjarja nela*.

[3007] ms: *y a vella*; ms5,057: *non é caudal*. / Indica *Juventud* no ms5.

[3008] *Na casa que non hay crianza, us fillos os pais semejanzan*.

[3009] En ms10 s.v. *Hijos*.

Enséñelas a ser laboriosas.

8411. **Según é o natural do teu fillo, así dálle o consello.** [3010] (mc)

Var.: *Según é o natural do teu fillo, dálle o consello.* (ms16: Lugo)

(es) *Según de tus hijos el natural, guiarás a cada cual.* (R. Marín)

8412. **Tal é María, tal filla cría.** (ms16: Lugo)

(es) *Cual es María, tal hija cría.* (M.)

8413. **Tal nai, tal fillo fai.** (mc e ms16: R. Caruncho)

(es) *Tal madre, tal hijo pare.* (Sbarbi)

EDUCACIÓN BENÉVOLA

8414. **A mai facendosa quita a filla preguizosa.** [3011] (mc e ms16: Páramo)

(pt) *Mãe aguçosa, filha preguiçosa.* (Chaves) (es) *Las madres hacendosas hacen las hijas perezosas.* (Correas)

8415. **Criada por aboa, nunca é boa.** (mc e ms16: *Dicc. Ac.*)

8416. **Criados por abós, nunca bos.** (mc e ms16: Palas de Rey / ms4: F.V.S.)

(es) *Criado de agüelo, nunca bueno.* (Correas)

Por el excesivo mimo, y ya se sabe que *neno mimadiño, neno perdidiño*.

8417. **Fillo mimado, fillo mal criado.** [3012] (ms16 e ms10,020v: *D.E.*)

8418. **Mal a nai que a crianza á filla non fai.** (ms-SA: Pedro Pontes García)

8419. **Mala é a nai que á súa filla crianza non fai.** (mc e ms16: Santiago)

8420. **Neno mimado, mal educado.** (ms10,049v: O. de Rei)

8421. **Os pais que crían un fillo solo, non crían un fillo que crían un lobo.** (mc / ms16: Lugo)

Porque suelen mimarlo con exceso.

8422. **Quen cría un fillo, cría un lobo.** (ms-SA: R. Celso Rodríguez Rodríguez)

8423. **Se moito as gabas e regalas, as boas fillas volveralas malas.** [3013] (ms16 e ms10,021r: *D.E.*)

Permanencia de la educación

8424. **A moza, como é criada; a estopa, como é fiada.** [3014] (ms16 e ms10,043v: *D.E.*)

(es) *La moza, como es criada; la estopa, como es hilada.* (H. Núñez)

8425. **Cada un é asegún se cría e na boa crianza está a fidalguía.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Cada uno en lo que se cría, y en la buena crianza está la hidalguía.* (Correas)

8426. **O que no leite se mama, na mortalla se derrama.** [3015] (ms16 e ms10,032v: *D.E.*)

Var.: *O que no leite se mama, tarde ou nunca se esquence.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Lo que en la leche se mama, en la mortaja sale.* (S. / Z. / N. / Correas / R. Marín)

8427. **O que no leite se mama, na mortaxa se devana.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

8428. **O que se adeprende coas bágoas, non se esquece coas barbas.** [3016] (ms16: Mellid / ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

8429. **O que se aprende na cuna, sempre dura.** [3017] (mc e ms16: Meilán / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Var.: *O que se aprende coas babas, non se esquence coas canas.* (ms5,138: Aguada) / *O que no berce se adeprende, tarde ou nunca se esquence.* (ms16: *D.E.*) / *O que no berce se aprende, soilo* [en]*la cova se esquence.* (ms16: *D.E.*) / *O que aprende cas babas, non se esquence cas barbas.* (ms16: Aguada)

(pt) *O que se aprende no berço sempre dura.* (Chaves) / *O que se aprende no berço dura até à sepultura.* (Id.) (es) *Lo que se aprende en la cuna, siempre dura.* (Correas) / *Lo que se aprende en la cuna, se olvida en la sepultura.* (Id.) / *Lo que se aprende en la niñez, dura en la vejez.* (Id.) / *Lo que aprenden babas no lo olvidan barbas.* (R. Marín) (ct) *Lo qu'es depren en la cuna, molt de temps dura.* (Alberola)

8430. **Quen na corte se criou, sempre a esterco ha de cheirar.** (ms16: *D.E.*)

Var.: *O que naceu no esterco, sempre cheira a el.* (ms16: Lugo)

(es) *Quien en cuadras se crió, a estiércol siempre olió.* (R. Marín)

EGOÍSMO. V. tamén *Egoísmo. Ambición. Interés.*

8431. **Andrés chupa tres, leva catro no farraco e aínda di que non vai farto.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

[3010] ms4: *Según o natural, asín dalle consello.*
[3011] mc: *hacendosa.*
[3012] En ms10 s.v. *Hijos.*
[3013] En ms10 s.v. *Hijos.*
[3014] En ms10 s.v. *Moza.*
[3015] En ms10 s.v. *Leche.*
[3016] ms-SA: *aprende, esquence.*
[3017] ms16: *deprenda na cuna*; ms-LU: *s'aprende.*

8432. **Cando aquí non esteades, comigo comeredes.** (ms10,015r: *D.E.*)

8433. **Comín eu, comeu todo o mundo.** (ms8,02v: Meda)

8434. **Hai quen de seu moíño ten e noutro moe.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

8435. **Ninguén coida pra outro.** (ms10,050r: Sober)

8436. **Unha no papo e outra no saco.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

Egoísmo ante la muerte

8437. **A quen morte allea desexa, a súa lle chega.** (ms16: *D.E.*)

8438. **Morran outros e vivamos e con saúde os enterremos.** [3018] (ms16 e ms10,041r: *D.E.*)

(es) *Mueran y vivamos; con salud los enterremos.* (H.)

8439. **Se ha de morrer algún da familia, que morra a nora que veu de afora.** [3019] (mc e ms16: Buciños)

Egoísmo ante los intereses

8440. **Cada galiña escarabella pra si e non prá súa veciña.** (ms16: Lugo)

Var.: *Cada galiña escarba pra si.* (mc e ms16: M.L.) [3020]

(es) *Cada gallina escarba para sí y no para su vecina.* (R. Marín)

8441. **Cada un aprica a brasa prá súa sardiña.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8442. **Cada un arrima a brasa prá súa sardiña.** (mc e ms16: A.S.A.)

(pt) *Cada um chega a braza à sua sardinha.* (Chaves) (es) *Cada uno arrima el ascua a su sardina.* (R. Marín) */ Cada uno llega la brasa a su sardina.* (Correas)

Destaca el interés que ponemos en defender lo que nos es favorable.

8443. **Cada un pica a brasa pá súa sardiña.** (ms21,32v: Bermés)

8444. **Ten a mau grande pra coller pero non a ten pra dar.** (ms8,46v: Silvarrey)

8445. **En tempo de figos non hai amigos.** [3021] (mc: A.I.)

Var.: *No tempo dos figos non hai amigos.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *Em tempo de figos, não há amigos.* (Chaves) (es) *En tiempo de higos, no quiero amigos. / En tiempo de higos, tuviste cien amigos; se acabaron los higos, y se fueron los amigos.* (R. Marín).

8446. **Entre dous que ben se queren, con un que coma basta.** (mc: Sarria / ms16: Lugo)

(es) *Entre dos que bien se quieren, con uno que coma o goce, ya basta* (Sbarbi) */ Entre dos que bien se quieren, con uno que coma, basta.* (R. Marín)

8447. **Máis quero ter prós meus dentes que prós meus parentes.** [3022] (ms16 e ms10,103r, ms10,004r: *D.E.*)

8448. **Primeiro son os meus dentes cós meus parentes.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

EGOÍSMO INCLEMENTE

8449. **A quen queiras mal, cómelle o pan, i-a quen ben, tamén.** [3023] (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos* / ms21)

Var.: *A quen queiras mal, cómelle o pan; i-a quen queiras ben, cómello tamén.* (ms16)

(es) *A quien quieras mal, cómele el pan; y a quien bien, también.* (Correas)

8450. **Cada un tira a auga para o seu muíño, inda deixe seco o do veciño.** [3024] (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

Var.: *Cada un tira da auga pró seu muíño, inda que deixe seco o do veciño.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *Cada um quer levar a água ao seu moinho, e deixar em seco o do vizinho.* (Chaves) (es) *Cada uno quiere llevar el agua a su molino y dejar en seco el del vecino.* (mc: Sbarbi / ms16: R. Marín) (ct) *Cadascú vòl dur l'aigua al seu molí, més que quede en sec el del veí.*

8451. **Chéireme a min a bulsa e fédache a ti o alento.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Huelame a mi en la bolsa y hiédate a ti en la boca.* (H. Núñez)

[3018] En ms10 s.v. *Muerte*.

[3019] ms16: *ven de afora*.

[3020] ms4: *escaba pra si*.

[3021] V. *No tempo dos figos hai moitos amigos* en *Amor y amistad*.

[3022] ms10,103r: *pros dentes que*. / V. *Están máis cerca meus dentes que meus parentes* en *Hambre. Gastronomía*. / En ms10,103r s.v. *Querer* pero indicación *Visitas* e en ms10,004r s.v. *Diente*.

[3023] mc: *i-a*; ms21: *cómell'o pan, y'a quen*.

[3024] ms4: *o do viciño*. / V. *Cada un quere levar a auga ó seu muíño e deixa seco o do veciño* en *Jurídicos y similares*.

8452. **Líbreme Dios das miñas penas que eu me librarei das alleas.** (ms16: Lugo)
(es) *Líbreme Dios de mis penas, que yo me libraré de las ajenas.* (R. Marín)

8453. **Todos tiran pola auga pó seu moíño.** [3025] (ms-SA: Gestoso provincia de La Coruña / ms-LU: seminarista anónimo: Xestoso, Monfero, C)

Reprobación del egoísmo

8454. **Bocado comido non fai amigo.** (mc: M.V. / ms16: *D.E.* / ms21,07r: Bermés)
(pt) *Bocado comido não ganha amigo.* (Chaves) (es) *Bocado comido, no gana amigo.* (mc: Correas / ms16: H. Núñez)

8455. **Bocado comido non gana amigo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Quien no reparte lo suyo con otro, no gana voluntades.

EGOÍSMO. AMBICIÓN. INTERÉS. V. tamén *Egoísmo*.

8456. **A ambición rompe o saco.** (mc: Sarria)
Var.: *A cobiza racha o saco.* (C.A.) / *A cobiza rompe o saco.* (Buciños)
(pt) *A cobiça rompe o saco.* (Chaves) (es) *La codicia rompe el saco, o quizá le romperá donde no está.* (Correas) / *Codicia mala, saco rompe.* (Id.)

8457. **A pon, pon, o diñeiro no bolsón.** (mc: C.A.)

8458. **A roda da carraca: o que máis mete, máis saca... a mau cheíña de caca.** (mc: C.A.)

8459. **A roda da carraca: quen máis mete, menos saca.** [3026] (mc: C.A.-*A Nosa Terra*)

8460. **A roda de carraca, o que máis mete menos saca.** (ms18,21r)

8461. **Abranguer moito pra apretar pouco.** (mc / ms4: F.V.S.)
Var.: *O que moito abrangue, pouco apreta.*
(pt) *Quem muito abraça, pouco aperta.* (Chaves) / *Quem muito abarca, pouco abraça.* (Id.) (es) *Quien mucho abarca poco aprieta.* (ct) *Qui molt abraça, pòc estreny.* (Alberola)

8462. **As campanas de Gondán dan porque lles dan.** (mc)
Var.: *Alí fan cal di a campá de Gontán: "Dando dan".* (M.L.)
(es) *Las campanas de Guzmán, "donde dan, dan".* (Ricart)

8463. **As campás de Adelán tocan porque dan.** [3027] (mc: Mondoñedo)

8464. **Bon tempo con calor a fin de mes, a probes e ricos trae interés.** (ms4: J.P.)

8465. **Cada un conta da guerra según lle vai nela.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

8466. **Cada un fala da feira como lle vai nela.** (ms-LU: Álvaro Rábade: Saavedra, Begonte, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

8467. **Cada un fala da feira según lle vai nela.** (ms: V.R. y A.R. / ms21,23v: Bermés)
Var.: *Cada un fala na feira según lle vai nela.* (*Terra de Melide*)
(pt) *Ninguém conta da feira, senão como lhe vai nela.* (Chaves) / *Cada qual diz da feira como lhe vai nela.* (Id.) (es) *Cada uno dice de la feria como le va en ella.* (Correas) (ct) *Cada ú parla de la fira segóns li va en ella.* (Alberola)

8468. **Cada un tira pró seu saco.** (mc: Santiago)

8469. **Cada [un] tira pó seu saco.** (ms-SA: Manuel Tojo Reboredo)

8470. **Creza o montón, que é grande e bon.** (mc: Buciños)

8471. **Dábanme o ramal pero eu quería a besta.** [3028] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8472. **Dáme pan e chámame can.** (mc: M.L. / ms3: M.V. / ms21,12r: Bermés)
(es) *Dame pan y llámame can.* (R. Marín)

8473. **Dáme pan e chame can.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

8474. **Danlle o dedo e quer a mau.** (mc: Buciños)

8475. **De balde andan os cas e ganan pedradas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

8476. **De balde andan os cas e levan pedradas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8477. **De balde andan os cas.** [3029] (mc: Lugo)

8478. **Din as galiñas: "Haxa non haxa, mídase".** (mc: Buciños)

8479. **Facer castillos no aire, un soplo os tira.** (mc: Chantada)

[3025] ms-LU: *pro seu*.
[3026] ms4: *de carraca, o que mais*.
[3027] V. *Onomatopeyas*.
[3028] ms-LU: *Dábanm'o, per'eu quer'a besta*.
[3029] V. *Van os cas onde os chaman e levan pedradas* en *Entretenimiento*.

(es) *Levantar castillos en el aire.* (Sbarbi) / *Levantar castillos en la arena.* (Id.) / *Castillos muy altos vienen al suelo de un solo soplo.* (Id.)

8480. **Formar castillos no aire, un soplo tíraos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

8481. **Galleta de monxa, fanega de trigo.** (mc: Orense)

8482. **Mans que non dades ¿que esperades?** [3030] (ms-LU: tres seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo e dous dalgún lugar de Galicia / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8483. **Maus que non dades ¿que buscades?** [3031] (mc: M.V. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms21,25v: Bermés)

Var.: *Maus que tomades e non dades ¿que esperades?* (A.N.V.) / *Maus que non dades, fillas miñas ¿que buscades?* (*Terra de Melide*)

(pt) *Maos que não dais, o que esperais?* (Chaves) (es) *Manos que no dais ¿qué esperáis?* (R. Marín)

8484. **Meu amigo Papafigo, papa o seu solo, e o meu conmigo.** (mc: Paradela-F.V.S.)

8485. **Meu amigo papafigo: o meu solo i-o teu comigo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8486. **Moitos queren o sol na aira i-a auga no horto.** [3032] (ms11,49: Comarca de Fonsagrada)

8487. **N'hai nada que dea idea da nobreza de que debe brasonar o home, com'o desintrés con que obre cos demais.** [3033] (ms4: C.G.)

8488. **Non mires o que outro ten: procura telo ti.** [3034] (mc: Carballedo-F.V.S.)

8489. **O can anda de balde e gasta as uñas.** (mc: Fonsagrada)

Var.: *De balde andan os cas e gastan as uñas.* (Fonsagrada) (F.V.S.)

8490. **O can que vai a donde n'o chaman, leva paos.** (ms-SA: José Campos Lourido: Santo Ourente de Entíns, Outes, C)

8491. **O codicioso non ten reposo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

8492. **O moíño de meu pai é muíño de convento: pon fariña pra fóra e grans pa dentro.** (ms-SA: Jesús Alvite Alvite: San Cibrán de Vilastose, Muxía, C)

8493. **O qu'un non quere, outr'o desea.** [3035] (ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8494. **O que moito abarca, pouco apreta.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C / ms-SA: Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C / ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

8495. **O que moito apreta, pouco agarra.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8496. **O que moito apreta, pouco colle.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

8497. **O que moito colle, pouco apreta.** (mc: Santiago)

8498. **O que moito quere agarrar, pouco lle dan a apreixar.** [3036] (mc: M.V. / ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

(ct) *El que molt vòl avassallar, pòc pòt abarcar. Lo que ú no vòl, atres ho prenen al vòl.* (Alberola)

Véase *O que moito abrangue, pouco apreta*.

8499. **O que moito quere, nada se lle dá.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)

8500. **O que moito ten, moito quere.** (ms-SA: Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C)

8501. **O que pouco colle, pouco apreta.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

8502. **O que un non quere, outro apetece.** [3037] (mc: M.V. / ms21,27r: Bermés)

Var.: *O q'un non quere, outro desea.* (ms15,01: Feria de Chantada-21.08.58))

(es) *Lo que uno desecha, otro lo ruega.* (Correas) (ct) *Lo que ú no vòl, atres ho prenen al vòl.* (Alberola)

8503. **O que un non quere, outro o desea.** [3038] (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8504. **O que un non quere, outros lle rogan.** (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

8505. **O que un non quer, outro lle roga.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

[3030] ms-LU (Galicia-1): *Maos*; ms-LU (Galicia-2): *Maus*; ms-SA: *Maus, dais, esperais*.
[3031] ms-LU e ms21,25v: *Mans*.
[3032] *Moitos queren o sol na aira y'a auga no horto*.
[3033] *N'hay nada que dea idea d'a nobreza de que debe brasonar o home, com'o desintrés con que obre c'os demais*.
[3034] ms4: *a outra ten*.
[3035] ms-LU (Lugo): *outro desea*.
[3036] ms-LU: *quer'agarrar*.
[3037] ms21,27r: *qu'un non*.
[3038] ms-LU (Lugo) e ms-LU (Jesús Redondo C.): *qu'un non*; ms-LU (Lugo): *outro desea*.

8506. **O santo que non suda, o demo que o limpe.** (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *El santo que no suda, el demonio que lo limpie.* (Sbarbi)

8507. **O teu, teu e meu; i-o meu é meu solo.** (mc: Buciños)

(es) *Lo tuyo mío, y lo mío, de nadie sino mío.* (R. Marín)

8508. **Pola santa beixas a peana.** [3039] (ms21,20v: Bermés)

Peaña: *Peana*, base para colocar encima una imagen, estatua, etc.

8509. **Pola santa béixase a peana.** (mc: M.V.)

(es) *Por la peana se besa el santo.* (Sbarbi)

8510. **Polo santo béixase a pedra.** (mc)

8511. **Polos santos béixanse as pedras; por causa das mozas ouséquianse as vellas.** (mc: M.V.)

Var.: *Por mor dos santos chúchanse as pedras; por mor das mozas cortéxanse as vellas.* (A.N.V.) [3040] / *Polas nenas bícanse as vellas.* (F.V.S.) / *Por os santos bícanse as pedras e por as novas convídanse as vellas.* (ms15,56)

(es) *Por el santo se besa la piedra.* (Correas)

8512. **Polos santos bícanse as pedras e por as mozas bícanse as vellas.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8513. **Polos santos bícanse as pedras, e polas mozas, as vellas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8514. **Pouco chega a saber o que a moito quer atender.** (ms5,027: Fazouro, Foz / ms-LU: seminarista anónimo: Foz, LU)

8515. **Presta carro a quen ten carro.** (mc: Buciños)

8516. **Primeiro eu, e dispois eu, e sempre eu.** (mc: Carballedo)

(es) *Primero, yo; después, yo; y si queda algo, para mí.* (R. Marín)

8517. **Quen desea o que non pode ter, a si mismo se engaña.** (mc: Buciños)

8518. **Quen moito abarca, pouco apreta.** (mc: *Dicc. Ac.*)

Quedan atrás diversas variantes.

8519. **Quen moito enfeita, pouco ata.** [3041] (mc: A.N.)

8520. **Quen muito ten, muito quer.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

8521. **Quen tal ve, tal quere.** (mc: L.G. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Lit. Gallega*, 2ª ed, 1911)

8522. **Quen troca odre por odre, algún deles está podre.** [3042] (mc: A.S.A.)

(pt) *Quem troca odre por odre, é porque um deles é podre.* (Chaves) (es) *Quien cambia una bota por otra, es porque hace mal vino o está rota.* (R. Marín)

8523. **Quen troca odre por odre, algún deles ha de ser podre.** (ms21,07v: Bermés)

8524. **Regalo de monxa, cunca de leite por cunca d'aceite.** (ms21,10r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8525. **Regalo de monxa, cunca de leite por cunca de aceite.** (mc: A.S.A. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Literatura Gallega*, 2ª ed., 1911)

8526. **Regalo de monxa, fanega de trigo.** (mc: Buciños)

Var.: *Bico de monxa, fanega de trigo.* (ms5,133: Santiago)

(es) *Regalito de monja, costalito de trigo.* (R. Marín)

8527. **Regalo de monxa, ferrado de trigo.** (mc: M.V.)

8528. **Regalo de pobre, a pretensión ole.** (mc: M.V.)

(es) *Regalo del pobre al rico, ganzúa es de su bolsico.* (R. Marín) / *Si te da el pobre, es porque más cobre.* (Id.) / *Regalo de pobrezuelo, no es regalo sino anzuelo.* (Id.)

8529. **Responso dito, cartos na mau.** (mc: Buciños)

8530. **Rosquilla de monxa, ferrado de trigo.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8531. **Saco de pé nunca cheo é.** (mc: Buciños)

8532. **Saco roto non ten fondo.** (mc: Buciños)

8533. **Santo que non sude, o demo o limpe.** (mc: Buciños)

(es) *Santo que no suda, el diablo que lo sacuda.* (R. Marín)

8534. **Sol na aira e auga no lameiro non pode ser.** [3043] (mc e ms4: J.T.)

Var.: *Sol na aira e auga no nabal non pode ser.* (ms4: J.T.)

8535. **Tente, Xan, que máis che darán.** (mc: Fonsagrada-F.V.S. / ms11,43: Comarca de Fonsagrada)

8536. **Ti señala a pereira, i-eu seña á beira.** [3044] (mc: M.L.)

[3039] *Pol'a Santa beixas a peona*.
[3040] mc: *môr*.
[3041] ms3: *enfeixa*; ms4: *enfeicha*.
[3042] ms4: *d'eles ha de ser podre*.
[3043] V. tamén *Agrícolas* (*Generales*). / Na variante: ms4: *no lameira*.
[3044] ms4: *i-enseña*.

8537. **Tiña meu pai, tiña miña nai, tiña miña tía, e tiña meu fol fariña.** [3045] (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8538. **Tódalas comenencias non caben nun saco.** (mc)

8539. **Tódolos proveitos non caben no peito.** (mc: Sanguiñedo. Lalín)

8540. **Todos os proveitos non veñen a unha pota.** (mc: Foz-F.V.S. / ms-LU: Trini Figueiras: Foz, LU. Convento de Las Córneas: San Salvador de Asma, Chantada)

8541. **Todos os proveitos non caben nun saco.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8542. **Un ano no saco, o outro no papo.** (mc: Santiago)

8543. **Un no saco e outro no papo.** (ms-SA: Manuel Boado Vázquez: Santa María dos Ánxeles, Boimorto, C)

8544. **Unha no pao i-outra no saco.** (mc: Buciños)

(pt) *Um no papo, outro no saco e chora pelo que está no prato.* (Chaves) (es) *Una en el papo, otra en el saco, y otra bajo el sobaco, y aun llora por lo que quedó en el plato.* (R. Marín)

8545. **Unha no papo i-autra no saco.** [3046] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8546. **Unhos pró gusto, outros pró gasto.** (ms)

8547. **Vállache Dios qu'a xeito te pos; cando querías tu, ben te poñías.** (ms4: M.L.)

8548. **Vida por vida, pirmeiro a miña.** (mc: Sarria)

(es) *Vida por vida, primero la mía.* (R. Marín)

EJEMPLO

8549. **Bo exempro e boas razós ganan moitos corazós.** [3047] (ms16 e ms10,015v: *D.E.*)

8550. **Cando o gardián xoga ós naipes ¿que farán os frades?** (ms16: *D.E.*)

(es) *Cuando el guardián juega a los naipes ¿qué harán los frailes?* (H. Núñez)

8551. **Na casa do tamborileiro todos saben ser danzantes.** (ms16: *D.E.*)

(es) *En casa del tamborilero, los hijos son bailadores.* (Correas)

[3045] ms4 e ms-LU: *o meu fol*; ms-LU: *pae, mae*.
[3046] O orixinal di *Unha no papo yautra no saco*.
[3047] En ms10 s.v. *Ejemplo*.

ELECCIÓN. V. tamén *Decisión*.

8552. **A loba e a muller son iguales en escoller.** [3048] (ms16 e ms10,033v: *D.E.*)

8553. **A quen dan en que escoller, danlle abondo que facer.** [3049] (ms16 e ms10,013v: *D.E.*)

8554. **A quen dás en que escoller, dáslle ben en que entender.** [3050] (ms16 e ms10,013v: *D.E.*)

(es) *A quien dan en que escoger, le dan en qué entender.* (R. Marín)

8555. **A quen diron a escoller, díronlle a irra sin querer.** [3051] (ms16 e ms10,013v: *D.E.*)

(es) *A quien dieron a escoger, dieron a la ira.* (Correas)

8556. **A xente ca xente i-o zorro cas pitas.** [3052] (ms-LU: Dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo)

8557. **Branco ou negro, que haxa pelo.** (ms10,049r)

8558. **Cre con cre, le con le, xente con xente i-o zorro cas galiñas.** [3053] (mc)

(pt) *Cré com cré, lé com lé.* (Chaves)

8559. **Da maza á rebola veña o demo e escolla.** (ms-LU: Antonio Vázquez Paredes: Vilalba, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Fazouro, Foz, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Vilalba, LU)

8560. **Da rapa á rebola veña o demo e escolla.** [3054] (mc: M.V. / ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)

Var.: *Antre o rapo i-a rebola, veña o demo e escolla.* (*Terra de Melide*)

8561. **Do rapo i-a rebola veña o demo i-escolla.** [3055] (ms21,01v: Bermés)

8562. **Entre a milla i-a rebola veña o demo i-escolla.** (ms8,61r: Trives)

8563. **Entre o mazo i-a rebola veña o demo e escolla.** [3056] (mc: A.N.)

Como: *Do mazo á rebola...*

8564. **Entre ruín gando pouco terás que escoller.** (ms16: *D.E.*)

8565. **Escoller non é acertar.** (ms16: Lugo)

8566. **Escoller, escoller, i-o pior coller.** (ms16: Lugo)

[3048] En ms10 s.v. *Lobos*.
[3049] En ms10 s.v. *Escoger*.
[3050] En ms10 s.v. *Escoger*.
[3051] En ms10 s.v. *Escoger*.
[3052] ms-LU: *e o zorro*.
[3053] ms: *y-o*. / Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.
[3054] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.
[3055] *D'o rapo y'a rebola veña o demo y'escolla*.
[3056] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

(es) *Escoger, escoger, y lo peor haber.* (R. Marín)

8567. **Máis vale acertar que escoller.** (ms16: *D.E.*)

8568. **O que escolle, o demo o tolle.** (ms8,27r: La Cañiza)

8569. **Ó que lle dan, non escolle.** [3057] (ms16 e ms10,013v: *D.E.*)

(es) *A quien dan no escoge.* (S.)

8570. **O que moito escolle queda na orela.** (ms8,61v)

Orela = orilla en Meda.

8571. **O que moito escolle, o ruín colle.** [3058] (ms: *Vida Gallega*)

(pt) *Quem muito escolhe pouco acerta.* (Chaves)

8572. **O que moito escolle, pior pera come.** [3059] (ms16: Ribadeo / ms5,027: Ribadeo)

8573. **Quen ben ten e mal escolle, por mal que lle veña non se anoxe.** [3060] (ms: N.V. 2ª serie / ms16 e ms10,013v: *D.E.*)

(es) *Quien bien tiene y mal escoge, por mal que le venga no se enoje.* (R. Marín)

8574. **Quen elixe armas, quere reñer con ventaxa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

8575. **Quen elixe armas, quere vencer con ventaxa.** [3061] (ms: Buciños)

(es) *Quien elige armas, riñe con ventaja.* (R. Marín)

8576. **Quen moito escolle, o demo llo tolle.** [3062] (ms16 e ms10,013v: *D.E.*)

8577. **Ruín gando, pouco ten que escoller.** (mc: Chantada / ms16: *R. Fisterrán* / ms17,095)

(pt) *Gado ruim, não tem desvio.* (Chaves) (es) *Entre ruín ganado, poco hay que escoger.* (Sbarbi)

Se aplica figuradamente a persoas o cosas que, siendo de mala calidad para el fin que se pretende, ninguna merece preferencia.

8578. **Veña o demo e escolla.** [3063] (ms)

(pt) *Venha o diabo e escolha.* (Chaves) (es) *Venga el diablo y escoja.* (Correas)

8579. **Xente con xente i-o zorro cas galiñas.** [3064] (ms: Pidre-F.V.S.)

8580. **Xente con xente i-o zorro coas pitas.** [3065] (ms14,18)

EMBARCACIONES. V. tamén *Marítimos* (*Arte de navegar*), *Navegación, Pesca, Pescadores*.

8581. **A aventura na barca: a mocedá traballada e a vella** [sic] **queimada.** (ms18,68r: *Diario de Avisos*, de Ricardo Caruncho (1888))

8582. **A grande barco, grande vela.** (mc: Pidre-F.V.S. / ms16: Lugo)

8583. **Á sombra da mesana recálase a maior.** (mc e ms16: Santiago)

8584. **A tilla pra o rapás.** (mc e ms16: M.-Bueu)

La *tilla* es la parte reguardada a proa y popa en las embarcaciones pequeñas (Carré).

8585. **A ventura na barca: a mocedade traballada e a vellez queimada.** [3066] (mc e ms16: C.A. / ms18,21r)

(es) *La ventura de la barca: la mocedad trabajada y la vejez quemada.* (Gella) */ La ventura de la barca, la mocedad trabajada, y a la vejez, quemada.* (Correas) (ct) *La ventura de la barca: en sé joven treballá i a la vellesa cremá.* (Gella)

Es el refran como un desolador epitafio: la barca, azotada por todos los vientos y las borrascas, mientras puede salir al mar, para ser quemada después, cuando se inutiliza, se toma aquí como imagen de los que gimen bajo desgracias continuas.

8586. **Alba alta, vela baixa.** [3067] (mc / ms16: La Coruña / ms16: Sada)

Var.: *Alba baixa, vela alta.* (mc / ms16: La Coruña / ms16: Sada)

(es) *Alba alta, vela baja.* (R. Marín) */ Alba baja, vela alta.* (Gella)

Cuando el alba se eleva en el firmamento más de lo que suele, presagia tempestad; y viceversa.

8587. **Barca chegada, faena acabada.** (mc: Santiago / ms16: Lugo)

8588. **Barca parada non gana soldada.** [3068] (mc e ms16: Agro)

(pt) *Barco parado, não faz viagem.* (Chaves) (es) *Barco amarrado no gana flete.* (R. Marín) */ Barco parado no gana nada.* (Gella) */ Barco parado no gana dinero.* (Gella) */ Barco parado no gana*

[3057] En ms10 s.v. *Escoger*.
[3058] Contén a indicación *Elección*.
[3059] ms5,027: *muito, peor*.
[3060] Contén a indicación *Elección* no ms. En ms10 s.v. *Escoger*.
[3061] Contén a indicación *Elección*.
[3062] En ms10 s.v. *Escoger*.
[3063] Contén a indicación *Elección*.
[3064] *Xente con xente y o zorro c'as galiñas*. / Contén a indicación *Elección*.
[3065] *Xente con xente y o zorro co'as pitas*.
[3066] ms e ms18,20r: *vella queimada*; ms2: *da barca, y â*.
[3067] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Navegación* (*Normas de navegación*).
[3068] mc: *non gana xornada*.

flete. (Id.) */ Barca varada no hace nada.* (Id.) */ Barco parado no gana flete.* (Gella) (ct) *Barca pará no guanya res.* (Gella)

8589. **Barco grande, ande ou non ande.** (mc e ms16: *Vida Gallega*)

(es) *Barco grande, ande o no ande.* (Gella) */ A la mar, madera.* (Sar.)

Porque ofrece mayor seguridad que el pequeño y débil. Equivale al castellano *Barco grande y ande o no ande* que, según el *Diccionario marítimo* de 1831, citado por Saralegui (pág. 118), significa que *contra la mar tiene más resistencia y es más seguro, el barco grande*. Saralegui, e. c. lo hace equivalente de *a la mar, madera*.

8590. **Barco marelo sin capitán galego, nunca boa arribada.** [3069] (mc e ms16: Buciños-F.V.S.)

8591. **Cando a vela bate o palo, malo.** [3070] (mc e ms16: S. Loureiro)

(es) *Cuando la vela azota el palo, ...¡malo!* [3071] (Sar)

Las velas suelen azotar la arboladura, por calma o por contraste. Ambas cosas son molestas y perjudiciales para la embarcación y para el navegante. (Saralegui)

8592. **Cando te embarques, fai testamento.** (mc: C.A. *A.N. Terra* / ms16: C.A.)

8593. **Catro cartóns fan unha parte.** (mc e ms16: M.-Bueu)

Cuentas de los tripulantes de las barcas de pesca.

8594. **Coa proa dos barcos márcase o tempo.** (mc e ms16: M.-Bueu)

8595. **En pouca auga pouco se navega.** (mc e ms16: M.L.)

(es) *En poca agua, poco se navega.* (Gella)

Para realizar grandes empresas, es menester contar con medios apropiados.

8596. **Máis vale palmo de vela que remo de galera.** (mc, ms e ms16: S. Loureiro)

Var.: *Vale máis palmo de vela que cen remos de galera.* (mc e ms16: Bayona)

(es) *Más vale palmo de vela que remo de galera.* (Gella)

La razón de la paremia es clara: en el primer caso, el viento lleva al barco; en el segundo es el hombre quien, quizá contra viento, lleva al barco. (ms)

8597. **Maraxe tardeira leva as barcas á ribeira.** (mc e ms16: S. Loureiro)

8598. **Maraxe tardeira leva os barcos á ribeira.** (ms18,63r: Coleic. Renacencia, Santiago Loureiro, *Refraneiro do mar*. Noya.-Imprenta Loroño, 1936)

8599. **Matar, non matar, cos barcos andar.** (mc e ms16: S. Loureiro)

8600. **Moito vento, pouca vela.** [3072] (mc: S. Loureiro / ms16: Saralegui)

(es) *A mucho viento, poca vela.* (Saralegui) (ct) *Segons el vent, les veles.* (Id.)

8601. **Nin en agosto caminar nin en Nadal navegar.** (mc e ms16: J.P.)

(pt) *Nem em agosto caminhar, nem em dezembro marear.* (Chaves) (es) *Ni en agosto caminar, ni en diciembre navegar.* (R. Marín)

8602. **Nin os barcos andan sin vento nin as mulleres paren sin tempo.** (mc: Riveira, Gella / ms16: Riveira, Sta. Eugenia)

8603. **O barquiño que moito quer caminar, volta no camiño dá.** [3073] (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

8604. **O fillo do patrón caga xunto ó timón.** [3074] (mc e ms16: S. Loureiro)

8605. **O que chega tarde, un remo torto nunca lle falta.** (ms-SA: Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C)

8606. **O que tarde chega á barca, nunca un remo torto lle falta.** (mc / ms16: Lugo)

(pt) *Quem tarde embarca, remo torto não lhe falta.* (Chaves) */ Quem vai atrás, rema com o remo torto.* (Id.) (es) *Quien tarde viene a la barca, un remo tuerto nunca le falta.* (R. Marín)

8607. **O que tarde chega á barca, un remo torto nunca lle falta.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)

8608. **O que tarde embarca, un remo torto nunca lle falta.** (mc / ms16: La Coruña / ms18,69v: Gella, -Lira)

(pt) *Quem tarde embarca, remo torto não lhe falta.* (Chaves) */ Quem vai atrás, rema com o remo torto.* (Id.) (es) *Quien tarde viene a la barca, un remo tuerto nunca le falta.* (R. Marín)

[3069] ms: *arribadal*.

[3070] ms16: *malo, malo*. / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Navegación* (*Normas de navegación*).

[3071] ms: *azota el palo.*

[3072] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Navegación* (*Normas de navegación*).

[3073] *O barq'uiño q'ue moito q'uer camiñar bolta no camiño da*.

[3074] ms: *c... xunto*.

8609. **O que tarde se embarca, un remo torto nunca lle falta.** (ms21,08r: Bermés)

8610. **Patrón que non bebe, calada que perde.** (mc e ms16: Gella, Isla de Arosa)

8611. **Pau si remas, pau si non remas.** (mc e ms16: A.S.A.)

(es) *Palo si bogas, palo si no bogas.* (Gella) */ Palo si remas, palo si no remas.* (Id.)

Alude a las censuras inconsideradas de que se hace objeto a la obra de un hombre sea cual sea.

8612. **Según é o barco, leva a vela.** (mc e ms16: Buciños)

8613. **Si a proa vai e vén, o tempo non se ten.** (mc e ms16: M.-Bueu)

8614. **Si queres que o vento veña, dálle coa leña.** (mc e ms16: Sar., Ferrol)

Dale con el remo, boga, explica Gella. Saralegui dice no entender el refrán y añade una explicación que le dió una persona ilustrada de Ferrol: *Cuando se queda el viento, hay que armarse de paciencia y tirar del remo, hasta que vuelva*.

8615. **Si te chega a auga antes do vento, colle-la vela e metela dentro.** [3075] (mc e ms16: Sar., Pontedeume)

(es) *Si viene el agua antes que el viento, agarra la vela y métela dentro.* (Gella)

8616. **Si te chega a auga antes do vento, deixa ir a vela ao vento.** [3076] (mc e ms16: Sar.)

(es) *Agua antes de viento, aferra y vete dentro.* (Gella) */ Viento antes que lluvia, déjate ir que no hay duda; lluvia antes de viento, métete dentro.* (Gella) */ Si viene el agua antes que el viento, agarra la vela y métela dentro.* (Gella)

8617. **Si vén a chuvia antes do vento, aferra e mete dentro; si vén o vento antes da chuvia, deixa ir, que non ten duda.** [3077] (mc, ms4 e ms16: Muros)

Var.: *Chuvia antes do vento, aferra e métete dentro; e vento antes da chuvia, déixate ir que non hai duda.* (ms16: *R. Fisterrán*)

8618. **Si vén o vento antes da chuvia, mete o pano dentro.** [3078] (mc e ms16: Sar., Riveira)

(es) *Viento antes que lluvia, déjate ir que no hay duda.* (Gella)

8619. **Tal vento, tal viaxe.** (mc e ms16: F.L.)

8620. **Tanto remar, remar, i-ó chegar ó porto, afogar.** [3079] (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

Véase *Remar, remar...*

8621. **Timón sin ferro non goberna.** (mc e ms16: S. Loureiro)

8622. **Un barco cargado de patróns vaise a pique.** (mc e ms16: Santiago)

8623. **Un remo solo non leva a barca á orela.** (ms16: Sober)

Var.: *Co un remo non se leva a barca á orela.* (ms16: Sober)

8624. **Unha lancha con dous remos, un sesto con do[u]s patelos.** [3080] (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

8625. **Vento alto, vela baixa.** [3081] (mc e ms16: Cayón-*Refranero del mar*)

8626. **Vento en popa a toda vela, navega unha carabela.** (mc e ms16: S. Loureiro)

8627. **Vento en popa é medio porto.** [3082] (mc e ms16: S. Loureiro)

(es) *Viento en popa, es medio puerto.* (Gella) */ Viento en popa, es medio viaje.* (Id.) */ Viento en popa y mar bonanza, navegaba Sancho Panza.* (Id.)

8628. **Volvan os barcos, volvan as redes, non veñan eles.** (mc e ms16: M.L.)

EMBARCAR

8629. **Pra embarcar, o primeiro; pra desembarcar, o derradeiro.** (ms10,010v: *D.E.*)

[3075] *Si te chega a auga antes do vento, collel-a vela e metel-a dentro.* / ms e ms4: *collela, metela.* / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Navegación* (*Normas de navegación*).

[3076] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Navegación* (*Normas de navegación*).

[3077] ms4: *Se ven, antes que o vento*; mc: *antes que a chuvia* / V. *Si vén a chuvia antes do vento, colle-la vela e metela dentro* en *Marítimos* (*Vientos y calmas*). Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Navegación* (*Normas de navegación*).

[3078] ms4: *o pano a dentro*. / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Navegación* (*Normas de navegación*).

[3079] En segundas clasificacións temáticas, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Desgracia* e *Esfuerzo*. V. *Remar, remar pra morrer na veira do mar* en *Desgracia* e en *Esfuerzo*.

[3080] O orixinal di *Un'a lancha con dous remos un çesto con dos patelos*.

[3081] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Navegación* (*Normas de navegación*).

[3082] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Navegación* (*Normas de navegación*).

EMBUTIDOS. V. tamén *Comida, Hambre. Gastronomía, Morcilla*.

8630. **Carne da saqueta, que a coma quen a meta.** (ms8,38r: Silvarrey)

8631. **Carne de calceta, que a coma o que a meta.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

8632. **Carne de calceta, que a coma quen a meta.** [3083] (mc e ms16: A.N.)

(es) *Carne en calceta, para quien la meta.* (R. Marín) */ Carne enfundada, para quien le agrada.* (Id.)

8633. **Carne en calceta, qu'a coma quen-a meta.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

EMIGRACIÓN

8634. **En terra allea hastra as vacas turran os bois.** [3084] (mc e ms16: C.G. / ms21,03r: Bermés

8635.)

(es) *En tierra ajena, la vaca al buey acornea.* (Correas) */ En tierra ajena la vaca al buey maja.* (Id.)

8636. **Na casa allea poden as vacas cos bois.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8637. **Na terra allea a vaca escornea.** [3085] (mc: Tuiriz, Monforte / ms16: Tuiriz / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

(es) *En tierra ajena, la vaca al buey acornea.* (Sbarbi)

8638. **Na terra allea as vacas escornan os bois.** (mc: M.V.)

Var.: *Na terra allea a vaca ó boi escornea.* (ms16: Lugo)

(es) *En terra ajena la vaca al buey maja.* (Correas) */ En tierra ajena, la vaca al buey acornea.* (Id.)

8639. **Tócalle un sacho e dálle a fouciña que vai prá sega en Castilla.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

EMPEÑOS. V. tamén *Deudas*.

8640. **O que has de empeñar, véndeo.** [3086] (ms16 e ms10,047v: *D.E.*)

(es) *Lo que se ha de empeñar, véndase.* (Correas)

8641. **Xogarás e ganarás, pero sempre t'empeñarás.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

EMPEORAMIENTO

8642. **Fuxir das tixelas e caer nas brasas non son ventaxas.** (ms15,12)

8643. **Mal a pé e peor d'a cabalo.** (ms4: F.V.S.)

8644. **Non se está sempre tan ben que non se poda estar millor, nin tan mal que non se poda estar pior.** (ms10,015r: *D.E.*)

8645. **Ond'hai un malo, inda hai outro pior.** [3087] (ms15,16)

8646. **Pior é o remedio que a enfermedá.** [3088] (ms10,092r: *D. E.*)

8647. **Pior é o roto que o descosido.** [3089] (ms10,092r: *D. E.*)

8648. **Sempre hai un pior pra un millor.** [3090] (ms10,092r: *D.E.*)

8649. **Xa me dixo Leonor que cada vez vai peor.** (ms8,50v)

ENALTECIMIENTO

ORGULLO DEL ENALTECIDO

8650. **Si queres conocer a Pedriño, dálle un mandiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8651. **Si queres conocer a Periquiño, dálle un mandiño.** [3091] (mc: M.V. / ms16: *D.E.* / ms21,25v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Var.: *Si queres saber quén é Periquiño, dálle un mandiño.* (Buciños) / *Si queres saber quén é Minguiño, dálle un mandiño.* (ms16: Sober)

(pt) *Se queres conhecer o vilão, põe-lhe o governo na mão.* (Chaves) */ Se queres conhecer o vilão, mete-lhe a vara na mão.* (Id.) (es) *Si quieres saber quién es Gil, dale la vara de alguacil.* (R. Marín) */ Si quieres saber quién es Periquillo, dale un empleillo* (o *un mandillo*). (Id.) / *¿So alcalde o no so alcalde, o esta varilla la traigo de balde?* (R. Marín) */ Si quieres conocer al galleguiño, dale un mandiño.* (ct) *Si vols saber quí es Leandro, dónali mando.* (Alberola)

[3083] ms4: *da calceta*.
[3084] ms21,03r: *hastr'as vacas*.
[3085] ms-LU: *acornea*.
[3086] En ms10 s.v. *Miscelánea* coa indicación *Empeñar*.

[3087] *Ond'hay un malo inda hay outro pior*.
[3088] Sen tema no orixinal.
[3089] Sen tema no orixinal.
[3090] Sen tema no orixinal.
[3091] ms4 e ms-LU: *Se qués conocer*; ms16 e ms21,25v: *Se*; ms21,25v: *dall'un mandiño*.

ENCARGOS

8652. **Carta sin diñeiro non pas'o ponte do Leiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8653. **Encargos sin diñeiro déixanse no primeiro regueiro.** (ms21,07r: Bermés)

8654. **Encargos sin diñeiro non pasan o Cabo Silleiro.** [3092] (ms16: A.S.A. / mc: Sar., Bayona)

Var.: *Encargos sin diñeiro chegan a Sigueiro.* (A.S.A.) / *Encargos sin diñeiro non pasan do cabo Silleiro.* (Bayona-F.V.S.) [3093] / *Encargos sin diñeiro chegan ó primeiro regueiro.* (A.S.A.) / *Encargo sin diñeiro non pasa a ponte de Outeiro.* (M.L.)

(pt) *Encomendas sem dinheiro, esquecem ao primeiro ribeiro.* (Chaves) / *Encomendas sem dinheiro, ficam no tinteiro.* (Id.) / *Encomendas sem dinheiro, esquencen / ao primeiro regueiro.* (Chaves) / *Encomendas sem dinheiro, ficam na toca dum sombreiro.* (Id.) (es) *Encargo sin dinero siempre está hecho.* (R. Marín) / *Encargo sin din, descanso de mi rocín.* / *Encomendar sin dinero, es encomendarlo a Duero.* (R. Marín)

Próximo al Oeste de Bayona. Tiene multitud de variantes. Y, como dice Saralegui, equivalen al conocido del cuento: *tú que pitas, pitarás*.

8655. **Encargos sin diñeiro quedan no primeiro rigueiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8656. **Os encargos sin diñeiro quedan no primeiro carreiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8657. **Os encargos sin diñeiro quedan no primeiro rigueiro.** (ms15,11)

ENCOMENDAR

8658. **Encomenda sen renda, será parvo o que a atenda.** (ms10,011r: *D.E.*)

ENCUBRIR

8659. **O que che encobren non queiras sabelo i-o que che descobren teno segredo.** (ms10,011r: *D.E.*)

8660. **O que encobre o seu natural, pra si fai o mal.** (ms10,011r: *D.E.*)

[3092] mc: *Cabo Sigueiro*.
[3093] ms4: *non pasan a cabo*.

ENCUENTRO

8661. **Ó mal encontro faille a figa.** (ms10,011r: *D.E.*)

8662. **Ó mal encontro, dálle a man e múdate pronto.** (ms10,011r: *D.E.*)

ENDENTECER. V. tamén *Dientes*.

8663. **Cando o meniño endentece axiña irmanece.** (ms10,011r: *D.E.*)

ENEMIGOS

8664. **Cando fores por un camiño non fales mal do teu enemigo.** (ms10,011v: *D.E.*)

8665. **Do enemigo colle o consello.** (ms10,011v: *D.E.*)

8666. **Enemigo, de ninguén; amigo, cando menos, de un.** (ms10,011v: *D.E.*)

8667. **O diñeiro do teu enemigo, en pan cocido e en rodas o vexas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

8668. **O enemigo da noiva nunca fala ben da boda.** [3094] (ms16 e ms10,011v: *D.E.*)

(es) *El enemigo de la novia ¿cómo dirá bien de la boda?* (R. Marín)

8669. **O enemigo de home sempre foi o home.** [3095] (ms16 e ms10,011v: *D.E.*)

8670. **O enemigo honrado, deixalo e non aldraxalo.** [3096] (ms16 e ms10,011v: *D.E.*)

8671. **O enemigo nunca fará bo testigo.** [3097] (ms16 e ms10,011v: *D.E.*)

(es) *El enemigo no vale para testigo: pero vale más que otro por testigo de abono.* (Correas)

8672. **Ó teu enemigo cómelle o pan e bébelle o viño.** [3098] (ms16 e ms10,011v: *D.E.*)

(es) *Al enemigo comelle el pan y bebelle el vino.* (Correas)

Abrir calle al enemigo

8673. **A enemigo que fuxe, ponte de prata.** (mc: C.A.)

Var.: *Ó enemigo que fuxe, ponlle ponte de prata.* (ms16 e ms10,011v: *D.E.*) [3099]

(pt) *A inimigo que foge, ponte de prata.* (Chaves) (es) *A enemigo que vuelve la*

[3094] En ms10 s.v. *Enemigos*.
[3095] En ms10 s.v. *Enemigos*.
[3096] En ms10 s.v. *Enemigos*.
[3097] En ms10 s.v. *Enemigos*.
[3098] En ms10 s.v. *Enemigos*.
[3099] En ms10 s.v. *Enemigos*.

espalda, las puentes de plata. (R. Marín) */ A enemigo que se ausenta, con música y fiesta.* (Id.) */ Al enemigo si huye, la puente de plata.* (mc: Correas / ms16: Z.)

8674. **Ó enemigo que marcha, ponte de plata.** (ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)

8675. **O que por lo seu enemigo roga, seguro ao ceu navega.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Temor al enemigo

8676. **Cando fores por un camiño, non fales mal do enemigo.** (ms16: *D.E.*)

8677. **Dos enemigos, os menos.** [3100] (ms16 e ms10,011v: *D.E.*)

(es) *De los enemigos, los menos.* (Z.)

8678. **Quen ó seu enemigo corre, ás súas mans morre.** [3101] (ms16 e ms10,011v: *D.E.*)

8679. **Quen ten un enemigo, non as ten todas consigo.** [3102] (ms16 e ms10,011v: *D.E.*)

8680. **Quen teña enemigos, que non durma ou durma pouquiño.** [3103] (ms16 e ms10,011v: *D.E.*)

8681. **Quen enemigos teña, mire ben por onde vai.** [3104] (ms16 e ms10,011v: *D.E.*)

ENFADOS

8682. **Mal vai a danza cando na casa de vosté me tratan.** (ms16: Lugo)

(es) *Cuando en mi casa me habla con crianza, mala va la danza.* (R. Marín)

8683. **Ó home anoxado dálle de lado.** (ms16: Lugo)

(es) *Al hombre enfadado, dale de lado.* (R. Marín)

8684. **O que primeiro gana, dispois regaña.** (ms10,107r: *D.E.*)

8685. **O que se enfada, ten dous traballos.** (ms16: Sarria)

(es) *Tendrá dos males: uno en enojarse y otro en desenojarse.* (Correas)

8686. **Quen gana primeiro, regaña ó derradeiro.** (ms10,107r: *D.E.*)

ENFERMEDAD. V. tamén *Medicina. Higiene*.

8687. **A frol da maravilla, cando morta, cando viva.** (mc e ms16: Buciños)

(es) *La flor de la maravilla: cátala muerta, cátala viva.* (R. Marín)

8688. **Alá vaias, mal, onde che poñan bo cabezal.** [3105] (ms16 e ms10,035r: *D.E.*)

Var.: *Vai o mal a onde lle poñen bo cabezal.* (ms16 e ms10,036r: *D.E.*) [3106]

8689. **As enfermedades entran por libras e salen por adarmes.** [3107] (mc e ms16: M.V.)

(pt) *A doença vem as braças e vai às polegadas.* (Chaves) */ A doença vem a cavalo e vai a pé.* (Chaves) (es) *Las enfermedades entran por libras y salen por adarmes.* (R. Marín) (ct) *Els plaers entren per onces y els mals per arròves.* (Alberola)

8690. **Boa mexada, bo coor e tres figas ó doutor.** (ms16 e ms10,020v: *D.E.*)

Var.: *Mexa limpo, mexa craro e figa ó ciruxano.* (ms16 e ms10,020v: *D.E.*)

(es) *Cuando el enfermo mea de color de florín, eche al médico para ruín.* (R. Marín)

8691. **Caga duro e mexa claro e ríete do médico e do boticario.** (ms18,01r)

8692. **Cando a ver un enfermo moitos médicos van, alporízase o sacristán porque é siñal de din, dan.** (ms10,011v: *D.E.*)

8693. **Cando bos estamos, dos enfermos non nos lembramos.** (ms10,011v: *D.E.*)

8694. **Con tódolos males un dorme, menos co seu, que non pode.** (ms16: *R. Fisterrán*)

8695. **Conoce-la enfermedade é gran parte da saúde.** (ms10,011v: *D.E.*)

8696. **Enfermedade de nove meses nas mulleres, cúrase antes dos dez meses.** (ms10,011v: *D.E.*)

8697. **Mal por mal, pedra por cabezal.** (mc e ms16: Buciños)

(pt) *Mal por mal, pedra por cabeçal.* (Chaves)

8698. **Mal sobre mal e pedra por cabezal.** (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms16: C.A.)

(es) *Mal por mal y piedra por cabezal.* (Sbarbi) (ct) *Mal sobre mal y pedra per capçal.* (Alberola)

Todos los males vienen juntos sobre el que es verdaderamente desgraciado.

8699. **Mexa craro, caga duro e rite dos médicos e dos buticarios.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

[3100] En ms10 s.v. *Enemigos*.
[3101] En ms10 s.v. *Enemigos*.
[3102] En ms10 s.v. *Enemigos*.
[3103] En ms10 s.v. *Enemigos*.
[3104] En ms10 s.v. *Enemigos*.

[3105] En ms10 s.v. *Mal*.
[3106] En ms10 s.v. *Mal*.
[3107] ms4: *saen por*.

8700. **Mexe eu claro e cágome no ciruxano.** [3108] (mc e ms16: Buciños / ms4: F.V.S.)
(pt) *Mijar claro, dar uma figa ao médico.* (Chaves) (es) *Mea claro y de buen color, y una higa para el doctor.* (Castillo) / *Mea claro y recio, y una higa para el médico.* (Id.)

8701. **Nin de moito mal se morre nin de pouco escapa o que está na cama.** [3109] (ms16 e ms10,035r: *D.E.*)
(es) *Ni de mucho mal muere, ni de poco escapa cuando el enfermo está en cama.* (Correas)

8702. **Non lle fai mal ó enfermo o caldo de galiña ou de pucheiro.** (ms10,011v: *D.E.*)

8703. **Non me pesa polo que meu fillo enfermou senón polo mal vezo que lle quedou.** [3110] (ms16 e ms10,011v: *D.E.*)
(es) *No me pesa porque mi hijo enfermó, sino por la mala costumbre que tomó y por el mal vezo que le quedó.* (Correas)

8704. **Ó enfermo purgádeo, sangrádeo, acochádeo, e, se morre, enterrádeo.** (ms10,011v: *D.E.*)

8705. **O mal que non ten remedio, esquecelo é o millor medio.** [3111] (ms16 e ms10,035v: *D.E.*)
(es) *El mal que no tiene remedio, olvidallo es mejor medio.* (Correas)

8706. **O mal sea pra quen o queira.** [3112] (ms16 e ms10,035v: *D.E.*)
(es) *El mal sea para quien lo quiera.* (R. Marín)

8707. **O mal, mal criado fai.** [3113] (ms16 e ms10,035v: *D.E.*)
(es) *El mal, mal criado haz.* (Z.-H. Núñez)

8708. **O medo do enfermo pon medo ás veces ó médico.** [3114] (ms16 e ms10,038v: *D.E.*)
(es) *El miedo del enfermo miedo pone al médico.* (Z.)

8709. **O que come ben e caga ben, maldito mal ten.** (ms16: Sober)

8710. **Onde hai enfermedá, arde a casa e non fumega.** (ms16: *R. Fisterrán*)

8711. **Os enfermos cúranse nos libros e mórrense nas camas.** (ms10,011v: *D.E.*)

8712. **Os males fan amistades.** [3115] (ms16 e ms10,035: *D.E.*)
(es) *Los males hacen amistades.* (R. Marín)

8713. **Os males non precisan que os chamen.** [3116] (ms16 e ms10,035: *D.E.*)
(es) *Los males no han menester que los llamen.* (R. Marín)

8714. **Por moito mal que teña, naide morre hastra que Dios queira.** (ms16: Lugo)
(es) *Por mucho mal nadie muere hasta que Dios quiere.* (R. Marín)

8715. **Prós enfermos do peito, o leite de burra é remedio feito.** (ms10,011v: *D.E.*)

8716. **Quen dice "¡ai!", mal lle vai.** (mc e ms16: A.S.A.)

8717. **Se ques enfermar, cea moito e vaite deitar.** (ms10,011v: *D.E.*)

8718. **Se quitan os enfermos, sanos poucos quedan.** (mc e ms16: Buciños)

8719. **Sobre humedá estancada, enfermedá sobrenada.** (mc e ms16: J.P.)

8720. **Sol que entra pola cabeza, faille mal hastra ós pés.** (ms5,121: Trapero)

ENFERMEDAD Y MUERTE

8721. **A i-auga é meiciña pr'aquel que é de vida.** (ms16: *D.E.*)
Var.: *Pró enfermo que é de vida, a i-auga élle meiciña.* (ms16 e ms10,011v: *D.E.*) [3117] / *Cando o enfermo está de vida, auga fría fai meiciña.* (ms16: Pombeiro)
(es) *Al enfermo que es de vida, el agua le es medicina.* (R. Marín)

8722. **A mal mortal, nin médico nin meiciña lle val.** [3118] (ms16 e ms10,035r: *D.E.*)
Var.: *A enfermedade mortal, nin médico nin meiciña lle val.* (ms16 e ms10,11v: *D.E.*) [3119]
(es) *Al mal mortal, ni médico ni medicina no le val.* (Correas)

8723. **A morte a todas cousas se iguala.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

8724. **Cando é de morte o mal, de Dios lle veña o remedio.** [3120] (ms16 e ms10,035r: *D.E.*)

8725. **Cando non se sinte o mal, é mala siñal.** [3121] (ms16 e ms10,035r: *D.E.*)
(es) *Es mala señal cuando no se siente el mal.* (Correas)

[3108] ms16: *craro*.
[3109] En ms10 s.v. *Mal*.
[3110] En ms10 s.v. *Enfermedad*.
[3111] En ms10 s.v. *Mal*.
[3112] En ms10 s.v. *Mal*.
[3113] En ms10 s.v. *Mal*.
[3114] En ms10 s.v. *Miedo*.
[3115] En ms10 s.v. *Mal*.
[3116] En ms10 s.v. *Mal*.
[3117] En ms10 s.v. *Enfermedad*.
[3118] En ms10 s.v. *Mal* coa indicación *Enfermedad*.
[3119] En ms10 s.v. *Enfermedad*.
[3120] En ms10 s.v. *Mal* coa indicación *Enfermedad*.
[3121] En ms10 s.v. *Mal*.

8726. **Cando o mal é de morte, non hai remedio na horta.** (mc e ms16: Buciños)

8727. **Cando o mal é de morte, o remedio é morrer.** (mc e ms16: J.T.)

(pt) *Quando o mal é de morte, o remédio é morrer.* (Chaves) (ct) *Quan el mal es de mòrt, sols el morir es remey.* (Alberola)

8728. **Cousa de mal é non querer sanar.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Asaz es de mal no querer sanar.* (Correas)

8729. **Chiculate antes de bañarse non debe tomarse, si un non ten ganas de enterrarse.** (ms5,121: Trapero)

8730. **De morte é siñal o non querer sanar.** [3122] (ms16 e ms10,043r: *D.E.*)

(es) *Señal mortal no querer sanar.* (Correas)

8731. **En mal de morte ningún médico ten sorte.** [3123] (ms16 e ms10,035r: *D.E.*)

8732. **Espantouse a morte da aforcada cando a viu tan esguedellada.** (ms10,014r: *D.E.*)

8733. **Mal de morte n'hai médico que o corte.** [3124] (mc e ms16: J.P.)

(es) *En mal de muerte, no hay médico que acierte.* (Sbarbi)

8734. **Mal delongado, a morte en o cabo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8735. **Mal delongado, morte no cabo.** (mc e ms16: J.T. / ms21,18v: Bermés)

Var.: *Mal moi delongado, morte ó cabo.* (ms16: *D.E.*) / *Mal largo, morte no cabo.* (ms16: Sober)

(es) *Mal largo y muerte en cabo.* (Correas)

8736. **Mal derrengado, morte no cabo.** (mc e ms16: A.S.A.)

(pt) *Mal prolongado morte no cabo.* (Chaves) (es) *Mal largo, muerto al cabo.* (Sbarbi)

Como *Mal delongado...*

8737. **Mal que non ten cura, querelo curar é de loucura.** (ms16: *D.E.*)

8738. **Mozo que vela e vello que dorme, sinal é de morte.** (mc e ms16: J.T.)

(pt) *O moço dormindo, sara e o velho acaba.* (Chaves) (es) *Mozo que mucho vela y viejo que mucho duerme, señal de muerte.* (Castillo)

8739. **Muller doente, muller pra sempre.** (mc: J.T. / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

Var.: *Muller enclenque, dura sempre.* (J.T.)

(pt) *Mulher doente, mulher para sempre.* (Chaves) (es) *Mujer enferma, mujer eterna.* (R. Marín)

8740. **Muller enclenque, muller pra sempre.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

8741. **O cansarlle a un as forzas, non ouvir e non ver son siñales de morrer.** (ms16: Sier, Sarria)

8742. **Ó fin do ano máis come o morto que o sano.** (ms4)

8743. **O mal da morte non hai médico qu'o acerte.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

8744. **O mal da morte non hai remedio que o corte.** (ms-SA: José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)

8745. **Ó mal da morte, nin médico nin medicinas.** [3125] (mc e ms16: Tuiriz, Monforte / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

(es) *Al mal de muerte, no hay médico ni medicina que acierte.* (Castillo) / *Al mal mortal, no hay hierba que val.* (Id.)

8746. **Ó mal mortal ningún médico lle val.** (ms16: Lugo)

(es) *A mal mortal, médico no val.* (R. Marín)

8747. **O que é de morte, hastra a auga lle é forte.** [3126] (mc e ms16: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

(pt) *A quem é de morte, a água lhe é forte.* (Chaves) / *A quem Deus quere dar vida, água da fonte é mésinha.* (Id.) (es) *A quien es de muerte el agua le es fuerte.* (Castillo)

8748. **O que enferma pra morrer, ningún remedio lle pode valer.** [3127] (ms16 e ms10,011v: *D.E.*)

8749. **O que fuches son, o que son serás.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

8750. **O que mata é o escrúpulo.** (mc: M.V. / ms16: *R. Fisterrán*)

8751. **O que murriu, acabouse.** [3128] (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

8752. **Prá morte non hai cura.** (mc e ms16: Buciños)

(es) *Para la muerte no hay hombre fuerte.* (R. Marín)

8753. **Pró mal mortal ningunha herba val.** (ms16: *D.E.*)

[3122] En ms10 s.v. *Muerte*.
[3123] En ms10 s.v. *Mal*.
[3124] mc e ms16: *non hai médico*. Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *n'hai*.

[3125] ms16: *meiciñas*; ms-LU: *medecinas*.
[3126] mc: *hasta*.
[3127] En ms10 s.v. *Enfermedad*.
[3128] O orixinal di *O que murrío acabóuse*.

8754. **Quen máis non pode, co seu mal se morre.** (ms16: *D.E.*)

8755. **Quen se laia e non come nin sonea, logo dá os fíos á tea.** (mc e ms4: M.V. / ms4: F.V.S. / ms16: M.L. / ms21,25r: Bermés)

Sonear, es aquí dormir, y *dar os fíos á tea*, significa morir.

8756. **Tanto lle tarda a saúde ó enfermo que, cando vén, non ten remedio.** (mc e ms16: J.T.)

8757. **Vella doente, vella pra sempre.** (ms16: Sober)

ENFERMEDADES VIEJAS Y NUEVAS

8758. **Mal de herencia non ten cura.** (mc e ms16: Buciños)

Glosado por varias canciones populares: *Arrodilleime a chorar / ó pé dunha sepultura, / i-unha vos me respondeu: / mal de herencia non ten cura.*

8759. **Non é de agora aquel mal que non millora.** (ms16: *D.E.*)

Var.: *Este mal que non millora non é de agora.* (ms16 e ms10,035r: *D.E.*) [3129]

(es) *No es de ahora el mal que no mejora.* (H. Núñez)

Enfermos aprensivos

8760. **A confesión dos enfermos, enferma é.** (ms8,74r: O. de Rey)

8761. **Benia o mal que con dormir se cura.** [3130] (ms16 e ms10,009v, ms10,035r: *D.E.*)

8762. **Cando morre unha vella, cen anos de penitencia.** (ms)

Var.: *Cando morre unha vella, cen anos de pestilencia.* (ms4: F.V.S. / ms16: Buciños) / *Pola morte de unha vella, sete anos de pestilencias.* (ms16: Sober)

(es) *Por una vieja que murió, todo el año pestilencia.* (Correas)

8763. **Máis mata a aprensión que a enfermedade.** (mc e ms16: C.A.)

(es) *Más mató el cavilar, que el ayunar o trasnochar.* (Castillo)

8764. **Mal que se cura comendo, ben o entendo.** [3131] (ms16 e ms10,035r: *D.E.*)

(es) *Males que se curan comiendo, bien los entiendo.* (R. Marín)

8765. **O mal do miñato: as aas crebadas e o bico sano.** [3132] (ms16 e ms10,035v: *D.E.*)

(es) *El mal del milano: las alas quebradas e el papo sano.* (S.)

8766. **O mal do rico: pouco mal e moito trapito.** (mc e ms16: Lugo)

(es) *Mal de rico, poco daño y mucho trapito.* (Castillo) (ct) *Mal de ric, mal de crit.* (Alberola)

8767. **O mal do tordo: a cara fraca i-o cu gordo.** [3133] (ms16 e ms10,035v: *D.E.*)

(es) *El mal del tordo: la cara flaca; el papo gordo.* (Z.-H. Núñez)

8768. **O que alaia, mal lle vai, si de risas non o fai.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

8769. **O que dice "ai", mal lle vai, si de risas non-o fai.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8770. **O que laia, mal lle vai, si de neiteguería non-o fai.** (mc e ms16: M.L.)

Var.: *O que laya, mal lle vai si de risas non-o fai.* (ms4: F.V.S.) / *O que laia, mal lle vai si de risa non-o fai.* (ms16: Nantín-Becerreá)

(es) *Quien se queja, algo le duele.* (R. Marín)

8771. **O que moito se apura, pouco dura.** [3134] (mc e ms16: V.Gallega / Francisco Canosa Quintáns)

(pt) *Quem muito se apura, pouco dura.* (Chaves) (es) *El que se apura, se muere.* (Sbarbi)

8772. **O que moito se cura, pouco dura.** (ms16)

Var.: *Home que moito se cura, pouco dura.* (ms16: Lugo)

(es) *Quien mucho se cura, su muerte procura.* (R. Marín)

8773. **Paxel que moito se lava e home que moito se cura, pouco dura.** [3135] (mc e ms16: A.N.)

Var.: *Paxe que moito refregan e home que moito se cura, pouco duran.* (ms16: *D.E.*)

8774. **Porque morra unha vella, non é ano de mortaldá.** (ms4: Fonsagrada-F.V.S.)

8775. **Porque morra unha vella, non todas han de ser pestilencias.** (ms / ms4 e ms16: C.G., *O Gaiteiro de Lugo* / ms21,31v: Bermés)

8776. **Pouco mal e ben xemido, pronto é ido.** (ms15,16)

[3129] En ms10 s.v. *Mal*.
[3130] En ms10,009v s.v. *Dormir* e en ms10,035r s.v. *Mal* coa indicación *Enfermedad*.
[3131] En ms10 s.v. *Mal*.
[3132] En ms10 s.v. *Mal* coa indicación *Aves*.
[3133] En ms10 s.v. *Mal* coa indicación *Aves*.
[3134] F. Canosa Quintáns: *muito*.
[3135] ms: *y home*.

8777. **Pouco mal e ben xemido.** (mc e ms16: A.S.A. / ms21,14v: Bermés)
Var.: *Pouco mal e ben queixado.* (ms16: *D.E.*)
(pt) *Pouco mal e bom gemido.* (Chaves) (es) *Poco mal y bien quejado.* (R. Marín) / *Al delicado, poco mal y bien quejado.* (Correas) (ct) *Pòc mal y ben planygut.* (Alberola)

ENGAÑOS

8778. **Como creas esta, logo che meten outra.** (ms8,18v: Orense)
8779. **En todo hai engano na roda do ano.** [3136] (ms10,012r: *D.E.*)
8780. **Engánenme no precio e non me enganen no que merco.** [3137] (ms10,012r: *D.E.*)
8781. **Na medida chea n'hai engano.** (ms16: Lugo)
(es) *Medida llena, no hay engaño.* (R. Marín)
8782. **Non traias enganado ó médico, ó confesor nin ó abogado.** [3138] (ms10,012r: *D.E.*)
8783. **O cebo é o que engana, non o pescador nin a cana.** (ms16: *D.E.*)
(es) *El cebo es el que engaña; no el pescador ni la caña.* (H. Núñez)
8784. **O confesor e o abogado, se os engañas, sales engañado.** (mc: Carballedo / ms16: Lugo)
(pt) *Ao confessor e ao letrado, não o tenhas enganado.* (Chaves) / *Ao confessor e ao letrado nao tragas enganado.* (Chaves) (es) *A tu abogado y a tu abad, diles siempre la verdad. / Si engañas al médico, al confesor o al abogado, tú eres el engañado.* (R. Marín)
8785. **O engano i-a laceira andan de feira en feira.** [3139] (ms10,012r: *D.E.*)
8786. **O que coce i-amasa, nunca lle furtes a masa.** (mc: A.N.)
Var.: *A quen coce i-amasa, non lle fúrte-la masa.* (ms16: *D.E.*) / *A quen coce i-amasa, non lle furtes a fogaza.* (ms16: *D.E.*)
(es) *Al que cuece y amasa no le hurtes la hogaza.* (H. Núñez)
Porque conoce la aguja de marear.
8787. **O que me engaña unha vez, que o leve o demo; se me engaña dúas, que nos leve os dous; se me engaña tres, que me leve a min solo.** (ms15,45r: Chantada)
8788. **Ó son de tonto métoche o conto.** (ms-SA: seminarista anónimo: A Coruña, A Coruña, C (Coruña))
8789. **Pra quen sea home cristiano, sempre ten que haber engano en vender estopa por liño, e gato por lebre e xoana por viño.** [3140] (ms10,012r: *D.E.*)

Reprobación del engaño

8790. **Non fagas trafucas, trampón, que as trampas trampas son.** (ms10,049v: Carballino)
8791. **Non fagas trampas, trampán, que as trampas trampas tran.** (ms10,049v: Lugo)
8792. **Non fagas trampas, trampón, que as trampas trampas son.** (ms21,13v: Bermés)
8793. **O engañar non é habilidá.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

ENGORDAR. V. tamén *Comida, Gordo, Obesidad*.

8794. **O que non mata, engorda peso saco de aroma.** [sic] (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)
8795. **O que non mata, engorda.** (mc: M.V. / ms16: *D.E.* / ms21,06v: Bermés)
(pt) *O que não mata, engorda.* (Chaves)
8796. **Quen non engorda comendo, tampouco engorda lambendo.** (ms15,44)
Var.: *Quen non engorda comendo, menos engorda lambendo.* (ms16: *D.E.*)
8797. **Se queres cedo engordar, come con fame e bebe de vagar.** (ms10,012r: *D.E.*)
8798. **Se queres engordar, come con fame e bebe de vagar.** [3141] (mc e ms18,65r: Páramo)
Var.: *Se queres cedo engordar, come con fame e bebe a vagar.* (ms16: *D.E.*)

ENGULLIR

8799. **Más vale engulir que cuspir.** (ms10,012r: *D.E.*)
8800. **Mentras se engule non se cuspe.** (ms10,012r: *D.E.*)
8801. **Millor é pouco engulir que moito cuspir.** (ms10,012r: *D.E.*)

ENJAMBRES. V. tamén *Abejas*.

[3136] En ms10 s.v. *Engaño.*
[3137] En ms10 s.v. *Engaño.*
[3138] En ms10 s.v. *Engaño.*
[3139] En ms10 s.v. *Engaño.*
[3140] En ms10 s.v. *Engaño.*
[3141] ms18,65r: *bebe a vagar*.

8802. **Ano de enxames, ano de fames.** [3142] (ms16 e ms10,013r: *D.E.*)

(es) *Año de enjambres, año de hambre.* (R. Marín)

8803. **Ano de moitos enxamios, cortizos pra moitos anos.** (ms15,49: Óutara)

8804. **Despois de maio, a quen cho pedir, dállo.** (mc e ms16: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)

(pt) *Enxame de maio a quem o pedir, dai-o.* (Chaves) */ Enxame d'abril, para mim; de maio para meu irmão.* (Id.) */ Enxame de março apanha-o no regaço; o d'abril não o deixes ir, o de maio deixai-o.* (Id.) (es) *Enjambre de abril para mí; la de mayo, para mi hermano.* (Sbarbi) (ct) *Eixam de maig, jo me'n vaig.* (Sanchis)

Alude al enjambre que en este mes no es aprovechable, porque comienzan a secar las plantas por el calor. (Véase *Agrícolas. Meses*) (mc) / Alude al enjambre, y explícitamente lo dice el port. Es de poca estimación porque comienzan a secar las hierbas por el calor. (mc)

8805. **Enxame de maio vale un cabalo.** (mc: A.N. / ms21,04v: Bermés)

Var.: *Enxame de maio vale un bo cabalo.* (ms16 e ms10,013r: *D.E.*) [3143]

Ya se dijo: *Enxame de abril pra min; enxame de maio...*

8806. **Enxameo pobre no inverno nace e no maio morre.** [3144] (mc, ms e ms4: M.V.)

Var.: *Enxame probe, se do inverno sale, no maio morre.* (ms16 e ms10,013r: *D.E.*) [3145]

8807. **Enxamio de abril vale mil; de maio, un ducado; de san Xoán, un ferrado de pan; i-o de Santiago non vale un cornado.** (mc)

Var.: *Enxamio de abril vale mil; de mayo vale un ducado; de san Juan non vale un can; y-o de Santiago non vale un car...* (F.V.S.) / *Enxamio de abril val mil; de maio, un ducado; de san Xoán, un ferrado de pan; i-o de Santiago non vale un carto.* (ms16: Lugo)

(pt) *Enxame d'abril para mim, de maio para meu irmão.* (Chaves) (es) *Enjambre de abril, para mí; la de mayo, para mi hermano; la de junio, para ninguno.* (Correas)

Cornado decimos para sustituir la verdadera palabra que usan los campesinos, indigna de figurar en la colección.

8808. **Enxamio de abril vale mil; o de maio vale un ducado; o de san Xoán non vale un can.** [3146] (mc / ms16: Lugo)

(pt) *Enxame d'abril para mim, de maio para meu irmão.* (Chaves) */ Enxame de março apanha-o no regaço; o d'abril não o deixes ir, o de maio deixai-o.* (Id.) / *Enxame de maio a quem o pedir, dai-o; o de abril, guarda-o para ti.* (Id.) (es) *Enjambre de abril, para mí; la de mayo, para mi hermano; la de junio, para ninguno.* (Correas)

8809. **Enxamio de maio vale un cabalo; o de san Xoán, un can; o da sega, unha cadela; i-o de agosto, un magosto.** (ms5,039 / ms16: L. Santar, *El Compostelano* de Santiago)

Var.: *Enxamio de maio vale un cabalo.* (ms16: A.N.) / *No mes de maio o enxame vale un cabalo; o de san Xoán non vale un can, i-o da sega, unha cadela.* (ms16: O. de Rei)

8810. **Inmediat'ó colmear augas puras conservar.** [3147] (ms4: J.P.)

8811. **O enxame da amora era bon, si non se fora.** (ms16: Fonsagrada)

8812. **O enxame de abril, pra min; o de maio, pra meu amo; i-o de san Xoán, pró can.** [3148] (ms16 e ms10,013r: *D.E.*)

(es) *Enjambre de abril, para mí; la de mayo para mi hermano; el de junio para ninguno.* (Correas)

8813. **O enxame de maio non vale un ducado.** (mc)

Var.: *Enxamio de maio vale un ducado.* (ms16: Lugo)

8814. **O enxame de maio vale un cabalo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8815. **O enxamio de san Xuan non-o des nin a teu irmán.** (ms15,49: Carballo, La Coruña)

8816. **O enxamio do mes de maio vale un armallo.** (ms15,49: Carballo, La Coruña)

8817. **O vello i-a colmea probe, do inverno sale e no maio morre.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

[3142] En ms10 s.v. *Enjambre*.
[3143] En ms10 s.v. *Enjambre*.
[3144] ms: *mayo*; ms4: *en mayo*.
[3145] En ms10 s.v. *Enjambre*.
[3146] mc: *de maio, de San Xoán*.
[3147] Parece un aforismo de Jacinto del Prado, máis ca un refrán da tradición popular.
[3148] En ms10 s.v. *Enjambre*.

8818. **Os enxamios de abril gárdaos pra ti, os de maio dáos, i-os de san Xoán déixaos pasar.** [3149] (ms16: Orense)

8819. **Os enxamios de san Xoán, que se quedan, que se van.** (ms16: Tierrallana, C. de Rei)

8820. **Os enxamios de san Xoán, quer se quedan, quer se van.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8821. **Sol de xaneiro e de febreiro mata o abelleiro.** (ms)

8822. **Un enxamio en maio vale un cabalo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)

ENSALADA. V. tamén *Hambre. Gastronomía.*

8823. **A ensalada, ben salada e ben aceitada.** [3150] (ms16 e ms10,012r: *D.E.*)
(es) *La ensalada, bien salada, poco vinagre y bien oleada.* (Correas)

8824. **A ensalada, pouco avinagrada e moi aceitada.** [3151] (ms16 e ms10,012r: *D.E.*)

8825. **Coa ensalada, ou viño ou nada.** (ms10,012r: *D.E.*)

8826. **Da ensalada, dous bocados e deixala.** [3152] (ms16 e ms10,012r: *D.E.*)
(es) *De ensalada, dos bocados y dejalla.* (Correas)

ENSEÑAR. V. tamén *Educación, Estudiantes, Libro, Maestro, Pedagógicos.*

8827. **Ensinando é como se adeprende.** (ms10,012r: *D.E.*)

8828. **Non hai que ensinar ó gato a rabuñar.** (ms10,012r: *D.E.*)

8829. **Non se sabe o que pode ensinar á muller o bailar e ó burro o ornear.** (ms10,012r: *D.E.*)

8830. **Un día ensina a outro día.** (ms10,012r: *D.E.*)

ENTENDER

8831. **Ben se entende o que nos din cando chaman a xantar.** (ms10,012v: *D.E.*)

8832. **Ben se entende que o que merca un, outro o vende.** (ms10,012v: *D.E.*)

8833. **Ben se entende que quen racha se remende e quen peca que se enmende.** (ms10,012v: *D.E.*)

8834. **Cada un entende o que lle convén e non sempre lle sai ben.** (ms10,012r: *D.E.*)

8835. **Cada un se entende e Dios ben nos comprende.** [3153] (ms10,012v: *D.E.*)

8836. **Nunca lle falta en que entender ó que ten carro e muller.** (ms10,012r: *D.E.*)

8837. **O que adeprende o que non comprende, xa me entende.** (ms10,012r: *D.E.*)

8838. **Quen me entende, entende; eso ben se comprende.** (ms10,012r: *D.E.*)

ENTEREZA

8839. **Ataque quen queira, que o que é forte espera.** [3154] (ms16 e ms10,023r: *D.E.*)

8840. **Bos corazós matan penas.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Buen corazón quebranta mala ventura.* (Correas)

8841. **Corazón forte creba cativa sorte.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Corazón fuerte quebranta cativa suerte.* (Correas)

8842. **Hasta a morte, vida forte.** [3155] (mc: Buciños / ms11,49: Comarca de Fonsagrada / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8843. **Hastra a morte, peito forte.** (ms16: Lugo)
Var.: *Hastra a morte, pé forte.* (ms16 e ms10,043r: *D.E.*) [3156]
(pt) *Até à morte, pé forte.* (Ch,) (es) *Hasta la muerte todo es vida.* (Correas) */ Hasta la muerte todo es vida.* (Id.) */ Hasta la muerte, pecho fuerte.* (R. Marín)

ENTIERRO. V. tamén *Duelo, Muerte, Sepultura.*

8844. **Enterro sin choros e romaría sin gaita non teñen gracia.** (ms10,012v: *D.E.*)

8845. **Purgádeo, sangrádeo, coidádeo e, se morre, enterrádeo.** (ms10,012v: *D.E.*)

ENTRAR

8846. **Entrar e saír é como meter e sacar.** (ms10,012v: *D.E.*)

8847. **Entrar lambendo e saír mordendo é cousa que moitos fan en podendo.** (ms10,012v: *D.E.*)

8848. **Éntrome aquí que chove e me mollo, pois fai un sol que rabea.** (ms10,012v: *D.E.*)

[3149] O orixinal di *Os enxamios de abril gardos pra ti, os de maio dáos, i-os de san Xoán deixos pasar*.
[3150] En ms10 s.v. *Ensalada*.
[3151] En ms10 s.v. *Ensalada*.
[3152] En ms10 s.v. *Ensalada*.
[3153] *Cando un se entende, e Dios ben nos comprende*.
[3154] En ms10 s.v. *Fuerte*.
[3155] ms11,49: *Hast'a morte*; ms-LU: *Hastr'a morte*.
[3156] En ms10 s.v. *Muerte*.

8849. **Non entres de romplón na casa allea, chama dende afora i-espera.** (ms10,012v: *D.E.*)

8850. **O que onte entrou rogando, hoxe xa entra mandando.** (ms10,012v: *D.E.*)

8851. **Por onde entra o carro, millor entran os bois.** (ms16: *D.E.*)

8852. **Por onde entrares, deixa a porta como a topares.** (ms10,012v: *D.E.*)

ENTRECOSTO. V. tamén *Comida, Hambre. Gastronomía.*

8853. **Non tén entrecosto o que non mata porco.** (ms10,012v: *D.E.*)

ENTRETENIMIENTO. V. tamén *Diversiones* e *Pereza y ociosidad.*

8854. **A áncora non sabe nadar e sempre anda na auga.** (ms16: *D.E.*)

(es) *La condición del áncora: no sabe nadar y siempre anda en el agua.* (H. Núñez)

8855. **Can que vai a donde n'o chaman leva paus.** (ms-SA: Rafael García Ramos: Cabo de Cruz, Boiro, C)

8856. **Coitas alleas matan os asnos.** [3157] (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms16: C.A.)

Var.: *Ansias alleas matan os asnos.* (ms16: A.S.A.) / *Doos alleos matan os homes.* (ms16 e ms10,009v: *D.E.*) [3158]

(pt) *Cuidados alheios, matam o asno.* (Chaves) (es) *Cuidados ajenos matan al asno.* (Correas) / *Cuidados ajenos matan los hombres.* (Correas)

Véase *Ansias alleas*... Es también análogo el siguiente.

8857. **Donde non te chaman, nada che queren.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: algún lugar do sur da provincia de Lugo)

8858. **Non entres no meu fogo e non verás o que eu gozo.** [3159] (ms16 e ms10,022v: *D.E.*)

(es) *Si no entraras en mi fuego, no verías qué cuezo.* (Correas)

8859. **O can onde non-o chaman leva pedradas.** [3160] (ms21,13v: Bermés)

8860. **O can que vai a donde o chaman, leva paos.** [3161] (ms-SA: M. García García: Santa Xuliana de Monfero, C)

8861. **Onde non me chaman, nada me queren.** (ms21,30v: Bermés)

8862. **Onde non te chaman, nada che queren.** (ms16: Lugo)

(es) *Donde no te llaman ¿qué te quieren?* (R. Marín)

8863. **Van os cas onde os chaman e danlles pedradas.** [3162] (mc e ms16: M.V.)

Var.: *Van os cas onde non-os chaman e levan pedradas.* (ms16: Lugo)

ENVIDIA

8864. **A envexa do amigo é millor que a xenreira do enemigo.** (ms10,013r: *D.E.*)

8865. **A envidia non é caridá.** [3163] (mc e ms16: Pidre)

8866. **Cando a cabra mexa, a outra lle dá envexa.** (ms-LU: Recaredo de la Fuente Pérez: Pombeiro, Pantón, LU (04-10-1951))

Cuando la cabra u otra animal cualquiera, satisface la necesidad natural de orinar, el que está junto a él, siente enseguida la misma necesidad.

8867. **Cando a envidia sea caridá, moitos caritativos haberá.** (mc / ms16: Lugo)

(es) *Si la envidia fuese tiña...*

8868. **Envexa hai moita.** (ms16: Buciños)

8869. **Envexa non teñas se queres ter paz.** (ms10,013r: *D.E.*)

8870. **Máis casas desfai a envidia que a polilla.** (ms18,02v)

8871. **Se a envexa fora tiña, moitos tiñosos habería.** (ms10,013r: *D.E.*)

8872. **Se a envidia fora tiña, moitos tiñosos había.** [3164] (mc, ms4 e ms16: A.S.A. / ms4: J.P.)

(pt) *Se a inveja fosse tinha, muita gente era tinhosa.* (Chaves) (es) *Si la envidia fuera tiña, qué de tiñosos habría.* (Correas) (ct) *Si la enveja fora tinya, quants tinyosos hauría.* (Alberola)

Glosado en la tríada popular en Muros: *Madre de Dios do Carmelo: / Si a envidia fose tiña, / ¡cántos había sin pelo!* (*C.E.G.* nº 39, p. 127)

[3157] ms: *Cuitas*.
[3158] En ms10 s.v. *Duelo*.
[3159] En ms10 s.v. *Fuego*.
[3160] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Perros*.
[3161] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Perros*.
[3162] ms4: *onde n'os chaman*; ms16: *donde*. / V. *De balde andan os cas* en *Egoísmo. Ambición. Interés*. Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Perros*.
[3163] ms: *no é caridá*.
[3164] Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *Si a envidia*, aínda que en ms4 aparece *Se a envidia*.

8873. **Se a envidia fose tiña, tódo-la tiñan.** [3165] (mc e ms16: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(pt) *Si a inveja fosse tinha, muita gente era tinhosa.* (Chaves) (es) *Si la envidia fuese tiña ¡qué de tiñosos había!* (Correas) (va) *Si la enveja fora tinya, quants tinyosos hauría.* (Alberola)

8874. **Si a envidia fora tiña, todo o mundo a tiña.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

ENVIDIA DE LA PROPIEDAD AJENA

8875. **A galiña da miña veciña está máis gorda que a miña.** (ms16: *D.E.*)

Var.: *A galiña da miña veciña sempre parece máis gorda que a miña.* (ms16: *D.E.*)

8876. **A galiña da miña veciña pon sempre máis ovos que a miña.** (mc e ms16: C.A.)

Var.: *A galiña da veciña pon máis ovos que a miña.* (ms5,045: Santiago)

(pt) *A galinha da minha vizinha, é mais gorda que a minha.* (Chaves) (es) *La gallina de mi vecina más huevos pone que la mía.* (Sbarbi) / *La gallina de mi vecina, pone mas gordos huevos y cría mejores pollos que la mía.* (Id.) / *La gallina de mi vecina siempre es más gorda que la mía.* (Correas)

Reprende la envidia, como otros semejantes:

8877. **A porca da veciña sempre é millor cá miña.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

8878. **A porca da veciña, sempre mellor cá miña.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8879. **A vaca da miña veciña come menos herba e dá máis leite que a miña.** [3166] (mc e ms16: A.N.)

Var.: *A vaca da miña veciña dá máis leite que a miña.* (Buciños) / *A vaca da miña veciña dá mellor leite que a miña.* (mc e ms16: Carballedo / ms4: Coruña) / *A cabra da miña veciña dá máis leite que a miña.* (ms16: *D.E.*) / *A broa da miña veciña sempre soupo mellor que a miña.* (ms5,045: Traba, Coristanco-Carballo)

(pt) *A cabra da minha vizinha dá mais leite que a minha*. (Chaves) (es) *La cabra de mi vecina, más leche da que la mía.* (Correas) / *La cabra de mi vecina, más leche da que la mía o da más leche que no la mía.* (Correas) / *La cabrita de mi vecina, más leche trae que la mía.* (Correas) (ct) *La cabra de mon veí, té més llet que la meua.* (Alberola)

8880. **A vaca da miña veciña con auga dá leite pra todos.** (ms17,018: M.L.)

8881. **A vaca da miña veciña dá mellor leite que a miña.** (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

8882. **A vaca da miña veciña sempre dá máis leite cá miña.** [3167] (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU / ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8883. **A vaca da veciña dá máis leite cá miña.** [3168] (ms21,05v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

8884. **A vaca da veciña dá mellor leite cá miña.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8885. **A vaca da viciña sempre dá más leite cá miña.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

8886. **Hai xente que envexa o alleo e non aporveita o seu.** [3169] (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8887. **Horta, a do meu veciño: canto máis fruta ten, máis fruta consigue.** (ms18,30r)

8888. **Invidia non teñas do campo do veciño, antes fai o que el fai.** [3170] (mc: A.C. *A Nosa Terra* / ms16: C.A.)

8889. **Si no teu xardín hai rosas, no meu hai jazmíns.** [3171] (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

Envidia del bien ajeno

8890. **O que come a miña veciña, non aproveita a miña barriga.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Lo que come mi vecina, no aprovecha a mi tripa.* (H. Núñez)

[3165] *Se a envidia fose tiña, todol-a tiñan*. / ms: *todol'a*; ms-LU: *todol-a*; mc e ms-LU: *fora*.

[3166] V. *A vaca da miña veciña, con auga dá leite pra todos* en *Agrícolas* (*Animales*).

[3167] ms-LU (Trini F.): *que amiña*.

[3168] ms-LU (Buciños): *viciña*.

[3169] ms4 e ms-LU: *aproveita*; mc e ms-LU: *envidia*.

[3170] mc: *viciño*.

[3171] *Si no teu sardín hay rosas, no meu hay jazmins*.

8891. **Si a envidia fose caridá, moitos caritativos había.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

Envidiados

8892. **Antes envexado que compadecido e apurrado.** [3172] (ms16 e ms10,013r: *D.E.*)

8893. **Envexa me teñas e non lástima.** (ms16: Lugo)

(es) *Envidia me tengas y no piedad y lástima.* (Correas)

8894. **Matei e salei i-a ti ¿que che importa?** (ms8,12v: Silvarrey)

8895. **Mellor é ser envidiado que aborrecido.** (ms5,027: Ribadeo)

8896. **Millor é verse envexado que verse aquelado.** [3173] (ms16 e ms10,013r: *D.E.*)

8897. **Non hai naide tan desgraciado que non sexa envidiado.** [3174] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Males del envidioso

8898. **Invidia non teñas se queres ter paz.** (mc e ms16: L.G. / ms15,01: E. Carré Aldao, *Literatura Gallega*, 2ª ed., 1911)

8899. **Nunca o envexoso medrou i-o qu'estuvo ó lado dil tampouco.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8900. **Nunca o envexoso medrou i-o que estuvo ó lado del tampouco: envexa hai moita.** (mc e ms16: Buciños)

(es) *Ni el envidioso medra, ni quien con el moró.* (Hernán Núñez) / *Ni el envidioso medra, ni quien a él se allega.* (Correas)

8901. **O envidioso nunca está sosegado.** (mc e ms16: Santiago)

Malevolencia del envidioso

8902. **Hai quen cega dun ollo pra que outro cegue dos dous.** [3175] (mc e ms16: Buciños)

Var.: *Hai quen se quita un ollo pra que outro cegue.* (mc / ms16: Lugo) [3176]

(es) *Hay quien con gusto se saca un ojo por ver ciego a otro.* (R. Marín) / *El envidioso, por verte ciego, se saltaría un ojo.* (R. Marín)

8903. **Hai quen se quita un ollo pra que outro cegue.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

ERAS. V. tamén *Agrícolas* (*Generales*).

8904. **A eira, cando a deixan; a moza, cando a comenzan.** [3177] (ms16 e ms10,010v: *D.E.*)

8905. **Déao Dios na eira e cózao Marta na lareira.** [3178] (ms16 e ms10,010v: *D.E.*)

8906. **Dormir e garda-la eira, non hai maneira.** (ms10,010v: *D.E.*)

8907. **Limpa e arranxa a eira, cando está agosto á beira.** [3179] (ms16 e ms10,010v: *D.E.*)

8908. **O sol na eira i-a chuvia na nabeira.** (ms10,010v: *D.E.*)

ERRE

8909. **Nos meses de erre, na pedra non te sentes.** (ms10,013r: *D.E.*)

8910. **Nos meses que non teñen erre, non te achegues ás mulleres.** (ms10,013r: *D.E.*)

ERROR

8911. **A quen erra perdónaselle unha vez, mais non tres.** (ms16: *D.E.*)

8912. **Cae un burro ás catro patas ¿e non vai caer o que tén dúas?** (ms8,27r: Betanzos)

8913. **Erro de amor ben merece perdón.** [3180] (ms16 e ms10,013r: *D.E.*)

(es) *Error por amor es discuplable error.* (R. Marín)

8914. **O erro sempre é igual: non sabendo, responder; e sabendo, contestar.** [3181] (ms16 e ms10,013r: *D.E.*)

8915. **Quen erra e se enmenda, a Dios se encomenda.** [3182] (mc: M.V. / ms21,23r: Bermés)

Var.: *Quen erra e se enmenda, a non errar se encomenda.* (ms16 e ms10,013r: *D.E.*) [3183]

(pt) *Quem erra e depois se emenda, a Deus se encomenda.* (Chaves) (es) *Quien yerra y se enmienda, a Dios se encomienda.* (R. Marín)

[3172] En ms10 s.v. *Envidia*.
[3173] En ms10 s.v. *Envidia*.
[3174] O orixinal di *Non hay naide tan desgraciado que non sexa envidiado*.
[3175] mc: *Hay, d'un*.
[3176] mc: *Hay*.
[3177] ms16 *comezan*. En ms10 s.v. *Era*.
[3178] En ms10 s.v. *Era*.
[3179] En ms10 s.v. *Era*.
[3180] En ms10 s.v. *Yerro*.
[3181] En ms10 s.v. *Yerro*.
[3182] ms21,23r: *s'enmenda*.
[3183] En ms10 s.v. *Yerro*.

8916. **Val máis errar que deixar de tentar o que se quer lograr.** [3184] (ms16 e ms10,013r: *D.E.*)

El errar es común a todos

8917. **De homes é equivocarse; de bestas, amansarse.** [3185] (ms16 e ms10,028r: *D.E.*)
(es) *De hombres es errar y de burros rebuznar.* (R. Marín)

8918. **Equivocarse é de homes.** (ms16: Lugo)
(es) *De hombres es errar.* (Z.)

8919. **Erran os homes e non erran os montes.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Yerran los hombres y no los montes.* (R. Marín)

8920. **Un erro calquera o ten.** [3186] (ms16 e ms10,013r: *D.E.*)

8921. **Unha equivocación tena calquera.** (ms16: Lugo)
(es) *Un error cualquiera lo hace.* (Correas)

Error engendra error

8922. **Dun erro nacen douscentos.** [3187] (ms16 e ms10,013r: *D.E.*)
(es) *De un error ciento en derredor.* (R. Marín)

8923. **O pior do erro é que ás veces trai un cento.** [3188] (ms16 e ms10,013r: *D.E.*)

8924. **O que fai un erro fai cento.** (ms16: Lugo)
(es) *Quien hace un yerro hace ciento.* (R. Marín)

8925. **Un erro non vén soilo.** (ms16: Lugo)
(es) *Un yerro no viene solo.* (Correas)

ERROR, PADRE DE ACIERTO

8926. **Errando adepréndese.** [3189] (ms16 e ms10,013r: *D.E.*)
(es) *Errando se aprende.* (Correas)

8927. **Errando, errando vaise pouco a pouco acertando.** [3190] (ms16 e ms10,013r: *D.E.*)
(es) *Errando, al acierto nos vamos acercando.* (M. Kleiser)

8928. **Tratas e perdes, tamén aprendes.** (ms10,050r: Silvarrei / ms6,03v: *D.E.* Silvarrey)

[3184] En ms10 s.v. *Yerro*.
[3185] En ms10 s.v. *Hombre*.
[3186] En ms10 s.v. *Yerro*.
[3187] ms10: *De un erro*. En ms10 s.v. *Yerro*.
[3188] En ms10 s.v. *Yerro*.
[3189] En ms10 s.v. *Yerro*.
[3190] En ms10 s.v. *Yerro*.

ESCARABEJEAR

8929. **Escarabellou o galo e descubriu o coitelo pra matalo.** (ms10,013v: *D.E.*)

8930. **O moito escarabellar trai ás veces o seu pesar.** (ms10,013v: *D.E.*)

ESCARMIENTO

8931. **A gato escaldado auga fría lle fai daño.** (ms21,04r: Bermés)

8932. **A mellor razón, un fungueiro.** (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
(es) *No hay mejor razón que la del palo.* (Sbarbi) */ No hay tal razón como la del bastón.* (Id.) */ No hay lenguaje más expresivo que el del palo.* (Id.) / *Al villano con la vara del avellano.* (Id.) */ Bastos son triunfos.* (Id.) (ct) *La millor raó el bastó.* (Alberola)

8933. **A vella, de escarmentada, pasa o río regazada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8934. **A vella, de escarmentada, pasa o río remangada.** (mc: A.N.)
Var.: *Vella escarmentada pasa o río regazada.* (ms16: Lugo)
(pt) *Velha experimentada por água vai arregaçada.* (Chaves) (es) *La vieja escarmentada, arrezagada pasa el vado.* (Sbarbi) */ Vieja escarmentada, pasa el río arremangada.* (mc: Sbarbi; ms: Correas) */ Vieja escarmentada, rezagada pasa el agua.* (S.) / *Vieja escarmentada, arregazada pasa el agua.* (Correas)
Avisa a los necios que caen dos veces en el mismo error.

8935. **Aprende chorando e sairás ganando.** (ms16: *D.E.*)

8936. **Aprende chorando e reirás ganando.** (ms16: Lugo)
(es) *Aprende llorando y reirás ganando.* (H. Núñez)

8937. **Cando o outro vexas afeitar, pon as túas barbas a remollar.** [3191] (mc: Santiago)

8938. **Cando o veciño se afeita, vai ti poñendo a barba a remollo.** [3192] (mc: Santiago)

8939. **Dos escarmentados nacen os arteiros.** (ms16: Nantín-Becerreá)

[3191] V. *Cando as barbas do teu veciño vexas pelar, bota as túas a remollar* en *Precaución*.
[3192] ms: *a barba a mollo.* / V. *Cando as barbas do teu veciño vexas pelar, bota as túas a remollar* en *Precaución*.

Var.: *Cos escarmentados fanse os avisados.* (ms16 e ms10,013v: *D.E.*) [3193] / *Dos escarmentados nacen os avisados.* (mc e ms16: Sarria) / *Dos escarmentados saen os avisados.* (ms4: M.V. / ms16: Sober) / *Dos escarmentados nacen os espabilados.* (ms16 e ms10,013v: *D.E.*) [3194]

(pt) *Dos escarmentados nacen os arteiros.* (Chaves) (es) *De los escarmentados nace los arteros.* (Z.) (va) *Dels escarmentats naixen els avisats.* (Alberola)

8940. **Dos escarmentados nacen os avispados.** (mc e ms16: Buciños)

(pt) *Des escarmentados saem os arteiros.* (Chaves) (es) *De los escarmentados salen los avisados.* (R. Marín) (ct) *Dels escarmentats, naixen els avisats.* (Alberola)

8941. **Dos escarmentados salen os arteiros.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

8942. **Fostes coller o pao á dovesa pra levar con el na cabeza.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

8943. **Gato escaldado á iauga fría ten medo.** [3195] (mc e ms16: Corme / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8944. **Gato escaldado, a auga fría lle fai dano.** [3196] (mc: A.S.A. / ms16: J.P.)

(pt) *Gato escaldado, da água fria tem medo.* (Chaves) (es) *Gato escaldado, del agua fría huye.* (Sbarbi) (ct) *El gat escaldat, en aigua fresca té pròu.* (Alberola)

8945. **Gato escaldado, da auga fría fuxe.** (mc / ms16: Lugo)

(pt) *Gato escaldado, da água fria tem medo.* (Chaves) (es) *Gato escaldado, del auga fría ha miedo.* (Correas) (ct) *El gat escaldat, en aigua fresca té pròu.* (Alberola)

8946. **Gato escaldado, da auga fría ten medo.** (mc)

(pt) *Gato escaldado, da água fria tem medo.* (Chaves) (es) *Gato escaldado, del auga fría ha miedo.* (Correas) (ct) *El gat escaldat, en aigua fresca té pròu.* (Alberola)

8947. **Iba por la e salín trasquilado.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)

8948. **Moito ganou o que en outro escarmentou.** [3197] (ms10,025v: *D.E.*)

8949. **Nada ganou o que non escarmentou.** [3198] (ms10,025v: *D.E.*)

8950. **No alleo ollo escarmenta o cordo.** (ms10,013v: *D.E.*)

8951. **Non é porque asubías senón porque asubiaches.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

8952. **O carneiro encantado que foi por lan volveu trasquilado.** (ms-SA: Manuel Fresco Reboredo: San Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO)

8953. **O escarmento trai ás veces o arrepentimento.** [3199] (ms16 e ms10,013v: *D.E.*)

8954. **Ó gato escaldado a auga fría lle pon medo.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

8955. **O gato escaldado fuxe á agua fría.** (ms-SA: José Lage Radío: Santa Eulalia de Xil, Meaño, PO)

8956. **O gato escaldado, á auga fría ten medo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

8957. **O gato escaldado, da auga fría ten medo.** (ms / ms4: F.V.S.)

(pt) *Gato escaldado, da água fria tem medo.* (Chaves) (es) *Gato escaldado, del agua fría ha miedo.* (Correas) (ct) *El gat escaldat, en aigua fresca té pròu.* (Alberola)

8958. **O gato escaldado, de lexos venta as papas.** (ms8,36r: Bolaño)

8959. **O que ten medo ó lume, é porque está queimado.** (mc e ms16: Buciños)

8960. **O que ten o cu de estopas, sempre pensa que lle poñen lume.** (mc / ms4: F.V.S.)

Var.: *O que ten o rabo de estopa, ten medo que lle prenda o lume nel*. (mc: Fonsagrada-F.V.S.) / *O que ten o rabo de estopa, ten medo ó lume*. (mc: Chorexe-F.V.S.) / *O que ten o rabo de palla, sempre pensa que lle afuma.* (mc) / *O que ten o rabo de palla, sempre pensa que lle poñen lume.* (mc: Buciños)

(pt) *Quem tem rabo de palha, sempre cuida que lhe vai arder.* (Chaves) (es) *Quien tiene el rabo de paja, hacia atrás mira y cata qué pasa, no sea llama.* (Correas) (ct) *Qui té la cúa de palla, sempre's creu que's crema.* (Alberola) / *Qui té la cúá de palla, fuig de la falla.* (Alberola)

8961. **O que ten o rabo de estopa, ten medo ó lume.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

[3193] En ms10 s.v. *Escarmiento*.
[3194] En ms10 s.v. *Escarmiento*.
[3195] ms: *i-auga*; ms-LU: *auga*.
[3196] ms4: *escaldado, auga*; mc: *daño*.
[3197] En ms10 s.v. *Ganar* coa indicación *Escarmiento*.
[3198] En ms10 s.v. *Ganar* coa indicación *Escarmiento*.
[3199] En ms10 s.v. *Escarmiento*.

8962. **O que ten o rabo de palla, sempre pensa que lle arde.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

8963. **O que ten o rabo de palla, ten medo que lle poñan lume.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

8964. **O que ten o rabo de palla, ten medo se lle plantan lume.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8965. **O que ten'o rabo de'stopa, ten medo a que lle prend'o lume nel.** (ms11,43: Comarca de Fonsagrada)

8966. **O que ten rabo de palla, ten medo que ll'arda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8967. **O que ten rabo de palla, ten medo que llo queimen.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)

8968. **O que ten rabo, non se senta.** [3200] (mc: Carballedo / ms5,133: Santiago)

(pt) *Quem tem rabo, não se assenta.* (Chaves)

8969. **O que xoga co lume, quéimase.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

8970. **Onde capan, escapan.** (mc: J.P.)

8971. **Pra castigar certas faltas, con cuspir ós ollos basta.** (ms15,19v)

8972. **Se ves a barba do teu veciño afeitar, pon a túa a remollar.** [3201] (mc / ms4: F.V.S.)

(pt) *Se vires as barbas do vizinho a arder, põe-te a mecher.* (Chaves) */ Se vires as barbas do teu vizinho a arder, põe as tuas de molho.* (Id.) (es) *Cuando vieres la barba de tu vecino pelar, echa la tuya a remojar.* (Correas)

8973. **Ten que se saber escarmentar o que non queira chorar.** [3202] (ms16 e ms10,013v: *D.E.*)

8974. **Un avisado vale cen por avisar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8975. **Un avisado vale por cen sin avisar.** [3203] (mc: Buciños)

8976. **Unha e non máis, señor san Brais.** (ms16: Silvarrey)

(es) *Una y no mas, Señor San Blas.* (R. Marín)

8977. **Unha vez capan o can i-outra non-o caparán.** (mc: Pidre)

Var.: *Unha vez capan o can; dúas non-o caparán.* (ms4: Pidre-F.V.S.)

8978. **Unha vez capan o can i-outra non ten que.** [3204] (mc: Buciños, Carballedo-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

8979. **Unha vez caparán o can pero outra vez non-o caparán.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

8980. **Unha vez caparon o can; outra vez non-o caparán.** (ms21,13r: Bermés)

8981. **Unha vez, señor san Brais, pero outra nada máis.** (ms8,18r: La Cañiza)

Se refiere a la men[tira].

Escarmiento en cabeza ajena

8982. **Benaventurado o que noutro foi escarmentado.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Bienaventurado el que en otro fue escarmentado.* (Correas)

8983. **Escarmentar na cabeza allea é unha boa cencia.** [3205] (ms16 e ms10,013v: *D.E.*)

(es) *Escarmentar en cabeza ajena, doctrina buena.* (H. Núñez)

8984. **Hai qu'escarmentar en cabeza allea.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8985. **Naide escarmenta en cabeza allea, como na súa.** [3206] (mc e ms16: Tuiriz, Monforte / ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)

8986. **Naide escarmenta en cabeza allea.** [3207] (mc, ms e ms16: Buciños)

8987. **O cordo en cabeza allea escarmenta.** (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)

(es) *El cuerdo en cabeza ajena escarmienta.* (Sbarbi)

8988. **Onde o louco o perdeu, o cordo aviso colleu.** [3208] (ms16 e ms10,033v: *D.E.*)

(es) *Donde el loco se perdió, avisos el cuerdo halló.* (R. Marín)

ESCASEZ. V. tamén *Pobreza, Poco, Riqueza y dinero*.

8989. **Cand'a zorra anda ós grillos, mal do pai e peor dos fillos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

[3200] V. variantes en *Precaución*.
[3201] ms4: *barba do veciño*. / V. *Cando as barbas do teu veciño vexas pelar, bota as túas a remollar* en *Precaución*.
[3202] En ms10 s.v. *Escarmiento*.
[3203] ms: *por avisar*.
[3204] ms-LU: *yautra*.
[3205] En ms10 s.v. *Escarmiento*.
[3206] mc e ms-LU: *Nadie*; ms-LU: *na cabeza allea*.
[3207] mc: *Nadie*; ms: *cabeza ajena*.
[3208] En ms10 s.v. *Locos*.

8990. **Cando a zorra anda ós grilos, e o sancristán ós carabillos e o escribano pregunta a cómo estamos de mes, mui mal andan os tres.** [3209] (mc e ms16: Santiago)

(es) *Cuando la zorra anda a grillos, y el sacristán a cardillos, y el escribano pregunta: "¿A cómo estamos del mes?", con mal andan todos tres.* (R. Marín)

8991. **Cando a zorra anda ós grilos, mal pola nai e mal polos fillos.** (mc e ms16: A.I.)

(pt) *Quando a raposa anda aos grilos, vai mal para a mãe, e pior para os filhos*. (Chaves) / *Mal vai à raposa quando anda aos grilos e pior quando aos ovos*. (Id.) / Se a raposa anda aos grilos, mal da mãe, pior dos filhos. (Id.) (es) *Cuando la zorra anda a grillos, mal para ella y peor para sus hijos.* (Sbarbi) (ct) *Quan la rabossa busca als grills, mal vá a ella y als fills.* (Alberola)

Como sucede a los que se emplean en cosas de problemática para lograr la manutención propia y la de los suyos.

8992. **Cando a zorra anda ós grilos, mal pola nai e pior polos fillos.** (mc e ms16: A.I.)

8993. **Cando a zorra anda ós grilos, mal pr'ela e peor prós fillos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

8994. **Corrido vai pola casa de seu pai.** (ms16: Correas)

Que, como siempre, lo transcribe con defectos.

8995. **Mal che anda o zorro cando vai ós ovos.** (mc e ms16: A.N.)

Var.: *Mal lle vai ó zorro cando anda ós escarabellos, e pior cando vai ós ovos.* (ms16: Sober)

(pt) *Mal vai à raposa quando anda aos grilos e pior quando anda aos ovos.* (Chaves) (es) *Mal va a la zorra cuando anda a grillos, mas peor la va cuando anda a los huevos.* (R. Marín)

Véase *Cando a zorra anda ós grilos...*

8996. **Mal lle vai ó raposo cando anda ós grilos.** [3210] (mc e ms16: *Terra de Melide* / ms e ms4: V.R. y A.R.)

(pt) *Quando a raposa anda aos grilos, vai mal para a mãe e pior para os filhos.* (Chaves) / *Mal vai à raposa quando anda aos grilos e pior quando anda aos ovos.* (Chaves) (es) *Cuando la zorra anda a grillos, mal para ella y para sus hijillos.* (Jara)

Como *Mal che anda o zorro...* registrado más arriba.

8997. **Mal lle vai ó raposo cando anda ós ovos.** [3211] (mc / ms16: G.P. / ms21,11v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU / ms-LU: Dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo)

8998. **Non hai peor tenda que a baleira.** (ms15,45v: Incio)

8999. **Non hai pior feira que a vacía.** (ms16: Lugo)

(es) *No hay peor venta que la vacía.* (R. Marín)

Como anota M. Kleiser: *despluman al que llega*.

9000. **O pouco i-o muito non ten regla.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9001. **O pouco nunca deu moito.** (mc: Meilán)

Var.: *O pouco non pode dar moito.* (ms16: Lugo)

(es) *Lo poco nunca dió mucho.* (R. Marín)

9002. **O pouco, ben repartido, chegha pa todos.** [3212] (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO / ms-SA: Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO)

9003. **Unha estela soila non fai lume.** (ms16: Silvarrey)

ESCASEZ DE ALIMENTOS

9004. **Cando un lobo come a outro non hai que comer no souto.** [3213] (ms16 e ms10,033v: *D.E.*)

(es) *Cuando un lobo come a otro, no hay que comer en el soto.* (H. Núñez)

9005. **Fame nas vacas, en ti a catas.** (ms15,45r: Fraguas en *Vida Gallega*, 1960)

9006. **Mal lle vai ó raposo cando anda ós escarabellos.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

9007. **Si os hórreos están vacíos, mal inverno pós meus fillos.** [3214] (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

ESCATOLÓGICOS. V. tamén *Evacuaciones*.

9008. **A bo cu, bo peido.** (ms16: *D.E.*)

[3209] ms16: *pergunta*, *moi mal*.

[3210] ms4: *os ovos*. / V. *Mal lle vai ó raposo cando lambe os cangrexos* en *Marítimos* (*Peces*).

[3211] ms-LU (Lugo): *cand'and'os ovos*; ms-LU (Guillar), ms-LU (Lugo), ms-LU (Lugo) e ms21,11v: *zorro*.

[3212] *O' pouco ven repartido cheja pa todos*.

[3213] En ms10 s.v. *Lobos*.

[3214] *Si os horreos están vacios mal invernos pos meus fillos*.

9009. **Á miña Marica chéiralle o cu como unha pelica.** (ms16: Sta. Eulalia de Bóveda)

9010. **Á señorita do cu colorado mala forrica lle pegue no rabo.** (ms16: Sta. Eulalia de Bóveda)

9011. **Aquela vella das cascas rañadas, chéiralle o cu ás castañas asadas.** (ms16: Sta. Eulalia de Bóveda)

9012. **Inda algúns non ven cagar e xa cobizan lamber.** (ms16: *D.E.*)

9013. **Non come a miña tía e caga cada día.** (ms16: Lugo)
(es) *No come mi tía y caga cada día.* (H. Núñez)

9014. **Non hai naide que non a cague.** (ms16: Lugo)
(es) *No hay nadie que no las cague.* (Correas)

9015. **O chorar todos son mocos.** (ms8,51r: Carballino)

9016. **O que limpa o cu cunha pedra, rasca o cu e deixa merda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9017. **O que rasc'o cu cunha pedra, rasca o cu e deixa a merda.** [3215] (ms21,08v: Bermés)

9018. **Pícame o cu; ano de fabas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pontevedra, PO)

9019. **Pícame o cu; mañá hai parrocha.** (ms-LU: seminarista anónimo: Viveiro, LU)

9020. **Pra limpar o cu non hai como a pedra: rasca o cu e deixa a merda.** (ms16: Sober)

9021. **Se queres ver o compañeiro andar, ponte a mexar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

9022. **Viño e merda, pola izquierda.** (ms-LU: seminarista anónimo: Cádavo, A Esperela, Baleira, LU)

ESCOGER

9023. **Pola cara escóllese a dama.** (ms10,013v: *D.E.*)

ESCRIBANOS. V. tamén *Jurídicos y similares, Oficios*.

9024. **A verdá polas espaldas, i-o escribano que escriba.** (ms15,42: Lugo)

9025. **Boa demanda, mala demanda, ten ó escribán da túa banda.** [3216] (ms10,014r: *D.E.*)

9026. **Escribanos e ameixeiras, fóra das miñas leiras.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

9027. **Escribanos i-ameixeiras, líbrem'os Dios das miñas eiras.** [3217] (ms21,19v: Bermés)

9028. **Escribáns e ameixeiras, líbreos Dios das miñas leiras.** [3218] (mc / ms16: Lugo)
Var.: *Escribanos e ameixeiras, arrédeos Dios das nosas leiras.* (ms16: N.A.)

9029. **O escribano, do que non ve non ten que dar fe.** [3219] (mc e ms16: Pidre)

9030. **O que ten o escribán do seu xeito, o torto vólveo dereito.** [3220] (ms10,014r: *D.E.*)

9031. **Quero o escribán do meu xeito, sexa no bo ou no mal preito.** [3221] (ms10,014r: *D.E.*)

Borrones de escribanos

9032. **O bo escribán, primeiro o borrón que a pluma na man.** [3222] (ms16 e ms10,014r: *D.E.*)
(es) *El buen escribano, primero el borrón que la pluma en la mano.* (Correas)

9033. **Vale máis que manche el que o escribano.** (ms8,06r: Silvarrey)

Honorarios de los escribanos

9034. **Aguaciles e escribanos nunca fartos están.** (mc e ms16: C.A.)

9035. **Alguaciles e escribanos nunca de comer están fartos.** [3223] (mc e ms16: M.V. / ms4: J.P.)

9036. **Donde pon o escribiente a pluma, pon o demo a uña.** (ms8,28v: Lalín)

9037. **O escribán nunca escribe en van.** [3224] (ms16 e ms10,014r: *D.E.*)
(es) *El escribano nunca escribe en vano.* (R. Marín)

9038. **Ond'o escribano met'a pluma, met'o demo a uña.** (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

9039. **Onde o escribano pon a pluma, pon o demo a uña.** (ms18,64r: Camba)

[3215] *O que rasc'o cu cun'ha pedra, rasca o cu e deixa a merda*.
[3216] En ms10 s.v. *Escribano*.
[3217] *Escribanos y'ameixeiras líbrem'os Dios dás miñas eiras*.
[3218] ms4 e ms16: *Escribanos*; ms4: *librem'os*.
[3219] O orixinal di *O escribano de que non ve non ten que dar fe*.
[3220] En ms10 s.v. *Escribano*.
[3221] En ms10 s.v. *Escribano*.
[3222] ms10: *pruma na man*. En ms10 s.v. *Escribano*.
[3223] mc, ms4, ms16: *Aguaciles*. Jacinto del Prado só rexistra o refrán coa forma *Alguaciles*.
[3224] En ms10 s.v. *Escribano*.

9040. **Onde pon o escribano a pruma, pon o demo a uña.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
Var.: *Onde o escribano pon a pruma, que poña o demo a uña.* (ms16: Sober)

Poder de los escribanos

9041. **A chave do preito é o escribano; a do médico, o boticario.** (ms16: *D.E.*)

9042. **Alegría no inferno, que morreu o escribano; i-o tinteiro e mais a pluma quedan na mesa bailando.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

9043. **Ben ou mal feito, ten o escribán do teu xeito.** [3225] (mc e ms16: Agro / ms3: C.A. / ms10,014r: *D.E.*)

9044. **Bo ou mal preito, o escribano ao teu xeito.** [3226] (mc e ms16: F.B.B.)
Var.: *Boa demanda, ruín demanda, ten o escribano da túa banda.* (A.N.V.)

9045. **Bo ou mal preito, ten o escribán do teu xeito.** [3227] (mc e ms16: Buciños / ms16: *D.E.*)
Var.: *Quero o escribán do meu xeito, sexa no bo e no mal preito.* (ms16: *D.E.*)
(pt) *Boa demanda, má demanda, escrivão por minha banda.* (Chaves) (es) *Pleito bueno o malo, de tu parte el escribano.* (Sbarbi) / *Pleito bueno o malo, el escribano de tu lado.* (Sbarbi)

9046. **Boa demanda, ruín demanda, ten ao escribán da túa banda.** [3228] (mc: F.B.B. / ms4: A.N.)
Var.: *Boa demanda ou ruín demanda, ten o escribán da túa banda.* (ms16: *D.E.*)

9047. **Bon ou mal pleito, ten o escribán de xeito.** [3229] (mc: A.I. / ms15,01: Carré Aldao / ms-SA: M. González Fernández)

9048. **Con preito perdido ou ganado, ten o escribán do teu lado.** [3230] (mc e ms16: F.B.B.)

[3225] En ms10 s.v. *Escribano*.
[3226] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Pleitos* (*Peligros de los pleitos*).
[3227] mc e ms16(Buciños): *escribano*. / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Pleitos* (*Peligros de los pleitos*).
[3228] ms4: *ten o escribano*. / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Pleitos* e en *Pleitos* (*Peligros de los pleitos*).
[3229] mc: *o s'cribano de geito*; ms15,01: *o escribán*; mc e ms15,01: *preito*.
[3230] mc: *de teu lado*. / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Pleitos* (*Peligros de los pleitos*).

9049. **O que ten o escribán do seu xeito, o torto vírao dereito.** [3231] (ms16 e ms10,014r: *D.E.*)

9050. **Por ben ou por mal, ten o escribán da túa man.** (ms16: *D.E.*)

ESCRIBIR

9051. **O que ben escribe le dúas veces.** (ms10,013v: *D.E.*)

9052. **O que se escribe, sempre queda.** [3232] (ms10,014r: *D.E.*)

9053. **O que se escribe, sempre se le.** [3233] (ms10,014r: *D.E.*)

9054. **O que se escribe, escríbese pra ler e, por eso, hai que o ver.** [3234] (ms10,014r: *D.E.*)

ESCUCHAR

9055. **Co moito escoitar e co pouco falar, boa fama podes ganar.** (ms10,013v: *D.E.*)

9056. **Escoita ben á vella e ríete da súa consella.** (ms10,013v: *D.E.*)

9057. **Escoita e pensa antes de falar, se non queres errar e queres acertar.** (ms10,013v: *D.E.*)

9058. **O que escoita e axexa, oi e ve cousas que dispois lle pesa.** (ms10,013v: *D.E.*)

9059. **Quen escoita, mal de sí ouza.** (ms10,013v: *D.E.*)

ESCUDERO

9060. **A escudeiro fachendoso, rapás tiñoso.** (ms10,014r: *D.E.*)

9061. **A escudeiro mesquiño, rapás adiviño.** (ms10,014r: *D.E.*)

9062. **Escudeiro probe, cunca de prata e caldeiro de cobre.** (ms10,014r: *D.E.*)

9063. **Escudeiro turulato, de mozo ladrón e de vello beato.** (ms10,014r: *D.E.*)

9064. **O bo escudeiro déitase tarde i érguese cedo.** (ms10,014r: *D.E.*)

9065. **Ó escudeiro rico mórreselle a muller como a calquera veciño.** (ms10,014r: *D.E.*)

9066. **O escudeiro, cando non ten que comer, colle a viola e ponse a tanxer.** (ms10,014r: *D.E.*)

ESFUERZO

9067. **Amasando faise o pan.** (ms16: *D.E.*)

[3231] En ms10 s.v. *Escribano*.
[3232] En ms10 s.v. *Escrito*.
[3233] En ms10 s.v. *Escrito*.
[3234] En ms10 s.v. *Escrito*.

(es) *Amasando se hace el pan.* (R. Marín)

9068. **Andar, andar, e caer no mar.** (mc e ms16: M.L.)

(pt) *Andar, andar, e ir morrer à beira.* (Chaves) (es) *Andar, andar, y a ninguna parte llegar.* (R. Marín) [3235]

Se aplica cuando trabajos y afanes son infructuosos.

9069. **As troitas non se collen a bragas enxoitas; i-a molladas, poucas e raras.** (ms5,027: Bretoña)

9070. **As troitas non se collen cas bragas enxoitas; e molladas, poucas e raras.** (ms-LU: seminarista anónimo: Xestoso, Monfero, C)

9071. **As troitas non se collen cas pernas enxoitas.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

9072. **Cas bragas enxoitas non se matan as troitas.** [3236] (mc e ms16: Sar., Noya)

Var.: *Coas botas enxoitas non se cazan as troitas.* (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo) / *Coas bragas enxoitas non se pillan as troitas; e co elas molladas, nin poucas nin sobradas.* (mc e ms16: *Terra de Melide* / ms: V.R. y A.R.) / *Cas pernas enxoitas non se peijan troitas.* (Santiago)

Enseña la necesidad del trabajo y la diligencia para lograr aquello que se desea.

9073. **Coa braga enxoita non se colle a troita.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9074. **Coas bragas enxoitas non se pillan as troitas.** [3237] (ms21,13r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9075. **Coas redes enxoitas non se pillan as troitas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

9076. **Con outro "ea" chegamos arriba.** (ms5,045: Santiago)

9077. **Con pernas insoitas non se pillan as troitas.** (ms-SA: M. González Fernández)

9078. **Cus pés enxoitos non se collen as troitas.** (ms-SA: Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C)

9079. **Cus pés secos non se pillan as troitas.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

9080. **Chegar e bicar é moito alcanzar.** (ms16: *D.E.*)

9081. **Chegar e encher non pode ser.** (ms4: M.V. / ms16: *D.E.*)

9082. **Hai que sacar da cabeza máis que piollos.** (ms9,10r: Silvarrey)

9083. **Hai quen ten esforzo e foxe como un corzo.** (ms10,014r: *D.E.*)

9084. **Mentras que o corpo aguante, que tire pra diante.** (ms8,72r: Silvarrey)

9085. **Nadar, nadar, hastra as forzas acabar.** [3238] (mc e ms16: Muros)

9086. **Nadar, nadar, i-agora ir a afogar.** [3239] (mc, ms4 e ms16: J.P.)

(pt) *Nadar, nadar e ir morrer à beira.* (Id.) (es) *Nadar, nadar, y en la orilla se ahogar.* (Gella) */ Nadar, nadar, y morir a la orilla.* (Id.) (ct) *Nadar, nadar, i a la vóra aufegar.* (Gella) (va) *Nadar, nadar y a la vóra, aufegar.* (Alberola).

9087. **Naide por ser querido se esforce, que a cousa máis direita moitas veces se retorce.** (ms10,014r: *D.E.*)

9088. **Ninguén por amoríos se esforce, que o fío máis torcido se destorce.** (ms10,014r: *D.E.*)

9089. **Non hai baixada sin subida.** (ms18,64r: Camba)

9090. **Non hai galiña gorda por pouco diñeiro.** (mc e ms4: A.S.A. / ms4: J.P. / ms16: *D.E.*)

(pt) *Não há galinha gorda por pouco dinheiro.* (Chaves) (es) *Gallina gorda y con poco dinero, no puede ser, compañero.* (Correas) */ No hay gallina gorda por poco dinero.* (R. Marín)

9091. **Non hai pan sin afán.** (mc / ms4: F.V.S. / ms15,29r: Mª Felicidad Vila / ms8,57v: Lalín / ms16)

(es) *No hay pan sin afán.* (Correas)

9092. **Non se collen troitas a pés enxoitos.** (ms18,55r: *Vida Gallega*)

9093. **Non se pescan as troitas cas braghas enxoitas.** [3240] (ms-SA: Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C)

9094. **Non se pescan troitas a bragas enxoitas.** (ms-LU: Antonio Vázquez Paredes: Vilalba, LU)

9095. **Non se pillan as troitas coas bragas enxoitas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9096. **Non se pillan troitas cas bragas enxoitas.** (mc / ms16: Lugo)

[3235] ms: *Andar y andar*.
[3236] ms3: *non se peijan*
[3237] ms-LU: *Cas*.
[3238] mc: *hasta*.
[3239] mc: *i-ahora*; ms: *y ahora*. O refrán rexistrado por Jacinto del Prado coincide co que aparece en ms4.
[3240] *Non se pescan as troitas cas brajas enxoitas*.

Var.: *Non se pillan troitas con cirolas enxoitas.* (mc, ms16 e ms18,65r: Santiago) [3241]

(pt) *Não se pescam trutas a bragas enxutas.* (Chaves) (es) *No se pescan truchas a bragas enjutas.* (Gella) / *No se toman truchas a bragas enjutas.* (Z.)

Enseña la necesidad del trabajo y la diligencia para lograr aquello que se desea.

9097. **Non se pillan as troitas cas cirolas inxoitas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

9098. **O que algo quer, algo lle costa.** [3242] (ms16: Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU / ms10,104r: *D.E.*)

(es) *El que algo quiere algo le cuesta.* (M. Kleiser)

9099. **O que moito vale, moito costa.** [3243] (mc / ms16: Lugo)

(pt) *O que muito vale muito costa.* (Chaves) (es) *Lo que mucho vale, mucho cuesta.* (C.C.)

9100. **O que nada, non afonda.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)

9101. **O que non é sudado, non é apreciado.** (ms9,02r: O. de Rey)

9102. **O que non é sudado, non é estimado.** (ms8,53r: O. de Rey)

9103. **O que non sementa, non colle.** (mc)

Var.: *O que non sementa, non recolle.* (ms16: Buciños)

(pt) *Quem não semeia não colhe.* (Chaves) (es) *Quien no siembra no coge.* (mc: Sbarbi / ms16: R. Marín) (ct) *Qui no sembra, no agabella.* (Alberola)

9104. **O que pouco custa, pouco se estima.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Lo que poco cuesta, en menos se aprecia.* (R. Marín)

9105. **O que queira peixes, que molle o vientre.** [3244] (mc e ms16: Gella, Isla de Arosa)

(pt) *Quem quiser pescar há-de se molhar.* (Chaves) / *Quem quer peixe, molha o cú.* (Chaves) (es) *Quien quiera peces, que se moje el culo.* (Gella) / *Quien peces quiera, mojarse tiene.* (H. Núñez)

9106. **O que queira percebes, que molle o c[u] por eles.** [3245] (ms18,64v: Vivero)

9107. **O que quere o proveito, búscalle o xeito.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

9108. **O que quere peixes, que molle as pernas.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

9109. **O que ten maos, ten mazás.** (ms12,79: S. Pedro de Orrios, Caurel)

El que cuenta con medios, consigue el fin.

9110. **Pra chegar de probe a rico, moito traballo e saca do pico.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9111. **Pra chegar ó chan da raña, hai que pasar polo foxo.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

9112. **Sin afán non hai pan.** (mc: Fonsagrada-F.V.S.)

Var.: *Con afán gánase o pan.* (ms16: *D.E.*)

(es) *No hay pan sin afán.* (Correas)

9113. **Sin escachar ovos non se fai tortilla.** [3246] (ms15,16 / ms10,075r: *D.E.*)

9114. **Sufre por saber e traballa por ter.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

9115. **Unha mona é mala de criar pero despois dá gana de reír.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

Esfuerzo estéril

9116. **Anque tome moitos baños, o negro non se fai branco.** (ms16: *D.E.*)

(es) *¿Para qué va al baño la negra, si negra se queda?* (R. Marín)

9117. **Aventar sin aire, traballo en balde.** (ms16: Lugo)

(es) *Aventar sin aire, trabajar en balde.* (R. Marín)

9118. **Cando Pedro non quere ler, non hai que lle facer.** (ms8,11r: Otero de Rey)

9119. **Coller auga nun cesto non é de proveito.** (ms16: Lugo)

(es) *Coger agua en cesto, maldito provecho.* (R. Marín)

9120. **Correr tras quen escapa é unha carreira mui larga.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

9121. **Lavarlle a cabeza on burro é gastar xabrón e perder tempo.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)

9122. **Machacar en ferro frío, traballo perdido.** (ms16: *D.E.*)

[3241] ms18,65r: *pillan as troitas*.

[3242] ms-LU: *algo quere*; ms10: *algo lle custa*. / En ms10 s.v. *Querer*.

[3243] ms16: *muito*.

[3244] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Peces*.

[3245] *O que queira percebes, que molle o c... por eles*.

[3246] ms10: *Sen escachar os ovos*.

(es) *Machacar en hierro frío, tiempo y trabajo perdío.* (R. Marín)

9123. **Non teñas man da cabra a quen outros maman o leite.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9124. **Ó mar, auga.** [3247] (ms16 e ms10,037v: *D.E.*)
(es) *Llevar agua a la mar, necio afanar.* (Correas)

9125. **O que lava a cabeza a burros, perde o xabrón i-o tempo.** [3248] (mc / ms16: Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
Var.: *O que lava a cabeza da burra, perde o xabrón e a lavadura.* (ms16 / ms10,032v: *D.E.*) [3249]
(pt) *Quem lava focinho a burro preto, perde sabão e tempo.* (Chaves) */ Quem lava a cabeça a moiro, perde tempo e sabão.* (Id.) / *Quem faz a barba a um cão, perde o tempo e o sabão.* (Id.) (es) *Lavar asno y espulgar perro, es perder tiempo.* (Jara) */ Lavar cabezas de asno es perdimiento de jabón.* (Z.)

9126. **O que moito se mata, non é o que máis gana.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

9127. **O que ten besta e anda a pé, ben burro é.** (ms-SA: Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)

9128. **O que ten besta e anda a pé, máis besta el é.** (mc / ms21,20v: Bermés)

9129. **O que ten besta e anda a pé, máis besta é.** (mc: M.V.)
Var.: *Quen ten burro e non vai nel, máis burro é el.* (ms16: *D.E.*) / *Quen tendo burro vai a pé, máis burro é el.* (ms16)
(pt) *Quem tem burro e anda a pé, ainda mais burro é.* (Chaves) (es) *Quien tiene burro y no va en él, más burro es él.* (Sbarbi) */ Quien teniendo burro camina a pie, más burro que el burro es.* (R. Marín)
Contra los que, teniendo medios para remediar un mal, no lo hacen.

9130. **O que ten besta e vai a pé, máis besta el é.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / ms-SA: José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)

9131. **O que ten burro e sal a pé, ben burro é.** (ms18,51r: *Vida Gallega*)

9132. **O que ten burro e vai a pé, máis burro el é.** (ms-LU: seminarista anónimo: Lugo, Lugo, LU)

9133. **Quen moito anda, pouco atalla.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Quien mucho anda, poco ataja.* (Correas)

9134. **Quen moito cava, pouco afonda.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Castroverde, LU)

9135. **Quen ten besta e vai a pé, máis besta el é.** (ms-SA: Manuel Fresco Reboredo: San Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO)

9136. **Se Pedro non quer ler, non ll'hai que facer.** (ms-LU: seminarista anónimo: Cádavo, A Esperela, Baleira, LU)

9137. **Sempre hai moito que traballar e pouco que comer.** (ms8,10v: Silvarrey)

ESPÁRRAGOS. V. tamén *Agrícolas* (*Generales*).

9138. **En abril, espárragos para min; en maio, para o meu amo; e en xunio, para nengunho.** [3250] (mc: A.C. / ms: E.C. / ms16: C.A.)

ESPECIALIZACIÓN

9139. **Cada un ó seu oficio.** (ms16: Lugo)
(es) *Cada uno a su oficio.* (C.C.)

9140. **Zapateiro, ós teus zapatos.** [3251] (ms4: L.G. / ms16: Noya / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

ESPEJOS

9141. **A cara é o espello da alma.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

9142. **Eres boa persoa, a cara cho dá.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)

9143. **Non hai millor espello que o amigo vello.** (ms10,014v: *D.E.*)

9144. **O consello ó vello, á moza o espello.** (ms16: *D.E.*)

9145. **O espello non minte.** (ms16: Lugo)
(es) *El espejo no es embustero.* (R. Marín)

9146. **O espello non sabe mentir: aquelo que ve é o que adoita decir.** [3252] (ms16 e ms10,014r: *D.E.*)
(es) *El espejo no sabe mentir: lo que le dijeron ha de decir.* (R. Marín)

9147. **Se queres recibir consello, mírate ó espello.** (ms15,42: Valle del Mao)

ESPERANZA. V. tamén *Esperar*.

[3247] En ms10 s.v. *Mar*.
[3248] ms-LU: *xabon e o tempo*.
[3249] En ms10 s.v. *Lavar*.
[3250] mc e ms16: *nenguño*; ms2: *mayo*; mc: *i en*. / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Agrícolas* (*Meses. Abril*).
[3251] ms4: *a teus*; ms-LU: *a os teus*.
[3252] En ms10 s.v. *Espejo*.

9148. **A esperanza longa o corazón acora.** (ms10,014v: *D.E.*)

9149. **A todo santo lle chega o seu día.** (mc e ms16: Layosa)

(es) *A cada santo le llega su día de fiesta.* (R. Marín)

9150. **Anda polo mundo qu'o mundo che dará pago, que o mundo tamén arregla os que andan desarreglados.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9151. **Co tempo maduran as uvas.** [3253] (mc: Buciños / ms16 e ms10,126r e ms10,134r: *D.E.*)

(pt) *Com o tempo maduran as uvas.* (Chaves) (es) *Con el tiempo maduran las uvas. / Con el tiempo maduran los higos.* (R. Marín) / *A su tiempo maduran las uvas.* (*D.E.*)

Como *Con tempo os bagos se logran*.

9152. **Donde morre unha ilusión, nace unha esperanza.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

9153. **Mentramentras temos vida, tamén temos esperanzas.** [3254] (ms10,140r: *D.E.*)

9154. **Outro burro virá que millor rebuznará.** (ms16: Lugo)

(es) *Otro asno vendrá que mejor rebuznará.* (R. Marín)

Duración de la esperanza

9155. **Hastra morrer todo é vivir.** [3255] (ms16 e ms10,041v: *D.E.*)

9156. **Mentras dura, vida e dulzura, i-ó acabarse, esperanza, que é o último que se perde.** (mc: Buciños)

Var.: *Mentras que dura, vida e dulzura, y-en s'acabando, xemendo e chorando.* (Pidre) / *A esperanza é o último que se perde.* (ms16: Lugo)

(pt) *Emquanto dura, vida e doçura, em acabando, gemendo e chorando.* (Ch) (es) *Mientras dura, vida y dulzura, cuando lo acabamos, a tí suspiramos.* (R. Marín) / *Mientras que dura, vida y dulzura, y al acaballe, lacrimarum valle.* (Id.) / *Mientras que dura, vida y duzura y en acabando, gimiendo y llorando. / La esperanza es lo último que se pierde.* (R. Marín)

9157. **Mentras hai vida, hai esperanza.** (ms16: Lugo)

(es) *Mientras hay vida, la esperanza no sea perdida.* (R. Marín)

Esperanza ante los infortunios

9158. **A tódolos santos lles chega o seu día.** (mc: Santiago, Antonio Ríos González)

Var.: *A todo santo lle chega o seu día.* (Ramón Pereira Comparada). / *A todos os santos lles chega a súa festa.* (ms16: Santiago)

(es) *A cada santo le llega su día.* (R. Marín)

9159. **A todos los santos chégalles o seu día.** (ms-SA: José Manuel Area Alonso)

9160. **Algún día será a festa da nosa aldea.** [3256] (ms16 e ms10,005r: *D.E.*)

(es) *Algún día será la fiesta de nuestra aldea.* (H. Núñez)

9161. **Algún día será Domingo e Martes de Entroido.** (ms16: *D.E.*)

9162. **Algún día será festa e será Páscoa.** [3257] (ms16 e ms10,005r: *D.E.*)

9163. **Cando unha porta se cerra, outra se abre.** (ms16)

(es) *Cuando una puerta se cierra, otra se abre.* (Z.)

9164. **Despois da tempestá vén a calma.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

9165. **Detrás de este mundo virá outro.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Tras este mundo, otro verná.* (Z.)

9166. **Dispois da borrasca vén a calma.** (ms16: Lugo)

Var.: *Atrás da tempestá vén a calma.* (ms16: Lugo)

(es) *Tras la tormenta viene la bonanza.* (H.)

9167. **Non pode ser o corvo máis negro que as aas.** (ms16: Lugo)

(es) *No puede ser más negro que sus alas el cuervo.* (H. Núñez)

9168. **Non sempre está o demo tras da porta.** [3258] (mc: La Coruña / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

Var.: *Non sempre ha de estar o demo tras da porta.* (ms16: Lugo)

(es) *No siempre el diablo ha de estar detrás de la puerta.* (Correas)

9169. **Nunca choveu que non escampase, a non ser unha vez.** (ms8,23r: Silvarrey)

[3253] En segundas clasificacións temáticas, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Oportunidad* e en *Uvas*. En ms10,126r s.v. *Tiempo* e en ms10,134r s.v. *Uvas*.

[3254] En ms10 s.v. *Vida* coa indicación *Esperanza.*

[3255] En ms10 s.v. *Muerte.*

[3256] En ms10 s.v. *Día*.

[3257] En ms10 s.v. *Día*.

[3258] ms-LU: *detrás*.

9170. **Nunca choveu que non escampase.** [3259] (mc: M.V. / ms16: *D.E.* / ms-LU: Dous seminaristas anónimos: algún lugar do norte da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

Var.: *Sempre que chove, escampa.* (ms16: Lugo)

(es) *Nunca llovió que no escampase.* (Gella) */ Siempre que llueve escampa.* (R. Marín)

Consuelo para los atribulados o los que gimen bajo el peso de un dolor o disgusto.

9171. **Nunca choveu que non espallare.** (ms-LU: seminarista anónimo: San Cristovo de Chamoso, O Corgo, LU)

VACUIDAD DE LA ESPERANZA

9172. **A esperanza non enche a panza.** [3260] (ms16 e ms10,014v: *D.E.*)

(es) *Esperanza no llena panza.* (R. Marín)

9173. **Coa esperanza non se come nin se vive.** [3261] (ms16 e ms10,014v: *D.E.*)

Var.: *Coa esperanza non se come.* (ms16: Lugo)

(es) *Con esperanza no se come.* (R. Marín)

9174. **Do fuso hase de esperar, que da roca non hai moito que fiar.** (ms16: *D.E.*)

(es) *En el huso se ha de esperar, que en la rueca no hay que fiar.* (Correas)

9175. **Máis val o certo que o dubidoso.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Más vale lo cierto que lo dudoso.* (H. Núñez)

9176. **Máis vale paxaro en man que cen voando.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)

9177. **Máis vale paxaro na man que cento voando.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

9178. **O que cartos queira ganar, non se canse de esperar.** (ms18,65r: Monforte)

9179. **Val máis paxaro na man que cen voando.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

9180. **Val máis un paxaro na mao que dous ou tres a voar.** [3262] (mc, ms e ms16: M.V.)

(pt) *Mais vale um pássaro na mão que dois a voar.* (Chaves) (es) *Más vale pájaro en mano que ciento volando.* (Bergua) */ Más vale una perdiz en el plato, que ciento en el campo.* (R. Marín) */ Más vale pájaro en la barriga que ciento en la liga.* (Sbarbi) */ Más vale pájaro en mano que buitre volando.* (Correas) */ Vale más un pajarillo en la mesa que diez perdices en la debesa.* (R. Marín) (ct) *Val més un tort en la má, qu'una perdiu volant.* (Alberola)

No dejemos las cosas seguras, aunque valgan menos, por las problemáticas, aunque sean de mayor importancia.

9181. **Vale máis paxaro en mao que sete voando.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

9182. **Vale máis un páxaro na man ca dous volando.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: algún lugar do sur da provincia de Lugo)

9183. **Vale mas pájaro en mano que cien volando.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)

Ventajas de la esperanza

9184. **Coa esperanza vivimos.** (ms16: Lugo)

(es) *Con la esperanza se vive.* (R. Marín)

9185. **Esperanza que me consola, que non morra.** [3263] (ms15,16 / ms16 e ms10,014v: *D.E.*)

ESPERAR. V. tamén *Esperanza.*

9186. **A quen pode esperar, todo lle chega a tempo e vontá.** [3264] (ms16 e ms10,014v: *D.E.*)

9187. **Espera o criado galardón e, ás veces, danlle baldón.** (ms10,014v: *D.E.*)

9188. **Espera un pouco, que berzas che cozo.** (ms10,014v: *D.E.*)

9189. **Esperar saúde na morte allea é cousa fea.** (ms10,014v: *D.E.*)

9190. **Mal lle vai ó que por zapatos de defuntos espera.** (ms21,13v: Bermés)

9191. **Non esperes que o teu amigo che faga o que ti poideres.** (ms10,014v: *D.E.*)

9192. **Non tarda quen vén, si quen espera, pacencia ten.** (ms16: Lugo)

(es) *No tarda quien viene, si el quien espera paciencia tiene.* (R. Marín)

9193. **O esperar é cousa que pide pacencia e vagar.** [3265] (ms16 e ms10,014v: *D.E.*)

9194. **O qu'espera, desespera.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

[3259] ms e ms3: *n'escampase*; ms-LU (Galicia): *choveo* / ms-LU (norte), ms-LU (Lugo) e ms-LU (Galicia): *escampara*.

[3260] En ms10 s.v. *Esperanza*.

[3261] En ms10 s.v. *Esperanza*.

[3262] ms: *páxaro*.

[3263] En ms10 s.v. *Esperanza*.

[3264] En ms10 s.v. *Espera*.

[3265] En ms10 s.v. *Esperar*.

9195. **O que agarda polo que vén de afora, agarda polo que vén tarde e sen hora.** [3266] (ms: M.R. / ms16: *D.E.* / ms4: M.V.)

9196. **O que boa a espera, boa lle vén.** (ms10,014v: *D.E.*)

9197. **O que boa espera, boa lle vén.** (ms5,045: Bayo, Zas / ms16: *D.E.*)

9198. **O que espera desespera, i-o que vén non dá chegado.** (ms8,25r: Trives)

9199. **O que espera, desespera.** [3267] (ms: R. Caruncho / ms16 e ms10,014r: *D.E.*)

(pt) *Quem espera, desespera.* (Chaves) (es) *O que espera, desespera.* (Sbarbi) / *Quien espera, desespera.* (Z.)

9200. **Ó que está madura, non hai que lle esperar.** (ms16: Lugo)

9201. **O que fose, soará.** (ms16: Lugo)

(es) *Lo que fuere sonará.* (S.)

9202. **O que non se espera é o que máis axiña chega.** (ms10,014v: *D.E.*)

9203. **Por un non se espera e por dous vaise comendo.** (ms8,21r: Monforte)

9204. **Quen espera, tempo perde.** [3268] (ms16 e ms10,014r: *D.E.*)

9205. **Quen esperou máis, que espere menos.** (ms10,014v: *D.E.*)

9206. **Ten espera e vagar, se non te queres enfadar.** (ms15,16)

9207. **Ten na espera vagar, se non te queres enfadar.** [3269] (ms16 e ms10,014r: *D.E.*)

9208. **Vale máis esperar que chegar tarde.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

ESPINAS

9209. **Chica é a punta dunha espiña, mais a quen lle pica non-a olvida.** (ms: F.V.S.)

(es) *Chica es la punta de la espina, mas quien le duele no la olvida.* (Correas)

9210. **Malia a espiña que de seu non pica.** [3270] (ms16 e ms10,014v: *D.E.*)

(es) *Maldita sea la espina que de suyo no aguija.* (Correas)

9211. **Non saques espiñas onde non hai espigas.** [3271] (ms16 e ms10,014v: *D.E.*)

9212. **O que deixa a espiña no dedo, pode perdelo máis tarde ou máis cedo.** [3272] (ms16 e ms10,014v: *D.E.*)

ESTACIONES.

V. tamén *Agrícolas* (*Meses*), *Invierno, Otoño, Primavera, Verano*.

9213. **Cando as follas caen, está a cheghar o inverno.** [3273] (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

9214. **Cando é o vran, cantan as golondrinas.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

9215. **Cando o vento sopla e as chuvias son fortes, o inverno é crudo.** (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

9216. **Cuco cantando, primaveira na man.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

9217. **Nin no inverno nin no verán deixes a manta na casa do amo.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

9218. **Nin polo inverno déixe-la capa nin polo vran a alpargata.** [3274] (mc: M.V.)

Var.: *Nin no inverno sin capa ni no vran sin cabaza.* (ms16: Lugo)

(pt) *Nem no inverno sem capa, nem no verão sem borracha* (ou *cabaça*). (es) *Ni en invierno sin calabaza, ni en verano sin capa.* (R. Marín) / *Ni en invierno sin capa, ni en verano sin calabaza.* (Correas)

9219. **No inverno e no vrano non deixes a manta na casa do amo.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

9220. **O outono i-o inverno veñen xuntos.** [3275] (ms15,18v)

9221. **Polo san Martiño, veranciño; por santa Isabel, inverno a encher.** (ms16: Luís Quibén)

9222. **Polo san Roque quédase o inverno tras da capilla.** (ms: Mellid)

Que empieza el invierno.

9223. **Que chova, que deixe de chover, en diciembre o inverno entra.** (ms-SA: Manuel Collazo Porto: Portas, PO)

9224. **Si no inverno queres besta, colle no vran herba seca.** (mc e ms16: Santiago)

[3266] ms e ms4: *sin hora*; ms4: *O qu'agarda, ven de fora*. / Contén a indicación *Paciencia* no ms.
[3267] Contén a indicación *Paciencia* no ms. En ms10 s.v. *Espera*.
[3268] En ms10 s.v. *Espera*.
[3269] En ms10 s.v. *Espera*.
[3270] En ms10 s.v. *Espina*.
[3271] En ms10 s.v. *Espina*.
[3272] En ms10 s.v. *Espina*.
[3273] *Cando as follas caen, está a chejar o inverno*.
[3274] *Nin pol-o inverno deixel-a capa, nin pol-o vran a alpargata*. / mc: *vrau*.
[3275] *O outono y o inverno, veñen xuntos*.

Estaciones y agricultura

9225. **A inverno chuvioso, verán abondoso.** [3276] (ms16 e ms10,031r: *D.E.*)

9226. **Cando en inverno é verán i-en verán é inverno, ano famento.** [3277] (ms16 e ms10,031r: *D.E.*)

(es) *Cuando en verano es invierno y en invierno verano, nunca buen año.* (Correas)

9227. **En tempo de inverno hai moito goberno, pro en tempo de vran, empanada de azafrán.** (ms5,138: *O Gaiteiro de Lugo*, 1960)

9228. **Inverno que moito xea, cosecha de froito espera.** (ms5,029)

9229. **No vran traballa, Falbán, e no inverno Falbán ó inferno.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)

9230. **Polo vran traballa, galbán, e polo inverno galbán ó inferno.** (ms5,135: Santiago)

9231. **Si outono fría craro, mellora o sementado.** (ms5,136: *O Gaiteiro de Lugo*, 1957)

9232. **Todo o cría o vran; todo o come o inverno.** [3278] (mc e ms16: Tuiriz, Monforte-F.V.S.)

Estaciones y sus pronósticos

9233. **Cando o inverno vén mollado, quítanos un vran seco.** (mc e ms16: Taboada-F.V.S.)

9234. **Polo san Ramón anda o vran "me vou, non me vou".** (ms5,138: *O Gaiteiro de Lugo*, 1960)

9235. **Por san Froilán aínda é vran.** (ms5,138: *O Gaiteiro de Lugo*, 1960)

9236. **Vran que dura, inverno asegura.** (ms5,138: *O Gaiteiro de Lugo*, 1960)

ESTERILIDAD

9237. **Árbore sin froito, dígolle leña.** (ms5,029)

Var.: *Ó árbore sin froito chámolle leña pró lume.* (ms16: *D.E.*) / *Árbore que non da froita, somentes pra leña é bo.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Árbol que fruta no lleva dar con él en la hoguera.* (H.)

9238. **Fardel sacodido non vai ó muíño.** (ms16: Lugo)

(es) *Costal sacudido no entra en el molino.* (Correas)

9239. **Muíño sin auga, moa parada.** (ms16: Lugo)

(es) *Molino sin agua, piedra parada.* (R. Marín)

9240. **Terra que fruto non destes, vaite por donde viñestes.** (mc e ms16: Muros)

ESTIÉRCOL.

V. tamén *Abono, Agrícolas* (*Generales*).

9241. **Ás veces ó labrador, por moito estercar, non lle vai millor.** (ms10,015r: *D.E.*)

9242. **Bota esterco ó pan, que as terras cho pagarán.** (ms10,015r: *D.E.*)

9243. **Con esterco e rega non hai mala terra.** (ms10,015r: *D.E.*)

9244. **Esterco de charamela, todo é purrela.** (ms10,015r: *D.E.*)

9245. **Fai esterco na roda do ano, que non che será sobrado.** (ms10,015r: *D.E.*)

9246. **No estercar e no sachar non debes reparar se queres colleitar.** (ms10,015r: *D.E.*)

9247. **O cabalo no seu esterco engorda cando ben come e repousa.** (ms10,015v: *D.E.*)

9248. **O esterco é o pai e a nai da terra.** (ms10,015v: *D.E.*)

9249. **O esterco na terra é a nai da colleita.** (ms10,015v: *D.E.*)

9250. **O esterco non é santo pero, onde cai, fai milagros.** (ms10,015v: *D.E.*)

9251. **Pra estercar fíxose o esterco.** (ms10,015r: *D.E.*)

9252. **Se estercas e labras terás boa anada.** (ms10,015r: *D.E.*)

9253. **Se non estercas e labras terás boa anada.** (ms10,015r: *D.E.*)

9254. **Se non estercas, nunca terás boa colleita.** (ms10,015r: *D.E.*)

ESTIMACIÓN

9255. **O que non estima o pouco, non estima o moito.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

9256. **Ouro é o que ouro val.** (ms16: Lugo / ms10,073r: *D.E.*)

(es) *Oro es lo que oro vale.* (S.)

ESTOPA

9257. **A estopa onde o fogo acéndese logo.** (ms10,015v: *D.E.*)

9258. **A estopa onde o lume acéndea o demo.** (ms10,015v: *D.E.*)

[3276] En ms10 s.v. *Invierno*.
[3277] En ms10 s.v. *Invierno*.
[3278] mc: *Todo o crea*.

9259. **A estopa preto do fogo quéimase logo.** (ms10,015v: *D.E.*)

9260. **A estopa, como é fiada; a moza, como é criada.** (ms10,015v: *D.E.*)

9261. **Non abondan estopas pra tapar tantas bocas.** (ms10,015v: *D.E.*)

9262. **O lume cabo da estopa, chama ó diaño e sopra.** (ms10,015v: *D.E.*)

9263. **Se o lume está á beira da estopa, logo o trasno asopra.** (ms10,015v: *D.E.*)

ESTORBOS

9264. **Como o can do hortelán, que nin roe nin deixa roer.** (mc e ms16: C.A.)

Var.: *O can de hortelán non come as berzas nin deixa collelas pra comelas.* (ms16: *D.E.*) / *Como o can do hortelán, que nin come as berzas nin as deixa comer.* (ms16: Lugo)

(pt) *O perro do hortelão nem come as versas, nem as deixa comer.* (Chaves) (es) *Como el perro del hortelano, que ni come las berzas, ni las deja comer a nadie.* (Correas) / *El perro del hortelano, ni come berzas ni las dexa comer.* (S.)

9265. **Ó mal fodedor hasta os pelos lle estorban.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)

9266. **Onde un non fai falta, estorba.** (ms16: Lugo)

(es) *Donde no hago falta, estorbo.* (R. Marín)

9267. **Patrón, pasa pró recanto que estás estorbando.** (ms)

Por desprecio a la vejez.

ESTORNUDAR

9268. **Cada un espirra como pode.** (ms10,015r: *D.E.*)

ESTRELLAS. V. tamén *Agrícolas* (*Meteorológicos*), *Pronósticos atmosféricos*, *Tiempo*.

9269. **As estrelas a bailar, nordeste fresco a soprar.** [3279] (mc e ms16: Bayona)

(es) *Las estrellas a bailar, nordeste fresco a soplar.* (R. Marín)

El vivo centelleo de las estrellas, anuncia nordeste.

9270. **As estrelas a brilar, mariñeiros para o mar.** [3280] (mc e ms16: Sar., Bayona)

(es) *Si ves las estrellas brillar, sal marinero al mar.* (R. Marín)

Cuando las estrellas brillan con cierta intensidad, indican buen tiempo.

9271. **As estrelas do ceo i-as areas do mar non hai quen as poida contar.** (ms16: Lugo)

9272. **Cando as estrelas se cambian, mal tempo.** (ms16: Miño / ms18,69r: Gella.-Miño)

9273. **Cando contan as estrelas, sempre ganan elas.** [3281] (ms16 e ms10,015v: *D.E.*)

(es) *Cuando cuentan las estrellas, el campo queda por ellas.* (H. Núñez)

9274. **Cando o carro do ceo volve o rabo, ou quer amañecer ou é día craro.** (ms16: *D.E.*)

Carro do ceo = osa mayor, que se llama también *seteestrelo*.

9275. **Estrelas a bailar, norte fresco a soplar.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

ESTUDIANTES. V. tamén *Enseñar, Maestro, Pedagógicos*.

9276. **De estudiante dirás qué creguiño farás.** (ms-SA: Pedro Pontes García)

9277. **O bo estudiante adianta ó escolante.** [3282] (ms16 e ms10,015v: *D.E.*)

9278. **O estudio é un gran tunante.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

9279. **O que estudia poderá non saber pero o que non estudia mal pode saber ler.** [3283] (ms16 e ms10,015v: *D.E.*)

9280. **Todos os estudiantes deben salir avantes.** (ms-SA: Pedro Pontes García)

Estudiantes holgazanes

9281. **Estudiante de cama e de sol non vale un caracol.** (mc / ms4: F.V.S. / Luís Alonso Alonso)

Var.: *Estudiante de cama e sol non val un atume dun fol.* (mc e ms4: M.L.) [3284] / *Estudiante de cama e de sol non vale o atume dun fol.* (ms16 e ms10,015v: *D.E.*) [3285]

(es) *Estudiante de lumbre, cama y sol, no vale un caracol.* (R. Marín)

[3279] mc: *soplar*.

[3280] ms, ms4 e ms16: *Estrellas*; ms4 e ms16: *mariñeiro para o mar*. / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Navegación* (*Normas de navegación*).

[3281] En ms10 s.v. *Estrellas*.

[3282] En ms10 s.v. *Estudiante*.

[3283] En ms10 s.v. *Estudiante*.

[3284] ms4: *a atume*.

[3285] En ms10 s.v. *Estudiante*.

9282. **Estudiante do sol non vale un caracol.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)

9283. **O estudiante que ós vinte non sabe i ós trinta non entende, non sei que adeprende.** [3286] (ms16 e ms10,015v: *D.E.*)

(es) *El estudiante que a los veinte no sabe, y a los treinta no entiende, y a los cuarenta no tiene, mala vejez espere.* (Correas)

9284. **Pobre estudiante, como te remordes: por culpa das mozas faltaches ós órdenes.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

Estudiantes pobres

9285. **Estudiante do vío, vío, morto de fame e cheo de frío.** [3287] (ms16 e ms10,015v: *D.E.*)

(es) *Estudiante de pio, pio, muerto de hambre, cagado de frío.* (H. Núñez)

9286. **O bo estudiante, morto de sono e farto de fame.** [3288] (ms16 e ms10,015v: *D.E.*)

(es) *El buen estudiante falto de sueño y muerto de hambre.* (R. Marín)

9287. **O mal estudiante, farto de sono e morto de fame.** [3289] (ms16 e ms10,015v: *D.E.*)

EVACUACIONES. V. tamén *Escatológicos*.

9288. **Á túa mesa nin na allea non te sentes coa vincha chea.** [3290] (ms16 e ms10,039v: *D.E.*)

(es) *A tu mesa y a la ajena no te sientes con la vejiga llena.* (Correas)

9289. **Antes que vaias á igrexa, mexa.** [3291] (ms16 e ms10,030v: *D.E.*)

(es) *Antes que te vayas a la iglesia, caga y mea.* (Correas)

9290. **Caga o rei e caga o papa e sin cagar ninguén se escapa.** (ms21,10v: Bermés)

9291. **Caga o rei, caga o papa, e sin cagar naide pasa.** (ms16: Sta. Eulalia de Bóveda)

9292. **Cando vaias cagar, leva con que te limpar.** (ms16: *D.E.*)

9293. **Comer, durmir e cagar piden vagar.** (ms16: *D.E.*)

Var.: *Cagar e comer a dispacio ten que ser.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Comer, dormir y cagar, de vagar.* (Correas)

9294. **Muller que asubía e mexa de pé, nunca boa é.** (ms / ms16: *D.E.* / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

Var.: *Muller que mexa de pé nunca boa é.* (ms4: F.V.S.) / *Muller que asubía e mexa de pé, non será home, pero muller non é.* (ms16 e ms10,046v: *D.E.*) [3292]

(es) *De mujer que mea en pié, libera nos Domine.* (R. Marín)

9295. **O que mexa e non solta o peido, é coma gaita sin tamborileiro.** (ms)

9296. **Onde a mula dianteira mexa, mexa toda a récoa.** [3293] (ms16 e ms10,040r: *D.E.*)

9297. **Onde burro mexa, tódolos demais mexan.** [3294] (ms10,040r e ms16: *D.E.*)

9298. **Quen mexa contra vento, molla se cadra a camisa.** [3295] (ms16 e ms10,040r: *D.E.*)

Var.: *Quen mexa contra vento, mexa se cadra os calzós.* (ms16 e ms10,040r: *D.E.*)

9299. **Quen moito chora, pouco mexa.** (ms16: Lugo)

(es) *Quien llora mucho poco mea.* (R. Marín)

9300. **Tronada de peidos, temporal de merda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

EXCEPCIÓN

9301. **Non hai pega sin mancha negra.** [3296] (mc: M.V. / ms-LU: seminarista anónimo: Viveiro, LU / ms21,12r: Bermés)

Var.: *Non hai pega sin mancha negra, y-a que non a ten, non é pega.* (ms4: F.V.S.)

(es) *No hay pega sin mancha negra.* (Correas) / *Ni pega sin mancha, ni mula ni mujer sin tacha.* (R. Marín)

9302. **Non hai pega sin penca negra.** (ms18,02v: Biville)

9303. **Non hai pegha sin manchas negras.** [3297] (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

9304. **Non hai pego nin pega sin mancha negra.** (ms: Carballino)

9305. **Non hai regra que non falle.** (ms16: Lugo)

(es) *No hay regla que no falle.* (R. Marín)

[3286] En ms10 s.v. *Estudiante*.
[3287] En ms10 s.v. *Estudiante*.
[3288] En ms10 s.v. *Estudiante*.
[3289] En ms10 s.v. *Estudiante*.
[3290] En ms10 s.v. *Mesa*.
[3291] En ms10 s.v. *Iglesia*.
[3292] En ms10 s.v. *Mujer*.
[3293] En ms10 s.v. *Orinar*.
[3294] ms16: *todos os demais*. En ms10 s.v. *Orinar*.
[3295] Refrán e variante en ms10 s.v. *Orinar*.
[3296] ms3: *N'hai*; ms-LU: *sen*. / Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.
[3297] *Non hay peja sin manchas negras*.

9306. **Non hai regra sin excepción.** (ms16: Lugo)

(es) *No hay regla sin excepción.* (H. Núñez)

9307. **Un caso soilo non fai regra.** (ms16: Lugo)

(es) *Un caso solo no hace regla.* (R. Marín)

9308. **Un cuco solo non fai vran.** (mc e ms16: Santiago)

9309. **Unha andoriña non fai vran.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Chantada)

Var.: *Un pau solo non fai sebe*. (mc: M.L.) */ Unha andoriña non fai vran.* (F.V.S.) [3298] */ Un gran non fai graneiro.*

(es) *Una golondrina no hace verano.* (S.)

Lo conserva la canción popular: *Un pau solo non fai sebe, / pero, pasiño a pasiño, / como quen non quer a cousa / dá un home andado o camiño*.

9310. **Unha anduriña non fai vrau.** [3299] (mc e ms16: Chantada / ms4: F.V.S. / ms21,20r: Bermés)

(pt) *Uma andorinha só não faz verão, nem um dedo só faz mão.* (Chaves) (es) *Una golondrina no hace verano, ni una sola virtud bienaventurado.* (Correas) */ Un dedo no hace mano, ni una golondrina verano.* (R. Marín) */ Una golondrina no hace verano.* (Sbarbi) (ct) *Una flòr no fá Maig, ni una gota fá raig.* (Alberola)

9311. **Unha mosca non fai vran.** [3300] (mc e ms16: *Terra de Melide* / ms e ms4: V.R. y A.R. / ms16: A. de N.)

(pt) *Uma andorinha só não faz verão, nem um dedo só faz mão.* (Chaves) */ Uma flor não faz primavera.* (Id.) (es) *Una golondrina no hace verano.* (Sbarbi) (ct) *Una flòr no fá Maig, ni una gota fá raig.* (Alberola)

Enseña que una cosa o un caso, no hace regla.

9312. **Unha mosca sola non fai o vrao.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

9313. **Unha mosca sola non fai vran.** [3301] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

EXCESOS. V. tamén *Obesidad, Tragón*.

9314. **A cera sobexa queima a igrexa.** (ms16: *D.E.*)

9315. **Cando é moita a cera, queima a igrexa.** (ms16: Lugo)

(es) *Cuando es demasiada la cera, quema la iglesia.* (Correas)

9316. **Non sea tanta a cera que arda a irexa.** [3302] (ms16: Lugo / ms / ms4: M.V.)

Var.: *Non sexa tanta a cera que queime a igrexa.* (ms16)

(es) *La mucha cera quema la iglesia.* (R. Marín)

9317. **Non sea tanta a cera que prenda lume.** (ms16: *D.E.*)

9318. **Non sea tanto o tirar que rompa a corda.** (ms)

9319. **O millor i-o pior non teñen fondo.** (ms5,136: Biville)

9320. **Por carta de máis ou carta de menos pérdense os xogos e vaise o diñeiro.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Piérdese el juego, tanto por carta de más como por carta de menos.* (R. Marín)

EXCULPACIONES

9321. **Coidei que non tiña marido e comín todo o compango.** [3303] (ms16 e ms10,037v: *D.E.*)

(es) *Pensé que no tenía marido y comime toda la olla; y cuando lo ví, enmudecí, cegué y embacé.* (Correas)

9322. **Mui mala debe ser a culpa, cando nadia a quere.** (ms8,18r: Silvarrey)

9323. **Non fai pouco quen a súa culpa bota a outro.** [3304] (ms16 e ms10,016v: *D.E.*)

(es) *No hace poco quien su culpa echa a otro.* (Correas)

9324. **Por culpa da besta mataron o bispo.** (ms16: *D.E.*)

9325. **Por culpa do burro zorregan na albarda.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Por culpa del asno, echarla a la albarda.* (Z.)

EXCUSAS

9326. **Achaque ó pelexo, que sabe a pez.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Achaque al odre; que sabe a pez.* (S.)

9327. **Achaque queren as cousas.** (ms16: *D.E.*)

9328. **Achaques ó jueves pra non aiunar o viernes.** [3305] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

[3298] ms4: *anduriña*.
[3299] ms21,20r: *vran*. (*vrau*); ms16: *vran*.
[3300] ms4: *Unha mosca sola*.
[3301] ms-LU (Lugo): *Una mosca*.
[3302] ms1 e ms4: *ilesia*; ms15,49: *iglesia*; ms16: *igrexa*.
[3303] En ms10 s.v. *Marido*.
[3304] ms10: *o que a súa culpa*. En ms10 s.v. *Hacer*.
[3305] *Achaques o jueves pra non ayunar o viernes*.

Dícese de aquellos que alegan pretextos frívolos para no hacer alguna cosa.

9329. **Achaques o viernes por non aunar.** (mc)

Var.: *Achaques o xoves pra non aunar o viernes.* (ms16: Lugo)

(pt) *Achaques à sexta-feira pelo não jejuar.* (Chaves) (es) *Achaques al viernes para no le ayunar.* (Correas) / *Achaques al jueves para no ayunar el viernes.* (Correas)

9330. **De achaque non ten mester o mal home que mal quer facer.** (ms16: *D.E.*)

(es) *A mal hacer, pero excusar, y lo acaba de adobar.* (R. Marín)

9331. **Di que lle doi u óso do lombo e non traballa.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

EXHIBICIÓN

9332. **Boi que non vai á feira, non pode ter venda.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Buey que no está en la feria, no tiene venta.* (Correas)

9333. **Boi que non vai ó mercado, non é vendido nin comprado.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Buey que no está en el mercado, no es vendido ni comprado.* (Correas)

9334. **O que non vai ó mercado, non é vendido nin mercado.** (ms16: Lugo)

EXIGENCIAS

9335. **Hai quen na súa casa come sardiña e na allea pide galiña.** (ms16: Lugo)

(es) *Quien en su casa come una sardina, en la ajena quiere gallina.* (R. Marín)

9336. **Na túa casa non tes sardiña e na allea pides galiña.** [3306] (ms-SA: José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)

9337. **Na túa casa non tes sardiñas e na ajena pides sardiña.** [3307] (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

9338. **Non se ha de espremer tanto a laranxa que amargue o zume.** [3308] (ms16 e ms10,032v: *D.E.*)

(es) *No se ha de estrujar tanto la naranja que amargue el zumo.* (R. Marín)

9339. **O que na súa casa come morriña, n'allea quere carneiro e galiña.** (mc: M.V. / ms21,26v: Bermés)

Var.: *O que na súa casa come morriña, na casa allea quer carneiro e galiña.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Quien en su casa come una sardina, en la ajena quiere gallina.* (R. Marín)

9340. **Si na túa casa non tes sardiña, na allea pide galiña.** (ms-SA: Félix Rodríguez Vieites)

EXPERIENCIA

9341. **A esperencia é nai da cencia.** [3309] (ms16 e ms10,014v: *D.E.*)

(es) *La exprientía es madre de la scientía.* (Z., N., H., C.)

9342. **A experiencia é a nai da ciencia.** [3310] (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C / ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

9343. **A millor mestra é a esperencia.** [3311] (ms16: Lugo / ms10,039v: *D.E.*)

9344. **Abade que foi monaguillo, ben sabe quén bebe o viño.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Abad que fue monaguillo bien sabe quién se bebe el vinillo.* (R. Marín)

9345. **Camiño vello, congostra nova.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Camino viejo y sendero nuevo.* (Correas)

9346. **Co tempo aprenderás a saber o que é o tempo; o malo é que ás veces vén moi tarde o remedio.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

9347. **Contra a esperencia non hai cencia.** [3312] (ms16 e ms10,014v: *D.E.*)

(es) *Contra experiencia no hay ciencia.* (R. Marín)

9348. **Fai máis o vello co uso có novo co fuso.** (ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU)

9349. **Máis vale esperencia que cencia.** [3313] (ms16 e ms10,014v: *D.E.*)

(es) *Más vale experiencia que ciencia.* (R. Marín)

9350. **Moitas veces a esperencia vale tanto como a cencia.** [3314] (ms16 e ms10,014v: *D.E.*)

9351. **N'hai mestra como a esperencia.** (ms16: Lugo)

9352. **Non hai mestre como o tempo.** (ms16: *D.E.*)

9353. **O millor mestre é o tempo e a mellor mestra a esperencia.** [3315] (ms16 e ms10,039v: *D.E.*)

[3306] *Na tua casa non tes sardiña e na ajena pides galiña.*
[3307] *Na tua casa non tes sardiñas e na ajena pides sardiña.*
[3308] En ms10 s.v. *Naranja*.
[3309] En ms10 s.v. *Esperanza*.
[3310] ms-SA: (José M. G.): *cencia*.
[3311] En ms10 s.v. *Maestro*.
[3312] En ms10 s.v. *Experiencia*.
[3313] En ms10 s.v. *Experiencia*.
[3314] En ms10 s.v. *Experiencia*.

9354. **O que foi cociñeiro antes que frade, o que pasa na cociña ben o sabe.** (mc / ms16: *D.E.*)
Var.: *A quen foi cociñeiro antes que frade, na cocina non-o engana naide.* (ms16: Lugo)
(es) *El que fué cocinero antes que fraile sabe lo que pasa en la cocina.* (Bergua) */ El que fué monaguillo y después abad, sabe lo que hacen los mozos tras el altar.* (Id.) / *A quien fue cocinero antes que fraile, en cosas de cocina no le engaña nadie.* (R. Marín)
Destaca lo que vale la experiencia propia.

9355. **O que non ten esperencia, fáltalle a millor sabencia.** [3316] (ms16 e ms10,014v: *D.E.*)

9356. **O que non ve, non ten que contar.** (ms15,41: Mellid)

9357. **O tempo é sabio.** (ms16: Lugo)
(es) *El tiempo es sabio.* (Z.)

9358. **Pra sabelo, hai que lelo ou velo.** (ms10,049v: Sober)

9359. **Sin esperencia pouco sirve a cencia.** (ms16: Lugo)
(es) *Sin experiencia, de poco sirve la ciencia.* (R. Marín)

9360. **Vale máis un veterano á porta dun cuartel que un regimiento de quintos ó mando dun coronel.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

EXPRIMIR

9361. **O que moito espreme chega a sacar sangue.** (ms10,015r: *D.E.*)

9362. **Quen moito quer espremer, ás veces, sai esprimido.** (ms10,015r: *D.E.*)

FALSEDAD. V. tamén *Mentira*.

9363. **Por diante venero e por tras mato o rei.** [3317] (ms5,045: Santiago)

9364. **Todas as medallas teñen dúas caras.** [3318] (ms5,045: Carballo, Bertoa)

FALSEDAD. INTERÉS

9365. **Polo interés, o máis feo hermoso é.** [3319] (ms: Tuiriz / ms5,045)
Var.: *Polo interés, o máis feo bonito é.* (ms5,045: Carballo-Bertoa)
(es) *Por interes, lo feo hermoso es.* (Bergua)
La ambición y el egoísmo, aceptan como buenas cosas que no lo son. (Bergua)

FALTA

9366. **Antes falte a palabra na boca que o esterco na corte.** (ms10,017v: *D.E.*)

9367. **Non falte a vontá, que lugar non faltará.** (ms10,017v: *D.E.*)

9368. **Nunca outra cousa nos falte que máis falta faga.** (ms10,017v: *D.E.*)

FAMA

9369. **A boa fama moito mal cobre.** (ms10,017v: *D.E.*)

9370. **A boa fama tapa o roubo.** (ms5,045: Santiago)

9371. **A cando río sona auga leva.** (ms-SA: Manuel Tojo Reboredo)

9372. **A mala chaga sana e a mala sona mata.** [3320] (ms10,036r: *D.E.*)

9373. **A mala fama mata.** (ms10,017v: *D.E.*)

9374. **A mala fama roda com'a moeda e, a boa, na casa queda.** (ms10,017v: *D.E.*)

9375. **A sona sin o proveito corre polo mundo a eito.** (mc: Silvestre Castiñeira, Santiago)

9376. **A sona sin proveito corre polo mundo a eito.** (ms-SA: Manuel Tojo Reboredo)

9377. **A sona sin proveito corre polo mundo a feito.** [3321] (mc: Santiago)

9378. **Atrás do ron ron veñen os cascabeles.** (ms8,44r: Silvarrey)
Igual que *cando o río sona...*

9379. **Blanco é o papel e límpase o cu con el.** [3322] (mc / ms4: F.V.S.)

9380. **Boa fama furto encobre.** (ms10,017v: *D.E.*)

9381. **Cand'os regos teñen chea, nunca limpa a auga levan.** [3323] (ms: M.L. / ms10,107r: *D.E.*)
Var.: *Cando os regos teñen chea, nunca a auga limpa levan.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

9382. **Cando a presa soa, auga leva.** (mc: Santiago)

9383. **Cando o arroio corre é porque chove.** [3324] (mc: Santiago)

[3315] En ms10 s.v. *Maestro*.
[3316] En ms10 s.v. *Experiencia*.
[3317] Indica *Falsedad*.
[3318] Indica *Falsedad*.
[3319] Contén a indicación *Falsedad? Interés?* no ms5.
[3320] En ms10 s.v. *Malo* coa indicación *Fama*.
[3321] ms: *afeito*.
[3322] ms: *o c... con él*.
[3323] ms4: *limp'a y-auga*. / En ms10 s.v. *Arroyo*.
[3324] ms : *arroyo*. / V. tamén *Agrícolas* (*Meteorológicos*).

9384. **Cando o rego soa, auga leva.** (mc: Santiago)

9385. **Cando o rego soa, porque agua leva.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

9386. **Cando o rego zoa, auga leva.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

9387. **Cando o río berra, auga leva.** [3325] (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns / ms-SA: Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C)

9388. **Cando o río corre é que leva auga.** [3326] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9389. **Cando o río ronca é porque aghua leva.** [3327] (ms-SA: Segade Vidones, Emilio)

9390. **Cando o río ronca, señal que agua leva.** (ms-SA: José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C)

9391. **Cando o río rouca, augua leva.** (ms-SA: Jesús Santiso Barreiro)

9392. **Cando o río roxe é porque leva auga.** (ms-SA: Gestoso provincia de La Coruña)

9393. **Cando o río roxe é que hai nil pedras.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Var.: *Cando o río roxe é que cai nil pedras.* (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo).

9394. **Cando o río roxe, leva auga.** (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)

9395. **Cando o río ruxe, agua leva.** (ms-LU: Álvaro Rábade: Saavedra, Begonte, LU)

9396. **Cando o río soa é señal que leva iauga.** [3328] (ms21,12r: Bermés)

9397. **Cando o río soa, algo leva.** [3329] (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9398. **Cando o río soa, auga leva.** [3330] (mc: Sarria / ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

9399. **Cando o río zoa, aghua leva.** [3331] (ms-SA: Manuel Collazo Porto: Portas, PO)

9400. **Cando o río sona é porque agua leva.** (ms-SA: Manuel Vilanova Peña: Ribadumia, PO)

9401. **Cando o río sona, porque agua leva.** (ms-SA: Freire López: Padrón, C)

[3325] ms-SA (Marcelino B.): *agua*.
[3326] Engadido con outra tinta, pero letra semellante: = *e c'auga leva*.
[3327] *Cando o río ronca, he porque ajua leva*.
[3328] *Cando o rio çoa e señal que leva i'auga*.
[3329] ms-LU: *sona*.
[3330] ms-SA: *sona, agua*.
[3331] *Cando o rio zoa ajua leva*.

9402. **Cando os regos teñen chea, nunca a auga limpa levan.** (ms15,12)

9403. **Cando se sinte o río é porque leva auga.** (mc: Santiago)

9404. **Cando zoa o río, porque auga leva.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)

9405. **Colle boa fama e bótate a dormir, que si a colles mala, non podrás vivir.** (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)

9406. **Colle boa fama e bótate a dormir.** [3332] (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)

(pt) *Cria boa fama e deita-te a dormir.* (Chaves) (es) *Coge buena nota, y échate a dormir; si la coges mala, no podrás vivir.* (R. Marín) (ct) *Cria bòna fama y gítat a dormir.* (Alberola)

9407. **Colle boa fama e ponte a dormir.** (ms-SA: Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C)

9408. **Colle boa fama e ponte a sonreír.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

9409. **Colle boa sona e pódeste deitar.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

(es) *Coge buena fama y échate a dormir.* (R. Marín) (ct) *Cria bòna fama y gítat a dormir.* (Alberola)

9410. **Colle fama e bótate a dormir.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)

9411. **Colle mala fama e ponte a discurrir.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

9412. **Colle sona e poderás deitarte.** (ms10,123r: *D.E.*)

9413. **De pouco che vale a sona, se non levas o proveito.** (mc: Santiago)

9414. **Fai noventa e nove boas; fai unha mala, i-as noventa e nove non valeron nada.** (ms15,20v: Verín)

9415. **Gana sona e poderás dormir.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

Var.: *Gana sona e poderás deitarte.*

(pt) *Ganha boa fama e deita-te na cama.* (Chaves) */ Ganha boa fama e deita-te a dormir.* (Id.) (es) *Cobra buena fama y échate a dormir.* (Sbarbi)

9416. **Mal vai quen mala fama cobra.** (ms10,017v: *D.E.*)

9417. **Mal vai quen mala sona colle.** [3333] (ms10,035r: *D.E.*)

9418. **Nadia ten máis creto có que lle poñen.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

9419. **Non ten un máis sona que a que lle queren botar.** (ms10,123r: *D.E.*)

[3332] ms4: *deitate a dormir*.
[3333] En ms10 s.v. *Mal* coa indicación *Fama*.

9420. **O creto dos bos anda na boca dos ruís.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

9421. **O que ten eiva, sempre lle reina.** (mc: M.L.2)

9422. **O río, cando sona, auga leva.** (ms-SA: Ríos Pereiro)

9423. **O río, cando sona, é que auga leva.** (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)

9424. **Onde moitos cospen, lama fan.** [3334] (mc: *Dicc. Ac.* / ms: V.R. y A.R. / mc: Carballedo / ms21,14r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(pt) *Onde muitos cospem, lama fazem.* (Chaves) (es) *Donde mucho escupen, lodo hacen.* (Correas)

Véase *Donde moitos cuspen...*

9425. **Onde xente pisa, lama fai.** (ms8,07v: Silvarrey)

9426. **Pola sona busca a persona.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9427. **Pola sona búscase a persona.** [3335] (mc: M.V. / ms21,29r: Bermés)

9428. **Polo alabado quixen o conocido e vin arrepentido.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

9429. **Por un can que matei, matacás me chamaron e matacás quedei.** [3336] (ms10,038v: *D.E.*)

9430. **Por uns perden outros.** (mc: Buciños)

9431. **Quen ten boa fama tapa, as súas faltas.** (ms10,017v: *D.E.*)

9432. **Se cobraches mala fama, afánate por quitala.** (ms10,017v: *D.E.*)

9433. **Se te critican por unha cousa mala, aló che vai a fama.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9434. **Si o río ronca é porque agua leva.** (ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)

9435. **Si o río rouca é porque agua leva.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

9436. **Si santo has de ser, o teu veciño hate de facer.** (ms8,33v: Carballino)

9437. **Unhos comen as noces i-outros levantan as voces.** [3337] (mc: Buciños)

Var.: *Uns levan as noces y-outros as voces.* (ms e ms4: A.S.A.) [3338] / *Unhos comen as noces i-outros levan as voces.* (ms5,137: A.N.)

(pt) *Uns comem os figos, a outros rebenta-lhes a boca.* (Chaves)

9438. **Uns levan a fama i-outros cardan a la.** [3339] (ms)

(es) *Unos cardan la lana y otros tienen la fama.* (R. Marín) (ct) *Uns tenen la fama y atres carden la llana.* (Alberola)

9439. **Us teñen a fama e outros o proveito.** (ms10,017v: *D.E.*)

FAMILIA. PARIENTES. V. tamén *Nietos, Padres, Primos, Suegros.*

9440. **A cada paxaro gústalle a súa niñada.** (mc: Tuiriz)

9441. **A cada paxaro gústalle o seu niño.** [3340] (mc: Santiago / Andrés Rguez. Arjomil / ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)

(pt) *A cada porco agrada a sua pousada.* (Chaves) (es) *A cada pajarillo parécele bien su nido.* (Correas)

9442. **Á conta de meus compadres, roubades ós afillados.** [3341] (mc: *Terra de Melide* / ms4: V.R. y A.R.)

9443. **Á conta de meus curmáns, cigarros habáns.** (mc: C.A.)

(es) *A cuenta de mis primos, puros habanos.*

9444. **~Á corta ou á larga, os cachos tiran ás olas.** [3342]% (Jesús Vázquez: Sarria, LU)

9445. **Á filla, pan e comida; mais á nora, pan e fóra.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9446. **A filla saleume da brilla i-a nora veume de fóra.** [3343] (ms21,12v: Bermés)

9447. **A pai gañador, seu fillo gastador.** (ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)

9448. **A pai gardador, fillo gastador.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

Var.: *A pai ganador, fillo gastador.*

(pt) *A pai guardador filho gastador.* (Chaves) / *A pai ganhador filho gastador.* (Id.) (es) *A padre guardoso, hijo desperdiciado.* (R. Marín) / *A padre*

[3334] mc (Carballedo) e ms21,14r: *cuspen*; mc (Carballedo) e ms-LU: *Donde*.

[3335] ms21,29r: *buscas'a persona*.

[3336] Sen clasificar no orixinal.

[3337] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal. A variant1 dentro de *Fama* no ms.

[3338] ms4: *Us levan*.

[3339] *Uns levan a fama y outros cardan a la*.

[3340] ms-SA: *nido*.

[3341] ms4: *roubadas*. / V. *Á conta de meus compadres, rebanadas ós afillados* en *Donaciones* (*Donaciones de lo ajeno*).

[3342] O orixinal di *A corta ou a larga os cachos tiran as olas.*

[3343] *A filla saléume da brilla y'a nora veume de fora*.

ganador, hijo desprendedor. (Sbarbi) / *A padre guardador, hijo gastador.* (Correas) / *A padre allegador, hijo desperdiciador.* (Id.) / *A padre ganador, hijo espendedor.* (Id.) / *A padre endurador, hijo gastador.* (R. Marín)

9449. **A quen Dios non lle dá fillos, o demo lle dá sobriños.** (ms-SA: Eliseo López Varela)

9450. **A quen matáche-lo pai, non lle críe-lo fillo.** [3344] (mc: A.S.A. / ms18,68r: *Diario de Avisos*, de R. Caruncho (1888))

(pt) *A quem matares o pai, não lhe cries o filho.* (Chaves) (es) *A quien matare el padre, non le críes el hijo.* (Correas)

9451. **A quen Dios non lle dá fillos, o demo ll'acarrea sobriños.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9452. **A quen Dios non lle dá fillos, o diaño ll'aparexa sobriños.** (ms21,10v: Bermés)

9453. **A quen Dios non lle deu fillos, o demo apáñalle sobriños.** (mc: C.A.)

(pt) *A quem Deus não deu filhos, deu o diabo sobrinhos.* (Chaves) (es) *A quien Dios no le da hijos, el diablo le da sobrinos.* (R. Marín) (ct) *A qui Deu no li dona fills el diable li dona nebots.* (Alberola)

9454. **A verdade anda na herdade.** (mc: A.I.)

(pt) *A verdade anda na herdade.* (Chaves) (es) *La verdad anda en la heredad.* (Correas)

9455. **Alá me leve Deus, onde ache dos meus.** (mc: Correas)

(pt) *Lá me leve Deus, onde estão os meus.* (Chaves)

Que lo recoge, como los demás gallegos que figuran en su Vocabulario, defectuosamente.

9456. **Ao bon pai cómpre adoralo, e ao ruín, respetalo.** [3345] (mc: Velle)

(pt) *O bom pai, ame-se e o mau sofra-se.* (Chaves)

9457. **Ben hereda o que ós seus asemella.** [3346] (mc / ms4: F.V.S.)

9458. **Bés de tíos, bés de xudíos.** (ms21,13r: Bermés)

9459. **Cachos mítanlle ás olas.** (ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)

9460. **Cada un cos seus.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

(ct) *Cadascú en los seus.* (Alberola)

9461. **Cada un dos seus se enamora.** (mc: C.A.)

(ct) *Cada ú s'enamora dels seus.* (Alberola)

9462. **Cada un é fillo das súas obras.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

(es) *Cada uno es hijo de sus obras.* (Correas) (ct) *Cada ú es fill de les seues òbres.* (Alberola)

9463. **Cada un fala dos seus.** (mc: Buciños)

9464. **Cal na cara cal nos pés, has de imitar a quen es.** [3347] (ms-LU: seminarista anónimo: Terra Cha, LU / ms-LU: Guillermo Pino [sic] O [?] e José M[?]: Terra Cha, LU)

9465. **Cal nas maus cal nos pés, haste parecer a quen es.** (mc / ms4: F.V.S.)

9466. **Cal nas uñas cal nos pés, has de imitar a quen es.** (ms-SA: Darriba Míguez, Amador (13-11-1951) / ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C / ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

9467. **Cal nas uñas, cal nos pés, has de tirar a quen es.** (mc: M.V.)

(pt) *Nas unhas e nos pés mostrarás de onde vens.* (Chaves) (es) *En las uñas y en los pies semeja a mí quién es.* (Correas)

9468. **Cando dá o pai, ri o pai e ri o fillo; cando dá o fillo, chora o pai e chora o fillo.** [3348] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9469. **Cando seas pai, comerás ovo.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

9470. **Catro efes ten miña tía: fea, fraca, froxa e fría.** (ms10,010v: *D.E.*)

9471. **Comerás ovo cando seas pai.** [3349] (mc: Tuiriz / ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)

9472. **Con quen has de vivir, non has de reñir.** [3350] (mc: Palas de Rey / ms4: F.V.S.)

9473. **Cría corvos e che sacarán os ollos.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

9474. **Cunha filla non se fai más que un xenro.** (mc: M.L.)

9475. **Cunha filla non se fan dous xenros.** (mc: C.G. / ms21,02v: Bermés)

9476. **Chámolle tía pra que me día, e se non me dá, non é miña tía.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

9477. **Chámolle tía pra que me día; se me non dá, chámolle tía d'acolá.** (ms4: A.I.)

[3344] *A quen matachel-o pai, non lle crie-lo fillo.* / ms4: *matarel-o pai*.
[3345] ms4: *boo pai*.
[3346] ms4: *se asemella*.
[3347] ms-LU (Guillermo P.): *d'a mitar*.
[3348] ms-LU: *e cando, chor'o pai e chor'o fillo*.
[3349] ms-LU: *o ovo*.
[3350] ms4: *quen non has vivir*.

9478. **Chámolle tía pra que me día; si non me dá, tía marrá.** [3351] (mc: Sober)

9479. **De boa mai busca a filla e de boa cepa pranta a viña.** [3352] (mc: A.I.)

(pt) *De boa cepa a vinha e de boa mãe a filha.* (Chaves) */ Mulher e cão de caça, procurai-os pela raça.* (Id.) (es) *De buena cepa, buen sarmiento.* (R. Marín) (ct) *De bon sep, ha de ser la vinya, de bòna mare, la filla.* (Alberola)

9480. **De boa nai busca a boa filla e de boa cepa planta a viña.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

9481. **De boa nai busca a filla e de boa cepa pranta a vide.** (ms21,26v: Bermés)

9482. **De bon pai nace un fillo ladrón.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9483. **De bon pai, fillo do demo.** (mc: Monforte)

Var.: *Do pai santo, fillo demo.* (F.V.S.)

9484. **De bon pai, fillo malo.** [3353] (mc: Buciños / ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

9485. **De bon pai, ruín fillo.** (mc: Palas de Rey)

(pt) *De pai santo, filho diabo.* (Chaves) (es) *De padre santo, hijo diablo.* (R. Marín)

9486. **De bon pau busca a boa astilla; e de boa nai, a boa filla.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

9487. **De fillos criados, traballos doblados.** (ms-SA: José Castro López: Sobrado dos Monxes, C / ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C / ms-SA: Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C)

9488. **De pai santo, fillo demo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9489. **De pais cochos, fillos marraus.** (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *De padres gochos, hijos marranos.* (R. Marín)

9490. **De un vientre pero non de un temple.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

9491. **De padre aforrador, fillo gastador.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

Var.: *De pai gardador, fillo gastador.* (ms15,019)

9492. **Díghoche fillo, enténdeme nora.** [3354] (ms-SA: José Calviño Pueyo: A Ponte Maceira, Portor, Negreira, C)

9493. **Dígocho filla, enténdeme nora.** [3355] (mc: M.V. / ms21,27r: Bermés)

(pt) *Dìgo-te filha, enténde-me nora.* (Chaves) */ Digo-o a vós nora para que me entendais sogra.* (Id.) (es) *A té te lo digo, Juan, para que lo entiendas, Pedro.*

9494. **Dígocho sogra, enténdemo nora.** (ms21,27r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9495. **Dime de quén es e direiche en qué lle imitas.** [3356] (mc: Santiago / Luís Alonso Alonso)

9496. **Din os fillos ó solar o qu'oien ós pais tras do lar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9497. **En gran peligro millor é o hirmau que o amigo.** (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

9498. **Entra, miña noriña, entra, hoxe a foguetes e mañá a cachetes.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

9499. **Entre noras e sogras nunca contaron verdad: feitas na mentira, criadas na falsedad.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9500. **Entre pais e fillos por dar son amigos.** (mc / ms4: F.V.S.)

9501. **Entre pais e irmaos non metas as maus.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

9502. **Entre pais e hirmaus non poñas as maus.** (mc: C.A.)

9503. **Entre primos e hirmaus non metas as maus.** [3357] (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo,OU)

(pt) *Entre pai e irmãos, não metas as mãos.* (Chaves) */ Entre marido e mulher, nunca metas a calher.* (Id.) (es) *Entre padres y hermanos no metas tus manos.* (Correas)

9504. **Filla allea nunca na túa casa estará chea.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9505. **Filla d'home nunca come; filla allea nunca é chea.** (ms21,11r: Bermés)

9506. **Filla e nai, dous demos pa un pai.** [3358] (ms-SA: Luís Vázquez Veiga)

9507. **Fillas e paos, moitos son poucos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

[3351] V. *Pía, pía, manga vacía; chámolle pía pra que me día* en *Peticiones*.
[3352] ms3 e ms4: *D'a boa, pranta a vidra*; ms4: *da boa cepa*.
[3353] ms4: *mao*.
[3354] *Dijoche fillo entendeme nora*.
[3355] ms3 e ms4: *entendem'o nora*; ms21,27r: *enténdemo*.
[3356] Luís Alonso Alonso: *eres, che direi, ll'imitas*.
[3357] ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo,OU: *e hermaos, maos*.
[3358] *Filla e nai dos demos pa un pai*.

9508. **Fillo alleo nunca é cheo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9509. **Fillo alleo, brasa no seo.** (mc: A.S.A. / ms21,04r: Bermés)

(pt) *Filho alheio, braza no seio.* (Chaves) (es) *Hijo ajeno, brasa en el seno.* (Correas)

9510. **Fillo alleo, métio pola manga e saiche polo seo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9511. **Fillo do home nunca come.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9512. **Fillo eres e pai serás; según fixeres, así o terás.** (ms-SA: Ramón Viña Varela: Golmar, A Laracha, C)

9513. **Fillo eres, pai serás; así como fixeres, así serás.** (ms-SA: José A. Iglesias Ares / ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

9514. **Fillo eres, pai serás; cal fixeres, tal habrás.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

9515. **Fillo eres, pai serás; como as fixeses, así as verás.** (ms-LU: Antonio Vázquez Paredes: Xubia, Narón, C)

9516. **Fillo eres, pai serás; como fixeres, así o terás.** [3359] (mc: A.I. / ms15: Carré Aldao)

Var.: *Fillo eres, pai serás; como fixeres, así che farán.* (ms15,19)

(pt) *Filho és, pai serás, assim como fizeres, assim acharás.* (Chaves) (es) *Hijo eres, y padre serás; cual hicieres tal habrás; o hijo fuiste.* (Correas) (ct) *Fill eres, pare serás, lo que faces trovarás.* (Alberola)

9517. **Fillo eres, pai serás; como foras serás.** (ms-SA: Carballo)

9518. **Fillo eres, pai serás; según as fagas, así as terás.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)

9519. **Fillo eres, pai serás; según fagas, así o hallarás.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

9520. **Fillo eres, pai serás; según fixeres atoparás.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9521. **Fillo es, pai serás; como as fixeres, así as verás.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa María Maior de Mondoñedo, LU)

9522. **Fillo es, pai serás; como fagas, así as pagarás.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

9523. **Fillo es, pai serás; como fores, así o terás.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9524. **Fillo es, pai serás; como o fixeres, así serás.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)

9525. **Fillo es, pai serás; como o fixeres, así terás.** (ms-SA: Manuel Lago López)

9526. **Fillo es, pai serás; según as fixeres, así as [terás].** (ms-SA: seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)

9527. **Fillo es, pai serás; según as fixeche, así as verás.** (ms-LU: seminarista anónimo: Illán, Begonte, LU)

9528. **Fillo foche e pai serás; según t'educaron, educarás.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9529. **Fillo foche e pai serás; según fagas, encontrarás.** [3360] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9530. **Fillo fuche e pai serás; según as fixeches, así as toparás.** (ms21,14r: Bermés)

9531. **Fillo fuches, pai serás; cal fixeches, toparás.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

9532. **Fillo fuches, pai serás; cal fixeres, toparás.** (ms-SA: Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / José Manuel Area Alonso)

9533. **Fillo fuches, pai serás; como ti o fixeches, así o encontrarás.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

9534. **Fillo malo vale máis enfermo que sano.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9535. **Fillo non temos e nome lle poñemos.** (mc)

(es) *Hijo no tenemos, y nombre le ponemos.* (Correas)

9536. **Fillo sin amor, nai sin amor.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

9537. **Fillo eres, pai serás, como foses, tal habrás.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

9538. **Fillos casados, ladrós declarados.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9539. **Fillos criados, pesares doblados.** (mc: Santiago / ms5,137: A.M.)

9540. **Fillos criados, traballos dobrados.** [3361] (mc: Buciños / ms3: T.M. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms21,06v: Bermés / F. Rodríguez Vieites)

[3359] ms15,01: *Fillo ês*. (Eugenio Carré Aldao. *Literatura Gallega* 2ª edición, 1911).

[3360] *Fillo focho e pai serás; según fagas, encontrarás*.

[3361] mc, ms-LU, F. Rodríguez Vieites e ms21,06v: *doblados*.

9541. **Fillos e diñeiros, cantos menos, menos quebradeiro.** [3362] (mc: C.A. / ms10,020v: *D.E.*)
(es) *Hijos y dineros, menos quebraderos, cuando son buenos.* (R. Marín)

9542. **Fillos, filloas e netos de viño.** (mc: C.A.)

9543. **Fillos, os dun, que os doutro chega o tempo e catapún.** (ms15,12)

9544. **Ida por vida, á casa de túa tía.** [3363] (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(es) *Ida y venida, por casa de mi tía; o ida y venida.* (Correas) / *Ida e venida por casa de mi tía.* (S.)
Como: *A casa de túa tía...*

9545. **Irmaos seamos e do noso teñamos.** (mc: Buciños)

9546. **Mal é o pai que non se fai.** (mc: Santiago)

9547. **Mentras estou ca nai, n'estou ca filla.** [3364] (mc: M.V. / ms21,26v: Bermés)

9548. **Na cabeza ou nos pés has de imitar a quen es.** (ms-SA: Julio Barreiro Fernández: San Miguel de Vilar, Touro, C)

9549. **Nas uñas ou nos pés imitarás a quen es.** (ms11,49: Comarca de Fonsagrada)

9550. **Nas uñas ou nos pés semellarás a quen es.** (ms21,04v: Bermés)

9551. **Naz'o corvo na pena e sempre tira pr'ela.** (ms11,50: Comarca de Fonsagrada)

9552. **Non desvistas teos fillos pra vestir teus xenros.** [3365] (ms-LU: seminarista anónimo: San Tirso ¿Vilalba / Antas?, ¿Muxía, Outes, Zas, Maceda?)

9553. **Non hai mai que fale mal dos seus fillos.** (mc)

9554. **Non hai pai malo, si os fillos son bos.** (ms8,38r: Silvarrey)

9555. **Non hai pai por fillo.** (mc: Buciños)

9556. **Nos enterros, os achegados; e nas honras, os convidados.** [3366] (mc: M.V. / ms10,012v: *D.E.*)

9557. **Nunca digas que tes frío cando estés xunto a teu tío.** (mc: Santiago)

9558. **Nunca moito erra quen ós seus semella.** (mc: *Terra de Melide* / ms4: V.R. y A.R. / ms21,28v: Bermés)
Var.: *Non erra quen ós seus semella.* (ms4)
(pt) *Não erra quem aos seus semelha.* (Chaves) (es) *No yerra quien a los suyos semeja.* (Correas)

9559. **O fillo da filla vai pra riba e o da nora vai pra fóra.** (mc: Corme)
Véase *Os fillos da filla van para arriba...*

9560. **O fillo do home nunca come i-o fillo alleo nunca se ve cheo.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

9561. **O fillo do ruín, pouco pan e moito vicio.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

9562. **O fillo que non respeta os pais, pode estar seguro que no se ha de salvar.** (ms-SA: Luís Vázquez Veiga)

9563. **O mal do pai, co fillo vai.** [3367] (mc: M.V. / ms21,27r: Bermés / ms10,035v: *D.E.*)
(es) *Uvitas que comió el padre, para los hijos son agraces.* (R. Marín) (ct) *Dels pecats dels pares, los fills ne van geperuts.* (Alberola)

9564. **O parente levarate á pena, pero non te despena.** (mc / ms4: F.V.S.)

9565. **O que dos seus desespera, dos alleos mal lle veña.** (mc e ms4: A.N. / ms4: Páramo)
Var.: *O que dos seus desavén, dos alleos mal lle vén.* (F.V.S.)
(pt) *Quem dos seus se aparta, do remédio se alarga.* (Chaves) (es) *Quien de los suyos se aleja, Dios le deja.* (R. Marín)

9566. **O que dos seus desespera, dos alleos vaille mal.** (ms8,06r: Otero de Rey)

9567. **O que dos seus escapa, dos alleos colla unha pedra e métaa no seu.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pobra do Brollón, LU)

9568. **O que dos seus escapa, dos alleos vaille mal.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pobra do Brollón, LU)

9569. **O que non morre pola familia, morre nas mans da familia.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)

9570. **O que non sabe da aboa, non sabe cousa boa.** (mc: *Dicc. Ac.*)
(es) *Quien no sabe de abuelo, no sabe de bueno.* (R. Marín)

9571. **O que non ten fillos, dálle Dios sobriños.** (ms-SA: Freire López: Padrón, C)

9572. **O que ten fillos e bestas, non lle faltan novedades frescas.** (ms18,65r: Palas)

9573. **O que ten fillos, non lle apodrece o pan.** [3368] (mc: M.V. / ms21,27v: Bermés)
(pt) *Quem tem filhos ao lado, não morre enfastiado.* (Chaves) (es) *Quien tiene hijos al lado, no morirá ahitado.* (R. Marín)

[3362] ms4: *diñeiro*. En ms10 s.v. *Hijos*.
[3363] ms4: *da túa*.
[3364] ms3: *co-a* ; ms21,26v: *coa nai n'estou coa*.
[3365] *Non vistas te os fillos pra vestir teus xenros*.
[3366] En ms10 s.v. *Entierro*.
[3367] Indica *Herencia* no ms. En ms10 s.v. *Mal* coa indicación *Herencia*.
[3368] ms21,27v: *podrece*.

9574. **O que ten fillos, non rebenta de cheo.** (mc: M.V. / ms21,24v: Bermés)

9575. **O que ten fillos, non toupa.** (mc: M.V.)

9576. **O que ten o fillo ó lado, non rabea co bocado.** (mc: *Terra de Melide* / ms: V.R. y A.R.)

(pt) *Quem tem filhos ao lado, não morre enfastiado.* (Chaves) (es) *Quien tiene hijos al lado, no morirá ahitado.* (R. Marín) / *Quien tiene hijos, no revieza.* (R. Marín).

9577. **O que ten padriño, bautízase.** [3369] (mc: Buciños-F.V.S. / mc: Fonsagrada-F.V.S.)

(pt) *Quem tem padrinho não morre mouro.* (Chaves) (es) *El que tiene padrino, se bautiza.* (Sbarbi). (va) *El que no té padrí, no's bateja.* (Alberola).

9578. **O que ten pequenos, nunca rico morre.** (ms)

9579. **O que ten un tío frade, non ten tío sinón fame.** (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)

9580. **O que vén de tíos, vén de xudíos.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)

9581. **Onde hai fillas pra casar, a porta gardada está.** [3370] (ms10,021r: Silvarrey)

9582. **Os cachos imitan as olas.** [3371] (mc: Santiago / ms-SA: Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C)

9583. **Os cachos tiran ás olas.** [3372] (ms21,03r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo(Castro) / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU / ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

9584. **Os fillos do ruín pai teñen o apellido da mai.** [3373] (mc: Tuiriz, Monforte / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

(es) *Los hijos de ruin padre, toman el apellido de la madre.* (R. Marín)

9585. **Os fillos ós pais semellan na figura e mais no xenio.** (ms-SA: seminarista anónimo: Rías Baixas, PO)

9586. **Os que educan mal os fillos, na vellés danlles disgustos.** (ms: Santiago)

9587. **Ou na planta ou nos pés has de tirar a quen es.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

9588. **Ou nas mans ou nos pés has de imitar a quen es.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

9589. **Ou nas mans ou nos pés, has tirar a quen es.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

9590. **Ou nas orellas ou nos pés has de salir a quen es.** (mc)

Var.: *Cal nas uñas, cal nos pés...* y *Cal nas maus, cal nos pés...*

(pt) *Nas unhas e nos pés mostrarás de onde vens.* (Chaves) (es) *En las uñas y en los pies semeja a mí quién es; de dónde es.* (Correas)

Ley de herencia que recoge una canción popular: *O que é fillo de raposo / ou de lobo castizado, / ha de salir a seus pais / nas orellas ou no rabo*.

9591. **Ou nas uñas ou nos pés asemellarás de quen es.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9592. **Ou nas uñas ou nos pés has de mitar a quen es.** [3374] (ms-LU: seminarista anónimo: Illán, Begonte, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9593. **Ou nas uñas ou nos pés has de salir a quen es.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

9594. **Ou nas uñas ou nos pés has de tirar a quen es.** (mc / ms)

(pt) *Nas unhas e nos pés mostrarás de onde vens.* (Chaves) (es) *En las uñas y en los pies semeja a mí quién es; de dónde es.* (Correas)

O que é fillo de raposo / ou de lobo castizado, / ha de salir a seus pais / nas orellas ou no rabo. (ms)

9595. **Ou nas uñas ou nos pés has somellar a quen es.** (mc / ms / ms4: F.V.S.)

(pt) *Nas unhas e nos pés mostrarás de onde vens.* (Chaves) (es) *En las uñas y en los pies semeja a mí quién es; de dónde es.* (Correas)

O que é fillo de raposo / ou de lobo castizado, / ha de salir a seus pais / nas orellas ou no rabo. (ms)

9596. **Ou nas uñas ou nos pés semellarás a quen es.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9597. **Ou nos ollos ou nos pés has semellar a quen es.** (ms-SA: seminarista anónimo: San Xoán de Laíño, Dodro, C)

9598. **O[s] cachos tiran á ola.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

9599. **Pa quen é meu pai, ben abonda miña nai.** (ms-LU: seminarista anónimo: Viveiro, LU)

[3369] mc(Fonsagrada): *padrín*. / V. *Recomendación, valimiento, favor*. V. *O que non te padriño, non se bautiza* en *Protección*.

[3370] En ms10 s.v. *Hijos*.

[3371] ms-SA: *amitan*. / V. *Os cachos mítanlle ás olas* en *Religiosos y morales*.

[3372] ms-SA: *Os cochos*.

[3373] ms-LU: *nai*.

[3374] ms-LU (Lugo): *has de imitar*.

9600. **Pai que non quere on fillo e fillo que deixa on pai, nunca paz terán.** (ms15,19r)

9601. **Pais e fillos por dar son amigos.** (mc)

9602. **Pais nugallaos, fillos agudos, e fillos agudos, pais nugallaos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

9603. **Pais porcos, fillos marraus.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9604. **Para quen é meu pai, chega miña nai.** (mc: L.G. / M. González Fernández / ms15,01: Eugenio Carré Aldao *Literatura Gallega*, 2ª edición, 1911)

(es) *Para quien es mi padre, buena es mi madre.* (R. Marín)

9605. **Parentes e trastos vellos, pra estar a gusto, canto máis lexos.** [3375] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9606. **Quen non che me pareu non foi miña nai.** (ms-SA: M. González Fernández)

9607. **Quen dá á súa nai e torna por súa tía ¿que espera a veciña?** (mc: A.S.A.)

9608. **Quen mal quere os seus, mal querrá os alleus.** [3376] (mc: A.S.A.)

Var.: *Quen mal quere os seus, non querrá ben os alleus.* (A.S.A.)

(es) *Quien mal quiere a los suyos ¿cómo querrá bien a los tuyos?* (R. Marín)

9609. **Quen non me pariu non é miña nai.** [3377] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9610. **Quen non sabe de abó, non sabe de bo.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

9611. **Quen non ten máis que unha filla, non pode ter máis que un xenro.** (mc: M.V.)

Véase *Cunha filla...*

9612. **Quen os seus desagarima, ós alleos nada pida.** (mc: M.V. / ms21,22v: Bermés)

9613. **Quen te pareu que te arrole.** (mc)

(ct) *Qui t'ha parit que et govèrne.* (Alberola)

9614. **Quen te pareu que te empane.** (mc: M.L.P.)

Var.: *Quen te pareu que te lamba.* (M.L.)

(ct) *Qui t'ha parit, qu'et govèrne.* (Alberola)

9615. **Quen ten fillos, ten cadillos; que non-os ten, cadillos ten.** (mc: Limia-F.V.S.)

(pt) *Quem tem filhos tem cadilhos; quem os não tem, cadilhos tem.* (Chaves) (es) *Quien tiene hijos, tiene letijos.* (R. Marín) (ct) *Qui te fills, te penas.* (Id.)

Cadillo = preocupación, trabajo. Palabra usada en la Limia baja. Falta con esta acepción, en nuestros diccionarios. (Véase "Notas lingüísticas gallegas" de Joaquín Lorenzo Sanjurjo, en *Revista de Dialectología...* t. IV, 1948, cuad. 1º, pág. 83)

9616. **Quen ten moitos fillos, ten máis compadres que amigos.** (mc: S.P.P.-*Ultreya*)

9617. **Quen ten un fillo varón, non lle chame a outro ladrón.** (mc: Buciños)

Var.: *Quen ten fillo varón non lle chame a outro ladrón.* (ms10,021r: *D.E.*) [3378]

(pt) *Quem tem filho varão, não chame a outro ladrão.* (Chaves) (es) *Quien tiene hijo varón, no dé voces al ladrón.* (Bergua)

Porque puede caerle la misma deshonra en su casa.

9618. **Quérelle o corvo ós seus corviños como a pegha ós seus peghiños.** [3379] (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

9619. **Que[n] os seus desdeña, mal lle veña.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9620. **S'un mal pai ten un fillo bo, o neto ha de saír a seu abó.** [3380] (mc: S.P.P.-*Ultreya*)

(pt) *De pai vilão, filho fidalgo, neto ladrão.* (Chaves) (es) *De padre malo, hijo bueno; pero ya vendrá el nieto que salga al abuelo.* (R. Marín)

9621. **Saco de xenro, nunca é cheo.** [3381] (mc: A.S.A. / ms10,113r: *D.E.*)

(pt) *O saco do genro, nunca está cheio.* (Chaves) (es) *Saco de yerno, nunca es lleno.* (Correas)

9622. **Según é o pai, así é o fillo.** (ms-SA: M. García García: Santa Xuliana de Monfero, C)

9623. **Si fas bos fillos así os terás.** (mc: Santiago)

9624. **Si non queres ter os amigos do teu fillo á porta, deixa o teu salir.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

9625. **Si podes ter xente túa, irás arriba sin grúa.** (ms)

[3375] O orixinal di *Parentes e trastos vellos pra estar agusto, canto mais lexos*.

[3376] ms4: *quer, alleos*.

[3377] ms-LU: *mai*.

[3378] En ms10 s.v. *Hijos*.

[3379] *Querelle o corvo oseus corviños, como e peja o seus pejiños*.

[3380] ms4: *Se un pai malo, ô seu abo*.

[3381] En ms10 s.v. *Saco*.

9626. **Si tes un lunar debaixo dos dentes, has ser máis rico que os teus parentes.** (mc: Chantada / ms4: F.V.S.)

(es) *Lunar sobre los dientes, señor de sus parientes.* (Sbarbi)

Así lo hemos oído en tierras de Chantada; aunque el correspondiente castellano, se refiere a los demás lunares, de los que es más rico el que luce sobre los dientes.

9627. **Sobriño de rico, busca que comas.** (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *Pariente pudiente, es para el pobre un pariente aparente.* (R. Marín)

Como *Parente de rico...*

9628. **Tales paíños, tales filliños.** (mc: Santiago)

9629. **Tales pais, tales fillos; tales carros, tales atadallos.** (mc)

(pt) *Tal pai, tal filho.* (Chaves) (es) *Tal padre, tal hijo; tal hijo, tal padre.* (Correas)

9630. **Tales pais, tales fillos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

9631. **Tan bo é Xan como seu hirmán.** (mc: Santiago)

9632. **Ti saca o can pola casta i-o nobelo polo fío, porque ós pais, ó fin i-ó cabo, hanse parece-los fillos.** [3382] (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

9633. **Tres fillas ten Aurora e, das tres, ningunha boa.** (mc: Buciños)

(es) *Tres eran, tres, las hijas de Elena; tres eran, tres, y ninguna era buena.*

9634. **Un pai cría cen fillos e cen fillos non coidan un pai.** [3383] (mc: Pidre-F.V.S.)

(pt) *Um pai para cem filhos e não cem filhos para um pai.* (Chaves) (es) *Un padre para cien hijos, y no cien hijos para un padre.* (Correas) (ct) *Un pare es per a cent fills, y cent fills no son per a un pare.* (Alberola)

9635. **Un pai mantén a sete fillos e sete fillos non manteñen a seu pai.** (ms-SA: Manuel Tojo Reboredo)

9636. **Un pai mantén sete fillos e sete fillos non manteñen un pai.** [3384] (ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo,OU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9637. **Un pai pra cen fillos e non cen fillos pra un pai.** (ms5,121: Trapero)

9638. **Unha filla con unha mai nunca fai mal.** (mc)

Var.: *Unha filla cunha mai nunca cae mal.* (ms4: F.V.S.)

9639. **Unha filla é unha filla, dúas fillas moitas son, tres queiman a casa e catro fana carbón.** (ms-LU: seminarista anónimo: Becerreá, LU)

9640. **Unha filla non é filla, dúas fillas fillas son, tres acaban con unha casa e catro vólvena carbón.** [3385] (ms-LU: seminarista anónimo: Sindrán, Monforte de Lemos, LU)

9641. **Unha galiña tapa vinte pitos e vinte pitos non tapan unha galiña.** (ms8,58r: La Cañiza)

9642. **Val máis unha nai que cen pais.** (mc: Santiago)

9643. **Vale máis unha mala madre que unha boa madastra.** (ms8,59r: Silvarrey)

9644. **Vida de tíos, vida de xudíos.** (mc: Buciños)

FAVOR

9645. **Máis val un favor feito que cen apalabrados.** (ms10,018v: *D.E.*)

FE. V. tamén *Religiosos y morales*.

9646. **A fe sin obras é fe morta.** (ms10,018v: *D.E.*)

9647. **O amor e a fe nas boas obras se ve.** (ms10,018v: *D.E.*)

FEBRERO. V. tamén *Agrícolas* (*Meses. Febrero*).

9648. **Cando febreiro non febreirea, marzo marcea.** (ms10,018v: *D.E.*)

9649. **En febreiro bo é o obreiro e millor ó derradeiro.** (ms10,018v: *D.E.*)

9650. **En febreiro saca o boi do teu centeo.** (ms10,018v: *D.E.*)

9651. **En febreiro sai o oso do oseiro.** (ms10,018v: *D.E.*)

9652. **En febreiro, sete galgos e un lebreiro i-en maio, sete lebres e un galgo.** (ms10,018v: *D.E.*)

9653. **Febreiriño corto, cos seus vinteoito, se duras más catro, non queda can nin gato, nin ratiño no burato, nin ovella rabela nin pastor pra ir co ela, nin cornos no carneiro nin orellas ó pregoeiro.** (ms10,018v: *D.E.*)

[3382] *Ti saca o can pol-a casta / y-o novelo polo fio / porque ós país o fin y-o cabo / anse parecel-os fillos*. / V. *O can pola casta y-o novelo polo fío* en *Caza*.

[3383] ms4: *a cen fillos, a un pai*.

[3384] ms-LU (Lugo): *manten a sete fillos, on pai*.

[3385] O orixinal di *Una filla non he filla, duas fillas fillas son, tres acabban con una casa e catro volvena carbón.*

9654. **Febreiro corzo, cos seus días vinteoito, se durara máis catro, non quedaba can nin gato nin rato no seu burato.** (ms10,018v: *D.E.*)

9655. **Febreiro louco sacou ó seu hirmau e apredrouno.** (ms10,018v: *D.E.*)

9656. **Febreiro, currusqueiro; marzo, ventoso; abril, chuvioso; maio, louro, cuberto de ouro.** (ms10,018v: *D.E.*)

9657. **Febreiro, frebas de fríoe non de liño.** (ms10,018v: *D.E.*)

9658. **Febreiro, inda que corto, é o pior de todos.** (ms10,018v: *D.E.*)

9659. **Febreiro, xiada na leira e cachopo na lareira.** (ms10,018v: *D.E.*)

9660. **O dous de febreiro súbete ó outeiro; se ves negrexar, ponte a cantar; se ves branquexar, ponte a chorar.** (ms10,018v: *D.E.*)

FEO

9661. **Cousa fea non se faga nin se adeprenda.** (ms10,19r: *D.E.*)

9662. **O que a feo quer, bonito lle parece.** (ms10,19r: *D.E.*)

FERIA. V. tamén *Comercio*.

9663. **Ide a mercar á feira, veredes como vos vai nela.** (ms10,19r: *D.E.*)

9664. **Mercar na feira e vender na praza.** (ms10,19r: *D.E.*)

9665. **Nunca a feira vaia que máis mal me salla.** (ms10,19r: *D.E.*)

9666. **Nunca vaia a feira que máis perda.** (ms10,19r: *D.E.*)

9667. **Se vas á feira a feirearte, tés que comporte e amañarte.** (ms10,19r: *D.E.*)

FIAR. V. tamén *Comercio, Deudas, Pagos*.

9668. **A que adeprende a beber de pequena, levará o fiado á taberna.** (ms10,19v: *D.E.*)

9669. **Quen o fiado merca, caro lle custa.** (ms10,19v: *D.E.*)

FIESTAS Y ROMERÍAS. V. tamén *Carnaval, Días* (*Días y festividades*), *Domingos, Navidades, Pascua, Religiosos y morales, Romería, Romero, San Andrés, San Antonio, San Juan, San Lucas, San Martín, San Vicente*.

9670. **A cabra pra o alto, a pedra pra o baixo i-a muller prá romería, o demo as guía.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

9671. **Á conta do santo faise a festa.** (mc: Buciños)

9672. **Á conta do santo viv'o ermitaño e fais'a festa.** (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

9673. **Á mañán, á misa; i-á tarde, á romería.** [3386] (ms21,20v: Bermés)

9674. **A Páscoa onde quixeres e o Antroido ond'as mulleres.** [3387] (mc: A.I.)

9675. **A San Andrés de Teixido hai que ir de morto ou de vivo.** [3388] (mc: J.A.P.)

Var.: *A San Andrés de Teixido vai de morto o que non foi de vivo.* (G.P.) / *O que de morto non vai a San Andrés de Teixido, foi de vivo.* (G.P.) / *A San Andrés de Teixido vai de morto o que non vai de vivo.* (Ramón Seco Pérez)

Llegan los romeros al extremo de no molestar, y mucho menos matar a los reptiles y sabandijas que encuentren en su peregrinación, en la creencia de que son las almas de los descuidados o descreídos que no hicieron en la vida la romería al famoso Santuario.

9676. **A San Andrés vaite outra vez.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

9677. **A san Andrés (de Teixido) van dous e veñen tres: milagros que o santo fai.** (ms: G.P.)

9678. **A San Andrés, quen non vai de vivo unha ves, vai de morto tres.** [3389] (mc: Santiago, Antonio Romero Iglesias)

Var.: *O que non vai a San Andrés de vivo unha ves, de morto vai tres.* (ms5,135: Estrada, Puente Ulla)

Alude al famoso santuario de San Andrés de Teixido, centro de una arraigada devoción popular, y en torno al cual se han creado una serie muy interesante de leyendas.

9679. **Agora os carretos son festas.** [3390] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Por el buen trato que se da a los que los forman. (mc) / Por el buen trato que hacen en ellos. (ms-LU)

9680. **Algún día será festa e non irán todos a ela.** (ms10,19v: *D.E.*)

[3386] *A mañán a Misa y'a tarde a romería*.
[3387] ms: *y o antroido*.
[3388] ms4: *ir morto ou vivo*.
[3389] Indica *Romerías. San Andrés de Teixido* no ms.
[3390] mc: *Ahora*; ms-LU: *Agor'os*.

9681. **As festas sempre son boas pra quen as come, millor que pra quen as dá.** (ms5,056: O. de Rey)

9682. **As Pascuas onde quixeres e o Antroido entre mulleres.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9683. **As Pascuas onde quixeres i-o Entroido coas túas mulleres.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

9684. **As pedras costa abaixo e as mulleres para a romería, nin Xudas as tornaría.** [3391] (mc e ms: C.A. *A Nosa Terra* / ms18,68v: *Diario de Avisos*, de R. Caruncho (1888))

9685. **Bon vai o romeiro des que ll'o bordón esquece.** (mc: A.I.)

(pt) *Bem vai ao romeiro se lhe esquece o bordão.* (Chaves) (es) *¡Bueno va el romerón, cuando olvida el bordón!* (R. Marín)

9686. **Cada Antroido seu choqueiro.** (mc: U.C. Cuartilla 7)

9687. **Cada santo ten o seu día.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(pt) *Cada santo tem seu nicho.* (Chaves) / *Cada santo quer sua vela.* (Chaves)

9688. **Cada santo ten o seu nome.** [3392] (mc: Buciños)

9689. **Camiño de Roma, nin mula coxa nin bolsa floxa.** (mc: J.P.)

(pt) *Caminho de Roma, nem mula manca nem bolsa vazia.* (Chaves) (es) *Camino de Roma, ni mula coja, ni bolsa floja.* (Correas)

9690. **Cando é festa, van tódolos potes ó lume.** (mc: G.P.)

9691. **Canta, canta, que has de ir á Santa.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

9692. **Cos teus días santos e coas túas festas, véseche o cu polo medio das xestas.** (mc)

9693. **Deica Santiago irei e de Santiago pra riba, bagullas qu'eu botarei.** (ms4: F.V.S.)

9694. **Despois da Peregrina, inverno encima.** (ms4: F.V.S. / ms21,02r: Bermés)

9695. **Despois da Xunqueira, xa o inverno cheira.** (ms5,135: Estrada, Puente Ulla)

9696. **Día d'Antroido e día de Pascua, cada lambón na súa casa.** [3393] (ms-LU: seminarista anónimo: Illán, Begonte, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

9697. **Día de Antroido e día de Pascua, cada larpeiro na súa casa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)

9698. **Día de Antroido e Domingo de Pascua, cada larpeiro na súa casa.** [3394] (mc: A.N. / ms10,012v: *D.E.*)

9699. **Domingo de Ramos, o que non estrena fáltanlle as maus.** (mc: C.A.)

(es) *Domingo de Ramos, quien no estrena, no tiene manos.* (Sbarbi) (ct) *El Diumenge de Rams, qui no estrena no té mans.* (Sanchis)

9700. **Dos romances de xaneiro San Amaro é o primeiro.** (ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

9701. **Dos romaxes de xaneiro San Amaro é o primeiro.** (ms-SA: José A. Iglesias Ares / ms-SA: Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C)

9702. **Dos romaxes de xaneiro San Amaro o primeiro.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

9703. **Dos romaxes por xaneiro, San Amaro é o primeiro.** (ms-SA: Manuel Lago López)

9704. **En Santiago e agosto, estroupelear, que iste é o tempo do liño mazar.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

9705. **Enterro sin choro e romería sin gaita non ten gracia.** (ms-SA: Manuel Fresco Reboredo: San Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO)

9706. **Enterro sin choros e romaría sin gaita, non ten gracia.** (mc: M.V.)

(es) *Entierro sin curas, como si se hiciera a oscuras.* (R. Marín).

9707. **Entroido larafuzán, comécheme a carne e deixácheme o pan.** [3395] (mc: Buciños-F.V.S.)

Var.: *Entroido larafuceiro, comícheme a carne e deixácheme o coiro.* (Buciños)

9708. **Entroido larafuzán, comécheme a carne e deixácheme sin pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

9709. **Eu mais ti, Ramos, pouco nos levamos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

9710. **Festa de curas, inferno de bestas.** (mc: Buciños)

9711. **Festa de un día non acaba unha casa pero, si é de máis, acabaría quizais.** (ms10,19v: *D.E.*)

[3391] mc: *i-as mulleres, nin Xudas*; ms18,68v: *y-as mulleres pra romaría*.

[3392] mc: *ten seu nome*.

[3393] ms-LU (Guillar): *dia de pasca*.

[3394] ms10: *pascoa*. En ms10 s.v. *Carnaval*.

[3395] ms4: *sin pan*.

9712. **Festa de un día, pouca ruina cría; se dura máis, quizais, quizais.** (ms10,19v: *D.E.*)

9713. **Festas e verbenas non dan pan, pero dan nenas.** (mc / ms4: F.V.S.)

9714. **Foise o día, acabouse a romería.** (ms-SA: José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)

9715. **Folión, víspora de festa.** [3396] (mc: Buciños)

9716. **Gardadora das festas e dos días santos, váiselle vendo o cu polo medio das xestas.** [3397] (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

9717. **Hai que ofrecelo ó santo Bode que quere falar e non pode.** (mc: Pidre)

9718. **Lerias non echen barrigas.** [3398] (mc: M.L.)

9719. **Maio festeiro pon a roca tras do fumeiro.** [3399] (mc: J.P.)

(es) *Mayo mangonero, pon la rueca en el humero.* (R. Marín)

Mangonero, equivale al *festeiro* del refrán gallego, y alude a las mangas de las parroquias que se reúnen con motivo de las fiestas.

9720. **Martes de Carnaval non se vende un real.** (mc / ms4: F.V.S.)

Dicho de los comerciantes de Lugo, porque es ese día no hay afluencia de los pueblos.

9721. **Menos cregos e máis fuegos.** [3400] (ms21,05v: Bermés)

Na festa.

9722. **Meu santiño san Andrés, cómo lle foi non llo sei: fumos dous e vimos tres.** (mc)

Var.: *Meu santiño san Andrés, cómo lle foi, eu non lle sei: fumos dous e vimos tres.* (A.C.*A Nosa Terra*)

Se refiere también al santuario de San Andrés de Teixido.

9723. **Moita festa e poucos fogos.** [3401] (mc: Tuiriz / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

9724. **N'hai festa sin vísporas.** (mc: Monforte)

(pt) *Antes das festas fazem-se as vésperas.* (Chaves) */ A festa quer véspera.* (Id.) (es) *No hay fiesta sin vigilia.* (R. Marín)

9725. **N'hai santo sin oitava.** (mc: Sarria)

9726. **Na irmandá de san Andrés entran dous e salen tres, e na de san Francisco salen cinco.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

9727. **No camiño de San Campio tanto anda o coxo como o tranco.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

9728. **No camiño de Santiago tanto anda o coxo como o sano.** [3402] (mc, ms e ms3: A.N. / ms18,73r: A.S.A.)

Var.: *Camiño de Santiago, tanto anda o coxo como o manco.* (ms15,42: Lugo)

(es) *Camiño de Santiago, tanto anda el cojo como el sano.* (Sbarbi)

9729. **No inverno non hai mal can nin mala pólvora no vran.** [3403] (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms18,34r)

9730. **Non é tódolos días Martes de Antroido.** [3404] (mc / ms4: F.V.S.)

9731. **Non hai festa que tanto desengrase como o Carnaval.** (ms: Carballedo)

Porque venian después los ayunos y las abstinencias.

9732. **Non hai festa sin gaita nin foguetes, nin capa vella que non teña setes.** (mc: J.P.)

9733. **Non hai xente como a nosa nin festa máis rumbosa.** (mc: La Coruña)

9734. **Non sempre é Martes de Entroido.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)

9735. **Non tódolos días é Martes de Antroido.** [3405] (mc: M.V.)

(pt) *Nem todos os dias são dias de feira.* (Chaves)

9736. **Non todos os martes son días d'Antroido.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo,OU)

9737. **O Entroido cas túas mulleres; a Pascua con quen quixeres.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

9738. **O que deixan a Coresma i-as feiras de san Lucas, dig'o a incrusa.** [3406] (mc: M.L.)

9739. **O que dorme día d'Ascensión, todo o ano é un durmión.** [3407] (ms: Layosa / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

[3396] ms: *vispera*.
[3397] *Gardadora das festas e dos días santos, vaiselle vendo o cú pol'o medio das xestas*.
[3398] mc: *henchen*.
[3399] ms e ms4: *mayo, tras o fumeiro*.
[3400] *Menos cregos e mais fuegos* (n'a festa).
[3401] ms-LU: *fuegos*.
[3402] ms, ms3 e ms18,73r: *com'o sano*.
[3403] ms18,34r: *polvora no can*.
[3404] ms: *d'antroido*; ms4: *d'entroido*.
[3405] ms3: *d'Antroido*.
[3406] mc: *deixan, y as feiras*.
[3407] ms-LU: *dorme o dia de Ascensión*. / Contén a indicación *Fiestas*.

9740. **O que vai á festa e perde a testa, perde o que ten; boa festa lle vén.** (ms18,66v)

9741. **O que vai á festa e rompe a testa e perde o que ten, boa festa lle vén.** [3408] (mc: A.S.A.)

9742. **O que vai á festa, romp'a testa e gast'o que ten, boa festa lle vén.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9743. **O que vai a san Silvestre a Larouco, vai nun ano e volve no outro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

9744. **O que vai a Santiago e non vai a Padrón, fai romería ou non.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

9745. **O que veu a Santiago e non foi a Padrón, ou fixo romaría ou non.** (ms-SA: Julio Barreiro Fernández: San Miguel de Vilar, Touro, C)

9746. **O san Matías anda co Antroido ás porfías.** [3409] (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *San Matías y el Carnaval andan a porfía.* (Sbarbi)

Porfían sobre cuál caerá primero, y unas veces gana uno, y otras el otro.

9747. **Onde hai moita alegría, hai tolería.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

9748. **Os que a San Campio van, ou teñen o demo ou non teñen pan.** [3410] (ms5,135: Noya / ms-SA: Manuel Gerpe Gerpe: Santa María de Montouto, Santa Comba, C)

9749. **Pasado o día, pasada a romaría.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

Var.: *Pasou o santo, pasou a romería.* (mc e ms4: M.V. / ms10,116r: *D.E.*) [3411]

(pt) *Acaba-se o dia, acaba-se a romaria.* (Chaves) */ Acabou-se o dia, acabou-se a romaria.* (Id.) (es) *Pasada la procesión, se descuelgan las calles.* (R. Marín)

9750. **Pasou o día e pasou a romería.** (ms21,32v: Bermés)

9751. **Pasou o día, foise a romería.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

9752. **Pasou o día, pasou a romaría.** [3412] (mc: Piugos, Lugo / ms4: F.V.S. / ms-SA: Alfonso Fernández Barros: Santa Eulalia de Oeste, Catoira, PO / ms-SA: Freire López: Padrón, C)

9753. **Pedra pra baixo e muller pra romería, o demo a guía.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9754. **Poucas veces na festa anda a moca, que non sexa por freba cheirona.** [3413] (mc: M.L. / ms10,040v: *D.E.*)

9755. **Prá festa non hai perna coxa.** (mc: Sarria)

(pt) *Para ir à festa, não há perna manca.* (Chaves)

9756. **Prá gaita non hai perna coxa.** (mc: A.S.A.)

(pt) *Para ir à festa, não há perna manca.* (Chaves)

9757. **Prá romería non hai perna coxa.** (ms)

(pt) *Para ir à festa, não há perna manca.* (Chaves)

9758. **Quen che fai festas que non acostuma facer, algo de ti quer.** (ms10,19v: *D.E.*)

9759. **Quen durme día d'Ascensión, todo o ano é durmión.** [3414] (ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9760. **Quen durme día da Ascensión, todo o ano é dormilón.** [3415] (mc, ms11,10: Baralla)

En Baralla dan sentido supersticioso al refrán, impidiendo que en esa festividad nadie duerma ni siquiera la siesta, convencidos de que le caerá la maldición de la paremia. (mc) / Se refiere a la festividad del día. En Baralla, de donde es el refrán, procuran impedir que nadie duerma la siesta, porque dan un sentido supersticioso al refrán, creyendo que, en efecto, el que duerma ese día, será dormilón todo el año. (ms11)

9761. **Quen tiver remuíño na testa, non irá conmigo á festa.** [3416] (mc e ms4: A.S.A.)

9762. **Quen vai a Santiago e non vai a Padrón, ou faz romería ou non.** [3417] (mc / ms4: F.V.S. / ms21,10r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-SA: Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO)

Iria y Padrón compartieron con Santiago la peregrinación jacobea. Hay quien cree que la romería es incompleta si no se visitan estos lugares llenos del recuerdo del Apóstol.

[3408] ms4: *festa á romper a testa*.

[3409] V. *San Matías anda co Entroido ás porfías; e con todas súas artes, non pudo sacalo do martes* en *Días* (*Días y festividades*).

[3410] ms-SA: *qu'o*.

[3411] ms4 e ms10: *romaría* / En ms10 s.v. *Santo*.

[3412] ms-SA (Alfonso F.) e ms-SA (Freire L.): *romería*.

[3413] En ms10 s.v. *Moca*.

[3414] ms-LU: *da Ascension*.

[3415] ms11: *d'Ascensión* / En ms11 ten a indicación *Fiestas*.

[3416] ms4: *tuver*, *remoiño*.

[3417] ms4, ms-LU e ms21,10r: *fai romería*; ms-SA: *romeiría*.

9763. **Quen vai a Santiago e non vén por Padrón, ou fai romería ou non.** (ms-SA: José Barca Sanmartín: Santa Minia de Brión, C)

9764. **Rapaciñas ó san Brais, que festas non hai máis.** (ms8,42r: Trives)

9765. **Romarías, bruxerías.** (ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)

9766. **Sábado longo vaite rexindo, que mañanciña éche domingo.** (mc)

9767. **Sábado longo, cacaracá, a Pascua éche mañá.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

9768. **Sábado longo, vaite rexindo, que día de Pascua éche o domingo.** [3418] (mc / ms4: F.V.S.)

9769. **San Benito da Cova de Lobo, hei de ir alá, miña mai, si non morro.** [3419] (mc: A.S.A.)

9770. **Santa Crus saca as festas á lus.** [3420] (mc: J.P.)

(es) *Santa Cruz saca las fiestas a luz.* (Correas)

Cae en los primeros días de mayo, y entonces comienzan las fiestas patronales de las parroquias.

9771. **Sempre as festas maiores causan á barriga dolores.** (mc)

Por los abusos que suelen cometerse en la comida.

9772. **Si máis grande é o día, máis grande é a romería.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

9773. **Si máis grande é o día, máis larga é a romaría.** [3421] (mc: Paradela-F.V.S.)

9774. **Tan longa foi a romaría como o día.** [3422] (mc: M.V.)

9775. **Todos os días non son Martes de Antroido.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

9776. **Tres cousas sin sazón despois da Ascensión: chourizos, castañas e predicación.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

9777. **U que dorme u día da Ascensión, todo ano é dormilón.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9778. **Vale máis unha festa que sete domingos.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

(ct) *Més val una festa que dos dumenges.* (Alberola)

9779. **Veño das Candelas, vou pró san Brais; axudaivos nenos, que festas no hai máis.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

FINGIMIENTO, HIPOCRESÍA, ETC.

9780. **A campana non entra na misa e a todos chama.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

9781. **As aparencias engañan.** (mc)

Var.: *As aparencias minten.* (ms15,09: Sarria)

(pt) *As aparências iludem.* (Chaves)

9782. **Ás veces o demo é tendeiro.** [3423] (mc: L.G. / ms15,01: Carré Aldao)

(pt) *O diabo é tendeiro e arma tendas sem dinheiro.* (Chaves)

9783. **Ás veces o demo fai cucharas.** [3424] (mc)

9784. **Botas e gabán tapan moito mal.** (mc: Buciños)

9785. **Cada medalla ten súas dúas caras.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

9786. **Camisa e toquilla negra non sacan a ánima de pena.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9787. **Canas son, e non lunares, cando empezan polos aladares.** (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *Canas son que no lunares, cuando empiezan por los aladares.* (Sbarbi) */ Canas son, que no lunares, cuando comienzan por los aladares.* (Correas)

Se dice de lo que todos ven tratando de desmentir con apariencias y ficciones lo que no pueden ocultar. (Sbarbi)

9788. **Cando o río non fai ruído, ou leva moi pouca auga ou vai moi crecido.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

(pt) *Quando o rio não faz ruido, não leva água ou vai crescido.* (Chaves) (es) *Cuando el rio no hace ruido, o no lleva agua, o va muy crecido.* (Correas)

9789. **Cando se dan as ocasiós, todos se queren tapar coa manta dos bos.** (mc: Buciños)

9790. **Cara de beato, cara de gato.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

Var.: *Uñas de gato e hábito de beato.* (Id.) / *Cara de beato e uñas de gato.* (ms4: F.V.S.)

(pt) *Cara de beato, unhas de gato.* (Chaves)

(es) *Cara de beato, y uñas de gato.* (R. Marín)

[3418] ms4: *eche domingo*.

[3419] ms e ms4: *hei d'ir ala*, ms4: *de Cova de Lobo*. / Indica *Romerías* no ms.

[3420] Indica *Romerías* no ms.

[3421] ms4: *romeria*.

[3422] ms: *com'o*.

[3423] V. *Diablo*.

[3424] V. *Diablo*.

9791. **Cara de beato, uñas de gato.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

9792. **Con arte i-engaño vívese medio ano; con engaño i-arte a outra parte.** [3425] (mc: A.N.)

(pt) *Com arte e engano, vivo metade de ano e com engano e arte, a outra parte.* (Chaves)

9793. **Chámate como te vistes ou vístete como te chames.** [3426] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9794. **Deixan moita vida na Habana os que veñen e non tran nada.** (mc / ms4: F.V.S.)

9795. **Ditos de Semana Santa e feitos de Carnaval.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

9796. **Do parecer ó ser hai moito que ver.** (ms8,77v: Silvarrey)

9797. **En achaque de trama ¿vistes a nosa ama?** (mc)

(es) *En achaque de trama, viste acá a nuestra ama.* (Correas)

9798. **Hai dito de Semana Santa e feito de Carnaval.** (mc)

9799. **Hai ditos de Semana Santa e feitos de Carnaval.** (ms)

9800. **Inda que me ves vestida de lan non son ovella.** (mc: Carballino)

(es) *Aunque me visto de lana, no soy borrego.* (R. Marín)

9801. **Inda que visto de lan non son carneiro.** (mc: Cuartilla 16)

9802. **Moito santo, santo, santo, i-o demo no corpo.** [3427] (mc / ms4: F.V.S.)

9803. **Mucha camisa blanca, mucha parola, pucheiriños a ferver con auga sola.** (ms4: Buciños-F.V.S.)

9804. **Nin ouro é todo canto se ve.** (mc: G.S.)

(pt) *Nem tudo o que luz é oiro, nem tudo o que alveja é prata.* (Chaves) (es) *No es oro todo lo que se ve.* [3428] (R. Marín)

9805. **Nin palabra mala nin obra boa.** (mc / ms10,077r: *D.E.*)

(es) *Ni palabra mala ni obra buena.* (Sbarbi)

Dicen los zalameros e hipócritas.

9806. **Non é cera todo o que arde.** (ms15,49)

9807. **Non é sólo o parecelo sinón o selo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

9808. **Non entra na misa a campana i-a todos chama.** [3429] (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

(es) *No entra en misa la campana, y a todos llama.* (Correas)

Se dice contra los que persuaden a otros para que hagan una cosa que ellos no hacen a favor de predicarlo.

9809. **Non por moita mantela negra se saca a ánima de pena.** [3430] (ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9810. **Non tódolos que visten de la son carneiros.** (mc: Tuiriz)

(es) *Aunque visto de lana, no soy borrego.* (Sbarbi)

9811. **Non todos os que se visten de la son carneiros.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

9812. **O hábito non fai o frade.** (mc: R. de Miño-S. Victorio)

(es) *El habito no hace al monje.* (Sbarbi)

9813. **O parecer non é ser.** (ms8,77v: Silvarrey)

9814. **O vestido non fai monxe.** (mc: Santiago)

9815. **Pequeno fuches e grande vas, fágoche a cortesía e vólvome atrás.** (mc: A.S.A.)

9816. **Pequeno fuche, grande vas; fágoche cortesía e vólvome pra atrás.** [3431] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

9817. **Porque estea vestido de la, non é fillo de carneiro.** (ms21,15v: Bermés)

9818. **Quen parece que non tripa as herbas, pr'onde vai tólleas.** (mc: M.V.)

9819. **Santos na plaza e demos na casa.** (ms9,09r: San Simón de la Cuesta)

9820. **Todos me queren a miña Manuela, todos ma queren e nadie a leva.** [3432] (mc: Buciños)

9821. **Toma tu e toma tu, i-o regalo vai no cu.** [3433] (ms4 e mc: M.L.)

(es) *"Toma tú", y "toma tú", se queda el puchero sin virtud.* (R. Marín) */ Toma tú y toma tú y no lo veo ni asoma.* (R. Marín)

Véase explicación *10.700*, pág. 296.

[3425] *Con arte y-engaño vivese medio ano; con engaño y-arte a outra parte*.

[3426] ms-LU (Galicia) e ms-LU (Lugo): *te chamas*.

[3427] *Moito santo, santo, santo y-o demo no corpo*. / mc: *Muito santo*.

[3428] ms: *todo lo que reluce*.

[3429] *Non entra na misa a campana y-a todos chama*. / V. tamén *Música. Danza*.

[3430] ms-LU: *ánema*.

[3431] ms-LU (Galicia): *prá trás*.

[3432] ms: *todol'a queren e nadie m'a leva*.

[3433] *Toma tu e toma tu y-o regalo vai no cu*. / mc: *no c....*

9822. **Touca negra non saca ánima de pena.** (mc: A.N.)
(es) *Camisa y toca negra no sacan anima de pena.* (Sbarbi)

9823. **Uña de gato e cara de beato.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

FIRMAR

9824. **Non firmes sin ler nin bebas sin ver.** (ms10,22v: *D.E.*)

9825. **Non firmes sin ler, nin bebas sin comer.** (ms10,22v: *D.E.*)

FLACO

9826. **Val máis fraco un garabato que gordo no papo do gato.** (ms10,23v: *D.E.*)

FLAUTA

9827. **Cando pitos, frautas; cando frautas, pitos.** (ms10,23v: *D.E.*)

9828. **O que vén pola frauta, vaise polo tamboril.** (ms10,23v: *D.E.*)

FLORES

9829. **Polo san Xoán, froles no val.** [3434] (ms5,141: *O Gaiteiro de Lugo*, 1961)

FORTUNA. BUENA O MALA.

V. tamén *Del mal, el menos, Desgracia*, *Suerte*.

9830. **A bala que esquiva non mata.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9831. **A fortuna pode quitarnos os intereses, mais non pode quitarnos a honradez.** (mc: S.P.P.-*Ultreya*)
Var.: *A fortuna pode roubarnos os intreses, pero non pode roubarnos a honradez.* (C.G.)
(es) *No puede quitar más la fortuna que lo que ha dado.* (Sbarbi)

9832. **A nadie lle salen todas direitas.** (mc: Buciños)

9833. **A quen nada tiña e herdou, boa castaña ll'estalou.** (ms)

9834. **A quen nada tiña e herdou, boa castaña lle rebentou.** (ms18,19r)

9835. **A sorte non é para quen a busque.** (mc: C.A.)

9836. **A sorte non está en quen a busca senón en quen a encontra.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(pt) *A sorte é como o raio, nunca sabe onda vai cair.* (Chaves) (es) *La suerte no es para quien la busque.* (Sbarbi) (ct) *La sort no es per a qui la busca, es per a qui la tròva.* (Alberola)

9837. **Aceitona e fertuna: ás veces moita, ás veces ningunha.** [3435] (ms10,19v: *D.E.*)

9838. **Ano de piollos, pouco importa mudar a camisa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

9839. **Cando a pita canta de galo, véntalle a morte a seu amo.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
(es) *La semana que está de piojos, no hay que mudarse de camisa.* (Sbarbi) */ Gallina que como gallo canta, apriétale la garganta.* (Ricart) */ Gallina que canta como el gallo, pone el amo a caballo.* (Id.)
Refrán supersticioso, con otras variantes que dejamos en su lugar.

9840. **Cando a semana está de piollos, non val muda-la camisa.** [3436] (ms: M.L.)
Var.: *Cando ta a semana de piollos, non sirve mudar a camisa.* (ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(es) *La semana que está de piojos no hay que mudarse la camisa.* (Sbarbi) */ Cuando la semana está de piojos, es inútil mudarse de camisa.* (R. Marín)

9841. **Cando o can ten a rabia, tódalas pedras van detrás del.** [3437] (mc: Santiago / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

9842. **Cando se busca una cousa, encóntrase outra.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

9843. **Canto maior é a fertuna é menos segura.** [3438] (ms10,19v: *D.E.*)

9844. **Castillos ben fuertes can ó chan de repente.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *Castillos bien altos, vienen al suelo de un soplo.* (Sbarbi)

9845. **Coitadiño do que espera polo que está na mau doutro.** [3439] (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

9846. **Conforme é a fe, así é a fertuna.** (mc: M.L.)

9847. **Contra a fertuna non hai forma ningunha.** [3440] (ms10,19v: *D.E.*)

[3434] Indica *Flores*.

[3435] En ms10 s.v. *Fortuna*.

[3436] *Cando a semana está de piollos, non val mudal'a camisa*.

[3437] mc: *de el*.

[3438] En ms10 s.v. *Fortuna*.

[3439] mc: *de outro*; ms4: *man*.

[3440] En ms10 s.v. *Fortuna*.

9848. **Demos con fortuna e santos sin ningunha.** (mc e ms4: F.V.S.)

Var.: *Hai cativo con fortuna e bos mozos sin ningunha.* (L.G.) [3441] */ Hai demos con fortuna, e santos sin ningunha.* (Buciños) / *Hai pícaros con fortuna e homes de ben sin ningunha.* (F.V.S.) */ Hai galás con fortuna i-hai galás sin ningunha.* (A.S.A.) / *Pícaros hai con fortuna; homes de ben sin ningunha.* (*Terra de Melide*)

(es) *La fortuna es loca.* (Sbarbi)

9849. **Dios nos dea suerte, qu'o saber pouco nos vale.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

9850. **Dios nos dea suerte, que o saber pouco vale.** (mc: Buciños)

9851. **Hai cativas con fortuna ou bos mozos sin ningunha.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)

9852. **Hai cativos con fertuna e bos mozos sin ningunha.** (ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Literatura Gallega*, 2ª ed., 1911 / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9853. **Hai cativos con fertuna e mozos sin ningunha.** (ms-SA: M. González Fernández)

9854. **Hai cativos con fortuna e bos mozos con ningunha.** [3442] (ms-SA: Manuel Barrós Fachal)

9855. **Hai cativos sin fortuna e bos mozos sin ningunha.** (ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

9856. **Hai demos con fortuna e santos sin ningunha.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

9857. **Hai galás con fertuna i-hai galás sin ningunha.** [3443] (ms4: A.S.A.)

9858. **Maos ou bos, por tódolos camiños se pode un desfacer os fuciños.** [3444] (mc: A.C. *A Nosa Terra*)

9859. **Mentres que non hai morte, non hai mala sorte.** [3445] (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

9860. **Non é máis negro o corvo que as alas.** (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)

(es) *No puede ser el cuervo más negro que las alas.* (Sbarbi)

No se tema mayor mal, cuando ha sucedido lo peor que puede ocurrir.

9861. **Non hai carne sin óso.** [3446] (mc: M.V.)

(pt) *Não há carne sem ôsso nem fruta sem caroço.* (Chaves) (es) *No hay carne sin hueso.* (R. Marín) */ No hay miel sin hiel.* (Id.)

La vida se compone de alegrías y tristeza, Equivale a *No hay miel sin hiel*.

9862. **Non hai carne sin óso.** (ms21,24v: Bermés)

9863. **Non hai frol sin espiñas.** (mc: Sarria)

(pt) *Não há carne sem ôsso nem fruta sem caroço.* (Chaves) (es) *No hay carne sin hueso.* (R. Marín)

Ambos enseñan que la vida se compone de alegrías y tristezas. Equivale a *No hay miel sin hiel*.

9864. **Non hai subida sin baixada nin boi pelexón sin cornada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

9865. **Non hai subida sin baixada.** (mc: Buciños)

(pt) *Não há grande peso sem contra-peso, nem subida sem descida.* (Chaves) (es) *Cuanto mayor es la subida, tanto mayor es la descendida.* (Sbarbi) */ De gran subida, gran caída.* (Id.) */ El que hace mayor subida, puede dar mayor caída.* (Id.)

9866. **Non hai subida sin caída.** (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)

(pt) *Não há grande peso sem contra-peso, nem subida sem descida.* (Chaves) (es) *Cuanto mayor es la subida, tanto mayor en la descendida.* (Sbarbi) */ De gran subida, gran caída.* (Id.) */ El que hace mayor subida, puede dar mayor caida.* (Id.)

9867. **Non me vexas mal pasar e non me verás mal penar.** (mc)

(es) *No me veas mal pasar, y no me verás pelear.* (R. Marín)

9868. **Non sabe un onde a ten.** [3447] (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*. / ms10,128r: *D.E.*)

9869. **Non vale buscar a sorte senón que a sorte busque a un.** (ms8,54r: Silvarrey)

9870. **Nunca é tarde cando a dicha é boa.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

9871. **Nunca máis negro foi o corvo que pola punta das alas.** (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *No puede ser el cuervo más negro que sus alas.* (Sbarbi)

9872. **O máis avisado morre no vado.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *El más avisado, se ahoga en el vado.* (R. Marín)

9873. **Ó negro sempre o colle a noite.** (mc: Lugo / ms: Buciños)

[3441] ms4: *cativos, fertuna*.
[3442] *Hay cativos con fortuna e bos mozos con ninguha*.
[3443] *Hai galás con fertuna, y-hai galàs sin ningunha*.
[3444] ms: *todos los*; ms4: *fociños*.
[3445] *Mentes que non hay morte non hay mala sorte*.
[3446] V. tamén *Hambre. Gastronomía*.
[3447] mc: *dónde*. / En ms10 s.v. *Tener*.

9874. **O qu'azoutes ha de levar, non ten por que ll'esperar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Lugo, Lugo, LU)

9875. **O que anda cas meigas, ten máis desgracia que sorte.** [3448] (mc: Santiago)

9876. **O que boa sorte ten, na galiña a ha de ver.** (mc: *Vida Gallega*)

9877. **O que cata a luna, nunca ten fortuna.** (mc: Buciños)

9878. **O que gasta alpargatas, ó inferno vai de patas.** (mc: Taboada-F.V.S.)

9879. **O que non atopa onde matarse, afórcase nun chanto.** (mc: Santiago-F.V.S.)

9880. **O que non chega en cen anos, chega en unha hora.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)

9881. **O que non ten suerte, o demo lle caga no camiño.** (mc)

9882. **O que non tiña e herdou, boa castaña lle estalou.** [3449] (mc: M.V.)

9883. **O que non sirve pra matar, sirve pra que o maten.** (ms9,02v: Silvarrey)

9884. **O que non sirve pra saco, sirve pra coleira.** (ms9,02v: Narcea)

Coleira = suele ser un saco viejo que se pone sobre la cabeza: para llevar más grandes los pesos.

9885. **O que paus ha levar, non ten que esperar.** [3450] (mc: Buciños)

9886. **O que serra de abaixo, caille a moíña nos ollos, e todos non podemos serrar d'arriba.** [3451] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9887. **O que serra debaixo, caille a muña nos ollos.** (ms8,10v: Betanzos)

Muña: serrín.

9888. **O que serra debaixo, colle sempre serrín nos ollos.** (mc: Lugo)

Var.: *O que serra debaixo, caille o serrín nos ollos.* (Fonsagrada-F.V.S.)

9889. **O que vai á casa das meigas, ten máis desgracia que sorte.** [3452] (mc: Santiago)

9890. **O que ríe o viernes, chora o domingo.** [3453] (mc: Sarria)

9891. **Onde hai morte, hai mala sorte.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9892. **Onde n'hai morte, non hai mala sorte.** [3454] (mc: M.V. / Amador Darriba Míguez)

(pt) *Onde não há morte, não há má sorte.* (Chaves) (es) *Donde no hay muerte, no hay mala suerte.* (Correas)

9893. **Onde pérda-la capa, alí a cata.** [3455] (mc: M.V.)

(pt) *Onde perdeste a capa, aí a cata.* (Chaves) (es) *Donde perdiste la capa, ahí la cata.* (Correas) */ Donde se pierde la capa, se va por ella.* (R. Marín) */ Donde se perdió la capa hay que buscarla.* (Id.)

Cuando sobreviene alguna pérdida de fortuna, no hay que desesperar, pues puede la quiebra reponerse de nuevo. (Sbarbi)

9894. **Onde se perd'a capa, alí se cata.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9895. **Onde unha porta se cerra, outra se abre.** (mc: Lugo)

(pt) *Quando uma porta se fecha outra se abre.* (Chaves) (es) *Donde se cierra una puerta, cata otra abierta.* (R. Marín) */ Donde una puerta se cierra, otra se abre.* (Correas)

9896. **Os balucas, todos tên sorte.** [3456] (mc: Santiago)

9897. **Pexigueiras non faltan, calotes hai.** (mc: Buciños)

9898. **Pra un ir a menos, non se precisan empeños.** (mc: M.V.)

9899. **Pra un medrar, ten que outro baixar.** [3457] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(es) *Para que unos vivan, es menester que otros mueran.* (R. Marín)

9900. **Quen de nove quita dez, todas lle andan ó revés.** [3458] (mc e ms11,46: Fonsagrada-F.V.S.)

9901. **Reirá millor o que ría o último.** [3459] (mc: Santiago)

9902. **Si mal de costas, pior de illargas.** [3460] (mc: A.S.A. / M. González Fernández)

[3448] ms: *meijas*.
[3449] ms e ms4: *A quen nada tiña....*
[3450] ms: *qu'esperar*.
[3451] ms-LU: *d'abaixo, caill'a*.
[3452] ms: *meijas, desgracias*.
[3453] V. *Vrao de viernes non chega ó domingo* en *Agrícolas* (*Meteorológicos*).
[3454] mc: *n'hai mala sorte* / Amador Darriba Míguez: *non hay morte*.
[3455] *Onde perdal-a capa, alì a cata*.
[3456] ms: *badulaques / teñen*.
[3457] ms e ms-LU: *qu'outro*.
[3458] ms11,46: *ll'andan o rrovés*.
[3459] ms: *de último*.
[3460] ms: *d'illargas*.

Var.: *Se mal das costas, peor das illargas.* (ms15,01: Eugenio Carré Aldao. *Literatura Gallega*, 2ª edición, 1911)

9903. **U que escupe moito ó alto, vólveselle a saliva á boca.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

9904. **Unha porta se pecha, outra se abre.** [3461] (mc: Buciños / ms10,096r: *D.E.*)

(pt) *Uma porta se fecha outra se abre.* (Chaves) (es) *Cuando una puerta se cierra, ciento se abren.* (Sbarbi) (ct) *Quan una pòrta es tanca, cuiquanta s'en òbrin.* (Alberola)

Véase *Onde unha porta se cerra, outra se abre*.

9905. **Unhas e outras botan ó cego de poutas.** (ms21,28r: Bermés)

9906. **Unhas e outras botan ó crego de xoutas.** (mc: A.N.)

Var.: *Unhas e outras botan ó crego de poutas.* (M.V.)

9907. **Unhos en mala cama e outro en bon sofá, vamos chegando á mañá.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

9908. **Unhos en mala cama i-outros en sofá, todos vamos chegando a mañá.** [3462] (mc / ms4: F.V.S.)

9909. **Ús en boa cama i-outros en palla, todos igual chegamos a i-alba.** [3463] (mc: M.L.)

9910. **Vale máis entendela qu'aporfiala.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9911. **Vale máis entendelas que porfialas.** [3464] (mc: A.N. / ms10,012v: *D.E.*)

9912. **Vale máis nacer con suerte que con rentas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

9913. **Vento e ventura, pouco dura.** (mc: Buciños)

(pt) *Vento e ventura, pouco dura.* (Chaves)
(es) *Viento y ventura, poco dura.* (Correas)

FRÍO. V. tamén *Pronósticos atmosféricos, Tiempo*.

9914. **A cada un dálle Dios o frío conforme ande vestido.** (ms10,23v: *D.E.*)

9915. **Cada un sinte o frío como anda vestido.** (ms10,23v: *D.E.*)

9916. **Cada un ten o frío como ten o vestido.** (ms10,23v: *D.E.*)

9917. **Friaxe en Nadal non fai mal.** [3465] (ms5,138: *O Gaiteiro de Lugo*, 1960)

9918. **Frío coral, un mes antes e outro dispois do Natal.** (ms10,23v: *D.E.*)

FRUTA. V. tamén *Manzana, Naranja*.

9919. **Ou a froita ben vendida ou no árbore apodrecida.** (ms10,24r: *D.E.*)

9920. **Us comen a froita aceda e outros teñen a denteira.** (ms10,24r: *D.E.*)

FUEGO

9921. **Fogo fai cociña, que non moza garrida.** (ms10,22v: *D.E.*)

9922. **Fóxese ás veces do fogo e caise nas brasas.** (ms10,22v: *D.E.*)

9923. **Non cabiamos á beira do fogo e entrou meu sogro.** (ms10,22v: *D.E.*)

9924. **Non está ben o fogo cabe ás estopas.** (ms10,22v: *D.E.*)

9925. **O lume, despois de farto, é media mantenencia.** [3466] (ms5,057: Silvarrey)

9926. **Onde fogo se fai, fume sai.** (ms10,22v: *D.E.*)

9927. **Onde hai fogo, fumega logo.** (ms10,22v: *D.E.*)

9928. **Onde houbo fogo sempre cinza queda.** (ms10,22v: *D.E.*)

9929. **Se o fogo está onde a estopa, vén o demo e sopra.** (ms10,22v: *D.E.*)

9930. **Tapemos o noso fogo coa nosa cinza.** (ms10,22v: *D.E.*)

FUERZA

9931. **A razón non quer forza nin a forza quer razón.** (ms10,23v: *D.E.*)

9932. **Millor se atura a forza dos malos que o seu trato.** (ms10,23v: *D.E.*)

9933. **O forzudo ten que ser barbudo.** (ms10,23v: *D.E.*)

9934. **Onde a forza non basta abonda a maña.** (ms10,23v: *D.E.*)

9935. **Onde forza non hai direito se perde.** (ms10,23v: *D.E.*)

[3461] En ms10 s.v. *Puerta*.
[3462] ms: *y outros*.
[3463] Tanto no mc como no ms, Vázquez Saco escribe este refrán unido a outro: *Unhas pingan e outras mollan; ús en boa cama i-outros en palla, todos igual chegamos a i-alba*. V. *Unhas pingan e otras mollan* en *Gotera*.
[3464] ms3: *confialas*. / V. *Máis vale entender que porfiar* en *Pedagógicos*. En ms10 s.v. *Entender*.
[3465] Indica *Frío*.
[3466] Indica *Fuego*.

9936. **Onde non sirve a forza, a maña abonda.** (ms10,23v: *D.E.*)
9937. **Pra ser forzudo hai que ser barbudo.** (ms10,23v: *D.E.*)
9938. **Razón e forza vencen, forza e razón convencen.** (ms10,23v: *D.E.*)

GACHAS

9939. **Gachas con mel, a todos saben ben.** [3467] (ms5,027: Ortigueira)

GAITERO

9940. **O bo gaiteiro sempre foi bo casamenteiro.** (ms10,24v: *D.E.*)
9941. **O gaiteiro que toca de balde, un ichavo pra que empece e dez pra que acabe.** (ms10,24v: *D.E.*)
9942. **Se a vella é gaiteira ¿que fará a moza solteira?** (ms10,24v: *D.E.*)

GALGO. V. tamén *Caza*.

9943. **Galgo que moitas lebres levanta, algunha mata.** (ms10,24v: *D.E.*)
9944. **O galgo a pasiño camiña máis, e o cadelo galgando quédase atrás.** (ms10,24v: *D.E.*)
9945. **Ó galgo vello bótalle lebre e non coello.** (ms10,24v: *D.E.*)
9946. **O galgo, á larga, a lebre mata.** (ms10,24v: *D.E.*)

GALLINAS. V. tamén *Agrícolas* (*Animales*), *Animales domésticos* (*Gallina*), *Aves, Pájaros*.

9947. **A galiña enriba do ovo e o cutreño enriba do ouro.** (ms10,24v: *D.E.*)
9948. **A galiña na capoeira pon os ovos pra quen os queira.** [3468] (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)
9949. **A galiña na casa rica sempre pica.** (ms10,24v: *D.E.*)
9950. **A galiña non pon do galo senón do papo.** (ms10,24v: *D.E.*)
9951. **A galiña, ben galeada; e a moza, ben aloumiñada.** (ms10,24v: *D.E.*)
9952. **A galiña, se non pon, non lle enche ó seu dono o bulsón.** (ms10,24v: *D.E.*)
9953. **As galiñas así poñen como comen.** (ms10,24v: *D.E.*)
9954. **Cando a pita cacarexa, algo sinte ou algo quer.** (ms10,092r: *D.E.*)
9955. **Cando ten máis plumas a galiña é cando ten o galo enriba.** (ms10,24v: *D.E.*)
9956. **Folgade, galiñas, que o galo está nas vindimas.** (ms10,24v: *D.E.*)
9957. **Galiña choca ovos non pon.** (ms10,24v: *D.E.*)
9958. **Galiña gorda e por pouco diñeiro, non pode ser compañeiro.** (ms10,24v: *D.E.*)
9959. **Galiña que canta como capón, na túa casa; na miña, non.** (ms10,25r: *D.E.*)
9960. **Galiña que na casa fica, sempre pica.** (ms10,25r: *D.E.*)
9961. **Galiña que non pon, comela é o millor.** (ms10,25r: *D.E.*)
9962. **Galiña que non pon, comela ou, millor, vendela.** (ms10,25r: *D.E.*)
9963. **Galiña que non quer galo, pon o óvo sin galealo.** (ms10,25r: *D.E.*)
9964. **Non é moito que a quen che dá a galiña enteira, lle deas unha pata dela.** (ms10,25r: *D.E.*)
9965. **Polo Aninovo púxome a pita un ovo, e polos Reis xa tiña seis.** [3469] (ms10,092r: *D.E.*)
9966. **Si se soupera o que sabe a galiña no xaneiro, non quedaba unha no galiñeiro.** (ms10,25r: *D.E.*)
9967. **Tan contenta vai unha galiña cun polo, como outra con oito.** (ms10,25r: *D.E.*)

GALLO. V. tamén *Agrícolas* (*Animales*), *Animales domésticos* (*Gallos*), *Aves, Pájaros*.

9968. **Cada galo no seu galiñeiro e cada pola no seu poleiro.** (ms10,25r: *D.E.*)
9969. **Estrícate, galo, que a pelar te levan.** (ms10,25r: *D.E.*)
9970. **Galo que non cacarexa, non se sabe por onde anda.** (ms10,25r: *D.E.*)
9971. **Mal lle vai o galo cando lle pica o papo.** (ms10,25r: *D.E.*)
9972. **Metín o galo no poleiro, e fíxose meu fillo e meu herdeiro.** (ms10,25r: *D.E.*)
9973. **O que non sirva pra galo, que non cante.** (ms10,25r: *D.E.*)
9974. **O que non sirva pra galo, que non deprenda a cantar.** (ms10,25r: *D.E.*)
9975. **O que soilo come o seu galo, soilo aparella o seu cabalo.** (ms10,25r: *D.E.*)

[3467] Indica *Gachas*.
[3468] Indica *Gallinas*.
[3469] V. *Por Ano Novo púxome a pita un ovo e día de Reis tiña seis* en *Agrícolas* (*Animales*).

GANADO. V. tamén *Agrícolas.* (*Animales*), *Animales domésticos*.

9976. **Febreiro tronado, bo ano pró sementado e ruín pró gado.** [3470] (ms5,136: *O Gaiteiro de Lugo*, 1957)

9977. **Gana un bo gando pra un bo gastador.** (ms10,025v: *D.E.*)

9978. **Gando branco, millor é velo no prato.** (ms10,025v: *D.E.*)

9979. **Irse o ganado polo papado.** (ms10,25r: *D.E.*)

9980. **Irse o xogado polo ganado.** (ms10,25r: *D.E.*)

9981. **Máis tarde ou máis cedo, o gando volve ó seu cortello.** (ms10,025v: *D.E.*)

9982. **O mal ganado lévao o diaño.** (ms10,25r: *D.E.*)

9983. **Polo san Servando repousa no cortello o gando.** [3471] (ms5,141: *O Gaiteiro de Lugo*, 1961)

San Servando: 23.10.

9984. **Tarde ou cedo, o gando vai prá corte ou pró cortello.** (ms10,025v: *D.E.*)

GANANCIA

9985. **A ganancia do carreteiro entra pola porta e sai polo fumeiro.** (ms10,25r: *D.E.*)

9986. **A ganancia i-a laceira corren de feira en feira.** (ms10,25r: *D.E.*)

9987. **Ganar amigos e dar diñeiro a logro é sementar en terreno froitoso.** [3472] (ms10,025v: *D.E.*)

9988. **Ganar bés pra ruís herdeiros.** [3473] (ms10,025v: *D.E.*)

9989. **Non se gana o pan sin afán.** [3474] (ms10,025v: *D.E.*)

9990. **O ben ganar fai o ben gastar.** [3475] (ms10,025v: *D.E.*)

9991. **O bo ganar fai o bo gastar.** [3476] (ms10,025v: *D.E.*)

9992. **O bo ganar trai o bo gastar.** [3477] (ms10,025v: *D.E.*)

9993. **O que sementa e cría, tanto gana de noite como de día.** [3478] (ms10,025v: *D.E.*)

9994. **Onde se gana, gástase e, onde se gasta, gánase.** [3479] (ms10,025v: *D.E.*)

9995. **Pouca ganancia e pouco diñeiro.** (ms10,25r: *D.E.*)

9996. **Ten coidado de ganar, que tempo che queda pra gastar.** [3480] (ms10,025v: *D.E.*)

GARRAS

9997. **Por unhas e por outras bótanlle a un home as poutas.** [3481] (ms10,097r: *D.E.*)

9998. **Unhas e outras botan a un de poutas.** (ms10,097r: *D.E.*)

GASTAR. V. tamén *Ahorro y tacañería, Comercio, Mal gobierno, Sibaritismo, Superfluo*.

9999. **Gastar sin ter non se sabe como pode ser.** (ms10,026r: *D.E.*)

10000. **Non sempre lle está ben ó rico gastar nin ó probe escatimar.** (ms10,026r: *D.E.*)

10001. **Quen gasta e minte a bulsa llo sinte.** (ms10,026r: *D.E.*)

GATOS. V. tamén *Agrícolas* (*Animales*).

10002. **Ás veces a carne está no prato por falta de gato.** (ms10,026r: *D.E.*)

10003. **Ben se lava o gato dispois de farto.** (ms10,026r: *D.E.*)

10004. **Buscarlle cinco pés ó gato cando non ten máis que catro.** (ms10,026r: *D.E.*)

10005. **Calquera gato sinte que outro o rabuñe.** (ms10,026r: *D.E.*)

10006. **Con fillos, o gato ben caza ó rato.** (ms10,026r: *D.E.*)

10007. **Gárdate do gato que non miaña.** (ms10,026r: *D.E.*)

10008. **Gato do mes de xaneiro vale un carneiro.** (ms10,026r: *D.E.*)

10009. **Gato que moito miaña, poucos ratos caza.** (ms10,026r: *D.E.*)

10010. **Gato que non come, morre.** (ms10,026r: *D.E.*)

10011. **Mórrense os gatos e alégranse os ratos.** (ms10,026r: *D.E.*)

10012. **Na casa en que non hai gatos campan os ratos.** (ms10,026r: *D.E.*)

10013. **Na casa en que non hai gatos, non faltan ratos.** (ms10,026r: *D.E.*)

[3470] Indica *Ganado*.
[3471] Indica *Ganado*.
[3472] En ms10 s.v. *Ganar*.
[3473] En ms10 s.v. *Ganar*.
[3474] En ms10 s.v. *Ganar*.
[3475] En ms10 s.v. *Ganar*.
[3476] En ms10 s.v. *Ganar*.
[3477] En ms10 s.v. *Ganar*.
[3478] En ms10 s.v. *Ganar*.
[3479] En ms10 s.v. *Ganar*.
[3480] En ms10 s.v. *Ganar*.
[3481] V. *Unhas e outras botan ó crego de xoutas* en *Fortuna* (*buena o mala*).

10014. **Non deixes a gata na túa cama nin lle deas couces dispois de deitala.** (ms10,026r: *D.E.*)

10015. **Nunca faltou un gato pra lamber o plato.** [3482] (ms5,045: Serantes de Lage)

10016. **O gato acariña co rabo e rabuña coas unllas.** (ms10,026r: *D.E.*)

10017. **O gato saca as unllas cando as ha mester.** (ms10,026v: *D.E.*)

10018. **O gato saca as unllas cando llas buscan.** (ms10,026v: *D.E.*)

10019. **O máis ben coidado tamén o leva o gato.** (ms10,026v: *D.E.*)

10020. **O mal coidado lévao o gato.** (ms10,026v: *D.E.*)

10021. **Sempre que botes a gata na cama, ten coidado de non mancala nin couceala.** (ms10,026r: *D.E.*)

10022. **Ter sete folgos coma os gatos é un regalo.** (ms10,026v: *D.E.*)

GAVIOTA. V. tamén *Aves, Pájaros*.

10023. **Si a gaivota ta no mar, colle o arado pra arar; si a gaivota ta na terra, non te apartes da lareira.** [3483] (ms5,027: Ribadeo)

GENEROSIDAD. V. tamén *Ahorro y tacañería, Dádivas, Dado, Dar y recibir*.

10024. **Como deas moito, hasta as pedras verás como amolecen.** [3484] (ms: C.A. *A Nosa Terra*)

10025. **Dá e ten e farás ben.** [3485] (ms: Villanueva-F.V.S. / ms10,128r: *D.E.*)

(pt) *Dá e tem e farás bem.* (Chaves) (es) *Da y ten, y habrás bien.* (Correas)

GENEROSIDAD. PRODIGALIDAD

10026. **Cinco duros ganados, cinco duros gastados.** [3486] (ms: Otero de Rey)

GLORIA

10027. **Á derradeira cántase a gloria.** (ms10,026v: *D.E.*)

10028. **Gloria sin diñeiro é fume sin palla.** (ms10,026v: *D.E.*)

10029. **Nos días de gloria esquécese a memoria.** (ms10,026v: *D.E.*)

GOBIERNO. V. tamén *Jurídicos y similares, Poder*.

10030. **Cada un pra si val sete.** [3487] (ms: Santiago)

10031. **Dicen que cando non había can, era o raposo o capitán.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

10032. **Donde non hai can, o zorro é capitán.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10033. **Non hai millor mendo có da misma tela.** [3488] (ms: Tuiriz / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

(es) *No hay mejor remiendo que el del mismo paño.* (Sbarbi)

Nadie encargue a otro lo que pueda arreglar por su propia mano o diligencia.

10034. **Non hai millor paxe có que manda i-o faxe.** [3489] (ms: Orense)

10035. **Non sabe gobernar o que non sabe negar.** [3490] (ms10,026v: *D.E.*)

10036. **Non sirve pra gobernar o que non sabe mandar.** [3491] (ms10,026v: *D.E.*)

10037. **O goberno do folico está no principio.** (ms: F.V.S.)

10038. **O moucho no seu souto manda moito.** [3492] (ms: Tuiriz)

10039. **O que as teña, que as manteña.** [3493] (ms: Buciños)

10040. **O que gasta sin ter, abofellas s'o entendo.** [3494] (ms: F.V.S.)

10041. **O que non adeministra o seu, mal pode adeministrar o alleo.** [3495] (ms: Buciños)

10042. **O que non atende a súa tenda, que a venda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10043. **O que non é bon pra si, non é bon pra outro.** [3496] (ms: Buciños)

[3482] Indica *Gatos*.
[3483] Indica *Gaviota*.
[3484] Contén a indicación *Generosidad*.
[3485] Contén a indicación *Generosidad*. V. *Donaciones* (*Conveniencia del dar*). / En ms10 s.v. *Tener*.
[3486] Contén a indicación *Generosidad. Prodigalidad*.
[3487] Contén a indicación *Gobierno*. V. *Cada un pra si vale por dous* en *Independencia*.
[3488] ms-LU: *mellor* / Contén a indicación *Gobierno*.
[3489] *Non hay millor paxe qu'o que manda y-o faxe.* / Contén a indicación *Gobierno*.
[3490] En ms10 s.v. *Gobernar*.
[3491] En ms10 s.v. *Gobernar*.
[3492] Contén a indicación *Gobierno*.
[3493] Contén a indicación *Gobierno*.
[3494] Contén a indicación *Gobierno*. / V. *Gastar sin ter, non sei cómo pode ser* en *Derroche*.
[3495] Contén a indicación *Gobierno*.
[3496] Contén a indicación *Gobierno*.

(pt) *Quem não é bom para si, pior o será para ti.* (Chaves) (es) *Quien non es bueno para sí ¿cómo lo será para mí?* (R. Marín)

10044. **O que non se vala, non hai quen lle vala.** [3497] (ms: Buciños)

10045. **O que non ten acordo, que non teña folgo.** [3498] (ms: M.L.P. / ms4: M.L.)

Var.: *O que non ten acordo, ten que ter pés.* (ms4: F.V.S.)

10046. **O que queira ter boa facenda, que seu amo atenda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10047. **O que sobra métese en obra.** [3499] (ms: A.N.)

10048. **O que ten facenda que a atenda.** [3500] (ms: F.V.S.)

(es) *Quien tiene heredad, no vive en la ciudad.* (R. Marín) */ Hacienda, tu amo te atienda y sinó, que te venda.* (Sbarbi)

10049. **O que ten tenda qu'a atenda, e se non, que a venda.** [3501] (ms: M.V. / ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

(pt) *Tenda, é preciso quem a atenda e senão que a venda.* (Chaves) (es) *Quien tiene tienda, deje lo demás y en ella atienda.* (R. Marín) */ Quien tien tienda que atienda y sinó que la venda.* (Id.)

10050. **O que ten tenda que a atenda.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

10051. **O que ten tenda que ll'atenda, e se non, que a venda.** (ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU)

10052. **O que ten tenda quer que ll'atenda, e se non, que a venda.** (ms4: M.V. / ms)

10053. **O que ten tenda, quer qu'atenda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10054. **O que ten tenda, quere que lle atenda.** (ms-SA: Darriba Míguez, Amador (13-11-1951))

10055. **O que ten tenda, ten que atendela.** (ms-SA: Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C / ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

10056. **Onde eu estea, estará sempre a cabeceira.** (ms10,015r: *D.E.*)

10057. **Onde falta o can, o raposo é capitán.** [3502] (ms: F.V.S.)

Var.: *Onde non hai can, é o raposo capitán.* (ms4: F.V.S.) / *Onde falta o can, é o raposo capitán.* (ms15,53)

10058. **Quen mal se goberna, moitas veces se queixa.** [3503] (ms10,026v: *D.E.*)

10059. **Quen queira ter facenda, qu'a atenda.** [3504] (ms)

Var.: *Quen pretenda ter facenda, faille falla que a atenda.* (ms4: J.P.)

10060. **Quen ten tenda que a'tenda, e si non, que a venda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10061. **Quen teña tenda, que ll'atenda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10062. **Si comeras como comes, non comerías como comes.** [3505] (ms e ms4: A.S.A.)

Var.: *Si comeras como comes, non comías como comes.* (J.P.)

10063. **Ti ó teu i-o criado ó alleu.** [3506] (ms: Lugo-F.V.S.)

10064. **Vai e vén i-o teu t'atén.** [3507] (ms: N.V. 2ª serie)

GOLPE

10065. **Golpe dado non se quita.** (ms10,026v: *D.E.*)

10066. **Golpe que se leva, mal se pode volver.** (ms10,026v: *D.E.*)

10067. **O golpe da tixola lixa anque non doia.** (ms10,026v: *D.E.*)

10068. **Un soilo golpe mata un home.** (ms10,026v: *D.E.*)

GORDO. V. tamén *Comida, Engordar, Obesidad.*

10069. **Poñámonos gordos, que o comer é todo.** (ms10,026v: *D.E.*)

GORRIÓN. V. tamén *Aves, Pájaros.*

10070. **Cada gorrión quer o seu espigón.** (ms10,026v: *D.E.*)

10071. **Por medo ós gorriós non quedan sin sementar os leiros.** (ms10,026v: *D.E.*)

GOTERA

10072. **Cada pingota de auga na sega vale un sapiño na terra.** [3508] (ms10,092r: *D.E.*)

[3497] Contén a indicación *Gobierno*.
[3498] Contén a indicación *Gobierno*.
[3499] Coa indicación *Gobierno*.
[3500] Contén a indicación *Gobierno*.
[3501] ms-LU: *que a'tenda, si non ca.* / Contén a indicación *Gobierno*.
[3502] Contén a indicación *Gobierno*. V. tamén *Perros*.
[3503] En ms10 s.v. *Gobernar*.
[3504] Contén a indicación *Gobierno*.
[3505] ms4: *Se comeras, non cumías*. / Contén a indicación *Gobierno*.
[3506] Contén a indicación *Gobierno*.
[3507] *Vai e ven y-o teu taten*. / ms4: *t'aten*. / Contén a indicación *Gobierno*.

10073. **O que non quita a goteira terá que facer a casa enteira.** (ms10,026v: *D.E.*)

10074. **Se ó vello lle quitan a pinguiña i-a cociña, que o enterren axiña.** [3509] (ms10,092r: *D.E.*)

10075. **Unhas pingan e outras mollan.** [3510] (ms10,092r: *D.E.* / mc: A.N.)

GOZO

10076. **Non hai gozo comprido, que así que está logrado xa está fuxido.** (ms10,026v: *D.E.*)

GRACIA

10077. **A pior gracia é caír na desgracia.** (ms10,027r: *D.E.*)

GRANO. V. tamén *Agrícolas* (*Generales*).

10078. **Grau a grau, a galiña mantense no inverno e no vrau.** (ms10,027r: *D.E.*)

10079. **Grau a grau, precura ter pró inverno e mais pró vrau.** (ms10,027r: *D.E.*)

10080. **Máis vale gran de pimenta que bosta de besta.** (ms10,027r: *D.E.*)

GRATITUD

10081. **¿Quen ha de ser teu herdeiro? Quen che limpe o traseiro.** [3511] (ms: Páramo-F.V.S.)

GRELO. V. tamén *Agrícolas* (*Generales*).

10082. **Probou a vella os grelos e lambeuse os dedos.** (ms10,027r: *D.E.*)

GRILLO

10083. **A vida do grilo: de día fame e de noite arruído.** (ms10,027r: *D.E.*)

GUARDAR

10084. **É tolería non ter ben gardado o que está ben ganado.** (ms10,025v: *D.E.*)

10085. **Garda da risa pra outro choro, que, anque che tarde, pode vir logo.** (ms10,025v: *D.E.*)

10086. **Garda de mozo e atoparás de vello.** (ms10,025v: *D.E.*)

10087. **Garda o ganador pró bo gastador.** (ms10,025v: *D.E.*)

10088. **Garda un de cada dous se queres facer bulsón.** (ms10,026r: *D.E.*)

10089. **Gardar con prudencia o que se gana con esperencia.** (ms10,025v: *D.E.*)

10090. **Gardar pra mañá, que falta fará.** (ms10,025v: *D.E.*)

10091. **Gardar prá mañá, que fame haberá.** (ms10,026r: *D.E.*)

10092. **Gárdate nena de mozo cando lle apunta o bozo.** (ms10,026r: *D.E.*)

10093. **Gárdate Dios de algunha xente coma de un can doente.** (ms10,026r: *D.E.*)

10094. **Máis vale gardar que emprestar e non cobrar.** (ms10,026r: *D.E.*)

10095. **Mal se garda o que a moitos agrada.** (ms10,026r: *D.E.*)

10096. **Non sempre debe o rico gardar nin o probe escatimar.** (ms10,026r: *D.E.*)

10097. **O de moitos cobizado, ten perigo inda gardado.** (ms10,025v: *D.E.*)

10098. **Quen garda, atopa.** (ms10,026r: *D.E.*)

GUERRA. V. tamén *Guerra y paz*.

10099. **A boa guerra trai a boa paz.** (ms10,027r: *D.E.*)

10100. **A guerra i-a cea comenzándoa logo se atea.** (ms10,027r: *D.E.*)

10101. **Ben fala da guerra o que non foi a ela.** (ms10,027r: *D.E.*)

10102. **Ben fala da guerra o que non vai a ela.** (ms10,027r: *D.E.*)

10103. **Ben lle parece a guerra ó que está lonxe de ela.** (ms10,027r: *D.E.*)

10104. **Cen anos de guerra e nin un de preitos.** (ms10,027r: *D.E.*)

10105. **Fala da guerra e líbrate de ela.** (ms10,027r: *D.E.*)

10106. **Fala da guerra e, se podes, non vaias a ela.** (ms10,027r: *D.E.*)

10107. **Ir á guerra e casar non se debe aconsellar.** (ms10,027r: *D.E.*)

10108. **Moitos hai na guerra e non todos están na pelea.** (ms10,027r: *D.E.*)

10109. **Na guerra do amor, o que foxe é vencedor.** (ms10,027r: *D.E.*)

10110. **Non é o mesmo falar da guerra que verse nela.** (ms10,027r: *D.E.*)

[3508] En ms10 s.v. *Gotear*.

[3509] En ms10 s.v. *Gotear*.

[3510] Tanto no mc como no ms, Vázquez Saco escribe este refrán seguido doutro: *Unhas pingan e outras mollan; ús en boa cama i-outros en palla, todos igual chegamos a i-alba*. ms: *y*-outras. En ms10 s.v. *Gotear*. V. *Ús en boa cama i-outros en palla, todos igual chegamos a i-alba* en *Fortuna (buena o mala)*.

[3511] ms2: *heredeiro*. / Contén a indicación *Gratitud*.

10111. **O millor da guerra é non estar nela.** (ms10,027r: *D.E.*)

10112. **O que non sabe o que é a guerra, que vaia a ela.** (ms10,027r: *D.E.*)

10113. **O que non vaia á guerra, non morre nela.** (ms10,027r: *D.E.*)

10114. **O que parvo vai á guerra, parvo volve dela.** (ms10,027r: *D.E.*)

GUERRA Y PAZ. V. tamén *Guerra*.

10115. **A guerra e a pintura, de lonxe.** (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *La guerra y la pintura, de lejos tienen la hermosura.* (R. Marín)

10116. **A mouro morto gran lanzada.** [3512] (mc: C.A.)
(pt) *A mouro morto, grande lançada.* (Chaves) (es) *A moro muerto, gran lanzada.* (Sbarbi)

10117. **Batinme e morrín tres veces.** (mc: Santiago)

10118. **Cando un non quere, dous non pelexan.** [3513] (mc: Layosa)
Var.: *Cando un non quere, dous non reñen.* (Buciños)
(pt) *Quando um não quer, dois não baralham.* (Chaves) (es) *Cuando uno no quiere dos no riñen.* (Sbarbi) / *Cuando uno no quiere dos no barajan.* (Sbarbi) (ct) *Quan ú vòl, dos no's barallen.* (Alberola)

10119. **Cando un quere, dous non pelexan.** (ms9,02r: Orense)

10120. **Cen anos de guerra e nin un día de facenda.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(es) *Cien años de guerra, y no un día de batalla.* (Correas)

10121. **Cen anos de guerra e non un de preitos.** [3514] (ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms15,15)

10122. **En tempo de guerra non hai carta en favor.** (mc e ms4: M.V.)
Var.: *En tempo de guerra non hai cartas en favor.* (ms4: J.P.)

10123. **En tempo de guerra non se limpan as armas.** (mc: Buciños)
(pt) *Em tempo de guerra, não se limpam armas.* (Chaves)

10124. **Entre dous nunca reñen, se un cala.** [3515] (mc: Carballedo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(pt) *Quando um não quer dois não batalham.* (Chaves) (es) *Cuando uno no quiere, dos no riñen.* / *Cuando uno no quiere, dos no barajan.* (Correas)
Véase *Cando un non quere...*

10125. **Entre dous que reñen, os dous teñen culpa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10126. **Mate mouros quen poida.** (mc: M.L.2)
(es) *Mate moros quien quisiere.* (R. Marín)

10127. **Moro que vexas, fusil que disparas.** (mc)

10128. **Non hai culpa sin dous donos.** (ms15,41: Lugo)

10129. **O que é a guerra, vese nela.** (ms18,66v)

10130. **O que queira ver guerra, que vaia a Corea.** [3516] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

10131. **O que queira ver guerra, que vaia a ela.** [3517] (mc: Tuiriz, Monforte)

10132. **Un solo non fai paz, pero tampouco fai guerra.** (mc)

10133. **Unha cousa é falar da guerra e outra cousa é ir [a] ela.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10134. **Unha cousa é falar da guerra e outra cousa é verse nela.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
(es) *Habla de la guerra y no vayas a ella.* (Sbarbi)

GUSTOS

10135. **Cómese toda a vaca, porque us queren da perna e outros da faldra.** [3518] (ms10,135r: *D.E.*)

10136. **Entre gustos non hai disputas.** (ms10,027r: *D.E.*)

10137. **Hai gustos que merecen paus.** (ms10,027r: *D.E.*)

10138. **Ó gusto estragado o doce fáiselle amargo.** (ms10,027r: *D.E.*)

10139. **O que polo seu gusto morre, a morte sábelle ben.** (ms10,027r: *D.E.*)

10140. **Por eso se vende a vaca, porque a un gústalle o peito i-outro a espaldra.** [3519] (ms10,135r: *D.E.*)

HABER

10141. **En todas partes hai bo e malo.** (ms10,027v: *D.E.*)

[3512] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.
[3513] ms: *pelellan*.
[3514] ms15,15: *pleitos*. / V. *Pleitos*.
[3515] ms e ms-LU: *si un cala*.
[3516] *O que ra ver guerra que vaya a Corea*.
[3517] ms: *vaya*.
[3518] En ms10 s.v. *Vacas* coa indicación *Gustos*.
[3519] En ms10 s.v. *Vacas* coa indicación *Gustos*.

10142. **En todos lados hai de todo.** (ms10,027v: *D.E.*)
10143. **Haber hai moito pero está mal repartido.** (ms10,027v: *D.E.*)
10144. **Haber hainas como mantas.** (ms10,027v: *D.E.*)
10145. **Non hai sábado sin sol nin moza sin amor nin vello sin door.** (ms10,027v: *D.E.*)
10146. **Onde hai bo hai malo.** (ms10,027v: *D.E.*)
10147. **Onde hai celos, hai amor; onde hai vellos, hai door.** (ms10,027v: *D.E.*)
10148. **Onde hai malos, nunca falta un bo.** (ms10,027v: *D.E.*)
10149. **Onde hai un malo, hai outro bo.** (ms10,027v: *D.E.*)
10150. **Onde hai un malo, pode haber outro pior.** (ms10,027v: *D.E.*)
10151. **Onde non hai nada, a porta está sempre pechada.** (ms10,027v: *D.E.*)
10152. **Onde non hai, non compre buscar.** (ms10,027v: *D.E.*)
10153. **Pra todos haxa e pra min non falte.** (ms10,027v: *D.E.*)

HABLAR. V. tamén *Cautela en el hablar*.
10154. **A moito falar, moito errar.** (ms10,017r: *D.E.*)
10155. **Antes de falar de alguén, mira ben de quen.** (ms10,017r: *D.E.*)
10156. **Ás veces fálase por ter lingoa.** (ms10,017r: *D.E.*)
10157. **Cada cal fala de aquelo que trata.** (ms10,017r: *D.E.*)
10158. **Cando falares de alguén mira de quen e a quen.** (ms10,017r: *D.E.*)
10159. **Cando falares de alguén, pénsao primeiro ben.** (ms10,017r: *D.E.*)
10160. **Fala ben que non custa nada.** (ms10,017r: *D.E.*)
10161. **Fala ben que non custa un carto.** (ms10,017r: *D.E.*)
10162. **Fala ben, que se aforra camiño.** (ms10,017r: *D.E.*)
10163. **Fala de caza e tena na casa.** (ms10,017r: *D.E.*)
10164. **Fala de guerra e non vaias a ela.** (ms10,017r: *D.E.*)
10165. **Fala pouco e acertarás.** (ms10,017r: *D.E.*)
10166. **Fala pouco e ben e serás alguén.** (ms10,017r: *D.E.*)
10167. **Fálame en acabando que estou merendando.** (ms10,017r: *D.E.*)
10168. **Fálame en acabando que estou xantando.** (ms10,017r: *D.E.*)
10169. **Falamos e non nos entendemos.** (ms10,017r: *D.E.*)
10170. **Falando sábense as cousas.** (ms10,017r: *D.E.*)
10171. **Falar ben pouco custa.** (ms10,017r: *D.E.*)
10172. **Falar coma todos e sentir coma poucos.** (ms10,017r: *D.E.*)
10173. **Falar da caza e mercala na praza.** (ms10,017r: *D.E.*)
10174. **Falar da guerra e estar fóra dela.** (ms10,017r: *D.E.*)
10175. **Falar do mar e estar na terra.** (ms10,017r: *D.E.*)
10176. **Falar do mar e nel non entrar.** (ms10,017r: *D.E.*)
10177. **Falar do mar e non se embarcar.** (ms10,017r: *D.E.*)
10178. **Falar e sea quen queira.** (ms10,017r: *D.E.*)
10179. **Falas da caza e mércala na praza.** (ms10,017r: *D.E.*)
10180. **¿Falo eu ou renxe o carro?** (ms10,017r: *D.E.*)
10181. **Falou o burro e orneou.** (ms10,017r: *D.E.*)
10182. **Máis fácile é falar que traballar.** (ms10,017v: *D.E.*)
10183. **Moito falar e moito errar.** (ms10,017v: *D.E.*)
10184. **Non ha de falar o que ten por que calar.** (ms10,017v: *D.E.*)
10185. **O falar todo é parolar.** (ms10,017v: *D.E.*)
10186. **Ó médico, ó confesor e ó abogado, falarlle craro.** (ms10,017v: *D.E.*)
10187. **O moito falar noce e o moito rañar escoce.** (ms10,017v: *D.E.*)
10188. **O que moito fala, enfada.** (ms10,017v: *D.E.*)
10189. **Por falar ben non prenden a ninguén.** (ms10,017v: *D.E.*)
10190. **Por falar ben non se perde nada e antes se gana.** (ms10,017v: *D.E.*)
10191. **Por falar pouco nada se perde.** (ms10,017v: *D.E.*)
10192. **Quen moito fala, moito erra.** (ms10,017v: *D.E.*)
10193. **Quen moito fala, pouco asubía.** (ms10,017v: *D.E.*)
10194. **Se te botas a falar, coida non te fagan calar.** (ms10,017v: *D.E.*)

HABLAR MUCHO Y HABLAR POCO
10195. **A bon entendedor poucas palabras lle bastan.** (mc)

Var.: *A bon entendedor abóndanlle poucas falas.*

(pt) *A bom entendedor, meia palavra basta.* (Chaves) */ A bom entendedor, poucas palavras* (Id.) (es) *A buen entendedor, pocas palabras* (Correas) */ A buen entendedor, breve hablador.* (Id.) (ct) *A bòn entenedor, breu parlaor.* (Alberola)

10196. **Á carcel me levan por dar ó papo; así que salia, volvo ó meu trato.** (mc)

10197. **A falar nadie reventa.** (mc: Buciños)

Var.: *A falar ninguén rebenta.* (ms15,44: Lugo)

10198. **A home que moito barulla non lle teñas medo.** (mc: G.P.)

10199. **A lengua é o que manda máis forza.** (ms15,15)

10200. **A lengua solta, pero as maus na bolsa.** (mc: Carballino)

10201. **A lengua ten mui bo curral.** [3520] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10202. **A lengua vaia e veña; as maus, secas e quedas.** (mc: A.S.A.)

10203. **A palabra de amodín vale un perrín.** (mc: Fonsagrada)

10204. **A palabras falangueiras, orellas xordas.** [3521] (mc: C.A.)

Var.: *A palabras falangueiras, ouvidos xordos.* (ms4)

(pt) *A palavras loucas, orellas moucas.* (Chaves) (es) *A palabras locas, orejas sordas.* (Correas)

10205. **A palabras loucas, orellas moucas.** [3522] (mc: Velle)

(pt) *A palavras loucas, orellas moucas.* (Chaves) (es) *A palabras locas, orejas sordas.* (Correas)

10206. **A quen moito quer saber, dáselle pouco a entender.** (mc: M.L.)

(es) *A quien mucho quiere saber, poquito y al revés.* (R. Marín)

10207. **A quen non fala, Dios non oie.** [3523] (mc: C.A.)

(pt) *A quem não fala, Deus não o ouve.* (Chaves) */ A quem não pede, não o ouve Deus.* (Id.) (es) *A quien no habla, no le oye Dios.* (R. Marín) */ A quien no llama, Dios no le oye.* (Id.) (ct) *A boca que no parla, Deu no l'òu.* (Alberola)

[3520] ms-LU: *moi bô*.
[3521] V. *A palabras necias, oídos xordos* en *Ofensas*.
[3522] V. *A palabras necias, oídos xordos* en *Ofensas*.
[3523] ms: *oye*.

10208. **Á xente de falar e ós cans de ladrar non se lles pode quitar.** [3524] (mc / ms-LU: Dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo / ms11,44: Comarca da Fonsagrada)

10209. **Á xente de falar i-ós cas de ladrar naide lles pode privar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)

10210. **Á xente de falar i-ós cas de ladrar non se lles pode privar.** (mc)

Var.: *Os cas de ladrar i-a xente de falar non se pode cortar.* (ms15,41: Lugo)

10211. **Á xente de falar i-ós cas de ladrar nadie llo pode privar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

10212. **Antes de dar á lengua, métea na despensa.** (ms15,15)

10213. **Ao bon calar chaman labrego.** (mc: G.P.)

(es) *Al buen callar llaman Sancho.* [3525]

10214. **Ao bon entendedor abóndanlle poucas falas.** (mc: C.A.)

(pt) *A bom entendedor, meia palavra basta.* (Chaves) */ A bom entendedor, poucas palavras.* (Id.) (es) *Al buen entendedor con media palabra basta.* (R. Marin) */ Al buen entendedor, pocas palabras, y ésas, sabias.* (Id.) (ct) *A bòn entenedor, breu parlaor.* (Alberola)

Véase *A bon entendedor...*

10215. **Aos bos entendedores, poucas razós.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

10216. **Cada un fala do que trata.** (mc: Golada-F.V.S.)

(pt) *Cada qual fala do que se trata.* (Chaves)

10217. **Cada un fala ou como sabe ou como pode.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

(es) *Cada uno hable si no como debe, a lo menos, como sabe.* (Sbarbi)

10218. **Cando falan de Roma, logo sona.** (mc: A.S.A.)

10219. **Cando falan do ruín de Roma, logo asoma.** (mc: A.C.)

(es) *En mentando o nombrando al ruin de Roma, al punto, o cátalo, o luego, asoma.* (Sbarbi)

10220. **Cando un burro ornea, outro pica no toxo.** (mc: G.P.)

10221. **Da abundancia do corazón fala a lengua.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

[3524] ms: *y os cás*; ms-LU: *i-os cas*; ms-LU: *y'os cas*; ms11,44: *y'os cais, no se lles*.
[3525] ms: *Santo o Sancho*

10222. **Das palabras non me queixo; veremos despois os feitos.** (ms8,07v: Silvarrey)

10223. **De longas terras, barallas gordas.** [3526] (ms)

(pt) *De longas vias, longas mentiras.* (Chaves)

10224. **De lengua todos son valentes.** (mc: Monforte)

10225. **Do que hai no corazón fala a boca.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

10226. **Do que non entendas non fales, qu'é millor non decir nada que decir barbaridades.** (ms21,20r: Bermés)

10227. **Do que non entendas non fales, que vale máis non decir que berrear.** (mc: R. Caruncho)

Var.: *Do que non entendas non fales, que val máis calar que berrear.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

(pt) *Mais vale calar que mal falar.* (Chaves) (es) *En lo que no entiendas, freno a tu lengua.* (R. Marín) (ct) *De lo que no hages estudiat, no tractes, qu'es necetat.* (Alberola)

10228. **Donde el non chega, manda recado.** (mc: La Coruña)

10229. **É mellor calar que con burro falar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

10230. **En menos de que canta un galo eu non son tolo anque calo.** [3527] (mc: Santiago)

10231. **Entre noiros e paredes non fales o que non debes.** (mc)

Var.: *Entre noiros e paredes mirade o que dicedes.*

(pt) *As paredes tem ouvidos.* (Chaves) (es) *Ni tras pared ni tras seto digas tu secreto.* (Sbarbi) */ Las paredes oyen.* (Id.) */ Las paredes tienen oídos.* (Id.)

10232. **Entre silveiras e paredes non fales o que non debes.** (mc)

(pt) *As paredes tem ouvidos.* (Chaves) (es) *Ni tras pared ni tras seto digas tu secreto.* (Sbarbi) */ Las paredes oyen.* (Id.) */ Las paredes tienen oídos.* (Id.)

Porque *as silveiras i-os valados teñen orellas*, lo mismo que las paredes.

10233. **Fala o sapo do que leva no papo.** [3528] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10234. **Fala Tomasa do que a ela lle pasa.** (mc: Pol)

10235. **Fala Tomasa do que lle pasa.** [3529] (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Julio Elías Bello Méndez: Terra Cha, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Terra Cha, LU)

10236. **Falando do ruín de Roma, pronto s'asoma.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10237. **Falando dun ruín de Roma, logo s'asoma.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10238. **Falando enténdense as cousas.** (mc: Buciños)

(es) *Hablando se saben las cosas.* (Correas) */ La gente se entiende hablando.* (Correas)

10239. **Falando enténdense os homes.** [3530] (mc: Lugo / ms10,017r: *D.E.*)

Var.: *Falando enténdese a xente.* (ms4: F.V.S. / ms10,017r: *D.E.*)

(es) *La gente, hablando se entiende.* (Sbarbi)

10240. **Falar a todos ben e dar boa resposta a todos, pouco costa.** (mc: Buciños)

10241. **Home sabio, poucas palabras.** (ms-LU: seminarista anónimo: Julio Elías Bello Méndez: Terra Cha, LU)

10242. **Lengua de sete palletas, onde non che chamen, non te metas.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

10243. **Lengua de sete palletas, onde non te chaman, nunca te metas.** (ms21,15v: Bermés)

10244. **Lengua e tempo muda o vento.** (ms18,31r)

10245. **Lengua e tempo múdaos o vento.** [3531] (mc: A.C. *A Nosa Terra*)

10246. **Lingua de sete palletas, onde non te chaman, non te metas.** [3532] (mc: Santiago / ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

10247. **Máis apaga a boa palabra que caldeiro de auga.** [3533] (ms15,16 / ms10,077r: *D.E.*)

10248. **Moita léngoa, pouco proveito.** (ms18,54r: *Vida Gallega*)

10249. **Moita lengua e poucos feitos.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)

(ct) *Moltes paraules, pòques òbres.* (Alberola)

[3526] Aparece tachado por atrás da ficha de *Diol'os cría e eles se aparellan*.

[3527] ms: *En menos que*.

[3528] V. *O borracho logo solta o que ten no papo* e variantes en *Vicios*.

[3529] ms-LU (anónimo: Terra Cha): *Fala a Tomasa*.

[3530] Refrán e variante en ms10 s.v. *Hablar*.

[3531] ms: *mudas o vento*; ms4: *muda o vento*.

[3532] mc:*Lengua, donde*.

[3533] En ms10 coa referencia *Afabilidad*.

10250. **Moitas veces fala un porque ten lengua.** (mc: M.V.)

10251. **Moito falar é falar tan só.** [3534] (mc: A.C. *A Nosa Terra*)

10252. **Muito sabe o que ten boca lasa.** (ms15,12)

10253. **Non di cousa o sapo que non teña no papo.** [3535] (mc / ms4: F.V.S.)

10254. **Non días á lengua, meu rulo, cala e calemos, que todos que calar temos.** (ms15,17)

10255. **Non fagas todo o que poidas nin gastes todo o que tes, non creas todo o que digan, nin digas todo o que seipas.** [3536] (mc: J.P.)

(pt) *Não digas tudo o que sabes, nem creias tudo o que ouves, nem faças tudo o que podes.* (Chaves) (es) *No hagas todo lo que puedas, ni gastes todo lo que tengas, ni creas todo lo que oigas, ni digas todo lo que sepas.* (R. Marín) (ct) *No digues tot lo que sents, ni amòstres tot lo que tens.* (Alberola)

10256. **Non te fíes do que moito fala.** [3537] (ms: Santiago)

10257. **Non te fíes no que moito fala.** (ms-SA: José Lorenzo Viña)

10258. **Non todo o que se di se fai nin o que se fai se di.** (ms18,66r)

10259. **Non todo o que se di se fai nin todo o que se fai se di.** (mc: M.V. / ms21,23v: Bermés)

10260. **O dicir non ten cancelas.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

10261. **O falar non ten cancela.** (mc: Pidre)

10262. **O malo, calalo.** (mc: F.L.)

10263. **O que a todo di que si, ou é parvo o[u] coida de min.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

10264. **O que a todo di que si, ou é tonto ou me fai a min.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)

10265. **O que a todo di que si, ou é tonto ou o coida de min.** (mc: L.G. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Literatura Gallega*, 2ª ed., 1911)

10266. **O que cala, amola o que fala.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

10267. **O que cala, consente, anque non pra sempre.** (mc)

10268. **O que cala, consinte.** (mc: A.S.A.)

(pt) *Quem cala consente* (ou *vence*). (Chaves) (es) *Quien calla, otorga.* (R. Marín) (ct) *Qui calla otorga.* (Alberola)

10269. **O que cala, vence.** (mc: Buciños)

(pt) *Quem cala vence.* (Chaves) / *Quem calou venceu e fez quanto quis.* (Chaves) (es) *Quien calla, vence, y hace lo que le parece.* (R. Marín) (ct) *Qui callá, vencé y feu lo que vullgué.* (Alberola)

10270. **O que de Dios ha de gozar, ha de oír, ver e calar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

10271. **O que di o que non é, tamén oi o que non quer.** (mc: M.L.)

(pt) *Quem diz o que quer, ouve o que não quer.* (Chaves) (es) *Quien dice lo que no debe, oye lo que no quiere.* (Correas) / *Quien habla lo que no debe, oye lo que no quiere.*

10272. **O que do mundo ha de gozar, de si ha de ver, oír e calar.** (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

(es) *Oír, ver y callar son cosas de gran preciar.* (Sbarbi) (ct) *Qui del mon vullga gojar, ha de oír, mirar y callar.* (Alberola)

10273. **O que do mundo queira gozar, ha de oír, ver e calar.** [3538] (mc: Piugos, Lugo / ms4: F.V.S.)

Var.: *"Quen no mundo ha de campar, ha de oír, ver e calar", decíame miña abuela ¡y-ay, Gasús, onde vai ela!* (ms16)

(es) *Oir, ver y callar, son cosas de gran preciar.* (Sbarbi) (ct) *Qui del mon vullga gojar, ha de oír, mirar y callar.* (Alberola)

10274. **O que du mundo gozar, ha d'oír, ver e calar.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo,OU)

10275. **O que fala de Roma, pronto se asoma.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)

10276. **O que fala por atrás, fala co cu.** [3539] (mc: Buciños)

10277. **O que falas no día, non fas no ano.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

10278. **O que máis fala, máis ten que calar.** (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)

10279. **O que máis fala, ten máis que calar.** (ms18,56r: *Vida Gallega*)

10280. **O que mal fala, a súa boca ensucia.** (mc: Tuiriz, Monforte)

[3534] ms4: *e falas tan só.*

[3535] V. *O borracho logo solta o que ten no papo* en *Vicios*.

[3536] mc: *todo o que poidas, todo o que tés, todo o que digan*. O refrán recollido por Jacinto del Prado non coincide exactamente co rexistrado por Vázquez Saco no mc.

[3537] Contén a indicación *Del mucho y poco hablar*.

[3538] ms4: *d'este mundo*.

[3539] ms: *fala co cf....*

Ha de llevar carne de puerco para que le dé sustancia.

10673. **O caro é o que sabe.** (mc: A.S.A.)

(pt) *Caro custa o que bem sabe.* (Chaves)

10674. **Ó comer as morcillas rinse a nai i-as fillas, i-ó pagar todas son a chorar.** (ms5,121: Trapero)

10675. **Ó comer castañas e papas sempre anda o cu a fragatas.** [3632] (mc: Carballino)

10676. **O comer é de animales, i-o beber, de ánxeles.** [3633] (mc: Buciños)

Inventado, sin duda, por un devoto incondicional de Baco.

10677. **O chocolate ben sabido, tres veces fervido.** (ms10,050r: Silvarrey)

10678. **O chocolate non quere ser mui cocido sinón ben remexido.** (ms8,65r: Silvarrey)

10679. **O chocolate, pra ben saber, tres cousas ha de ter: espeso, que ola, e quente.** [3634] (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

10680. **O chourizo, nin antes do mes nin despois dos tres.** (ms-LU: seminarista anónimo: Sober, LU)

10681. **O día que non che dean de cenar ¿que almorzo che van a dar?** (ms-SA: Alfonso Fernández Barros: Santa Eulalia de Oeste, Catoira, PO)

10682. **O Entroido é un lavadurán, que come máis carne que pan.** [3635] (mc: *Sandiás*-U.S. / ms)

10683. **O facer unha fumada éche afumar unha chourizada.** [3636] (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

[3626] ms e ms4: *estás pra asar*.
[3627] ms4: *con tomates*. / En ms10 s.v. *Tomates*.
[3628] *O arroz, o juiso e o pepino nacen na ajua e morren no vino*.
[3629] ms: *cuciñeira*.
[3630] ms10: *bo tempo*. / En ms10 s.v. *Tiempo*.
[3631] ms: *y-a poder*; ms-LU: *com'o demo, com'o inferno, com'on ánxel*.

[3632] ms: *anda o c... a fragatas*.
[3633] ms: *y o beber*.
[3634] ms4 e ms15,47r: *espeso, oula e quente*.
[3635] mc: *A entroido*.
[3636] *O facer una fumada ehe afumar una chourizada*.

10684. **O fogo guisa a ola, e non moza orgullosa.** (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

(es) *Fuego guisa olla, que no moza orgullosa.* (Correas)

10685. **Ó fretir os ovos xa se verán as cascas.** [3637] (mc: Tuiriz, Monforte)

10686. **O gordo, ou comeu ou come.** [3638] (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)

Porque *palleiro sin palla, non se fai*.

10687. **O labrador ten cumprido con poñer caldo e cocido.** [3639] (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

Aunque en los días de fiesta, se echa la casa por la ventana.

10688. **Ó lacón i-ó touciño dálle con viño.** [3640] (ms15,18r)

10689. **O lamber non é comer.** (mc: M.L.2)

10690. **O lamber non é encher.** (ms8,17r: Silvarrey)

10691. **Ó leite con auga non hai que lle valga.** [3641] (mc / ms4: F.V.S.)

10692. **O leite fresco está no cesto.** (mc: A.N.)

10693. **O leite sin pan fasta a porta vai.** (ms18,74r: A.S.A.)

10694. **O lume é media mantenencia por diante; e por tras é mantenencia inteira.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10695. **O lume é media mantenza; e, sobre cea, mantenza enteira.** [3642] (mc: M.V. / ms21,25v: Bermés / ms-LU: Dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo)

(pt) *O fogo é meia mantença, e o dormir outra meia.* (Chaves) (es) *El fuego es media vida.* (R. Marín)

10696. **O marrau de tres semanas i-o cabrito dun mes.** [3643] (mc: Buciños)

(pt) *Porco dum ano, cabrito dum mês e mulher dos dezoito aos vinte e três.* (Chaves) (es) *El cabrito, de un mes y el cordero, de tres.* (Sbarbi)

Es cuando están mejor para comerlos.

10697. **Ó medio pan se come.** (mc: Buciños)

10698. **Ó mediodía caldo na pía: si máis tuvera, máis comía.** (ms8,25v: La Cañiza)

10699. **Ó meu prato excusa vir o gato.** (mc: Incio)

10700. **O ovo e a avelán, conforme veñen, van.** [3644] (mc: M.V. / ms21,24v: Bermés)

10701. **O ovo quer sal e solo.** (ms15,16)

10702. **O pan d'Astorga, moito na mau e pouco n'andorga.** (ms-LU: Recaredo de la Fuente Pérez: Pombeiro, Pantón, LU (04-10-1951))

El pan de Astorga no está muy esponjado, parece muy bien y representa mucho; pero luego al comerlo no harta, y para hartarse hay que comer más cantidad que si fuera de otro pan (centeno por ejemplo).

10703. **Ó pan duro, dente agudo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10704. **O qu'está gordo, ou comeu ou come.** [3645] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10705. **O qu'está na casa allea, xanta e non cea.** (mc: Buciños)

10706. **O que a pelos mira, nunca carne come.** (ms12,70: Lugo)

10707. **O que arrota, farto está; si máis lle dan, máis comerá.** (ms9,10r: Meda, Tuiriz)

10708. **O que atrás viñera, comerá do que trouxera.** [3646] (mc: Santiago)

10709. **O que aúna no san Xuan, o[u] é tolo ou non ten pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

10710. **O que bebe moito viño, faise un bo borrachiño.** (mc: Santiago)

10711. **O que ben come, ben vive.** (mc: R. Caruncho)

10712. **O que ben me sabe, na boca me cabe.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

10713. **O que ben sabe, pola boca cabe.** (mc: Meilán)

10714. **O que come allos, cheira a eles.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(pt) *Quem não come alhos, não cheira a eles.* (Chaves)

10715. **O que come caldo sin grasa, come pan sin tasa.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Corgo, LU)

10716. **O que come con navalla, come máis que traballa.** (mc / ms4: F.V.S.)

10717. **O que come de pé, nunca farto se ve.** (mc: Feans, La Coruña)

10718. **O que come e non convida, mand'o rei que lle quiten a vida.** (ms21,14v: Bermés)

[3637] ms: *freir*.
[3638] V. tamén *Obesidad*.
[3639] ms e ms4: *poñer o caldo y o cocido*.
[3640] *O lacón y o touciño, dalle con viño*.
[3641] ms: *quen lle valga*.
[3642] ms: *mantenenza* / ms-LU: *Lume é, sobr'a cea*.
[3643] ms: *y-o cabrito d'un*; mc: *somanas, cabirto*.
[3644] ms21,24v: *y'avelán*.
[3645] V. tamén *Obesidad*.
[3646] mc: *O que tras viñera comera do que trouxera*.

10719. **O que come e non convida, manda o rei que lle saquen a vida.** (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)

10720. **O que come e non promete, na barriga se lle espete.** (mc: Chantada)

10721. **O que come e o bebe, escusa bulsa que llo leve.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

10722. **O que come fabas sin lavar, come terra sin pensar.** (ms8,43v: Silvarrey)

10723. **O que come o pan e bebe viño, solta moito diñeiriño.** (mc: Santiago)

10724. **O que come o paxaro antes do maio, anda agudo coma un pagagaio.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)

10725. **O que come pan e bebe moito viño, é un bon borrachiño.** (ms: Santiago)

10726. **O que come paxaros antes de maio, pasa alegre todo o ano.** [3647] (mc: Tuiriz, Monforte / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

Var.: *O que come paxaros antes de maio, anda contento como un papagaio.* (ms15,41: Sober)

10727. **O que come sólo o seu, non pode comer do alleu.** (ms15,18r)

10728. **O que che comeu a carne, que che coma o óso.** [3648] (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

Var.: *Quen come a polpa, que lle roa os ósos.* / *Quen lle come a polpa, que lle roa os ósos* (mc / ms18,65r: Villamayor de Negral)

(pt) *Quem come a carne, que lhe roa o osso.* (Chaves) (es) *Quien coma la carne, que roa el hueso.* (Sbarbi) Semejante a: *El que está a las verdes que esté a las maduras.* (Bergua)

Han de gozarse las conveniencias y provechos, con sus cargas y penalidades.

10729. **O que de noite come cebola, pola mañá ten cara de mona.** (mc: M.L.2)

10730. **O que de berzas se mantén, pouca forza e grasa ten.** (ms8,78v: Betanzos)

10731. **O que é de mel, cómeno as moscas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10732. **O que é duro de cocer, malo é de comer.** [3649] (mc: Santiago)

10733. **O que en san Juan come cabra i-en outono galiña, come todo o ano morriña.** [3650] (ms: Velle)

10734. **O que fala do cuitelo, ten gana do pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Cádavo, A Esperela, Baleira, LU)

10735. **O que máis engorda, é o que con máis gusto se come.** (mc: Buciños)

(es) *Lo que me sabe me engorda.* (R. Marín)

10736. **O que menta o coitelo, ten gana de pan.** (mc)

Var.: *O que nombra o coitelo, ten gana de pan.*

10737. **O que moito bebe, logo se enche.** (mc: Santiago)

10738. **O que moito come, nunca se enche.** (mc: Santiago)

10739. **O que moito come, pouco aforra.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

10740. **O que moito come, pouco engorda.** (mc: Santiago)

10741. **O que non bebe viño nin come grasa, come pan sin tasa.** (mc: Tuiriz, Monforte)

10742. **O que non bebe viño, non ten cariño.** (ms8,16r: Silvarrey)

10743. **O que non comeu allos, non cheira a eles.** [3651] (mc e ms4: G.S. y A. / ms e ms4: J.P.)

(pt) *Quem não come alhos, não cheira a eles.* (Chaves)

10744. **O que non come, non aforra.** (mc: Buciños)

(es) *El que no come, su casa descompone.* (Castillo)

El que no gasta en comer, lo gastará con creces en médicos y medicinas.

10745. **O que non come, non caga.** (mc e ms: Buciños)

(es) *El que no come, no puede cagar.* (Sbarbi)

Lo aplica en sentido figurado: el que no posee no puede dar. (ms)

10746. **O que non quer caldo, sete cuncas.** (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)

(es) *A quien no quiere caldo la taza llena -o taza y media.* (R. Marín) / *A quien no quiere caldo, tres tazas, y la última, rebosando.* (Id.)

Se aplica a las personas a quienes se obliga a realizar una cosa que repugna.

10747. **O que non quer caldo, sete tazas.** (mc: *Terra de Melide* / mc e ms: V.R. y A.R.)

(es) *A quien no quiere caldo la taza llena -o taza y media.* (R. Marín) / *A quien no*

[3647] ms: *mayo*; ms-LU: *todo ano*.
[3648] ms4: *os osos*.
[3649] mc: *O que duro de cocer*.
[3650] *O que en San Juan come cabra, y en outono galiña, como todo o ano morriña.*
[3651] mc: *come*. Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *comeu*.

quiere caldo, tres tazas, y la última, rebosando. (Id.)

10748. **O que non quere caldo, danlle tres tazas.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

10749. **O que non quere unha cunca, dánselle dúas.** [3652] (mc: Santiago)

10750. **O que non quere unha taza, se lle dan dúas.** (ms-SA: Luís Vázquez Veiga)

10751. **O que non se farta a comer, menos se farta a lamber.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10752. **O que non se farta a comer, tampouco a lamber.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)

10753. **O que non se farta a encher, a lamber...** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

10754. **O que non se farta comendo, tampouco se farta lambendo.** (mc: M.V.)

10755. **O que non ten muela, ten güela.** (mc: Carballedo-F.V.S.)

El que no puede masticar, traga.

10756. **O que non teño de muela teño de güela.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / ms-SA: seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)

10757. **O que nunca comeu galiña, un paxaro lle pon medo.** (mc e ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)

10758. **O que poidas facer hoxe, non-o deixes pra mañá, exceuto a comida, se non tes gana.** [3653] (mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

10759. **O que primeiro almorza, é o que come a tona.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

10760. **O que queira comer morriña, coma carne en xaneiro e en maio galiña.** [3654] (ms-SA: Manuel Vázquez Formoso: Serres, Muros, C)

10761. **O que queira comer morriña, coma carneiro en xaneiro e en maio galiña.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10762. **O que queira comer morriña, coma carneiro en xaneiro ou en maio galiña.** [3655] (mc: M.V.)

(es) *Quien come gallina en mayo, la come para su daño.* (R. Marín)

10763. **O que queira ter morriña, coma en xaneiro carneiro i-en maio galiña.** [3656] (ms21,10r: Bermés)

Var.: *O que queira comer morriña, coma en xaneiro carneiro y-en maio galiña.* (ms21,10r: Bermés)

10764. **O que queira ter parte no pote alleu, ten que destapar o seu.** [3657] (mc / ms4: F.V.S.)

Hay que dar para recibir: *Maus que non dades ¿que buscades?*

10765. **O que repara en pelos, nunca come carne.** (mc)

10766. **O que se come, non se loce.** (mc: M.L.)

10767. **O que se fai de mel, as moscas o comen.** [3658] (mc: J.P.)

Var.: *Quen se fai de mel, cómeno as abellas.* (C.A.)

(pt) *Fazei-vos mel, comer-vos-ão as moscas.* (Chaves) (es) *Quien miel se hace, moscas le comen.* (Correas) / *El que se hace de miel le pican las moscas.* (Bergua)

Fácilmente se abusa del demasiado bonachón y transigente.

10768. **O que tarde viñere, coma do que trouxere.** [3659] (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

10769. **O que ten avea, non pasa sin cea.** (mc: M.V. / ms21,20r: Bermés)

10770. **O que ten bigote, bebe dúas veces.** (mc / ms4: F.V.S.)

10771. **O que ten fame de pan, fala do coitelo.** (mc: Fonsagrada-F.V.S.)

(es) *Quien tiene hambre, de pan trata* (o *habla*). (Sbarbi)

10772. **O que ten fame e non come, é porque non pode.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

10773. **O que ten vergonza, quédalle a barriga sonsa.** (mc: Santiago)

10774. **O que vai pró burro e pró ferreiro, almorce e xante primeiro.** (ms21,13v: Bermés)

10775. **O que veza os grelos, lambe os dedos.** (mc: Buciños)

[3652] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

[3653] ms e ms4: *poidas, non o, mañana*.

[3654] *O que queira comer morriña coma carne en xaneiro e en mayo galiña*.

[3655] ms4: *e en Mayo*.

[3656] *O que queira* (*comer*) *ter morriña coma en xaneiro carneiro y'en mayo galiña*.

[3657] V. *Donaciones* (*Conveniencia del dar*).

[3658] mc: *cómeno as moscas*. Jacinto del Prado rexistra o refrán só coa forma *as moscas o comen*. A diferenza con respecto ó que se recolle no mc parece deberse a un erro de transcrición de Vázquez Saco.

[3659] ms-LU: *tarde viñera*.

Plato que cuenta con muchos aficionados, cuando están en sazón y se les prepara bien; y mejor aún cuando se sirven con el clásico lacón.

10776. **Ó señor abade o fuciño do porco gustaralle.** [3660] (mc: Santa Comba, Lugo)

10777. **O soplar quere beber.** (ms9,13r: Lugo)

10778. **O touciño en outono cómeo seu dono.** (mc: Otero de Rey)

10779. **O touciño non é de ovella.** (ms, ms15,21 e ms17,001: Cebrero)

10780. **O último pan que vai pró forno é o primeiro que sale.** (mc: Cotá, Lugo)

Aplicación curiosa del proverbio bíblico: *Los últimos serán los primeros*.

10781. **O viño barato saca o carto do farrapo.** (mc: M.V.)

Porque se bebe más.

10782. **O viño barato sácache o carto do trapo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

10783. **O viño con pasión tira esta do corazón.** (mc: M.V.)

10784. **O viño dicen que non é bon, pero fai algo: entra mouro e sale blanco.** (ms5,056: Silvarrey)

10785. **O viño é fillo da cepa torta: a unhos déitaos i-a outros non lles deixa atopar a porta.** [3661] (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

10786. **O viño leva o home por mal camiño.** (mc: Santiago)

10787. **Ofrecer unha fumada éche afumar unha chourizada.** (mc: Santiago)

10788. **Ola que moito ferve, sabor perde.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10789. **Ola que moito ferve, sazón perde.** (ms15,18r / ms10,072r: *D.E.*)

10790. **Os caracoles de abril, pra min; os de maio, pra meu amo.** (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *Quien come caracoles en abril, apareje cera y pabil* (o *prepárese a morir*). (Sbarbi) / *Caracol de mayo, candela en la mano.* (Correas)

Porque es enfermo manjar (Correas). No está conforme, en cuanto a la primera parte el correspondiente cast.

10791. **Os chourizos, nin comelos nun mes nin que pasen tres.** [3662] (ms-LU: seminarista anónimo: O Incio, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

10792. **Os que aúnan en san Xoán, ou morrer queren ou non teñen pan.** (ms21,14v: Bermés)

10793. **Os sesos, os riles i-a paxarela con iles.** [3663] (mc)

Todo junto se vende en Castro Caldelas.

10794. **Ouserve no viño o bon probador o gusto, cheiro, súa forza e color.** [3664] (ms4: J.P.)

10795. **Pan adentado non se pon na mesa.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

10796. **Pan balorento, meu contento.** (mc / ms4: F.V.S.)

(pt) *Pão bolorento, abre-me a boca e mete-m'o dentro.* (Chaves)

10797. **Pan comido non ten sustancia.** (mc / ms4: F.V.S.)

10798. **Pan con viño, onde non te chamen non metas o fuciño.** (ms15,15)

10799. **Pan de Astorga, moito na man e pouco na andorga.** (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *El pan de Astorga mucho en la mano y poco en la andorga.* (Sbarbi)

10800. **Pan e unto, todo vai xunto.** (mc: Santiago)

10801. **Pan encetado non ten torna.** [3665] (mc: M.L. / ms10,080r: *D.E.*)

Var.: *De pan encetado, calquera pilla un bocado.* (ms4: M.L.)

10802. **Panza chea, sea de pan sea de area.** (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *Panza llena, no tiene pena.* (R. Marín)

Porque *panza llena, no tiene pena*.

10803. **Papas con leite de Xun** [sic] **por riba, tírate, galán, de barriga arriba.** [3666] (mc: Tuiriz)

Var.: *Papas de orxo con leite por riba, tírate, galbán, de pernas arriba.* (Pallares López, Manuel-Ramiro, *Vocabulario do concello de Paradela* (*Lugo*), páx.84)

10804. **Papas sin leite á noite en aúnas, saben que rabean.** (ms6,05v: Frai Prudencio, *Paliques*)

[3660] ms4: *fociño de porco*.
[3661] ms: *e a outros*.
[3662] ms-LU (Galicia): *churizos, pasen de*.
[3663] ms: *y a paxarela*.
[3664] É probable que sexa unha máxiima da autoría de Jacinto del Prado máis ca un refrán de tradiciión popular.
[3665] ms10: *non te torna*.
[3666] Neste caso permitímonos inserir como variante un refrán publicado recentemente que nos permite supoñer cal era a forma real dese extraño refrán. En Pallares López, M.-R., *Vocabulario do concello de Paradela* (*Lugo*), Servicio de Publicacións Deputación Provincial de Lugo, (1990); aparece este refrán coa seguinte explicación: *Son as de fariña de cebada peneirada. Non gardan fartura e logo abagan, así que un traballador necesita millor almorzo*. (páx. 251).

10805. **Para comer nadia se poña amarelo.** (mc: Santiago)

10806. **Para mañán, se queres comer, garda pan.** [3667] (mc: Buciños)

10807. **Patacas con bacalao é comida de testigos falsos.** (ms / ms15,45v: Fraguas en *Vida Gallega*)

10808. **Pedro Blas, xa comiches, xa te vas.** (mc: Bagueixos, Lugo-F.V.S.)

10809. **Penso máis en que estou famento cós abogados en estar cheos.** (ms10,050r: Silvarrey)

10810. **Picar e beber, según ter.** (mc: Pidre-F.V.S.)

10811. **Polo Antroido hasta o can e o gato estrincan o coiro.** (mc: Santiago)

10812. **Polo Carnaval anda o touciño a raal.** [3668] (mc, ms-SA: Leonardo Carro Rodríguez: Vilaño, A Laracha, C)

10813. **Polo pan baila o can.** [3669] (mc: Velle)

(pt) *Por dinheiro baila o cão e por pão se lho dão.* (Chaves) (es) *Por pan baila el perro, que no por su dueño.* (Ricart) / *¿Quieres que baile el can? Dale pan.* (Id.) / *Por el pan baila el can.* (R. Marín) (ct) *Pel pa balle el ca.* (Id.) / *Pel dineret balle el gosset.* (Id.)

10814. **Polo que non como nin bebo, que ansia teño.** (mc: Orense)

10815. **Por primaveira ó pescado e no inverno estofado.** (ms4: J.P.)

10816. **Por riba de mel filloas.** (ms21,31r: Bermés)

10817. **Por un garbanzo non se perdeu o pucheiro.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *Por un garbanzo no se descompone la olla.* (Bergua) (ct) *Per un nap, no's deixa de còure l'òlla.* (Alberola) / *Per un nap, no's deixa de cuynar l'olla.* (R. Marín)

Se dice cuando una persona disiente del parecer común.

10818. **Por un puñado de fariña non queden as papas raras.** (mc: M.V.)

A donde va lo más, vaya lo menos.

10819. **Por unha faba non se vai perder o caldo.** [3670] (mc: Buciños)

Como el anterior.

10820. **Por unha pouca de fariña non queden as papas raras.** [3671] (ms21,31r: Bermés)

10821. **Por unha pouca de fariña que non queden a papas blandas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pontevedra, PO)

10822. **Por unha presa de fariña non deixar as papas raras.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

10823. **Por unha presa de fariña, que non queden as papas raras.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

10824. **Por unha presada de fariña non queden as papas raras.** [3672] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10825. **Pote ó lar, hom'andar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Montecalvo, Marzán, Monterroso, LU)

10826. **Pote ó lar, mozolo a andar.** (ms10,049r: Pidre)

10827. **Pouco aceite dan por un carto.** (mc: M.V. / ms21,21v: Bermés)

10828. **Pouco fel fai amargo moito mel.** [3673] (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO / ms10,019r: *D.E.*)

10829. **Pra boa fame non hai mal pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Sindrán, Monforte de Lemos, LU)

10830. **Prá boa fame non hai pan podre.** (ms21,17r: Bermés)

10831. **Prá fame non hai mal pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

10832. **Prá fame non hai pan podre.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)

(pt) *Para a fome, não há pão duro.* (Chaves) (es) *Para el hambriento el pan de diez días es pan tierno.* (R. Marín)

10833. **Pra fame non hai pan ruín.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10834. **Prá fame non hai ruín pan.** (mc: Pidre)

(es) *Para el hambre no hay mal pan.* (R. Marín)

10835. **Prá perdiz i-o coello, o millor, viño vello.** [3674] (ms21,06v: Bermés)

10836. **Pró bon dente non hai ruín pan.** (mc / ms4: F.V.S.)

Véase *A boa fame...*

10837. **Pró ferreiro e prá parada almorza e xanta primeiro.** (mc / ms4: F.V.S.)

[3667] ms: *si*.

[3668] *Polo carnabal anda o touciño a raal*. / mc: *anda o touciño a soal*.

[3669] V. tamén *Vicios* e *Menea o rabo o can, non por ti sinón polo pan* en *Agrícolas* (*Animales*).

[3670] ms: *perdel-o caldo*.

[3671] *Por un'ha pouca de fariña non queden as papas raras*.

[3672] *Por un'ha presada de fariña non queden as papas raras*.

[3673] ms-SA: *Pouca fel, amarja moita mel*. En ms10 s.v. *Hiel*.

[3674] *Pr'a perdiz y'o coello o millor viño vello*.

10838. **Pucheiro a ferver, tu a botar i-eu a comer.** [3675] (mc: Tuiriz, Monforte)

10839. **Que chova que neve, o que coma pan bebe.** [3676] (mc: Pombeiro)

10840. **Que chova que neve, o que come, bebe.** [3677] (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

10841. **Quen a manteiga mesura, as maus unta.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(pt) *Quem azeite mede, as mãos unta.* (Chaves) */ Quem o mel trata, sempre se lhe pega.* (Id.) */ Quem trás mãos na massa, sempre se lhe pega dela.* (Id.) (es) *Quien aceite mesura, las manos se unta.* (R. Marín) (ct) *Qui òli mesura, els dits s'unta.* (Alberola)

Con aplicación figurada a los que administran lo ajeno.

10842. **Quen atopa tallada de carne, que coma e que cale.** [3678] (mc: M.L. / ms10,124r: *D.E.*)

10843. **Quen ben almorza, escusa o xantar.** [3679] (mc e ms: J.P.)

Var.: *Quen ben almorza, escusa o xantar.* (A.S.A.)

10844. **Quen canta na cama e asubía na mesa, sinal de pouca cabeza.** (mc: Buciños)

Var.: *Quen come na cama e asubía na mes, señal de pouca cabeza.* (ms4: F.V.S.) / *Quen come na cama e canta na mesa, señal de pouca cabeza.* (ms4: F.V.S.) [3680]

Véase *Quen come e canta...*

10845. **Quen come caldo sin grasa, come pan sin tasa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

10846. **Quen come do pote alleu, tenlle que quitar o testo ó seu.** [3681] (mc: Tuiriz)

(pt) *Quem come emprestado, come do seu saco.* (Chaves) (es) *Quien come de emprestado, come de su saco.* (R. Marín)

Véase *O que queira ter parte no pote alleu...*

10847. **Quen come e canta, un sentido lle falta.** (mc: Sarria)

(pt) *Quem canta na mesa e dansa no leito, é tolo perfeito.* (Chaves) (es) *Quien comiendo canta, si no está loco, poco le falta.* (R. Marín) */ El poco seso canta en la mesa y silba en el lecho.* (Ricart) */ Quien come y canta, de locura se levanta.* (Id.) / *Quien come y canta, si no está loco poco le falta.* (Ricart) */ Quien come y canta, un sentido le falta.* (Id.) (ct) *Qui canta a taula i xiula* (balla) *al llit, no té el seny gaire complit* (*aixerit*). (Ricart) */ A quien al comer está cantando, en la casa de los locos le están esperando.* (Ricart) / *Qui canta a la taula i xiula al llit, o no té seny o el té molt petit.* (Id.) */ Qui canta a la taula i xiula al llit, digau que té el seny petit.* (Id.)

10848. **Quen come e condesa, dous meses pon mesa.** (mc: J.P.)

(pt) *Quem come e deixa, duas veces põe a mesa.* (Chaves) (es) *Quien come y condesa* (o *deja*)*, dos veces pone mesa.* (R. Marín)

10849. **Quen come fiado, caga mazarocas.** [3682] (mc: F.B.B.)

10850. **Quen come pola mau doutro, come moito e engorda pouco.** [3683] (mc: A.I.)

Véase *O que come pola mau de outro...*

10851. **Quen come sin conta, vive sin honra.** (mc: S.P.P.-*Ultreya*)

(pt) *Quem gasta sem conta, vive sem honra.* (Chaves)

10852. **Quen come un ovo sin sal, tamén come a nai.** (mc: Borragueiros)

(es) *Quien se come un huevo sin sal, se come a su madre si se la dan.* (Castillo) */ Quien se come un huevo sin sal ¿qué no se comerá?* (Id.) (ct) *Qui menja un òu sense sal, no's menjará a sa mare.* (Alberola)

Dado su buen apetito, se comería también la gallina.

10853. **Quen comeu a carne, que coma o óso.** [3684] (mc: M.V.)

(pt) *Quem come a carne que lhe roa o osso.* (Chaves) (es) *Quien come la carne, que roa el hueso.* (R. Marín)

Como: *O que che comeu a carne...* y *Quen come a polpa...*

[3675] ms: *y eu*.

[3676] V. *Que chova que neve, quen ten sede bebe* en *Despreocupación*.

[3677] V. *Que chova que neve, quen ten sede bebe* en *Despreocupación*.

[3678] ms4: *que a coma*; ms4 e ms10: *atope*. / En ms10 s.v. *Tajada*.

[3679] mc: *excusa xantar*; ms: *escusa xantar*. Jacinto del Prado rexistra o refrán coa forma *escusa o xantar*.

[3680] ms4: (*o silba*).

[3681] ms: *alleo*.

[3682] ms: *c... mazarocas*.

[3683] ms: *d'outro*. / V. *O que come pola man doutro, come moito e engorda pouco* en *Pobreza* (*Carencias y fatigas del pobre*).

[3684] ms4: *que roa o oso*.

10854. **Quen con fariña anda, branco di.** (mc / ms4: F.V.S.)

10855. **Quen che come a freba, que che roia o óso.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10856. **Quen detrás da ensalada non bebe, non sabe o que perde.** (mc: Meilán-Lugo)

(es) *Quien tras la ensalada no bebe, no sabe lo que pierde.* (Bergua) / *Quien tras ensalada no bebe, no sabe lo que pierde.* (Sbarbi)

10857. **Quen moito come, logo para.** (mc: Buciños)

(es) *Quien mucho come, poco come.* (Correas)

Porque enfermará o morirá pronto.

10858. **Quen non merenda, á cea o enmenda.** (mc: Meilán, Lugo)

(es) *Quien no merienda, a la cena lo enmienda.* (R. Marín)

10859. **Quen non merenda, á cena enmenda.** (mc: Buciños)

10860. **Quen non teña, que che dé; que eu agora teño, e non dou: cando tuven, xa dei, agora que teño, non dou.** (mc: Lalín)

Curioso refrán-adivinanza, en el que se juega con las frases *tener fame* y *tener qué dar. Quen non teña fame, que che dé; que eu agora teño fame, e non che dou...*

10861. **Quen queira ver as huchas baleiras, coza o pan en tortas i-o viño en botas.** [3685] (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

10862. **Quen todo é mel, cómeno as abellas.** (mc e ms4: A.S.A. / ms4: J.P. / ms21,07r: Bermés)

(es) *Quien todo es miel, cómenle las abejas.* (Bergua)

Véase *O que se fai de mel, cómeno as moscas*. Dice que se suele abusar del bueno.

10863. **Quen aúna por san Xuan, ou é tolo ou non ten pan.** [3686] (mc: M.V. / ms-SA: Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C)

(es) *Quien ayuna por San Juan, o es bobo o no tiene pan.* (R. Marín)

10864. **Raro no pote e basto na taza.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10865. **Sábado longo, acábate axiña, para comer os ovos da buratiña.** [3687] (mc)

10866. **Saben tódolo que bebo e non a sede que teño.** [3688] (mc: M.V.)

Var.: *Saben todos o que debo* [sic] *e non a sede que teño.* (ms21,28v: Bermés)

(es) *Miráis lo que bebo, y no la sed que tengo.* (Sbarbi)

Reprende a los que censuran las medras ajenas, sin considerar los trabajos que cuesta lograrlas.

10867. **Se non ves limpieza na roupa, tampouco a verás na cazola.** (ms15,13)

10868. **Se queres que o caldo che salga bon, reméxeo con lacón.** (ms8,24r: Silvarrey)

10869. **Se tes boa mesa, non rasques a artesa.** [3689] (mc: Pol)

10870. **Se tes gana, vaite prá cama.** [3690] (mc: Santiago / ms-SA: Jesús Tanoira Figueira: Setecoros, Valga, PO)

10871. **Se (o caldo) está bo, come pouco; se está malo, come moito.** (ms-SA: Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C)

10872. **Sea de palla, sea de area, a barriga sempre chea.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

10873. **Sea de palla, sea de area, a miña barriga ande chea.** (mc: Carballedo)

Var.: *Sea de palla, sea de area, a barriguiña que vaya chea.* (ms4: F.V.S.) / *Seña de pan, seña de area, a miña barriga que ande chea.* (ms4: F.V.S.)

(es) *U de paja u de heno, mi vientre lleno.* (Correas)

10874. **Sea de pan, sea d'area, ande sempre a barriga chea.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)

10875. **Sempre que como sopas, vou ris por ras.** (mc: Buciños)

A la medida.

10876. **Sempre sucede irse o comido polo servido.** (ms: F.V.S.)

(pt) *Vai-se o comido pelo servido.* (Chaves)

(es) *Lo comido por lo servido.* (Correas)

10877. **Seña de palla, seña de avea, ande a barriga chea.** [3691] (mc: C.G.)

(es) *De paja o de heno, el vientre lleno.* (Sbarbi)

10878. **Seña de pan, seña de area, a miña barriga ande chea.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

[3685] ms: *y-o viño*.
[3686] ms-SA: *ayuna, Xoan*.
[3687] ms: *pra comer*.
[3688] *Saben tódolo que bebo* por *Saben todos o que bebo*.

[3689] *Se tes boa mesa, non raques a artesa*. / mc: *Si tes boa mesa*.
[3690] ms-SA: *pa cama*.
[3691] ms4: *a barriguiña*.

10879. **Seña de pan, seña de area, a miña barriguiña ande chea.** (mc: Buciños)

10880. **Seña de papas, seña d'area, o caso é qu'ande a barriga chea.** (ms-LU: seminarista anónimo: Baldomar, Begonte, LU)

10881. **Señora María, señor Manuel, castañas asadas e viño con mel.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

10882. **Sete clases de cabra había no casamento da miña María: cabra cocida, cabra guisada, cabra estofada, cabra asada, cabra mechada, cabra con arroz i-arroz con cabra.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

10883. **Sete clases de cabras había no casamento da miña María: cabra cocida, cabra asada, cabra estofada, cabra guisada, cabra mechada, cabra con arroz e arroz con cabra.** (mc: Buciños-F.V.S.)

10884. **Si comes verdura o martes de Carnaval, cómente as moscas todo o ano.** [3692] (mc, ms e ms4: Carballedo)

Vana preocupación supersticiosa.

10885. **Si fago rosario e non se me vai, bébeme e, se non, págame e déixame.** (ms8,69r: Silvarrey, Nemesio Villamarín González)

Nemesio Villamarín González: chófer de aviación en Llanes. Escuela de vuelos sin motor.

10886. **Si o porco voara, non había ave que lle igualara.** [3693] (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

Var.: *Das aves, a perdiz, a mellor a codorniz; e se o porco voara ¿quen lle ganara?* (ms15,42: Valle del Mao)

10887. **Si o río da presa levara coñá, máis de catro pelmas ibades pra alá.** [3694] (mc: Santiago)

10888. **Si queres comer ben, faino de sartén.** [3695] (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

10889. **Si reza sin tocarlle, é que é boa.** (ms15,09: Navea, Trives)

Se refiere al aguardiente.

10890. **Si tes sede, mexa e bebe.** (mc: Santiago)

10891. **Sin beber e sin comer non hai placer.** (mc: Buciños)

(pt) *Sem comer, não há prazer.* (Chaves)
(es) *Sin comer y sin beber, no hay placer.* (R. Marín)

10892. **Sobre mel, filloas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

10893. **Sopa de viño non emborracha pero alegra de máis a rapaza.** (ms15,12)

10894. **Sopa en viño non emborracha; neto e medio non fai mella; el vento non fai ¿que é esto que abanea?** (ms8,51r: Marín)

10895. **Sopas de sartén son porcas pero saben ben.** (ms15,12)

10896. **Sopas e pan dúas casas desfán.** (mc: Biville / ms4: D. Basilio-F.V.S.)

10897. **Tan bo é o caldo como a lavadura.** (mc)

10898. **Tanto dá comer como estar comendo.** (mc: M.V.)

10899. **Tanto dá touciño como soá.** (mc: M.L.)

10900. **Ti non comes máis que dos ovos as cascas.** (mc: Pidre-F.V.S.)

10901. **Toca o tan, hai que ir ó man.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)

Toca a campá, hai que ir manducar.

10902. **Todo bicho quere comer.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

10903. **Todo canto pasa pola sartén, sale ben.** [3696] (ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)

10904. **Todo o que vai á sartén sabe ben.** (mc)

10905. **Todos dicen a agua que bebo pero nadie sabe a sede que eu teño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

10906. **Todos nós comemos roxós.** (mc: M.L.)

10907. **Todos saben o que bebo e non a sede que teño.** (ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

10908. **Toma sopa abondo á mañá que o xantar virá tarde ou non virá.** (ms15,12)

10909. **Tragadeiras non faltan: quen coma hai.** (mc: Buciños)

10910. **U que nun quere unha taza, dánselle sete.** [3697] (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

10911. **Un día de fame non é fame.** (ms5,057: Silvarrey)

10912. **Un ovo dáse a un cornudo, dous on criado, tres on home honrado e catro on mal educado.** [3698] (mc: Buciños)

[3692] ms e ms4: *no martes*.
[3693] V. *A millor das aves, o porco si voara* en *Agrícolas* (*Animales*).
[3694] ms: *ibades alâ*.
[3695] ms-LU: *Se queres*.
[3696] *Todo canto pasa poll'a sartén, sale ben*.
[3697] *U que nun quere un taza danselle sete*.

(es) *Un huevo es poco almuerzo; dos, algo son; tres, almuerzo es, y cuatro, ya es demasiado.* (Castillo)

10913. **Un pelo do lobo e do porco todo.** [3699] (mc: Buciños)

10914. **Unha comida no Entroido e unha cama no mes de agosto non fan mella.** [3700] (mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

10915. **Unha fartura tres días dura.** (mc: Neira de Rey)

10916. **Unhos comen a fruta aceda i-outros teñen a denteira.** [3701] (ms15,16)

10917. **Uns comen e outros queren comer.** [3702] (mc: Santiago)

10918. **Uñas, lacós e soás, honra de mesas, proveito de cas.** (mc: Páramo)

Como *Cacholas e soás* y *Entrecostos e soás...*

10919. **Uñas, lacós, cacholas e soás, honra de mesas e proveito de cas.** (ms8,35v: Castroverde)

10920. **Uvas, pan e queixo saben a beixo.** (mc: Carballedo)

(pt) *Uvas, pão e queijo, sabem a beijo.* (Chaves) (es) *Uvas y queso saben a beso.* (R. Marín)

10921. **Vai vento e o meu corpo pide alimento.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

10922. **Val máis comer e comichar, que non ver e desexar.** [3703] (mc: M.L.)

10923. **Val máis pan duro que consello de burro.** [3704] (mc: A.N. / m10,080r: *D.E.*)

10924. **Val máis unha boa enchente que sete lambiscadas.** (ms-SA: M. González Fernández)

10925. **Val máis unha chea que veinte lambucos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10926. **Vale máis comer que cuspir.** (mc: Santiago / ms4: F.V.S.)

(es) *Más vale beber que escupir.* (Correas) / *Más vale engullir que escupir.* (Id.)

10927. **Vale máis fraco no monte que cheo na casa e na boca do gato.** (ms21,30v: Bermés)

10928. **Vale máis un caldo mal amañado que un polo asado.** (ms5,029)

10929. **Vale máis unha chea que cen lambuscos.** [3705] (mc: A.N.)

10930. **Vale máis unha chea que sete lambuscos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

10931. **Vale máis unha farta que cen probas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

10932. **Vale máis flaco no souto que gordo nas mans doutro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

10933. **Vale máis fraco no saco ca gordo no papo do gato.** (mc: Buciños)

10934. **Varón pola noite, sin cena, non.** (ms-SA: M. González Fernández)

10935. **Berzas con unto i-a pota destapada, e nabizas con aceite i-a pota tapada.** (ms10,050r: Sober)

10936. **Berzas moitas non son troitas.** (ms8,32r: O. de Rey)

10937. **Vindo no mismo día, inda é comida.** (ms15,02: Silvarrey)

10938. **Viño a pasar, auga a fartar.** [3706] (mc: V.V.[sic] / ms4: M.V. / ms21,30r: Bermés)

(es) *El vino como el Rey y el agua como buey.*

Recomienda el uso moderado del vino, y libertad para beber agua, por ser esta muy sana.

10939. **Viño con pez bebe outra vez.** (mc: Buciños)

10940. **Viño puro e allo crudo fan andar o mozo aghudo.** [3707] (mc: Santiago)

10941. **Viño tinto con espuma blanca non ofrece desconfianza.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

Comida

10942. **Cando a grasa reza, o aceite cala.** (mc: G.P.)

10943. **Cociñeiro porco, amo gordo.** (mc: G.P.)

10944. **Con castañas asadas e sardiñas saladas n'hai ruín viño.** [3708] (mc: G.P. / ms21,30r: Bermés)

[3698] ms: *das'on cornudo*.
[3699] mc: *un pelo do labo*.
[3700] ms: *y*; ms-LU: *y-onha cama, d'agosto*.
[3701] *Unhos comen a fruta aceda y'outros teñen a denteira*.
[3702] ms: *comere*.
[3703] mc: *ver e deixar*.
[3704] ms10: *Vale máis pan*. / En ms10 s.v. *Pan*.
[3705] mc: *lambuscas*.
[3706] O local *V.V.* foi posiblemente un erro tipográfico de Vázquez Saco querendo escribir *M.V.*.
[3707] *Viño puro e allo crudo, fan andar o mozo ajudo*.
[3708] *Con castañas asadas e sardiñas saladas n'hay ruin viño*. / ms4: *Coas*; ms21,30r: *Non hay ruin*.

10945. **Por ben que che vaia non cóma-la baia.** [3709] (mc: J.A.P.)

HARINA. V. tamén *Comida*.

10946. **Achegador de cinza e esparexador de fariña.** (ms10,018r: *D.E.*)
10947. **Cando Dios dá a fariña, vén o demo e quítaa.** (ms10,018r: *D.E.*)
10948. **Comín fariña por engordar e saíume por cea e por xantar.** (ms10,018r: *D.E.*)
10949. **Derramando a fariña non se goberna a casa miña.** (ms10,018r: *D.E.*)
10950. **En saco de liño non léve-la fariña ó muíño.** (ms10,018r: *D.E.*)
10951. **Esparexador de fariña, recolledor de cinza.** (ms10,018r: *D.E.*)
10952. **Fai boa fariña e non toques a buguina.** (ms10,018r: *D.E.*)
10953. **Non ten razón o que xunta a fariña co relón.** (ms10,018r: *D.E.*)
10954. **Peneirar, peneirar, e nunca fariña sacar.** (ms10,018r: *D.E.*)
10955. **Por unha presa de fariña, que as papas non queden moles.** (ms10,018r: *D.E.*)
10956. **Quen con fariña anda, branco se pon.** (ms10,018r: *D.E.*)

HARTAZGO

10957. **A fartura sete faltas disimula.** (ms10,018v: *D.E.*)
10958. **Coa fartura calquera probe atura.** (ms10,018v: *D.E.*)
10959. **Fártate, comellón, co este bocado.** (ms10,018r: *D.E.*)
10960. **Farto está o carneiro que anda a topeñadas co seu compañeiro.** (ms10,018v: *D.E.*)
10961. **Fártome e dúrmome e volta a fartarme.** (ms10,018r: *D.E.*)
10962. **Máis vale ir farto á misa que en aúnas a vispras.** (ms10,018v: *D.E.*)
10963. **Non se doe o farto do que ten fame e non ten un carto.** (ms10,018v: *D.E.*)
10964. **Toma un ovo e fártate.** (ms10,018r: *D.E.*)

HECHO

10965. **Feito de vilán: tira-la pedra i-esconder a man.** (ms10,19r: *D.E.*)
10966. **Feito malo, ó corazón e ó corpo fai dano.** (ms10,19r: *D.E.*)
10967. **O feito non ten remedio pra non ser feito.** (ms10,19r: *D.E.*)
10968. **Ó feito, brazo e peito.** (ms10,19r: *D.E.*)
10969. **Ó feito, remedio e, ó por facer, consello.** (ms10,19r: *D.E.*)
10970. **Ó feito, rogo e peito.** (ms10,19r: *D.E.*)
10971. **O que está feito, peito.** (ms10,19r: *D.E.*)
10972. **Os feitos son os millores pregoeiros.** (ms10,19r: *D.E.*)

HERENCIA

10973. **O que non herda non medra.** (ms10,027v: *D.E.*)
10974. **O que o herda non-o furta.** (ms10,027v: *D.E.*)
10975. **O que se herda non se rouba.** (ms10,027v: *D.E.*)
10976. **Pora muestra conócese o paño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
10977. **Os cachos tiran ás olas.** [3710] (Jesús Vázquez: Sarria, LU)
10978. **Quen queira deixar despois de si quen o lembre, que prante un albre, que escriba un libro ou teña un fillo.** [3711] (ms: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
10979. **Sempre os cachos tiran ás olas.** [3712] (ms: M.L.)

HERMOSURA

10980. **A fermosa, ó desden, sempre parece ben.** (ms10,19r: *D.E.*)
10981. **A fermosura cómea a sepultura.** (ms10,19r: *D.E.*)
10982. **A fermosura moitas faltas disimula.** (ms10,19r: *D.E.*)
10983. **Non hai fermoso que non teña algo noxoso.** (ms10,19r: *D.E.*)
10984. **Non hai hermosura sin axuda.** (ms10,19r: *D.E.*)

HERRADURA

10985. **Con ferradura ou sin ferradura, coida ben á túa mula.** (ms10,19v: *D.E.*)
10986. **Ferra a besta lixeiro e andarás cabaleiro.** (ms10,19v: *D.E.*)

[3709] *Por ben que che vaya non comal-a baya.*

[3710] O orixinal di *Os cachos tiran as olas.*

[3711] Contén a indicación *Herencia*.

[3712] Contén a indicación *Herencia*. Ver *Os cachos mítanlle ás olas* en *Religiosos y morales* e *Os cachos imitan as olas* en *Familia. Parientes*.

10987. **Ferradura que chouqueletea, cravo lle falta.** (ms10,19v: *D.E.*)

HERRERO

10988. **Na casa do ferreiro todos adeprenden a machacar ferro.** (ms10,19v: *D.E.*)
10989. **Ó ferreiro, con barbas; e ás letras, con babas.** (ms10,19v: *D.E.*)
10990. **Quen polo aprendís deixa ó ferreiro, gasta o ferro e perde o diñeiro.** (ms10,19v: *D.E.*)
10991. **Se te casas cun ferreiro, tes que lavalo primeiro.** (ms10,19v: *D.E.*)
10992. **Ser coma o ferreiro de moito estronicio, que de tal machacar esqueceuselle o oficio.** (ms10,19v: *D.E.*)

HIDALGO

10993. **Fidalgo de mala morte, o que di pola mañán non-o cumpre pola noite.** (ms10,20r: *D.E.*)
10994. **Fidalgo honrado, antes roto que remendado.** (ms10,20r: *D.E.*)
10995. **Fidalgo probe, media de seda e caldeiro de cobre.** (ms10,20r: *D.E.*)
10996. **O bo fidalgo, primeiro roto que remendado.** (ms10,20r: *D.E.*)

HIEL

10997. **Fai tanta falla o fel como o mel.** (ms10,19r: *D.E.*)
10998. **Fel e mel son mester.** (ms10,19r: *D.E.*)
10999. **Non hai mel sin fel.** (ms10,19r: *D.E.*)
11000. **Quen che diu o fel darache o mel.** (ms10,19r: *D.E.*)

HIERBA (V. tamén *Prado*).

11001. **A mala herba non a come a xiada.** (ms10,027v: *D.E.*)
11002. **A mala herba non hai xiada que a leve.** (ms10,027v: *D.E.*)
11003. **Nin herba no trigo nin sopeita no amigo.** (ms10,027v: *D.E.*)

HIERRO

11004. **Cargado de ferro, cargado de medo.** (ms10,19v: *D.E.*)

HIGOS. V. tamén *Comida*.

11005. **Con figos bebe auga ou viño.** (ms10,20v: *D.E.*)
11006. **Con figos e brevas, auga bebas.** (ms10,20v: *D.E.*)
11007. **O que digo, digo, que a breva non é figo.** (ms10,20v: *D.E.*)
11008. **Ós figos, se son verdes, hai que darlles viño.** (ms10,20v: *D.E.*)

HIJOS

11009. **A filla dala a quen a pida, o fillo hase mirar a quen se ha de dar.** (ms10,20v: *D.E.*)
11010. **A filla mala, diñeiros e casala.** (ms10,20v: *D.E.*)
11011. **Cando a filla está casada, aparécennos os xenros.** (ms10,20v: *D.E.*)
11012. **Cando á tua filla lle viñera o fado, cásaa de contado.** (ms10,20v: *D.E.*)
11013. **Cando entrares na vila, amóstrame á nai e direiche quen é a filla.** (ms10,20v: *D.E.*)
11014. **Cando fores á vila, pregunta pola nai e saberás quen é a filla.** (ms10,20v: *D.E.*)
11015. **Casa o fillo co teu igual e non dirán de ti mal.** (ms10,20v: *D.E.*)
11016. **De bos e millores véñanlle á filla os rondadores.** (ms10,20v: *D.E.*)
11017. **Dispois da filla casada, veñen os xenros á porta.** (ms10,20v: *D.E.*)
11018. **Esta nosa filla non dá tino a naide, nin é mel nin fel nin vinagre.** (ms10,20v: *D.E.*)
11019. **Faltarálle a nai ó fillo, mais non o inverno ó curisco.** (ms10,20v: *D.E.*)
11020. **Filla deshonrada, nin viúda nin casada.** (ms10,20v: *D.E.*)
11021. **Fillo alleo, méteo pola manga e sairache polo seo.** (ms10,20v: *D.E.*)
11022. **Fillo de gata ratos mata.** (ms10,20v: *D.E.*)
11023. **Fillo de mesquiño non ten ensiño.** (ms10,20v: *D.E.*)
11024. **Fillo de viúda, ou mal criado ou mal vezado.** (ms10,20v: *D.E.*)
11025. **Herdade por herdade, un fillo a media edade.** (ms10,20v: *D.E.*)
11026. **Millor parece a filla mal casada que ben barregañada.** (ms10,20v: *D.E.*)
11027. **Moitos fillos e pouco pan, contento con afán.** (ms10,20v: *D.E.*)
11028. **Nin pró fillo bo compre gañar nin pró malo traballar.** (ms10,20v: *D.E.*)
11029. **Non che dea Dios máis mal que moitos fillos e pouco pan.** (ms10,20v: *D.E.*)

11030. **Non hai fillo coma seu pai nin pai coma seu abó.** (ms10,20v: *D.E.*)
11031. **Non me pesa do fillo que enfermou, senón do mal vezo que tomou.** (ms10,20v: *D.E.*)
11032. **Non me pesa porque o meu fillo enfermou senón pola mala maña que lle quedou.** (ms10,21r: *D.E.*)
11033. **Non sinto o que o meu fillo enfermou, senón a mala costume que tomou e o mal vezo que lle quedou.** (ms10,21r: *D.E.*)
11034. **O fillo bastardo i-a mula, cada día se muda.** (ms10,21r: *D.E.*)
11035. **O fillo da cabra, ou cabrito ou castrón.** (ms10,21r: *D.E.*)
11036. **O fillo da miña filla ponmo onde a lareira na cociña; i-o da miña nora, dálle un codecho de pan pra que vaia pra fóra.** (ms10,21r: *D.E.*)
11037. **O fillo do fidalgo, un pé calzo e outro descalzo.** (ms10,21r: *D.E.*)
11038. **O fillo do mesquiño, pouco pan e moito vicio.** (ms10,21r: *D.E.*)
11039. **O fillo do meu home non come, o fillo alleo nunca se ve cheo.** (ms10,21r: *D.E.*)
11040. **O fillo do rico non lle chinques o vestido.** (ms10,21r: *D.E.*)
11041. **O fillo por nacer e as sopas xa están a ferver.** (ms10,21r: *D.E.*)
11042. **O pai que queira ter un fillo pillo, que o meta tambor, corneta ou monaguillo.** (ms10,21r: *D.E.*)
11043. **O que non ten fillos ben os cría.** (ms10,21r: *D.E.*)
11044. **O que ten fillos non estoupa de cheo.** (ms10,21r: *D.E.*)
11045. **O que ten fillos pequenos non se lle apodrenta o pan.** (ms10,21r: *D.E.*)
11046. **Onde hai fillos, nin parentes nin amigos.** (ms10,21r: *D.E.*)
11047. **Os fillos dos bos, capas son de doos.** (ms10,21r: *D.E.*)
11048. **Parente de calidá, o fillo da miña irmá.** (ms10,21r: *D.E.*)
11049. **Pró fillo máis querido o millor regalo é o castigo.** (ms10,21r: *D.E.*)
11050. **Quen fillos ten ó lado, non morrerá fartado.** (ms10,21r: *D.E.*)
11051. **Quen onda si ten fillos, nunca se verá rico.** (ms10,21r: *D.E.*)
11052. **Quen ten filla solteira non diga da allea.** (ms10,21r: *D.E.*)
11053. **Quen ten fillos ó seu lado non pode morrer farto.** (ms10,21r: *D.E.*)
11054. **Se o fillo sai ó pai, saca de dúbida á nai.** (ms10,21r: *D.E.*)
11055. **Se queres que o teu fillo creza, lávalle os pés e rápalle a cabeza.** (ms10,21r: *D.E.*)
11056. **Se son ou non son, meus fillos son.** (ms10,21r: *D.E.*)
11057. **Sofrirei filla golosa e albendeira, mais non fenestreira.** (ms10,21r: *D.E.*)
11058. **Tres fillas e unha nai, catro diaños pra un pai.** (ms10,21r: *D.E.*)
11059. **Vezache as túas fillas de solteiras e enchéronse de herbas as túas leiras.** (ms10,21r: *D.E.*)

HILANDERA

11060. **Muller fiadeira fai boa casadeira.** (ms10,19v: *D.E.*)
11061. **Polo san Bartolo a boa fiadeira comenza a súa tea; a máis lixeira, pola Madanela.** (ms10,19v: *D.E.*)
11062. **Tan fiadeira levas a muller que non ten máis que lavar e tecer e coser.** (ms10,19v: *D.E.*)

HILO

11063. **Fío i-agulla é media vestidura.** (ms10,22v: *D.E.*)
11064. **O fío máis torcido se destorce.** (ms10,22v: *D.E.*)
11065. **Polo fío sácase o novelo.** (ms10,22v: *D.E.*)

HOGAZA

11066. **A fogaza non estorba nin embaraza.** (ms10,22v: *D.E.*)

HOJA

11067. **A folla cando enxoita, molla.** (ms10,23r: *D.E.*)
11068. **Detrás de unha folla vén outra.** (ms10,23r: *D.E.*)
11069. **Entre folla e folla non hai moita escolla.** (ms10,23r: *D.E.*)

HOLGAR

11070. **A mocedá folgada trai a vellez arrastrada.** (ms10,22v: *D.E.*)
11071. **Canto máis un folga máis preguiza ten.** (ms10,22v: *D.E.*)

11072. **Folgade galiñas que o gato morreu.** (ms10,22v: *D.E.*)

11073. **Folgar sin vergonza, eso é o fiar na roca.** (ms10,22v: *D.E.*)

11074. **Fólgome unha migalliña, mais vou fiando a miña estriga.** (ms10,22v: *D.E.*)

11075. **O moito folgar tamén chega a cansar.** (ms10,22v: *D.E.*)

11076. **Se na cama non dorme o meu ollo, folgan os meus ósos.** (ms10,22v: *D.E.*)

HOMBRE. V. tamén *Matrimonio, Mujer, Varón*.

11077. **A barba do home, si o gana, tamén o come.** (mc: A.N.)

11078. **A conducta do home bo anda na man do home malo.** (mc: A.S.A.)

Var.: *A conducta dos homes bos anda na língoa dos homes malos.* (Buciños)

(pt) *?A conducta do home bó anda na mau do home malo.* (Chaves) (es) *Tu honra en ti no está, sino en los demás.* (R. Marín)

11079. **A confianza mata o home.** [3713] (mc e ms: Tuiriz)

Var.: *A confianza mata o galego.* (Buciños)

(es) *La confianza mata al hombre.* (R. Marín) (ct) *La confiança mata al hòme.* (Alberola)

11080. **A home bo, picheles cheos.** (ms10,027v: *D.E.*)

11081. **A home froxo, bebida forte.** (ms10,027v: *D.E.*)

11082. **A home parlanchín e faco relinchón, pouca cebada e moito albardón.** [3714] (mc e ms6,02v: R. Caruncho / ms10,027v: *D.E.*)

11083. **A home sano, culler de pau.** (ms10,027v: *D.E.*)

11084. **A home solteiro non lle dan casa.** [3715] (ms e ms6,03v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* / ms10,027v: *D.E.*)

11085. **A home vello, picheles novos.** (ms10,027v: *D.E.*)

11086. **A patria do home é donde come.** (ms)

11087. **A picariño descalzo, a home calado e a muller barbada non lle días pousada.** (ms15,13)

11088. **Afeita un cepo e parecerá un mancebo.** (ms e ms4: A.S.A.)

(pt) *Afeita um cepo, parecerá mancebo.* (Chaves) (es) *Afeita un cepo, parecerá mancebo.* (Sbarbi)

11089. **Anda o home a galope pra levar ó fin xarope.** (ms10,027v: *D.E.*)

11090. **Anda o home a trote pra levar cachote.** (ms10,027v: *D.E.*)

11091. **Ao peisano non lle fagas mal que non-o merece, nen ben que non-o agradece.** (ms6,01v: S. Salvador de Villasante)

11092. **Aparta sempre do can que non ladra e do home que non fala.** (mc: Santiago)

11093. **Ás dez acóstate e ás nove levántate, home.** (ms-SA: Luís Vázquez Veiga)

11094. **Ás nove déitate, home; ás des durme se ques.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

11095. **Ás veces leva o home prá súa casa con que chore.** (ms10,027v: *D.E.*)

11096. **As verdades son dos homes i-as mentiras das mulleres.** (mc)

Recogido en la canción popular. [sic]

11097. **Atópanse os homes e non os montes.** (ms10,027v: *D.E.*)

11098. **Boca do home, canto dá, canto come.** (mc)

11099. **Brazo de home, canto dá, canto come.** (mc / ms4: F.V.S.)

11100. **Cada home leva un tolo dentro.** (mc: Tuiriz)

(es) *Cada uno lleva un loco en el meollo.* (R. Marín) / *Cada uno lleva un loco en la manga.* (Id.)

11101. **Cada home ten o seu home.** (ms10,028r: *D.E.*)

11102. **Cando a auga corra arriba i-os carballos dean uvas, han de ser bos os homes das barbas rubias.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

11103. **Cando a casa cheira a home ¿quén dirá que a casa é probe?** (ms10,028r: *D.E.*)

11104. **Cando o castiñeiro dea landras i-[o] carballo verdura, han de ser bos os homes das barbas rubias.** [3716] (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

11105. **Cando o home mexa nas botas non pensa nas mozas.** (ms10,028r: *D.E.*)

11106. **Cando o río corra arriba e os carballos den uvas, serán bos os homes das barbas rubias.** [3717] (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Taboada, LU)

[3713] No ms trae a indicación *Confianza*.
[3714] En ms10 s.v. *Hombre*.
[3715] En ms10 s.v. *Hombre*.
[3716] O orixinal di *Cando o castiñeiro dea landras y carballo verdura, h'an de ser bos os homes d'as barbas rubias*.
[3717] ms-LU: *de barbas*.

11107. **Cando o río corra arriba i-os carballos dean uvas, han de contar verdad os homes das barbas rubias.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11108. **Cando o río corra arriba i-os carballos dean uvas, han de ser bos os homes das barbas rubias.** [3718] (ms21,10v: Bermés)

11109. **Cando o río corra arriba i-os carballos dían uvas, daquela hanche ser bos os homes das barbas rubias.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

11110. **Cando o río corra pra riba e os carballos dean uvas, han de ser homes de ben aqueles da barba ruba.** (ms-LU: seminarista anónimo: Lugo, Lugo, LU)

11111. **Cando os olmos dean peras e os toxos boten uvas, han de ter boas auciós os homes das barbas rubias.** (mc: J.A.P.)

Var.: *Cando os ríos corran pra riba i-os carballos dean uvas, han de ser bos os homes das barbas rubias.* (mc: Buciños / ms4: F.V.S.) / *Home de barba ruiba, unha che di, outra cuida.*

(es) *De flamenco barbinegro, y de español barbirubio no fíe ninguno.* (R. Marín)

Los dos primeros coinciden con la musa popular: *Cando os olmos dean peras / e o trovisco dea uvas, / entonces dirán verdá / os homes das barbas rubias. / Cando a auga corra arriba / e o carballo dea uvas / Han de ser homes de ben / os mozos das barbas rubias*. Tampoco en la paremiología castellana tienen buena fama:

11112. **Canela de home, cu de muller e fuciño de can son as tres cousas que máis frías están.** (mc: F.L.)

(pt) *Cu de mulher e nariz de cão, nunca conheceram verão.* (Chaves) (es) *Para el culo de una mujer y las manos de un barbero, siempre es enero.* (R. Marín)

Más completa la canción conque R. Marín ilustra el refrán castellano: *No he visto cosa más fría / que las narices de un perro, / el culo de una mujer / y las manos de un barbero*.

11113. **Casaraste, home coitado, e collerás coidado.** (ms10,028r: *D.E.*)

11114. **Catro clases de homes hai: homes i homitos, macacos e macaquitos.** (mc: Buciños)

11115. **Coa caña do Ribeiro algún home ponse mui contento.** (ms: Santiago)

11116. **Cura fraco e casado gordo non cumpren coa súa obrigación.** (ms)

Sin censura.

11117. **De coio redondo, can rabeno e home de barba rubia, fianza ningunha.** (mc: Pedraza)

11118. **De home a home non hai migalla.** (ms6,03v: *D.E.* Dispersos)

11119. **De home facendado non te verás vingado.** (ms10,028r: *D.E.*)

11120. **De home galiña e de muller cabalón, líbranos, Señor.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11121. **De home lampo e can sin rabo, fuxe deles apurado.** [3719] (mc e ms5,135: Santiago)

Var.: *Home lampo e can rabelo, fuxe del como do demo.* (ms15,30: Silleda)

11122. **De home maricas e de muller cabalón, libértanos, Señor.** (ms10,028r: *D.E.*)

11123. **De home tiple e muller tenor, líbranos Señor.** (mc)

(es) *De hombre tiple y mujer tenor, líbrenos Dios.* (Ricart) */ Ni hombre tiple ni mujer bajón.* (Id.) (ct) *Ni home tiple ni dona baixó.* (Ricart) */ De home tiple i de dona tenor, lliureu-nos, Senyor.* (Id.) */ Ni mascle de veu femella, ni femella de veu mascle.* (Id.) */ Ni mascle en veu femella, ni en veu de mascle ella.* (Id.)(it) *Uomo che a voce di donna, e donna che a voce d'uomo.* (Id.)

11124. **De homes é o caer.** [3720] (mc: Monforte)

11125. **De homes sabedores é mudar de parecer.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

Var.: *De homes sabedores é trocar de parecer.* (A.C. *A Nosa Terra*)

(es) *Del sabio es mudar parecer.* (Sbarbi) */ De sabios es mudar el consejo.*

11126. **De neno, rei; de mozo, capitán; de casado, burro; e de vello, can.** (ms4: Viana, Chantada-F.V.S. / ms14,17)

11127. **Dios libre a un de tronante e de home encizañante.** (ms15,12)

[3718] *Cando o río corra arriba, y'os carballos dean uvas, han de ser bos os homes das barbas rubias*.

[3719] ms: *d'eles*; ms5,135: *Do home lampo e do can sin rabo*. / Indica *Barba* en ms5.

[3720] V. *Equivocarse é de homes* en *Error* (*El error es común a todos*).

11128. **Dios te libre de home de bigote loiro, de can rabeno e de perrencha de neno.** (ms15,14)

11129. **Dios te libre de home que non fala e de can que non ladra.** (ms10,028r: *D.E.*)

11130. **Do qu'é tonto e non sabe, teña Dios piedade.** (ms21,27v: Bermés)

11131. **Do ruín home gárdate e do bon non te fíes nada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

11132. **Errar é de homes e ser herrado de bestas.** [3721] (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

(es) *Errar es de hombres, y ser herrado, de bestias.* (R. Marín) (ct) *Los homes fan las erradas, no las montanyas.* (R. Marín)

11133. **Escudeiro mancebo, déitate tarde e levántate cedo.** (ms21,03v: Bermés)

11134. **Escudeiro mancebo, déitate tarde, levántate cedo.** (ms: A.S.A.)

(pt) *O escudeiro, deita-se tarde e levanta-se cedo.* (Chaves)

11135. **Están os homes máis cheos de mulleres feas que o lobo de comer ovellas.** (mc: Tuiriz, Monforte)

11136. **Fuches por besta e viñeches por burro; fixeches así un viaxe papudo.** (ms15,17)

11137. **Galán de muitas damas nunca ten os ollos quedos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11138. **Gárdate de can que non ladra e de home que non fala.** [3722] (mc: A.N.)

(pt) *Guarda-te do cão que não ladra e do homem que não fala.* (Chaves) (es) *Guárdate de hombre que no habla y de perro que no ladra.* (R. Marín)

Como*: Aparta sempre...*

11139. **Gárdate de home mal barbado e de lobo esfameado.** (ms10,028r: *D.E.*)

11140. **Gárdate de home mal barbado e de vento acanalado.** (mc: J.P.)

(pt) *De homem sem barba, cão com baba e de boi de rabo alvo, põe-te a salvo.* (Chaves) (es) *Gúardate de hombre mal barbado, y de viento acanalado.* (R. Marín) (ct) *Guardat del home mal barbat, i del vent acanalat.* (Alberola) */ Guardat del home moix com del gat i de vent qu'entre per farat.* (Id.)

11141. **Gárdate de home que non fala e de can que non ladra.** (mc: Carballedo)

11142. **Graxo e tonto non pode ser.** (ms)

11143. **Hai homes de homes.** (ms6,03v: *D.E.* Dispersos)

11144. **Hai homes, homiños, macacos e macaquiños.** (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)

11145. **Home a quen moitos temen, a moitos ten que temer.** (ms10,028r: *D.E.*)

11146. **Home alleo nunca é cheo.** (mc: J.A.P.)

11147. **Home atrevido dura como vaso de vidro.** [3723] (mc / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

(pt) *Homem atrevido, dura como vaso de vidro.* (Chaves) (es) *Hombre atrevido, odre de buen vino, y vaso de vidrio, duran poquito.* (Correas)

11148. **Home avisado, medio asoballado.** (ms10,028r: *D.E.*)

11149. **Home barbudo, home forzudo.** (ms-SA: Celestino López López: Brai, San Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C / Luís Vázquez Veiga)

11150. **Home barrigudo non é mui agudo.** (mc)

(es) *Hombre cabezudo, poco sesudo.* (Castillo) */ Hombre cabezudo, nunca talentudo.* (Id.)

Lo dice el cast. del cabezudo.

11151. **Home borracho, señal de macho.** (ms: Santiago)

11152. **Home bravo e mandón, pra meu amigo non.** (ms10,028r: *D.E.*)

11153. **Home calado é bo pró ganado.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

11154. **Home calado vale por cento.** (ms5,009)

11155. **Home casadeiro, nin boa meda nin bon palleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

Var.: *Home xornaleiro, nin boa meda nin bon palleiro.* (ms-LU)

11156. **Home casado, burro estropeado.** (ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO / Juan Carlos Couselo Gago / ms-SA: Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C)

11157. **Home casado, muller é.** (mc: J.A.P.)

Var.: *Home casado, nin muller é.* (ms15,44: Monforte)

11158. **Home cazador e troiteiro, nin boa meda nin bo palleiro.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

11159. **Home celoso, o corno no ollo.** (ms10,028r: *D.E.*)

[3721] ms4: *ser herrador*.

[3722] ms3: *d'o can, d'o home*; ms4: *d'o can, do home*.

[3723] ms-LU: *como o vaso de vidrio*.

11160. **Home cobizoso, de todo fai leña.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

(ct) *Hòme codiciós, de tota llenya fa feix.* (Alberola)

11161. **Home con mandil, cágome nil.** (ms21,03v: Bermés)

11162. **Home con saia, nin home nin nada.** (mc: Buciños-F.V.S / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11163. **Home cordo e boi mallado, pola carrilleira do carro.** (mc: Paradela)

11164. **Home cordo e boi mallado, por o camiño do carro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11165. **Home cordo e boi mallado, sempre polo camiño do carro.** [3724] (ms21,06r: Bermés)

11166. **Home cordo, boi mallado, por a carrilleira do carro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

11167. **Home coxo e can rabelo, arrenega deles coma do demo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Lugo, Lugo, LU)

11168. **Home coxo e can rabelo, arrenega dil coma do demo.** (ms-LU: Recaredo de la Fuente Pérez: Pombeiro, Pantón, LU (04-10-1951))

En general los hombres cojos y los perros de rabo recortado (de rabo más pequeño que de ordinario) son malos.

11169. **Home coxo e can rabelo, arrenego dil coma do demo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11170. **Home coxo e can rabelo, desconfía dil coma do demo.** (ms14,16)

11171. **Home coxo e can rabelo, desconfiar dil coma do demo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

11172. **Home coxo e can rabelo, fuxe del como do demo.** [3725] (mc: Sarria / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Var.: *De home coxo e can rabelo arrenego como do demo.* (ms4: V.R. y A.R.) / *De coxo e can rabelo, líbrenos Dios como do demo.* (ms4: A.S.A.) / *De home roxo e can rabelo arrenego como do demo.* (ms4: V.R. y A.R.)

11173. **Home coxo e can rabelo, pra fervelo.** (mc: G.P.)

11174. **Home coxo e can rabelo, renego del como do demo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11175. **Home coxo e can sin rabo, pra amolalo.** (mc: S.P.P.-*Ultreya* / ms6,03v: Portela Pazos, en *Ultreya*)

11176. **Home de barba miúda e muller sabidora non dan axuda.** (mc: C.A. / ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)

11177. **Home de barba roiba, cargue con el quen queira e quen poida.** (ms10,028r: *D.E.*)

11178. **Home de barba rubia, unha diche, outra cuida.** (mc: A.S.A.)

(pt) *Homem de barba ruiva, uma faz outra cuida.* (Chaves)

Variante de otro ya registrado.

11179. **Home de barba ruiba, unha dice, outra cuida.** (ms18,72r: A.S.A.)

11180. **Home de bigote escusa dote.** [3726] (mc: Buciños-F.V.S.)

Lo habíamos oído de la mujer, sin extrañeza alguna. En la comarca de Carballedo a la que pertenece Buciños, lo dicen también del hombre.

11181. **Home de capa e galero é o que eu quero.** (ms5,136: Aguada)

Se pone en boca de las mozas casaderas. Era el hombre a quien tenían por noble y formal, cuyo matrimonio era por lo tanto conveniente. *Galero* = sombrero. La voz *galero* en el sentido expresado ha casi desaparecido del habla vulgar. La usan de vez en cuando los ancianos.

11182. **Home de dous falares, nin na vila nin noutros lugares.** (ms10,028r: *D.E.*)

11183. **Home de feito, pelo no peito.** (ms10,028r: *D.E.*)

11184. **Home de mandil, cágome nil.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11185. **Home de moita léngoa, pra quen o queira.** (ms10,028r: *D.E.*)

11186. **Home de moita panza ten a vida abandonada.** (mc: Santiago)

11187. **Home de moita parola, todo é faramalla.** (ms10,028r: *D.E.*)

11188. **Home de moita verba, home de moita perda.** (ms6,04v: Victoriano Taibo)

11189. **Home de moita lengua, pouco val.** [3727] (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

[3724] *Home cordo e boi mallado sempre pol'o camiño d'o carro*.

[3725] ms4, ms-LU (Lugo) e ms-LU (Galicia) *coma do demo*; ms-LU (Galicia): *d'il*.

[3726] V. *Muller con bigote casi sin dote* en *Mujer*.

[3727] ms4: *lengoa*.

Var.: *Home de moita lengua, todo é m[erda].* (A.S.A.)

(es) *Hombre hablador, nunca hacedor.* (R. Marín)

11190. **Home de moitos oficios non sabe ben ningún.** (mc: Buciños)

11191. **Home de moitos oficios, pobre seguro.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)

11192. **Home de moitos oficios, pouca ganancia.** [3728] (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms10,028r: *D.E.*)

(es) *Hombre de oficios muchos, no gana el pan con ninguno.* (R. Marín) / *El pobre tenga un solo oficio y ese bien sabido.* (ct) *Hòme de molts oficis, pòcs beneficis.* (Alberola)

11193. **Home de moitos oficios, ...** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

11194. **Home de pedra, home de merda.** (mc: Santiago)

11195. **Home dreito parece mal feito.** (ms: Baralla)

Dreito = de pie.

11196. **Home estrevido dura o que dura un vaso de vidro.** (ms10,028r: *D.E.*)

11197. **Home falador esbardalla a máis e millor.** (ms10,028r: *D.E.*)

11198. **Home falangueiro non garda secreto.** (ms10,028r: *D.E.*)

11199. **Home farto non é paniego.** (mc: Buciños)

(es) *Hombre harto no es comedor.* (Correas)

11200. **Home feludo, home forzudo.** (ms-SA: José Campos Lourido: Santo Ourente de Entíns, Outes, C)

11201. **Home folgazán, no traballo llo verán.** (ms10,028r: *D.E.*)

11202. **Home fraco, e non de fame.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

Var.: *Home fraco, e non de fame, non hai que o apañe.* (J.P.)

(pt) *Homem magro e não de fome, guarda-te dele como de outro homem* (ou *fugi dele que é mau homem*). (Chaves) (es) *Hombre delgado y no de hambre, es más fuerte que el alambre.* (R. Marín)

Porque es muy forzudo, como enseñan las siguientes variantes.

11203. **Home gaiteiro, muller costureira, nin boa meda nin bo palleiro.** (ms: Santiago)

11204. **Home gaiteiro, nin boa meda nin bon palleiro.** [3729] (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)

(es) *Cazador, pescador y gaitero, nunca tendrán mucho dinero.* (mc: Sbarbi / ms: Jara)

11205. **Home grande ponte na viña que, anque non caves, fas cuadrilla.** (mc: Viana, Chantada-F.V.S. / ms14,17)

11206. **Home grande ponte na viña: anque non caves, fas cuadrilla.** [3730] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

11207. **Home grande tente na viña: anque non caves, fas cuadrilla.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

11208. **Home grande, patas de alambre.** (mc: La Coruña)

11209. **Home honrado, antes morto que aforcado.** (ms10,028r: *D.E.*)

11210. **Home honrado, polo camiño do carro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11211. **Home informal, maraña sin costal.** (mc: Buciños)

11212. **Home instruído e de insino, calcula sempre con tino.** (ms4: J.P.)

11213. **Home lacazán, na leira llo conocerán.** (ms10,028r: *D.E.*)

11214. **Home lampo e can rabelo, desconfía del coma do demo.** [3731] (ms21,02v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11215. **Home lampo e can rabelo, desconfía deles como do demo.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)

11216. **Home lampo e can rabelo, desconfían deles como do demo.** (ms-SA: Jesús Acuña Garrido: Vilaboa, PO)

11217. **Home lampo e can rabelo, desconfiar dil como do demo.** [3732] (mc: Velle)

(es) *De hombre mal barbado, ni pasar por su lado.* (R. Marín)

11218. **Home lampo e can sin rabo, fuxe deles como o demo.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

11219. **Home lascivo, home perdido.** (ms3 e ms4: M.V.)

11220. **Home luareiro, nin boa palla nin bon palleiro.** (ms15,01: Mato)

Luareiro = que anda con las fases de la luna.

11221. **Home lueiro non é bon cosecheiro.** (mc: Taboada)

[3728] En ms10 s.v. *Hombre*.

[3729] ms4: *bo palleiro*.

[3730] ms-LU (Laiosa): *fais cuadrilla*.

[3731] ms-LU: *dil*.

[3732] ms4: *desconfía, coma*.

(ct) *Home lluner, no fa paller.* (Alberola)
Lueiro = el que anda siempre mirando a la luna para guiarse por sus fases. (ms4)

11222. **Home madrugueiro non quer que o desperten.** (ms10,028r: *D.E.*)

11223. **Home mariñeiro, home larpeiro.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

11224. **Home mesquiño, dispois de comer ten frío.** (ms10,028r: *D.E.*)

11225. **Home moi faladeiro, home moi mintireiro.** (ms10,028r: *D.E.*)

11226. **Home moi falador nunca foi bo cavador.** (ms10,028v: *D.E.*)

11227. **Home morto non fai guerra.** [3733] (mc: G.P. / ms10,028v: *D.E.*)

11228. **Home morto non fala.** (mc: A.S.A. / ms21,04r: Bermés)
Var.: *Home morto non dá fala.* (ms: Buciños / ms10,028v: *D.E.*) [3734]
(pt) *Homem morto, não fala.* (Chaves) (es) *Hombre muerto, no habla.* (R. Marín) (ct) *Home mòrt, no parla.* (Alberola)

11229. **Home morto non gana soldo.** (ms10,028v: *D.E.*)

11230. **Home morto nunca come pan.** (ms10,028v: *D.E.*)

11231. **Home morto pide rezos e responsos.** (ms10,028v: *D.E.*)

11232. **Home mozo que non troula, nin fuma, nin xoga, nin bebe, nin bica, nin cuspe no curro, mais que home é burro.** (ms10,028v: *D.E.*)

11233. **Home mui falador, home mui mentidor.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(es) *Hombre muy parlero no escapa de embustero.* (R. Marín) */ Hombre palabrero, hombre embustero.* (Id.)

11234. **Home mui lumeiro, non moita meda nin moito palleiro.** [3735] (ms-SA: Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C)

11235. **Home mui luneiro, nin moita meda nin moito palleiro.** (ms-SA: José Buño Caamaño, Erboedo, A Laracha, C)

11236. **Home mullereiro consigo acaba e co seu diñeiro.** [3736] (mc: M.V. / ms21,26v: Bermés)
(es) *Hombre mujeriego, acaba consigo y con su dinero.* (R. Marín)

11237. **Home mullereiro pérdese a si e perde o diñeiro.** (mc: Santiago)

11238. **Home namorado deixa a casa sin sobrado.** (ms10,028v: *D.E.*)

11239. **Home narigudo, poucas veces cornudo.** (ms10,028v: *D.E.*)

11240. **Home papón merece que lle canten o kirieleisón.** (ms10,028v: *D.E.*)

11241. **Home parlanchín, home ruín.** [3737] (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms10,028v: *D.E.*)
La razón la da una canción popular conocida: *Home de moita parola / gasta a forza en parolar, / e, nin fai todo o que di, / nin tampouco di o que fai.*

11242. **Home parlanchín, pra todos, mais non pra min.** (ms10,028v: *D.E.*)

11243. **Home peludo, home forzudo.** (mc: J.A.P. / ms21,19v: Bermés)
(pt) *Homem peludo ou forte ou amorudo.* (Chaves) */ Homem veloso, ou valente ou luxurioso.* (Id.) (es) *Hombre muy velludo, hombre forzudo.* (R. Marín)

11244. **Home peludo, home valente e forzudo.** (ms10,028v: *D.E.*)

11245. **Home peneiro, nin meda nin palleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11246. **Home pequeniño non sai de rapaciño.** (ms10,028v: *D.E.*)

11247. **Home pequeno e can rabelo son os dous levados do demo.** (ms5,029)

11248. **Home pequeno e can rabelo, desconfía del como do demo.** [3738] (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

11249. **Home pequeno e can rabelo, desconfiar del como do demo.** [3739] (mc: Sober)

11250. **Home pequeno e can rabelo, escapa deles coma do demo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

11251. **Home pequeno ten fol de veneno.** (ms-SA: José Lorenzo Viña)

11252. **Home pequeno tente na viña que, anque non caves, fas cuadrilla.** (mc: A.S.A.)

11253. **Home pequeno, fol de veneno.** (mc: *Terra de Melide* / ms: Lameiro / ms11,46: C. de

---

[3733] En ms10 s.v. *Hombre*.
[3734] En ms10 s.v. *Hombre*.
[3735] Adoita aparecer *Home lueiro...* para dicir que o exceso de atención á lúa tampouco facilita os traballos agrícolas, pero *Home lumeiro...* tamén crea un refrán con sentido ó aludir ó home que pasa horas de máis á beira do lume en vez de traballar.
[3736] mc: *mulleireiro*
[3737] En ms10 s.v. *Hombre*.
[3738] ms-LU: *d'il coma du demo*.
[3739] ms: *d'il, d'u demo*. (Existen dúas fichas deste mesmo refrán. Só nunha delas aparece a versión con *d'u*.)

Fonsagrada / ms21,04r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(pt) *Homem pequeno, fole de veneno.* (Chaves) (es) *Hombre chico, venenico.* (R. Marín) / *Hombre pequeño, frasquito de veneno.* (Id.) / *Hombre pequeño, todo es veneno.* (Id.)

De acuerdo con la canción popular: *Todos os homes pequenos / son feitos de mala masa / todas as horas do día / son agoiros nunha casa.*

11254. **Home pesqueiro non fai o palleiro.** (mc e ms11,46: Fonsagrada-F.V.S.)

11255. **Home pobre, vida alegre.** (ms21,12r: Bermés)

11256. **Home portuxés, muller asturiana e aire santiagués, veña o demo e leve os tres.** (mc)

11257. **Home precavido, oler o tabaco e o viño.** (mc: Buciños)

11258. **Home preguiceiro, na festa é afanoso.** [3740] (ms10,028v)

11259. **Home preguiceiro, na festa é rebuldeiro.** (ms10,028v: *D.E.*)

11260. **Home prevenido non é vencido.** (ms21,10r: Bermés)

11261. **Home prevenido val por dous.** (mc: Sarria)

Var.: *Home prevenido val por outros dous.* (C.A. *A Nosa Terra*)

(pt) *Homem prevenido vale por dois.* (Chaves) / *Homem prevenido a custo é vencido.* (Id.) / *O prevenido procede seguro.* (Id.) (es) *Hombre apercibido, vale por dos.* (Sbarbi) (ct) *Hòme prevengut, val per dos.* (Alberola)

11262. **Home prevenido, nunca vencido.** (mc: Camba)

(pt) *Homem prevenido a custo é vencido.* (Chaves) (es) *Hombre prevenido nunca fué vencido.* (Sbarbi) (ct) *Hòme prevegut, may es vençut.* (Alberola)

11263. **Home que canta, muller que asubía, ghaliña que canta como o capón, na miña casa non.** [3741] (ms-SA: José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO)

11264. **Home que dá en vida o que ten, ou é parvo ou tolo ou non anda ben.** (ms10,028v: *D.E.*)

11265. **Home que empresta sin interés, nunca rico é.** (ms10,028v: *D.E.*)

11266. **Home que fai moitas gracias tamén fai moitas faltas.** (ms10,028v: *D.E.*)

11267. **Home que fía, muller qu'asubía e pita que canta com'o capón, na miña casa non.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

11268. **Home que fía, muller que asubía e galiña que canta como o galo, arrenegar deles como do diabro.** [3742] (mc: J.A.P.)

11269. **Home que fía, muller que asubía e pita que canta como o galo, desconfía deles, que bos non son.** [3743] (mc: Paradela)

11270. **Home que fía, muller que asubía e pita que canta como o galo, na miña casa non fagan callo.** [3744] (mc / ms4: F.V.S.)

11271. **Home que fía, muller que asubía e pita que cante coma un galo, na miña casa non faga callo.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

11272. **Home que madruga, Dios o axuda.** (ms10,028v: *D.E.*)

11273. **Home que moito parola, non sempre ten boa obra.** (ms10,028v: *D.E.*)

11274. **Home que non ten cabeza, non precisa bonete nin monteira.** (ms10,028v: *D.E.*)

11275. **Home que non ten muller, todo lle sale ó revés.** [3745] (mc: Santiago)

11276. **Home que non razona, que o demo o coma.** (ms15,34r: Lugo)

11277. **Home que traballa polo que non merece, co traballo non adoece.** (ms10,028v: *D.E.*)

11278. **Home que fía, muller que asubía e galiña que canta com'o capón, na miña casa non.** [3746] (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

11279. **Home rallante, home repugnante.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

11280. **Home reñidor, cabalo corredor, odre de bon viño, nunca dura moito.** [3747] (mc: A.S.A. / ms21,09r: Bermés)

Var.: *O home reñidor, cabalo corredor e odre de bon viño, nunca duran moito.* (A.I.) [3748]

[3740] En ms10 s.v. *Hombre*.

[3741] *Home que canta muller que asubía jaliña que canta como o capón xa miña casa nón.*

[3742] ms4: *Home que pía [...] e muller que canta como o galo [...] coma....*

[3743] ms4: *com'o capón*.

[3744] ms4: *e muller, pita que cante*.

[3745] ms: *sal*.

[3746] *Home cue fía, muller que asubía e galiña que canta com'o campón, na miña casa non.*

[3747] ms4: *dura muito*.

(pt) *Cavalo rifador e odre de bom vinho, pouco se logram.* (Chaves) (es) *Hombre rifador y caballo corredor, cuero de buen vino y bestia de andadura, nunca mucho dura.* (Correas)

11281. **Home rezongón pide moito caldo e pouco ligón.** (ms10,028v: *D.E.*)

11282. **Home roxo e can rabelo, desconfía del como do demo.** [3749] (mc: Velle / ms4)

(pt) *Homem ruivo e mulher barbuda, de longe os saúda.* (Chaves) (es) *Hombre rojo, ten con él mucho ojo.* (R. Marín) */ Hombre rojo y el demuño, todo es uno.* (Id.) (ct) *Home roig, no't faça goig.* (Alberola) */ Hòme ròig, no't faça gòig.* (Alberola) */ Hòme ròig y gos pelut, primer mòrt que conegut.* (Alberola)

11283. **Home roxo e can rabelo, renego dil coma do demo.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

11284. **Home ruadeiro, nin boa meda nin bo palleiro.** [3750] (mc: M.V.)

11285. **Home seco, e non de fame, líbrate que non te agarre.** [3751] (mc: A.N. / ms-LU: Jesús Redondo C.: algún lugar do sur da provincia de Lugo)

11286. **Home sin barba non val nada.** (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *Hombre lampiño, siempre es niño.* (R. Marín)

11287. **Home sin barba, muller con barba, home tiple e muller tenor, líbranos Señor.** (mc)

11288. **Home sin cabeza non val pra testigo.** (ms10,028v: *D.E.*)

11289. **Home sin muller, home non é.** [3752] (mc: C.A. / ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)

11290. **Home sin peito é coma casa sin teito.** (ms10,028v: *D.E.*)

11291. **Home tenor, home d'humor.** (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

11292. **Home torto e can rabelo, pra fodelo.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

11293. **Home troiteiro e perdigoteiro, nin pan na hucha nin palla no palleiro.** (mc)

11294. **Home troiteiro, nin gra nin palleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Illán, Begonte, LU)

11295. **Home troiteiro, nin meda nin palleiro.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

11296. **Home troi[t]eiro e muller costureira, nin boa meda nin bon palleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Terra Cha, LU)

11297. **Home valente e bola de roño pouco duran.** (mc: G.P.)

11298. **Home valente e bota de viño pouco duran.** (mc: Carballedo / ms15,01: E. Carré Aldao, *Literatura Gallega*, 2ª ed., 1911)

(es) *Hombre valiente no muere de viejo.* (R. Marín)

11299. **Home valente e viño bon pouco duran.** [3753] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(ct) *Hòme valent y bota de ví, pronte donen fí.* (Alberola)

11300. **Home van, palla sin gran.** [3754] (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

(es) *Hombre vano tiene lengua y no tiene manos.* (R. Marín)

11301. **Home vermello e muller barbuda, de lonxe os sauda.** (ms10,028r: *D.E.*)

11302. **Home vivo pide o seu.** (ms10,028v: *D.E.*)

11303. **Home xeniudo, pequeno e burro.** (ms-SA: José Duro Quintela: Burres, Arzúa, C)

11304. **Home xornaleiro, nin boa meda nin bon palleiro.** [3755] (mc / ms4: F.V.S.)

11305. **Home apasionado non quer ser aconsellado.** (ms10,028r: *D.E.*)

11306. **Home apasionado non toma consello.** (ms10,028r: *D.E.*)

11307. **Home cobarde non vale pra frade.** (mc: Santiago)

11308. **Homes bos e picheles de viño amainan o ruído.** (ms10,028v: *D.E.*)

11309. **Lágrima de home, canto dá, canto come.** [3756] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

11310. **Máis vale un home ca sete mulleres.** (ms-SA: José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)

11311. **Moito falar e pouco saber, moito gastar e pouco ter, moito presumir e pouco valer, logo botan o home a perder.** (ms10,029r: *D.E.*)

11312. **Mozo rezador, vello aunador e frade cortés, arrenegar dos tres.** [3757] (ms: A.C. *A Nosa Terra* / ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

[3748] ms4: *duran muito*.
[3749] ms: *dil*.
[3750] mc: *non bon palleiro*; ms4: *nin bon palleiro*.
[3751] ms-LU: *t'agarre*.
[3752] ms6, 02v: *sen muller*.
[3753] ms-LU: *pouco dura*.
[3754] ms4: *sen gran*.
[3755] ms4: *bo palleiro*.
[3756] O orixinal di *La grima de home canto da canto come*.
[3757] ms4: *ayunador*.

11313. **Nada escapa ós homes senón o viño que beben as mulleres.** (mc: Buciños)

11314. **Non hai home cordo posto dacabalo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)

11315. **Non hai home pra home.** (ms10,029r: *D.E.*)

11316. **Non hai home quedo a cabalo.** (ms6,03v: *D.E.* Dispersos)

11317. **Non son as polainas, son as pernas do home.** (mc: L.G. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Literatura Gallega*, 2ª ed., 1911)

11318. **Non son homes tódolos que se chegan ás paredes.** (ms15,16)

11319. **Non son homes todos os que mexan contra a parede.** (ms10,029r: *D.E.*)

11320. **Non todo home de pelo no peito ten que ser home de feito e dereito.** (ms10,029r: *D.E.*)

11321. **Nunca un home faga mal.** (mc: Buciños)

11322. **O boi donde pace i-o home onde nace.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

11323. **O boi pola corda e o home pola palabra.** (mc: M.V. / ms21,27v: Bermés / ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C / ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

(es) *El hombre por el verbo, y el toro por el cuerno.* (R. Marín) / *El hombre por la palabra y el buey por el cuerno o por la palabra.* (Id.)

11324. **O burro é o único animal que tropeza dúas veces na misma pedra.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

11325. **O home aforrador non é o millor.** (mc)

11326. **O home cando vai vello fai como o can de palleiro.** (mc: Santiago)

11327. **O home con guedellas e a muller sin elas.** (ms10,029r: *D.E.*)

11328. **O home chulo, nunca forzudo.** (ms: Santiago)

11329. **O home de barbas rubias ha de ser bon cando os carballos dean uvas.** [3758] (mc / ms4: F.V.S.)

11330. **O home de ben non deshonra a ninguén.** [3759] (mc: M.V. / ms10,029r: *D.E.*)

11331. **Ó home de máis saber, unha muller bótao a perder.** (ms10,029r: *D.E.*)

11332. **O home de moita parola é de pouca obra.** (ms10,029r: *D.E.*)

[3758] ms4: *ha ser bon*.

[3759] En ms10 s.v. *Hombre*.

11333. **O home de palla non val pra nada.** [3760] (mc: Santiago)

11334. **O home de toxo, polo pescozo.** (mc: Santiago)

11335. **O home debe ulir a pólvora, tabaco i-augardente.** [3761] (ms-LU: seminarista anónimo: San Cristovo de Chamoso, O Corgo, LU)

11336. **O home desgraciado é por todos despreciado.** (ms: Santiago)

11337. **O home destemido ten medo de noite polos camiños.** (ms10,029r: *D.E.*)

11338. **O home discreto a nadie di o seu secreto.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *El hombre discreto a nadie dice su secreto.* (R. Marín)

11339. **O home é lume e a muller estopa; chega o demo e sopra.** [3762] (mc: S. Victorio de Ribas de Miño / ms10,015v: *D.E.*)

(pt) *O homem é fogo, a mulher estopa, vem o diabo e sopra.* (Chaves) / *Estopas ao pé do fogo, não estão seguras.* (Id.) / *O lume ao pé da estopa, vem o diabo e sopra.* (Id.)
(es) *El hombre es fuego; la mujer, estopa; llega el diablo y sopla.* (Sbarbi)

11340. **O home é lume, a muller estopa, vén u demo e sopla.** (ms-SA: Víctor Maroño Pena: Calvente, Oroso, C)

11341. **O home é o animal que tropeza dúas veces na misma pedra.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

11342. **O home e o oso, canto máis feo, máis hermoso.** [3763] (ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

11343. **O home é o único animal que tropeza dúas veces na misma pedra.** [3764] (mc: Buciños)

11344. **O home enamorado nunca casa por sobrado.** (mc)

(es) *Hombre enamorado, nunca casa con sobrado.* (Correas)
Semejante, dice Bergua a *Quien casa por amores, ha de vivir con dolores*. Lo dice, porque guiándole la pasión, no suele escoger lo que más le conviene.

11345. **O home fiel, telo polo cordel.** (ms4: G.S. y A.mc: J.P.)

[3760] ms: *pa*.

[3761] O orixinal di *O home debe ulir a pólvora, tabaco y-augardente*.

[3762] V. *Entre o lume e a estopa vén o demo e sopra* en *Ocasión*. En ms10 s.v. *Estopa*.

[3763] ms-LU: *y'o oso*.

[3764] ms: *O home é o animal....*

Var.: *Home fiel, todo polo cordel.* (mc: J.P.) [3765]

11346. **O home gaiteiriño, a muller custureira, nin boa meda nin palleiro.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

11347. **O home gana a facenda e a muller conservaa.** (ms10,029r: *D.E.*)

11348. **O home i-o can é según o afán.** [3766] (mc / ms4: F.V.S.)

11349. **O home i-o can van donde lle dan.** [3767] (mc: Corme)

11350. **O home i-o can van onde lle dan.** [3768] (ms21,14r: Bermés)

11351. **Ó home lacazán, o caldo no pote e o legón na man.** (ms10,029r: *D.E.*)

11352. **O home mal falado no leito se eslomba.** (ms10,029r: *D.E.*)

11353. **O home mancebo gana, inda perdendo.** (ms10,029r: *D.E.*)

11354. **O home mantido estira o frío.** (ms10,029r: *D.E.*)

11355. **Ó home mesquiño abóndalle un fouciño.** (ms10,029r: *D.E.*)

11356. **O home mesquiño non colle forzas con pan nin con viño.** (ms10,029r: *D.E.*)

11357. **O home mira por razones e a muller por impresións.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

11358. **O home moi picador non é bo mantidor.** (ms5,033)

El que castiga demasiado a los animales es porque no gasta en alimentarlos.

11359. **O home mui luneiro non enche o palleiro.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

11360. **O home mullereiro consigo acaba e co seu diñeiro.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

11361. **O home na praza e a muller na casa.** [3769] (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO / ms10,029r: *D.E.*)

11362. **O home no seu querse parecer e non sabe a quen ha ser.** (ms10,029r: *D.E.*)

11363. **O home ós corenta, ou vive ou reventa.** (ms10,029r: *D.E.*)

11364. **Ó home ousado, a fertuna vénselle á mao.** (ms10,029r: *D.E.*)

11365. **O home peludo é home forzudo e barudo.** (ms10,029r: *D.E.*)

11366. **O home pensa e a muller dá que pensar.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

11367. **O home pensa e Dios dispensa.** (ms10,029r: *D.E.*)

11368. **O home pequeno, fol de veneno.** (ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)

11369. **Ó home pillabán, teno sempre da túa man.** (ms10,029r: *D.E.*)

11370. **O home pola palabra i-o boi pola corda.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

11371. **O home pola palabra i-o boi polos cornos.** [3770] (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11372. **O home pon e Dios dispón.** (ms10,029r: *D.E.*)

11373. **O home precavido, oler** [sic] **tabaco e o viño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

11374. **O home prevenido nunca é vencido.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

11375. **O home prevenido vale por dous.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

11376. **O home probe, todo son mañas; ás veces boas e ás veces malas.** (ms10,029r: *D.E.*)

11377. **O home propón e dispón.** [3771] (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C / ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / ms10,008v: *D.E.*)

11378. **O home propón, Dios dispón, e a muller todo descompón.** (ms-SA: Manuel Barrós Fachal / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

11379. **O home propón, Dios dispón, a pita pon i-a muller descompón.** [3772] (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *El hombre pone, Dios dispone y la mujer lo descompone.* (R. Marín)

11380. **O home que anda polo mundo, dorme onde cadra e come onde pode.** (ms10,029r: *D.E.*)

[3765] Non atopamos este refrán na colección de Jacinto del Prado. Pode ser un erro de transcrición de Vázquez Saco.
[3766] V. *O neno i-o can, asegún o afán* en *Niñez*.
[3767] Vid.*¿Pra onde vai o can? Pra onde lle dan pan* en *Agrícolas* (*Animales*).
[3768] *O home y'o can van onde lle dan*.
[3769] ms-SA: *plaza*. En ms10 s.v. *Hombre*.
[3770] *O home po la palabra, yo boy po los cornos*.
[3771] En ms10 s.v. *Dios*.
[3772] ms e ms4: *e a muller*. / V. *O home propón e Dios dispón* en *Dios* (*Poder de Dios*).

11381. **O home que comenza a hinchar, se é vello, é pra morrer; se é mozo, é pra sanar.** (ms10,029r: *D.E.*)

11382. **O home que faga un cento, a muller que non-a toque o vento.** (ms10,029v: *D.E.*)

11383. **O home que hincha, si é mozo, sana; si é vello, na cova rincha.** (ms10,029v: *D.E.*)

11384. **O home que non come, nunca é bon home.** (mc: Santiago)

11385. **O home que sabe fumar, bota o fume despois de falar.** (mc: Santiago)

11386. **O home que ten muller, ten o que quer.** (ms21,14v: Bermés)

11387. **O home querqueno todo é veneno.** [3773] (ms10,104r: *D.E.*)

11388. **O home rico coa fama casa o fillo.** (ms10,029v: *D.E.*)

11389. **Ó home sin barba, nin medo se lle ten nin respeto se lle garda.** (mc: Santiago)

11390. **O home sin muller come donde quer.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

11391. **O home todo o compón e a muller todo descompón.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

11392. **O home valente é home prudente.** (ms10,029v: *D.E.*)

11393. **Ó home ventureiro nácelle a filla primeiro.** (ms10,029v: *D.E.*)

11394. **O home mui luneiro, nin boa hucha nin bo palleiro.** (ms5,033)

11395. **O home se equivoca; a muller é a equivocación do home.** (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)

11396. **O home, cando é rapaz, é rei; de mozo, capitán; de casado, burro; e de vello, can.** (mc: *Sandiás*)

11397. **O home, cando vai vello, fai como o can do palleiro.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

11398. **O home, de neno é rei e de mozo capitán, de casado pasa a burro, e de vello pasa a can.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

11399. **O home, de poucas palabras; e esas, sabias.** (ms10,029r: *D.E.*)

11400. **O home, de siso e máis de pico.** (ms10,029r: *D.E.*)

11401. **O home, donde nace, i-o boi, donde pace.** [3774] (mc: M.V. / ms21,20v: Bermés / ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

(es) *El hombre, donde nace; y la mujer, donde va.* (R. Marín)

11402. **O home, na leira; e a muller, na lareira.** (ms10,029r: *D.E.*)

11403. **O home, onde non sabe, husma.** (mc: A.S.A.)

11404. **O home, pola palabra; e o boi, pola corna.** [3775] (mc: S. Victorio de R. de Miño / ms10,029r: *D.E.*)

(es) *Al buey por el cuerno* (o por el asta) *y al hombre por la palabra.* (Sbarbi)

Como*: O boi pola corda...* Enseña que el hombre queda tan atado por la palabra que da, como el buey uncido por el cuerno para tirar.

11405. **O home, que ha de ser home, ha de ter as pernas tortas, a barriga nas illargas e unha xoroba nas costas.** (mc)

11406. **O máis grande enemigo do home foi sempre o home.** (ms10,029v: *D.E.*)

11407. **O que fai un home, outro o pode facer.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)

11408. **O que moito come non é bo home.** (ms: Santiago)

11409. **O que nas gitanas se fía, non é home de cría.** (ms: Santiago)

11410. **O que non cheira a viño ou a tabaco, non se lle pode chamar home.** (mc: Puente Arcediago)

11411. **O que non é home na terra, non é home na guerra.** [3776] (mc: M.V. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms21,29v: Bermés)

11412. **O que non ten bigote, n'o afeita; e o que o ten, sempre o anda rascando.** (ms: Santiago)

11413. **O que non ten sentido, home perdido.** (mc: Santiago)

11414. **O que ten home, ten nome.** (mc: A.N. / ms4: N.V. 2ª serie)

Tener hombre es contar con la protección del poderoso.

11415. **Ó solteirón pásalle como á galiña: que morre nas maus da criada ou da zorra.** (ms5,141: Montecalvo, Lugo)

11416. **Onde o home tose, fame foxe.** (mc: M.L.)

11417. **Os bois, polos cornos, e os homes, polas palabras.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

[3773] Sen tema no orixinal.

[3774] ms21,20v: *onde nace, e o boi onde pace*; ms-SA: *e boi donde*.

[3775] En ms10 s.v. *Hombre*.

[3776] ms21,29v: *n'e home*; ms-LU: *n-e home*.

11418. **Os homes mentireiros tên os dentes rareiros.** (mc: Santiago)

11419. **Os homes non se miden pola estatura senón pola gordura.** (mc: Santiago)

11420. **Os homes xusgan millor as cousas alleas que as súas mesmas.** (ms10,029v: *D.E.*)

11421. **Outros milleiros de homes que en todos países se crían, nacen e morren como os anos que se vivan.** (ms: Santiago)

11422. **Polas obras, e non polo vestido, o home é conocido.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(pt) *Pelas obras não pelo vestido é o homem conhecido.* (Chaves) */ O habito não faz o monge, mas fá-lo parecer de longe.* (es) *Por las obras, no por el vestido, es el hipócrita conocido.* (Correas)

El castellano lo refiere particularmente al hipócrita.

11423. **Pra ser bon mozo hai que ter vara e media de pescozo.** (ms / ms4: F.V.S.)

11424. **Que o home se poida ver, como nos cristás da fonte, nos ollos da súa muller.** (mc: M.V.)

Tiene todas las trazas de una tríada, por cierto, bien hermosa.

11425. **Santa María de Cambre, todos os homes pequenos teñen a barriga grande.** (ms11,56: José Sanjurjo Pedrouzo)

11426. **Se tes home, non te mates; se non tes home, non te mates.** [3777] (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

Compendio de todo un tratado de filosofía popular.

11427. **Se ves un home que lle falta un botón da camisa, é solteiro; pero si lle faltan dous, é casado.** (ms15,44)

11428. **Sol madrugador e vello ruador, na miña casa non quero nin o mellor.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

11429. **Sol madrugador, fraile rezador e caballero mui cortés, desconfía dos tres.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11430. **Sol madrugador, home rezador e frade cortés, desconfiar dos tres.** [3778] (ms: F.V.S.)

11431. **Sol madrugador, home rezador e fraile cortés, desconfía dos tres.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

11432. **Sol madrugador, mozo rezador e vello cortés lev'o demo-os tres.** (ms)

Cortés (galante).

11433. **Tantas lle din ó home, que mal corazón lle poñen.** (mc: Buciños)

(es) *Tantas le dicen al hombre, que mal corazón le ponen.* (R. Marín)

11434. **Tendo lingua e que comer vai o home a onde quer.** (ms10,029v: *D.E.*)

11435. **Todo o fan os homes e todo o paga o diñeiro.** (mc: Tuiriz, Monforte-F.V.S.)

11436. **Todos os homes pequenos son feitos de mala masa: a todas as horas do día son aghoiros na casa.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

11437. **Un home con pereza é un reló sin cuerda.** (mc: Santiago)

11438. **Un home é un home anque a muller lle pegue.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

11439. **Un home é un home i-on peso gástase.** [3779] (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

11440. **Un home é un home, inda que lle pegue a muller.** (mc: Fonsagrada)

(pt) *Um homem é um homem e um gato é um bicho.* (Chaves)

11441. **Un home é un home.** [3780] (ms6,03v, ms10,048r: *D.E.*)

Dispersos.

11442. **Un home i-unha capa todo tapa.** [3781] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

El hombre para la casa y la capa para el hombre. (mc) / El hombre para casa, y la capa para el hombre. (ms-LU)

11443. **Un home non é unha ovella.** (mc: Buciños)

(pt) *Um homem é um homem e um gato é um bicho.* (Chaves)

11444. **Un home provenido vale por dous.** (ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)

11445. **Un home valente é un teniente.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

11446. **Unto no pote e no home bigote.** (ms15,14)

11447. **Val quen ten, as campanas de Toén.** [3782] (ms: A.I.)

[3777] ms4: *e se non tes home*.

[3778] V. *Sol madrugadeiro, cura callejeiro; nin o cura é bo nin o sol é duradeiro* en *Agrícolas* (*Generales*).

[3779] V. *Un día é un día i-on peso gastouse* en *Miscelánea*.

[3780] En ms10 s.v. *Miscelánea*.

[3781] ms e ms-LU: *y-onha*.

(pt) *Vale quem tem.* (Chaves) (ct) *Val qui té; qui no té no val res.* (Alberola)

11448. **Vale máis home pequeno e agudo que grande e burro.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

11449. **Vale máis un burro vivo que un home morto.** [3783] (mc: Santiago)

11450. **Viño bon e home valente pouco duran.** (ms: Tuiriz)

(pt) *Valentes e vinho bom, duram pouco.* (Chaves) (ct) *Hòme valent y bota de ví, pronte donen ff.* (Alberola)

11451. **Xa-comín era gaiteiro.** (ms: Buciños)

HONRA

11446. **A honra canto máis crece máis fame mete.** (ms10,029v: *D.E.*)

11447. **A honra da muller moito coidadiño quer.** (ms10,029v: *D.E.*)

11448. **Á honra da muller non se lle debe chncar tan xiquer.** (ms10,029v: *D.E.*)

11449. **A honra e a muller son coma o vidro pra se romper.** (ms10,029v: *D.E.*)

11450. **A honra é de quen a dá.** (ms10,029v: *D.E.*)

11451. **A honra e o cristal logo se poden crebar.** (ms10,029v: *D.E.*)

11452. **A honra e o vidro non queren máis que un golpiño.** (ms10,029v: *D.E.*)

11453. **A honra está en quen a gana.** (ms10,029v: *D.E.*)

11454. **A honra está no que a dá.** (ms10,029v: *D.E.*)

11455. **A honra logo se escacha.** (ms10,029v: *D.E.*)

11456. **A honra non ten máis que un camiño moi estreitiño.** (ms10,029v: *D.E.*)

11457. **A honra val máis tela que merecela.** (ms10,029v: *D.E.*)

11458. **A que é honrada sin combate, non se gabe; a que non cai sendo atentada, esa si que é honrada.** (ms10,030r: *D.E.*)

11459. **Co que te has de honrar non-o teñas detrás do lar.** (ms10,029v: *D.E.*)

11460. **Do que te ha de honrar precura non abusar.** (ms10,029v: *D.E.*)

11461. **Do que te has de honrar non te has de aproveitar.** (ms10,029v: *D.E.*)

11462. **Honra é dos amos a que se fai ós criados.** (ms10,029v: *D.E.*)

11463. **Honra e proveito non caben baixo de un teito.** (ms10,029v: *D.E.*)

11464. **Honra e vicio non andan xuntos.** (ms10,029v: *D.E.*)

11465. **Honra o bo pra que te honre, e o malo pra que te non deshonre.** (ms10,029v: *D.E.*)

11466. **Honra os grandes e non te mofes dos pequenos.** (ms10,029v: *D.E.*)

11467. **Honra sin proveito, anelo no dedo.** (ms10,029v: *D.E.*)

11468. **Non é honradez probada a que non é atentada.** (ms10,029v: *D.E.*)

11469. **Quen ós seus se parece, honra merece.** (ms10,029v: *D.E.*)

HORA

11470. **A hora mala é pra quen a esquece, que ela estaba deitada.** (ms10,030r: *D.E.*)

11471. **A hora mala, pra quen mal me quer e ben me fala.** (ms10,030r: *D.E.*)

11472. **A hora sea boa e o mercado espeso.** (ms10,030r: *D.E.*)

11473. **A toda hora hai quen se ri e quen chora.** (ms10,030r: *D.E.*)

11474. **Antes da hora, moi contento e ledo; e chegada a hora, moito medo.** (ms10,030r: *D.E.*)

11475. **Casarás en mala hora e terás pan e cebola.** (ms10,030r: *D.E.*)

11476. **Cásenme noramala, que máis vale algo que nada.** (ms10,030r: *D.E.*)

11477. **Dunha hora a outra hora, ou morre un ou millora.** (ms10,030r: *D.E.*)

11478. **Unha hora millora outra.** (ms10,030r: *D.E.*)

HORCA

11479. **A forca, pra seu dono.** (ms10,23r: *D.E.*)

HORMIGA

11480. **A formiga tamén quer a súa compañía.** (ms10,23r: *D.E.*)

11481. **Cada formiga ten a súa irra.** (ms10,23r: *D.E.*)

11482. **Cando a formiga se quer perder, aas novas lle queren nacer.** (ms10,23r: *D.E.*)

11483. **Dá Dios aas á formiga pra que morra máis axiña.** (ms10,23r: *D.E.*)

[3782] Contén a indicación *Hombre* no ms. V. *Onomatopeyas*.

[3783] V. *Máis vale burro vivo que sabio morto* en *Necedad*.

HORMIGUERO

11484. **Asenteime nun formigueiro, douche ó diaño o asentadeiro.** (ms10,23r: *D.E.*)

11485. **Senteime enriba de un formigueiro, e nunca tiven tan mal asentadeiro.** (ms10,23r: *D.E.*)

HOZ

11486. **A fouce, na leira ou no monte.** (ms10,23v: *D.E.*)

11487. **A fouce, no prado; e o boi, no arado.** (ms10,23v: *D.E.*)

11488. **Onde vai a fouce, vaia o mango.** (ms10,23v: *D.E.*)

HUCHA

11489. **Coa hucha valeira non se fai feira.** (ms10,030v: *D.E.*)

HUERTA.

V. tamén *Coles, Manzana, Nabiña, Nabos, Naranja, Nogal, Nueces, Sandía, Tomate, Verdura.*

11490. **Este ir e vir á horta traime morta.** (ms10,030r: *D.E.*)

11491. **Horta de pasatempo quer tempo.** (ms10,030r: *D.E.*)

11492. **Horta e torta, moza e poldra e muller que mira mal, quérense saber tratar.** (ms10,030r: *D.E.*)

11493. **Horta sin auga, casa sin tellado e muller sin amor, non se sabe que é pior.** (ms10,030r: *D.E.*)

11494. **Nace na horta o que non sementa o hortelán.** (ms10,030r: *D.E.*)

11495. **Parvo é quen entra na horta e non come froita.** (ms10,030r: *D.E.*)

HUESO

11496. **O óso i-a carne dóense do seu sangue.** (ms10,073r: *D.E.*)

11497. **O que envía un óso tén confianza no seu pescozo.** (ms10,073r: *D.E.*)

11498. **Óso que tocou en parte, hai que roelo con arte.** (ms10,073r: *D.E.*)

11499. **Quen che dá un óso non te quer ver morto.** (ms10,073r: *D.E.*)

HUÉSPED

11500. **A hóspede bo, prato grande.** (ms10,030r: *D.E.*)

11501. **Hóspede con bonitura faille mal á bulsa.** (ms10,030r: *D.E.*)

11502. **Hóspede que chega con sol, colle o millor.** (ms10,030r: *D.E.*)

11503. **Hóspede que se convida, fácile é de contentar.** (ms10,030r: *D.E.*)

11504. **Hóspede tardeiro non vén valeiro.** (ms10,030r: *D.E.*)

11505. **Moito gasta o hóspede que vén pero máis gasta o que o mantén.** (ms10,030r: *D.E.*)

HUEVOS

11506. **Doume Dios un ovo e deumo grolo.** (ms10,074r: *D.E.*)

11507. **Dun ovo sai unha galiña.** (ms10,074r: *D.E.*)

11508. **O primeiro ovo saliume grolo.** (ms10,074r: *D.E.*)

11509. **Ovos soilos, comida por todo.** (ms10,074r: *D.E.*)

11510. **Se queres ter ovos, mantén a galiña.** (ms10,075r: *D.E.*)

11511. **Toma un ovo e énchete.** (ms10,075r: *D.E.*)

11512. **Toma un ovo e fártate.** (ms10,075r: *D.E.*)

11513. **Un ovo quer sal, e fogo, e unha culler, e todo; e non é máis que un ovo.** (ms10,075r: *D.E.*)

APROVECHAR LA OPORTUNIDAD

11514. **Máis quero agora ovos que mañán polos.** (ms10,074r: *D.E.*)

11515. **Millor son hoxe ovos que mañán galiña.** (ms10,074r: *D.E.*)

HUIR

11516. **Fuxe á multitú e terás quietú.** (ms10,24r: *D.E.*)

11517. **Fuxe da ociosidá se queres repousar.** (ms10,24r: *D.E.*)

11518. **Fuxe da quietú e non fuxas da virtú.** (ms10,24r: *D.E.*)

11519. **Fuxín da chama e caín na brasa.** (ms10,24v: *D.E.*)

11520. **Fuxir e correr todo é o mesmo.** (ms10,24v: *D.E.*)

11521. **Máis vale decir "aquí fuxeu" que "aquí morreu".** (ms10,24v: *D.E.*)

11522. **Non foxe do traballo, foxe do descanso.** (ms10,24v: *D.E.*)

11523. **Quen máis foxe, máis corre.** (ms10,24v: *D.E.*)

HUMO

11524. **Fume e malas caras sacan á xente da casa.** (ms10,24r: *D.E.*)

11525. **Máis val fume da miña chaminea que fume da allea.** (ms10,24r: *D.E.*)

11526. **Non é nada, que do fume chora.** (ms10,24r: *D.E.*)

11527. **O fume descobre onde está o lume.** (ms10,24r: *D.E.*)

11528. **O fume vaise ó fumeiro i-alí faise o preguiceiro.** (ms10,24r: *D.E.*)

11529. **O fume, a goteira e a muller brava botan o home fóra da súa casa.** (ms10,24r: *D.E.*)

11530. **O fume, a pingueira i-a muller paroleira botan ó home da casa, queira ou non queira.** (ms10,24r: *D.E.*)

HURTO. V. tamén *Ladrón, Robo, Sablazo*.

11531. **Á que coce i-amasa non lle furtes a fogaza.** (ms10,24r: *D.E.*)

11532. **Non hai millor bocado que o furtado.** (ms10,24r: *D.E.*)

11533. **O atopado non é furtado.** (ms10,24r: *D.E.*)

11534. **O que non furtan os ladrós acábase nos rincós.** (ms10,24r: *D.E.*)

HUSO

11535. **Do fuso hase de esperar, que da roca non hai moito de fiar.** (ms10,24r: *D.E.*)

11536. **Ó mal fuso crebarlle a roca polo mal uso.** (ms10,24r: *D.E.*)

IGLESIA. V. tamén *Religiosos y morales*.

11537. **Á igrexa hase de ir de voluntá; á guerra, de necesidá e, ó convite, nin de necesidá nin de voluntá.** (ms10,030v: *D.E.*)

11538. **A uso de igrexa catedral, tal serán os fillos cal foron os pais.** (ms10,030v: *D.E.*)

11539. **Ben vella é a igrexa e moitos van a vela pra recrearse nela.** (ms10,030v: *D.E.*)

11540. **Como quer que sea, máis preto está a taberna que a igrexa.** (ms10,030v: *D.E.*)

IGNORANCIA

11541. **Non hai nada tan estrevido como a iñorancia.** [3784] (ms10,066r: *D.E.*)

IJADA

11542. **Se queres ter sana a illarga, non cargues moita carga.** (ms10,031r: *D.E.*)

[3784] En ms10 s.v. *Nada* coa indicación *Ignorancia*.

IMPRUDENCIA. V. tamén *Prudencia*.

11543. **Comprar sin poder, vender sin querer.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

11544. **Comprar sin ter é vender sin querer.** (ms14,17)

11545. **O que merca sin ter, vende sin querer.** (ms: F.B.B. / ms4: M.L.)

Var.: *Compro sin ter, vendo sin querer.* (ms5,138: Sta. Eugenia de Asma)

(pt) *Quen compra o que não pode, vende o que não deve* (ou *quer*). (Chaves) / *Quen compra sem poder, vende sem querer.* (Id.) (es) *Quien compra sin poder, vende sin querer.* (R. Marín) (ct) *Qui compra més del que pòt, després ho ha de vendre tot.* (Alberola)

11546. **Quen deixa os seus negocios polos ajenos, non ten xuício.** [3785] (ms: Buciños)

11547. **Tira un a pedra e non sabe ond'irá dar.** [3786] (ms e ms3: M.V.)

INCONSTANCIA

11548. **O mundo dá moitas voltas.** [3787] (ms10,048r: *D.E.*)

INDECISIÓN

11549. **Se te como, non te deixo, e se te deixo, non te como.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Indecisión.

INDEPENDENCIA

11550. **A vida dos vagabundos é unha vida real: de mozos polas tabernas e de vellos no hospital.** [3788] (ms21,30r: Bermés)

11551. **A vida dos vagamundos é unha vida real: de mozos polas tabernas, de vellos no hospital.** (ms: M.V.)

11552. **Anque che son Xan Palomo, sólo como como como.** [3789] (mc e ms16)

(es) *Juan Palomo, yo me lo guiso, yo me lo como.* (Sbarbi)

Los que no consienten para nada la ayuda ajena.

[3785] Contén a indicación *Imprudencia*.

[3786] Contén a indicación *Imprudencia*. V. *Tira un a pedra e non sabe onde vai dar* en *Piedra*.

[3787] En ms10 s.v. *Miscelánea* coa indicación *Inconstancia*.

[3788] O orixinal di: *A vida dos vagabundos e unha vida real; de mozos pol'as tabernas e de vellos no hospital.*

[3789] ms: *solo*; ms16: *sum Xan Palomo*.

11553. **Cada cual cos do seu igual.** (mc)
Var.: *Cada cual pra seu igual.* (F.V.S.) / *Cada cal con seu igual.* (J.A.P.)
(pt) *Cada qual folgue com seu igual.* (Chaves) / *Cada qual com seu igual e cada ovelha com sua parelha.* (Id.) (es) *Cada cual quiere a su igual, la burra quiere al borrico, y por eso se uñen mal, un buey grande y otro chico.* (Correas) (ct) *Cada qual ab son igual.* (Alberola)

11554. **Cada un ben sabe con qué liñas cose.** (mc)
(pt) *Cada um sabe as linhas com que se cose.* (Chaves)

11555. **Cada un ben sabe ónde lle manca o zapato.** (mc: Tuiriz)
Var.: Véase *Cada un sabe onde o zoco lle magoa.*
(pt) *Cada um sabe onde o sapato lhe aperta.* (Chaves) (es) *Cada uno sabe dónde le aprieta el zapato.* (R. Marín)

11556. **Cada un busca o pan do seu mastigo.** (mc: A.S.A.)

11557. **Cada un dá do que ten.** (mc: Carballedo-F.V.S.)

11558. **Cada un do seu cu fai un pandeiro.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

11559. **Cada un do seu fai o que lle dá a gana.** (mc: C.A.)
(es) *Cada uno hace de su capa un sayo.* (R. Marín) (ct) *Cadscú fa lo que vòl de lo seu.* (Alberola)

11560. **Cada un do seu fai un pandeiro.** [3790] (ms-LU: Luís Alonso Alonso / ms10,081r: *D.E.*)

11561. **Cada un fai como sabe ou como pode.** (mc: C.A.)
(pt) *Cada um faz no que sabe.* (es) *Cada uno hace lo que puede.* (R. Marín) (ct) *Cada ú fa lo que sab.* (Alberola)

11562. **Cada un fai da súa capa un manto.** (mc: Tuiriz)
(es) *Cada uno hace de su capa un sayo.* (R. Marín)

11563. **Cada un fai da súa capa un saio.** [3791] (mc)
(es) *Cada uno hace de su capa un sayo.* (R. Marín)

11564. **Cada un fai da súa saia un manto.** [3792] (mc: Tuiriz)
(es) *Cada uno hace -o puede hacer- de su capa un sayo.* (R. Marín)

11565. **Cada un pa si val catro.** (ms-SA: Manuel Tojo Reboredo)

11566. **Cada un pensa de si o que eu penso de min e o que ti pensas de ti.** (ms10,121r: *D.E.*)

11567. **Cada un polo seu non é goloso.** (mc: Buciños)

11568. **Cada un pra si vale por dous.** (mc: M.V. / ms-SA: Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

11569. **Cada un pra si, vale un sento.** (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

11570. **Cada un raña onde lle proi.** (ms21,17v: Bermés)

11571. **Cada un rasca pola súa conta.** (ms5,133: Mondoñedo)

11572. **Cada un sabe donde ll'apreta o zapato.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11573. **Cada un sabe ónde lle proi.** (ms)

11574. **Cada un sabe onde o zoco lle magoa.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(pt) *Cada um sabe onde o sapato lhe aperta.* (Chaves) (es) *Cada uno sabe dónde le aprieta el zapato.* (R. Marín) (ct) *Cada ú sab aon li apreta la sabata.* (Alberola)

11575. **Cada un se entende no seu xeito e saca proveito.** [3793] (mc e ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms18,23r)
(pt) *Cada qual sabe para seu proveito.* (Chaves)

11576. **Cada un se entende ó seu modo e os gatos maian soilos.** [3794] (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)

11577. **Cada un se raña onde sinta picazón.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(pt) *Cada um coça onde lhe come.* (Chaves) (es) *Cada uno se rasca donde le come.* (Correas) (ct) *Cada ú es rasca allí aon li pica.* (Alberola)

11578. **Cada un se rasca onde lle proi.** (mc: M.V.)
(pt) *Cada um coça onde lhe come.* (Chaves) (es) *Cada uno se rasca donde le come.* (Correas) (ct) *Cada ú es rasca allí aon li pica.* (Alberola)

11579. **Cada un sente o seu e ningún o alleo.** (mc)
(pt) *Cada um sente o seu e ninguén o alheio.* (Chaves) (es) *Cada uno siente su*

[3790] En ms10 s.v. *Pandero*.
[3791] O orixinal di: *Cada un fai da sua capa un sayo.*
[3792] O orixinal di: *Cada un fai da sua saya un manto.*
[3793] ms4 e ms18,23r: *ao seu xeito, porveito*.
[3794] O orixinal di: *Cada un se entende ô seu modo, e os gatos mayan soilos.* / ms6,02v: *a seu modo, maian*.

pérdida. (R. Marín) (ct) *Cada ú sent lo seu mal.* (Alberola)

11580. **Cada un sinte as súas.** (mc: Buciños)
(pt) *Cada um sente o seu e ninguén o alheio.* (Chaves) (es) *Cada uno siente su pérdida.* (R. Marín) (va) *Cada ù sent lo seu mal.* (Alberola)

11581. **Cada un tira do seu pra que lle medre.** (mc: Tuiriz)
(pt) *Cada um estima o seu.* (Chaves)

11582. **Cada un tira polo seu pra que lle medre.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

11583. **Cada un tira sempre pra si.** [3795] (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(pt) *Cada qual sabe para seu proveito.* (Chaves)

11584. **Cada un tira tras do que lle tira.** [3796] (mc: M.L. / ms10,130r: *D.E.*)

11585. **Cada un trata do que mata.** (mc / ms21,14v: Bermés)
(es) *Cada uno trata de lo que mata.* (R. Marín)

11586. **Cada un vai por donde camiña.** (mc: Palas-F.V.S.)

11587. **Cando caias, se non te erguen, procura erguerte.** [3797] (mc: C.A. A. N. Terra)
Var.: *Cando cayas, se non te botan a mau, erte de teu.*

11588. **Debaixo do meu manto o rei mato.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

11589. **O que pode ser libre, non se cautive.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

11590. **Onde queira que vaias, fai o que queiras.** [3798] (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

11591. **Quen pode ser libre, non se cautive.** (ms5,133: Mondoñedo)

11592. **Teñan os meus e non me manteñan.** (ms9,11r: O. de Rey)

11593. **Un animal non quer outro.** [3799] (ms: Buciños)

INDICIOS

11594. **Onde hai xuncos, hai auga.** [3800] (ms5,133: Santiago)

[3795] mc: *pre*.
[3796] En ms10 s.v. *Tirar*.
[3797] O orixinal di: *Cando cayas, se non te erguen, procura erguerte.*
[3798] O orixinal di: *Onde queiras que vayas fai o que queiras.*
[3799] Contén a indicación *Independencia*.
[3800] Indica *Indicios*. V. *Propensión*.

INFERIR

11595. **Polo fío vén o ovillo.** [3801] (ms5,133: Santiago)

INFIERNO. V. tamén *Religiosos y morales*.

11596. **De boas intenciós está o inferno cheo.** (ms10,031r: *D.E.*)

11597. **Está o inferno cheo de mal agradecidos.** (ms10,031r: *D.E.*)

11598. **O inferno está cheo de bos desexos e o ceo de boas obras.** (ms10,031r: *D.E.*)

11599. **O inferno está cheo de bos desexos.** (ms10,031r: *D.E.*)

INGRATITUD

11600. **A ingratitú seca a fonte da piedá.** (ms10,031r: *D.E.*)

INJERTO. V. tamén *Agrícolas, Poda*.

11601. **Marzo a chegar, tempo de inxertar.** [3802] (ms5,133: Santiago)

11602. **O enxerto hai que facelo a tempo.** (ms10,013r: *D.E.*)

INTENCIÓN

11603. **Dunha mala intenzón, librenos El Señor.** (ms10,031r: *D.E.*)

INTERÉS

11604. **Cand'o intrés é tanto, deix'o amor en blanco.** [3803] (ms: Buciños / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

INVIERNO. V. tamén *Agrícolas* (*Meses*), *Estaciones*.

11605. **Cando en inverno vires tronar, vende os bois e bótao en pan.** (ms10,031r: *D.E.*)

11606. **Entre Santos e Navidá é inverno de verdá.** (ms10,031r: *D.E.*)

11607. **O gando no inverno ha de estar ben comesto.** (ms10,031r: *D.E.*)

11608. **O gando no inverno quer estar ben mantido.** (ms10,031r: *D.E.*)

11609. **Polo san Vicente perde o inverno un dente.** [3804] (ms10,116r: *D.E.*)
San Vicente (22 enero).

IRA

[3801] Indica *Inferir*. V. *Causas y efectos*.
[3802] Indica *Ingertar*. V. *Agrícolas* (*Generales*) e *Agrícolas* (*Meses. Marzo*).
[3803] Contén a indicación *Interés*.
[3804] En ms10 s.v. *San Vicente* coa indicación *Invierno*.

11610. **Da ira do señor e da tirria dos pobos, Dios nos libre a todos.** (ms10,031v: *D.E.*)

11611. **Eu te castigaría se non estivese cheo de ira.** (ms10,031v: *D.E.*)

11612. **Ira de irmaus, ira de marraus.** (ms10,031v: *D.E.*)

11613. **Ira de namorados, amores dobrados.** (ms10,031v: *D.E.*)

11614. **Prá ira de Deus non hai casa forte.** (ms10,031v: *D.E.*)

11615. **Vivirás boa vida, se contés a túa ira.** [3805] (ms10,143v: *D.E.*)

JUEGO DE LA BRISCA. V. tamén *Lacras y vicios sociales, Tresillo*.

11616. **Aproveitador de tantos, perdedor de biriscas.** [3806] (mc: Buciños)

11617. **Sete, unha brisca gallega.** [3807] (ms5,058)
Var.: *Sete, unha brisca da aldea.* (Silvarrey)

JURÍDICOS Y SIMILARES. V. tamén *Abogados, Contratos, Convenios, Defensa, Deudas, Diaño, Escribanos, Leyes, Mal gobierno, Mandar, Negación, Pleitos, Pobreza* (*Pobreza e Ingenio*), *Poder, Prisión, Pruebas, Vida comercial y contratos*.

11618. **A bondá destroi a autoridá.** (mc: M.V.)
Var.: *A moita bondá acaba ca autoridá.* (Santiago) / *A moita bondá destroi a autoridá.* [3808] (mc: R. Marín / ms21,20v: Bermés / ms-SA: Amador Darriba Míguez) / *A moita bondá creba a autoridá.* (F.B.B.)
(es) *Bondad merma autoridad.* (R. Marín) / *Sé bueno; pero no tanto que se pierda el respeto.* (R. Marín)

11619. **A cada un o seu e a Dios o de todos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

11620. **A cada un o seu, a Dios o de todos.** (mc: La Coruña)
(*ct*) *A cadascú dona lo seu y tot a Deu.* (Alberola)

11621. **A cada un o seu.** (mc: Sarria)
(pt) *A cada um aquilo que é seu.* (Chaves)
(es) *A cada uno lo suyo.*
Norma y definición de la justicia conmutativa.

11622. **A castaña no souto, por un lado e por outro e, cando está no camiño, afuracarlle cun guizo.** (mc: Buciños)

11623. **A castaña posta no camiño é do viciño.** (ms18,16r)

11624. **A castaña que está no camiño é do veciño.** (mc: F.B.B. / ms21,21r: Bermés / ms-SA: Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C / ms-SA: Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C / ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C (10-11-51))

11625. **A concencia anda ca comenencia.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

11626. **A concencia vaiche na comenencia.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU)

11627. **A conciencia vaiche prá comenencia.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

11628. **Á consulta, o que con mentira vai, con mentira volve.** (ms9,12v: Silvarrey)

11629. **Á conta dos nosos traballos mantemos nosos estados.** (mc: Otero de Rey)

11630. **Á conta dos porfiados viven nosos estados.** (mc: Tuiriz, Monforte)
Lo dicen los hombres de la Curia.

11631. **A culpa nunca ten cara.** (ms8,43r: O. de Rey)

11632. **Á curta ou á larga todas se pagan.** (ms10,032v: *D.E.*)

11633. **A falta de homes bos calquer é alcalde.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)

11634. **A falta de homes bos, meu maridiño é alcalde.** (mc: C.A.)
(pt) *Por falta de homens fizeram meu pai juiz.* (Chaves) (es) *A falta de hombres buenos, hicieron a mi padre alcalde; o sois alcalde, padre.* (Correas) (ct) *A falta de bòns... mon pare era Alcalde.* (Alberola)

11635. **Á forza aforcan.** [3809] (mc: Buciños / ms10,048r: *D.E.*)
(es) *A la fuerza, ahorcan.* (Sbarbi)

11636. **Á forza vaise á forca.** [3810] (ms10,049v: Silvarrey)

11637. **A frebe do aire, moito á xusticia lle vale.** (mc: F.B.B.)

11638. **A froita que cai no camiño é do veciño.** (ms15,52v)

11639. **A lei do emperador é a do vencedor.** (mc: C.A.)

11640. **A médico, confesor e letrado non-os teñas engañados.** [3811] (mc)
(pt) *Ao médico, ao letrado e ao abade, falar verdade.* (Chaves) (es) *Al médico, confesor y letrado, no le traigas engañado.* (Castillo)

[3805] En ms10 s.v. *Vivir* coa indicación *Ira*.
[3806] En mc atópase dentro do tema *Lacras y vicios sociales*.
[3807] Indica *Juego de la brisca*.
[3808] A. Darriba Míguez: *destrue a autoridad*.
[3809] En ms10 s.v. *Miscelánea*.
[3810] ms15,24r: *horca*.
[3811] O orixinal di: *A mèdico, confesor e letrado, non-os teñas engañado.*

11641. **A merda non ten crella.** (mc: M.L.)

11642. **A merda non ten querella.** (mc: F.B.B.)

11643. **A moita xente é boa pró rei.** (mc: Buciños)

11644. **A ninguén temas si andas direito.** (mc: C.A.)

11645. **A política é boa pra quen vive dela.** [3812] (mc: Buciños)

11646. **Á porta cerrada o demo se volve.** (mc: J.P.)

(pt) *Porta fechada, saúde da alma.* (Chaves) (es) *A puerta cerrada, el diablo vuelve la espalda.* (R. Marín) (ct) *A pòrta trancá, el dimòni s'en torna.* (Alberola)

11647. **Á porta cerrada o diablo se vuelve.** (ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, Vimianzo, C)

11648. **A quen quites o sombreiro, nunca lle prestes diñeiro.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

11649. **A rabia, cando é moita, fai calquera cousa.** (mc: Santiago)

11650. **A razón non quer forza.** [3813] (mc e ms4: M.V. / ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms10,106r: *D.E.*)

(es) *La razón no quiere fuerza, ni la fuerza quiere razón.* (Correas) (ct) *La raó no vòl fòrça.* (Alberola)

11651. **A rei morto, rei posto ou reino revolto.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

11652. **A rei morto, reino revolto.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *A rey muerto, reino revuelto.* (Correas)

11653. **A roupa sucia lávase na casa.** (mc: Buciños)

(es) *La ropa sucia se lava en casa.* (R. Marín)

11654. **A xusticia é pior que o pedrazo: este deixa o chao i-a pedra, i-aquela todo leva.** (ms5,137: Aguada)

11655. **A xusticia, pra vencela, obedecela.** (mc: Buciños)

No todos emplean el verbo vencer, pero tal es el sentido.

11656. **Abogado dormilón nada ten no caixón.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

Var.: *Abogado que toma o sol, non ten cartos no queixón.* (Chantada)

11657. **Abogado novo, xusticia polas silveiras.** (mc: F.B.B. / ms: La Coruña / ms4: M.V.)

(es) *Abogadito nuevo, perdido el pleito.* (Correas) / *Abogado nuevo, pleito perdido.* (Id.)

11658. **Adeministrador que adeministra e enfermo que se enxuaga, algo traga.** (mc: C.A.)

(es) *Administrador, trasegador.* (R. Marín) / *Administrador que administra y enfermo que se enjuaga, algo tragan.* (Castillo) / *Administrar y no comer de lo administrado, caso es que nunca se ha dado.* (R. Marín)

11659. **Afianzarás e pagarás.** (mc: Buciños)

11660. **Alá van leises donde queren reises.** (mc: C.A.)

(pt) *Lá vao leis onde querem os reis.* (Chaves) (es) *Allá van leyes, do quieren reyes.* (Correas)

11661. **Alcalde novo, todo é xusticia.** (mc: F.L.)

Var.: *Alcalde novo, todas son leises.* (ms4: F.L.)

(*ct*) *Alcalde nòu, presó plena.* (Alberola)

11662. **Anda dereito, se ques ter proveito.** (mc: C.A.)

(pt) *Anda direito se queres respeito.* (Chaves)

11663. **Ándaslle buscando os pés ó gato e vaslle encontrar catro.** (mc: Tuiriz)

(es) *Andar buscando tres pies al gato.* (Sbarbi)

11664. **Anque non teño uñas, meto cuñas.** (mc: M.L.)

11665. **Ao bon pagador non lle doen costas.** (mc: C.A.)

(pt) *Ao bom pagador, não dói o penhor.* (Chaves) (es) *Al buen pagador no le duelen prendas.* (R. Marín) (ct) *Al bòn pagaor, no li dòlen prendes.* (Alberola)

11666. **Ao feito, peito.** [3814] (mc: C.A. / ms10,019r: *D.E.*)

(es) *A lo hecho, pecho.*

11667. **Ao fritir será o rir; ao cambiar será o chorar.** (mc: C.A.)

(es) *Al freír es el reír, y al pagar será el llorar.* (R. Marín)

11668. **Ao que llas fagas, llas pagas.** (mc: C.A.)

11669. **Ao que lle importe o muíño teña conta do rodicio.** (mc: F.B.B.)

11670. **Aos papeis e as mulleres hai que mirarlles a cara e o cu.** (mc: F.B.B.)

(es) *El papel y la mujer, hasta el culo se le ha de ver.* (Sbarbi)

Ha de leerse siempre el primero, para no comprometerse, firmando o aceptando lo que no se quiere.

11671. **Aqueles que queiras castigar, non-os maltrates de palabra.** (mc: Camba)

[3812] ms: *pr'o que*.

[3813] ms4 (C.A.): *quere forza*. / En ms10 s.v. *Razón*.

[3814] ms10: *Ó feito*. En ms10 s.v. *Hecho*.

11672. **Aquí non peco, que meu pai é o alcalde.** (mc: C.A.)

(es) *El que tiene el padre alcalde, seguro va a juicio.* (Sbarbi)

11673. **Arredor do río púxenme a chorar mis penas e a auga me respondeu: "Non as fagas, non as temas".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11674. **As castañas do camiño son do veciño.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

11675. **As comadres din sempre as verdades.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

11676. **As contas de Xan non son como as fan.** (mc: F.B.B.)

11677. **As contas arregladas son medio pagadas.** (mc: C.A.)

11678. **As cousas de palacio van despacio.** (ms-LU: seminarista anónimo: Galdo, Viveiro, LU)

11679. **As cousas de palacio vense despacio.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

11680. **As extremas, direitas; de marco a marco non hai arco.** (mc: Buciños)

11681. **As medias son boas prás pernas.** (mc: Carballedo)

Como el anterior.

11682. **As medias son boas prós pés.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S. / ms11,12)

(es) *Las medias, para las piernas.* (Correas) / *Medias, las de las piernas.* (R. Marín) / *Medias, ni en las piernas.* (Id.)

Rechaza los tratos a medias, que siempre traen malos resultados. (mc) / Rechaza los tratos a medias, como tener caseros o trabajadores del campo, con la condición de repartir la mitad de la cosecha. (ms11) / Dice que los negocios que tienen más de un amo son enojosos de sustentar. Juega con la palabra *medias*. (ms11)

11683. **As trampas andan nas feiras.** (mc: Buciños)

11684. **As trampas de san Xoán, por donde veñen, van.** (mc: Parga-F.V.S.)

11685. **As trampiñas de san Xuan logo se verán.** (ms: G.P.)

11686. **Asáñanse as comadres porque lle din as verdades.** [3815] (mc, ms4 e ms18,70v: A.S.A.)

(pt) *Ralham as comadres, descobrem-se as verdades.* (Chaves) (es) *Riñen las comadres, y descúbrense las poridades.* (Correas) / *Riñen las comadres, y dícense las verdades.* (Id.)

11687. **Así as fagas, así as teñas.** (ms10,042r: Silvarrey)

11688. **Atrás anda quen o manda.** [3816] (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *Atrás viene quien las endereza.* (R. Marín)

11689. **Atrás dun rei xudío vén un cristiano.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

11690. **Abogado dormilón, nada seu no caixón.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

11691. **Azados relucientes, escaleiras dos xuzgados e auntamentos cheas de musgo, o médico a pé i-o panadeiro a cabalo, maneira de andar o inverno gobernado** [3817] (mc: Buciños-F.V.S.)

11692. **Azadós relucientes, escaleiras dos xuzgados e aun[ta]mientos cheos de musgo, o médeco a pé i-o panadeiro a cabalo; maneira d'andar o universo ben gobernado.** [3818] (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

11693. **Ben parece o lindeiro entre eu e o meu compañeiro.** (ms10,033r: *D.E.*)

11694. **Ben rei é o que o rei non ve.** [3819] (mc: F.B.B.)

11695. **Bens heredados non son comprados.** [3820] (mc: F.B.B.)

11696. **Boas son miñas veciñas pero me faltan tres galiñas.** [3821] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11697. **Bon abogado, veciño malo.** (mc: Agro)

(pt) *Bom advogado, mau vizinho.* (Chaves) (es) *Buen abogado, vecino malo.* (Sbarbi) / *Un abogado es mal vecino.* (Correas)

El vecino que se meta con él, como dice Sbarbi, saldrá forzosamente perdiendo.

11698. **Bos e maos mantén a cidade.** (mc: A.S.A.)

(pt) *Bons e maus mantêm a cidade.* (Chaves) (es) *Buenos y malos, todos son ciudadanos.* (R. Marín)

[3815] mc: *lles dín*; mc e ms4: *Aráñanse* / Vázquez Saco atribúe no castelán a Chaves o que é de Correas, e nós corrixímolo.

[3816] mc: *quenno manda*.

[3817] ms4: *auntamentos cheos*.

[3818] O orixinal di: *Azadós relucientes, escaleiras dos xuzgados e aunmientos cheas de musgo, o médeco a pe y'o panadeiro a cabalo... maneira d'andar o universo ben gobernado.*

[3819] ms4: *o que ao rei*.

[3820] ms4: *Bens herdados*.

[3821] O orixinal di *Boas son mihas veciñas... pero me faltan tres galiñas*.

11699. **¿Boh? O papel terma do que lle poñen.** [3822] (ms-SA: M. González Fernández)

11700. **Cada un quere levar a auga ó seu muíño e deixa seco o do veciño.** [3823] (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

(pt) *Cada um quer levar a água ao seu moinho, e deixar em seco o do vizinho.* (Chaves) (es) *Cada uno quiere llevar el agua a su molino, y dejar en seco el del vecino.* (Sbarbi) (ct) *Cadascú vòl dur l'aigua al seu molí, més que quede en sec el del veí.* (Alberola)

11701. **Calan barbas onde os papeles falan.** (mc: C.A.)

(pt) *Calem barbas e falem cartas.* (Chaves) (es) *Callen barbas, y hablen cartas.* (Correas) (ct) *Callen barbes y parlen cartes.* (Alberola)

Es ocioso hablar cuando hay documentos que muestran lo que se quiere probar.

11702. **Cando fores ó Concello, acorda no teu e deixa o alleo.** (mc: A.I.)

Var.: *Cando foses ao Concello, acorda o teu e deixa o alleo.* (F.B.B.)

(pt) *Quando fores a conselho, fala do teu e deixa o alheio.* (Chaves) (es) *Cuando vayas a concejo, deja lo tuyo y mira por lo ajeno.* (R. Marín) / *Cuando fueres a concejo, acuerda en lo tuyo y deja lo ajeno.* (Correas) / *Cuando fuéredes en corte, procurá por vos y no por otrie.* (R. Marín)

11703. **Cando se fai algunha trampa, está o demo e deixa o rabo fóra da porta.** (mc: C.A.)

11704. **Cando sea alcalde o meu marido, nacerá o pan cocido.** (mc: J.P.)

11705. **Castaña no souto, nin miña nin doutro.** (mc: Buciños)

11706. **Coa autoridá i-a inquisición, chitón.** (mc: A.S.A. / ms21,31r: Bermés)

11707. **Coa vara con que midires serás medido.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

11708. **Compra a quen herdou e non a quen comprou.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

(pt) *Compra a quem herdou, que não sabe o que custou.* (Chaves) (es) *Cómprale al heredero y no al que compró con su dinero.* (R. Marín) / *Compra de quien heredó y no compres de quien compró, que sabe lo que costó.* (Id.)

Porque *lo heredado es regalado y lo comprado sudado*.

11709. **Con home estudado non disputedes e con probe non preitedes.** [3824] (mc: F.B.B.)

11710. **Con tolos e porfiados sostemos nostros estados.** (mc: Buciños)

Var.: *Con locos e porfiados sostemos nosos estados.* (Dicen los curiales) (ms4)

Dicen los oficiales de la Justicia.

11711. **Conséllate con quen seipa e acertarás.** [3825] (mc: F.B.B.)

11712. **Consellos a abogados, peitear a carecas e catar pulgas a cas, son traballos vas.** [3826] (mc: F.B.B.)

11713. **Conta feita é media paga.** (ms)

11714. **Contas feitas non corren prisa.** (mc: Monforte)

11715. **Contas feitas son medias pagas.** (mc: M.V. / ms21,06v: Bermés)

Var.: *Contas feitas, medias pagas.* (Lugo-F.V.S.)

11716. **Contas ó día levadas son medias pagas.** [3827] (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

Var.: *Contas ó día levadas, nunca son equivocadas.* (J.P.)

(es) *Cuenta ajustada es media pagada.* (R. Marín)

11717. **Contra da forza non hai resistencia.** (mc: C.A.)

(pt) *Contra a força, não há resistência.* (Chaves) (ct) *Contra la fòrça no hi ha resistència.* (Alberola)

11718. **Correi, mañas e zancas, que neste mundo non hai máis que trampas.** (mc)

11719. **Correi, miñas chancas, que neste mundo non hai máis que trampas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

11720. **Cu'autoridá e coa inquisición, chitón.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11721. **Cucharín, cucharetas, donde non te chamen, non te metas.** (ms-SA: Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

[3822] O orixinal di *¿Bo? O papel terma do que lle poñen.*

[3823] V. *Cada un tira a auga para o seu muíño, inda deixe seco o do veciño* en *Egoísmo* (*Egoísmo inclemente*). / ms4: *moiño*.

[3824] ms4: *non preiteedes*.

[3825] V. *Conséllate con quen sepa e, se ques acertar, acertas* en *Consejo oportuno y consejo tardío*.

[3826] ms4: *Consellos e abogados*; ms15,11: *traballos en van*.

[3827] ms4: *medio pagas*.

11722. **¿Chamáchesme a partir? Chamáchesme a reñir.** (ms-SA: M. González Fernández)

11723. **¿Chámame a partir? Chámame a reñir.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11724. **Chámasme a partir, chámasme a reñir.** (mc: F.B.B. / ms15,01: Carré Aldao)

11725. **Chorar con testigos e cumplir con amigos.** (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S)

11726. **Dá o seu a seu dono.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

11727. **Das ovellas contadas come o lobo e anda gordo.** [3828] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11728. **De boca a boca vai un home á forca.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

11729. **De ferreiro a ferreiro non corre diñeiro.** (mc: F.B.B.)

11730. **De ladra a ladra non hai distancia.** (mc: C.A.)

11731. **De marco a marco non fai arco.** (ms-SA: José Manuel Area Alonso)

11732. **De marco a marco non hai arco sen muro, rego ou valado.** (mc: F.B.B.)

11733. **De marco a marco non hai arco.** [3829] (mc: Buciños / ms3: M.V. / ms21,19v: Bermés)

Var.: *De marco a marco non hay rego torto.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

11734. **Debaixo de meu manto o rei mato.** (mc)

(es) *Debajo de mi manto al rey me mato.* (Correas)

11735. **Debaixo dunha boa capa encérrase unha mala abella.** (mc / ms4: F.V.S.)

11736. **Demoucar é benfeitar.** (mc)

El colono tiene derecho a desmochar o podar los árboles del amo, porque la poda no deteriora, antes mejora la propiedad. / Véase. Anuario de los [?] del ateneo ferrolano, pág. 363. (Incio). (ms4) / *Demoucar* tráelo sólo el *Vocabulario castellano-gallego de las Irmandades da Fala*. Carré Alvarellos registra *desmouchar*, por *desmochar*, podar con exceso.

11737. **Discurre máis un famento que cen letrados.** [3830] (mc: Buciños)

Var.: *Discurre máis un famento que un abogado.* (Carballedo) / *Discurre máis un necesitado que un abogado.* (F.V.S.)

(es) *Máis discurre un hambriento que cien letrados.* (Sbarbi)

11738. **Do bo, boa prenda; e do mau non fíes nada.** (mc: F.B.B.)

11739. **Do contado come o lobo.** [3831] (mc: A.I. / ms3: A.N.V.)

(pt) *Do contado come o lobo.* (Chaves) (es) *De lo contado come el lobo, y anda gordo.* (De las reses lanares). (Jara)

Dícese figuradamente de los que administran caudales ajenos, sobre todo, del erario.

11740. **Do diñeiro prestado ninguén encheu o sobrado.** (mc: F.B.B.)

Var.: *Do diñeiro roubado ninguén encheu o sobrado.*

11741. **Do mal pagador, a paga en cinza.** (mc: F.B.B.)

(es) *Del mal pagador, en piedras.* (R. Marín)

11742. **Do prestado, mal recado.** (mc: Mellid-F.V.S.)

11743. **Do ajeno, nin un pelo.** (mc: Carballedo)

(es) *De lo ajeno, ni aun un pelo.* (R. Marín)

11744. **Dos que van á xusticia, o que gana queda en camisa i-o que perde, sin ela.** (ms5,057: Silvarrey)

11745. **Durme dun trance quen nada debe.** [3832] (mc: C.A. / ms4)

(es) *Duerme a quien duele, y no duerme quien algo debe.* (Sbarbi)

Sbarbi recolle: *Duerme quien duerme, e non duerme quien algo debe*.

11746. **Duro con duro non fai bon muro.** (mc: A.N.)

(pt) *Duro com duro, não faz bom muro.* (Chaves) (es) *Duro con duro, no hizo jamás buen muro.* (Correas) / *Yo duro y vos duro ¿quién llevará lo maduro?* (Sbarbi) (ct) *Dur ab dur, no pòt fer mur.* (Alberola)

Es difícil conocer el final de una porfía entre dos personas igualmente tercas.

11747. **É millor ser burro que alcalde: alcalde é un hoxe e non é mañá, i-o que é burro, é burro sempre.** (mc: Buciños)

[3828] V. *Do contado come o* lobo, tamén en *Jurídicos y similares* e *Das sardiñas contadas come o gato* en *Marítimos* (*Peces*). Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Agrícolas* (*Animales*).

[3829] ms3: *n'hai*.

[3830] V. *Máis inventa un pobre que sete abogados* en *Pobreza* (*Pobreza e ingenio*).

[3831] V. tamén *Agrícolas* (*Animales*). / V. *Das sardiñas contadas come o gato* en *Marítimos* (*Peces*) e *Das ovellas contadas come o lobo e anda gordo* en *Jurídicos y similares.*

[3832] mc: *que nada debe*.

11748. **En campos ben labrados excúsanse abogados.** [3833] (mc: J.P. / ms4: F.V.S.)

11749. **En canto a castaña está no souto, ou será miña ou doutro.** [3834] (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11750. **En canto a castaña está no souto, será pra ti ou pra outro.** [3835] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

11751. **En canto a castaña está no souto, será pra ti ou será pra outro.** (mc: Buciños)

11752. **En canto hai pescozo naide está libre da forca.** (mc: F.B.B.)

11753. **En este tempo todos se volven ghastos e a culpa tena a Xunta d'Abastos.** [3836] (ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C)

11754. **En morrendo o arrieiro, sábese de quén é a recua.** [3837] (mc: F.B.B.)

(es) *Hasta que no muere el arriero, no se sabe de quién es la recua.* (Sbarbi)

11755. **Enfádanse as comadres porque lles contan as verdades.** (Jesús Vázquez: Sarria, LU)

11756. **Enfádanse as miñas comadres porque lle dicen as verdades.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11757. **Entender de presos, carceleiros vellos.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

11758. **Entre marco e marco non hai arco.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Incio, LU)

11759. **Entrei salvo de culpa e pena; se pecado tes, pecado che queda.** [3838] (mc: Buciños)

11760. **Escápate da bulla si non queres ser testigo nin parte.** (mc: Buciños)

(pt) *De arruídos guar-te, não serás testemunha nem parte.* (Chaves)

11761. **Escribe antes de dar e colle antes de escribir.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

11762. **Eu t'áusolvo de culpa e pena: se pecado tes, pecado che queda.** [3839] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11763. **Fai mal e agarda que cha han de cobrar.** [3840] (mc: C.A.)

(pt) *Faze o mal, espera outro tal.* (Chaves) (es) *Haz mal, espera otro tal.* (Correas)

11764. **Fainas Xan e pagaas Pedro.** (mc: Meilán)

(es) *Hácelo Haja, y azotan a Mazote.* (Correas)

11765. **Fanse de noite e descúbrense de día.** (mc: Buciños-F.V.S.)

11766. **Feita a lei, feita a trampa.** (mc: Buciños)

(pt) *Feita a lei, cuidada a malícia.* (Chaves) (es) *Hecha la ley, hecha la trampa; la malicia, el engaño.* (Correas) (ct) *Feta la lley, feta la trampa.* (Alberola)

11767. **Gusta a traición, i-o traidor, non.** (mc: A.S.A.)

(pt) *Ainda que a traição agrade o traidor sempre aborrece.* (Chaves) / *Ama El-rei a traição e o traidor não.* (Id.) / *Ama-se a traição, aborrece-se o traidor.* (Id.) (es) *La traición contenta, pero el traidor enfada.* (Sbarbi)

11768. **Hai moitos a cagar ordes e poucos a cumplilas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

11769. **Hai moitos a dar ordes e poucos a cumplilas.** [3841] (mc: Buciños-F.V.S.)

(es) *Donde todos mandan, nadie obedece.* (Sbarbi)

11770. **Hai que ter razón, saber pedila e haber quen a dea.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

11771. **Herdeiro de crego, libertino cego.** (ms: M.V.)

11772. **Home morto non fala.** (mc: F.B.B. / ms21,04r: Bermés)

11773. **Ladrós e encubridores, igual pena merecen.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / ms18,65v: Camba)

11774. **Ladrós i-acubilladores igual pena merecen.** (mc: Buciños-F.V.S. / ms12,001)

(pt) *Tanto peca o que segura o saco como o que para dentro mete.* / *Tão ladrão é o que vai ao nabal como o que fica ao portal.* / *Tanta pena merece o* / *consentidor como o ladrão* / *Tão ladrão é o que vai a vinha como o que fica no portal.* (Id.) / *Tão ladrão é o que vai à vinha como o que fica à espreita.* (Chaves) / *Tão ladrão é o que vai ao nabal como o que fica ao portal.*

[3833] ms4: *escusanse*.

[3834] V. *Mentres a castaña está no souto, ou será miña ou de outro* tamén en *Jurídicos y similares*.

[3835] V. *Mentres a castaña está no souto, ou será miña ou de outro* tamén en *Jurídicos y similares*.

[3836] O orixinal di: *En este tempo todos se volven jastos e a culpa tena a Xunta da bastos.*

[3837] V. *En de morrendo o arrieiro, sábase de quén é a recua* en *Oficios*.

[3838] V. *Eu t'áusolvo de culpa e pena: se pecado tes, pecado che queda* en *Jurídicos y similares*.

[3839] V. *Entrei salvo de culpa e pena; se pecado tes, pecado che queda* en *Jurídicos y similares*.

[3840] ms4: *cho han de cobrar*.

[3841] ms4: *cagar ordes*.

(Id.) (es) *Si no hubiera encubridores, no habría ladrones.* (Sbarbi)

Acubillador, es encubridor, de *acubillar*, encubrir. *Acubillador* = encubridor, falta en nuestros diccionarios y es común en la tierra en la que hemos recogido el refrán. (ms12,001)

11775. **Máis quero ver a miña vaca morta que a xusticia á porta.** (ms15,43: Lugo)

11776. **Máis son os amenazados que os acuchillados.** (mc: J.P.)

(pt) *Mais são os ameaçados do que os acutilados.* (Chaves) (es) *Más son los amenazados que los acuchillados.* (Sbarbi)

11777. **Mal escapa o que a forca debe.** (mc: F.B.B.)

11778. **Mal escapa quen a forca debe.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

11779. **Mal me queren os compadres porque digo as verdades.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)

11780. **Man sobre man, como a muller do escribán.** [3842] (mc: C.A.)

(es) *Mano sobre mano, como mujer de escribano.* (Sbarbi)

11781. **Manda quen pode.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

11782. **Mandar non quer par.** [3843] (mc: A.N. / ms10,037r: *D.E.*)

(pt) *Mandar não quer par.* (Chaves) (es) *El mandar no quiere par.* (Sbarbi)

11783. **Memento mei, Deus, quia ventus est, daca os cartos e toma os papés.** [3844] (mc: M.V.)

Var.: *& Memento mei, Deus, quia ventus est, daca os cartos e toma os papés.*

11784. **Mentres a castaña está no souto, ou será miña ou de outro.** [3845] (ms-SA: M. González Fernández)

11785. **Millor é ir á cárcel por dálas que ó hospital por levalas.** (mc: Buciños)

11786. **Moitas veces pag'as xusto por pecador.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11787. **Moitas veces paga o xusto polo pecador.** (mc: Sarria)

(pt) *Paga o justo pelo pecador.* (Chaves) / *Muitas vezes lazerá o justo pelo pecador.* (Id.) / *Arde o verde pelo seco e paga o justo pelo pecador.* (Id.) (es) *Pagar justos por pecadores.* (ct) *Pagar justs per pecaors.* (Alberola)

11788. **Moitas veces preso, señal de ir á forca.** [3846] (mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

11789. **Muíños de herdeiros e bens de menores son os piores.** [3847] (mc: F.B.B.)

Véase en la sección de Agrícolas, Generales: Bens de menós, bens de ladrós.

11790. **N'as fagas n'as temas.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

11791. **Na casa de Xan Pelexón todos reñen e todos teñen razón.** [3848] (mc: F.B.B.)

11792. **Nadia as faga con intención de non pagalas.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11793. **Nadie as faga, que lonxe ou cedo todas as paga.** (mc: R. Caruncho)

Var.: *Nadia as faga, que tarde ou cedo todas se pagan.* (M.V.)

(pt) *Ninguém as faz que as não pague.* (Chaves) / *Ninguem faz mal que o não pague.* (Id.)

11794. **Nadie as faga, que tarde ou cedo hanse saber.** (mc: Santiago)

11795. **Naide as faga que tarde ou cedo todas se pagan.** (ms21,23r: Bermés)

11796. **Nin a cama dourada alivia o dolor nin o bon cuarto a prisión.** (mc)

11797. **Ninguén vai ó abogado que non veña consolado.** (mc: F.B.B.)

11798. **Non as fagas sin intención de pagalas.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *No las hagas y no las temas.* (Sbarbi)

11799. **Non as fagas, non as temas.** (mc: Monforte / ms: Santiago)

Var.: *Non as fagas, non as temas, qu'eu te librarei delas.*

(es) *No las hagas, no las temas.* (Sbarbi)

11800. **Non as fagas, que as pagas.** (mc: Santiago)

11801. **Non as fai o gato o sábado que non as pague o domingo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11802. **Non asines carta que non leas nin bebas auga que non vexas.** (mc)

[3842] ms: *com'a*.

[3843] En ms10 s.v. *Mandar*.

[3844] ms3: *dácame os cartos*; ms4: *dacam'os*.

[3845] V. *En canto a castaña está no souto, será pra ti ou pra outro* e *En canto a castaña está no souto, será pra ti ou será pra outro* en *Jurídicos y similares*

[3846] ms4: *siñal*; ms-LU: *señal dir*.

[3847] ms3: *d'herdeiros*.

[3848] V. tamén *Casa*.

(es) *Ni firmes carta que no leas, ni bebas agua que no veas.* (Correas)

11803. **Non bebas auga que non vexas nin firmes carta que non leas.** [3849] (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms18,34r)

(pt) *Não bebas coisa que não vejas, nem assines carta que não leias.* (Chaves) (es) *No bebas agua que no veas, ni firmes carta que no leas.* (R. Marín)

Véase *Non asines carta que non leas...*

11804. **Non compres a quen comprou senón a quen herdou.** (ms9,02r: Silvarrey)

11805. **Non é ben sentenciar sin ouvir ó acusado.** (mc: Buciños)

Var.: *Non é ben sentenciar antes d'ouír ó acusado.* (F.V.S.)

(es) *Para sentenciar un pleito, es necesario oír a las dos partes.* (Correas)

11806. **Non firmes cartas que non leas nin bebas auga que non vexas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11807. **Non firmes cartas que non leas nin bebas auga que non bebas.** [3850] (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

11808. **Non firmes o que non leas nin bebas o que non vexas.** (ms15,45v: Valle del Mao)

11809. **Non firmes o que non vexas nin bebas agua que non vexas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

11810. **Non hai prazo serodio.** [3851] (mc e ms: F.B.B. / ms10,098r: *D.E.*)

(es) *No hay plazo lejano.* (R. Marín)

11811. **Non hai plazo que non se cumpla.** (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

11812. **Nós por-o alleo e o demo polo noso.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

11813. **Nós pró alleo i-o demo pró noso.** (mc)

Var.: *Nós polo alleo i-o demo polo noso.*

(pt) *Nos pelo alheio e o diabo pelo nosso.* (Chaves) (es) *Nosotros a lo ajeno y el vecino a lo nuestro.* (R. Marín)

Equivale a *Lo mal ganado se lo lleva el diablo*.

11814. **Nos tratos cos teus amigos, un papel e dous testigos.** [3852] (mc: Buciños)

11815. **Novos herdeiros, pan nos comareiros.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

11816. **Novos reis, novas leis.** (mc / ms4: F.V.S.)

(pt) *Novo rei, nova lei.* (Chaves) (es) *Nuevo rey, nueva ley.* (Correas)

11817. **Nunca falta un manquiño para o fouciño.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

11818. **O ben ganado léva'o diablo, e o mal ganado lévao o demo e o amo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

11819. **O ben ganado lévao o diablo, i-o mal ganado, el i-o amo.** (mc)

(pt) *O bem ganhado se perde e o mal seu amo e ele.* (Chaves) (es) *Lo bien ganado perece y lo malo ello y su dueño.* (Correas)

Pone de manifiesto la facilidad con que suele gastarse la fortuna, y especialmente, las mal adquiridas. (Bergua)

11820. **O bon pagador é dono das bulsas alleas.** (mc: Buciños)

(pt) *O bom pagador, da bolsa alheia é senhor.* (Chaves) / *O bom pagador é herdeiro no alheio.* (Id.) (es) *El buen pagador, heredero es de lo ajeno, señor y dueño.* (Correas)

11821. **Ó cabo de cen anos os reies son villanos.** (mc)

(es) *Después de cien años, los reyes son villanos; y, después de ciento diez, los villanos son reis.* (R. Marín)

11822. **O costume fai lei.** (mc: F.B.B.)

(es) *La costumbre hace ley o tiene fuerza de ley.* (Sbarbi)

11823. **Ó cura i-ó xues hai que pagarlles cos pés.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

Yendo a su casa.

11824. **O delito arrastra.** (ms8,50v: Silvarrey)

11825. **O fruto xeitoso fai o boi ladrón.** (mc: Otero de Rey)

11826. **O gobernante, ollo por tras e ollo por diante.** (mc: Buciños-F.V.S.)

11827. **O home adiñeirado nunca en xuicio é condenado.** (mc: Tuiriz, Monforte)

11828. **O home ladrón ou criminal nunca en paz está.** (mc: Santiago)

11829. **O interés move os pés.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *El interés, mueve los pies.* (R. Marín)

11830. **O máis pagador sempre ten a disculpa a seu favor.** (mc: Santiago)

[3849] ms18,34r: *nin firmes cartas*.

[3850] O orixinal di: *Non firmes cartas e non ~~bey~~ lexas nin bebas auga que non bebas.*

[3851] ms: *N'hay.* / En ms10 s.v. *Plazo*.

[3852] V. *Entre amigos, un notario e cen testigos* en *Desconfianza*.

11831. **Ó médico e ó letrado non lle teñas enghañado.** [3853] (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

11832. **O papel i-a muller hastra o cu lles hai que ver.** (mc: F.L.)

(es) *El papel y la mujer, hasta el culo se le ha de ver.* (Sbarbi)

11833. **O papel rexe todo.** [3854] (mc: M.V. / ms21,28r: Bermés / ms10,081r: *D.E.*)

(es) *Donde se escribió un papel, hay que estar a lo que se dijo en él.* (R. Marín)

11834. **O precurador é como o disprizuador.** (mc)

Se parecen en la naturalidad con que cada uno cumple su destino.

11835. **O qu'apela, repela.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11836. **O qu'escapa, ben libra.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)

11837. **O que afora, bota fóra.** (mc: F.B.B.)

11838. **O que antes nace, antes pace.** (mc: Carballino / ms15,55: Carballedo)

Var.: *Quen antes nace, antes pace.* (F.V.S.)

(pt) *Quem antes nasce, antes pasce.* (Sbarbi) (es) *El que antes nace, antes pace.* (Sbarbi) / *Quien primero nace, primero pace.* (R. Marín)

Alude a los mayorazgos que se llevan la mayor parte de la hacienda.

11839. **O que ben anda, ben acaba.** (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

11840. **O que ben escapa, ben libra.** (ms8,05r: Silvarrey)

Por ejemplo cuando a uno le espera una paliza y escapa.

11841. **O que coa curia ha tratar, non seña curto no andar.** (mc: M.L.)

Lo recoge la canción popular: *A aquel que é bo preiteante / háselle de conocer / en te-la boca fechada / franca a bulsa e listo o pé*.

11842. **O que compra con diñeiro que non é seu, non diga que compra senón que vendeu.** [3855] (mc: M.V. / ms21,23r: Bermés)

Var.: *O que merca con diñeiro que non é seu, non diga que merca senón que vendeu.* (F.B.B.)

11843. **O que compra con diñeiro que non é seu, non diga que comprou senón que vendeu.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

11844. **O que con mentira vai á xusticia, con mentira volve.** (ms8,32r: Silvarrey)

11845. **O que contas non bota, contas n'atopa.** (mc e ms4: M.V. / ms4: Fonsagrada-F.V.S. / ms21,22r: Bermés)

Var.: *O que contas non bota, contas non saca.* (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)

11846. **O que contas non bota, contas non atopa.** (ms11,47: Comarca de Fonsagrada)

11847. **O que dá o que ten, non merece pena.** (mc: Santiago)

11848. **O que dá pan a can alleo perde o pan e perde o can.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

11849. **O que de unha se escapa, cen anos vive.** [3856] (ms-SA: Manuel Lago López / ms-SA: Celestino López López: Brai, San Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C / ms-LU: José Ballesteros Alonso)

11850. **O que diante nace, diante pace.** (mc: Lugo / ms17,002)

(pt) *Quem antes nasce, antes pasce.* (Chaves)

Véase *O que antes nace, antes pace*.

11851. **O que do seu fai alleo, colla pallas e métaas no seo.** [3857] (mc: *Terra de Melide* / ms: V.R. y A.R. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)

11852. **O que do seu fai alleo, colla un corno e métao no seo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

11853. **O que do seu fai alleo, colla unha pedra e métaa no seo.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

11854. **O que do seu fai alleo, colla papeles e métaos no seo.** (mc: Santiago)

Véase *O que do seu fai alleo...*

11855. **O que do seu fai alleo, mete as pallas no seo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

11856. **O que do seu fai alleo, mete cagallós no seo.** (ms21,06r: Bermés)

11857. **O que do seu fai alleu, colla as mans e metas no seu.** (ms-LU: Félix Rodríguez Vieites)

11858. **O que dunha se escapa, cen anos vivirá.** (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

11859. **O que é de lei, á casa lle ha de vir.** (mc: Tuiriz, Monforte)

11860. **O que escapa, ben libra.** (mc: Santiago)

[3853] O orixinal di: *O medico e o letrado non lle teñas enjañado*.

[3854] En ms10 s.v. *Papel*. V. *Cartas cantan* en *Documentos*.

[3855] mc: *que n'é seu*.

[3856] ms-SA (Celestino L.): *O que de un se escapa*; ms-LU: *O que de unha escapa*.

[3857] ms-LU: *Coll'as pallas*; ms-SA: *do seo fay alleo, metas no seu*.

11861. **O que escapa, delito ten.** [3858] (mc: Tuiriz, Monforte / ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)

(es) *Quien huye, delito tiene.* (R. Marín) / *Quien huye del jucicio, confiesa su maleficio.* (R. Marín) / *Quien huye por algo huye.* (Id.) / *Quien huye del juez, delincuente es.* (Id.)

11862. **O que fai a lei, fai a trampa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

11863. **O que fai as feitas, fai as sospeitas.** (ms10,19r: *D.E.*)

11864. **O que fai fillos en muller allea, perde a feitura.** [3859] (mc: F.B.B. / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

Var.: *O que fai fillos en muller allea, perde fillos e feitura.* (F.V.S.) [3860]

11865. **O que fai o que pode, non merece pena.** [3861] (mc: Buciños)

(pt) *Quen faz o que pode, faz o que deve.* (Chaves)

11866. **O que fixo a lei, fixo a trampa.** (ms21,24r: Bermés)

11867. **O que herda os bés, herda os males tamén.** (ms10,049v: Carballino)

11868. **O que lle com'os bés, que lle rez'ós pés.** (ms11,49: Comarca de Fonsagrada)

11869. **O que lle comeu os bés, que lle rece ós pés.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

11870. **O que mal anda, mal acaba.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

11871. **O que manda, sabe.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

11872. **O que manda, manda como quere.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

11873. **O que manda, non roga.** (ms: Buciños / ms21,17v: Bermés)

11874. **O que mata, morto queda.** (mc)

11875. **O que non herda os pés, non herda os bés.** [3862] (mc e ms11,11: Buciños)

Hay que participar de la sangre para heredar los bienes de los mayores. Se aplica el refrán en Carballedo, como explicación del derecho que establece el artº 811 del *Código Civil*, que llaman vulgarmente el artículo *reservista*.

11876. **O que non queira danzas, que non se meta nelas.** [3863] (mc: Buciños)

11877. **O que non queira peras, que non vaia a elas.** (mc: Vivero)

11878. **O que queira vivir seguro, pague ó rei o que é "suio".** [3864] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11879. **O que rouba a un ladrón, ten cen anos de perdón.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

11880. **O que se escusa, acusa.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

11881. **O que se mete a redentor, sai crucificado.** [3865] (mc: Tuiriz, Monforte / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

11882. **O que sementa ventos, recolle tempestades.** (mc: Sarria)

(pt) *Quem semeia ventos colhe tempestades.* (Chaves) (es) *Quien siembra vientos, recoge tempestades.* (R. Marín)

11883. **O que ten a lengua aguda, que teña a costrela dura.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

11884. **O que ten a lengua aguda, ten a costela dura.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11885. **O que ten a lengua aguda, ten que ter a costela dura.** [3866] (mc)

Var.: *O que ten a lengua aguda, que teña a costela dura.* (ms4: A.N.)

(es) *Quien tiene la lengua dura, necesita tener costilla dura.* (Sbarbi)

Glosado por la siguiente canción popular: *Coa xusticia non hai chanza, / a condanada rabuña: / o que ten a lengua larga / ha ter a costela dura. / Por Dios cala, meu homiño / dixo a muller do tío Pedro: / quen dá moito á martadela / logo lle poñen un freno.*

11886. **O que ten pescozo, non está libre da forca.** (mc: Carballedo)

Var.: Como: *En canto hai pescozo...*

11887. **O que ten testada ó camiño, sírvese polo seu eido.** (mc)

Var.: *O que testa na rúa, sérvese pola súa.* (mc: F.B.B. y G.S. / ms4: G.S.) [3867]

Las fincas rústicas o urbanas que lindan con una calle o camino público, tienen por él su servicio, sin derecho a hacerlo por predios ajenos.

[3858] ms: *Quen escapa*; ms-LU: *qu'escapa*.
[3859] ms-SA: *na muller*.
[3860] ms4: *n-a muller allea*.
[3861] V. *Voluntad* (*Buena voluntad*).
[3862] ms11: *hereda os pés, hereda os bes*.
[3863] ms: *n-elas*.
[3864] ms-LU: *pag'o rei o qu'é suio*.
[3865] ms-SA: *sale*.
[3866] V. *Quen ten a léngoa aguda, que teña a costela dura* en *Ofensas*.
[3867] ms4: *sirvese*.

11888. **O que ten lengua, córtaselle.** (mc)

11889. **O que vai ó abogado, nunca vén desconsolado.** (mc: M.V.)

11890. **O que vai ós abogados, non ten que perder: si con mentira vai, con mentira vén.** (ms5,057: Silvarrey)

11891. **O rei, onde n'está, non parece.** [3868] (mc: Buciños / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

11892. **O ruín pagador nunca ten diñeiro.** (mc: Sarria-F.V.S.)

11893. **O seu dállo a seu dono.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(pt) *A cada um aquilo que é seu.* (Chaves) (es) *A cada uno lo suyo.*

Véase *A cada un, o seu*.

11894. **O seu darllo ao seu dono.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

11895. **Ó xuez pegarlle cos pés.** (mc)

(es) *A jueces galicianos, con los pies en las manos.* (Sbarbi)

Así lo registra Leiras Pulpeiro y, al no haberlo oído nunca de esta manera, aventuramos la hipótesis de que sea errata y una variante del que dice: *O cura i-ó xuez, hai que pagarlles cos pés*.

11896. **Onde falan cartas, calan barbas.** (mc: F.B.B.)

Var.: *Onde letras falan, barbas calan.* (mc: F.L. / ms4: Fonsagrada-F.V.S.) [3869] / *Onde hay cartas, calan barbas.* (M.V.)

(pt) *Calem barbas e falem cartas.* (Chaves) (es) *Hablen cartas y callen barbas.* (Sbarbi) / *Donde las cartas hablan, las barbas callan.* (R. Marín)

Véase *Calan barbas...*

11897. **Onde non te chaman non te metas.** [3870] (mc: F.B.B. / ms: M.V.)

Var.: *A donde non-o chaman, vai o can.* / *A donde non me chaman, ¿que me quererán?* / *Cucharín, cucharetas, donde non te chamen non te metas.* (Santiago)

(es) *A donde no te llaman, no vayas.* (R. Marín) / *Donde no te llaman ¿que te quieren?* (Id.) / *Donde no me llaman para nada me querrán.* (Sbarbi)

11898. **Onde o diñeiro fala, todos calan.** [3871] (mc: Buciños)

(pt) *Onde o ouro fala, a língua cala.* (Chaves) (es) *Cuando el dinero habla, todos callan.* (R. Marín) / *Donde don dinero habla, todo el mundo calla.* (Id.)

11899. **Onde vai a auga, que vai'o caldeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11900. **Onde vai a fouce, vai o mango.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)

11901. **Onde vai a fouce, vaia o mango.** [3872] (mc: M.V. / ms21,24r: Bermés)

(pt) *Onde vai o carro, vão os bois.* (Chaves) / *Onde vai o ferro, vai a ferrugem.* (Id.) (es) *Donde va el caldero, vaya la soga.* (R. Marín) / *Donde va la aguja, va el hilo.* (Id.)

Un caso particular de la ley de accesión.

11902. **Onde vai a ola que vaia a tapadeira.** (mc: Buciños)

11903. **Onde vires bulla escápate, se non queres ser testigo nin parte.** (mc: M.V. / ms21,21r: Bermés)

Var.: *Onde vexas bulla, escápate, si non queres ser testigo nin parte.* (ms4: F.B.B.)

(pt) *De arruídos guar'-te, não serás testemunha nem parte.* (Chaves) (es) *Donde revuelta hubiere, escabúllete si bien librar quieres.* (R. Marín)

Véase *Escápate da bulla...*

11904. **Onde vires división sólo esperes perdición.** [3873] (mc: C.A. / ms10,138r: *D.E.*)

11905. **Os cartos cóllense unha ves e cóntanse tres.** [3874] (mc: F.B.B.)

(es) *El dinero se ha hecho para contarlo.* (Sbarbi)

11906. **Ós meus compadres non lle gusta cando lle din as verdades.** (ms-SA: José Cornes Iglesias: Santiago de Buxán, Val do Dubra, C)

11907. **Pagan xustos por pecadores.** (ms15,52r / ms10,075r: *D.E.*)

Castigo (ms10)

11908. **Palabra de rei non falta.** (mc: Buciños)

11909. **¿Parcerías? Coa muller, i-ás veces hai que ver.** [3875] (mc: M.L.)

11910. **Parécelles mal ós meus compadres porque lles contan as verdades.** [3876] (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

11911. **Paso de boi, dente de lobo e, de vez en cando, facer o bobo.** (mc: Buciños)

[3868] ms-LU: *non está*.

[3869] ms4: *Donde*.

[3870] Dentro do sobre *Curiosidad* no manuscrito. / ms4: *te chamen* / V. *Onde non te chaman, nada che queren* en *Entretenimiento*.

[3871] V. *Cando o diñeiro fala, todos calan* en *Dinero* (*Poder del dinero*).

[3872] ms21,24r: *vaya a fouce vaya o mango*.

[3873] mc: *Donde vires*. / En ms10 s.v. *Ver*.

[3874] V. tamén *Riqueza y dinero*.

[3875] ms: *c'a*; ms4: *hai que se ver*.

[3876] O orixinal di *Parécelles mal os meus compadres, porque lles contan has verdades*.

Se pone en boca de procuradores y demás adláteres de la Curia.

11912. **Polo que cabe no peito non hai preito.** [3877] (mc: Santiago)

(es) *Por lo que guardo en mi pecho, nunca tendré pleito.* (R. Marín)

11913. **Polo que garde no peito non hai pleito.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

11914. **Por tras, chámanlle ó rei, cornudo.** (mc / ms4: F.V.S.)

Var.: *Rei é que rei non ve.* (M.V.)

11915. **Pra ben estar, o ladrón na forca i-o santo no altar.** (ms10,015r: *D.E.*)

11916. **Pra entender de presos, carceleiros vellos.** (mc: Carballino / ms21,12v: Bermés)

11917. **Pra entender us presos, carceleiros vellos.** (ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C (10-11-51))

11918. **Pra lograla hai que porfiala.** (mc: F.B.B.)

(es) *Quien la sigue, la consigue.* (Correas) / *Porfía y lograrás.* (R. Marín)

11919. **Pra o ladrón da casa non hai pechadura.** (mc: F.B.B.)

Var.: *Pró ladrón da casa non hai coutura.* (La Golada-F.V.S.)

(pt) *A ladrão de casa, não há chave.* (Chaves) (es) *Para el ladrón de casa, no hay puerta cerrada.* (R. Marín)

11920. **Preso, nin por un pelo.** (mc: A.S.A.)

11921. **Prestan diñeiro os amigos ante notario e testigos.** [3878] (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

11922. **Prestar diñeiro ós amigos, ante notario e testigos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11923. **Que gane Pedro, que gane Xan, quen paga todo é o saio de lan.** (mc: S.P.P.-*Ultreya*)

Aplícase el refrán principalmente a las contiendas políticas, y el *saio de lan* es el pobre labriego, que las paga todas.

11924. **Quen apela, arrepela.** (mc: F.B.B.)

11925. **Quen armou o trelo, que o desarme.** [3879] (ms10,103r: *D.E.*)

11926. **Quen as fixo, que as pague.** (mc: F.B.B.)

(pt) *Quem faz mal espere outro tal.* (Chaves) (es) *Quien la hace, la paga.* (R. Marín) (ct) *Qui la faça que la pague.* (Alberola)

11927. **Quen coa curia ha de tratar non seña curto en dar.** (mc: A.N.)

11928. **Quen enredou a meada que a desenrede.** (mc e ms4: A.S.A. / ms4: J.P.)

11929. **Quen fai as feitas, ten que roer as sospeitas.** (ms10,19r: *D.E.*)

11930. **Quen fai fillos en muller allea perde os fillos mais o feitizo.** (mc: F.B.B.)

11931. **Quen fai o que non debe recibe o que non quere.** (mc: Buciños)

(es) *Quien hace lo que no debe, le sucede lo que no cree.* (R. Marín)

11932. **Quen fai o que quere, non fai o que debe.** (mc: Carballedo)

(pt) *Quem faz o que quer, não faz o que deve.* (Chaves) (es) *Quien hace lo que quiere no hace lo que debe.* (Bergua)

Teniendo libertad de obrar, es fácil pasarse de lo justo.

11933. **Quen fixo a lei, fixo a trampa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

11934. **Quen fuxe do seu chan, algunha cousa malicia.** (mc: R. Caruncho)

(es) *Quien huye, algo tiene.* (R. Marín) / *Quien huye, delito tiene.* (Id.)

11935. **Quen lle come os bés, que lle rece ós pés.** (mc e ms4: M.L. / ms4: F.V.S.)

11936. **Quen mal anda, mal acaba.** (mc: *Dicc. Ac.* / ms18,76r: A.S.A.)

(pt) *Quem mal anda, mal acaba.* (es) *Quien mal anda, mal para.* (R. Marín)

Se aplica generalmente en sentido moral, aunque una canción popular, recogida por Ballesteros, lo glosa más bien en sentido recto: *Manoel, ti andas no monte / coa roupiña remendada. / Déixate, Manoel d'andar: / quen mal anda, mal acaba*.

11937. **Quen mal fai, mal espera.** (mc: Buciños)

(pt) *Quem mal faz por mal espere.* (Chaves) / *Quen faz mal espere outro tal.* (Id.) / *Ninguem faça mal que espere de lhe vir bem.* (Id.) (es) *Quien mal hace, mal espera.* (R. Marín) (ct) *Qui mal fa, mal trobará.* (Alberola)

11938. **Quen manda, manda.** (mc: Buciños)

(pt) *Quem manda, manda bem.* (Chaves) (es) *Quien manda, manda, y cartuchera en el cañón.* (R. Marín) / *Quien manda, manda y ahí que da el hueso.* (Id.)

11939. **Quen manda, non roga.** (mc: M.V. / ms: Buciños)

(es) *Quien manda, no ruega.* (Bergua)

[3877] V. *Polo que gardo no meu peito non teño preito* en *Pleitos*.

[3878] V. *Entre amigos, un notario e cen testigos* en *Desconfianza*. / ms4: *amigos... ante notario*.

[3879] Sen tema no orixinal.

El que por oficio manda, nunca debe perder autoridad.

11940. **Quen mellor cos empregados se confesa, maior penitencia leva.** [3880] (mc: F.B.B. / ms21,23r: Bermés)

11941. **Quen nun ano queira ser rico, ó medio afórcano.** [3881] (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

(pt) *Quem quer chegar mui depressa, arrisca-se a ficar manco.* (Chaves) (es) *Quien quiere ser rico en un año, al medio lo ahorcan.* (R. Marín)

11942. **Quen nun ano quere ser rico, ó medio, afórcano.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11943. **Quen rouba a un ladrón, gana cen anos de perdón.** [3882] (mc: M.V. / ms21,28r: Bermés)

Var.: *Ladrón que rouba a ladrón, ten cen anos de perdón.* (ms5,133)

(pt) *Quem rouba a ladrão, tem cem anos de perdão.* (Chaves) / *É bom ladrão quem ladrão rouba.* (Id.) / *Ladrão que rouba a ladrão, tem cem anos de perdão.* (Id. (es) Quien hurta al ladrón, cien años gana de perdón. (Sbarbi) / *Quien roba a un ladrón, tiene cien años de perdón.* (Id.)

11944. **Quen rouba ó ladrón, ten cen anos de perdón.** (ms-SA: seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)

11945. **Quen vive sin conta, vive sin honra.** (mc: Buciños)

(pt) *Quem vive sem conta, morre sem honra.* (Chaves)

11946. **Quérenme mal meus compadres porque lle digo as verdades.** (ms-SA: Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C)

11947. **Quérenme mal os compadres porque lle digo as verdades.** (ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

11948. **Rei é o que rei non ve.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

¡Había que servirle durante tres años!

11949. **Rei é quen rei non ve.** (mc: M.V.)

Var.: Como: *Ben rei é...*

11950. **Rei morto, rei posto.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)

(pt) *Rei morto, rei posto.* (Chaves) (es) *A rey muerto, rey puesto.* (Sbarbi) / *Rey muerto, rey puesto; empero más vale el vivo que el muerto.* (Correas)

11951. **Reunión de pastores, sinal de ovella morta.** [3883] (mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

(es) *Junta de rabadanes, muerte de oveja.* (Sbarbi) / *Junta de rabadanes, mortandad de ovejas.* (Id.) / *Junta de mayorales, burra muerta.* (R. Marín)

11952. **Rifan os ladróns e descúbrense os roubos.** (mc: F.B.B.)

(es) *Riñen los ladrones y se descubren los hurtos.* (Sbarbi) / *Riñen los pastores y se descubren los fueros.* (Sbarbi)

11953. **Rompen os burros e páganas os arrieiros.** [3884] (mc: Buciños)

11954. **Rou, rou, fagámo-lo que o rei mandou.** [3885] (mc: A.S.A. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Lit.Gall.*, 2ªed, 1911)

(pt) *Rou-rou, faça-se o que el-rei mandou.* (Chaves) (es) *Ro, ro, hacerse ha lo que el rey mandó.* (Correas)

11955. **San Miguel pese como queira, a romana ha de da-lo seu.** [3886] (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11956. **Se pos o derradeiro no concello, unhos dirán que é blanco i-outros que é negro.** [3887] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Véase *O que pon o cu en concello...*

11957. **Se queres ano ganado, nunca vaias ó abogado.** [3888] (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

11958. **Se queres saber a verdade, espera que veñan as comadres.** (ms-LU: seminarista anónimo: Portomarín, Portomarín, LU)

11959. **Se queres vivir en paz, non te metas nas miñas augas.** (mc)

(es) *Si quieres vivir sin pena, cuida de tu casa y deja la ajena.* (R. Marín)

11960. **Se queres vivir tranquilo, deixa en paz ó teu viciño.** [3889] (mc: Tuiriz, Monforte)

11961. **Señor escribano, usté ben o entende: o que todo o quere, todo o perde.** (mc: Buciños)

[3880] ms21,23r: *millor, empreados*.
[3881] ms4: *quere ser rico*.
[3882] ms: *O que rouba...*
[3883] ms-LU: *señal dovella*.
[3884] V. *Xogan os burros e perden os arrieiros* en *Agrícolas* (*Animales*).
[3885] O orixinal di: *Rou, rou, fagàmol-o que o rei mandòu.*
[3886] O orixinal di: *San Miguel pese como queira; a romana ha de dal-o seu.* / ms4: *ha dal'o seu*; ms-LU: *á dar lo seu*.
[3887] ms-LU: *qu'é blanco i-autros qu'é negro*. / V. *O que pon o cu en consello, uns lle din branco e outros lle din negro* en *Opiniones*.
[3888] ms4: *vayas*.
[3889] ms4: *veciño*.

(pt) *Quem tudo quer, tudo perde.* (Chaves) / *Quem muito quer, tudo perde.* (Id.) (es) *Quien todo lo quiere todo lo pierde, y no es conocido hasta que es perdido.* (Correas)

11962. **Si queres vivir no teu, págalle ó rei o seu.** (ms: F.V.S.)

11963. **Si un leva o seu xuicio ó concello, unhos dirán branco i-outros negro.** [3890] (mc: M.L.)

(pt) *Põe o teu dinheiro em conselho, um dirá é branco, outro é vermelho.* (Chaves) (es) *Pon lo tuyo en concejo, y unos te dirán blanco, y otros dirán negro.* (Sbarbi) / *Saca lo tuyo al mercado, y unos dirán que es prieto y otros, que es blanco.* (R. Marín) / *Pon tu culo al terrero y unos dirán que es blanco y otros que es prieto.* (R. Marín)

11964. **Silabario de sete letras, onde non te chaman, non te metas.** (ms9,07v: Meda)

11965. **Tan boa é a venda como a hipoteca.** (mc: F.B.B.)

Var.: *Tan boa é a venta como a hipoteca.* (A.S.A.)

11966. **Tan bonita é a culpa, que nadie a quer.** (mc: M.V.)

11967. **Tantos xuicios como cabezas.** [3891] (mc: Santiago)

El clásico latino: Tot capita, quot sententiae.

11968. **Te bautizo ó pe dun rigueiro, uña larga, pé lixeiro.** (mc: Buciños)

Como otros análogos se pone en boca de curiales.

11969. **Todos me queren porque son d'Audencia, leve o demo tal comenencia.** (mc: F.B.B. / ms3: *Terra de Melide*)

11970. **Trampas de san Juan, por donde veñen, van.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

11971. **Un soldado sabe máis que sete letrados.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

11972. **Unhos comen as noces i-autros levan as voces.** (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

11973. **Val máis leva-las mans limpas que levalas cheas.** (ms10,036v: *D.E.*)

11974. **Val máis xusticia á porta que misericordia.** (mc: F.B.B.)

11975. **Vale máis o heredado que o comprado.** (ms: Paradela)

11976. **Van as leis onde queren os reis.** (mc: F.B.B.)

(pt) *Vale a lei o que quer o Rei.* (Chaves)

Véase *Alá van leises...*

11977. **Van os cregos ó concello, tran o cuco no capelo.** [3892] (mc: A.I. / ms21,07v: Bermés)

Var.: *Van os cregos ao concello, levan o cuco no capelo.* (F.B.B.)

(es) *Van los clérigos a los concejos, traen los cucos en los capelos.* (Correas)

11978. **Voz de pueblo, voz de ceo.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU)

11979. **Xan andábache no monte ca súa capa remendada; anda, Xan, anda que o que mal anda, mal acaba.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

11980. **Xusticia, pro non pola miña casa.** (mc)

(pt) *A justiça a todos guarda, mas ninguém a quer em casa.* (Chaves) (es) *Cada uno quiere justicia, y no por su casa.* (R. Marín) (ct) *Justicia y no per ma casa.* (Alberola)

11981. **Xusto, xusto, sólo Dios.** (mc: *Terra de Melide*)

(*ct*) *Deu fa justicia a tots.* (Alberola)

JUVENTUD. V. tamén *Moza, Mozo*.

11982. **Xente nova e roupa vella, todo o mundo prende nela.** [3893] (ms5,045: Santiago)

LABOR

11983. **Labor comenzado é medio feito.** (ms10,031v: *D.E.*)

11984. **Labor comenzado non-o mostres hastra velo acabado.** (ms10,031v: *D.E.*)

11985. **Labor feito nada pide.** (ms10,031v: *D.E.*)

11986. **O labor comenzado que non cho vexa sogro nin cuñado.** (ms10,031v: *D.E.*)

11987. **O lume, a cama e o amor non din "vaite ó teu labor".** (ms10,031v: *D.E.*)

[3890] V. *O que pon o cu en consello, uns lle din branco e outros lle din negro* en *Opiniones*.

[3891] V. *Cada cabeza, súa sentenza* en *Opiniones* e en *Necedad* (*Desacierto de los necios*).

[3892] ms4:*¿Van os cregos ô concello?*. No ms21,07v lemos *Van os cegos ao concello, traen o cuco no capelo*. É unha errata, porque este refrán é sabido que se refire ó feito de que o xoves santo pola mañán tódolos arciprestes asisten na correspondente catedral á misa de consagración dos santos óleos (para a administración do bautismo, confirmación e extremaución) e regresan á súa parroquia antes dos oficios da tarde cos óleos para repartir entre os outros da súa comarca ou arciprestado. A isto chámalle o refrán *ir ó concello*, hoxe diriamos *xuntanza*. E como o xoves santo cae nos derradeiros días de marzo ou primeiros de abril, regresan co cuco primaveral.

[3893] Indica *Juventud*.

LABRADOR. V. tamén *Agrícolas, Oficios*.

11988. **Labrador barallán non colle viño nin pan.** (ms10,031v: *D.E.*)

11989. **Labrador de capa negra pouco medra.** (ms10,031v: *D.E.*)

11990. **Labrador larchán nin colle viño nin sega pan.** (ms10,032r: *D.E.*)

11991. **Labrador paxareiro nunca bo rendeiro.** (ms10,032r: *D.E.*)

11992. **Ó labrego lacaceiro nácenlle espiñas nos eidos.** [3894] (ms10,032r: *D.E.*)

11993. **O labrego que non queira pasar por lacazán, ten que ter callos na man.** [3895] (ms10,032r: *D.E.*)

11994. **O prado quer seu precuro e o labramio, labrador.** (ms10,032r: *D.E.*)

11995. **O que vive da labranza, vive da esperanza.** (ms10,032r: *D.E.*)

11996. **Quen sea labrego honrado, ten que vivir do seu traballo.** [3896] (ms10,032r: *D.E.*)

11997. **Se queres ser bo labrego, vente ó rego.** [3897] (ms10,032r: *D.E.*)

LACERÍA

11998. **Vende na casa e merca na feira se queres saír de laceira.** (ms10,032r: *D.E.*)

LACÓN

11999. **Ó lacón e ó touciño, tragos de viño.** (ms10,032r: *D.E.*)

LACRAS Y VICIOS SOCIALES. V. tamén *Juego de la brisca, Pereza y ociosidad, Tresillo, Vicios*.

12000. **A ambición rompe o saco.** (mc)

Var.: *A cobiza racha o saco.* (C.A.) / *A cobiza rompe o saco.* (Buciños)

(pt) *A cobiça rompe o saco.* (Chaves) (es) *La codicia rompe el saco, o quizá le romperá donde no está.* (Correas) / *Codicia mala, saco rompe.* (Id.)

12001. **A auga de correr e a xente de falar non se pode privar.** (ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

12002. **A auga de correr e a xente de falar non se pode privar.** [3898] (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago)

12003. **Á auga de correr i-á xente de falar non se pode privar.** [3899] (mc: M.V. / ms21 / ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / Juan Carlos Couselo Gago)

Var.: *A auga que corre y-a xente que fale non se pode deter.* (ms4: F.V.S.)

Alude principalmente a la murmuración.

12004. **A ave que máis murmura é a veciña.** (mc: Tuiriz, Monforte)

Juega con las palabras ave y a ve-ciña.

12005. **A baraxa é o libro dos xogadores.** (mc: M.V.)

12006. **A concencia é verde, i-o verde cómeno os burros.** [3900] (mc: Carballedo)

(es) *La vergüenza era verde, y se la comió un burro.* / *La vergüenza era verde y se la comió un borrico.* (Sbarbi)

12007. **A contas vellas, baraxas novas.** (mc)

(pt) *A contas velhas, baralhos novos.* (Chaves) / *A contas velhas, geitos novos.* (Id.) (es) *A cuentas viejas, barajas nuevas.* (Correas) (ct) *A contes vells, baralles nòves; feixos d'aigua lligats en còrdes.* (Alberola)

12008. **A curiosidade é boa prá roupa branca.** [3901] (mc: A.S.A.)

Var.: *A curiosidade é boa prá brancura.* (mc: C.A. / ms e ms4: A.C.) [3902]

Juega con las dos significaciones de la voz *curiosidad*.

12009. **Á i-auga de correr i-ós cas de ladrar, non se lles pode privar.** [3903] (mc: A.N.)

Se aplica a las lenguas que ladran con la murmuración.

12010. **A lengua de mel moitas veces esconde corazón de sacabeira.** [3904] (mc: Villamane, Cervantes)

Revela el mal concepto en que nuestros campesinos tienen a la salamandra, como otros que van en la sección de Medicina.

12011. **Á mala costumbre, crebarlle a perna.** (mc: Carballedo)

(es) *A la mala costumbre, quebrarla la pierna o la cabeza.* (Correas) / *A la mala*

[3894] En ms10 s.v. *Labriego*.
[3895] En ms10 s.v. *Labriego*.
[3896] En ms10 s.v. *Labriego*.
[3897] En ms10 s.v. *Labriego*.

[3898] O orixinal di: *A auga de correr e a gente de faltar non se pode privar*.
[3899] ms: *y a xente*; ms3: *non se lles pode*; ms21, ms-SA e J.C. Couselo Gago: *e a xente*.
[3900] ms: *y o verde*.
[3901] mc: *blanca*.
[3902] mc e ms: *blancura*.
[3903] ms: *A y-auga de correr y os cas*; ms3: *non se lles pode*.
[3904] Vilamane pertence ó concello de Becerreá e non a Cervantes.

costumbre quebrarle la pierna o cortarle las piernas. (Sbarbi)

12012. **A muita pasión non agarda razón.** (ms15,15)

12013. **A pasión cega a razón.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *La pasión ciega razón.* (R. Marín) / *Con pasión, no hay quien tenga seso.* (Sbarbi)

12014. **A pesares, tragos, i-a disgustos, cigarros.** [3905] (ms-SA: seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)

12015. **A pesares, tragos, i-a rabias, cigarros.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12016. **Á porta do fiadeiro, o que escoita de si oi.** (mc: Chorexe, Palas de Rey)

12017. **A soberbia é filla de mal pai.** (mc: Aguada, Carballedo)

12018. **A soberbia é nos pobres e nos ricos a avaricia.** (ms18,20r)

12019. **A soberbia está nos probes, e nos ricos, a avaricia.** [3906] (mc e ms4: M.V.)

12020. **A xogueta e a bebedela botan as casas por terra.** [3907] (mc: J.P. / ms3: M.V.)

(pt) *Jogo e bebida, casa perdida.* (Chaves) / *Na casa de quem joga, pouca alegria mora.* (Id.) (es) *Juego y bebida, casa perdida.* (R. Marín) / *El juego destruye más que el fuego.* (Id.)

12021. **Agua que non has de beber déixaa correr.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

12022. **Alábate, can, que casas mañán.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro: Muxía, C)

12023. **Alábate, can, que mañán te casarán.** (ms-SA: seminarista anónimo: San Xoán de Lubre, Bergondo, C)

12024. **Alábate, can, que si non te alabas non t'alabarán.** (ms-SA: Manuel Gerpe Gerpe: Santa María de Montouto, Santa Comba, C)

12025. **Alábate, can, que te vas a casar mañán.** (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

12026. **Alábate, coitelo, que a vender te levo.** [3908] (mc: A.I.)

Var.: *Alábate, fandelo, que a vender te levo.* (Santiago)

(pt) *Gaba-te cesto, que vender-te quero.* (Chaves) (es) *Alábate, cesto, que venderte quiero.* (Correas) (ct) *Alabat, ruch, que a vendrer te duch.* (R. Marín) / *Alabat ruc, que a la fira et duc.* (Alberola)

12027. **Alábate, fandelo, qu'a vender te levo.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12028. **Alábate, Juan, que si non te alabas, non te alabarán.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

12029. **Alábate, meu can, que te has de casar mañán.** [3909] (mc: Santiago)

Var.: *Alábate, can, que te casas mañán.* (ms5,133: Mondoñedo)

12030. **Alábate, neno, que ben se conoce que non tes abuelo.** [3910] (mc: Tuiriz, Monforte)

(pt) *O louvor em boca própria é vitupério.* (Chaves) (es) *Bien se conoce que no tiene abuela.* (Sbarbi) / *Hace tiempo que se le murió la abuela.* (Sbarbi)

Censura a quien se alaba a sí propio de modo exagerado.

12031. **Alábate, Xan, que has de casar mañán.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

12032. **Alábate, Xan, que se non t'alabas, non t'alabarán.** [3911] (ms-SA: Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C / ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

12033. **Alábate, Xan, que si non, non te alabarán.** (ms-SA: Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C)

12034. **Alábate, Xan, que si ti non te alabas, non te alabarán.** (mc: Buciños)

(es) *Alábate, Juan; que si tú no te alabas, no te alabarán.* (R. Marín)

12035. **Alábate, Xan, si non, non te alabarán.** (ms-SA: seminarista anónimo: Rías Baixas, PO)

12036. **Ánimas, un carto; pra viño, catro.** (mc: Carballedo)

12037. **Anque fales e volvas falar, teño cen sacos cheos e outros cen por desatar.** (mc)

12038. **Auga da fonte que non has de beber, pasa e déixaa correr.** [3912] (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

[3905] O orixinal di: *A pesares tragos y a disgustos cigarros.*

[3906] mc: *A soberbia está nos ricos, e nos probes a avaricia*; ms4: *póbres*.

[3907] ms3: *jogueta*.

[3908] ms4: *vender te levo*.

[3909] ms: *que t'has*.

[3910] Indica *Presunción* no ms.

[3911] ms-SA (Serafín C.): *si non t'alabas*; ms-SA (Nicolás A.): *non ti alabarán*.

[3912] O orixinal di *Auga da fonte que non has de beber, pasa e deixa correr*.

12039. **Auga de fonte que non has de beber, pasa e déixaa correr.** [3913] (mc: Laureano Moscoso Sabel, Santiago)

Var.: *Auga que non has de beber, déixaa correr.* (Ramón Pereira Comparada, Santiago)

12040. **Auga que non has de beber déixaa correr.** [3914] (ms-SA: José Manuel Area Alonso)

12041. **Beber viño dá alegría, i-o fumar dá placer; o que non fuma nin bebe, ¿que alegría che ha de ter?** [3915] (mc: Buciños)

12042. **Ca pólvora non hai que xugar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

12043. **Cada un di o que lle parece.** (mc: Buciños)

12044. **Cando o borracho ronca, o viño no tonel apousa.** [3916] (ms: A.C. *A Nosa Terra* / mc: C.A. / ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)

12045. **Cando o río sona, auga leva.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)

(es) *Cuando el río suena, agua o piedras lleva.* (R. Marín) (ct) *Quan el riu sòna, alguna còsa pòrta.* (Alberola)

12046. **Cando oias berrar a túa veciña, afía ben as túas encías.** [3917] (mc: Chavaga)

12047. **Canto máis come, máis gana ten.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

12048. **Canto máis che dan, máis queres.** [3918] (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

12049. **Canto máis dan, máis queremos.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

12050. **Canto máis dan, máis se quer.** [3919] (mc: A.C. *A Nosa Terra*)

12051. **Canto máis lle dan, máis quer.** (ms-SA: Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO)

12052. **Canto máis se ten, máis se deseia.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

Var.: *Canto máis ten, máis quer.* (M.V. / ms4: M.L.)

(pt) *Quanto mais temos mais queremos.* (Chaves) / *Quanto maior é riqueza, maior é a ambiçao.* (Id.) (es) *Cuanto más poseo, más deseo.* (R. Marín) / *Cuanto más se tiene más se quiere.* (Id.) / *Cuanto más se tiene, tanto más se desea y se quiere.* (Correas)

12053. **Canto máis se ten, máis se quere.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

12054. **Canto máis ten, máis quere.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

12055. **Carta que monta, vale unha conta.** [3920] (mc: Buciños)

12056. **Cobiza de labrego non henche o talego.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *Codicia de labriego, no llena talego.* (R. Marín)

12057. **Como estamos nun tempo tan miserable, si eu non me alabo, non hai quen me alabe.** [3921] (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms18,27r)

12058. **Corvo que estás no bico da pena: o que por outro oies, por ti o espera.** [3922] (mc: A.N.)

12059. **Debaixo dunha mala capa hai un gran bebedor.** (mc: A.S.A. / ms21,05r: Bermés)

(pt) *Debaixo de ruim capa, jaz um bom bebedor.* (Chaves) (es) *Debajo de mala capa hay buen bebedor.* (Correas) / *So mala capa yace buen bebedor.* (Id.) (ct) *Davall del bòn sayal, està l'hòme mal.* (Alberola)

12060. **Debaixo dunha mala capa pod'estar bon bebedor.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12061. **Detrás de un aforrador, sempre ven un gastador.** (mc: Layosa)

Var.: *Dispois de un aforrador vén un dispreciador.* (Buciños) [3923]

(pt) *Depois de um bom poupador um bom gastador.* (Chaves)

12062. **Detrás dun aforrador sempre vén un gastador.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

12063. **É máis o ruído que as noces.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

12064. **Estrícate, polo, que mañán te pelan.**[3924] (ms10,093r: *D.E.*)

12065. **Fumantibos e non comprantibos chámanse caloteantibos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12066. **Gana un bo ganador pra un bo gastador.** (mc: A.S.A.)

[3913] O orixinal di *Auga de fonte que non has de beber, pasa e deixa correr*.
[3914] O orixinal di *Auga que non has de beber deixa correr*.
[3915] ms: *y o fumar, ch'ha de ter*.
[3916] mc: *rouca*.
[3917] mc: *a túa veciñas*.
[3918] O orixinal di: *Canto maix che dan mais queres.*
[3919] ms4: *quere*.
[3920] En mc atópase dentro do tema *Lacras y vicios sociales*.
[3921] ms18,27r: *que si eu non me alabo, n'hay*.
[3922] ms e ms3: *oyes*.
[3923] ms: *d'un, dispriceador*.
[3924] En ms10 s.v. *Pollos*. Este refrán úsase tamén como fórmula de advertencia.

(pt) *Ganham bons para ruins.* (Chaves) (es) *Ganan buenos, para ruines herederos.* (Correas)

12067. **Gana un bon gando para un bon gastador.** (ms18,29r)

12068. **Hai que aproveitar os tantos, que as biriscas fóronse.** [3925] (mc: Buciños)

12069. **Home que non fuma nin bebe viño, o demo o leva por outro camiño.** (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago)

12070. **Inda non asamos e xa pringamos.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)

Var.: *Inda non asamos, xa pingalixamos.* (Fonsagrada / ms4: F.V.S.) / *Inda non asamos e xa pingamos.* (ms4: A.S.A.)

(es) *No asamos, y ya empringamos.* (Correas)

12071. **Mentras se xoga, non se asan castañas.** (mc / ms4: F.V.S.)

12072. **Miña nai díxome que porfiar, porfiase, pero nunca apostase.** (mc: Santiago)

(pt) *Porfiar mas não apostar.* (Chaves) (es) *Porfiar mas no apostar,* (Sbarbi)

12073. **Miña Virxen de quen ten, teña eu máis que ninguén.** (mc: M.V.)

12074. **Moito fume, pouco lume.** (mc: A.N.)

12075. **Na taberna, no ferreiro e no regueiro, sábese a vida do mundo inteiro.** (mc: Buciños)

Buenos centros de información.

12076. **Nas cousas da honra non se afonda.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *En cosas de honra no se ahonda.* (R. Marín)

12077. **Neto a neto, bebe Marica o feltro.** [3926] (mc: Leite de Vasconcellos-F.V.S.)

El borracho gasta en beber cuanto tiene. Lo trae Leite de Vasconcellos en *Philología Gallega*, pag. 25)

12078. **Non digas mal de naide, e non te engañarás; pensa mal de todos e sobre ti estarás.** [3927] (mc: M.V. / ms21,26v: Bermés)

(es) *Aunque mal pienses de cada uno, no digas mal de ninguno.* (R. Marín)

12079. **Non digas mal de ningún i-así non te engañarás; máis, si pensas mal de todos, vas camiño de acertar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

12080. **Non digas mal de naide e non te engañarás.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

12081. **Non é ouro todo o que reloce nin tos toda a qu'o señor tose.** (mc: Pidre)

12082. **Non é ouro todo o que reloce nin trigo todo o que se coce.** [3928] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(es) *No es oro todo lo que reluce.* (Sbarbi)

12083. **Non é ouro todo o que reloce.** [3929] (ms10,073r: *D.E.* / ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

12084. **Non é todo ouro o que reloce.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

12085. **Non te alabes, Maruxiña, que a vanidá é ave de rapiña.** [3930] (mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12086. **Non ten un máis fama que a que lle queren dar.** [3931] (mc: A.S.A.)

(es) *Ninguno más fama tiene que la que darle quieren.* (R. Marín)

12087. **Non todo ouro reloce.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12088. **Non xogues ca pólvora.** (mc: Tuiriz, Monforte)

12089. **Nos fornos e lavadoiros adúbanse os coiros.** (mc: A.N.)

Var.: *Pra adoubar os coiros, os fornos i-os lavadoiros.* (M.V.) / *Pra adonda-los coiros, os fornos y-os lavadoiros.* (ms: M.L.)

Lugares de murmuración.

12090. **Nunca falta quen diga.** (mc: Buciños, Carballedo-F.V.S.)

12091. **O avariento no diñeiro ten o pensamiento.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(pt) *O avarento onde tem o tesouro tem o entendimento.* (Chaves) (es) *El avariento, en el dinero tiene el pensamiento.* (R. Marín)

12092. **O bon viño fai o mal veciño.** (mc)

(es) *El buen vino hace mala cabeza.* (R. Marín)

Porque *el buen vino hace mala cabeza*. (R. Marín)

12093. **O borracho descobre o que ten no cacho.** (ms21,17v: Bermés)

12094. **O borracho dice o que ten no pancho.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

[3925] mc: *briscas*. En mc atópase dentro do tema *Lacras y vicios sociales*.
[3926] ms4: *María*.
[3927] ms4: *nadie*; ms21,26v: *t'engañarás*.
[3928] ms-LU: *tod'o que reloce*; *tod'o que se coce*.
[3929] ms-LU: *tod'o que reluce*.
[3930] ms-LU: *t'alabes, qu'a vanidá*.
[3931] ms: *c'a que lle*.

12095. **O borracho logo solta o que ten no papo.** [3932] (mc: M.V.)

Var.: *O borracho i-o sapo din o que teñen no papo.* (Buciños)

(es) *El borracho, aunque habla turbio, habla claro.* (R. Marín)

12096. **O borracho, cando bebe, con auga se desaúna.** (mc: Santa Comba-F.V.S.)

(es) *Quien borracho se acuesta, con agua se desayuna.* (Sbarbi)

12097. **O cubizoso non ten reposo.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *El codicioso non goza reposo.* (Sbarbi)

12098. **O home que non fuma nin bebe viño, o demo llo leva por outro camiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12099. **O mellor dos dados é non xugalos.** [3933] (mc / ms4: F.V.S.)

(pt) *O melhor lance de dados é não jogá-los.* (Chaves) (es) *El mejor lance de los dados es no jugallos.* (Correas)

12100. **O mozo que se emborracha é porque a neura o despacha.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

12101. **O que anda ca masa, algo se lle pega ás maus.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12102. **O que escoita i-acexa, oie cousas que lle pesa.** [3934] (mc: A.N.)

(pt) *Quem escuta, de sí ouve.* (Chaves) / *Quem por greta espreita seus doilos vê.* (Id.) / *Quem por fresta espreita, seus males aventa.* (Id.) (es) *Quien escucha por el horado, oye de su daño.* (R. Marín)

12103. **O que escoita, de si oi.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

12104. **O que escoita, mal de si oi á porta do fiadeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

12105. **O que máis ten, máis quere.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)

12106. **O que moito quere, moito perde.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

12107. **O que nin fuma nin bebe, o demo n'o leva por mal camiño.** (ms-SA: Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C)

12108. **O que non bebe viño, Dios non-o leva por bo camiño.** (ms-SA: José A. Iglesias Ares)

12109. **O que non fuma e bebe viño, Dios o leva por outro camiño.** (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

12110. **O que non fuma e non bebe viño, o demo llo leva por outro camiño.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

12111. **O que non fuma e non bebe viño, o demo o leva por outro camiño.** (ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)

12112. **O que non fuma e non toma viño, leva o dano na boca por outro camiño.** (ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C (10-11-51))

12113. **O que non fuma nin bebe viño, leva o demo na boca por outro camiño.** (ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

12114. **O que non fuma nin bebe viño, leva o demo por outro camiño.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

12115. **O que non fuma nin bebe viño, lévallo o demo por outro camiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

12116. **O que non fuma nin bebe viño, o demo llo leva por autro camiño.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

12117. **O que non fuma nin bebe viño, o demo llo leva por outro camiño.** (mc / ms21,10v: Bermés)

Var.: *O que non bebe viño nin fuma tabaco, o demo llo leva por outro burato.* / *O que non bebe nin toma tabaco, o demo llo leva por outro burato.* (R. Caruncho, *Diario de Avisos*) / *O que non fuma nin bebe viño, lévao o demo por outro camiño.* (M.V.) [3935]

(es) *Quien no fuma ni bebe, algún otro vicio tiene.* (R. Marín)

12118. **O que non fuma nin bebe viño, o demo llo leva por outro camiño.** (ms14,16)

12119. **O que non fuma nin bebe viño, o demo o leva por outro camiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12120. **O que non fuma nin bebe viño, o diaño llo leva por outro camiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

12121. **O que non fuma nin bebe viño, o diaño llo levará por outro camiño.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: algún lugar do sur da provincia de Lugo)

[3932] V. *Non di cousa o sapo que non teña no papo* en *Hablar mucho y hablar poco*.

[3933] ms e ms4: *millor*, ms4: *xogalos*.

[3934] ms: *O qu'escoita y-acexa*; ms4: *cousas con que lle pesa*.

[3935] ms: *leva-o o demo*.

12122. **O que non fuma nin bebe, o demo o leva por outro camiño.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro: Muxía, C)

12123. **O que non fuma nin toma tabaco, lévallo o diaño por outro buraco.** (ms10,24r: *D.E.*)

12124. **O que non fuma, non husma.** (mc: Buciños)

12125. **O que non fuma, non usma; o que non bebe viño, o diaño llo leva por outro camiño; e se non che gustan as mulleres, ¿pra que me queres?** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Argumentando ad hominem.

12126. **O que non gasta os cartos no tabaco e no viño, o demo llos leva por outro camiño.** (ms-SA: seminarista anónimo: Rías Baixas, PO)

12127. **O que non gasta os cartos nun neto de viño, o demo llos leva por outro camiño.** (ms-SA: Gestoso, provincia de La Coruña)

12128. **O que non xoga, nin perde nin gana.** (mc / ms4: F.V.S. / ms21,11r: Bermés)

12129. **O que nunca foi nada e algo chega a ser, quere ser tan grande que non hai nada como el.** (mc)

Var.: *Servilleta que chega a mantel, non hai quen pare con el.* (Buciños) / *Si a servilleta chega a mantel, nin o demo pode con el.* (Lugo)

(es) *Quien ayer era rodilla, y hoy se ve hecho mantel, no hay quien pueda con él.* (R. Marín)

12130. **O que nunca foi nada e algo chega a ser, quere ser tan grande cousa que non hai nada coma el.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12131. **O que nunca servilleta foi e chega a mantel, non hai quen pare con el.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12132. **O que ó tresillo ha de ganar, non se cansa de pasar.** [3936] (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *Si al tresillo has de ganar, no te canses de pasar.* (Sbarbi)

12133. **O que queira a súa honra quedar, que deixe estar a allea.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12134. **O que queira ter a súa honra queda, que deixe estar a allea.** (mc: Chorexe-F.V.S.)

(es) *El que quiera honra, que la gane.* (Sbarbi)

[3936] ms4: *canse*.

12135. **O que todo o quere, todo o perde.** [3937] (mc: Sarria)

Var.: *Señor escribano, usté ben me entende: o que todo o quere, todo o perde.* (Páramo-F.V.S.)

(pt) *Quem tudo quer, tudo perde.* (Chaves) / *Quem muito quer tudo perde.* (Id.) (es) *Quien todo lo quiere todo lo pierde, y no es conocido hasta que es perdido.* (Correas)

12136. **O que todo quere, todo perde.** (ms21,14r: Bermés)

12137. **O que xoga por necesidade, perde por obligación.** (mc: F.L.)

12138. **Os que non fuman nin beben viño, o demo llo leva por outro camiño.** (ms-SA: Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO)

12139. **Os que non fuman nin beben viño, o demo os leva por outro camiño.** (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO / ms-SA: Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO)

12140. **Pensa mal e acertarás.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

12141. **Pensa unha cousa o borracho e outra o taberneiro.** (mc: Tuiriz, Monforte / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

12142. **Perder e pagar, baraxar e calar.** [3938] (mc: Tuiriz, Monforte)

Var.: *Xugar e perder, pagar e calar.* (mc / ms4: F.V.S. / ms18,65v: Pontevedra) [3939]

(es) *A jugar y perder, pagar y callar.* (Sbarbi)

Ambos recomiendan la paciencia a quien, sobre el vicio del juego, tiene la desgracia de perder.

12143. **Por detrás todos falamos.** (mc: Monforte)

12144. **Porfiarás e non aventurarás.** [3940] (ms21,11r: Bermés)

12145. **Porfiarás e non xugarás.** [3941] (ms21,11r: Bermés)

12146. **Porfía, pro non apostes.** (mc)

(pt) *Porfiar mas não apostar.* (Chaves) (es) *Mi padre me dijo que que porfiara y no apostara.* (R. Marín) / *Porfiar, mas no apostar.* (Sbarbi)

12147. **Pra aprender a ganar, hai que aprender a perder.** (mc: Tuiriz, Monforte)

12148. **Pra pesares, tragos, e pra rabias, cigarros.** [3942] (mc: Piugos / ms4: Piugos-F.V.S.)

[3937] Indica *Ambición* no ms.
[3938] Indica *Paciencia* no ms.
[3939] ms4: *Xogar*.
[3940] O orixinal di: *Porfiarás e non aventurarás* (*xugarás*).
[3941] O orixinal di: *Porfiarás e non aventurarás* (*xugarás*).

12149. **Pre un bo aforrador nunca faltou un bo gastador.** (ms-SA: Eliseo López Varela)

12150. **Quen beba viño de máis, acaba consigo e cos demais.** (ms-SA: Pedro Pontes García)

12151. **Quen ben xoga, polo pan torna.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

12152. **Quen é amigo do viño, enemigo é de si mismo.** (mc: J.P.)

12153. **Quen non fuma nin bebe viño, o diaño llo leva por outro camiño.** (ms-SA: José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)

12154. **Quen non xoga, polo pan torne.** [3943] (mc: Chorexe-F.V.S.)

12155. **Quen pretende crê valer.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

12156. **Quen queira a súa honra queda, non se meta n'allea.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12157. **Quen se alaba enlódase.** (mc: Buciños)
(es) *Quien se alaba, se desalaba.* (R. Marín)

12158. **Quen ten cobiza non dorme.** (mc: S.P.P.-*Ultreya*)
(es) *El codicioso no goza reposo.* (R. Marín)

12159. **Quen todo o quere, todo o perde.** [3944] (mc: A.S.A.)
(pt) *Quem muito quer tudo perde.* (Chaves) / *Quem tudo quer, tudo perde.* (Id.)
Véase *O que todo o quere...*

12160. **Quen todo quere, todo perde.** (ms-SA: Jesús Acuña Garrido: Vilaboa, PO)

12161. **Refrán da terra e do ceo: inferno e avaricia nunca é cheo.** (mc: Buciños-F.V.S.)
(es) *La avaricia es la única pasión que nunca llega a vieja.* (Sbarbi)

12162. **Servilleta que chega a mantel, non hai quen pare con el.** [3945] (ms4: F.V.S.)

12163. **Si o viño che perxudica os negocios, deixa os negocios.** (ms-SA: M. González Fernández / ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)

12164. **Tente na vela: o que fala doutro por ti che espera.** [3946] (mc / ms4: F.V.S.)

12165. **U home que non fuma nin bebe viño, o demo o leva por mal camiño.** [3947] (ms-LU: José Ballesteros Alonso)

12166. **Vicio collas que non tollas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

12167. **Vicio poñas que non tollas.** (mc: M.L.)
(es) *Vezo pongas que non tollas.* (Correas) (que sea tan bueno el vezo, que no sea menester quitarle)
Vicio aquí es vezo y equivale al castellano.

12168. **Xogar coa pólvora é un peligro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Non se debe xogar coa pólvora.

LADRAR

12169. **Ládreme quen queira mentras teña cartos na faltriqueira.** (ms10,032r: *D.E.*)

12170. **Mal ladra o can cando ladra de medo.** (ms10,032r: *D.E.*)

12171. **Por moito que me ladren, inda han ter máis que ladrar.** (ms10,032r: *D.E.*)

LADRÓN. V. tamén *Hurto, Robo, Sablazo*.

12172. **O bo ladrón que entra na casa, primeiro mira a saída que a entrada.** (ms10,032r: *D.E.*)

12173. **Por un ladrón perdeu cento no mesón.** (ms10,032r: *D.E.*)

LAMEIRO

12174. **No bo lameiro o gando engorda sin querelo.** (ms10,032r: *D.E.*)

LAMER

12175. **Máis vale lamber que morder.** (ms10,032r: *D.E.*)

12176. **Val máis lamendo que mordendo.** (ms10,032r: *D.E.*)

LANA

12177. **A lan ouro mana, asegún as maus en que anda.** (ms10,032v: *D.E.*)

12178. **Millor é que a lan se perda e que non se perda a ovella.** (ms10,032v: *D.E.*)

12179. **O que sempre vai por lan, sai ás veces trasquiado.** (ms10,032v: *D.E.*)

LANCHA

[3942] V. *A pesares, tragos, i-a penas, cigarros* en *Penas y dolores*.
[3943] ms4: *torna*.
[3944] ms4: *Quen todo quer, todo perde*.
[3945] O orixinal di: *Servilleta que chega a mantel non hay quen pare con él.*
[3946] ms: *d'outro ch'espera*.
[3947] O orixinal di: *U home que non fuma nin bebe viño e demo o leva por mal camiño.*

12180. **Lancha dentro, amigo fóra.** (ms10,032v: *D.E.*)

LATÍN. V. tamén *Pedagógicos*.

12181. **O latín comenzalo con babas e a cencia con barbas.** (ms10,032v: *D.E.*)

LAVAR

12182. **A quen mal lave, sete veces lle ferve a auga.** (ms10,032v: *D.E.*)

12183. **Ben se lava o gato dispois de farto.** (ms10,032v: *D.E.*)

12184. **Cando os gatos se lavan a cara, siñal de visita na casa.** (ms10,032v: *D.E.*)

12185. **O luns e o martes lava a curiosa; o miércoles i-o xoves, a envexosa; e o sábado, a preguizosa.** (ms10,032v: *D.E.*)

12186. **Se o gato se lava a cara, é que venta enchente de auga.** (ms10,032v: *D.E.*)

LEBRE. V. tamén *Caza*.

12187. **A lebre o que na area gana, pérdeo na auga.** (ms10,032v: *D.E.*)

12188. **A lebre que has de matar, costa abaixo hala botar.** (ms10,032v: *D.E.*)

12189. **A lebre que se ha de ir, costa arriba a verás fuxir.** (ms10,032v: *D.E.*)

12190. **A lebre vella logo colle a verea.** (ms10,032v: *D.E.*)

12191. **O que dúas lebres sigue pode cazar unha e, moitas veces, ningunha.** (ms10,032v: *D.E.*)

LEIRA

12192. **Nace na leira o que o dono sementa.** (ms10,032v: *D.E.*)

12193. **Non teñas leiras sin horta nin casa sin porta.** (ms10,032v: *D.E.*)

12194. **Quen pequena leira ten, a pasos a mide.** (ms10,032v: *D.E.*)

LENGUA

12195. **A lingua da muller di todo o que quer e o que non quer.** (ms10,033r: *D.E.*)

12196. **A lingua do amigo malo corta máis que un machado.** (ms10,033r: *D.E.*)

12197. **A lingua larga é siñal de man escasa.** (ms10,033r: *D.E.*)

12198. **Non di máis a lingua que o que sinte o corazón.** (ms10,033r: *D.E.*)

12199. **Non diga a lingua por onde pague a faltrica.** (ms10,033r: *D.E.*)

12200. **Tendo lingua e que comer, o home vai onde quer.** (ms10,033r: *D.E.*)

LENTITUD

12201. **Máis vale un bo vagar que un bo traballar.** (ms10,135r: *D.E.*)

12202. **O moito vagar chega a cansar.** (ms10,135r: *D.E.*)

12203. **O vagar fai culleres a rebabar.** (ms10,135r: *D.E.*)

12204. **Se non tes moito vagar, algo cómpre facer pra descansar.** (ms10,135r: *D.E.*)

LEÑA

12205. **A leña da figueira, recia de fume e fraca de madeira.** (ms10,033r: *D.E.*)

12206. **A leña vaise toda en fume e borralla.** (ms10,033r: *D.E.*)

12207. **Leña seca, todo é faíscas.** (ms10,033r: *D.E.*)

12208. **Leña torta, co lume logo se endereita.** (ms10,033r: *D.E.*)

12209. **Quen fai leña en ruín lugar, ó lombo ten que a sacar.** (ms10,033r: *D.E.*)

12210. **Se non fora o reboleiro** [3948]**, non viña a luz ó Cebreiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12211. **Se non fora o reboleiro, non viña a luz ó celeiro.** (ms: Buciños)

LEVANTAR

12212. **Érguete ben se podes e parecerás máis home.** (ms10,013r: *D.E.*)

12213. **Ergueuse meu pai e deitouse miña nai.** (ms10,013r: *D.E.*)

12214. **Ó que primeiro se ergue, todo lle serve.** (ms10,013r: *D.E.*)

12215. **Us erguen a caza e outros mátana e pápana.** (ms10,013r: *D.E.*)

LEYES. V. tamén *Jurídicos y similares*.

12216. **A lei nace do pecado e a lei quere castigalo.** (ms10,032v: *D.E.*)

12217. **A toda lei, fillos e muller.** (ms10,032v: *D.E.*)

[3948] ms-LU: *Reboleiro.* Aínda que o escribe con maiúscula, coma se fose o apelido dunha persoa que levou a luz eléctrica a un lugar, supoñemos que se refire á leña de carballo (reboleiro), que dá a luz na cociña tradicional de lareira.

12218. **A toda lei, mozo falangueiro e fiel; mais se for calado, dao ó diaño.** (ms10,032v: *D.E.*)

12219. **A toda lei, os fillos da muller.** (ms10,032v: *D.E.*)

LIBERTAD

12220. **A libertá non hai quen a pague porque non se sabe o que vale.** (ms10,033r: *D.E.*)

12221. **A moita libertá bota a perder ás veces a mocedá.** (ms10,033r: *D.E.*)

12222. **Máis vale libertá con probeza que cadea con riqueza.** (ms10,033r: *D.E.*)

12223. **O que ten libertá non sabe o que ten, si é que pensa ben.** (ms10,033r: *D.E.*)

LIBRO. V. tamén *Enseñar, Maestro, Pedagógicos*.

12224. **Libro pechado non fai letrado.** (ms10,033r: *D.E.*)

12225. **Non hai libro malo que non teña algo bo.** (ms10,033r: *D.E.*)

12226. **Quen nun libro seipa ler, algo pode adeprender.** (ms10,033r: *D.E.*)

LIMA

12227. **A lima lima á lima.** (ms10,033r: *D.E.*)

LIMOSNA. V. tamén *Dádivas, Dado, Dar y recibir, Donaciones, Negación, Negativas, Peticiones, Testamento*.

12228. **Cando deas a esmola non toques a trompa.** (ms10,014r: *D.E.*)

12229. **Cando deas esmola, se o sabe unha man que non-o seipa outra.** (ms10,014r: *D.E.*)

12230. **Non por dar unha esmola se queda un probe.** (ms10,014r: *D.E.*)

12231. **O bo esmoleiro non debe ser bullangueiro nin pregoeiro.** (ms10,014r: *D.E.*)

12232. **Por dar unha esmola ninguién se avergonza.** (ms10,014r: *D.E.*)

12233. **Por unha esmola non se valeira ningunha falchoca.** (ms10,014r: *D.E.*)

LIMPIAR

12234. **A limpeza daia Dios de balde pra quen a queira usar.** (ms10,033r: *D.E.*)

Var.: *A limpeza daia Dios de balde pra quen a seipa usar.* (ms10,033r: *D.E.*)

12235. **Límpanse os culeiros, siñal de vendima.** (ms10,033r: Riveiro de Avia)

12236. **Limpeza e non na bulsa, craridade e non no caldo.** (ms10,033r: *D.E.*)

12237. **Non é limpo o que limpa, é limpo o que non lixa.** (ms10,033r: *D.E.*)

LINO. V. tamén *Agrícolas*.

12238. **A liñaza aferventada ós tres días está nada. O nabo é soñón, un ano está debaixo do torrón.** [3949] (ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU)

12239. **A que o liño aliña, esa o fía.** (ms10,033r: *D.E.*)

12240. **Inda ten que nacer o liño estranxeiro pra ser como é o gallego.** (ms10,033r: *D.E.*)

12241. **Liño bo, liño malo, todo frolece en maio.** (ms10,033r: *D.E.*)

12242. **O liño apurado dá lenzo ben sobrado.** (ms10,033v: *D.E.*)

12243. **O liño e a estopa, á sombra.** (ms10,033v: *D.E.*)

LOBOS. V. tamén *Agrícolas* (*Animales*), *Caza*.

12244. **Avisade ó lobo e deixade o gando soilo.** (ms10,033v: *D.E.*)

12245. **Cando o lobo non vai polo seu pé, non come do que quer.** (ms10,033v: *D.E.*)

12246. **Con un lobo non se mata outro.** (ms10,033v: *D.E.*)

12247. **Lobo famento non ten asento.** (ms10,033v: *D.E.*)

12248. **Lobo tardeiro non volve valeiro.** (ms10,033v: *D.E.*)

12249. **Muda o lobo os dentes, mais non as mentres.** (ms10,033v: *D.E.*)

12250. **Non come o lobo besta branca.** [3950] (ms: M.L. / ms10,033v: *D.E.*)

12251. **Non soilo o lobo come carne crúa.** (ms10,033v: *D.E.*)

12252. **Nunca o lobo mata ó lobo.** (ms10,033v: *D.E.*)

12253. **O fillo do lobo tira sempre ó monte.** (ms10,033v: *D.E.*)

12254. **O lobo e o raposo non son bos compañeiros.** (ms10,033v: *D.E.*)

12255. **O lobo famento non pode estar contento.** (ms10,033v: *D.E.*)

12256. **O lobo non come da carne que quer senón da que houber.** (ms10,033v: *D.E.*)

[3949] Vázquez Saco anotou nesta ficha *Lino*.

[3950] ms: *Non com'o lobo*. Contén a indicación *Lobos*. En ms10 s.v. *Lobos*.

12257. **O lobo vello de noite oubea.** (ms10,033v: *D.E.*)
12258. **O que a loba fai, o lobo non-o desfai.** (ms10,033v: *D.E.*)
12259. **O que entre lobos se mete, gandido vai.** (ms10,033v: *D.E.*)
12260. **Os fillos do lobo lobos serán.** (ms10,033v: *D.E.*)
12261. **¿Que lle importa ó lobo o que come o zorro?** (ms10,033v: *D.E.*)
12262. **Un lobo a outro lobo non se comen nin se morden.** (ms10,033v: *D.E.*)

LOCOS

12263. **A un tolo, outro.** (ms10,131r: *D.E.*)
12264. **Anque sea tolo o falador, sea cordo o escoitador.** (ms10,131r: *D.E.*)
12265. **Ás romerías e ás bodas van as loucas todas.** (ms10,033v: *D.E.*)
12266. **Ás veces o tolo fala cordo.** (ms10,131r: *D.E.*)
12267. **Ben louco será o que con loucos se xunta e de loucos se fíe.** (ms10,033v: *D.E.*)
12268. **Bulrádevos co louco na casa, e bulrará convosco na praza.** (ms10,033v: *D.E.*)
12269. **Búlrate do tolo na casa; bulrarase de ti na praza.** (ms10,131r: *D.E.*)
12270. **Cada louco coa súa teima e cada chaga coa súa postema.** (ms10,033v: *D.E.*)
12271. **Cada louco, seu sendeiro.** (ms10,033v: *D.E.*)
12272. **Canto máis ó tolo dan, máis tolo o fan.** (ms10,131r: *D.E.*)
12273. **Co louco dómase o poldro.** (ms10,033v: *D.E.*)
12274. **De louco, todos temos un pouco.** (ms10,033v: *D.E.*)
12275. **Do tolo e do vento arrédate.** (ms10,131r: *D.E.*)
12276. **É cousa de tolos non ter xuicio.** (ms10,131r: *D.E.*)
12277. **En cabeza louca pouco dura a touca.** (ms10,033v: *D.E.*)
12278. **Inda que louco, non de todo.** (ms10,033v: *D.E.*)
12279. **Máis sabe o louco na súa casa que o cordo na allea.** (ms10,033v: *D.E.*)
12280. **Non se vira tolo quen é parvo.** (ms10,131r: *D.E.*)
12281. **Non tolea o que non pode.** (ms10,131r: *D.E.*)
12282. **Ó louco i-ó ar, deixádeos pasar.** (ms10,033v: *D.E.*)
12283. **Onde o tolo se perdeu, o cordo aviso colleu.** (ms10,131r: *D.E.*)
12284. **Un louco fai un cento.** (ms10,033v: *D.E.*)
12285. **Un tolo fai moitos.** (ms10,131r: *D.E.*)
12286. **Un tolo fai un cento.** (ms10,131r: *D.E.*)
12287. **Vai un louco por onde vai outro.** (ms10,033v: *D.E.*)

LOCURA DE AMOR

12288. **De namorado a louco vai moi pouco.** [3951] (ms10,066r: *D.E.*)
12289. **O namorado non quer ser aconsellado.** [3952] (ms10,066r: *D.E.*)

LUCIR

12290. **Lucen as galanas cos brazos das malfadadas.** (ms10,034r: *D.E.*)
12291. **O traballo nunca luce se a ganancia é pouca.** (ms10,034r: *D.E.*)

LUMBRE

12292. **Moitas olas ó lume e un garbanzo a cocer.** (ms10,034r: *D.E.*)
12293. **Non fai falla meter a man no lume pra saber si está acendido.** (ms10,034r: *D.E.*)
12294. **O lume axuda ó cociñeiro.** (ms10,034r: *D.E.*)
12295. **O lume do ladrón arde por debaixo e por enriba, non.** (ms10,034r: *D.E.*)
12296. **O lume do ladrón, dúas brasas e un tizón.** (ms10,034r: *D.E.*)
12297. **O lume é media mantenza e, detrás da cea, mantenza enteira.** (ms10,034r: *D.E.*)
12298. **O lume é pior que os ladrós que non deixa nada e todo o arrapaña.** (ms10,034r: *D.E.*)
12299. **O lume fai a cociña e non a moza ardida.** (ms10,034r: *D.E.*)
12300. **O lume hai que saber atizalo sin queimarse.** (ms10,034r: *D.E.*)
12301. **Onde hai cañotos ó lume, hai fume.** (ms10,034r: *D.E.*)
12302. **Onde hai lume, hai fume.** (ms10,034r: *D.E.*)

[3951] En ms10 s.v. *Enamorados* coa indicación *Locura de amor*.
[3952] En ms10 s.v. *Enamorados* coa indicación *Locura de amor*.

12303. **Onde houbo lume, borralla queda.** (ms10,034r: *D.E.*)
12304. **Onde non hai lume, non se levanta fume.** (ms10,034r: *D.E.*)
12305. **Xogar co lume pode costar caro i é moi mala costume.** (ms10,034r: *D.E.*)

LUNA
12306. **A lúa como quinta, así pinta.** (ms10,034r: *D.E.*)
12307. **A lúa como quinta, trinta.** (ms10,034r: *D.E.*)
12308. **Lúa cascabeleira vaise á carreira.** (ms10,034r: *D.E.*)
12309. **Non saias da casa ó luar, que non sabes con quen te podes atopar.** (ms10,034r: *D.E.*)
12310. **Non saias ó luar, que non sabes quen che quer ben nin quen che quer mal.** (ms10,034r: *D.E.*)

LUNES. V. tamén *Días, Semana*.
12311. **O luns érgome, o martes cálzome e, o miércoles, vístome.** (ms10,034r: *D.E.*)
12312. **O luns levántome e o martes arremángome.** (ms10,034r: *D.E.*)
12313. **O luns mollo, o martes lavo, o miércoles seco, o xoves saco, o viernes peneiro, o sábado amanso e o domingo, que eu fiaría, todos me din que xa non é día.** (ms10,034r: *D.E.*)

LUZ
12314. **Luz e cruz, diante.** (ms10,034r: *D.E.*)
12315. **Non hai millor luz que a da mañán.** (ms10,034r: *D.E.*)

LLENAR
12316. **Pra chegar a encher, algunha maña hai que ter.** (ms10,011r: *D.E.*)

LLEVAR
12317. **Alá me leve Dios a morar onde un ovo valla dous.** (ms10,033r: *D.E.*)
12318. **Lévame ó lombo verás canto peso.** (ms10,033r: *D.E.*)
12319. **Levar mala noite e ó cabo parir filla.** (ms10,033r: *D.E.*)
12320. **Léveme Dios ó mesón onde a mesoneira mande e o mesoneiro non.** (ms10,033r: *D.E.*)
12321. **Nunca debes levar máis do que poidas.** (ms10,033r: *D.E.*)
12322. **Nunca queiras levar máis do que has pagar.** (ms10,033r: *D.E.*)
12323. **O que has levar hoxe non-o deixes pra mañán.** (ms10,033r: *D.E.*)
12324. **O que has levar non ten que esperar.** (ms10,033r: *D.E.*)

MADEJA
12325. **Non lle vai nada mal ó que as madeixas pode gastar.** (ms10,034r: *D.E.*)
12326. **O que enredou a meada, que seipa desenredala.** [3953] (ms10,038v: *D.E.*)

MADERA
12327. **A madeira da túa casa, en xaneiro has de cortala.** (ms10,034r: *D.E.*)
12328. **A madeira de xaneiro non-a poñas ó fumeiro.** (ms10,034r: *D.E.*)
12329. **Madeiros hai de que se fan santos, madeiros hai de que se fan chancos e madeiros hai que son queimados.** (ms10,034r: *D.E.*)
12330. **Madeiros hai que se douran, madeiros hai que se adouran, madeiros hai que se queiman e, ó cabo, todo é madeira.** (ms10,034r: *D.E.*)

MADRASTRA
12331. **A madrasca, a máis boa é mala.** (ms10,034r: *D.E.*)
12332. **A madrasca, a millor, queimala.** (ms10,034v: *D.E.*)
12333. **A madrasca, inda de sucre, amarga.** (ms10,034r: *D.E.*)
12334. **Madrasca, nin de cera nin de boa pasta.** (ms10,034v: *D.E.*)

MADRE
12335. **Nai e filla caben nunha camisa; sogra e nora non caben na tea toda.** (ms10,066r: *D.E.*)
12336. **Nai facendosa fai a filla preguizosa.** (ms10,066r: *D.E.*)
12337. **Nai moi goberneira, filla preguiceira.** (ms10,066r: *D.E.*)
12338. **Nai vella e camisa rota, non é deshonra.** (ms10,066r: *D.E.*)

[3953] En ms10 s.v. *Mea*.

12339. **Non hai nai como a que pare.** (ms10,066r: *D.E.*)
12340. **O que ten nai non-o hai que chorar.** (ms10,066r: *D.E.*)
12341. **Quen ten a nai na vila, sete veces se queixa ó día.** (ms10,066r: *D.E.*)

MADRINA

12342. **A madriña, onda porta arrímaa e, a comadre, déixaa onde a atopares.** (ms10,034v: *D.E.*)

MADRUGAR

12343. **Madruga e verás, busca e atoparás.** (ms10,034v: *D.E.*)
12344. **Pouco importa madrugar, si non hai gana de traballar.** (ms10,034v: *D.E.*)
12345. **Quen trasnoita e madruga, vai montado en boa burra.** (ms10,034v: *D.E.*)
12346. **Sol que moito madruga, pouco dura.** (ms10,034v: *D.E.*)
12347. **Xa ten que madrugar o que á raposa ha de enganar.** (ms10,034v: *D.E.*)

MADURAR

12348. **A poma no regueiro i-a moza no mesón maduran antes de sazón.** (ms10,034v: *D.E.*)
12349. **O figo na figueira, a froita na praza e a moza no mesón, tres cousas son que maduran sin sazón.** (ms10,034v: *D.E.*)

MAESTRO. V. tamén *Enseñar, Educación, Estudiantes, Libro, Pedagógicos*.

12350. **Non hai mestre como o tempo.** (ms10,039v: *D.E.*)
12351. **Non hai millor mestra que a necesidade e a probeza.** (ms10,039v: *D.E.*)

MAÍZ. V. tamén *Agrícolas, Pan*.

12352. **Nin millo engrolado nin millo queimado.** (ms10,040r: *D.E.*)
12353. **No lle deas millo ós paxaros que xa cho comerán eles.** (ms10,040r: *D.E.*)

MAJAR. V. tamén *Agrícolas*.

12354. **Mallando, mallando, adepréndese a mallar.** (ms10,036v: *D.E.*)

MAL. V. tamén *Jurídicos y similares*.

12355. **Alá vai o mal onde comen ovos sin sal.** (ms10,035r: *D.E.*)
12356. **Anque te atopes mal, vive na cibdá.** (ms10,035r: *D.E.*)
12357. **Ben veñas mal, se vés soilo.** (ms10,035r: *D.E.*)
12358. **Cando mal, maleitas.** (ms10,035r: *D.E.*)
12359. **Co mal de outro calquera dorme.** (ms10,035r: *D.E.*)
12360. **Co mal de outro calquera pode.** (ms10,035r: *D.E.*)
12361. **Con ben veñas, mal, se non me vés a buscar.** (ms10,035r: *D.E.*)
12362. **Con ben veñas, mal, se non me vés a levar.** (ms10,035r: *D.E.*)
12363. **Cousa do mal é non querer sanar.** (ms10,035r: *D.E.*)
12364. **Defendera-lo mal falando ben do mal.** (ms10,035r: *D.E.*)
12365. **É refrán moi antigo que é gran mal o mal veciño e máis se é do teu oficio.** (ms10,035r: *D.E.*)
12366. **Face-lo mal polo ben, non-o fagas a ninguén.** (ms10,035r: *D.E.*)
12367. **Fai mal e agarda outro tal.** (ms10,035r: *D.E.*)
12368. **Mal alleo colga de un pelo.** (ms10,035r: *D.E.*)
12369. **Mal alleo, tal mo din, tal o creo.** (ms10,035r: *D.E.*)
12370. **Mal alleo, tal mo dis, tal cho creo pero o meu síntoo de seu.** [3954] (ms10,035r: *D.E.*)
12371. **Mal con mal, mátase o mal.** (ms10,035r: *D.E.*)
12372. **Mal de moitos, consolo de parvos.** (ms10,035r: *D.E.*)
12373. **Mal de morte, ó meu home lle caia en sorte.** (ms10,035r: *D.E.*)
12374. **Mal é acabarse o ben.** (ms10,035r: *D.E.*)
12375. **Mal por ben, non se debe volver a ninguén.** (ms10,035r: *D.E.*)
12376. **Mal por mal, non se debe dar.** (ms10,035r: *D.E.*)
12377. **Mal que non ten cura, querelo curar é loucura.** (ms10,035r: *D.E.*)
12378. **Malia o romeiro que fala mal do seu compañeiro.** (ms10,036r: *D.E.*)
12379. **Ninguén é adiviño do mal que está veciño.** (ms10,035r: *D.E.*)
12380. **Ninguién fai mal que non-o veña pagar.** (ms10,035r: *D.E.*)

[3954] V. *Mal alleo, tal mo din e tal o creo, mais, o meu, sinto de seu* en *Mal*.

12381. **Non é de agora o mal que non millora.** (ms10,035r: *D.E.*)
12382. **Non fagas mal, que é pecado mortal; nin fagas ben que é pecado tamén.** (ms10,035r: *D.E.*)
12383. **Non hai mal bo.** (ms10,035v: *D.E.*)
12384. **Non hai mal onde non hai door.** (ms10,035v: *D.E.*)
12385. **Non hai mal onde Dios non acuda.** (ms10,035v: *D.E.*)
12386. **Non hai mal que cen anos dure nin corpo que o ature.** (ms10,035v: *D.E.*)
12387. **Non hai mal que cen anos se ature nin ben que moito dure.** (ms10,035v: *D.E.*)
12388. **Non hai mal que non teña pior.** (ms10,035v: *D.E.*)
12389. **Non hai mal sin baldón nin baldón sin galardón.** (ms10,035v: *D.E.*)
12390. **Non hai mal sin pena nin ben sin boa estrena.** (ms10,035v: *D.E.*)
12391. **Non hai mal tan grave que non se acabe.** (ms10,035v: *D.E.*)
12392. **O mal alleo dá consello.** (ms10,035v: *D.E.*)
12393. **O mal amorriña i-o ben aviva.** (ms10,035v: *D.E.*)
12394. **O mal é acabarse o ben.** (ms10,035v: *D.E.*)
12395. **O mal entra a brazadas e sai a migalladas.** (ms10,035v: *D.E.*)
12396. **O mal entra como un louco e sai pouco a pouco.** (ms10,035v: *D.E.*)
12397. **O mal entra pola boca e pola boca sai.** (ms10,035v: *D.E.*)
12398. **O mal menos esperado é máis chorado.** (ms10,035v: *D.E.*)
12399. **O mal nunha casa acaba coas caravillas.** (ms10,035v: *D.E.*)
12400. **O mal que da túa boca sai, no teu seo cai.** (ms10,035v: *D.E.*)
12401. **O pouco mal espanta e o moito pesa e cansa.** (ms10,035v: *D.E.*)
12402. **Ó que fai mal, nunca achaque lle ha de faltar.** (ms10,035v: *D.E.*)
12403. **Ó que mal che quer facer, cóllelle a dianteira se pode ser.** (ms10,035v: *D.E.*)
12404. **Padezo este mal que me ha de consumir: que despois de farto, bótome a dormir.** (ms10,035v: *D.E.*)
12405. **Paga o que debes e sanarás do teu mal.** (ms10,035v: *D.E.*)
12406. **Pró mal mortal ningunha herba val.** (ms10,035v: *D.E.*)
12407. **Pró mal que hoxe acaba o remedio de mañán sobra.** (ms10,035v: *D.E.*)
12408. **Pró mal que hoxe acaba, o remedio de mañán non basta.** (ms10,035v: *D.E.*)
12409. **Quen co seu mal se asaña a si mesmo se engaña.** (ms10,035v: *D.E.*)
12410. **Quen máis non pode, co seu mal morre.** (ms10,036r: *D.E.*)
12411. **Quen non cala o mal seu ¿cómo calará o teu?** (ms10,036r: *D.E.*)
12412. **Se fas mal, agarda outro tal.** (ms10,036r: *D.E.*)
12413. **Seus males espanta o que canta.** (ms10,036r: *D.E.*)
12414. **Vale máis o mal da miña terra que o mal da allea.** (ms10,036r: *D.E.*)
12415. **Xusto é o mal que vén, se o busca quen o ten.** (ms10,036r: *D.E.*)

MAL GOBIERNO. V. tamén *Gastar, Jurídicos y similares*.

12416. **Quen ten tres e gasta catro, excusa de saco.** [3955] (ms: C.G.)
(pt) *Quem tem três e gasta quatro, em breve chega ao fundo do saco.* (Chaves) (es) *Quien tiene tres y gasta dos, sirve a Dios; quien tiene dos y gasta tres, sirve a Lucifer.* (R. Marín)

MALDAD

12417. **O mal e o ben non son amigos pero son veciños.** [3956] (ms10,035v: *D.E.*)

MALGASTAR. V. tamén *Comercio, Derroche, Deudas, Riqueza y dinero*.

12418. **Quen malgasta o que é seu, o sentido perdeu.** (ms10,036r: *D.E.*)
12419. **Quen malgastou o seu, non sabe o que perdeu.** (ms10,036r: *D.E.*)

MALICIA

12420. **Ainda que a malicia oscurece a verdá, non-a pode apagar.** (ms10,036r: *D.E.*)

MALO

12421. **A mala herba non morre.** (ms10,036r: *D.E.*)
12422. **A mala herba logo crece.** (ms10,036r: *D.E.*)

[3955] ms4: *escusa*. Contén a indicación *Mal gobierno*.
[3956] En ms10 s.v. *Mal* coa indicación *Maldad*.

12423. **A malas ceas e a malos almorzos, encóllense as tripas e alárganse os pescozos.** (ms10,036r: *D.E.*)
12424. **Á que quere ser mala, pouco aproveita gardala.** (ms10,036r: *D.E.*)
12425. **Do malo, o millor.** (ms10,036r: *D.E.*)
12426. **Do malo, pouco; do pior, nada.** (ms10,036r: *D.E.*)
12427. **Mala cousa nunca morre.** (ms10,036r: *D.E.*)
12428. **Mala é a chaga que con viño non sana.** (ms10,036r: *D.E.*)
12429. **Mala é a morte que deixa valeira a casa ou a corte.** (ms10,036r: *D.E.*)
12430. **Malo virá quen bo me fará.** (ms10,036r: *D.E.*)
12431. **Non hai máis mala xente que os homes e as mulleres.** (ms10,036r: *D.E.*)
12432. **Non hai nada tan malo que non sirva pra algo bo.** (ms10,036r: *D.E.*)
12433. **O malo de balde é caro e o millor é o máis barato.** (ms10,036r: *D.E.*)
12434. **Ó malo i-ó enfermo Dios lle dea saúde hastra que sane.** (ms10,036r: *D.E.*)
12435. **Ó malo ninguén se afai.** (ms10,036r: *D.E.*)
12436. **Ó malo precura escarmentalo.** (ms10,036r: *D.E.*)
12437. **O malo sempre soña engano.** (ms10,036v: *D.E.*)
12438. **Ó malo, amalo e senón deixalo.** (ms10,036r: *D.E.*)
12439. **Ó malo, darlle diñeiro, ou casalo se é solteiro.** (ms10,036r: *D.E.*)
12440. **Ó malo, nunha man o pan e noutra o pau.** (ms10,036r: *D.E.*)
12441. **O malo, pra facer mal, achaques ha de atopar.** (ms10,036r: *D.E.*)
12442. **O malo, pra facer mal, achaques non ha mester.** (ms10,036r: *D.E.*)
12443. **Onde hai un malo hai outro bo.** (ms10,036v: *D.E.*)
12444. **Onde hai un malo nunca falta outro bo.** (ms10,036v: *D.E.*)
12445. **Ós bos lévaos Dios pra si e os malos quedamos aquí pra entendernos.** (ms10,036v: *D.E.*)
12446. **Se o malo non fora maldizoado, o bo non sería loubado.** (ms10,036v: *D.E.*)

MALVA

12447. **A malva, collela e non regala; a herba, regala e non collela.** (ms10,036v: *D.E.*)

MANCHA

12448. **A mancha grande non hai xabrón que a lave.** (ms10,036v: *D.E.*)
12449. **Pra mancha grande non hai xabrón que abaste.** (ms10,036v: *D.E.*)

MANDAR. V. tamén *Jurídicos y similares*.

12450. **Cada un manda na súa casa.** (ms10,037r: *D.E.*)
12451. **Cada un manda no seu e fai o que lle peta.** (ms10,037r: *D.E.*)
12452. **Cando teñas o mando i-o pau, non fagas o que che veña á mau.** (ms10,037r: *D.E.*)
12453. **Desa maneira, non hai maneira.** (ms10,037r: *D.E.*)
12454. **Eu mando ó meu gato e o meu gato manda ó seu rabo.** (ms10,037r: *D.E.*)
12455. **Hoxe está mandando quen onte entrou rogando.** (ms10,037r: *D.E.*)
12456. **Manda e faino e quitaraste de coidado.** (ms10,037r: *D.E.*)
12457. **Mándame o meu amo, mándame a miña ama, e non sei ben cal mandado faga.** (ms10,037r: *D.E.*)
12458. **Mando eu ó meu mozo e o meu mozo manda a outro.** (ms10,037r: *D.E.*)
12459. **Non sabe mandar quen non foi mandado.** (ms10,037r: *D.E.*)
12460. **Quen está afeito a mandar, a servir mal se afai.** (ms10,037r: *D.E.*)
12461. **Quen manda, manda, e quen obedece, apanda.** (ms10,037r: *D.E.*)
12462. **Quen non ten a quen mande, érgase e ande.** (ms10,037r: *D.E.*)

MANGA

12463. **Boas son as mangas, anque sean dispois das Páscoas.** (ms10,037r: *D.E.*)

MANJAR. V. tamén *Comida, Hambre. Gastronomía*.

12464. **Non hai manxar que non farte nen vicio que non enfade.** (ms10,037r: *D.E.*)

MANO

12465. **A man de todo ten man.** (ms10,036v: *D.E.*)

12466. **A man estea queda anque a lingua vaia e veña.** (ms10,036v: *D.E.*)
12467. **A man pra todos ten man.** (ms10,036v: *D.E.*)
12468. **Ás maus lavadas Dios dálle que coman.** (ms10,036v: *D.E.*)
12469. **Da man prá boca a culler se emborca.** (ms10,036v: *D.E.*)
12470. **De boa man, ben está o que dan.** (ms10,036v: *D.E.*)
12471. **De tal man, tal é o que se dá.** (ms10,036v: *D.E.*)
12472. **Dinche que eres bo, mete as mans no seo.** (ms10,036v: *D.E.*)
12473. **Mans brancas non ofenden pero mancan.** (ms10,036v: *D.E.*)
12474. **Mans que tomades ¿por que non dades?** (ms10,036v: *D.E.*)
12475. **Maus frías e corazón quente, namoro de repente.** (ms10,036v: *D.E.*)
12476. **Maus quentes e corazón frío, amor perdido.** (ms10,036v: *D.E.*)
12477. **Mete as mans no seo, non dirás do fado alleo.** (ms10,036v: *D.E.*)
12478. **Meter as mans nas fogueiras é criar frieiras.** (ms10,036v: *D.E.*)
12479. **Moitas mans nun prato logo tocan a rebato.** (ms10,036v: *D.E.*)
12480. **Non metas as mans no prato antes que as meta o teu amo.** (ms10,036v: *D.E.*)
12481. **Non pidas á man allea se a túa non vai chea.** (ms10,036v: *D.E.*)
12482. **Que non seipa a man dreita o que fai a esquerda.** (ms10,036v: *D.E.*)
12483. **Quen espera a man allea, mal xanta e mal cea.** (ms10,036v: *D.E.*)
12484. **Ruín man, ruín é o que non dá.** (ms10,036v: *D.E.*)
12485. **Se che din ben da túa leira, mete a man na faltriqueira.** (ms10,036v: *D.E.*)
12486. **Tal é a man e tal é o que dá.** (ms10,036v: *D.E.*)

MANTA

12487. **Debaixo da manta, moito se esconde e moito se tapa.** (ms10,037r: *D.E.*)

MANTENER

12488. **Máis mantén pan duro que figo maduro.** (ms10,037r: *D.E.*)
12489. **Manter unha casa, non-o sabe senón quen o pasa.** (ms10,037r: *D.E.*)
12490. **Quen a moitos ha manter, moito ten que ter.** (ms10,037r: *D.E.*)

MANZANA. V. *tamén Fruta, Huerta, Mujer*.

12491. **Mazá, troita e muller, que sea fresca se pode ser.** (ms10,038v: *D.E.*)

MANZANILLA

12492. **Colle en agosto a manzanilla e deixarás moitas veces de ir á botica.** (ms10,037r: *D.E.*)

MAÑANA. V. tamén *Días*.

12493. **Mañán choverá ou nevará ou sabe Dios o que fará.** [3957] (ms10,037v: *D.E.*)
12494. **Mañán parda, mañán larga.** (ms10,037v: *D.E.*)
12495. **Pola mañán ó monte e pola tarde á fonte.** (ms10,037v: *D.E.*)

MAÑA. V. tamén *Maña. Destreza*.

12496. **Na maña está a culpa, que a edá non ten ningunha.** (ms10,037r: *D.E.*)
12497. **Niste mundo hai que saber nadar na tona.** [3958] (ms5,131: Sangenjo)
12498. **O que non sabe maña, non come castaña.** (ms16: Sesto / ms4: G.S.A.)
12499. **O que non sabe maña, non ten castaña.** (ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)
12500. **O que non ten maña, apaña.** (ms16: Sesto)

Aplícase también a la necesidad de tener un oficio para ganarse la vida.

12501. **O que non ten maña, morre como araña.** (ms16: Sesto)
12502. **Pra todo hai maña senón prá morte.** (ms10,037r: *D.E.*)
12503. **Quen ten maña, pra todo se apaña.** (ms10,037r: *D.E.*)
12504. **Todo quer maña pero o comer quer gana.** (ms10,037r: *D.E.*)

MAÑA. DESTREZA. V. tamén *Maña*.

12505. **O que non sabe maña, non come castaña e, pra a comer, hai que a saber.** [3959] (ms21,09r: Bermés)

[3957] Vázquez Saco transcribe *o sabe Dios o que fará*.
[3958] Indica *Maña*. V. *Maña. Destreza*.

12506. **O que sabe mañas, asa castañas; i-o que non sabe ningunhas, nin asadas nin crudas.** (mc: Pol)

12507. **O que ten maña, apaña.** (ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña / ms18,75r: A.S.A.)

12508. **O que ten maña, sempre apaña.** [3960] (mc: M.L. / ms10,037v: *D.E.*)

Var.: *O que ten maña, apaña.* (ms4: J.P.)

12509. **Onde non valen cuñas, aproveitan uñas.** [3961] (mc: Meilán / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(es) *Donde no valen cuñas, aprovechan uñas.* (Bergua)

Donde no valen medios rápidos, aprovecha maña y destreza. (mc) / Lo que no se puede conseguir con la fuerza se logra con maña e industria. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12510. **Quen ben ata, ben desata.** (mc: M.V.)

(pt) *Quem bem ata, bem desata.* (Chaves) (es) *Quien bien ata, bien desata.* (Correas)

El que tiene maña para hacer una cosa, la tendrá también para deshacerla.

12511. **Quen mata a arbela, sabe máis que ela.** (mc: A.S.A. / ms21,06r: Bermés)

(pt) *Quem mata alvéola, sabe mais que ela.* (Chaves)

12512. **Quen mata a churumbela máis sabe que ela.** (mc: Chantada)

12513. **Quen ten maña, apaña.** (mc: R. Caruncho)

(pt) *Quem não tem manha morre no ar como uma aranha.* (Chaves) (es) *Quien tiene maña, para todo se apaña.* (R. Marín)

12514. **Quen tivo más, pillou mazás.** (mc: M.L.)

12515. **Vale máis a maña cá forza.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12516. **Vale máis maña que forza.** [3962] (mc: M.V. / ms10,023v)

(pt) *Mais vale geito que força.* (Chaves) / *Mais vale manha que força.* (Id.) (es) *Más vale maña que fuerza.* (Correas) (ct) *Més val manya que fòrça.* (Alberola)

MAQUILA. V. tamén *Molino*.

12517. **O muiñeiro maquieiro cóidase o amo do rigueiro.** (ms10,037v: *D.E.*)

12518. **O muiñeiro que oi e ve, non pode ser paroleiro.** (ms10,037v: *D.E.*)

MARIDO. V. tamén *Matrimonio*.

12519. **Come, marido, pan e cebola, que xa que eres ruín non che poño a ola.** (ms10,037v: *D.E.*)

12520. **Entre marido e muller ninguén se debe meter.** (ms10,037v: *D.E.*)

12521. **Entre o marido i-a muller soilo paz debes poñer.** (ms10,037v: *D.E.*)

12522. **Levade vós, marido, a artesa, que eu levarei o pan, que tamén pesa.** (ms10,037v: *D.E.*)

12523. **Marido na lareira, delor na faltriqueira que anda valeira.** (ms10,037v: *D.E.*)

12524. **Ó mal marido cegalo ou cebalo.** (ms10,037v: *D.E.*)

12525. **Ó mal marido sírveo como señor e gárdate del coma de un treidor.** (ms10,037v: *D.E.*)

12526. **O marido ámao como amigo e témeo como enemigo.** (ms10,037v: *D.E.*)

12527. **O marido fai muller.** (ms10,037v: *D.E.*)

12528. **O marido na cama e a fame na casa.** (ms10,037v: *D.E.*)

12529. **O marido ten que ter prudencia e a muller, pacencia.** (ms10,037v: *D.E.*)

12530. **Ó marido, temelo, querelo e obedecelo.** (ms10,037v: *D.E.*)

12531. **O meu marido é tamborileiro, así mo deu Dios i-eu tamén así o quero.** (ms10,037v: *D.E.*)

12532. **Se queres o teu marido matar, dálle berzas por san Xoán.** (ms10,037v: *D.E.*)

MARINERO. V. tamén *Marítimos* (*Vida del marinero*).

12533. **Mariñeiro que dorme, peixe non colle.** (ms10,037v: *D.E.*)

12534. **O millor mariñeiro morre no mar, onde ninguén se pode descoidar.** (ms10,037v: *D.E.*)

MARÍTIMOS. V. tamén *Embarcaciones*.

12535. **Do mar o salmón e da terra o lacón.** [3963] (ms10,037v: *D.E.*)

12536. **O mar e a muller hanse de lonxe ver.** [3964] (ms10,037v: *D.E.*)

[3959] O orixinal di: *O que non sabe maña non come castaña, e pra a comer hay que a saber.* (*a maña*).
[3960] En ms10 s.v. *Maña*.
[3961] ms-LU: *Donde*.
[3962] ms3: *Mais vale*. En ms10 s.v. *Fuerza*.
[3963] En ms10 s.v. *Mar*.
[3964] En ms10 s.v. *Mar*.

12537. **O mar é longo.** [3965] (ms10,037v: *D.E.*)

12538. **O mar, ó máis amigo logo o pon en perigo.** [3966] (ms10,037v: *D.E.*)

12539. **O que o mar dá, o mar o quita.** [3967] (ms10,037v: *D.E.*)

12540. **Onde vai o mar, vaian as areas.** [3968] (ms10,037v: *D.E.*)

12541. **Polo mar anda quen o gana.** [3969] (ms10,037v: *D.E.*)

12542. **Quen non entra no mar, nel non se pode afogar.** [3970] (ms10,037v: *D.E.*)

12543. **Quen non sabe de mar, non sabe de marear.** [3971] (ms10,037v: *D.E.*)

ARTE DE NAVEGAR. V. tamén *Navegación*.

12544. **O que pasa pola Pena da Marola, pasa pola mar toda.** [3972] (mc)

Var.: *O que pasa a Marola, pasa a mar toda. / Quen pasa a Marola pasa a mar toda.*

Alude al conocido peñasco o islota situado en la confluencia de las rías de Ferrol, Ares, Betanzos y La Coruña, cuyas inmediaciones se caracterizan por una molesta marejada, que hace peligrosa la navegación, sobre todo para los barcos de cabotaje. Una canción popular recoge los afanes del marinero, cuando atraviesa aquellas latitudes: *Pola pena da Marola / pola da Marola pena, / pola pena da Marola, / rema, remeiriño, rema*.

12545. .**Se queres que o vento veña, dálle coa leña.** [3973] (ms11,40: Saralegui, Ferrol)

(es) *Dale con el remo, boga.* (Gella)

Saralegui dice no entender el refrán y añade que una persona ilustrada del Ferrol; de donde procede el refrán lo explica así: "Cuando se queda el viento, hay que armarse de paciencia y tirar del remo, hasta que vuelva".

ARTES DE PESCA

12546. **A sacada, chucha a cana.** [3974] (mc: M.-*R. de P.*)

12547. **Ás betas non te metas.** [3975] (mc: M.-*R. de P.*)

12548. **Cando hai espumallo no Cabo, non vaias ó trasmallo.** [3976] (mc: Gella, Foz)

Var.: *Cando no cabo hai espumallo, non vaias ó trasmallo.* (Gella-Foz)

(es) *Con* espumayo *no vayas al trasmayo.* (Gella- Tapia de Casariego) / *Con mar espumosa no vayas a pescar.* (Gella)

12549. **O palangre chucha o sangue.** (mc: M.-*R. de P.*)

Var.: *O palangre tira sangue.* (Tuy) / *O palagre chupa o sangre.* (mc e ms4: J.T.) [3977]

Palangre es un aparejo de pesca que se compone de un cordel grueso de 100 a 1.000 metros de largo, del que penden otros más finos terminados en anzuelo; es aparejo de fondo y queda señalado en la superficie por medio de boyas o flotadores. Requiere bastante esfuerzo, por lo que suelen decir los pescadores del Miño (lo usan en el estuario que forma en Tuy dicho río): *O palangre tira sangre.*Véase "Las grandes pesquerías del Miño-Notas folkloricas" por M. F. Costas en *Finisterre*, nº 30, jul.1946 (ms) En castellano, *espinel* (ms).

12550. **Os trasmallos son traballos.** [3978] (mc: S. Loureiro)

ASTROS

12551. **A lúa sempre minte.** (ms)

12552. **Encarnado ó mar, bota os bois a labrar.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

12553. **Encarnado ó mar, colle os bois e vai labrar.** (ms-SA: José Luís Castro Izaga: Lira, Carnota, C / ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

12554. **Encarnado ó mar, colle os bois, vai labrar.** (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

12555. **Encarnado ó monte, bois á corte; encarnado ó mar, bois a arar.** (mc: Ribeira-F.V.S. / ms18,69v: Gella.-Riveira)

Anuncian malo y buen tiempo respectivamente.

12556. **¿Encarnado polo monte? Colle os bois e méteos na corte.** (mc: M.-Ría de Arosa)

[3965] En ms10 s.v. *Mar*.
[3966] En ms10 s.v. *Mar*.
[3967] En ms10 s.v. *Mar*.
[3968] En ms10 s.v. *Mar*.
[3969] En ms10 s.v. *Mar*.
[3970] En ms10 s.v. *Mar*.
[3971] En ms10 s.v. *Mar*.
[3972] Dentro de *Marítimos* (*Miscelánea*) no mc e indica *Marítimos* (*Arte de navegar*) en ms.
[3973] Indica *Marítimos* (*Arte de navegar*).
[3974] Indica *Mar*. (*Artes de pesca*) no ms e *Marítimos* (*Miscelánea*) no mc.
[3975] Indica *Mar*. (*Artes de pesca*) no ms e *Marítimos* (*Miscelánea*) no mc.
[3976] Indica *Marítimos* (*Artes de pesca*) no ms e *Marítimos* (*Miscelánea*) no ms.
[3977] ms4: *a sangre*.
[3978] Indica *Marítimos* (*Artes de pesca*) no ms e *Marítimos* (*Miscelánea*) no mc.

En Santa Eugenia de Ribeira, reúnen los dos últimos en el siguiente.

12557. **Lúa nova e lúa vella, baixa o mar ás oito e media.** (mc: Sar., Bayona)

Hora de la baja mar, en el novilunio y en el plenilunio.

12558. **Lúa recién escondida, a vigilancia conocida.** (mc: M.-Sangenjo)

En la sección *Agrícolas. Meteorológicos* recogimos algunos referentes a la luna, que tienen también aplicación a la vida del mar.

12559. **Luna con circo, auga no bico.** (ms)

12560. **Luna ergueita, marea escorreita.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

12561. **Luna nova con circo, auga no bico.** (ms: I.T.)

12562. **Luna nova, luna chea, marea chea ás dúas e media.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

12563. **Luna posta, marea na costa.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

12564. **Roibas a Levante, aguas no instante.** (mc: M.-Sangenjo)

12565. **Roibas a Mourente, chuvias de repente.** (mc: M.-*R. de P.*)

12566. **Roibas á terra, vellas á merda.** (mc: M.-*R. de P.*)

12567. **Roibas ao mar, vellas a asollar.** [3979] (mc: M.-Sangenjo / mc: M.-Ría de Vigo / ms21,11r: Bermés)

Var.: *Rubio no mar, está a vella a asollar.* (ms5,045: Cobas, Cachafeiro, Forcarey) / *Rubias ao mar, vellas a solar.* (mc: M.-Ría de Vigo) / *Rubias ó mar, vellas ó sollar.* (mc: A.I. / ms18,58r: *Vida Gallega*) [3980]

(es) *Viejas a sobejar que arrebolos hay en Portugal.* (Gella)

12568. **Roibas ao poniente, bo día siguiente.** (mc: M.-Sangenjo)

Var.: *Roibeces ao sol posto, mañán andarás enxoito.* (C.A.)

12569. **Roibéns no mar, vellas a rolar.** (ms18,62r: Coleic. Renacencia, Santiago Loureiro, *Refraneiro do mar*. Noya.-Imprenta Loroño, 1936.)

12570. **Roibéns ó mar, vellas ó sollar.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

12571. **Roibéns polo mar, donas a sollar.** (mc: Mugardos)

12572. **Rubias ao Nascente, chuvias pendentes.** (mc: M.-*R. de P.*)

12573. **Rubiés cara ó mar, vellas a asollar.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

12574. **Sol con barbas, ventos ou aghuas.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

12575. **Sol no afeitado, pronto é aguado.** (mc: M.-Sangenjo)

Var.: *Sol no exeitado, pronto é aguado.* (M.-*R. de P.*)

Astros. Mareas

12576. **Lúa chea henche o mar ás tres e media.** [3981] (mc: Bayona)

(es) *Luna llena, pleamar de tres y media.* (R. Marín)

Dice Saralegui que al ocurrir el último cuarto de la luna se producen allí los pleamares a las tres y media de la mañana y de la tarde.

12577. **Lúa chea, pleamar ás dúas e media.** [3982] (mc: S. Loureiro)

(pt) *Lua nova e lua cheia, praia mar às duas e meia.* (Chaves) (es) *Luna llena, pleamar de tres y media.* (R. Marín)

Dice Saralegui que al ocurrir el último cuarto de la luna se producen allí los pleamares a las tres y media de la mañana y de la tarde.

12578. **Lúa deitada, mariñeiro a pé; lúa de pé, mariñeiro deitado.** [3983] (mc: U.C. Cuartilla 15)

Var.: *Lúa deitada, mariñeiro de pé; lúa de pé, mariñeiro deitado.* (mc: M.-R.de P.) [3984] / *Lúa deitada, mariñeiro de pé; lúa de pé, mariñeiro sentado.* (M. *R. de P.*) / *Luna deitada, mariñeiro en planta.* (G.P.) / *Lúa deitada, mariñeiro en pé.* (Villanueva de Arosa)

(pt) *Lua deitada, marinheiro em pé; lua em pé, marinheiro deitado.* (Chaves) (es) *Luna en pie, marinero, acuéstate.* (Gella) / *Luna acostada, marinero en pie.* (Id.) / *Luna derecha, marinero acostado.* (Sar) / *Luna de pie, marinero acostado.* (Id.) / *Luna tendida, marinero en pie.* (Sar) / *Luna en cuarto creciente inclinada, señal de mal tiempo.* (ct) *Lluna dreta, mariné ajagut; lluna aijaguda, mariné dret.* (Gella) / *Lluna*

[3979] ms21,11r: *Rubeas o mar*; mc: M.-Ría de Vigo: *Rubias ao mar*.

[3980] ms18,58r: *obellas o sollar*.

[3981] Indica *Marítimos* (*Mareas*) no ms.

[3982] Indica *Marítimos* (*Mareas*) no ms.

[3983] Na referencia da primeira variante aparece sobreescrito *M.-Sangenjo*. / Indica *Marítimos* (*Mareas*) no ms.

[3984] mc: *Lúa ditada*.

gitada, mariner dret. (Id.) / *Lluna ajeguda, mariné dret.* (Id.)

12579. **Lúa metida, baixamar barrida.** [3985] (mc: Sar., Cangas)

12580. **Lúa ó Mondigo, baixamar no río; lúa posta, baixamar en toda a costa.** [3986] (mc: M.L.)

Var.: *Lúa no Mondigo, baixamar no río.* (A. Meilán)

El Mondigo, se alza en el ayuntamiento de Ribadeo, no lejos de la costa, a 583 metros sobre el nivel del mar.

12581. **Lúa posta, baixa a mar en toda a costa, e pra mellor acertar, tres cuartos de hora por vaciar.** [3987] (mc e ms4: Ría de Vigo, Sar)

Var.: *Lúa posta, baixa a mar en toda a costa.* (Sar.-Bayona, Cangas) / *Lúa posta, baixamar en toda a costa.* (ms4: Gella) / *Lúa posta, baixamar na costa.* (Sar.-Bayona, Cangas)

(pt) *Lua posta, baija mar na costa.* (Chaves)

Este refrán lo suelen completar en la ría de Vigo añadiéndole: *e pra mellor acertar, tres cuartos de hora por vaciar*. (ms4)

12582. **Marea viva e lúa alta xa non hai un rabo en Coira.** [3988] (mc: S. Loureiro)

ASTROS. PRONÓSTICO DE CALMA

12583. **Arco á cea, boa noite espera.** (mc: M.-*R. de P.*)

12584. **Arco á matiña, alista a capotiña.** (mc: M.-*R. de P.*)

Véase la sección citada en el anterior.

ASTROS. PRONÓSTICO DE LLUVIA

12585. **Sol barbado, ou vento, ou mollado.** (mc: Sar., Cangas)

Var.: *Sol embarbado, vendabal mollado.* (ms15,41: Burela)

(es) *Sol barbado, ventado o mojado.* (Gella) / *Sol embarbado, vendaval mojado.* (Id.)

12586. **Sol con barbas, augas.** [3989] (mc: Sta. Eugenia de Riveira / ms10,122r: *D.E.*)

(es) *Sol con barbas, aguas.* (Gella)

El sol con barbas sale en otros refranes parecidos de las costas de España. *Sol con barbas, levante o agua*, dicen en Benidorm; *Sol con barbas, vendabal con aguas*, en Sanlúcar y *Sol con barbas, viento o aguas*, en Avilés (Véase Saralegui, pags. 26-27)

12587. **Sol con barbas, vento ou auga.** (mc: Bueu / ms: S. Loureiro)

(es) *Sol con barbas, levante o agua.* (Gella)

El sol con barbas sale en otros refranes parecidos de las costas de España. *Sol con barbas, levante o agua*, dicen en Benidorm; *Sol con barbas, vendabal con aguas*, en Sanlúcar y *Sol con barbas, viento o aguas*, en Avilés (Véase Saralegui, pags. 26-27)

ASTROS. PRONÓSTICO DE MAL TIEMPO

12588. **Encarnado á Carnota, colle a leña e cerra a porta.** (mc: Gella, Lira-F.V.S.)

Anuncia tempestad y lluvia.

ASTROS. PRONÓSTICO DE TORMENTA

12589. **Arco á matiña, á tarde tormentiña.** [3990] (mc: M.-*R. de P.*)

Figuran variantes en la sección "Agrícolas. Metereológicos".

ASTROS. PRONÓSTICO DE VIENTO

12590. **Clara na veigha, nordeste na caldeira.** [3991] (mc: Gella, Ribadeo)

12591. **Sol barbado, nordeste ó rabo.** (mc: Sar., Puentedeume)

Var.: *Sol barbado, nordeste ó cabo.* (S. Ciprián)

(es) *Sol embarbado, nordeste al cabo.* (Gella)

AVES. V. tamén *Peces, Pesca, Pronósticos atmosféricos, Tiempo*.

12592. **Cando a gaivota vai prá terra, colle a brosa e vai por leña; cando pró mar, xonce os bois e vai arar.** (mc: Gella)

12593. **Cando a gaivota vén do mar, colle a brosa e vai estelar; e cando a gaivota vai pró mar, colle os aparellos e vai pescar.** (mc: Gella)

Var.: *Cando a gaivota vai prá terra, coll'a brosa e fai estela.* (Francisco Lanza, *Nós*, tomo 8º, nº 90, año XIII, 19 junio 1931)

Francisco Lanza publica "Falan os de Ribadeo (Notas folklóricas e leisico-gráficas, recollidas n-ista vila)". Entre otros refranes ya recogidos en mi colección, los siguientes: De pueblos: *En Meira, nin boa*

[3985] Indica *Mareas* no ms.

[3986] Indica *Mareas* no ms.

[3987] No local da primeira variante aparece sobreescrito *Amor Meilán* / Indica *Mareas* no ms. / ms4: *baixamar*.

[3988] Indica *Mareas* no ms.

[3989] En ms10 s.v. *Sol*.

[3990] mc: *tromentiña*.

[3991] O orixinal di: *Clara na veija, nordeste na caldeira.* / V. tamén *Agrícolas* (*Meteorológicos*). / mc: *veiga*.

xente nin boa feira. De Meira, tropa lixeira. Xente de Meira, que vai prá feira. ¿Es de Arante? O demo que te levante. Agrícolas: *Cando a gaivota vai prá terra, coll'a brosa e fai estela.* (mc) / *Estelar* (hacer leña). (ms18)

12594. **Cando a garcia vai pr'arriba, colle os bois e vente axiña. Cando a garcia vai pr'abaixo, coll'os bois e vai arar.** [3992] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12595. **Cando a garza vai pra Meira, pon a sella á goteira; cando vai pró mar, pon os bois a arar.** (ms-LU: seminarista anónimo: San Tirso ¿Vilalba / Antas?, ¿Muxía, Outes, Zas, Maceda?)

12596. **Cando a gaviota vai pró mar, colle o arado e vai arar; cando vai prá terra, colle a brosa e fai estela.** (ms-LU: seminarista anónimo: Foz, LU)

12597. **Catro aves escollidas son as que pasan os mar: o cuco e a anduriña, a rula e o paspallás.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

AVES. ABUNDANCIA DE PESCA

12598. **Cando chapuza o mazcato, xa se relame o gato.** [3993] (mc: Gella, Ribadeo)

Porque es señal de pesca.

12599. **Si o mascato ves voar e tirar vai alí a pescar.** [3994] (mc: Gella, Marín / ms4: F.V.S. / ms15,11)

Mascato: Ave acuática, variedad de la gaviota. La presencia de los mascatos es siempre señal de abundancia de sardina, y el refrán alude a la costumbre que tienen de lanzarse desde lo alto sobre los pececillos que asoman a la superficie del mar. Saralegui cree la voz *mascato* original de Muros. Gella la registra también en Marín. Faltaba en nuestros diccionarios hasta Carré Alvarellos que recoge bajo la forma *mazcato*. (mc) / Su visita es siempre señal de sardina de la que se alimentan preferentemente. (ms)

AVES. PRONÓSTICO DE BUEN TIEMPO

12600. **Ave á ribeira, vella á eira.** [3995] (mc e ms: Ameijeiras, Arjomil)

Porque anuncia buen tiempo, así como el anterior lo anuncia malo.

12601. **Cando a garza vai pró mar, colle os bois e ponte a arar.** [3996] (mc: M.L. / ms5,039)

12602. **Cando o mar está encarnado, pon os bois ó arado.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

Indica buen tiempo, como el anterior lo anuncia malo. (mc) / *Garcia* = garza. (ms5)

AVES. PRONÓSTICO DE LLUVIA

12603. **Anduriñas a rentes da auga, chuvia na plaia.** [3997] (mc: C.A.)

(es) *Golondrina que con el ala roza la tierra, lluvia recela.* (R. Marín) / *Golondrina que alta vuela, no teme que llueva.* (Id.)

12604. **Ave de mar na terra, ou chove ou neva.** [3998] (mc: Pontevedra)

12605. **Cando a gaivota anda á gradisela, mal pra nós e fame pra ela.** (mc: M.-*R. de P.*)

Var.: *Cando a gaivota anda á gravisela, mal pra nós e fame pra ela.* (ms4, ms10,024v: *D.E.*) [3999]

Lo recoge con una pequeña variante Carré Aldao. Ni *gradisela*, ni *gravisela* figuran en nuestros diccionarios.

12606. **Cando a gaivota vira ao cablestante, mal tempo seguro.** (mc: M.-*R. de P.*)

12607. **Cando as gaivotas beilan a muiñeira, hai chuvia na ribeira.** (mc: M.-*R. de P.*)

12608. **Cando chían os beloricos, muita auga e muito frío.** (mc: M.-*R. de P.*)

12609. **Cantan biloricos na terra, chuvia sin falta se espera.** [4000] (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

Beloricos, escribe en otro anterior Casto Sampedro. Valladares registra *belurico*, y Carré Alvarellos *belúrico* = cierta ave que vive en las lagunas y a las orillas del mar.

12610. **De travesía nunca chove todo día.** (ms-SA: seminarista anónimo: Rías Baixas, PO)

12611. **Gaivotas pola terra, choiva ou néboa.** [4001] (mc: *Sonata Gallega* / ms18,69v: Gella.-Marín)

(pt) *Gaivotas em terra, sinal de mau tempo.* (Chaves) / *Se entra por terra a gaivota, é o*

[3992] O orixinal di: *Cando a garcia vay pr'arriba colle os bois e vente axiña. Cando a baixo bay pr'a baixo, coll'os bois e vay arar.*
[3993] Indica *Marítimos* (*Abundancia de pesca*) no ms.
[3994] Indica *Abundancia de pesca* no ms.
[3995] mc: *ribaira*. / Indica *Marítimos* (*Pronósticos de buen tiempo*) no ms.
[3996] Indica *Marítimos* (*Pronósticos de buen tiempo*) no ms. / ms5: *garcia*.
[3997] Indica *Marítimos* (*Pronósticos de lluvia*) no ms.
[3998] Indica *Marítimos* (*Pronósticos de lluvia*) no ms.
[3999] ms4: *mal para nos*. En ms10 s.v. *Gaviota*.
[4000] Indica *Marítimos* (*Pronósticos de lluvia*) no ms.
[4001] Indica *Marítimos* (*Pronósticos de lluvia*) no ms.

temporal que a enxota. (Id.) (es) *Gaviotas por la tierra, temporal por la mar.* (Gella) (ct) *Gavines per la terra, temporal per la mar.* (Gella)

Lo mismo que los anteriores. / Cuando el temporal es furioso y violento, suelen las gaviotas alejarse mucho de la costa. En el que azotó el Cantábrico en los últimos meses de 1951, las hemos visto volando sobre la ciudad de Lugo.

12612. **Gaviotas suben hasta se perder, gran temporal ten que haber.** (mc: M.-Sangenjo)

AVES. PRONÓSTICO DE MAL TIEMPO

12613. **Ave á montaña, vella á cama.** [4002] (mc: Santiago / ms: Ameijeiras, Arjomil)

12614. **Cando a garza vai prá terra, colle a brosa e fai estela.** [4003] (mc: M.L.)

(es) *Cuando la garza va al monte, coge la jarra y vete a la* fonte. (Oviñana- Gella)

Mal tiempo.

12615. **Cando as gaivotas bailan a muiñeira, hai que gardar o millo da eira.** [4004] (mc e ms5: C.A. *A Nosa Terra*)

Var.: *Por san Bartolomé, si as gaivotas andan a beilar a muiñeira, garda o millo na eira.* (ms5,138: *O Gaiteiro de Lugo*, 1960)

AVES. PRONÓSTICO DE NIEVE

12616. **Cando a gaivota vai prá terra, xa non neva; cando vai pró mar, vai nevar.** [4005] (mc e ms4: Saralegui, Foz / ms e ms4: M.L. / ms18,69r: Gella.-Foz)

Ambos movimientos se observan durante las nevadas que podríamos llamar apacibles o sin viento. (Saralegui)

AVES. PRONÓSTICO DE TEMPESTAD

12617. **Ponse o paíño no mar, sente chuvia e temporal.** [4006] (mc: Sar., Bayona)

Paíño, en el distrito de Bayona es una pequeña ave marina del tamaño de la golondrina. Ya advierte Saralegui que falta esta voz en nuestros diccionarios.

[4002] Indica *Marítimos* (*Pronóstico de mal tiempo*) no ms.
[4003] ms4: *fai a estela* / Indica *Marítimos* (*Pronósticos de mal tiempo*) no ms.
[4004] Indica *Gaviotas* no ms5 e *Mar.* (*Pronósticos de mal tiempo*) no ms.
[4005] Indica *Marítimos* (*Pronósticos de nieve*) no ms.
[4006] Indica *Pronóstico de tempestad* no ms.

AVES. PRONÓSTICO DE VENDAVAL

12618. **Cando se pon a pardela a espiollar, non tarda un día o vendaval.** [4007] (mc e ms4: Sar., Bayona / ms4: Gella, Foz)

Pardela es el nombre castellano que se da a un ave acuática palmípeda, parecida a la gaviota, algo más pequena que ésta. Aunque usada por autores castellanos, el *Diccionario de la Academia*, en sus ediciones anteriores a 1917 al menos, no la incluía. Hoy la trae *Diccionario Salvat*, entre otros.

AVES. PRONÓSTICO DE VIENTO

12619. **As gaivotas polo alto a voar, sursueste vai a entrar.** [4008] (mc: Sar., Bayona)

12620. **As gaivotas ¡clo, clo! a cantar, norte duro vai a entrar.** [4009] (mc: Sar., Bayona)

12621. **Cando as gaivotas veñen prá terra, vento de fóra.** [4010] (mc: Puerto del Son)

LLUVIA, NUBES, NIEBLAS

12622. **¿Auga de oeste? Para a ría.** (mc: M.-*R. de P.*)

12623. **Borraxeira no valle, mariñeiro á calle.** (mc: Muros)

12624. **Borraxeira polo mar, nordestiño vai buscar.** (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

12625. **Burraxeira ó mar, vento á terra vén buscar.** (ms-SA: José Luís Castro Izaga: Lira, Carnota, C)

12626. **Cando do este chove, hasta as pedras move.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

12627. **Cando do nordeste chove, hasta as pedras move.** (mc: Sar., La Guardia / ms18,69r: Gella.-La Guardia)

(es) *Cuando del nordeste llueve, hasta las piedras mueven.* (Gella)

12628. **Cuberta Arousa, mala cousa.** (mc: M.-Bueu)

12629. **¿Está chovendo? Bo día pra facer familia.** (mc: M.-*R. de P.*)

12630. **Néboa en Cela, vento na Vela.** (mc: M.-Bueu)

12631. **Neboira na terra, treboada no mar, ou ben chover, ou ben nevar.** (mc: U.C. / ms: Cuartilla 16)

[4007] Indica *Marítimos* (*Pronósticos de vendaval*) no ms.
[4008] Indica *Marítimos* (*Pronósticos de vientos*) no ms. / ms4: *gavotas, vai entrar*.
[4009] Indica *Marítimos* (*Pronósticos de vientos*) no ms. / ms4: *gavotas*.
[4010] Indica *Marítimos* (*Pronósticos de vientos*) no ms.

12632. **Nubes á montaña, vellas á borralla; nubes a ribeira, vellas á raxeira.** (mc: M.V.)

12633. **Tenlle respeto á Curota cando lle vexas capota.** (mc: Isla de Arosa-F.V.S.)

La Curota, pico alto de los montes de Barbanza, anuncia mal tiempo, cuando se cubre de nubes.

12634. **Vén santa Mariña coa súa manguiña de auga ou de sardiña.** [4011] (mc: F.I. / ms3: A. de la I.)

(pt) *A Santa Marinha* (18 julio) *sempre trás a sua cabacinha.* (Chaves)

MAREAS

12635. **De fiarme de mareas teño escarmento.** [4012] (mc: M.-Bueu)

12636. **Pleamar de seis, baixamar ás doce.** [4013] (mc: S. Loureiro)

METEOROLÓGICOS

12637. **Vento sur que á noite entra, pola mañán máis tormenta.** (ms: La Guardia, Sar)

MISCELÁNEA

12638. **A liña chucha a espiña.** (mc: S. Loureiro)

12639. **A liña, pouca fariña.** (mc: M.-*R. de P.*)

12640. **A poutada, a veces nada.** (mc: M.-Bueu)

12641. **Amiguiños, si, pero as sardiñas polo que valen.** (mc)

Var.: *Amiguiños, si, pero a vaca polo que vale. / Amiguiño, si, pero o porco polo que vale.*

(es) *Amigos, sí; pero los peces aparte.* (Gella)

12642. **Aos tres días de nevar, ou arría ou vai ao mar.** (mc: S. Loureiro)

12643. **Aro frío, caldeiro cocido.** (mc: M.-*R. de P.* / ms: Ría de Arosa)

12644. **Ás artes non te mates.** (mc: M.-*R. de P.*)

12645. **Berra o mar en Lapamán, colle a leña e coce o pan.** (mc: M.-*R. de P.*)

12646. **Bocado de mariñeiro, nin masticalo moito nin tragalo enteiro.** (mc: Gella, Mugardos)

12647. **Cando na mariña neva, que nunca nevou, ¡que fará na serra, que nunca parou!** (ms)

12648. **Co malo non te mates e co bo non te agaches.** (mc: M.-*R. de P.*)

Alude al tiempo.

12649. **Donde hai patrón non manda mariñeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

12650. **Donde hai patrón, non manda mariñeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12651. **É como o capitán Fargalla: animémonos e vaian.** [4014] (mc: Incio)

(es) *Como el patrón Araña, que embarcaba a la gente y él se quedaba en casa.* (Sbarbi) / *El capitán o patrón Araña embarca, embarca, y él se queda en tierra.* (Id.)

12652. **En marzo, canto vai no regazo.** (mc: M.-*R. de P.*)

12653. **En xaneiro cágalle na barba ó xeiteiro.** (mc: Riveira / ms4: F.V.S.)

12654. **Home de sombreiro, mal mariñeiro.** (mc: Gella, Villanueva de Arosa)

12655. **Líbrese a miña barquiña da Paxariña.** (mc: *Galicia y el mar*, pág. 68)

A Paxariña es un islote peligroso, temido de los navegantes, cerca de Villagarcía. A los peligros que ofrece a la navegación alude el refrán.

12656. **Lóstregos pró sueste, muller e fillos pró mar.** [4015] (mc, ms e ms4: S. Ciprián)

Para ver cuándo llegan al puerto maridos y padres, porque suponen gran peligro para la navegación. (mc) / A la orilla, para ver cuándo llegan al puerto maridos y padres. (José Gella Iturriaga, nº 3721) (ms)

12657. **Máis ven catros ollos que dous** (ms15,52r)

12658. **Na area de Illa, moito; na area da Barca, nada.** (mc: M.-*R. de P.*)

12659. **No Calo, muito malo.** (mc: M.-Bueu)

12660. **No xantar prestan máis as do xeito que as da traíña.** (mc: M.-Bueu)

12661. **Non hai treboada que non traiga a súa solleirada.** (mc)

12662. **Noroeste con gotas non vale dúas motas.** (ms15,11)

12663. **O cinto no arte tira pola parte.** (mc: M.-Bueu)

12664. **O chinchorro fai o zorro.** (mc: M.-*R. de P.*)

[4011] Indica *Meteorológicos. Santos* no ms. / ms: *d'auga*; ms2: *c'a sua*.

[4012] Dentro de *Marítimos* (*Miscelánea*) en mc.

[4013] Indica *Marítimos* (*Mareas*) no ms e *Marítimos* (*Miscelánea*) no mc.

[4014] ms: *vayan*.

[4015] ms4: *e fillo*.

12665. **O mariñeiro que me dá de beber ou me moleu ou me quer moler.** (mc: M.-Ría de Arosa)

Usamos *moler* por eufemismo, en sustitución de la palabra original.

12666. **O polbeiro, pouco diñeiro.** (mc: M.-*R. de P.*)

12667. **O que non se arresga, non pasa o mar.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

12668. **O que non viu a Marola, non viu a mar toda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12669. **O que pasa a Marola, pasa a mar toda.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

12670. **O temporao, ou palla ou grao; o que non é temporao, nin palla nin grao.** (ms: Biville)

Se refiere al centeno. *Temporao*: Temprano, dentro de su tiempo: a comienzo de la época de la siembra.

12671. **Onde hai patrón non manda mariñeiro.** (mc / ms4: F.V.S.)

Var.: *Onde hai piloto, non manda mariñeiro.*

(es) *Donde hay patrón, no manda marinero.* (Gella) / *Donde hay piloto, no manda marinero.* (R. Marín)

12672. **Onde hai patrón non manda o mariñeiro.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

12673. **Os viaxes do mar non son de contar.** [4016] (mc: M.-*R. de P.*)

12674. **Patrón mandare, mariñeiro traballare.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

12675. **Pica afora, temos tronada.** (mc: M.-*R. de P.*)

12676. **Pra ser mariñeiro hai que andar no mar.** (mc / ms4: F.V.S.)

12677. **Se queres aprender a rezar, métete no mar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12678. **Si a Curota ves tapar, vai a San Alberte a destellar.** (mc e ms11,22: *Sonata Gallega*. Estío, 1944 / ms4: F.V.S.)

A Curota es un pico alto de los montes de Barbanza. San Alberte es una capilla que se alza en un monte de Santa Eugenia de Riveira, a la que solían destejar las esposas e hijos de los marineros cuando reinaba temporal.

12679. **Tanto en febreiro no solleiro, tanto en marzo no borralleiro.** (mc: M.-*R. de P.*)

12680. **¿Tomou o rico posesión do mar? Morreu o probe.** (mc: M.-*R. de P.*)

12681. **Tronada ao Miño, pan e millo.** (mc: M.-*R. de P.*)

12682. **Tronada de luna, sete días dura.** (mc: M.-*R. de P.*)

12683. **Vai ó mar e aprende a rezar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pontevedra, PO)

12684. **Vai pra o mar, que pan e tabaco non che han de faltar.** (mc: S. Loureiro)

12685. **Vaise o tempo como o vento.** (mc: M.-*R. de P.*)

12686. **¿Vas á rapeta? Andarás mollado e morrerás inflado.** (mc)

12687. **Vende sardiña e comerás galiña.** (mc: Lugo / ms: Vigo)

(es) *Negocia en sardina y comerás gallina.* (Gella)

Como *Trata en sardiña...* Pondera los beneficios que rinde el comercio e industria de la sardina.

PECES. V. tamén *Pronósticos atmosféricos, Tiempo*.

12688. **A carne carne cría; e o peixe, auga fría.** [4017] (ms / ms18,64v: Vivero / ms-LU: seminarista anónimo: Viveiro, LU)

Var.: *A carne carne cría.* (ms5,137: A.N.) / *A sardiña, auga fría; i-a carne, carne cría.* (ms5,137: A.N.)

(pt) *Carne, carne cria, nanja o peixe de água fría.* (Chaves) (es) *Carne, carne cría, y peces agua fría.* (Correas) / *Carne cría carne y peces aire.* (R. Marín)

12689. **A carne, carne cría, i-o pescado, auga fría.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12690. **A muller amais a sardiña, escóllea pola pequeniña.** [4018] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12691. **A muller e a sardiña, a máis pequeniña; dando volta á folla, alta e golosa.** (mc: Páramo-F.V.S.)

Var.: *A muller e a sardiña, por pequeniña: mentras a grande se baixa, a pequena barre a cociña.* (Buciños-F.V.S.) / *A muller e a sardiña, pequeniña.* (A.I.) / *A sardiña, pequeniña.* (Vivero) / *A muller e a sardiña, por pequeniña: mentras a grande se baixa, a pequena barre a casiña.* (Buciños)

[4016] V. *Xornada de mar non é de taixar* en *Marítimos* (*Peligros del mar*).

[4017] ms e ms18: *y-o peixe*.

[4018] O orixinal di: *A muller amais a sardiña escóllea pol'a pequeniña.*

(pt) *A mulher e a sardinha nem da maior nem da mais pequenina.* (Chaves) / *Da mulher e da sardinha a mais pequeninha.* (Chaves) (es) *La mujer y la sardina, pequeñina.* (Correas) / *La mujer y la sardina, cuanto más chica, más fina.* (R. Marín)

Ambas ideas recoge la canción popular: *A sardiña pequeniña / como salta no panel; / pequeniña e ben feitiña / así quer ser a muller*.

12692. **A muller e a sardiña, a máis pequeniña: mentras a grande se baixa, a pequena barre a casa e coce e amasa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12693. **A muller e a sardiña, pequeniña.** [4019] (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

Porque do malo pouco.

12694. **A muller e a troita préndese pola boca.** [4020] (mc: A.I.)

Var.: *A troita e a muller péscanse pola boca.* (M.-*R. de P.*)

(es) *La mujer y la trucha por la boca se prenden.* (Sbarbi)

Suelen prenderse aquellas por demasiado habladoras.

12695. **A muller e a sardiña pola máis pequeniña.** [4021] (ms21,07v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Camporramiro, Chantada, LU / ms-SA: Manuel Boado Vázquez: San María dos Ánxeles, Boimorto, C)

12696. **A muller i-a sardiña, a máis pequeniña.** [4022] (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12697. **A muller i-a sardiña, piquiniña.** [4023] (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12698. **A muller i-a sardiña, pola pequeniña.** [4024] (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

12699. **A muller i-a sardiña...** [4025] (ms11,56: José Sanjurjo Pedrouzo)

12700. **A sardiña de san Miguel, ¡entón é el!** (mc: M.-*R. de P.*)

12701. **A sardiña en san Xoán unta o pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Viveiro, LU)

12702. **A sardiña en xaneiro cúspelle na barba ó mariñeiro.** (mc: S. Loureiro)

Var.: *A sardiña, en xaneiro, chúsgalle o ollo ó mariñeiro.* (Muros)

12703. **A sardiña en xaneiro chúsgalle o ollo ó mariñeiro.** (mc: Muros)

Var.: *A sardiña, en xaneiro, cúspelle na barba ó mariñeiro.* (S. Loureiro)

12704. **A sardiña en xaneiro chúspelle na barba ó mariñeiro.** (ms-SA: Manuel Vázquez Formoso: Serres, Muros, C)

12705. **A sardiña en xaneiro vale carneiro.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

12706. **A sardiña por agosto pide o viño do mosto.** (mc: M.-*R. de P.*)

12707. **A sardiña que colle o gato nunca máis volve ó plato.** [4026] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia (galego occidental))

12708. **A sardiña que colle o gato, tarde ou nunca volve ó plato.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)

12709. **A troita grande sempre comeu a pequena.** (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *El pez mayor come al menor.* (Correas) (ct) *El peix gròs es menja al menut.* (Alberola)

Contra los abusos de los grandes en cualquier sentido.

12710. **Agora que non hai sardiña, ¿que farán os cataláns?** (mc: M.-*R. de P.*)

Redondeado más tarde, dice D. Casto Sampedro, en forma de cantiga popular, con los siguientes versos: *Andarán pola reibeira* [sic] / *Tirando pedras aos cans.* (mc)

12711. **Aínda é máis caro o pingue que o peixe.** (ms18,63r: Coleic. Renacencia, Santiago Loureiro, *Refraneiro do mar*. Noya–Imprenta Loroño. 1936)

12712. **Alegría do ollo, pesar do ensaio.** [4027] (mc: M.-*R. de P.*)

12713. **Alegría do ollo, tristeza do panel** [4028]**.** (mc: Gella, Puebla del Caramiñal)

[4019] O orixinal di: *A muller e a sardiña pequeniña* (*porque do malo pouco*).

[4020] ms4: *préndense*.

[4021] ms21: *y'a sardiña, pol'a máis*; ms-SA: *pula máis piquiniña*.

[4022] ms-LU (Lugo): *e a sardiña*.

[4023] O orixinal di: *A muller y a sardiña piquiniña*.

[4024] V. *A muller e a sardiña pola máis pequeniña.*

[4025] O orixinal di: *A muller y a xardiña...*

[4026] V. *Sardiña qu'o gato leva, xa gandiña vai ela* e *Sardiña que leva o gato é mala de volver ó plato* en *Marítimos* (*Peces*).

[4027] O orixinal di: *Alegría do ollo, pesar do ensayo.* Constantino García testemuña que en Ares *ensaio* é unha *cuaderna que va en el centro del bote*.

[4028] Constantino García define o *panel* como *conjunto de tablones que tienen las embarcaciones de remos,*

La alegría del pescador al coger el pescado, es dolor en éste al ser cogido. En Pontevedra dicen también: *Alegría de los ojos, sentimiento de bodega del pescado*.

12714. **Anque a sardiña está no plato n'é por falta de gato.** (mc: M.V.)

12715. **Arroaces na ría, boureles tira.** (mc: M.-Bueu)

Bourel.

12716. **Antes de comer de galiña, hai que comer de sardiña.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12717. **Antes de comer pita empézase a comer sardiña.** [4029] (mc: Monforte)

Var.: *Antes de comer galiña hai que comer sardiña.* (Otero de Rey) / *Antes de galiña, sardiña.* (F.V.S.) [4030] / *Non hai que come-la galiña antes da sardiña.* (ms16: Sober)

(es) *Primero la sardina que la gallina.* (Correas) / *Primero la sardina que la gallina; que si es primero la sardina será después la gallina.* (Id.)

Todos coinciden en la necesidad de comenzar humildemente para poder medrar en la vida. Y, claro está, el refrán pertenece a los tiempos en que la sardina era bocado de pobres. (mc) / Comer primero lo más gustoso. (caderno) / Comer primero lo menos gustoso. (ms18 para a 2ª variante)

12718. **As anguías, co tempo de sequía, corren pra riba; en xaneiro métense no caneiro.** [4031] (mc / ms4: F.V.S.)

12719. **As lampreas en febreiro, pra o cabaleiro.** (mc: S. Loureiro)

12720. **As mulleres, com'as troitas, engándanse pola boca.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

12721. **As sardiñas en san Xuan pingan no pan.** (ms-SA: M. González Fernández)

12722. **As sardiñas polo san Xoán mollan o pan.** (ms-SA: Manuel Gómez Vilar)

12723. **Cando a sardiña fai gargola, leva o corcho para fóra.** (mc: S.Loureiro)

12724. **Cando chove por santa Lucía, non hai sardiña.** [4032] (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

Var.: *Chuvia por santa Lucía, tolle a sardiña.* (ms4: Cuartilla 14)

12725. **Carne, carne cría; i-os peixes, auga fría.** [4033] (mc / ms / ms4: F.V.S.)

(pt) *Carne, carne cria, nanja o peixe de água fria.* (Chaves) (es) *Carne, carne cría; y peces, agua fría.* (Sbarbi)

Indica que la carne es más alimenticia que el pescado.

12726. **Con castañas asadas e sardiñas saladas n'hai inverno.** (mc: M.V.)

Var.: *Con castañas asadas e sardiñas asadas n'hai ruín viño.*

12727. **Chova de morriña, nin peixe nin fariña.** (mc: M.-Bueu)

12728. **Das sardiñas contadas come o gato.** [4034] (mc: Pidre, Palas de Rey-F.V.S.)

Var.: Equivale a *Do contado come o lobo.*

(es) *De lo contado come el gato.* (R. Marín)

Por mucho que se cuide una cosa, no siempre se logra su seguridad.

12729. **Dixo a filla á nai: "Sardiña qu'o gato leva, ben gardadiña lle vai".** (ms-SA: Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C)

12730. **En abril colle a sardiña e déixaa ir.** [4035] (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

12731. **En abril colle a sardiña polo rabo e déixaa ir.** [4036] (ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)

12732. **En agosto as sardiñas mollan o pan.** (ms-SA: Manuel Collazo Porto: Portas, PO)

12733. **En san Xoán a sardiña molla o pan.** [4037] (mc: A.I.)

Var.: *En san Xoán xa a sardiña pringa o pan.* (mc: C.A. / ms: E.C.)

(pt) *Sardinha de S. João, já pinga no pão.* (Chaves) (es) *Por San Juan, la sardina moja el pan.* (Corrreas) / *Por S. Juan la sardina pringa el pan.* / *En San Juan sardina en el pan.* (Gella)

12734. **En san Xoán a sardiña molla o pan.** (ms21,01v: Bermés)

12735. **En san Xoán x'a sardiña moll'o pan.** (ms-SA: Juan Bello Valiña)

12736. **En san Xoán xa a sardiña molla o pan.** (ms-SA: Julio Barreiro Fernández: San Miguel

---

colocados de babor a estribor, y que generalmente sirven de asiento para los que bogan.

[4029] Dentro de *Marítimos* (*Apéndice*) no orixinal.

[4030] ms4: *da galiña*.

[4031] ms4: *anguilas, tempo da sequia*.

[4032] Indica *Meteorológicos. Santos* no ms.

[4033] ms: *y os peixes*. / V. *A carne cría carne; o viño, sangre; o pan cría panza i-o demais todo é chanza* en *Medicina. Higiene*.

[4034] V. *Do contado come o lobo* en *Agrícolas* (*Animales*) e en *Jurídicos y similares* e *Das ovellas contadas come o lobo e anda gordo* en *Jurídicos y similares*.

[4035] O orixinal di *En abril colle a sardiña e deixa ir*.

[4036] O orixinal di: *En Abril, colle a sardiña poll'o rabo e deixa ir*.

[4037] ms3: *Pol-o San Xoán*.

de Vilar, Touro, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

12737. **En san Juan a sardiña unta o pan.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

12738. **En san Juan, a senina** [sic] **molla o pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

12739. **Farol aceso, sardiña presa.** (mc: S.Loureiro)

(es) *Farola encendida a la puesta, sardina presa.* (Puebla del Caramiñal. Gella)

12740. **Farola acesa, sardiña presa.** (mc: Gella, Puebla del Caramiñal)

12741. **Garda asexa, sardiña presa.** (ms4: Puebla del Caramiñal, Gella)

Encendida a la puerta.

12742. **Hai que empezar coa sardiña pra acabar con galiña.** (mc: Buciños)

Var.: *Hai que empezar con sardiña pra terminar con galiña.*

(es) *Primero la sardina, después la gallina.* (Gella) / *Primero la sardina que la gallina; que, si es primero la sardina, será después la gallina.* (Id.)

Así se decía cuando la sardina era comida por los pobres. Recomienda la modestia y ahorro para llegar a algo.

12743. **Inda custa máis o pringue que os caracoles.** [4038] (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms18,30r)

Var.: *Inda é máis caro o pringue que o peixe.* (ms15,01: Eugenio Carré Aldao. *Literatura Gallega* 2ª edición, 1911) / *Inda é máis caro o pringue que os caracoles.* (L.G.) / *Inda custa máis a salsa cós caracoles.* (ms18,30r) / *Inda é máis cara a salsa que o peixe.* (A.S.A.)

(es) *Más vale la salsa que los caracoles.* (Sbarbi) / *Es más la salsa que el manjar.* (Correas).

Cuando es de más valor lo accesorio que lo principal.

12744. **Mal lle vai ó raposo cando lambe os cangrexos.** [4039] (mc: Gella, P. del Caramiñal)

12745. **Mariñeiros, remangarse para salir á sardiña, que xa vén santa Catalina.** [4040] (mc: Sar., Bayona)

Sta. Catalina, el 22 de marzo. Alude otro refrán al cordonazo [sic] de Sta. Catalina.

12746. **Moito sabe a anguila pero máis sabe o que a pilla.** (mc: Chantada)

(pt) *Muito sabe a raposa, mas mais quem a toma.* (Chaves) / *Muito sabe o rato mas mais o gato.* (Id.) (es) *Mucho sabe la anguilla; pero sabe más quien la pilla.* (Gella) / *Mucho sabe la anguila pero sabe más el que la pilla.* (Id.)

12747. **Muller, pequeniña como unha sardiña.** (ms: Santiago)

12748. **N'hai sardiña sin espiña.** [4041] (mc: M.L. / ms10,116r: *D.E.*)

12749. **Na plaia de Lapamán colles lapas coa man.** (mc: M.-Bueu)

12750. **No mes de san Xoán xa a sardiña molla o pan.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

12751. **No mes de san Xuán a sardiña molla o pan.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

12752. **No san Xuan a sardiña molla o pan.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

12753. **Non comas lamprea que ten a boca fea.** (mc: A.S.A.)

(pt) *Não comas lampreia que tem a boca feia.* (Chaves) (es) *No comáis lamprea, que tiene la boca fea.* (Correas)

Cara y mediana, comenta Gella. Lo de cara puede ser verdad; con lo de mediana, no estarán muchos conformes.

12754. **Non comas lamprea que ten a boca fea.** (ms21,10r: Bermés)

12755. **Non hai sardiña barata que non coste cartos.** (mc: Tuiriz, Monforte)

12756. **O peixe grande come o pequeno.** (mc: S.Loureiro)

(es) *El pece grande come al chico.* (Gella) / *El pece mayor se come los menores.* (Id.) (ct) *El peix gròs es menja al menut.* (Alberola)

Véase *A troita grande...*

12757. **O que come a sardiña, que lle chupe a arganiña.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

12758. **Polo san Xoán xa a sardiña molla o pan.** (ms-SA: José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO)

12759. **Polo san Xuan a sardiña molla o pan.** [4042] (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

12760. **Por san Xoán a sardiña molla o pan.** (ms-SA: Juan López Souto: Corrubedo, Ribeira, C / ms-SA: Jesús Alvite Alvite: San Cibrán de Vilastose, Muxía, C)

[4038] ms4: *pringue c'os caracoles*; ms18,30r: *cos caracoles.*

[4039] V. *Mal lle vai ó raposo cando anda ós grilos* en *Escasez*.

[4040] Dentro de *Meteorológicos. Santos* no ms.

[4041] ms10: *Non hai*. / En ms10 s.v. *Sardinas*.

[4042] O orixinal di: *Pol'o San Xuan, a sardiña molla o pan.*

12761. **Por santa Mariña sala a sardiña.** [4043] (mc: C.A. / ms: E.C.)

12762. **Quen come a sardiña, que lle chupe a'rganiña.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

12763. **Sardiña qu'o gato leva, perdida vai.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

12764. **Sardiña qu'o gato leva, xa gandiña vai ela.** (ms21,29r: Bermés)

12765. **Sardiña que leva o gato é mala de volver ó plato.** [4044] (mc: Layosa)

Var.: *Sardiña que leva o gato, tarde ou nunca volve ó plato.* (R. Caruncho, *Diario de Avisos*) / *Sardiña que o gato leva, aquela gandida vai.* (M.V.) / *Sardiña que o gato leva, galdida vai.* / *Sardiña que o gato leva, perdida vai.* (Buciños-F.V.S.)

(pt) *Sardinha que o gato leva, gualdida vai.* (Chaves) (es) *Sardina que el gato lleva, gandida va.* (Correas) / *Sardina que el gato lleva, perdida va.* (Gella) (ct) *Sardina qu'el gat l'ha presa, no la tornará sancera.* (Alberola)

Galdido = tragado, comido, voz de la Limia que falta en nuestros Diccionarios. Véase "Notas lingüísticas gallegas" de J. Lorenzo Sanjurjo, en *Revista de Dialectología*. t. IV, 1948, p.88.

12766. **Trata en sardiña e comerás galiña.** (mc: A.I.)

PECES. ABUNDANCIA DE PESCA

12767. **Brétema en Padornelo, sardiña no garabelo.** [4045] (ms: A.N.)

12768. **Cando vén o vran, a xura achégase á man.** [4046] (ms: S. Loureiro)

12769. **Figos na figueira, bonito na boniteira.** [4047] (mc: Gella, Ribadeo)

12770. **Mazarico na plaia a cantar, os mariscos a flotar.** [4048] (mc: Sar., Bayona)

12771. **Néboa no Castelo, sardiña no cesto.** [4049] (mc: Ribadeo / ms: Pontevedra-F.V.S.)

12772. **Néboa no Castelo, sardiña no garabelo.** [4050] (mc: Gella)

12773. **Por santa Lucía, enchenta de auga ou de sardiña.** [4051] (mc: Gella)

Var.: *Por santa Lucía, enchente d'auga ou sardiña.* (D.F. Iglesia) / *Pola santa Lucía, enchenta d'auga ou sardiña.* (Gella) / *Día de santa Lucía énchete de auga ou de sardiña.* (E.C.)

12774. **Tramalleiros ao mar, arroaces ao par.** [4052] (mc: S.Loureiro)

12775. **Tronada pola terra, sardiña dentro da Serra.** [4053] (mc: Sar., Bayona)

Serra es una pequeña ensenada en la ría de Vigo (Saralegui..., p.186).

12776. **Xa vén o maio, carabel hastra o aro.** (mc: Mugardos)

Carabel, que falta en nuestros diccionarios (traen *carabela*, *carabelo*) es un cesto pequeño con un aro grande para cogerlo; en él llevan los marineros la comida, y traen la pesca hasta el aro, cuando hay abundancia, es decir, lleno de todo. Y es precisamente en mayo cuando empieza la abundancia de la sardina y el jurel. / Indica "Mar.-Abundancia de pesca" no ms.

PECES. EL PESCADO COMO ALIMENTO

12777. **Á sardiña en abril ponlle a man e déixaa ir; en maio, xa pinga no borrallo; en san Xoán, molla o pan.** [4054] (mc: Gella, Marín)

Var.: *A sardiña, por abril, cóllea polo rabo e déixaa ir.* (M.-*R. de P.*) / *A sardiña por abril, cóllea polo rabo e déixaa ir; por maio ásaa no borrallo; por san Xoán xa molla o pan.* (M.L.)

(pt) *Sardinha d'abril, vê-la e deixá-la ir.* (Chaves) / *Sardinha de S. João, já pinga no pão.* (Chaves) (es) *La sardina por abril, cógela por la cola y déjala ir; por mayo, ásala en el rescoldo; y por San Juan, ya pringa el pan.* (R. Marín) (ct) *Pel maig, la sardina a raig.* (Sanchis)

12778. **A sardiña en maio que a parta un raio.** [4055] (mc: M.-*R. de P.*)

[4043] ms e ms4: *Pol-a*.

[4044] V. *A sardiña que colle o gato nunca máis volve ó plato* e *A sardiña que colle o gato, tarde ou nunca volve ó plato* en *Marítimos* (*Peces*).

[4045] Indica *Marítimos* (*Abundancia de pesca*) no ms.

[4046] Indica *Marítimos* (*Abundancia de pesca*) no ms.

[4047] Indica *Marítimos* (*Abundancia de pesca*) no ms.

[4048] Indica *Marit.* (*Abundancia de pesca*) no ms. / ms: *Mazaricos*.

[4049] Indica *Mar.* (*Abundancia de pesca*) no ms. / mc: *Nebra*.

[4050] Indica *Mar.* (*Abundancia de pesca*) no ms. / mc: *garavelo*.

[4051] Indica *Marítimos* (*Abundancia de pesca*) no ms. / ms: *de auga ou sardiña*.

[4052] Indica *Mar.* (*Abundancia de pesca*) no ms.

[4053] Indica *Mar.* (*Abundancia de pesca*) no ms. / Refrán recollido dúas veces en ms4, a primeira recollida en Baiona; e a segunda en Vigo.

[4054] Indica *Mar.* (*El pescado como alimento*) no ms.

[4055] Indica *Mar.* (*El pescado como alimento*) no ms.

(pt) *Quem quiser mal à visinha, dê-lhe em maio uma sardinha.* (Chaves)

¿Por no ser sana? A este propósito, dicen los portugueses: Quem quiser mal a vizinha, dê-lhe em maio uma sardinha. (Chaves)

12779. **A sardiña en marzo, argazo.** [4056] (mc: M.-*R. de P.*)

12780. **A sardiña en san Xoán sabe ben e unta o pan.** [4057] (mc: Gella, Isla de Arosa)

Var.: *A sardiña, por san Xoán, pinga no pan.* (M.*R. de P.*) / *A sardiña, por san Xoán, xa molla o pan.*

12781. **En abril a sardiña val pernil.** [4058] (mc)

A pesar del que recomienda que se la deje ir, registrado antes.

12782. **Lampreas en san Xoán, pró can.** [4059] (mc: S.Loureiro)

12783. **Nos meses sin erre, marisco non comas nin marisco merques.** [4060] (mc: C.A. / ms: E.C.)

(es) *En los meses que no tienen "erre" no comas peces.* (Castillo) / *En los meses que no tienen "ere" ni pescado ni mujeres.* (R. Marín) / *En los meses que no tienen erre, no comas peces.* (Gella) / *En los meses que no tienen erre ningún pescado pruebes.* (Id.) / *En los meses que no tienen "erre", no comas peces, o ningún pescado pruebes.* (R. Marín)

Pueden estar en malas condiciones por el exceso de calor.

12784. **O invitado i-a pesca ós dous días apesta.** [4061] (mc: S.Victorio de R. de Miño-F.V.S.)

(pt) *O hospede e o peixe aos três dias aborrecem.* (Id.) (es) *El forastero y la pesca, a las veinticuatro horas apesta.* (Gella) / *El güéspede y el pece, a tres días hede.* (Id.) (ct) *El hòste es com el peix menut; als tres díes, put.* (Alberola)

12785. **Sardiña salada, ben cocida e mal asada.** [4062] (mc: M.-Ría de Arosa)

Var.: *Sardiña salada, ben cocida ou mal asada.* (mc: M.L. / ms10,116r: *D.E.*) [4063]

(pt) *Sardinha bem salgada, bem cozida, mal assada.* (Chaves)

12786. **Sardiñas saladas, castañas asadas e confesión antes das Pascuas de Resurrección.** [4064] (mc: S.P.P.-*Ultreya* / ms18,49r: *Ultreya*, Salustiano Portela Pazos)

PELIGROS DEL MAR

12787. **Rezar ó santo hasta pasar o tranco.** [4065] (mc: Santiago / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

(pt) *Rogar ao santo até passar o barranco.* (Chaves) (es) *Rogar al santo, hasta pasar el tranco.* (Sbarbi) / *Rezar al santo, hasta pasar el charco; y el charco pasado, santo olvidado.* (Gella)

Zahiere a los desagradecidos que, recibido el beneficio, olvidan a quien se lo otorgó.

12788. **Se queres adeprender a rezar, entra no mar.** [4066] (mc / ms4: F.V.S.)

(pt) *Se queres aprender a orar, entra no mar.* (Chaves) (es) *Si quieres aprender a orar, entra en la mar.* (Gella) / *Si queredes aprehender orar, entrat en la mar.* (Arcipreste de Hita- citado en Gella)

12789. **Xornada de mar non é de taixar.** [4067] (mc e ms4: A.S.A. / ms4: A.I. / ms21,17r: Bermés / ms18,69v: Gella / ms-SA: M. González Fernández)

Var.: *Xornada do mar non é de tasar.* (M.-*R. de P.*)

(pt) *Jornada de mar não se pode taxar.* (Chaves) (es) *Quien barca ha de pasar, no cuente jornada.* (Sar) / *Jornada de mar no se puede tasar.* (Gella)

Por las contingencias a que está sujeta la navegación.

SATÍRICOS

12790. **Mariñeiro con polainas, ganancia pró boticario.** [4068] (mc: Gella, Iturriaga)

Var.: *Mariñeiro con polainas, ¡amólate, boticario!* (Sar.-Cangas)

(es) *Marinero con guantes, boticario.* (R. Marín)

Ridiculiza al marinero demasiado cuidadoso de su indumentaria, y trae a

---

[4056] Indica *Mar.* (*El pescado como alimento*) no ms.
[4057] Indica *Mar.* (*El pescado como alimento*) no ms.
[4058] Indica *Marit.* (*La pesca como alimento*) no ms.
[4059] Indica *Marít.* (*La pesca como alimento*) no ms.
[4060] ms: *meses sin r* / Indica *Mar.* (*La pesca como alimento*) no ms.
[4061] Indica *Marit.* (*La pesca como alimento*) no ms.
[4062] Indica *Marít.* (*La pesca como alimento*) no ms.
[4063] En ms10 s.v. *Sardinas* coa indicación *Cocina*.
[4064] Indica *Marít.* (*La pesca como alimento*) no ms. / ms18,49r: *Sardiñas salgadas*.
[4065] Indica *Marítimos* (*Peligros del mar*) no ms e *Marítimos* (*Miscelánea*) no mc. ms-LU: *ao santo*.
[4066] Indica *Marítimos* (*Peligros del mar*) no ms e *Marítimos* (*Miscelánea*) no mc.
[4067] Indica *Marítimos* (*Peligros del mar*) no ms e *Marítimos* (*Miscelánea*) no mc. V. *Os viaxes do mar non son de contar* en *Marítimos* (*Miscelánea*).
[4068] Indica *Marítimos* (*Satíricos*) no ms e *Marítimos* (*Miscelánea*) no mc.

colación al boticario "bien porque los mareantes tengan, en general, poca simpatía por ellos, o bien porque tengan concepto de nimiamente presumidos a los farmacéuticos". (Saralegui, p. 167).

Tierra y mar. V. TAMÉN *PRONÓSTICOS ATMOSFÉRICOS, TIEMPO*

12791. **Berra a vaca, hai maraxe.** (mc: M.-*R. de P.*)

12792. **Cando ablanda a area da plaia, sinal de mal tempo.** (mc: M.-*R. de P.*)

(es) *Cuando la arena está blanda, señal de mar picada.*

Saralegui recoge, como de Sada, el mismo en castellano.

12793. **Cando as mareas botan moito, temporal afora.** (mc: M.-*R. de P.*)

12794. **Cando hai mal tempo e se pica o mar, sinal de travesía.** (mc: M.-*R. de P.*)

12795. **Cando os saltóns da praia veñen arriba, sinten chuva.** (mc: M.-*R. de P.*)

12796. **Carqueixa no mar, ou anduvo ou que andar.** (mc: Gella, Espasante)

O anduvo el temporal, o quiere andar. *Carqueixa* es espuma, y en esta acepción no figura en los Diccionarios gallegos.

12797. **Ceba na area, ben prá aldea.** (mc: M.-Ría de Arosa)

12798. **Corrente a Oeste, sinal de mal tempo.** (mc: M.-*R. de P.*)

Var.: *Corrente ao Este, sinal de mal tempo.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

12799. **De pingueiras faise o mar.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

(*ct*) *De gotes d'aigua es fan els rius.* (Alberola)

Como *De pingueiras faise un cirio*. Indica que de muchos pocos se puede hacer un mucho.

12800. **Encarnado contra o mar, colle os bois e vai labrar.** (mc: Gella, Lira)

Var.: *¿Encarnado polo mar? Colle os bois e vai labrar.* (M.-Ría de Arosa)

Anuncia buen tiempo.

12801. **O mar a hurrar, o vento a quedar.** [4069] (mc, ms e ms4: Sar., Bayona)

(es) *El mar a "hurrar", el viento a quedar.* (Gella)

Cuando el mar empieza a bramar con exceso, es probable que el viento se quede. (Saralegui)

12802. **¿Ronca o mar de Lira? Mete a leña e serra a porta.** (ms-SA: José Luís Castro Izaga: Lira, Carnota, C)

12803. **Ruído no Cabalo, malo, malo.** (mc: M.-Bueu)

12804. **Si ronca a area de Bon, cambios de tempo son.** (mc: M.-Bueu)

12805. **Soa a Pesqueira, sinal de mal tempo.** (mc: M.-*R. de P.*)

12806. **Telarañas polo aire, pais e fillos para o mar.** (mc: M.-*R. de P.*)

TIERRA Y MAR. MAR

12807. **Cando o mar está de leite, hasta as cabras non-o dan.** [4070] (mc: S. Loureiro)

12808. **Gaba o mar e vive na terra.** [4071] (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S. / ms10,037v: *D.E.*)

(es) *Loa el mar y vente a tierra.* (Sar) / *Loa el mar y vive en la tierra.* (Correas) / *Alaba el mar y quédate en tierra.* (Gella)

Refrán que sugiere Saralegui este sangriento comentario: "Claro... la mar para los peces y para los ingleses. Los españoles siempre lo mismo, y ... así nos luce el pelo..."

12809. **Mar do Rostro, se casaras, ablandaras.** [4072] (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *Si el mar se casara, tantas espumas no levantara.* (Gella) / *Si el mar se casase, se le quitaba la braveza.* (Id.)

Hay en la costa de Finisterre un bravo arenal, llamado del Rostro, bañado por el mar del Rostro, al que alude el refrán.

12810. **Non hai treboada que polo mar non veña.** [4073] (mc: S. Loureiro)

12811. **Non se afoga quen non pasa o mar.** [4074] (mc: S. Loureiro)

(pt) *Não se afoga no mar o que lá não entrar.* (Chaves) (es) *Quien no entra en la mar, no se ahogará.* (Gella)

TIERRA Y MAR. PRONÓSTICO DE BUEN TIEMPO

12812. **Cando brúa a barra de Ortigueira, bois á leira.** [4075] (ms: Gella.-Cariño)

[4069] mc: *hurar*.

[4070] Indica *Marítimos* (*Mar*) no ms.

[4071] Indica *Marítimos* (*Mar*) no ms. En ms10 s.v. *Mar*.

[4072] Indica *Marítimos* (*Mar*) no ms.

[4073] Indica *Marítimos* (*Mar*) no ms.

[4074] Indica *Marítimos* (*Mar*) no ms.

12813. **Semblante de Oviedo, mariñeiro, non teñas medo.** [4076] (mc: Ribadeo. *Refranero del mar*)

Indica buen tiempo la visión clara y precisa de las costa cantábrica hacia el este.

TIERRA Y MAR. PRONÓSTICO DE LLUVIA

12814. **Cando a abaladoira sona, ou chove ou trona.** [4077] (mc: Gella / ms: Lage / ms4: Lage-F.V.S.)

Alude a una piedra oscilante, como la de la Barca, que se halla en las inmediaciones de Lage.

12815. **Mar en carreiros, auga a regueiros.** [4078] (mc: Sar., Ferrol.)

(es) *Mar surcado, todo el día chubascos.* (Gella)

Carreiros = surcos en la superficie del mar. Gella Iturriaga recoge uno en castellano, de Ribadeo, análogo al anterior.

12816. **Ronca Teira, chuvia ou neboeira.** [4079] (mc: *Sonata Gallega*)

12817. **Se a chuvia no mar fai cabazas, non deixes a roupa d'augas na casa.** [4080] (mc: Sar., La Guardia)

Los marineros de estas costas suelen llamar cabazas a las burbujas o borbollones que producen los goterones al caer sobre el mar. (Saralegui).

TIERRA Y MAR. PRONÓSTICO DE MAL TIEMPO

12818. **Cando a garcia vai prá terra, colle a brosa e fai estela.** (ms5,039)

Garcia = garza.

12819. **Cando brúa a barra de Ladrido, bois ó abrigo.** [4081] (ms: Gella.-Cariño)

12820. **Corriente ao este, sinal de mal tempo.** [4082] (mc: M.-*R. de P.* / ms4: A.C. *A Nosa Terra*)

12821. **Ronca Corrubedo, mariñeiro, ponte quedo.** [4083] (mc: Gella, Marín / ms: *Sonata Gallega*)

Tráelo también Gella como de Marín.

TIERRA Y MAR. PRONÓSTICOS DE TEMPESTAD

12822. **Cando as vacas baixan prá praia, temporal.** (ms17,040: Puerto del Son)

12823. **Escuma no mar, ou anduvo ou quer andar.** [4084] (mc: Gella, Cedeira)

Var.: *Carqueixa no mar, ou anduvo ou quer andar.* (Espasante)

La espuma es efecto o señal de temporal. En Espasante dicen: *Carquexía* no mar ou anduvo ou quer andar, según Gella Iturriaga.

TIERRA Y MAR. PRONÓSTICO DE VIENTO

12824. **Os arroaces brincan no mar, forte norte vai a dar.** [4085] (ms: *Sonata Gallega*)

TIERRA Y MAR. PRONÓSTICO DE TORMENTA

12825. **As cheas de san Simón, ou antes ou despois, sonadas son.** [4086] (mc: Pontevedra)

S. Simón é o 28 de outubro. (ms)

12826. **Mar de andazo, non che faltará argazo.** [4087] (mc: Gella / ms: *Sonata Gallega*)

Argazo, por *algazo*, para indicar las algas flotantes que tocan la superficie del mar, cuando hay marejada. Mar con tres golpes de ola y pausa. / *Mar de andazo*: El que vierte sobre la costa tres o cuatro grandes olas seguidas de calma.

12827. **O mar a espumar vaise picar.** [4088] (mc: Bayona. Refranero del mar)

Cuando la espuma que se produce en tiempo de calma, flota sin disolverse, se dice que el mar espuma; y es pronóstico de olas.

TIERRA Y MAR. SATÍRICOS

12828. **Do monte ha de vir quen o mar ha de queimar.** [4089] (mc: Sar., p. 160)

Ridiculiza al terrestre presuntuoso que, no bien llegado a bordo, pretende enseñar su oficio al marinero viejo. (Saralegui)

[4075] Indica *Mar.* (*Pronóstico de buen tiempo*) no ms e *Marítimos* (*Miscelánea*) no mc.
[4076] Indica *Mar.* (*Pronósticos de buen tiempo*) no ms.
[4077] mc: *abladoira*; ms: *a baladoira* / *Indica Marítimos* (*Pronósticos de lluvia*) no ms.
[4078] Indica *Marít.* (*Pronósticos de lluvia*) no ms.
[4079] Indica *Marít.* (*Pronóstico de lluvia*) no ms.
[4080] Indica *Marítimos* (*Pronóstico de lluvia*) no ms.
[4081] Indica *Mar* (*Pronóstico de mal tiempo*) no ms e *Marítimos* (*Miscelánea*) no mc.
[4082] Indica *Marít.* (*Pronóstico de mal tiempo*) no ms.
[4083] Indica *Marít.* (*Pronóst. de mal tiempo*) no ms.
[4084] mc e ms4: *Espuma* / Indica *Marítimos* (*Pronósticos de tempestad*) no ms.
[4085] Indica *Marít.* (*Pronósticos de vientos*) no ms e *Marítimos* (*Miscelánea*) no mc.
[4086] Indica *Marítimos* (*Tormenta*) no ms e *Marítimos* (*Miscelánea*) no mc.
[4087] Indica *Marít.* (*Pronósticos de tormenta*) no ms.
[4088] ms: *vaise a picar* / Indica *Marít.* (*Pronóstico de tormenta*) no ms.
[4089] Indica *Marítimos* (*Satíricos*) no ms.

12829. **Na ribeira comen a pescadilla enteira.** [4090] (ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, Vimianzo, C)

VIDA DEL MARINERO

12830. **A vida do mariñeiro é vida de dous mil demos.** [4091] (mc / ms)

A ventura da barca... (ms)

12831. **Mal lle vai ó pescador cando ten que ir ó marisco.** [4092] (mc: Puebla del Caramiñal)

Vientos y calmas. V. TAMÉN *PRONÓSTICOS ATMOSFÉRICOS, TIEMPO*.

12832. **Calma a barlovento e vento a sotavento, máis vento.** (ms5,131: Sangenjo)

12833. **Cando a Curota ten capela, adiviña vendaval.** (mc: M.-*R. de P.*)

La Curota es un monte que se eleva al oeste de la ría de Arosa.

12834. **Cando brúa a barra de Ladrido, boi ó abrigo.** (mc: Gella, Cariño)

12835. **Cando hai mal tempo e a marea encarna, sinal que vai a vir ou norte ou nordeste.** (mc: M.-*R. de P.*)

12836. **Cando o mar é rixo e se queda, vai vir o vento ao sul.** (mc: M.-*R. de P.*)

12837. **Cando soa o vendaval, mal pola terra e pior polo mar.** (mc: Sar., Muros / ms18,69r: Gella.-Muros)

12838. **Canto máis norte, máis frío de morte.** (mc: Gella, Marín)

12839. **Carcaixía, norte ou nordeste cría.** (mc: Sar., Puentedeume)

Var.: *Carcaixía, norte pía.* (C.A. *A Nosa Terra*)

Carcaixía, en Puentedeume, de donde es el refrán, es niebla oscura, húmeda y espesa. Falta en los diccionarios gallegos.

12840. **Carcaixía, norte pía.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

Var.: *Carcaixía, norte ou nordeste cría.* (Sar.-Puentedeume) [4093]

No sabemos dónde recogió el refrán Carré Aldao. En Puentedeume, *carcaixía* es niebla oscura, húmeda y espesa. Falta en nuestros Diccionarios.

12841. **Cásate, vento, e amansarás.** (mc: M.-*R. de P.*)

Con la misma frase alude otro refrán al mar alborotado.

12842. **Con norte fuerte ronca a Lanzada, pronto virá a recalmada.** [4094] (mc / ms15,11)

12843. **Curota cuberta, vendaval á porta.** (mc: Gella, Villanueva de Arosa)

Curota, monte al oeste de la ría de Arosa: cuando está cubierto de nieve (niebla?) azota al viento sur por la ría. (Gella)

12844. **Chuvia do mar e vento da ría, sarnalla pra todo o día.** (ms15,11)

12845. **Chuvia do mar e vento da ría, todo se fai unha picandría.** (ms)

En Cangas, *picandría*: Llovizna menuda. Falta en nuestros diccionarios.

12846. **Chuvia do mar en vento da ría, témosche festa pra todo o día.** [4095] (mc: Sar., Bueu)

Var.: *Chuvia do mar e vento da ría, logo se fai unha picardía. / Chuvia do mar e vento da ría, gamallo pra todo o día.* (F.V.S.) [4096]

12847. **Chuvia miúda, daguión barrunta.** (mc: Sar., La Guardia)

En la Guardia se llama frecuentemente daguión al viento norte.

12848. **Chuvia no mar e vento da ría todo se volve unha picandría.** (mc: Sar., Cangas)

También *picandría* falta en los Diccionarios gallegos, y significa en la comarca de Cangas, llovizna menuda.

12849. **Chuvias do mar e vento da ría, hai foliada para todo o día.** [4097] (ms4)

12850. **Leste na ría, norte na costa.** (mc: Sar., Cangas)

12851. **Mar rizada contra a ola, ao contraste o vento rola.** (mc: *Sonata Gallega*)

(es) *Mar rizada contra la ola, al contraste el viento rola.* (Gella)

12852. **Néboa en setembre trae o sur no ventre.** (mc: Sar., Bayona / ms18,69v: Gella.-Bayona)

(es) *Niebla en septiembre, trae el sur en el vientre.* (Gella)

12853. **Néboa na Grova, noroeste afora.** (mc: Sar., Bayona)

Var.: *Néboa na Groa, noroeste fóra.* (ms4: Pontevedra-F.V.S.)

[4090] En ms10 s.v. *Dichos tópicos*.

[4091] Indica *Marít.* (*La vida del marinero*) no ms e *Marítimos* (*Miscelánea*) no mc.

[4092] Indica *Marit.* (*Vida del marinero*) no ms.

[4093] ms4: *norte norte ou nordeste*.

[4094] mc: *racalmada*; ms15,11: *norte forte*.

[4095] Dentro de *Meteorológicos*. *Santos* no ms. / ms: *d'a ría*.

[4096] ms4: *sarnallo*.

[4097] O orixinal di: *Chuvias do mar e vento da ria, hay foliada para todo o día.*

Grova es un monte de 640 m. de altura, próximo a Bayona y a tres millas al S.E. del cabo Silleiro.

12854. **Noite moura, vendaval seguro.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)

12855. **Noroeste á noite, vento sur pola mañán.** (mc: M.-*R. de P.*)

12856. **Noroeste de serán, vendaval pola mañán.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

12857. **Noroeste norteiro, a mañán maraxeiro.** (mc: M.-*R. de P.*)

12858. **Noroeste ó serán, vendabal pola mañán.** (ms-SA: José Luís Castro Izaga: Lira, Carnota, C)

12859. **O nordeste i-o galán pola noite mansos van.** [4098] (mc: Vivero-F.V.S.)

(es) *El nordeste y el galán, por la noche mansos van.* (R. Marín)

Suele anunciar este viento cuando se pone el sol. noroeste.

12860. **O norte almorza, xanta, cea e bótase a dormir.** (mc: M.-*R. de P.*)

12861. **O norte do sábado non leva os barcos a Cadis.** (mc: M.-*R. de P.*)

Por su poca duración.

12862. **O norte do sábado, ao luns abafado.** (mc: M.-*R. de P.*)

12863. **¿Pica Leste? Volta prá casa.** (mc: M.-*R. de P.*)

12864. **Pola mañán vento á ría, á tarde vento do mar.** [4099] (mc: Gella)

Tiempo ideal para los pescadores de la ría de Arosa, según el cantar: *Barqueiros de Vilanova, / ¿que vento quereis levar? / Pola mañán, vento á ría, / á tarde, vento do mar*. (Gella)

12865. **Ponse o mar a arrelleirar, vento do sul vai entrar.** [4100] (mc: Sar., Bayona)

Dicen que el mar *arrelleira*, cuando forma una especie de remolinos, los cuales reputan precursores del viento sur. (Saralegui). *Arrelleirar* no figura tampoco en los Diccionarios gallegos.

12866. **Si queda o vento polo sur do sol, mal tempo seguro.** (mc: M.-*R. de P.*)

12867. **Si vén a chuvia antes do vento, colle-la vela e metela dentro.** [4101] (mc)

12868. **Trebonada polo leste, calma en nordeste.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

12869. **Vento carreteiro, vento arrieiro.** (mc: M.-*R. de P.*)

12870. **Vento de fóra e chuvia da ría, hai foleada para tod'o día.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

12871. **Vento norte duro, vendaval seguro.** (ms21,10r: Bermés)

12872. **Vento norte e choiva na ría, temos choiva pra todo o día.** (mc: M.-Sangenjo)

12873. **Vento norte, troita forte.** (mc / ms4: F.V.S.)

12874. **Vento solán, agua na man.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12875. **Vento solán, auga na man, ou tres días van.** (ms: M.V.)

12876. **Ventos nas illas Ons, malos son.** (mc: M.-Bueu)

Vientos y calmas. Mar

12877. **Nordeste con gotas non dura o que dúas motas.** [4102] (mc)

Var.: *Nordeste con gotas non vale dúas motas.* (M.-Sangenjo.-Gella, Marín) / *Nordeste con gotas, non dura nin o que dúas motas.* (Vivero. Saralegui 432) (ms4: F.V.S.) / *Noroeste con gotas, non vale dúas motas.* (ms4: F.V.S.)

(es) *Nordeste con gotas no dura lo que dos motas.* (Gella) / *Viento nordeste con gotas, no dura lo que dos motas.* (Saralegui) / *Nordeste con lluvia, poco dura.* (Saralegui)

VIENTOS Y CALMAS. PRONÓSTICO DE CALMA

12878. **Brúa Alba, tempo en calma.** [4103] (mc: Agro)

12879. **Vento de Berbería, levanta nun día.** [4104] (mc: S. Loureiro)

(es) *Viento de Berbería, leva al otro día.* (Sar)

Saralegui recoge en Marbella un equivalente castellano, pero con significación distinta. (Véase Saralegui)

VIENTOS Y CALMAS. PRONÓSTICO DE LLUVIA

12880. **¿Araña do mar? Vento e chuvia.** [4105] (mc: M.-*R. de P.*)

[4098] ms4: *noroeste*.
[4099] ms: *d'o mar*.
[4100] ms4: *sur*.
[4101] O orixinal di: *Si ven a chuvia antes do vento, collel-a vela e metel-a dentro.*

[4102] Indica *Marítimos* (*Mar*) no ms.
[4103] Indica *Mar.* (*Pronóstico de calma*) no ms.
[4104] Indica *Marítimos* (*Pronósticos de calma*) no ms.

12881. **Auga do mar, vento da ría, chuvia pra todo o día.** [4106] (mc: *Sonata Gallega*, Vigo / ms: *Sonata Gallega*, Marín / ms18,69r: Gella.-Marín)

12882. **Cando o vento anda ó revés, hastra chove de nordés.** [4107] (mc: S. Loureiro)

12883. **Semblante de fóra e vento da ría, auga pra outro día.** [4108] (mc: Riveira. *Refranero del mar*)

Var.: *Semblante de fóra e vento da ría, auga pra todo o día.* (ms4: Riveira. *Refranero del mar* / ms) [4109]

12884. **Si o vento do sur é, bota de auga ós pes.** [4110] (mc: Vivero)

Var.: *Si o vento do sur é, botas d'auga no pé.* (mc: F.V.S. / ms15,11) / *Si o vento do sur é, bota de augas ós pés.* (Sar., 417- Vivero) [4111]

(es) *Si el viento del Sur es, botas de agua a los pies.* (Gella / ms: Sbarbi)

VIENTOS Y CALMAS. PRONÓSTICO DE MAL TIEMPO

12885. **Sueste, alcahuete de mareiras.** [4112] (mc: Gella, Sada)

Anuncia marejada.

VIENTOS Y CALMAS. PRONÓSTICO DE TORMENTA

12886. **Norte en Barra, vendaval en Vizcaia.** [4113] (mc: S. Loureiro)

12887. **Norte escuro, vendaval seguro.** [4114] (mc: U.C. Cuartilla 16)

(es) *Norte oscuro, vendaval -o temporal- seguro.* (R. Marín)

VIENTOS Y CALMAS. PRONÓSTICO DE VIENTOS

12888. **Araña a costa, vento sur na porta.** [4115] (mc: M.-Ría de Arosa)

12889. **Auga fría na badía, norte en Muxía.** [4116] (mc: A.I.)

12890. **Néboa no vran, norte na man.** [4117] (mc: Sar., Cangas)

(es) *Niebla en verano, norte en la mano.* (R. Marín)

También se dice en Sangenjo: *Niebla en verano, norte en el paño*.

12891. **Noroeste no serán, vento sur pola mañán.** [4118] (mc: Gella, Bayona. Marín)

12892. **Semblante do Cabalo, vento sur declarado.** [4119] (mc: Sar. / ms7)

Cabalo es la punta N.O. de la mayor de las islas Cíes, que cierran la entrada del puerto de Vigo; y el refrán entiende por *semblante* la excesiva claridad y precisión con que aparece el paraje a que alude. (Saralegui. p.56) / Cuando se ve dicha tierra con excesiva claridad.

12893. **Si estás na costa de nordeste e ves por Sisargas oscuro, vamos a coller á ría, que vai vir norte duro.** [4120] (mc: Gella, Sada)

12894. **Si o vento queda debaixo do sol, néboa ou vento no pañol.** [4121] (mc e ms4: Gella, Marín / ms4: *Sonata Gallega*)

12895. **Tronada polo leste, calma ou nordeste.** [4122] (mc: Sangenjo / ms4: Riveira-F.V.S.)

(es) *Tronadas por el Este, calma o Noroeste.* (Gella)

12896. **Vento sur pola mañán, noroeste no serán.** [4123] (mc: Gella)

12897. **Vichouchía, norte cría.** [4124] (mc: Sar., La Guardia / ms7: A Guarda)

Vichouchía: niebla espesa, oscura y húmeda. *Vichouchía* en La Guardia, es como *carcaxía* en Pontedeume. (Gella). Lo incluye en su colección como procedente de Sada. Tampoco figura en los Diccionarios gallegos. (mc) / Niebla espesa, oscura y húmeda. (ms7)

12898. **Xiada nas Covas, vento sur por arrobas.** [4125] (mc: Sar. / ms18,69v: Gella.-La Guardia)

Es refrán de La Guardia, en cuya comarca llaman *covas* a ciertas oquedades u hondanadas que presenta el terreno en el

---

[4105] Indica *Pronóstico de lluvia* no ms. / ms: *vento e chuva*.
[4106] Indica *Pronóstico de lluvia* no ms.
[4107] Indica *Mar*. (*Pronóstico de lluvia*) no ms.
[4108] Indica *Mar*. (*Pronósticos de lluvia*) no ms.
[4109] ms4: *ventos da ría*.
[4110] Indica *Mar*. (*Pronósticos de lluvia*) no ms.
[4111] ms4: *Si aire*.
[4112] Indica *Marít*. (*Pronóstico de mal tiempo*) no ms.
[4113] Indica *Marít*. (*Pronósticos de tormenta*) no ms.
[4114] Indica *Marít*. (*Pronósticos de tormenta*) no ms. / ms3: *oscuro*.
[4115] Indica *Pronóstico de vientos* no ms.
[4116] Indica *Mar*. (*Pronóstico de vientos*) no ms.
[4117] Indica *Marítimos* (*Pronóstico de vientos*) no ms.
[4118] Indica *Marítimos* (*Pronóstico de viento*) no ms.
[4119] Indica *Marítimos* (*Pronóstico de tiempo*) no ms7, e *Mar* (*Pronósticos de vientos*) no ms. mc e ms7: *Cavalo*.
[4120] Indica *Marít*. (*Pronósticos de vientos*) no ms.
[4121] Indica *Mar* (*Pronósticos de vientos*) no ms.
[4122] Indica *Marítimos* (*Pronóstico de viento*) no ms.
[4123] Indica *Marít*. (*Pronósticos de viento*) no ms.
[4124] ms4 e ms7: *Vichuchía* / Indica *Marít*. (*Pronósticos de vientos*) no ms.
[4125] ms18,69v: *Xeada nas*. / Indica *Marítimos* (*Pronósticos de vientos*) no ms.

trayecto de La Guardia a Bayona, y en la falda del monte Terroso. (Saralegui. p. 69)

VIENTOS Y CALMAS. VIENTOS

12899. **Norte que en viernes vén, xa o lunes non-o ten.** [4126] (mc e ms4: Gella, Marín / ms4: *Sonata Gallega*)

12900. **Norte que vén en viernes, non chega ó lunes.** [4127] (mc: Sar., Bayona)

"No creo", dice Saralegui, "que merezca gran fe este refrán, exclusivamente relacionado con los días de la semana".

APÉNDICE

12901. **A millor salsa do mundo é a fame.** (mc: Meilán)

Var.: *A mellor salsa do mundo é o apetito.*

(es) *La mejor salsa es el hambre.* (Sbarbi) / *No hay salsa que dé mejor sabor a la comida que el hambre.* (Id.) / *Buena gana de comer, rica salsa es.* (Castillo)

12902. **A muller e a gaivota canto máis vella máis louca.** [4128] (mc, ms4 e ms: C.A.)

Var.: *A muller e a gaivota, canto máis vella máis tola.* (C.A.) / *A muller e a gaivota, canto máis vella máis lota.* (mc: C.A. / ms4: Coruña.F.V.S.) [4129]

(es) *La mujer y la gaviota, mientras más viejas, más locas.* (R. Marín)

12903. **Á rapeta non te metas.** [4130] (mc: S. Loureiro)

12904. **A sono de peixe morto nunca morreu caldeirada.** (mc: S. Loureiro)

12905. **Cando a Curota ten sombreiro, mete a lancha en terra, mariñeiro.** (mc: *Galicia y el mar*, p: 60)

Curota es un pico en la parte oriental de la Sierra de Barbanza. Cuando su cima se corona de nubes, señala la llegada del S.O. y, por tanto, de la lluvia.

12906. **Cando aparece o arco da vella, señal de chuvia e mais de marea.** (mc: Santiago)

12907. **Cando hai vento, non hai marea.** (mc: Corme)

12908. **Cando o mar está encarnado, pon o boi ó arado.** (mc: Santiago)

Var.: *Cando o mar 'tá encarnado, pon os bois ó arado.* (ms5,135: Santiago)

12909. **En san Xoán comes sardiña e pan.** [4131] (mc: Santiago)

12910. **En xaneiro o pescado val carneiro.** (mc: Santiago)

12911. **Mariñeiro que vai ó mar, se non come caldeirada, mal o vai pasar.** (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12912. **Nadia se afoga en pouca auga.** [4132] (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

(es) *Ahogarse en poca agua.* (Correas)

12913. **O capitán mandar i-o mariñeiro obedecer.** (mc: Santiago)

12914. **O mariñeiro ten vida de anxel: o vento o leva e o vento o trae.** [4133] (mc: Sar., Bayona / ms15,11)

(es) *El marinero goza vida de ángel: el viento lo lleva y el viento lo trae.* (Gella)

12915. **O millor do mariñeiro é levar o barco en vento.** (mc: S. Loureiro)

12916. **O que non queira borrasca, non se meta a mariñeiro.** (mc / ms4: F.V.S.)

12917. **O que non s'arresga, non pas'o mar.** (ms21,20r: Bermés)

12918. **O que non s'atreve, non pasa o mar.** (mc: Santiago)

Var.: *O que non se arrisca, non pasa o mar.* (Santiago) / *O que non s'arresga, non pasa o mar.* (Santiago)

12919. **O xeito, a xente ao peito.** (mc: S. Loureiro)

(es) *El "xeito" asienta el pecho.* (Gella, Riveira)

12920. **Oise a campana da aldea, vento da terra se espera.** (mc: Gella, S. Ciprián / ms15,41)

12921. **Os araus na ría, miña mai prá casa.** (mc: S. Loureiro)

12922. **Os caramuxos en xaneiro valen carneiro.** (mc: Santiago)

12923. **Os montes do mar a brillar, moita chuvia vai entrar.** (mc: Sar., Bayona)

(es) *Los montes del mar a brillar, mucha lluvia va a entrar.* (Gella)

12924. **Padornelo con capelo, sardiña no garabelo.** (mc: M.L.)

Var.: *Brétema en Padornelo, sardiña no garabelo.* (A.N.V.)

12925. **Pan mesto, sardiña salada, canta peto folga a isada.** (mc: Santiago)

[4126] Indica *Marítimos* (*Vientos*) no ms.
[4127] ms4: *chega a lunes* / Indica *Marítimos* (*Vientos*) no ms.
[4128] ms: *cando máis vella máis loca*.
[4129] ms: *cando máis vella* / *A muller e a gaivota, de vella é cando tolea*.
[4130] ms: *Â*.
[4131] ms: *come*.
[4132] ms: *s'afoga*.
[4133] ms15,11: *d'anxel*.

12926. **Patrón mandar, mariñeiro facer.** (mc: Santiago)
12927. **Patrón mandar, mariñeiro traballar.** (mc: Santiago)
12928. **Polo san Xoán saben ben as sardiñas con pan.** (mc: Santiago)
12929. **Por unha sardiña cansou a burra.** (mc: Santiago)
12930. **Por unha sardiña non arreventa o burro.** (mc: Santiago)
12931. **Porto cativo levanta ruído.** (mc: Corme)
12932. **Pra contar mentiras e comer pescado fai falta moito coidado.** [4134] (mc: Otero de Rey)
12933. **Quen en maio come a sardiña, en agosto lle pica a espiña.** (mc: J.P.)
(es) *Quien en mayo come la sardina, en agosto caga la espina.* (R. Marín)
12934. **Rubiéns pró mar, vellas a traballar.** (mc: Santiago)
12935. **San Brais da Barca, que afoga e non mata.** (mc: A.S.A.)
12936. **Zarralleiro no porto, tempo revolto.** (mc: Corme)

MARTES. V. tamén *Días, Semana*.
12937. **Cada martes ten a súa semana.** (ms10,038r: *D.E.*)
12938. **Cada martes ten o seu domingo.** (ms10,038r: *D.E.*)
12939. **En martes non te embarques.** (ms10,038r: *D.E.*)
12940. **En martes, con merda te fartes.** (ms10,038r: *D.E.*)
12941. **En martes, nin a cama mudes nin a roupa laves.** (ms10,038r: *D.E.*)
12942. **En martes, nin panos cortes nin filla cases.** (ms10,038r: *D.E.*)
12943. **En martes, nin porco mates nin churra botes que pitos saque.** (ms10,038r: *D.E.*)
12944. **En martes, nin tea tezas nin roupa laves.** (ms10,038r: *D.E.*)
12945. **En todas partes, toda semana ten o seu martes.** (ms10,038r: *D.E.*)

MARZO. V. tamén *Agrícolas* (*Meses. Marzo*).
12946. **A marzo gabo cando non recacha o rabo.** (ms10,038r: *D.E.*)
12947. **A que en marzo velou, tarde acordou.** (ms10,038r: *D.E.*)
12948. **Alá vaias, marzo, marceiro, que aquí me quedo cos meus becerros; agora irá teu irmán abril, que non sei se nos deixará vivir.** (ms10,038r: *D.E.*)
12949. **Cando en marzo chove i-en abril xía, quédase maio feito unha criba.** (ms10,038r: *D.E.*)
12950. **Cando hai auga e sol en marzo, aparella as cribas e o mazo.** (ms10,038r: *D.E.*)
12951. **Cando marzo abrilea, abril marcea.** (ms10,038r: *D.E.*)
12952. **Cando marzo recacha o rabo, sabe ben quentarse co tallo.** (ms10,038r: *D.E.*)
12953. **En marzo cada pingueira quita un carto i-en abril cada pingueira dá mil.** (ms10,038r: *D.E.*)
12954. **En marzo frolecen tódolos campos.** (ms10,038r: *D.E.*)
12955. **En marzo o garabanzal, nin nado nin por sementar.** (ms10,038r: *D.E.*)
12956. **En marzo o trigo, nin por sementar, nin nado.** (ms10,038r: *D.E.*)
12957. **En marzo saca a cabeza o lagarto i-en abril acaba de saír.** (ms10,038r: *D.E.*)
12958. **En marzo sai a herba anque lle dean cun mazo.** (ms10,038r: *D.E.*)
12959. **En marzo, podar e cavar se queres colleitar.** (ms10,038r: *D.E.*)
12960. **Marzo é a porta e abril trai a chave, se está posta.** (ms10,038r: *D.E.*)
12961. **Marzo louco e abril non pouco.** (ms10,038r: *D.E.*)
12962. **Marzo marceador, de noite chove e de día fai sol.** (ms10,038r: *D.E.*)
12963. **Marzo marceiro, pola mañán cara de can e pol-a tarde é falangueiro.** (ms10,038r: *D.E.*)
12964. **Marzo marzado, cada ovella co seu año.** (ms10,038r: *D.E.*)
12965. **Marzo marzolas, treboadas e raiolas.** (ms10,038r: *D.E.*)
12966. **Marzo marzoso, pola mañán cara de porco, pola serán cara de vran.** (ms10,038r: *D.E.*)
12967. **Marzo pardo, pouco sol e malo.** (ms10,038r: *D.E.*)
12968. **Marzo, marzadas: vento, frío, sol e sarabiadas.** (ms10,038r: *D.E.*)
12969. **Marzo, o engañador, un día malo e outro pior.** (ms10,038r: *D.E.*)

[4134] ms: *Pa*.

12970. **Nin marzo sin frores nin moza sin amores.** (ms10,038r: *D.E.*)

12971. **No marzo abrigo, na eira pantrigo.** (ms10,038r: *D.E.*)

12972. **Por marzo a cava, por marzo a poda, por marzo vólvese a viña toda.** (ms10,038r: *D.E.*)

12973. **Tardes de marzo, recolle o teu gando.** (ms10,038r: *D.E.*)

MATAR

12974. **Mata e matarante e xa matarán a quen te mate.** (ms10,038v: *D.E.*)

12975. **Matalas calando e apalpalas a cegas.** (ms10,038v: *D.E.*)

12976. **Matarás e matarte han e, a quen te mate, matarán.** (ms10,038v: *D.E.*)

12977. **Mate mouros quen poida, que os mouros tamén son persoas.** (ms10,038v: *D.E.*)

12978. **Mátenme treidoras mans e non me dean vida viláns.** (ms10,038v: *D.E.*)

12979. **Na paz e na guerra, o que matan morto queda.** (ms10,038v: *D.E.*)

12980. **Ó matar os porcos, praceres e xogos; ó comer as morcillas, praceres e risas e, ó pagar os diñeiros, doos choriqueiros.** (ms10,038v: *D.E.*)

12981. **O que a us mata, a outros sana.** (ms10,038v: *D.E.*)

12982. **Us matan e outros esfolan.** (ms10,038v: *D.E.*)

MATRIMONIO.

V. tamén *Aparcería, Descasarse, Divorcio, Hombre, Marido, Mujer, Soltero*.

12983. **A boda nin bautizado non vaias sin ser chamado.** [4135] (mc: A.S.A. / ms21,01r: Bermés)

(pt) *A boda e a batisado, não vás sem ser convidado.* (Chaves) (es) *A boda ni a bautizado, no vayas sin ser llamado.* (Correas) / *A boda y a niño bautizado, no vayas sin ser llamado.* (Id.) (ct) *A boda y bateig, si no't criden no vages.* (Alberola)

12984. **A cara de pretender xa non ma volves a ver.** (mc: Parga-F.V.S.)

12985. **Á casa da miña novia levei un amigo, il quedouse de novio i-eu despedido.** [4136] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12986. **A filla dálla a quen-a pida; i-o fillo, mira a quen llo has dar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12987. **A filla mal casada está mellor que embarraganada.** (mc: C.A.)

12988. **Á filla mala, diñeiros i-a casala.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12989. **Á madrasta o nome lle basta.** (mc: A.I.)

(pt) *Madrasta, o nome lhe basta.* (Chaves) (es) *Madastra, el nombre la basta.* (Correas)

12990. **A muller co seu marido debaixo de unha pena fai abrigo.** [4137] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12991. **A muller morta, sete á porta.** (ms21,19v: Bermés)

12992. **A muller que non come cando o seu home, ou o fixo antes ou fai despois.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12993. **A muller que non come cand'o seu home, o mellor do pote xa o ten no fole.** (mc: G.P.)

12994. **A muller que non come cand'o seu marido, ou comeu antes** (ou **o deixa na ola) ou o ten comido.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)

12995. **Á porta dunha roñosa e dun home preguiceiro, pouco ten que esperar a raposa pra tallar o galiñeiro.** (ms)

Var.: *Á porta dunha roñosa e de un home preguiceiro, pouco ten que esperar a raposa pra saltar ó galiñeiro.* (ms5,138: Lugo)

12996. **A que con home ha de vivir, cinta de ferro ha de xunguir.** (mc: Valcarría)

12997. **A que de vinte anos non casa e de vintecinco non casou ise páxaro voou.** (mc: Santiago)

12998. **A que nunca mozo tuvo e xa dos vinte pasa hai que levala ó rexistro, que é un reló que atrasa.** (mc: Buciños)

12999. **A que se queira casar inda ten que traballar.** (mc / ms4: F.V.S.)

13000. **A que se queira casar, aínda ten ben que traballar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

[4135] ms21,01r: *vayas*.

[4136] O orixinal di *A casa da miña novia levey un amigo il quedouse de novio yeu despedido*.

[4137] O orixinal di *A muller co seu marido debaixo de una pena fay abrigo*.

13001. **A que ten pan e capelo, nunca lle falta mancebo.** [4138] (mc: M.L.)

13002. **A viúda que volve a casar, bon home tuvo e volve a buscar.** (mc: La Coruña)

13003. **A viúda rica cun ollo chora e con outro repinica.** [4139] (mc: Baralla-F.V.S.)

(pt) *Viúva rica, com um olho chora, com outro repenica.* (Chaves) (es) *La viúda rica con un ojo llora y con el otro repica.* (Correas) (ct) *La viúda rica, en un ull plòra y en l'atre somica.* (Alberola)

13004. **¡Ai daquel que a muller zoupe nel!** (mc: Otero de Rey)

13005. **Ama a túa muller, se ques paz na casa ter.** (mc: M.V.)

13006. **Ano de casamento, ano famento.** (mc: Tuiriz, Monforte)

13007. **Antes barba blanca prá túa filla que mozo de chencha partida.** [4140] (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(es) *Antes barba blanca para tu hija, que muchacho de crencha partida.* (Sbarbi)

Mejor que la inexperiencia de un joven presumido, la gravedad de un hombre maduro.

13008. **Antes de casados, mui agarrados; despois de casados, escornados.** (ms5,137: Taboada)

13009. **Antes de casarte mira con quen o fas.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

13010. **Antes de facelo, pedir consello.** (mc: C.A. / ms: A.C.)

(pt) *Ao feito, remédio, ao por fazer, conselho.* (Chaves) / *Antes de feito, conselho e despois, esforço.* (Id) (es) *Antes de hacello, dormir sobre ello.* (R. Marín)

13011. **Antes de que te cases, mira ben o que fas.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

13012. **Antes que ó altar chegares, pensa o que fas.** (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

13013. **Antes que te cases, Maruxa, mira o que fas.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

13014. **Antón i-amparo, eu sin ti non paro; nin aquí nin alí, eu non paro sin ti.** [4141] (mc / ms4: F.V.S.)

13015. **As bodas fanas os tolos e cómenas os cordos.** (ms15,26: Silvarrey, Rábade)

13016. **As faltas do meu marido naide as sabe, se eu non-as digo.** (ms10,049v: O. de Rei)

13017. **As pobres non-as quero i-as ricas non mas dan.** (mc: Lugo)

Ante este criterio reacciona justamente la mujer: *Olvidácheme por probe, / eu por rico te deixei / val máis un probe con honra / que un rico de mala lei*.

13018. **As que me dan non-as quero i-as que quero non mas dan.** (mc: Buciños)

Glosado en la canción popular: *¿Porqué non te casas, Pedro? / ¿Porqué non te casas, Xan? / As que me dan non as quero, / e as que quero, non mas dan*.

13019. **Bico con bico o primeiro ano de boda; o segundo, cu con cu; e o terceiro ¿que trougueches tu?** [4142] (mc: M.V.)

13020. **Boa vida é casado, pero millor é solteiro, qu'o boi solto no potreiro come millor qu'amarrado.** (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

13021. **Boda celebrada, guerra comenzada.** (ms15,13)

13022. **Boda de foguete, boda de cachete.** [4143] (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

13023. **Boda de cohetes, boda de cachetes.** (ms5,029)

13024. **Bodas e festas na cas do veciño.** (mc: *Vida Gallega*)

(pt) *Festa, flores e passarinhos, em casa dos nossos vizinhos.* (Chaves)

13025. **Bodas largas, baraxas novas.** (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *Bodas largas, barajas nuevas.* (Sbarbi) / *Bodas largas, nuevas barajas.* (R. Marín)

Cuando el noviazgo es muy largo, rara vez llega a matrimonio.

13026. **Cada cual co do seo igual.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

13027. **Callos e casamento, en quente.** [4144] (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

(es) *El casamiento y el caldo pelando.* (Sbarbi)

13028. **Cando a xesta fai tris-tras, busca muller que a terás.** (mc: M.L.)

(es) *Cuando las cañas hagan tras, tras, busca la moza y la hallarás.*

[4138] ms4: *A quen*.
[4139] ms4: *repica*.
[4140] ms4: *c'a mozo*.
[4141] O orixinal di: *Antón y Amparo, eu sin tí non paro, nin aquí, nin alí; eu non paro sin tí.*
[4142] ms3: *trougeche*.
[4143] O orixinal di: *Boda de fogete boda de cahete.*
[4144] ms4: *casamentos*.

R. Marín declara no saber a que tras, tras alude el refrán, y le parece que se refiere a la primavera.

13029. **Cando eu quero, non queren as nenas, e cando elas queren, eu ríome delas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

13030. **Cando eu quero, non queren as nenas, e cando elas queren, ríome delas.** [4145] (mc: Buciños-F.V.S.)

13031. **Cando eu quero, non queren elas, e cando elas queren, eu ríome delas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

13032. **Cando eu quero, non queren elas, e cando elas queren, teño outras ideas.** (mc: M.V.)

13033. **Cando non hai fariña no fole, reñe a muller co home.** [4146] (mc: Fonsagrada-F.V.S.)

(pt) *Onde não há farinha, tudo é moinha.* (Chaves) (es) *Cuando no hay harina todo es mohina.* (Sbarbi)

13034. **Cando s'un casa, moitas caricias; dalí a dous anos, paus nas costillas.** (mc / ms4: F.V.S.)

13035. **Cando tu te casache, casei eu; pau tu e pau eu.** (ms8,18v: La Cañiza)

13036. **Cara de pretender xa non ma volves a ver.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

13037. **Casa o teu fillo cando queiras e a túa filla cando poidas.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

(pt) *Casa teu filho quando quiseres e a tua filha quando puderes.* (Chaves) (es) *Casa a tu hija como pudieres, y a tu hijo como quisieres.* (R. Marín) (ct) *Casa a ton fill quan vullgues, y a ta filla quan pugues.* (Alberola)

13038. **Casa teu fillo con teu igual e non dirán de ti mal.** (mc: Meilán)

(pt) *Casa teu filho com teu igual e de ti não dirão mal.* (Chaves) (es) *Casa tu hijo con tu igual, y no dirán de ti mal.* (Correas)

13039. **Casa Xan con Pedro, casamento negro; e se houbera algún impedimento distes dous animales, un leva a albarda i-outro os atafales.** [4147] (ms: Castelo, Taboada)

13040. **Casácheste, enterrácheste.** [4148] (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *El que se casa, se entierra.* (Sbarbi) / *¿Te casaste? Te enterraste.*

Recuerda la copla popular: *Eu caseime i-enterreime, / agora estou enterrada; / de solteira, roupa nova; / de casada, remendada*.

13041. **¿Casáchete? Cagáchete.** [4149] (mc: Buciños / ms21,17v: Bermés)

13042. **Casáchete por ver si millorabas, trazas che vexo de andar como andabas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13043. **Casáchete, botáche-la soga pró lombo.** [4150] (ms8,67r: Carballino)

13044. **Casada na porta, cabra na horta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13045. **Casadiño de novo, pan e ovo; casadiño de vello, nin pan seco.** (ms8,15r: Silvarrey)

13046. **Casadiño, casa quer.** (ms6,03v: Portela Pazos, en *Ultreya*)

13047. **Casado de novo, pan e ovo: e despois, pan solo.** (ms5,056: Silvarrey)

13048. **Casamento con fuguetes, acaba [en] cachetes.** (ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C (10-11-51))

13049. **Casamento de interés, queixo de moitos leites.** (mc: Cervantes / ms4: F.V.S.)

13050. **Casamento e comprar mula, acertalo gran fortuna.** (mc: Buciños)

13051. **Casamento e tripas, en quente.** (mc: Santiago)

13052. **Casamento e mortaxa do ceo baixa.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(pt) *O casamento e a mortalha, no céu se talha.* (Chaves) (es) *Casamiento y mortaja, del cielo baja.* (Sbarbi)

13053. **Casamentos con foguetes acaban con cachetes.** (mc: M.V. / ms21,21v: Bermés)

13054. **Casamentos con foguetes van a parar en cachetes.** [4151] (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

13055. **Casamentos con foguetes, acaban en cachetes.** [4152] (ms18,66v / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia (galego occidental))

13056. **Casamentos con fuguetes acaban con cachetes.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

[4145] ms4: *queren, eu riome d'elas*.
[4146] ms4: *riñe*.
[4147] ms15: *un leve* (42).
[4148] ms4: *Casachete, enterrachete*.
[4149] ms21: *¿Casácheste?*
[4150] O orixinal di: *Casáchete, botachel-a soga pro lombo.*
[4151] O orixinal di: *Casamentos con fogetes, van a para en cachetes.*
[4152] ms-LU: *fuguetes*.

13057. **Casamentos por amores acaban con amores.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

13058. **Casamentos por amores acaban en dolores.** (ms / ms21,21v: Bermés)

13059. **Casamentos por interés, o contento dura un mes.** (mc: C.A.)

(*ct*) *Casament per interés, may acertat es.* (Alberola)

13060. **Casamento, sacramento de miseria.** [4153] (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

13061. **Casar a gusto, vestir a uso.** (mc: M.V.)

(es) *Casar, a gusto; vestir, al uso.* (R. Marín) (ct) *Casar a gust y vestir a la moda.* (Alberola)

13062. **Casar e compadrar cada cual co seu igual.** [4154] (mc: Carballedo / ms4: F.V.S. / ms10,030v: *D.E.*)

(pt) *Casar e compadrar, cada um com seu igual.* (Chaves) (es) *Casar y compadrar, cada cual con su igual.* (Correas) / *ms: Sbarbi.*

13063. **Casar e morrer, unha ves.** (mc: M.V.)

13064. **Casarás e acougarás.** (mc: C.A.)

(pt) *Casarás, amansarás.* (Chaves) (es) *Casarás y amansarás.* (Correas)

13065. **Casarás i-amansarás.** [4155] (ms15,12)

13066. **Casarse é ampararse.** (ms8,67r: O. de Rey)

13067. **Casar, calquera se casa; calquera burro é casado; pero manter fillos e muller, retórcelle á porca o rabo.** (mc: Buciños / ms4: Biville-F.V.S.)

Var.: *Casar calquera se casa, calquer burro é casado: manter fillos e muller, retorcerlle á porca o rabo.* (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo) / *Casar, cásase calquera, calquera burro é casado, manter fillos e muller, retórcelle a porca o rabo.* (ms14,17)

Copla popular que pasó a refrán.

13068. **Casar, cásanse os atrevidos, ¡quen me dera a capa dos arrepentidos!** (ms8,15v: Orense)

13069. **Cásate con muller delgada e limpa, que gorda e porca xa se volverá ela.** (ms5,029)

13070. **Cásate muíño e ablandarás; cásate, non che deseo máis.** (mc: Fonsagrada / ms4: F.V.S.)

(es) *Casarás y amansarás.* (Sbarbi)

13071. **Cásate, Xan, que Dios dará pan e, despois de casado, nin un bocado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13072. **Cásate, Carmiña, por non traballar: ¡traballos na vida non ch'han de faltar!** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

13073. **Cásate, muíño, e ablandarás; cásate, non che deseo máis.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13074. **Cásate, probe, e vende a camisa.** [4156] (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

13075. **Cásate, Xan, que xa Dios dará pan; despois de casado, dédeme bocado.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

13076. **Cásate, Xan, que Dios dará pan, e despois de casado, dó demo bocado; despois, todo esfarrapado e mal remendado; e despois, máis adiante, nin adobo nin caldo.** (mc: Miraz)

Var.: *Cásate, Xan, que Dios dará pan; despois de casado, maldito bocado.* (F.V.S.) / *Cásate Xan que Dios dará pan; despois de casado nin un bocado.* (ms4: F.V.S) / *Cásate Xan, que Dios dará pan; despois de casado, dó o demo bocado.* (Berbetoros)

13077. **Cásate, Xan, que Dios dará pan.** (mc: A.N.)

(es) *Casar, casar, que Dios dará pan, y después de casar, ni pan, ni ná.* (R. Marín)

13078. **Caseime para andar regalada, trazas lle vexo d'andar como andaba.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

13079. **Caseime por andar regalada, e traza che leva de andar como andaba.** [4157] (mc: Taboada-F.V.S.)

13080. **Caseime por andar regalada, quén me dera andar como andaba.** (mc: Buciños)

13081. **Caseime por andar regalada; trazas lle vexo de andar como andaba.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

13082. **Caseime por estar regalada: ¡quen me dera estar com'estaba!** (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

13083. **Cases ben ou cases mal, casa con un do teu igual.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13084. **Cases ben, cases mal, casa co teu igual.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da

[4153] ms4: *da miseria*.
[4154] ms e ms4: *acompadrar*, ms4: *con seu igual*.
[4155] O orixinal di: *Casarás y'amansarás.*

[4156] ms4: *pobre*
[4157] ms4: *Caseime pr'andar*.

provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

13085. **Cases ben, cases mal, cásate co teu igual.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

13086. **Cáseste ben, cáseste mal, faino con personas do teu igual.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

13087. **Cáseste ou non te cases, de vello has de arrepentirte.** (ms5,029)

13088. **Catalina, si vos eu collo, voso pai será meu sogro.** (mc: Parga)

13089. **Cego casado con nena bonita, o susto do corpo non se lle quita.** (mc / ms4: F.V.S.)

13090. **Coa cuchara que escollas, con ela comerás.** (mc: Meilán)

(es) *Con la cuchara que eligieres, con ella comerás.* (Sbarbi)

Lo aplican a la elección en el matrimonio.

13091. **Compaña, coa dona.** (mc: C.A.)

Var.: *Compañía coa dona.* (M.V.) / *Compañía coa muller.* (M.V.)

13092. **Choqueiro e choqueira sempre fan feira.** [4158] (mc: G.P. / ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

13093. **Das cousas serias o matrimonio é a máis parrandeira.** (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)

13094. **De cen homes casados, trinta están aburridos, vinte hastiados e os demais arrepentidos.** (ms-SA: M. González Fernández)

13095. **¿De dónd'eres, home? Da terra da miña muller.** [4159] (mc: J.P.)

(es) *¿De dónde eres, hombre? De la tierra de mi mujer.* (R. Marín)

13096. **De España, nin bon vento nin bon casamento.** (mc: C.A.)

(pt) *De Espanha nem bom vento nem bom casamento.* (Chaves)

13097. **De moza casada, pretendientes na porta.** (mc: Buciños)

13098. **De solteiras non beben viño, de casadas, cada trago un cuartillo.** (mc: Buciños)

13099. **De solteira, roupa nova; de casada, remendada.** (mc: La Coruña)

13100. **Debaixo da manta todo se canta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13101. **Despois de casar, o home a traballar e a muller a folgar.** (mc: Santiago)

13102. **Desque me caso, todos me queren.** (ms5,027: Ribadeo)

13103. **Dicen as ras: "Casar, casar, casar...", i-o sapo responde: "I-ó pan, i-ó pan".** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

13104. **Dios me libre de qu'a miña filla case con un tresillista voltereteiro.** (ms4: F.V.S.)

13105. **Dios me libre dun homiño que bote o sal á pucheira: pra casar cun cazoliñas é millor quedar solteira.** (ms4: Buciños-F.V.S.)

13106. **En martes non te cases nin t'embarques.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)

13107. **En martes, nin cortes nin prantes nin a túa filla cases.** (mc: A.S.A. / ms4: F.V.S.)

Var.: *En martes, nin te cases nin te embarques.* (Sarria) / *En martes, nunca a túa filla cases nin a túa ceba mates.* (Monforte) / *En martes, nin te cases nin te embarques, nin a túa filla cases.* (Buciños) / *En martes, nin te cases nin te embarques, nin da familia te apartes.* / *En martes, nin te cases nin te embarques nin o teu porquiño mates.* (J.T.)

(es) *En martes, ni te cases ni te embarques.* (R. Marín) / *En martes, ni tu casa mudes, ni tu hija cases, ni tu ropa tajes.* (Correas) / *En martes, ni tu casa urdas, ni tu hija cases.*

Tiene multitud de variantes, con el mismo matiz supersticioso.

13108. **En noite de boda, cal a achares tal a toma.** [4160] (mc: A.C. *A Nosa Terra*)

13109. **Entra miña morriña, entra hoxe a foguetes e mañá a cachetes.** (mc: Layosa)

13110. **Entre casados fanse as paces deitados.** (ms10,012v: *D.E.*)

13111. **Esta vida outra requer: ou casar ou buscar muller.** (mc)

13112. **Eu caseime alá arriba pa comer touciño gordo, ahora vexo que á miña sogra nácenlle as silvas no forno.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pape, San Xoán de Silvarrei, Outeiro de Rei, LU)

13113. **Eu caseime en Santiago e viñen a Pontevedra: a muller veu sola por ser costumbre da terra.** [4161] (mc)

13114. **Fala, zorrón, contigo cásanse, e conmigo, non.** (mc: Sober)

[4158] ms4: *fan feira.* (ou *xuntoiro*).

[4159] mc: *dónde eres*. Jacinto del Prado rexistra o refrán coa forma *dond'eres*.

[4160] mc: *hachares, cal a toma*; ms4: *tal a tomas*.

[4161] ms: *por Pontevedra*.

13115. **Filla casada á beira da porta é unha cabra na horta.** (ms21,12v: Bermés)

13116. **Filla casada na porta é cabra metida na horta.** (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)

Porque acude a remediar todos sus apuros a casa de sus padres.

13117. **Filla casada na porta, cabra na horta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13118. **Filla casada ó pé da porta é unha cabra na horta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13119. **Fillos casados, pais acabados.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

13120. **Fillos casados, traballos dobrados.** (mc: A.I.)

(pt) *Filhos casados, cuidados dobrados.* (Chaves) / *Filhos pequenos, dores de cabeça, filhos grandes, dores de coração.* (Chaves) (es) *Hijos casados, duelos doblados.* (R. Marín)

13121. **Fixeras quen fixer, págueas a miña muller.** [4162] (mc: Buciños)

13122. **Hai matrimonios de tres clases: de varón, manda el e ela non; de Varela, manda el e manda ela: de varicunda, manda ela e el nunca.** [4163] (mc: Miraz)

13123. **Hoxe de cohetes, mañá de cachetes.** (mc: Parga)

Alude al día de la boda.

13124. **Imos ao trato: a muller, pita; e o home, gato.** (mc: Velle)

13125. **Madrasta: o nome lle basta.** (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

13126. **Máis mala é a moza de criar que de casar.** (mc: Meilán)

(es) *Peor es la moza de casar que de criar.* (Bergua)

13127. **Maruxiña, espérame aiquí: si outra non teño, vólvome a ti.** [4164] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13128. **Maruxiña, espérame eiquí: si non topo outra, agárrome a ti.** [4165] (mc: Buciños / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

13129. **Matrimonio separado, inferno preparado.** (mc: S.Victorio de R. de Miño)

13130. **Melón e casamento ha de ser acertamento.** (mc: J.T.)

(pt) *Melão e casamento são coisas de acertamento.* (Chaves) / *O melão e a mulher maus são de conhecer.* (Id.) (es) *El melón y el casamiento ha de ser acertamiento.* (Sbarbi) / *El melón y la mujer, son malos de conocer.* (Id.)

13131. **Mira o que fas antes que te cases.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

13132. **Moito gasta o que vai e vén pero, máis, o que casar ten.** [4166] (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

(pt) *Muito gasta o que vai e vem e mais o que se detem.* (Chaves) (es) *Mucho gasta el que va y viene; pero más el que se detiene.* (R. Marín)

13133. **Moza a novia e vello o novio, casamento do corno; vello el e vella ela, casamento de merda.** [4167] (mc: M.V.)

(pt) *Moça com velho casada, como velha se trata.* (Chaves)

13134. **Moza bonita con moito diñeiro, a min danma e son forasteiro: ou é unha trampa ou eu non entendo.** (ms)

13135. **Moza con vello, casamento do demo; vella con mozo, casamento peligroso.** (mc: S.P.P.-*Ultreya*)

13136. **Mozo cagaña perde a boda.** (mc: Sarria)

13137. **Muller morta, sete á porta.** (mc: A.N. / ms14,18)

13138. **Muller morta, un cento á porta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13139. **N'hai boda pobre nin mortuorio rico.** [4168] (mc: Carballedo / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

(pt) *Não há boda pobre nem mortório rico.* (Chaves) / *Não há morte rica nem casamento pobre.* (Id.) / *Não há casamento pobre nem mortalha rica.* (Id.) (es) *No hay boda pobre, ni mortuorio rico.* (Sbarbi) [4169]

En las bodas se echa la casa por la ventana; en los mortuorios, la fama de los ricos raras veces responde a la realidad.

13140. **Na boda non botes foguetes porque despois ándase a moquetes.** [4170] (mc: Nós, nº 42, p. 13)

[4162] mc: *que fixer*.
[4163] mc: *de varon, manda ela e el non*.
[4164] O orixinal di: *Maruxiña esperame aiquí; si outro non teño, vólvome a ti.*
[4165] ms-LU: *se non, agárrom'a tí*.
[4166] ms4: *vai e veu*.
[4167] ms: *vella ela, casamento de m...*, ms3 e ms4: *de corno*.
[4168] ms-LU: *Non hay, mortoiro*.
[4169] ms: *Ni boda pobre*.
[4170] mc: *ándase a cachetes*.

Var.: *Boda de foguetes, boda de choretes.* (ms4: F.V.S.)

13141. **Na boda quen menos come é a novia.** (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

(es) *En la boda, quien menos come es la novia.* (Sbarbi)

13142. **Na Coresma e no Advento non é solemn'o casamento.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

13143. **Na noite da boda cal a achares tal a toma.** [4171] (mc: A.I.)

Var.: Como*: En noite de boda...*

13144. **Na boda a que menos come é a novia.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13145. **Nais que tendes fillas, casainas con marralleiros.** (mc e ms12,73: Orense)

Marralleiro, en otros sitios *marraneiro*, el que se dedica al trato de los cerdos. Indica el refrán que el oficio es de grandes ingresos. (mc) / *Marralleiros* = que se dedican al trato de los cerdos. (ms12,73)

13146. **Nin bigote nin dote.** (mc: M.L.)

13147. **Nin boda sin canto nin morte sin pranto.** [4172] (mc: A.I. / ms4: N.V. 2ª serie)

(pt) *Não há morte* (ou *mortório*) *sem pranto, nem casamento* (ou *casório*) *sem canto.* (Chaves) (es) *Ni boda sin canto, ni mortuorio sin llanto.* (Sbarbi)

13148. **Nin polo ouro nin pola prata nunca te cases con María Buzaca; acábase o ouro, acábase a prata e sempre queda María Buzaca.** (mc: S.P.P.-*Ultreya*)

13149. **Non compres burro de recueiro nin te cases con filla de mesoneiro.** (mc e ms4: J.P. / ms4: F.V.S.)

13150. **Non compres burro de recuero nin te cases cun fillo dun mesonero.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13151. **¿Non che gust'o pisto? Pois cásate cun carniceiro e comerás caldo de tripas.** (ms15,03)

13152. **Non hai boda sin doña Toda.** [4173] (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *No hay boda sin doña Toda.* (Sbarbi)

Matraca a las que aparecen en todas las fiestas, como elementos imprescindibles, aun sin ser invitadas. (mc) / Se dice de algunas señoras que se hallan en todas las fiestas aunque sean de particulares (Sbarbi) (ms)

13153. **Non hai casamento probe nin enterro rico.** [4174] (ms21,16r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13154. **Non hai vida com'a dun sólo, levándose ben.** [4175] (mc: Pidre / ms e ms4: Lugo-F.V.S.)

13155. **Non hai boda pobre nin enterro rico.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13156. **Non se casa Pedro nin Xan; as que queren non as quero i-as que quero non mas dan.** [4176] (mc: Buciños)

13157. **Non se fai a boda de hongos, senón de bolos.** (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *No se hace la boda de hongos, sino de buenos bollos o ducados redondos.* (Sbarbi)

13158. **Non se fai a boda de hongos senón de bos bolos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13159. **Non te cases cun vello pola moeda: a moeda acábase i-o vello queda.** [4177] (mc: Páramo-F.V.S.)

13160. **Non te cases, cabra coxa, pensando que vas sanar que eínda os sanos coxeian, pre cantiamais tu sanar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

13161. **Nunca falta Xan pra Sabela.** [4178] (mc: M.V.)

13162. **Nunca faltou tolo pra tola nin tapoiro pra ola.** (mc: Santiago)

13163. **Nunca faltou tolo pra tola nin tapón pra ola.** (mc: M.V. / ms21,29v: Bermés)

(pt) *Nunca falta testo para uma panela.* (Chaves) / *Não há panela sem têsto, nem penico sem tampa.* (Id.)

13164. **Nunca faltou un pendango p'onha pendanga.** (ms-LU: seminarista anónimo: Serantes, Santiso (Terra de Melide), C)

13165. **Nunca faltou un sapo pra unha sapa.** (mc: Páramo / ms4: F.V.S.)

(pt) *Nunca falta um paspalhão para uma paspalhona.* (Chaves) (es) *Una sapa otro halla.* (Correas)

[4171] ms3: *tal a achares*.
[4172] mc: *Non boda*.
[4173] ms4: *doña Toda*.
[4174] ms-LU: *pobre, entierro*.
[4175] O orixinal di: *Non hai vida coma dun solo levándose ben.* ms: *d'un*; ms2: *d'un*.
[4176] ms: *casan, y-as que quero*; ms2: *y as que*.
[4177] ms: *y-o vello*.
[4178] ms3: *faltou*.

13166. **Nunca faltou un sapo pra unha saporela.** [4179] (mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

13167. **Nunca vin lebres ó xugo nin coellos ó arado, i-a muller que queira ter un home, que o traia ben coidado.** (ms-LU: seminarista anónimo: Moreda, Taboada, LU)

13168. **Nunca vin lebre xunguida, nin coello n'arada. Déixate andar polo mundo, qu'has vir ó rego sin vara.** [4180] (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

13169. **O casado casa quer i-ó solteiro quer muller.** (mc: M.L.)

13170. **O casado casa quer, e o solteiro se lla dan, e o que ha de vivir no mundo, ten que traballar o pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13171. **O casado casa quer, ó solteiro non lla dan; de casado, busca, pan.** [4181] (mc)

Var.: *O casado, casa quer; ó solteiro non lla dan.* (Layosa)

Tiene todos los caracteres de la tríada.

13172. **O casado casa quer; si non é del, é da muller.** (ms8,67v: Meda)

13173. **O casado casa quer.** (mc: Buciños)

(es) *El casado, casa quiere.* (R. Marín)

Glosado en la siguiente canción popular: *O casado, casa quer, / ó solteiro non lla dan; / o que ha de ser casadiño / teno que ser pola man*.

13174. **O casado, casa quere; o solteiro, si lla dan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

13175. **O casado, casado sempre.** (ms / ms4: M.V.)

13176. **O casamento con foghetes acaba con cachetes.** [4182] (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago)

13177. **O casamento é o primeiro enterro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13178. **Ó casar non doi a barriga, pero doi ó outro día.** (mc: Otero de Rey)

13179. **O día da boda hai muita alegría porque hai que comer con forza aquel día; ó outro día di a muller: marido trai pan, que non hai que comer.** (mc: Buciños)

Procede sin duda de un cantar de muiñeira, cuyo ritmo conserva claramente la primera parte.

13180. **O día de boda non se afeita a novia.** [4183] (mc: S.P.P.-*Ultreya*)

13181. **O día que me casei un borriquito alquilei.** [4184] (mc: Taboada / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13182. **O día que te casaches, afogaches.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

13183. **O día que te casas, ou te curas ou te matas.** [4185] (mc: Tuiriz, Monforte / ms10,005v: *D.E.*)

(es) *El día que te casas, o te sanas o te abrasas -u o te matas.* (R. Marín)

13184. **O home e a muller, cando tratan de cocer, a leña estaba no monte e a fariña por moer.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro: Muxía, C)

13185. **O home é o angazo e a muller é a basoira.** (mc: Carballedo)

13186. **O home i-a muller fan as papas na culler.** (mc e ms11,17: Buciños-F.V.S.)

Indica que el matrimonio fácilmente se arregla; no así cuando hay alguien ajeno en casa.

13187. **O luns e martes non te cases nin te embarques.** (mc: Santiago)

13188. **O martes, nin a túa tela urdas nin a túa filla cases.** [4186] (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

Var.: *En martes nin te cases nin te embarques, nin a túa porca mates, nin a túa pita botes, nin a túa tela urdas.* (ms5,138: Jesús Taboada)

(es) *En martes, ni tela urdas, ni hija cases.* (R. Marín)

13189. **O martes, nin te cases nin te embarques nin a túa ceba mates.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13190. **O melón e o casamento han de ser acertamento.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

13191. **O melón i-o casamento, acertamento.** (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

Var.: Como: *Melón e casamento...*

[4179] ms4 e ms-LU: *saporella*; ms-LU: *pronha*.

[4180] Nicanor Rielo Carballo, informante de V. Saco, en *Escolma de Carballedo* (Vigo: Castrelos), considera isto unha cantiga: *Nunca vin lebre xunguida / nincoello na arada; déixate andar por o mundo, que has vir ó rego sin vara* (1976: 47).

[4181] ms4: *quere*.

[4182] O orixinal di: *O casamento con fojetes acaba con cachetes.*

[4183] ms4: *noiva*.

[4184] ms-LU: *burriquito*.

[4185] En ms10 s.v. *Día*.

[4186] ms4: *teia urdas* / Local da primeira variante: ms5,138: Jesús Taboada. "Folklore de Verín" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, t. XV, 1959, cuadº 3º)

(pt) *Melão e casamento são coisas de acertamento.* (Chaves) (es) *El melón y el casamiento, acertamiento.* / *El melón y el casamiento ha de ser acertamiento.* (Sbarbi) (ct) *El meló y el casament, ha de ser a content.* (Alberola)

13192. **O primeiro ano de casados, cara con cara; o segundo, cu con cu; i-o terceiro, ¿que trouxeches tu?** [4187] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

13193. **O qu'a súa filla queira casar, díalle un cenzafollo a lavar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

No es fácil lavar...

13194. **O que a fóra se vai casar, ou vai engañado ou vai engañar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13195. **O que a lonxe vai casar, ou está cego ou quere cegar.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU)

13196. **O que ben acerta a casar, xa non lle queda máis que acertar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13197. **O que cas'a filla, aument'a familia.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13198. **O que casa ca irmá do cura, fai boa fortuna.** (ms15,42: Sober)

13199. **O que está viúdo e se quere casar, debe unha deuda ó demo e vailla pagar.** (ms4: Pidre-F.V.S.)

13200. **O que fala da ovella, casa con ela.** (mc / ms4: F.V.S. / ms15,29r: Teijeiro, Lugo, .Mª Felicidad Vila)

13201. **O que fala da ovella, vaise con ela.** (mc: Cervantes / ms4: F.V.S.)

(es) *Quien dice mal de la doncella, ése carga con ella.* (R. Marín) / *Quien dice mal de la pera, ése la lleva.* (Id.) / *Quien dice mal de la cosa, ése la compra.* (Id.)

13202. **O que fóra vai casar, chata leva ou vai buscar.** (mc: Corme)

Variantes todos, del ya registrado: *O que lonxe vai casar, chata leva ou vai buscar.*

13203. **O que ha de ser bon casado, ha de saber gana-lo pan.** [4188] (mc: R. Caruncho)

13204. **O que lambe a pota das papas, chóvelle na boda.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

13205. **Ó que lambe o pote das papas chóvelle na boda.** (mc: Layosa)

Vana superstición.

13206. **O que lexos vai casar, chata leva o[u] vai buscar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

13207. **O que lexos vai casar, mosca leva ou vai buscar.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

13208. **O que lexos vai casar, ou chata leva ou a vai buscar.** (ms14,17)

13209. **O que lexos vai casar, tacha leva ou a vai buscar.** [4189] (ms-LU: Recaredo de la Fuente Pérez: Pombeiro, Pantón, LU (04-10-1951) / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

El que va casarse lejos de su tierra, o lleva algún defecto, o quizá lo encuentre en la novia que va buscar.

13210. **O que lexos vai casar, trampa leva ou vai buscar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

13211. **O que lons vai casar, chata leva o vai buscar.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns / ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C)

13212. **O que lonxe quer casar, maula leva ou vai buscar.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

13213. **O que lonxe vai a casar, ou vai engañado ou vai a engañar.** (ms-SA: seminarista anónimo: Besexos, Vila de Cruces, PO)

13214. **O que lonxe vai casar, chata leva ou vai buscar.** [4190] (mc: A.I. / ms11,48: C. Fonsagrada / ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU / ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU / ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Var.: *O que lonxe vai casar, maula leva ou vai buscar.* (R. Caruncho) / *O que longe vai casar, ou ten chata ou vai buscar.* (ms4: A.I.) / *O que lonxe vai casar, chata leva ou vai buscar. Moza bonita con moito diñeiro, a min dáma que son forasteiro; ou é unha trampa ou eu non-o entendo.* / (ms15,42: Castelo-Taboada).

[4187] O orixinal di: *O primeiro ano de casados, cara con cara o segundo cu con cu y'o terceiro ¿que trouxeches tu?*

[4188] O orixinal di: *O que ha de ser bon casado, ha de saber ganal-o pan.*

[4189] ms-LU (Lugo): *lonxe*.

[4190] ms11,48 e ms-LU (Pacios): *lejos*; ms-LU (Jesús Redondo C.), ms-LU (Trini F.): *lexos*; ms-LU (Lugo): *ou a vai buscar*; ms11,48: *lev'ou vay*.

13215. **O que lonxe vai casar, ou leva tacha ou a vai buscar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pontevedra, PO)

13216. **O que lonxe vai casar, ou vai enganado ou vai enganar.** (ms10,031v: *D.E.*)

13217. **O que lonxe vai casar, ou vai engañado ou vai engañar.** (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)

(pt) *Quem ao longe vai casar, leva pulha ou vai buscar.* (Chaves) (es) *Quien lejos se va a casar, o va engañado, e va a engañar.* (R. Marín) (ct) *El que llunt s'en va a casar, va a qu'el enganyen o a enganyar.* (Alberola)

13218. **O que lonxe vai casar, tacha leva ou vai buscar.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13219. **O que mal casa, tarde enviúda.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

13220. **O que non sirve pra casado, que non engañe a muller.** (mc: A.S.A.)

(es) *El que no sirva para casado, que no engañe a la mujer.* (R. Marín)

13221. **O que non vén á boda, non vén a toda hora.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

(es) *Lo que no viene a la boda, no viene a toda hora.* (Sbarbi)

La dote que no se da en el día o antes del matrimonio, y en general, lo que para los contrayentes se promete, difícilmente se recupera más tarde.

13222. **O que se casa de vello, logo lle fan o enterro.** (mc: Buciños)

(es) *Quien se casa de viejo, luego / pronto da el pellejo.* (R. Marín)

13223. **O que se casa, por todas pasa.** (ms-SA: seminarista anónimo: Besexos, Vila de Cruces, PO)

13224. **O que se casa, por todo pasa.** (ms15,12)

13225. **O que se casa, se abrasa.** (mc)

13226. **O que ten moitas mulleres, nunca enviúda.** (mc: M.V. / ms21,26v: Bermés / ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

13227. **O que trala costa se vai casar, chata leva ou vai buscar.** [4191] (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

13228. **O que vai á boda, leve que coma.** [4192] (mc: Lugo / ms21,03r: Bermés)

13229. **O que vai á boda, que leve que coma.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13230. **O que lejos vai casar, chata lev'ou vai buscar.** [4193] (ms11,48: Comarca de Fonsagrada)

13231. **O que lexos vai casar, auga leva ou vai buscar.** (mc: Buciños)

13232. **O que lexos vai casar, está cego ou quer cegar.** (mc: Santiago)

Var.: *O que a lonxe vai casar, ou está cego ou quer cegar.* (Santiago)

13233. **O que lexos vai casar, ou tacha leva ou vai buscar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

13234. **O que lexos vai casar, trampa leva ou vai buscar.** (mc: La Coruña)

13235. **O viernes i-o martes, nin te cases nin te embarques nin a túa ceba mates.** (mc: Buciños)

(es) *En viernes nin en martes, ni tu casa mudes, ni tu hija cases, ni tu viña podes, ni tu ropa tajes.* (R. Marín)

Extiende al viernes, lo que ya otro dice del martes.

13236. **Os dacabalo pasan de largo, i-os da pé non dan chegado.** [4194] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

Lamento de las solteronas. (mc) / A las solteronas. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

13237. **Os que dormen no mesmo colchón son da mesma condición.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

13238. **Os que dormen no mesmo colchón son da mesma opinión.** (mc: Villanueva, Lalín / ms4: F.V.S.)

(es) *Dos que duermen en un colchón, bailan al cabo al mismo son.* (R. Marín) / *Dos que duermen en un colchón, se vuelven de la misma opinión.* (R. Marín)

13239. **Os que se han de casar hanse de asomellar.** (mc: Lugo)

13240. **Ós quince o que veña, que teña e que conveña; ós vinte o que veña e que teña; ós trinta, que veña, anque non teña, nin conveña.** (ms8,68r: La Cañiza)

13241. **Os traballos dos casados son traballos honrados.** (mc: M.V. / ms21,29v: Bermés)

13242. **Ou casar con quen non queira ou quedar solteira.** (ms15,13)

13243. **Ou moza que raxe ou dote que espante.** (ms15,43: Incio)

Moza que raxe = buena moza. Se dice: *esa é unha moza que raxa o cadillo* = es muy buena moza.

[4191] O orixinal di: *O que tra la costa se vay casar chata leva ou vay buscar.*

[4192] ms21,03r: *vay'a boda*.

[4193] O orixinal di: *O que lejos vay casar chata lev'ou vay buscar.*

[4194] ms-LU: *e os*.

13244. **Ou que lexos vai casar, xata leva ou vai buscar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

13245. **¿Palabra de casamento? Cada día un cento.** (mc: A.N.)

13246. **Palabras de casamento danse no campo e lévaas o vento.** (mc: A.N.)

13247. **Palabras de casamento, máis de catro leva o vento.** (mc: M.L.)

13248. **Palique de inverno, casoiro de verán.** (mc: Santiago)

13249. **Papas e bodas, en quente.** (mc)

Muy caliente como el agua hirviendo que se emplea para pelar los cerdos.

13250. **Papas e casamento, en quente.** [4195] (mc: A.S.A. / ms21,05v: Bermés)

Var.: Como: *Callos e casamento, en quente*

(es) *El casamiento y el caldo, pelando.* (R. Marín)

Muy caliente como el agua hirviendo que se emplea para pelar los cerdos.

13251. **Por casar as fillas, promete casa e viñas.** [4196] (mc: Villanueva, Lalín)

13252. **Por marido reíña e por marido mezquiña.** (mc: A.I.)

(pt) *Pelo marido rainha, pelo marido mesquinha.* (Chaves) (es) *Por marido regina y por marido mezquina.* (Correas)

13253. **¿Por que me queres, Andrés? Polo interés.** (mc: Begonte)

13254. **Por san Eleuterio cásaste si eu quero.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro: Muxía, C)

13255. **Por unha sardiña casou a burriña.** (mc: Santiago)

13256. **Pra lus, mudas de vida, miña xoíña.** (mc: M.L.)

13257. **Probe daquel que tonde a muller.** (mc: M.L.)

13258. **Probe de aquel que a muller maza nel.** (ms5,027: Ribadeo)

13259. **Quen a súa filla quer casar, dell'a centofollas a lavar.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

13260. **Quen a súa filla quixer casar, delle o centofollas a lavar.** [4197] (mc: M.V. / ms21,21v: Bermés)

Var.: *O que a filla quer casar, delle o centefollas a lavar.* (ms4: F.V.S.)

13261. **Quen ben baila, de boda en boda anda.** (mc: Buciños)

(es) *Quien bien baila, de boda en boda anda.* (R. Marín) (ct) *Qui bé balla o canta, de boda en boda se la campa.* (Ricart)

Indica que el que tiene alguna habilidad destacada, es bien recibido en todas partes.

13262. **Quen casa e caza, co seu mal que teña cachaza.** (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)

Porque ambas cosas le apurarán frecuentemente la paciencia.

13263. **Quen co demo se casa, demonio se fai.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

13264. **Quen de lexos veu casar, chata trai ou veu buscar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13265. **Quen fala mal da egua é o que a leva.** (mc: A.S.)

Var.: *O que fala mal da égua é o que a leva.* (ms4: G.S. y A.) / *O que fala mal da yegua, é o que a leva.* (ms15,29r: Tuiriz. Mª Felicidad Vila)

(es) *Quien dice mal de la doncella, ése carga con ella.* (R. Marín) (ct) *Qui diu mal del ase, aquell el compra.* (Alberola)

Se aplica figuradamente al matrimonio, como el ya registrado: *O que fala da ovella, casa con ela*.

13266. **Quen lonxe se vai casar, chata leva ou ten que tapar.** (ms18,58r: *Vida Gallega*)

13267. **Quen lonxe vai casar chata leva ou ten que topar.** [4198] (mc: R. Caruncho)

Véase *O que lonxe vai casar...*

13268. **Quen mal casa, tarde enviúda.** [4199] (mc: Meilán)

(es) *Quien mal casa tarde enviúda.* (Correas) / *ms: Bergua*

13269. **Quen non está velado non está casado.** (mc / ms4: F.V.S.)

Falsa superchería, que encontró también eco en una canción popular: *O cura que me casou / tamén me pudo velar, / se me peta na cabeza / volvereime descasar*.

13270. **Quen quere a Beltrán, quere o seu can.** [4200] (mc e ms4: M.V. / ms21,21r: Bermés / ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C (10-11-51))

Var.: *Quen quer a Beltrán, quer o seu can.* (ms4: F.L.)

(es) *Quien quiere bien a Pedro, bien quiere a su perro.* (R. Marín)

[4195] ms4 e ms21,05v: *casamentos*.
[4196] ms4: *prometen*.
[4197] mc: *centefollas*.
[4198] ms: *se vai casar*.
[4199] ms: *Quen mal se casa*.
[4200] ms21,21r: *quer'a Beltrán quer'o*.

13271. **Quen quixo casar casou; si non foi con quen quixo, foi con quen cadrou.** [4201] (mc: A.S.A.)

(pt) *Quem quer casar, sempre casou, senão com quem quer é com quem achou.* (Chaves)

13272. **Quen se casa con muller fea e sin dote, é tonto de capirote.** (ms15,45r: Chantada)

13273. **Quen se casa con muller vella e sin dote, é tonto de capirote.** (ms15,45r: Chantada)

13274. **Quen se casa con parentes, corta vida e largos tormentos.** (mc: Meilán)

(es) *Casamientos de parientes, tienen mil inconvenientes.* (Sbarbi)

13275. **Quen se enseña na boda, pérdea toda.** (mc / ms4: F.V.S.)

13276. **Se non te casas antes de trinta, quedas solteira pra toda a vida.** (ms-SA: Carballo)

13277. **Se non te casas antes dos trinta, quedas solteira pra toda a vida.** (mc: Santiago)

13278. **Se pretendes ser casada, antes has de ser honrada.** (mc: Santiago)

13279. **Se queres acertar, casa co teu igual.** [4202] (mc: Carballedo / ms: Meilán / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(es) *Si quieres acertar, casa con tu igual.* (Correas) / *Casar y acompadrar, cada cual con su igual.* (Sbarbi)

Significa que no debe haber grandes diferencias ni sociales, ni económicas ni intelectuales entre marido y mujer. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13280. **Se ques casar con dote, sala sempre ben o pote.** (mc: M.L.)

13281. **Sea ben, sea mal, caseime co meo igual.** (ms-LU: seminarista anónimo: Chantada, LU)

13282. **Sempre hai un sapo pra unha sapa.** [4203] (ms)

(es) *Una sapa otro halla.* (Correas)

13283. **Si casaches, non te alabes, e si non casaches, non te enfades.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

13284. **Si desexas acertar, salle á calle a casar.** (mc)

13285. **Si non queres ter a muller de neura, cásate cunha vella.** (mc: Chantada)

13286. **Si non te queres casar, come sábalo en san Xuan.** [4204] (mc e ms4: J.P.)

13287. **Si paz has de ter, obedécelle á muller.** (mc)

13288. **Si queres casar, teste que quedar, que as nenas da aquí non van para alá.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

13289. **Si queres o teu marido gordiño, despois do caldo, dáll'un sorbiño.** (mc: A.S.A.)

(es) *Si quieres ver a tu marido gordito, tras de la sopa échale un traguito.* (Castillo)

13290. **Si queres teu home matar, dálle coles por san Xuan.** [4205] (mc: J.P.)

(es) *Si quieres a tu marido matar, dale coles por San Juan.* (Castillo)

13291. **Si te queres casar, na casa non has de quedar.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

13292. **Solteirós neste mundo non-os quere Dios.** (ms21,06v: Bermés)

13293. **U que a lonxe se vai casar, ou chata leva ou a vai buscar.** (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

13294. **U que a lexos vai casar, tacha leva ou vai buscar.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13295. **Unha filla casada na porta é unha cabra na horta.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Miranda, Castroverde, LU)

13296. **Unha vez te casarás e mil te arrepentirás.** (ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C / ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)

13297. **Val máis ser solteiro que mal casado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13298. **Vale máis casada cun tambor que amistada cun señor.** (mc: Muros)

13299. **Vale máis ser solteiro que mal casado.** (mc: Buciños)

Var.: *Vale máis solteiro que mal casado.* (M.V.)

(pt) *Mais vale solteiro andar que mal casar.* (Chaves) (es) *Más vale soltero andar que mal casar.* (Correas)

[4201] ms: *Quen se quixo...*

[4202] ms-LU: *con teu igual*.

[4203] O orixinal di: *Sempre hay un sapo pra unha sapa*.

[4204] mc: *por San Xoán*. O refrán que rexistra Jacinto del Prado coincide co que aparece no ms4.

[4205] mc: *por San Xoán*. Jacinto del Prado só rexistra o refrán coa forma *San Xuan*.

13300. **Vale máis solteiro que mal casado.** (mc: M.V. / ms21,29r: Bermés)
Var.: *Vale máis ser solteiro que mal casado.* (Buciños)
(pt) *Mais vale solteiro andar que mal casar.* (Chaves) (es) *Más vale soltero andar que mal casar.* (Correas)

13301. **Vamos ó trato: a muller pito i-o home gato.** [4206] (ms21,18v: Bermés)

13302. **Varón, manda el e ela, non; Varela, manda el e manda ela; varicunda, manda ela e el nunca.** (mc: Muros)
Véase *Hai matrimonios de tres clases...*

13303. **Vello casado con nena bonita, mozo sin rentas nin bés nin oficio, cego bo é o que non ve polo cribo.** (mc: A.I.)
(pt) *A velho recem-casado, resar-lhe por finado.* (Chaves) / *Homem velho e mulher nova, filhos até à cova* (ou *corno* ou *cova*). (Id.) / *Velho casado com moça de poucos anos, corno temos.* (es) *Viejo casado con mujer hermosa, es cosa dañosa.* (Sbarbi)

13304. **Viúda que non dorme, casarse quer.** (mc: Buciños / ms4: Villanueva, Lalín)
(es) *Viúda que no duerme, casarse quiere.* (Correas)

13305. **Boda de foguetes, boda de cachetes.** (ms-SA: Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C / ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

13306. **Boda de foguete, boda de cachete.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13307. **Bodas de fuguetes, bodas de cachetes.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13308. **Xa se viron máis feas e casáronse.** (mc: Buciños)

MAYO. V. tamén *Agrícolas* (*Meses. Mayo*).

13309. **Cando en maio hai lama, inda algo se gana.** (ms10,034v: *D.E.*)

13310. **Cava, labor e barbeito, en maio han de estar feitos.** (ms10,034v: *D.E.*)

13311. **Día a día, maio á porta.** (ms10,034v: *D.E.*)

13312. **En maio o garabanzal, nin nado nin por sementar.** (ms10,034v: *D.E.*)

13313. **En maio que chova hasta entullarse o carro.** (ms10,034v: *D.E.*)

13314. **En maio xa leva as cereixas o gaio.** (ms10,034v: *D.E.*)

13315. **En maio, augas catro e esas, que cheguen ó barro.** (ms10,034v: *D.E.*)

13316. **Maio atreboado, ano temperado.** (ms10,034v: *D.E.*)

13317. **Maio fai as apostas e abril lévallas ás costas.** (ms10,034v: *D.E.*)

13318. **Maio fai o trigo e agosto o viño.** (ms10,034v: *D.E.*)

13319. **Maio festeiro bota a roca no trasfogueiro.** (ms10,034v: *D.E.*)

13320. **Maio frío, moito trigo.** (ms10,034v: *D.E.*)

13321. **Maio hortelán, moita folla e pouco gran.** (ms10,034v: *D.E.*)

13322. **Maio maieiro, aquí me caio, alí me deito.** (ms10,034v: *D.E.*)

13323. **Maio non endereita o ano.** (ms10,034v: *D.E.*)

13324. **Maio pardo, siñal de bo ano.** (ms10,034v: *D.E.*)

13325. **Maio un pouco frío cría trigo pero, si é moi frío, nin palla nin trigo.** (ms10,034v: *D.E.*)

13326. **Maio ventoso, ano fermoso.** (ms10,034v: *D.E.*)

13327. **Maio, o longo.** (ms10,034v: *D.E.*)

13328. **Moitas augas en maio tran mal ano.** (ms10,034v: *D.E.*)

13329. **No mes de maio, nin egoa nin cabalo.** (ms10,034v: *D.E.*)

13330. **O millor trasfogueiro pra min o quero.** (ms10,034v: *D.E.*)

13331. **Se maio chora, auga criadora.** (ms10,034v: *D.E.*)

13332. **Tanto ten o máis como ten o menos.** (ms10,034v: *D.E.*)

13333. **Veña maio e veña pardo.** (ms10,034v: *D.E.*)

MEDIANERO

13334. **Non hai millor medianeiro que cada un pra si mesmo.** (ms10,038v: *D.E.*)

13335. **O millor medianeiro é o diñeiro.** (ms10,038v: *D.E.*)

13336. **Un bo medianeiro foi sempre o diñeiro.** (ms10,038v: *D.E.*)

MEDICINA. HIGIENE. V. tamén *Curación, Curandero, Dientes, Dolores, Enfermedad, Médicos, Partos, Preñez.*

13337. **A auga clara i-o chocolate espeso.** (mc: Tuiriz, Monforte)

13338. **A auga cría ras.** (mc e ms)
(es) *El agua cría ranas.* (Sbarbi)

[4206] O orixinal di: *Vamos ó trato: a muller pito y'o home gato.*

Dicen los amigos del vino, para excusarse de beberla.

13339. **A auga desfai os camiños.** (mc: Chantada)
Como el anterior.

13340. **A auga fai tolear os muíños.** (mc: Aguada, Carballedo-F.V.S.)
Siguen hablando los devotos de Baco que, como se ve, tienen razones graciosas y pintorescas para defender sus preferencias.

13341. **A auga lava todo.** [4207] (mc: *Dicc. Ac.*)
Var.: *A auga todo lava, senón a mala fada.* (mc: A.S.A. / ms: M.V.)
(pt) *Água suja também lava.* (Chaves) / *A água tudo lava menos quem se louva e as más línguas.* (Chaves) (es) *El agua todo lo lava, menos la mala fama* (R. Marín) (ct) *L'aigua per aon passa, banya.* (Alberola)

13342. **A auga todo lava senón a mala fada.** (ms21,25r: Bermés / Juan Carlos Couselo Gago / ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

13343. **A auga todo lava senón a mala fada.** (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago / ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

13344. **A calquera lle pode salir un bulto detrás dunha orella.** [4208] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13345. **A carne cría carne; o viño, sangre; o pan cría panza i-o demais todo é chanza.** [4209] (mc: Buciños)
(es) *La carne pone carne, y el pan pone la panza y el vino guía la danza.* (Correas) / *Carne pone carne, vino pone sangre y el pan, atiesa.* (Correas)

13346. **A carne en outono cómea seu dono.** [4210] (mc / ms4: F.V.S.)

13347. **A carne no mes d'outono cómea seu dono.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13348. **A carón do lar, comer e papar.** [4211] (mc: C.A.)

13349. **A comer vamos, a traballar vaian.** (mc: M.L.)

13350. **A chifladura non ten cura.** (ms: Palas de Rey)

13351. **Á deitada da cama non bebas viño nin auga.** (mc: Monforte)

13352. **A gran mal, remedio bon e sin tardar.** (mc: Tuiriz, Monforte / mc: Lugo)
(pt) *A mal desesperado, remédio heróico.* (Chaves) (es) *A gran mal, el remedio bien y presto.* (R. Marín)

13353. **A leite i-o viño fan do neno**[sic] **mociño.** [4212] (ms21,06v: Bermés)

13354. **A limpeza con abrigo faranche o inverno amigo.** [4213] (mc: C.A. / ms4: J.P.)

13355. **A locura non ten cura i-o que a ten pouco lle dura.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

13356. **A loucura non ten cura e, si a ten, pouco dura.** (ms8,36v: Trives)

13357. **A loucura non ten cura; si a ten, pouco dura.** (ms-SA: Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C)

13358. **A mala chaga, herba mala.** (mc: Carballedo)
(pt) *A má chaga, má erva.* (Chaves) (es) *A mala llaga, hierba mala.* (Correas)
Quiere decir, según Rodríguez Marín, medicina enérgica.

13359. **A mau ao peito e a perna ao leito.** (mc: *Vida Gallega*)
Var.: *A perna na cama e a man na estribeira.* (Tuiriz) / *A perna no leito i-o brazo no peito.* (A.S.A.)
(pt) *O braço quer peito e a perna quer leito.* (Chaves) (es) *La pierna, en el lecho; y el brazo, en el pecho.* (Correas) / *La pierna en el lecho y la mano en el pecho.* (Juan de Valdés, citado por Castillo)
Heridas o enfermedades en los brazos, pueden curarse de pie, poniéndolos en cabestrillo; los de pies o piernas, exigen reposo en la cama.

13360. **A medio comer nadie morre.** (mc: Layosa)

13361. **A mordedura do can cos pelos se cura.** (mc e ms4: M.V.)
(pt) *Curar a ferida do cão com o pelo do mesmo cão.* (Id.) (es) *La mordedura del perro, cúrase con sus pelos.* (R. Marín)
Así se creyó en otros tiempos, sin fundamento alguno; y aún pervive en algunas zonas la creencia y la práctica. (mc) / Quemando estos y aplicando su ceniza a la mordedura. (ms4)

13362. **A morte non escolle, sepa o home: morre o rico e morre o probe.** [4214] (mc:

[4207] ms4: *leva todo*.
[4208] ms: *por detrás d'unha*; ms-LU: *por trás*
[4209] V. *Carne, carne cría; i-os peixes, auga fría* en *Marítimos* (*Peces*).
[4210] ms4: *coma o seu dono*.
[4211] ms: *dormir*.
[4212] O orixinal di: *A leite y'o viño fan do neno mociño.*
[4213] mc e ms4: *farache o inverno amigo*. Jacinto del Prado só rexistra o refrán coa forma *faranche ó inverno amigo*.

Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(pt) *A morte não poupa o fraco nem o forte.* (Chaves) (es) *La muerte no perdona al rey, ni al Papa, ni a quien no tiene capa.* (Sbarbi)

13363. **A muller que ha de chegar a vella non se senta na pedra.** [4215] (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

13364. **A muller que quere que o home lle morra, delle á mañán cabazo e á noite cebola.** (mc: Puente Arcediago, La Coruña)

13365. **¿A onde vas, tolo? Onde van todos.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

13366. **A orella xunt'a tella.** [4216] (mc: J.P.)

(es) *La oreja, junto a la teja.* (R. Marín)

Recomienda dormir en alto.

13367. **A pena non mata, pero remata.** (mc: Carballedo)

(es) *Las penas no matan de un hachazo, sino poco a poco van matando.* (R. Marín) / *Las penas con cuchillo de palo degüellan.* (Id.)

Lenta y dolorosamente.

13368. **A ruda tódolos males muda.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

13369. **A sopa, s'é boa, pouca e, s'é mala, pouca.** (mc: Buciños)

13370. **A tella sobre a orella.** (mc)

Como *A orella xunto á tella*.

13371. **A tolo, tolo e medio.** (mc)

13372. **A tolura non ten cura.** (ms4)

13373. **Achaque quer a morte e non sabe de qué sorte.** (mc: M.V. / ms21,26v: Bermés)

(pt) *Não há morte sem achaque.* (Chaves) (es) *No hay muerte sin achaque, mal sin ocasión y tahur sin moina.* (Sbarbi)

13374. **Achaque quer a morte.** (mc: Buciños)

(es) *Achaque quiere la muerte.* (Castillo) / *No hay muerte que venga, que achaque no tenga.* (Id.) / *A la muerte nunca le falta un achaque.* (Id.)

13375. **Achaque quere a morte e non sabe de qué sorte.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13376. **Agua fría e pan quente nunca fixeron bo ventre.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

13377. **Agua ó figo e-á pera viño.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

13378. **Agua parada, xente matada.** (ms-SA: José Ignacio Seijo Santiago)

13379. **Aínda que non durma o ollo, descansa o óso.** (mc: J.T.)

Var.: *Anque non durma o ollo, descansa óso.* (mc: Buciños)

(pt) *Se não dorme meu olho, folga meu osso.* (Chaves) (es) *Cuerpo echado, si no dormido, descansado.* (R. Marín / Correas) (ct) *Quan no dòrmen ells ullets, descansen els ossets.* (Alberola)

13380. **Alegría, alegrote, que anda o rabo do porco no pote.** (mc: A.I.)

13381. **Almorza ben, come máis e cena pouco, e vivirás.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

13382. **Almorza ben, come máis, cena pouco e vivirás moito.** (mc: Santiago, Bernardo Mesías Vázquez)

(es) *Almuerza bien, come más, cena poco y vivirás.* (R. Marín)

13383. **Almorzo cedo cría carne e cebo.** (ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

13384. **Almorzo cedo cría carne e sebo.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951) / ms-SA: José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO)

13385. **Almorzo cedo, carne ou sebo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13386. **Almorzo cedo, cría carne e sebo; almorzo tarde, nin sebo nin carne.** (mc: A.I.)

Var.: *Almorzo cedo cría carne e sebo, e tarde, nin sebo nin carne.* (J.T.)

(pt) *Almoço cedo, cria carne e cebo e tarde nem cebo nem carne.* (Chaves) (es) *Almuerzo cedo, cría carne y sebo; almuerzo tarde, ni sebo, ni carne.* (R. Marín)

13387. **Almorzo cedo, ou carne ou sebo; almorzo tarde, nin sebo nin carne.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

13388. **Almorzo tarde, nin sebo nin carne.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13389. **Antes sudar que tembrar.** (mc: M.V.)

(pt) *Mais vale suar que tremer.* (Chaves) (es) *Más vale sudar que toser y tiritar.* (Correas) / *Más vale sudar que estornudar.* (Castillo) (ct) *Val mes suar que estosegar.* (R. Marín) / *Més val suar, qu'estornudar.* (Alberola)

13390. **Antes torto que cego de todo.** (mc: A.S.A.)

[4214] ms-LU: *morr'o rico e morr'o pobre*.

[4215] ms4: *sente na pedra*.

[4216] mc: *xunto â*. Jacinto del Prado só recolle o refrán coa forma *xunt'a tella*.

(pt) *Antes torto que cego de todo.* (Chaves) (es) *Antes tuerto que ciego.* (Correas)

13391. **Ao catarro dálle co xerro.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

13392. **Ao tolo e ao aire darlles calle.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *Al loco y al aire, darlle calle.* (Correas) Han de evitarse contiendas con personas violentas.

13393. **Ao tolo e ao vento deixarlles paso.** (mc: C.A.)

(es) *Al loco y al aire, darles calle.* (Correas)

13394. **Ao tolo e ao toro deixarlle o coso.** (ms)

(es) *Al loco y al toro, déjales el coso.* (Correas)

13395. **Ao louco quítalle o pau e, se quere arremeter, dálle con el.** (mc)

13396. **As cousas claras i-as papas raras.** [4217] (ms)

13397. **As cousas claras i-o chocolate espeso.** [4218] (mc: Lugo, Félix Rodríguez Vieites)

Como *A auga clara i-o chocolate espeso*.

13398. **Ás des na cama me tes.** (ms21,11v: Bermés)

13399. **Ás dez, muller, si tes, e si non te deitas, más burro es.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

13400. **As noites son para dormir e os días para o traballo.** (mc: C.A.)

(es) *La noche se ha hecho para dormir, y el día para trabajar.* (Sbarbi)

13401. **Ás nove déitate, home, i ás dez, muller si a tes.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

13402. **Ás nove déitate, home, i ás dez moller s'a tes.** [4219] (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13403. **Ás nove déitate, home, i-ás dez na cama estés.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13404. **Ás nove déitate, home.** (mc: A.I. / ms21,11v: Bermés)

Var.: *Ás nove déitate, home; ás dez dorme se ques.* (J.A.P.) / *Ás nove déitate, home, que ás dez xa non te tes.* (J.T.) / *Ás nove, déitate, home, i-ás dez, muller, si a tes.* (Buciños)

(pt) *As nove, deita-te e dorme.* (Chaves) (es) *A las nueve, acuéstate y duerme.* (R. Marín) / *A las nueve, echáte y duerme; a las diez, dormido estés.* (Id.) / *A las nueve no es cristiano el que no duerme.* (Id.) / *A las nueve en tu casa y antes si llueve, a las diez acostado estes; a las once hora es de que ronques.* (R. Marín) (ct) *A les nòu, n'os cristiá qui no dòrm.* (Alberola)

13405. **As sepulturas están cheas de grandes comedelas.** (mc: Carballedo)

Var.: *As sepulturas están cheas de comedelas.* (Tuiriz, Monforte)

(pt) *Das grandes cheias estão as covas cheias.* (Chaves) / *De quedas e ceias estão as sepulturas cheias.* (Id.) (es) *De comilonas y cenas, están las sepulturas llenas.* (Castillo) / *De copiosas cenas están muchas sepulturas llenas; pero de no cenar, muchas más.* (Id.)

13406. **Ás súas ideas o tonto quérelles moito.** (mc: Buciños)

13407. **Auga ao figo e ás peras viño, pero non sea tanto o viño que naden as peras.** [4220] (mc: C.A.)

Var.: *Auga ao figo e ás peras viño.* (Buciños)

(pt) *Água ao figo e à pera, vinho.* (Chaves) (es) *Agua al higo y a la pera, vino.* (Correas) (ct) *Aigua a les figues y a les peres ví.* (Alberola)

13408. **Auga ás moitas, i-estoupas.** [4221] (ms21,06v: Bermés)

13409. **Auga corrediza non garda malicia.** (mc: *Dicc. Ac.*)

Var.: *Auga corrediza, non ten cortesía.* (F.V.S.) [4222] / *Auga corrediza, non ten malicia.* (C.A.) / *Auga corrediza, todo mal desvía.*

13410. **Auga corrente non mata a xente; auga estancada está envenenada.** (mc: J.T.)

Var.: *Auga corrente, non mata a xente.* (M.V.) / *Auga que corre, non mata o home.* / *Auga corrente, non mata a xente; auga parada, ta envelenada.* (L.G.) / *Auga corrente, non mata a xente; auga parada, toda a mata.* (*Terra de Melide*)

(pt) *A água corrente, não mata a gente.* (Chaves) (es) *Agua corriente, no mata gente.* (Castillo) / *Agua corriente, no mata la gente; agua "estancá", la matará.* (Id.) / *Agua corriente, no daña el diente.* (Castillo) / *Agua corriente, no mata la gente; agua sin correr, puede suceder.* (Castillo) (ct) *Aigua corrent, no mata la gent.* (Alberola)

[4217] O orixinal di: *As cousas claras y'as papas raras.* / Atopados xunto cos de *Medicina e higiene*.

[4218] Félix Rodríguez Vieites: *e o checolate*.

[4219] O orixinal di: *As nove deitate home, y as 10 moller s'a tes.*

[4220] ms: *mais non sea...*

[4221] O orixinal di: *Auga as moitas, y'estoupas.*

[4222] ms4: *Auga corredía*.

13411. **Auga corrente non mata a xente.** [4223] (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago)

13412. **Auga de serra e sombra de pedra.** (mc: J.P.)

(pt) *Água de serra e sombra de pedra.* (Chaves) (es) *Agua de sierra y sombra de piedra o peña.* (Correas)

Agua corriente y sombra proyectada por algún terreno elevado, mejor que la de ciertos árboles y matorrales.

13413. **Auga fría e pan quente nunca fixeron o home valente.** [4224] (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

(es) *Agua fría y pan caliente, mata a la gente.* (Castillo)

13414. **Auga mala, fervida e colada.** (mc)

(pt) *Água fervida, tem mão na vida.* (Chaves) (es) *Agua mala, hervida y colada.* (Correas)

Para que el agua no pura adquiera condiciones potables.

13415. **Auga pouca e xamón hasta a boca.** [4225] (mc: J.P.)

(es) *Agua poca, y jamón hasta la boca.* (R. Marín)

13416. **Auga pró figo e prás peras viño.** [4226] (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)

13417. **Auga que corre non mata a home.** (ms21,02v: Bermés)

13418. **Auga que corre nunca mal colle.** (mc: J.P.)

Var.: *Auga que corre, non mata o home.* (M.L.)

Es saludable. Véase *Auga corrente...*

13419. **Auga sin olor, color, nin sabor, e habrá de ver o sol.** [4227] (mc: J.P.)

(pt) *Água que veja o sol: sem cor, sem cheiro e sem sabor.* (Chaves) (es) *El agua sin color, olor, ni sabor, y que la vea el sol.* (Sbarbi) / *El agua no ha de tener olor, color, ni sabor, para beberla mejor.* (Correas) / *Agua buena sin olor, color, ni sabor, y que la vea el sol.* (Correas)

Son cualidades que ha de reunir para ser potable y sana.

13420. **Auga corriente non mata a xente; auga parada tena matada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13421. **Auga corriente no(n) mata la gente; auga encharcada tena matada.** (ms-LU: seminarista anónimo: San Martiño de Mato, Taboada, LU)

13422. **Beber frío e xantar quente.** (mc: Agro)

(es) *Beber, frío; y comer, caliente.* (Castillo) / *Bebe fresco, come caliente, y le dirás a la muerte: detente.* (R. Marín)

13423. **Beber rubio e mexar claro, algo queda.** (mc: Buciños)

13424. **Beber sin comer é cegar e non ver.** (mc: M.V.)

(es) *Beber sin comer, maña de ranas es.* (R. Marín)

13425. **Beber sin comer é cegar sin ver.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13426. **Beber viño e non comer é cegar e non ver.** (ms14,17)

13427. **Ben lle vai ó home mentras bebe e come.** (mc: Santiago)

13428. **Bica esfaragullada en auga quente sana a xente.** (ms15,17)

13429. **Bon sarampón tres días pon.** (mc: Parga)

13430. **Brúa o bazo, non hai embarazo.** (mc: Corme)

13431. **Cabeza fría, pés quentes e ventre desembarazado: rirse dos médecos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13432. **Cabeza louca non quere nin touca.** [4228] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

13433. **Cabeza non tes xuicio, corpo chas pagará.** (ms-LU: seminarista anónimo:Illán, Begonte, LU)

13434. **Cabeza sin seso, como hueca ten pouco peso.** (mc)

(es) *Cabeza sin seso, como hueca tiene poco peso.* (R. Marín)

13435. **Cabeza vana non cría canas.** (mc: Carballedo)

(es) *Cabeza sin seso, no encanece el pelo.* / *Cabeza vana non cria.* / *Cabeza vana no cría canas.* (R. Marín)

Vana creencia de muchos, acota Castillo.

13436. **Cacheliña de san Pedro, que non me morda cadela nin perro.** (mc: Santiago)

[4223] ms-SA (Eliseo) *E auga corriente*. Eliseo López Varela recolle varios refráns introducidos pola conxunción *e*. Probablemente o informante díxollos en serie e el anotou a conxunción que os enlazaba.

[4224] V. *Auga fría e pan quente nunca fixeron bon ventre* en *Pan* (*Pan caliente*). / ms4: *Augoa*.

[4225] ms: *hastra*.

[4226] ms4: *pros figos*.

[4227] mc: *sin color, olor, nin sabor, e ha de ver o sol*. Jacinto del Prado non recolle o refrán tal e como está no mc. É posible que as diferenzas se deban a un erro de transcrición de Vázquez Saco.

[4228] O orixinal di: *Cabeza louca nin quere nin touca.*

Var.: *Cacheliña de san Xoán, que non me morda cadela nin can.* [4229]

13437. **Cada tolo co seu tema.** (ms-SA: José González Santos: Boa, Camboño, Lousame, C / ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

13438. **Cada tolo coa súa manía i-eu coa miña.** (mc: Carballedo)

(es) *Cada loco con su tema.* (Sbarbi) / *Cada loco con su tema y cada lobo por su senda.* (M.) / *Cada loco con su tema y cada llaga con su postema.* (Correas)

13439. **Cada tolo coa súa teima.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

(es) *Cada loco con su tema y cada llaga con su postema.* (Correas)

13440. **Cada un é médico de si mismo.** (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)

13441. **Cada un estornuda como Dios lle axuda.** (mc: Meilán, Lugo)

(es) *Cada uno estornuda como Dios le ayuda; para el mal de madre es buena la ruda.* (Correas) (ct) *Cada ú estornuda com Deu li ajuda.* (Alberola)

13442. **Calquera chega a tolo e máis tolo é quen o escoita.** (mc: Buciños)

13443. **Can que moito ladra e muller que moito se queixe é millor que se deixe.** [4230] (mc: Buciños)

13444. **Can que moito ladre e muller que moito se queixe, é millor que a deixe.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13445. **Cando a vella engorda, a campana sona.** (ms15,45r: Chantada)

13446. **Cando está de vida, auga fría fai medicina.** (mc: Pombeiro)

(pt) *A quem é de vida, a água, é medicina.* (Chaves) (es) *A quien es de vida, el agua le es medicina.* (Correas) / *A quien es de muerte el agua le es fuerte.* (Castillo)

13447. **Cando hai morte, non hai boa sorte.** (mc)

(pt) *Onde não há morte, não há má sorte.* (Chaves) (es) *Donde no hay muerte no hay mala suerte.* (Correas)

13448. **Cando non hai morte, non hai mala sorte.** (mc: C.G.)

(pt) *Onde não há morte, não há má sorte.* (Chaves) (es) *Donde no hay muerte, no hay mala suerte.* (Correas)

13449. **Cando o enfermo dice "¡ai!", o médico dice "dai".** [4231] (mc)

(pt) *Quando o enfermo diz: "ai", o físico diz "dai".* (Chaves) (es) *Cuando el enfermo dice "ay", el médico dice: "Day".* (Correas)

13450. **Cando o home ten os pés quentes e a testa fría, ríese do médico e da medicina.** [4232] (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *Cabeza fría, pies calientes y culo corriente, dan larga vida a la gente.* (Castillo)

13451. **Cando se acaba a bola, vólvese o tolo á tola.** (mc: Cervantes)

13452. **Canto máis dan ó tolo, máis o tolo quere.** (mc: Buciños)

Var.: *Canto máis dan ó tolo, máis quere.* (M.V.) / *Canto máis dan ó tolo, máis tolo o fan.* (M.V.) / *Canto máis lle dan ó tolo, máis regala o ollo.* (Santiago) / *Canto máis lle dan ó burro, máis o burro quer.* (Santiago)

13453. **Canto máis dan ó tolo, máis quere ou máis tolo o fan.** (ms21,29v: Bermés)

13454. **Canto máis lle dan ó tolo, máis o tolo quere.** (ms-SA: Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C / ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C / ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C / José Lorenzo Viña)

13455. **Canto máis lle dan ó tolo, máis o tolo quer.** (ms-SA: Francisco Ageitos Pérez: Corrubedo, Ribeira, C)

13456. **Canto máis lle dan ó tolo, máis regala o ollo.** (ms: Santiago)

13457. **Canto máis lle dan ó tolo, o tolo máis quere.** (ms-LU: seminarista anónimo: Viveiro, LU)

13458. **Canto mas ó tolo lle dan, máis o tolo quere.** [4233] (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

13459. **Cantos morren sin tos, i-eu, porque a teño, non me leva Dios.** (mc: Parga)

13460. **Cantos morren sin tos, i-eu, que a teño, non me leva Dios.** (ms8,28v: Silvarrey)

13461. **Casi nadie morre de fame, pero de cheas, un enxame.** (mc: Carballedo)

(pt) *De fome ninguém vi morrer, porém a muitos de muito comer.* (Chaves)

13462. **Catarro mal curado, tisis de contado.** (mc: Castroverde)

13463. **Co viño non sinto o espiño.** (ms15,18r)

[4229] ms: *San Juan*.

[4230] ms: *muller que moito se quere*.

[4231] O orixinal di: *Cando o enfermo dice ¡ay!, o médico dice: dai*.

[4232] ms4: *rise d'o médico e mais da medicina*.

[4233] O orixinal di: *Canto mas o tolo lle dan mais o tolo quere.*

13464. **Come ben e ponte gordo e, si chaman por ti, faite o xordo.** [4234] (mc: G.P.)

13465. **Come forte, caga forte e non teñas medo á morte.** [4235] (mc: C.A.)

Var.: *Come forte, durme forte e c*[aga] *forte e non teñas medo á morte.* (C.A. *A Nosa Terra* / ms10,023r: *D.E.*) [4236]

(es) *Comer bien, y cagar fuerte, y no haber miedo a la muerte.* (Castillo) (ct) *Menja bé y caga fòrt y no tingues pòr a la mòrt.* (Alberola)

13466. **Come pouco, cena máis, durme en alto e vivirás.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

(pt) *Come caldo, vive em alto, anda quente, viverás longamente.* (Chaves) (es) *Come poco y cena más, duerme en alto y vivirás.* (Correas) (ct) *Menja pòc y sopa res, dòrm en alt y viurás més.* (Alberola)

Y cena más poco. De *durme en alto*, queda atrás el análogo: *A orella xunto â tella* y *A orella sobre a orella*.

13467. **Comer a fartar, traballar a rabear.** (mc: Tuiriz, Monforte)

13468. **Comer ben e traballar mellor.** [4237] (mc: M.V.)

(ct) *Menjar y treballar, es vida de cristiá.* (Alberola)

13469. **Comer e folgar, bon pelo criar.** [4238] (mc: Ferreira de Pantón)

(es) *Comer y holgar y ansarinos guardar.* (Correas)

13470. **Comer pouco e rabo enxoito.** (mc: M.V.)

Para conservar la salud.

13471. **Comer hasta enfermar e gardar dieta hasta sanar.** [4239] (mc: M.V.)

(pt) *Comer até adoecer, jejuar até sarar.* (Chaves) (es) *Comer hasta enfermar y ayunar hasta sanar.* (Correas)

13472. **Comida descansada e cena paseada.** (mc: Buciños)

(pt) *Depois de jantar dormir, depois de cear passos mil.* (Chaves) / *Depois d'almoçar, deitar, depois de cear, passos dar.* (Chaves) / *Quem ceia e se vai deitar, má noite há-de passar.* (Id.) (es) *Comida reposada y la cena paseada.* (Correas) / *Comida sin siesta, campana sin badajo.* (R. Marín). / *Comida y reposo hacen al hombre fuerte y gordo.* (Id.)

13473. **Como comas así mañá, non morres hoxe.** (ms8,28v: A Cañiza)

13474. **¿Como te fixeche calvo? Pelo a pelo pelando.** (mc: Carballedo)

(pt) *Como te fizeste calvo? Pêlos pelando.* (Chaves) (es) *¿Cómo te hiciste calvo? Pelo a pelo pelando.* (Correas)

13475. **Como te percuras, duras.** (mc: A.S.A.)

(es) *Como te curas, duras.* (Correas) / *Como te curas, ansí duras.* (Id.) (ct) *Com et cures, així dures.* (Alberola)

13476. **Como te percures, duras.** (ms21,31r: Bermés)

13477. **¿Como un cego ha guiar a outro cego?** (ms8,30v: Silvarrey)

13478. **Con brevas e con figos non aproveitan os viños.** (mc: Buciños)

(es) *Sobre brevas no bebas.* (Castillo) / *Sobre brevas, agua no bebas.* (Id.) / *Agua al higo, y a la pera vino.* (Id.)

13479. **Con brevas viño bebas.** (ms21,06v: Bermés)

13480. **Con brevas viño non bebas.** (mc: Villalba)

(es) *Sobre brevas, no bebas.* (Castillo)

13481. **Con peras viño bebas e sea tanto o viño que naden as peras.** (mc: J.T.)

(pt) *Por cima de peras vinho bebas e tanto que nadem as peras.* (Chaves) (es) *Con peras vino bebas* (R. Marín) / *Con peras vino bebas, y sea el vino tanto que ande la pera nadando.* (Sbarbi)

13482. **Con peras viño bebas, pero non tanto que naden as peras.** [4240] (mc: A.S.A.)

(pt) *Por cima de peras vinho bebas e tanto que nadem as peras.* (Chaves) (es) *Con peras vino bebas* (R. Marín) / *Con peras vino bebas, y sea el vino tanto que ande la pera nadando.* (Sbarbi)

13483. **Con peras viño bebas... pero non sea tanto o viño que naden as peras.** (ms21,15r: Bermés)

13484. **Con peras, viño bebas, e con brevas non bebas.** (mc: Chantada)

(es) *Sobre brevas, vino bebas.* (Correas) / *Sobre peras, vino bebas puro, y tanto, que las peras anden nadando.* (Id.) / *Sobre peras vino bebas, y el vino sea tanto, que*

[4234] V. *Come, durme e engorda, e se te chaman, faite a xorda* en *Despreocupación* e en *Sibaritismo*. / ms: *fai o xordo*.

[4235] V. *Comamos, bebamos e runflemos que, ó cabo, morrer temos* en *Despreocupación* e en *Sibaritismo*.

[4236] En ms10 s.v. *Fuerte*.

[4237] ms4: *millor*.

[4238] V. *Come e folga e terás vida boa* en *Sibaritismo* e en *Ocio* (*Encomios del ocio*).

[4239] ms3: *hast'enfermar*.

[4240] ms4: *bebas, non sea tanto que naden*.

las peras anden nadando. (Id.) / *Sobre peras vino bebas, y tanto bebas que naden las peras.* (Correas)

13485. **Con peras, viño bebas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13486. **Con picadura de alacrán chama o cura e o sancristán.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

13487. **Con sopas e papas non vaias lonxe das casas.** [4241] (mc: J.T.)

13488. **Consulta de camiño, resposta de espola.** [4242] (mc: J.T.)

13489. **Corazón forte a seu dono leva á morte.** (mc: M.V.)

13490. **Corazón forte o seu dono leva á morte.** (ms21,24r: Bermés)

13491. **Corazón qu'a seu dono é forte, leva á morte.** (ms18,52r: *Vida Gallega*)

13492. **Corpo estirado non cría chepa.** (ms)

13493. **Cura novo e médico vello.** (mc: Palas de Rey)

(pt) *Médico velho; advogado novo.* (Chaves) (es) *Médico, viejo; cirujano, joven; y boticario, cojo.* (Castillo)

13494. **De banquetes e grandes ceas están as sepulturas cheas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13495. **De boas ceas, sepulturas cheas.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13496. **De can dañado, de caldo recalentado e de amigo reconciliado líbrenos Dios.** (mc: J.T.)

(pt) *De amigo reconciliado e de caldo requentado, nunca bom bocado.* (Chaves) / *De caldo requentado e de vento de buraco, guarda-te deles como do diabo.* (Chaves)

13497. **De corenta anos para arriba nin te cases nin te embarques nin te molles a barriga.** (mc: Buciños)

(pt) *De quarenta arriba não molhes a barriga.* (Chaves) (es) *De cuarenta para arriba, ni te cases, ni te embarques, ni te mojes la barriga.* (R. Marín)

13498. **De corenta anos pra riba non te cases nin t'embarques, nin te molles a barriga.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13499. **De corenta para arriba no te molles a barriga.** [4243] (mc: C.A.)

(pt) *De quarenta arriba não molhes a barriga.* (Chaves) (es) *De cuarenta para arriba, no te mojes la barriga.* (Sbarbi)

13500. **De duras unha poutada, hai enfermedá condenada.** [sic] (mc: Santiago)

13501. **De grandes ceas están as sepulturas cheas e, de pasar sin elas, sepulturas a rodar.** (ms9,08v: Bolaño)

13502. **De grandes ceas, sepulturas cheas.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)

(pt) *Das grandes cheias estão as covas cheias.* (Chaves) / *De quedas e ceias estão as sepulturas cheias.* (Id.) (es) *De grandes cenas, están las sepulturas llenas.* (Castillo)

13503. **De loucos algunha vez sal cousizo.** [4244] (ms21,32v: Bermés)

Cousizo (consejo).

13504. **De médico, poeta e tolo todos temos algo.** (mc: Lugo)

(pt) *De médico, engenheiro e louco, todos temos um pouco.* (Chaves) (es) *De médico, poeta y loco, todos tenemos un poco.* (Castillo)

13505. **Deitar cedo e erguer cedo.** (mc: J.T.)

Var.: *Escudeiro mancebo, déitase tarde, érguese cedo.*

(pt) *Deitar cedo e cedo erguer dá saúde e faz crescer.* (mc: R. Marín / ms: Chaves) [4245] / *O escudeiro, deita-se tarde e levanta-se cedo.* (Chaves) (es) *Acostarse temprano y levantarse temprano, siempre es sano.* (Castillo) / *Acostarse y levantarse temprano, es bueno en el invierno y en el verano.* (Id.) / *Acostarse temprano y levantarse temprano, hace al hombre activo, opulento y sano.* (Sbarbi)

13506. **Deixar de comer por haber comido non é enfermedá de peligro.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

13507. **De san Miguel a san Miguel, deitarse cedo e deixar muller.** (mc: M.V.)

(*ct*) *De sant Miquel a sant Miquel, ni rosari ni muller.* (Sanchis)

Desde la Aparición de San Miguel (8 de mayo), a la fiesta de su Dedicación (29 de setiembre).

[4241] V. *O que come papas e ara con vacas, non pode salir do pé das casas* en *Papas*.

[4242] V. tamén *Consejo oportuno y consejo tardío*.

[4243] ms: *mollel'a*.

[4244] O orixinal di: *De loucos algun'ha vez sal cousizo* (*consejo*).

[4245] Chaves recolle o refrán pero non o atopamos entre os de R. Marín.

13508. **Descansa o corazón contando a súa pasión.** (mc)

13509. **Despois das dez deixa a noite pra quen é.** (mc)

(es) *A las diez, deja la calle para quien es.* (Sbarbi) / *La vida es el mayo de todos los bienes.*

13510. **Despois de comer nin unha carta ler.** (mc: Buciños)

Var.: *Despois de comer, nin sobre ler.* (Buciños)

(pt) *Depois de comer, nem uma carta ler.* (Chaves) (es) *Después de comer, ni un sobrescrito leer.* (R. Marín)

13511. **Despois de fortes dolores hai malos humores.** (mc: Santiago)

Var.: *Despois de fortes dolores, hay revolución e malos humores.*

13512. **Din que non comer por ter comido non é mal de peligro.** (ms4: F.V.S.)

13513. **Dios nos libre de morte de fouce, que a de machado non é boa.** (mc: J.T.)

13514. **Disculpa quere a morte e non sabe de qué sorte.** [4246] (mc: A.N.)

(es) *Disculpa quiere la muerte.* (R. Marín)

13515. **Dispois qu'un morra, escusa caldos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13516. **Durme e repousa, e non tema-la mala cousa.** [4247] (mc: C.A.)

13517. **Durme na palla tan ben que na cama, quen ten a concencia sana.** (mc: C.A.)

13518. **É millor podrido que mal comido.** (mc: Buciños)

13519. **É millor quecer que toser.** (ms5,141: Carballedo)

(es) *Más vale sudar que toser y más sufrir que gemir.* (Correas)

13520. **Ehí vén san Pedro co seu perro.** (ms4: E.C.)

13521. **En ano bon e malo ten o vientre ben arreglado.** [4248] (mc: Carballedo)

13522. **En bon ano e malo, ten o teu vientre ben arreglado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13523. **En canto dura, vida e dulzura.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

13524. **En canto o home come, non morre.** (mc: Santiago)

13525. **En Conxo non están todos os que deben.** [4249] (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro: Muxía, C)

13526. **En maio, xunio, xulio e agosto, nin caracoles nin mosto.** [4250] (mc: Santiago)

13527. **En meses que teñan "r", en pedra non te sentes.** [4251] (ms15,03)

13528. **En tellado vello todas son pingadas.** (mc: J.T.)

Suele aplicarse figuradamente a los muchos achaques que pesan sobre la vejez.

13529. **En terra de cegos o torto é rei.** [4252] (mc e ms: A.S.A. / ms21,03r: Bermés)

(pt) *Na terra dos cegos quem tem um olho é rei.* (Chaves) (es) *En tierra de ciegos el tuerto es rey.* (Sbarbi) / *En tierra de mudos son cicerones los tartamudos.*

El que sabe poco sobresale entre los ignorantes.

13530. **Esta auga todo cura, menos a loucura.** (mc)

13531. **Estar sudando e beber auga fría, ou catarro ou pulmonía.** (ms8,29r: La Cañiza)

13532. **Fabas en flor, loucos en vigor.** (mc)

(es) *Habas en flor, locos en vigor.* (Sbarbi)

13533. **Fai a noite, noite, i-o día, día e vivirás con alegría.** [4253] (mc: C.G.)

(pt) *Faze da noite, noite e do dia, dia, viverás com alegria.* (Chaves) (es) *Haz la noche, noche, y el día, día, y vivirás con alegría.* (Correas)

13534. **Fai a porta ó solano e vivirás sano.** [4254] (mc: J.P.)

13535. **Flaco, e non de fame, non hai gordo que lle gane.** (mc: Santiago)

13536. **Hai dúas cousas no mundo que non se poden comprender: o cura condenarse e o médico morrer.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13537. **Hasta o corenta de maio non quíte-lo saio.** [4255] (mc: J.T.)

(es) *Hasta el cuarenta de mayo, no te quites el sayo.* (Correas)

[4246] ms4: *Disculpa quer a morte*.

[4247] O orixinal di: *Durme e repousa, e non temal-a mala cousa.*

[4248] ms4: *o teu vientre*.

[4249] S·: *En Conxol*. V. *Os que están tolos non están en Conxo todos*.

[4250] ms: *mayo, junio, julio*.

[4251] Este parece de J.P.

[4252] ms: *rey*.

[4253] ms: *y o*.

[4254] Jacinto del Prado rexistra o refrán coa forma *á porta ó solano è vivirás*.

[4255] O orixinal di: *Hasta o corenta de maio, non quitel-o saio*.

13538. **Home que come soso vive moito ou será achacoso.** [4256] (mc: Buciños / ms: Santiago)

13539. **Home que come salado morre logo ou será sano.** (mc: Santiago)

13540. **Honra a teu médico antes que o necesites.** (mc: Buciños)

13541. **Leite de cabra e leite de burra danse camiño da sepultura.** [4257] (mc: M.L. / ms10,032v: *D.E.*)

13542. **Louco, mais non de todo.** (mc)
(pt) *Tolo é Afonso, mas não de todo.* (Chaves)

13543. **Mágoas alleas matan os asnos.** (mc: C.A.)
(pt) *Cuidados alheios, matam o asno.* (Chaves) (es) *Cuidados ajenos matan al asno.* (Sbarbi)
Es de necios preocuparse de ajenos negocios.

13544. **Mágoas alleas matan os burros.** (mc: L.G. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Lit.Gall.*,2ªed,1911)

13545. **Máis corre un trenco que un manco.** [4258] (mc: C.A.)
(es) *Más corre un cojo que un sano.* (Sbarbi)

13546. **Mais corrente é o recetar que o curar.** (ms18,31r)

13547. **Máis corrente é recetar que curar.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(es) *Más fácil es recetar, que curar.* (Castillo)

13548. **Máis cura a dieta que a lanceta.** [4259] (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)
(pt) *Mais cura a dieta que a lanceta.* (Chaves) (es) *Más cura la dieta, que la lanceta.* (Castillo) (ct) *Més cura la dieta que la llanceta.* (Alberola)

13549. **Máis sabe o tolo na súa casa que o cordo na allea.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(pt) *Mais sabe o tolo no seu que o avisado no alheio.* (Chaves) (es) *Más sabe el loco en su casa que el cuerdo en la ajena.* (Correas)

13550. **Máis val preñada que cega.** (mc: M.L.)

13551. **Máis val vergonza na cara que dolor no corazón.** (mc: Layosa)
(pt) *Máis vale vergonha na cara que mágua no coração.* (Chaves) (es) *Más vale vergüenza en cara, que mancilla en corazón.* (Correas) (ct) *Més val vergonya en la cara, que dolor en el còr.* (Alberola)

13552. **Máis vale de vivo oler a touro que de morto a ouro.** [4260] (mc: C.A.)
(es) *Más vale oler a burro, que a muerto.* (Castillo) / *Más vale oler vivo a mierda, que muerto a incienso y cera.* (Id.)

13553. **Máis vale tolo que necio.** (mc: Buciños)
(es) *Más vale loco, que necio.* (Castillo)

13554. **Mal alleo, tal mo din e tal o creo, mais, o meu, sinto de seu.** [4261] (mc e ms4: A.C. *A Nosa Terra* / ms18,32r)

13555. **Mal de costas e pior de lado, dinme que son fillo dun azoutado.** (mc: Pidre)

13556. **Mal de costas e pior de lado.** [4262] (ms: G.P. / ms4: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

13557. **Mal de costas, pior de lado.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13558. **Mal de moitos, consolo de bobos.** [4263] (mc e ms4: M.V. / ms4: F.V.S. / ms21,19r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
(es) *Mal de muchos, consuelo de tontos.* (R. Marín)

13559. **Mal de mulleres, coxeadela de can.** [4264] (ms4 e mc: J.T.)
En cuanto que lo fingen fácilmente.

13560. **Mal de quen morre.** (mc: Monforte)

13561. **Mal ocultado nunca será ben curado.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *Mal ocultado, nunca bien curado.* (Castillo)

13562. **Mal sono dorme aquel que veneno come.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

13563. **Mal sono dorme quen veneno colle.** (mc e ms4: M.V. / ms4: F.V.S. / ms21,29r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

[4256] ms: *e será*.
[4257] En ms10 s.v. *Leche*.
[4258] ms4: *un tren que*.
[4259] ms: *qu'a*.
[4260] mc: *que morto, a ouro*.
[4261] ms4 e ms18,32r: *mais o meu o sinto de seu*. V. *Mal alleo, tal mo dis, tal cho creo pero o meu síntoo de seu*.
[4262] ms4 e ms-LU: *peor*.
[4263] ms4, ms-LU (Lugo), ms-LU (Buciños), ms-LU (Outeiro de Rei), ms-LU (Ferreira de Pantón) e ms21,19r: *consuelo*. / V. *Mal de moitos, consolo de bobos* en *Penas y dolores*.
[4264] mc: *coxadela*. / V. *En coxeira de can e bágoas de muller n'hai que creer* en *Desconfianza* (*Quienes inspiran mayor desconfianza*) e en *Perros*.

13564. **Males alleos non privan do sono.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(pt) *Mal alheio não pesa a quem não o tem.* (Chaves) (es) *Mal ajeno no me causa desvelo.* (R. Marín)

13565. **Media vida é a candela, pan e viño a outra media.** [4265] (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S. / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
Var.: *Media vida na candela, pan e viño a outra media.* (J.P.)
(pt) *Meia vida é a candeia e pão e vinho a outra meia.* (Chaves) (es) *Media vida es la candela, pan y vino la otra media.* (Correas) / *Media vida es la candela; pan y vino, vida entera.* (Id.) / *Media vida es la candela; y el vino la otra media.* (Id.)

13566. **Médicos novos e abogados vellos.** [4266] (mc e ms: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13567. **Mentramentes hai vida, hai esperanza.** (mc: C.A.)
(pt) *Emquanto há vida, há esperança.* (Chaves) (es) *Mientras hay vida, hay esperanza.* (Sbarbi) (ct) *Mentres hi ha vida, hi ha esperança.* (Alberola)

13568. **Mentras hai vida hai remedio.** (mc: Buciños)

13569. **Mentras poidas estar sentado, non esteñas levantado.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)
(es) *Mientras puedas estar sentado, no estés levantado.* (R. Marín)

13570. **Mentras vista teñas, cego non señas.** (ms15,12)

13571. **Mordedura de alacrán, chama ao crego e coce pan.** (ms-SA: R. Celso Rodríguez Rodríguez)

13572. **Mordedura de escorpión, coce pan e colle o legón.** (ms-SA: R. Celso Rodríguez Rodríguez)

13573. **Morrendo i-adeprendendo.** [4267] (mc: F.L.)

13574. **Morte duns, vida doutros.** (mc: Buciños)
(pt) *Morte de lobo, saúde de rebanho.* (Chaves)

13575. **Morte dun, esterco doutro.** (mc: J.T.)
(es) *La muerte es la fuente de la vida: unos mueren para que otros vivan.* (R. Marín)

13576. **Morto o can acabou a rabea.** [4268] (mc: J.T.)
(es) *Muerto el perro, se acabó la rabia.* (Castillo)

13577. **Muller sudada, muller curada.** (mc: Lugo)
Que dio a luz.

13578. **N'hai pior xordo có que non queira oír.** (ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

13579. **Na aldea, cando vén o médico i-o cura, morte segura.** (mc: Sober)

13580. **Na forxa non toques e na botica non probes.** (mc: Buciños)
Var.: *O que na forxa apalpa e na botica proba, pouco sentido ten na cachola.*

13581. **Na terra dos cegos o que ten un ollo é rei.** (ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

13582. **Na terra dos cegos o que ten un ollo é un rei.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)
(pt) *Na terra dos cegos quem tem um olho é rei.* (Chaves) (es) *En la tierra* (o en la casa o ciudad) *de los ciegos el tuerto es* (o llaman) *rey.* (Correas) (ct) *En la tèrra dels cegos, el tòrt es el rey.* (Alberola)
Como *En terra de cegos...*

13583. **Na terra dos cegos o que ten un ollo xa ve.** (mc: Santiago)

13584. **Na terra dos cegos o torto é o rei.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / ms-SA: José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)

13585. **Na terra dos cegos o torto é rei.** (ms-LU: Antonio Vázquez Paredes: Vilalba, LU)

13586. **Na terra dos cegos un tonto**[sic] **é un rei.** (ms-SA: José Barca Sanmartín: Santa Minia de Brión: Brión, C)

13587. **Na terra dus tontos o que ten ollo é rei.** (ms-SA: Emilio Segade Vidones)

13588. **Neno que bebe auga que non corre, logo morre.** (ms15,15)

13589. **Nenos e loucos dicen verdades.** (ms)

13590. **Nin bo coxo nin bo noxo.** (mc: A.S.A.)

13591. **Nin de moza nin de vella non se sente na pedra.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

13592. **Nin de moza nin de vella non sentes o cu na pedra.** (mc: *Terra de Melide* / ms: V.R. y A.R.)
Var.: *Nin de nova nin de vella non te sentes nunha pedra.* (J.T.) / *Nin de novo nin de vello,*

[4265] ms: *Media vida una candela*; ms4: *ca candela* / ms-SA: *es la candela i viño la otra*.

[4266] V. *Médico vello e abogado novo* en *Oficios*. / ms e ms-LU: *Médecos*, ms: *y-abogados*; ms-LU: *i-abogados*.

[4267] V. *A vella vai morrendo e mais adeprendendo* en *Edades* (*Ancianidad*).

[4268] V. *Morto o can, morta a rabia* en *Agrícolas* (*Animales*).

nunca te sentes no suelo. (Pidre, Palas-F.V.S.) / *Nin de vello nin de neno, non te sentes no penedo.* (M.V.) / *Nin vello nin de novo te sentes co cu no croio.* (Carballedo / ms4: F.V.S.) [4269]

13593. **Nin de moza nin de vella nunca te deites nas pedras.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

13594. **Nin de nova nin de vella non sénte-lo cu na pedra.** [4270] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13595. **Nin de vello nin de mozo non te sentes na pedra fría, que podes coller unha pulmonía.** (mc: Santiago)

13596. **Nin polo enxoito nin polo mollado non deixes o saio.** [4271] (mc: La Coruña)

13597. **Nin polo enxoito nin polo mollado, non perdas de levar o saio.** (ms8,69v: Betanzos)

13598. **Nin por frío nin por calor non deixes teu cobertor.** (mc: J.P.)

13599. **Nincún tolo se chama tolo a si mismo.** [4272] (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro: Muxía, C)

13600. **Ninguén sentou nunha pedra que falase ben dela.** [4273] (mc: J.T.)

13601. **No mes de maio podes quitar o saio.** [4274] (ms-LU: Félix Rodríguez Vieites)

13602. **No país dos cegos o torto é rei.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13872. **Si te roi a adesa, encende a vela e pon a mesa.** (mc: A.N.)

(es) *Si te pica el alacrán no comerás mucho pan; si la víbora, no vivirásmedia hora; si el escorpión, coge la pala y el azacón; y si te muerde la paniquesa, cerca está ya de la fuesa.* (R. Marín: Aragón) / *Si te pica la salamanquesa, toma la pala y vete a la iglesia.* (Castillo) (ct) *Picada de salamandra, toc de campana.* (Ricart)

Hay amplias correspondencias en el refranero castellano, de las que entresacamos las más afines.

13873. **Si te roi un alacrán, busca cera e mais o pan, e si te roi a adelouciña, buscaos inda máis axiña.** [4378] (mc e ms4: M.L. / ms4: F.V.S.)

Var.: *Si te roe o alacrán, buscarás a cera e mailo pan, e si te roe a delouciña, buscaralo máis axiña.* (ms5,136: Mondoñedo, Mayan) / *Si te roe o alacrán, busca viño e busca pan que mañá te enterrarán; si te roe a donicela, pon a sábana i-a vela*. (mc: A.N.)

(es) *Si te pica el alacrán no comerás mucho pan; si la víbora no vivirás media hora, si el escorpión, coge la pala y el azadón; y si te muerde la paniquesa, cerca estás ya de la fuesa*. (R. Marín: Aragón) / *Si te pica el alacrán; campanitas a doblar.* (R. Marín) / *Si te muerde el alacrán, traigan la manta y el cabezal.* (Id.) / *Si te pica el alacrán que te cante el sacristán.* (R. Marín / Castillo) / *Si te pica el alacrán, llama a cura y sacristán*. (Castillo)

Adelouciña, variante de delouciña que tampoco se ha recogido en nuestros Diccionarios.

13874. **Sin pan e carne non hai bon sangue.** (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

(es) *Sin pan ni carne, no se sustenta buena sangre.* (Castillo)

13875. **Sobre brevas, auga non bebas.** (mc: J.P.)

(es) *Sobre brevas, agua no bebas.* (Castillo) / *Sobre brevas no bebas* (agua). (Correas) / *Sobre brevas, vino bebas.* (Id.)

13876. **Sopas de leite e bon viño póñenme noviño.** (mc: Lugo)

13877. **Sopas de pan e viño fan do vello mociño.** (mc: Páramo)

Var.: *Queixo, leite, ovos, viño fan do vello mociño.* (J.P.)

13878. **Tendo salú e comendo ben, o traballar non mata a ninguén.** (mc: M.V.)

Var.: *Tendo salú e comendo ben, o traballo non mata a ninguén.* (J.T.)

13879. **Todos temos un leiro en Toledo.** [4379] (mc: Viana, Chantada-F.V.S. / ms14,17)

Toledo, derivado popular de *tolo*, y el refrán equivale al cast.: *De músico, poeta y loco, todos tenemos un poco*.

13880. **Tres horas dorme o que é santo e catro o que non é tanto.** [4380] (mc: Santiago)

13881. **Un cego non pode levar a outro pola man.** (mc: Buciños / ms18,65v: Santiago)

(es) *Si un ciego guía a otro ciego, ambos dan en el hoyo.* (Sbarbi) / *Un ciego mal guía a otro ciego.*

Conocido proverbio bíblico que, además de su sentido directo, se aplica figuradamente a quien se deja aconsejar de personas sin prudencia.

13882. **Un cura condenarse i-un ciruxano morrer, dúas cousas malas de creer.** [4381]

[4377] ms-SA (Manuel C.): *che pica, sacristán*.

[4378] ms4(F.V.S.): *busca cera e moito pan, buscos inda*; ms4: *e mail-o pan, busc'os*.

[4379] ms14,17: *Todos timos*.

[4380] ms: *o qu'é santo*.

(mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13883. **Un ovo sin sal, dúas veces fai mal.** ()

13884. **Un ovo sin sal, sete anos fai mal.** (ms: Sta. Eugenia de Asma)

13885. **Un tolo é malo facelo, pro despois fai rir a xente.** (mc: Meilán)

13886. **Un tolo nunca deixou a casa en paz.** (mc: Sarria)

13887. **Unha xordeira ben adeministrada val máis que unha criada.** [4382] (mc: Carballedo)

13888. **Unha xordeira ben administrada vale máis que unha boa criada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

13889. **Val máis bon médico que bon crédito.** (mc: Tuiriz, Monforte)

13890. **Vale máis algo podrido que non todo comido.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pol, LU)

13891. **Vale máis un bon médico que un bon crédito.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

13892. **Vale máis podrido que mal comido.** (ms8,05r: Silvarrey)

13893. **Vale moito unha xordeira ben administrada.** [4383] (mc: Tuiriz, Monforte)

13894. **Vello que hincha e mozo que mirra, pouca vida.** (mc: M.V.)

13895. **Vello que hincha, logo revincha.** [4384] (mc: M.L.)

Var.: *Vello que hincha, na cova revincha.* (A.N.)

13896. **Vén a morte e non sabe de qué sorte.** [4385] (mc: A.S.A. / ms10,043r: *D.E.*)

(es) *No hay más que una muerte; pero hay muchas muertes.* (Sbarbi) / *Muerte cierta, hora incierta.* (R. Marín)

13897. **Ves o porco, ves o teu corpo.** (ms5,029)

13898. **Villao farto, pé durmente.** (mc: A.S.A.)

Var.: *Barriga quente, pé dormente.* (J.P.) [4386]

(pt) *Barriga farta pé dormente.* (Chaves) / *Barriga quente pé dormente.* (Chaves) (es) *Barriga caliente, pie durmiente.* (Correas)

13899. **Villás farto, pé durmente.** (ms21,08r: Bermés)

13900. **Viño bon e home valente pouco duran.** [4387] (mc: Tuiriz, Monforte-F.V.S.)

(pt) *Valentes e vinho bom, duram pouco.* (Chaves) (ct) *Hòme valent y bota de ví, pronte donen fí.* (Alberola)

13901. **Viño con mel sabe mal pero fai ben.** (mc: *Vida Gallega*)

13902. **Viño de cuba grande e caldo de pote pequeno.** (mc: Aguada, Carballedo / ms4: F.V.S.)

Tienen el mejor sabor.

13903. **Viño de probe e pan de rico.** (mc: Viana, Chantada-F.V.S. / ms14,17)

13904. **Viño de ricos e pan de pobres.** (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

13905. **Viño do ano n'o bebas, anque sea sobre as frebas.** [4388] (mc: J.P.)

13906. **Viño vello pra beber, médicos vellos pra curar e amigos vellos pra tratar.** (mc: S.P.P.-*Ultreya*)

(pt) *Vinho, aceite e amigo, o mais antigo.* (Chaves) (es) *Vino, amigo, tocino y aceite, los más viejos prefiero.* (R. Marín)

13907. **Viño blanco e muller, o primeiro que viñer.** (mc: M.V.)

13908. **Viruelas e sarampelo, tres veces ó pelo.** (mc: J.T.)

(pt) *Bexigas e serampelo, três vezes vem ao pêlo.* (Chaves)

13909. **Vou tomar os baños que, si non me sanan, lavo.** (ms5,121: Trapero)

13910. **Xorobas e manías cúranse con milagros.** (mc: Buciños)

Da a entender lo difícil que es curarlas.

Causas y efectos

13911. **O que non nace, non morre.** (mc e ms4: J.T. / ms4: F.V.S.)

Var.: *O que non nace, non morre, y-o que non anda, non tropeza.* (Buciños-F.V.S.)

(es) *Quien no anda no tropieza.* (R. Marín)

(ct) *El que no va no entropeça.* (Alberola)

MÉDICOS. V. tamén *Medicina. Higiene, Oficios*.

13912. **De médico, poeta e louco, todos temos un pouco.** (ms10,038v: *D.E.*)

13913. **Médico inocente mata moita xente.** (ms10,038v: *D.E.*)

13914. **Nin médico mozo nin barbeiro vello.** (ms10,038v: *D.E.*)

13915. **O médico e o abogado non-o traias enganado.** (ms10,038v: *D.E.*)

[4381] ms: *y-on, duas cosas*; ms-LU: *i-on, malas de creer*.

[4382] ms: *administrada*.

[4383] mc: *adeministrada*.

[4384] V. *A vella que hincha, na cova rincha* en *Edades* (*Ancianidad*). / ms4: *logo rincha*.

[4385] En ms10,043r s.v. *Muerte*.

[4386] ms: *durmente*. Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *dormente*.

[4387] ms4: *dura*.

[4388] ms: *sobr'as frebas*.

13916. **Ó médico pagalo e creelo.** (ms10,038v: *D.E.*)
13917. **Ó médico, ó confesor i-ó abogado fálalle craro.** (ms10,038v: *D.E.*)
13918. **O que o médico erra, encóbreo a terra.** (ms10,038v: *D.E.*)
13919. **Se tes médico amigo, quítalle a pucha e mándao á casa do teu amigo.** (ms10,038v: *D.E.*)
13920. **Un médico cura, dous dudan, e tres morte segura.** [4389] (ms15,44)

MEDIDA

13921. **A derradeira medida sempre foi mala de encher.** (ms10,038v: *D.E.*)
13922. **Coa medida que midas, tamén ti serás medido.** (ms10,038v: *D.E.*)
13923. **Como medires serás medido.** (ms10,038v: *D.E.*)
13924. **Nas túas contas, medidas acuguladas e, nas alleas, sempre axustadas.** (ms10,038v: *D.E.*)
13925. **Non se pode medir todo por un igual.** (ms10,038v: *D.E.*)

MEJOR

13926. **Millor é baixarse que descabezarse.** (ms10,040r: *D.E.*)
13927. **Millor é crebarse que rebaixarse.** (ms10,040r: *D.E.*)
13928. **Millor é non saber que mal saber.** (ms10,040r: *D.E.*)
13929. **Millor é que digan quen está alá que quen está acá.** (ms10,040r: *D.E.*)
13930. **Millor se garda o que con traballo se gana.** (ms10,040r: *D.E.*)

MEMORIA

13931. **Memorias sin diñeiro molestan ó recadeiro, ó pasaxeiro e ó viaxeiro.** (ms10,039r: *D.E.*)
13932. **O que non ten memoria, ten que ter pés.** (ms10,039r: *D.E.*)

MENGUANTE. V. tamén *Luna*.

13933. **No minguante da lúa non sementes cousa algunha.** (ms10,040r: *D.E.*)

MENTA

13934. **Non sei que ten a menta, que nunca mal senta.** (ms10,039r: *D.E.*)

MENTIRA. V. tamén *Falsedad*.

13935. **A alpargata i-a mentira, en vez de encoller, estira.** [4390] (mc: Lulle, Samos)
13936. **A la i-a mentira sempre estira.** [4391] (mc: Lulle)
13937. **A mentir logo se adeprende.** [4392] (mc, ms3 e ms4: M.V. / ms10,040r: *D.E.*)
13938. **A mentira de algo é filla.** [4393] (mc: M.V.)
(es) *La mentira es hija del diablo.* (R. Marín) / *ms: Sbarbi* / *La mentira, del diablo es hija.* (mc: Sbarbi / ms: R. Marín)
13939. **A mentira e o comprar anda á par.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
13940. **A mentira e o comprar andan á par.** (mc: Tuiriz, Monforte)
13941. **A mentira i-o señor, canto máis grande, mellor.** [4394] (mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
13942. **A mentira presto é collida.** [4395] (mc: Tuiriz, Monforte / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
(pt) *A mentira sempre é vencida.* (Chaves)
(es) *La mentira anda con muletas, y la verdad sin ellas.* (R. Marín)
13943. **A mintira anda barata.** [4396] (ms10,040r: *D.E.*)
13944. **A mintira e a troita queren ser gordas.** [4397] (ms10,040r: *D.E.*)
13945. **A mintira é de cristal e por ela traslócese a verdá.** [4398] (ms10,040r: *D.E.*)
13946. **A mintira logo é collida.** [4399] (ms10,040r: *D.E.*)
13947. **A mintira non paga alcabela e mais hai quen ten conta dela.** [4400] (ms10,040r: *D.E.*)
13948. **A mintira non ten pés e non para de correr.** [4401] (ms10,040v: *D.E.*)
13949. **A mintira non ten pés nin ten cabeza.** [4402] (ms10,040r: *D.E.*)

[4389] Indica *Médicos*. V. *Oficios*.

[4390] ms: *alparagata y a*.
[4391] ms: *y a*.
[4392] ms3 e ms4: *logo un deprende*; ms10: *A mintir*. En ms10 s.v. *Mentir*.
[4393] ms: *d'algo*.
[4394] ms: *y o*; ms4: *mintira*; ms-LU: *mintira millor*.
[4395] ms-SA: *cullida*.
[4396] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4397] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4398] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4399] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4400] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4401] En ms10 s.v. *Mentir*.

13950. **A mintira nunca ten moita vida.** [4403] (ms10,040v: *D.E.*)

13951. **A quen esté afeito a mentir, non lle dar creto.** (ms18,19r)

13952. **A quen esté afeito a mentir, non lle des creto.** [4404] (mc: C.A.)

(pt) *Quem mente três vezes, não é acreditado uma.* (Chaves) (es) *A quien una vez miente, no se le ha de dar entera fe otra vez.* (Correas)

13953. **A rapaciño mentireiro non perdóne-las azoutas.** [4405] (mc: M.V.)

13954. **Cai máis pronto o mentireiro có coxo.** (ms21,04v: Bermés)

13955. **Cai máis pronto un mentiroso c'on coxo.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

13956. **Caise máis axiña un mentiroso c'on coxo.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)

13957. **Cazadores, xastres e zapateiros son os máis mintireiros.** [4406] (ms10,040v: *D.E.*)

13958. **De largas terras, barallas gordas.** (mc: Buciños)

Var.: *De longas terras, barallas gordas.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

(pt) *De longas vias, longas mentiras.* (Chaves) (es) *De lejanas regiones, mentiras a montones.* (Correas) (ct) *De tèrres apartaes, mentires a pataes.* (Alberola)

13959. **Di mintira e sacarás verdá.** [4407] (ms10,040v: *D.E.*)

13960. **En terra allea, o que moito se confesa, máis penitencia leva.** [4408] (ms4 e mc: C.A.)

13961. **Faille caso a Mateo que minte como eu.** (ms-SA: Manuel Rodríguez Gamallo: Tomonde, Cerdedo, PO)

13962. **Hasta a primeira, por non mentir, que é palabra de cumplir.** (ms: Sta. Eugenia de Asma)

13963. **Máis corre un coxo que un mentireiro.** (ms18,54r: *Vida Gallega*)

13964. **Máis corre un coxo que un mentiroso.** (mc: R. Caruncho)

(pt) *Mais depressa se apanha um mentiroso que um coxo.* (Chaves) (es) *Más presto se coge un mentiroso que un cojo.* (Sbarbi) (ct) *Més pronte s'agarra a un mentirós qu'a un coixo.* (Alberola)

13965. **Máis pronto se pilla a un mentiroso c'on coxo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13966. **Máis val dicir mentiras que parezan verdades que verdades que parezan mintiras.** [4409] (ms10,040v: *D.E.*)

13967. **Mentir n'é habilidá.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13968. **Mentireiro con gracia gusta escoitalo.** [4410] (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

Var.: *Mentir con gracia quer sabidencia.* (C.A.-*A Nosa Terra*)

(es) *Mentiras hay que dan gusto.* (R. Marín)

13969. **Mete mintira e sacarás verdá.** [4411] (ms10,040v: *D.E.*)

13970. **Minte canto quer e esbardalla canto pode.** [4412] (ms10,040r: *D.E.*)

13971. **Mintir con gracia quere sabencia.** [4413] (ms10,040r: *D.E.*)

13972. **Mintir non é deshonra, mais é cousa de mala persoa.** [4414] (ms10,040r: *D.E.*)

13973. **Mintireiro con labia quer certa gracia.** [4415] (ms10,040v: *D.E.*)

13974. **Mintireiro de gracia quer moita labia.** [4416] (ms10,040v: *D.E.*)

13975. **Na boca do mentiroso o certo faise dudoso.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

Var.: *De boca do mentiroso, o certo faise dudoso.* (Buciños)

(es) *Es pena del mentiroso que, cuando dice la verdad no se le cree.* (Sbarbi) / *El mentiroso, no es creido cuando dice la verdad.* (Id.) (ct) *Del mentirós, ningú creu les veritats.* (Alberola)

13976. **No mintir n'hai regra.** (mc: Buciños)

13977. **Non minte, non sabe o que sinte.** [4417] (ms10,040r: *D.E.*)

13978. **O mentir n'é habilidá.** [4418] (mc: M.V. / ms21,26r: Bermés)

Var.: *O mentir non é habilidá senón deci-la verdá.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

[4402] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4403] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4404] ms4: *está, dar creto*.
[4405] O orixinal di: *A rapaciño mentireiro, non perdonel-as azoutas.* / mc: *mintireiro*.
[4406] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4407] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4408] mc: *muito se confesa*.
[4409] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4410] ms4: *Mintireiro*.
[4411] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4412] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4413] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4414] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4415] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4416] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4417] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4418] ms21,26r: *non é*.

13979. **O mintir e o compadrar, andan á par.** [4419] (ms10,040r: *D.E.*)

13980. **O mintir non ten alcabala, por eso o usan tantos noramala.** [4420] (ms10,040r: *D.E.*)

13981. **O mintir pide memoria.** [4421] (ms10,040r: *D.E.*)

13982. **Ó mintireiro, cando di a verdá, ninguién creto lle dá.** [4422] (ms10,040v: *D.E.*)

13983. **O que compra e mente, a faltriqueira llo sente.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

13984. **O que compra e minte, a bolsa llo sinte.** [4423] (ms21,07v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13985. **O que compra e minte, na súa bolsa o sinte.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

13986. **O que compra e minte, o bolsillo llo sinte.** (ms8,12v: O. de Rey)

13987. **O que dixo que nunc'a nadia pediu, mintiu.** (ms15,16)

13988. **O que merca e minte, a bulsa llo sinte.** (mc: M.L.)

(pt) *Quem compra e mente, na bolsa o sente.* (Chaves) (es) *Quien merca e miente, su bolsa lo siente.* (R. Marín)

13989. **O que minte e come pescado, ten que ter moito cuidado.** (ms8,57r: Breijo)

13990. **O que o seu mal pon a outro, aínda non sabe pouco.** (ms21,16r: Bermés)

13991. **O que paga e minte, a carteira llo sinte.** [4424] (ms-SA: José Campos Lourido: Santo Ourente de Entíns, Outes, C)

13992. **O que perde algo e di que non-o sinte, minte.** (ms15,15)

13993. **O que quere saber, mentiras nel.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

(es) *A quien quiera saber, mentiras en él.* (R. Marín) / *A quien quiera saber, poquito y al revés.* (Id.)

13994. **O que se vai confesar e mentiu, éralle mellor non ir.** (ms8,46r: O. de Rey)

13995. **O que sempre minte, nunca engana.** [4425] (ms10,040r: *D.E.*)

13996. **O que seu mal achaca a outro, din que non sabe pouco.** [4426] (mc: J.P.)

13997. **O que vende e mente, a bolsa llo sente.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

13998. **O vello mente ben na súa terra; o mozo na allea mente que rabea.** (mc)

(pt) *Velho na sua terra e o moço na alheia, sempre mentem de uma maneira.* (Chaves) (es) *El viejo en su tierra y el mozo en la ajena, mienten de una manera.* (R. Marín)

13999. **Onde un ha d'ir, non ha de mentir.** [4427] (mc: M.V. / ms21,26r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / Amador Darriba Míguez)

14000. **Os cachelos i-as mentiras, en quente.** (ms5,045: Cebrero)

14001. **Por mintir e andar en coiro non azoutan.** [4428] (ms10,040r: *D.E.*)

14002. **Porque lles digo mintiras ben me queren as viciñas.** [4429] (ms10,040v: *D.E.*)

14003. **Pregúntalle a Mateu se minte coma eu.** (ms21,15r: Bermés)

14004. **Primeiro cai o mintireiro que o coxiliqueiro.** [4430] (ms10,040v: *D.E.*)

14005. **Primeiro cae un mintireiro que un coxo.** [4431] (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Amador Darriba Míguez)

14006. **Primeiro cai un mentiroso que un coxo.** [4432] (mc: Sarria)

Var.: *Cae primeiro o mentiroso que o coxo.* (V.R. y A.R.) [4433]

(pt) *A mentira não tem pés.* (Chaves) (es) *Antes toman al mentiroso que al cojo; o antes cogen al mentiroso.* (Correas) (ct) *Més pronte s'agarra a un mentirós qu'a un coixo.* (Alberola)

Véase *Máis corre un coxo que un mentiroso*.

14007. **Primeiro se colle un mentireiro c'un coxo.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

14008. **Quen de lonxe vén, mente como quer.** [4434] (mc: Carballino / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

[4419] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4420] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4421] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4422] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4423] ms-LU: *mente sente*.
[4424] O orixinal di: *O que paga e minte a cartira llo sinte.*
[4425] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4426] ms4: *o seu mal*.
[4427] ms: *n'ha*; mc: *On de*; ms-LU e ms21,26r: *Ond'un n'ha de mentir* / A. Darriba Míguez: *ha de ir*.
[4428] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4429] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4430] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4431] A. Darriba Míguez: *mentireiro*.
[4432] ms: *cojo*; ms3: *cai*.
[4433] ms4: *Cai*.
[4434] ms-LU: *lexos*.

Porque es difícil comprobar sus afirmaciones.

14009. **Quen de lexos vén, mente como quer.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14010. **Quen di o que sinte, non minte.** (mc: Buciños)

14011. **Quen me minte non me engana.** [4435] (ms10,040r: *D.E.*)

14012. **Quen minte logo se arrepinte.** [4436] (ms10,040r: *D.E.*)

14013. **Quen non sabe mintir, non sabe vivir.** [4437] (ms10,040r: *D.E.*)

14014. **Quen paga e mente, a bolsa llo sente.** (ms-SA: seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)

14015. **Si ó comenzo non dices quén eres, non che creerán todo canto dixeres.** [4438] (mc: Tuiriz, Monforte / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

14016. **Unha mentira ben composta moito val e pouco costa.** (mc: Corme)

14017. **Unha mentira ben composta vale moito e pouco costa.** (ms8,21r: Silvarrey)

14018. **Unha mentira ben posta muito vale e pouco costa.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

14019. **Unha mintira de outra tira.** [4439] (ms10,040v: *D.E.*)

14020. **Unha mintira descobre outra axiña.** [4440] (ms10,040v: *D.E.*)

14021. **¿Estadísticas? en terra allea, que o que millor se confesa maior penitencia leva.** (mc: M.V.)

MERCADO. V. tamén *Comercio*.

14022. **A bo mercador, bo vendedor.** (ms10,039r: *D.E.*)

14023. **Antes quero mercar que rogar.** (ms10,039r: *D.E.*)

14024. **Ben entende aquel que merca e vende.** (ms10,039r: *D.E.*)

14025. **En mercar e vender non hai amigos.** (ms10,039r: *D.E.*)

14026. **Merca casa feita e terra onde nace a herba.** (ms10,039r: *D.E.*)

14027. **Merca por arrobas e vende, se podes, por onzas.** (ms10,039r: *D.E.*)

14028. **Merca que vendas se queres ganar.** (ms10,039r: *D.E.*)

14029. **Mercar tres sardiñas e vender cinco fritidas.** (ms10,039r: *D.E.*)

14030. **Mercar, pagando; e vender, non fiando.** (ms10,039r: *D.E.*)

14031. **Moitos van ó mercado e cada un co seu coidado.** (ms10,039r: *D.E.*)

14032. **Non merques de quen mercou, merca de quen herdou, que non sabe o que custou.** (ms10,039r: *D.E.*)

14033. **Non merques ó conecido nin ó fiado que sairás trompicado.** (ms10,039r: *D.E.*)

14034. **Non se debe mercar o que non se poida pagar.** (ms10,039r: *D.E.*)

14035. **O coiro i-o queixo mercalo a peso.** (ms10,039r: *D.E.*)

14036. **O que merca e fía, non mercará leiras nin viñas.** (ms10,039r: *D.E.*)

14037. **Quen anda de mercado en mercado, un atoparaio bo e outro malo.** (ms10,039r: *D.E.*)

14038. **Quen merca por xunto, mantense de balde se ten boa chave.** (ms10,039r: *D.E.*)

MERDA

14039. **A merda non ten orella.** (ms10,039v: *D.E.*)

14040. **A merda pra que non cheire, deixala estar queda.** (ms10,039r: *D.E.*)

14041. **A merda, bótalle terra pra que non feda.** (ms10,039r: *D.E.*)

14042. **A moita merda fede.** (ms10,039r: *D.E.*)

14043. **Algo ten a merda cando esterca a terra.** (ms10,039r: *D.E.*)

14044. **Cando é moita a merda, moito cheira.** (ms10,039r: *D.E.*)

14045. **Gábate, merda, que ó río te levan.** (ms10,039v: *D.E.*)

14046. **Máis vale ser media merda que merda e media.** (ms10,039v: *D.E.*)

14047. **Val máis ser media merda que merda enteira.** (ms10,039v: *D.E.*)

MESA. V. tamén *Comida*.

14048. **A mesa e a muller, ben forradas, se pode ser.** (ms10,039v: *D.E.*)

14049. **En mesa chea, a andorga chea.** (ms10,039v: *D.E.*)

14050. **Máis quero mesa farta que manteleiría branca.** (ms10,039v: *D.E.*)

14051. **Mesa de catalán, moita vianda e pouco pan.** (ms10,039v: *D.E.*)

[4435] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4436] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4437] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4438] ms-SA: *a o comezo, cho creran*.
[4439] En ms10 s.v. *Mentir*.
[4440] En ms10 s.v. *Mentir*.

14052. **Mesa posta, mesa erguida, que o moito comer fai doer a barriga.** (ms10,039v: *D.E.*)

14053. **Nin mesa sin pan nin soldados sin capitán.** (ms10,039v: *D.E.*)

14054. **Non hai que sentarse á mesa posta sin saber o que costa.** (ms10,039v: *D.E.*)

14055. **Quen ve a mesa posta non sabe o que costa.** (ms10,039v: *D.E.*)

MESÓN

14056. **Cando fores ó mesón que a mesoneira sea túa parenta e o mesoneiro non.** (ms10,039v: *D.E.*)

14057. **Dios me dea mesón que sea da mesoneira e do mesoneiro non.** (ms10,039v: *D.E.*)

14058. **Léveme Dios ó mesón onde mande o mesoneiro e a mesoneira non.** (ms10,039v: *D.E.*)

14059. **Ninguén sería mesoneiro se non fose polo diñeiro.** (ms10,039v: *D.E.*)

14060. **Non te pares no mesón se non tes precisión.** (ms10,039v: *D.E.*)

METER

14061. **Ninguién se meta no que non deba.** (ms10,039v: *D.E.*)

14062. **Ninguién se meta no que non sabe.** (ms10,039v: *D.E.*)

14063. **Ninguién se meta onde non debe.** (ms10,039v: *D.E.*)

14064. **Ninguién se meta onde non-o chamen.** (ms10,039v: *D.E.*)

14065. **Onde outro mete o bico, podes meter ti o fuciño.** (ms10,039v: *D.E.*)

14066. **Se metes a man no teu seo, non dirás do malfado alleo.** (ms10,039v: *D.E.*)

MEZQUINO

14067. **Mórrese de sede o mesquiño e está no medio do río.** (ms10,039v: *D.E.*)

14068. **Na casa do mesquiño, cando hai pra pan non hai pra viño.** (ms10,039v: *D.E.*)

MIEDO

14069. **A quen medo lle teñen, o seu lle dan.** (ms10,038v: *D.E.*)

14070. **Carghado de ferro, carghado de medo.** [4441] (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

14071. **Ímola andando, que si ti levas medo, eu vou tembrando.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)
(es) *Vamos andando, que si usted lleva miedo, yo voy temblando.* (Sbarbi)

14072. **Más val o medo que me tes que o pan que me comes.** (ms10,038v: *D.E.*)

14073. **Medo cobrado, doo dobrado.** (ms10,038v: *D.E.*)

14074. **Medo de mexar no adro e vai cagar ó altar.** (ms: G.P.)

14075. **Medo non teño e vou tembrando.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)

14076. **Medo ten o que moito reza.** (ms10,038v: *D.E.*)

14077. **Non teño medo hastra que mo poñen.** (mc: Tuiriz, Monforte)

14078. **O medo é grande de corpo.** (ms10,038v: *D.E.*)

14079. **O medo é libre; cada un ten o que quere.** [4442] (mc: Santiago)

14080. **O medo é libre; teno quen quere e o que quere.** (ms-SA: Manuel Fernández Ferro)

14081. **O medo é libre.** (ms6,01v)

14082. **O medo é pardo.** (mc: A.N.)

14083. **O medo é parvo.** (ms10,039r: *D.E.*)

14084. **O medo garda a viña a Pedro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

14085. **O medo garda a viña e non quen a vendima.** [4443] (mc: M.V. / ms21,26r: Bermés)
(pt) *O medo é que guarda a vinha, que não o cão.* (Chaves) / *Mais guarda a vinha o medo que o vinhaleiro.* (Id.) (es) *El miedo guarda el viñedo.* (R. Marín)

14086. **O medo garda a viña, i-o farelo, a fariña.** (mc: Tuiriz, Monforte)

14087. **O medo garda a viña, i-o zorro, a galiña.** (mc / ms4: F.V.S.)

14088. **O medo garda a viña, i-os paxaros, a nabiña.** [4444] (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

14089. **O medo garda a viña, o fol a fariña i-o zorro a galiña.** [4445] (ms21,12r: Bermés)

14090. **O medo garda a viña.** (ms-LU: seminarista anónimo: Becerreá, LU / ms-LU: seminarista anónimo:

[4441] O orixinal di: *Carjado de ferro, carjado de medo.*
[4442] ms: *ten'o que quere.*
[4443] ms21,26r: *vendimia.*
[4444] ms4: *paxáros.*
[4445] O orixinal di: *O medo garda a viña, o fol a fariña, y'o zorro a galiña.*

algún lugar do norte da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

14091. **O medo garda o sebo.** (mc: Buciños / ms4: Antas-F.V.S.)

El miedo a enfermedades, peligros, etc. nos hace guardarnos a nosotros mismos.

14092. **O medo garda o viño.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

14093. **O medo i-a sospeita do pracer son enemigos.** (ms10,039r: *D.E.*)

14094. **O medo non é bo.** (mc: Buciños)

14095. **O pouco espanta i-o moito amedranta.** [4446] (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *Lo poco espanta, y lo mucho amansa.* (Correas)

14096. **O que cela, recea.** (ms4: F.V.S.)

14097. **O que de medo se morre, con p... o enterran.** (mc)

14098. **O que mal vive, o medo o persigue.** [4447] (mc: A.N. / ms10,039r: *D.E.*)

(es) *Quien mal vive, por donde peca se le castigue.* (R. Marín)

14099. **O que non s'astreve, nunca viño bebe.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14100. **O que non se atreveu, nunca en boa cama durmeu.** [4448] (mc: A.N.)

(es) *Quien no se aventura, nunca medra.* (R. Marín) / *Quien no se aventuró, de laceria no salió.* (Id.)

14101. **O que non se atreve, nunca bon viño bebe.** [4449] (mc: Pidre-F.V.S.)

14102. **O que ten cu ten medo.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO / ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C)

14103. **O que ten medo merca can.** (ms10,039r: *D.E.*)

14104. **O que ten medo ós paxaros, nunca sementa.** (ms9,13r: Carballino)

14105. **O que ten medo, nunca lle faltan sustos.** (ms: Silvarrey)

14106. **O que ten vista de aumento, sempre ten medo.** (ms-SA: Carballo)

14107. **O que ten, ten medo.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

14108. **Onde non hai medo non hai vergonza.** (ms10,039r: *D.E.*)

14109. **Por medo nunca convén desfacerse do que un ten.** [4450] (mc: J.P.)

14110. **Quen ameaza e non dá, medo ha.** (ms10,039r: *D.E.*)

14111. **Quen camiña seguro vai máis presto.** (mc: Buciños)

14112. **Quen di que nunca tivo medo, non espabilou unha vela cos dedos.** (ms10,039r: *D.E.*)

14113. **Quen non ten esforzo, fuxe máis que un corzo.** [4451] (mc: A.S.A. / ms21,09v: Bermés)

14114. **Quen non ten rabo de palla, non ten medo ó lume.** (mc: M.V.)

14115. **Quen ten cu, ten medo.** (mc: A.S.A.)

(pt) *Quem tem cú, tem medo.* (Chaves) (es) *Quien tiene culo, tiene susto.* (R. Marín)

14116. **Quen ve o raposo, enrouquece; quen ve o lobo, enmudece.** [4452] (mc / ms4: F.V.S.)

Creencia muy popular.

14117. **Se ten medo o galán, bota fóra o can.** (ms10,039r: *D.E.*)

14118. **Sempre salíu o medo dun canto escuro.** (mc: Fonsagrada)

14119. **Tal peligro m'acobarda, anque sea unh'albarda.** (ms: Santiago)

14120. **Ten medo ós vivos pero non ós mortos.** (ms5,057: Silvarrey)

14121. **Unha cousa é ter medo i-outra chegar a telo.** [4453] (mc: Buciños)

MIEL. V. tamén *Abejas*.

14122. **A todos lles gusta o mel e a min tamén.** (ms10,039r: *D.E.*)

14123. **O que ten moito mel, cómeo con pan, comeo sin el ou cómeo como quer.** (ms10,039r: *D.E.*)

14124. **Quen anda con mel chúpase os dedos.** (ms10,039r: *D.E.*)

14125. **Quen con mel trata, ben sabe o que é doce.** (ms10,039r: *D.E.*)

MIGAJA

14126. **As migallas do fardel ás veces saben ben.** (ms10,040r: *D.E.*)

14127. **As migallas do queixón moitas veces boas son.** (ms10,040r: *D.E.*)

MÍO, TUYO. V. tamén *Propiedad*.

[4446] V. *O pouco agrada e o moito enfada* en *Poco*. / ms: *e o moito*.
[4447] En ms10 s.v. *Miedo*.
[4448] ms: *s'atreveu*.
[4449] ms: *O que non atreve*; ms4: *O que se non atreve*.
[4450] ms: *d'o qu'un ten*.
[4451] ms21,09v: *que corzo*.
[4452] mc: *enronquece*.
[4453] ms: *y outra*.

14128. **O meu, meu; e o teu, de entrambos.** (ms10,039v: *D.E.*)

14129. **O meu, meu; e o teu, tamén meu.** (ms10,039v: *D.E.*)

MIRAR

14130. **Do mirar nace o cobizar.** (ms10,040v: *D.E.*)

14131. **Mira a onde vas e, como vexas, fai.** (ms10,040v: *D.E.*)

14132. **Mira adiante e non quedarás detrás.** (ms10,040v: *D.E.*)

14133. **Mira pra adiante e non cairás.** (ms10,040v: *D.E.*)

14134. **Mirade o que facedes entre sebes e paredes.** (ms10,040v: *D.E.*)

14135. **Non mires ó don senón a quen o dou.** (ms10,040v: *D.E.*)

14136. **Quen adiante non mira, pra atrás se volve.** (ms10,040v: *D.E.*)

14137. **Sempre miran pra quen ten que o mirar sempre foi ben.** (ms10,040v: *D.E.*)

MISA. V. tamén *Religiosos y morales*.

14138. **A misa do galo, unha vez ó ano.** (ms10,040v: *D.E.*)

14139. **A misa i-o pensamento son de pouco alimento.** (ms10,040v: *D.E.*)

14140. **Por ir á misa entrei na taberna e quedeime nela.** (ms10,040v: *D.E.*)

14141. **Tocan á misa: Dios nos perdone si non podemos ouvila.** (ms10,040v: *D.E.*)

14142. **Val máis ouvir unha misa en vida que moitas dispois de morto.** (ms10,040v: *D.E.*)

MISCELÁNEA

14143. **A cara garda o cu.** (mc: C.A.)

14144. **A Castilla e a León, novo mundo dou Colón.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

14145. **A catedral sobre un nabo está.** (ms4: F.V.S.)

14146. **A cebada no lodo i trigo en todo i-o pan no polvo.** (ms: Sober)

14147. **A cebada no lodo i trigo en todo i-o pan no polvo.** (ms: Sober)

14148. **A cera que vai diante é a que alumea.** (mc: M.L.)

(pt) *Candeia que vai adiante, alumia duas vezes.* (Chaves) (es) *La cera que va delante es la que alumbra.* (Sbarbi)

Equivale según Sbarbi a: *el que da primero da dos veces*. Lo dice también R. Marín pero con distinta explicación: Que vayan delante de nosotros nuestras buenas obras sin que las encomendemos a nuestros herederos para que las hagan por nosotros, porque se harán o no se harán bien.

14149. **A confesión de tambor, ausolución de pito.** (mc: M.V.)

(es) *A confesión de pito, absolución de tambor.* (R. Marín e Ricart). / *A confesión de castañeta, absolución de cañavereta.* (Sbarbi) / *A confesión de caja, absolución de tambor.* (Ricart) (ct) *A confessió de tabals, absolució de cornetes.* (Ricart)

Según el tono con que nos tratan así contestamos nosotros.

14150. **Á conta do chao calquera burro ten mao: a silva no muro, i-o muro no chao; como é duro, de todo ten mao.** [4454] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14151. **Á conta do chao calquera dá mao.** [4455] (mc: A.N.)

14152. **Á costa do difunto facer o enterro.** [4456] (mc: J.P.)

14153. **A cousa mala, nin viva nin pintada.** (ms4: J.P.)

14154. **A cousa mui alabada, nin perdida nin ganada.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro: Muxía, C)

14155. **A cuña nova bota a vella fóra.** (ms15,44: Sta. Eulalia de Bóveda)

14156. **A fror da maravilla, cátaa morta, cátaa viva.** (ms10,048r: *D.E.*)

14157. **A lata é boa, pero é millor o ferro.** [4457] (mc / ms4: F.V.S.)

14158. **A mala herba crece axiña.** (ms10,048r: *D.E.*)

14159. **A mala herba logo crece.** (ms10,048r: *D.E.*)

14160. **A min tanto me dá o carneiro como a la.** (mc: Paramo-F.V.S.)

14161. **A ningún porco lle cheira a súa m[erda].** (mc: Layosa)

(es) *A ninguno le hiede su mierda, sino la ajena.* (R. Marín)

14162. **A picada de mosca peza de lenzo.** [4458] (ms10,091r: *D.E.*)

[4454] O orixinal di: *A conta do chao calquera burro ten mao; a silva no muro, y-o muro no chao, como e duro de todo ten mao.* / ms: *y o chao, como é duro*; ms-LU: *chau, mau*.

[4455] ms3 e ms4: *A costa do*.

[4456] O orixinal di: *A costa d'o difunto facer ó enterro.* / mc: *costa do facel-o enterro*. Jacinto del Prado rexistra o refrán coas formas *d'o* e *facer o enterro*.

[4457] ms4: *pero millor e o ferro*.

14163. **A polería nos rastroxos debe andar entre manoxos.** (ms4: J.P.)

14164. **A pouca barba, vergonza pouca.** [4459] (mc e ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms18,18r)

Var.: *A pouca barba, pouca vergonza.* (F.V.S.)

(pt) *A pouca barba, pouca vergonha.* (Chaves) (es) *A poca barba, poca vergüenza.* (Correas)

14165. **A primeira na borralleira i-a segunda na cadeira.** [4460] (ms4e mc: A.S.A.)

14166. **A quen se quere matar, non lle fai falta madrugar.** (ms21,10r: Bermés)

14167. **A saia branca, ribete negro.** (mc: Tuiriz, Monforte)

14168. **A todo hai quen gane.** (mc: Sarria)

14169. **A verdá é coxa, pero chega.** (mc: Tuiriz)

(pt) *A verdade é manca mas chega sempre a tempo.* (Chaves) / *A verdade tem asas.* (Id.) (es) *La verdad no tiene pies, y anda.* (R. Marín)

14170. **A verdá é unha.** (mc: Pontevedra)

(es) *La verdad no es mas que una* (Sbarbi) (ct) *La veritat per davant de tot.* (Alberola)

14171. **A verdá fura as paredes.** (mc: A.N.)

14172. **A verdá non ten máis que un camiño.** (mc: Buciños)

(es) *La verdad no tiene mas que un camino, o no es mas que una.* (Sbarbi)

14173. **A verdá por encima de todo.** (mc)

(pt) *A verdade e o aceite andam sempre ao de cima.* (Chaves) / *A verdade e o azeite andam à tona d'água.* (Id.) (es) *La verdad como el ollo, nada en somo.* (Correas) / *La verdad siempre anda en somo.* (Id.) (ct) *La veritat per davant de tot.* (Alberola) / *La veritat sempre será com l'òli.* (Id.)

14174. **A verdá sempre trunfa.** (mc: Piagos)

14175. **A xente non dorme sempre.** (mc: Buciños)

14176. **Abaixo tódolos santos axudan.** [4461] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

14177. **Abri-los ollos e apretar os xionllos.** [4462] (mc: M.L.)

14178. **Adiante, que atrás veñen.** (mc: Tuiriz, Monforte)

14179. **Afórcate e morrerás santo.** (mc: P. Sobreira. *Dicc. Ac.*)

14180. **Ai louco: outra pata che naceu.** [4463] (ms8,70v: Meda)

14181. **¡Ai, Marica!, canto máis me raño, máis me pica.** (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)

14182. **Alba con alba i-o sol na cama.** [4464] (mc: Villamarín, Orense)

14183. **Amaña e compón andan xuntos.** (mc / ms10,049v: Lugo)

14184. **Amaña e compón, dúas cousas son.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

14185. **Anade de paso, fungueirazo.** (ms: C.A.)

(es) *Al ave que va de paso, cañazo.* (Sbarbi)

14186. **Andarás como andabas, quedarás como estabas.** (mc: M.L.)

14187. **Anda, rabo, dá por teu amo.** [4465] (ms4 e mc: S.P.P.-*Ultreya*)

14188. **Anda, rabo, tras teu amo.** (ms5,137: A.N.)

14189. **Ano novo, vida alegre.** [4466] (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

14190. **Ano novo, vida nova.** (ms6,01v: C.A.)

(es) *Año nuevo, vida nueva.* (R. Marín) (ct) *Any nou, vida nova.*

14191. **Anque son chosca, ben vexo a mosca.** (mc: C.A.)

Var.: *Anque son chosca, ben vento a mosca.* (mc: C.A.)

(es) *Aunque soy tosca, bien veo la mosca.* (Correas)

14192. **Anque son grasas, non son nosas.** [4467] (mc: A.S.A.)

14193. **Anque son saco, teño baraza.** (mc: M.V.)

14194. **Antes de chover teño eu xa a chaqueta mollada.** (mc: J.T.)

14195. **Antes de pingar, asar.** (mc: Buciños)

14196. **Antes que te chamen chama.** (mc: C.A.)

14197. **Ao bon entendedor non se lle mire o dente.** (mc: G.P.)

14198. **Aos teus semellantes failles o ben que podas; ocasiós de facer mal, afórraas todas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

14199. **Aos teus semellantes failles o ben que poidas, as ocasiós de facer mal, gardas todas.** (mc: Tuiriz)

14200. **Aparéceselle o demo a quen non sabe pintar.** [4468] (mc: Buciños)

[4458] Sen tema no orixinal.
[4459] ms4 e ms18,18r: *vergoña*.
[4460] mc: *primeira na borraleira*
[4461] O orixinal di: *A baixo todos los asentos axudan.*
[4462] O orixinal di: *Abril-os ollos e apretar os xionllos.* / ms4: *apretar os xonllos*.
[4463] O orixinal di: *Ay louco: outra pata che naceu.*
[4464] ms: *y-o*.
[4465] mc: *da porta en amo*.
[4466] O orixinal di: *Ano novo vida alegre* (*nova*).
[4467] ms4: *grosas*.
[4468] ms4: *Aparéceselle o diablo* (F.V.S.)

14201. **Aquí están os nosos ósos esperando polos vosos.** (mc / ms15,15 / ms8,54: Otero de Rey)

Epitafio.

14202. **Arco mal armado, ou floxo ou crebado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

14203. **Arco sempre armado, ou floxo ou crebado.** (ms: Tuiriz)

(pt) *Arco sempre armado, ou frouxo ou quebrado.* (Chaves) (es) *Arco siempre armado, o flojo o quebrado.* (Correas) (ct) *Arc sempre armat, es trenca ell o la còrda.* (Alberola)

14204. **Arrúa, arrúa, cada un coa súa.** (mc: J. Ramón y Fernández-Oxea - Corme)

14205. **As basuras recollidas, baixo escombros escondidas.** (ms4: J.P.)

14206. **As cabriñas por san Xuan boa madrugada dan.** [4469] (mc e ms4: J.P.)

(es) *Las cabrillas por San Juan buena madrugada dan.* (R. Marín)

14207. **As contas de Xan son como as fan; i-as de Pedro, como as teño.** [4470] (mc: M.L.)

14208. **As cousas con mala intención non valen pra Dios nin pró demo.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

14209. **As cuñas dan conta das zocas.** (mc: A.N. 2ª serie)

14210. **As feitas acórdanse sempre.** (ms8,13r)

14211. **As feitas son as que valen.** (mc: C.A. / ms: Buciños)

14212. **As gaviotas, canto máis vellas máis tolas.** (ms18,68v: *Diario de Avisos* de Ricardo Caruncho (1888))

14213. **As malas mañás, prós curas e prós cas.** (mc: Piugos, Lugo)

14214. **As máquenas sonche macanas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14215. **As paredes ouven** (ms15,52)

14216. **As paredes teñen ollo** (ms15,52r)

14217. **Asoprar e sorber non pode ser.** (mc: A.N.)

(es) *Soplar y sorber, no puede ser.* (Correas)

14218. **Auga de lebres nunca más medres.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14219. **Azoutar e dar no cu, todo é un.** (mc: C.A.)

(es) *Azotar y dar en el culo, todo es uno.* (R. Marín)

14220. **Baixa da barra, honrado; si hei d'ir eu, vai ti.** (mc: Buciños / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

14221. **Bebeu a auga do xuncal, sóupolle ben e fíxolle mal.** (ms15,15)

14222. **Ben anda o que anda solo.** [4471] (mc: Agro / ms18,68v: *Diario de Avisos* de R. Caruncho (1888))

14223. **Ben cego é o que non ve por un cribo.** (mc / ms4: F.V.S.)

(pt) *Bem cego é quem muito vê por aro de peneira.* (Chaves) (es) *Muy ciego es aquel que no ve por tela de cedazo.* (Sbarbi) / *Harto soy ciego si por saranda no veo.*

14224. **Ben vai a cabra coxa como o demo non-a colla.** (ms: Tuiriz)

14225. **Bo é que foi Xan; peor se fora seu irmán.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)

14226. **Botín prá sala e zoca prá lama.** (ms15,15)

14227. **Busca quen conte ben, que quen conte mal nunca falta.** (mc: Santiago)

14228. **Cada bogada, un rachón.** (ms18,26r)

14229. **Cada bogada, un racheiro.** [4472] (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

Racheiro por *rachón*, única palabra que traen nuestros Diccionarios.

14230. **Cada un do seu fai un pandeiro.** (ms15,52r)

14231. **Cada un pica a brasa prá súa sardiña.** (ms21,32r: Bermés)

14232. **Cada un é fillo do seu pai.** (ms10,047v: *D.E.*)

14233. **Cada un é fillo dos seus feitos.** (ms10,047v: *D.E.*)

14234. **Cada un pensa de si o que eu penso de ti e ti pensas de min.** (ms15,13)

14235. **Calquera mete o pé no ollo doutro e ceg'o pé.** (mc: Buciños)

14236. **Cando a ronda pasa de catro, cada un fuma do seu tabaco.** (mc: Buciños)

14237. **Cando as follas xoban, señal de que hai vento.** (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

14238. **Cando din que é lobo, raposa é xa.** (ms21,10r: Bermés)

14239. **Cando estaba Azaña, había pan blanco en España; veu Mola e púxose a cola; agora que chegou Franco, nin**

[4469] mc e ms4: *San Xoán*; mc: *madrugada*. Jacinto del Prado rexistra o refrán coa forma *San Xuan*.

[4470] ms: *y as*.

[4471] ms18,68v: *qu'anda solo*.

[4472] ms4: *un rachón*.

negro nin blanco. (ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C)

14240. **Cando hai as pedras, non hai os cas.** (mc: Santiago)

14241. **Cando o moucho mouchea, hai difunto na aldea.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

14242. **Cando ouvea o can do palleiro, é qu'hai morto no rueiro.** (ms-SA: Manuel Gerpe Gerpe: Santa María de Montouto, Santa Comba, C)

14243. **Cando s'acaba a fariña, baixan os lobos á mariña.** (ms18,69r: Gella.-Ribadeo)

14244. **Cando sobra, sempre chega.** (ms8,63r: Silvarrey)

14245. **Cando un morre, debera nacer.** [4473] (ms4: Fonsagrada-F.V.S. / ms11,45: Comarca de Fonsagrada)

14246. **Canta auga cai non molla un forno.** (mc / ms4: F.V.S.)

14247. **Canta auga corre non quenta un forno.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Al cocer necesitas pasar una escoba mojada, por si está demasiado caliente el pan porque no se les queme.

14248. **Canto máis un alto cai, máis golpe leva.** (ms15,25: Sobrecedo)

14249. **Canto mas un anda, máis ten que andar.** [4474] (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)

14250. **Canto sabes, canto vales.** (ms: Santiago)

14251. **Cantos máis raros mates, máis raros quedan.** (mc: Santiago)

14252. **Carballo, salgueiro e maceiras aseguran as marxes lixeiras.** (ms4: J.P.)

14253. **Carne de santos cómena os mexancos.** (mc: Buciños-F.V.S.)

Mexancos son mosquitos. Falta en los Dicc. gallegos.

14254. **Cen anos hai que morreu e cheira de seu.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)

14255. **Cero mata cero i-o coitelo mata o porco.** [4475] (ms: G.P.)

14256. **Co calor hasta o ferro ablanda.** (mc: Buciños)

14257. **Coa albarda posta non se** [...] [...]**eitos de car**[...]**.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)

14258. **Colgado do pindirico, o mesmo dá cento que cento e pico.** [4476] (ms10,092r: *D.E.*)

14259. **Compañía de tres fíxoa o demo.** (ms: G.P.)

14260. **Conta mata conta.** (ms: F.V.S.)

(es) *La cuenta es cuenta.* (Sbarbi)

14261. **Contos de orella, mala centella.** (mc: Villalba)

14262. **Contra a forza non hai resistencia.** (ms10,048r: *D.E.*)

14263. **Corredoiras estreitiñas, moitas pedriñas.** (ms: Santiago)

14264. **Cotoluvía, vía, vía, canto máis alta, máis asubía.** [4477] (mc / ms11,25: Gudiña / ms12,71)

Cotoluvía, variante de *cotovía*, cogujada. El refrán imita el canto del ave.

14265. **Cronco rapado foi polo río, caiull'a pucha e morreu de frío.** [4478] (ms: Pontedeume, G.P.)

14266. **Cuando pitos, flautas.** (ms11,48: Comarca de Fonsagrada)

14267. **Cunha perna sola non se anda.** (mc: Chantada)

(es) *Con un pie solo no se anda.* (R. Marín)

14268. **Da cota o carballo para forrar o tallo.** (mc: Santiago)

14269. **Da zreixa ó cimón, ben che vai pión; do cimón á zreixa, tu me dara-la queixa.** [4479] (ms3: A.N.V. / ms e ms4: A.N.)

14270. **Dando na cabeza, dáse en todo o corpo.** (ms: C.A.)

14271. **De boa mea, boa tea.** (ms: M.L.)

14272. **De bon pau saltou a estela.** (ms: F.V.S.)

14273. **De can, cadela; e de cadela, can.** (ms4: A.S.A.)

14274. **De home a home non vai migalla.** (ms10,048r: *D.E.*)

14275. **De lexos non se ven os defeutos.** (ms4: F.V.S.)

14276. **De pau de carballo fanse santos.** (ms4: F.V.S.)

14277. **De vaca que vai ás berzas e neno que pide contas, Dios nos libre.** (ms15,12)

14278. **De vento e auga bendita, cada un toma-lo que necesita.** [4480] (mc e ms4: J.P.)

[4473] ms11,45: *Cuand'un*.

[4474] O orixinal di: *Canto mas un anda mais ten que andar*.

[4475] O orixinal di: *Cero mata cero y-o coitelo mata o porco.*

[4476] Sen tema no orixinal.

[4477] ms11,25: *Cotulivía*.

[4478] O orixinal di: *Cronco rapado foi pol-o rio, caiull'a pucha e morreu de frio.*

[4479] O orixinal di: *Da zreixa ô cimón, ben che vai pión; do cimón a zreixa, tú me daral-a queixa.* / ms: *creixa*.

14279. **Débese sacar das mangas pra poñer nas faldras.** (mc: Monforte)

14280. **Deitarse e non dormir, esperar a quen non chega e sin galardón servir, son cousas desesperadas en que non debes ir.** [4481] (mc: M.V.)

(es) *Esperar y no alcanzar, ni venir; estar en la cama y no reposar ni dormir; servir y no medrar, ni subir; son tres males para morir.* (Correas)

14281. **Deitarse e non dormir, esperar a quen non chega e sin galardón servir, cousas son desesperadas en que non debes caír.** (ms21,22v: Bermés)

14282. **Deixa andar o can coa roca a ver onde a pousa.** (mc: G.P.)

Var.: *Deixar andar o can coa roca, qu'il dará conta da mazaroca.* (A.N.V.)

14283. **Déixame a roupa, máis vale pardiña que acabadiña.** (ms4: Lugo)

14284. **Déixate do afamado e vaite polo descansado.** (mc: Santiago)

14285. **Desde que levas o chasco, todas as cousas che acordan.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

14286. **Desque se chega ó lugar, logo se ven as casas.** (mc: M.L.)

14287. **Detrás do gato vai o rato.** (mc: Paradela)

14288. **Digan que aquí fuxeu e que non morreu.** (ms: C.A. *A Nosa Terra* / ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)

(es) *Mas vale decir: aqui huyó que aqui murió.* (Sbarbi)

14289. **Dígocho Juan para que o entendas Pedro.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

14290. **Dime con que andas e pondreiche medias suelas.** (mc: Santiago)

Var.: *Dime con quén andas e comprareiche unhas zocas.* (F.V.S.)

14291. **Dime con quén paces e non ónde naces.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

14292. **Dime quén che pag'as copas e direiche o que votas.** [4482] (mc: J.P.)

14293. **Dime quén eres e direiche o que fuches.** (ms15,12)

14294. **Dios te libre de un "xa foi".** (mc: Otero de Rey)

14295. **Dispois de burro, apaleado.** (mc: Buciños)

14296. **Do cu e do superior, canto máis lexos, millor.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

14297. **Do millor faga o demo un tambor.** (mc: A.I.)

Var.: *Do millor, que faga o demo un tambor.* (J.P.)

14298. **Do monte mao, fuste na mao.** [4483] (mc e ms4: A.I. / ms10,041r)

14299. **Donde hai touciños hai tornos.** (mc: A.N.)

14300. **Dous narigudos non se poden bicar: corren peligro de se estropear.** [4484] (mc: Chantada / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(pt) *Dois narigudos não se beijam.* (Chaves)

14301. **Dous Xans e un Pedro fan estar o burro quedo.** (mc: M.V.)

(es) *Dos Juanes y un Pedro hacen un asno entero.* (Sbarbi).

14302. **Dúas espiñas nunca se espiñan.** (mc: Buciños)

(es) *Dos espinas no se pinchan.* (R. Marín)

14303. **É boa a castaña se non costa nada.** (ms15,14)

14304. **E disto**[sic] **o procurar do defensor.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

14305. **É millor ser pano que tixeira.** (mc: Orense)

14306. **É pior un meigo que sete meigas.** (mc)

Creencia supersticiosa que cree más maligno a un meigo o brujo que a siete brujas.

14307. **É tan bon pra si que non val nada prós outros.** (ms4: Pidre-F.V.S.)

14308. **Eito no cabo, folga ó rabo.** [4485] (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

14309. **En alleo sitio, un pau ou outro.** [4486] (ms: C.A. *A Nosa Terra*)

[4480] ms4: *cada un toma*; mc: *tome o que necesita*. O refrán que rexistra Jacinto del Prado non coincide exactamente cos que Vázquez Saco lle atribúe en mc e ms4.

[4481] mc: *cousas deses eradas*; ms3: *cousas son desesperadas, en que non debes cair*; ms4: *cousas son desesperadas*.

[4482] Vázquez Saco corrixe en mc o refrán orixinal de Jacinto del Prado rexistrando as formas *quen che paga as copas* e *o que botas*.

[4483] En ms10 s.v. *Monte*.

[4484] ms-LU: *narizudos*.

[4485] O orixinal di: (*H*)*eito no cabo, folga ó rabo.*

[4486] ms4: *alleo souto*.

(pt) *Em alheio souto, um pau ou outro.* (Chaves)

14310. **En cada terra, seu uso i-en cada roca, seu fuso.** [4487] (ms11,48: Comarca de Fonsagrada)

14311. **En costado, cu tapado.** (mc: Sober)

14312. **En este enterro non tes vela; para outro podes tela.** (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

14313. **En este mundo redondo o que non nada vaise ó fondo.** (ms15,16)

14314. **En fin, tres ferrados, un choupín.** (mc: M.L.)

14315. **En monte ermo ten o cu quedo, que en poblado non-o terás calado.** [4488] (mc: Baralla)

14316. **En pagar e salta-lo rigueiro nunca seas o primeiro.** [4489] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14317. **En paz e xogando, vámola andando.** [4490] (ms15,13 / ms10,085r: *D.E.*)

14318. **En Castilla o cabalo leva a silla.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

14319. **En cielo picado i-en culo cagado non hai fundanza.** [4491] (ms4: F.V.S.)

14320. **Encargos sin diñeiro olvidans'en calquer rigueiro.** (ms11,47: Comarca de Fonsagrada)

14321. **Encende o candil que aquí hai espiñas.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

14322. **Era bonito ver, si se poidera escoller.** [4492] (mc: Buciños)

14323. **Este mundo é un bandallo: chove nel como fora.** [4493] (mc: M.V.)

14324. **Este mundo é un pandeiro e chove nil como fora.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

14325. **Esto que veu de moca, ¿a como toca?** [4494] (mc: M.L.)

14326. **Eu ben conozo os coxos no andar i-os cegos no mirar.** (mc)

14327. **Eu son o pano e ti as tixeiras; corta por donde queiras.** (ms: J.P.)

14328. **Ferro e pan, pouco na man.** [4495] (ms4 e mc : M.L.)

14329. **¿Fixéchela?... Págaa.** (ms10,048r: *D.E.*)

14330. **Foi buscar o pau á devesa pra levar con el na cabeza.** (mc: Vivero)

14331. **Galato pillado, galato papado. (C.r., C.p.)** [4496] (ms21,13v: Bermés)

14332. **Gárdate, meu ben, que non te vexa ninguén.** (mc: Tuiriz, Monforte)

14333. **Hai cousas que semellan bolsas, e que, se a miras do revés, bolsa é.** (mc: C.A *A Nosa Terra*)

(es) *Hay cosas que colgando parecen bolsas, y volviéndolas al revés, bolsa otra vez.* (R. Marín)

14334. **Hai días que non se pode salir sin paraguas á calle.** (mc / ms4: F.V.S.)

14335. **Hai madeira que non sirve nin pra santos nin pra demos.** (ms9,02v: O. de Rey)

14336. **Hai que facer da necesidá virtú.** (ms10,048r: *D.E.*)

14337. **Hai que facer e calar.** (ms10,048r: *D.E.*)

14338. **Hai que facer que facemos.** (ms10,048r: *D.E.*)

14339. **Hai quen fai da súa capa un saio.** (ms10,048r: *D.E.*)

14340. **Hai quen fai fume sin lume.** (ms10,048r: *D.E.*)

14341. **Hai quen fai un altar pra desfacer outro.** (ms10,048r: *D.E.*)

14342. **Hai quen fai un burato pra tapar outro.** (ms10,048r: *D.E.*)

14343. **Hastra a noite, día é.** (mc: Pidre-F.V.S.)

14344. **Homes hai de homes.** (ms10,048r: *D.E.*)

14345. **Hoxe é lus e martes vén; pra de hoxe en oito días éche a semá que vén.** [4497] (mc)

14346. **Hoxe é moi triste día, que máis espiñas ten María.** [4498] (ms: Santiago)

14347. **Hoxe ser non son, pero ser xa fun.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

14348. **Inda cen cas comen cen pas.** (mc: M.V.)

[4487] O orixinal di: *En cada terra seu uso y'en cada roca seu fuso.*

[4488] ms: *ten o c....*

[4489] O orixinal di: *En pagar e saltal-o rigueiro, nunca seas o primeiro.* / ms e ms-LU: *seal'o primeiro*.

[4490] ms10: *imola*. En ms10 s.v. *Paz*.

[4491] O orixinal di: *En cielo picado y en culo cagado non hay fundanza.*

[4492] ms: *se se puidera*.

[4493] ms4: *coma fora*.

[4494] ms4: *ven de moca*.

[4495] mc: *pau mau*.

[4496] O orixinal di *Galato pillado, galato papado. (C.r., C.p.). Galato*, según Eladio Rodríguez, é a *porción de masa de maíz adelgazada o en forma de pequeños bollos con que se ceban los capones*. *C.r., C.p.*, posiblemente *Cristo roubado, Cristo papado*.

[4497] ms: *d'hoxe en*.

[4498] O orixinal di: *Hoxe e moy triste dia, que mais espiñas ten Maria.*

14349. **Irse á pedra e non a quen a tira é pouca valentía.** (ms15,03)

14350. **Irse á pedra e non a quen a tira ten pouca valentía.** (ms10,031v: *D.E.*)

14351. **Iste mundo é un engañabobos.** (mc: Buciños)

14352. **Leite fresco, p... no cesto.** (ms: Buciños)

14353. **Leña torta co lume logo s'endreita.** (ms15,03)

14354. **Lobos dunha mesma camada non se traban.** (ms4: Altamira, C. Alvarellos)

14355. **Lourenzo leva pola mañá zocas de carballo, e á tarde, de plomo.** [4499] (mc: Orense / ms: Santiago)

14356. **Lúa domingueira, nin ela nin a compañeira.** (ms4: Ribadeo)

14357. **Maio maial, si vén como debe, non ten rival.** (ms10,048r: *D.E.*)

14358. **Maio maiolo, o maio pra min é todo.** (ms10,048r: *D.E.*)

14359. **Maio maiolo, ogallá duraras o ano todo.** (ms10,048r: *D.E.*)

14360. **Máis dano fai un meigo que sete meigas.** (mc: A.C.A. *A Nosa Terra*)

14361. **Máis val unha asnal que cen de pardal.** (ms4: A.I.)

14362. **Máis vale óso na man que na boca do can.** (mc: Santiago)

14363. **Máis vale ter que desear.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

14364. **Máis vale un ruín conocido có bo por conocer.** (ms-SA: Manuel Boado Vázquez: San María dos Ánxeles, Boimorto, C)

14365. **Máis vale un "por si acaso" que un "pensará".** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

14366. **Máis vale un "sabido" que un "quen sabe".** (mc / ms4: F.V.S.)

14367. **Máis ve a fame do que a fartura.** [4500] (ms10,047v: *D.E.*)

14368. **Máis ven catros ollos que dous.** (ms15,52r)

14369. **Mal ole quen sempre ben ole.** (mc: Buciños-F.V.S.)

Arguye falta de olfato, si se toma en sentido activo; y excesiva presunción o vanidad sospechosa, si se entiende pasivamente.

14370. **Mala herba nunca morre.** (ms10,048r: *D.E.*)

14371. **Malla, manelo, que se perde o ferro.** (mc: Buciños)

14372. **Mañá triste, día alegre.** (mc)

14373. **Mañás pardas, mañás largas.** (mc: M.L.)

14374. **Maruxiña ten bo viño; si o ten, el o dirá: o que fore sonará.** [4501] (mc: A.I. / ms10,142r: *D.E.*)

14375. **Matar a araña i-acabouse a tela.** [4502] (ms4: Taboada dos Freires)

14376. **Mazarico rocas fixo, cada día catro ou cinco.** (mc)

14377. **Medida chea, rebolo encima.** (mc: Orense)

14378. **Mellor me será non crelo e tomalo que crelo e deixalo.** (mc: Santiago)

14379. **Mentramentes teño folla, non se me anoxe s'é que llo chamo.** (mc: A.C.A. *A Nosa Terra*)

14380. **Mentras andamos unhos por ond'os outros, ben nos vai.** (mc: Buciños)

14381. **Mentras teña ramo, non se m'anoxe si é que llo chamo.** (mc: C.A. / ms: M.L.)

14382. **Mentras vai e vén, camiñada ten.** (ms8,12r: La Cañiza)

14383. **Mentras vai e vén, non está o camiño sin el.** (ms8,12v: Silvarrey)

14384. **Misa nova, crego vello.** (mc: M.V.)

14385. **Moitas veces quen entra mordendo sal lambendo.** (mc: J.P.)

14386. **Moitos durmindo fan máis que poucos oíndo.** [4503] (mc: C.A. / ms10,010r: *D.E.*)

14387. **Moitos saben derramar pero poucos saben conservar.** (ms10,04r: *D.E.*)

14388. **Mosca morta, cen á porta.** [4504] (ms21,09r: Bermés)

14389. **Mosca morta, sete á porta.** [4505] (mc)

14390. **Muíños e fornos, andalos todos.** (mc: M.L.2)

14391. **Muita labrega, pouca labrega, un día me leva.** [4506] (mc)

14392. **Muitas veces quitamos os nosos ollos cas nosas maus.** (ms11,50: Comarca de Fonsagrada)

14393. **N'alleo souto, un pau ou outro.** [4507] (mc: A.I. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Literatura Gallega*, 2ª edición, 1911 / ms18,73r: A.S.A.)

[4499] ms: *Lourenso leva pol-a mañán socas*.

[4500] En ms10 s.v. *Miscelánea* coa indicación *Do*.

[4501] ms10: *se o tén, i o que fore*. / En ms10 s.v. *Vino*.

[4502] O orixinal di: *Matar a araña y-acabouse a tela.*

[4503] ms10: *dormindo ouvindo*. / En ms10 s.v. *Dormir*.

[4504] Mosca figurado para muller - Muller morta, cen á porta.

[4505] V. *Muller morta, sete á porta* en *Matrimonio*.

[4506] mc: *Muita labraga*.

(pt) *Em alelhio souto, um pau ou outro.* (Chaves) (es) *En ajeno soto, un palo u otro.* (Correas)

14394. **N'hai pior xornada que a da pousada.** (mc: M.L.)

(es) *El salir de la posada es la mayor jornada.* (Sbarbi)

Equivale a *el primer paso es el que cuesta*.

14395. **N'hai vida que non seña reñida.** (mc: M.L.)

14396. **Na carballeira da devesa mentres un asexa o outro pesca.** (ms21,16r: Bermés)

14397. **Na casa de Xan Pelexón todos falan e todos teñen razón.** [4508] (mc: F.B.B.)

14398. **Nacido dun día, xeito para toda a vida.** [4509] (mc / ms4: F.V.S.)

14399. **Nadie anda a deshora que outro non ande á misma hora.** (mc: R. Caruncho)

14400. **Nadie é profeta no seu chan.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

Var.: *No seu chan non fan caso nin ó can.*

(pt) *Ninguém é profeta na sua terra.* (Chaves) (es) *Nadie es profeta en su tierra.* (R. Marín)

14401. **Nadie na súa terra é profeta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

14402. **Nadie sabe o que lle cómpre.** (mc: Buciños)

14403. **Naide voa sin alas.** [4510] (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *Es lo mismo que querer volar sin alas.* (Sbarbi)

14404. **Neste mundo non esquence ninguén.** (mc: Carballedo / ms: Carballino)

14405. **Neste mundo vesme andar, pero no outro non me ves pelar.** (mc: Lugo)

14406. **Nin burra coxa nin bolsa froxa.** [4511] (mc / ms4: F.V.S.)

14407. **Nin pra lavarse nin pra face-lo caldo fai falla auga, porque o viño basta.** [4512] (ms15,14)

14408. **Nin sempre nin nunca.** (mc: Buciños)

14409. **Nin tan negro que brille.** (ms: Santiago)

14410. **Ninguén bota as tripas do eido por botar un p[eido].** [4513] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14411. **No mes de outono, Xan de Rola anda ca camisa fóra; en san Martiño, Xan do Convento métea dentro.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

14412. **Non come o lobo besta branca.** (mc: M.L.)

14413. **Non che tropeza quen anda a costas do seu pelexo.** (ms18,54r: *Vida Gallega*)

14414. **Non dá tropezo quen anda a costas do seu pelexo.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

14415. **Non dura unha misa máis que un crego.** (mc: R. Caruncho)

14416. **Non é o mismo ser ocurrente que rente ó cu.** (mc: Escairón)

14417. **Non era nada, nin era vento nin xiada.** (mc: Altamira. C. Alvarellos)

14418. **Non fai fea a persona a cara senón os feitos.** (mc: Buciños)

14419. **Non hai agudo que non se engañe nin pampo que conte ben.** (mc: Carballino)

14420. **Non hai boca por onde vaia.** (mc: Buciños)

14421. **Non hai como se morrer para que alaben a un.** [4514] (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

14422. **Non hai dúas sin tres.** (mc: Lugo)

14423. **Non hai enterro como o de corpo presente.** [4515] (mc: Buciños / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

14424. **Non hai feita sin desfeita.** [4516] (mc: M.V. / ms10,004v: *D.E.*)

(es) *No hay haz sin envés.* (R. Marín)

14425. **Non hai gusto máis cumprido que rascar cando hai proído.** (mc: Sarria)

Var.: *Non hay gusto máis cumplido que rañar onde hay pruído.* (mc e ms: Lalín) / *Non hai gusto máis cumplido que rascar onde hai proído.* (ms4: R. de Miño, S. Victorio-F.V.S.)

14426. **Non hai home coma Dios nin muller coma María, nin resplandor como sol, nin claridá com'o día.** [4517] (ms: Santiago)

14427. **Non hai luz como a do día: o día é día, o sol é sol.** [4518] (mc: Buciños)

14428. **Non hai macho sin femia.** [4519] (mc: M.V.)

[4507] ms4: *N'alleu*

[4508] V. *Na casa de Xan Pelexón todos reñen e todos teñen razón* en *Casa* e en *Jurídicos y similares*.

[4509] ms: *pra toda*.

[4510] ms4: *vola*.

[4511] ms4: *floxa*.

[4512] O orixinal di: *Nin pra lavarse nin pra facel'o caldo fai falla auga porque o viño basta.*

[4513] ms-LU: *bot'as tripas peido*.

[4514] O orixinal di: *Non hay como se morrer para que alaben a un.*

[4515] ms e ms-LU: *com'o*.

[4516] ms: *N'hay*; ms3: *N'hai*. / En ms10 s.v. *Destrozo*.

[4517] O orixinal di: *Non hay home coma Dios, nin muller coma Maria, nin resplandor como sol ni claridá com'o día.*

[4518] ms: *com'a do día*.

[4519] ms3: *N'hai*.

14429. **Non hai máis mala tenda que a vacía.** (mc)

14430. **Non hai ponte sin río nin muíño sin rodicio.** (mc: R. Caruncho)

(es) *No hay molino aceñero que no tenga su desaguadero.* (R. Marín)

14431. **Non hai preito que non s'arregle nin corno que non s'endreite.** [4520] (ms15,15)

14432. **Non hai saco que non teña o seu fondo.** (mc: Palas de Rey-F.V.S.)

14433. **Non hai tal feitizo como o bon servizo.** [4521] (ms3, ms4 e mc: A.I.)

(pt) *Não há maior feitiço que o bom serviço.* (Chaves)

14434. **Non hai un con outro.** (mc: Buciños)

Var.: *Non hai un por outro.* (Id.) / *Non hai un sin outro: este mundo é unha cadena.* (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

(es) *No hay hombre sin hombre.* (R. Marín)

14435. **Non hai un tranquilo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14436. **Non hai lunar com'a María nin claridá com'a do día.** (mc: Buciños)

Var.: *Non hai lunar como María nin claridá como a do día.* (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14437. **Non louquea quen non pode.** [4522] (ms4: A.S.A. / ms10,033v: *D.E.*)

14438. **Non mata a carga senón a sobrecarga.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *No mata al asno la carga, sino la sobrecarga.* (R. Marín)

Reprueba los abusos, no el uso.

14439. **Non mexa na porta da aigresia e faino no altar maior.** (mc: R. Caruncho)

Var.: *Non cospe na sacristía e caga no altar maior.*

(es) *No querer escupir a la puerta de la iglesia, y orinarse en el altar mayor.* (Sbarbi)

Contra los que se escandalizan de cosas leves y cometen otras mayores.

14440. **Non quero levar conmigo ese foro toda a vida.** (ms15,15)

14441. **Non sabe o raposo cantas galiñas dormen fóra.** (mc: M.V.)

Var.: *Non sabe o raposo das galiñas que dormen fóra.* (ms15,11)

14442. **Non sabe o raposo cántos galiñeiros quedan abertos.** (ms6,05v: La Coruña)

14443. **Non sabe un ónde a ten** (ms15,52v)

14444. **Non se pode repicar cando non hai procesión.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)

14445. **Non se pode repicar e andar na porcesión.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

14446. **Non se pode repicar e ir na procesión.** (mc)

Var.: *Non se pode repinicar y-andar na procesión.* (F.L.)

(pt) *Não se pode repicar e ir na procissão.* (Chaves) (es) *No se puede estar en la procesión y repicando.* (R. Marín)

14447. **Non se van os anos en balde.** (ms10,048r: *D.E.*)

14448. **Non se ven as amatas en canto non se quita a albarda.** (ms18,02v)

14449. **Non se ven as amatas hasta quitar as albardas.** [4523] (mc: M.L.)

14450. **Non tan todos os que deben nin son todos os que están.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro: Muxía, C)

14451. **Non tropeza nunha viga e cae nunha palla.** (mc)

14452. **Non vai na guapura que vai na recompostura.** (ms8,35v: O. de Rey)

14453. **Non van todos ó puleiro.** (mc: Buciños)

14454. **Non vou á misa que non podo; chego á taberna pouquiño a pouco.** (mc: Santiago)

14455. **Non pudo dar na besta e deu na albarda.** (mc: M.V.)

14456. **Non seamos tan calvos que se nos vexan os sesos.** (mc: J.A.P.)

(pt) *Nem tão calvo que lhe apareçam os miolos.* (Chaves) (es) *Ni tal peludo que le tape el pelo los ojos, ni tan calvo que se le vean los sesos.* (R. Marín) / *Ni tanto pelo que no te entre el sombrero, ni tan poco que se te vean los sesos.* (Id.)

Reprende toda clase de extremos.

14457. **Noutro tempo nadaba o chumbo; agora non nada a cortiza.** [4524] (ms6,03v: Portela Pazos, en *Ultreya* / ms4: S.P.P. *Ultreya*)

14458. **Nunca falta un roto pra un descosido.** [4525] (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU / ms10,004v: *D.E.*)

14459. **Nunca falta unha disgracia.** (ms10,047v: *D.E.*)

[4520] O orixinal di: *Non hay preito que non s'arregle nin corno que non s'endreite.*

[4521] mc: *Non hai feitizo*.

[4522] En ms10 s.v. *Locos*.

[4523] ms: *hastra quital-as*.

[4524] ms4: *nadaba chumbo*.

[4525] ms-LU: *pr'on descusido*. / En ms10 s.v. *Descoser*.

14460. **Nunca faltou un roto pra un descosido.** [4526] (mc: Tuiriz, Monforte)

Var.: *Nunca un falta un roto para un descosido.* (V.R. y A.R.)

(es) *Nunca falta un roto para un descosido.* (Sbarbi) / *ms: Correas.*

14461. **O ano pasado mordéucheme un sapo e este ano correume o hinchazo.** [4527] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14462. **O azucareiro, chovendo, tiña un mortífero veneno.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

14463. **O can ouvea cando o corpo cheira a morto.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

14464. **O coxo e mais o manco e tamén un xorobado van á casa do tolleito buscar o deixado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14465. **O coxo i-o manco e mais o corcovado foron buscar o tulleito pra casar co derreado.** [4528] (mc e ms: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Equivale a *Dios los cría y ellos se juntan.* / *Dios los cría...* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14466. **O crego e mailo zorro, se perden a mañá, perden o día todo.** (mc: M.V.)

14467. **O crego i-o zorro, se perde a mañá, perd'o día todo.** [4529] (ms21,12v: Bermés)

14468. **O crego i-o zorro, se perden a mañá perden o día todo.** [4530] (Jesús Vázquez: Sarria, LU)

14469. **O cuco i-o predicador canto máis altos millor.** [4531] (ms4: M.L.)

14470. **O cura e o zorro, se perden a mañá, perden o día todo.** [4532] (ms14,16 / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

14471. **O cura e o zorro, si perde a mañán, pérdeo todo.** (ms-SA: Eliseo López Varela)

14472. **O cura i-o zorro, se perden a mañá, pérdeno todo.** [4533] (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14473. **O día que non se pasa o charco, gánase o carto.** (mc: A.N. 2ª serie / ms4: N.V. 2ª serie)

14474. **O día que se sabe con quen s'anda, non se perde o día.** (ms21,05v: Bermés)

14475. **O fol mollado, masa leva.** (ms / ms4: F.V.S.)

14476. **O fume vai pró seu lugar; burro é quen se deixa estar.** [4534] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14477. **O látigo blanco pon as nalgas negras.** (mc: Tuiriz, Monforte / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

14478. **O lume apágase con auga pero a auga non s'apaga con nada.** [4535] (ms4: G.S. y A. / ms10,034r: *D.E.*)

14479. **O lume é pior cós ladrós: estos sempre deixan algo, o outro non deixa nada.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

14480. **O mal entra por arrobas e sale por onzas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

14481. **O malo sempre se acorda pero o bon nunca se esquence.** (ms9,10r: Silvarrey)

14482. **O malo vaia e veña e o bon nunca se perda.** [4536] (ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms10,036r: *D.E.*)

14483. **O malo, amalo.** (ms4: G.S. y A.)

14484. **O mango é malo, o sobremango é peor.** (mc: Fontaneira)

14485. **O mao vaia e veña i-o boo nunca se perda.** [4537] (ms4 / ms18,74r: A.S.A.)

14486. **O moito e o pouco non teñen tasa.** (mc / ms4: F.V.S.)

14487. **O morto ó cebolo i-o vivo ó bolo.** (ms15,41: Sotomerille)

14488. **O mundo é un bandallo: chove nel como fora.** [4538] (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO / ms10,047r)

14489. **O pau e a pedra no camiño medran.** [4539] (ms / ms10,084r: *D.E.*)

[4526] ms3: *falta*.
[4527] ms-LU: *mordéuchem'un sapo, i-est'ano correum'o*.
[4528] ms: *y-o manco e mail'o, c'o derreado*; ms-LU: *e mailo corcoveado*.
[4529] O orixinal di: *O crego y'o zorro se perde a mañá perd'o día todo.*
[4530] O orixinal di *Ô crego y-o zorro se perden a maña perden o dia todo.*
[4531] O orixinal di: *O cuco y-o predicador, canto màis altos millor*.
[4532] ms-LU: *i-o zorro*.
[4533] O orixinal di: *O cura yo zorro, se perden a mañá, pérdeno todo.*
[4534] ms e ms-LU: *o que se deixa estar*.
[4535] En ms10 s.v. *Lumbre*.
[4536] En ms10 s.v. *Malo*.
[4537] O orixinal di: *O mao vaya e veña y o bóo nunca se perda.* / ms18,74r: *bo nunca*.
[4538] En ms10 s.v. *Mundo*.
[4539] En ms10 s.v. *Palo*.

14490. **O penedo non vira.** (mc: Buide)

14491. **O peor dos males é tratar con animales.** (mc: Sarria)

14492. **O pouco veneno non mata.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

14493. **O pouco, agrada; o moito, enfada.** (mc: Meilán)

(es) *Lo poco se goza, lo mucho estorba.* (Correas) / *Lo poco basta, lo mucho empacha.* (Id.) / *Lo poco agrada y lo mucho enfada.* (Bergua)

14494. **O que á tenda vai e vén, dúas casas mantén.** (mc: La Coruña)

14495. **O que ardeu, queimou.** (mc: Pidre)

Var.: *O que ardeu, queimouse.* (ms4: Pidre-F.V.S.)

14496. **O que aúda sin conta e razón, logo terá [a] súa perdición.** (ms4: J.P.)

14497. **O que bos días dá, moitas veces se engaña.** (mc: Santiago)

14498. **O que de noite asubía, polo deño pía.** (mc: Muros)

14499. **O que di a persona, répiteo a mona.** (mc: Buciños)

14500. **O que é tonto, que se mate.** (mc: Santiago)

14501. **O que en maio morre, antes se colle.** [4540] (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14502. **O que fai o viño, non fai o chiculate.** (mc / ms4: F.V.S.)

14503. **O que foi a Padrón, perdeu o sillón.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

14504. **O que foi a Sevilla perdeu a silla.** [4541] (ms-SA: Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C / ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro: Muxía, C / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Francisco Canosa Quintáns)

14505. **O que foi a Castilla, perdeu a silla; o que foi e volveu, non-a perdeu.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

14506. **O que foi a Castilla, perdeu a silla.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

14507. **O que máis se molla, máis se enxuga.** (mc: Aguada, Carballedo)

14508. **O que manda a merda, cagallós lle carreta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14509. **O que morre, paga por si.** (mc: Buciños)

14510. **O que non é cego ve polo cribo.** [4542] (ms-SA: Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C / Francisco Canosa Quintáns)

14511. **O que non é cego, ben ve polo cribo.** [4543] (ms21,15v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

14512. **O que non é cego, ben ve por un cribo.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14513. **O que non fas, pensas.** (ms21,23v: Bermés)

14514. **O que non nace pra ser, non pode ser.** (mc: Santiago)

14515. **O que non nace, non pace.** (mc: Buciños)

14516. **O que non pasa nun ano pasa nun día.** (ms-SA: Juan López Souto: Corrubedo, Ribeira, C / ms-SA: Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C)

14517. **O que non pode mallar no burro, malla na albarda.** [4544] (mc: La Coruña / ms10,036r: *D.E.*)

14518. **O que non ten moas, o demo lle dá gorxas.** (mc)

14519. **O que non trae a gavela non quenta a canela.** (ms8,54v: Silvarrey)

14520. **O que non vai nas mangas, vai nas faldas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

14521. **O que non ve é como o que non sabe.** (ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)

14522. **O que non viu, que non vexa.** (mc: La Coruña / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

14523. **O que seu nombre pon a outro, xa non sabe pouco.** (mc)

14524. **O que ten o cura de delgado, teno de gordo o beneficiado.** (mc: A.S.A.)

14525. **O que ten padrín, bautízase.** (ms11,45: Comarca de Fonsagrada)

14526. **O que un perde, outro o encontra.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)

(es) *Lo que uno pierde, otro lo halla.* (R. Marín)

14527. **O que vai a Castilla, perdeu a silla, pro o que foi e volveu, non-a perdeu.** (mc: Fonsagrada-F.V.S. / ms11,44: Comarca de Fonsagrada)

14528. **O raposo perderá as forzas, mais non as mañas.** (ms-SA: R. Celso Rodríguez Rodríguez)

[4540] ms4 e ms-LU: *antes o colle*.

[4541] F. Canosa Quintáns: *perdío*.

[4542] F. Canosa Quintáns: *sego*.

[4543] O orixinal di: *O que non e cego ben ve pol'o cribo.* / ms-LU (Ferreira de Pantón): *por o cribo*.

[4544] En ms10 s.v. *Majar*.

14529. **O refrán di así i-eu tamén cho digo aiquí: "Atrás do lobo, un can; atrás dunha taza de sopas, unha taza de viño i-on rebuxo de pan".** [4545] (ms11,51: Taboada)

Rebuxo = rebanada, trozo.

14530. **O ruín ten mal nome; o bon gusta a todos.** [4546] (mc: Buciños / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

14531. **O ruín ten mal nome; o bon todo o mundo o ve.** [4547] (mc: Buciños / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

14532. **O saco redondo tanto leva como o longo.** [4548] (mc e ms4: Vasconcelos)

Var.: *O saco redondo tanto leva como é longo.* (ms4 / ms21,05r: Bermés)

14533. **O wolfram vale oito duros e pa quitalo hai que marrear duro.** [4549] (ms-SA: seminarista anónimo: Besexos, Vila de Cruces, PO)

14534. **O xuntar ouro con lama mancha as maus.** (ms15,18)

14535. **O zorro, se perde a madrugada, perde toda a xornada.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

14536. **Obra torta, cartos direitos.** [4550] (mc / ms4: F.V.S.)

14537. **Ond'o lobo com'a ovella, sempre deix'algo de la.** (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

14538. **Onde hai blanco, hai negro.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

14539. **Onde houbo fogo, cinza queda.** (ms15,11)

14540. **Onde non ves lobo, cata lobo.** (mc: M.V.)

14541. **Onde o lobo come a ovella, sempre deixa algo dela.** [4551] (mc: Buciños)

14542. **Onde vexas moito fume, pode ser ou leña verde ou morrallada do allare.** [4552] (mc: Chorexe, P. de Rey-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

14543. **Os carballos nas devesas nacen con grandes dimensiós, unhos pa santos i-outros pa ladrós.** [4553] (ms-LU: seminarista anónimo: Moreda, Taboada, LU)

14544. **Os consellos e afanes piden parecer ós refranes.** (ms18,66v)

14545. **Os coxos conócense no andar i-os cegos no mirar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14546. **Os curas non caen dos carballos porque non suben a eles.** (mc / ms4: F.V.S.)

14547. **Os da casa de arriba comen nunha viga; os da casa do medio, nun pendello; os da casa de abaixo, nun refaixo.** (mc: Picato-F.V.S.)

14548. **Os dedos das maus non son todos iguales.** (mc: Buciños)

(pt) *Os dedos das mãos não são iguais.* (Chaves) (es) *Los dedos de la mano no son iguales.* (Sbarbi)

Expresa la diferencia que hay entre personas y clases sociales.

14549. **Os estremos tócanse.** (ms10,047v: *D.E.*)

14550. **Os lóstregos lexanos pra nada son insanos.** (ms4: J.P.)

14551. **Os milagros non se fan a diario.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14552. **Os mortos, á burata; i-os vivos, á fugaza.** (ms9,09v: Meda)

Fugaza = hogaza.

14553. **Os ollos son as ventás do corazón.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *Los ojos son las ventanas del corazón.* (R. Marín)

14554. **Os recordos mándanse no bolsillo.** (ms21,07r: Bermés)

14555. **Óso de lombán, barba untada, barriga van.** (mc: J.A.P.)

Var.: *O güeso da soá, fuciño untado i-a barriga va.* (Guilfrey) / *O óso da soá, fuciño untado e barriga en van.* (ms15,24r: La Cañiza)

(pt) *Osso de assuã, beiço untado, barriga vã.* (Chaves)

14556. **Óso de soá, fuciño untado e barriga van.** (ms10,050r: Cañiza)

14557. **Ou ti non queres, ou ti non podes ou ti non traes o leite nos foles.** [4554] (ms4 / ms21,09r: Bermés)

[4545] O orixinal di: *O refrán dí así y eu tamén cho digo aiquí: atrás do lobo, un can; atrás d'unha taza de sopas unha taza de viño y-on rebuxo de pan.*

[4546] ms-LU: *gust'a todos*.

[4547] ms-LU: *mal nombre tod'o mund'o ve*.

[4548] ms4: *como longo*.

[4549] A interrupción na explotación do volframio foi seguramente a responsable de quen non se fixara este refrán.

[4550] ms: *dreitos*; ms4: *dereitos*.

[4551] ms: *Ond'o lobo*.

[4552] ms-LU: *fume que pode*.

[4553] O orixinal di: *Os carballos nas debesas nacen con grandes dimensios, un'os p'a Santos y'outros pa ladrós.*

[4554] ms4: *non trayes*.

14558. **Ovo ó papo, carto ó saco.** [4555] (mc: Buciños / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14559. **Pa quen é burro, boa é a albarda.** (ms-SA: Jesús Acuña Garrido: Vilaboa, PO)

14560. **Pallas mortas n'alumean.** [4556] (mc: M.V. / ms21,27r: Bermés / ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

14561. **Para quen é burro, bastante é a albarda.** (ms-SA: Manuel Lago López / ms-SA: Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO)

14562. **Para quen non quer comer, hai pan abondo.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

14563. **Para quen non quere, sempre hai abondo.** (ms-SA: seminarista anónimo: Carballo, Carballo, C)

14564. **Para tal besta abóndalle tal albarda.** (mc: L.G. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Lit.Gall.*,2ªed.,1911)

(es) *A tal asnejón, tal albardón.* (R. Marín)

14565. **Pasa tu, que non pasache, e lévete o demo que aínda tardache.** (mc: M.L.)

14566. **Pedra solta non ten volta.** [4557] (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU / ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)

14567. **Pedro, nin velo nin na casa telo.** (mc: Buciños)

(pt) *Pedro, nem tê-lo, nem vê-lo, nem querê-lo, nem à porta de casa conseti-lo... mas sempre é bom na casa havê-lo.* (Chaves) (es) *Pedro, ¿cuándo serás bueno? -Madre, cuando la rana críe pelo.* (R. Marín)

14568. **Pedro Pérez e mais o bandullo van os dous ó cabo do mundo.** (mc: Orense-F.V.S. / ms11,21)

Alude el refrán a Pedro Pérez Gamarra, visitador incansable de la Inquisición de Santiago, que instruyó muchos procesos contra los judaizantes. Era de reducida estatura y obeso en demasía, y el *bandullo* ridiculiza la figura poco esbelta del visitador. Habla de él Fernández Alonso en su obra *Los Judíos en Orense*.

14569. **Pelo mal cortado, ó outro día igualado.** (ms-LU: Álvaro Rábade: Mondoñedo, LU)

14570. **Pelo mal cortado, ós tres días igualado.** (ms21,20v: Bermés)

14571. **Perder, que perda o demo unha perna.** (mc: A.S.A.)

14572. **Picas pouco, picas moito; picas moito, picas pouco.** (mc: Buciños-F.V.S.)

Se dice del cigarrillo, cuando es bueno el tabaco, se pica mucho, porque pica poco, y viceversa.

14573. **Polas túas aveas míde-las dos máis cheas.** [4558] (mc)

14574. **Polo can e o cabalo conócese o amo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14575. **Polo enxoito, detrás da pena, e polo mollado, collendo na leña.** (mc: La Coruña)

14576. **Polo san Ramón, trompo ó caixón.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

14577. **Por abaixo anda quen o manda.** [4559] (mc e ms4: A.S.A.)

Var.: *Por abaixo anda que non manda.* (J.P.)

14578. **Por mal que che vâ, vive na cibdá.** (ms21,03r: Bermés)

14579. **Por moito que digan e digan, non me sacan de quen son.** (ms-SA: M. González Fernández)

14580. **Por non d[ar ó rabo, deixa com]er o cu ás moscas.** [4560] (Jesús Vázquez: Sarria, LU)

14581. **Por san Ramón, trompa ó caixón.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

14582. **Por san Ramón, trompos ó caixón.** [4561] (mc: Santiago / ms-SA: José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO / Luís Alonso Alonso)

Trompos (peonzas). (L. Alonso Alonso)

14583. **Por xaneiro bótame un pan enteiro.** (mc: Santiago)

14584. **Pra quen é o burro, ben lle chega a albarda.** [4562] (mc: Viana, Chantada-F.V.S. / ms14,16)

Var.: Como: *Para tal besta...*

14585. **Pra quen non quere, hai de máis.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)

14586. **Pra quen non quere, hai pan abondo.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

14587. **Pra quen non quer, teño eu moito.** [4563] (mc: La Coruña / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

[4555] ms-LU: *Ovo al papo*.
[4556] ms-SA: *non alumean*.
[4557] V. *Palabra e pedra solta non ten volta* en *Palabras*.
[4558] O orixinal di: *Pol-as tuas aveas, mídel-as dos máis, cheas.*
[4559] mc: *que o manda*.
[4560] O orixinal di *Por non d*[...]*er o cu as moscas*.
[4561] L. Alonso Alonso: *trompos* (*peonzas*) *a o queixón*; ms-SA: *Po lo Ramón*.
[4562] mc: *Pra que é o burro*.
[4563] mc: *Pra que*; ms-LU: *non quere*.

14588. **Pra ser, hai que nacer.** (mc: Buciños)

14589. **Pra tódolos sitios hai unha legua de mal camiño.** (mc: Pidre-F.V.S.)

(es) *A donde quiera, hay una legua de mal camino.* (Correas) (ct) *Per allí aon vages hi han cent llegües de mal camí.* (Alberola)

14590. **Pra un pronóstico non cumplen catro lexías, nin fai falla ollar estrelas nin tomar puntos nin liñas.** (ms: Santiago)

14591. **Prós cregos e prós cas nunca faltan boas mañás.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

14592. **Prós curas e prós cas nunca faltaron boas mañás.** (ms21,10v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14593. **Prós curas e prós cas sempre houbo boas mañás.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14594. **Pucho de palla e mazá madura pouco dura.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

(es) *Sombrero de paja, ni para el sol ni para el agua.* (R. Marín)

14595. **Que bo ano, que mal ano, catro caben nun escano e, sendo de Caurel, cinco e un fardel.** [4564] (mc e ms4: Baralla / ms: Begonte)

Var.: *Que bo ano, que mal ano, catro caben nun escano.* (mc / ms18,65v: Layosa) [4565] / *Que bon ano, que mal ano, catro no escano; si son de Caurel, catro i-o fardel; e si son do Cebreiro, catro i-o sombreiro.* (ms5,045: Cebrero)

(es) *Mal año o buen año, cuatro caben en un banco.* (Sbarbi) (ct) *Bon any o mal any, quatre caben en un banc.* (Alberola)

Véase *Año, mal año...*

14596. **Que bon ano, que mal ano, cuatro caben no escano, e se son de Caurel, cuatro i-o fardel.** (ms12,79: S. Pedro de Orrios, Caurel)

14597. **Que pida o corpo, si llo leva o xenio.** (mc: *Vida Gallega*)

14598. **¿Que sabe un burro cándo é día de festa?** (mc: La Coruña)

14599. **Quen de todo se adimira, ou é parvo ou se fai el.** (mc: M.V.)

14600. **Quen delas ten, delas perde.** (ms4 e mc: M.V. / ms4: A.N.)

14601. **Quen delas ten, delas pon.** (mc: Otero de Rey)

14602. **Quen fixo o cesto, que lle poña o aro.** (mc: M.V.)

14603. **Quen non aparece, esquece.** (mc: A.N.)

14604. **Quen non pode dar no burro, dá na albarda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

14605. **Quen non se pare a medir, párese a añadir.** (mc / ms4: F.V.S.)

14606. **Quen sabe, pode, sin sacrificios, facer a todos grandes beneficios.** (ms4: J.P.)

14607. **Quen sementa na culler, apaña na garfela.** (mc: A.N.)

14608. **Quen tal fixo que tal pague.** (ms10,047v: *D.E.*)

14609. **Quen te leve, que te ferre.** (mc: M.L.)

14610. **Quen ten terra, ten sol.** (ms4 e mc: M.L. / ms4: F.V.S.)

14611. **Quen vive de recordos, vive entre mortos.** (mc: M.V.)

14612. **Quen vive de recordos, vive entre os mortos.** (ms21,28r: Bermés)

14613. **Quero mellor volver que velas caer.** [4566] (mc: Pidre-F.V.S.)

14614. **Reló e campana, morte na semana.** (mc: Muros)

14615. **Rodas de muíños, bocas de machados, poutas de demonios e uñas de condenados.** (mc: Chantada)

14616. **S'ás voltas o fan, cambias'o boi polo can.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Cádavo, A Esperela, Baleira, LU)

14617. **Saco cheo non se dobla.** (mc: Buciños-F.V.S.)

(es) *Saco lleno no puede doblarse.* (R. Marín)

14618. **Saio de la, canto mai-lo estiran, máis dá.** [4567] (ms21,16r: Bermés)

14619. **Salto de cabra e brinco de lebre, bebe, Manuel, pra qu'o vello te leve.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14620. **Salto de corzo, brinco de lebre; bebe, Xosé López, hasta que Dios te leve.** [4568] (ms: F.V.S.)

14621. **San Antonio benditiño non come nin bebe i-está gordiño.** (mc: Buciños)

14622. **San Antoño i-o lobo ó pé.** (mc: M.L.)

[4564] ms: *bon ano*.

[4565] ms4: *caben catro*.

[4566] ms e ms4: *millor*.

[4567] O orixinal di: *Sayo de lá, canto mail'o estiran mais da*.

[4568] ms4: *José*.

14623. **Santa Bárbara bendita, cando chove, virvirita.** (mc: Santiago)

14624. **Se non foran as costas, todo era llano.** [4569] (mc: Buciños / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

14625. **Se non hai auga, non hai nada.** [4570] (ms15,15)

14626. **Se queres pan, vaino buscar á terra do meu can.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

14627. **Se tes frío, mete os pés na res.** [4571] (mc: Velle)

14628. **Se tes frío, vaite pó río.** (ms-SA: Jesús Tanoira Figueira: Setecoros, Valga, PO)

14629. **Se tes sono, vaite pó forno.** (ms-SA: Jesús Tanoira Figueira: Setecoros, Valga, PO)

14630. **Sebe que estás no camiño, e non gardas pan nin millo, vente conmigo.** (mc: Buciños)

14631. **Secreto de dous, sabelo Dios; secreto de tres, sábeo quen quer.** (ms15,12)

14632. **Secreto de tres non chega ó mes.** (ms9,13r: Vivero)

14633. **Secreto na orella, mala centella.** (ms21,06v: Bermés)

14634. **Secreto que de dous pasa, xa non é secreto.** (ms15,12)

14635. **Segredo entre tres non dura un mes.** (ms-SA: Cándido Señaríś Fernández: Buxán, Val do Dubra, C)

14636. **Serra, compadre, serra, comadre, na madeiriña do señor abade.** (mc: Buciños)

Cuando sólo se atiende a un negocio.

14637. **Sete por nove, sesenta e tres: o que non-o sepa ben burro é.** (ms8,53v: Trives)

14638. **Si como ladras roeras, xa che cortaran a vestra.** [4572] (ms4 e mc: M.L.)

14639. **Si chove pra non parar, o mundo hase de acabar.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

14640. **Si eres bon ou non, outros deben decilo.** (ms15,12)

14641. **Si non as hai xeitosas, afeito.** (ms8,22r: Silvarrey)

14642. **Si non chega pra día de santa Lucía, chega pra deloutro día.** [4573] (mc: C.A.)

Var.: *Si non chega pró santa Lucía, chega pr'outro día.* (ms4: A.S.A.)

14643. **Si non fora o velro, non marcha a ovella.** (mc / ms4: F.V.S.)

14644. **Si queres cousa vella, compra tella.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *La mejor teja, la más vieja.* (Sbarbi)

14645. **Si queres telo, teno.** [4574] (mc: M.L. / ms10,129r: *D.E.*)

14646. **Si sintes un can oubear, morte cerca no lugar.** (mc: Páramo-F.V.S. / ms5,135: Noya)

Var.: *Cando oubea o can do palleiro, hai morto no rueiro.*

14647. **Si tes calor, ponte ó sol.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

14648. **Si tes frío, métete no río.** [4575] (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites / ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia (galego occidental))

14649. **Si tes frío, tírate ó río.** (mc: Santiago)

14650. **Si tes gana, vaite prá cama.** [4576] (mc: Santiago)

14651. **Si tes moita calor, colle unha manta e vive ao sol.** [4577] (mc: Velle)

14652. **Si tes sono, bótate ó forno.** (mc: Santiago)

Var.: *Si tes sono, vaite ó forno.* (Santiago)

14653. **Si ti es bo, outro é millor.** (mc: Santiago)

14654. **Si ves o cura ó sol, non apures o facistol.** (mc / ms4: F.V.S.)

14655. **Si ves xuntos moitos cregos, ándache cerca un enterro.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

14656. **Sóltame e verás cómo corro.** (ms3: M.V.)

14657. **Sóltame, verás como corro.** (ms: M.V.)

14658. **Sombreiro ó pombo, capital ó lombo.** (mc: A.N.)

14659. **Son máis as voces que as noces.** (mc: A.N.)

(pt) *Sao mais as vozes que as nozes.* (Chaves)

14660. **Son os dedos das mas e non son iguás.** (ms18,58r: *Vida Gallega*)

14661. **Son os dedos das más, non son iguás.** (mc: Ch.)

Var.: Como: *Os dedos das maus...*

(*ct*) *Tots els dits de la má, no son iguals.* (Alberola)

14662. **Soñar con mortos, señal de vivos.** (ms5,045: Cobas, Cachafeiro, Forcarey)

14663. **Sopas e solver non pode ser.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

[4569] mc: *Si non foran*; ms-LU: *tod'era llano*.
[4570] O orixinal di: *Se non hay auga non hay nada.*
[4571] mc: *Si tes*.
[4572] mc: *xa te cortaran a besta*.
[4573] ms4: *pra Santa Lucia*.
[4574] En ms10 s.v. *Tener*.
[4575] ms-LU (Galicia): *Se tes*.
[4576] ms: *Se tes, pa cama*.
[4577] ms3 e ms4: *vaite ao sol*.

14664. **Sopas e sorber non pode ser.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14665. **Tantarantán, tan bo é Pedro como Xan.** (mc: Lugo)

(pt) *Tão bom é Pedro como seu amo.* (Chaves) (es) *Tan bueno es Pedro como su compañero.* (Bergua) / *Tan bueno es Pedro como su amo.* (Correas)

14666. **Tanto dá libra de ferro como de cerro.** [4578] (mc: M.L.)

(es) *Tanto pesa una libra de lana como una libra de oro.* (R. Marín)

14667. **Tanto dirán: ¡elas! ¡elas!, que veñan cando as xaneiras.** [4579] (mc: A.S.A.)

Var.: *Tanto dirán elas, que veñan cando as Xaneiras.* (ms4: J.P.) [4580]

14668. **Tanto é "Xan, velas" coma "velas, Xan".** (ms9,03r: O. de Rey)

14669. **Tanto me dá o carneiro como a la.** (ms18,65v: Chantada)

14670. **Tanto me quer o fillo da uva, tanto me quer que todo me derruba.** (mc: Correas)

Lo recoge con bastantes imperfecciones, como suele en la transcripción de los gallegos.

14671. **Tanto monta cortar como desatar.** (ms10,048r: *D.E.*)

14672. **Tanto o rico como o pobre, cando lle dá a morte, morre.** (mc)

(pt) *Tanto morre o papa, como quem não tem capa.* (Chaves) (es) *La muerte no distingue entre pastores y reyes.* (R. Marín) / *Muérese el rey, y el papa, y el duque, y el prior de Guadalupe.* (Bergua)

14673. **Tanto ten saco longo como saco redondo.** (ms6,03v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)

14674. **Tanto ten tanto como "tanto ten".** (ms10,049v: Carballino)

14675. **Tanto ten Xan coma Xulián.** [4581] (mc: Lugo / ms4: Mellid-F.V.S.)

14676. **Tantos eran os difuntos que nin a dous reás chegaban.** (mc: Buciños)

14677. **Taza chea non é engaño.** (mc: Parga)

14678. **Tempo ten a bóla, tempo ten quen-a xoga.** (ms21,13r: Bermés)

14679. **Ten a miña ama unhos pantalós que, de riba a baixo, todos son botós.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14680. **Ter e sorber non hai quen.** [4582] (mc)

(pt) *A muito entendimento, dinheiro pouco.* (Chaves) / *A muito entendimento, fortuna pouca.* (Id.) (es) *Los libros hacen muchos sabios pero pocos ricos.* / *Si quieres a tu hijo rico, procura que sea borrico.* / *Si quieres ser rico no te des mucho a los libros.* / *Harto pediría quien a Dios pidiese riqueza y sabiduría.* (R. Marín) / *Rico y sabio, términos implicados.*

14681. **Terra arenisca, tendencia a putas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14682. **Ti pariches i-eu parín, ti pucheiro i-eu tixola, estamos os dous de chola.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

14683. **Todas as ferramentas son boas si o sobremango é bon.** (ms8,59v: Silvarrey)

Sobremango = el que maneja la herramienta.

14684. **Todo dereito ten seu revés.** (mc: Corme)

14685. **Todo é leria neste mundo.** (mc)

14686. **Todo é toxo, e por rozar.** (mc: A.N.)

14687. **Todo o mundo ten algo que perder.** (mc: Buciños)

14688. **Todos somos fillos de Adán.** (ms10,047v: *D.E.*)

14689. **Todos somos fillos de Dios.** (ms10,047v: *D.E.*)

14690. **Trabadoriña dos días de festa relóceche o cu por entre as xestas.** [4583] (mc: U.C. Cuartilla 7)

14691. **Tras do que non corro non canso.** (mc: M.L.)

14692. **Tras os dentes no bolsillo i-o tempo na res, non sirves prós meus bés.** [4584] (mc: Buciños / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

Rés = riñós.

14693. **Trinta días ten novembro, con abril, xunio e setembro; de vinteoito só hai un e os demais son de trinta e un.** (ms-SA: Ramón Viña Varela: Golmar, A Laracha, C)

[4578] mc: *libre de ferro*.
[4579] ms4: *diran elas !elas!*
[4580] ms4: *que veñen*. Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *veñan*.
[4581] mc: *como*.

[4582] O orixinal di: *Ter e sorber, non hay quen.*
[4583] ms e ms4: *por entre das xestas*.
[4584] ms: *Tral'os dentes, y-o tempo*; ms-LU: *¡Tral'os dentes no bolsillo i-o tempo na rés* (*riñós*)*... Non sirves pr'os meus bés.*

14694. **Triunfa en copas, o que as fai, atopaas.** [4585] (ms-LU: seminarista anónimo: Sindrán, Monforte de Lemos, LU)

14695. **Tropezar e non caer, adiantar camiño é.** (ms-SA: Manuel Barrós Fachal)

14696. **Tu que me levas i-eu que che axudo, vamos os dous ao cabo do mundo.** [4586] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

14697. **Turra, Xan, turra, e si a corda creba, turra, Xan, pola merda.** [4587] (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

14698. **U cura com'o zorro; se perde a mañá, perdiu todo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia (galego oriental))

14699. **U sorro perderá as forzas pero non as mañas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14700. **Un a un non queda ningún.** (mc: Buciños)

Var.: *Un é un; non queda ningún.* (Buciños-F.V.S.)

14701. **Un bo morrer honra unha vida enteira.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

14702. **Un día é un día i-on peso gastouse.** [4588] (mc: Lalín / ms21,19r: Bermés)

Var.: *Un día é un día.* (ms: Sarria / ms10,047v: *D.E.*) [4589]

(es) *Un día es un día.* (R. Marín)

14703. **Un non é ningún.** (ms-SA: M. González Fernández)

14704. **Un tren con outro tren, armouse cada belén.** (ms: Santiago)

14705. **Un secreto entre tres non dura un mes.** (ms-SA: Luís Vázquez Veiga / ms-SA: Celestino López López: Brai, San Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C)

14706. **Unha abella sola fai pouco mel.** (ms4: F.V.S.)

14707. **Unha camisa na pedra i-outra no lombo.** [4590] (mc: A.S.A.)

14708. **Unha carta e unha bofetada sempre ten contestación.** (mc: Pidre)

14709. **Unha idea saca outra.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

14710. **Unha porfía quita outra.** (mc: Buciños)

14711. **Unha vara calquera a rompe e muitas xuntas non-as rompen muitos homes.** (ms15,17)

14712. **Unha vella fixo papas i-o pote botoullas fóra; hai cen anos que foi eso e inda hoxe a vella llora.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

14713. **Unha vez non son veces.** (ms4: M.L.)

14714. **Unha vez ó ano non fai daño.** (ms8,66r: Lajosa)

14715. **Unhos amolentan i-outros apodrentan.** (ms5,138: Sta. Eugenia de Asma)

14716. **Unhos fían na roca i-outros cagan na mazaroca.** (mc: Buciños)

14717. **Vaite, venturoso chan, donde esperándoche están.** (ms: Santiago)

14718. **Val máis onza que libra.** (ms15,52r)

14719. **Val máis óso na man que na boca do can.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

14720. **Válache Dios qu'a xeito te pos. Cando querías tu, ben te compoñías.** [4591] (mc e ms: M.L.)

14721. **Vale máis a auga da cama que a cama da auga.** (ms9,01r: O de Rey)

14722. **Vale máis o malo conocido que o bon por conocer.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

14723. **Vale máis onza de pelo que arroba de carne.** [4592] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Por lo que aumenta en el mercado.

14724. **Vale máis ruín conocido que bo por conocer.** [4593] (mc: M.V.)

(*ct*) *Més val roín conegut, que bò per conéixer.* (Alberola)

14725. **Vale máis ser a tela que non a tixeira.** (ms9,01v: O. de Rey)

14726. **Vale máis ter ca desear.** (ms-SA: José Lage Radío: Santa Eulalia de Xil, Meaño, PO / ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

14727. **Vale máis ter que desear.** (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *Más vale tener que desear.* (R. Marín)
(ct) *Més val tindre, que desijar.* (Alberola)

14728. **Vale máis un golpe de xenio que canto hai.** (ms15,41: Mellid)

14729. **Valen máis onzas que libras.** [4594] (ms8,17r: Silvarrey)

[4585] V. *O que as fai, atopas*.
[4586] O orixinal di: *Tu que me levas y'eu que che axudo, vamos os dous a o cabo do mundo*.
[4587] ms e ms4: *s'a corda, pol-a m....*
[4588] V. *Un home é un home i-on peso gástase* en *Hombre*. / ms: *y on peso*; ms21,19r: *y'un peso*.
[4589] En ms10 s.v. *Miscelánea* coa indicación *Día*.
[4590] ms: *y outra*.
[4591] mc: *Váñate axeito*; ms: *queiras*.
[4592] ms e ms-LU: *c'arroba*.
[4593] mc: *bon*.

14730. **Valen máis palmos que codos.** (mc)
É millor pouco e bon que moito e malo.

14731. **Vara de xesta o demo lla atesta.** (mc: Tierra Llana)
Tráelo Iglesia Alvariño (*Q.H. Flacci Carmina*), y explica: *Atestar*, llenar completamente, venir justo un tapón. De ahí, *testo*, tapadera. Falta en nuestros Diccionarios.

14732. **Veñan días e caigan olas.** (mc: Tuiriz, Monforte)

14733. **Ves tan pouco que non ves un crego nun bolo de neve.** (mc)
Var.: *Ves tan pouco que non ves un cura nun bolo de neve.* (ms4: F.V.S.)

14734. **Xan de bon barato, tan[to] dá tres como catro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

14735. **Xente baldeira, campanas de pao.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

14736. **Xerra por onde un bebe, outro pode beber.** (ms: F.V.S.)

14737. **Zanca larga pola neve non hai diablo que a leve.** (ms: Leite de Vasconcellos)

14738. **Zapatos de charol, nin prá auga nin pró sol.** [4595] (ms5,027: Ortigueira / ms-LU: Julio Elías Bello Méndez: A Feira do Monte, Sistallo, Cospeito, LU)

MITAD

14739. **A mocedá é a millor edá.** (ms10,040v: *D.E.*)

14740. **A mocedá moi folgada trai a vellez arrastrada.** (ms10,040v: *D.E.*)

14741. **Garda no verán da mocedá pró inverno da edá.** (ms10,040v: *D.E.*)

14742. **Mocedá ben pasada vellez larga e descansada.** (ms10,040v: *D.E.*)

14743. **Mocedá preguizosa, vellez traballosa.** (ms10,040v: *D.E.*)

14744. **O que de vello engorda dúas mocedades ten.** (ms10,040v: *D.E.*)

14745. **Xa está feita a mitá porque, anque ela non queira, eu quero xa.** (ms10,040v: *D.E.*)

MOCA

14746. **Esto que vén de moca ¿a como nos toca?** (ms10,040v: *D.E.*)

MODA

14747. **A moda é pra moitos a súa Nosa Señora.** (ms10,041r: *D.E.*)

14748. **O que é moda non incomoda.** (ms10,041r: *D.E.*)

MODERACIÓN

14749. **Leva en todo un ten con ten, e todo che sairá ben.** (ms10,128r: *D.E.*)

14750. **Un bo ten con ten pra todo está ben.** (ms10,128r: *D.E.*)

MOJAR

14751. **Máis val molla-las faldras que lixa-las toucas.** (ms10,041r: *D.E.*)

14752. **Se non fora por molla-las botas iba contigo a rega-la horta.** (ms10,041r: *D.E.*)

MOLER

14753. **O abade i-o veciño moen nun mesmo muíño.** (ms10,041r: *D.E.*)

14754. **O cura, o sancristán, o barbeiro i-o veciño todos moen nun muíño.** (ms10,041r: *D.E.*)

MOLINO. V. tamén *Maquila, Oficios*.

14755. **As que ó muiño van, se son bonitas, logo as moerán.** (ms10,044v: *D.E.*)

15199. **As mulleres son o demo cando tocan a lingoa.** (mc: José Mª Cures, Santiago)

15200. **As mulleres son o demo cando tocan o ferro.** (mc: Caamaño Liñeiro, Santiago)

15201. **As mulleres son testarudas como as ovellas i-as burras.** (ms8,12r: La Cañiza)

15202. **As mulleres teñen sete xustillos e sólo descubren un.** (mc: Camba)

Var.: *As mulleres teñen sete xustillos e sólo desabrochan un.*

Curiosa manera de ponderar el carácter reservado de la mujer.

15203. **As mulleres tolas cambian o pan polas olas.** (ms10,049r: Trives)

Var.: *As mulleres tolas cambian o pan polas olas; i-as máis agudas, polas máis crudas.*

15204. **As mulleres, cando non teñen que facer, arrancan os pelos e póñense a coser.** (mc / ms4: F.V.S.)

15205. **As mulleres, como as cabras: onde vai unha, van todas.** [4657] (mc: Carballino)

15206. **As mulleres, como as uvas: as ruís, pisalas, i-as boas, colgalas.** [4658] (mc: Carballino)

15207. **As mulleres, de solteiras, sete brazos i-onha lengua.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

15208. **As mulleres, fariña do demo.** (mc: Buciños)

15209. **As mulleres, no rigueiro, danlle a volta ó mundo inteiro.** (mc: Pedraza)

(es) *A lavar al río fuí; mal dije de otras, y peor dijeron de mí.* (R. Marín) / *Cuando van las mujeres al hilandero, van al mentidero.* (Id.)

15210. **As mulleres, onde están sobran e, onde non están, boa falta fan.** (ms10,046r: *D.E.*)

15211. **As mulleres, ou matalas ou deixalas.** (ms10,046r: *D.E.*)

15212. **Beleza e bondade é unha felicidade.** (ms: Agro)

(pt) *Beleza sem bondade, não vale metade.* (Chaves) / *Beleza sem virtude é rosa sem*

[4652] V. *A arada de mulleres dá pan, si queres* en *Agrícolas* (*Generales*). / ms8,45r: *Aradas si queres*; ms-SA: *molleres*.

[4653] ms: *y as nenas*.

[4654] mc: *beilar*.

[4655] ms: *y-os*.

[4656] ms: *y os*.

[4657] ms: *com'as cabras*.

[4658] ms: *com'as uvas*.

cheiro. (Id.) (va) *Bellea sense bondat no res val.* (Alberola)

15213. **Blancura sete faltas disimula.** (ms: M.V.)

15214. **Boas frutas sin exceso, procura a muller de seso.** (ms4: J.P.)

15215. **Bonitura, se tes falta** [sic]**, desimula.** [4659] (ms18,22r)

15216. **Cada can co seu dono e cada mujer ca súa roca.** (ms17,002)

15217. **Cada can con seu dono e cada muller coa súa roca.** (mc: Camba)

15218. **Cando a muller merca moito, o seu home vende pronto.** (ms10,046r: *D.E.*)

15219. **Canta o cuco na rabela do arado: "O que anda entre mulleres, está ben arreglado".** [4660] (mc: Carballedo)

15220. **Canto máis chore a muller menos doo se lle ha ter.** (ms10,046r: *D.E.*)

15221. **Canto máis vella, máis leva.** [4661] (ms: A.N. / ms10,136r: *D.E.*)

15222. **Casa de dona sin escudeiro é coma fogo sin trasfogueiro.** (ms10,132r: *D.E.*)

15223. **Casa de moitas mulleres, a cociña por barrer.** (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)

(pt) *Mulher só, faz tudo, duas fazem pouco e três nada.* (Chaves) (es) *Unos por otros y la casa por, o sin, barrer.* (Sbarbi) (ct) *Uns per atres, la casa per agranar.* (Alberola)

15224. **Casa de moitas mulleres, a cociña sin barrer.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

15225. **Casa de mulleres, casa de demonios.** [4662] (mc: Santiago)

15226. **Casa por renda e muller sin facenda, atópanse donde queira.** (mc: M.L.)

15227. **Catro cousas hai no mundo e as catro testarudas: as mulleres e as cabras, as ovellas e as burras.** (ms-LU: Félix Rodríguez Vieites)

15228. **Catro cousas hai no mundo, todas catro cotarrudas: os porcos e as ovellas, as mulleres e as mulas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15229. **Catro cousas hai no mundo, todas elas testarudas: os porcos i-as ovellas, as mulleres i-as burras.** [4663] (mc: Chorexe, Palas de Rey-F.V.S.)

15230. **Catro mulleres, catrocentos pareceres.** (ms10,046r: *D.E.*)

15231. **Coa muller e o diñeiro non te bulres, compañeiro.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

(pt) *Com a mulher e dinheiro, não zombes* (ou *não te burles*) *companheiro.* (Chaves) (es) *Con la mujer y el dinero, no te burles, compañero.* (mc: Sbarbi / ms2: Correas). (ct) *Ab la dòna y els dinés, molt cuidadós has de ser.* (Alberola)

15232. **Coa voluntá da muller naide se pode meter.** (mc)

15233. **Composta, non hai muller fea.** (ms10,046r: *D.E.*)

15234. **Con media muller abonda.** (ms10,046r: *D.E.*)

15235. **Con mulleres, entrarás cando quixeres e sairás cando poideres.** (ms10,046r: *D.E.*)

15236. **Condición é das mulleres despreciar o que lle deres e morrer polo que lle negues.** (ms10,046r: *D.E.*)

15237. **Da muller e do diñeiro non te burles, compañeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15238. **Da muller e do mar non hai que fiar.** (ms10,046r: *D.E.*)

15239. **Da vella galana non fíes nada.** (ms: Buciños)

(es) *De vieja galana no te fies nada.* (R. Marín)

15240. **Da vella galana non te fíes nada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

15241. **De muller porca e riseira e d'home que gasta corsé... libera me Dominé.** (ms4: F.V.S)

15242. **De muller que fala latín e mula que faga "hin", líbreme Dios a min.** [4664] (mc: Chorexe-Pidre. F.V.S.)

(pt) *Mulher que fala latim, burra que faz "im" e carneiro que faz "mé" libera nos et dominé.* (Chaves) / *Mulher que sabe latim e burra que faz im raras veces teem bom fim.* (Chaves) / *Foge de mulher que sabe latim e de burra que faz "im". / Mula que faz "im..." e muller que sabe latim, raras vezes têem bom fim.* (Chaves) (es) *Mujer que sabe latín, no tendrá buen fin.* (Sbarbi) / *Mula que hace "hin, hin"* (mc: "hin"), *échala de casa por un cautrín.* (ms:

[4659] Ordinariamente este refrán aparece da seguinte forma: *Bonitura sete faltas disimula*.

[4660] ms: *y o que anda*.

[4661] En ms10 s.v. *Vejez*.

[4662] ms: *Casa de muller*.

[4663] ms: *y as burras*.

[4664] ms: *mula que fai* in.

"cuatrín) (Id.) / *Mula que hace "hin", "hin", dale de lado por ruín.* (Sbarbi)
Con multitud de variantes.

15243. **De noite non hai muller fea.** (ms10,046v: *D.E.*)

15244. **De san Xoán, Santiago i-agosto, mulleres, non son voso; desde Nadal a marzo, estarei ó voso lado.** (ms10,046v: *D.E.*)

15245. **De lanas e mulleres non fagas almacenes.** (mc: Becerreá.)

15246. **Din que a millor tentación da muller é a de matar o home.** (ms8,38v: Lugo)

15247. **Dona fermosa, ou tonta ou vanidosa.** (ms: A.C. *A Nosa Terra*)
(pt) *Mulher formosa, doida ou presunçosa.* (Chaves) (es) *La mujer hermosa, o loca o presuntuosa.* (Correas) (va) *Dòna hermosa, o tonta o vanitosa.* (Alberola)

15248. **Dona traballadora non quere home lacazán.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)

15249. **Doncela curiosa calquera é, casada e con fillos te quixera ver.** [4665] (ms10,049v: La Cañiza)

15250. **Donde hai auga, hai xungos, e donde hai mulleres, hai demonios.** [4666] (mc: Santiago)
Var.: *Donde hai mulleres, hai demonios.* (Id.)

15251. **Donde hai sucos, agua; donde mulleres, demonios.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

15252. **Donde hai xungos, hai agua; donde mulleres, demonios.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)

15253. **Door de muller morta dura hastra a porta.** (ms10,046v: *D.E.*)

15254. **Dúas mulleres e un cesto fan feira.** (mc: Pedraza)

15255. **Dúas mulleres xuntas, nin difuntas.** (mc)

15256. **Dunha muller nada dirás, se te acordas de túa mai e de túas irmás.** (ms15,15)

15257. **É máis mala de levantar unha vella da eira c'unha nova do paricio.** (ms4: Choreje-F.V.S.)

15258. **É millor ter a forca á veira que a muller xusticeira.** [4667] (mc: Santiago / ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

15259. **É o que lle queda no mundo á muller: si se casa, sufrir; e si non, padecer.** (mc: Carballino)

15260. **Éme, María, éme moi boa: tenme tres emes, éme marroa.** (mc: Buciños-F.V.S.)

15261. **En canto a grande se baixa, a pequena barre a casa.** (mc: Palas de Rey-F.V.S.)
(pt) *Emquamto a grande se abaixa, a pequena varre a casa.* (Chaves) (es) *Mientras la alta se baja por la escoba, la chica barre la casa toda.* (R. Marín) / *En cuanto el grande se abaja, el chico hace la hazaña.* (Correas)
Es una de las razones que se dan para acreditar el refrán que dice: *A muller i-a sardiña, pol-a máis pequeniña*.

15262. **Entre o si e o non das mulleres non cabe a punta de un alfinete.** (ms10,046v: *D.E.*)

15263. **Fai máis a vella co uso que a nova coa roca i-o fuso.** [4668] (ms: A.N.)

15264. **Fálese da doncela e non se diga quen era ela.** (ms: Sta. Eugenia de Asma)

15265. **Fermosura e bondade é unha felicidade.** (ms: C.A. *A Nosa Terra*)
(es) *Hermosura sin bondad, más que un bien es un mal.* (R. Marín)

15266. **Filla e nai, dous demos pró pai.** (ms-SA: Celestino López López: Brai, San Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C)

15267. **Fornos e mulleres un, i-aquela colgada como nunha lámpara.** (mc: Sober)

15268. **Fornos e mulleres un, i-aquela colgada como unha lámpara.** [4669] (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Fornos e muller un, y-a aquela colgado como nunha ... (explicación de V. Saco)

15269. **Fume, goteira e muller berradeira botan o home da casa prá eira.** [4670] (mc: J.P.)
(pt) *Fumo, goteira e mulher faladora, põem os homens pela porta fora.* (Chaves) (es) *Humo, gotera y mujer parlera, echan al hombre de su casa fuera.* (Correas) / *Humo,*

[4665] ms15,24r: *Doncella, calquera a é, con fillo*.

[4666] O orixinal di: *Donde hay auga hay xungos e donde hay mulleres hai deonios.* / ms: *Donde mulleres, demonios*.

[4667] ms-SA: *xusticieira*.

[4668] O orixinal di: *Fai mais a vella co uso que a nova coa roca y-o fuso.*

[4669] O orixinal di: *Fornos e mulleres un, y ar aquela colgada como un'a lampara.*

[4670] mc: *barredeira*. Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *berradeira*, coincidindo coas variantes que V. Saco aporta dountros idiomas. A explicación que dá en relación coa forma *barredeira* podería ter base nun erro de transcrición do refrán orixinal.

gotera y mujer brava, echan al hombre de su casa. (Id.)

Lo que el gallego atribuye a la mujer *barredeira*, lo aplican los demás a la brava y parlanchina. Entendemos por *barredeira*, la que tiene la obsesión de la escoba, que no la deja un minuto del día; no la mujer limpia y aseada, que queda siempre en buen lugar en la paremiología de Galicia.

15270. **Gánanse polo bo trato a muller e maila gata.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

15271. **Gardar ben unha muller, non pode ser.** (ms10,046v: *D.E.*)

15272. **Hai quen se fai boa por fóra e por dentro é pior ca ningunha.** [4671] (ms15,12)

15273. **Hai más mulleres que demos no Ponte Seguro.** [4672] (ms8,76r: Lalín)

15274. **Leite fresco con manteca é o almorzo das mulleres; e ó burro que vén dos toxos, come berzas, si as queres.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15275. **Levo a saia con vuelo porque salta o boqueiro candia min.** (ms9,11v: Silvarrey)

15276. **Líbrate de can que moito ladra e de muller que moito fala.** (mc: Santiago)

15277. **Lugar grande e muller señora non é pra agora.** (mc: J.P.)

15278. **Máis tiran dúas tetas que dúas carretas.** (ms4: F.V.S.)

15279. **Mal queda o que de muller fale, porque, sea certo ou non, mellor é qu'esté calado.** (ms15,15)

15280. **Mala a moller que no pote deixa a culler.** (ms-SA: Lorenzo Castiñeira Canosa: Santa María de Xaviña, Camariñas, C)

Var.: *Mal a muller que no pote deixa a coller.* (ms-SA: Pedro Pontes García)

15281. **Mala é a muller que deixa na pota a culler.** (ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)

15282. **Mala é a muller que na pota deixa a culler.** [4673] (mc: Santiago)

15283. **María sin delantal tanto gusta ben coma mal.** (ms: Tuiriz)

15284. **Mariquiña o sábado á noite pousa a roca e plancha a roupa.** [4674] (mc: Santiago)

15285. **Maxencias nos homes poden pasar, mais nas mulleres non poden faltar.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)

15286. **Media moza está na tenda.** (ms: M.L. A C. *A Nosa Terra* / ms4: M.L. / ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

Var.: *O corpo da nena está na tenda.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

15287. **Mentras a grande dá unha volta, a pequeniña barre a cociña.** (mc: Lalín-F.V.S.)

15288. **Mentras a grande se baixa, a pequena barre a casa.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

(pt) *Emquanto a grande se abaixa, a pequena varre a casa.* (Chaves) (es) *Mientras la alta se baja por la escoba, la chica barre la casa toda.* (R. Marín)

Véase *En canto a grande se baixa...*

15289. **Mentras qu'a alta se baixa, a pequena barre a casa.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15290. **Mentres a muller grande se baixa, a pequena xa barreu a cociña.** (ms-LU: Álvaro Rábade: Saavedra, Begonte, LU)

15291. **Mentres moza, boo pasar, pero de vella, choutar.** [4675] (ms4: A.I. / ms / ms21,17r: Bermés)

(es) *Mientras moza, bien pasear; después de vieja, trotar.* (Correas)

15292. **Metá da moza está na tienda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

15293. **Millor que muller chismosa é un niño de avespas no marco da porta.** (ms15,44)

15294. **Moitísimos males prevén a muller que higiene ten.** (ms4: J.P.)

15295. **Moitos pimentos e tomates en conserva a curiosa muller sempre reserva.** [4676] (ms e ms4: J.P.)

15296. **Moza mañanenga primeiro ergue o cu que a cabeza.** [4677] (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

(es) *Moza mal madrugadera, antes yergue el culo que la cabeza.* (R. Marín)

15297. **Moza pobre ben vestida, mal me cheira a chamusquina.** (ms21,22v: Bermés)

[4671] O orixinal di: *Hay quen se fai boa por fora e por dentro e pior ca ningunha.*

[4672] Diante deste refrán hai no manuscrito algo ilexible que parece dicir *Marmi* (*¿Mamá?*) *vai quer d'apena* ou *quen Dapena*. O refrán *Hai máis mulleres...* aparece iniciado por un signo de cerrar interrogación.

[4673] mc: *porta*.

[4674] V. *Sábado á noite, Marica colle a roca* en *Pereza*.

[4675] ms16: *bon pasar*; ms21,17r: *chutar*.

[4676] ms e ms4: *muller curiosa*. Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *curiosa muller*. En calquera caso, parece ser un aforismo inventada polo propio Jacinto del Prado e non un refrán popular.

[4677] ms: *ergue o c....*

15298. **Moza pobre e ben vestida, mal che me cheira a chamusquina.** [4678] (mc: M.V.)

15299. **Moza que a moitos fai cara, dígoche, Xan, que é unha maula.** [4679] (mc: M.V. / ms21,21v: Bermés)

Var.: *Moza que a moitos fai cara, non vale nada.* (A.C. *A Nosa Terra*)

(es) *Moza que con todos bromea, no sé si lo es; pero quizá lo sea.* (R. Marín)

15300. **Moza que a moitos fai caso, digo, Xan, que é unha maula.** (mc: Santiago)

15301. **Muller asturiana, home portugués i-aire santiagués, pódense foder os tres.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15302. **Muller asturiana, louca, vana, ou mala cristiana.** (mc: Buciños)

(es) *Asturiano, loco y vano, poco fiel y mal cristiano.* (R. Marín)

Como diremos en los refranes tópicos de lugares, las rivalidades de donde proceden casi todos, son injustas, y no pueden alcanzar nunca un sentido universal.

15303. **Muller barbuda, de lonxe se saluda.** (mc: Carballedo / ms4: Buciños-F.V.S.)

(pt) *Mulher barbuda, de longe a saúda.* (Chaves)

15304. **Muller barbuda, de lonxe saluda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15305. **Muller barbuda, muller rabuda.** (mc)

15306. **Muller barbuda, o demo que a sacuda.** [4680] (mc / ms4: F.V.S.)

Var.: *Muller bigotuda, u demo c'a sacuda.* (mc / ms-LU: seminarista anónimo: Lugo, Lugo, LU)

Véase *A muller barbuda...*

15307. **Muller boa e honrada é a que coida a súa casa.** (ms10,046v: *D.E.*)

15308. **Muller casada, medio home é.** (mc: Páramo-F.V.S.)

15309. **Muller casada, perna quebrada.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *La mujer casada y honrada, la pierna quebrada y en casa; y la doncella, pierna y media.* (Correas)

15310. **Muller caseira, a filla primeira.** (ms10,046v: *D.E.*)

15311. **Muller composta na rúa posta, a todo malo está disposta.** (ms10,046v: *D.E.*)

15312. **Muller con bigote casa sin dote.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

Var.: *Muller de bigote non necesita dote.*

(pt) *Mulher de bigode pode mais que o homem.* (Chaves) (es) *Mujer de bigote, no necesita dote.* (R. Marín)

Véase *A muller con bigote...* Como mujer hombruna es excelente para ayudar a ganar el pan a un hombre pobre. (R. Marín) A las cualidades hombrunas alude el refrán del portugués.

15313. **Muller con bigote no necesita dote.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15314. **Muller con home non diga que é probe.** [4681] (mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

15315. **Muller con oito fillos e sin marido será o que non digo.** (mc: Buciños)

15316. **Muller charlatana, muller folgazana.** (mc: Tuiriz)

(pt) *Mulher palradeira, fraca fiandeira.* (Chaves) / *Mulher palradeira, nunca é grande tecedeira.* (Id.)

15317. **Muller de cego que se compón moito, non se compón pra el que se compón pra outro.** [4682] (mc: A.I.)

(pt) *Mulher de cego para quem se enfeita?* (Chaves) (es) *La mujer del ciego ¿para quién se afeita?* (Sbarbi)

Como *A muller do cego, ¿pra quen se compón?*

15318. **Muller de xugador nunca te alegres: si hoxe gañas, mañá perdes.** (mc: Camba)

(pt) *Na casa de quem joga, pouca alegria mora.* (Chaves)

15319. **Muller de xugador nunca te alegres: si hoxe o ganas, mañá o perdes.** (ms18,65v: Camba)

15320. **Muller delgada, boa ama.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15321. **Muller desconfiada é a máis acertada.** (mc: Tuiriz)

15322. **Muller do cego que se compón moito, non se compón pra el que se compón pra outro.** (ms21,09r: Bermés)

15323. **Muller do cego que se compón moito, non se compón pra que a vexan outros.** (ms10,046v: *D.E.*)

15324. **Muller e fillos virtuosos sempre bens son más preciosos.** [4683] (ms4: J.P.)

[4678] ms: *mal me cheira*; ms3: *qu'é*.

[4679] V. *Moza que a moitos fai cara non val nada* en *Edades* (*Niñez y juventud*). / ms21,21v: *qu'a moitos*.

[4680] ms: *o demo qu'a sacuda*.

[4681] ms-LU: *qu'é pobre*.

[4682] ms3: *non se compón pr'o cego*; ms4: *Muller d'o cego*.

15325. **Muller e forno, con un hai dabondo.** [4684] (mc: M.L.2)

15326. **Muller e mula sin zuna, ningunha.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15327. **Muller e pollino, tomos do veciño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Para escoger esposa mejor es no salir del recinto del país de uno y de sus cercanías que andar correteando de un lado para otro, desconociendo los precedentes patológicos de la familia a que uno quiere unirse; lo que no suele suceder con los cercanos.

15328. **Muller e xogo atopan lugar logo.** (mc: Tuiriz)

(es) *Mujer y fuego hallan salida luego.* (R. Marín)

15329. **Muller fiandeira e lareteira, millor na cas que na eira.** (ms10,046v: *D.E.*)

15330. **Muller finxida, muller podrida.** (mc: Buciños)

Var.: *Muller finxida, mazá podrida.* (Buciños - F.V.S.)

15331. **Muller goberneira cría o seu fillo e fía a súa tea.** (ms10,046v: *D.E.*)

15332. **Muller lambereteira rebole a cacheira.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

15333. **Muller lambeteira, revolve a cociña enteira.** (ms10,046v: *D.E.*)

15334. **Muller lareteira pra quen a queira.** (ms10,046v: *D.E.*)

15335. **Muller larmeira, ou puta ou meiga.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

15336. **Muller larpeira, ou ladra ou meiga.** (ms10,046v: *D.E.*)

15337. **Muller morta non fala.** (ms-SA: M. González Fernández)

15338. **Muller moza e con coche, na facenda fai esmoche.** (ms10,046v: *D.E.*)

15339. **Muller moza e viúda, pouco dura porque se deixa comer de madura.** (ms10,046v: *D.E.*)

15340. **Muller na ventana, ou pendón ou namorada.** [4685] (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

(pt) *Mulher janeleira, namorada ou rameira.* (Chaves)

15341. **Muller ociosa, muller viciosa.** (mc: Buciños)

En ella, como en el hombre, la ociosidad produce sus efectos.

15342. **Muller pequena sempre é nena.** (mc: Lugo)

15343. **Muller pintada, mala cristiana.** (mc: Buciños)

15344. **Muller probada, anque teña venta, non val nada.** (mc: R. Caruncho)

15345. **Muller qu'asubía e canta como capón, na miña casa non.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

15346. **Muller que adore a veciña, rapaza que durma fóra, pedra limpa da cociña e neniño que non chora non che me dan boa espiña.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

15347. **Muller que adoura a veciña, rapaza que dorme fóra, miniño que non chora e pedra limpa na cociña non che me dá boa espiña.** (mc: Buciños)

15348. **Muller que asubía e fía de pé, nunca boa é.** [4686] (mc: A.I. / ms16,04v)

(es) *Mujer que silba y mea de pie, hembrimacho es.* (R. Marín) / *Mujer que silba o fuma, ¡buena pluma!* (Id.)

15349. **Muller que asubía e galiña que canta com'o capón, na miña casa, non.** (mc e ms: *T. de M .*/ ms-LU: seminarista anónimo: Camporramiro, Chantada, LU)

15350. **Muller que asubía e mula que diga "hin", tírama de xunto a min.** (mc: Berbetoros, Palas de Rey-F.V.S.)

15351. **Muller que asubía, mula que griñe e galiña que canta como capón, na miña casa non, non.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

15352. **Muller que asubía, vaca que esgurría, galiña que canta coma un capón, na miña casa non.** [4687] (ms-SA: Félix Rodríguez Vieites)

15353. **Muller que asubía, vaca que esgurría, galiña que canta como o capón, [na] miña casa non.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

15354. **Muller que asubíe, pita que cante como capón, na miña casa non.** (ms-SA: M. González Fernández)

15355. **Muller que axubee e mula que faga "iii", garda pra ti que pra min non sirve.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

[4683] Sospeitamos que é unha de tantas máximas da autoría de Jacinto del Prado e non un refrán popular.

[4684] ms4: *hai abondo*.

[4685] ms4 e ms15,47r: *enamorada*.

[4686] ms3: *qu'asubía*.

[4687] O orixinal di: *Muller que asubía, vaca que esgurria, galiña que canta cumon capon na miña casa non.*

15356. **Muller que co marido non come á mesa, algo pra si garda na artesa.** (mc: M.V.)

15357. **Muller que corre, seguida quer ser.** (ms10,046v: *D.E.*)

15358. **Muller que en inverno foi previsora, no vran pode ser señora.** [4688] (mc: J.P.)

15359. **Muller que moito bebe, tarde paga o que debe.** (mc: A.N.)

(pt) *Mulher que muito bebe, tarde paga o que deve.* (Chaves) (es) *Mujer que mucho bebe, tarde paga lo que debe.* (Correas)

15360. **Muller que non gharda fidelidade é unha mala muller.** [4689] (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

15361. **Muller que non torna, é porta sin tarabelo.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

15362. **Muller que nos homes se cre, ten ollos e non ve.** (mc: Tuiriz)

(pt) *Mulher que do homem se fia no jurar, o que ganha é ter de chorar.* (Chaves)

15363. **Muller que sabe latín e mula que fai "hin", arrenega dela hastra o fin.** [4690] (mc: A.I.)

(pt) *Mulher que sabe latim e burra que faza "im", raras vezes têem fin.* (Chaves) (es) *Mujer que habla* (o sabe) *latín, rara vez tiene buen fin.* (R. Marín) / *Mula que hace "hin, hin", échala de casa por un cuatrín* (o dale de lado por ruin) (Id.)

15364. **Muller que sabe latín, non é pra min.** (ms10,046v: *D.E.*)

15365. **Muller que se fai solteira, ou é aquelo ou é meiga.** (ms15,13)

15366. **Muller que silba e fía de pé, nunca boa é.** (ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

15367. **Muller que ten bigote, pode máis que o home.** (ms10,046v: *D.E.*)

15368. **Muller que sepa latín e mula que faga "hin", si non é mala, é ruín.** (ms5,027: Villalba / ms-LU: seminarista anónimo: Vilalba, LU)

15369. **Muller que sepa latín e mula que faga "in", nin o demo as monta.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

15370. **Muller riseira, ou puta ou peideira.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Incio, LU)

15371. **Muller riseira, santa ou rameira.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15372. **Muller sin home é como lume sin leña.** (ms10,046v: *D.E.*)

15373. **Muller sin marido, festa sin trigo.** (mc: Buciños-F.V.S.)

(pt) *Mulher sem marido, barco sem leme.* (Chaves)

15374. **Muller sin oficio e fol con pouca fariña, cheira a morriña.** (mc: M.L.)

15375. **Muller sin oficio e fol sin fariña cheira a morriña.** (ms18,33r)

15376. **Muller tapada esconderse quer.** (ms10,046v: *D.E.*)

15377. **Muller vella, nin pra un arrangallo.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)

15378. **Muller ventaneira, fuxe de ela á carreira.** (ms10,046v: *D.E.*)

15379. **Muller ventaneira, ou folgazana ou parladeira.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15380. **Muller zalameira, ou puta ou meiga.** (ms3)

15381. **Muller peinada, casa barrida: pouco traballo e ben parecida.** (mc: Layosa / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

(pt) *Casa varrida, mulher penteada, parece bem e não custa nada.* (Chaves) (es) *Casa barrida, otro tanto más lucida.* (R. Marín)

15382. **Mullere morta, sete á porta.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

15383. **Mulleres á eira e viño en coeira.** (ms10,046v: *D.E.*)

15384. **Mulleres da Ribeira e vacas da Mezquita, quita, quita, que teñen vida de señorita.** [4691] (mc: Santiago / ms-LU: Jesús Redondo C.: A Mezquita, OU)

15385. **Mulleres e fornos, un en cada casa chega.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

15386. **Mulleres e mulas hai poucas sin zunas.** (ms18,33r)

15387. **Mulleres e mulas, hai poucas sin zuna.** (mc: M.L.)

15388. **Mulleres e pollino, tómaos do veciño.** (mc: Meilán, Lugo)

(es) *La mujer y el caballo, si puede ser, del vecindado.* (mc: Sbarbi / ms: R. Marín)

Porque son más conocidos sus antecedentes.

15389. **Mulleres, tantas coma fornos.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Cádavo, A Esperela, Baleira, LU)

[4688] ms e ms4: *pode ser ben señora*.

[4689] O orixinal di: *Muller que non jarda fidelidad e uma mala muller*.

[4690] ms: *d'ela, hastr'o fin*; ms3: *arrenegar de ela*.

[4691] ms-LU: *Molleres de*.

15390. **Muller, ímonos deitar, que temos que traballar.** (ms10,046v: *D.E.*)

15391. **Muller, reló e besta non se empresta.** [4692] (mc: Chantada / ms4: F.V.S.)

(es) *Mujer, reloj y escopeta, no se presta.* (Sbarbi)

15392. **N'hai blanca sin tacha nin morena sin gracia.** [4693] (ms e ms4: M.V. / ms3 / ms-SA: Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / ms21,22r: Bermés)

(es) *Ni blanca sin tacha, ni morena sin gracia.* (Sbarbi)

15393. **Na casa da muller rica ela manda i-ela grita.** (mc: Palas de Rey)

(pt) *Em casa de mulher rica, ela manda, ela grita.* (Chaves) (es) *En casa de mujer rica, ella manda y ella grita.* (R. Marín)

15394. **Na casa da muller rica, o home cala e ela repica.** (ms10,046v: *D.E.*)

15395. **Nariz nacha, boa muchacha.** (mc)

15396. **Nena solta é como cancelo sin porta.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

15397. **Nin muller trintena nin vaca cotena.** (mc)

15398. **Nin flores en marzo nin muller sin vergoña.** (mc: U.C. Cuartilla 12)

Var.: *Non hai que fiar en frol de marzo nin na muller sin empacho.* (J.P.)

(es) *Ni de las flores de marzo, ni de la mujer sin empacho.* (Sbarbi) (ct) *Ni dona desvergonyda, ni planta pel març florida.* (Sanchis) / *De flors de març fruit no en vindrà.* (Id.)

Poco o mejor, nada se puede esperar de la mujer que ha empezado a perder la vergüenza, lo mismo que del campo cuando se adelanta la primavera.

15399. **Nin mula que faga "hin" nin muller que sepa latín.** (mc)

Var.: *Nin mula que faga "hin" nin muller que fale latín.* (F.V.S.)

(es) *Mula que hace hin y mujer que parla latín, nunca hicieron buen fin.* (Correas) / *Ni mula que haga "hin", ni mujer que sepa latín.* (R. Marín)

La mujer *sabedora* es reprochada en varias paremias gallegas. También el refranero castellano dice: Mula que hace hin y mujer que parla latín, nunca hicieron buen fin. Quedan ya registradas otras variantes.

15400. **Nin por casa nin por viña non tomes muller mesquiña.** (mc: Chantada)

Var.: *Ni por casa nin por viña non tomes muller ximia.* (Tuiriz)

(pt) *Nem por casa nem por vinha cases com mulher mesquinha.* (Chaves) (es) *Ni por casa ni por viña, no tomes mujer jimia* (o garrida o parida). (Sbarbi)

Por razón de interés no debe uno tomar mujer casquivana o lasciva.

15401. **No andar e no haber conócese a muller.** (ms10,046v: *D.E.*)

15402. **Non amanses poltros nin chufes a muller doutro.** (ms15,17)

15403. **Non é brava a muller que cabe na casa.** (ms10,046v: *D.E.*)

15404. **Non hai calabaza, tapón nin muller sin quita e pon.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

15405. **Non hai carga máis pesada que a muller desvergonzada.** (mc: Tuiriz)

(es) *No hay carga más pesada que la mujer liviana.* (Sbarbi)

Como *A muller liviana...*

15406. **Non hai cousa máis fea que unha muller sentada e un home de pé.** [4694] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Porque la supone poco hacendosa.

15407. **Non hai cousa que faga unha muller que outra, si se pon, non-o sepa facer.** (ms: Silvarrey)

15408. **Non hai muller branca que non teña a súa chata, nin hai muller morena que gracia non teña.** (ms10,046v: *D.E.*)

15409. **Non hai muller máis delgada que a de tres meses embarazada.** (mc: J.T.)

15410. **Non hai muller que teña seso cando se mira ó espello.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

15411. **Non hai blanca sin chata nin morena sin gracia.** (ms-SA: Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C)

15412. **Non me toque o manto que se me rompe; non lle son a dama que a vosté lle cómpre.** (mc: Buciños)

Dicho de mujeres honestas. (mc) / No todo es liso y llano. (ms)

15413. **Non poñas albres nin amanses poltros, nin chúfe-la muller pouco nin**

[4692] V. *A muller e a besta a naide se empresta* en *Préstamos* (*Peligros de prestar*).

[4693] ms-SA: *chata*.

[4694] ms: *y un home*; ms-LU: *i-on home*.

moito. [4695] (mc e ms4: M.L. / ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

(es) *Ni domes potro, ni tu mujer alabes a otro.* (R. Marín)

15414. **Non sabe o que é unha hora millorada a muller que non pareu.** [4696] (mc: M.V.)

15415. **Non se me dá por enauga con tal de ter nova a faldra.** (ms15,12)

15416. **Non te fíes de mulleres nin emprestes a parentes.** (ms10,046v: *D.E.*)

15417. **Non tomes por dona muller replicona.** (ms21,23r: Bermés)

15418. **Non tomes por dona muller respondona.** [4697] (mc: M.V.)

(es) *Mujer contenciosa, tómela otro por esposa.* (R. Marín)

15419. **Non desees dona allea nin trigo de outra morea.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)

15420. **Nun ano morre a vella ou quen a leva.** (ms4: M.L.)

15421. **Nunca te fíes da escopeta e da muller.** (mc: Buciños)

15422. **Nunha casa debe haber tantas mulleres como fornos.** (ms15,42: Valle del Mao)

15423. **Nunha casa, mulleres tantas coma fornos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15424. **O amor á muller bota ás veces o home a perder.** (ms10,046v: *D.E.*)

15425. **O amor da muller na roupa do seu home tense que ver.** (ms10,046v: *D.E.*)

15426. **O andar ben vestida fai a moza garrida.** [4698] (ms e ms4: M.L. / ms10,139r: *D.E.*)

15427. **O cabalo, a muller i-a escopeta non se presta.** (mc: Tuiriz)

(es) *El caballo y la mujer no se han de ceder.* (Sbarbi) / *Mujer, reloj y escopeta, no se prestan.* (Id.) / *El caballo, la guitarra y la escopeta a nadie se le presta.* (R. Marín)

Queda atrás otro equivalente.

15428. **O consello da muller é pouco e o que n'o sigue, un loco.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

15429. **O consello da muller é pouco i-o que o toma é un louco.** (mc e ms: Iglesiafiesta, Sabiñao-F.V.S.)

(es) *El consejo de la mujer es poco, y el que no lo toma, es loco.* (Sbarbi)

Cambia la segunda parte en el correspondiente cast.

15430. **O choro da muller non se debe crêr.** (mc: Tuiriz)

Como *Coxeira de can e lágrimas de muller, non son de fiar*.

15431. **O home de máis saber, unha muller o bota a perder.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15432. **O home que ve unha muller boa e a perde, non sabe o que ghana.** [4699] (ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)

15433. **O home, un angazo, i-a muller, unha cesta; si a cesta está furada, vai todo polo río abaixo.** [4700] (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

Véase *A muller é a cesta...*

15434. **O melón e a muller son malos de conocer.** (ms-SA: Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO)

15435. **O melón i-a muller, malos de conocer.** (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

(pt) *O melão e a muller maus são de conhecer.* (Chaves) (es) *El melón y la mujer, malos son de conocer.* (Correas)

15436. **O papel e a muller, en mollándose, bótanse a perder.** [4701] (mc: Palas de Rey)

15437. **O que ao alto fía, o fuso lle cai e o cu lle asubía.** [4702] (mc: Corme)

15438. **O que calza alparagatas e de mulleres fai caso, nunca xuntará cartos e andará sempre descalzo.** [4703] (mc: M.V.)

Var.: *U que calza alparagatas e de mulleres fai caso, nunca terá diñeiro e sempre andará descalzo.*

15439. **O que d'alparagatas calza e de mulleres fai caso, nunca ten nada e sempre anda descalzo.** (ms21,19r: Bermés)

15440. **O que de alpargatas calza e de mulleres fai caso, nunca terá diñeiro e sempre andará descalzo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

15441. **O que de alto fía, o fuso lle cai i-o cu ll'asubía.** [4704] (ms21,09r: Bermés)

[4695] O orixinal di: *Non poñas albres, nin amanses poltros, nin chufel-a muller pouco nin moito.*

[4696] ms: *o qu'é*.

[4697] ms3 e ms4: *muller replicona*.

[4698] En ms10 s.v. *Vestido*.

[4699] O orixinal di: *O home que ve unha muller boa e a perde non sabe o que jana*.

[4700] ms: *y a muller*

[4701] mc: *i-a muller*.

[4702] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

[4703] V. *O que á mulida xongue, alparagatas gasta e de mulleres fai caso, sempre andará descalzo* en *Pobreza.* / ms4: *sempr'andará*.

15442. **O que non ten muller ben a quixera ter.** (ms10,046v: *D.E.*)

15443. **O que non ten muller, moitos ollos ha mester pra garda-lo seu haber.** (ms10,046v: *D.E.*)

15444. **O que perde unha mala muller, non sabe o que gana.** [4705] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

15445. **O que queira librarse de arañazos, que non xogue con mulleres nin con gatos.** (mc: Tuiriz)

15446. **O que quer a muller, eso se ha facer.** (ms10,047r: *D.E.*)

15447. **O que ten unha boa muller e a perde, non sabe o que gana.** (ms15,44)

15448. **O que vacas á mulida xongue, alparagatas gasta e de mulleres fai caso, nunca terá diñeiro e sempre andará descalzo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15449. **Ó traballo da muller nunca nada se lle ve.** (ms8,66r: Lajosa)

15450. **Ond'hai homes fuleres, teñen qu'andar as mulleres.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15451. **Onde non hai muller, todo anda como Dios quer.** (ms10,046v: *D.E.*)

15452. **Ovellas e mulleres, prá casa a boa hora.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15453. **Pasa por boa muller a que barre ó amañecer.** (ms10,047r: *D.E.*)

15454. **Pita que canta coma o galo e muller que asubía como varón, na miña casa non.** [4706] (ms-LU: seminarista anónimo: Pontevedra, PO)

15455. **Pola muller entrou o mal no mundo.** (ms10,047r: *D.E.*)

15456. **Porco e muller, vale máis acertar que escoller.** (ms: Lalín)

15457. **Pra a muller que se garda non hai ocasión que valla.** (ms10,047r: *D.E.*)

15458. **Pra ser muller decente hai que vivir debaixo dunha xesta.** (ms: Lugo)

Que lo trasparenta todo.

15459. **Pra ser puta e non ganar nada, val máis ser muller honrada.** (ms: F.L.)

(es) *Para ser p... y no ganar nada, más vale ser mujer honrada.* (R. Marín)

15460. **Quen boa muller ten, seguro vai e seguro vén.** (ms10,047r: *D.E.*)

15461. **Quen quixere boa mullere, non-a busque na romería: búsquea na súa casa na roupa de cada día.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15462. **Quen ten muller, ten o que ha mester.** (ms10,047r: *D.E.*)

15463. **Quen ten un bon cabalo e unha bonita muller, nunca está sin aflicción.** (ms: Meilán)

(es) *Quien tiene carro y mujer, nunca le falta en qué entender.* (Bergua)

15464. **S'a muller te manda tirar do ponte embaixo, escólleo baixo.** (mc: Buciños)

Var.: *S'a muller te manda tirar do tellado embaixo, procura que esté baixo.* (mc: Buciños)

Porque logrará lo que pretende.

15465. **Saíña larga e blusiña floxa, dunha ruín rapaza faise unha boa moza.** [4707] (ms: Pombeiro / ms-LU: Recaredo de la Fuente Pérez: Pombeiro, Pantón, LU (04-10-1951))

Se refiere a la decencia en el vestido de la mujer. Antiguamente vestía así la mujer (con saya y blusa) y, al parecer, según este refrán, la que iba vestida de esta manera, aunque fuera ruín (quiere decir fea) se hacía o parecía una buena moza. (ms-LU: Recaredo de la Fuente Pérez: Pombeiro, Pantón, LU (04-10-1951))

15466. **Santa Marta de Ortigueira, a muller que come a nata non ten sorte coa manteiga.** [4708] (mc / Francisco Canosa Quintáns)

Var.: *Santa Marta, santa Marta, a muller que come a nata non pode facer manteiga.* (ms4: Lugo-F.V.S.) / *Santa Marta d'Ortigueira, a muller que come a nata non ten parte na manteiga.* (ms4: F.V.S.)

Véase *A muller de Papalanatas...*

15467. **Se non che gustan as mulleres, ¿pra que me queres?** (mc: Buciños)

15468. **Se queres ver a nena garrida, busca na roupa de cada día.** (ms10,049v: O. de Rei)

15469. **Secreto a muller confiado, cátao divulgado.** (mc: Santiago)

15470. **Si a muller che manda tirar d'on piso, procura que sea baixo.** (ms-SA: Manuel Gómez Vilar)

[4704] O orixinal di: *O que de alto fía o fuso lle cai y'o cu ll'asuvía.*

[4705] O orixinal di: *O que perde un'a mala muller non sabe o que gana.*

[4706] V. tamén *Agrícolas* (*Animales*).

[4707] ms-LU: *duha ruín rapaza*.

[4708] ms: *suerte* / F. Canosa Quintáns: *come nata, sorte ca*.

15471. **Si bigote non tés, mulleriña es.** (ms15,14)

15472. **Si pan has de ter, obedece a muller.** [4709] (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15473. **Si queres unha boa moza, busca pola semana, que o domingo calquera porca se lava.** (ms: F.V.S.)

15474. **Si vas casarte, a muller busca delgada e limpia, que sucia e gorda xa se fará ela.** (ms: Baralla)

15475. **Sol de inverno, chuvia de vrau, amor de mulleres, cuchara de pau, pouco durarán.** (ms: F.V.S.)

(pt) *Sol de inverno, chuva de verão, amor da rameira e palavrinhas doces do meu capitão, a mim não me enganarão.* [4710] (Chaves)

15476. **Sol madrugadín, muller que lee latín e mula que diga "hin", todo ten mal fin.** (mc)

15477. **Sol madruguín, burra que faga "in", muller que fale latín, Dios che mos aparte de min.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

15478. **Tempo, vento, muller e fertuna pronto se muda.** (mc: Carballedo)

(pt) *Mulher, tempo e ventura, azinha se muda.* (Chaves) / *Vento e ventura, pouco dura.* (Id.) (es) *La ventura es paño de poca dura.* (R. Marín) / *Mujer, viento, tiempo y fortuna, presto se muda.* (Sbarbi) / *Viento y ventura, poco dura.* (Correas)

15479. **Tempo, vento, muller e fortuna de contado se muda.** (ms15,17)

15480. **Tira máis unha teta que cen bois por unha carreta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

15481. **Todo é ganancia contada prá muller qu'é apricada.** (ms4: J.P.)

15482. **Toma casa con fogar e muller que sepa fiar.** [4711] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(pt) *Toma casa com lar e mulher que saiba fiar.* (Chaves) (es) *Toma casa con hogar, y mujer que sepa hilar.* (Correas)

15483. **Tres fillas i-unha mai, catro d[i]años pr'on pai.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15484. **Tres mulleres, trinta pareceres.** (ms10,047r: *D.E.*)

15485. **U que trata con mulleres, contas mui serranas saca.** (ms)

Var.: *O que trata con mulleres, saca contas mui serranas.* (ms15,45v: Fraguas en *Vida Gallega*)

15486. **Unha estela vestida de seda parece unha doncella.** (ms: F.V.S.)

(es) *Viste una devanadera y ya tienes una dueña.* (R. Marín) / *Viste un madero y parecerá un escudero.* (Id.) (ct) *Vesteix un bastó y semblará un senyor.* (R. Marín)

15487. **Unha muller bandola é coma gaita na boda.** (ms)

Bandola = desdejada.

15488. **Unha muller nunha casa é unha botica; moitas tropezan unhas noutras.** (mc: Buciños)

15489. **Unha muller sin home é un pau viadoiro.** (ms4: Cadrón)

15490. **Vaca que surría, home que fía, muller que asubía e pita que canta como o capón, na miña casa, non.** [4712] (mc / ms4: F.V.S.)

15491. **Vai a muller ó lavadoiro, vai ó mentidoiro.** (mc: Layosa)

(pt) *Vai a moça ao rio, conta o seu e o do vizinho.* (Chaves) (es) *Va la moza al río, y cuenta lo suyo y lo mío.* (R. Marín) / *Va la moza al río, y cuenta lo suyo y lo de su vecino.* (Id.)

Véase los dos que comienzan *As mulleres no regueiro...*

15492. **Val a muller facendosa máis que renta cuantiosa.** [4713] (mc: J.P.)

15493. **Val máis ruín muller que boa manceba.** (mc: *Vida Gallega*)

15494. **Val máis unha muller guisando que un cento latricando.** (ms10,047r: *D.E.*)

15495. **Vale máis a forquiña á veira que a muller mintireira.** (mc: Santiago)

Var.: *Vale máis na forquina a beira que na muller mentireira.* (ms)

15496. **Viste unha escoba e será señora.** (ms: F.V.S.)

[4709] O orixinal di: *Si pan has de ter obodece a muller*.

[4710] *Vai alterado a forma original por motivos de moralidade - Usa-se na caserna.* Nota a rodapé de Chaves.

[4711] ms-LU: *hogar*.

[4712] V. tamén *Agrícolas* (*Animales*).

[4713] É probable que se trate dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

(es) *Viste una devanadera, y ya tienes una dueña.* (R. Marín) / *Viste un madero, y parecerá un escudero.* (Id.) (ct) *Vesteix un bastó y semblará un senyor.* (R. Marín) (va) *Vist un basto y pareixerá un varó.* (Alberola)

15497. **Viste a unha escoba e terás señora.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15498. **Xa chegou o tempo da inquisición, que anda a saia detrás do calzón.** (mc: Buciños)

MULA. V. tamén *Animales domésticos*.

15499. **Á mula con matadura, nin cebada nin ferradura.** (ms10,045r: *D.E.*)

15500. **A mula de alquiler, se non leva dous, leva tres.** (ms10,045r: *D.E.*)

15501. **Mula e tea non se han de escoller á candea.** (ms10,045r: *D.E.*)

15502. **Mula que fai ¡hin! e muller que sabe latín, nunca fixeron a naide bo fin.** (ms10,045r: *D.E.*)

15503. **Quen queira mula sin chata, ten que andar a gatas.** (ms10,045r: *D.E.*)

MUNDO

15504. **Así o mundo vai andando: us rindo i-outros chorando.** (ms10,047r: *D.E.*)

15505. **Canto o mundo traballa e precura, todo é loucura.** (ms10,047r: *D.E.*)

15506. **Deixémo-lo mundo como está que el se gobernará.** (ms10,047r: *D.E.*)

15507. **Detrás deste mundo virá outro.** (ms10,047r: *D.E.*)

15508. **Este mundo non é dos parvos e mais, por eso, hainos.** (ms10,047r: *D.E.*)

15509. **Este mundo aquí ha quedar e nós habémonos d'ir.** (ms10,047r: *D.E.*)

15510. **Este mundo aquí ha quedar porque ninguién o ha levar.** (ms10,047r: *D.E.*)

15511. **Este mundo é redondo, o que non-o sabe andar ten leria abondo.** (ms10,047r: *D.E.*)

15512. **Este mundo é un fandango i-o que non-o baila é un parvo.** (ms10,047r: *D.E.*)

15513. **Este mundo é un fandango i-o que non-o baila é un tolo.** (ms10,047r: *D.E.*)

15514. **Este mundo é unha casa de loucos: us por moito i-outros por pouco.** (ms10,047r: *D.E.*)

15515. **Este mundo é unha casa de tolos: cantan us e choran outros.** (ms10,047r: *D.E.*)

15516. **Mundo malo, millor pra deixalo que pra cobizalo.** (ms10,047r: *D.E.*)

15517. **Mundo mundiño, cando hai pra pan non hai pra viño.** (ms10,047r: *D.E.*)

15518. **Mundo, mundiño, cando non hai pra pan hai pra viño.** (ms10,047r: *D.E.*)

15519. **Neste mundo cansado, nin hai ben cumprido nin mal acabado.** (ms10,047r: *D.E.*)

15520. **Neste mundo redondo, o que non sabe nadar vaise ó fondo.** (ms10,047r: *D.E.*)

15521. **O mundo daráche o pago, que pra eso é bo pagador.** (ms10,047r: *D.E.*)

15522. **O mundo é unha escada que unhos soben e outros baixan.** (ms10,047r: *D.E.*)

15523. **Quen no mundo fía, camiña sin guía.** (ms10,047r: *D.E.*)

15524. **Us por terra i-outros por mar, o mundo anda a trafegar.** (ms10,047v: *D.E.*)

15525. **Vai así o mundo rolando, us rindo i-outros chorando.** (ms10,047v: *D.E.*)

MURMURACIÓN

15526. **A murmuración pasa e o diñeiro queda na casa.** (ms10,038r: *D.E.*)

15527. **Lingua marmuradora nunca falta e sempre sobra.** [4714] (ms10,033r: *D.E.*)

15528. **Non habería marmuradores se non houbera escoitadores.** (ms10,038r: *D.E.*)

15529. **Un nisco de murmuración é gracia da conversación.** (ms10,038r: *D.E.*)

MÚSICA. V. tamén *Música. Danza*.

15530. **Na taberna, si vos gusta cantar, pagá antes de empezar.** (ms)

MÚSICA. DANZA. V. tamén *Música*.

15531. **A danza sai da panza.** (mc: A.S.A.)
(pt) *Da pansa sai a dança.* (Id.) / *Depois da pansa, vem a dança.* (Id.) (es) *La danza sale de la panza.* (Ricart) / *De la panza viene la danza.* (Id.) / *Después de la panza, hay danza.* (Id.) (ct) *De la panxa surt la danza.* (Ricart) / *Fa de mal ballar, amb la panxa buida.* (Id.)

15532. **Á gaita hai que saberlle templar o fol.** (mc: Silvestre Castiñeira, Santiago)

[4714] En ms10 s.v. *Lengua* coa indicación *Murmuración*.

15533. **A gaita mala non é, mais faltará quen a toque.** [4715] (ms4 e mc: C.A.)

15534. **A gaita que-lo gaiteiro.** [4716] (mc: A.S.A.)

15535. **A música non mantén.** (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *Música, caza y pesquera, a la vejez piojera.* (Ricart) (ct) *Música, caça i pesquera, se'n volen a la vellesa.* (Ricart)

15536. **Antes a panza e dispois a danza.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

15537. **Ao son que me tocan bailo.** (mc: C.A.)
Var.: *Asegún me tocan bailo.* (M.V.) / *Dis que me querías ben* / *y-o teu querer era falso* / *y-eu como son picarona* / *conforme me tocan, danzo.* (ms16)
(pt) *Como me tangerem, assim bailarei.* (Chaves) / *Cada um dança conforme lhe tocam.* (Chaves) / *Aprende alta e baixa, e como te tangerem, assim dança.* (Id.) / *Alta e baixa aprenderei e como me tangerem, assim bailarei.* (Id.) (es) *Al son que me hicieres, a ése bailaré.* (Correas) / *Al son que te tañan, a ese baila.* (Correas) / *Como sonaren, así bailarás.* (Ricart) / *Ve donde vas, y como vieres, ansí haz y como sonaren, ansí bailarás.* (Ricart) / *Al son que tañan, a ése baila.* (Id.) / *Bailar al son que tocan.* (Sbarbi) (ct) *Tal sonada, tal ballada.* (Ricart) / *S'ha de ballar el ball segons el só.* (Id.) / *On vagi la persona deu ballar i cantar al so que li toquin.* (Id.)

15538. **Asegún me tocas bailo.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

15539. **Ave sola, nin canta nin chora.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Cádavo, A Esperela, Baleira, LU)

15540. **Baila, toleiro, baila sen son.** (mc)
(es) *Bailar sin son, o es gran fuerza, o gran afición.* (Ricart) (ct) *Qui balla sense so, no té el cap bó.* (Id.)

15541. **Barriga farta, tambor e gaita.** (mc: Layosa)
Véase *A danza sai da panza*.

15542. **Cada un se entende e baila solo.** [4717] (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(es) *Cada uno se entiende y baila solo.* (R. Marín) (ct) *Cada ú s'entén y balla a sòles.* (Alberola)

15543. **Campana cascada nunca é sana.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(pt) *Campa quebrada, nunca sara.* (Chaves) (es) *Campana cascada, nunca sana.* (Ricart) / *Campana cascada nunca sana, si no es fundida y renovada.* (Correas) (ct) *Campana esquerdada, may s'ha de sonar.* (Ricart)

15544. **Cantar como paio e comer como pito.** (mc: A.S.A.)

15545. **Cantar, ben cantas, mais non cantas como os cregos.** [4718] (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

15546. **Dar ó pé, que tempo é.** (ms4: A.S.A.)

15547. **De barriga farta, tamboril e gaita.** (mc: Buciños)
Var.: Como: *Barriga farta...*
(es) *Barriga llena, no siente pena.* (Castillo) / *Barriga llena, el alma alegra.* (Id.) / *De la panza, sale la gaita.*

15548. **De rusme-rusme saien os cascabeles.** [4719] (mc: *Terra de Melide* / ms4: V.R. y A.R.)
Var.: *De roxe-roxe fanse os cascabeles.* (mc e ms: A.S.A. / ms21,05r: Bermés)
(pt) *Do ruge ruge se fazem os cascaveis.* (Chaves)

15549. **Despois de barriga farta, tambor e gaita.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15550. **Di a boca cómo han de facer os pés.** (mc: Orense)
Var.: Como: *A danza sai da panza.*
De la panza sale la danza.

15551. **Donde hai campanas hai badanas.** [4720] (mc: A.N.)
(es) *Donde hay campanas, hay badajos y badajadas.* (R. Marín) / *Donde hay campanas hay badajos: cada una tiene uno debajo.* (Id.) / *Donde hay campanas no faltarán badajadas.* (Id.) (ct) *Aon hi ha campanes, hi ha batalls.* (Alberola)

15552. **En xaneiro colle a gaita e deixa o pandeiro.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)

15553. **Gaita de pau non toca ben.** (mc: Santiago)

15554. **Gaiteiro que empeza a tocar sin escala, a pouco chegará ou a nada.** (mc: Santiago)

15555. **Hai que bailar según tocan.** (mc: Santiago)
Var.: Como: *Asegún me tocan, bailo.*

15556. **Home que canta, seu mal espanta.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

15557. **Mentras o cura di a misa, o gaiteiro dorme no palleiro.** (mc: Santiago)

15558. **Moza que moito canta, algo lle falta.** [4721] (mc: Buciños)

[4715] mc: *que a toque*.
[4716] O orixinal di: *A gaita quel-o gaiteiro.*
[4717] ms: *s'entende*.
[4718] ms: *pero non cantas*.
Var.: *Outono quente, inverno detente.* (ms16: Santiago)

17264. **Outubro quente, inverno detente.** [5164] (ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / ms-SA: José Buño Caamaño: Erboedo, A Laracha, C / José Ballesteros Alonso)

17265. **Quen no outono non sementa, pouco collerá na sega.** (ms15,18v)

17266. **Si en octubre te demoras a traballar, pouco has enceleirar.** [5165] (mc: Velle)

Var.: *Si en outono demóraste a traballar, pouco has de enceleirar.* (ms16)

Es un mes esencial para los trabajos del campo, como hemos visto en otros refranes ya registrados.

OVEJAS

17267. **A ovella cerca da tella.** [5166] (ms10,073r: *D.E.*)

17268. **A ovella farta do rabo fai manta.** [5167] (ms10,074r: *D.E.*)

17269. **A ovella louzana pídelle lan á cabra.** [5168] (ms10,074r: *D.E.*)

17270. **A ovella pra durmir ben quer estar preto da tella.** [5169] (ms10,073r: *D.E.*)

17271. **Ben parva é a ovella que co lobo se confesa.** [5170] (ms10,074r: *D.E.*)

17272. **Ben vai a ovella coxa como o lobo non-a colla.** [5171] (ms10,074r: *D.E.*)

17273. **Cada ovella quer a súa parella.** [5172] (ms10,074r: *D.E.*)

17274. **Cando dan a ovella, collela, que si o que a dá recorda, non dá ovella nin dá corda.** [5173] (ms10,074r: *D.E.*)

17275. **Mal lle vai á ovella que co lobo se aconsella.** [5174] (ms10,074r: *D.E.*)

17276. **O que ten ovellas ten pelexas.** [5175] (ms10,074r: *D.E.*)

17277. **Ovella cornuda e cabra con landras, en poucas cortellas paran.** [5176] (ms10,074r: *D.E.*)

17278. **Ovella cornuda e vaca barriguda, non-a troques por ningunha.** [5177] (ms10,074r: *D.E.*)

17279. **Ovella farta do seu rabo se espanta.** [5178] (ms10,074r: *D.E.*)

17280. **Ovellas loucas, ovellas poucas.** [5179] (ms10,074r: *D.E.*)

17281. **Ovellas, abellas e lentellas, todas son consellas.** [5180] (ms10,074r: *D.E.*)

17282. **¿Pra que queres a ovella se non tes cortella?** [5181] (ms10,074r: *D.E.*)

OVEJAS

APROVECHAR LA OPORTUNIDAD

17283. **Cando se morre a ovella, paga o pastor coa pelexa.** (ms10,074r: *D.E.*)

17284. **Da ovella branca nace un año negro.** (ms10,074r: *D.E.*)

PACIENCIA

17285. **A pacencia trainos todo.** [5182] (mc: C.A. / ms10,075r: *D.E.*)

(pt) *A paciência é unguento para todas as chagas.* (Chaves) (es) *Con la paciencia y la esperanza, todo se alcanza.* (Sbarbi)

17286. **Con pacencia e con calar, ben te podes gobernar.** (ms10,075r: *D.E.*)

17287. **Con tres pes abriraste camiño: pan, pacencia e padriño.** (ms10,085r: *D.E.*)

17288. **Dios nos dé a ira, que a pacencia xa nós a temos.** [5183] (ms15,01: Carré Aldao / M. González Fernández)

17289. **Dios nos dea pacencia e mal sin interquenencia.** (ms10,075r: *D.E.*)

[5164] J. Ballesteros Alonso: *Octubre*; ms-SA (José B.): *Outubre*.
[5165] ms4: *has de enceleirar*.
[5166] En ms10 s.v. *Oveja*.
[5167] En ms10 s.v. *Oveja*.
[5168] En ms10 s.v. *Oveja*.
[5169] En ms10 s.v. *Oveja*.
[5170] En ms10 s.v. *Oveja*.
[5171] O orixinal di: *Ben vai a ovella coxa como o lobo nona colla.*
[5172] En ms10 s.v. *Oveja*.
[5173] En ms10 s.v. *Oveja*.
[5174] En ms10 s.v. *Oveja*.
[5175] En ms10 s.v. *Oveja*.
[5176] En ms10 s.v. *Oveja*.
[5177] O orixinal di: *Ovella cornuda e vaca barriguda, nona troques por ningunha.*
[5178] En ms10 s.v. *Oveja*.
[5179] En ms10 s.v. *Oveja*.
[5180] En ms10 s.v. *Oveja*.
[5181] En ms10 s.v. *Oveja*.
[5182] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.
[5183] M. González Fernández: *xa no la temos*.

17290. **Dios nos día ira que pacencia xa a temos.** [5184] (ms15,18 / ms10,075r: *D.E.*)

17291. **Hai que ter pacencia, tamén a tuvo Xan d'Outeiro.** [5185] (ms: La Coruña / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

Var.: *Como Xan de Outeiro, que estuvo tres días viudo e durmiu dúas noites coa criada.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

17292. **Mexan por min e hai que decir que chove.** [5186] (ms: Corme)

17293. **O que non s'espera é o que primeiro chega.** (ms15,16)

17294. **Si Xan ten bon viño, xa se dirá.** (ms8,17r: Silvarrey)

17295. **Xogar e perder, pagar e calar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

PACIENCIA FORZOSA

17296. **A mal dar, pacencia e barallar.** (ms16: *D.E.*)

(es) *A mal dar, paciencia y barajar.* (R. Marín)

17297. **Despós da perda, remedio.** [5187] (ms8,60v e ms16: Trives)

17298. **Dispois da perda, pacencia.** [5188] (ms8,60v e ms16: Betanzos)

17299. **Quen máis non pode co seu mal dorme.** [5189] (ms16 e ms10,036r: Lugo)

(es) *Quien más no puede, con su mal duerme.* (Correas)

17300. **Quen máis no pode co seu mal se morre.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Quien má no puede, con su mal se muere.* (Correas)

PACIENCIA VOLUNTARIA

17301. **Cando mal, sopas.** (ms16: Muros, Artaza)

17302. **Dios nos dea pacencia e morte con penitencia.** (ms16: Lugo)

17303. **Dios nos dea pan e pacencia e morte con penitencia.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Dios nos dé paciencia y muerte con penitencia.* (Correas)

17304. **Este mundo así o topamos e así o temos que deixar.** [5190] (ms16 e ms10,047r: *D.E.*)

(es) *Así hallamos el mundo, y así lo hemos de dejar.* (H.)

17305. **Ó feito peito.** (ms16: Sarria)

(es) *A lo hecho, pecho.* (R. Marín)

17306. **O fol e a taleiga, o que lles botan, eso levan.** [5191] (ms16 e ms10,022v: *D.E.*)

(es) *El costal y la talega, lo que echan eso lleva.* (Correas)

17307. **O mal crece con calar.** [5192] (ms16 e ms10,035v: *D.E.*)

(es) *El mal crece con callar.* (R. Marín)

17308. **Pacencia nos dea Dios que traballos non han de faltar.** [5193] (ms16: Lugo)

17309. **Sempre millor e nunca peor.** (ms16: Lugo)

(es) *Siempre mejor y nunca peor.* (R. Marín)

17310. **Unha mala noite calquera a pasa.** (ms16: Lugo)

(es) *Una noche mala cualquiera la pasa; y pasábalas todas.* (Correas)

17311. **Xa que non hai fogazas veñan as pandeiradas.** [5194] (ms16 e ms10,022v: *D.E.*)

(es) *A falta de hogazas, vengan sonajas.* (R. Marín)

17312. **Xan de Outeiro ca súa pacencia quedou solteiro.** [5195] (mc e ms16: Santiago)

RECOMENDACIONES DE PACIENCIA

17313. **A mal feito, rogo e peito.** [5196] (ms16 e ms10,019r: *D.E.*)

(es) *A mal fecho, ruego e pecho.* (S.)

17314. **A mal tempo boa cara.** [5197] (mc: Sarria / ms16: Lugo)

(es) *A mal tiempo, buena cara.* (R. Marín)

17315. **Antes de acabar non te alabarás.** [5198] (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

17316. **Canta a ra e non ten pelo nin la.** (ms16)

(es) *Canta la rana y no tiene pelo ni lana.* (Correas)

17317. **Con pacencia gánase o ceo.** (ms: C.A. *A Nosa Terra* / ms10,075r: *D.E.*)

(es) *Con la paciencia se gana el cielo.* (R. Marín) (ct) *Ab paciència es guanya el cèl.* (Alberola)

[5184] ms10,075r: *nos dea*.
[5185] ms-LU: *de Outeiro*.
[5186] Contén a indicación *Paciencia*.
[5187] ms16: *Despois*.
[5188] ms8,60v: *Despós*.
[5189] En ms10 s.v. *Mal*.
[5190] En ms10 s.v. *Mundo*.
[5191] En ms10 s.v. *Odre*.
[5192] En ms10 s.v. *Mal*.
[5193] V. *Dios dea salude que traballos non han faltar* en *Trabajo*.
[5194] En ms10 s.v. *Hogaza*.
[5195] ms: *d'Outeiro*.
[5196] En ms10 s.v. *Hecho*.
[5197] V. *A mal ano, boa cara* en *Agrícolas* (*Generales*).
[5198] O orixinal di: *Antes de acabar non te alabraras*.

17318. **Conténtate co teu e deixa a cada cal o seu.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Contentaos con lo vuestro y dejad lo ajeno.* (Correas)

17319. **Non se chega a Roma nun día.** (ms15,24r: Castroverde)

17320. **Non se fixo Lugo nun día.** (ms10,049v: Silvarrey)

17321. **Ó mal tempo, boa cara.** (ms-SA: Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C / ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)

17322. **O que na outra vida queira gozar, nesta ten moitas que pasar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

17323. **O que na outra vida queira gozar, neste mundo ten moitas que pasar.** (ms16: Tuiriz, Monforte)

17324. **O que non pode facer o que quere, faga o que poida.** (ms16: Lugo)
(es) *Quien no puede hacer lo que quiere, haga lo que puede.* (R. Marín)

17325. **Ó que non pode ser, pacencia.** [5199] (ms16: Lugo / ms10,120r: *D.E.*)
(es) *A lo que no puede ser, paciencia.* (R. Marín)

17326. **O que pasou o máis que pase o menos.** (ms16: Lugo)
(es) *Quien pasó lo más que pase lo menos.* (R. Marín)

17327. **O que s'ensaña, perde máis ca gana.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

17328. **Ó viño i-á xente nova, pra ser bos, hai qu'esperarlles tempo.** [5200] (ms15,18v)

17329. **Pra calquera door a pacencia é o millor.** (ms16: Lugo)
Var.: *Pra un door calquera o millor remedio é a pacencia.* (ms16 e ms10,009v: *D.E.*) [5201]
(es) *A cualquier dolor, paciencia es lo mejor.* (R. Marín)

PADECER

17330. **Ben burro é o que padece por culpas que outro merece.** (ms10,075r: *D.E.*)

17331. **Máis val padecer que morrer.** (ms10,075r: *D.E.*)

17332. **Millor é padecer que máis padecer.** (ms10,075r: *D.E.*)

17333. **Non padece o que non encañece.** (ms10,075r: *D.E.*)

[5199] En ms10 s.v. *Ser*.
[5200] O orixinal di: *O viño y a xente nova, pra ser bos hay q'esperarlles tempo.*
[5201] En ms10 s.v. *Dolor*.

PADRES. V. tamén *Familia. Parientes*.

17334. **A pai aforrador, fillo gastador.** (ms10,076r: *D.E.*)

17335. **A pai avarento, fillo farrento.** (ms10,076r: *D.E.*)

17336. **A pai que é gastador saille un fillo gastador.** (ms10,076r: *D.E.*)

17337. **As fadas dos pais non caen nas pallas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

17338. **Cada un é pai dos seus fillos.** (ms10,076r: *D.E.*)

17339. **Cando meu pai de vosté me trata, ou querme bater ou cerca lle anda.** (ms10,076r: *D.E.*)

17340. **Contra un pai non hai razón.** (mc: Tuiriz / ms16)
Var.: *Contra un pai nunca hay razón.* (ms15,019)
(es) *No hay contra un padre razón.* (Sbarbi) / *Contra un padre no hay razón.* (R. Marín)

17341. **De pai a pai, pouco vai.** (ms10,076r: *D.E.*)

17342. **De pai coxo fillo trenco.** (ms10,076r: *D.E.*)

17343. **De pai santo fillo diaño.** (ms10,076r: *D.E.*)

17344. **De tales pais tales fillos.** (ms10,076r: *D.E.*)

17345. **Deixemos pais e abós, e por nós señamos bos.** (ms10,076r: *D.E.*)

17346. **Entre pais e irmáns non metades as mans.** (ms10,076r: *D.E.*)

17347. **Entre pais, fillos e irmáns non metades as mans.** (ms10,076r: *D.E.*)

17348. **Fanas os pais e páganas os fillos.** (ms8,13r: Betanzos)

17349. **Mal o pai que non se fai.** (ms-SA: Pedro Pontes García)

17350. **Meu pai chámase fogaza i-eu mórrome de fame.** (ms10,076r: *D.E.*)

17351. **Nosos pais a pulgadas e nós a brazadas.** (ms10,076r: *D.E.*)

17352. **Ó escarabello os seus fillos parécenlle ouro fino.** [5202] (ms16 e ms10,013v: *D.E.*)
(es) *El escarabajo a sus hijos dice granos de oro.* (Z.)

17353. **O pai de fillos na casa se mete.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

17354. **O pai que abandona o fillo i-o fillo que deixa o pai, nunca paz terán.** (ms5,121: Trapero)

17355. **Ó que non tén pai nin nai, Dios lle val.** (ms10,076r: *D.E.*)

17356. **Os pais a xugadas e os fillos a pulgadas.** (ms10,076r: *D.E.*)

[5202] En ms10 s.v. *Escarabajo*.

17357. **Pai non tiveche, nai non temeche, e mal fillo te fixeche.** (ms10,076r: *D.E.*)

17358. **Predíqueme, pai, que por un ouvido me entra e por outro me sai.** (ms10,076r: *D.E.*)

17359. **Pró seu pai non hai fillo feo.** (ms10,076r: *D.E.*)

17360. **Quen ten o seu pai alcalde, ben seguro vai ó xuicio.** (ms10,076r: *D.E.*)

17361. **Quen ten pais na vila, sete veces lle amañece ó día.** (ms10,076r: *D.E.*)

17362. **Tendo pai, todo o mundo ten de quen tirar.** (ms)

17363. **Tirádevos, pai, e pasará miña nai.** (ms10,076r: *D.E.*)

PADRINOS

17364. **Cando os afillados están feitos, non faltan padriños.** (mc e ms16: Carballedo)

17365. **O que non ten padriño, afórcano.** (ms10,075r: *D.E.*)

17366. **O que ten padrinos, bautízase tanto aquí como na China.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)

17367. **Padriño de boda e alcalde de aldea, o demo que o sea.** (ms10,075r: *D.E.*)

PAGOS. V. tamén *Comercio, Deudas, Fiar, Plazo*.

17368. **A mala paga cobrala, siquera en palla.** (ms10,075r: *D.E.*)

17369. **A mala paga, anque sea en palla.** (ms10,075r: *D.E.*)

17370. **A millor paga é o seu pra cada seu.** (ms10,075r: *D.E.*)

17371. **Bo pagar fai bo xantar e non moito rogar.** (ms10,075r: *D.E.*)

17372. **Chafar chafoume, mais como pagar, o viño pagoume.** (ms4: L.G.)

17373. **Do que non me pago, xordo me fago.** (ms10,076r: *D.E.*)

17374. **En tres pagar: tarde, mal e nunca.** (ms10,075r: *D.E.*)

17375. **O pagar e o morrer, canto máis tarde poda ser.** (ms10,075r: *D.E.*)

17376. **O que pensa pagar, non lle doien prendas.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

17377. **Onde pago cago.** [5203] (ms4: M.L. / ms10,075r: *D.E.*)

17378. **Quen descobre a alcabala, ese a paga.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Quien descubre la alcabala, ese la paga.* (M. Kleiser)

17379. **Quen non debe nada, con ben pouco paga.** [5204] (ms16 e ms10,002r: *D.E.*)

(es) *Quien no te debe nada, con poco te paga.* (R. Marín)

17380. **Quen vos debe que vos pague.** (ms16: Lugo)

(es) *Quien vos debe que vos pague.* (Correas)

17381. **Tarde, mal e nunca son tres pagas.** (ms10,075r: *D.E.*)

MALOS PAGADORES

17382. **De deber a pagar hai moito camiño que andar.** (ms16: *D.E.*)

(es) *De deber a pagar hay mucho que andar.* (R. Marín)

17383. **O deber é tan antigo como o non pagar.** [5205] (ms16 e ms10,002r: *D.E.*)

(es) *El no pagar es tan antiguo como el deber.* (R. Marín)

17384. **Ó mal pagador nunca lle faltan disculpas.** (ms8,27v: Silvarrey)

17385. **O mal pagador nunca ten diñeiro.** (ms16: Sarria)

17386. **O que non quere pagar, nunca ten diñeiro.** (ms: Palas de Rey)

PAGOS A ESCOTE

17387. **A escote nada hai caro.** (mc)

Var.: *A escote nada é caro.* (C.A. / ms16 e ms10,013v: *D.E.*)

(es) *A escote, no hay nada caro.* (Sbarbi) / *A escote, no hay pegote.* (R. Marín) / *A escote, nada es caro.* (R. Marín)

17388. **A escote, un boi.** (mc: M.L.)

Var.: *A escote, anque sea un boi.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Entre muchos, a poco se cabe.* (R. Marín)

Porque *a escote, nada é caro*.

17389. **Entre moitos toca a pouco.** (ms16: Lugo)

(es) *Entre muchos a poco se toca.* (R. Marín)

PAGOS AL CONTADO

17390. **Obra feita diñeiro espera.** (ms16: Lugo)

(es) *Obra hecha, dinero espera.* (S.)

[5203] ms4: *Onde pago c.* En ms10 s.v. *Pagos*.

[5204] En ms10 s.v. *Deber*.

[5205] En ms10 s.v. *Deber*.

PAGOS ANTICIPADOS

17391. **Gaita paga non fai son.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

17392. **Nunca ben toca gaiteiriño pago.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

17393. **O gaiteiro pago nunca ben toca.** [5206] (mc: Santiago)

Var.: *Gaiteiro pago nunca ben toca.* (ms5,133 / ms16: Santiago / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / José Manuel Area Alonso / ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C / ms-SA: Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)

(es) *Tamborilero pagado hace mal son.* (M. Kleiser)

17394. **O que bebe pra olvidar, pague antes de empezar.** (ms15,02: Silvarrey)

17395. **Si bebes pra olvidar, paga antes de empezar.** [5207] (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)

17396. **Traballo pagado, nunca é entregado.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

PAGOS INDEBIDOS

17397. **O que debe a Xan e paga a Andrés, ten que pagar outra ves.** [5208] (mc: F.B.B. / ms16: *D.E.*)

Var.: *O que debe a Xan e paga a Andrés, ten que pagar pra tres.* (R. Caruncho)

(es) *Quien debe a Pedro y paga a Andrés, que pague otra vez.* (Z.)

17398. **O que paga a Xan e debe a Andrés, ten que ganar para tres.** (ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)

17399. **O que paga a Xan e debe a Andrés, ten que pagar outra ves.** [5209] (mc e ms16: M.V. / ms21,25r: Bermés)

Var.: Como: *O que debe a Xan e paga a Andrés...*

(pt) *Quem deve a Pedro e paga a Garpar, que torne a pagar.* (Chaves) (es) *Quien debe a Juan y paga a Andrés / Vicente, paga dos veces.* (R. Marín) / *Quien paga a quien no debe, pague dos veces.* (Id.)

17400. **Quen paga mal, ten que volver a pagar.** (ms16: Lugo)

(es) *Quien paga mal, que vuelva a pagar.* (R. Marín)

PAJAR

17401. **Cando se acende o palleiro, arde máis axiña o vello.** (ms10,078r: *D.E.*)

17402. **De palleiro que arde, faíscas saen.** (ms10,078r: *D.E.*)

17403. **No palleiro ben dorme o que anda ó vintimpeiro.** (ms10,078r: *D.E.*)

17404. **No palleiro non fagas lume nin co esqueiro.** (ms10,078r: *D.E.*)

17405. **O palleiro vello arde máis axiña.** (ms10,078r: *D.E.*)

17406. **O palleiro vello, cando se acende, é malo de apagar.** (ms10,078r: *D.E.*)

17407. **O vello palleiro, cando se acende, arde todo enteiro.** (ms10,078r: *D.E.*)

17408. **Pallas ó palleiro, galiñas ó galiñeiro.** (ms10,078r: *D.E.*)

17409. **Pallas ó palleiro, vellas ó fiadeiro.** (ms10,078r: *D.E.*)

17410. **Palleiro sin palla non se pode facer.** (ms10,078r: *D.E.*)

17411. **Palleiro vello logo se acende.** (ms10,078r: *D.E.*)

17412. **Palleiro vello logo se queima.** (ms10,078r: *D.E.*)

17413. **Ti enche o palleiro de palla ou palloeiro.** (ms10,078r: *D.E.*)

PÁJAROS. V. tamén *Anduriña, Aves, Caza, Coruxa, Cuclillo, Cuervos, Gallinas, Gallo, Gaviota, Gorrión*.

17414. **A pequeno paxariño pequeno niño.** (ms10,084r: *D.E.*)

17415. **Cada paxariño fai o seu niño.** (ms10,084r: *D.E.*)

17416. **Cada paxariño ten o seu figadiño.** (ms10,084r: *D.E.*)

17417. **De "toma un paxaro" a "daca un paxaro" van dous paxaros.** (ms10,084r: *D.E.*)

17418. **Máis val na man un paxaro que un cento voando.** (ms10,084r: *D.E.*)

17419. **Ó paxariño que se ha de perder, aas lle han de nacer.** (ms10,084r: *D.E.*)

17420. **Paxariño solto, paxariño morto.** (ms10,084r: *D.E.*)

17421. **Paxaro calado non fai mal agoiro.** (ms10,084r: *D.E.*)

17422. **Paxaro de mal natío o que caga no niño.** (ms10,084r: *D.E.*)

[5206] ms: *U cego*.

[5207] O orixinal di: *Si bebes pra olvidar paga ante de empezar*.

[5208] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Deudas*.

[5209] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Deudas*.

17423. **Paxaro trigueiro, non-o quero no meu celeiro.** [5210] (ms10,084r: *D.E.*)

17424. **Paxaro vello non cai na gaiola.** (ms10,084r: *D.E.*)

17425. **Ruín paxaro, ruín cantar.** (ms10,084r: *D.E.*)

17426. **Tal o paxariño tal o niño.** (ms10,084r: *D.E.*)

17427. **Tal paxaro tal ovo.** (ms10,084r: *D.E.*)

PAJAS

17428. **As pallas á palleira e as donas á lareira.** (ms10,077r: *D.E.*)

17429. **As pallas no palleiro e as mulleres no trasfugueiro.** (ms10,077r: *D.E.*)

17430. **O mal amigo deixa a palla e leva o trigo.** (ms10,077r: *D.E.*)

17431. **Palla triga fai medida.** (ms10,077r: *D.E.*)

17432. **Por unha palla arde un palleiro.** (ms10,077r: *D.E.*)

17433. **Val máis palla que nada.** (ms10,077r: *D.E.*)

DESCONOCIMIENTO PROPIO

17434. **Cada un ve a palla no ollo do seu veciño e non ve a viga no propio.** (ms10,077r: *D.E.*)

PALABRAS

17435. **A dúas palabras, tres parvadas.** (ms10,076r: *D.E.*)

17436. **A millor palabra é a que queda no corpo.** (ms10,076r: *D.E.*)

17437. **A palabra son os cornos do home.** (ms17,002)

17438. **As palabras han ser contadas e ben pesadas.** (ms10,076r: *D.E.*)

17439. **As palabras lévaas o vento.** [5211] (ms16: Sarria)

17440. **A palabras parvas ouvidos de mercader.** (ms10,076r: *D.E.*)

17441. **As malas palabras a moitos danan.** (ms10,076r: *D.E.*)

17442. **As moitas palabras son siñal de poucas obras.** (ms10,076r: *D.E.*)

17443. **As palabras son com'as cereixas: unhas noutras s'enguerellan.** (ms15,19v)

17444. **As palabras son femias e os feitos son machos.** (ms10,076r: *D.E.*)

17445. **Calquera palabra non ten resposta boa nin mala.** (ms10,076r: *D.E.*)

17446. **Coas palabras de doutrina non guisa a cociña.** (ms10,077r: *D.E.*)

17447. **Decir un palabras de santo e bota-las unllas como o gato.** [5212] (ms10,077r: *D.E.*)

17448. **Máis daña viciosa razón que largo sermón.** [5213] (ms: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

(es) *Más daña viciosa razón que enmienda un largo sermón.*

17449. **Nin boa palabra nin boa obra.** (ms10,077r: *D.E.*)

17450. **Non habería palabra mal dita se non fose mal entendida.** (ms10,077r: *D.E.*)

17451. **Non hai millor palabra que a que se cala.** (ms10,077r: *D.E.*)

17452. **Non hai palabra que pouco ou moito algo non valla.** (ms10,077r: *D.E.*)

17453. **Non toda palabra quer resposta.** (ms10,077r: *D.E.*)

17454. **Non valen palabras prá miña tía, que inda das boas obras non se fía.** (ms10,077r: *D.E.*)

17455. **Palabra de boca, pedra de fonda.** (ms10,077r: *D.E.*)

17456. **Palabra dita e pedra solta non teñen volta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

17457. **Palabra dita non pode ser recollida.** (ms10,077r: *D.E.*)

17458. **Palabra e bala solta non ten volta.** (ms4: J.P.)

17459. **Palabra e pedra solta non teñen volta.** [5214] (mc: J.P. / ms16 / ms21,27v: Bermés)

Var.: *Palabra e pedra solta non teñen volta.* (F.B.B.) / *Pedra que sale da man non volve a ela.* / *A palabra e a pedra solta non teñen volta.* (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms10,077r: *D.E.*) [5215]

(pt) *A pedra e a palavra não torna depois de lançada.* (Chaves) / *Palavra e pedra solta, atraz não volta.* (Id.) / *Palavra fora da boca e pedra fora da mão não voltam atraz.* / *Seta despedida, não volta ao arco.* (Id.) (es) *Palabra y piedra suelta, no tienen vuelta.* (R. Marín) / *Palabra que se escapó,*

[5210] O orixinal di: *Paxaro trigueiro, nono quero no meu celeiro.*

[5211] O orixinal di *As palabras lev'as o vento*.

[5212] O orixinal di: *Decir un palabras de santo, e botalas unllas como o gato.*

[5213] Contén a indicación *Pocas y muchas palabras*.

[5214] mc, ms16, ms21,27v: *non ten volta*. Jacinto del Prado recolle o refrán só coa forma *non teñen volta*. A diferenza con respecto ós rexistrados por Vázquez Saco pode deberse a erro de transcrición.

[5215] ms10: *i a pedra*

escapada se quedó. (Id.) (ct) *Paraula y pedra sòlta, no tenen vòlta.* (Alberola)

17460. **Palabra e perla solta non ten volta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

17461. **Palabra fóra da boca é pedra fóra da man.** (ms10,077r: *D.E.*)

17462. **Palabra por decir non ten chata.** (mc: F.B.B. / mc e ms16: Santiago / ms21,22r: Bermés)

17463. **Palabra por decir non ten chata.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

17464. **Palabra que se solta non se pode recoller.** (ms10,077r: *D.E.*)

17465. **Palabras de peso non queren testigos.** (ms10,077r: *D.E.*)

17466. **Palabras de santo firen ás veces como unllas de gatos.** (ms10,077r: *D.E.*)

17467. **Palabras sin feitos, gaita sin punteiro.** (ms10,077r: *D.E.*)

17468. **Palabras sin obras, guitarra sin cordas.** (ms10,077r: *D.E.*)

17469. **Palabras soilas non poñen ó lume a ola.** (ms10,077r: *D.E.*)

17470. **Sanan cuchiladas e non malas palabras.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

17471. **Se pola miña palabra me perdo, na miña palabra me cago e me mexo.** (ms10,077r: *D.E.*)

17472. **Unha mala palabra é coma unha coitelada.** (ms10,077r: *D.E.*)

17473. **Unha mala palabra non racha a roupa, pero esgaza a ialma.** [5216] (ms10,077r: *D.E.*)

17474. **Vai a palabra de boca en boca como o vento de folla en folla.** (ms10,077r: *D.E.*)

PALO

17475. **De tal pau tal racha.** (ms10,084r: *D.E.*)

17476. **Non hai millor razón que a do pau.** (ms10,084r: *D.E.*)

17477. **Se teño eu pau, ¿por que llo hei de deixar a quen co el me pode dar?** (ms10,084r: *D.E.*)

17478. **Un pau soilo mata un home.** (ms10,084r: *D.E.*)

PALOMAR

17479. **Haxa cebo no pombal, que as pombas non faltarán.** (ms10,094r: *D.E.*)

[5216] O orixinal di: *Unha mala palabra non racha a roupa, pero esgaza a i-alma.*

17480. **Ó pombal caído non vale botarlle trigo.** (ms10,094r: *D.E.*)

17481. **O pombal esborrallado non precisa ter tellado.** (ms10,094r: *D.E.*)

17482. **Ti ten grans no teu pombal, que as pombas xa che virán.** (ms10,094r: *D.E.*)

PAN.

V. tamén *Hambre. Gastronomía, Maíz, Trigo*.

17483. **A avea é panadeira.** (ms21,06r: Bermés)

17484. **Á mesa sin pan non te poñas a xantar.** (ms10,078r: *D.E.*)

17485. **A pan de quince días, fame de tres semanas.** (ms10,078r: *D.E.*)

17486. **A quen come ben o pan, é pecado darlle compango.** (ms10,078r: *D.E.*)

17487. **A quen come pan, migallas lle quedarán.** (ms10,078r: *D.E.*)

17488. **A quen lle sobre pan, que manteña ben o can.** (ms10,078r: *D.E.*)

17489. **A quen ten can e capelo nunca lle falta mancebo.** (ms10,078r: *D.E.*)

17490. **Antes o pan que o viño e antes o touciño que o viño.** (ms10,078r: *D.E.*)

17491. **Antes pan que viño, antes viño que touciño e antes touciño que liño.** (ms10,078r: *D.E.*)

17492. **Auga e pan, na barriga sopas fan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

17493. **Auga e pan, sopas na barriga fan.** (mc: *Dicc. Ac.* / ms16: *D.E.* / ms18,68r: *Diario de Avisos* de Ricardo Caruncho (1888))

(es) *Agua y pan, sopas serán.* (R. Marín)

17494. **Benia o pan que presta i-a moza que o come.** (ms10,078r: *D.E.*)

17495. **Bo é o pan con algo de compango máis.** (ms10,078r: *D.E.*)

17496. **Bo é o pan con algo máis.** (ms10,078r: *D.E.*)

17497. **Bocado de mal pan, non-o comas nen o deas ó teu can.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Bocado de mal pan, ni lo comas ni lo des a tu can.* (S.)

17498. **Busca pan pra maio e leña pra abril e bótate a dormir.** (ms10,078r: *D.E.*)

17499. **Cada meniño ó nacer trai un pan baixo do brazo.** (ms10,078r: *D.E.*)

17500. **Cando comas pan quente, non bebas auga fría.** (ms10,078r: *D.E.*)

17501. **Cando fores ó chan alleeiro, leva o pan no capelo.** (ms10,078r: *D.E.*)

17502. **Cando o home ten leiras que traballar e a muller fariña que amasar, na casa non falta pan.** (ms10,078r: *D.E.*)

17503. **Con ben pan e moita leña, o inverno a ninguién empeña.** (ms10,078r: *D.E.*)

17504. **Con pan e con pau.** (ms10,078r: *D.E.*)

17505. **Chova ou non chova, pan ha de haber de sobra.** (ms10,078r: *D.E.*)

17506. **Dáme pan e di que son parvo.** (ms10,078r: *D.E.*)

17507. **Dar do pan e do pau.** (ms10,078r: *D.E.*)

17508. **Do pan encetado calquera pilla un bocado.** (ms10,078r: *D.E.*)

17509. **É millor pan duro que figo maduro.** (ms10,079r: *D.E.*)

17510. **En todas partes cocen pan.** (ms10,079r: *D.E.*)

17511. **Hastra san Xoán toda a herba é pan.** (ms10,079r: *D.E.*)

17512. **Inda agora se come o pan da boda.** (ms10,079r: *D.E.*)

17513. **Máis que ningún bolo, quero o que se fai no forno.** (ms16: *D.E.*)

17514. **Máis val pan con mel que pan sin el.** (ms10,079r: *D.E.*)

17515. **Millor é un pouco pan duro que un figo enteiro maduro.** (ms10,079r: *D.E.*)

17516. **Na casa do home honrado, carne gorda e pan delgado.** [5217] (mc e ms16: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

17517. **Nen o teu pan en sopas nin o teu viño en probas.** (ms10,079r: *D.E.*)

17518. **Nin o teu pan en bolas nin o teu viño en sopas.** (ms10,079r: *D.E.*)

17519. **Nin o teu pan en roscas nin o teu viño en botas.** (ms10,079r: *D.E.*)

17520. **Non lle negues pan ó probe que de porta en porta vai, que ese amóstrache o camiño que mañán podes levar.** (ms10,079r: *D.E.*)

17521. **Nunca está sin pan a casa en que se traballa.** (ms10,079r: *D.E.*)

17522. **Ó enfornar fanse os pas tortos.** (ms10,079r: *D.E.*)

17523. **Ó enfornar tórcense os pas.** (ms10,079r: *D.E.*)

17524. **O moito pan tamén chega a cansar.** (ms10,079r: *D.E.*)

17525. **O pan ben arrendado énchelle a eira ó seu amo.** (ms10,079r: *D.E.*)

[5217] ms-LU: *hom'honrado*.

17526. **O pan centeo é bo cando é alleo.** (ms10,079r: *D.E.*)

17527. **O pan da casa farta.** (ms10,079r: *D.E.*)

17528. **O pan hai que partilo a tódolos coitelos.** (ms15,11)

17529. **O pan polo coor e o viño polo sabor.** (ms10,079r: *D.E.*)

17530. **O pan que foi ben sachado enche o horrio do seu amo.** (ms10,079r: *D.E.*)

17531. **O pan que non se vende despois d'ir á feira, é como a fariña que non se peneira.** (ms10,079r: *D.E.*)

17532. **O pan, ás dúas codias, lévase moi ben.** [5218] (ms5,138 e ms16: Lalín)

17533. **O pan, con ollos; o queixo, cego, e o viño, anexo.** (ms10,079r: *D.E.*)

17534. **O que come ben o pan é pecado o compango que lle dan.** (ms10,079r: *D.E.*)

17535. **O que non ten pan, teno que buscar, porque sin comer non se pode pasar.** (ms10,079r: *D.E.*)

17536. **Onde hai pan non hai fame.** (ms10,079r: *D.E.*)

17537. **Onde hai pan sempre hai fartura.** (ms10,079r: *D.E.*)

17538. **Onde non hai pan non-o comen os ratos.** [5219] (ms10,079r: *D.E.*)

17539. **Onde non hai pan, vaise hastra o can.** (ms10,079r: *D.E.*)

17540. **Onde pan se come, migallas quedan.** (ms10,079r: *D.E.*)

17541. **Pan albeiro ou pan centeo, millor quero do meu que do alleo.** (ms10,079r: *D.E.*)

17542. **Pan albeiro, máis val na barriga que no seo.** (ms10,079r: *D.E.*)

17543. **Pan alleo, caro costa.** [5220] (mc: J.P. / ms16: Jacinto Prado?)

(pt) *Pão alheio caro custa* (ou *tem bom gosto*). (Chaves) / *Pão do vizinho tira fastio.* (Id.) (es) *Pan ajeno, caro cuesta.* (Correas) / *Pan ajeno quita deseo.* (R. Marín) / *Pan ajeno, nunca sabroso ni tierno.* (Id.)

Los beneficios y favores que se reciben, exigen correspondencia.

17544. **Pan balorento alegra ó famento.** (ms10,079r: *D.E.*)

[5218] ms5: *mui ben*.

[5219] O orixinal di: *Onde non hai pan nono comen os ratos.*

[5220] Aínda que no ms16 aparece a referencia *Jacinto Prado* con interrogante, este refrán está rexistrado por Jacinto del Prado.

17545. **Pan ben sachado énchelle o cabazo ó amo.** (ms10,079r: *D.E.*)

17546. **Pan centeo, antes comido que no seo.** (ms10,080r: *D.E.*)

17547. **Pan centeo, millor no meu papo que no alleo.** (ms10,080r: *D.E.*)

17548. **Pan con fartura cansa logo se moito dura.** (ms10,080r: *D.E.*)

17549. **Pan con ollos, queixo sin ollos e viño que salte ós ollos.** (ms16)
Var.: *Pan con ollos e queixo sin ollos.* (ms16: Lugo)
(es) *El pan, con ojos; el queso, sin ellos; y el vino que sale a ellos.* (Correas)

17550. **Pan con pan, comida de bobos.** (ms-SA: José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C / Francisco Canosa Quintáns)

17551. **Pan con pan, comida de lobos.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

17552. **Pan con pan, compango de lobos.** (ms21,18r: Bermés)

17553. **Pan da miña falchoca, como el non me falte, todo me sobra.** (ms10,080r: *D.E.*)

17554. **Pan de onte e carne de hoxe e viño de antano, salú pra todo o ano.** (ms10,080r: *D.E.*)

17555. **Pan de onte, carne de hoxe e viño de antano manteñen o home sano.** (ms10,080r: *D.E.*)

17556. **Pan de panadeira e viño de taberna, nin farta nin goberna.** (ms10,080r: *D.E.*)

17557. **Pan de trigo ou de centeo, quéroo máis no meu ventre que no alleo.** (ms10,080r: *D.E.*)

17558. **Pan de boda é carne que consola a quen a coma.** (ms10,080r: *D.E.*)

17559. **Pan de boda, quen-o queira comer que o coma.** (ms10,080r: *D.E.*)

17560. **Pan do monte, pan de moitos.** [5221] (mc e ms16: Paradela)

17561. **Pan e auga, sopas.** (ms10,080r: *D.E.*)

17562. **Pan e viño andan camiño millor que mozo garrido.** (ms10,080r: *D.E.*)

17563. **Pan liviano e queixo pesado.** (ms16)
(es) *El pan de poco peso, y de mucho, el queso.* (R. Marín)

17564. **Pan mal amasado non pide bocado.** (ms10,080r: *D.E.*)

17565. **Pan mol, moito na man e pouco no fol.** (ms10,080r: *D.E.*)

17566. **Pan por pan e viño por viño.** (ms10,078r: *D.E.*)

17567. **Pan pra hoxe, fame pra mañán.** (ms10,080r: *D.E.*)

17568. **Pan pra maio e leña pra abril, e o millor cepón pra maio o compón.** (ms10,080r: *D.E.*)

17569. **Pan que sobre, carne que abonde, viño que non falte e alegría que abaste.** (ms10,080r: *D.E.*)

17570. **Pan, con fartura; e viño con mesura.** (ms10,080r: *D.E.*)

17571. **Pan, viño e carne quitan a fame.** (ms10,080r: *D.E.*)

17572. **Pra pan e cebola é mester cazola.** (ms10,080r: *D.E.*)

17573. **¿Pra que queres millor pan que o pantrigo?** (ms10,080r: *D.E.*)

17574. **Quen aforra o pan non quer ben ós fillos.** (ms10,080r: *D.E.*)

17575. **Quen di pan di fartura.** (ms10,080r: *D.E.*)

17576. **Quen se mantén de pan, moi mal mantido non vai.** (ms10,080r: *D.E.*)

17577. **Quero saber de qué pan me hei manter.** (ms10,080r: *D.E.*)

17578. **Se queres coller pan, ara polo san Xoán.** (ms10,080r: *D.E.*)

17579. **Sen pan nin viño non se anda ben o camiño.** (ms10,080r: *D.E.*)

17580. **Tanto o pan coma o queixo e tanto o queixo coma o pan, cómoo se mo dan.** (ms10,080r: *D.E.*)

17581. **Tanto queixo como pan non se debe dar.** (ms10,080r: *D.E.*)

17582. **Val máis que sobre pan que non que falte viño.** (ms10,080r: *D.E.*)

17583. **Vale máis pouco pan duro que fame de nove días.** (ms10,080r: *D.E.*)

EL PAN COMO ALIMENTO

17584. **Cando non hai pan fanse sopas.** (ms8,50r: Trives)

17585. **Con cacho de pan e taza de viño xa se anda o camiño.** (mc e ms16: Santiago)

17586. **Con cacho de pan e unha taza de viño xa se anda o camiño.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

17587. **Con pan e con viño ándase o camiño.** (ms-SA: José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C)

17588. **Con pan e viño anda o home camiño pero con xamón non ten comparación.** (ms5,029)

[5221] ms16: *de monte*.

17589. **Con pan e viño ándase camiño.** (ms-SA: Manuel Gómez Vilar / M. González Fernández / ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

17590. **Con pan e viño ándase o camiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

17591. **Con pan e viño pásase o camiño.** (ms21,02v: Bermés)

17592. **Con pan e viño xa s'anda o camiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: San Martiño de Mato, Taboada, LU)

17593. **Con pan e viño xa se anda camiño.** [5222] (mc e ms16: *Terra de Melide* / ms21,10r: Bermés)

Var.: *Con pan e viño xa se anda o camiño, e se tes carne, anque sea toda tarde.*

(pt) *Com pão e vinho se anda caminho.* (Chaves) (es) *Con pan y vino se anda el camino.* (R. Marín) / *Con pan, vino y carne de cochino se pasa bien el mal camino.* (Id.)

17594. **Con pan e viño xa se pasa o camiño.** (ms-SA: José González Santos: Boa, Camboño, Lousame, C)

17595. **Crían bo sangre o pan, o viño i-a carne.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Pan, vino y sangre crian buena carne.* (R. Marín)

17596. **O pan co farelo i-a carne co sangre.** (ms16: Sober)

17597. **O que ten pan non morre de fame.** (ms16: Lugo)

(es) *Quien tiene pan, de hambre no morirá.* (R. Marín)

17598. **Pan ben feito, comer con xeito; pan podre, comer doble.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

17599. **Pan e viño andan camiño.** (mc e ms16: Carballedo / ms10,080r: *D.E.*)

(pt) *Pão e vinho andam caminho que não moço garrido.* (Chaves) (es) *Pan y vino andan camino, que no mozo ardido; o garrido.* (Correas)

17600. **Pan e viño non sentan mal e alegran o gañán.** (mc / ms16: Lugo)

17601. **Pan, xamón, touciño e queixo é o que enchen o pelexo.** (ms-SA: Francisco Ageitos Pérez: Corrubedo, Ribeira, C)

17602. **Pan, xamón, touciño e queixo son os que enchen o pelexo.** (ms16: Santiago)

Var.: *Pan, xamón e viño añexo son os que enchen o pelexo.* (ms16: Santiago)

[5222] ms21,10r: *s'anda*.

EXCELENCIAS DEL PAN

17603. **Coma ben, coma mal, acaba comendo pan.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

17604. **Comas ben ou comas mal, arremata con pan.** (mc: Carballedo)

Var.: *Comas ben, comas mal, tapa a boca con pan.* (mc e ms16: Monforte)

17605. **Comas ben, comas mal, a boca que che quede de pan.** (mc: Becerreá / ms4: F.V.S. / ms16: Buciños)

17606. **Comas ben, comas mal, acaba comendo pan.** (mc e ms16: Sober)

Var.: *Comas ben, comas mal, empeza con viño e acaba con pan.* (ms16: Sober)

17607. **Comas ben, comas mal, que che sepa algo a pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

17608. **Comas mel ou azafrán, que che seipa a boca a pan.** (mc / ms16: Lugo)

Var.: *Comas ben, comas mal, tapa a boca con pan.* (Monforte)

Todos aconsejan que se terminen las comidas con pan, costumbre bastante arraigada entre nuestros campesinos.

17609. **Con pan caseiro non vende o panadeiro.** (ms10,078r: *D.E.*)

17610. **Pan a fartar e compango a probar.** (mc / ms16: Lugo)

17611. **Pan e noces saben a amores.** (mc e ms16: Correas / ms10,080r: *D.E.*)

(es) *Pan y nueces saben a amores.* (Bergua)

17612. **Pan que sobre, carne que baste e viño que falte.** (ms16: Lugo)

(es) *Pan que sobre, carne que baste y vino que falte.* (Correas)

17613. **Sin pan come o can.** (ms15,42: Valle del Mao)

PAN CALIENTE

17614. **Auga fría e pan quente nunca fixeron bon ventre.** [5223] (mc e ms4: *Dicc. Ac.* / ms16: *D.E.* / ms-LU: Dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo / J. M. Barral Sánchez)

(pt) *Agua fría e pão quente, nunca fizeram bom ventre.* (Chaves) (es) *Agua fría y pan caliente, nunca hicieron buen vientre.* (Sbarbi) / (ms: Correas). (ct) *Aigua freda y pá calent, causen dolor al ventrell.* (Alberola)

[5223] V. *Auga fría e pan quente nunca fixeron o home valente* en *Medicina. Higiene*. / mc e ms-LU: *vientre*; ms-LU: *bô ventre* / J. M. Barral Sánchez: *bo vientre*.

17615. **Ó pan quente ábrelle a gorxa.** [5224] (ms10,079r: *D.E.*)

17616. **Pan quente e auga fría era o que a morte quería.** (mc e ms16: Fonsagrada-F.V.S.)

(pt) *Água fria e pão quente, nunca fizeram bom ventre.* (Chaves) (es) *Pan caliente, mata la gente.* (Castillo) / *Agua fría y pan caliente, mata a la gente.* (Id.) / *Pan caliente, mucho en la mano y poco en el diente.* (Id.) / *Agua fría y pan caliente, nunca hicieron buen vientre.* (Castillo) (ct) *Aigua freda y pá calent, causen dolor al ventrell.* (Alberola)

17617. **Pan quente e uvas, ás vellas quitan engurras.** [5225] (ms10,080r: *D.E.*)

17618. **Pan quente e viño forte ó vello danlle a morte.** [5226] (ms16: Buciños)

17619. **Pan quente fame mete.** (ms10,080r: *D.E.*)

17620. **Pan quente, moito na man e pouco no ventre.** [5227] (ms10,080r: *D.E.*)

17621. **Se pan quente comes, non bebas auga da fonte.** [5228] (ms10,080r: *D.E.*)

PAN CASERO Y PAN DE PANADERÍA

17622. **Con leña de romeiro e pan de panadeira o labrador non fai a súa feira.** [5229] (ms16 e ms10,033r: *D.E.*)

17623. **Pan de panadería, nin farta nin medra.** (ms16: Lugo)

PAN DE MAÍZ

17624. **A bica fresca non se garda moito tempo n'artesa.** (ms15,17)

17625. **A falta de pan cómese bica.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Pontevedra)

17626. **A falta de pan, boa é a bola de millo.** [5230] (mc: Tuiriz / ms16: Tuiriz, Mondoñedo)

(pt) *A míngua de pão, boas são as tortas.* (Chaves) (es) *A falta de pan, buenas son tortas.* (Sbarbi) (ct) *A falta de pá, bòna es la coca.* (Alberola)

17627. **Auga e bola come a tola.** (mc e ms16: Incio)

17628. **Bica de lar, comer e soprar.** (mc e ms16: Agro)

Ha de comerse caliente, porque es así más sabrosa.

17629. **Bica do lar, comer e soprar; por moita que sea non ha de sobrar; por pouca que sea, ha de chegar.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

17630. **Bica e leite mazado, viñota e vida d'aldea, Dios lla día a quen a desea.** (mc e ms16: Buciños)

17631. **Bola do lar, comer e soprar.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

Bola do lar = cocida en el mismo fuego de la cocina. Es de maíz y el refrán recomienda que se coma recién hecha y caliente.

17632. **Bola mol, moita na mau e pouca no fol.** [5231] (mc: A.N. / ms16: *D.E.*)

17633. **Bolo do lar, comer e soprar.** (mc e ms16: *Vida Gallega*)

Véase *Bica do lar...*

17634. **Coas bolas duran os pas.** (mc e ms16: M.L.)

Var.: *Coas bolas duran máis os pas.* (ms16: *D.E.*)

17635. **Chocolate con bica, cousa rica.** (ms8,06v: La Cañiza)

17636. **Millo eres, millo serás; por máis que te amasen non espilirás.** (mc e ms16: Nós)

El pan de maíz, o borona, no es esponjoso.

17637. **O bolo do pote, comer a galope.** (mc e ms16: Corme)

17638. **O pan de millo mantén a fame na casa.** [5232] (ms16 e ms10,040r: *D.E.*)

17639. **Pan de millo non llo des ó teu fillo.** (ms16: Castroverde)

17640. **Pan de millo pesa na mau e pesa na barriga.** [5233] (ms15,33 e ms16: Guntín)

17641. **Pan de millo, pan de Dios, de una miga se hacen dos.** (mc e ms16: Carballedo-F.V.S.)

Refrán bilingüe, con el que no todos estarán conformes, como indican los siguientes: *A falta de pan, cómese bica*; *A falta de pan, boa é a bola de millo*.

17642. **Pan de trigo, pan de Dios, dun pedazo fanse dous; pan de millo, pan de Xudas, todo se volven faragullas.** (mc e ms16: Paradela)

Var.: *Pan de trigo, pan de Dios: de un pedazo fanse dous.* (ms16: Paradela)

[5224] En ms10 s.v. *Pan*.
[5225] En ms10 s.v. *Pan*.
[5226] En ms10 s.v. *Pan*.
[5227] En ms10 s.v. *Pan*.
[5228] En ms10 s.v. *Pan*.
[5229] En ms10 s.v. *Leña*.
[5230] V. *A falta de pan, boas son tortas* en *Hambre. Gastronomía*.
[5231] mc: *muita*; ms4: *man*.
[5232] En ms10 s.v. *Maíz*.
[5233] ms16: *O pan de millo*.

17643. **Prá moita fame non hai broa dura.** (mc e ms16: Santiago)

17644. **Vai salir a torta un pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)

PAN DE TRIGO

17645. **Cando un se acostumbra ao pantrigo, xa non lle sabe o centeo.** (ms16: Lugo)

17646. **Dicen que o pan de centeo é como o trigo; pero o trigo é trigo.** [5234] (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

Var.: *Dicen que o pan é tan bon como o trigo; pero o trigo é trigo.* (ms16: Neira de Rey)

17647. **Nin o teu pan en tortas nin o teu viño en botas.** (mc e ms16: J.P.)

(es) *Ni tu pan en tortas, ni tu vino en botas.* (Sbarbi)

Recomienda que no se empleen los caudales en cosas que se consumen con facilidad.

17648. **Non hai pior vicio como o pan de trigo.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

17649. **O pan de trigo fíxoo Dios i-o de millo mandouno facer.** [5235] (ms4 / ms16: Sober / ms21,05r: Bermés / ms18,74r: A.S.A.)

(es) *Pan de maíz, pues tienes salud para ti; que para mi mal yo lo quiero candeal.* (R. Marín) / *Pan de centeno, para tu enemigo es bueno; pan de mijo no se lo des a tu hijo; pan de cebada, comida de asno disim / ulada; pan de panizo fué el diablo quien lo hizo; pan de trigo candeal o tremés, lo hizo Dios y mi pan es.* (Martínez Kleiser)

17650. **O pan de trigo nin pesa no corpo nin fai polo home; o pan de millo pesa no corpo e fai polo home.** (ms5,029 / ms16: Valle del Mao)

17651. **O pan trigo i-o centeo máis val na barriga que no seo.** (ms21,05r: Bermés)

17652. **O pantrigo e centeo máis val na barriga que no seo.** (ms4 / ms18,74r: A.S.A.)

17653. **O trigo é trigo; xa Dios o escolleu pra si.** [5236] (mc e ms16: Buciños)

Preciosa alusión al pan eucarístico.

17654. **Onde comiches pantrigo non pidas borona.** [5237] (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

17655. **Pan de trigo e leña de carballo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

17656. **Pan de trigo, meo amigo; pan de broa, o que o coceo que o coma.** (ms-LU: seminarista anónimo:Illán, Begonte, LU)

17657. **Pan de trigo, meu amigo; pan de broa, o que o coceu que o coma.** (ms5,027: Illán)

17658. **Quen dixo pan, dixo trigo.** (mc e ms16: M.V.)

(es) *Pan de trigo, aceite de olivo y de la parra el vino.* (Correas) / *Pan de trigo, de ese si que soy amigo.* (R. Marín)

17659. **Trigo centeoso, pan proveitoso.** [5238] (ms16 e ms10,133r: *D.E.*)

Pan reciente y pan duro

17660. **Cando empalma o pan novo co vello, sabe ben o codelo.** (ms5,135)

17661. **Casa de pan tenro, casa de mal goberno.** (ms16: *D.E.*)

17662. **Máis vale pan duro que pedras moles.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

17663. **O pan mol vaise de seu ó fol.** (mc e ms16: Carballedo)

Var.: *O pan mol vaise ó fol.* (mc / ms16: Lugo)

(pt) *Pão mole depressa se engole.* (Chaves)

17664. **Pan d'hoxe, carne d'onte e viño d'antano manteñen o home sano.** (ms21,20r: Bermés)

17665. **Pan de hoxe, carne de onte e viño de antano, mantén o home sano.** [5239] (mc / ms4: F.V.S. / ms16: *D.E.*)

(pt) *Pão de hoje, carne de ontem e vinho do outro verão, fazem ô homem são.* (Chaves) / *Carne de ontem, peixe de hoje, vinho do outro verão fazem o homem são.* (Chaves)

(es) *Pan de ayer, carne de hoy y vino de antaño, traen al hombre sano.* (Correas) / *Pan de ayer, vino de antaño y carne manida, dan al hombre la vida.* (R. Marín) / *Pan de antedía, vino, de año y día y carne del mismo día.* (R. Marín)

17666. **Pan de hoxe, carne de onte e viño de antonte.** [5240] (mc e ms16: Buciños / ms4: F.V.S.)

17667. **Pan de hoxe, carne de onte e viño de outono manteñen o home sano.** [5241] (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago)

[5234] mc: *centeno*; ms4: *com'o de trigo*.

[5235] O orixinal di: *O pan de trigo fixoo Diós, y ó de millo mandouno facer*.

[5236] ms: *Diol-o*.

[5237] mc: *Donde comiches*.

[5238] En ms10 s.v. *Trigo*.

[5239] mc: *vinho*.

[5240] ms: *d'antonte*.

[5241] O orixinal di: *Pan de hoje, carne de onte e viño de outono, manteñen o home sano.*

17668. **Pan fresco e leña verde, a casa perde.** (mc e ms16: Tuiriz)

(es) *Pan tierno y leña verde, la casa pierde.* (R. Marín)

Porque de ambos se gasta mucho.

17669. **Pan mol vai de seu ó fol.** (ms21,17r: Bermés)

17670. **Pan mole, nin presta nin fonde.** (mc e ms16: M.L.)

17671. **Pan mol, de seu se engol.** [5242] (mc e ms16: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)

(pt) *Pão mole depressa se engole.* (Chaves) (es) *Pan tiernete, ello solo se mete.* (R. Marín) (ct) *Pà blanet... passa collet.* (Alberola)

Véase *O pan mol...*

17672. **Pan mol, pousa na boca, tumba no fol.** (mc e ms16: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)

17673. **Pan seco i-auga fría fan as sopas na barriga.** (ms16: Sober)

17674. **Pan vello fame é.** (mc e ms16: M.L.)

17675. **Val máis pan duro que pedras moles.** (mc e ms16: Buciños)

Var.: *Vale máis codia dura que pedra mol.*

17676. **Vale máis codia dura que pedra mol.** (ms4: M.V.)

17677. **Vale máis codias duras que pedras moles.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

PANADEROS. V. tamén *Oficios*.

17678. **Á millor panadeira derrámaselle unha fornada.** (mc e ms16: Buciños)

17679. **A que amasa fariña nunca pan lle falta.** (ms16: *D.E.*)

17680. **A quen coce e amasa non lle furtes a masa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

17681. **A quen coce e amasa non se lle tasa a masa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

17682. **A quen coce i-amasa non lle cortes a masa.** [5243] (ms21,11r: Bermés)

17683. **A quen coce i-amasa non lle roubes a masa.** [5244] (ms21,11r: Bermés)

17684. **A quen coce i-amasa non se lle furta a masa.** [5245] (mc e ms16: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Porque sabe lo que crece.

17685. **Amasade, panadeiras, que miña nai quer un pan.** (ms16: *D.E.*)

17686. **Amasando faise o pan.** (ms16: *D.E.*)

17687. **Cando o pan cercena, ablanda a masa na artesa.** (ms15,45v: Silvarrey)

Variante de *cenceno* que Carré y *Diccionario Enciclopédico* sólo aplican a la flor del maíz. En esa época hay que dejar la masa un poco dura, porque ablanda. *Cercenar* = florear el pan. Como *espendoar*. *Cercena*: el hecho de florecer el pan en la tierra. Variante de *cenceno* (ver valor)

17688. **Compra a panadeiro e non a carniceiro.** (ms16: Buciños)

17689. **Dáo Deus na eira e tólleo Marta na maseira.** [5246] (mc e ms16: A.I. / ms18,71r: A.S.A. / ms10,001v: *D.E.*)

Se refiere al pan.

17690. **Hai que desamasar, que caeu o forno.** [5247] (mc e ms16: A.N.)

17691. **Na porta do forno rompen as bolas.** (mc: Santiago)

Var.: *Na porta do forno tórcense as bolas.* (ms16: Santiago)

17692. **Non quero máis panadeira; escarmentoume a primeira.** (ms10,080r: *D.E.*)

17693. **Non seas forneira, se tes a cabeza de manteiga.** [5248] (ms16 e ms10,023r: *D.E.*)

(es) *No seais hornera, si tenéis la cabeza de manteca.* (H. Núñez)

17694. **O día que amaso, mal día paso, pero é pior non ter que amasar nin que peneirar.** [5249] (ms16 e ms10,005v: *D.E.*)

17695. **O día que cozo é día de alborozo.** [5250] (ms16 e ms10,005v: *D.E.*)

17696. **O día que se amasa, mal se pasa.** [5251] (ms16 e ms10,005v: *D.E.*)

17697. **Ó enfornar tórcese ás veces o pan.** [5252] (ms16 e ms10,011v: *D.E.*)

(es) *Al enhornar se hacen los panes tuertos.* (Z.)

[5242] mc: *Pan mol*.

[5243] O orixinal di: *A quen coce y'amasa non lle roubes* (*cortes*) *a masa.*

[5244] O orixinal di: *A quen coce y'amasa non lle roubes* (*cortes*) *a masa.*

[5245] ms: *y amasa*.

[5246] mc, ms16 e ms18,71r: *Dios*. / En ms10 s.v. *Dar*.

[5247] ms4: *caen*.

[5248] En ms10 s.v. *Hornero*.

[5249] En ms10 s.v. *Día*.

[5250] En ms10 s.v. *Día*.

[5251] En ms10 s.v. *Día*.

[5252] En ms10 s.v. *Horno*.

17698. **O que amasa e coce, ben se lle conoce.** (ms16: *D.E.*)

17699. **O que amasa e coce, todo lle loce.** (ms16: *D.E.*)

17700. **Panadeiros, de Cea e Porriño.** (ms16: *Galicia Emigrante*)

17701. **Quen mal enforna saca os pas tortos, mais paga a poia.** [5253] (ms16 e ms10,011v: *D.E.*)

(es) *Quien mal enhorna, saca los panes tuernos, y así como así, paga la poya.* (Correas)

17702. **Vale máis unha boa retorcedura que unha boa amasadura.** (ms8,65r: Silvarrey)

Se dice del amasar el trigo.

PANDERO

17703. **Non sei qué ten o pandeiro que moito alegra o turreiro.** (ms10,081r: *D.E.*)

17704. **O pandeiro dálle alegría ó turreiro.** (ms10,081r: *D.E.*)

17705. **¡Que alegría hai no turreiro cando se anima o pandeiro!** (ms10,081r: *D.E.*)

PANERA

17706. **A tulla sin centeo é como o prado sin rego.** (ms10,134r: *D.E.*)

17707. **O que ten chea a tulla, non ten por que ter carpulla.** (ms10,134r: *D.E.*)

17708. **Tulla que está sin trigo, non dá grau pra facer pantrigo.** (ms10,134r: *D.E.*)

PANZA

17709. **A panza chea millor se aconsella.** (ms10,081r: *D.E.*)

PAÑOS

17710. **Adoba o teu pano e pasarás o teu ano.** (ms10,081r: *D.E.*)

17711. **Con bo pano e bo xastre faise un bo traxe.** (ms10,081r: *D.E.*)

17712. **De ruín pano nunca bo saio.** (ms10,081r: *D.E.*)

17713. **O millor pano líxase.** (ms10,081r: *D.E.*)

17714. **O que viste de ruín pano, viste dúas veces ó ano.** [5254] (ms21,11v: Bermés)

17715. **Onde non chega o pano, o caletre do xastre ten que inventalo.** (ms10,081r: *D.E.*)

17716. **Os panos locen no pazo e non os fillosdalgo.** (ms10,081r: *D.E.*)

17717. **Pano pobre non garda puntada.** (ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

17718. **Pano podre non garda puntada.** [5255] (mc: M.V. / ms16: Santiago / ms21,27r: Bermés)

(es) *Paño pobre no guarda puntada.* (R. Marín)

17719. **Quen se viste de ruín pano, vístese dúas veces no ano.** (ms10,081r: *D.E.*)

17720. **Se o pano é verde ou o pano é negro, ¿que sabe o cego?** (ms10,081r: *D.E.*)

PAPAS. V. tamén *Comida, Hambre. Gastronomía*.

17721. **Agora, papas na ola, e si a ola creba, papas na merda.** (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)

17722. **Almorzar de papas e traballar cas vacas, non se alonxar das casas.** [5256] (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

17723. **As papas deica a porta e as berzas deica a horta.** (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)

(pt) *Papas até à porta, couves até à horta, feijões para todo o dia.* (Chaves)

17724. **Cal de berzas, cal de papas, ataquemos as barazas.** [5257] (mc e ms16: M.V.)

Cuando no hay otra cosa, hay que matar el hambre con lo que sea.

17725. **De papas e pan dúas casas se van.** (mc, ms e ms16: Buciños)

17726. **É moi grande o pote e pouca a manteiga pra que saian boas as papas.** [5258] (mc e ms16: Buciños / ms4: F.V.S.)

17727. **En comer papas, calzar abarcas e xunguir bois da molida pásase mitá do día.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

17728. **En comer papas, calzar abarcas e xunguir os bois de mulida pásase todo o día.** [5259] (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)

17729. **Non quero papas nin ir ás vacas.** (ms-SA: seminarista anónimo: Rías Baixas, PO)

17730. **O que almorza con papas i-ara con vacas, que non vaia pra moi lonxe das casas.** [5260] (ms21,15v: Bermés)

[5253] En ms10 s.v. *Horno*.

[5254] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Paños*.

[5255] mc: *Paño pobre*.

[5256] O orixinal di: *Almorzar de pacas e traballar cas vacas non se alonxar das casas.*

[5257] ms3: *ataquemo-l-as*.

[5258] mc: *menteiga*; ms: *salian*.

[5259] V. *En calzar abarcas e xoncer á molida pásase o día* en *Paso del tiempo*. / mc: *comer papas, e calzar abarcas*.

17731. **O que come pan e papas, come pan de dúas arcas.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU)

17732. **O que come papas e ara con vacas, non pode salir do pé das casas.** [5261] (mc / ms16: Lugo)

17733. **O que come papas e calza barcas, que non se vaia mui lexos das casas.** [5262] (ms-LU: seminarista anónimo: O Corgo, LU)

17734. **O que de mañá come papas e xungue os bois á molida, ten a mañá perdida.** (mc: Bardaos, Incio / ms16: Carballedo)

17735. **Pan e papas baleiran as arcas.** (mc e ms16: Tuiriz)

17736. **Pan e papas, pan de dúas arcas.** (ms8,73v: Meda)

17737. **Papas con mel saben ben.** (ms16: Mondoñedo)

17738. **Papas con mel saben moi ben.** (ms-LU: seminarista anónimo: Terra Cha, LU / ms-LU: Julio Elías Bello Méndez: Terra Cha, LU)

17739. **Papas con pan unha casa desfán.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

17740. **Papas con pan, cava Xan; papas sin pan, non cava Xan.** (ms-SA: seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)

17741. **Papas e bolos, comida de tolos.** (ms16: Santiago)

17742. **Papas e pan unha casa desfán.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

17743. **Papas e pan, casa desfán.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

17744. **Papas e pan, unha arca desfán.** (mc e ms16: Santiago)

17745. **Papas e pan, unha casa desfán; papas e bolo, desfana de todo.** (mc e ms16: M.V. / ms21,27v: Bermés)

Var.: *Papas e pan, dúas casas desfán.* (ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

Porque en la misma comida las dos cosas suponen mucho gasto.

17746. **Papas e sorber non pode ser.** [5263] (mc: Tuiriz / ms4: F.V.S.)

17747. **Papas hastr'a porta e berzas hastr'a horta.** (ms21,15v: Bermés)

17748. **Papas hastra [porta], coles hastra horta e fabas pra todo o ano.** [5264] (ms10,081r: *D.E.*)

17749. **Papas quentes pasan sete ríos e inda queiman o home.** (mc e ms16: Santiago)

17750. **Papas raras e sin pan, cavarán, Xan.** (mc / ms16: Lugo)

17751. **¿Papas sin pan nos toxos tallarán?** [5265] (ms21,15r: Bermés)

17752. **¿Papas sin pan tallarán?** [5266] (ms21,15r: Bermés)

17753. **Se che gusta comer papas, vai a Foxos segar pan: á mañá danche papas; á medodía papas che dan; á merenda papas solas; á noite papas sin pan.** (ms16: Cebrero)

17754. **Tomar raro cun tenedor é como quen come papas con un fuso.** (ms10,049v: Silvarrey)

17755. **Véndeme o boi e véndeme a vaca e non me vendas o pote das papas.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

17756. **Véndeme os bois e véndeme as vacas e non me vendas o pote das papas.** [5267] (mc e ms16: Santiago / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

PAPEL

17757. **De todo terma o papel hastra que se limpan co el.** (ms10,081r: *D.E.*)

17758. **Moito papel e tinta é pouca xusticia.** (ms10,081r: *D.E.*)

17759. **O papel atúrao todo.** (ms10,081r: *D.E.*)

17760. **O papel chámase Diego; por un cadelo douche un pliego.** [5268] (mc e ms16: Parga-F.V.S.)

17761. **O papel é brando e doce: todo o sofre.** (ms10,081r: *D.E.*)

17762. **O papel é moi sofrido e moi calado.** (ms10,081r: *D.E.*)

17763. **O papel non se debe romper.** (ms10,081r: *D.E.*)

17764. **O papel pode con todo.** (ms10,081r: *D.E.*)

17765. **O papel que se rompa el.** (ms10,081r: *D.E.*)

17766. **O papel terma de todo.** (ms10,081r: *D.E.*)

17767. **O papel terma do que lle poñen.** (ms10,081r: *D.E.*)

[5260] O orixinal di: *O que almorza con papas y'ara con vacas que non vaya pra moi lonxe das casas.*

[5261] V. *Con sopas e papas non vaias lonxe das casas* en *Medicina. Higiene*.

[5262] O orixinal di: *O que come papas e calza barcas, que non se vaya muy lexos d'as casas.*

[5263] Dentro do tema *Miscelánea* no mc.

[5264] O orixinal di: *Papas hastra, coles hastra horta e fabas pra todo o ano.*

[5265] O orixinal di: *Papas sin pan* (*nos toxos*) *tallarán?*

[5266] O orixinal di: *Papas sin pan* (*nos toxos*) *tallarán?*

[5267] ms-LU: *Véndem'os, véndem'as*.

[5268] ms4: *por unha perra*.

17768. **O papel terma do que se queira escribir nel.** (ms10,081r: *D.E.*)

17769. **O papel todo o consinte.** (ms10,081r: *D.E.*)

17770. **Onde hai papel calan barbas.** (ms10,081r: *D.E.*)

17771. **Os papés tên conta do que lles poñen.** [5269] (mc e ms16: Corme)

17772. **Papel e tinta diñeiro custa.** (ms10,081r: *D.E.*)

17773. **Papel falso, papel mollado.** (ms5,029 / ms16: Sta. María del Mao)

PAPO

17774. **O que está no papo non pode estar no prato.** (ms10,081r: *D.E.*)

PARADA

17775. **A moita parada fai pouca andada.** (ms10,082r: *D.E.*)

17776. **Coas moitas paradas acúrtanse os días.** (ms10,082r: *D.E.*)

PARCHE

17777. **Poñer o parche antes da enfermedá.** (ms10,082r: *D.E.*)

17778. **Poñer o parche antes que salla o furuncho.** (ms10,082r: *D.E.*)

PARDAL

17779. **Cada pardal co seu igual.** (ms10,082r: *D.E.*)

17780. **Estorniños e pardales, todos queren ser iguales.** (ms10,082r: *D.E.*)

17781. **Máis que cen de pardal vale unha de asnal.** (ms10,082r: *D.E.*)

PARECER

17782. **Cada un di o seu parecer dispois de beber.** (ms10,082r: *D.E.*)

17783. **Cada un ten o seu parecer cando é mester.** (ms10,082r: *D.E.*)

17784. **O que ben parece, de vagar crece.** (ms10,082r: *D.E.*)

17785. **O que non parece, logo se esquece.** (ms10,082r: *D.E.*)

PAREDES

17786. **As paredes teñen ollos.** (ms10,082r: *D.E.*)

17787. **O que pensa que as paredes calan, ben enganado anda.** (ms10,082r: *D.E.*)

17788. **Quen se fía do segredo das paredes, sai vendido moitas veces.** (ms10,082r: *D.E.*)

17789. **Se falasen as paredes, non habería segredo que non se soupese.** (ms10,082r: *D.E.*)

PARIENTES

17790. **A mai negra, o pai negro, a filla branca... eiquí hai trampa.** (ms5,009: Verín)

17791. **Entre parentes non meta-los dentes.** [5270] (ms4: M.L. / ms10,082r: *D.E.*)

17792. **Fillo de rico busca que comas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

17793. **Gasta en café e viño o que has de deixar ó teu sobriño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

17794. **Gasta en festa e viño o que has de deixar ós teus sobriños.** (ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)

17795. **Gasta en festas e viño o que has deixar ós sobriños.** (ms15,44)

17796. **Máis vale amigo que parente nin primo.** (mc: Tuiriz, Monforte)

Var.: *Máis vale un amigo bo que parente e medio.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *Mais vale amigo que parente ou primo.* (Chaves) / *Mais vale bom vizinho que parentesco.* (Id.) (es) *Más vale amigo, que pariente ni primo.* (R. Marín)

17797. **Máis vale un bo amigo que dez parentes; eles lonxe i-el presente.** (ms16: *D.E.*)

17798. **Meu parente é Pedro Boo, tanto me dá, tanto ll'eu soo.** (mc e ms16: A.I.)

17799. **Meu parente Pedro é bo; tanto me el dá, tanto lle eu dou.** (ms10,082r: *D.E.*)

17800. **Moitos parentes hai pra aconsellar mais non pra remediar.** (ms10,082r: *D.E.*)

17801. **Non hai parente probe.** (ms16: Lugo)

(es) *No hay pariente pobre.* (Z.)

17802. **Non hai millor parente que o bo amigo presente.** (ms10,082r: *D.E.*)

17803. **O parente do rico ten que buscar onde encher o bico.** [5271] (mc e ms16: S. Victorio de Ribas de Miño / ms10,109r: *D.E.*)

(es) *Pariente de rico, busca que comas.* (R. Marín) / *A son de parientes, busca qué meriendes.* (Id.)

[5269] mc: *lle poñen*.

[5270] O orixinal di: *Entre parentes non metal'os dentes.* / ms10: *metas os dentes*.

[5271] En ms10 s.v. *Riqueza*.

17804. **O parente, como Dios cho dese; o amigo, como ti o escolleres.** (ms10,082r: *D.E.*)

17805. **Ós parentes amóstralle os dentes.** (ms10,082r: *D.E.*)

17806. **Parente de rico busca que comas.** (mc e ms16: Taboada-F.V.S.)

(es) *Pariente pudiente, es para el pobre pariente aparente.* (R. Marín) / *Pariente de rico, busca que comas.* (Id.)

17807. **Parente de rico busca que comer.** (ms14,16)

17808. **Parentes e trastes vellos, millor canto máis lexos.** (mc e ms16: Buciños)

Var.: *Parentes e trastes vellos, poucos e lexos.* (ms16: Ribadeo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo) [5272]

(pt) *Trastes velhos e parentes, poucos e ausentes.* (Chaves) (es) *Parientes y muebles* (o trastos) *viejos, pocos y lejos.* (R. Marín) (ct) *Parentesc y trastos vells, llunt d'ells.* (Alberola)

17809. **Parentes e trastes vellos, millor é non telos.** (ms10,082r: *D.E.*)

17810. **Parentes pobres e trastos vellos, poucos e lexos.** (mc e ms16: Buciños)

(pt) *Trastes velhos e parentes, poucos e ausentes.* (Chaves)

17811. **Quen ten fillas solteiras, non fale da filla allea.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

17812. **Val máis onza de sangre que libra de amistade.** (mc e ms16: Buciños)

(pt) *Mais vale onça de sangue que libra de amizade.* (Chaves) (es) *Más vale onza de sangre, que libra de amistad.* (Sbarbi) (ct) *Més val onça de sanc, que lliura d'amistad.* (Alberola)

17813. **Vale máis o ruín viciño da porta có parente tras da costa.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Cádavo, A Esperela, Baleira, LU)

17814. **Vale máis o veciño da porta que o parente da costa.** (mc: Carballedo)

Var.: *Estén ben co veciño da porta anque esteñas mal co parente da costa.* (ms5,136: Silvarrey) / *Val máis o veciño de xunto á porta que o parente detrás da costa.* (ms16: Sober)

(es) *Más vale el vecino cercano que el pariente lejano.* (R. Marín)

PARLANCHÍN

17815. **O paroleiro deixalo no carreiro.** (ms10,083r: *D.E.*)

17816. **O paroleiro fai mudo o seu compañeiro.** (ms10,083r: *D.E.*)

17817. **O paroleiro non cala o seu nin o alleo.** (ms10,083r: *D.E.*)

PARTE, PORCIÓN, PARTIR

17818. **En todas partes cocen fabas, e en algunhas a caldeiradas.** (ms10,083r: *D.E.*)

17819. **O que parte e ben reparte, se no repartir ten arte, quédase coa millor parte.** (ms10,083r: *D.E.*)

17820. **O que parte leva pra si a pior parte.** (ms10,083r: *D.E.*)

17821. **Por todas partes vaise a Roma.** (ms10,083r: *D.E.*)

17822. **Por unha parte obrigado e por outra amolado.** (ms10,083r: *D.E.*)

17823. **Quen desparte leva a pior parte.** (ms10,083r: *D.E.*)

17824. **Quen parte e reparte garda pra si a millor parte.** (ms10,083r: *D.E.*)

17825. **Sempre leva a pior parte o que en concencia reparte.** (ms10,083r: *D.E.*)

PARTOS. V. tamén *Medicina. Higiene, Mujer, Preñez.*

17826. **A galiña pare cantando e a muller chorando.** (ms10,082r: *D.E.*)

17827. **A muller parida, nin farta nin limpa.** [5273] (ms16 e ms10,046r: *D.E.*)

17828. **A que cría empiora; a que pare millora.** (ms16: *D.E.*)

17829. **As femias recén paridas han de ser ben atendidas.** [5274] (ms4: J.P.)

17830. **Cada parto, un sobresalto.** (ms16: *D.E.*)

17831. **Cada parto, unha ventura.** (ms16: *D.E.*)

17832. **Cando a muller pare, empreña o home.** (ms16: Buciños)

17833. **Cando a muller pare, queda embarazado o padre.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

17834. **Filla despois de varón queima coma o tizón; varón despois de filla queima como a faísca.** [5275] (ms16 e ms10,020v: *D.E.*)

[5272] ms-LU: *trastos*.

[5273] En ms10 s.v. *Mujer*.

[5274] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[5275] ms16: *Filla dispois de varón, varón dispois de filla*. En ms10 s.v. *Hijos*.

(es) *Hija después de varón, quema como tizón; y varón después de hija, quema como fuisca.* (H. Núñez)

17835. **Filla dispois de varón queima como o tizón.** (ms16: Lugo)

(es) *Hija, tras de varón quema como tizón.* (R. Marín)

17836. **Fillo sin dor, mai sin amor.** [5276] (mc e ms16: Buciños / ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

Var.: *Fillo sin doer, nai sin querer.* (C.A. *A Nosa Terra* / ms16: C.A.)

(pt) *Filho sem dor, mãe sem amor.* (Chaves) (es) *Hijo sin dolor, madre nin amor.* (Correas) (ct) *Fill sense dolor, mare sense amor.* (Alberola)

17837. **Inda non pariu a cabra e xa o cabirto mama.** (ms10,082r: *D.E.*)

17838. **Mentras o burro non pare, non se sabe qué cría sale.** (mc: A.N. / ms16: *Galicia Emigrante*)

17839. **Muller de parto, carreiras arriba, carreiras abaixo.** (mc e ms16: J.T.)

Como el siguiente.

17840. **Muller parida, carreira abaixo, carreira arriba.** (ms21,03r: Bermés)

17841. **Muller parida, carreiras abaixo, carreiras arriba.** [5277] (mc e ms16: M.V.)

Var.: *Muller parida, carreira abaixo, carreira arriba; cando a muller pare, empreña o home.* (ms16: Buciños)

17842. **O door enseña a parir.** [5278] (ms16 e ms10,009v: *D.E.*)

17843. **O home que ten a muller parida, carreira abaixo, carreira arriba.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

17844. **O parir é door e o criar é amor.** (ms10,082r: *D.E.*)

17845. **O que ten muller parida, carreira abaixo, carreira arriba.** (ms16: Sober)

17846. **Para muller parida e tea urdida non falta a gracia de Dios.** (mc: M.V.)

Var.: *Para muller parida e tea urdida nunca faltou remedio.* (ms16: Santiago / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo) [5279]

17847. **Parto hinchado, parto abenzoado.** (ms16: *D.E.*)

17848. **Parto mollado, parto adiantado.** (ms16: *D.E.*)

17849. **Prá muller o casar é fiar pero o parir é chorar.** [5280] (ms16 e ms10,047r: *D.E.*)

17850. **U que ten a muller parida, carreiras abaixo, carreiras arriba.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

PASADO

17851. **Auga pasada non moe muíño.** [5281] (mc: *Dicc. Ac.*)

Var.: *Auga pasada non abala muíño.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *Águas passadas não moem moinhos.* (Chaves) (es) *Agua pasada no muele molino.* (Sbarbi)

17852. **Auga que pasou non move rodicio.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Con agua pasada no muele molino.* (Z.)

17853. **Coas augas pasadas non anda o rodicio.** (ms16: *D.E.*)

17854. **Con auga pasada non anda a moa.** (ms16: *D.E.*)

17855. **Con auga pasada non moen os moíños.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

17856. **Hai que ler polo pasado.** (ms6,01v / ms16)

17857. **Ó pasado díselle adiós pra que non volva onda nós.** (ms10,083r: *D.E.*)

17858. **O pasado sea pasado, xa que non volve pasar.** (ms10,083r: *D.E.*)

17859. **O que pasou non volve.** (ms16: Santiago)

17860. **O que valeu, non pode valer.** (ms15,45v: Incio)

PASAR

17861. **Non me vexan pasar mal e non saberán as que teño que pasar.** (ms10,083r: *D.E.*)

17862. **O bo pasar fai o home engordar.** (ms10,083r: *D.E.*)

17863. **Pasa ti, que non pasache; vállante os diaños que aínda tardache.** (ms10,083r: *D.E.*)

17864. **Quen pasou o máis, que pase o menos.** (ms10,083r: *D.E.*)

17865. **Val máis acá un mal pasar que alá un bo penar.** (ms10,083r: *D.E.*)

PASCUA. V. tamén *Fiestas y romerías*.

[5276] ms4: *nai*.
[5277] ms3: *carreira*.
[5278] En ms10 s.v. *Dolor*.
[5279] ms-LU: *Pra, romedio*.
[5280] En ms10 s.v. *Mujer*.
[5281] V. *Con augas paradas non moen os muíños* en *Ocio* (*Efectos del ocio*). / mc: *Auga parada*.

17866. **Altas ou baixas, en abril sanas** [sic] **Pascuas.** (ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C (10-11-51))

17867. **Altas ou baixas, en abril son as Pascuas.** [5282] (mc e ms16: M.V. / ms21,20r: Bermés)

Var.: *Que altas que baixas, en abril cadran as Pascuas.* (ms16: Friamonde-Taboada)

(pt) *Altas ou baixas, em abril vêm as Páscoas.* (Chaves) (es) *Altas o bajas, en abril son las Pascuas.* (Sbarbi / ms16: Correas) (ct) *Altes o baixes, en abril les Pasqües.* (Sanchis)

17868. **Ana, Rabana, Rebeca, Susana, Lázaro, Ramos e en Pascuas estamos.** (mc e ms16: Muros)

Var.: *Ana, Bagana, Rebeca, Susana, Lázaro, Ramos, en Pascoas estamos.* (ms6,01v. Verín)

(pt) *Làzaro, Ramos, na Páscoa estamos.* (Chaves) (es) *El primero escarba el diente; el segundo hazte allá que larga es la cuaresma; Rebeca, armé mi ballesta; Susana, púseme tras de la rama; Ramos, echéle un ajo; Pascua, echéle en el ascua; fuíme a misa; cuando vine, halléle hecho ceniza.* (Correas) / *Ana, Vadana, Rebeca, Susana, Lázaro, Ramos, en Pascuas estamos.* (Correas) / *Ana, Juana, Rebeca, Susana, Lázaro, Ramos y esotro pascuamos.* (R. Marín)

Es como una fórmula nemotécnica para retener las semanas del ciclo litúrgico de la Cuaresma. Ana y Rabana, son nombres desfigurados, cuya identificación no es fácil. Rebeca y Susana corresponden a la 3ª y 4ª semanas, y en los sábados contiguos a las dominicas con que comienzan, se leen en la Misa los episodios referentes a ambas mujeres. El domingo de Pasión, suele llamarse de Lázaro, y el viernes anterior se lee el evangelio de la resurrección de Lázaro de Betania. Solos son los domingos de Cuaresma. En Portugal, comprenden sólo las dos últimas semanas, con una fórmula más sencilla. (mc) / Rebeca y Susana corresponden a la 2ª y 3ª semanas. (ms16)

17869. **Antroido mollado, Pascuas enxoitas.** (ms9,16r: Silvarrey)

17870. **As Páscoas con quen quixeres e os Entroidos cas tuas mulleres.** (ms21,23r: Bermés)

17871. **Carnaval soleiro, Pascua no lareiro.** (mc e ms16: Cospeito-F.V.S.)

Al amor de los tizones, porque hará frío.

17872. **Desque vén a Pascua de Resurrección, tres cousas hai que non teñen sazón: os nabos, o rosario i-a predicación.** (mc e ms16: Carballedo)

(pt) *Depois da Ascenção, nem salmão nem sermão.* (Chaves) (es) *Después de Resurrección, ni pasas, ni higos, ni sermón.* (R. Marín) (ct) *Després de la Ascensió, ni peix mòll, ni sermó.* (Alberola).

Lo primero, porque se terminó el tiempo de la ceba; lo restante, porque supone que se rezó y predicó lo suficiente en la Cuaresma.

17873. **En Pascua de Resurreución arrímate ó tizón.** [5283] (mc e ms16: J.P.)

17874. **Entroidos na casa, Pascuas na plaza; Entroidos na plaza, Pascuas na casa.** [5284] (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

(pt) *Entrudo borralheiro, Natal em casa, Páscoa na Praça.* (Chaves)

Si en Carnaval hace buen tiempo, que se pueda salir, en la Pascua lo hará malo, y viceversa.

17875. **Lázaro pillou un paxaro, Ramos pelouno e a Pascua chapouno.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

Var.: *Lázaro matou un paxaro, Ramos pelouno i-a Pascua papouno.* (ms8,42v: Castroverde)

(es) *El domingo de Lázaro, maté un pájaro; el domingo de Ramos, lo pelamos; el domingo de Pascua, lo eché en ascuas, y el domingo de Cuasimodo, me lo comí todo.* (R. Marín)

17876. **Páscoa marzal, ou pra moito ben ou pra moito mal.** (ms10,083r: *D.E.*)

17877. **Páscoas marzales, fames ou mortandades.** (ms10,083r: *D.E.*)

17878. **Páscoas molladas, anadas dobradas.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

17879. **Páscoas molladas, moitas dobradas.** (ms10,083r: *D.E.*)

17880. **Páscoas molladas, moitas sobradas; Páscoas enxoitas, nin poucas nin moitas.** (ms21,06r: Bermés)

17881. **Páscoas molladas, que veñan dobradas.** (ms10,083r: *D.E.*)

17882. **Pascua de Resurrección chuviosa, anuncio de anada proveitosa.** [5285] (mc, ms4 e ms16: J.P.)

[5282] ms21,20r: *Pascoas*.

[5283] mc e ms16: *Pascua de Resurrección*. Jacinto del Prado rexistraba a forma *Resurreución*.

[5284] mc: *Entroidos na plaza*.

(es) *Si en Pascua mucho llueve, póngase el labrador alegre.* (Sbarbi) (ct) *Pasqua plujiosa, anyada granosa.* (Sanchis)

17883. **Pascua en marzo, ou fame ou mortazo.** (mc e ms16: M.V.)

Var.: *Pascua marzal, fame mortal.* (J.P.) / *Pascua marcelina, fame canina.* (J.P.) / *Pascuas marciales, fames, desgracias ou mortaldades.* (ms16: Vilacote-Castroverde) / *Pascuas marciales, famentas ou mortaldades.* (mc e ms16: Páramo / ms: Paradela / ms4: Paradela-F.V.S.) / *Páscoa marzal, fame, guerra ou mortandá.* (ms16: *D.E.*) / *Pascuas marciales, pestes e fames.* (Tuiriz, Monforte-F.V.S.) / *Páscoa marzal, ano de mortandá.* (ms16: D.E)

(pt) *Páscoa em março, fome ou mortaço.* (Chaves) (es) *Pascua en marzo, señal de mal año.* (Correas) / *Pascuas marzales, hambrientas o mortales.* (Id.) / *Pascua marzal, hambre, guerra o mortandad.* (Id.) (ct) *Pasqua marçal, misèria mortal.* (Sanchis) / *Pasqua marçal, home mortal.* (Id.) / *Pasqua marçal, mortandat o fam.* (Id.) / *Pasqua enmarçà, mortandat o fam.* / *Pasqua marcenc, fam o pesta primerenc.* (Id.) / *Pasqües marcenques, guerra, fam i tombes fresques.* (Id.)

Abundan los refranes del mismo tenor. He aquí algunas variantes. / La misma fama tienen en la paremiología peninsular. Correas escribe: "No se dicen estos malos agüeros por tener verdad, sino por ser en tiempo más invernizo que abril".

17884. **Pascuas e Reises con que[n] tu quixeres pero nos Carnavales cas túas mulleres.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

17885. **Pascuas en marzo, fame e martazo** [sic]**.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

17886. **Pascuas en marzo, fame ou mortaso.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

17887. **Pascuas enxoitas, nin poucas nin moitas; Pascuas molladas, moitas sobradas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

17888. **Pascuas enxoitas, nin poucas nin moitas.** [5286] (ms-LU: Manuel Portela Balayo / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / ms10,083r: *D.E.*)

17889. **Pascuas marciales, fames e mortaldades.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

17890. **Pascuas marciales, ou hambres ou mortandades.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

17891. **Pascuas marcianas, famentas e mortales.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pobra do Brollón, LU)

17892. **Pascuas marzales, ou famentas ou mortales.** [5287] (ms-SA: Leonardo Carro Rodríguez: Vilaño, A Laracha, C / ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) / ms10,083r: *D.E.*)

17893. **Pascuas marzás, ou fames ou mortandás.** (ms-LU: seminarista anónimo: Chantada, LU)

17894. **Pascuas milladas** [sic]**, manadas dobladas.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

17895. **Pascuas molladas, anadas dobladas.** (ms-SA: Rafael García Ramos: Cabo de Cruz, Boiro, C / ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

17896. **Pascuas molladas, ano de fornadas; Pascuas enxoitas, nin poucas nin moitas.** (mc e ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

Var.: Pascuas molladas, manadas dobladas. (mc / ms16: Moreiras-La Estrada) / *Pascuas molladas, poucas sobradas; Pascuas enxoitas, nin poucas nin moitas.* (A.I.) / *Pascuas molladas, moitas anadas.* (Rodeiro) / *Pascuas molladas, Pascuas dobradas; Pascuas enxoitas, nin poucas nin moitas.* [5288] (mc e ms: A.I.) / *Pascuas molladas, moitas abrotas; pascuas enxoitas, nin poucas nin moitas.* (mc / ms16: Calvos de Randín) / *Pascuas molladas, moitas fornadas*. (ms16: Sober)

(es) *Pascuas mojadas, pocas obladas; pascuas enjutas, ni pocas ni muchas.* (Como se ve en este refrán de R. Marín nada tiene que ver con el gallego que sólo se le acerca en el sonido).

Tiene como el anterior muchas variantes.

17897. **Pascuas molladas, boas anadas.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns / Ríos Pereiro)

17898. **Pascuas molladas, moitas obradas; Pascuas enxoitas, nin poucas nin moitas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

17899. **Pascuas molladas, moitas sobradas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

[5285] mc e ms16: *chuviosa, anada proveitosa*. Jacinto del Prado só recolle o refrán tal e como aparece en ms4.

[5286] En ms10 s.v. *Pascua*.

[5287] En ms10 s.v. *Pascua*.

[5288] mc: *dobladas*

17900. **Pascuas molladas, moitas dobladas; Pascuas enxoitas, nin moitas nin poucas.** (ms-SA: Francisco Luna Bande)

17901. **Pascuas molladas, poucas e malas; Pascuas enxoitas, moitas e boas.** (mc e ms16: Carballedo)

Var.: Equiv.: *Pascuas molladas, pascuas dobladas...*

Lo contrario dice este refrán.

17902. **Pascuas no marzo, ou fame ou mortazo.** (ms-SA: Manuel Gómez Vilar / M. González Fernández)

17903. **Pola Pascua, ovos na ascua.** (ms5,135: Estrada, Puente Ulla)

17904. **Pola Pascua, trompos á ascua.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

17905. **Pola Pascua, trompos á ascua; por san Ramón, trompos ó queixón; e por san Martiño, trompos ó camiño.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

17906. **Pola Pascua, trompos á ascua.** (ms-SA: Jesús Tanoira Figueira: Setecoros, Valga, PO)

17907. **Por Pascua de Resurrección tres cousas non teñen sazón: sardiñas saladas, castañas asadas e predicación.** [5289] (mc e ms16: M.V.)

(es) *Por Pascua de Resurrección, tres cosas no tienen sazón: sardinas saladas, castañas asadas y predicación.* (Gella)

17908. **Por Pascuas, trompos ás ascuas.** (ms-SA: J. M. Barral Sánchez)

17909. **Que altas que baixas, en abril son as Pascuas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

17910. **Ramos mollado e Pascoas enxoitas, bo ano de froitas e troitas.** [5290] (ms-SA: Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO / ms-SA: Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C / Francisco Canosa Quintáns)

17911. **Ramos mollados e Pascuas enxoitas, bo ano de fruta e de troitas.** [5291] (mc e ms16: J.T.)

(pt) *Ramos molhados, anos melhorados.* (Chaves) / *Ramos molhados, são louvados.* (Id.)

17912. **S'o frebeiro pasaches quente, a Pascua pasarala doente.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)

17913. **Se en febreiro estiveches quente, na Pascua batirás o dente; e se tiveches frío, non cho digo.** [5292] (mc / ms4: F.V.S. / ms16: *O Gaiteiro de Lugo*, 1951)

Var.: *Si en febreiro estiveches quente, en Pascua batirás o dente; e si tuveches frío, non cho digo, non cho digo.*

(es) *Si en febrero caliente estás, por Pascua tiritarás.* (R. Marín) (ct) *Si tenc calor es febrer, per Pasco tremolaré.* (Sanchis)

17914. **Tal teñas a Páscoa, cal teñas a casa.** (ms10,083r: *D.E.*)

PASIÓN

17915. **A moita pasión non agarda razón.** (ms10,084r: *D.E.*)

PASO DEL TIEMPO

17916. **A ese paso a vida éche un soplo.** [5293] (mc: A.C. / ms: Pontevedra / ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms18,17r)

17917. **A este tempo outro lle apreta.** (mc: Pontevedra)

(es) *Detrás de tiempos, tiempos vienen.*

17918. **Andandiño, che, que vas para a Habana.** (mc: C.A.)

Var.: *Andandiño, che, que vas para a praza.* (mc: C.A.)

17919. **Antes de mil anos todos seremos calvos.** (mc)

(pt) *Antes de mil anos, todos seremos brancos.* (Chaves) (es) *Antes de mil años todos seremos calvos.* (Correas)

17920. **Ao cabo de anos mil corren as aguas por donde deben ir.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

17921. **Ao cabo de cen anos os reyes son vasallos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

17922. **As moitas paradas fan os días pequenos.** (mc: M.V. / ms18,20r)

Var.: *As moitas paradas fan os días curtos.* (ms18,20r)

17923. **As muitas paradas fan os días cortos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

17924. **Ben e pracer vanse axiña.** (mc: Leite de Vasconcellos / ms4: F.V.S.)

17925. **De aquí a cen anos, todos sin pelo.** (mc: C.A.)

[5289] ms: *non têm sazón*.
[5290] F. Canosa Quintáns: *Ramos mollados, fruitas e truitas*.
[5291] ms: *Pascoas*.
[5292] ms4: *pascoa*.
[5293] ms4 e ms18,17r: *un sopro*.

(es) *De aquí a cien años, todos calvos.* (Castillo) / *De aquí a cien años, todos seremos calvos.* (Castillo)

17926. **De hoxe a mañán o carneiro cría lan.** [5294] (mc e ms4: F.V.S. / ms15,01: Carré Aldao / ms4: F.L.)

(es) *De mañana en mañana cría el borrego la lana.* (R. Marín)

17927. **Dendes que se pon o sol, pouco día hai.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

17928. **Despois de tempos tempos veñen.** (mc)

(pt) *Atras de tempo, tempo vem.* (Chaves) / *Traz um tempo, vem outroo.* (Id.)

17929. **Desque se pon o sol, pouco día queda.** (mc: M.V. / ms21,22v: Bermés)

17930. **Días e días tempran as iras.** [5295] (mc: J.P.)

17931. **En calzar abarcas e xoncer á molida pásase o día.** [5296] (mc / ms4: F.V.S.)

17932. **En voltas e reviravoltas pérdese o tempo.** (mc: C.A.)

17933. **Mentras vai e vén, se lle pasa o día.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

(ct) *Mentres vaig y vinc, tot lo día tinc.* (Alberola)

17934. **Mentras vas e vés váichese o día.** (ms10,031v: *D.E.*)

17935. **N'hai plazo serodio.** [5297] (mc / ms21,28v: Bermés)

(pt) *Não há prazo que não acabe nem divida que se não pague.* (Chaves) (es) *No hay plazo demasiado largo.* (R. Marín) / *No hay plazo tan lueñe que presto no llegue.* (Correas)

17936. **Ó cabo de anos mil corren as augas por onde debían ir.** [5298] (mc)

Var.: *Despois de anos mil volven as augas a seu carril.* (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *Al cabo de los años mil, vuelven las aguas por do solían ir.* (Correas) / *Después de los años mil, vuelven las aguas por do solían ir.* (R. Marín)

17937. **O que non sucede nun ano, sucede nun día.** (mc: M.V.)

17938. **O sol non se para con nadie nin a fumar un cigarro.** (ms8,55r: Trives)

El tiempo no para.

17939. **O tempo contado logo pasa.** (ms-SA: Manuel Fresco Reboredo: San Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO)

17940. **O tempo dáo Dios i-as horas facémolas nós.** [5299] (ms21,09v: Bermés)

17941. **O tempo é coma a morte.** (mc: Santiago)

17942. **O tempo non agarda por ninguén.** (mc)

17943. **O tempo trai todo.** (mc: A.S.A.)

(es) *El tiempo todo lo sazona.* (R. Marín)

17944. **O tempo vaise, non agarda por nadie.** (mc: Buciños)

(pt) *O tempo e a hora não se atam com a soga.* (Chaves) (es) *El tiempo corre y todo lo traspone.* (Correas) / *Tiempo ni hora no se ata con soga.* (Id.)

17945. **Sabe un a donde chegou e non a onde chegará.** (mc: M.V.)

17946. **Sabe un a onde chegou e non sabe a onde chegará.** (ms21,22r: Bermés)

17947. **Tempo contado logo pasa.** [5300] (mc: M.V. / ms21,29r: Bermés / ms10,127r: *D.E.*)

17948. **Tempo e hora non s'ata con corda.** (ms21,13r: Bermés)

17949. **Tempo virá que o carneiro dará la.** (mc: G.P.)

17950. **Tempos van e tempos veñen, sufran os que males teñen.** [5301] (ms4 e mc: M.V.)

17951. **Tras de tempos tempos veñen.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

(pt) *Atras de tempo, tempo vem.* (Chaves) / *Traz um tempo, vem outroo.* (Id.) (es) *Tras este tiempo vendrá otro.* (Correas) / *Tras un tiempo viene otro.* (R. Marín)

17952. **Tras dos anos vén o xuicio.** (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *Tras los años viene el seso.* (Sbarbi)

17953. **Un día i-on pan logo se van.** (ms-LU: seminarista anónimo: Camporramiro, Chantada, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

17954. **Un tempo trai outro.** (mc)

(es) *Tiempo, tras tiempo viene.* (Sbarbi) (ct) *Un temps en pòrta un atre.* (Alberola)

PASTOR

17955. **Calquera é pastor con bo sol.** (ms10,084r: *D.E.*)

PATATAS. V. tamén *Agrícolas* (*Generales*).

[5294] V. *De mañán á mañán perde o carneiriño a lan* en *Decadencia*.

[5295] ms4: *trempranas iras*. Jacinto del Prado recolle o refrán tal e como aparece en mc.

[5296] V. *En comer papas, calzar abarcas e xunguir os bois de mulida pásase todo o día* en *Papas*.

[5297] ms21,28v: *N'hay*.

[5298] mc: *por donde*.

[5299] O orixinal di: *O tempo da'o Dios y'as horas facémolas nos*.

[5300] En ms10 s.v. *Tiempo*.

[5301] mc: *teñan*.

17956. **A pataca quere ver ir o dono prá casa.** (ms5,138: Golada)

Se ha de sembrar superficialmente.

17957. **As patacas de febreiro lévanse no sombreiro, e as de marzo non enchen cabazo.** (ms16: *R. Fisterrán*)

17958. **As patacas de xaneiro lev'as un home no sombreiro.** (mc e ms16: Buciños)

17959. **As patacas de xaneiro van no cesto e voltan no sombreiro.** (ms16: *R. Fisterrán*)

17960. **As patacas no san Juan alimentan como o pan.** (ms15,20v: Lugo)

17961. **As patacas por agosto cosechadas son as mellores pra gardadas.** [5302] (ms4 e ms16: J.P.)

17962. **Caves ben, caves mal, cava as patacas en san Xoán.** (ms21,02r: Bermés)

17963. **Decían as patacas: "Bótam'en marzo, bótam'en abril, hasta maio non me verás salir".** [5303] (ms4 e ms11,49: Fonsagrada-F.V.S. / ms)

17964. **En xaneiro, polas mañás, sementa as patacas temperás.** [5304] (mc e ms16: Santiago)

17965. **En xullo arder e patacas coller.** (mc: Santiago / ms16: *Galicia Emigrante*)

17966. **Non botes patacas os viernes que as comen os vermes.** [5305] (mc / ms4: F.V.S. / ms16)

Vana superstición.

17967. **O que queira comer patacas en san Xoán, bóteas cando o pan.** (mc e ms16: M.V.)

Var.: *O que queira comer patacas polo san Xoán, que as bote cando bota o pan.* (C.G.)

17968. **O que queira comer patacas no maio, bóteas no san Paio.** [5306] (mc e ms16: Buciños)

17969. **Prás patacas de cedo abundar, ós corenta días de sembrar deben valer pra arrincar.** [5307] (ms5,137 e ms16: Sober)

17970. **Quen patacas a tempo desee, teñ'as sementadas por san Xosé.** (ms4: J.P.)

17971. **Se queres patacas en san Xoán, bot'as cand'o pan.** (ms21,14v: Bermés)

[5302] ms16: *en agosto*. Jacinto del Prado, probable autor desta máxima, recolle o refrán tal e como aparece en ms4.
[5303] O orixinal di: *Decìan as patacas: botam'en marzo, botam'en abril hasta mayo non me veràs salir.* / ms11,49: *no'me verás*.
[5304] ms5,133 e ms16: *patacas temprans*.
[5305] ms: *qu'as*.
[5306] San Paio: 26 xunio.
[5307] ms5: *pra arrancar*.

PATO

17972. **O pato e o leitón, canto máis axiña vai á cazola, millor.** (ms10,084r: *D.E.*)

17973. **O pato ha de estar mantido pola man do escaso.** (ms10,084r: *D.E.*)

PATRIA

17974. **Cando vou prá miña terra hastra o aire me leva.** [5308] (ms8,40v e ms16: O. de Rey)

17975. **Irei, irei, e á miña casa volverei.** (ms10,031r: *D.E.*)

17976. **Miña casiña, meu lar, ¡quen che me mandou deixar!** (ms8,43v: Silvarrey)

Var.: *Miña casiña, meu lar, quen te me mandou deixar.* (ms15,24r: Otero de Rey)

17977. **O home cobarde fai traidor á patria.** (ms: Santiago / ms-SA: José Duro Quintela: Burres, Arzúa, C)

17978. **O que non ten vergonza, toda a terra é del.** [5309] (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

17979. **O que non ten vergonza, toda a terra é país.** [5310] (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

17980. **Todo o mundo é país.** (mc / ms16: Lugo)

(es) *Todo el mundo es patria.* (R. Marín)

17981. **Vale máis o mal da miña terra que o ben da allea.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Más vale el mal de mi tierra que el bien de la ajena.* (R. Marín)

PATRÓN

17982. **O que é bo patrón, nunca deixa o timón.** (ms10,084r: *D.E.*)

17983. **O que sabe ser patrón, sempre vai ó timón.** (ms10,084r: *D.E.*)

PAZ

17984. **A paz i-o pan quitan moitas penas.** (ms10,085r: *D.E.*)

17985. **A paz ten que entrar por todos.** (mc e ms16: Buciños)

17986. **Con todos paz, e máis coas tabernas.** (ms10,085r: *D.E.*)

17987. **Dios me dea paz na vila e na casa pan e fariña.** [5311] (ms16 e ms10,007v: *D.E.*)

[5308] ms8: *hasta o aire*.
[5309] Abaixo parece haber unha nota relacionada con este refrán, como variante *toda a terra e pais*.
[5310] Variante do anterior *O que non ten vergonza toda a terra é del*.
[5311] En ms10 s.v. *Dios*.

17988. **Haxa paz duradeira, e seia o que Dios queira.** (ms10,085r: *D.E.*)

17989. **Máis vale berzas en paz que guisados en guerra.** [5312] (ms5,133 e ms16: Santiago)

17990. **Nin polo sol deixa-la capa nin pola pas deixa-la espada.** [5313] (mc e ms16: Santiago)

17991. **Non hai paz entr'a xente nin entr'as tripas do ventre.** (ms10,085r: *D.E.*)

17992. **O que ten paz e guerra busca, fai o xogo da chamardusca.** (mc e ms16: Santiago)

17993. **Paz e pacencia e morto con penitencia.** (ms10,085r: *D.E.*)

17994. **Paz na casa e guerra fóra.** (mc e ms16: Páramo-F.V.S.)

Var.: *Guerra fóra e paz na casa.* (ms16: Sober)

(pt) *Paz em casa e guerra com todo o mundo.* (Chaves)

17995. **Teñamos paz e a guerra téñaa quen queira.** (ms10,085r: *D.E.*)

PECADO. V. tamén *Religiosos y morales*.

17996. **A gran pecado gran misericordia.** (ms10,085r: *D.E.*)

17997. **A pecado novo penitencia vella.** (ms10,085r: *D.E.*)

17998. **A pecados vellos penitencia nova.** (ms10,085r: *D.E.*)

17999. **Co pecado vai a penitencia.** [5314] (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)

(es) *En el pecado va la penitencia.* (Sbarbi) / *En el pecado lleva la penitencia.* (Sbarbi)

18000. **Do pecado de ignorancia o inferno saca ganancia.** (mc e ms16: Buciños)

(es) *Ignorancia no quita pecado.* (Sbarbi)

18001. **Hai pecados que levan consigo a penitencia.** (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

18002. **No pecado está a penitencia.** (ms10,085r: *D.E.*)

18003. **Non fagas mal qu'é pecado mortal, nin fagas ben qu'é pecado tamén.** (ms15,16)

18004. **O mundo i-o pecado non dan bo bocado.** (ms16: *D.E.*)

18005. **O pecado oculto é medio pecado.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

18006. **O que peca e fai pecar a outro, ten que cumplir dúas penitencias.** [5315] (ms-SA: Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO)

18007. **Onde n'hai malicia n'hai pecado.** (mc e ms16: M.V.)

18008. **Pecado calado é medio perdoado.** (ms10,085r: *D.E.*)

18009. **Pecado ocultado é medio perdonado.** [5316] (mc e ms16: *Terra de Melide* / ms: V.R.y A.R.)

Var.: *Pecado calado é máis perdonado.* (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)

(es) *Pecado encelado, es medio perdonado.* (Correas) / *Pecado callado, medio perdonado.* (R. Marín) (ct) *Pecat amagat, es mig perdonat.* (Alberola)

Entendido como suena, sería un disparate; pero el vulgo lo aplica no al sacramento de la Penitencia, sino al efecto que una falta produce en los demás: El estar oculta o no divulgada, hace que los que la conocen, se olviden pronto de ella.

18010. **Pecado vello, penitencia nova.** (mc e ms16: Tuiriz, Moforte)

(ct) *Pecats vells, penitència nòva.* (Alberola)

18011. **Quita a causa e coutarás o pecado.** [5317] (mc e ms16: Buciños / ms4: F.V.S.)

(es) *Quitada la causa, cesa el efecto.* (R. Marín)

18012. **Tan malo é pecar por carta de máis como por carta de menos.** (ms10,085r: *D.E.*)

PECES. V. tamén *Hambre. Gastronomía* e *Marítimos* (*Aves, Peces), Pesca*.

18013. **A pescada de xaneiro val un carneiro.** [5318] (mc e ms16: C.A.)

Pescada = merluza.

18014. **Araus con lastre, peixes na barriga.** (mc: S. Loureiro / ms16)

Arau.

18015. **Arroace na ría, moita sardiña.** (mc e ms16: Muros)

Arroace, variante de *arroás* (M. Valladares) y *arroáz* (C. Alvarellos), no registrada en nuestros diccionarios. / *Arroace* es el delfín, cuya presencia temen nuestros pescadores porque sus saltos son indicio seguro de tormenta y porque ahuyenta la sardina, a la que es muy aficionado. Var. *arroaz* (Carré,

---

[5312] ms5: *que guisado en*.

[5313] O orixinal di: *Nin pol-o sol deixal-a capa, nin pol-a pas deixal-a espada.* / ms16: *deixela capa, deixela espada*.

[5314] V. *O pecado vai na penitencia* en *Religiosos y morales*. / ms16: *vai na penitencia*.

[5315] O orixinal di: *O' que peca e fai pecar a outro ten que cumplir duas penitencias.*

[5316] ms4: *ocultado, meio*.

[5317] ms4: *cuitaras*.

[5318] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Pesca*.

Voc. Irm.; Ibáñez, *D.E.*); *arroás* (Vall., *D.E.*) y *arruaz* (D.E) Se le llama también *golfiño* (*D.E.*), *golfín* (*D.E.*).

18016. **Cando se ve un peixe rola, sinal de mal tempo.** (mc e ms16: S. Loureiro)

18017. **Candorcas na ría, arroaces á costa.** (mc e ms16: S. Loureiro)

Candorca = orca, "pez mular, que algunos creen que es la ballena menor, mientras otros la reputa enemigo inexorable de este cetáceo". (*D.E.*) Var.: *Candora*, *Candorza* y *Alcandorca* (*D.E.*). Según Sarmiento se le conoce también con el nombre de *espadarte*, contra la opinión de Cornide, según el cual el *espadarte* no es un cetáceo, sino un pez cuya figura se aproxima a la del *peixe espada*.

18018. **Despois da Ascensión, nin sable nin salmón.** [5319] (mc / ms16: Lugo)

(es) *Después de la Ascensión, ni salmón ni sermón.* (R. Marín) / *Después de la Ascensión, ni pez blando ni sermón.* (Gella) (ct) *Després de la Ascensió, ni peix mòll, ni sermó.* (Alberola)

Aunque el calendario oficial autoriza la pesca hasta el 15 de agosto, los pocos ejemplares de las especies *sábao* (sable) y salmón que todavía no hayan emigrado, han perdido sus propiedades gastronómicas. (Así M.F. Costas en "Las grandes pesquerías del Miño" (*Finisterre*, nº 30-Julio 1948). La voz *sable* sólo la recoge el *Vocabulario de las Irmandades de Fala* y es el nombre que se dá al sábalo en las comarcas de la desembocadura del Miño. *Sable*. Según el *Voc. Irm. da Fala*, también se conoce por *alacha*, en el norte de Galicia; por *samborca*, en el sur; por *sabénla* en la ría de Arosa, y por *mariquiña*, en la de Sada. *Diccionario Enciclopédico* dá la variante *aláche*, como sinónimo de *lorcha* y *sábalo*. *Samborca* y *zamborca* figuran en varios refranes gallegos.

18019. **Empeza o patelo a aboiar, barrunta néboa ou temporal.** [5320] (mc: Sar., Bayona)

Var.: *Empeza o patelo a abouxar, barrunta néboa o mar.* (mc e ms18,69v: Gella Iturriaga) [5321] / *Empeza o patelo a aboiar, barrunta néboa e mar.* (mc e ms16: Sar.-Bayona) [5322]

Sospecha Saralegui que *patelo* es una especie muy basta de cangrejo, que sólo sirve para cebar el abadejo y el pulpo. Falta en los diccionarios gallegos, que registran *patilao*, nombre más extendido. / *Aboiar* = flotar, sobrenadar, mantenerse en la superficie del agua. Var. *boiar* (*Diccionario Enciclopédico*).

18020. **En marzo veñen os peixes no regazo.** (ms16: *R. Fisterrán*)

18021. **Golfíns que moito saltan, vento traen e calma espantan.** [5323] (mc e ms16: *Sonata Gallega*)

(es) *Delfines que mucho saltan, viento traen y calma espantan.* (Sar) / *Golfines que mucho saltan, viento traen y calma espantan.* (Id.) / *Golfín que salta, calma espanta.* (Id.)

18022. **Gorgola e peixe de cola.** (mc e ms16: S.Loureiro)

18023. **Mascatos que caen, sinal de bon peixe.** (mc e ms16: S. Loureiro)

Var.: *Mascatos que caen, sinal que vén peixe.* (S. Loureiro)

18024. **Moito peixe rompe a rede.** (mc / ms16)

18025. **N'hai mellor rede que a que colle o peixe.** [5324] (mc, ms4 e ms16: M.L. / ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

18026. **No río que non ten peixes non hai que botar as redes.** (ms10,087r: *D.E.*)

18027. **Non comas lamprea, que non é sana e ten a boca fea.** (ms10,032r: *D.E.*)

18028. **Nunca de peixes te fartas, si non conoces as marcas.** [5325] (mc e ms16: M.-Bueu)

18029. **O arrós, o peixe i-o pepino nacen na auga e morren no viño.** (mc e ms16: Santiago)

Var.: *O melón, a sandía i-o pepino, nacen en auga e morren en viño.* (ms15,42: Valle del Mao)

18030. **O bo peixe pra quen o merece.** (ms10,087r: *D.E.*)

18031. **Ó peixe grande sóltalle a liña.** (ms10,087r: *D.E.*)

18032. **O peixe pola boca morre.** (mc e ms16: Ribadeo)

(*ct*) *El peix per la boca mór.* (Gella)

Como *A muller i-a troita préndense pola boca*.

18033. **O peixe que busca cebo, busca o anzuelo.** (mc e ms16: Ribadeo)

(es) *El pez que busca el cebo, busca el anzuelo.* (Gella)

[5319] ms16: *Sable* y *sabel* = sábalo, pez fisóstomo.
[5320] ms: *aboyar*.
[5321] ms18,69v: *neboa e mar*.
[5322] mc: *aboyar*.
[5323] ms4: *vento traen a calma*.
[5324] ms: *millor, qu'a, coll'o peixe*; ms4(C.A.): *Non hay millor*.
[5325] ms: *Nunca de peixe*

18034. **O peixe que busca o anzuelo, busca o seu duelo.** (mc e ms16: S. Loureiro)

(es) *El pez que busca el cebo, busca su duelo.* (Gella). *Equivalente a : El pez por la boca muere.* (ct) *El peix que busca l'ham, busca son mal.* (Gella). Equivalente a: *El peix per la boca es mor.* (Alberola)

Recomienda, como el anterior, no fiarse de apariencias halagüeñas, que suelen traer escondido el desengaño.

18035. **O percebe i-o salmón en maio están en sazón.** [5326] (mc e ms16: M.L. / ms10,034v: *D.E.*)

(es) *El salmón y el sermón para la Cuaresma tienen sazón.* (Gella) / *El salmón y el sermón, en la Cuaresma tienen sazón y después non.* (Id.) / *El salmón y el sermón, después de Pascua no han sazón* (Correas).

18036. **O que non se molla, non come a solla, e tal non se molla que a come toda.** (mc e ms16: *Ultreya* / ms6,03v: Portela Pazos, en *Ultreya*)

Recogidos en la provincia de Pontevedra. Quiere decir que el que acostumbra a robar en año de hambre, más facilmente alarga la mano a lo ajeno en año de hartura.

18037. **O que non se molla, non come solla.** (ms18,63r: Coleic. Renacencia, Santiago Loureiro, *Refraneiro do mar*. Noya.-Imprenta Loroño, 1936)

18038. **Ollomol de xaneiro vale un carneiro.** (ms10,073r: *D.E.*)

18039. **Orellán con a aleta a sollar, noroeste vai entrar.** [5327] (mc e ms16: Sar., Bayona / ms12,74)

Cuando el *orellán* saca la aleta al sol, sube a la superficie del agua, anuncia noroeste. La voz *orellán* falta en nuestros Diccionarios y designa un pez de cabeza aplastada, muy parecido a la raya, y que, como ella, busca de ordinario relativa profundidad. (Saralegui, *Refranero Náutico*, p.35)

18040. **¿Os arroaces brincan no mar? Forte norte vai a dar.** [5328] (mc e ms16: *Sonata Gallega*)

Var.: *¿Os arroaces brincan no mar? Forte norte van dar.* (mc e ms16: M. Sangenjo) [5329]

18041. **Ós escachos por abril non hai máis que lles pedir.** (mc e ms16: A.I.)

Escacho = escarcho, pez acantopterigio, de la familia de los salmonetes.

18042. **Peixe algareado, cambio de tempo.** (mc e ms16: M.-*R. de P.*)

Algareado debe ser agrupado, formando bancos compactos y apretados. Carré registra *algareote* = grupo compacto de sardina en el mar; y Eladio Rod. Gonz., *algareotes* = grandes cantidades de sardina que se observan de noche en el mar, a favor de la *ardentía*, formando varios montones o grupos, en cada uno de los cuales anda muy apretada. Estas formas de agrupación llámanse también *torroeiros*, *touzas* y *xaras*.

18043. **Peixe de maio déixao pró teu amo.** (ms10,087r: *D.E.*)

18044. **Peixe en xaneiro vale carneiro.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

18045. **Peixe ó cabeceiro, ou moitos ou o primeiro.** (ms10,087r: *D.E.*)

18046. **Peixe pesca peixe.** (ms16: Muros, Artaza)

18047. **Pescador que non se molla non comerá moita solla.** (mc e ms16: Gella, Noya)

18048. **Pola boca morre o peixe.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

18049. **Por ben que che vaia, non cóma-la raia.** [5330] (mc e ms16: Corme)

18050. **Por san Xuan a sardiña pinga no pan.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)

18051. **Por san Xuan xa a sardiña molla o pan.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)

18052. **Por san Xuan xa a sardiña pinga o pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

18053. **Quen peixes queira pescar, tense que mollar.** (ms10,087r: *D.E.*)

18054. **Quen vai á barbada, nas penas esbarra.** (mc, ms4 e ms16: A.I. / ms4: F.S. / ms12,68: F.S. F. de la .Iglesia)

Var.: *O que vai ás barbadas, ás veces nas penas esbarra.* (ms16: *Enc.*)

(es) *Quien va a pescar barbadas, en las peñas resbala.* (Gella) / *Quien va a pescar barbadas, en las peñas resbala y se daña.* (Gella)

La *barbada*, parecida al abadejo, tiene la piel muy fina y sin escamas; su carne, fina y de fácil digestión suele darse a los enfermos. *Barbada* = pez semejante al bacalao.

18055. **Saia peixe ou saia ran, ao cesto van.** (mc e ms16: S. Loureiro)

[5326] ms: *y-o, mayo*. En ms10 s.v. *Mayo*.

[5327] ms12,74: *con a aleta*.

[5328] ms4: *van a dar*.

[5329] mc: *van a dar*.

[5330] O orixinal di: *Por ben que che vaia, non comal-a raia*.

(es) *Salga pez o salga rana, a la capacha.* (Gella Iturriaga)

18056. **Todo o que cai na rede non é peixe.** (ms16: Sober)

18057. **Uns tenden as redes e outros collen os peixes.** (mc e ms16: M.V.)

18058. **Val máis a salsa que o peixe.** (ms10,087r: *D.E.*)

BARBO

18059. **Cando o trigo é louro, é o barbo como un touro.** [5331] (mc e ms16: A.I. / ms21,02v: Bermés)

Var.: *Cando o trigo vai louro, vai o barbo como un touro.* (mc e ms4: F.L. / ms16: Lugo) / *O barbo é coma un touro, cando o trigo está louro.* (ms16: D.E) / *Cando o trigo xa vai mouro, vai o barbo como un touro.* (F.S.) [5332] / *O barbo val ouro cando o trigo é louro.* (ms16: *D.E.*) / *Cando o trigo está louro, o barbo val un touro.* (F.V.S.)

(pt) *Quando o trigo é louro é o barbo como um touro.* (Chaves) (es) *Cuando el trigo está loro, el barbo como un toro.* (Correas) / *Cuando el trigo está moro, está el barbo como un toro.* (Gella)

18060. **O touro, o galo, a troita i-o barbo, no mes de maio.** [5333] (ms16 e ms10,034v: *D.E.*)

18061. **Xato, galo e barbo cómeo en maio.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

(pt) *Touro, galo e barbo, todos têm sazão em maio.* (Chaves) (es) *El toro y el gallo, en el mes de mayo.* (Gella)

ESCACHOS

18062. **Ó escacho polo abril non hai máis que lle pedir.** (ms16 e ms10,013r: *D.E.*)

Escacho: escarcho; pez de mar perteneciente a los acantopterigios. Se llama también crego.

FANECA

18063. **A faneca en san Xoán ten a lendia na cabeza.** [5334] (mc e ms16: M. Ría de Pontevedra)

Por abundante en las costas galaico portuguesas. Lo describe Valladares (*Dicc. Gallego Castellano*) y lo recoge el *Vocabulario de las Irmandades da Fala*. A pesar de ser nombre generalizado en toda Galicia, lo omiten algunos diccionarios.

18064. **A faneca en xaneiro vale carneiro.** (ms16: *R. Fisterrán*)

18065. **A faneca i-a solla, na caída da folla.** (mc e ms16: S. Loureiro)

Es cuando están en sazón.

18066. **Estas son fanequiñas da Pedra da Besta; o que as colle, ben as mete na cesta.** [5335] (mc, ms4, ms16: Gella, Vigo-F.V.S.)

FARROS

18067. **Follas na figueira, farros na ribeira.** (mc e ms16: Gella)

Farros, peces pequeños, según Gella Iturriaga, falta en los Vocabularios gallegos.

MERO

18068. **Do mar o mero, e da terra o carneiro.** [5336] (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms16: C.A. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Var.: *De carne, o becerro, e de peixe, o mero.* (ms16: Lugo) / *Do mar o mero, e da terra o becerro.* (mc / ms16: *D.E.*)

(es) *De la mar, el mero; de la tierra, el puerco.* (R. Marín) (ct) *De la mar, l'esturió, i de la terra'l bacó.* (Id.)

Aunque no hay unanimidad, porque de gustos no hay nada escrito.

18069. **Dos peixes, o mero e das carnes, o carneiro.** (ms16: *D.E.*)

(es) *De la mar, el mero; de la tierra, el puerco.* (R. Marín) (ct) *De la mar, l'esturió, i de la terra'l bacó.* (R. Marín)

MÚGILES

18070. **A oscurada come a raia.** (ms16: *R. Fisterrán*)

D.E. registra las variantes *muxele*, *miuxele* y *muxe*.

18071. **Cando o trigo vai louro, o muxil val ouro.** (mc: Sar., pág. 176 / ms16: Sar)

Var.: *Cando o trigo vai louro, val o múxil ouro.* (mc e ms16: M.L.) / *Cando o trigo está louro, o muxil val ouro.* (F.V.S.)

(es) *Cuando el trigo está loro, vale el mugil oro.* (R. Marín)

El desove del múgil, entre mayo y setiembre, coincide con la plena sazón del trigo; y en esa época es cuando aquel es

---

[5331] ms3: *com'un touro*; ms21,02v: *e barbo como*

[5332] ms2: *coma un touro*.

[5333] En ms10 s.v. *Mayo*.

[5334] mc: *Xuán*.

[5335] mc, ms4 e ms16: *da vesta* / Pedra da vesta = no será un topónimo?

[5336] ms-LU: *meiro*.

más sabroso. *Múxil*, var. no registrada en los dicc. gallegos.

18072. **Cereixeiro e castiñeiro, o munxe vale carneiro.** [5337] (mc e ms4: F.I. / ms16: F.S.)

(es) *Cerecero y castañero, vale el múgil por carnero.* (Gella)

Munxe es variante de muxil, y el refrán indica que los mejores son los de los meses junio y julio (tiempo de las cerezas), y los de noviembre y diciembre (tiempo de las castañas).

18073. **Na Robaleira muxes na veira.** (mc e ms16: M.-Bueu)

Muxe, otra variante que falta en nuestros diccionarios.

18074. **O muxo val ouro cando o trigo está louro.** (mc e ms16: Corme)

Var.: *O muxo val ouro cando o trigo val ouro.* (ms16: Corme)

Véase *Cando o trigo vai louro... Muxo*, nueva variante no recogida en nuestros diccionarios.

PANCHOS

18075. **O pancho, tan largo como ancho.** (mc e ms16: La Coruña)

El pancho, llamado también *buraz*, es el dentón: muy parecido al besugo, aunque no llega a la mitad de su tamaño.

PESCADO BLANCO

18076. **Cando o trigo vai louro, o peixe blanco val ouro.** (ms16: *R. Fisterrán*)

En junio el pescado blanco se vende muy caro.

18077. **Cando o trigo vai louro, o peixe blanco val tesouro.** (ms16: *R. Fisterrán*)

En junio el pescado blanco se vende muy caro.

RAYA

18078. **A raia e a perdís, coa man no narís.** (mc e ms16: Santiago / ms: Corme)

18079. **A raia en xaneiro é carne de carneiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pontevedra, PO)

18080. **A raia en xaneiro val por carneiro.** (mc e ms16: Gella, Bayona)

18081. **Cando a figueira bota a folla, ten boa comida a raia.** (mc e ms16: M. -*R. de P.*)

18082. **En xaneiro a raia sabe a carneiro.** [5338] (mc e ms16: F.S.)

Var.: *En xaneiro a raia val carneiro.* (ms16: Lugo / ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

(pt) *A pescada de janeiro, vale carneiro.* (Chaves) / *Escalos em janeiro têm o sabor de carneiro.* (Id.) / *Goraz de janeiro, vale carneiro.* (Id.) / *Solha en janeiro é melhor que carneiro.* (Id.)

Comparación muy socorrida, para ponderar la buena sazón de varias especies de pescados.

18083. **Por ben que che vaia, nunca comas raia.** (mc e ms16: M.-Ría de Arosa)

18084. **Por xaneiro o ferreiro é carneiro.** (mc e ms16: Gella)

Ferreiro es una variedad de la raya, y en este sentido no se recoge en nuestros Diccionarios. / Lo recoge Carré en este sentido.

18085. **Roubei unha raia; polo demo veu, polo demo vaia.** [5339] (mc e ms16: F.V.S.)

SÁBALO

18086. **O sábalo é bon cando está en sazón.** [5340] (ms10,112r: *D.E.*)

18087. **Sábalo dispois de maio, quenturas pra todo o ano.** [5341] (ms10,112r: D.E)

18088. **Si queres a túa muller morta, dálle a comer samborca.** (mc: A.S.A. / ms16: Sober)

(es) *Si quieres ver a tu mujer morta, dale a comer saboga.* (Castillo)

Maliciosamente lo glosa la siguiente canción popular: *Teresa pideume troitas, / ela morría e morría, / i-así deille unha samborca / porque troitas n'as había.* Hemos anotado ya que *samborca*, según el *Voc. de las Irm. da Fala* es el nombre que se da al sábalo en el Sur de Galicia. Carré dice que es la hembra del sábalo y según Valladares, que admite esta acepción como comarcal, equivale a sábalo pequeño. *Saboga* = Sábalo.

18089. **Si queres a túa muller morta, dálle samborca.** [5342] (mc e ms16: M.V. / ms21,28v: Bermés)

Var.: *Si queres a muller morta, dálle samborca.* (mc e ms16: M.-*R. de P.*)

18090. **Si queres ver a muller morta, dálle ca zamboca.** [sic] (ms-LU: Félix Rodríguez Vieites)

[5337] mc: *Cereixo*.
[5338] ms: *raya*.
[5339] ms: *raya*.
[5340] En ms10 s.v. *Sábalo*.
[5341] En ms10 s.v. *Sábalo*.
[5342] ms21,28v: *Se*.

SALMÓN

18091. **En abril, o salmón pra min; no maio pró criado e no san Xoán pró can.** [5343] (ms10,114r: *D.E.*)

18092. **Moi boa é a troita, millor é o salmón, e bo é o sábalo na súa sazón.** [5344] (ms10,114r: *D.E.*)

18093. **O salmón coa súa careza a casa descompón.** [5345] (ms10,114r: *D.E.*)

18094. **O salmón i-o sermón despois da Pascua non están en sazón.** (mc e ms16: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

(es) *El sermón y el salmón, en la Cuaresma tienen sazón; y después, non.* (Gella) / *El salmón y el sermón para la Cuaresma tienen sazón.* (Id.) / *El salmón y el sermón, después de Pascua no han sazón.* (Correas)

18095. **O salmón i-o sermón dispois da Páscoa non teñen sazón.** [5346] (ms10,114r: *D.E.*)

SARDINAS

18096. **A sardiña i-a muller, pequeniña se pode ser, que canto máis pequeniña, millor ten que saber.** (ms10,116r: *D.E.*)

18097. **A sardiña i-o porco, se voaran, en moito máis se estimaran.** (ms10,116r: *D.E.*)

18098. **A sardiña por abril, cóllea polo rabo e déixaa ir; por maio ásaa no rescaldo, e por san Xoán xa molla o pan.** [5347] (ms10,116r: *D.E.*)

18099. **Botar outra sardiña, que outro ruín vén da viña.** (ms10,116r: *D.E.*)

18100. **Cada sardiña ten a súa espiña.** [5348] (ms10,116r: *D.E.*)

18101. **Con unha sardiña pode pescarse unha troita ou unha anguía.** (ms10,116r: *D.E.*)

18102. **Mercar dúas sardiñas e dar catro fritidas.** (ms10,116r: *D.E.*)

18103. **Presta máis unha sardiña con gusto que unha galiña con disgusto.** (ms10,116r: *D.E.*)

18104. **Quen queira mal a unha veciña, déalle en abril sardiña.** (ms10,116r: *D.E.*)

18105. **Sardiñas de maio, sardiñas do diaño.** (ms10,116r: *D.E.*)

18106. **Se comes sardiña en san Xoán, mollarache o pan.** (ms10,116r: *D.E.*)

SOLLA

18107. **Á solla d'abril ábrell'a man e déix'a ir.** (ms21,01r: Bermés)

18108. **Cando a figueira ten folla, val ouro a solla.** (mc e ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms4: Agro / ms16: C.A.)

Solla = platija.

18109. **Non é boa solla a que o pan non molla.** (mc e ms16: A.I.)

Var.: *Non é boa a solla que o pan non molla.* (Gella)

Solla = platija.

18110. **Solla de abril, abre a man e déixa ir.** [5349] (mc e ms16: A.I. / ms21,07v: Bermés)

Var.: *Solla de abril, abre a man e déixaa fuxir.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *Solho d'abril, abre a mão e deixa-o ir.* (Chaves) (es) *Solla de abril, abre la mano y déjala ir.* (Gella)

Solla = platija.

TRANCHOS

18111. **De san Miguel a Santos, nubes de tranchos.** (mc e ms16: A.I. / ms: Sar., p. 324)

(es) *De San Miguel a los Santos, nubes de tranchos.* (R. Marín)

Según Saralegui, *tranchos* son unos sábalos pequeños, del tamaño de la anchoa, que abundan mucho en las costas gallegas durante los meses otoñales que indica el refrán. Valladares los compara en tamaño al *bocareu* o jouba, y Carré Alvarellos los llama *tranchas*. "Llaman tranchos", dice R. Marín, "en Galicia a ciertos sábalos pequeños, muy abundantes en aquellas costas durante el otoño".

TRUCHAS

18112. **A mentira i-a troita, canto máis grande, millor se escoita.** [5350] (mc / ms16)

(pt) *A truta e a mentira, quanto maior, melhor.* (Chaves) (es) *La trucha y la mentira, cuanto mayor, tanto mejor.* (Correas) / *La mentira y la trucha, gordas y lucias.* (R. Marín)

[5343] En ms10 s.v. *Salmón*.

[5344] En ms10 s.v. *Salmón*.

[5345] En ms10 s.v. *Salmón*.

[5346] V. *O salmón i-o sermón despois da Pascua non están en sazón* en *Peces* (*Salmón*).

[5347] V. *Á sardiña en abril ponlle a man e deixaa ir; en maio, xa pinga no borrallo; en san Xoán, molla o pan* en *Marítimos* (*Peces. El pescado como alimento*).

[5348] V. *N'hai sardiña sin espiña* en *Marítimos* (*Peces*).

[5349] O orixinal di *Solla de abril, abre a man e deixa ir*. ms21,07v: *d'abril, abr'a man*.

[5350] ms: *y-a troita*.

18113. **A troita fría, fresca, frita, fragosa e fiada.** (mc e ms16: Buciños)

(es) *Tener las cuatro efes de la sardina: frescas, fritas, frías y fiadas.* (Sbarbi)

18114. **A troita golosa pola boca morre.** (ms16: O. de Rei)

18115. **A troita i-a sardiña, pola máis pequeniña.** (mc: Santiago Santos, Santiago / ms16: Santiago)

Var.: *A sardiña, pequeniña.* (ms4: F.V.S.)

En cuanto a la trucha, se opone al que dice que la mentira y la trucha, cuanto mayor, mejor. Frecuentemente hemos visto preferir la pequeña a la grande.

18116. **A troita i-o unto, canto máis vellos, millor.** [5351] (mc e ms16: M.L. / ms10,133r: *D.E.*)

(pt) *A truta e a mentira, quanto maior, melhor.* (Chaves) (es) *Las truchas y las mentiras, cuanto mayores tanto mejores.* (Sbarbi)

18117. **A troita pérdese pola boca.** (mc: Santiago, Manuel Tojo Reboredo / ms16: Santiago)

18118. **A troita préndese pola boca.** (mc: Noya, Silvestre Castiñeira / ms16: Noia)

Lo hemos visto ya aplicado también a la mujer.

18119. **A troita sabrosa, do pedregal e non da limosna.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18120. **A troita vólvese do color do pozo donde anda.** [5352] (ms16: Pol / ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU)

18121. **A truita grande amansa a pequena.** (ms12,78: S. Pedro de Orrios, Caurel)

El de más fuerza domina el de menos.

18122. **Cando o aire está de arriba, no río hai troitas da libra.** [5353] (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / ms-SA: José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)

18123. **Cando o aire vén d'arriba, no río hai troitas de a libra.** (ms-SA: Manuel Barrós Fachal / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

18124. **Ende vindo o perdigón, perde a troita a sazón.** [5354] (ms10,133r: *D.E.*)

18125. **O que troitas quer pescar, as calzas ten que mollar.** [5355] (ms10,133r: *D.E.*)

18126. **Troita cara non é sana.** (mc e ms16: A.I. / ms21,07v: Bermés)

(pt) *Truta cara, não é são.* (Chaves) (es) *Trucha cara no es sabrosa ni sana.* (R. Marín)

18127. **Troita de hoxe, pan de onte, carne de antronte.** [5356] (ms10,133r: *D.E.*)

18128. **Troita, a da auga moura.** (ms16: Silvarrei)

ZAMORIÑA

18129. **Zamoriña, pequeniña.** (mc e ms16: Gella)

(pt) *Sardinha* [de abril] *vê-la e deixá-la ir.* (Chaves) / *Sardinha de S. João, já pinga no pão.* (Id.)

Zamoriña es un marisco parecido a la vieira, y más pequeño que el mayolo. Contra éste hay otro que dice: *Quen quiser mal a vizinha, dê-lhe em maio uma sardinha*. (Chaves)

PEDAGÓGICOS. V. tamén *Crianza, Educación, Enseñar, Latín, Libro, Maestro*.

18130. **Ter e saber, non hai quen.** (ms4: F.V.S.)

18131. **A inorancia é mui atrevida.** (mc: Buciños)

(pt) *A ignorância e o vento são do maior atrevimento.* (Chaves) (es) *Nada hay tan atrevido como la ignorancia.* (Sbarbi) (ct) *La ignorancia es molt atrevida.* (Alberola)

18132. **A letra con sangre entra.** [5357] (mc: Buciños)

(pt) *A letra com sangue entra.* (Chaves) (es) *La letra con sangre entra.* (Sbarbi) / *La letra con sangre entra, y la labor con dolor.* (Correas) (ct) *La lletra pel cul entra.* (mc: R. Marín / ms: Alberola)

18133. **A pôr de cortar, apréndese a capar.** (mc: Buciños)

18134. **Adeprendido non nace ninguén.** (mc)

Var.: *Naide nace apreso.* (ms5,057: Silvarrey)

(pt) *Ninguém nasce ensinado.* (Chaves) (es) *Nadie nace enseñado.* (Sbarbi) (ct) *Ningú naix mestre, del ventre de sa mare.* (Alberola)

Apreso = Aprendido, educado, etc. (ms5-057: Silvarrey)

18135. **Aprende pra saber e non sepas pra aprender.** (mc: Moscoso Sabel, Santiago)

18136. **Aprendido ninguén nace.** (mc)

(pt) *Ninguém nasce ensinado.* (Chaves) (es) *Nadie nace enseñado.* (Sbarbi) (ct) *Ningú naix mestre, del ventre de sa mare.* (Alberola)

[5351] ms: *y o unto*. / En ms10 s.v. *Truchas*.
[5352] ms-LU: *dond'anda*.
[5353] ms-SA (José C.): *de riba*.
[5354] En ms10 s.v. *Truchas*.
[5355] En ms10 s.v. *Truchas*.
[5356] En ms10 s.v. *Truchas*.
[5357] ms: *con sangr'entra*.

18137. **Aprendido non naceu ninguén.** (ms-SA: Laureano Moscoso Sabel: Berreo, Trazo, C)

18138. **Aprendido nadie nace.** (ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)

18139. **Arrímate a quen ten i-aprende de quen sabe.** [5358] (mc: Buciños-F.V.S.)

18140. **Cada maestriño ten o seu librillo.** (mc e ms: Tuiriz)

Var.: *Cada maestriño ten o seu libriño.*

(es) *Cada maestrito tiene su librito.* (R. Marín) / *Cada maestrillo tiene su librillo.*

18141. **Cada un goza á súa maneira.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18142. **Cada un mata pulgas de súa maneira.** (mc)

(es) *Cada uno tiene su manera de matar pulgas.* (Sbarbi) / *Cada cual tiene su modo de matar pulgas.* (Sbarbi)

18143. **Canto máis se anda máis se aprende.** (mc)

(pt) *Quanto mais vivemos, mais aprendemos.* (Chaves)

18144. **Costumbre dun mal maestro fai o fillo senestro.** (mc)

(es) *Costumbres del mal maestro sacan hijo siniestro.* (R. Marín)

18145. **De letras, como unha besta; de latín, como un rocín.** (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S)

18146. **De pequeniño agúzase o espiño.** [5359] (mc e ms4: A.N.)

Var.: *De pequenín agúzase o espín.* (ms4: Fonsagrada-F.V.S.)

(pt) *O espinho nasce logo em bico.* (Chaves) (es) *El espino que ha de espinar, con espina nace.* (Sbarbi)

Cada casa desde su origen, tiene ya las condiciones naturales para su desarrollo.

18147. **De pequeniño verás qué boi terás.** (ms21,27v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18148. **De pequeno verás o boi que terás.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pontevedra, PO)

18149. **De pequeno verás qué boi terás.** (mc: A.I.)

(pt) *De pequeno verás que boi terás.* (Chaves) (es) *De bueyecillo verás qué buey harás.* (Sbarbi)

Las inclinaciones de las personas brotan ya desde los primeros años, y ya entonces han de empezar a enderezarse.

18150. **De rapaz verás qué boi terás.** [5360] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

18151. **Deixade ao mestre anque seña un burro.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)

(es) *Dejar hablar al maestro, auque sea un borrico.* (Sbarbi) / *El que las sabe, las tañe.* (Id.) (ct) *Deixa fer al mestre, per burro que siga.* (Alberola)

18152. **Deixar ao maestro aunque sea un burro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

18153. **Do que é tonto e non sabe, teña Dios piedade.** [5361] (ms: M.V.)

18154. **Donde letras falan, barbas calan.** (ms11,45: Comarca de Fonsagrada)

18155. **Está un morrendo i-adeprendendo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

18156. **Está un morrendo i-está adeprendendo.** [5362] (mc)

(pt) *Quanto mais vivemos mais aprendemos.* (Chaves)

18157. **Estudiante de día e galán de noite, véxolles mal pra sacerdote.** [5363] (mc / ms4: F.V.S. / ms16)

18158. **Estudiante que madruga e ave que depluma.** (mc: Buciños)

18159. **Estudiante que mira o sol non val un caracol.** (mc: Santiago)

18160. **Estudiante que non espabila, estudiante que non agrila.** (mc: Buciños)

18161. **Fártase un de comer e de beber e non de saber.** (ms18,28r)

18162. **Fártase un de comer e de beber, e non se farta de saber.** [5364] (mc: M.V. / ms21,23v: Bermés)

(es) *El saber no causa hartura.* (R. Marín)

18163. **Ghíate polo que sabe e non polo que non sabe.** (mc: Santiago)

18164. **Leña verde mal se encende; quen moito dorme, pouco deprende.** (mc: Loureiro de Cotovad)

[5358] ms: *y aprende*.

[5359] ms3: *se aguza*; ms4: *s'aguza*.

[5360] ms-LU di realmente *De rapaz verás que voy te haras*. Coidamos que o seminarista que escribiu isto interpretou mal o *terás* que aparece en tódolos paralelos galegos, aínda que non excluímos que o seu informante coñecese o equivalente español *De bueyecillo verás que buey harás* que cita Sbarbi e influíse nesa mala grafía, que en galego carecería de sentido e sería gramaticalmente e lexicamente imposible.

[5361] Contén a indicación *Pedagógicos*. / ms3: *Do qu'é tonto, Dios teña piedade*.

[5362] ms: *y está*.

[5363] ms4: *véxollas*.

[5364] ms21,23v: *Fartas'un*.

(pt) *Lenha verde mal se acende, quem muito dorme pouco aprende.* (Chaves)

18165. **Libro cerrado non saca letrado.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(pt) *Livros cerrados não fazem letrados.* (Chaves) / *De livro fechado, não sai letrado.* (es) *Libro cerrado no saca letrado.* (Correas) (ct) *Llibre tancat, no fa lletrat.* (Alberola)

18166. **Máis vale entender que porfiar.** [5365] (mc)

18167. **Nadie naceu deprendido.** (mc: M.V.)

Var.: *Ninguén nace apreso.* (Buciños)

(pt) *Ninguém nasce ensinado.* (Chaves) (es) *Nadie nace enseñado.* (Sbarbi) (ct) *Ningú naix mestre, del ventre de sa mare.* (Alberola)

Véase *Aprendido ninguén nace*.

18168. **Ninguén nace xa aprendido.** (ms21,31r: Bermés)

18169. **Non é moi burro o que sabe qu'é burro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18170. **Non é tan burro o que sabe qu'é burro.** (mc: Buciños)

18171. **Non hai listo que non erre nin tolo que non acerte.** (mc: Tuiriz, Monforte)

18172. **Non hai tonto que non-a acerte nin listo que nunca erre.** (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)

18173. **Non te deitarás sin saber unha cousa máis.** (mc: Parga)

Var.: *Non dormirás sin saber unha cousa máis.* (ms5,045: Santiago)

(es) *No te acostarás sin saber una cosa más.* (Sbarbi) / *Nadie se acuesta sin saber cosa nueva.* (Id.)

18174. **Nunca aprendas a contar sin antes saber chorar.** (mc: Santiago)

18175. **Nunca houbo criatura que a botasen ó río e soupera nadar.** (ms5,135: Lugo)

Lo oí en el sentido de que *naide nace aprendido*.

18176. **Nunca se viu burro calvo nin melón con pelos.** (mc: Buciños)

18177. **Nunca te deitarás sin saber unha cousa máis.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

18178. **O enseño é tan bo como o pan.** (mc)

18179. **O maestro Cirola non sabe lêr e pon escola.** [5366] (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

(es) *El maestro Ciruela, no sabe leer y pone escuela.* (Sbarbi)

18180. **O maestro, anque seña un burro, hai que deixalo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18181. **O neno que escoita aprende moito.** (mc: Tuiriz, Monforte)

18182. **O que ben se aprende, tarde se esquence.** [5367] (mc: Pidre)

18183. **O que dá pan, dá enseño.** (mc: Buciños)

(pt) *Quem da o pão, dá o ensino.* (Chaves) / *Quem da o pão, dá educação.* (Id.)

Con el alimento material, ha de infundirse el espiritual de la enseñanza.

18184. **O que é maestro, xa pasou por aprendiz.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

18185. **O que enseña, ten que dar leña.** (mc: Buciños)

Fundado en el otro poco piadoso, y corregido por la Pedagogía moderna de que *la letra con sangre entra*.

18186. **O que estudia aprende.** (ms15,36)

18187. **O que ha de saber, ou ha de ver ou ha de ler.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

18188. **O que moito dorme pouco aprende.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

18189. **O que non a sabe non a usa.** (mc: Buciños. F.V.S.)

Alude a la educación social.

18190. **O que non é burro, le no rubio.** (mc: Buciños)

18191. **O que non queira andar errado, que lea o colorado.** [5368] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18192. **O que non sabe, é como o que non ve.** [5369] (mc e ms11,45: Fonsagrada-F.V.S.)

(pt) *Quem não sabe é como quem não vê.* (Chaves) (es) *El que no sabe, tanto es como el que no ve.* (Correas) (ct) *El que no sab es com el que no veu.* (Alberola)

18193. **O que non sabe, ten que preguntar.** [5370] (mc / ms4: F.V.S. / ms2,021: Lugo)

18194. **O que ós máis enseña, con algo se queda.** (mc: C.G.)

[5365] V. *Vale máis entendelas que porfialas* en *Fortuna* (*buena o mala*).

[5366] ms4: *non sabe ler* (*ou escribir*) *e pon*.

[5367] ms: *s'esquence*.

[5368] Alude ó calendario popular *El Zaragozano*, semellante a *O Gaiteiro de Lugo*, pero que tiña cuberta vermella.

[5369] ms11,45: *com'o que non vei*.

[5370] ms12,021: *perguntar*.

18195. **O que pretende sabelo todo, demostra non saber nada.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *Quien cree que todo lo sabe, nada sabe.* (R. Marín)

18196. **O que sabe, pra algo vale.** (mc: Tuiriz)
(es) *Quien no sabe, no vale.* (Sbarbi)

18197. **O que sabe, sabe, e o que non, no sabe nada.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

18198. **O que sabe, sabe.** (mc: Buciños)

18199. **O que se escribe, lese.** (mc: M.V.)

18200. **O que sei, pra decilo quero.** (mc: A.S.A. / ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)

18201. **O que todo sabe, ninguén lle dá pra tras.** (mc: Santiago)

18202. **O rapaz estudioso nunca está ocioso.** (mc: Tuiriz, Monforte)

18203. **O rapaz que non sabe a doutrina, pau de carballo a redor da petrina.** [5371] (mc: M.V.)

18204. **O saber non ocupa lugar.** (mc: Buciños)
(pt) *O saber não ocupa lugar.* (Chaves) / *O saber não pesa na cabeça.* (Id.) (es) *El saber no ocupa lugar.* (R. Marín) (ct) *El saber no ocupa puesto.* (Alberola)

18205. **O xurar e dar patadas, todas son animaladas.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

18206. **Pouco importa que vaia o agudo, se non vai o burro.** [5372] (mc / ms4: F.V.S.)

18207. **Pra saber hai que ver ou ler.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Chantada, LU)

18208. **Pra saber, andar polo mundo ou libros ler.** (mc: M.V.)
(pt) *Para saber não basta ler é preciso viver e ver.* (Chaves) (es) *Para saber no basta leer: hay que andar y ver.* (R. Marín)

18209. **Pra saber, ou ver ou ler.** (mc: Pidre-F.V.S.)
(pt) *Para saber não basta ler é preciso viver e ver.* (Chaves) (es) *Para saber no basta leer: hay que andar y ver.* (R. Marín)

18210. **Pra saber, ver ou ler.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

18211. **Pra saber, ver ou ler.** (ms18,66v)

18212. **Pra saber, ver ou oler.** (mc: Layosa)

18213. **Pra ver, andar; pra aprender, perder.** (ms21,17v: Bermés)

18214. **Primeiro ver e despois aprender.** [5373] (mc: Buciños / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

18215. **Quen a súa costa deprenda, pagará cara a enmenda.** [5374] (mc: J.P.)

18216. **Quen dá pan dá enseño.** (ms: Prado, Lalín)

18217. **Quen leia, leia pra saber; quen saiba, saiba pra faguer.** (mc)
(pt) *Quem ler leia para saber; quem souber saiba para obrar.* (Chaves) (es) *Leer, para saber; y para obrar, recapacitar.* (R. Marín) / *Quien lee y no entiende, ¿para que lee?* (Id.)

18218. **Quen moito dorme, nada adeprende.** (mc: Palas de Rey)
(pt) *Quen muito dorme pouco aprende.* (Chaves) (es) *Quien mucho duerme, poco aprende.* (Sbarbi) (ct) *Qui molt dòrm, pòc depren.* (Alberola)

18219. **Quen moito dorme, pouco aprende.** (mc: Buciños)
Var.: *Quen moito dorme, pouco sabe.* (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
(pt) *Quen muito dorme pouco aprende.* (Chaves) (es) *Quien mucho duerme, poco aprende.* (Sbarbi) (ct) *Qui molt dòrm, pòc depren.* (Alberola)

18220. **Quen pra si non sabe, non poña escola.** (mc: Lugo)
(pt) *Quem não sabe não ponha escola.* (Chaves) (es) *Quien no sabe para sí, menos sabrá para mí.* (R. Marín)

18221. **Quen sabe que sabe moi pouco, é o que sabe.** [5375] (mc: Buciños)

18222. **S'o que estudia non sabe, o que non estudia, mal pode saber.** [5376] (mc e ms3: M.V.)

18223. **Si non tes memoria, podes fazer zocas.** [5377] (mc / ms4: F.V.S.)

18224. **Si non tes memoria, xa podes facer zocos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18225. **Si queres saber, ou ler ou ver.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

18226. **Un bon amigo é un bon libro.** (ms8,24v: Orense, Trives)

18227. **Unha vez é pra adeprender e outra pra saber.** (mc: Corme)

PEDO

18228. **A cada un chéiralle ben o peido do seu cu.** (ms10,087r: *D.E.*)

[5371] ms4: *n'aprende a doutrina*.
[5372] mc: *vaya*.
[5373] ms-LU: *dispois*.
[5374] ms e ms4: *deprende*.
[5375] ms: *mui*.
[5376] ms: *S'o qu'estudia*; ms e ms3: *n'estudia*.
[5377] ms e ms4: *mamoria*, ms4: *facer*.

18229. **Peido con sono non ten dono.** (ms10,087r: *D.E.*)

PEDRO

18230. **Casaron a Pedro con Manoela; se ruín é el, ruín é ela.** (ms10,087r: *D.E.*)
18231. **Casou Pedro e non foi mal: casou en terras de pan.** (ms10,087r: *D.E.*)
18232. **Moito vos quero Pedro; non digo por qué vos quero.** (ms10,087r: *D.E.*)
18233. **Pedro, por ti pouco medro; pero espera un pouco, que menos medrarás se eu podo.** (ms10,087r: *D.E.*)
18234. **Pícame, Pedro, que picarte quero.** (ms10,087r: *D.E.*)
18235. **Tal pra cal, Pedro pra Xan.** (ms10,087r: *D.E.*)
18236. **Tan bó é Pedro coma Xan e tan bo é Xan coma Pedro.** (ms10,087r: *D.E.*)
18237. **Tan bo é Pedro como o seu compañeiro.** (ms10,087r: *D.E.*)
18238. **Vello xa é Pedro pra ser cabreiro.** (ms10,087r: *D.E.*)
18239. **Xa está vello Pedro pra pegureiro.** (ms10,087r: *D.E.*)

PEGA = URRACA

18240. **Dáme unha pega sin mancha; dareiche unha moza sin chata.** (ms10,087r: *D.E.*)
18241. **Di a pega e todos din dela.** (ms10,087r: *D.E.*)
18242. **Onde a pega ten o ollo, alí ten o seu ovo.** (ms10,087r: *D.E.*)
18243. **Tanto pica a pega no trobisco que creba o pico.** (ms10,087r: *D.E.*)

PEGAR

18244. **Ó máis pintado lle pegan cando se tercia.** (ms10,087r: *D.E.*)
18245. **Se pega, ben; e se non pega, tamén.** (ms10,087r: *D.E.*)
18246. **Se pega, que pegue; e se non, que non pegue.** (ms10,087r: *D.E.*)

PEINE

18247. **Peite encuvado, cabelo desenguedellado.** (ms10,087r: *D.E.*)

PELIGROS

18248. **A mal camiño, darse présa.** (ms16: *D.E.*)
(es) *A mal camino darse prisa.* (R. Marín)
18249. **Bo era o mel se non picaran as abellas.** (ms16: Lugo)
(es) *El favo es dulce, mas pica la abeja.* (Correas)
18250. **Da man prá boca, a man se emborca.** (ms16: *D.E.*)
18251. **Deixar o certo polo dudoso é perigoso.** (ms16: Lugo)
(es) *Dejar lo cierto por lo dudoso, es peligroso.* (R. Marín)
18252. **Día de purga, día de sepultura.** (ms5,138: Sta. Eugenia de Asma)
18253. **Dice o Miño que "ó que nadan son meus".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
18254. **Dios me queira gardar do que non nos sabemos librar.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Dios me guarde de lo que no me sé guardar.* (R. Marín)
18255. **Fuxir do perigo é cordura; e non temelo é loucura.** (ms10,090r: *D.E.*)
18256. **No perigo conócese o amigo.** (ms10,090r: *D.E.*)
18257. **Nun gran perigo, millor é o irmán que o amigo.** (ms10,090r: *D.E.*)
18258. **O mal camiño andalo logo.** (ms16: *D.E.*)
(es) *El mal camino, andarlo pronto.* (R. Marín)
18259. **Ó perigo con tempo, e ó remedio con tento.** (ms10,090r: *D.E.*)
18260. **Ó perigo con tento, e ó remedio con tempo.** (ms10,090r: *D.E.*)
18261. **O perigo non se vence sin perigo.** (ms10,090r: *D.E.*)
18262. **Ó perigo vai contento, e ó remedio con tento.** (ms10,090r: *D.E.*)
18263. **O que quere comer mel, ten que aguantar as picadas.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
18264. **O que quere comer mel, ten que sufrir as picadas.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)
18265. **Onde burros andan, alí escoucean.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
18266. **Quen busca o perigo, nel topa a morte.** (ms10,090r: *D.E.*)
18267. **Se eres bo, canto máis vas, máis perigos encontrarás.** (ms-SA: Pedro Pontes García)

PELIGROS INESPERADOS

18268. **Cando o dente vai máis seguro, atópase co duro.** (ms16: Lugo)

(es) *Cuando el diente va más seguro, topa en duro.* (R. Marín)

18269. **Cando penses meter o dente no seguro, toparás no duro.** (mc)

Var.: *Cando penses meter o dente en seguro, atoparás co duro.* (ms16 e ms10,004r: *D.E.*) [5378]

(pt) *Quando cuidas meter dente em seguro, toparás o duro.* (Chaves) (es) *Cuando pienses meter el diente en seguro, toparás en duro.* (Correas) (ct) *Quan penses clavar la dent segur, entropeçarás en lo dur.* (Alberola)

Explica el engaño del que juzga fácil conseguir un negocio y encuentra grandes dificultades.

18270. **Da man á boca pérdese a sopa.** [5379] (ms16: *D.E.* / ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

(es) *De la mano a la boca se pierde la sopa.* (Z.)

18271. **Do plato á boca pérdese a sopa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18272. **Donde menos se pensa, salta a culebra.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

18273. **Nun instantiño cai a casa.** (ms16: Lugo)

(es) *En un instante cae una casa.* (R. Marín)

18274. **O comido é o seguro, que o que comido non está, sabe Dios quen o comerá.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Lo comido es lo seguro; que aun lo que en mi mano está, sabe Dios quién se lo comerá.* (R. Marín)

PELO. V. tamén *Cabello*.

18275. **Cada pelo fai a súa sombra.** (ms10,088r: *D.E.*)

18276. **Cada pelo fai o seu servicio.** [5380] (ms15,13 / ms10,088r: *D.E.*)

18277. **Cando o pelo do pano pela, pouco ó pano de vida lle queda.** (ms10,088r: *D.E.*)

PELLEJO

18278. **Quen queira chegar a vello, garde o aceite no pelexo.** (ms10,088r: *D.E.*)

18279. **Quen queira chegar a vello, garde o pelexo.** (ms10,088r: *D.E.*)

[5378] En ms10 s.v. *Diente*.
[5379] ms-LU: *Da mau*.
[5380] En ms10 s.v. *Pelo*.

PENAS

18280. **Penas e ceas teñen as sepulturas cheas.** (ms10,088r: *D.E.*)

18281. **Quen ten penas, sabe doerse das penas alleas.** (ms10,088r: *D.E.*)

PENAS Y DOLORES. V. tamén *Desgracia, Dolores*.

18282. **A duras penas, copas cheas.** (mc / ms4: F.V.S.)

18283. **A mal dar, picar tabaco e fumar.** [5381] (ms16 e ms10,001r: *D.E.*)

Var.: *A mal dar, tomar tabaco.* (mc: M.V.)

(es) *A mal dar, echar tabaco y fumar.* (R. Marín)

18284. **A pena do morto chega ó horto.** (mc: A.I.)

(pt) *Pena passada, pena esquecida.* (Chaves) (es) *El muerto al hoyo y el vivo al bollo.* (Sbarbi) / *El muerto a la forada y el vivo a la hogaza.* (Sbarbi)

18285. **A pena polo morto dura hast'o horto.** [5382] (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

18286. **A peor alancada é a da porta.** (mc: M.L.)

18287. **A pesares, tragos, i-a penas, cigarros.** [5383] (mc: Otero de Rey)

18288. **A pesares, tragos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)

18289. **A quen has de agarimar, non-o fagas chorar.** (mc: C.A.)

(pt) *A quem hás-de rogar, não hás-de assanhar.* (Chaves) (es) *A quien has de lamer, no has de morder.* (R. Marín)

18290. **A vida hai que levala a tragos.** (mc: Sarria)

18291. **Ai do tolo, que o comerá o lobo.** [5384] (mc: G.P.)

18292. **Ansias alleas matan os asnos.** [5385] (mc: M.V. / ms21,20r: Bermés)

(pt) *Cuidados alheios, matam o asno.* (Chaves) (es) *Cuidados ajenos matan al asno.* (Sbarbi) / *Cuidados malos, matan al asno.* (Correas) (ct) *Les ansies del vicari mataren al retor.* (Alberola)

En cast. hay también para el sentido figurado: *Cuidados ajenos matan al hombre bueno.* (Correas)

[5381] En ms10 s.v. *Dar*.
[5382] O orixinal di: *A pena pol'o morto dura hast'o horto.*
[5383] V. *Pra pesares, tragos, e pra rabias, cigarros* en *Lacras y vicios sociales*.
[5384] mc: *Ai! do que comerá o lobo*.
[5385] ms21,20r: *Anseas*.

18293. **Arden os cangos, quentémonos a eles.** [5386] (mc: A.S.A.)

Var.: *Arde a casa, quentarse ós cangos.* (ms15,27r: Meira)

18294. **As bágoas por o morto sólo chegan hasta o horto.** (ms5,029)

18295. **As penas son peores de pensar que de pasar.** (mc: Sarria)

(es) *Las penas son peores de pensar que de pasar.* (Sbarbi)

18296. **As penas son prós homes e son prás bestas.** (mc)

18297. **Bágoas que non saen escaldan o peito.** (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)

18298. **Barro e cal encubren moito mal.** (mc / ms4: F.V.S.)

18299. **Cando te capen, chilla.** [5387] (mc)

18300. **Cando vai torta, o demo a guía.** [5388] (mc: A.S.A. / ms10,031r e ms10,131r: *D.E.*)

18301. **Co mal doutro calquera dorme un sono.** (mc: M.L.)

18302. **Coita faz vella choutar.** (ms: A.S.G. / ms: A.S.A.)

(es) *Cuita faz a la vieja trotar.* (Correas)

18303. **Comícheme a carne, roemos os ósos.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)

18304. **Comícheme a carne, róeme os ósos.** [5389] (mc: G.P. / ms21,24v: Bermés)

18305. **Comíchesme a carne, roeu os ósos.** (ms-SA: Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C)

18306. **Cuidados alleos matan os asnos.** (mc)

18307. **Daquelas risas veñen estes choros.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

18308. **De refrán e afán poucos se librarán.** (mc: Buciños)

(es) *De refrán y afán pocos se librarán.* (R. Marín)

18309. **Despois das risas veñen os choros.** (mc: Lugo)

(es) *Día de risa, víspera de llanto.* (R. Marín)

18310. **Do mal, o menos.** [5390] (ms)

(pt) *Do mal, o menos.* (Chaves) (es) *Del mal, el menos.* (R. Marín)

18311. **Donde vexas outro chorar, non penses ir tu cantar.** (mc: Carballedo)

(pt) *Onde choram, não cantes.* (Id.) (es) *Donde todos salen llorando, no puedo yo ir cantando.* (Ricart) (ct) *Dolç cantar desplau en temps de dol.* (Ricart) / *On ploren, no cantis.* (Id.)

18312. **Duelos fixéronme negra, que eu blanca era.** (mc: Páramo)

(es) *Duelos me hicieron negra, que yo blanca me era.* (Correas)

18313. **Esta vida non é nada.** (mc: Buciños)

18314. **Estimara un morrer pra descansar.** (mc: Buciños)

18315. **Eu bebo pra afogar as penas, mais as condenadas aboian.** [5391] (ms-SA: Francisco Ageitos Pérez: Corrubedo, Ribeira, C)

18316. **Hai quen sempre está chorando a morte da becerra.** (mc: Buciños)

18317. **Imos pasando, aquí caendo e alí tropezando.** [5392] (ms15,13 / ms10,083r: *D.E.*)

18318. **Lágrimas con pan son medias levadeiras.** (mc: Incio / ms4: F.V.S.)

(pt) *Lágrimas com pão, ligeiras* (ou *passageiras*) *sao.* (Chaves) (es) *Pan con duelos no está bueno; duelos con pan se pueden sobrellevar.* (R. Marín)

18319. **Lágrimas con pan son menos.** (mc: Sarria)

(pt) *Lágrimas com pão, ligeiras* (ou *passageiras*) *sao.* (Chaves) (es) *Pan con duelos no está bueno; duelos con pan se pueden sobrellevar.* (R. Marín)

18320. **Mal de moitos, consolo de todos.** [5393] (mc: Santiago / ms10,035r: *D.E.*)

18321. **Mal de moitos, consolo pra outros.** [5394] (mc: Páramo / ms: Santiago)

18322. **Non hai alegría que non traiga pesares.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(pt) *Não ha prazer sem amargura.* (Chaves)

18323. **Non hai penas que cen anos duren.** [5395] (ms21,11v: Bermés)

18324. **Nunca vén unha sola.** [5396] (mc: Buciños)

Var.: Como: *Ben veñas, mal...*

(es) *Nunca viene una desgracia sola.* (R. Marín)

[5386] V. *Cando arden os cangos, quentarse a eles* en *Oportunidad* (*Aprovechar la oportunidad*). / mc: *sentémonos a éles*.

[5387] mc: *chille*.

[5388] En ms10,031r s.v. *Ir* e en ms10,131r s.v. *Tuerto*.

[5389] ms e ms21,24v: *Comichem'a carne*; ms: *roem'os hosos*.

[5390] Contén a indicación *Penas*.

[5391] O orixinal di: *Eu bevo pra afogar as penas mais as condenadas aboyan.*

[5392] ms10: *caindo, e ali entropezando*. En ms10 s.v. *Pasar*.

[5393] V. *Mal de moitos, consolo de bobos* en *Medicina. Higiene*. En ms10 s.v. *Mal*.

[5394] ms: *consuelo*.

[5395] O orixinal di: *Non hay penas que cen anos duren.*

[5396] V. *Unha disgracia nunca vén soila* en *Desgracia* (*Las desgracias se suceden*).

18325. **O ben dorme i-o mal corre.** [5397] (mc: Tuiriz / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
(es) *El bien anda y el mal vuela.* (Sbarbi)

18326. **O ben soa i-o mal voa.** [5398] (mc: Chantada / ms4: F.V.S.)
(pt) *O bem soa e o mal voa.* (Chaves) (es) *El bien suena y el mal vuela.* (Sbarbi)

18327. **O mal que a outro molesta non-o tomes ti por festa.** (mc: Velle)
Véase *Donde vexas outro chorar...*

18328. **O pesar i-o difunto vai todo xunto.** (mc: Páramo / ms4: F.V.S.)
Var.: Como: *A pena do morto, chega ô horto.*

18329. **O pesar todo é sede.** (mc: M.V. / ms21,28v: Bermés / ms-SA: Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C)

18330. **O que non ten penas, inventaas.** [5399] (mc: Buciños-F.V.S.)

18331. **O que non ten unha, ten outra.** (mc: Buciños-F.V.S.)

18332. **O que non vai en choros, vai en suspiros.** [5400] (mc: Chantada / ms4: F.V.S.)
(pt) *O que não vai em lágrimas, vai em suspiros.* (Chaves) (es) *Lo que no va en lágrimas, va en suspiros.* (Sbarbi)

18333. **O que os seus males mata, nin mata nin espanta.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

18334. **Ollos que non ven, corazón que non doi.** [5401] (mc: Buciños / ms-SA: Alfonso Fernández Barros: Santa Eulalia de Oeste, Catoira, PO)
(es) *Ojos que no ven, corazón que no siente.* (R. Marín).

18335. **Ollos que non ven, corazón que non sente.** [5402] (mc: Sarria / ms10,072r: *D.E.*)
(es) *Ojos que no ven, corazón que no siente.* (R. Marín)

18336. **Os mortos, hai que enterralos.** (mc: Buciños)
(es) *El muerto al hoyo...* (Sbarbi)

18337. **Pronto chega quen dá pena.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

18338. **Queixase un das que ten e non sabe as que lle vén.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

18339. **Queixase un das que ten e non sabe as que lle vên.** [5403] (mc: M.V. / ms21,28r: Bermés)

18340. **Quen o seu mal teña por moito cóntello a outro.** (mc: M.V.)

18341. **Quen o seu mal teña por moito cóntello a outro.** [5404] (ms21,27r: Bermés / ms10,036r: *D.E.*)

18342. **Se vén unha, endexamais vén sola.** [5405] (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
(pt) *Uma desgraça nunca vem só.* (Chaves)
(es) *Un mal no viene solo.* (Correas)
Véase *Nunca vén unha sola*.

18343. **Si dices a túa pena a quen non lle apena, é como si te queixaras a nai ajena.** (mc: Chantada)

18344. **Todo ten arreglo menos a morte.** (mc)
(es) *Todo tiene remedio en este mundo, menos la muerte.* (R. Marín)

18345. **Todo vai ben se a morte non vén.** [5406] (mc: M.L. / ms10,043r: *D.E.*)

18346. **Traballos na vida non che han de faltar.** (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

18347. **Un pesar fai unha alegría.** (mc / ms4: F.V.S.)

18348. **Un clavo quit'autro clavo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18349. **Un clavo quita outro clavo.** (mc: Buciños)
(pt) *Um cravo com outro se tira.* (Chaves) / *Um cravo tira outro, um amor faz esquecer outro.* (Id.) (es) *Un clavo saca otro clavo.* (R. Marín) / *Un clavo echa a otro.* (Id.)
Una pena y preocupación nueva, hacen olvidar la antigua.

18350. **Unha sola nunca vén.** [5407] (mc: Buciños)
(pt) *Uma desgraça nunca vem só.* (Chaves)
(es) *Una desgracia nunca viene sola.* (R. Marín)
Véase *Nunca vén unha sola*.

18351. **Xa que arden as cangas, quentemos as tangas.** (ms15,12)

PENEIREIRO

18352. **Non sempre se peitea a muller pra quen ela quer.** (ms10,088r: *D.E.*)

18353. **Sete xastres fan un home; sete peneireiros non.** (ms10,088r: *D.E.*)

PENSAR

[5397] ms-SA: *e o mal*.
[5398] ms: *sona, y o*; ms4: *sona*.
[5399] O orixinal di *O que non ten penas inventas*.
[5400] ms4: *vay en choros, vay en suspiros*.
[5401] ms-SA: *non doe*.
[5402] ms10: *que non sinte*.
[5403] ms21,28r: *Queixas'un, sab'as*.
[5404] En ms10 s.v. *Mal*.
[5405] V. *Unha disgracia nunca vén soila* en *Desgracia* (*Las desgracias se suceden*). / ms: *soila*.
[5406] mc: *si a morte*. En ms10 s.v. *Muerte*.
[5407] V. *Unha disgracia nunca vén soila* en *Desgracia* (*Las desgracias se suceden*).

18354. **As cousas ben pensadas, ben asentadas.** (ms10,088r: *D.E.*)
18355. **Ben burro é o que pensa que outro non pensa.** (ms10,088r: *D.E.*)
18356. **Cada un pensa de si o que eu penso de min e o que ti pensas de ti.** (ms10,088r: *D.E.*)
18357. **Debes pensar que prá vellez hai que gardar.** (ms10,088r: *D.E.*)
18358. **Do pensar ó facer hai moitas légoas que correr.** (ms10,088r: *D.E.*)
18359. **O ben pensado é o máis acertado.** (ms10,088r: *D.E.*)
18360. **O pensamento voa sin aas.** (ms10,088r: *D.E.*)
18361. **O pensar non é saber.** (ms10,088r: *D.E.*)
18362. **O que non pensei antes de falar, despois de falado, diume que pensar.** (ms10,088r: *D.E.*)
18363. **O que pensa a onde vai, esquece ás veces de onde vén.** (ms10,088r: *D.E.*)
18364. **Onde se pensa que hai touciños, non hai ganchos pra colgalos.** (ms10,088r: *D.E.*)
18365. **Parvos son cantos pensan que os demais non pensan.** (ms10,088r: *D.E.*)
18366. **Pensa ben e non pensarás en ninguién.** (ms10,088r: *D.E.*)
18367. **Pensa ben e non saberás de quén.** (ms10,088r: *D.E.*)
18368. **Pensa mal e acertarás.** (ms10,088r: *D.E.*)
18369. **Pensa mal e non te arrepentirás.** (ms10,089r: *D.E.*)
18370. **Pensa moito e fala pouco.** (ms10,089r: *D.E.*)
18371. **Pensa que non hai máis que chegar e bicar.** (ms10,088r: *D.E.*)
18372. **Pensa que todo o monte é ourego.** (ms10,088r: *D.E.*)
18373. **Pensalo ben e facelo mal non é cousa natural.** (ms10,088r: *D.E.*)
18374. **Pénsao ben e non-o farás mal.** [5408] (ms10,089r: *D.E.*)
18375. **Pensar non é o mesmo que saber.** (ms10,089r: *D.E.*)
18376. **Sin pensar veñen as cousas polo seu lugar.** (ms10,089r: *D.E.*)
18377. **Todo o que se pensa a onde vai, ten que esquecer de onde vén.** (ms10,089r: *D.E.*)

PEQUEÑEZ

18378. **Ben cabe un bo anelo nun pequeno dedo.** (ms16: *D.E.*)
(es) *En chico dedillo cabe buen anillo.* (R. Marín)

PERAL

18379. **Algún día a miña pereira hame dar peras.** (ms10,090r: *D.E.*)
18380. **Ti amóstrame a pereira, que quero estar á súa beira cando teña peras.** (ms10,090r: *D.E.*)

PERAS

18381. **A pera dura co tempo madura.** (ms10,089r: *D.E.*)
18382. **A pera e a muller, a que cala boa é.** (ms10,089r: *D.E.*)
18383. **A pera pra comela non espera; pero a mazá espera.** (ms10,089r: *D.E.*)
18384. **Ano de peras nunca o vexas.** (ms10,089r: *D.E.*)
18385. **Cada pera ten o seu rabo.** (ms10,089r: *D.E.*)
18386. **Con peras viño bebas; e tanto sea que naden as peras.** (ms10,089r: *D.E.*)
18387. **Con peras viño bebas; mais non sea tanto viño que afoguen as peras.** (ms10,089r: *D.E.*)
18388. **Ó almorzo danme peras; ó xantar peras me dan; danme peras á merenda, e á cea peras sin pan.** (ms10,089r: *D.E.*)
18389. **Pera que ó comela canta, non vale nada.** (ms10,089r: *D.E.*)
18390. **Pera que se desfai ó comela, sábelle ben a calquera.** (ms10,089r: *D.E.*)
18391. **Quen non dá das súas peras, non espere das alleas.** (ms10,089r: *D.E.*)
18392. **Tras das peras, auga non bebas.** (ms10,089r: *D.E.*)

PERDICES. V. tamén *Caza*.

18393. **A muller e a perdiz pola súa boca se maldiz.** [5409] (mc e ms16: Villamane, Cervantes / ms4: F.V.S.)
18394. **A muller i-a perdiz, pola lengua se maldiz.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Cádavo, A Esperela, Baleira, LU)
18395. **A perdís en xaneiro caga pró escopetero.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Incio, LU)

[5408] O orixinal di: *Pensao ben e nono farás mal.*

[5409] Vilamane pertence ó concello de Becerreá e non a Cervantes. / ms4: *pola boca se maldice*; ms16: *i a perdiz*.

18396. **A perdís que cheire a narís.** (mc e ms16: Golada)
(pt) *A perdiz, com a mão no nariz.* (Chaves)
(es) *La perdiz con la mano en la nariz.* (Correas)

18397. **A perdís, donde nace e, a lebre, donde pace.** [5410] (mc e ms16: J.P.)
(es) *Las perdices mueren donde nacen.* (Jara)

18398. **A perdiz en xaneiro cúspelle no narís ó perdigoteiro.** (mc e ms16: Santiago)
Var.: *A perdís en xaneiro cúspelle na man o perdijoteiro.*

18399. **A perdiz en xaneiro é pró cazador e o perdigoteiro.** [5411] (mc e ms16: J.P.)

18400. **A perdiz hai que comela ca man no narís.** (ms16: Santiago)

18401. **A perdiz no xaneiro caga pró escopeteiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18402. **A perdiz, ca mau na nariz.** (mc e ms16: Lugo)

18403. **As perdices en xaneiro búrlanse do cazador e do perdigoteiro.** [5412] (mc e ms16: Villamane)

18404. **As perdices en xaneiro chispan pró escopeteiro.** [5413] (mc e ms16: Monterroso-F.V.S)

18405. **Cando comas a perdís, cos dedos no narís.** (ms10,090r: *D.E.*)

18406. **En xaneiro xa a perdiz mira para o escopeteiro.** (ms16: Negreira)

18407. **Perdices e frades, a pares.** (mc / ms16: Lugo)
(es) *Perdices y frailes, a pares.* (Jara)
Suelen andar.

18408. **Perdiz ó cazador, pouca.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
Para que pueda degustarlo frecuentemente.

18409. **Perdiz que canta, logo se levanta.** (ms16: Bermés / ms21,19r: Bermés)

18410. **Unha mau na nariz i-outra na perdiz.** [5414] (mc e ms16: Tuiriz)
Var.: Como: *A perdiz ca mau na nariz.*
(pt) *A perdiz, com a mão no nariz.* (Chaves)
(es) *Tapar la nariz y comer la perdiz.* (Jara) / *La perdiz, con la mano en la nariz.* (Id.) / *La perdiz, en la nariz.* (Id.) / *La mujer y la perdiz, aunque den algo en la nariz.* (Id.)

[5410] mc e ms16: *A perdiz, onde*. Jacinto del Prado rexistra o refrán coas formas *perdis* e *onde*.
[5411] ms e ms4: *perdigueiro*.
[5412] ms16: *búlranse*.
[5413] ms: *no*; ms4: *no mes de xaneiro*.
[5414] ms16: *na nari, i outra na perdi*.

PÉRDIDAS

18411. **Agulla en palleiro mala é de atopar.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Aguja en pajar mala es de hallar.* (R. Marín)

18412. **Anque se perdan os anelos, quédanse os dedos.** [5415] (ms10,090r: *D.E.*)

18413. **Con algús o perder é ganar.** [5416] (ms10,089r: *D.E.*)

18414. **De perder, que perda o demo.** [5417] (ms10,089r: *D.E.*)

18415. **Do perdido, o millor é o recollido.** [5418] (ms10,089r: *D.E.*)

18416. **Do que se perde non se ve gozo.** [5419] (mc: Pidre / ms: Palas)

18417. **Do que se perde non se ve nada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18418. **En canto digo e fago, perdo un bocado.** [5420] (ms10,089r: *D.E.*)

18419. **Entre bos non hai conto, o que máis pon máis perde.** (ms10,012v: *D.E.*)

18420. **Máis val perder o pouco que perder o moito.** [5421] (ms10,089r: *D.E.*)

18421. **Máis vale perder o pouco que perder o todo.** [5422] (ms10,089r: *D.E.*)

18422. **Máis vale perder que máis perder.** [5423] (ms10,089r: *D.E.*)

18423. **Moitas veces atopan us o que perden outros.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Lo que uno pierde, otro lo halla.* (R. Marín)

18424. **Moitas veces se perde por preguiza o que se gana con cobiza.** [5424] (ms10,090r: *D.E.*)

18425. **Non se perde nada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18426. **Non se perde nada, porque o que un perde, outro gana.** [5425] (ms10,090r: *D.E.*)

[5415] V. *Anque perdín os anelos, inda me quedan os dedos* en *Decadencia*. En ms10 s.v. *Perder*.
[5416] En ms10 s.v. *Perder*.
[5417] En ms10 s.v. *Perder*.
[5418] En ms10 s.v. *Perder*.
[5419] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.
[5420] En ms10 s.v. *Perder*.
[5421] En ms10 s.v. *Perder*.
[5422] En ms10 s.v. *Perder*.
[5423] En ms10 s.v. *Perder*.
[5424] En ms10 s.v. *Perder*.
[5425] En ms10 s.v. *Perder*.

18427. **Non sinto que o meu fillo perda, senón que desquitarse queira.** [5426] (ms10,089r: *D.E.*)

18428. **O non perder xa é ganar.** [5427] (ms10,089r: *D.E.*)

18429. **O perder e o ganar, en tempo e lugar.** [5428] (ms10,089r: *D.E.*)

18430. **O perder moitas veces é ganar.** [5429] (ms10,089r: *D.E.*)

18431. **O que máis pon, máis perde.** [5430] (mc: M.L. / ms16: Lugo)

(es) *Quien más pone, pierde más.* (R. Marín) / *Quien más puso, más perdió.* (R. Marín). / *Quien más pone, más pierde.* (Bergua) / *Quién más hace menos merece.* (Sbarbi, pág. 475) (ct) *Qui més pòsa, més pèrt.* (Alberola)

Se usa para advertir a los que en los negocios de este mundo obran con sinceridad y franqueza. (Bergua)

18432. **O que máis ten, máis perde.** (ms16: Lugo)

(es) *Quien más tiene, más pierde.* (R. Marín)

18433. **O que perde e di que non-o sinte, minte.** [5431] (ms10,089r: *D.E.*)

18434. **O vello por non poder e o mozo por non saber, moitas cousas deixan perder.** [5432] (ms10,089r: *D.E.*)

18435. **Onde non se perde nada, sempre algo se gana.** [5433] (ms16 e ms10,090r, ms10,025v: *D.E.*)

(es) *En lo que no se pierde nada, siempre algo se gana.* (Correas)

18436. **Perder con us é millor que ganar con algús.** [5434] (ms10,089r: *D.E.*)

18437. **Polos ruís pérdense os bos.** (ms10,090r: *D.E.*)

18438. **Por us perden os outros.** (ms10,089r: *D.E.*)

18439. **Porfiar e gastar a vida, dúas perdas a un tempo.** (ms8,69r: Rosita???)

18440. **Quen máis pon máis perde.** (ms18,58r: *Vida Gallega* / ms10,089r: *D.E.*)

18441. **Quen perdeu e non alcontrou, co demo andou.** [5435] (ms10,089r: *D.E.*)

18442. **Si te vires perdido, bótate a nadar.** [5436] (ms10,090r: *D.E.*)

18443. **Val máis atopalo que perdelo.** [5437] (ms10,089r: *D.E.*)

18444. **Vale máis perder que máis perder.** (ms16: Lugo)

(es) *Más vale perder que más perder.* (H. Núñez)

PÉRDIDAS MORALES

18445. **O ben é conecido cando é perdido.** (ms16: *D.E.*)

18446. **O ben moi querido logo é perdido.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Bien muy querido pronto es perdido.* (R. Marín)

18447. **O ben non é ben conecido hastra que é perdido.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Entonces es conocido cuando es perdido.* (Z.)

PERDÓN

18448. **Consello de sabios é sofrir inxurias e perdoar agravios.** [5438] (ms10,090r: *D.E.*)

18449. **Consello é de sabios perdoar inxurias e esquecer agravios.** [5439] (ms10,090r: *D.E.*)

18450. **Guíate dos sabios: perdoa as inxurias e esquece os agravios.** [5440] (ms10,090r: *D.E.*)

18451. **Máisima de sabios é perdoar agravios.** [5441] (ms10,090r: *D.E.*)

18452. **O perdón sobra onde a culpa falta.** [5442] (ms15,15 / ms10,090r: *D.E.*)

MALOS EFECTOS DEL PERDÓN

18453. **Matar, que Dios perdoa.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Mata, que el rey perdona.* (R. Marín)

PEREJIL

18454. **Quen queira ter prixel todo o ano, seménteo no mes de maio.** (ms10,099r: *D.E.*)

[5426] En ms10 s.v. *Perder*.
[5427] En ms10 s.v. *Perder*.
[5428] En ms10 s.v. *Perder*.
[5429] En ms10 s.v. *Perder*.
[5430] ms: *Quen*.
[5431] O orixinal di: *O que perde e di que nono sinte, minte.* En ms10 s.v. *Perder*.
[5432] En ms10 s.v. *Perder*.
[5433] En ms10,090r s.v. *Perder* e en ms10,025v s.v. *Ganar*.
[5434] En ms10 s.v. *Perder*.
[5435] V. *Quen perdeu e non achou, co demo andou* en *Diablo*. En ms10 s.v. *Perder*.
[5436] En ms10 s.v. *Perder*.
[5437] En ms10 s.v. *Perder*.
[5438] En ms10 s.v. *Perdonar*.
[5439] En ms10 s.v. *Perdonar*.
[5440] En ms10 s.v. *Perdonar*.
[5441] En ms10 s.v. *Perdonar*.
[5442] En ms10 s.v. *Perdonar*.

18455. **Se ques ter prixel todo o ano, sementaralo no maio.** [5443] (mc e ms16: C.A. / ms: E.C.)

(es) *Siembre el perejil en mayo, y tendrás perejil para todo el año.* (R. Marín)

18456. **Sementa o prixel en maio e terás prixel todo o ano.** (ms10,099r: *D.E.*)

18457. **Si queres ter perexil, sémbrao no mes de abril e, si queres todo o ano, sémbrao no mes de maio.** [5444] (mc e ms16: Piugos, Lugo / ms4: F.V.S.)

Var.: *Si ques ter prixel todo o ano, sementaralo no mayo.* (ms16)

(es) *Tu perejil siémbralo en abril.* (R. Marín)

PEREZA. V. tamén *Pereza y ociosidad*.

18458. **A nugalla non come pan nin durme na palla nin viste camisa lavada.** [5445] (mc e ms16: R. Marín / ms21,27r: Bermés)

(es) *Pereza nunca alzó la cabeza, y si alguna vez la alzó, a bajarla volvió.* (R. Marín) / *Viaja la pereza con tal lentitud, que la alcanza la pobreza con gran prontitud.* (Id.) / *ms: Sbarbi.*

18459. **A pereza arde nun braseiro.** (ms8,67v: Trives)

18460. **A pereza é a chave da probeza.** [5446] (ms8,67v e ms16: Trives)

Var.: *A pereza son as chaves da pobreza.* (ms8) / (ms16: Trives)

18461. **A preguiza non veste camisa.** [5447] (mc: Santiago, Silvestre Castiñeira / ms16: Santiago / ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

18462. **A preguiza nunca fixo cousa boa.** (ms10,098r: *D.E.*)

18463. **A priguiza é filla de mal pai.** (ms10,049v: Silvarrey)

18464. **A priguiza non é filla de bon pai.** [5448] (ms: Lalín)

18465. **A priguiza nunca bon lume tiza.** (ms16: Sober)

18466. **A semana do folgazán: lus e martes, festas constantes; miércoles e jueves, festas solemnes; viernes e sábado, as mellores festas do ano; o domingo non se pode traballar, que o prohíbe a Santa Madre Iglesia.** (ms16: Carballino)

18467. **A vaca de Xan da Xouba, por non dar ó rabo, deixa picar as moscas.** (ms6,01v)

18468. **Ahora que veu a noite, María dáme a roca.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)

18469. **Ancho de frente, largo de dente, bon de deitar e malo de levantar.** (ms9,15r: Silvarrey)

Para describir a un perezoso y comilón.

18470. **Ao raposo durmente non lle amanece a galiña no dente.** [5449] (mc e ms16: C.A.)

Var.: *A raposo durmente non lle rincha o año no dente.* (mc e ms16: C.A.) / *A galiña durmente cántalle ó raposo no ventre.* / *Ao raposo durmente non lle rincha o año no dente.* (mc e ms4: C.A.-*A Nosa Terra*) [5450]

(pt) *A raposa dormente, não lhe amanhece galinha no ventre.* (Chaves) / *A raposa dormente, nada lhe cai na barriga.* (Id.) / *Zorro deitado não apanha bocado.* (Id.

En cambio, *a galiña durmente, cántalle ô raposo no ventre*.

18471. **Can dormido non pilla as moscas.** [5451] (mc e ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms16: C.A.)

18472. **Can durmidor non pilla as moscas.** (ms18,23r)

18473. **Cando na cama non me quedo, non por eso é día máis cedo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

18474. **Canto máis se durme, máis sono se ten.** (ms: A.C. *A Nosa Terra*)

18475. **Canto máis se folga, máis preguiza.** (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms16: C.A.)

18476. **Comenza Marica ás once a cociñar, o home ás doce non terá que xantar.** (ms15,18)

18477. **Contra pereza, paus na cabeza.** [5452] (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

Var.: Contra pereza, subelas. (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

(es) *Contra pereza, tranca gruesa.* (R. Marín) / *Contra pereza, un buen garrote.* (Sbarbi)

[5443] ms: *tod'o ano, mayo*; ms16: *en maio*.

[5444] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Agrícolas* (*Meses. Mayo*). / ms e ms4: *no mes d'abril, si o queres, sembro*.

[5445] ms3, ms4 e ms21,27r: *nin come pan, dorme*.

[5446] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Pobreza* (*Causas de la pobreza*).

[5447] ms-SA: *perjisa*.

[5448] Atopados xunto cos de *Medicina e higiene*.

[5449] mc: *Ao*. Hai dúas fichas co mesmo refrán e nunha delas tamén aparece *Ao* no ms. / ms16: *A raposo, amanece galiña*.

[5450] mc: *rinche*.

[5451] ms4: *Can durmidor*; ms16: *non pilla moscas*.

[5452] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Diligencia*. / ms: *paos*

18478. **Corre o fume ó seu lugar i-o preguizoso déixase estar.** [5453] (mc e ms16: Calvor, Sarria / ms4: F.V.S.)

18479. **Corre u fume pró seu lugar i-o perguizoso déixase estar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18480. **Está no medio do río e morre de sede o mesquiño.** (ms10,015r: *D.E.*)

18481. **Hai quen non come por non cagar.** [5454] (mc e ms16: Buciños)

18482. **Home preguiceiro, nin boa meda nin bon palleiro.** [5455] (mc e ms16: Buciños)

18483. **Home que ó levantarse di "opa" e ó sentarse "ai" non sirve prá filla de meu pai.** [5456] (mc, ms e ms16: M.V. / ms21,27r: Bermés)

(es) *Ay al sentar, ay al levantar, no tiene mi padre hija para casar.* (Correas)

18484. **Home que ó levantarse di "¡opa!" e ó sentarse di "¡ai! non sirve pá filla de meu pai.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

18485. **Hoxe festa, mañán festa; valla o demo a mala vida esta.** [5457] (ms10,030v: *D.E.*)

18486. **Langreando coa nugalla, vai co piollo bá borralla.** (mc e ms16: Buciños)

18487. **Levantouse a priguiza e puxo lume á casa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

18488. **Levantouse o preguizoso e meteu lume á cociña.** (mc e ms16: L.G.)

Var.: *Levantouse o preguizoso e meteu lume ó palleiro.* (mc e ms16: A.S.A.) / *Levantouse preguiziña e puxo lume á casiña.* (ms4: L.G. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao.*Literatura Gallega* 2ª ed.,1911) / *ms16: G.P.*) [5458]

(pt) *Levantou-se o preguiçoso a varrer a casa e pôs-lhe o fogo.* (Chaves) (es) *Levantóse el perezoso tarde y con mal, y pegó fuego al pajar.* (R. Marín)

18489. **Lunes e martes, lava a curiosa; miércoles e jueves, a envidiosa; sábado, a preguizosa.** [5459] (mc e ms16: M.V.)

18490. **Mañá é outro día.** (mc: Buciños / ms16: Sarria)

(es) *Mañana será otro día.* (R. Marín)

Pretexto para no hacer una cosa, dejándola para otro día en que tampoco se realizará.

18491. **Meu pai ten unha viña: non a cava nin a renda e tampouco a vendima.** (ms15,45r: Chantada)

18492. **Moitas veces se perde por preguiza o que se gana por xusticia.** (ms10,098r: *D.E.*)

18493. **Na cama mulida non se gana a vida.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

18494. **No vrao dos preguizosos inda se sementa o trigo.** (ms9,07r: Silvarrey)

Se refiere al veranillo de San Martín, en el que siembra quien no sembró en octubre.

18495. **Non me faltan ganas de traballar, pero eu resístoas mui ben.** [5460] (ms15,16)

18496. **Nunca sobrexugo crebou.** (ms16: Vivero)

Es un zángano.

18497. **O carro do preguiceiro canta baldeiro.** (ms5,033)

El carro del holgazán chilla aínda vacío.

18498. **O cocho que non madruga, non come a merda fresca.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

18499. **O criado mal mandado pon a mesa e mando a algún recado.** (ms-SA: Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

18500. **O criado mal mandado ponlle a mesa e mandalo ao recado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

18501. **O criado mal mandado, pon a mesa e mando ó recado.** (ms18,66r)

18502. **O criado mal mandado, poñe-la mesa e mandalo a algún recado.** [5461] (mc e ms16: M.V. / ms21,25v: Bermés)

(es) *Al mozo perezoso, ponedle la mesa y enviadlo al mandado.* (Correas)

18503. **O criado mal mandado, poñer a mesa e mandalo a un recado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

18504. **O criado mal mandado, poñer a mesa e mandalo ó recado.** [5462] (ms-LU: Trini Figueiras: Toiriz, Pantón, LU. Convento Las Córneas, San Salvador de Asma, Chantada / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18505. **O cueiro do probe estira e encolle.** (ms16: Santiago)

[5453] ms: *y-o, priguizoso*.
[5454] ms: *por non c....*
[5455] ms: *priguiceiro*.
[5456] V. *O que ó levantarse di* upa *i-ó sentarse* ai, *non sirve pra xenro de meu pai* en *Medicina. Higiene.* / mc e ms16: *i-o sentarse*; ms16: *do meu pai*; ms21,27r: *qu'o levantarse, y'o*.
[5457] Sen clasificar no orixinal.
[5458] ms16: *a preguiziña*.
[5459] ms3: *xueves*; ms4: *priguizosa*.
[5460] O orixinal di: *Non me faltan ganas de traballar pero eu resistoas muy ben.*
[5461] O orixinal di: *O criado mal mandado, poñel-a mesa, e mandalo a algùn recado.* / ms: *mandal'on recado*.
[5462] ms-LU (Lugo): *poñela mesa*.

18506. **O folgazán fai como a priguiza, que morreu no medio do río por non baixarse a beber.** [5463] (mc e ms16: Fonsagrada-F.V.S.)

(pt) *A preguiça morreu à sede andando a nadar.* (Chaves)

18507. **O home priguiceiro non ten can nin diñeiro.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

18508. **O home que ó erguerse himpa e ó sentarse dice "ai" non-é prá filla da miña nai.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18509. **O luns é das ánimas; o martes, dos martirizados; o mércores, de san Antonio; o xueves, día de mercado; viernes, de Pasión; sábado, da Virxe; domingo de gardar.** (ms16)

Se pone en labios de la mujer de un labrador para justificar su pereza en el trabajo.

18510. **Ó mal traballador todo se lle volve mocos e sudor.** (ms9,13r: Robra)

18511. **O pegureiro mal mandado, poñe-la mesa e mandalo ó recado.** [5464] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18512. **O preguizoso sempre está coxo.** [5465] (mc e ms16: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

Var.: *O perezoso sempre está coxo.*

18513. **O que non se fai día de santa Lucía, farase outro día.** [5466] (ms16: Sarria)

18514. **O que prá terra non é lambón, pace a ovella ó pé do marco do torrón.** (ms15,42: Silvarrei)

18515. **O sábado Marica colle a roca.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bretoña, A Pastoriza, LU)

18516. **O traballo embrutece i-a vagancia ilustra.** (ms8,45v e ms16: Otero de Rey)

Matraca a los perezosos.

18517. **Para comer á mesa, barba texa.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

18518. **Pegoreiro perezoso, por un paso, vinteoito.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

(pt) *O preguiçoso para não dar um passo, dá oito.* (Chaves) (es) *El mozo perezoso, por no dar un paso, da ocho.* (Sbarbi)

18519. **Pó preguiceiro non sirve ningún apeiro.** (ms-SA: Julio Barreiro Fernández: San Miguel de Vilar, Touro, C)

18520. **Pra cavar, perna coxa, e pra derregar, tente, roxa.** [5467] (mc e ms16: Lugo-F.V.S.)

18521. **Pra o lacaceiro non hai bon apeiro.** [5468] (mc: Buciños)

Var.: *Pró preguiceiro non sirve ningún apeiro.* (ms16: Santiago)

18522. **Pra traballar, requenquenear; e pra comer á mesa, barba tesa.** [5469] (mc e ms16: Páramo-F.V.S.)

Var.: *Para a mesa, barba tesa, e para o labor, andar ó redor.* (ms16: Muros-Artaza)

(es) *Hacia el trabajo, cojos y mancos; hacia la villa, como aguilillas.* (R. Marín) (ct) *A la taula i al llit, al primer crit, y al treballar, deixa'l cridar.* (R. Marín)

18523. **Prá viña, pasada de galiña; prá casa, pasada da braza.** [5470] (mc / ms16: Sober)

Cuando se va al trabajo, paso corto; cuando se va al descanso, paso largo.

18524. **Pró mal traballador todo se volve mocos e sudor.** (mc e ms16: Pidre)

18525. **Pró preguiceiro sempre hai mal apeiro.** (ms16: Arzúa)

18526. **Quen dorme, dórmelle a facenda.** (mc e ms16: A.S.A.)

(pt) *Quem dorme, dorme-lhe a fazenda.* (Chaves)

18527. **Sábado á noite, María colle a roca.** (ms-SA: Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C)

18528. **Sábado á noite, María pilla a roca.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

18529. **Sábado á noite, Marica colle a roca.** [5471] (mc: J.A.P. / ms16: J.P.A.)

(pt) *Ao sábado à noite, Maria dá cá a roca.* (Chaves) (es) *Sábado en la noche, María, dame la rueca.* (Correas)

18530. **Sábado á noite, Marica colleu a roca.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)

18531. **Sábado á noite, Mica colle o roco.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)

[5463] mc: *fai como a pereza*.

[5464] O orixinal di: *O pegureiro mal mandado poñela mesa e mandalo o recado.*

[5465] ms-LU, ms e ms4: *priguizoso*.

[5466] V. *O que non é día de santa Lucía...* en *Días-días y festividades*.

[5467] ms16: *perna coxa; pra derregar*.

[5468] ms: *bon*.

[5469] V. *Barba pon a mesa e non perna tesa* en *Pereza*.

[5470] ms16: *pasada de a braza*.

[5471] V. *Sábado á noite, Marica pilla a roca* en *Pereza y ociosidad*, e *Mariquiña o sábado á noite pousa a roca e plancha a roupa* en *Mujer*.

18532. **Se o río fora aceite e os outeiros da ciudá foran pas, ¡que boa vida para os lacazás!** [5472] (mc e ms16: Velle)

18533. **Se queres non facer nada, convoca a xunta.** (ms6,05v: Frai Prudencio, *Paliques*)

18534. **Ti tes catro enfermedades: ancho de frente, largo de dente, bon de deitar e malo de levantar.** [5473] (ms8,34r e ms16: O. de Rey)

Matraca a los perezosos.

18535. **Tódolos nugallaos contan o traballo.** [5474] (ms: Lalín)

18536. **Tres: un mira i-autro ten, i-autro mira se vai ben.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18537. **Un polo outro i-a casa por barrer.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18538. **Unhos polos outros e a casa por barrer.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

18539. **Unhos polos outros, a casa por barrere.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

18540. **Unhos polos outros, a casa sin barrer.** (mc)

Var.: *É noite i-a casa por barrer.* [5475] (mc e ms16: Palas de Rey-F.V.S.) / *Uns polos outros i-a cociña sin barrer.* (ms16: Sarria / ms4: F.V.S.) [5476] / *Uns polos outros i-a casa sin barrer.* (ms16: Sarria)

(es) *Unos por otros, y la casa por barrer.* (R. Marín) / *Unos por los otros y la casa sin barrer.* (R. Marín) (ct) *Uns per atres, la casa per agramar.* (Alberola)

18541. **Unhos polos outros, a cociña por barrer.** (ms-LU: Álvaro Rábade: Saavedra, Begonte, LU)

18542. **Val máis que te chamen de nova priguizosa que non de vella achacosa.** (ms10,050r: Tirimol)

18543. **Vale máis unha hora de gana que dúas de galvana.** [5477] (ms21,11v: Bermés)

18544. **Vámonos, vámonos, e nunca nos imos; este éche o trato dos perguiceiriños.** (mc e ms16: Pidre-F.V.S.)

18545. **Xan, por non muda-los pés, deixa queima-las zocas.** [5478] (ms15,17)

PEREZA Y OCIOSIDAD. V. tamén *Entretenimiento, Ocio, Ociosidad, Pereza, Vicios, Lacras y vicios sociales*.

18546. **A folgueta e a bebedela botan as casas por terra.** (mc: M.V.)

(es) *La casa envinada, media empeñada.* [5479] (Sbarbi) / *Quien huelga no medra.* (Sbarbi) (ct) *Molt mal sa casa govèrna, qui va molt a la tavèrna.* (Alberola)

18547. **A perguiza non é filla de bon pai.** (ms)

18548. **Cu sentado nunca fai bon mandado.** (mc / ms4: F.V.S.)

Var.: *Cu sentado non fai bon mandado.* (ms16: Lugo)

(es) *Trasero* sentao*, no hace mandao.* (M. Kleiser)

18549. **Debaixo da manta calquera canta.** (mc: Corme)

18550. **Lunes corta, martes atroza, miércoles carga, jueves ata, viernes sale, sábado chega Miguelín cun carro de leña.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

A semana.

18551. **Lunes sal, martes anda, miércoles chega, jueves talla, viernes volve e sábado chega; ehí vén Xan cun feixe de leña.** (mc: Buciños)

18552. **Moito madruga Xan de Guedella, moito madruga e tarde aparella.** (mc: M.L.)

18553. **Non comerá groso pero descansa o óso.** (ms8,55r: Silvarrey)

Cuando uno se queda en cama, porque tiene poco que hacer y comer.

18554. **Non comerei groso pero descánsame o óso.** (mc / ms4: F.V.S.)

18555. **Non-o pasará groso pero descánsalle o óso.** (mc: Pedraza)

Var.: *Non-o pasará moi groso pero fólgalle o óso.*

18556. **¿Non te tostas nin te mollas? Si n'o tes ou non-o roubas, vas parar a Valdencollas.** [5480] (mc: M.L.)

[5472] mc: *pros lacazás*.
[5473] ms16: *de frente i largo de dente*.
[5474] O orixinal di: *Todol'os nugallaos contan o traballo.* / Atopados xunto cos de *Medicina e higiene*.
[5475] ms4: *sin barrer*.
[5476] ms4: *Unhos*.
[5477] O orixinal di: *Vale mais un'ha hora de gana que duas (2) de galvana*.
[5478] O orixinal di: *Xan por non mudal'os pés deixa queimal'as zocas*.
[5479] ms: *medio empeñada*.
[5480] ms4: *vas parar á fio a Valdencollas*.

Var.: *¿Non te vistas nin te mollas? Se non o tes ou non o roubas, vas ó fío a Valdecollas.* (C.A. *A Nosa Terra*)

18557. **O perguiseiro non ten amor ó diñeiro.** (mc: Santiago)

18558. **O priguiceiro nin comerá ben nin terá diñeiro.** (mc: Santiago)

18559. **O que chega tarde, mal se aloxa.** [5481] (mc: Tuiriz, Monforte / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

(pt) *Quem chega tarde acha o lugar tomado.* (Chaves)

18560. **O que moito dorme, galiña gorda non come.** [5482] (mc: Santiago / José Lorenzo Viña)

18561. **O que ó nacer o sol non ten a súa casa aberta, pódeselle chamar colmea muerta.** [5483] (mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

18562. **O que se levanta con sol, non goza do día.** (mc: Santiago)

18563. **O raposo que dorme, nunca galiña gorda come.** [5484] (mc: Santiago)

Var.: *Raposo que moito dorme, galiña gorda non come.* (Id.)

18564. **Pedra parada musgo cría.** [5485] (mc)

Var.: *A pedra, andando, non cría musgo.*

(pt) *Pedra queda, musgo cria.* (Chaves) / *Pedra que muito rola, não cria musgo.* (Id.)

18565. **Quen non ten que facer, seus nabos sacha antes de nacer.** [5486] (mc: Nós)

Var.: *Quen non ten que facer, sacha o nabo antes de nacer.* (Nós) / *Quen non ten que facer, seus nabos sacha.* (R. Caruncho)

(pt) *Quem não tem que fazer, abre o cú e colhe moscas.* (Chaves) / *Quem não tem que fazer, veste-se e déspé-sé.* (Id.) (es) *El que no tiene qué haga, sus nabos salla.* (Correas) (que advierte que *sallar* = escardar, cavar: lo cual no es necesario en el nabal).

18566. **Raposo que moito dorme, galiña gorda nunca come.** (ms-SA: Eliseo López Varela)

18567. **Raposo que moito dorme, nunca galiña gorda come.** (ms-SA: Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C / José Manuel Area Alonso)

18568. **Sábado á noite, Marica pilla a roca.** [5487] (mc: La Coruña)

18569. **Sale de ahí, Pedro Tosco, non me engañes a criada, que nin ma vistes nin ma calzas nin lle pagas a soldada.** (mc: Santiago)

Pedro Tosco es, en varias localidades de Galicia, el sueño.

18570. **Sin botar man á rabela nin levantar un torrón, o lugar de Mirandela non mantén a Xan Miranda.** [5488] (mc: Otero de Rey)

18571. **Treta non henche barriga.** (mc: Buciños)

18572. **Vaite d'aí, Pedro cosco, no me ténte-la criada: no ma calzas nin ma vistes, nin lle pága-la xornada.** [5489] (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

18573. **Vamos indo, o que veña despois que traiga o carro i-os bois.** (mc: Buciños)

18574. **Xan da Guedella moito madruga e tarde aparella.** (ms-LU: seminarista anónimo: Lugo, Lugo, LU / ms18,66v: Pol)

18575. **Xan de Guedella cedo madruga e tarde aparella.** (mc)

PERFECCIONAMIENTO

18576. **Non hai bo que non poda ser millor nin malo que non poda ser pior.** (ms16: *D.E.*)

(es) *No hay bueno que no pueda ser mejor; ni malo que no pueda ser peor.* (R. Marín)

18577. **O bo i-o malo non teñen fondo.** (ms16: Biville, Sarria)

18578. **O bo sempre pode ser millor.** (ms16: Lugo)

18579. **Se marmulan de ti, corríxete; e si te calumnian, rite.** (ms15,42: Valle del Mao)

PERMANENCIA

18580. **Ben está o pé na perna e a perna no calzón.** (ms16 e ms10,015r: *D.E.*)

(es) *Bien está el pie en la pierna.* (R. Marín)

18581. **Múdanse os homes e non os montes.** (ms16)

(es) *Múdanse los hombres; no los montes.* (R. Marín)

[5481] V. *O que chega tarde, nin oie misa nin come carne* en *Diligencia*.

[5482] O que moito dorma, galiña gorda non come.

[5483] ms-LU: ms e ms4: *colmena*.

[5484] V. *Raposo que moito dorme, galiña gorda non come* en *Agrícolas* (*Animales*).

[5485] V. *Pedra movediza non cría mofo* en *Trabajo*.

[5486] ms: *sach'o nabo*.

[5487] V. *Sábado á noite, Marica colle a roca* en *Pereza*.

[5488] ms15,22: *Xan mirando*.

[5489] O orixinal di: *Baite daí Pedro cosco no me tente la criada no ma calzas nin ma vistes nin lle paga la xornada*.

18582. **Quen ben está ben estea.** [5490] (mc: A.S.A. / ms16: *D.E.*)

(pt) *Quem bem está, não se levante.* (Chaves) (es) *Quien bien está, no se mude.* (R. Marín) / *Quien bien está, non se mueva.* (Id.)

18583. **Quen ben está non se mude.** [5491] (ms16 e ms10,015r, ms10,044v: *D.E.*)

(es) *Quien bien está no se mude.* (Z.)

PERMUTAS

18584. **Daca o galo, toma o galo: quedan as prumas tiradas no chao.** [5492] (ms16 e ms10,025r: *D.E.*)

(es) *Daca el gallo, toma el gallo, quédanse la plumas en la mano.* (H. Núñez)

18585. **Dáme do teu boliño i-eu dareiche da miña broíña.** (ms16: *R. Fisterrán*)

18586. **Do troco sempre leva o choco.** (ms: Santiago)

18587. **No troco algún leva o broco.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

18588. **No troco un sempre leva o choco.** (ms16: Santiago)

18589. **Non cambies o odre, que che pode salir podre.** (mc e ms16: Santiago)

18590. **O que cambia odre por odre, algún lle sae podre.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

18591. **Odre por odre, un ha de saír podre.** (ms18,74r: A.S.A.)

18592. **Odre por odre, un ha de ser podre.** [5493] (mc: G.S. y A.)

Var.: *Odre por odre, algún ha de ser podre.* (ms16: Sober)

(pt) *Odre por odre, algum sai podre.* (Chaves)

18593. **Santa Rita, santa Roca, o que se dá non se troca.** (mc e ms16: Santiago)

Var.: *Santa Roca, o que se dá non se troca.* (ms5,135: Santiago)

De muchachos.

PEROGRULLADAS

18594. **A i-auga molla por donde pasa.** (ms16: *D.E.*)

(es) *El agua de Loja, por donde pasa moja.* (R. Marín)

18595. **A mitá e outro tanto é a conta cabal.** [5494] (ms16 e ms10,040v: *D.E.*)

(es) *La mitad y otro tanto es cuenta cabal.* (R. Marín)

18596. **Anque o can ten catro patas, por un soilo camiño anda.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Aunque el perro tiene cuatro patas, no puede andar a la vez por cuatro caminos.* (R. Marín)

18597. **Cando chove, todos nos mollamos.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Cuando llueve todos nos mojamos.* (R. Marín)

18598. **Cando eu falo, a boca abro.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Cuando yo hablo, la boca abro: y para estar quedo, la boca cierro.* (R. Marín)

18599. **Con pan ou sin pan, o que non morra vivirá por san Xoán.** [5495] (ms10,078r: *D.E.*)

18600. **Día e noite é sempre.** (ms8,63r: O. de Rey)

18601. **Éche ben certo que o que non dorme está desperto.** (ms16: Santiago)

18602. **Na paz e na guerra, o que matan, morto queda.** (ms16: *D.E.*)

(es) *En la paz y en la guerra, el que matan muerto queda.* (R. Marín)

18603. **Non hai cousas como as millores.** [5496] (ms16: Monforte / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18604. **O chan está mollado cando as nubes soltan as aguas.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

18605. **O que non ten boca non di "asopla".** (mc e ms16: Santiago)

18606. **O que ten boca non di a outro sopla.** [5497] (ms: Santiago)

Var.: *O que ten boca non sopla.* (ms4: A.S.A.)

18607. **Onde comen dous, ben comen tres, se é que botan no pote ou na cazola que.** (ms16: *D.E.*)

18608. **Onde comen tres comen catro, se poñen máis no prato.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Donde comen cuatro, ocho comerán, si añaden carne, vino y pan.* (R. Marín)

18609. **Onde está o rei non-o atopan.** [5498] (ms10,015r: *D.E.*)

18610. **Onde non está o rei, non-o atopan.** (ms16: *D.E.*)

[5490] V. *Na casa allea, o que ben está ben estea* en *Casa*.

[5491] En ms10,044v s.v. *Mudanza*.

[5492] En ms10 s.v. *Gallo*.

[5493] ms4: *saír podre....*

[5494] ms16: *i-outro tanto*. En ms10 s.v. *Mitad*.

[5495] En ms10 s.v. *Pan* coa indicación *Perogrulladas*.

[5496] ms-LU: *com'as millores.*

[5497] Dentro de *Miscelánea* no manuscrito orixinal.

[5498] Este refrán aparecía en ms16 da seguinte forma: *Onde non está o rei non-o atopan*, que é tamén como o recolle Eladio Rodríguez no seu diccionario. Aínda que a forma con *Onde está o rei* podería ser un erro de transcrición, recollémola porque ten igualmente sentido, aínda que distinto.

(es) *Donde no está el rey no le hallan.* (R. Marín)

18611. **Que se sache ben que se sache mal, sachado ha de quedar.** (ms16: Cabo de Cruz)

18612. **Quen ten unha boa hora, non-as ten malas todas.** [5499] (ms16 e ms10,030r: *D.E.*)

(es) *Quien pasa bien el primer día del año, no pasa mal todo el año.* (R. Marín)

18613. **Quen vai en carro, non vai a pé nin a cabalo.** [5500] (mc: M.V. / ms15,24r: Ourantes, Orense / ms21,21v: Bermés / ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C / ms-SA: Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C)

Var.: *O que vai no carro, non vai a pé nin vai a cabalo.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *Quem caminha em carro, nem vai a pé, nem a cavalo.* (Chaves) (es) *El que va en carro, no va a pie ni a caballo.* (Correas)

18614. **Vai diante sempre que fuxas.** (ms10,005v: *D.E.*)

PERROS. V. tamén *Agrícolas* (*Animales*).

18615. **A cadela trigosa pare os fillos cegos.** (mc e ms16: A.N. / ms4: N.V. 2ª serie)

(pt) *Cadelas apressadas parem cães tortos.* (Chaves) / *Cachorra apressada pare filhos cegos.* (Id.)

18616. **A donde non-o chaman vai o can.** (ms4: F.V.S.)

18617. **A frida do can cos pelos se cura.** (ms6,05v: Frai Prudencio: *Paliques*)

18618. **A lamber sostens'o can.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18619. **Ao can fraco todo é carrachas.** (mc: C.A. / ms16: A.N.)

Véase *A can fraco todo son pulgas*.

18620. **Bon está o can que non quer pan.** (mc e ms16: M.L.)

18621. **Cada can ladra no seu palleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Telleira, Canduas, Cabana de Bergantiños, C)

18622. **Cada can lambe o seu.** (mc e ms16: M.L.)

(es) *Cada perro con su hueso.* (R. Marín)

18623. **Cada can lame o seu cu i-a cadela o de todos.** [5501] (ms11,01)

18624. **Cada can no seu palleiro.** (ms16: Baralla)

18625. **Can dormidor non pilla moscas.** (ms18,68v: *Diario de Avisos* de Ricardo Caruncho (1888))

18626. **Can merendeiro non garda o palleiro.** (mc: A.C. *A Nosa Terra* / ms16: C.A. / ms18,68v: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)

18627. **Can morto non morde.** (ms16: Lugo)

(es) *Perro muerto no muerde.* (R. Marín)

18628. **Can morto non rabea.** (mc e ms16: C.A. *A Nosa Terra*)

(es) *Perro muerto, no muerde.* (R Marín)

18629. **Can pequeno, fol de veneno.** (mc e ms16: Santiago)

18630. **Can que dorme, deixalo dormir.** (mc e ms16: Buciños)

18631. **Can que ten a nai na aldea moito oubea.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Can que madre tiene en villa, nunca buena ladrida.* (H. Núñez)

18632. **Can seco busca a pousada con día.** (ms8,47r: Carballino)

18633. **Can sen dentes non traba.** (ms16: Luís Carré.)

18634. **Canto máis grande é o can máis caldo come, se llo dan.** (mc e ms16: Santiago)

18635. **Canto máis grande é o can máis caroliños lle dan.** [5502] (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

18636. **Canto máis grande é o can máis carolos lle dan.** (mc e ms16: Santiago)

18637. **Canto máis grande é o can máis mendrugos lle dan.** [5503] (mc e ms16: Santiago / A. Darriba Míguez / Luís Alonso Alonso)

18638. **Canto máis grande é o can máis paus lle dan.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)

18639. **Canto máis grande é o can máis trancazos lle dan.** (mc e ms16: Santiago)

18640. **Catr'anos de can novo, catr'anos de bon can, catr'anos de can vello, catr'anos de mal can.** (ms-SA: seminarista anónimo: Carballo, Carballo, C)

18641. **Cu de muller, rodilla d'home e fuciño de can, son as tres cousas que máis frías están.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

18642. **De boa casta é o can pra non roe-lo óso.** [5504] (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

18643. **De neno, rei; de mozo, capitán; de casado, burro; e de vello, can; i-o que come non-o merece; i-o que pide non llo**

[5499] En ms10 s.v. *Hora*.

[5500] ms4 e ms21,21v: *nin vai a pe*.

[5501] O orixinal di: *Cada can lame o seu cu y-a cadela o de todos.* / Indica *Sobre el perro*.

[5502] O orixinal di: *Canto maix grande e o can maix caroliñas lle dan.*

[5503] L. Alonso Alonso: *u can, mandrugos*; mc: *jrande, mandrujos*.

[5504] O orixinal di: *De boa casta é o can pra non roe-lo óso.*

dan. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18644. **De neno, rei; de joven, capitan; de casado, burro; e de vello, can.** (ms-LU: seminarista anónimo: Sindrán, Monforte de Lemos, LU)

18645. **De pequeno, rei; de mozo, capitán; e de vello, can.** (ms-SA: Gestoso, provincia de La Coruña)

18646. **De rapaz, rei; de mozo, capitán; e de vello, can.** (ms-SA: Emilio Segade Vidones)

18647. **Debe ter o labrador un centinela e un relós.** (mc e ms16: G.P.)

Un perro y un gallo.

18648. **Deixa andar o can coa roca i-o gato co fuso.** (mc e ms16: Santiago)

18649. **Dous cas contra un lobo cómeno todo.** [5505] (ms-LU: seminarista anónimo: Pape, San Xoán de Silvarrei, Outeiro de Rei, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18650. **En febreiro mete o can o rabo no palleiro.** (ms-SA: Manuel Collazo Porto: Portas, PO)

18651. **En xaneiro métese o can no palleiro.** (mc e ms16: Santiago)

Var.: *En febreiro xa busca o can o palleiro.* (ms4: J.T.) / *En febreiro xa busca o can a soma do palleiro.* (ms4: C.G.)

18652. **En xaneiro todos os cans están no palleiro.** (ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C)

18653. **En xaneiro vai o can pró palleiro e levántase en febreiro.** (ms16: Santiago)

18654. **En xaneiro xa o can vai para o palleiro.** (ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)

18655. **En xaneiro xa vai o can pó palleiro.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

18656. **En xaneiro, o can no palleiro.** (mc e ms16: Santiago)

18657. **Fuciño de can e cu de xente nunca está quente.** [5506] (mc e ms16: Páramo-F.V.S.)

18658. **Máis come o can, si llo dan.** (mc e ms16: Santiago)

18659. **Ningún can lambendo engorda.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

18660. **No bico do can non cáte-lo pan, nin no fuciño da cadela cáte-la manteiga.** [5507] (ms21,09r: Bermés)

18661. **No bico do can non cates o pan, nin en fuciño de cadela vaias cata-la manteiga.** [5508] (mc e ms16: A.I.)

(pt) *Não busques o pão no focinho do cão.* (Chaves) (es) *No busques pan en el molino del can.* (Correas) / *No busques pan en la cama del can.* (Id.)

18662. **No mes de xaneiro ladra o can no palleiro.** (ms-SA: Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C)

18663. **No xaneiro, ningún can para no palleiro.** (mc e ms16: Buciños)

18664. **Non búsque-lo pan no cocho do can.** [5509] (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

18665. **Non busques pan na cama do can.** (mc e ms16: Lugo / mc: M.L.2)

(pt) *Não busques o pão no focinho do cão.* (Chaves) (es) *No busques pan en la cama del can.* (Correas)

18666. **Non busques pan no niño do can estando o can vivo.** (ms8,58v: S. Simón de la Cuesta)

18667. **Non hai can que non coma o millo: se non é cru, é cocido.** (ms21,18r: Bermés)

18668. **Non hai can que non coma o millo.** (mc e ms16: Chantada)

Var.: *Non hai can que non coma o millo sinón é cando é cocido.* (F.V.S.)

18669. **Nunca un can comeu a outro.** (ms8,43r: Silvarrey)

18670. **O can de todas as bodas, por unha pérdeas todas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

18671. **O can do palleiro non quer compañeiro.** (ms-SA: José Bello Arjomil: Valiña, Vimianzo, C)

18672. **O can grande sempre morde do pequeno.** [5510] (ms-SA: Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C / ms-SA: José Calviño Pueyo: A Ponte Maceira, Portor, Negreira, C)

18673. **O can liebreiro é madrughón.** [5511] (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

18674. **O can no óso i-a cadela na costa.** [5512] (mc e ms16: A.S.A. / ms21,05r: Bermés)

[5505] ms-LU (Lugo): *contr'on*.

[5506] ms: *c... de xente*.

[5507] O orixinal di: *No bico do can non catel'o pan nin no fuciño da cadela cátel'a manteiga.*

[5508] O orixinal di: *No bico do can non cates o pan, nin en fuciño de cadela, vaias catal'a manteiga.* / ms e ms3: *catel'o pan, vayas catal'a*; ms4: *d'a cadela*.

[5509] O orixinal di: *Non búsquel'o pan no cocho do can*.

[5510] ms-SA (José C.): *jrando, de pequeno*.

[5511] O orixinal di: *O can liebreiro e madrujón.*

[5512] ms: *y a cadela*.

18675. **O can no palleiro despois non fai bo caseiro.** (ms-SA: Manuel Varela Pérez: Santa María de Castrofeito, O Pino, C)

18676. **O can no palleiro non fai bo caseiro.** (mc e ms16: Santiago)

18677. **O can no palleiro non quer compañeiro.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

18678. **O can que se deita con pulgas, con pulgas se levanta.** (ms16: Sober)

18679. **O can sempre será can.** (ms16: *D.E.*)

18680. **Ó can, canto máis grande, máis trancazos lle dan.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

18681. **O mes de xaneiro, meo can ó palleiro.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

18682. **O meu can colleu unha mosca e, se a pillou, comeuna.** (ms-LU: seminarista anónimo: Viveiro, LU)

18683. **O que can alleo ceba, polo cu lle beba.** [5513] (mc: Monforte / ms16: Lugo / ms21,11r: Bermés)

18684. **Ó que lle escapa o gato, que non lle escapara o can.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

18685. **O que se deita con cas, aparece coronado de pulgas.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

18686. **O sol madrugadeiro fai meter o can no palleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18687. **O sol madrugadeiro mete o can no palleiro.** [5514] (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

18688. **O sol madrugadeiro mete o can ó palleiro.** (ms21,19v: Bermés)

18689. **O sol mui madrugadeiro mete o can no palleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Serantes, Santiso (Terra de Melide), C)

18690. **Onde non hai can chega o zorro á porta.** (ms)

18691. **Os cas sin dono ouvean de balde e levan no lombo.** (ms5,137)

18692. **Ós tres anos, ti ti; ós seis, can can; i-ós nove, laián.** (ms-LU: seminarista anónimo: San Xoán do Corgo, LU)

18693. **Para o óso hai cincuenta cans.** [5515] (ms-SA: M. González Fernández)

18694. **Polo xaneiro, o can ó palleiro.** (ms-SA: Emilio Segade Vidones)

18695. **Polos rapaces e polos cas sempre hai bullós.** (mc e ms16: Buciños)

18696. **Por san Xoán ás tres voltas se deita o can.** (mc e ms16: Santiago)

18697. **Por xaneiro métese o can no palleiro.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

18698. **Por xaneiro non vai o can ó palleiro.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

18699. **Pr'on óso, cen cas.** (ms10,049r: Silvarrey)

18700. **Pró can flaco todas son pulgas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18701. **Probe do can que non ten cirolas; ahí vén o vran, farémoslle unhas novas.** (mc: R. Caruncho *D. de avisos* / ms16: R. Caruncho)

18702. **Quen con cas se deita, con pulgas se levanta.** (ms21,05r: Bermés / ms18,65v: Rodeiro)

18703. **Quen ten medo, compra can.** (mc e ms16: M.L.)

(pt) *Quem tem medo, compra um cão.* (Chaves) (es) *Quien tenga miedo, que compre un perro.*

Para que le avise y guarde.

18704. **Rabia, can, porque non che dan pan.** (mc e ms16: F.L.)

18705. **Rodillas de home, cu de muller e fuciño de can, son as tres cousas que máis frías están.** (mc e ms16: Golada / ms4: F.V.S.)

Hay otros que insisten en la misma idea.

18706. **Roie o can o óso porque non-o pode pasar enteiro.** (mc: Bagueixos, Lugo-F.V.S.)

18707. **Se ten un pelo, bon can; se ten dous, loubán; se ten tres, lacazán.** [5516] (ms11,01)

El pelo a que se hace referencia ha de ser en el comienzo de la garganta.

18708. **Sol madrugueiro mete o can no palleiro.** (ms-LU: Antonio Vázquez Paredes: Vilalba, LU)

18709. **Sol madrugueiro mete o can ó palleiro.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

18710. **Sol madrugueiro, o can pó palleiro.** (ms-LU: Julio Elías Bello Méndez: A Feira do Monte, Sistallo, Cospeito, LU)

18711. **Tres anos cadelo, tres anos can e tres anos folgazán, e despois, fóra can.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

[5513] ms: *polo c....*

[5514] ms-LU (Coruña): *madrugueiro*.

[5515] O orixinal di: *Prou gueso hay cincuenta cas.*

[5516] Indica *Sobre el perro*.

18712. **Tres anos de can novo e outros tres de bo can; tres anos de can vello i-outros tres de folgazán.** (mc e ms16: A.S.A.)

Var.: *Tres anos de can novo e tres anos de bo can; tres anos de can vello e tres anos ind'é can.* (mc e ms16: S.P.P. *Ultreya*) / *Tres anos toitiño, tres anos can; / e tres lacazán, ehí está a vida do can.* (mc e ms16: Buciños) / *Tres anos de can novo, tres anos de bon can e tres anos de larizán.* (ms15,05: Silvarrey) / *Tres anos de can novo, tres anos de bon can, tres anos de can vello, tres anos de mal can.* (ms4: L.G.)

(es) *Raza de can, amor de cortesano y ropa de villano, no dura más que tres años.* (Jara)

18713. **Tres anos de can novo, tres anos de bon can, tres anos de can vello, tres anos de ruín can i-aí che vai a vida do can.** [5517] (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

18714. **Tres anos de tris-tres, tres anos de bon can e tres anos de loubán.** (ms8,33v: Taboada)

18715. **Tres anos toitiño, tres anos can e tres lacazán: ehí está a vida dun can.** [5518] (mc e ms16: Buciños)

18716. **Tres anos tus tus, tres anos bon can e tres anos vello can.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18717. **Tres cousas frías hai: cu de muller, rodillas de home e fuciño de can.** [5519] (mc e ms16: *Terra de Melide* / ms4: V.R. y A.R.)

Var.: *Tres cousas hai na vida que sempre frías están: o cu dunha muller, a rodilla dun home y o fuciño dun can.*

Véase *rodillas de home...*

18718. **Tres cousas hai na vida que sempre frías están: o cu dunha muller, a rodilla dun home i-e o fuciño dun can.** [5520] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

18719. **Tres cousas hai que frío dan: rodillas de home, cu de muller e fuciño de can.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

[5517] O orixinal di: *Tres anos de can novo, tres anos de bon can, tres anos de can vello, tres ano[s] de ruín can y ahí che vai a vida do can.*

[5518] mc: *lacaza*; ms16: *a vida do can.*

[5519] ms4: *frias han.*

[5520] O orixinal di *Tres cousas hay na vida que sempre frias están, u cu d'uha muller, a rodilla d'un home ye u fuciño d'un can.*

18720. **Tres, cachorro; tres, can; tres, capitán; tres, folgazán: ahí che vai a vida de un can.** (ms16: Sober)

18721. **Vai buscar o pan ó niño do can.** [5521] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

GALGOS

18722. **Corre máis galgo de un mes que mastín de tres.** [5522] (mc / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

Var.: *Se cadra corre máis un galgo de mes que outro de tres.* (mc e ms16: Villamor, La Coruña)

18723. **Corre máis un galgo dun mes c'on burro de tres.** (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)

18724. **Ó galgo vello darlle lebre e non coello.** (ms9,11v: Silvarrey)

Porque la liebre huye recta y da menos que hacer que el conejo que huye en zig-zag.

18725. **Vale máis galgo de mes que mastín de tres.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

LADRIDOS DE PERROS

18726. **A can que moito ladra bótalle un óso, verás como cala.** (ms16: *D.E.*)

18727. **Can ladrador, pouco mordedor.** (ms-LU: seminarista anónimo: Chantada, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18728. **Can moi ladrador, nin por eso millor.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

18729. **Can mui ladrador non é u máis mordedor.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18730. **Can que ladra a casa garda.** (ms16: Lugo)

Var.: *Can que moito ladra, ben garda a casa.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *Cao que ladra, cao que me guarda.* (Chaves) (es) *Perro que mucho ladra, guarda la casa.* (Correas) (va) *Gos que lladra, guarda la casa.* (Alberola)

18731. **Can que ladra non traba.** (mc e ms16: Carballedo)

Var.: *Can que moito ladra non traba.* (ms16: Luís Carré)

(pt) *Cão que ladra, não morde.* (Chaves) / *Cão que não ladra, guarda dele.* (Id.) (es) *Perro que ladra, no muerde.* (Sbarbi) /

[5521] O orixinal di *Vay buscar o pan o niño do can.*

[5522] ms-LU: *dun mes ca.*

Perro ladrador, nunca buen mordedor. (Id.) (ct) *Gos que lladra no mossega.* (Alberola)
Figuradamente, quien más habla, menos hace.

18732. **Can que máis ladra, non é o que máis morde.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia (galego occidental))

18733. **Can que moito ladra non é-o que máis traba.** (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)

18734. **Can que moito ladra, ruín é prá casa.** (ms16: *D.E.*)

18735. **Can que non oubea non garda a casa.** (ms: *A Nosa Terra*. C.A.)

18736. **Cando ladra o can, estate en vela: ou mal che fan ou renxe a cancela.** (mc e ms16: Buciños)
(pt) *Cão que ladra, cão que me guarda.* (Chaves) (es) *Perro que mucho ladra bien guarda la casa.* (Correas). (ct) *Gos que lladra, guarda la casa.* (Alberola)

18737. **Cando o can ladra, algo venta.** (mc e ms16: Monforte)

18738. **Cando o can ladra, anda o ladrón na aira.** (mc e ms16: Lulle, Samos)
(pt) *Cão que ladra, cão que me guarda.* (Chaves)

18739. **Cando o can ladra, señal de xente.** (mc e ms16: Carballedo / ms4: F.V.S.)
(ct) *Quan els gossos lladren, alguna còsa senten.* (Alberola)

18740. **Cando un can ladra, outro cala.** [5523] (ms-LU: seminarista anónimo: Xestoso, Monfero, C)

18741. **Ladra, can, que pra eso gána-lo pan.** [5524] (mc: Buciños / ms16: *D.E.*)

18742. **Ládreme o can e non me morda, que eu lle botarei a corda.** [5525] (ms16 e ms10,032r: *D.E.*)

18743. **Ládreme o can e non me morda.** (ms16: *D.E.*)

18744. **O can cando ladra é porque alguien anda na manada.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

18745. **O can do hortelán nin famento nin farto deixa de ladrar.** (ms16: *D.E.*)

18746. **O can ladra moito cando está no seu cortello.** (ms5,045: Cereijo, Estrada)

18747. **O can ladra onde come.** (ms16: *D.E.*)

18748. **O can ladrador non é o máis mordedor.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18749. **O can máis ladrador non é o máis mordedor.** (ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU)

18750. **O can máis ladrador non é o máis roedor.** (ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU)

18751. **O can máis ladrador, nin por eso é o máis trabador.** [5526] (mc: *Terra de Melide* / ms e ms4: V.R. y A.R.)
Var.: / *O can máis ladrador, nin por eso é máis trabador.* (ms4: A.R. y V.R.)
(pt) *Cão que ladra não morde.* (Chaves) / *Cão que não ladra, guarda dele.* (Id.) (es) *Perro ladrador, nunca buen mordedor.* (Correas)

18752. **O can mui ladrador non é o máis mordedor.** (mc e ms16: C.G.)
Var.: *Can ladrador non é mordedor.* (ms16: Luís Carré) / *O can ladrador non é o máis roedor.* (ms16: Donalbay, Begonte) / *Can moi ladrador, pouco mordedor.* (ms16: *D.E.* / ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU) [5527]
(pt) *Cão que ladra não morde.* (Chaves) / *Cão que não ladra, guarda dele.* (Id.) (es) *Perro ladrador, nunca buen mordedor.* (Correas) (ct) *Gos que lladra no mossega.* (Alberola)
Como *Gato mui miador...* en cuanto a su sentido figurado.

18753. **O can mui ladrador non é o que máis morde.** [5528] (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

18754. **O can no barbeito ladra sin proveito.** (ms16: *D.E.*)

18755. **O can ouvea e o burro ornea.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms16: *D.E.*)

18756. **O can que máis ladra non é o que máis traba.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18757. **O can que máis ladra non é [o] que máis morde.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)

18758. **O can que moito ladra non é o que máis morde.** (ms-LU: seminarista anónimo: Serantes, Santiso (Terra de Melide), C)

[5523] V. *Cando un burro ornea, outro escoita* en *Necedad* (*Número de los necios*).
[5524] O orixinal di: *Ladra, can, que pra eso ganal-o pan.*
[5525] En ms10 s.v. *Ladrar*.
[5526] ms4: *nin por eso e mais trabador*.
[5527] ms-LU: *mui*.
[5528] O orixinal di *O can muy ladrador, non e o que mais morde*.

18759. **O can que moito ladra nunca mal pode facer.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

18760. **O can que moito ladra pouco morde.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

18761. **O can que muito ladra non é o que morde.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

18762. **O can vello, se ladra, dá consello.** (ms16: *D.E.*)

(es) *El perro viejo, si ladra, da consejo.* (H. Núñez)

18763. **Perro ladrador, pouco mordedor.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

MORDEDURAS. V. tamén *Mordeduras*.

18764. **Can doente non conoce o amo.** (mc: C.A.)

Var.: *Can danado non conoce o amo.* (ms16: *D.E.*) / *Can doente non conoce a xente.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *Cão com raiva, seu dono trava.* (Chaves) / *Cão com raiva, seu dono morde.* (Id.) (es) *Can con rabia, de su dueño traba.* (Correas)

18765. **Can que morde non ladra en van.** (ms16: *D.E.*)

18766. **Can que trinca, rabia leva.** (ms16: *R. Fisterrán*)

18767. **Non lle teñas medo ó can cando abre a boca senón cando a cerra.** (mc e ms16: Bagueixos-F.V.S.)

18768. **O can coa rabia a seu dono traba.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Can con rabia, de su dueño traba.* (Z.)

18769. **O can morde o último.** (ms16: Sober)

18770. **O can non fai o mal ó abri-la boca senón a cerrala.** [5529] (mc e ms16: Bagueixos-F.V.S.)

Como *Non teñas medo ó can....*

18771. **O can que máis ladra non é o que máis morde.** (ms21,14r: Bermés)

18772. **O can que menos ladra é o que máis morde.** (mc e ms16: Santiago)

PERSECUCIÓN

18773. **Non me apretedes que direi o que vós queredes.** (mc e ms16: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

PERSONA

18774. **De persoa atravesada arreda a túa morada.** (ms10,091r: *D.E.*)

18775. **De persoa trapalleira fuxe á carreira.** (ms10,091r: *D.E.*)

18776. **Onde non anda a persoa, non fai sombra.** (ms10,091r: *D.E.*)

PESAR

18777. **O pesar non é máis que sede.** (ms10,091r: *D.E.*)

18778. **Un pesar fai tamén unha alegría.** (ms10,091r: *D.E.*)

PESCA. V. tamén *Embarcaciones, Marítimos* (*Aves, Peces*), *Peces, Pescadores*.

18779. **Cartos na man, xurelos na cesta.** (mc e ms16: Gella, Marín)

Xurelo es, según Carré, el verdel, pez de mar que recibe diversos nombres, según su tamaño: *xurelo chincho*, el pequeñito; *moscón*, la xurela, o xurelo grande; *sardiñeiro*, el mediano.

18780. **Cornos para abaixo, meixóns tres ou catro.** (ms5,031)

La fuerza del meixón depende de los ciclos lunares. Hay jornadas de luna adversa, como dice el refrán.

18781. **Chopo non chopo, rede no mar.** (ms18,62r: Coleic. Renacencia, Santiago Loureiro, *Refraneiro do mar*. Noya.-Imprenta Loroño, 1936)

18782. **Chuvia de morriña, nin peixe nin fariña.** (ms16: M.-Bueu)

18783. **Dende o Castro ao Vilar, pérdense os aparellos de pescar.** (ms18,63r: Coleic. Renacencia, Santiago Loureiro, *Refraneiro do mar*. Noya.-Imprenta Loroño, 1936)

18784. **En abril, peixiños mil.** [5530] (mc e ms16: M.-*R. de P.*)

18785. **En marzo e abril en cada pedra mil.** (ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO / ms-SA: Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C)

Peixes. (ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

18786. **En marzo veñen os peixes no regazo.** (ms16: *R. Fisterrán*)

18787. **Gaivotas no con, peixes en Coira.** (mc e ms16: S. Loureiro)

18788. **Gaivotas no Marmuro, peixes na Ornanda.** [5531] (mc e ms16: S.Loureiro)

[5529] O orixinal di: *O can non fai o mal ô abril-a boca, senon a cerral-a.* / ms4: *sinon*.

[5530] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Peces*.

[5531] O orixinal di: *Gaivotas no Marmuro, peixes na Arnanda.*

18789. **Lúa nova, peixes fóra.** [5532] (mc e ms16: Gella, Isla de Arosa)

18790. **Lúa vella, peixes á terra.** [5533] (mc e ms16: Gella, Isla de Arosa)

18791. **O fondo claro, o peixe raro.** [5534] (mc e ms16: M.-Bueu)

18792. **Peixe de lus o mellor é.** [5535] (mc e ms16: M.-Bueu)

18793. **Peixe pesca peixe.** (ms16: Muros, Artaza)

18794. **Peixes mortos, homes vivos; peixes vivos, homes mortos.** [5536] (mc e ms16: M.-*R. de P.*)

Porque mueren cuando se les pesca, y en ella está la vida del pescador.

18795. **Pesca de marzo, pesca de manchón.** (ms16: *R. Fisterrán*)

18796. **Se ves mascatos voar, busca a sardiña no mar.** (ms10,038v: *D.E.*)

18797. **Sete cucharadas, fóra cuada.** (ms5,033)

Se refiere este refrán a la pesca del jurel. Para ella, dice Mayán, se emplean embarcaciones movidas a motor. Se hace con *medio mundo*, especie de bolsa formada por un paño de mallas pequeñas y resistentes unido a dos varillas de acero de doce metros de largo que se unen en circunferencia. Una vez el *medio mundo* en el agua, se ceba o *maciza* sobre el con bolsas de jureles molidos. Después que los peces han acudido a comer lo metido en el *medio mundo*, se levanta éste y quedan encerrados en la concavidad que forma la red. Los marineros aproximan entonces la pesca hasta el costado de la embarcación y van sacando el pescado valiendose de una bolsa de red denominada *cuchara*. Cuando quedan ya pocos jureles cogen el paño y le dan vuelta, operación esta última llamada *cuada*, de donde procede el dicho tan vulgar entre ellos de *sete cucharadas, fóra cuada.*

18798. **Tod'o que cai na rede é peixe.** [5537] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18799. **Todo o que cai na rede non é peixe.** (ms16: Sober)

18800. **Tremoada no Miño, peixe, pan e millo.** (ms16: Alfonso Vázquez Martínez en *Lar*)

PESCADORES. V. tamén *Embarcaciones, Marítimos* (*Peces*), *Oficios, Pesca*.

18801. **A tronada pola terra, pais e fillos para o mar.** (mc: *Sonata Gallega*. Marín)

Var.: *Treboada pola terra, pais e fillos para o mar.* (ms16: M.-*R. de P.*)

Porque anuncia buen tiempo.

18802. **Cando as nubes están pegadas ás montañas, pescador, non saques a caña.** (mc e ms16: J.T.)

18803. **Canto máis besta, máis peixes.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Sada / ms11,05: C.A. *A Nosa Terra*)

(pt) *Quanto mais burro mais peixe.* (Chaves)

El sentido del refrán lo da la siguiente canción popular, recogida en Sada por Ballesteros (*Cancionero*, I, p.90): *Si quieres ir a pescar / pol-o que sepas non deixes, / porque, como dín alí, / "canto máis besta máis peixes"*. También en Ribadeo se canta: *Si quieres ir a pescar / por fortuna non deixes, / porque hai un refrán que dice: / "Canto máis burro, máis peixes"*.

18804. **Canto máis burro, máis peixe.** (mc e ms16: C.A. / ms11,05: C.A. *A Nosa Terra*)

18805. **Encarnado pó mar, mariñeiros a pescar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18806. **Néboa no mar, mariñeiros á pesca.** (mc e ms16: Cariño)

Var.: *Néboa no mar, mariñeiro a pescar.* (ms4: Pontevedra-F.V.S.)

18807. **Neboeiro, pesca rara.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)

Var.: *Neboeira, pesca rara.* (ms16: Lis Quibén, *D.* VIII, P. 490)

18808. **¿Neboeiro? Pesca rara e auga crara.** (mc e ms16: M.-*R. de P.*)

18809. **Nebra no mar, mariñeiros a pescar.** (mc e ms16: Cariño, Gella)

18810. **Neve na montaña, pescador á cabaña.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)

18811. **Niebla no valle, mariñeiro á calle.** (mc e ms16: Muros)

(es) *Niebla en el valle, pescador a la calle.* (Gella)

[5532] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Peces*. / ms e ms4: *peixes a fora*; ms16: *peixes afora*.

[5533] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Peces*.

[5534] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Peces*.

[5535] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Peces*.

[5536] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Peces*.

[5537] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Peces*.

18812. **Pescador de caña non xunta prá caña.** (mc: F.L. / ms16: F.I.)

18813. **Pescador de caña, canto pesca, canto gasta.** (mc e ms16: Lugo-F.V.S.)

(pt) *Pescador de cana, mais come que ganha, mas quando a dita corre, mais ganha que come.* (Chaves) (es) *Pescador de caña, más come que gana.* (Correas) / *Pescador de caña, más come que gana; mas si la dicha le corre, más que gana come.* (ct) *Peixcaor de canya, més pèrt que guanya.* (Alberola) / *Peixcaor de canya y moliner de vent, sense notari, fan testament.* (Id.)

Así en Correas, quien anota la gracia de la segunda parte, que parece que va a contradecir la primera y resuelve configurándola ¿Será una errata del portugués?

18814. **Pescador de caña, máis come que gana.** (mc e ms16: F.I. / ms15,02: La Coruña)

18815. **Pescador de caña, pescador de nada; e s'a caña creba, pescador de merda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18816. **Pescador de anzuelo nunca tuvo castelo.** (mc, ms4 e ms16: Ribadeo)

(es) *Pescador de anzuelo, vuelve a su casa con duelo.* (Gella) / *Pescador, cazador y gaitero, nunca tendrán mucho dinero.* (Id.) / *No hará casa con azulejos el que en cazar y pescar gasta su tiempo.* (Id.)

Pescador de anzuelo, nunca se hizo rico. (ms4)

18817. **Pescador de caña, pescador de nada.** (ms16: Lugo)

(pt) *Pescador de cana, máis come que ganha; mais, quando a dita corre, mais ganha que come.* (Chaves) (es) *Pescador de caña, más come que gana.* (Correas) (va) *Peixcaor de canya, més pèrt que guanya.* (Alb.)

18818. **Pescador que pes pesca, pescador é.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

18819. **Pescantín de piolín, nunca ningún rico vin.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18820. **Pescantín de caña perde máis que gana; e se a caña creba, pescantín á merda.** (ms16: Barcia, Navia de Suarna)

Var.: *Pescador de caña perde máis que gana.* (ms16: Lugo)

18821. **Pra axar e pra berrar non hai coma a xente do mar.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

18822. **Pra ser bo pescador hai que ser bo bebedor.** (mc e ms16: Gella, Isla de Arosa)

(es) *Para ser buen pescador, has de ser buen bebedor.* (Comillas- Gella)

18823. **Si chove en xaneiro, pon as redes ó fumeiro.** (ms16: Alfonso Vázquez Martínez en *Lar* de B. Aires, nº 233)

18824. **Si hai enchentes en febreiro, pon as redes ó fumeiro.** (ms16: Alfonso Vázquez Martínez en *Lar* de B. Aires, nº 233)

18825. **Treboada polo leste, mariñeiro pró mar.** (mc: Puebla del Caramiñal-F.V.S. / ms16: M.-*R. de P.*)

18826. **Tronada polo este, pais e fillos pró mar.** (mc e ms16: M.-*R. de P.*)

PESCADOR

18827. **Máis val pescar no mar linguados que no río barbos.** (ms10,091r: *D.E.*)

18828. **O pescar con caña quer pacencia e maña.** (ms10,091r: *D.E.*)

18829. **Pescador de anzoo, volve á casa con doo.** (ms10,091r: *D.E.*)

18830. **Pescador de cana come máis do que gana; e se a sorte lle corre, máis do que gana come.** (ms10,091r: *D.E.*)

18831. **Pescador de cana máis perde que gana.** (ms10,091r: *D.E.*)

18832. **Pescador de cana, máis come que gana; e se a sorte lle vén, máis come que ten.** (ms10,091r: *D.E.*)

18833. **Pescador que pesca un soilo peixe, millor lle é que o oficio deixe.** (ms10,091r: *D.E.*)

18834. **Pra pescar hai que ir ó río ou ó mar.** (ms10,091r: *D.E.*)

18835. **Quen queira pescar ten que se mollar.** (ms10,091r: *D.E.*)

PESIMISMO

18836. **Hoxe mal, mañán pior: ¡vállanos Noso Señor!** (ms16 e ms10,30v: *D.E.*)

(es) *Hoy mal, mañana peor.* (R. Marín)

18837. **Niste mundo maldito, o que nace pra probe, non chega a rico.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

18838. **Niste mundo todo son desgracias.** (ms16: Lugo)

18839. **Niste pueblo maldito, o que nace pra probe, nunca chega a rico.** (mc / ms16: Silvarrey)

(pt) *Quem nasceu para pobre, não chega a rico.* (Chaves) (es) *Quien nació para pobre, jamás llegará a ser rico.* (R. Marín)

18840. **O que nace pra probe, nunca a rico chega.** (ms16: Lugo)

18841. **O que naceu pra probe, a rico nunca chegará.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

18842. **Quen de Dios está que ha de ser probe, nunca rico morre.** [5538] (mc, ms e ms16: M.V.)

(pt) *Quem nasceu para pobre, nao chega a rico.* (Chaves) (es) *Quien nació para pobre jamás llegará a ser rico.* (R. Marín)

PESO

18843. **A romana do demo, que entra con todas.** [5539] (mc: C.A.)

Var.: *A romana do demo entra con todas.* (ms16: Sarria)

(es) *Como la romana del diablo, que entra con todas.* (Sbarbi) / *La romana del diablo entra con todas: lo mismo con libras que con arrobas.* (R. Marín) / *La romana del diablo entra con todas.* (M. Kleiser)

18844. **Non se sabe cánto pesa a carne en canto non-o di a romana.** [5540] (mc: M.V.)

Var.: *Non se sabe o que pesa a carne mentras non-o di a romana.* (ms16: *D.E.*)

18845. **Non se sabe o que pesa a carne en canto non-o di a romana.** [5541] (ms21,26v: Bermés / Amador Darriba Míguez)

18846. **Pesa máis moxena que feixe de leña.** [5542] (ms21,26v: Bermés)

18847. **Peso e medida manteñen a paz da vida.** (ms10,091r: *D.E.*)

18848. **Peso e medida manteñen a paz na aldea e na vila.** (ms10,091r: *D.E.*)

18849. **Peso e medida quítanlle ó home fatiga.** (ms10,091r: *D.E.*)

18850. **Peso e medida teñen en paz a nosa vida.** (ms10,091r: *D.E.*)

18851. **Un peso na casa non pare outro.** (ms10,091r: *D.E.*)

PETICIONES.

V. tamén *Dádivas, Dado, Dar y recibir, Donaciones, Limosna, Negación, Negativas, Testamento*.

18852. **A moito pedir pouco ofrecer.** [5543] (ms10,085r: *D.E.*)

18853. **A pedir calquera chega.** [5544] (ms10,085r: *D.E.*)

18854. **Ben sei o que digo cando pan pido.** [5545] (ms16 e ms10,002v e ms10,112r: *D.E.*)

(es) *Bien sé lo que digo cuando pan pido.* (Z.)

18855. **Cando pedimos somos meiguiños; desque alcanzamos, xa cambeamos.** [5546] (ms10,085r: *D.E.*)

18856. **Como aquí estamos os dous, nin ti mo pides nin eu cho dou; e si cho pido e ti non mo das, ¡en que vergonza me deixarás!** [5547] (ms10,085r: *D.E.*)

18857. **É cousa de probes andar sempre a pedir.** [5548] (ms10,086r: *D.E.*)

18858. **Hoxe é día de "botade aquí, tía".** (ms10,030v: *D.E.*)

18859. **Máis val pedir que furtar.** [5549] (ms10,086r: *D.E.*)

18860. **Meu diñeiro manso, ¿quen te volveu bravo?** (ms16: *D.E.*)

(es) *Mis dineros mansos ¿quién me los hizo bravos?* (H. Núñez)

18861. **Millor é que non pidas o que, se cho pedisen, negarías.** [5550] (ms10,086r: *D.E.*)

18862. **Moito pide o tolo, mais tolo é quen llo dá.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

18863. **Non lle pidas peras ó olmo.** (mc e ms16: Buciños)

(es) *Pedir peras al olmo.* (Sbarbi) / *No pidas al olmo la pera, pues no la lleva.* (H. Núñez)

[5538] ms: *qu'a de ser pobre*.

[5539] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Diablo*.

[5540] ms3: *o que pesa, n'o dí*.

[5541] A. Darriba Míguez: *canto no di*.

[5542] *Moxena*, según Eladio Rodríguez é a *chispita que salta del fuego; muxica*.

[5543] En ms10 s.v. *Pedir*.

[5544] En ms10 s.v. *Pedir*.

[5545] En ms10,002 s.v. *Decir* e en ms10,112r s.v. *Saber*.

[5546] V. *Cando pedimos, somos meiguiños; desque alcanzamos, xa variamos* en *Religiosos y morales*. En ms10 s.v. *Pedir*.

[5547] En ms10 s.v. *Pedir*.

[5548] En ms10 s.v. *Pedir*.

[5549] En ms10 s.v. *Pedir*.

[5550] En ms10 s.v. *Pedir*.

18864. **Non pidas de man allea, se a túa non vai chea.** [5551] (ms10,086r: *D.E.*)

18865. **Ó pedichón non lle teñas moita compasión.** [5552] (ms10,085r: *D.E.*)

18866. **Ó pedichón non se lle podre o pan no bulsón.** [5553] (ms10,085r: *D.E.*)

18867. **O probe que pide pan, come carne, se lla dan.** [5554] (ms10,086r: *D.E.*)

18868. **O que anda a pedir non anda a fuxir.** [5555] (ms10,086r: *D.E.*)

18869. **O que pide non escolle.** [5556] (ms10,086r: *D.E.*)

18870. **O que quere limosnar, polos seus ten que empezar.** [5557] (ms9,03r: O. de Rey)

18871. **O que vai pedindo non vai correndo.** [5558] (ms10,086r: *D.E.*)

18872. **O que vai pra pedir non vai pra fuxir.** [5559] (ms10,086r: *D.E.*)

18873. **Pedinche auga e non ma deches; cando ma pidas a min, farei como me fixeches.** (mc e ms16: Santiago)

18874. **Pedir o inxusto pra que nos dean o xusto.** [5560] (ms10,086r: *D.E.*)

18875. **Pedir pra comer e pagar pra pedir.** [5561] (ms10,086r: *D.E.*)

18876. **Pedir sobrado pra salir co mediado.** [5562] (ms10,086r: *D.E.*)

18877. **Pía, pía, manga vacía; chámolle pía pra que me día.** [5563] (mc e ms16: A.S.A.)

18878. **Pide o goloso pró cobizoso.** [5564] (ms16: *D.E.*)

(es) *Pidió el goloso para el deseoso.* (Z.)

18879. **Pide o millor e espera o pior.** [5565] (ms10,086r: *D.E.*)

18880. **Pide soilo o que has mester, se queres goberno ter.** [5566] (ms10,086r: *D.E.*)

18881. **Por pedir naide é probe.** (ms16: Silvarrey)

18882. **Quen non sabe pedir, non sabe vivir.** [5567] (ms10,086r: *D.E.*)

18883. **Quen pide emprestado, unhas veces ponse amarelo e outras coorado.** [5568] (ms10,086r: *D.E.*)

18884. **Quen pide o que non ha mester, terá o que non quer.** [5569] (ms10,086r: *D.E.*)

18885. **Quen vai pedir non vai a fuxir.** [5570] (ms10,086r: *D.E.*)

18886. **Si a pedir deran, ¡cantos probes habería!** [5571] (ms8,40r e ms16: La Cañiza)

18887. **Si che piden cartos, pregunta pra qué son; e si chos dan, cala.** [5572] (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)

18888. **Tanto aburre o moito pedir com'o pouco ofrecer.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

18889. **Tres cousas pedía, se Dios mas dese: a tea, o tear e a que tece.** [5573] (ms10,086r: *D.E.*)

18890. **Val máis pedilo que roubalo.** [5574] (ms10,086r: *D.E.*)

18891. **Vale máis ter que andar a pedir.** (ms16: Betanzos)

CONVENIENCIA DE PEDIR

18892. **De pedir e pedichar algo se pode sacar.** (ms15,16)

18893. **Debe pedirse sempre, pois algo darán algunha vez.** (ms15,16)

18894. **Do que non pide ninguén se acorda.** [5575] (ms15,16, mc e ms16: J.P. / ms18,72r: A.S.A. / ms10,086r: *D.E.*)

18895. **Frade que non berra, convento que non medra.** (mc: Chantada)

18896. **Máis se gana a pedir que non a dar.** (ms9,11r e ms16: O. de Rey)

Var.: *Gánase máis pedindo que dando.* (ms16: Santiago)

(es) *Más se junta pidiendo que dando.* (R. Marín)

18897. **No pedir non hai engano.** [5576] (ms15,52v / ms10,085r: *D.E.*)

[5551] En ms10 s.v. *Pedir*.
[5552] En ms10 s.v. *Pedir*.
[5553] En ms10 s.v. *Pedir*.
[5554] En ms10 s.v. *Pedir*.
[5555] En ms10 s.v. *Pedir*.
[5556] En ms10 s.v. *Pedir*.
[5557] O orixinal di: *O que quere limosnar pol-o seus ten que empezar*.
[5558] En ms10 s.v. *Pedir*.
[5559] En ms10 s.v. *Pedir*.
[5560] En ms10 s.v. *Pedir*.
[5561] En ms10 s.v. *Pedir*.
[5562] En ms10 s.v. *Pedir*.
[5563] V. *Chámolle tía pra que me día; si non me dá, tía marrá* en *Familia. Parientes.*
[5564] V. *Pide o goloso pró vergonzoso* en *Vergüenza*.
[5565] En ms10 s.v. *Pedir*.
[5566] En ms10 s.v. *Pedir*.
[5567] En ms10 s.v. *Pedir*.
[5568] En ms10 s.v. *Pedir*.
[5569] En ms10 s.v. *Pedir*.
[5570] En ms10 s.v. *Pedir*.
[5571] ms8: *habría*.
[5572] ms16: *pergunta*.
[5573] En ms10 s.v. *Pedir*.
[5574] En ms10 s.v. *Pedir*.
[5575] mc: *ningún se acorda*; ms10: *ninguién*. / En ms10 s.v. *Pedir*.
[5576] En ms10 s.v. *Pedir*.

18898. **O neno que non chora non mama.** [5577] (ms-LU: Luís Alonso Alonso)

18899. **O que chora** [sic] **non mama.** (ms-LU: seminarista anónimo: Telleira, Canduas, Cabana de Bergantiños, C)

18900. **O que non chora non mama.** (ms16: *D.E.* / ms21,12r: Bermés)
(es) *Niño que no llora no mama.* (R. Marín)

18901. **O que non mama non chora.** [sic] (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

18902. **Por pedir nada se perde.** (ms16: Lugo)
(es) *Por pedir, nada se pierde.* (R. Marín)

CUANTÍA EN LAS PETICIONES

18903. **O galego hastra é probe en pedir.** (ms16: Silvarrey)

18904. **O pedir moito é de louco; e de burro o pedir pouco.** (ms16: Lugo)
(es) *El pedir mucho es de loco y de tonto el pedir poco.* (R. Marín)

18905. **O que moito pide, nada se lle dá.** (ms16: Santiago)

18906. **Contra o vicio de pedir hai a virtú de non dar.** [5578] (mc, ms e ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms16: C.A. / ms18,27r / ms10,086r: *D.E.*)
(es) *Contra el vicio de pedir, hay la virtud de no dar.* (R. Marín)

INCONVENIENTES DE PEDIR

18907. **É millor deixar a pillos ca pidir a homes de ben.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

18908. **Non hai cousa tan cara coma a que con rogos se acada.** (ms16: *D.E.*)
(es) *No hay cosa tan cara como la que con ruegos se alcanza.* (Correas)

18909. **O que pide non escolle.** (ms16: Lugo)
(es) *Quien pide no escoge.* (R. Marín)

18910. **Vale máis dar a bos ca pedir a ruís.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)

18911. **Vale máis deixar a pillos que pedir a bos.** (mc, ms4 e ms16: F.B.B. / ms4: S.P.P. *Ultreya*)
(pt) *Mais vale deixar a maus que pedir a bons.* (Chaves) (es) *Más vale dejar en muerte a un pillo un duro que pedir en vida una peseta a un hombre de bien.* (R. Marín) / *Mejor es dejar a ruines que pedir a buenos.* (Correas)

18912. **Vale máis deixar a ruís ca pedir a bos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

PEDIGÜEÑOS

18913. **Algo alcanza aquel que non cansa.** (ms16: *D.E.*)
Var.: *Algo alcanza quen non cansa.* (mc: C.A.)
(es) *Alcanza quien no cansa.* (Sbarbi) (ct) *Alcança qui no cansa.* (Alberola)

18914. **Cando non é por berzas é por fío negro.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Cuando no es por berzas es por hilo negro.* (R. Marín)

18915. **Cansa quen dá, que quen pide, nin cansa nin cansará.** (ms16: *D.E.*)

PETICIONES INDISCRETAS

18916. **Mais val mercar que a ruís rogar.** (ms16: Lugo)
(es) *Más quiero comprar que a ruines rogar.* (Correas)

18917. **Máis val mercar que andar a rogar.** [5579] (ms16 e ms10,039r: *D.E.*)

18918. **Nin pidas a quen pidio nin sirvas a quen servio.** (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

18919. **Nin sirvas a quen sirviu nin pidas a quen pidiu.** (ms18,73r: A.S.A.)

18920. **Non sirvas a quen sirveu nin pidas a quen pideu.** [5580] (mc: *Terra de Melide* / ms: V.R. y A.R. / ms21,15r: Bermés / ms-LU: Dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo)
Var.: *Non pidas a quen pediu nin sirvas a quen serviu.* (ms16 / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
(es) *Ni sirvas a quien sirvió ni pidas a quien pidió, ni mandes a quien mandó.* (Correas) / *No pidas a quien pidió, ni sirvas a quien sirvió, ni debas a quien debió.* (R. Marín)

18921. **Nunca pidas a quen ten senón a quen sabes que che quer.** (ms16: Santiago)

18922. **Nunca sirvas a quen sirveu nin pidas a quen pideu.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

18923. **O que non che ha de axudar, non lle vaias a chorar.** (ms16)

[5577] O orixinal di: *O neno non que chora, non mama.*
[5578] ms, ms4 e ms18,27r: *virtud*; ms18,27r: *Contra do vicio.* / En ms10 s.v. *Pedir*.
[5579] En ms10 s.v. *Mercado*.
[5580] ms-LU: *sirviu, pediu, pidiu*.

(es) *A quien no te ha de ayudar no le vayas a llorar.* (R. Marín)
En *Diccionario Enciclopédico* "o que che ha de axudar", sin duda por errata.

PEZ

18924. **Hai que agarrarse ó pez, que a cera vai cara.** [5581] (ms10,091r: *D.E.*)

PÍCAROS

18925. **A pícaro descalzo, home calado, e muller barbada non lle deas pousada.** (ms10,092r: *D.E.*)
18926. **A pillo, pillo e medio.** [5582] (mc: C.A.)
(pt) *Ao ruim, ruim e meio.* (Chaves) (es) *A pillo, pillo y medio.* (R. Marín) (ct) *A pillo, pillo y mig.* (Alberola) (fr) *À trompeur, trompeur et demi.* (R. Marín)
18927. **De pillo a pillo hai pouco camiño.** (ms16: Santiago)
18928. **Este mundo aquí ha quedar no poder de catro pillos.** (ms)
18929. **Este mundo é dos pillos.** (ms16: Lugo)
(es) *Para los tunos está hecho el mundo.* (R. Marín)
18930. **Vale máis ser pillo que pillado.** (mc e ms16: M.V.)
18931. **Xente de tralla, que vén con quen veña e vai con quen vaia.** [5583] (mc e ms16: Santiago)

PIEDRA

18932. **A pedra e a doncela, de lonxe vela.** (ms10,086r: *D.E.*)
18933. **A pedra e a palabra non se recolle dispois de botada.** (ms10,086r: *D.E.*)
18934. **A pedra que roda non colle musgo.** (ms10,086r: *D.E.*)
18935. **A pedra redonda nunca moito acouga.** (ms10,086r: *D.E.*)
18936. **A pedra veña xa, que a iauga xa virá.** [5584] (ms10,086r: *D.E.*)
18937. **As pedras unhas con outras é como se atopan.** (ms10,086r: *D.E.*)
18938. **De quen non se pensaba, gran pedrada.** [5585] (ms: M.V. / ms10,086r: *D.E.*)
18939. **Non hai pedra por dura que sexa que non amoleza.** (ms10,086r: *D.E.*)
18940. **Pedra contada nunca ganada.** (ms10,086r: *D.E.*)
18941. **Pedra movediza nunca musgo cría.** (ms10,086r: *D.E.*)
18942. **Pedra no suco, néboa en todo o mundo.** (ms10,086r: *D.E.*)
18943. **Pedra santa, que de seu se anda.** (ms10,086r: *D.E.*)
18944. **Pedra sin auga non aguza na fragoa.** (ms10,086r: *D.E.*)
18945. **Pedrada antes contada, moi poucas veces ganada.** (ms10,086r: *D.E.*)
18946. **Pedrada contada, nunca ganada.** (ms10,086r: *D.E.*)
18947. **Quen furga e se amaña, hastra das pedras saca.** (ms10,086r: *D.E.*)
18948. **Tira-la pedra con man allea é cousa fea.** [5586] (ms10,086r: *D.E.*)
18949. **Tira-la pedra i-esconder a man é de peilán.** [5587] (ms10,086r: *D.E.*)
18950. **Tira un a pedra e non sabe ónde vai dar.** (ms10,086r: *D.E.*)
18951. **Vaise a pedra da fonda i-a palabra da boca, e ningunha ten volta.** (ms10,086r: *D.E.*)

PIERNA. V. tamén *Cojos, Zambo*.

18952. **A perna crebada, na cama ou na casa.** (ms10,091r: *D.E.*)
18953. **Cada un estende a perna como ten a coberteira.** (ms10,091r: *D.E.*)
18954. **Cada un estrica a perna hastra onde a sábaa chega.** (ms10,091r: *D.E.*)
18955. **Ninguién estenda a perna máis do que a sábaa dea.** (ms10,091r: *D.E.*)

PIES

18956. **Alá se nos van os pés onde conta nos ten.** (ms10,085r: *D.E.*)
18957. **Andar a catro pés com'os gatos.** (ms10,085r: *D.E.*)
18958. **Catro pés ten o gato e cinco ten co rabo.** (ms10,085r: *D.E.*)
18959. **Cun pé soilo non se anda moito.** (ms10,085r: *D.E.*)
18960. **Non che se irá por pés o que na túa man tes.** (ms10,085r: *D.E.*)

[5581] V. *Ofrece-lo pez, que a cera vai cara* en *Ahorro y tacañería*.
[5582] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.
[5583] V. *Xente de tralla, mala canalla* en *Desdén y desprecio*. / mc: *con quen vaya*.
[5584] O orixinal di: *A pedra veña xa, que a i-auga xa virá*.
[5585] En ms10 s.v. *Piedra*.
[5586] O orixinal di: *Tirala pedra con man allea é cousa fea*.
[5587] O orixinal di: *Tirala pedra i esconder a man, é de peilán*.

18961. **O pé do dono é esterco prá leira.** (ms10,085r: *D.E.*)

18962. **O pé no berce i-as mans na roca, así fai a muller facendosa.** (ms10,085r: *D.E.*)

18963. **Pés quentes, cabeza fría.** (ms10,085r: *D.E.*)

18964. **Pés tortos non han mester zocos.** (ms10,085r: *D.E.*)

18965. **Quen non ten pés non pode dar couces.** (ms10,085r: *D.E.*)

PILLAR

18966. **Non digas pillache o gato mentras n'o teñas no saco.** [5588] (mc: A.C.A. *A Nosa Terra*)

Var.: *Non digas "pillei o gato" mentras non o teñas no saco.* (ms10,092r: *D.E.*) [5589]

18967. **Quen tivo mans, puido pillar mazáns.** (ms10,092r: *D.E.*)

PILLO

18968. **Tódolos pillos teñen sorte.** (ms10,092r: *D.E.*)

PIOJOS

18969. **Cando o piollo salta, ¿que farán as pulgas?** [5590] (mc e ms16: Lugo / ms4: M.L.)

18970. **Cando o piollo se ve nunha camisa lavada, non sabe por dónde se ha de escarramexar.** (mc e ms16: Buciños)

18971. **Cando os piollos saltan, ¿que farán as pulgas?** (ms10,092r: *D.E.*)

18972. **Castañas a roer e piollos a nacer.** (ms-SA: Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)

18973. **Hai que sacar da cabeza máis que pollos.** [5591] (ms8,63v: Silvarrey)

Pollos = piollos.

18974. **O piollo busca a lendia.** (ms16: *R. Fisterrán*)

18975. **O piollo corre moito na camisa lavada.** (ms16)

18976. **O piollo vai labrar, a pulga vai gradar, o probe do carrachiño bótano a escutrillar.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

18977. **Piollo pequeno en camisa lavada, vólvese tolo e non sabe o que faga.** [5592] (mc e ms16: S.P.P.-*Ultreya*)

18978. **Piollo resucitado e enfachendado morre coma un condanado.** (ms10,092r: *D.E.*)

18979. **Se vou ó bodegón, eu volverei ou non, pero se vou ó rin rin, non teñas mentes por min.** (mc: Loureiro de Cotovad)

Habla el piojo de la suerte que correrá, según que vaya a la *colada* o al fuego.

PIPA

18980. **Cada fustalla cheira ó viño que garda.** (ms10,24r: *D.E.*)

18981. **Cada fustalla cheira ó viño que gardou.** (ms10,24r: *D.E.*)

18982. **Fustalla boa, lavada e limpa fai medio viño.** (ms10,24r: *D.E.*)

PISAR

18983. **O que parece que non tripa as herbas, por onde pasa, tólleas.** (ms10,133r: *D.E.*)

PLACER

18984. **A vida é mui cara; haina máis barata, pero non é vida.** (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)

18985. **En tempo de vacación fágase o que o tempo dispón.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

18986. **Seas pobre, seas rico, detrás da comida bota un pito.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

ENCOMIOS DEL PLACER

18987. **Carga que con gusto se leva, pouco pesa.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Carga que aplace, bien se trae.* (Z.)

18988. **Sarna con gusto non pica, pero mortifica.** (mc: Sarria / ms16: Lugo)

(es) *Sarna con gusto no pica, pero mortifica.* (R. Marín)

18989. **Sarna con gusto non pica.** (mc: M.V. / ms16: Sarria / ms14,16.)

(pt) *Sarna de gosto não pica.* (Chaves) (es) *Sarna con gusto no pica; y si pica, mortifica.* (R. Marín) / *Sarna con gusto no pica.* (R. Marín)

18990. **Vale máis un gusto que cen pandeiros.** [5593] (mc / ms4: F.V.S. / ms16: *D.E.* / ms21,16v: Bermés)

(pt) *Mais vale um gusto na vida que seis vinténs na algibeira.* (Chaves) (es) *Más*

[5588] En *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.
[5589] En ms10 s.v. *Pillar*.
[5590] ms4: *os piollos saltan*.
[5591] O orixinal di: *Hai que sacar da cabeza mais que pollos.*
[5592] ms: *vese tolo*; ms4: *vese tolo, non sabe*.
[5593] ms21,16v: *qu'a cen*.

vale un gusto que cien panderos. (R. Marín) / *Más vale un gusto que cien reales.* (Id.) (ct) *Més val un gust que cent lliures.* (Alberola) / *Més val un gust, que cen panderos.* (Ricart)

18991. **Vale máis un gusto que un pandeiro.** (ms21,31r: Bermés)

PLACERES Y DUELOS

18992. **Día de alegría, víspora de tristeza.** (ms8,70r: Trives)

18993. **Día de pracer, víspora de pesar.** [5594] (ms16 e ms10,005r: *D.E.*)

18994. **Non hai pracer sin door.** (ms16: Lugo)
(es) *No hay placer donde no haya dolor.* (R. Marín)

18995. **Por un pracer, cen doores.** (ms16: Lugo)
(es) *Un deleite mil dolores.* (R. Marín)

PLANTA "NOCELLA"

18996. **A nocella inza moito e come a terra.** (ms10,069r: *D.E.*)

PLATA

18997. **O que ata moito a prata, o diaño lla desata.** (ms10,097r: *D.E.*)

18998. **Prata é sempre o que prata vale.** (ms10,097r: *D.E.*)

18999. **Quen vai soilo pola prata, ben pode decir que se ata.** (ms10,097r: *D.E.*)

PLAZA

19000. **Manda sempre á praza o millor mozo da casa.** (ms10,098r: *D.E.*)

19001. **O que ás doce do día está na praza, ou non ten que xentar ou non ten casa.** [5595] (ms10,098r: *D.E.*)

19002. **O que vai á praza pra esculcar o que pasa, inda millor lle fora quedarse na casa.** (ms10,098r: *D.E.*)

PLAZO. V. tamén *Pagos*.

19003. **Non hai prazo que non chegue nin forza que non se acabe.** (ms10,098r: *D.E.*)

19004. **Non hai prazo que non chegue.** (ms10,098r: *D.E.*)

19005. **Non hai prazo que non se cumpra nin débeda que non se pague.** (ms10,098r: *D.E.*)

PLEITOS. V. tamén *Jurídicos y similares*.

19006. **A mal direito, bo preito.** [5596] (ms16 e ms10,004r: *D.E.*)

19007. **A pleito claro non fai falla letrado.** (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)
(es) *En pleito claro, no es menester letrado.* (Sbarbi) (ct) *En pleit clar, no es menester abogat, en pleit dubtós, ni uno, ni dos.* (Alberola)

19008. **A quen mal queiras preito lle vexas.** (ms10,098r: *D.E.*)

19009. **A un mal preito, con retranca dáselle xeito.** (ms10,098r: *D.E.*)

19010. **A un mal pleito, con retranca dáselle xeito.** (ms15,15)

19011. **Cada preito leva almas ó inferno.** (ms10,098r: *D.E.*)

19012. **Cen anos de guerras e non un de preitos.** (ms10,098r: *D.E.*)

19013. **De dous preiteantes, o que perdeu está sin camisa i-o que ganou a está sacando a prisa.** (ms9,15v: Taboada)

19014. **En preito craro non é mester abogado.** (ms10,098r: *D.E.*)

19015. **En preito vexas a quen mal queiras.** (ms10,098r: *D.E.*)

19016. **Máis val preitear por pouco que por moito.** (ms10,099r: *D.E.*)

19017. **Máis vale un mal axuste que un bo preito.** (ms10,098r: *D.E.*)

19018. **Na xusticia non gana o que ten o direito sinón o que ten diñeiro.** [5597] (ms8,61v e ms16: Silvarrey)

19019. **Naipes e preitos non mercan leiros.** (mc e ms16: F.B.B.)
Var.: *Naipes e preitos non mercan os leiros.* (A.N.)

19020. **Necios e porfiados fan ricos os letrados.** (mc e ms16: Carballedo)
(es) *Necios y porfiados hacen ricos los letrados.* (Correas)

19021. **Non hai preito que non se arregle nin corno que non se endereite.** [5598] (mc e ms16: Carballedo / ms4: F.V.S.)

19022. **Non quero preito co meu diñeiro.** (ms10,098r: *D.E.*)

19023. **Nos pleitos, o que gana perde.** (ms9,12r: Silvarrey)

19024. **O bo preiteante ten que levar o diñeiro por diante.** (ms10,099r: *D.E.*)

[5594] ms10: *vispra* / En ms10 s.v. *Día*.
[5595] V. variantes en *Casa*.
[5596] En ms10 s.v. *Derecho*.
[5597] ms16: *ten o dreito, senon*.
[5598] ms16: *Non hay pleito*.

19025. **O bo preiteante, quedo da boca, listo da perna e aberto da falchoca.** (ms10,099r: *D.E.*)

19026. **O pior do preito é que de un sallan cento.** [5599] (ms10,099r: *D.E.* / ms15,15)

19027. **O pleito acabado, bolsillo acabado.** (ms16: Silvarrey)

19028. **O pleito ganado, bolsillo acabado.** (ms9,12r: Silvarrey)

19029. **O que preitea quer paso largo e bulsa aberta.** (ms10,099r: *D.E.*)

19030. **O que sempre anda con preitos, ha de salir perdendo.** (ms-SA: Carballo)

19031. **O que sempre anda en preitos, ha de salir perdendo.** (mc e ms16: Santiago)

19032. **O que vai á xusticia non ten que facer.** (ms9,12v e ms16: Silvarrey)

19033. **Os bos preitos son os alleos.** (ms10,099r: *D.E.*)

19034. **Pleiteante con fortuna é o que ten por enemigo a quen ten súa facenda en diñeiro e pan cocido.** (mc e ms16: M.L.)

19035. **Pleito de probe na proba morre.** (mc e ms16: A.N. / ms21,28r: Bermés / Amador Darriba Míguez)

Var.: *O preito do probe na proba morre.* (ms)

(es) *Cuando no hay blanca, todo se estanca.*

19036. **Polo que gardo no meu peito non teño preito.** [5600] (mc e ms16: F.B.B. / ms21,27v: Bermés)

(es) *Por lo que guardo en mi pecho, nunca tendré pleito.* (R. Marín)

19037. **Preitos non teñas anque ganados os vexas.** (ms10,099r: *D.E.*)

19038. **Preitos non teñas anque os ganes.** (ms10,099r: *D.E.*)

19039. **Puxen un preito ó veciño polo derrego dun leiro; comer, comeume todo a curia, pero amolar, amoleino.** [5601] (mc e ms16: Buciños)

Parece procedente dunha canción popular y pone de manifiesto la perjudicial terquedad de muchos de nuestros paisanos.

19040. **Quen de preito se librou, bo preito ganou.** (ms10,099r: *D.E.*)

19041. **Quen de preitos se librou, boa sorte alcanzou.** (ms10,099r: *D.E.*)

19042. **Quen preitea, hasta de si mesmo sospeita.** (ms10,099r: *D.E.*)

19043. **Se queres gañar pleitos: boca calada, bolsa aberta, e pé dilixente.** (mc: Tuiriz / ms16)

19044. **Se te metes no xusgado, leva o asunto ben preparado.** [5602] (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

19045. **Si o pleito queres ganar, dúas cousas has de ter: ter dreito e dalo a entender, e que cho queiran dar.** [5603] (mc: Bagueixos, Lugo-F.V.S.)

19046. **Un pleito trai outro.** (ms16: Palas de Rey)

(es) *Un pleito trae consigo ciento.* (Correas) / *Un pleito despierta otro.* (Correas) / *De un divieso nacen siete y de un pleito veinte.* (R. Marín)

EVITAR PLEITOS

19047. **Máis val unha mala avenencia que un bon preito.** (ms18,32r)

19048. **Máis vale mala avenencia que boa sintencia.** [5604] (mc e ms16: R. Caruncho / mc: Buciños)

Var.: *Máis vale unha mala avenencia que un mal preito.* (C.A.)

(pt) *Mais vale ruim composição do que boa demanda.* (Chaves) / *Mais vale má avença que boa sentença.* (Id.) (es) *Más vale mala avenencia que buena sentencia.* (Correas) / *Más vale mal concierto que buen pleito.* (Id.) / *Más vale mal ajuste que buen pleito.* (ct) *Més val un roín arreglo qu'un bòn pleit.* (Alberola)

19049. **Máis vale un mal axuste que un bon pleito.** (ms15,15)

Var.: *Vale máis un mal arreglo que un bo pleito.* [5605] (ms16: Noya / ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)

19050. **Preitos, nin tortos nin dreitos.** (ms16: Santiago / Francisco Canosa Quintáns)

19051. **Quero máis que me morra a vaca que ver a xusticia na casa.** (ms16: Castroverde)

19052. **Quero máis ver a casa en llamas que a xusticia na casa: as llamas déixanme o solar i-a xusticia non me deixa nada.** (ms16: Castroverde)

19053. **Val máis custión perdida que preito ganado.** (mc e ms16: F.B.B.)

Var.: *Val máis un arreglo mal feito que un pleito ben ganado.* (ms16: Negreira)

[5599] ms15,15: *salan*. / En ms10 s.v. *Pleitos*.
[5600] ms4 e ms21,27v: *garde*; ms21,27v: *pleito*.
[5601] ms4: *on veciño, comeum'o*; ms16: *a un veciño*.
[5602] ms5: *Si te metes*.
[5603] ms e ms4: *tes que ter*, ms4: *ter e dalo a entender*.
[5604] ms16: *que mala sentencia*.
[5605] ms-LU: *bon*.

(pt) *Mais vale ruín composição que boa demanda.* (Chaves) / *Mais vale mã avença que boa sentença.* (es) *Mas vale mal avenencia que buena sentencia.* (Correas) / *Mas vale mal concierto que buen pleito.* (Correas) (va) *Més val un roín arreglo qu'un bòn pleit.* (Alberola)

19054. **Val máis ruín compostura que bo preito.** [5606] (mc e ms16: M.V. / ms21,20v: Bermés)

(pt) *Mais male ruim composição do que boa demanda.* (Chaves) / *Mais vale mã avença que boa sentença.* (es) *Más vale mal concierto que buen pleito.* (Correas) / *Más vale mal ajuste que buen pleito.* (R. Marín) / *Más vale una mala transación que un mal pleito.* (Id.) / *Más vale mala avenencia que buena sentencia.* (Correas) (ct) *Més val un roín arreglo qu'un bòn pleit.* (Alberola)

PELIGROS DE LOS PLEITOS

19055. **A quen mal queiras, en preitos o vexas.** [5607] (mc: A.C. / ms3 e ms4: C.A.-*A Nosa Terra* / ms16: *D.E.* / ms16: A.C)

(es) *A quien mal quieras, pleito le veas.* (Correas)

19056. **Bolsa aberta, boca cerrada e coitelo na mao.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Pleiteante.

19057. **Con bon preito e con mal preito, o cura i-o xuez tenos sempre de teu xeito.** (mc e ms16: Camba)

19058. **Con lei dreita sale o rego torto.** (mc e ms16: Carballedo / ms4: F.V.S. / ms18,64v: Lugo)

Porque se tuerce frecuentemente en su aplicación.

19059. **Decía o Tarelo de Montós: "Os da xusticia todos son ladrós".** (mc: Buciños-F.V.S. / ms16)

La primera parte designa un personaje histórico de la parroquia de Orbán, Orense, y luego se aprovechó para la consonancia del adagio.

19060. **Dios desaveña quen nos manteña.** [5608] (ms16, ms4, mc: F.B.B.)

Se pone en boca de curiales.

19061. **Extremeiro pleiteador e xente de señorío, canto máis lonxe, millor.** [5609] (mc e ms16: Layosa / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

19062. **O labrador preiteante non pode ir pra adiante.** [5610] (mc e ms16: J.P.)

19063. **O pleiteante: pé lixeiro, boca calada, sombreiro na man e bolsa aberta.** [5611] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Var.: *O pleiteante: pé lixeiro, boca calada, sombreiro na man e boca aberta.* (ms16: Buciños)

Véase *O bo preiteante...*

19064. **O pleiteante: pico calado, bolsa aberta e pata lixeira.** (ms16: Sober)

19065. **O que anda en reñas e en pleiteadas, non ten en conta as anadas.** [5612] (ms5,023 e ms-LU: Félix Rodríguez Vieites)

19066. **O que queira morrer arruinado, que se meta nas maus de un abogado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

19067. **O que queira morrer arruinado, que se meta nas maus do abogado.** (mc e ms16: Tuiriz)

19068. **Os pleitos son com'as cereixas, veñen en garmalleira.** (ms16: Palas de Rey)

(es) *Los pleitos son como las cerezas, toman pocas y vienen muchas tras ellas.* (Correas)

19069. **Preitos teñas e os ganes.** [5613] (mc e ms16: F.B.B. / ms4: V.R. y A.R.)

Var.: *Prenda de gallego vale dinero.* (Correas)

(es) *Prenda de gallego vale dinero.* (Correas) / *Pleitos tengas aunque los ganes.* (R. Marín) / *Pleitos tuve y los gané y así y todo me arruiné.* (R. Marín)

POBREZA. V. tamén *Escasez, Riqueza y dinero*.

19070. **A alforxa do pobre con todo pode.** [5614] (mc e ms16: M.V. / ms21,19v: Bermés / A. Darriba Míguez / ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C (10-11-51) / ms-SA: Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C / ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

(es) *En estómago del pobre todo cabe.* (R. Marín)

19071. **A bolsa do probe con todo pode.** (ms-SA: Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO)

19072. **A falchoca do probe con todo pode.** (ms10,100r: *D.E.*)

19073. **A faltriqueira do probe, con pouco diñeiro se enche.** (ms10,100r: *D.E.*)

[5606] ms4 e ms21,20v: *Vale*; mc, ms4 e ms21,20v: *pleito*.
[5607] mc: *pleitos*; ms16: *en preito o vexas*.
[5608] mc: *que nos manteña*.
[5609] ms16: *canto mais lexos*; ms-LU: *Estremeiro*.
[5610] ms4: *pleiteante*.
[5611] ms-LU: *na mau e bulsa*.
[5612] ms-LU: *en riñas e en pleitadas*.
[5613] ms4: *Pleitos*.
[5614] mc e ms16: *probe*.

19074. **A miseria, o diaño a tronce.** (ms16: Sober)

19075. **A non poder calquera chega.** (ms16: Sober)

19076. **A non ter calquera chega.** (mc: C.A.)

19077. **A non ter logo se chega.** (mc: C.A. / ms4: F.V.S.)

19078. **A probeza fai ó home estar en tristeza.** (ms10,101r: *D.E.*)

19079. **A probeza non é baixeza; pero tampouco é grandeza.** (ms10,101r: *D.E.*)

19080. **A probeza non é vileza, senon falta de riqueza.** (ms10,101r: *D.E.*)

19081. **A probeza non é vileza; pero non deixa erguer a cabeza.** (ms10,101r: *D.E.*)

19082. **A probeza non lixa.** (ms10,101r: *D.E.*)

19083. **A probeza non quita a virtu, nin pon a riqueza, mais é causa de quitala ou poñela.** (ms10,101r: *D.E.*)

19084. **A probeza nunca ergue a cabeza.** (ms10,101r: *D.E.*)

19085. **A quen non ten diñeiro, o c[u] lle serve de candeleiro.** (ms18,19r)

19086. **A ser pobre logo se chega.** (mc: Santiago)

Como *A no ter...*

19087. **A sorte do probe é andar a pedir.** (ms10,100r: *D.E.*)

19088. **Antes probeza que vileza.** (ms10,101r: *D.E.*)

19089. **Ao pobre, pano fino e caldeira de cobre.** (mc: Leite de Vasconcellos)

(pt) *A homem pobre, pano fino, cântaro de cobre.* (Chaves) / *Homem pobre, taça de prata, caldeira de cobre.* (Id.) / *Homem pobre, meia de seda, caldeirão de cobre.* (Id.) (es) *Escudero pobre, taza de plata y cántaro de cobre.* (Correas) / *En casa del pobre, taza de plata y olla de cobre.* (Id.)

El fino dura más que el ordinario, y la caldera de cobre más que la de hierro; por eso, pareciendo que se gasta más en comprar lo mejor, se ahorra dinero, que es lo que al pobre conviene.

19090. **Ben aforra o que non ten.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

19091. **Ben parvo é o que morre probe por vivir rico.** (ms10,100r: *D.E.*)

19092. **Ben aúna quen mal pasa.** (mc e ms16: M.V.)

Var.: *Ben aúna quen mal come.* (mc e ms16: Agro)

(pt) *Bem jejua quem mal come.* (Chaves) (es) *Bien ayuna quien mal come.* (Correas) / *Harto ayuna quien mal come.* (Id.)

19093. **Bo é algo: vale máis algo que nada.** (mc: Buciños)

19094. **Bo é algo.** (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

19095. **Cada pobre enterra a seu pai como pode.** [5615] (mc e ms16: M.V. / ms21,17r: Bermés / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

(pt) *Cada um enterra seu pai conforme pode.* (Chaves)

19096. **Cada pobre goberna como pode.** [5616] (mc e ms16: A.S.A.)

(pt) *Cada um governa-se.* (Chaves)

19097. **Cada pobre rasca onde lle come.** (mc: *Dicc. Ac.*)

Var.: *Cada un ráscase donde lle come.* (ms4: F.L.)

19098. **Cada pobre se goberna como pode.** (ms18,23r)

19099. **Cada probe gobérnase como pode.** (ms10,100r: *D.E.*)

19100. **Cada probe pide pró seu saco.** [5617] (mc e ms16: Palas de Rey / ms4: F.V.S. / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

19101. **Cada un enterra a seu pai como pode.** (ms-SA: Manuel Tojo Reboredo)

19102. **Camisa que non ten faldra, non hai que lle erguer.** [5618] (mc / ms16: Lugo)

19103. **Cant'a rula naquel souto: "Probiño daquel que espera polo que está na man doutro".** [5619] (ms21,16v: Bermés)

19104. **Canta a rola naquel souto: "Pobre do que está esperando polo que está na mau doutro".** [5620] (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19105. **Canta máis fame, máis se adoece.** [5621] (mc: C.A.)

19106. **Canta [a] rola naquel souto: "Coitadiño do que espere polo que está na mau de outro".** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

19107. **Canta [a] rula naquel souto "¡Probe triste do que espera polo que está na**

[5615] mc e ms16: *enterra seu pai* / ms-SA (Galicia): *a o seu*; ms-LU: *o seu*; ms-SA (Héctor B.): *probe*.

[5616] ms4: *probe*.

[5617] ms16 e ms-SA: *pobre* / ms-SA: *pra o seu*.

[5618] ms16: *ll'erguer*.

[5619] O orixinal di: *Cant'a rula naquel souto: probiño daquel que espera pol'o que está n'a man d'outro*.

[5620] ms-LU: *mao*.

[5621] ms: *Canto máis fame*. / V. tamén *Hambre. Gastronomía*.

man doutro!" [5622] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

19108. **Canta [a] rula naquil souto: "Pobre do que espera no que está na mau de outro".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

19109. **Canto máis un se aniquila, máis frío ten.** [5623] (mc: Palas de Rey-F.V.S.)

19110. **Casa sin chaminea, de muller pobre ou allea.** (mc: J.P.)

(es) *Casa sin chimenea, de mujer pobre o yerma.* (Correas)

19111. **Coitelo de pobre corta canto ve e deixa canto atopa.** (mc: C.A.)

Var.: *Corta canto ve e deixa canto topa.* (ms4: A.S.A.)

19112. **Con abrigo, salú e limpeza casqu'está vencida a pobreza.** (ms4: J.P.)

19113. **Chocolate con petada na casa dos probes é comida rara, porque é cara.** [5624] (ms10,091r: *D.E.*)

19114. **De pobre a rico costa moito; de rico a ricachón, pouco, porque un dá ó outro.** (mc: Santiago)

19115. **Desta maneira, o que non ten fariña, escusa peneira.** [5625] (ms)

Var.: *Desta maneira o que non ten fariña escusa maseira.*

19116. **Detrás do probe sempre anda o diaño armado coa fouce.** (ms10,100r: *D.E.*)

19117. **Dixo a rula naquel souto: "Nunca esperes polo que está na mau doutro".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19118. **Do que se pode ter naide está rico.** (mc)

19119. **Donde se quita e non se pon, non hai don.** (mc: Santiago)

19120. **Dous probes a unha porta, non se poden ver moi ben.** (ms10,100r: *D.E.*)

19121. **É cousa de probes andar a pedir.** (ms10,100r: *D.E.*)

19122. **É unha boa empanada a vida do que non ten nada.** [5626] (ms10,011r: *D.E.*)

19123. **Eí vai o ben que a vella ten.** (mc: Sarria)

19124. **Este é o ben que Marica ten.** (mc: L.G. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Lit.Gall.*,2ªed.,1911)

19125. **Farto ayuna quen mal come.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19126. **Fidalgo que pide, no palleiro morre.** (mc: Santiago)

19127. **Fidalguía pobre cheira a can podre.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

19128. **Gasta máis o pobre en fío que o rico en pano fino.** (mc: Santiago)

19129. **Hai máis días que longanzo** [sic]**.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)

19130. **Hai máis días que longanizas.** [5627] (ms: C.A. *A Nosa Terra*)

(es) *Más hay días que longanizas; o más días hay que longanizas.* (Correas) (ct) *Hi ha més díes que llonganices.* (Alberola)

19131. **Hasta o trigo é limosna.** (mc: La Coruña)

19132. **Home probe, nin quieto nin calado.** (mc: Buciños)

(pt) *Homem pobre, nem quieto nem calado.* (Chaves)

19133. **Home rico mal enemigo para o probe.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

(es) *Hombre rico, mal enemigo.* (R. Marín) (ct) *Hòme ric, mal enemic.* (Alberola)

19134. **Ise é un señor de porta aberta: non ten casa nin brasa.** (mc: Buciños)

19135. **Máis probe que as arañas.** (ms16: Sarria)

19136. **Máis ten o rico cando empobrece que o pobre cando enriquece.** [5628] (mc e ms16: C.A. / ms10,011r: *D.E.*)

(pt) *Mais tem o rico quando empobrece que o pobre quando enriquece.* (Chaves) (es) *Más tiene el rico cuando empobrece, que el pobre cuando enriquece.* (Sbarbi) (ct) *Més té el ric quan es fa pòbre, qu'el pòbre quan es fa ric.* (Alberola)

19137. **Máis val algo que nada.** (ms-LU: Félix Rodríguez Vieites)

19138. **Máis vale entrar pobre no ceo que rico no inferno.** [5629] (mc: M.V.)

19139. **Máis vale ser probe na terra que rico no mar.** (ms10,100r: *D.E.*)

19140. **Millor e probeza con boa fama que riqueza con mala.** (ms10,101r: *D.E.*)

19141. **Millor é ser listo pobre que rico burro.** (mc: Santiago)

19142. **Moitas limosnas caben nun saco, pero o saco queda vacío.** (mc)

[5622] O orixinal di: *Canta rula n'aquel souto. Probe triste do que espera pol'o que está na man d'outro!*
[5623] ms4: *Canto un mais*.
[5624] Sen tema no orixinal.
[5625] V. tamén *Casa*.
[5626] En ms10 s.v. *Empanada* coa indicación *Pobreza*.
[5627] O orixinal di: *Hay mais dias que longanizas.* / ms4: *longaniza*.
[5628] ms10: *probe*. En ms10 s.v. *Empobrecer*.
[5629] ms: *probe*.

Var.: *Moitas limosnas caben no saco, i-o saco sempre valeiro.* (mc: Layosa / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

El saco del pobre, por mucho que recoja, pronto se vacía, ya que en él tiene el menesteroso toda su despensa.

19143. **Moitos probes a unha porta, non han sacar moita esmola.** (ms10,100r: *D.E.*)

19144. **Na casa do probe cada un enterra a seu pai como pode.** (mc: Altamira-C. Alvarellos)

Var.: Como: *Cada probe enterra seu pai como pode.*

(pt) *Cada um enterra seu pai conforme pode.* (Chaves)

19145. **Na casa do probe todo son pingueiras.** (ms10,100r: *D.E.*)

19146. **Na casa do probe todos rifan e todos teñen razón.** (ms10,100r: *D.E.*)

19147. **Na casa do probe, cunca de pan e pucheiro de cobre.** (ms10,100r: *D.E.*)

19148. **Nin te abata a probeza, nin a riqueza te ensoberbeza.** (ms10,101r: *D.E.*)

19149. **Ninguén vive tan probe como naceu.** (ms10,100r: *D.E.*)

19150. **Non collen dous pobres na misma porta.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

Var.: *Non collen dous pobres nunha mesma porta.*

(pt) *Dois pardais numa espiga nunca fazem liga.* (Chaves) (es) *Dos pobres a una puerta, mal se conciertan.* (R. Marín)

19151. **Non é pobre o que ten pouco sinón o que quer moito.** (ms8,61r: Trives)

19152. **Non é probe senon o que se tén por probe.** (ms10,100r: *D.E.*)

19153. **Non hai ninguién tan probe que ó morrer non lle sobre.** (ms10,100r: *D.E.*)

19154. **Non te abatas por pobreza nin te crezas por riqueza.** (ms10,101r: *D.E.*)

19155. **Non te abatas por pobreza nin te ensalces por riqueza.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

19156. **Non te fagas probe a quen te non pode facer rico.** (ms10,100r: *D.E.*)

19157. **Non digas qeu eres probe a quen rico facerte pode.** (ms10,100r: *D.E.*)

19158. **O cueiro do probe estira e encolle.** (ms16: Santiago)

19159. **Ó desnudo máis lle valen dous que un.** (mc: Parga-F.V.S.)

19160. **Ó desnudo máis lle valen dous que un.** (ms16: Parga)

19161. **O home madrugón, ou pobre ou ladrón.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

19162. **O pai pobre non fai o fillo rico.** (mc / ms4: F.V.S.)

19163. **O pobre i-o muíño andando ganan.** [5630] (mc e ms4: A.N.)

Var.: *O probe i-o muín, andando ganan.* (mc e ms4: Fonsagrada-F.V.S. / ms11,44: Comarca de Fonsagrada)

(pt) *O pobre e o moinho andando ganham.* (Chaves) (es) *El molino y el merino, andando ganan contino.* (R. Marín)

Muín por influencia asturiana.

19164. **Ó pobre soberbio, limosna de paus.** [5631] (mc: Santiago)

19165. **O probe afrixido non lle deas máis ruído.** (ms10,100r: *D.E.*)

19166. **O probe con pouco se alegra.** (ms10,100r: *D.E.*)

19167. **Ó probe dalle a mitá do que che sobre.** (ms10,100r: *D.E.*)

19168. **Ó probe e á nogueira todos lle tiran pedras.** (ms10,100r: *D.E.*)

19169. **Ó probe e ó minguado non falta quen o faga máis necesitado.** (ms10,100r: *D.E.*)

19170. **Ó probe farto de carne non hai quen o ature.** (ms10,100r: *D.E.*)

19171. **Ó probe hastra os cas lle ladran.** (ms10,100r: *D.E.*)

19172. **O probe i-o muíño andando gana.** (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)

19173. **O probe non vai ó concello, nin se toma o seu consello.** (ms10,100r: *D.E.*)

19174. **Ó probe o sol o come.** (ms10,100r: *D.E.*)

19175. **Ó probe pouco ben o socorre.** (ms10,100r: *D.E.*)

19176. **Ó probe que con carne se entupe non hai quen o ature.** (ms10,100r: *D.E.*)

19177. **O probe que non tén casa vive sempre na rúa.** (ms10,100r: *D.E.*)

19178. **O probe, nin quieto nin calado.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)

19179. **O que á mulida xongue, alparagatas gasta e de mulleres fai caso, sempre andará descalzo.** [5632] (mc: Buciños)

[5630] ms: *y-o*.

[5631] V. tamén *Pobreza* (*Pobreza y soberbia*).

[5632] V. *O que calza alparagatas e de mulleres fai caso, nunca xuntará cartos e andará sempre descalzo* en *Mujer*.

19180. **O que a ser probe está condenado, tanto lle tén correr como estar sentado.** (ms10,100r: *D.E.*)

19181. **O que anda a pedir, non anda a fuxir.** [5633] (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

19182. **O que d'alleo se viste, de seo se dispe.** (ms21,11v: Bermés)

19183. **O que dá limosna unha vez, dáa dúas ou tres.** [5634] (mc / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

19184. **O que de alleo se veste, na calle se espe.** [5635] (mc: J.P.)

Var.: *Os que d'alleo se visten, na rúa os dispen.* (P. Sobreira-D.R.A.G.) / *O que d'alleo se veste, logo se despe.* (ms4: Pidre-F.V.S.)

(es) *Quien de ajeno se viste, en la calle lo desnudan.* (Sbarbi)

19185. **O que é probe ninguién lle fai caso.** (ms10,100r: *D.E.*)

19186. **O que é probe, é máis probe do que se di e do que se pensa.** (mc e ms16: Buciños / ms4: F.V.S.)

(es) *El pobre no tiene abrigo, pariente, deudo ni amigo.* (R. Marín)

19187. **O que ha ser probe nunca rico morre.** (ms10,100r: *D.E.*)

19188. **O que moito desprecia, non ten riqueza.** (mc: Santiago)

19189. **O que nada ten de seu, mala nai que o pareu.** [5636] (ms21,03v: Bermés)

19190. **O que non ten bés, ten pés.** (mc: M.L.)

Tiene que ganar el sustento a fuerza de trabajar.

19191. **O que non ten de seu, negra nai o veu.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)

19192. **O que non teña, non busque.** (mc: Santiago)

19193. **O que o alleo veste, na calle se despe.** (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

19194. **O que ós vinte no[n] ten forza e ós trinta non casou... ese paxaro volou.** [5637] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19195. **O que ós vintecinco non sabe i-ós trinta non ten, ós corenta é un ninguén.** [5638] (mc: A.I. / ms18,75r: A.S.A.)

(pt) *Quem aos trinta não pode, aos quarenta não sabe e aos cinquenta não tem, nunca será ninguém* (ou *não pode, não sabe e não tem*). (Chaves) (es) *Quien a los veinte no puede, a los treinta no sabe y a los cuarenta no tiene, nunca podrá, sabrá ni tendrá.* (R. Marín)

19196. **O que ten pouco, logo reza.** (mc: Buciños)

19197. **O que ten pouco, non pode dar moito.** (mc: Buciños)

(es) *Quien tiene poco y algo da, no está obligado a más.* (R. Marín)

19198. **O que vai pedir, non vai a fuxir.** [5639] (mc: A.N. / ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(es) *El que va pidiendo, no va corriendo.* (Sbarbi)

El que pide algo, tiene que esperar y tener paciencia.

19199. **O rico pode chegar a pobre; i-o pobre, a rico.** (mc: Buciños)

19200. **O ser probe non deshonra.** (ms10,100r: *D.E.*)

19201. **Onde non hai barba non hai que afeitar.** (mc: Buciños)

19202. **Onde non hai fariña nin relón, todos falan sin razón.** [5640] (mc: Santiago / ms21,28r: Bermés)

19203. **Onde non hai fariña, todo é muíña.** [5641] (ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19204. **Onde non hai nada, a porta está pechada.** [5642] (ms16 e ms10,096r: *D.E.*)

(es) *Donde no hay nada, la puerta está cerrada.* (Correas)

19205. **Onde non hai nada, nada se pode atopar.** [5643] (ms16 e ms10,027v: *D.E.*)

Var.: *Onde non hai, non hai que buscar.* (ms16 e ms10,027v: *D.E.*)

19206. **Onde non hai, non hai.** (mc: Buciños / ms16: Lugo)

[5633] ms-SA: *pidir, fuchir*.

[5634] ms-SA: *da duas*.

[5635] mc: *na calle s'espe*. Jacinto del Prado rexistra o refrán coa forma *se espe*.

[5636] O orixinal di: *O que nada ten de seu mal'a nai que o pareu.*

[5637] O orixinal di *O que os 20 no ten forza e os 30 non casou... ese paxaro volou*.

[5638] ms18,75r: *y-os trinta non ten.* / V. *O que ós vinte non pode, ós trinta non sabe i-ós corenta non ten, nunca pode nin sabe nin ten* en *Edades* (*Edad y aptitud*).

[5639] ms-SA e ms-LU: *vai a pedir*; ms-SA: *fugir*.

[5640] ms21,28r: *n'hay.* / V. tamén *Agrícolas* (*Generales*) e *Pobreza* (*La pobreza y la paz*).

[5641] O orixinal di: *Onde non hay fariña todo e muiña.* / ms-LU: *Donde, moiña*.

[5642] En ms10 s.v. *Puerta*.

[5643] Refrán e variante en ms10 s.v. *Haber*.

(es) *Donde no hay, no hay.* (Correas)

19207. **Onde non se perde algo, todo é miseria.** [5644] (mc: M.V. / ms21,27r: Bermés)

Var.: *Onde non se perde, todo é miseria.* (R. Caruncho) / *Onde non se perde nada, todo é miseria.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms10,090r: *D.E.*) [5645]

19208. **Onde poño os pés, teño os bés.** (mc e ms16: Taboada)

(es) *Donde pongo los pies, mío es.* (R. Marín)

Dice el que no tiene nada.

19209. **Onde se pensa que hai touciños n'hai corres.** [5646] (mc: M.V. / ms10,088r: *D.E.*)

(es) *Donde parece que hay besugos, no hay ni escamas.* (R. Marín) / *A do pensáis que hay tocinos, no hay estacas.* (Correas)

19210. **Os moitos fillos empobrecen os pais.** (mc)

Poco providencialista es quien lo dijo, y muchas veces sucede lo contrario.

19211. **Os moitos fillos fan o pai pobre.** (ms21,12r: Bermés)

19212. **Pobre á festa convidado non esperes contestado.** (mc: Santiago)

19213. **Pobre do que non ten: maguado o vexo.** (ms16: Silvarrey)

Var.: *Pobre do que non ten i maguado de ello* [sic]. (ms8,62r: Silvarrey)

19214. **Pobre dun pobre, que non ten quen-o forre.** (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)

19215. **Pobre porfioso logra mendrugo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

19216. **Pobre porfioso saca mendrugo.** (mc: Sarria)

(es) *Pobre importuno, saca mendrugo.* (R. Marín)

La perseverancia lo consigue todo; y lo recoge también la canción: *Non te canses de rondala / si algo queres lograr dela: / probe que moito pidicha / ó fin recolle cadela*.

19217. **Pobres e muíños, andando ganan.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19218. **Pódese andar na probeza e andar con limpeza.** (ms10,101r: *D.E.*)

19219. **Por dar limosna e pousada nunca se perde nada.** (mc: Tuiriz, Monforte)

19220. **Por dar limosna non mengua a bolsa.** (mc: Buciños)

(pt) *Por dar uma esmola não míngua a bolsa.* (Chaves) (es) *Por dar limosna no se mengua la bolsa.* (Correas)

19221. **Por dar limosna e pousada non se perdeu xornada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

19222. **Por moita vida que teñas e diñeiro que che sobre, si che falta a caridá, xa te podes chamar pobre.** (mc: Antas de Ulla)

Canción popular que pasó a refrán y que encierra una bella enseñanza.

19223. **Pra nada non fai falta alforxa.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)

19224. **Pró probe non é proveitoso acompañarse do poderoso.** (ms10,101r: *D.E.*)

19225. **Probe porfiado, non se vai sin un ichavo.** (ms10,100r: *D.E.*)

19226. **Probe que moito pedicha sempre gana algún codelo.** (ms10,101r: *D.E.*)

19227. **Probe que moito pidicha, ó fin recolle cadela.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

19228. **Que non morran as vacas, que homes hainos a patadas.** (ms15,03)

19229. **Quen di que probeza é vileza, non sabe o que di nin ten siso na cabeza, inda que teña moita riqueza.** [5647] (ms10,003r: *D.E.*)

19230. **Quen probeza tén, dos seus parentes fai desdén.** (ms10,101r: *D.E.*)

19231. **Quen tén probeza non ergue a cabeza.** (ms10,101r: *D.E.*)

19232. **Quen vai a pidir non vai a fuxir.** (ms21,27v: Bermés)

19233. **Regalo de probe mercede pide.** (ms10,101r: *D.E.*)

19234. **Sacar e non poñer, mirar e non ter.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

19235. **Sacar e non poñer, mirar e non ver.** [5648] (ms: Layosa)

Var.: *Sacar e non poñer é cegar e non ver.* (Pidre)

19236. **Se desprecias a un pobre, pasarache a misma sorte.** (mc: Santiago)

19237. **Se non te ves probe e perseguido non sabes quén é o teu amigo.** (ms10,101r: *D.E.*)

19238. **Se o soldado anda ás puntas, o cabo ás perguntas i-o sargento a cánto**

[5644] ms21,27r: *perd'algo*.
[5645] En ms10 s.v. *Perder*.
[5646] ms10: *non hai corres*. En ms10 s.v. *Pensar*.
[5647] En ms10 s.v. *Decir* coa indicación *Pobreza*.
[5648] Contén a indicación *Pobreza*.

estamos de mes, mui mal andamos os tres. [5649] (mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

19239. **Se queres colle-lo fol, queima leña verde e come pan mol.** [5650] (ms4 e mc: Pidre-F.V.S.)

(es) *En la casa donde no hay gobierno, siempre comen pan tierno.* (R. Marín) / *Mujer joven, pan tierno y leña verde son en la casa lobos que muerden.* (R. Marín)

Véase *O que queira ser probe...*

19240. **Se queres ser probe sin sentir, traballa os días pequenos e dispois déitate a durmir.** (ms10,101r: *D.E.*)

19241. **Sempre houbo probes e ricos.** (ms10,101r: *D.E.*)

19242. **Ser probe non deshonra a ningún home.** (ms10,101r: *D.E.*)

19243. **Ser probe non é deshonra.** (ms10,101r: *D.E.*)

19244. **Son máis os que piden que os que dan.** (mc: R. Caruncho)

19245. **Todos fuxen do probe como unha enfermedá.** (ms10,101r: *D.E.*)

19246. **Tras do probe sempre anda o demo coa fouce.** (ms10,101r: *D.E.*)

19247. **Tras do probe todo o mundo corre.** (ms10,101r: *D.E.*)

19248. **Un probe non pode tomar unha posta mentras non vén o cornixolo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19249. **Unha abella sola fai pouco mal.** (ms: Muros)

19250. **Vacas vellas e carros vellos, non é caudal.** (ms10,050r: Silvarrei)

19251. **Val máis decir: "probe de él" que "probe de min".** (ms10,101r: *D.E.*)

19252. **Val máis probe da vila que rico da aldea.** (mc: Muros)

19253. **Vale máis algo ca nada.** (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

19254. **Vale máis o que o probe aforra que o que o rico come.** (mc: Tuiriz, Monforte)

19255. **Vale máis pobre vividor que rico estafador.** (mc: Buciños)

19256. **Vale máis ser pobre que burro.** (mc: Santiago)

19257. **Vámonos á cama, que o sono mata a gana, e o frío tórnao a roupa e unha perna quenta a outra.** [5651] (ms: Velle)

ALEGRÍA Y POBREZA

19258. **A'legría na casa dos probes, tarde vén e pouco dura.** [5652] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19259. **Home probe con pouco se alegra e socorre.** [5653] (ms16 e ms10,028v: *D.E.*)

Var.: *Home probe con pouco se alegra.* (mc: M.L.)

(es) *Del pobre la bolsa, con poco rebosa.* (Sbarbi) / *Hombre pobre con poco se alegra y socorre.* (Correas)

19260. **Home probe, vida alegre.** (mc: Buciños / ms16: Deza)

(es) *El pobrete, de suyo es alegrete.* (R. Marín)

19261. **Pouco dura a alegría na casa do probe.** (ms16: Lugo)

(es) *Poco dura la alegría en la casa del pobre.* (R. Marín)

CAMINOS DE LA POBREZA

19262. **De dar, muitos fixéronse probes; de pedir, ninguén.** (ms15,16)

19263. **O amo que ten criados e non traballa e n'os vai a ver, venda o que ten prós manter.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

19264. **O que paga criados e non os vai a ver, venda o que ten pra os manter.** [5654] (ms21,26r: Bermés / ms-SA: Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C / A. Darriba Míguez)

19265. **O que queira empobrecer, meta obreiros e non-os vaia ver.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

19266. **O que queira empobrecer, que meta criados que non-os vaia ver.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: algún lugar do sur da provincia de Lugo)

19267. **O que queira empobrecer, alquile obreiros e non-os vaia ver.** [5655] (ms15,18)

[5649] V. *Cando o soldado anda a puntas, o cabo a perguntas e o sarxento a cánto estamos de mes, mal lle vai a todos tres* en *Oficios*. / ms4 e ms-LU: *preguntas*; ms-LU: *S'o, y'o sarguento, a cantos estamos, andamo'los tres*.

[5650] O orixinal di: *Se queres collel'o fol, queima leña verde e come pan mol.* / mc: *Si quer collr o fol.*

[5651] Contén a indicación *Pobreza*.

[5652] O orixinal di: *A'legría n-a casa d-os probes tarde ven e pouco dura.*

[5653] ms: *s'alegra*. En ms10 s.v. *Hombre*.

[5654] ms-SA e A. Darriba Míguez: *paga a criados* / A. Darriba Míguez: *vende o que ten*.

[5655] O orixinal di: *O que queira empobrecer, alquile obreiros e non'os vaya ver.*

19268. **O que queira probe ser, queime leña verde e pan fresco ha de comer.** (mc e ms16: Buciños / ms4: F.V.S.)

Var.: *O que queira ser pobre, queime leña verde e coma pan mole.* (mc: R. Marín / ms10,100r: *D.E.*) [5656]

(es) *Pan tierno y leña verde, la casa pierde.* (R. Marín)

19269. **O que quera empobrecer, que meta criados e non os vaia a ver.** [5657] (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

19270. **O que ten criados e non os vai ver, venda os bés pra os manter.** [5658] (mc: Taboada-F.V.S.)

Var.: *O que paga criados e non-os vai ver, que venda o que ten pra podelos manter.* (ms16: *D.E.*)

19271. **O que tira o que ten, a pedir vén.** [5659] (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

19272. **O que vende o que ten, queda sin nada.** (ms-SA: Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C)

19273. **Quen gasta o que ten, a pedir vén.** (mc e ms16: A.N.)

(pt) *Quem gasta mais do que tem, a pedir vem.* (Chaves) (ct) *Qui gasta més del que té, sempre se vorá empenyat y may podrá quedar bé.* (Alberola)

19274. **Quen queira empobrecer, vállase de obreiros e non-os vaia ver.** [5660] (mc e ms16: M.L.)

Var.: *U que queira empobrecer, que meta obreiros e que nu nus vaya ver.* / *O que queira empobrecer, que meta obreiros e no*[n os vaia] *a ver.* (ms16: Sober) / *O que ten obreiros e non os vai ver, pronto empeza a empobrecer.* (ms5,136: Aguada) / *Quen queira emprobecer, traia xornaleiros e non-os vaia ver.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *Se queres ser pobre sem o sentir, mete obreiro e deita-te a dormir.* (Chaves)

19275. **Se ques ser probe sin sentir, fai obras nos días pequenos e déitate a dormir.** (mc e ms16: M.V.)

19276. **Si ques coller o fol, queima leña verde e come pan mol.** (ms16: Pidre)

Var.: *O que queira empobrecer, que queime leña verde e coma o pan a medio cocer.* (ms16: Sober)

(es) *Pan tierno y leña verde son en la casa lobos que muerden.* (R. Marín)

CARENCIAS Y FATIGAS DEL POBRE

19277. **A cadelo fraco, todo son pulgas.** [5661] (ms16 e ms10,023v: *D.E.*)

(es) *El perro flaco todo es pulgas.* (R. Marín)

19278. **A carto vai a libra da vaca; o que non o ten, non-a papa.** [5662] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

19279. **A carto vai a libra de vaca; quen a ten non a paga.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

19280. **A carto vai a vaca, i-o que non ten non-a papa.** [5663] (mc e ms16: A.N.)

Var.: *A carto vai a libra de vaca: quen non-o ten non-a papa.* (ms15,11)

(es) *A cuarto vale la vaca y, si no hay cuarto, no hay vaca.* (mc: Sbarbi / ms16: R. Marín) / *¿A blanca vale la vaca? Daca la blanca.* (Id.) / *A meaja vale la vaca; ¿y dó la meaja?* (Correas)

Poco importa que las cosas cuesten poco, si no hay dinero para adquirirlas.

19281. **A carto vale a vaca; quen non-o ten non-a cata.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19282. **A pouco diñeiro, pouca saúde.** [5664] (ms16 e ms10,006r e ms10,096r: *D.E.*)

(es) *A poco dinero, poca salud.* (Z.)

19283. **A sorte do pobre é andar a pedir.** (mc e ms16: M.V.)

19284. **A vaca do pobre ten que andar ás dúas maus.** [5665] (mc e ms16: Carballino)

Var.: *A vaca do pobre ten que traballar ás dúas maus.* (ms16: Buciños)

19285. **A vaca do probe and'a tódalas maus.** (ms11,47: Comarca de Fonsagrada)

19286. **A vaca do probe, todo é miseria.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19287. **A vaca du pobre ara a todas as maus.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

[5656] ms10: *probe*.

[5657] O orixinal di: *Ou que quera empobrecer que meta criados en non os vaya a ver*.

[5658] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Descuido*. / mc: *non-os vai ver* / En *R. Fisterrán*: *... vende o que ten pra os manter*.

[5659] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Derroche*.

[5660] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Descuido*.

[5661] En ms10 s.v. *Flaco*.

[5662] ms-LU (Galicia): *non a papa*.

[5663] ms: *y-o*.

[5664] En ms10,006r s.v. *Dinero* e en ms10,096r s.v. *Puerta*.

[5665] ms: *andar a todas as maus*.

19288. **A vida do pobre é moi sonada.** [5666] (mc e ms16: Palas de Rey / ms4: F.V.S.)

Sobre todo sus defectos o faltas, que se extienden en seguida para ser cebo de la pública maledicencia.

19289. **A vida do pobre, andar a pedir.** (mc e ms16: Carballedo)

19290. **Acábate, probe, e vende a camisa.** (mc e ms16: Otero de Rey)

19291. **Ao pobre o sol come.** (mc e ms16: C.A.)

(es) *Al hombre pobre, el sol se le come.* (R. Marín)

19292. **As contas do pobre nunca salen ben.** (mc e ms16: Villamane, Cervantes) [5667]

(es) *Cuentas de pobre, raro es que se logren.* (R. Marín)

19293. **Caldo de pobres, raro e sin grasa.** (ms8,74r: O. de Rey)

19294. **Cando o probe quere mallar, chove.** [5668] (ms16: Santiago / ms-SA: Juan López Souto: Corrubedo, Ribeira, C)

19295. **Canto máis frío, menos roupa.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

19296. **Canto máis pobre, menos limosna.** [5669] (mc e ms16: A.S.A. / ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas / ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU)

(es) *Cuanto más pobres, menos limosnas.* (R. Marín)

19297. **Canto temos, ó lombo traemos.** [5670] (mc e ms16: A.S.A. / ms10,128r: *D.E.*)

19298. **Carne sin óso non é pra probes.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Carne sin hueso no se da sino a San Bueso.* (R. Marín)

19299. **Castiñeiro sin candea, ¿que castañas pode dar?; amor probe sin diñeiro, ¿qu'amores pode tomar?** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19300. **Con malas ceas e malos almorzos encóllense as tripas e alónganse os pescozos.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Con estas cenas y con estos almuerzos, angóstanse las tripas y alárganse los pescuezos.* (Correas)

19301. **Con malas ceas e ruís xantares crecen os ósos e mingoan as carnes.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Con estos yantares y con estas cenas, menguan las carnes y crecen las venas.* (Correas)

19302. **Chórame e chórame, mais non me chores probe.** (ms16: *D.E.*)

19303. **Chove na casa do probe.** (ms-LU: Félix Rodríguez Vieites)

19304. **Chove, chove, na aira do probe.** (mc / ms16: Lugo)

Var.: *Chove, chove, na casa do probe.*

Recuerda el cantar infantil: *Chove, chove / na aira do probe / chovisca, chovisca / na casa da Prisca.*

19305. **En pobre morada, nin tizón nin brasa.** (ms16 e ms10,041r: *D.E.*)

(es) *En pobre morada, ni tizón, ni brasa.* (Correas)

19306. **Home probe, a cama o come.** (ms16: Santiago / ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

19307. **Home sin agarimo, paxaro sin niño.** [5671] (ms16 e ms10,028v: *D.E.*)

(es) *Hombre sin abrigo, pájaro sin nido.* (A.N.)

19308. **Hora de comer pró rico: cando ten gana; e pró pobre: cando ten qué.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19309. **Na casa barrida non pica a galiña.** [5672] (ms16 e ms10,025r: *D.E.*)

(es) *En la casa barrida no pica la gallina.* (Correas)

19310. **Na casa do home probe: carro de clavo e caldeiro de cobre.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

19311. **Na casa onde non hai codio, en xullo chavea nos dentes.** (ms16: Santiago)

19312. **O diñeiro do probe quer acougar e non pode.** (ms16: Lugo)

Var.: *O diñeiro do probe, anque queira acougar non pode.* (ms16 e ms10,006v: *D.E.*) [5673]

19313. **Ó probe nunca lle amanece, e xa as noites foran cortas.** (mc e ms16: Fonsagrada-F.V.S.)

19314. **O probe nunca ten ves.** (ms16: Santiago)

19315. **O que come pola man doutro, come moito e engorda pouco.** [5674] (mc / ms21,25v:

[5666] ms: *muy sonada*; ms4: *probe*.

[5667] Vilamane pertence ó concello de Becerreá e non a Cervantes.

[5668] ms16: *quer mallar*.

[5669] ms, ms4, ms-LU (Trini F.) e ms-LU (Pol): *probe*.

[5670] ms recolle dúas maneiras: *lombo traemos / lombo o traemos*; ms4: *lombo o traemos*. / En ms10 s.v. *Tener*.

[5671] En ms10 s.v. *Hombre*.

[5672] En ms10 s.v. *Gallina*.

[5673] En ms10 s.v. *Dinero*.

[5674] ms-LU: *mau*.

Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Var.: *O que come pola man doutro, coma o que coma, engorda pouco.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Es gran pena, comer de mano ajena.* (R. Marín)

19316. **O que non ten boi nen cabra, toda a noite ara.** (ms5,027)

Var.: *O que non ten boi nin vaca, toda a noite ara.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *Quen não tem boi nem vaca, toda a noite ara.* (Chaves) (es) *Quien no tiene buey ni vaca, toda la noche ara; y a la mañana no tiene nada.* (H. Núñez)

19317. **O que non ten casa nin lagar, cada ano un pesar.** [5675] (mc e ms16: Ribadavia- Carré Alvarellos)

19318. **O que non ten vaca nin bois nin tampouco ten muller, xungue cando lle dá a gana e ceiba cando quer.** (ms16: Sober)

19319. **O que non ten, o corpo llo paga.** [5676] (mc e ms16: J.A.P. / ms10,128r: *D.E.*)

19320. **O que pobre nace, pobre morre.** [5677] (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

19321. **O saco valeiro non se ten i-o cheo non se baixa.** (ms8,20v: Silvarrey)

Alude al hambre.

19322. **Onde non se come, non hai ben que chegue nin mal que non sobre.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Donde no se come, no hay bien que llegue ni mal que no sobre.* (Correas)

19323. **Poñede un saco dereito, a ver si se ten baleiro.** (ms-SA: seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)

19324. **Pr'on pobre sempre é noite.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

19325. **Pra o pobre sempre é noite.** (mc e ms16: M.V.)

19326. **Pró probe nunca é día; xa as noites foran boas.** (mc e ms16: Buciños)

19327. **Pró probe sempre é noite e sempre chove.** [5678] (mc e ms16: M.L.)

19328. **Probe do probe que todo o mundo o mole.** (ms21,28r: Bermés)

19329. **Probe dun probe que, onde llo dan, alí o come.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

19330. **Prós probres sempre é noite.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19331. **Que desgracia é a do probe que, se el non se alaba, non hai quen-o alabe.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

19332. **Quen come pola mau de otro, come moito, engorda pouco.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

19333. **Quen espera a mau allea, mal xanta e pior cea.** (ms16: *D.E.*)

19334. **Quen non ten boi nin cabra, toda a noite labra.** (mc e ms16: A.N.)

Var.: *O que non ten boi nin cabra, toda a noite labra.* (ms16: A.N.)

(pt) *Quem não tem boi nem vaca, toda a noite ara.* (Chaves) (es) *Quien no tiene buey ni vaca, toda la noche ara, y a la mañana no tiene nada.* (R. Marín) / *El que no tiene buey ni cabra, toda la noche ara.* (Sbarbi)

Destaca el desvelo y preocupación que produce el no tener los medios necesarios para lograr un fin.

19335. **Quen pouco ten, pouco pode.** [5679] (ms16: Lugo / ms10,129r: *D.E.*)

(es) *Quien poco tiene poco puede.* (Correas)

19336. **Saco baleiro non se ten; saco de pé, nunca cheo é.** [5680] (mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

Var.: *Saco vacío non te ten.* (ms16: Lugo)

(pt) *Saco vazio não se pode ter em pé.* (Chaves) (es) *Saco vacío no puede tenerse en pie.* (Sbarbi)

19337. **Si non hai que comer, de fame hai que morrer.** (mc e ms16: Santiago)

19338. **Soilo nacen as frieiras nas ruís pernas.** [5681] (ms16 e ms10,023v: *D.E.*)

(es) *No vienen frieras sino a ruínes piernas.* (H. Núñez)

19339. **Tras do pobre sempre anda o demo coa fouce amolada.** [5682] (mc e ms16: A.I.)

A miña sogra sanou, / i-en troques, morreume a vaca: / ¡tras dun probe sempre o demo / anda ca fouce amolada!

19340. **Vaca de probe ten que andar a tódalas maus.** (mc e ms16: Bagueixos)

Véase *A vaca do probe...*

19341. **Vida de can, fame que rapas.** (ms8,24r: La Cañiza)

[5675] ms e ms4: *seu pesar*.
[5676] mc: *i-o*. / En ms10 s.v. *Tener*.
[5677] O orixinal di: *O que poble nace probre morre.*
[5678] ms: *Pra o probe*.
[5679] En ms10 s.v. *Tener*.
[5680] ms-LU: *cheu*.
[5681] En ms10 s.v. *Sabañón*.
[5682] mc: *ca fouce*.

DIOS ANTE LA POBREZA

19342. **A non ter, Dios valer.** (ms16: Deza)

19343. **A pobreza Dios a amou, pero a porquería, non.** (mc e ms16: Otero de Rey)

Var.: *A pobreza Dio-la amou.* (ms16: Silvarrey)

(es) *La pobreza Dios la amó.* (R. Marín) / *La pobreza Dios la amó, y El pobre fué, con ser Dios.* (R. Marín)

EL POBRE ES DESDEÑADO

19344. **A bulsa sin cartos non é máis que coiro.** (ms16: *D.E.*)

Var.: *Á bulsa sin cartos coiro lle chamo.* (ms16: Lugo)

(es) *Bolsa sin dinero, dígole cuero.* (Z.)

19345. **A quen non ten chámanlle ninguén.** (ms21,18r: Bermés)

19346. **Así que un non ten, chámanlle ninguén.** [5683] (mc: Pidre / ms16: Pidre. Palas de Rey)

19347. **Con santo probe non gastes moita cera.** (mc e ms16: Buciños / ms4: F.V.S.)

19348. **Fidalgo pobre e bestas vellas acaban coas terras.** (ms18,29r)

19349. **Fidalgo probe e bestas vellas acaban as nosas terras.** (ms-SA: Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

19350. **Fidalgos pobres e bestas vellas acaban as nosas terras.** (mc e ms16: M.V.)

19351. **Home probe non te cases con muller que rica sea: entra pola casa adiante e todo quere mandar ela.** [5684] (mc / ms4: F.V.S. / ms16)

Procede de una copla popular. (ms16)

19352. **Ó home rico ándalle ben o pico; pero si é probe, ou se cansa ou se dorme.** [5685] (ms18,74r: A.S.A. / mc e ms16: J.P.)

19353. **Ó pobre i-ó nogal todos lle fan mal.** [5686] (mc e ms16: A.N.)

(pt) *Ao pobre e ao nogal, todos fazem mal.* (Chaves) (es) *El pobre es como el nogal, que todos pedradas le dan.* (Sbarbi)

19354. **O pobre sempre é mal home, i-o rico sempre un bendito.** (mc e ms16: Calvos del Randín)

(es) *El rico, de todos es honrado; y el pobre, de todos despreciado.* (R. Marín)

Las faltas de estos siempre se disimulan, mientras que en las de aquellos se ceba la maledicencia.

19355. **O que non ten, chámanlle ninguén.** [5687] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19356. **O que non ten, chámase ninguén.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

19357. **O que ten algo é alguén i-o que non ten é un ninguén.** (ms16: Buciños)

19358. **Pobre do pobre, que todo o mundo o mole.** (mc e ms16: M.V.)

(es) *Al pobre, hasta los perros le ladran.* (R. Marín) / *Al pobre, quienquiera se le atreve.* (Id.)

19359. **Probe do probe, que mexan por el e ten que decir que chove.** (ms10,049v: Lugo)

19360. **Quen dá ao probe non teme probeza extrema; quen o desprecia, cae na pobreza.** (mc e ms16: Velle)

19361. **Quen ten, vale, e o que non ten, non vale nada.** (ms16: Santiago)

19362. **Señores probes e bestas vellas acaban cas terras.** (ms21,16v: Bermés)

19363. **Señores probes e bestas vellas, ao monte con elas.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

19364. **Señoríos probes, señoríos podres.** (mc e ms16: A.S.A.)

IRONÍAS DE LA POBREZA

19365. **A peliqueira estaba de parto i-o peliqueiro non tiña un carto.** [5688] (mc e ms16: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19366. **A quen non ten diñeiro, fanlle o enterro de can de palleiro.** (mc e ms16: C.A.)

19367. **Cando a ruína vén, hast'o pote se fura.** (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

19368. **Cando moe o pobre, sempre fai aire.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19369. **Engrole, engrole, enterralo que é probe.** [5689] (mc e ms16: A.S.A.)

19370. **Gracias a Dios hoxe cocemos catro panciños e cinco debemos.** (ms-SA: Julio Barreiro Fernández: San Miguel de Vilar, Touro, C)

[5683] mc: *chámanlle nonguén*.

[5684] ms4: *quer*.

[5685] mc e ms16: *Home rico, bico, pobre*. O refrán que recolle Jacinto del Prado non corresponde exactamente co rexistrado por Vázquez Saco en mc e ms16.

[5686] ms4: *probe*.

[5687] O orixinal di: *O que non ten xamanlle ninguen.*

[5688] ms-LU: *tiñ'on carto*.

[5689] ms: *enterral'o qu'e probe*.

19371. **Gracias a Dios que cocemos catorce pas e quince debemos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19372. **Gracias a Dios que cocemos sete petadas e nove debemos.** (mc e ms16: A.I.)

(es) *Gracias a Dios ya en mi casa cocemos: tres celemines y cuatro debemos.* (R. Marín)

19373. **Gracias a Dios que xa cocemos; catorce cocemos e quince debemos.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU)

19374. **Non é o mismo comprar un traxe negro que verse negro pra comprar o traxe.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

19375. **Nun leiro estreito, s'unha vaca se pon atravesada, ten que cagar fóra do eido.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Algo dice a favor de la concentración parcelaria.

19376. **Nunca viches dar unha limosna un pobre porque nunca leva solto.** (ms8,07v: Silvarrey)

19377. **O que é pobre e non ten nada, pásano pola criba rara.** (mc e ms16: Santiago)

Var.: *O que é pobre e non ten nada, pásano pola peneira rara.* (ms16: Santiago)

19378. **O que non ten pan, xa ceou.** [5690] (mc: Agro / ms4: F.V.S. / ms16 / ms21,16r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(es) *Quien no tiene pan, ya ha cenado.* (R. Marín)

19379. **O que non ten pan, xa o comió.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

19380. **Oremos: hoxe cocemos, sete fogazas fixemos, seis debemos, e unha quedounos no forno e ardeunos.** (ms8,62v: Meda)

Fogaza = hogaza.

19381. **Os mandamentos do probe, primeiro reventar antes que sobre.** [5691] (ms10,037r: *D.E.*)

19382. **Ós pobres, nenos; ós ricos, becerros.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

19383. **Ós probes, nenos, i-ós ricos, becerros.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Aguada)

Dios niega familia a quien puede mantenerla; y la da a los pobres.

19384. **Para probe, un fol.** (mc e ms16: Chantada)

19385. **Pró caracol non hai roubos, pois todo o que ten traino ó lombo.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Como el caracol, cuanto tiene trae a cuestas.* (Z.)

19386. **Proyeutos d'homes probes, peidos de burra vella.** [5692] (mc e ms16: J.P.)

(es) *Ilusiones de hombre pobre, pedos de borrica vieja.* (R. Marín)

19387. **Regoldádevos, coles, que andan os nabos cocendo no pote.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Sabedlo coles, que espinacas hai en la olla.* (Z.)

LA POBREZA Y LA PAZ

19388. **Cando non hai pan nin bola, reñen o tolo i-a tola.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19389. **Donde non hai fariña, todo se volve riña.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU)

19390. **Na casa onde non hai fariña nin relón, todos rifan e todos teñen razón.** (ms16: *D.E.*)

Var.: *Onde non hai fariña nin relón, todos roñan e todos teñen razón.* (ms16 e ms10,018r: D.E) [5693]

(es) *Donde no hay fariñas, todo son riñas.* (R. Marín)

19391. **Na casa onde non hai pan, non pode haber paz.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Sin pan no hay paz.* (R. Marín)

19392. **Onde non hai fariña, todo é riña.** (ms21,03r: Bermés)

POBREZA E INGENIO. V. tamén *Jurídicos y similares*.

19393. **Discurre máis un famento ca cen letrados.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19394. **Discurre máis un necesitado c'on bon abogado.** [5694] (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU / ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas / ms-LU: seminarista anónimo: O Cádavo, A Esperela, Baleira, LU)

19395. **Home probe todo é trazas.** (mc: Carballedo / ms16: G.P. / ms18,72r: A.S.A.)

Var.: *O probe todo é trazas y-o rico todo trampas.* (ms4: F.V.S. / ms21,29v: Bermés)

[5690] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Escasez. Escasez de alimentos*. / ms-LU: *cenou*.

[5691] Sin clasificar no orixinal.

[5692] mc e ms16: *Proieutos de homes*. Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *Proyeutos d'homes probes*.

[5693] En ms10 s.v. *Harina*.

[5694] ms-LU (Trini F.): *Descorre*; ms-LU (O Cádavo): *necisitado*.

(es) *El hombre pobre todo es trazas: y el rico, trapazas.* (Correas) / *El hombre pobre todo es trazas: a las veces son buenas, a las veces son malas.* (Id.) (ct) *Hòme pòbre, tot son traces.* (Alberola)

19396. **Máis inventa un pobre que sete abogados.** [5695] (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms16: C.A.)

(es) *Saber más que un pobre.* (Sbarbi)

Porque el hambre aguza el ingenio.

19397. **O home probe todo é mañas, ás veces boas e ás veces malas.** (ms16: *D.E.*)

Var.: *Home probe todo é mañas.* (ms16 e ms10,028v: *D.E.*) [5696]

(es) *EL hombre pobre todo es trazas: a las veces buenas, a las veces malas.* (Correas)

19398. **O pobre todo é trazas; o rico todo trampas.** (ms-SA: Francisco Luna Bande)

19399. **Sabe máis un necesitado que sete abogados.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

Véase *Mais inventa un pobre...*

POBREZA Y DESHONRA

19400. **A pobreza non axa.** [5697] (mc e ms16: C.A.-*A Nosa Terra*)

Var.: *A pobreza non luxa.* (C.A.-*A Nosa Terra*) [5698]

(es) *Pobreza no es vileza, sino inconveniencia.* (R. Marín)

19401. **A pobreza non é vileza.** [5699] (mc e ms16: A.S.A.)

(pt) *Quem diz que a pobreza é vileza, não tem o siso na cabeça.* (Chaves) (es) *Pobreza no es vileza.* (Sbarbi) / *La pobreza no es deshonra, pero es ramo de picardía.* (Id.) (ct) *La pobrea no es baixea.* (Alberola) / *La pobrea no es vilea, pero pòrta a ella.* (Id.)

19402. **Antes a probeza honrada que a riqueza roubada.** (mc e ms16: Velle)

Var.: *Antes probeza honrada que riqueza roubada.* (Buciños)

(pt) *Antes pobre honrado, que rico ladrão.* (Chaves) / *Antes pobre honrado, que rico injuriado.* (Id.) (es) *Antes pobreza que vileza.* (R. Marín) (ct) *Antes esgarrat y honrat, que lladre y ben portat.* (Alberola)

19403. **Máis vale pobre e honrado que rico e malvado.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

19404. **Máis vale pobre honrado que rico malvado.** [5700] (mc e ms16: Santiago)

19405. **Máis vale ser probe con honra que rico sin ela.** (ms16: G.P.)

Lo ilustra la siguiente canción popular: *Máis quero ser solteiriña / que muller d'home baldío / máis quero un pobre con honra / que sin honra un home rico*.

19406. **Vale máis ser pobre honrado que rico de mala sona.** (mc e ms16: Santiago)

19407. **Vale máis ser probe con honra que rico de mala sombra.** (ms16: Buciños)

POBREZA Y SOBERBIA

19408. **A probe soberbio, limosna de pau.** (mc e ms16: Corme / ms21,08r: Bermés)

19409. **Home probe, fachendoso.** (mc e ms16: Buciños-F.V.S.)

19410. **Naide está máis orgulloso que un pobre farto de pan.** [5701] (mc e ms16: Santiago / ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU)

19411. **Non hai nada tan soberbo como un probe con un saco de codelos ó lombo.** (mc e ms16: Begonte)

(es) *A un pobre harto de pan non se lle pode aguantar.* (R. Marín)

POBREZA Y TRISTEZA

19412. **Encima de probe, vende-la camisa.** [5702] (mc: Biville, Sarria / ms16: A.S.A.)

19413. **Fidalgo probe no palleiro morre.** [5703] (mc e ms16: M.V. / ms21,24r: Bermés)

19414. **Mal de quen non ten.** (mc e ms16: Monforte)

19415. **N'hai pior duro có desnudo.** (ms21,27v: Bermés)

19416. **Na casa en que non hai que comer, todos están tristes e non saben por qué.** (ms16: *D.E.*)

(es) *En la casa do no hay que comer, todos lloran y no saben porqué.* (Correas)

19417. **Non hai peor duro que o desnudo.** [5704] (mc e ms16: M.V.)

Más puede esperarse del avaro que del que nada tiene que dar.

[5695] ms16: *probe*.
[5696] En ms10 s.v. *Hombre*.
[5697] ms4: *probeza*.
[5698] ms4: *probeza*.
[5699] ms: *n'é vileza*.

[5700] mc: *sabe*.
[5701] ms-LU: *c'on pobre*.
[5702] O orixinal di: *Encima de probe, vendel-a camisa*.
[5703] ms: *pobre*.
[5704] ms: *N'hay*.

19418. **Non hai pior desgracia que ser probe.** [5705] (mc e ms16: Tuiriz, Monforte / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

19419. **Onde non hai fariña, todo é morriña.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Mohina es la casa que non ha farina.* (S.)

19420. **Pobre de un pobre, que non ten quen o esfole.** [5706] (mc e ms16: Parga-F.V.S.)

19421. **Pobre dun pobre, que donde llo dan, alí o come.** (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)

19422. **Pobre dun pobre, que o rico ben come.** (mc e ms16: Buciños / ms4: F.V.S.)

19423. **Pobre dun pobre: donde llo dan, alí llo comen.** (mc e ms16: Lugo)

VENTAJAS DE LA POBREZA

19424. **A alegría dun pobre é un cigarro despois que come.** (ms21,18v: Bermés)

19425. **Á figueira sin figos non veñen merlos.** (ms5,027: Ortigueira)

19426. **A mellor cerradura é non ter cartos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19427. **A ovella suda e o can ladra; eu estoume na cama; n'hai mellor vida que non ter nada.** [5707] (mc e ms16: A.N.)

19428. **A quen non ten, o rei faino libre.** [5708] (mc e ms16: C.A.)

(es) *A quien nada tiene, el rey lo hace libre.* (Sbarbi) / *A quien no tiene, el rey lo hace libre.* (R. Marín)

19429. **Alegría dun probe é botar un cigarro despois de que come.** (ms14,16)

19430. **Amo probe excusa criado.** (mc e ms16: Buciños)

Var.: *Amo probe non necesita criado.* (mc e ms16: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU) [5709]

19431. **Ben seguro dorme o que nada ten.** [5710] (ms16 e ms10,009v: *D.E.*)

19432. **Cando nada tiña, tranquilo vivía; e agora que teño, durmo con medo.** (ms16: *D.E.*)

19433. **Chove e neva e estoume na cama; no hai mellor coma que non ter nada.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

19434. **De calquera maneira, o que non teña pan non lle fai falta paneira.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

19435. **Durme sin ansia quen nada ten.** [5711] (mc e ms16: C.A.)

(es) *Seguro duerme quien nada tiene.* (R. Marín) / *Quien caudal no tiene, tranquilo duerme.* (R. Marín)

19436. **Home probe, moi probe, pasará fame pero non morre.** [5712] (ms16 e ms10,028v: *D.E.*)

19437. **Ladran os cas e estoume na cama, que é bon regalo non ter nada.** (mc e ms16: R. Caruncho)

19438. **Ladran os cas e estoume na cama: n'hai mellor vida que quen non ten nada.** [5713] (mc e ms16: A.N.)

Var.: *Que chova, que neve, estoume na cama: n'hai millor riqueza que a de non ter nada.* (*D.E.*) / *Cantan os galos e estoume na cama: n'hai mellor vida que non ter nada.* (Silvarrey)

19439. **Ladran os cas i-estoume na cama: non hai millor vida ca non ter nada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19440. **Ladran os cas, estoume na cama; non hai mellor vida que non ter nada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

19441. **N'hai mellor vida ca de quen non ten nada.** (ms3)

19442. **Non hai mellor cousa que non ter nada: ladran os cans, déitome na cama.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

19443. **Non hai mellor que nada non ter: ladran os cas e déixome ser.** [5714] (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

19444. **Non hai mellor cerradura que non ter cartos.** (mc e ms16: Chantada)

19445. **Non hai millor ca nada non ter: estoume na cama e déixome ser.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

19446. **Non perde o que non ten, que si as perdas foran ganancias...** (mc: Buciños)

Var.: *Non perde o que non ten.* (ms16: Buciños)

(es) *Nada teme perder quien nada tiene.* (Sbarbi)

[5705] ms3: *N'hai* / ms-SA: *peor desgracia*.
[5706] O orixinal di: *Pobre de un pobre, que non ten que o esfole.*
[5707] ms e ms4: *que quen non ten nada*.
[5708] ms: *rey*.
[5709] ms-LU: *pobre*.
[5710] En ms10 s.v. *Dormir*.
[5711] ms4: *sin ansias*.
[5712] En ms10 s.v. *Hombre*.
[5713] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Despreocupación*. / ms16: *mellor viva*.
[5714] ms: *millor*.

19447. **Non temas nada: ladran os cas e estamos na cama.** (mc e ms16: Santiago)

19448. **Non temos nada: ladran os cans, estamos na cama.** (ms-SA: Pascual Campos Arestiño: Cando, Outes, C)

19449. **Non teñas camisa i-aforrarás lavandeira.** [5715] (ms15,17)

Var.: *O que non ten camisa, aforra lavandeira.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Quien no tiene camisa se ahorra la lavandera.* (R. Marín)

19450. **O home probe con pouco se compón.** [5716] (ms16 e ms10,029r: *D.E.*)

19451. **O lume é o capón do pobre.** [5717] (mc e ms16: M.V.)

19452. **O postre dun pobre é un cigarro despois de que come.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Dozón, Dozón, PO)

19453. **O postre dun pobre é un cigarro tras de que come.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

19454. **O que non ten casa de seu, de cada pobo é veciño.** (ms16: *D.E.*)

19455. **O que non ten casa nin viña nin leira, avecíñase onde queira.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Quien no tiene casa en villa, en cadea barrio es vecino.* (H. Núñez)

19456. **O que non ten casa nin viña, en calquer parte se aveciña.** [5718] (mc: G.S. y A. / ms16: Lugo)

(pt) *Quem não tem casa na vila em cada bairro se avizinha.* (Chaves) (es) *Quien no tiene casa ni viña, en cualquier parte se avecina.* (R. Marín)

19457. **O que non ten casa nin viña, en calquer rueiro se aveciña.** [5719] (mc e ms16: S.P.P.)

(pt) *Quem não tem casa na vila, em cada bairro se avizinha.* (Chaves) (es) *Quien no tiene casa ni viña, en cualquier parte se avecinda.* (R. Marín)

19458. **O que non ten fariña, escusa peneira.** [5720] (mc / ms / ms21,13v: Bermés / Francisco Luna Bande)

Var.: *O que non ten fariña, non necesita peneira.* (ms16: *R. Fisterrán*)

(pt) *Quem não tem farinha, não precisa peneira.* (Chaves) (es) *¿Para qué el cedazo quiere el que harina no tiene?* (R. Marín) / *Quien no tiene camisa, se ahorra la lavandera.* (R. Marín)

19459. **O que non ten nada, algo lle é bon.** (ms16: Sober)

19460. **O que non ten pan, escusa peneira, i-o que non ten camisa, lavandeira.** (mc e ms16: Biville, Sarria-F.V.S.)

(pt) *Quem não tem farinha, não precisa peneira.* (Chaves) (es) *¿Para qué el cedazo quiere el que harina no tiene?* (R. Marín)

19461. **O que non ten, media cazola ll'abonda.** [5721] (mc e ms16: A.N.)

19462. **O que ten pouco, con media cazola lle basta.** [5722] (mc e ms16: M.L.)

19463. **O regalo do pobre é un cigarro despois que come.** [5723] (mc e ms16: M.V.)

19464. **O regalo dun probe: botar un cigarro dispois de que come.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

19465. **O tempo bo é a capa dos probes.** (ms16: Buciños)

19466. **O verán é a manta dos pobres.** [5724] (mc e ms16: La Coruña / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

19467. **Os pobres da auga fan caldo.** [5725] (mc e ms16: M.L.)

(es) *Al pobre cualquier don le basta.* (R. Marín) / *Al pobre poco bien le socorre.* (R. Marín)

19468. **Pobre á festa convidado, tira a barriga de mal ano.** [5726] (mc e ms16: Buciños / ms4: F.V.S. / ms21,24r: Bermés)

(es) *Pobre que va a una fiesta, de comer se atiesta.* (R. Marín)

19469. **Por pobre nunca te apures, que hai frente a quen rico eres.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

19470. **Pr'on probe o trigo é limosna.** (mc / ms16: Lugo)

19471. **Probe a festa convidado, saca a tripa de mal ano.** (ms18,58r: *Vida Gallega*)

19472. **¿Que me vai face-lo zorro, si nin galiñas teño?** [5727] (mc e ms16: La Coruña)

[5715] O orixinal di: *Non teñas camisa y-aforrarás lavandeira.*
[5716] En ms10 s.v. *Hombre*.
[5717] mc: *probe*.
[5718] ms4: *nin ten viña*.
[5719] ms: *o que non ten casa nin ten viña*.
[5720] V. *Desta maneira, o que non ten fariña excusa peneira* en *Casa* e *Pobreza*. / ms: *yo que*.
[5721] ms: *con media cazola*.
[5722] ms: *ll'abonda*.
[5723] ms: *probe*.
[5724] ms-LU: *probes*.
[5725] ms4: *probes*.
[5726] ms: *Prove*.
[5727] O orixinal di:*¿Qué me vai facel-o zorro, si nin galiñas teño?*

19473. **Vale máis non ter nada: ladran os cas i-eu estoume na cama.** [5728] (ms21,18v: Bermés)

POCO. V. tamén *Escasez, Mucho, Nada, Todo*.

19474. **A pouca comida pouca bebida.** (ms10,096r: *D.E.*)

19475. **A pouco viño, coidadiño.** (ms10,096r: *D.E.*)

19476. **Detrás do pouco vén o moito.** (ms10,097r: *D.E.*)

19477. **Do pouco vaise facendo o moito pouco a pouco.** (ms10,097r: *D.E.*)

19478. **Do pouco, pouco, e do moito, nada.** (ms10,097r: *D.E.*)

19479. **En Trabada, pouco ou nada: tres zamelos na presada.** (ms10,097r: *D.E.*)

19480. **Máis quero pouco con pouco medo que moito con temor de perdelo.** (ms10,097r: *D.E.*)

19481. **Máis quero pouco seguro que moito con perigo.** (ms10,097r: *D.E.*)

19482. **Máis val pouco e ben ganado que moito e mal logrado.** (ms10,097r: *D.E.*)

19483. **Máis val pouco e bo que moito e malo.** [5729] (ms10,097r: *D.E.*)

19484. **Non hai pouco que non baste nin moito que non se gaste.** (ms10,097r: *D.E.*)

19485. **O pouco agrada e o moito enfada.** [5730] (ms10,097r: *D.E.* / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19486. **O pouco, moito durou, e o moito logo se acabou.** (ms10,097r: *D.E.*)

19487. **Pouco a pouco chegaremos antes.** (ms10,097r: *D.E.*)

19488. **Pouco a pouco vaise a lonxe, e correndo, a mal lugar.** (ms10,097r: *D.E.*)

19489. **Pouco a pouco, co pouco faise moito.** (ms10,097r: *D.E.*)

19490. **Pouco mal e ben laiado, logo se sinte aliviado.** (ms10,097r: *D.E.*)

19491. **Pouquiño a pouco chégase a todo.** (ms10,097r: *D.E.*)

19492. **Pouquiño a pouco vai un andando.** (ms10,097r: *D.E.*)

19493. **Quen o pouco desprecia, pouco ou nada merece.** (ms10,097r: *D.E.*)

19494. **Quen ten pouco, con media cazola ten dabondo.** [5731] (ms10,097r: *D.E.*)

19495. **Quero máis pouco e ben ganado que moito e mal gastado.** (ms10,097r: *D.E.*)

19496. **Tres poucos que valen máis que moitos moitos: pouco sol, pouca cea e pouca pena.** (ms10,097r: *D.E.*)

19497. **Un pouquiño e outro pouquiño fan un moitiño.** (ms10,097r: *D.E.*)

19498. **Valen máis moitos poucos que poucos moitos.** (ms10,097r: *D.E.*)

PODA. V. tamén *Agrícolas* (*Generales*), *Injerto*.

19499. **Coida de podar en marzo, que o que poda en abril, ese é ruín.** [5732] (ms10,092r: *D.E.*)

19500. **Debes labrar e podar sin esceución ó rededor da Encarnación.** (ms4: J.P.)

19501. **En marzo poda o ricacho; en abril poda o ruín.** [5733] (mc e ms16: Lugo)

(pt) *Podar em março é ser madraço.* (Chaves) (es) *En marzo poda el ricacho; en abril, el ruín.* (R. Marín) / *ms16: "poda el ruín"* (ct) *Pel març poda el ric, i per l'abril el mesquí.* (Sanchis)

Los labradores pudientes, hacen las labores a su tiempo; los pobres, cuando pueden.

19502. **Entrenudo corto, poda corta; entrenudo largo, poda larga.** (ms15,44: Meis)

Norma general para la poda de un año. La poda se clasifica por la medida de la vara. Poda corta, de una a cuatro yemas; media, de 4 a 5 y larga de 7 en adelante.

19503. **Faga a poda quen souper i-a rodriga quen quixer.** (ms16: Bermés / ms21,31r: Bermés)

19504. **Inxiro e poda, a tempo.** (mc e ms16: C.A. *A Nosa Terra*)

19505. **O abono do castiñeiro é o machado.** (ms16: Sober)

19506. **O que en marzo non poda a súa viña, perde a vendima.** [5734] (ms10,092r: *D.E.*)

19507. **O que non sabe podar, non sei pra qué vai á viña.** [5735] (ms10,092r: *D.E.*)

19508. **O que poda en marzo, vendima no regazo.** (ms: Santiago)

[5728] O orixinal di: *Vale mais non ter nada: ladran os cas y'eu estoume na cama.*

[5729] V. *Vale máis pouco e bon que moito e malo* en *Del mal, el menos*.

[5730] En ms10 s.v. *Poco*. V. *O pouco espanta i-o moito amedranta* en *Miedo*.

[5731] V. *O que ten pouco, con media cazola lle basta* en *Pobreza* (*Ventajas de la pobreza*).

[5732] En ms10 s.v. *Podar*.

[5733] Indica *Labores del campo. Marzo* no ms.

[5734] V. *Quen en marzo non poda a viña, perde a vendima* en *Poda*. En ms10 s.v. *Podar*.

[5735] En ms10 s.v. *Podar*.

19509. **O que poda por marzo, vendima no regazo.** [5736] (ms21,30r: Bermés / ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

19510. **Poda cando quixeres menos por augas neves.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)

19511. **Poda curto e ara fondo, terás viño e pan dabondo.** [5737] (ms10,093r: *D.E.*)

19512. **Poda en marzo, vendima no regazo.** (mc e ms16: M.V.)

(pt) *Poda em março, vindima no regaço.* (Chaves) / *Podar em março é ser madraço.* (es) *Quien no poda en marzo, vendimia en el regazo.* (R. Marín) (ct) *Pel març cava i poda, si vols bona collita.* (Sanchis)

19513. **Poda en xaneiro, vendima no sombreiro.** [5738] (mc e ms16: M.V.)

(es) *Poda en enero y cava en febrero y serás uvero.* (R. Marín) (ct) *Poda de gener i cava de febrer, i tindràs bon vinader.* (Sanchis)

19514. **Poda tarde e sembra cediño; comerás pan e beberás viño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

19515. **Poda tarde e sementa cedo; si errares un ano, acertarás catro.** [5739] (mc e ms16: J.P.)

(pt) *Poda tardio, semeia temporão, acertarás 4 anos e um não* (ou *se errares um ano, acertarás quatro* ou *terás vinho e pão*). (Chaves) (es) *Poda tardío, y siembra temprano, si errares un año, no errarás cuatro, o acertarás cuatro.* (Correas) (ct) *Sembra prest i poda tard; y de cinq añs, un no et será fall.* (R. Marín) / *Poda tardá y sembra primerenc, que si èrres un any, acertarás cent.* (Alberola)

19516. **Poda tarde, sementa cedo; si ferras** [sic] **un ano, acertarás catro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

19517. **Poda tardeiro e sementa temperán, collerás uva e gran.** [5740] (ms10,093r: *D.E.*)

19518. **Quen en marzo non poda a viña, perde a vendimia.** [5741] (mc, ms e ms16: J.P.)

(pt) *Poda en março, vindima no regaço.* (Chaves) / *Podar em março é ser madraço.* (Id.) (es) *Quien no poda en marzo, vendimia en el regazo.* (R. Marín) (ct) *Pel març cava i poda, si vols bona collita.* (Sanchis)

19519. **Quen poda en maio e alza en agosto, nin colle pan nin mosto.** [5742] (mc e ms16: J.P.)

19520. **Se podas as vides curtas, terás vindima larga.** [5743] (ms10,092r: *D.E.*)

19521. **Túa viña alabada: en marzo a poda, en maio a cava.** [5744] (ms4: J.P.)

PODER. V. tamén *Gobierno, Jurídicos y similares, Señor, Señorío, Vasallo*.

19522. **A máis non poder, déitase Pedro coa súa muller.** (ms10,093r: *D.E.*)

19523. **A máis non poder, o home déixase querer.** (ms10,093r: *D.E.*)

19524. **Non todos podemos o que queremos.** (ms10,093r: *D.E.*)

19525. **Pode máis o moucho no seu souto que no de outro.** (ms10,093r: *D.E.*)

19526. **Quen máis non pode, coa súa muller se deita e dorme.** (ms10,093r: *D.E.*)

POLVAREDA

19527. **Coas poeiras fanse as lameiras.** (ms10,093r: *D.E.*)

19528. **Das poeiras fanse as lameiras.** (ms10,093r: *D.E.*)

PÓLVORA

19529. **Pólvora, pouca, e monición hastra a boca.** (ms10,094r: *D.E.*)

19530. **Se queres xogar, xoga; non xogues coa pólvora.** (ms10,094r: *D.E.*)

POLLOS. V. tamén *Agrícolas* (*Animales*), *Animales domésticos* (*Gallina*), *Animales domésticos* (*Gallos*).

19531. **Eu son o pito cairés que naceu polo xaneiro; se o raposo me non come, hei de cantar no poleiro.** [5745] (ms10,092r: *D.E.*)

19532. **Nin polo nin capón perden enxamais sazón.** (ms10,093r: *D.E.*)

[5736] ms-SA: *vindima*.
[5737] En ms10 s.v. *Podar*.
[5738] Indica *Labores agrícolas* (*Meses*) no ms.
[5739] ms: *Poda tardío*; mc: *si errares en un ano*; ms4: *Poda tardio*.
[5740] En ms10 s.v. *Podar*.
[5741] mc e ms16: *vendima*. Jacinto del Prado recolle o refrán tal e como aparece en ms.
[5742] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Agrícolas* (*Meses. Mayo*).
[5743] En ms10 s.v. *Podar*.
[5744] O orixinal di: *Tua viña alabada, en Marzo à poda, en Mayo á cava.*
[5745] V. *Eu son o pito Cairo, que naceu no mes de xaneiro; se o raposo non me come, hei de cantar no poleiro* en *Agrícolas* (*Animales*). En ms10 s.v. *Polluelo*.

19533. **O polo de xaneiro, no san Xoán xa está comedeiro.** (ms10,093r: *D.E.*)

19534. **O polo i-o capón sempre están en sazón.** (ms10,093r: *D.E.*)

19535. **O polo, cada ano; e o parrulo, cada tres ou catro.** (ms10,093r: *D.E.*)

19536. **Os pitos de xaneiro pouquiños van ó poleiro.** [5746] (ms10,092r: *D.E.*)

19537. **Polo de xaneiro, cada pruma dá diñeiro.** (ms10,093r: *D.E.*)

19538. **Polo nun curral alleo, nin sabe onde come nin dá co puleiro.** (ms10,093r: *D.E.*)

PONER

19539. **A pon, pon, o diñeiro enche o bolsón.** [5747] (ms10,094r: *D.E.*)

19540. **Na feira de Vilaverde, o que máis pon, máis perde.** (ms10,094r: *D.E.*)

19541. **Non pon a galiña polo galo senón polo papo.** (ms10,094r: *D.E.*)

19542. **Non pon a galiña senón a fariña.** [5748] (ms10,094r: *D.E.*)

19543. **Vállate Dios de que mal xeito te pos; cando querías, ti ben te poñías.** (ms10,094r: *D.E.*)

PONZOÑA

19544. **A pezoña non fai mal a quen a pode aturar.** (ms10,091r: *D.E.*)

PORFIAR

19545. **Canto máis retesíes, mas tempo perdes.** (ms10,108r: *D.E.*)

19546. **Con porfías non andes tódolos días.** (ms10,095r: *D.E.*)

19547. **De tanto porfiar, un día ou outro ha cadrar.** (ms10,095r: *D.E.*)

19548. **Díxome a miña nai que porfiase mais non que aventurase.** (ms10,095r: *D.E.*)

19549. **Dos porfiados nacen os avisados.** (ms10,095r: *D.E.*)

19550. **Non fíes nin porfíes, que eu fiei e porfiei e nunca nada ganei.** (ms10,095r: *D.E.*)

19551. **Non queiras ser porfiador nin discutir sin razón.** (ms10,095r: *D.E.*)

19552. **Nunca seas porfiador, inda que teñas razón.** (ms10,095r: *D.E.*)

19553. **O moito porfiar chega a cansar.** (ms10,095r: *D.E.*)

19554. **O moito porfiar chega a rallar.** (ms10,095r: *D.E.*)

19555. **Ó moito porfiar ¿quen se pode negar?** (ms10,095r: *D.E.*)

19556. **O que sabe porfiar, algunha vez o ha lograr.** (ms10,095r: *D.E.*)

19557. **Os porfiados fan ricos ós abogados.** (ms10,095r: *D.E.*)

19558. **Pobre porfiado codecha saca.** (ms10,095r: *D.E.*)

19559. **Quen porfía mata caza.** (ms10,095r: *D.E.*)

PORTADA

19560. **A boa portada honra a casa.** (ms10,096r: *D.E.*)

19561. **Pola portada conócese a casa.** (ms10,096r: *D.E.*)

19562. **Pola portada conócese a morada.** (ms10,096r: *D.E.*)

PORVENIR

19563. **Cada día que pasa sabemos o que pasou e non sabemos o que pasará.** [5749] (ms16 e ms10,005r: *D.E.*)

19564. **De aquí a un ano, ou morre a burra ou quen a tangue.** (ms16 e ms8,26v: Cañiza)

(es) *De aquí allá u se morirá el asno o quien le arrea.* (Correas)

19565. **De eiquí alá, ¡sabe Dios o que será!** (ms16: Lugo)

Var.: *D'aquí a alá, ¡quen sabe o que pasará!* (ms16: *D.E.*) / *D'aquí a alá, ¡quen sabe o que será!* (ms16: *D.E.*)

(es) *De aquí allá, Dios sabe lo que será.* (Correas)

19566. **De hoxe nun ano, ¡que sabe o que pasará! O que viva o verá.** (ms16 e ms10,030v: *D.E.*)

Var.: *De hoxe nun ano, ¡quen sabe o que pasará!* (ms16: Lugo)

19567. **Non hai ben que non se acabe nin mal que non pase.** (ms8,27r: Silvarrey)

19568. **O día de mañán ninguén o viu nin o verá.** (ms16: *D.E.*)

(es) *A mañana nunca lo vi.* (H. Núñez)

19569. **O día de mañán non-o vemos nunca.** [5750] (ms16 e ms10,005v: *D.E.*)

[5746] En ms10 s.v. *Polluelo*.

[5747] V. *A pon, pon, o diñeiro no bolsón* en *Egoísmo. Ambición. Interés*.

[5748] V. *Non pon a galiña, que pon a fariña* en *Agrícolas* (*Animales*).

[5749] En ms10 s.v. *Día*.

[5750] Refrán e variante en ms10 s.v. *Día*.

Var.: *O día de mañán inda non-o vimos.* (ms16 e ms10,005v: *D.E.*)

POSADA

19570. **O saír da pousada é a cousa máis condanada.** (ms10,097r: *D.E.*)

POSIBILIDAD

19571. **Nadie diga "desta auga non beberei".** [5751] (mc: M.V.)

Var.: *Ninguén diga "desta auga non beberei".* (ms16: *D.E.*)

(pt) *Ninguém diga desta água não beberei e deste pão não comerei.* (Chaves) (es) *Nadie diga de esta agua no beberé.* (R. Marín) / *Nadie diga "De esta agua no beberé", ni "De este pan no comeré".* (Id.) / *Nadie diga "Desta agua no beberé", por turbia que esté.* (Id.) / *Nadie diga "De aquí no pasaré", ni "De esta agua no beberé".* (Id.) / *Aunque más turbia la vea, no diré: "De esta agua no beberé".* (Correas)

19572. **Naide pode decir dest'auga non beberei.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Ninguno está libre de que le suceda lo que a otro, ni seguro de que hará cosa alguna, por mucho que le repugne.

19573. **Non se pode decir "de esta auga non beberei", que se bebe cando menos se quere.** (ms10,042r: Silvarrey)

19574. **O imposible en van se pide.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

19575. **Onde xente vive, xente pode vivir.** (ms16: Buciños)

19576. **Quentar e non queimar non pode ser.** (ms9,05r: Chantada)

Calentar sin quemar leña.

19577. **Todo pode ser, tropezar e non caer.** (ms / ms8,78v: Silvarrey)

POTRO. V. tamén *Animales domésticos*.

19578. **Agora que ten poldro parece outro.** (ms10,093r: *D.E.*)

19579. **Dou ó demo o poldro que vendo égoas non relincha.** (ms10,093r: *D.E.*)

19580. **Dous poldros a un can, ben o morderán.** (ms10,093r: *D.E.*)

19581. **Naide turra do rabo do poldro coma seu dono.** (ms10,093r: *D.E.*)

19582. **O poldro antes teu que de outro.** (ms10,093r: *D.E.*)

19583. **Ó poldro i-ó mozo, albardín novo e apretado o bozo.** (ms10,093r: *D.E.*)

19584. **O poldro, primeiro de outro.** (ms10,093r: *D.E.*)

19585. **Onde poldros nacen, égoas pacen.** (ms10,093r: *D.E.*)

19586. **Pacen os poldros, o mesmo us que outros.** (ms10,093r: *D.E.*)

19587. **Se queres saber o que valen os poldros, vende os teus e merca os de outros.** (ms10,093r: *D.E.*)

19588. **Se queres un bo poldro, que cho amanse outro.** (ms10,093r: *D.E.*)

PRADO. V. tamén *Hierba*.

19589. **Senteime nun prado mollado; douche ó demo o mal sentado.** (ms10,097r: *D.E.*)

PRANTO

19590. **Nin enterro sin pranto nin romaría sin santo.** (ms10,097r: *D.E.*)

19591. **O pranto nun enterro é como a gaita nun turreiro.** (ms10,097r: *D.E.*)

PRECAUCIÓN

19592. **A Cristo penderon no campo porque se estuvo quieto.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

19593. **A filla da mosca, de puro avisada, vólvese tosca.** (mc: Taboada / ms4: F.V.S.)

19594. **A filla da mosca, de puro avispada, vólvese tosca.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

19595. **Á porta do moi rezador non poñas o teu trigo ó sol.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19596. **Á porta do que non reza nada, nin trigho nin cebada.** [5752] (ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)

19597. **Á porta do rezador bota o triguiño ó calor.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / ms-SA: Lorenzo Castiñeira Canosa: Santa María de Xaviña, Camariñas, C)

19598. **Á porta do rezador non bóte-lo millo ó sol, porque vén o rezador e quedas sin**

[5751] V. *Nunca digas de esta auga non hei beber* en *Vicios*. / ms3: *Nadia, d'esta*.

[5752] O orixinal di: *A porta do que non reza nada nin trijo nin cebada.*

millo e sin fol. [5753] (ms-LU: seminarista anónimo: Telleira, Canduas, Cabana de Bergantiños, C)

19599. **Á porta do rezador non botes o trigo ó sol, e á do que non reza nada, nin trigo nin cebada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19600. **Á porta do rezador non botes o trigo ó sol, pero á porta do que non reza nada, nin o trigo nin a cebada.** (ms-SA: M. González Fernández)

19601. **Á porta do rezador non botes trigo a secar ó sol pero, á porta do que non reza nada, non botes trigo nin cebada.** (ms-LU: seminarista anónimo:Gaibor, Begonte, LU)

19602. **Á porta do rezador non botes trigho ó sol.** [5754] (ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)

19603. **Á porta do rezador non deixes o millo a secar, e á porta do que non reza, nada, nin o millo nin a cebada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19604. **Á porta do rezador non póña-lo millo ó sol porque vén o rezador e quedas sin millo e sin fol.** [5755] (ms-SA: José Campos Lourido: Santo Ourente de Entíns, Outes, C)

19605. **Á porta do rezador non póña-lo trigo ó sol, e [á] do que non reza nada, nin o trigo nin a cebada.** [5756] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19606. **Á porta do rezador non póña-lo trigo ó sol, i-á porta do que non reza nada, nin trigo nin cebada.** [5757] (mc: A.N.)

Var.: *Á porta do rezador non bóte-lo millo ó sol.* (mc: A.I. / ms21,02r: Bermés / A. Darriba Míguez) [5758] / *Á porta do rezador non botes o millo ó sol, e á porta do que non reza nada, non botes o millo nin a palla.* (Museo) / *Á porta do rezador non póña-lo cribo ó sol.* (Coruña) [5759]

(es) *A la puerta del rezador nunca pongas tu trigo al sol; y a la del que no reza nada ni trigo ni cebada.* (Sbarbi) / *A la puerta del rezador, no tiendas tu trigo al sol.* (Correas)

19607. **Á porta do rezador non poñas o trigo ó sol, e [á] do que non reza nada, nin trigo nin cebada.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

19608. **Á porta do rezador non poñas o trigo ó sol, i-á do que non reza nada, nin trigo nin cebada.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

19609. **Á porta do rezador podes botar o millo ó sol.** (ms-SA: Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)

19610. **Á porta dun bo rezador bota o trighillo ó calor.** [5760] (ms-SA: Emilio Segade Vidones)

19611. **A quen millor escribe, cáelle un borrón.** [5761] (mc: C.A.-*A Nosa Terra*)

19612. **A quen vaia moito á misa, non lle fíes a camisa.** [5762] (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)

19613. **Algo debe ter a agua cando a bendicen.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

19614. **Algo ten a auga cando a bendicen.** (mc: M.V.)

(es) *Algo tendrá el agua cando la bendicen.* (Sbarbi Véase la explicación página 39).

19615. **Algo teñen os santos cando os bendicen.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19616. **Anda con atento, que está Jonás dentro.** [5763] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Recomienda precaución.

19617. **Antes de correr mira si podes andar.** (mc: Tuiriz)

19618. **Antes de facer unha cousa, mira ben o que vas a facer.** (mc: Barreiro-Somoza)

19619. **Antes de perda, remedio.** (mc: Pidre)

19620. **Ao bon día abrirlle a porta.** (mc: C.A.)

(pt) *Ao bom dia abre a porta e ao mau te aparelha.* (Chaves) (es) *Al buen día, ábrele la puerta y para el malo te apareja.* (Correas) / *Al buen día mételo en tu casa.* [5764] (Sbarbi) (ct) *Al bòn dia donarli entrá y esperar la nuvolá.* (Alberola)

[5753] O orixinal di: *A porta do rezador non votelo millo o sol porque ven o rezador e quedas sin millo e sin fol.*

[5754] O orixinal di: *A porta do rezador non botes trijo o sol.*

[5755] O orixinal di: *A porta do rezador non ponalo o millo o sol por que ven o rezador a e quedas sin millo e sin fol.*

[5756] O orixinal di: *A porta do rezador non poñalo trigo o Sol, e do que non reza nada nin o trigo nin a cebada.*

[5757] O orixinal di: *A porta do rezador non poñal-o trigo ô sol; y-a porta do que non reza nada, nin trigo nin cebada.* / ms e ms4: *poñas o trigo, de quen non reza,* ms3: *de quen non.*

[5758] A. Darriba Míguez: *botes o millo.*

[5759] ms: *poñas o.*

[5760] A porta dun bo rezador bota o trijillo o calor.

[5761] ms4: *mellor.*

[5762] O orixinal di: *A quen vaia moito a misa non lle fies a camisa.* / mc: *vaya.*

[5763] ms-LU: *qu'está.*

[5764] ms: *en casa.*

19621. **Arco de texo e cureña de serval, cando disparan xa fixeron mal.** [5765] (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(es) *Arco de tejo y cureña de serbal, cuando disparan han hecho el mal.* [5766] (Sbarbi) (ct) *Arc de teix y curenya de cervera, quan despares ya han fet mella.* (Alberola)

19622. **Arrédate dos pés da besta, así da grande como da pequena.** (ms16: *D.E.*)

Var.: *Arrédate dos pés das bestas.* (ms16: Lugo)

(es) *Apartarse de los pies de las bestias; así de las mansas como de las traviesas.* (Correas) / *Apartarse de los pies de las bestias.* (Z.)

19623. **As forras que tiran cas casas non son forras.** (mc: Buciños)

19624. **Cando a barba do veciño vexas pelar, bota a túa a remollar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

19625. **Cando á porta oias petar, vai a modo e con vagar.** [5767] (mc: Santiago)

19626. **Cando as barbas do teu veciño vexas pelar, bota as túas a remollar.** [5768] (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Var.: *Cando as barbas do teu veciño vexas cortar, bota as túas a remollar.* / *Cando a barba do teu veciño vexas pelar, pon a túa a remollar.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Cuando la barba de tu vecino veas pelar, echa la tuya a remojar.* (mc: Sbarbi / ms16: C.C.)

19627. **Cando as barbas do veciño verás afeitar, pon as túas a remollar.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

19628. **Cando o can ladra, algo anda na manada.** [5769] (mc: Santiago)

19629. **Cando polas barbas do veciño vexas xiar, pon as túas a remollar.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

19630. **Cando vaias ó mercado, non che esquenza o cobrado.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

19631. **Cando vaias prá feira, non che esquenza a carteira.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

19632. **Cando vexas a corda, acorda.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Cuando vieres la cuerda, acuerda.* (Correas)

19633. **Cando vexas as barbas do teu veciño afeitar, pon as túas a remollar.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

19634. **Cando vexas as barbas do veciño afeitar, pon as túas a remollar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

19635. **Catro ollos ven máis que dous.** (mc)

(pt) *Quatro olhos vêm mais que dois.* (Chaves) (es) *Más ven cuatro ojos que no dos.* (Sbarbi) (ct) *Quatre ulls veuen més que dos.* (Alberola)

19636. **Coa mala, xanta; e coa boa, ten baralla.** [5770] (ms16 e ms10,036r: *D.E.*)

(es) *Con la mala, yanta y con la buena, ten baraja.* (Correas)

19637. **Contra de treta, retreta.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

Var.: *Contra treta, retreta.*

(es) *Contra cautela cautela y media.*

19638. **Da casa sale quen monte queima.** (ms: Palas de Rey-F.V.S.)

19639. **Do monte sal o que o monte queima.** [5771] (mc: M.V. / ms21,28r: Bermés)

(es) *Del monte sale quien el monte quema.* (Sbarbi)

Los daños que se experimentan suelen venir por lo regular, de los domésticos y parciales.

19640. **Do fuego e do señor canto máis lexos mellor.** (ms8,71r: Burela)

19641. **En boca pechada non entran moscas.** (ms: C.A. *A Nosa Terra*)

(pt) *Em boca fechada não entra mosca.* (Chaves) / *Em boca fechada as moscas não têm entrada.* (Id.)

19642. **En porta do rezador non botes o trigo ó sol, i-ó que non reza nada, nin trigo nin nada.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

19643. **Entre santa e santo, parede de cal e canto.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

19644. **Escoba que barre todo, non é boa escoba.** (ms15,41)

[5765] ms4 e ms-LU: *serbal, fixeron o mal*.

[5766] ms: *hecho han el mal.*

[5767] O orixinal di: *Cando a porta oyas petar, vai a modo e con vagar*.

[5768] ms-LU: *teo veciño*.

[5769] V. *Cando o can ladra, algo venta* en *Perros* (*Ladridos de perros*).

[5770] En ms10 s.v. *Malo*.

[5771] ms21,28r: *qu'o*.

19645. **Fai o raposo o sábado con que o domingo non vaia á misa.** [5772] (mc: V.R. y A.R.)

(pt) *A raposa faz pela semana com que ao domingo não vá à igreja.* (Chaves) (es) *Hace el lobo entre semana, por do el domingo no vaya a misa.* (Correas). / *Hace el lobo entre semana, por do la fiesta a misa no vaya.* (Id.) / *Por la semana hace la raposa, con que no va el domingo a misa.* (Id.)

19646. **Fai o zorro o sábado con que o domingo non ha d'ir á misa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

19647. **Fai o zorro o sábado con que o domingo non vai á misa.** (ms21,11v: Bermés)

19648. **Fíate nas castañas asadas que, se estoupan, sairanche á cara.** (ms16: *D.E.*)

19649. **Goberna a boca según a túa bolsa.** (ms8,04v: Silvarrey)

19650. **Hai que comer e deixar.** (ms5,137: Mondoñedo)

19651. **Hai que gardar das risas prós choros.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

19652. **Hai que gardar das verdes prás maduras.** (mc: Buciños)

19653. **Hai que saber con quen se gastan os cartos.** [5773] (mc: Buciños)

19654. **Hai que saber gastar e atar o saco.** [5774] (mc: La Coruña)

19655. **Máis vale ben recollido que mal parecido.** (ms21,16r: Bermés)

19656. **Mentras andes nos teos pés, nunca deixe-lo que tes.** [5775] (ms-LU: seminarista anónimo: Donalbai, Begonte, LU)

19657. **Mentras que o capador está encima dela, non digas que a cocha é túa.** [5776] (mc: M.L.)

19658. **Millor é preguntar ca mal andar.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Cádavo, A Esperela, Baleira, LU)

19659. **Mirade o que facedes, que o que na casa fixerdes, na rúa o ouviredes.** [5777] (ms16 e ms10,040v: *D.E.*)

(es) *Mirá lo que hacéis, que lo que en casa hiciéredes, en la plaza lo oiréis.* (Correas)

19660. **Moitas veces vai a ola á fonte e dunha rompe.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

19661. **Moitas veces vai o xarro de barro á fonte pro dunha rompe.** (ms11,43: Comarca de Fonsagrada)

19662. **Moito sabe o rato, pero máis sabe o gato.** [5778] (mc: A.C. *A Nosa Terra* / ms10,105r: *D.E.*)

(pt) *Muito sabe o rato mas mais o gato.* (Chaves) (es) *Mucho sabe el rato pero más sabe el gato.* [5779] (Sbarbi)

Nadie se fie de su saber, que puede haber otro más sagaz que lo engañe.

19663. **Na botica non probes e no ferro non te metas.** (mc: Carballedo)

19664. **Na casa do ferreiro non tentar e na botica non probar.** [5780] (mc e ms16: M.V. / ms21,23v: Bermés)

(pt) *Em ferreiro não pegues, em farmácia não proves, em sapateiro não sentes.* (Chaves)

19665. **Na casa do xabroneiro, o que non cai, resbala.** [5781] (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Tuiriz, Monforte)

(es) *En casa del jabonero, el que no cae, resbala.* (R. Marín)

19666. **Na porta do rezador [non póña-lo millo ó sol]. E na do que non reza nada, nin millo nin cebada.** [5782] (ms21,32v: Bermés)

19667. **Na porta do razador non poñas o millo ó sol.** (ms-LU: Félix Rodríguez Vieites)

19668. **Na porta do rezador non poñas o trigo ó sol.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

19669. **Na porta do rezador no[n] poñas o trigo ó sol, i-ó que non reza nada, nin trigo nin cebada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19670. **Na terra dos ovos hai que ter cuidado cos lobos.** (mc: Santiago)

19671. **Nadia faga contas senón do que ten na man.** (ms18,34r)

19672. **Nadie vai ó río que non se molle nin ó toxal que non se espiñe.** (mc: Palas-F.V.S.)

[5772] O orixinal di: *Fai o raposo o sábado con que o domingo non vaya a misa.*

[5773] O orixinal di: *Hay que saber con quen se gastan os cartos.*

[5774] O orixinal di: *Hay que saber gastar e atar o saco.*

[5775] O orixinal di: *Mentras andes nos teos pes nunca deixe'lo que tes.*

[5776] ms: *enriba*; ms4: *Mentras está o capador derriba d'ela.*

[5777] En ms10 s.v. *Mirar*.

[5778] En ms10 s.v. *Ratones* coa indicación *Aventajar*.

[5779] ms: *pero más el gato*.

[5780] mc: *tenar*; ms16: *En casa*.

[5781] ms e ms4: *xaboneiro*; ms16: *En casa*.

[5782] O orixinal di: *Na porta do rezador... Resposta: E n'a d'o que non reza nada nin millo nin cebada.*

Var.: *Nadie vai ó río que non se molle.* (mc: M.V. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms21,26v: Bermés) [5783]

19673. **Nin por arrodeos nin por atallos nunca te apartes do camiño dos carros.** [5784] (mc: Pidre-F.V.S.)

19674. **Nin un instante estará descuidado quen queira ser un hacendado.** (ms4: J.P.)

19675. **Ningunha persona prudente aguantará ó relente.** [5785] (ms4: J.P.)

19676. **No que se toma a bulto está o engaño oculto.** (mc: Santiago)

19677. **No que se toma a vulto, enghaño hai oculto.** [5786] (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

19678. **Non armes o peligro e non perecerás nel.** (ms-LU: seminarista anónimo: Baldomar, Begonte, LU)

19679. **Non levantes a lebre pra que outro a leve.** (ms16: Lugo)

(es) *No levantes liebre que otro lleve.* (R. Marín)

19680. **Non te metas cas abellas que sales perdendo.** (mc: Santiago)

19681. **Non teñas medo que eu na casa quedo.** (ms8,29r: La Cañiza)

19682. **O paxaro, cando dorme, mete o rabo na silveira.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

19683. **O que coida, pra si coida.** (ms10,050r: Sober)

19684. **O que está avisado, está armado.** [5787] (mc: Meilán / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19685. **O que está en pé, mire non caia.** [5788] (ms5,121: Trapero / ms15,13 / ms10,085r: *D.E.*)

19686. **O que gard'o que ten, non infam'a ninguén.** (ms11,46: Comarca de Fonsagrada)

19687. **O que garda o que ten, non infama a ninguén.** (mc: Fonsagrada-F.V.S.)

19688. **O que garda o que ten, non peca con ninguén.** (mc: A.N.)

19689. **O que non poida asistir a ceas, que non se meta nelas.** (ms10,049v: Carballino)

19690. **O que non queira cargas, que non colla cargos.** (mc)

19691. **O que non queira patadas, que non vaia á feira das bestas.** (mc: Santiago)

Var.: *O que non queira couces, que non vaia á feira das bestas.* (ms16)

Figuradamente, como el que sigue, aconseja huir de las malas compañías.

19692. **O que non te conoza, que te merque.** [5789] (mc)

(es) *El que no te conozca que te compre.* (Sbarbi) / *El que no te conozca ese te alabe.* (Id.)

Dícese de las personas cuyas malas artes no son bien conocidas.

19693. **O que ten cu de palla non se arrima ó lume.** (ms16: *R. Fisterrán*)

(es) *Quien tiene la cola de paja, no se acerque a la llama.* (R. Marín)

19694. **O que ten o rabo de palla, sempre lle arde.** (ms-SA: J. M. Barral Sánchez)

19695. **O que ten o rabo de palla, ten medo que lle arda.** (Jesús Vázquez: Sarria, LU)

19696. **O que ten rabo de palla ten medo que se lle queime.** [5790] (mc: La Coruña)

Var.: *O que ten rabo de palla, sempre pensa que lle afuma.* (ms4: F.V.S.) / *O que ten rabo de palla ten medo que lle planten lume.* (ms4: F.V.S.)

19697. **O que ten rabo de palla, sempre ten medo que lle arda.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

19698. **Ó tolo e ao aire doulles calle.** (ms)

(es) *Al loco y al aire, darlle calle.* (Sbarbi)

19699. **Ollo no plato, ollo no gato.** (ms-SA: José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO / ms-SA: Manuel Autrán Ramos: Santa Marta de Babío, Bergondo, C)

19700. **Onde te queiran mal nunca irás.** (ms10,031v: *D.E.*)

19701. **Polas corredoiras fondas sempr'andar acompañado.** (mc: Santiago)

19702. **Por camiños e atallos non deixes o camiño dos carros.** (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)

19703. **Por carreiras i-atallos non deixes o camiño dos carros.** (ms-LU: seminarista anónimo: Monterroso, Monterroso, LU)

[5783] ms-LU: e ms21,26v: *naide*.

[5784] V. *Nin por carreiro nin por atallo, deixar o camiño do carro* en *Agrícolas* (*Generales*).

[5785] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[5786] O orixinal di: *No que se toma a bulto enjaño hay oculto.*

[5787] ms-LU: *avisao, arnao*.

[5788] ms15,13: *caya* / En ms10 s.v. *Pies*.

[5789] mc: *conozca*.

[5790] mc: *ese ten medo*.

19704. **Pouco importa qu'encha a canada se a tira dunha patada.** [5791] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19705. **Pra todo [ten] que'estar prevenido o labrego que en verdá é instruído.** [5792] (ms4: J.P.)

19706. **Quen non t'entenda, que te merque.** (mc / ms4: F.V.S.)

Var.: *Que te merque que non te conoza.* (ms16: *D.E.*) / *O que non te entenda, que te merque.* (ms4: F.V.S.) / *Quen non ten coneza, que te merque.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Quien no te conoce, te compre.* (Z.)

Véase *O que non te conoza...*

19707. **Quen sementa espiñas, que non vaia descalzo.** [5793] (mc: Buciños)

(es) *Quien siembra espinas, abrojos coge.* (Sbarbi) / *Quien siembra espinas no espere coger clavelinas.* (Id.)

19708. **Quen ten rabo, non se senta.** (ms8,47r: La Cañiza)

19709. **Quen xoga co ferro, xoga co demo.** (mc: J.P. / ms4: A.S.A. / ms21,07v: Bermés)

19710. **Quen xoga con moitas pallas, unha lle quita os ollos.** (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)

19711. **Quen sembra espiños, que non vaia descalzo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

19712. **Se queres que non che coma o queixo o rato, compra un gato.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

19713. **Se ves as barbas do teu veciño a pelar, vai poñendo as túas de remollo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

19714. **Se ves as barbas du teu viciño pelar, pon as túas a remollar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

19715. **Sempre que vaias á feira, ten cuidado ca carteira.** [5794] (mc e ms: Santiago)

Var.: *Sempre que vayas á feira, ten coidado ca costura.* (Santiago)

19716. **Si non queres levar patadas, non vaias á feira das bestas.** [5795] (ms-SA: José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C)

19717. **Si queres que non che coma o queixo o rato, compra un gato.** (mc: Tuiriz)

19718. **Si queres ter caseiros, non teñas heredeiros.** [5796] (mc: A.S.A.)

19719. **Si queres ter criado ben mandado, non lle des de comer antes do recado.** (mc / ms4: F.V.S.)

19720. **Si vas ó moíño, no se che olvide o canciño.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)

19721. **Tantas veces vai o xarro á fonte que dunha rompe.** (mc: A.N.)

(pt) *Tantas vezes vai a caldeirinha ao poço, até que lá fica o pescoço.* (Chaves) / *Tantas vezes vai o cântaro à fonte que lá deixa a asa.* (Id.) (es) *Tantas veces va el cántaro a la fuente, que al fin se quiebra.* (R. Marín) (ct) *Tantes vòltes vá el cánter a la fònt, que al fí es trenca.* (Alberola)

19722. **Tanto vai u cántaro á fonte que ó fin se rompe.** (ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C)

19723. **Tras do perdido non hai que ir.** [5797] (mc: Buciños)

19724. **U paxaro, cando chove, mete o rabo na silveira.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

19725. **Un ollo no prato i-outro no gato.** [5798] (mc: C.G. / ms15,019 / ms21,03v: Bermés)

(pt) *Um olho no prato outro no gato.* (Chaves) (es) *Un ojo al plato y otro al gato.* (Correas) (ct) *Un ull al gat y atre al plat.* (Alberola)

19726. **Un ollo nunha cousa i-outro noutra.** [5799] (ms15,19r / ms10,072r: *D.E.*)

19727. **Vai moitas veces a ola á fonte e de unha rompe.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

19728. **Vale máis arrodear que caer.** [5800] (mc e ms5,045: Corme)

Var.: *Val máis rodear que caer.* (ms5,045: Serantes de Lage)

19729. **Vale máis arrodear que mal atallar.** (mc: Cervantes / ms4: F.V.S.)

[5791] ms-LU: *q'hench-a canada, c'unha patada*.

[5792] Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *Pra todo qu'estar,* igual que aparece en ms4.

[5793] O orixinal di: *Quen sementa espiñas, que non vaya descalzo.*

[5794] O orixinal di: *Sempre que vayas a feira, ten cuidado c'a carteira.* / Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal. Contén a indicación *Precaución* no ms.

[5795] O orixinal di: *Si non queres levar patadas no vayas a feira das vestas.*

[5796] V. *O que bota os bes a caseiros, escusa herdeiros* en *Casa*.

[5797] O orixinal di: *Tras do perdido non hay que ir.*

[5798] O orixinal di: *Un ollo no prato y'outro no gato.* / mc: *plato, y-outro*; ms21,03v: *y'o outro*.

[5799] O orixinal di: *Un ollo n'unha cousa y'outro n'outra.* / ms10: *e outro*.

[5800] Indica *Mal menor* en ms5,045.

(pt) *Melhor é rodear que mau andar.* (Chaves)

19730. **Vale máis recollido que mal parecido.** (mc)

PRECAUCIÓN AL HABLAR. V. tamén *Cautela en el hablar*.

19731. **As paredes oien.** [5801] (mc e ms16: Sarria / ms10,082r: *D.E.*)

(pt) *As paredes tem ouvidos.* (Chaves) (es) *Montes ven, paredes oyen.* (Correas)

Como el anterior.

19732. **As paredes teñen oídos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19733. **As silveiras e os valados teñen orellas.** [5802] (mc e ms16: C.A.)

19734. **As silveiras oien.** (mc e ms16: C.A.)

(pt) *As paredes tem ouvidos.* (Chaves) (es) *Las paredes han oídos y los montes ojos.* (Correas) / *Las paredes tienen orejas y oídos.* (Id.) / *Ni tras pared ni tras seto digas tu secreto.* (M. Kleiser. nº 51774) (ct) *Les mates tenen ulls y les parets orelles.* (Alberola)

19735. **As silveiras tên orelleiras.** (mc e ms16: J.A.P.)

(pt) *As paredes tem ouvidos.* (Chaves) (es) *Las paredes han oídos y los montes ojos.* (Correas) / *Las paredes tienen orejas y oídos.* (Id.) / *Ni tras pared ni tras seto digas tu secreto.* (M. Kleiser. nº 51774) (ct) *Les mates tenen ulls y les parets orelles.* (Alberola)

19736. **Boca calada, non entra mosquito.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

19737. **Boca cerrada, non cala mosquito.** (mc: Chantada)

Var.: *En boca cerrada non entra mosca.* (mc: *Terra de Melide* / ms: V.R. y A.R.) / *Á boca cerrada non entra mosca nin araña.* (Narcea-Trives) / *En boca cerrada non entra mosca.* (ms16) / *Boca pecha non entra mosca.* (ms16: Noia) / *En boca cerrada non entra mosquito.* / *Na boca cerrada non entra nada.* (R. Caruncho, *Diario de Avisos*)

(pt) *Em boca fechada não entra mosca.* (Chaves) / *Em boca fechada as moscas não têm entrada.* (Id.) (es) *En boca cerrada, ni moscas ni nada.* (R. Marín) / *En boca cerrada no entra nada.* (Id.) / *En boca cerrada no entra mosca.* (Sbarbi)

19738. **Busca unha agulla pra levar na falchoca e tres ou catro pra cose-la boca.** [5803] (ms16: Enc.)

Var.: *Unha agulla prá bulsa e prá boca dúas.* (ms16: *Enc.*)

19739. **En boca cerrada nin entra mosca nin entra nada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19740. **En boca cerrada non entra mosca nela.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

19741. **En boca cerrada non entra mosca nin nada.** [5804] (mc e ms4: Buciños-F.V.S / ms21,14v: Bermés / ms-LU: Dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo)

19742. **En boca cerrada non entra mosca (nela) nin nada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19743. **En boca cerrada non entran moscas.** (ms-LU: Julio Elías Bello Méndez: Sistallo, Cospeito, LU)

19744. **En boca cerrada non entran mosquitos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

19745. **Na boca cerrada non entra mosca.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19746. **Na boca cerrada non entran moscas.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)

19747. **Na boca cerrada, nin mosca nin nada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19748. **O que moito fala, en algo se equivoca.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

19749. **O que ten boca equivócase.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

19750. **O que ten boca, se equivoca.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

PRECAUCIÓN TARDÍA

19751. **A burro morto, cebada ó rabo.** (mc e ms16: *Terra de Melide* / ms: V.R. y A.R.)

(pt) *Burro morto, cevada ao rabo.* (Chaves) (es) *El asno muerto, la cebada al rabo.* (Correas) / *A caballo muerto, la cebada al rabo.* (Id.)

Reprende la necedad de buscar remedio a las cosas que ya no lo tienen.

19752. **Á casa queimada acudirlle con auga.** (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)

(es) *La casa quemada, acudís con agua.* (Núñez)

[5801] ms10: *ouven.* / En ms10 s.v. *Paredes*.

[5802] mc: *siveiras*.

[5803] O orixinal di: *Busca unha agulla pra levar na falchoca, e tres ou catro pra cosela boca.*

[5804] ms-LU: *no entra mosca*.

19753. **A casa roubada, porta nova.** [5805] (mc: R. Marín / mc e ms16: G.P.)

(es) *La casa quemada, acudís con agua.* (Núñez) / *Quemada la casa ¿venís con el agua?* (R. Marín)

Critica las resoluciones que se toman, cuando ya la ocasión ha pasado; *A burro morto a cebada ó rabo*, etc.

19754. **A vella, despois que lle rouban a cabra, ponlle fecho á porta.** [5806] (ms: Silvestre Castiñeira / ms5,135: Santiago)

19755. **A vella, despois que roubou a cabra, ponlle o pecho á porta.** (ms: Santiago)

Var.: *A vella, desque lle rouban a cabra, ponlle fecho á porta.* (Santiago)

19756. **Así que te tire o aire, déitate.** (ms: G.P.)

19757. **Cando a lebre escapa, paus na cama.** (ms8,51r: Meda, Orense)

Var.: *Dispois de irse a lebre, paus na cama.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Después de la liebre ida, palo en las espinas.* (García-Lomas)

19758. **Casa roubada, porta trancada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19759. **Casa roubada, tranca á porta.** (mc: Buciños)

Var.: *Casa roubada, trancas á porta.* (mc, ms8,60v e ms16: La Cañiza)

19760. **De burro morto, cebada ó rabo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

19761. **Desde que salta a lebre, paus no cocho.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

19762. **Despois de burro morto, cebada ó rabo.** [5807] (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

19763. **Desque a burra vai no xo, ¡xo, burra, xo!** (ms21,17v: Bermés)

Var.: *Agora que vai no xo,¡ xo, burro, xo!* (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU) *Cando a burra vai no xo, ¡xo burra, xo!* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19764. **Desque o burro vai no illó, ¡xo, burro, xo!** (mc: M.L. / ms16: Lugo)

Var.: *Desque a burra vai no po, ¡xo, burra, xo!* / *Desque o burro entra no illó, ¡xo, burro, xo!* (ms16: *Diccionario Enciclopédico*) / *Desque o burro vai no po, ¡xo, burro, xo!* (ms16: Vivero)

19765. **Desque salta a lebre, paus ó cocho.** (mc: Piugos, Lugo / ms16: Lugo)

(es) *Después de la liebre ida, palos en la cama.* (mc: Jara / ms16: R. Marín)

19766. **Desque se perden os cartos, cósense os petos.** (mc e ms16: C.A. / ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)

19767. **Desque un morre non lle faltan sacramentos.** (ms16: Lugo)

19768. **Fuxiu o coello e veu o consello.** (mc e ms16: Orense-F.V.S.)

(pt) *A coelho ido, conselho vindo.* (Chaves) (es) *El conejo ido, el consejo venido.* (Sbarbi) / *Ido el conejo, viene el consejo.* (M. Kleiser)

Equivale a: *El amo muerto la cebada al rabo; El conejo ido, palos en la cama,* o *en la madriguera*.

19769. **Non perdas tempo en dar auga ós pitos cando chove.** [5808] (mc: Curuxas, Palas de Rey-F.V.S.)

19770. **O gallego, de roubado, tranca a porta.** (ms16 e ms8,36v: Silvarrey)

Remedio tardío.

19771. **Tedes o meniño morto tindo o apio no horto.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19772. **Téndе-lo meniño morto i-o apio no horto.** [5809] (mc e ms16: La Gudiña / ms4: F.V.S. / ms11,28)

(pt) *Tens teu filho morto e aipo no horto.* (Chaves) (es) *El hijo muerto y el apio en el huerto.* (Correas)

Las lombrices constituyen el más peligroso enemigo del niño, sobre todo la lombriz maestra, o solitaria. Los remedios consisten en dar al atacado unas gotas de zumo de apio o de hortelana en leche. A ello alude el refrán. Véase "Vida del individuo. Tierras de Gudiña (Orense)" de Laureano Prieto Rodríguez en *Revista de Dialectología...*, tomo III, 1947, cuadernos 3º y 4º, pág. 565.

19773. **Todos se acordan de botarlle auga á galiña cando chove.** [5810] (mc, ms16 e ms11,42: Santiago)

19774. **Todos se acordan de botarlle auga ás galiñas cando chove.** (ms-SA: Leonardo Carro Rodríguez: Vilaño, A Laracha, C)

[5805] V. *A casa vella, portas novas* en *Casa*.

[5806] ms5,135: *desque lle rouban*

[5807] O orixinal di: *Despois de burro morte, cebada o rabo.*

[5808] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal. / ms15,30: *ás pitas*.

[5809] O orixinal di: *Téndel-o meniño morto, i-o apio no horto.*

[5810] ms11,42 (Santiago): *auja, jaliña*.

PRECIO

19775. **Cada cousa ten seu precio que pra eso llo puñeron.** (ms16: *D.E.*)
Var.: *Cada cousa ten o seu precio.* (ms16: Lugo)
(es) *Cada cosa tiene su precio.* (R. Marín)

19776. **Tanto vale unha cousa como aquelo que se merca.** (ms16: *D.E.*)

PRECIPITACIÓN. V. tamén *Prisa.*

19777. **A cabra que moito anda, pouco apaña.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Cabra que mucho anda, poco apaña.* (Correas)

19778. **A moita carreira trai a moita canseira.** (ms16: *D.E.*)

19779. **Apresúrate dispacio.** (ms16: Enc. / ms16: *D.E.*)
(es) *Apresúrate despacio.* (R. Marín)

19780. **Canta máis présa, máis vagar.** [5811] (mc: M.L. / ms15,01: Carré Aldao / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Var.: *Canto máis prisa, máis vagar.* (ms16: Sarria / Francisco Luna Bande / M. González Fernández / ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO) [5812]
(pt) *Quanto mais pressa mais devagar.* (Chaves) (es) *Cuanta más prisa, más calma.*

19781. **Canta máis prisa, máis calma.** (ms-SA: José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C)

19782. **Canta máis prisa, máis facer.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

19783. **Canta máis prisa, máis lecer.** (ms: Santiago)
Var.: *Canto máis prisa, máis lecer.* (ms16: Santiago)
(es) *Cuanto más priesa, más vagar.* (Z.)

19784. **Canta máis prisa, máis vagar.** (ms21,28r: Bermés / ms-LU: Guillermo Pino [sic] O [?] e José M[?]: Terra Cha, LU)

19785. **Canto máis apuro, máis vagar.** (ms18,66r)

19786. **Canto máis présa, máis vagar.** (ms-SA: M. González Fernández)

19787. **Canto máis prisa, máis vagar.** (ms-SA: Francisco Luna Bande)

19788. **Canto mas présa, máis vagar.** [5813] (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

19789. **De correr a parar non hai moito que andar.** (ms16: Enc. / ms16: *D.E.*)

19790. **Máis val descoser que romper.** [5814] (ms16 e ms10,004v: *D.E.*)
(es) *Mejor es descoser que romper.* (Z.)

19791. **Non corras tanto que teño prisa.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

19792. **Non por moito correr se chega máis axiña.** (ms16: Enc. / ms16: *D.E.*)

19793. **Non se pode facer todo de unha vez.** (ms16: Lugo)
(es) *No se puede hacer todo de una vez.* (R. Marín)

19794. **O moito correr trai o pouco andar.** (ms16: Enc. / ms16: *D.E.*)
(es) *El mucho correr trae el poco andar.* (R. Marín)

19795. **O que máis corre máis se cansa.** (ms16: Enc. / ms16: *D.E.*)
(pt) *Quem muito corre, de pressa cansa.* (Chaves) (es) *Quien mucho corre pronto se cansa.* (R. Marín)

19796. **O que moito corre non chega a lonxe.** (mc e ms16: Santiago)
(es) *Quien mucho corre luego para.* (Correas)

19797. **O que moito corre non é o que máis pronto chega.** (ms-SA: Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C)

19798. **O que moito corre non vai pa moi lonxe.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

19799. **O que moito corre non vai para lonxe.** [5815] (mc: Santiago / ms16: Enc. / *D.E.*)
(es) *Quien mucho corre, pronto para.* (R. Marín) / *Quien mucho corre, pronto cae.* (R. Marín) (ct) *Qui molt corre, té perill de caure.* (Alberola)

19800. **O que moito corre non vai lonxe.** [5816] (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

19801. **O que moito corre nunca chega a lonxe.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

19802. **O que moito corre tarde chegha.** [5817] (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

19803. **O que moito corre, logo cai.** (mc: A.S.A. / ms16: *D.E.*)
(pt) *Quem muito corre depressa cansa.* (Chaves) (es) *Quien mucho corre, pronto cae.* (R. Marín) / *Quien mucho corre,*

[5811] mc e ms16: *prisa*; ms4 e ms15,01: *Canto mais presa*; ms-LU: *vagare*.
[5812] ms-SA e M. González Fernández: *presa*.
[5813] O orixinal di: *Canto mas presa mais bagar.*
[5814] En ms10 s.v. *Descoser*.
[5815] ms16: *pra lonxe*.
[5816] O orixinal di: *O que moito corre non va lonxe.*
[5817] O orixinal di: *Oque moito corre, tarde cheja.*

pronto para. (Id.) (ct) *Qui molt corre, té perill de caure.* (Alberola)

19804. **O que moito corre, tropeza e cai. Eu corrín, tamén caín, suspirando dei un ¡ai!** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19805. **O que muito corre nunca a lonxe chega.** (ms-SA: Manuel Vilanova Peña: Ribadumia, PO)

19806. **O que poidas desatar non-o debes cortar.** (ms16: Lugo)

(es) *Lo que puedas desatar no lo debes cortar.* (R. Marín)

19807. **Os apurados morren afogados.** (ms16: Buciños)

19808. **Os que corren moito acaban atrás.** (ms8,48r: Silvarrey)

19809. **Quen corre polo muro non dá paso seguro.** (mc: A.N.)

Var.: *O que corre polo mundo, non dá paso seguro.* (ms16: *Enc.* / *D.E.*)

(pt) *Quem corre pelo muro não dá passo seguro.* (Chaves) (es) *Quien corre por el muro, no da paso seguro.* (R. Marín) / *Quien corre por el muro, no va seguro.* (Id.)

19810. **Quen moito corre, non chegha a lonxe.** (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago)

19811. **Quen moito corre, non vai pra lonxe.** (ms-SA: Manuel Fresco Reboredo: San Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO / ms-SA: Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C)

19812. **Val máis descosido que roto.** [5818] (ms16 e ms10,004v: *D.E.*)

PREDICAR. V. tamén *Religiosos y morales*.

19813. **O predicador sementa e o confesor recolle.** (ms10,098r: *D.E.*)

19814. **Quen predica en deserto, perde o sermón, e quen lava a cabeza ó burro, perde o xabrón.** [5819] (ms10,098r: *D.E.*)

PREGUNTAR

19815. **A bó perguntón, bo respondón.** (ms10,090r: *D.E.*)

19816. **Cal pergunta fagas, tal resposta agarda.** (ms10,090r: *D.E.*)

19817. **Non perguntes quén é a ninguién, que él cho dirá ben.** (ms10,090r: *D.E.*)

19818. **O moito perguntar chega a enfadar.** (ms10,090r: *D.E.*)

19819. **Quen pergunta non erra.** (ms10,090r: *D.E.*)

19820. **Quen pergunta o que non debe, oi o que non quer.** (ms10,090r: *D.E.*)

19821. **Quen pergunta o que non debía, oi o que non quería.** (ms10,090r: *D.E.*)

19822. **Quen pergunta, saber quer.** (ms10,090r: *D.E.*)

19823. **Se queres saber quén és, pergúntalle ó teu veciño.** (ms10,090r: *D.E.*)

19824. **Tal pergunta fas, tal resposta terás.** (ms10,090r: *D.E.*)

PRENDA (ALHAJA)

19825. **Prenda que come, ninguién a tome.** (ms10,099r: *D.E.*)

19826. **Tanto vale a prenda canto dan por ela.** (ms10,099r: *D.E.*)

PREÑEZ. V. tamén *Medicina. Higiene, Mujer, Partos*.

19827. **A muller preñada, ós tres meses encobre e ós catro quer e non pode.** [5820] (ms16 e ms10,046r: *D.E.*)

19828. **A muller primeiriza, primeiro se lle conoce no peito que na barriga.** (ms16: *D.E.*)

(es) *A mujer primeriza, antes se le parece la preñez en el pecho que en la barriga.* (N.-M.-R. Marín)

19829. **Has de ter un varón que tes cara de tizón.** (ms16: *R. Fisterrán*)

Dice Esmorís que el tener *cara de tizón* alude a la pigmentación que tenga la embarazada en el rostro.

19830. **Se o teu fillo comenza a endentecer, xa podes arranxarte pra outro fillo ter.** [5821] (ms16 e ms10,011r: *D.E.*)

(es) *Quién presto endentece, presto hermanece.* (M.)

PREOCUPACIÓN

19831. **Basta pensar nas zocas cando haxa que poñelas.** [5822] (ms: Páramo-F.V.S.)

PRESADA

19832. **Os corvos en bandada ventan presada.** (ms10,099r: *D.E.*)

[5818] En ms10 s.v. *Descoser*.

[5819] V. *O que lava a cabeza a burros, perde o xabrón i-o tempo* en *Esfuerzo* (*Esfuerzo estéril*).

[5820] En ms10 s.v. *Mujer*.

[5821] En ms10 s.v. *Endentecer*.

[5822] Contén a indicación *Preocupación*.

PRESENCIA

19833. **A boa presencia é carta de recomendación.** (ms10,099r: *D.E.*)

19834. **Non hai ausente sin culpa nin presente sin disculpa.** (ms10,099r: *D.E.*)

PRÉSTAMOS. V. tamén *Comercio, Contratos, Deudas, Vida comercial y contratos*.

19835. **A muller, o cabalo e a espada a nadie se debe ceder.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

19836. **A'scopeta, a muller i-a navalla d'afeitar non se poden prestar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19837. **Non hai cousa tan cara como a emprestada.** (ms16: Lugo)
(es) *No hay cosa más cara que la prestada.* (R. Marín)

19838. **Non prestes besta a quen non ten besta.** (ms16: Monforte)

19839. **Non prestes besta ó que non ten besta.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19840. **O que empresta axuda a vivir.** [5823] (ms16 e ms10,011r: *D.E.*)
(es) *Quien presta ayuda a vivir.* (Correas)

19841. **Presta carro a quen ten carro.** (ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)

19842. **Quen me empresta, algo me goberna.** [5824] (ms16 e ms10,011r: *D.E.*)
(es) *Quien me presta, algo me gobierna.* (Correas)

19843. **Se queres saber o que vale un ducado, pídeo emprestado.** (ms16 e ms10,010v: *D.E.*)
(es) *Si quieres ver cuánto vale un ducado, pídelo prestado.* (H. Núñez)

PELIGROS DE PRESTAR

19844. **A muller e a besta a naide se empresta.** [5825] (mc e ms16: A.I. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(pt) *Mulher, cavalo e cão, nem se emprestam nem se dao.* (Chaves) (es) *La mujer, la escopeta y el caballo, no prestallo.* (R. Marín)

(es) *Mejor es mío que vuestro y mejor nuestro que vuestro.* (R. Marín)

20184. **O meu, meu; i-o teu, teu.** (ms16: Lugo)
(es) *Lo mío, mío; lo tuyo, tuyo.* (Correas)

20185. **O pan e o bon viño son do seu dono.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

20186. **O que ten de seu non perece.** [5909] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

20187. **Os bés de lexos non son medios bés.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)

20188. **Ou nós da terra ou a terra de nós.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20189. **Ten de teu, ten de teu, que o que non ten de seu, en mala hora naceu.** (ms: Santiago)

20190. **Ten tu, Teresa, ten tu.** (mc: Becerreá-F.V.S. / ms16: Incio)
Conviene tener lo suficiente para no depender de nadie.

20191. **Teu pai non cho dá, túa nai non o ten, ¿de donde che vén?** (ms15,23: Taboada)

20192. **Vale máis pouco xuntiño que moito espallado.** [5910] (ms5,045: Santiago)

COPROPIEDAD

20193. **A besta de todos cómena os lobos.** (ms16: Ribera de Piquín)

20194. **Á casa de moitos donos nunca lle faltan pingueiras.** (ms16: Enc.)
(es) *A casa de muchos amos, nunca le faltan goteras.* (R. Marín)

20195. **Bestia de moitos cómena os lobos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

20196. **Burra de moitos cómea o lobo.** (mc e ms16: G.P.)
(es) *Asno de muchos, no muere viejo.* (R. Marín)

20197. **Burro de moitos cómeno os lobos.** (mc: Tuiriz, Monforte / ms4: F.V.S. / ms16: Enc.)
(pt) *Asno de muitos, lobos o comem.* (Chaves) (es) *Asno de muchos, lobos lo comen.* (Sbarbi) / *Asno de todos, yantar de lobos.* (R. Marín) / *Asno de muchos, lobos le comen.* (Correas) / *Asno de muchos, no muere viejo.* (R. Marín)
Porque cosa de muchos no la cuida ninguno.

20198. **Burro de moitos lobos cómeno todos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

20199. **Cabra de moitos cómena os lobos.** (ms16: Donalbay, Begonte)

20200. **Cousa de moitos cómena os lobos.** [5911] (mc e ms16: A.I. / ms18,71r: A.S.A.)
(pt) *Asno de muitos, lobos o comen.* (Chaves) (es) *Asno de muchos, lobos le comen.* (Correas) / *Asno de muchos, no muere viejo.* (R. Marín)

20201. **Cousa de moitos é mal repartida.** (mc: A.C. *A Nosa Terra* / ms16: C.A.)

20202. **Cousa de moitos lévana os diaños.** (ms16: Enc.)

20203. **Cousa de moitos nunca boa é.** (ms e ms16: Santiago)

20204. **Cousa de moitos nunca foi por riba.** [5912] (mc e ms16: Santiago)

20205. **Cousa de moitos, conforte de bobos.** [5913] (mc e ms16: Santiago)

20206. **Cousas de moitos cómenas os lobos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20207. **Cunca de moitos, ben lambida e mal lavada.** (ms15,17 / ms16: Enc.)
(es) *Cuenca de muchos, bien chupada y mal lavada.* (Correas)

20208. **Ola de moitos nunca ben coce.** (mc e ms16: M.L.)
Var.: *Ola de moitos, mal comesta e peor remexida.* (mc e ms4: F.V.S. / ms16: Lugo / ms) [5914] / *Ola de moitos, mal cociñada.* (ms: F.V.S. / ms16: Donalbay, Begonte) [5915]) / *Ola de moitos é mala de cocer.* (ms16: Sober)
(es) *Olla de muchos, mal mejida y peor cocida.* (Correas) / *Olla de muchos, no bulle.* (Refrán judío-español)

20209. **Ola de moitos, mal gobernada.** [5916] (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)

20210. **Ovella de moitos cómena os lobos.** (mc e ms16: Páramo / ms4: F.V.S.)
(pt) *Asno de muitos, lobos o comen.* (Chaves) (es) *Oveja de muchos, lobos la comen.* (Correas) / *Asno de muchos, lobos lo comen.* (Correas)
Como *Burra de moitos...* y *Cousa de moitos cómena os lobos*.

20211. **Vaca allea, ben muxida e mal chea.** (ms21,13v: Bermés)

20212. **Vaca allea, mal mantida e ben muxida.** (ms21,13v: Bermés)

[5909] O orixinal di *O que ten de seu "non perece"*.
[5910] Indica *Mal menor*.
[5911] ms18,71r: *comen-o os*.
[5912] ms: *nunca for por riba*.
[5913] mc: *conforte de lobos*.
[5914] ms4: *pior*.
[5915] ms4: *cuciñada*.
[5916] O orixinal di: *O'la de moitos mal gobernada.*

20213. **Vaca de moitos, ben moxida e mal mantida.** [5917] (mc e ms16: M.V. / J. M. Area Alonso/ ms-SA: Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C / ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / A. Darriba Míguez / F. Luna Bande)

Var.: *Vaca de moitos, ben mungida e mal mantida.* (ms16: Mondoñedo / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU) [5918]

(es) *Vaca de muchos, bien ordeñada y mal alimentada.* (R. Marín)

20214. **Vaca de muitos, cómena os lobos.** [5919] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

EXCELENCIA DE LO PROPIO

20215. **A cada un gústalle o seu.** (ms16: Lugo)

(es) *A cada uno le gusta lo suyo.* (R. Marín)

20216. **Cada oleiro alaba as súas olas.** (ms16)

Var.: *Cada olleiro alaba o seu pucheiro.* (mc: Taboada / ms5,133: Mondoñedo)

(es) *Cada ollero, alaba su puchero.* (Sbarbi) / *Cada ollero su ola alaba, y más si la trae quebrada.* (Id.) (ct) *Cada oller alaba la seua òlla y més, si la pòrta clavillá.* (Alberola)

20217. **Malia o pelengrín que di mal do seu bordón.** (ms16: *D.E.*)

(es) *No hay romero que diga mal de su bordón.* (Correas)

20218. **Monte, o que poidas ver; prado, o que poidas ter; e leiras, as que poidas pacer.** (ms15,45r: Chantada)

20219. **O lume de fóra nin quenta nin lora.** (ms8,31r: Silvarrey)

Ni calienta ni se aprovecha.

20220. **O meu liño é mellor qu'o do veciño.** (ms8,78r: Silvarrey)

Var.: *O meu trigo é millor que o de o veciño.* (ms16)

Porque es propio.

20221. **Val máis fume da miña casiña que lume da veciña.** [5920] (ms16 e ms10,024r: *D.E.*)

PROPORCIONALIDAD

20222. **A albarda, á medida do burro.** (ms17,002)

Var.: *A albarda segundo é o burro.* (ms16: Sober)

20223. **A bo capelán millor sancristán.** [5921] (ms16: *D.E.* / mc: Santiago, José Mª Cures / ms-SA: Pascual Campos Arestiño: Cando, Outes, C)

(es) *A buen capellán, mejor sacristán.* (Correas)

20224. **A bo cura, mellor sacristán.** (ms-SA: Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)

20225. **A bo pan boa canteira.** (ms16: Calvos de Randín)

20226. **A boa madeira quer o bo oficial.** (ms16: *D.E.*)

(es) *A buena madera, buen oficial.* (R. Marín)

20227. **A burro froxo arrieiro tolo que lle malle o lombo.** (ms15,14)

20228. **A cada ola a súa tapadeira.** (ms10,072r: *D.E.*)

20229. **A cada ola o seu testo.** (ms10,072r: *D.E.*)

20230. **A concello ruín pregoeiro tatexo.** (ms16: *D.E.*)

20231. **A mal abade mal sancristán.** (ms16: *D.E.*)

Var.: *A ruín abade ruín monaguillo.* (ms16: *D.E.*)

(es) *A mal abad, mal monescillo.* (S.)

20232. **A medida do burro ten que ser a albarda.** (ms18,65r: Villam. de Negral)

20233. **A tal forma, tal zapato; e a tal zapato, tal forma.** [5922] (ms16 e ms10,023r: *D.E.*)

Var.: *A tal forma, tal zapato.* (ms16: Lugo)

(es) *A tal forma tal zapato y a tal zapato, tal forma.* (Correas)

20234. **A tal pao tal astilla.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

20235. **A unha boca abóndalle unha sopa.** (ms16: *D.E.*)

(es) *A una boca, una sopa.* (Correas)

20236. **Bon amo millor criado.** [5923] (mc: Agro / ms16: *D.E.*)

(pt) *O bom amo faz o criado.* (Chaves) (es) *Tal amo, tal criado.* (Sbarbi)

20237. **Cada ola ten a súa tapadeira.** (mc e ms16: Lugo)

(es) *No hay olla tan fea, que no tenga su cobertera.* (Sbarbi) (ct) *Cada olleta té la seua tapaoreta.* (Alberola)

20238. **Cada un canta como lle pagan.** (ms16: Lugo)

(es) *Cada uno canta como le pagan.* (R. Marín)

[5917] ms-SA (Antonio T.), ms-SA (Manuel L.), Area Alonso, Darriba Míguez e Luna Bande: *muxida*.
[5918] ms-LU: *munxida*.
[5919] O orixinal di: *Vaca de muitos - comenan os lobos.*
[5920] En ms10 s.v. *Humo*.
[5921] mc e ms-SA: *capellán*; mc: *sacristán* / V. *A bo cura, millor sacristán* en *Oficios*.
[5922] En ms10 s.v. *Forma*.
[5923] ms4: *mellor criado*; ms16: *bo*.

20239. **Cal é a campana tal é a campanada.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Cual es la campana, tal badajada.* (Z.)

20240. **Cal é o can tal é o dono.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Cual el dueño, tal el perro.* (H. Núñez)

20241. **Cal o amo, tal o criado.** (ms16: *D.E.*)

20242. **Calza como vistas e viste como calces.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Calza como vistes y viste como calzas.* (Correas)

20243. **Canto máis burro é un, máis lle poñen á albarda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20244. **Canto máis burro, máis grande é albarda.** (ms-SA: Gestoso, provincia de La Coruña)

20245. **Canto máis comes, menos ves.** (ms8,66r: Lajosa)

20246. **Capa, calzón e saio, dun mesmo pano.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Capa, calzón y sayo, de un mesmo paño.* (Correas)

20247. **Como canta o abade, respóndelle o sacristán.** [5924] (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms16: *D.E.*)
(pt) *Como canta o abade assim responde o sacristão.* (Chaves) (es) *Como canta el abad, ansí responde el sacristán.* (Correas) / *Como canta el abad, así responde el sacristán.* (Z.)

20248. **Como é o corvo, así o seu ovo.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

20249. **De mal corvo mal ovo.** (ms16: *D.E.*)
(es) *De mal cuervo, mal huevo.* (R.)

20250. **De mal pano mala saia.** [5925] (ms: A.C. *A Nosa Terra*)
(pt) *De ruim pano nunca bom saio.* (Chaves) (es) *De mal paño mal sayo.* (R. Marín)

20251. **De tal pan tales sopas.** (ms16: *D.E.*)

20252. **De tal pao, tal estela.** (Jesús Vázquez: Sarria, LU)

20253. **De tal pau tal estilla.** (ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, Vimianzo, C / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

20254. **De tales bodas tales tortas.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: *D.E.*)
(pt) *De tais bodas tais tortas.* (Chaves) (es) *De tales bodas, tales tortas.* (R. Marín / ms16: Z.)

20255. **Debaixo do pau están as achas.** [5926] (ms21,21r: Bermés)

20256. **Han de pipa cunca chea.** [5927] (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)
Baleirase a pipa ou tonel na medida en que se enche a cunca.

20257. **Mal escolante, mal estudiante.** (ms16: Bermés / ms21,11v: Bermés)

20258. **Ó burro vello, a millor cebada i-o pior aparello.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Al asno viejo el peor aparejo.* (R. Marín)

20259. **O carballo nunca deu máis que bogallas.** [5928] (ms5,027 e ms16: Sta Mª Mayor de Mondoñedo / ms-LU: seminarista anónimo: Terra Cha, LU)

20260. **Ó mal capelán pior sancristán.** (ms16: *D.E.*)
(es) *A mal capellán, mal sacristán.* (Z.)

20261. **O que máis pela, máis merda leva.** (ms16: Bermés / ms21,19r: Bermés)

20262. **O vestido do criado di qué é o amo.** [5929] (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S. / ms10,139r: *D.E.*)
Var.: *O vestido do criado di quén é o seu amo.* (ms5,045 e ms16: Mellid)
(es) *El vestido del criado, dice quién es su señor.* (Sbarbi)

20263. **O vestido do criado di quen é o dono.** [5930] (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

20264. **Pa un bo capellán, mellor sacristán.** (ms-SA: Manuel Rodríguez Gamallo: Tomonde, Cerdedo, PO)

20265. **Se non comeras como comiches, non comías como comes.** (ms15,40)

20266. **Se queres morrer ben, vive ben.** (ms8,64r e ms10,050r: Silvarrey)

20267. **Según é o burro tállanlle a albarda.** (ms21,09v: Bermés)

20268. **Según é o burro ten que ser a albarda.** (mc e ms16: A.S.A.)
Var.: *A albarda ten que ser conforme o burro.* (ms16: *D.E.*) / *Según sea o burro, así ten que se-la albarda.* (ms15,01: Eugenio Carré Aldao. *Literatura Gallega* 2ª edición, 1911 / M. González Fernández)
(es) *Según es el asno, así es la alabarda.* (R. Marín)

20269. **Según é o burro, así lle fan os aparellos.** (mc e ms16: Lugo)

[5924] ms16: *sancristán*.
[5925] O orixinal di: *De mal pano mala saya.*
[5926] O orixinal di: *Debaixo do pau están as hachas.* (*achas*).
[5927] A primeira parte é unha conxectura nosa porque o ms di *Han de pipa cunca chea.*
[5928] ms16: *bogallos*; ms-LU: *ca*.
[5929] ms, ms4 e ms10: *quen é o amo.* / En ms10 s.v. *Vestido*.
[5930] O orixinal di: *O vestido do criado din quen e o dono.*

(es) *La albarda debe ser conforme al burro.* (Sbarbi)

Enseña que en todo han de guardarse las debidas proporciones.

20270. **Según é o burro, así se lle tasa a albarda.** (mc e ms16: Fonsagrada)

(es) *Según es el asno, así es la albarda.* (R. Marín)

20271. **Según é u burro, esí se lle fan us aparellos.** [5931] (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20272. **Según sexa o burro, así se lle pon a albarda.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

20273. **Según sea o burro, así ten que ser a carga.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20274. **Tal amo, tal criado.** (mc: P. Sobreira. *Dicc. Ac.* / ms16: *D.E.*)

(pt) *Tal amo, tais criados.* (Chaves) / *Tal é o servo como o senhor.* (Chaves) (es) *Tal amo, tal criado.* (Sbarbi) / *Tal señor, tal servidor.* (R. Marín) / *A tal amo, tal criado.* (R. Marín)

20275. **Tal cabeza traio, cal siso teño.** (ms16: *D.E.*)

20276. **Tal carro, tales fungueiros leva.** (mc e ms16: Santiago)

Var.: *Tal é o carro, tales os fungueiros.* (ms16: Pedro de Merille)

20277. **Tal é a campana, tal é a badana.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20278. **Tal galiña, tal ovo pon.** (ms16: Lugo)

20279. **Tal o abade, tal o sancristán.** (ms16: Lugo)

20280. **Tal o carro, tal os fungueiros.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20281. **Tal o corvo, tal o ovo.** (mc: Sarria / ms16: *D.E.*)

(pt) *Tal pássaro, tal ovo.* (Chaves) (es) *De tal cuervo, tal huevo.* (R. Marín)

Por lo general suelen los hijos imitar a los padres.

20282. **Tales pais, tales fillos; tales carros, tales estadullos.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20283. **Tales tempos, tales verdades; tales burros, tales atafales.** [5932] (mc e ms16: Carballedo)

20284. **Tan grande é o ouriciño como o noveliño.** [5933] (ms16: Bermés / ms21,18r: Bermés)

20285. **Tanto ten (o carro da) a Madalena com'os feiros (fueiros) que leva.** (ms-LU: seminarista anónimo: Cuíña, Palas de Rei, LU)

20286. **Todo porqué ten su polo tanto.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

PROTECCIÓN

20287. **Arrímate ao bon árbol e darache boa sombra.** [5934] (mc e ms16: Tuiriz)

(pt) *Quem a boa árvore se chega, boa sombra o cobre.* (Chaves) (es) *Quien a buen árbol se arrima buena sombra le cobija.* (Sbarbi)

20288. **Co favor non te conocerás e sin favor non te conocerán.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Con el favor no te conocerás; sin él no te conocerán.* (Correas)

20289. **De ruín árbore, sombra ruín.** (ms16: Lugo)

(es) *Ruín árbol, ruín sombra.* (R. Marín)

20290. **Dios che dea poder na vila e na casa fariña.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Dios te dé poder en villa y en casa harina.* (Al.)

20291. **Máis vale favor que xusticia nin razón.** [5935] (mc: J.P.)

Var.: *Máis vale favor que xusticia nin razón.* [5936]. (ms16 e ms10,018v: *D.E.*)

(es) *Más vale favor que justicia ni razón.* (H. Núñez)

20292. **Non hai home sin home.** [5937] (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

(es) *No hay hombre sin hombre.* (R. Marín)

(ct) *No hi ha hòme sense hòme.* (Alberola)

20293. **O que a bon árbol se arrima, boa sombra o acubilla.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

20294. **O que a bon árbol se arrima, non hai raio que o parta.** [5938] (mc e ms16: Páramo)

20295. **O que a bo árbore se acolle, boa sombra o cobre.** (ms16: *D.E.*)

Var.: *Quen a bo árbore se achega, ben se acobexa.* (ms16: *D.E.*)

[5931] O orixinal di: *Según e u burro esi se lle fan us aparrellos.*

[5932] mc: *atagales*.

[5933] ms21,18r: *coma o noveliño*.

[5934] ms: *a bon arbol*.

[5935] mc: *sin razón*. Jacinto del Prado recolle o refrán só coa forma *nin razón*. A diferenza pode deberse a un erro de transcrición de Vázquez Saco.

[5936] En ms10 s.v. *Favor*.

[5937] O orixinal di: *Non hay home sin home.*

[5938] ms: *qu'o parta*.

(es) *Quien a buen árbol se arrima, buena sombra le cobija.* (Z.-N.-R. Marín)

20296. **O que non ten padriño, non se bautiza.** [5939] (mc e ms16: Sarria)

Var.: *O que ten padriño, bautízase.* (Buciños-F.V.S.)

(pt) *Quem não tem padrinhos morre mouro.* (Chaves) / *Quem tem padrinho não morre mouro.* (Id.) / *Quem tem padrinho não morre na cadeia.* (Id.)

20297. **O xamón é unha chave que abre moitas portas.** (ms5,029 / ms16: Sta. María del Mao)

20298. **¡Quen me dera un arrimiño onde poderme arrimar!** (ms16: *D.E.*)

20299. **Vánselle á galiña os ollos alí onde pon os ovos.** [5940] (ms10,031v: *D.E.*)

PROVECHO

20300. **Andar ó proveito e non ó contento, gánase contento e proveito.** (ms10,102r: *D.E.*)

20301. **Non é cousa de proveito o que se garda no peito.** (ms10,102r: *D.E.*)

20302. **Non é proveito o que trai perigo certo.** (ms10,102r: *D.E.*)

20303. **Non hai parvo pró seu proveito.** (ms10,102r: *D.E.*)

20304. **Precura o teu proveito, a torto ou direito.** (ms10,102r: *D.E.*)

20305. **Precura o teu proveito, torto ou direito, que aquel que o non precura, ese non ten cura.** (ms10,102r: *D.E.*)

PRUDENCIA. V. tamén *Imprudencia*.

20306. **A besta i-a pistola nunca se deixa andar sola.** [5941] (ms21,30v: Bermés)

20307. **A gala do nadador é saber garda-la roupa.** (ms10,24v: *D.E.*)

20308. **A prudencia é nai da cencia.** (ms10,102r: *D.E.*)

20309. **Entre o pouco i-o moito hai un medio.** (ms8,28r: La Cañiza)

20310. **Ide polo medio e non cairedes.** (ms10,031r: *D.E.*)

20311. **Ir e vir carrear se chama.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20312. **Ir e vir chámase carretar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20313. **Ir e vir é carrexar, e non ir e non tornar.** (ms10,031v: *D.E.*)

20314. **Ir e vir é carrexar, que non ir e non tornar.** (ms16: *D.E.*)

20315. **Ir e volver chámase carretar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

20316. **Ir e volver chámase carrear.** [5942] (mc: Pidre-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

Var.: *Ir e vir chámase carrexar.* (ms16 e ms8,12r: La Cañiza)

(es) *Ir y venir es acarrear, que no ir y tornar.* (Correas)

20317. **Máis vale onza de prudencia que ferrados de cencia.** (ms10,102r: *D.E.*)

20318. **Máis vale rodear que caer.** [5943] (ms)

(pt) *Mais vale rodear que afogar.* (Chaves)

(es) *Más vale rodear que no ahoyar.* (Correas) / *Más vale rodear que no ahogar.* (Id.)

20319. **Mentras escapo, non asubío.** (ms: Santiago)

20320. **Mete a mau no teu seo, non dirás do hado alleo.** [5944] (ms: J.P.)

(es) *Mete la mano en tu seno, no dirás de hado ajeno.* (Sbarbi)

20321. **Non dá bo pan a mala fariña.** [5945] (ms10,079r: *D.E.*)

20322. **Non lle pegues ó pequeno por máis pequeno ca ti, non sea dispois de grand'o pequeno se volv'a ti.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20323. **Non te empeñes sin razón nin te envaines sin honor.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

20324. **Non te metas en dibú nin en cousas que non entendas: pasar por alto é cordú.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

20325. **O cuarto do medio é o millor.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

[5939] V. *O que ten padriño, bautízase* en *Familia. Parientes* e en *Recomendación, valimiento, favor*.

[5940] O orixinal di: *Vánselle á galiña os ovos, alí onde pón os ollos.*

[5941] O orixinal di: *A besta y'a pistola nunca se deixa andar sola*.

[5942] ms-LU: *carretar*.

[5943] Contén a indicación *Prudencia*.

[5944] Contén a indicación *Prudencia*.

[5945] En ms10 s.v. *Pan* coa indicación *Prudencia*.

20326. **O que non monta a cabalo nunca se cai no cabalo.** (ms10,041r: *D.E.*)

20327. **O que pecha e pecha ben, pecha a alma i-o que ten.** [5946] (ms: Gondrame, Páramo-F.V.S.)

Pecha a alma porque al cerrar evita hurtos que quizá atribuyese a un inocente.

20328. **Onde hai máis prudencia ten que haber máis cencia.** (ms10,102r: *D.E.*)

20329. **Onde hai prudencia e boa concencia sobra a penitencia.** [5947] (ms16 e ms10,027v: *D.E.*)

20330. **Onde hai prudencia e concencia non hai que haber prudencia.** (ms10,102r: *D.E.*)

20331. **Por moito que comas, non déixe-lo pan; por moito sol que faga, non déixe-la capa.** [5948] (ms15,09: Labrada)

20332. **Porque te vexas ben, non te alegres; porque te vexas mal, non te desasperes.** (ms8,02r: Samos)

20333. **Quen pecha e pecha ben, pecha a alma i-o que ten.** [5949] (ms)

Pecha a alma = porque al cerrar bien, cierra también la puerta a sospechas que le asaltarán si algo le faltase, quizá no todas fundadas.

20334. **Quen se gardou, non errou.** [5950] (ms: A.N.)

(pt) *Quem se guardou não errou.* (Chaves)
(es) *Quien se guardó no erró.* (R. Marín)

20335. **Se non queres topar engaño oculto, non tomes a bulto.** [5951] (ms: F.V.S.)

20336. **Si non te queres equivocar, has de saber dudar.** [5952] (ms: Tuiriz)

20337. **Si podes pouco, non berres moito.** [5953] (ms / ms4: F.V.S.)

20338. **Sigue vixilando todo o vran mentras que dura o vran.** (ms4: J.P.)

20339. **Ver cos ollos e non tocar cas maus.** [5954] (ms: Santiago)

PRUEBAS. V. tamén *Jurídicos y similares*.

20340. **Bótate a enfermar: verás quen che quere ben e quen che quere mal.** [5955] (ms16 e ms10,11v: *D.E.*)

(es) *Echate a enfermar y verás quién te quiere bien y quién te quiere mal.* (Z.-Correas)

20341. **Calen barbas e falen cartas.** (ms16: *D.E.*)

20342. **En longos camiños conócense os amigos.** (ms16: *D.E.*)

(es) *A largo camino se conoce el hombre.* (R.P.)

20343. **Se queres conecer o que te quer ben, pídelle algo do que non tes e el ten.** (ms16: *D.E.*)

PUBLICIDAD

20344. **Non hai cousa encoberta que tarde ou cedo non se seipa.** (ms16: *D.E.*)

Var.: *Non hai nada encoberto que non sea descoberto.* (ms16 e ms10,011r: *D.E.*) [5956]

(es) *No hay cosa secreta que tarde o temprano no sea descubierta.* (Correas)

PUCHERO. V. tamén *Cocina*.

20345. **A pequeno pucheirote pequeno guisote.** (ms10,102r: *D.E.*)

20346. **Non lle falta pucheiro ó que ten diñeiro.** (ms10,102r: *D.E.*)

20347. **Quen está a pucheiro anda en tratos co sepultureiro.** (ms10,102r: *D.E.*)

20348. **Todolos días pucheiro aburre e cansa o mundo enteiro.** (ms10,102r: *D.E.*)

PUEBLOS Y RAZAS. V. tamén o apartado *Ditos tópicos e refráns con topónimo*.

20349. **A confianza mata o gallego.** [5957] (ms-LU: seminarista anónimo: Chantada, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20350. **A empresa dos tres: o burro, o amiguiño i-o portugués.** [5958] (mc: Buciños)

20351. **Cando o gallego canta, o[u] rabia o[u] no[n] ten blanca.** [5959] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

[5946] O orixinal di: *O que pecha e pecha ben, pecha a alma y o que ten.* / Contén a indicación *Prudencia*.
[5947] En ms10 s.v. *Haber*.
[5948] O orixinal di: *Por moito que comas non deixel-o pan; por moito sol que faga non deixel-a capa*.
[5949] O orixinal di: *Quen pecha e pecha ben, pecha a alma y-o que ten.* / Contén a indicación *Prudencia*.
[5950] Contén a indicación *Prudencia*.
[5951] Contén a indicación *Prudencia*.
[5952] Contén a indicación *Prudencia*.
[5953] ontén a indicación *Prudencia*. / ms4: *Se podes*.
[5954] Contén a indicación *Prudencia*.
[5955] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Enfermedad*. / En ms10 s.v. *Enfermedad*.
[5956] En ms10 s.v. *Encubrir*.
[5957] ms-LU (Lugo): *mat'o gallego*. / V. *A confianza mata o home* en *Hombre*.
[5958] ms: *y-o*.
[5959] O orixinal di *Cando o gallego canta o rabia o no ten blanca*.

20352. **Canta o galego, máis de desesperado que de cheo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20353. **Castexao xexunante, mal para o pan do día de adiante.** (mc: Correas)

20354. **Catalán con botas, andaluz con diñeiro e galego con mando, Dios nos libre dese gando.** [5960] (mc: Chantada)

(es) *Catalán con bota, gallego con dinero y andaluz con mando, pa no verlos.* (R. Marín)

20355. **Con canteiros e portugueses, tratos poucas veces.** (mc: Buciños)

20356. **Dálle que é de Catelán.** (mc: Muros)

A raíz del saqueo de Muros por los franceses a principios del siglo pasado, se establecieron allí varios catalanes, para explotar el negocio de la pesca de la sardina, ensayando la red llamada *jabega*, que ponía el peligro una de las fuentes de riqueza de la villa, lo que originó gastos y disgustos a la gente de mar. Los pleitos con los catalanes fueron frecuentes y profundo el rencor con que se les miraba, hasta nacer el dicho tópico, que se aplica hoy siempre que se quiere demostrar el poco interés

20357. **De aburrido canta o galego.** (ms8,47r: Silvarrey)

20358. **De desesperado canta o gallego, unhas veces de fame outras de cheo.** (ms4: F.V.S.)

20359. **De español de pelo roxo e francés de pelo negro líbrate coma do demo.** [5961] (mc: M.L.)

20360. **De ponente, nin aire nin xente.** [5962] (mc: M.L.2)

(es) *De Poniente, ni viento, ni gente.* (Sbarbi) (ct) *De ponent ni vent ni gent.* (R. Marín)

Así dicen en Valencia replicando al castellano; *de levante ni la gente ni el aire*. (R. Marín)

20361. **De xiringado canta o gallego.** (ms15,15)

20362. **Eu fun a Pontevedra por ver Marín.** [5963] (ms: Santiago)

20363. **Eu son como o gitano: donde podo acampar, acampo.** [5964] (mc: Bagueixos, Lugo-F.V.S.)

20364. **Galego con mando, catalán con botas e andalús con diñeiro, tíremos Dios do quinteiro.** [5965] (mc: M.V.)

(es) *Gallego con mando y catalán con botas, non hay peor cosa.* (R. Marín)

Véase *Catalán con botas...*

20365. **Gallego con mando i-andaluz con botas...** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20366. **Inda ten que volver a nacer o liño mourisco pra ser como o gallego.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

20367. **Lugueses teñen que ser: onde eles lavan a cara, calquera pode beber.** (mc: Becerreá.)

Tiene todas las características de una tríada.

20368. **Na terra do Xapón van os pantalós a patacón.** (mc: Santiago)

20369. **Nin galego con mando nin catalán con botas.** (mc / ms4: F.V.S.)

20370. **Ningún galego perde o rego.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

20371. **Non se ganou Zamora nunha hora.** (mc: Meilán)

(pt) *Não se ganhou Samora em uma hora.* (Chaves) (es) *No se ganó Zamora en una hora.* (Sbarbi) / *No se ganó Toledo en un credo.* (R. Marín)

20372. **O aldeano gallego por unha cunca de leite quere outra de aceite.** [5966] (mc: A.S.A.)

20373. **O catalán, da pedra saca pan.** (ms15,42: Valle del Mao)

20374. **O fariseo e o publicano foron dous americanos.** [5967] (ms: Santiago / ms-SA: José Duro Quintela: Burres, Arzúa, C)

20375. **Ó galego danlle a galiña cando non-a pode comer.** [5968] (mc: Buciños / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

20376. **O galego non se contenta con mirar.** (mc: Santiago)

20377. **O galego por unha cunca de leite quer outra d'aceite.** (ms21,04v: Bermés)

20378. **O galego, cando canta, ou rabea ou non ten blanca.** [5969] (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(es) *Cuando el español canta, o rabia, o no tiene una blanca.* (Ricart) (ct) *Quan*

[5960] ms: *Catalán con bota*; mc: *de ese ganado*.
[5961] ms: *D'español*. mc: *como d'o*.
[5962] ms: *Do Ponente*; ms4: *Do ponente*.
[5963] Contén a indicación *Pueblos*.
[5964] ms4: *poda*.
[5965] ms, ms3 e ms4: *Gallego*, ms3: *con bota, tíremo'os Dios*, ms4: *con bota*.
[5966] ms e ms4: *quer*
[5967] ms-SA: *U fariseo*.
[5968] ms-LU: *danll'a*.
[5969] ms4 e ms-LU: *rabia*; ms4: *branca*.

l'espanyol canta, o rabia o no té blanca. (Ricart)

En los refraneros peninsulares se dice lo mismo del español en general.

20379. **O galego, se non tenta, rebenta.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Cádavo, A Esperela, Baleira, LU)

20380. **Ó galleguiño dáll'o mandiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20381. **Ó galleguiño dálle un mandiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20382. **O ghallegho ghalleghiño é.** [5970] (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

20383. **O nome de Galicia é a nosa máis grande delicia.** (ms: Santiago)

20384. **O soldado galego pouco menos é que o portugués.** (mc: Buciños)

20385. **Os catalás, das pedras fan pas.** (ms5,029)

20386. **Os Pardos e os Rebellós, poucos son bos.** (mc: Leite de Vasconcellos-F.V.S.)

Linajes muy respetables de Galicia. No sabemos a qué obedece el refrán. (ms: Leite de Vasconcellos, *Philologia Gallega*, p.26)

20387. **Os portugueses teñen a auga, mais nós vendémoslla.** (mc: Buciños)

20388. **Os rapaces en Asturias, cando non tên que facer, tiran pedras cara arriba e xa din que vai chover.** (mc: Santiago)

Proviene de una canción popular.

20389. **Prenda de galego diñeiro vale.** [5971] (ms: M.V. / ms21,23r: Bermés)

20390. **Se o galego tivera o acordo como o trasacordo, non había quen o mandara á merda.** [5972] (mc: Buciños)

20391. **Se queres saber quén é o galeguiño, dálle un mandiño.** (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)

(es) *Si quieres conocer al galleguiño, dale un mandiño.* (Correas)

20392. **Señan xudeus e señan dos meus.** (mc: A.N. 2ª serie / ms4: N.V. 2ª serie)

20393. **Sete clases de gallegos: finos, entrefinos, marranos e cochinos, unhos que morden, outros que ladran i-autros que nin a mai que os pariu entende.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20394. **Si es galego, has de vir ó rego.** (mc: Corme)

20395. **Soldado gallego, na guerra hai que velo.** (mc: M.V.)

20396. **Somos gallegos e non nos entendemos.** (mc: M.L.)

(pt) *Somos galegos e não nos entendemos.* (Chaves) (es) *Somos griegos, o gallegos, y no nos entendemos.* (Correas)

20397. **Son as mañas d'Alemaña.** (mc: A.S.A.)

PUERCO

20398. **A bo porco boa landra.** (ms10,094r: *D.E.*)

20399. **A cada porco chégalle o seu san Martiño.** (ms10,094r: *D.E.*)

20400. **A porca de maio vale máis nos comenzos que no cabo.** (ms10,094r: *D.E.*)

20401. **Ben boa vida pasa o porco e mais dorme no cortello.** (ms10,094r: *D.E.*)

20402. **Cada porco ten o seu san Martiño.** (ms10,094r: *D.E.*)

20403. **Ceba o porco dende agosto, se queres que estea gordo.** (ms10,094r: *D.E.*)

20404. **Ceba o teu porco dende o mes de agosto, se queres que teña bo lombo.** (ms10,094r: *D.E.*)

20405. **Ceba o teu porco polo agosto, se queres ter bo porco.** (ms10,094r: *D.E.*)

20406. **Comerás do porco e mudarás de acordo.** (ms10,094r: *D.E.*)

20407. **Dálle ó porco do caldeiro e non do Ribeiro.** (ms10,094r: *D.E.*)

20408. **Día de Santo Tomé, ó porco polo pé.** (ms10,094r: *D.E.*)

20409. **O máis ruín porco topa unha boa landra.** (ms10,094r: *D.E.*)

20410. **Ó matar o porco, praceres e xogos; ó comer as morcillas, trouladas e risas; e ó pagar o porco, pesares e choros.** (ms10,094r: *D.E.*)

20411. **O pior porco come a millor landra.** (ms10,094r: *D.E.*)

20412. **Ó porco dálle de comer se o has de manter.** (ms10,094r: *D.E.*)

20413. **Ó porco débelo manter, se ti o has comer.** (ms10,094r: *D.E.*)

20414. **O porco do agosto pon o entrecosto.** (ms10,094r: *D.E.*)

20415. **O porco i-o sogro quixéraos mortos.** (ms10,094r: *D.E.*)

[5970] O Jallejo jallejiño e.

[5971] ms3: *gallego*.

[5972] O orixinal di: *Se o galego tivera o acordo como o trasacordo, non había que o mandara â merda.* / V. *Nunca hai acordo como o trasacordo* en *Rectificación*. / ms: *tuvera o acordo, mandara â m...*

20416. **Ó porco i-ó xenro ábrelle a porta, que xa el virá cedo.** (ms10,094r: *D.E.*)
20417. **O porco manteno e non lle coutes o tempo.** (ms10,094r: *D.E.*)
20418. **O porco que é pró lobo, non hai san Antón que o garde.** (ms10,094r: *D.E.*)
20419. **Ó porco, ó xenro e á nora, amóstralle a porta.** (ms10,094r: *D.E.*)
20420. **O que non mata porco non dá morcilla nin entrecosto.** (ms10,094r: *D.E.*)
20421. **O que non mata un porquiño, non ten lacón nin touciño.** (ms10,095r: *D.E.*)
20422. **Polo san Lucas mata o teu porco e barra as túas cubas.** (ms10,094r: *D.E.*)
20423. **Porco de febreiro vai co seu pai ó fumeiro.** (ms10,094r: *D.E.*)
20424. **Porco fiado, inverno e verán malo.** (ms10,094r: *D.E.*)
20425. **Por san Andrés agarra o porco polos pés; e se non-o queres matar, déixao pra Navidá.** [5973] (ms10,095r: *D.E.*)
20426. **Porco limpo nunca engorda.** (ms10,095r: *D.E.*)
20427. **Porco que está sin cebar, non se debe matar.** (ms10,095r: *D.E.*)
20428. **Porco que se está cebando, non hai san Antón que poida gardalo.** (ms10,095r: *D.E.*)
20429. **Pró ruín porco sempre hai unha boa castaña.** (ms10,095r: *D.E.*)
20430. **Quen soilo ten un porco, faino gordo.** (ms10,095r: *D.E.*)
20431. **Se non matas porco, non terás entrecosto.** (ms10,095r: *D.E.*)
20432. **Teña eu porco, anque non teña ollos.** (ms10,095r: *D.E.*)
20433. **Tres anos hai que me casei e que porco non matei: este ano, i-o pasado, e o ano que me casei.** (ms10,095r: *D.E.*)
20434. **Un porco é unha botica.** (ms10,095r: *D.E.*)

PUERTA

20435. **A porta aberta o santo tenta.** (ms10,095r: *D.E.*)
20436. **A porta falsa destroi a casa.** (ms10,095r: *D.E.*)
20437. **A porta falsa é a que gasta a casa.** (ms10,095r: *D.E.*)
20438. **A porta pechada o demo a garda.** (ms10,095r: *D.E.*)
20439. **A porta por onde entrares, déixaa como a topares.** (ms10,095r: *D.E.*)
20440. **A portas vellas, agarradallas novas.** (ms10,096r: *D.E.*)
20441. **A portas vellas, chamadoiros novos.** (ms10,096r: *D.E.*)
20442. **Antes abre a porta que fai a cama a muller mal amañada.** (ms10,095r: *D.E.*)
20443. **Bendita sea a porta por onde sai a filla casada ou morta.** (ms10,095r: *D.E.*)
20444. **Cada porta pide a súa chave.** (ms10,095r: *D.E.*)
20445. **Cada porta quer o seu pestillo.** (ms10,096r: *D.E.*)
20446. **Cando unha porta se pecha, un cento se abren.** [5974] (ms10,096r: *D.E.*)
20447. **Chama confiado á porta quen trai unha boa nova.** (ms10,096r: *D.E.*)
20448. **Logo chega á porta o que trai mala nova.** (ms10,096r: *D.E.*)
20449. **Na porta do forno quéimase o pan.** [5975] (ms10,096r: *D.E.*)
20450. **Onde unha porta se abre, outra se pecha.** (ms10,096r: *D.E.*)
20451. **Onde unha porta se pecha, outras tamén se pechan.** (ms10,096r: *D.E.*)
20452. **Pecha a porta e colle a chave; o que queira entrar que chame.** (ms10,096r: *D.E.*)
20453. **Pecha a porta e daca a chave; quen veña pra entrar, que chame.** (ms10,096r: *D.E.*)
20454. **Pecha a porta e garda a chave; quen veña, que chame.** (ms10,096r: *D.E.*)
20455. **Pecha a porta e péchaa quedo, non me trille a porta o dedo.** (ms10,096r: *D.E.*)
20456. **Pecha a túa porta e farás a túa veciña boa.** (ms10,096r: *D.E.*)
20457. **Peche eu a miña porta con candado e chave, e quen viñer, que chame.** (ms10,096r: *D.E.*)
20458. **Pola porta aberta vaise á eira.** (ms10,096r: *D.E.*)
20459. **Quen pecha a súa porta, da mala veciña fai boa.** (ms10,096r: *D.E.*)
20460. **Se unha porta se cerra, cen se abren.** [5976] (ms10,096r: *D.E.* / ms21,27v: Bermés / ms-SA: Amador Darriba Míguez)

[5973] O orixinal di: *Por San Andrés, agarra o porco polos pes; e se nono queres matar, déixao pra Navidá.*

[5974] O orixinal di: *Cada unha porta se pecha, un cento se abren.*

[5975] V. *Na porta do forno rompen as bolas* en *Panaderos*.

20461. **Tantos pechos ten a porta e ás veces todos son poucos.** (ms10,096r: *D.E.*)

PULGAS

20462. **A pulga metida no fogo, estoupa logo.** (ms10,102r: *D.E.*)

20463. **A pulga que matan á unlla, espérea o seu home na lúa.** (ms10,102r: *D.E.*)

20464. **Onde queira hai pulgas, e as da miña casa son rabudas.** (ms10,073r: *D.E.*)

20465. **Pulgas ten a viúda e non ten quen llas sacuda.** (ms10,102r: *D.E.*)

20466. **Pulgas ten miña comadre e non topa quen llas cate.** (ms10,102r: *D.E.*)

20467. **Si me encontro no salto, ben me salvo; si vou ó saltarei, inda me salvarei; pero si vou ó deluvín, non teñades mentes por min.** (mc: Aguada, Carballedo)

Curiosa descripción que hace la pulga de los peligros que corre cuando se intenta cazarla. Se siente perdida si va *ô deluvín* palabra procedente de *deluvar* = "frotar suavemente, como los niños frotan los ojos al despertarse", según Carré Alvarellos, único que la registra. *Deluvar* en la zona de Sarria es frotar la ropa para lavarla; y en la comarca de Lalín se aplica a la operación de sacar la vaina, habas, garbanzos, etc. lo que retiene también la idea de frotamiento.

20468. **Si me ves no retorcigón, ou salirei ou non; se me ves entre penas, inda quizais salo dela; e se me ves no chamusguín, non teñas mentes por min.** [5977] (mc: Pidre, Palas de Rey-F.V.S.)

(es) *La pulga, si la mataren en la uña, espérela su marido a la luna; y si la mataren en el fuego, no la espere; cásese luego.* (Hernán Núñez) / *No tengas la pulga por muerta, si no la echaste a la candela.* (R. Marín)

Aquí la pulga sólo se siente vencida, cuando la echan al fuego, ya que cree probable su salvación en los demás peligros: el de aprisionarla entre la yema de los dedos (retorcigón), o aplastarla entre las uñas (entre penas).

20469. **Si vou ó tris-tras, nunca me verás; si vou, vou, vou, así me verás ou non; si vén o uñín, tede mentes por min.** [5978] (mc e ms16: Cervantes / ms4: F.V.S. / ms18,66r)

Se pone también en boca de la pulga, y es variante de los anteriores.

PULPERO

20470. **O pulpeiro, pouco diñeiro.** (ms10,102r: *D.E.*)

PULPO

20471. **Desde que cuca o cuco, non comas pulpo.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

Var.: *Desque vén o cuco, fóra o pulpo.* (mc: M.V. / ms3: A.N.V.) [5979]

Se basa en el refrán general: *en los meses que no traen erre, ni pescado, ni mujeres*. (R. Marín)

20472. **Desque vén o pulpo, fóra o cuco.** (ms21,04r: Bermés)

20473. **En abril cada pulpo dá mil.** [5980] (mc: Bueu-F.V.S. / ms16: Bueu)

20474. **En maio sal o pulpo do zamaio.** [5981] (mc e ms16: M.L. / ms10,034v: *D.E.*)

Tampoco recogen los diccionarios la palabra *zamaio*, que presumimos de uso en la costa de Lugo.

20475. **En xaneiro sabe o pulpo a carneiro.** (mc e ms16: Bueu)

20476. **Se empeza o polpo a flotar, amenaza o temporal.** [5982] (mc e ms16: Sar)

Cuando el pulpo sube a la superficie del mar, augura mal tiempo. Polpo

PUNTADA

20477. **Coser e facer albardas, todo é dar puntadas.** (ms10,102r: *D.E.*)

20478. **Puntada a barrisco, na casa do rico pra acabar axiña, pois non fai boa vida; puntada ben forte, na casa do probe, que é xente de ben pois dá do que ten.** [5983] (ms10,102r: *D.E.*)

QUEJAS

[5976] ms21,27v: *S'unha, s'abren* / A. Darriba Míguez: *Si unha porta*. / En ms10 s.v. *Puerta*.

[5977] mc: *si me ves*.

[5978] ms18,66r: *vou ô uñín, tede mentes de min*.

[5979] ms4: *fora pulpo*.

[5980] Indica *Mar*. (*Abundancia de pesca*) no ms.

[5981] ms: *mayo, zamayo*. / ms10: *sai o pulpo*. En ms10 s.v. *Mayo*.

[5982] ms16: *pulpo*. / Indica *Mar*. (*Pronóstico de tempestad*) no ms.

[5983] V. *Na casa do rico que fai mala vida, puntada larga e acabar axiña; na casa do probe que dá do que ten, puntada corta e asegurar ben* en Oficios.

20479. **Máis vale boa queixa que mala paga.** (ms10,103r: *D.E.*)

20480. **O que se laia e non come nin sonea, logo dá os fíos á tea.** [5984] (ms10,032r: *D.E.*)

QUEMARSE

20481. **Aquel que se queima ten o rabo de palla.** (ms10,103r: *D.E.*)

20482. **Queimase o pan ás veces na mesma porta do forno.** (ms10,103r: *D.E.*)

QUERER

20483. **A quen Dios quer ben, a sorte buscalo vén.** (ms10,103r: *D.E.*)

20484. **A quen queiras de corazón, dálle pares, nones, non.** (ms10,103r: *D.E.*)

20485. **A quen queiras mal, non-o queiras no hospital.** [5985] (ms10,103r: *D.E.*)

20486. **A quen Dios quer ben, a casa lle gusta i-o lar tamén; e a quen quer mal, nin a casa nin o lar.** (ms10,103r: *D.E.*)

20487. **Anque non falemos, ben nos queremos.** (ms10,103r: *D.E.*)

20488. **Cada cal quer o seu igual.** (ms10,103r: *D.E.*)

20489. **Cando un non quer, dous non barallan, e menos se os dous se soparan.** (ms10,103r: *D.E.*)

20490. **Canto máis cobizado é o que se quer, máis se cobiza ver.** (ms10,103r: *D.E.*)

20491. **En pan cortar e viño botar, ben vexo quén me quer ben e quen me quer mal.** (ms10,103r: *D.E.*)

20492. **Máis fai o querer que o poder.** (ms10,103r: *D.E.*)

20493. **Máis quero burro que me leve que cabalo que me deixe.** (ms10,103r: *D.E.*)

20494. **Máis quero hoxe ovos que mañán polos.** (ms10,103r: *D.E.*)

20495. **Máis quero pouco en seguro que moito en perigo.** (ms10,103r: *D.E.*)

20496. **Máis quero un "toma" que dous "che darei".** (ms10,103r: *D.E.*)

20497. **Moito te quero, mais pouco ben che fago.** (ms10,103r: *D.E.*)

20498. **Non lle quer mal quen ó vello lle quita o que ha de cear.** (ms10,104r: *D.E.*)

20499. **Non lle quer ó vello mal quen lle furta a cea e o manda deitar.** (ms10,104r: *D.E.*)

20500. **Nunca queiras do teu amigo máis do que él quixer contigo.** (ms10,104r: *D.E.*)

20501. **O que a feo quer, fermoso lle pares.** (ms10,104r: *D.E.*)

20502. **O que non queiras pra ti, non-o queiras pra min.** [5986] (ms10,104r: *D.E.*)

Var.: *O que non queiras pra ti, non-o queiras pra ninguién.*

20503. **O que non queres que se seipa, non-o digas a ninguén.** [5987] (ms10,104r: *D.E.*)

20504. **O que non queres ¿pra que o queres?** (ms10,104r: *D.E.*)

20505. **Pra quen nos quer, teñamos, que pra quen non nos quer, temos dabondo.** (ms10,104r: *D.E.*)

20506. **¿Que quer saber naide o que fai naide na casa de naide?** (ms10,104r: *D.E.*)

20507. **Quen ben me quer, dáme do que ten.** (ms10,104r: *D.E.*)

20508. **Quen ben quer tarde esquece.** (ms10,104r: *D.E.*)

20509. **Quen ben te queira farate chorar.** (ms10,104r: *D.E.*)

20510. **Quen me quer ben, dime o que sabe e dáme do que ten.** (ms10,104r: *D.E.*)

20511. **Se ben me queres, trátame como debes.** (ms10,104r: *D.E.*)

20512. **Se queres chegar a vello, faite vello cedo.** (ms10,104r: *D.E.*)

20513. **Se queres empobrecer, merca o que non has mester.** (ms10,104r: *D.E.*)

20514. **Se queres que che diga o que che falta, dime de qué te gabas.** (ms10,104r: *D.E.*)

20515. **Se queres un día bo, afeitate; un mes bo, mata porco; un ano bo, cásate, e un sempre bo, faite crego.** (ms10,104r: *D.E.*)

20516. **Tanto lle quer o demo ós fillos que lle arrinca os ollos.** (ms10,104r: *D.E.*)

20517. **Tanto me quer o fillo da uva, tanto me quer, que se el quer, me derruba.** (ms10,104r: *D.E.*)

20518. **Us queren o sol na cibdá e outros queren a auga no nabal.** (ms10,104r: *D.E.*)

QUESO

[5984] En ms10 s.v. *Quejarse*.

[5985] O orixinal di: *A quen queiras mal nono queiras no hospital.*

[5986] O orixinal di: *O que non queiras pra ti, nono queiras pra min.* (o *pra ninguién*)

[5987] O orixinal di: *O que non queres que se seipa nono digas a ninguén.*

20519. **Algo vale o queixo cando o dan a peso.** (ms10,103r: *D.E.*)

20520. **Cacho pan, cacho queixo, mau, mau.** (mc e ms16: Carballedo)

20521. **De san Martiño a abril mercar os queixos mil.** [5988] (mc: J.P. / ms16: Lugo)

(pt) *Em abril queijos mil, e em maio, 3 ou 4.* (Chaves) (ct) *Castanyes per Nadal, saben bé y es partixen mal.* (Alberola)

Porque con la abundancia y mejor calidad de los pastos, es mejor la leche. Son los quesos que se llaman *da nabiza*.

20522. **Do queixo non me queixo, que me queixo do que deixo.** (ms10,103r: *D.E.*)

20523. **En san Pedro, tanto queixo com'on dedo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia (galego oriental))

20524. **En san Xoán, máis queixo que pan.** [5989] (mc e ms16: *O Gaiteiro de Lugo*, 1932 / ms-LU: Dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Taboada, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

20525. **En san Xoán, tanto queixo coma pan.** [5990] (mc e ms16: C.A. / ms: E.C. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Var.: *Día de san Juan, tanto queixo como pan; día de san Pedro, tanto como un dedo.* (ms4: Pol-F.V.S)

20526. **En san Juan, máis queixo ca pan.** [5991] (ms-LU: seminarista anónimo: Taboada, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

20527. **No día de san Xoán máis queixo que pan.** (ms21,07r: Bermés)

20528. **No mes de abril fai queixos mil; no de maio, tres ou catro.** (ms16: *Diccionario Enciclopédico*)

20529. **No mes de abril, fai queixos mil, e no de maio fai tres ou catro.** (ms10,103r: *D.E.*)

20530. **O día de san Pedro tanto queixo como un dedo.** (ms16: Arcos, Pol)

20531. **O día de san Xoán, tanto queixo como pan. O día de san Pedro, tanto queixo com'on dedo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU)

20532. **O pan por lixeiro i-o queixo por pesado.** (ms16: Otero de Rey)

20533. **O queixo de outono cómeo seu dono.** [5992] (ms16: Lugo)

20534. **O queixo i-o barbeito, en abril ou maio sea feito.** (ms10,103r: *D.E.*)

20535. **O queixo millor é fresco, porque non está tan seco.** (ms10,103r: *D.E.*)

20536. **O queixo sano é o que dá o avaro.** (ms10,103r: *D.E.*)

20537. **O queixo, cego; e o pan, ollado.** (mc e ms16: Lugo / ms4: F.V.S.)

Var.: *Queixo cego e pan olludo.* (ms16: Donalbay-Begonte)

(pt) *Pão com olhos, queijo sem olhos e vinho que salte aos olhos.* (Chaves) / *Pão que veja, vinho que salte, queijo que chore.* (Id.) (es) *El queso cieguecito, y el pan con muchos ojitos.* (R. Marín) / *El queso sin ojos y el pan con ellos, comellos.* (Id.)

20538. **O queixo, sin ollos; o pan, con ollos; i-o viño, que salte ós ollos.** (mc e ms16: Buciños)

Var.: *O queixo cego e o pan ollado.*

(pt) *Pão com olhos, queijo sem olhos e vinho que salte aos olhos.* (Chaves) / *Pão que veja, vinho que salte, queijo que chore.* (Id.) (es) *El queso, cieguecito y el pan con muchos ojitos.* (R. Marín) / *El queso sin ojos, y el pan con ellos, comellos.* (Id.)

20539. **Os queixos millores da primaveira en octubre véndense á carreira.** (ms4: J.P.)

20540. **Queixo cerrado e pan esponxado.** (mc e ms16: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)

(es) *Queso, cerrado; y pan, esponjado.* (R. Marín)

Nueva variante de los citados en el anterior.

20541. **Queixo de ovella, leite de cabra e manteca de vaca.** [5993] (mc)

Var.: *Queixo de ovellas, leite de cabra e manteca de vaca.* (ms16: Lugo)

(pt) *Queijo de ovelha, manteiga de vaca, leite de cabra.* (Chaves) (es) *Queso, de ovejas; leche, de cabras; manteca, de vacas.* (R. Marín)

Preferibles entre los de su clase.

20542. **Queixo diario e unha libra ó ano.** (ms16: Silvarrey)

20543. **Queixo mol vaise ó fol; queixo duro vaise ó ventrullo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

20544. **Queixo mol, corre pró fol.** (ms16: Cotá)

[5988] ms: *mercaros queixos mil*; ms4: *mercarás queixos mil*.

[5989] ms-LU (Lugo): *Xoán*; ms-LU (Taboada), ms-LU (Lugo): e ms-LU (Pacios): *Juan*; ms-LU (Lugo) e ms-LU (Taboada): *c'a*.

[5990] mc e ms-LU: *como pan*

[5991] ms-LU (Lugo) e ms-LU (Pacios): *que pan*.

[5992] ms: *d'outono*.

[5993] mc: *Queixo de ovellas*.

20545. **Queixo pesado, pan liviano.** (mc e ms4: C.G. / ms4: N.V. 2ª serie / ms21,31v: Bermés)
Var.: *Queijo pesado, pan liviano.* (ms16: C.G. y *O Gaiteiro de Lugo*, 1931)
Coincide con los que quieren el primero sin ojos, y el segundo sin ellos.

20546. **Queixo, cego, pan que vexa, e viño que salte á cexa.** (mc e ms16: Buciños)
(es) *Queso ciego y pan con ojos quitan a mi hijo los enojos.* (R. Marín)
Véase *O queixo sin ollos...*

20547. **Queixo, leite, soros e requesós terás en abundantes provisiós.** [5994] (ms4: J.P.)

20548. **Quen vende a fariña e o queixo na encella, ou viño en mosto, e o trigo en agosto, súa ganancia dá a outro.** (mc e ms16: J.P.)
(es) *Quien vende la lana en la oveja, y el queso en la encella, y el pan antes de agosto, y el vino en uva o mosto, él pierde y medra el otro.* [5995] (R. Marín)
Encella es el molde en que se hacen los quesos, y no figura en nuestros diccionarios; lo suponemos importado, con el refrán, del castellano.

20549. **Tanto queixo coma pan nunca se debe dar.** (ms10,103r: *D.E.*)

20550. **Val máis un de nabo que catro de maio.** (mc e ms16: A.N. / ms e ms4: N.V. 2ª serie)
Se refiere al queso: vale más uno hecho en tiempo de los nabos, porque es mejor la leche. Son los llamados *queixos da nabiza*, cuyo alimento produce mejor leche.

20551. **Val máis un queixo de nabo que catro de maio.** [5996] (ms21,31v: Bermés)

QUILLA

20552. **A quilla é de quen a pasa.** (ms10,104r: *D.E.*)

20553. **Dáme quilla e dareiche millas.** (ms10,104r: *D.E.*)

QUINCETA

20554. **A muller quincela, home de treinta.** (ms10,104r: *D.E.*)

20555. **A muller quincela xa non ten aquela.** (ms10,104r: *D.E.*)

QUITAR

20556. **Onde se quita e non se pon, logo se valeira o bulsón.** (ms10,104r: *D.E.*)

20557. **Quita-la causa é quita-lo pecado.** [5997] (ms10,104r: *D.E.*)

20558. **Quitar das faldras e poñer nas mangas, esas son maturrangas.** (ms10,104r: *D.E.*)

20559. **Quitarllo a un santo pra darllo a outro santo, parece consello do diaño.** (ms10,104r: *D.E.*)

20560. **Quitáronme o espello por fea e díronllo á cega.** (ms10,104r: *D.E.*)

20561. **Quitémo-las sospeitas e deixarannos face-las festas.** [5998] (ms10,104r: *D.E.*)

RABO

20562. **Dálle ó rabo o can non por ti senón polo pan.** [5999] (ms10,105r: *D.E.*)

20563. **O que ten rabo de palla, non se achegue ó lume.** [6000] (ms10,105r: *D.E.*)

20564. **Polo rabo da culler vai o rato ó pote.** [6001] (ms10,105r: *D.E.*)

20565. **Quen ten o rabo de palla, sempre pensa que llo queiman.** [6002] (ms10,105r: *D.E.*)

RABUSCO

20566. **Co rabusco non se medra.** (ms10,105r: *D.E.*)

20567. **O rabusco non enriquece.** (ms10,105r: *D.E.*)

RAPAZ

20568. **Os rapaces son os millores homes.** (ms10,105r: *D.E.*)

RAPETA

20569. **¿Vas á rapeta? Andarás mollado, faraste a porreta e morrerás infrado.** (ms10,105r: *D.E.*)

RAPOSO. V. tamén *Caza*.

[5994] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.
[5995] ms16: *y medra otro*.
[5996] O orixinal di: *Val mais un queixo de nabo que 4 de mayo.*
[5997] O orixinal di: *Quitala causa é quitalo pecado.*
[5998] O orixinal di: *Quitémolas sospeitas, e deixaránnos facelas festas.*
[5999] V. *Menea o rabo o can, non por ti sinón polo pan* en *Agrícolas* (*Animales*).
[6000] V. *O que ten rabo de palla ten medo que se lle queime* en *Precaución*.
[6001] V. *Polo rabo da culler vai o gato á ola* en *Agrícolas* (*Animales*).
[6002] V. *O que ten o cu de estopas, sempre pensa que lle poñen lume* en *Escarmiento*.

20570. **Á raposa dormida non lle cai nada na boca nin na barriga.** (ms10,105r: *D.E.*)
20571. **Cada raposa garda o seu rabo.** (ms10,105r: *D.E.*)
20572. **Cando a raposa anda ós grilos, non hai pra ela nin prós seus fillos.** (ms10,105r: *D.E.*)
20573. **Non fai tanto o raposo nun ano como paga nunha hora.** (ms10,105r: *D.E.*)
20574. **Quen trate con raposo, gracias se lambe algún óso.** (ms10,105r: *D.E.*)
20575. **Raposa que moito tarda é que caza agarda.** (ms10,105r: *D.E.*)
20576. **Raposo preguiceiro chega tarde ó galiñeiro.** (ms10,105r: *D.E.*)
20577. **Raposo que moito dorme nunca boa galiña come.** (ms10,105r: *D.E.*)

RASCAR

20578. **O rañar quer comenzar.** [6003] (ms10,105r: *D.E.*)

RATONES

20579. **Cada rato ten o seu burato.** (ms10,105r: *D.E.*)
20580. **Cada rato ten o seu niño e cada muller o seu abrigo.** (ms10,105r: *D.E.*)
20581. **Mal lle vai ó rato que soilo ten un burato.** (ms10,105r: *D.E.*)
20582. **O rato da casa, un día ou outro se caza.** (ms10,105r: *D.E.*)
20583. **O rato non se fía de un soilo burato.** (ms10,105r: *D.E.*)
20584. **O rato que non sabe mais dun burato, logo o pilla o gato.** (ms10,105r: *D.E.*)
20585. **O rato que non sabe máis dun furado, cóllese axiña, se está tapado.** (ms10,105r: *D.E.*)
20586. **O rato que soilo sabe dun burato, axiña o apaña o gato.** (ms10,105r: *D.E.*)
20587. **O rato que soilo ten un burato, logo cai nas unllas do gato.** (ms10,105r: *D.E.*)
20588. **O rato vello non cai na rateira.** (ms10,105r: *D.E.*)
20589. **Rata vella non cai na ratoeira.** (ms10,105r: *D.E.*)
20590. **Tarde se arrepinte o rato cando xa está na boca do gato.** (ms10,105r: *D.E.*)

RAZÓN

20591. **A mala razón deixa a roupa sana i-esgaza o corazón.** (ms10,106r: *D.E.*)
20592. **A razón do máis forte é sempre a millor razón.** (ms10,106r: *D.E.*)
20593. **A razón moito pode.** (ms10,106r: *D.E.*)
20594. **A razón non quer forza, porque a ten de sobra.** (ms10,106r: *D.E.*)
20595. **A razón non ten máis que un camiño.** (ms10,106r: *D.E.*)
20596. **A razón patea e a razón porfía.** (ms10,106r: *D.E.*)
20597. **A razón ten moita forza.** (ms10,106r: *D.E.*)
20598. **As boas razós cauturan os corazós.** [6004] (ms10,106r: *D.E.*)
20599. **Di a túa razón e non digas quen cha dou.** (ms10,106r: *D.E.*)
20600. **Moitas cousas que parecen sin razón, ás veces boas son.** (ms10,106r: *D.E.*)
20601. **O que debe non ten razón.** (ms10,106r: *D.E.*)
20602. **Onde está a razón, alí está o galardón.** (ms10,106r: *D.E.*)
20603. **Prá razón sobra o galardón.** (ms10,106r: *D.E.*)
20604. **Razós ganan corazós.** [6005] (ms10,106r: *D.E.*)

REBUZNAR

20605. **Ben sabe o burro onde ornea cando quer el ornear.** (ms10,073r: *D.E.*)
20606. **Se che dixeren dous que eres burro, ornea.** (ms10,073r: *D.E.*)

RECADOS

20607. **Non te fagas mandador onde non fores señor.** (ms10,037r: *D.E.*)
20608. **Quen fai os mandados, que coma os bocados.** (ms10,037r: *D.E.*)

RECAÍDA

20609. **A recaída fai perder moitas veces a vida.** (ms10,106r: *D.E.*)
20610. **Pior é a recaída que a caída.** (ms10,106r: *D.E.*)

RECETAR

[6003] V. *O comer i-o rascar vai no empezar* en *Principio*.

[6004] V. *Dádivas e boas razós amolecen pedras e corazós* en *Dádivas*.

[6005] V. *Bo exempro e boas razós ganan moitos corazós* en *Ejemplo*.

20611. **Máis fácele é recetar que curar.** (ms10,106r: *D.E.*)

20612. **O recetar non é o mesmo que curar.** (ms10,106r: *D.E.*)

20613. **Unha cousa é recetar e outra ben outra é curar.** (ms10,106r: *D.E.*)

RECIPROCIDAD. V. tamén *Correspondencia*.

20614. **Home por home e dente por dente.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20615. **Non te rías de ninguén, que se rin de ti tamén.** (ms5,135: Santa Comba)

20616. **O que dá co pau, non espere que lle den ca pucha.** (ms)

20617. **Pau por pau non é pecado.** (ms21,19r: Bermés)

20618. **Quen se ríe do ben de outros, outros ríense dos seus males.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

RECIPROCIDAD DE OBRA

20619. **As cousas de Xan son como as fan.** (ms21,14r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

20620. **As cousas do Xan son según as fan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20621. **Eu son de Xan e fago como me fan.** (ms21,14r: Bermés)

20622. **Eu son Xan e fago como me fan.** (ms16: Bermés)

20623. **Hai que cuidar pra que nos cuiden.** (ms5,141: Lugo)

20624. **Non negues o que ti pedías.** (ms15,16)

20625. **Non pidas o que negaches nin negues o que che pidan.** (ms15,16)

20626. **Que mal farás, que a ti non cho fagan.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

20627. **Quen ficer de min escarabello, non farei del espello.** [6006] (mc e ms: A.S.A.)
Var.: *Quen fixer de min escarabello, non farei del espello.* (ms16: J. del Prado? / ms21,10r: Bermés)

20628. **Si queres ben, faimo ti tamén.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

RECIPROCIDAD DEFENSIVA

20629. **A demo, demo e medio.** [6007] (ms16 e ms10,003v: *D.E.*)
(es) *Al diablo, diablo y diablillo.* (R. Marín)

20630. **A un louco, outro.** [6008] (ms16 e ms10,033v: *D.E.*)
(es) *A un loco, otro.* (Correas)

RECIPROCIDAD VENGATIVA

20631. **A quen cha fai, failla.** [6009] (ms16 e ms10,048r: *D.E.*)
(es) *A quien te la fay, faila.* (H. Núñez)

20632. **A un mal, outro igual.** (ms16: Lugo)
(es) *A un mal, otro igual.* (R. Marín)

20633. **Engana a quen te engane e dispois pase o que pase.** [6010] (ms16 e ms10,012r: *D.E.*)
Var.: *Engana a quen te engane.* (ms16: Lugo)
(es) *Justa razón engañar al engañador.* (H. Núñez)

20634. **O que te mexa, cágao se podes.** [6011] (ms16 e ms10,040r: *D.E.*)
(es) *A quien te mea, cágalo.* (R. Marín)

RECLAMO

20635. **A cuba de bon viño non precisa de bandeira.** (mc: C.A.)
Var.: *A cuba do bo viño non necesita bandeira.* (ms16: Santiago)
(pt) *O bom vinho escusa pregao.* (Chaves) / *O bom vinho, não há mister ramo novo.* (Id.) / *O bom vinho trás a venda consigo.* (Id.) (es) *El buen vino de sí propio es padrino.* (R. Marín) / *El buen vino, el pregón lleva consigo.* (Id.) / *El buen vino no ha menester pregonero, mas el hecho.* (Correas) / *El buen vino, la venta trae consigo.* (Correas) (ct) *El bòn ví no necessita ram.* (Alberola)
Lo bueno se recomienda por sí sólo.

RECOMENDACIÓN, VALIMIENTO, FAVOR

20636. **Favores que me fixeche, favores me vas botando.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)

20637. **O que ten capa, escapa, e-o que non-a ten, tamén.** (ms18,57r: *Vida Gallega*)

20638. **O que ten capa, escapa; e o que n'a ten, escapa tamén.** (mc: M.V.)
(pt) *Quem tem capa, sempre escapa e quem tem gabão, escapará ou não.* (Chaves) (es) *Quien tiene capa, escapa; quien chapirón, o escapa o non.* (Correas)

[6006] Contén a indicación *Desdén* no ms.
[6007] En ms10 s.v. *Demonio*.
[6008] En ms10 s.v. *Locos*.
[6009] En ms10 s.v. *Miscelánea*.
[6010] En ms10 s.v. *Engaño*.
[6011] En ms10 s.v. *Orinar*.

20639. **O que ten padriño, bautízase.** [6012] (mc: Buciños-F.V.S.)
Var.: *O que non ten padriño, non se bautiza.*
(pt) *Quem não tem padrinhos morre mouro.* (Chaves) / *Quem tem padrinho não morre mouro.* (Id.) / *Quem tem padrinho não morre na cadeia.* (Id.)

20640. **O que ten padriño, bautiza.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

20641. **Os que levades a dianteira, quitádeme logo desta silveira.** [6013] (mc: Parga-F.V.S.)

20642. **Según é a xente, é o presente.** (mc: Buciños)

20643. **Sin boa lanza, non te metas en danza.** (mc: Tuiriz)
(es) *Sin buena lanza, no te metas en danza.* (R. Marín)

20644. **Sirve ó cura pra que che preste a mula.** [6014] (mc: Tuiriz / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

20645. **Un e ningún, todo é un.** [6015] (mc: Buciños / ms10,134r: *D.E.*)
Var.: *Un e un, non queda ningún.* (Buciños-F.V.S.)
(pt) *Um e nenhum, tudo é um.* (Chaves) (es) *Uno y ninguno todo es uno.* (Sbarbi). No hay hombre sin hombre. (Sbarbi)

20646. **Un favor a tempo, anque sea pequeno, basta pra que o que o recibe perdone unha ofensa.** [6016] (mc: C.G.)

20647. **Unha boa capa todo tapa.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
(es) *Una buena capa, todo lo tapa.* (R. Marín)

20648. **Unha capa moito tapa.** (mc)
(es) *Una buena capa, todo lo tapa.* (R. Marín)

20649. **Unha man axuda a outra i-as dúas lavan a cara.** [6017] (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

20650. **Unha man lava a outra e xuntas a cara.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

20651. **Unha mau lava a outra e as dúas a cara.** (ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, Vimianzo, C)

20652. **Unha mau lava a outra i-as dúas lavan a cara.** [6018] (mc: Palas de Rey-F.V.S. / ms-SA: Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(pt) *Uma mão lava a outra e ambas o rosto.* (Chaves) (es) *Una mano a la otra lava, y las dos a la cara.* (Correas) / *Un dedo lava a otro y todos juntos el rostro.* (Chaves) (ct) *Una má llava l'atra y les dos la cara.* (Alberola)
Demuestra la mutua dependencia de unos y otros; y el mutuo apoyo que necesitaría.

RECTIFICACIÓN

20653. **Comerás de porco e xa verás como mudas de acordo.** (ms16: *D.E.*)

20654. **No hai millor acordo que o trasacordo.** (ms16: *D.E.*)

20655. **Non hai acordo como o trasacordo.** (ms16: Lugo)

20656. **Non se ha de facer acordo sen pensar no trasacordo.** (ms16: *D.E.*)

20657. **Nunca hai acordo como o trasacordo.** [6019] (mc: A.S.A.)
Var.: *Nunca foi o acordo millor que o trasacordo.* (ms16: *D.E.*)

20658. **O consello muda o vello.** (ms16: Lugo)

RECUA

20659. **Ande a récoa, que xa está cargada.** (ms10,106r: *D.E.*)

RECURSO

20660. **Dispois do derradeiro recurso, adoita vir o discurso.** (ms10,106r: *D.E.*)

REFLEXIÓN

20661. **Falar sin pensar é tirar sin apuntar.** [6020] (mc: J.P. / ms16 e ms10,017r: *D.E.*)
(pt) *Falar sem cuidar, é atirar sem apontar.* (Chaves) (es) *Hablar sin pensar es tirar sin encarar.* (Correas)

20662. **Gárdate de falar sen antes pensar.** [6021] (mc: A.C. *A Nosa Terra* / ms10,017v: *D.E.*)

[6012] V. *Familia. Parientes,* e *O que non ten padriño, non se bautiza* en *Protección*.
[6013] ms e ms4: *levais*.
[6014] ms-SA: *a o cura*.
[6015] En ms10 s.v. *Uno* coa indicación *Cantidad*.
[6016] ms: *qu'o recibe*.
[6017] O orixinal di: *U'na man axuda a outra y'as duas lavan a cara.*
[6018] O orixinal di: *Unha mau lava a outra y-as duas lavan a cara.* / ms-SA: *man, e as*; ms-LU: *lav'a*.
[6019] V. *Se o galego tivera o acordo como o trasacordo, non había quen o mandara á merda* en *Pueblos y razas*. / ms4: *hai un acordo, trascordo*.
[6020] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Cautela en el hablar*. En ms10 s.v. *Hablar*.

Var.: *Gárdate falar sin antes pensar.* (ms16: *D.E.*)

(es) *No te alargues a hablar, sin que preceda el pensar.* (Sbarbi) / *Antes de hablar, pensar.* (R. Marín)

20663. **Quen todo o mirou nunca con bois arou.** [6022] (ms16 e ms10,040v: *D.E.*)

(es) *Quien todo lo miró, con bueyes no aró.* (Z.)

REFRANES

20664. **Con soilo un refrán pode gobernarse unha cibdá.** (ms10,106r: *D.E.*)

20665. **Non hai refrán que non diga unha verdá, e se non di unha é porque di dúas.** (ms10,106r: *D.E.*)

20666. **Non hai refrán que non teña a súa verdá.** (ms10,106r: *D.E.*)

20667. **Non hai refrán vello que non sea verdadeiro.** (ms10,106r: *D.E.*)

20668. **O que se vexa desfavorecido, aconséllese cos refrás antigos.** (ms10,106r: *D.E.*)

20669. **Os refrás habían de estar escritos con letras de ouro.** (ms10,106r: *D.E.*)

20670. **Os refrás son curmáns da verdá.** (ms10,106r: *D.E.*)

20671. **Os refrás son curmáns do evanxeo.** (ms10,106r: *D.E.*)

20672. **Os refrás vellos son evanxeos pequenos.** (ms10,106r: *D.E.*)

20673. **Refrán dos pasados tempos é un pequeno evanxeo.** (ms10,106r: *D.E.*)

20674. **Refrás hai máis que pas, e ledanías hai máis que días.** (ms10,106r: *D.E.*)

20675. **Tódolos refrás teñen o don do enseño e o don da verdá.** (ms10,106r: *D.E.*)

REFUNFUÑAR

20676. **Anque moito rosmades, a min non me enganades.** (ms10,110r: *D.E.*)

20677. **Quen moito rosma, pouca razón ten.** (ms10,110r: *D.E.*)

REGALO

20678. **Non hai millor regalo que o non estar malo.** (ms10,107r: *D.E.*)

20679. **Os regalos, a moitos fixéronos malos.** (ms10,107r: *D.E.*)

20680. **Regáleme, miña comadre, que non teño quen me regale.** (ms10,107r: *D.E.*)

20681. **Regalo de viúda, algo busca.** (ms10,107r: *D.E.*)

20682. **Tanto regalo traime regalada: tódolos meses camisa lavada.** (ms10,107r: *D.E.*)

REGAR

20683. **Se non fora por medo de mollar as botas, eu iría coas mozas regar as hortas.** (ms10,107r: *D.E.*)

REGATEO. V. tamén *Comercio*.

20684. **Antes de axustar, regatear.** (ms16: Lugo)

(es) *Antes de ajustar, regatear.* (R. Marín)

20685. **Hastra axustar, regatear.** (ms10,049r: Trives)

Var.: *Hastra axustar podes regatear, mais despois de axustar debes pagar.* (ms16: *D.E.*)

20686. **Mulleres, pra regatear, trainas da beira do mar.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

REGRESO

20687. **Ir e non vir, como os poldros á feira.** (ms16: *D.E.*)

Var.: *Ida sin volta, como os poldros á feira.* (ms16: *D.E.*)

(es) *Reo a la horca y potros a feria, ida sin vuelta.* (R. Marín)

20688. **Mal escapa quen á casa volve.** (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)

Var.: *Mal fuxe quen á casa volve.* (ms16: Verín)

20689. **Quen vai e volve bo viaxe fai.** (ms16 e ms10,031v: *D.E.*)

(es) *Quien va y vuelve, buen viaje hace.* (Correas)

RELIGIOSOS Y MORALES. V. tamén *Abade, Demo, Demonio, Devoción, Diablo, Diaño, Dios, Fe, Fiestas y romerías, Iglesia, Misa, Oficios, Oraciones, Pecado, Predicar, Procesión, Responso, Rezar, Riqueza y dinero, Romería, Romero, Rosario, Sacristán, San Andrés, San Antonio, San Juan, San Lucas, San Martín, San Vicente, Santero, Santiago, Santo, Sermón, Supersticioso*.

20690. **A caridade ben entendida comenza por un mesmo.** (ms18,17r)

20691. **A caridade ben ordenada comenza por un mesmo.** (mc: *Dicc. Ac.*)

[6021] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Cautela en el hablar*. / mc: *sen antes*. En ms10 s.v. *Hablar*.

[6022] En ms10 s.v. *Mirar*.

(pt) *A caridade bem entendida, começa por nós.* (Chaves) (es) *La caridad bien ordenada, empieza por uno mismo.* (Sbarbi)

20692. **A cera xunto ó santo do devoto enxúgao pronto.** (mc: M.L.)

20693. **A cruz no peito e o demo nos feitos.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

20694. **A gracia de Dios chega pra ti e pra nós.** (mc: Buciños)

20695. **A máis larga vida máis larga pena.** (mc: Buciños)

(es) *Vida larga, vida amarga.* (R. Marín) / *Vida luenga, mucha cuenta.* (Id.)

20696. **A Maricamontón Dios llo dá, Dios llo quita e Dios llo pon.** (ms10,037v: *D.E.*)

20697. **A oración da burra nunca chega ó ceu.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

20698. **Á porta do bo rezador bota o triguiño ó calor.** [6023] (mc: José Ríos González, Santiago)

Hay también el contrario, que habla del rezador a secas.

20699. **Á porta do rezador non poñas o trigo ó sol.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20700. **A quen se muda, Dio-lo axuda.** [6024] (mc: C.A.)

Var.: *A quen non se muda, Dios non lle axuda.* (ms5,137: A.N.)

(pt) *A quem se muda, Deus ajuda.* (Chaves) (es) *A quien se muda, Dios le ayuda.* (R. Marín) (ct) *A qui de vida muda, Deu li ajuda.* (Alberola)

20701. **A quen Dios lla dea, san Pedro que lla bendiga.** (mc: C.A.)

Var.: *A quen Dios lla dea, vállao san Pedro.* (C.A.) / *A quen Dios lla dé, san Pedro lla conserve.* (Meilán) / *A quen Dios lla dere, véllao san Pedro.*

(pt) *A quem Deus deu, S. Pedro que o benza.* (Chaves) (es) *A quien Dios se la dé, S. Pedro se la bendiga.* / *A quien Dios se la diere, San Pedro se la bendiga.* (Correas)

20702. **A risa demasiada, señal de cabeza vana.** (mc)

(es) *Risa liviana, cabeza vana.* (R. Marín)

20703. **Á sombra dos bos viven os malos sin freno.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

20704. **A toque de oración, levanta, peón.** (mc: Otero de Rey)

Era el momento de dejar el trabajo, cuando se trabaja de sol a sol.

20705. **A verdá é filla de Dios.** (mc: Buciños)

(pt) *A verdade é filha de Deus.* (Chaves) (es) *La verdad es hija de Dios y la mentira del diablo.* (Correas)

20706. **A xente que non vai á misa, escápalle de prisa.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)

20707. **Acompáñate dos bos e serás un diles.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

20708. **Aínda Dios non é vello.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20709. **Alégrate de facer ben e non de facer o mal.** (ms: Santiago)

20710. **Anda cos bos e serás un deles.** [6025] (mc: Santiago)

Equivalente a: *Dime con quien andas...*

20711. **Aquí paz e despois gloria.** (mc: Sarria)

(es) *Aquí paz, y después gloria.* (R. Marín)

20712. **Arrechégate aos bos e serás un deles.** (mc: C.A.)

(pt) *Chega-te aos bons, serás um deles, chega-te aos maus, serás pior do que eles.* (Chaves) (es) *Allégate a los buenos y serás uno de ellos.* (Sbarbi)

20713. **As almas discretas son como as violetas.** [6026] (mc: Velle)

20714. **Ás veces dá Dios pan a quen non ten dentes pra comelo.** (mc: Buciños)

(pt) *Dá Deus noses a quem não tem dentes.* (Chaves) (es) *Da Dios pan a quien no tiene dientes.* (R. Marín) / *Dios da nueces a quien no tiene dientes.* (Id.) (ct) *Deu dona faves a qui no té quixals.* (Alberola)

20715. **Ás virxes, salves; ós santos, credos, i-os cartos, quedos.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)

20716. **Asegún é a vida, é a morte e,según é a morte, a eterna sorte.** (ms10,050r: Saa de Junquera)

20717. **Así qu'un morre é un difunto.** (mc: Buciños)

20718. **Así que o crego dice a misa, axúdalle á ama a tecer a camisa.** [6027] (ms4: F.V.S. / ms18,64v: Mondoñedo)

Dar a todo.

20719. **Ben fas, ben atoparás.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

[6023] V. variantes en *Precuación*.

[6024] O orixinal di: *A quen se muda, Diol-o axuda.*

[6025] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

[6026] mc: *son como violetas*.

[6027] ms18,64v: *dí a misa*. No orixinal aparecía dentro do tema *Miscelánea*.

20720. **Ben predica o que ben vive.** [6028] (mc: Buciños / ms15,13 / ms10,098r: *D.E.*)
(pt) *Bem prega quem bem vive.* (Chaves) (es) *Bien predica quien bien vive.* (Sbarbi)
Ensalza la influencia del ejemplo.

20721. **Cada santón mantén a seu ladrón.** (ms: Silvarrei)

20722. **Cada santón manterá o seu lambón.** (ms8,17r: Silvarrey)

20723. **Cada un paga por si.** (mc: Buciños)

20724. **Cada un vai á misa donde ten devoción.** (mc: Lugo)

20725. **Cada un xuzga dos mais por si.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)
(es) *Cada uno juzga por su corazón el ajeno.* (R. Marín)

20726. **Cala i-ora, cala i-ora; se non queres calar chora.** [6029] (mc: A.N.)

20727. **Caldo e sacramentos, pra quen-os queira.** (ms-SA: seminarista anónimo: Terras do Deza, PO / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

20728. **Caldos e sacramentos, cando se pidan.** (ms5,057: Abadín)

20729. **Caldo, papas e sacramentos, pra quen os queira.** (ms21,15v: Bermés)

20730. **Cando contes con unión, todo será bendición.** (ms: C.A. *A Nosa Terra*)

20731. **Cando o huesped vén, Dios mantén: si o huesped é bon e si non é bon, cal veña cal non.** (mc: Biville)

20732. **Cando pedimos, somos meiguiños; desque alcanzamos, xa variamos.** (mc: A.N.)
(es) *Cuando pedimos, dueña decimos; cuando tenemos, como queremos.* (Correas)

20733. **Cando pra diante non vas, pensa, non volvas pra tras.** (mc / ms4: F.V.S.)

20734. **Canto maior subida, máis grande caída.** [6030] (mc e ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms18,68v: *Diario de Avisos* de R. Caruncho (1888))
(pt) *Quanto mais alto se sobe, maior queda se dá.* (Chaves) / *De alto cai quem alto sobe.* (Id.) / *Quem mais alto subir, de mais alto vai cair.* (Id.) / *Quanto mais alta a berlinda, maior é o trambulhão.* (Id.) (es) *Después de una gran subida una gran caída.* (Chaves) / *Cuanto mayor es la subida, tanto mayor es la descendida.* (R. Marín)

20735. **Canto máis alta é a torre, máis dan os raios nela.** (ms15,25: Sobrecedo)

20736. **Canto máis alto é o pino, máis lle dá o vento.** (mc: Buciños-F.V.S.)

20737. **Canto máis alto, máis dá o aire; e, se cas, máis te mancas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

20738. **Canto máis te agachas, máis se che ven as pernas.** (mc: Parga-F.V.S.)
(es) *Quien mucho se baja, enseña el culo.* (Sbarbi)
Recomienda la humildad sin bajeza.

20739. **Canto máis un se dobla, máis se lle ven as cachas.** [6031] (mc e ms)

20740. **Canto reza, por si o ofreza.** (mc: Pidre)
(es) *Bien reza, pero mal ofrece.* (Sbarbi)

20741. **Cara abaixo todos demos axudan.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20742. **Cara abaixo todos os santos axudan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

20743. **Caridade sin vanidade.** [6032] (mc)
(es) *Caridad y amor sin tambor.* (R. Marín) / *Caridad con trompeta no me peta.* (Id.) / *Caridad con trompeta no vale una castañeta.* (Id.) / *Caridad y amor no quieren tambor: en silencio viven mejor.* (Id.)

20744. **Carne de comedianta, ruín e cara.** (mc: C.A.)
(es) *Carne de tablas mala y cara.* (R. Marín)

20745. **Como midas hante medir.** [6033] (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms10,038r: *D.E.*)
(pt) *Como me medires assim te medirei.* (Chaves)

20746. **Como te midiren, mide.** (mc: C.A.)
(pt) *Como me medires assim te medirei.* (Chaves) (es) *Con la medida que midieremos seremos medidos.* (Sbarbi)

20747. **Como trates ti, así te tratarán.** (mc: Santiago)

20748. **Como un vive, así morre.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

20749. **Contra o ceo non cuspas, que na cara ten de che caer.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(pt) *Cuspo para o céu, cai-me no rostro.* (Chaves) / *Cuspo para o ar na cara cai.* (Id.) / *Não cuspas para o ar que te pode*

[6028] ms15,13: *padrica*. / En ms10 s.v. *Predicar*.
[6029] O orixinal di: *Cala y-ora cala y-ora; se non queres calar chora*.
[6030] ms4: *Canta*.
[6031] ms: *doblega*
[6032] ms e ms3: *Caridá sin vanidá*.
[6033] En ms10 s.v. *Medida*.

cair o cuspo na cara. (Id.) (es) *No escupáis al cielo; que os caerá en la cara.* (R. Marín)

Lo recoge también la siguiente canción popular: *Non hai que cuspir ó ceio / que che caerá na cara; / o que ha de decir mal de outro / consigo n'ha de ter nada.*

20750. **Costa abaixo tódolos santos axudan.** [6034] (mc: A.N. / ms-LU: seminarista anónimo: Pol, LU / ms21,03r: Bermés)

(es) *Cuesta abajo, ayudan todos los santos.* (R. Marín)

20751. **Cousa mala nunca morre.** (mc: C.A.)

Var.: *Cousa ruín non perece.* (Id.)

(pt) *Erva má não a cresta a geada.* (Chaves) (es) *Cosa mala nunca muere.* (Correas)

20752. **Cousa cumplida solo na outra vida.** [6035] (mc: Tuiriz)

(es) *Cosa cumplida solo en la otra vida.* (Sbarbi) (ct) *Còsa cumplida... en l'atra vida.* (Alberola)

20753. **Crego ao principio de cocedoiro, mal agoiro.** [6036] (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

Una de tantas supersticiones populares.

20754. **Cristo ganado, Cristo papado e Cristo non chega a medio ducado.** [6037] (ms4: F.V.S.)

20755. **Cristo ganado, Cristo pelado.** [6038] (ms: A.S.A.)

Var.: *Cristo ganado, cristo papado.* (A.S.A.)

20756. **Cristos pallicos e anacos de pan parteunos Pedro e comeunos Xan.** [6039] (mc / ms4: F.V.S.)

20757. **Da agua mansa líbreme Dios, que da agua brava xa me libro eu.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

20758. **Da auga mansa líbrenos Dios, que da brava librámonos nós.** (mc: A.I.)

(pt) *Da água mansa me livre Deus, que da brava me livrarei eu.* (Chaves) (es) *Del agua mansa me libre Dios, que de la recia o brava, me guardaré yo.* (Sbarbi) (ct) *Deu mos lliure d'aigua que no córrega y de gat que no maule.* (Alberola)

20759. **Dá virtú, a caridá; e do vicio, a maldá.** (mc: Buciños)

20760. **Dá Dios fabas a quen non ten queixadas.** (mc / ms4: F.V.S.)

Var.: *Dá Dio-las noces a quen non ten dentes.* (mc: M.V. / ms21,27r: Bermés) / *Dá Dios pan a quen non ten moas.* (C.A.) / *Dá Dios pan a quen non-o sabe comer.* (Pidre) / *Dá Dios barbas a quen non ten queixadas.* (ms4: F.V.S.)

(pt) *Da Deus noses a quem não tem dentes.* (Chaves) (es) *Da Dios habas a quien no tiene quijadas.* (Correas) / *Da Dios almendras a quien no tiene dientes.* (Id.) / *Da Dios almendras a quien no tiene muelas.* (Sbarbi) (ct) *Deu dona faves a qui no té quixals.* (Alberola)

Análogo a *As veces da Dios pan...* De ellos son variantes los que siguen.

20761. **Dá Dios o pan e apédrano as maus.** (mc: Buciños)

Var.: *Dáo Dios i-apédrano as maus.* (J.P. / ms4: F.V.S.)

(pt) *Deus dá o pão mas não amassa a farinha.* (Chaves)

20762. **Dá Dios que sonar a quen non ten pano.** (mc: C.A.)

(es) *Da Dios mocos a quien no tiene narices.* (R. Marín) / *Da Dios mocos al que no tiene lenzuelo.* (Id.) / *Da Dios narices a quien no tiene pañuelo.* (Id.) / *Da Dios pañuelo a quien no tiene narices.* (Id.)

20763. **Dálle Dios o pano a quen non ten narices.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Var.: *Dálle Dios o pano a quen non ten mocos.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo).

20764. **Dálle Dios pan a quen non ten dentes.** (ms-LU: seminarista anónimo: Viveiro, LU)

20765. **Dálle Dios pan a quen non ten saco.** (mc)

20766. **De facer mal non se saca nada.** (mc: Buciños)

20767. **De fóra virá quen bo me fará.** (ms10,23r: *D.E.*)

20768. **De gran creto dispón quen cumpre súa obrigación.** [6040] (ms4: J.P.)

20769. **De todo hai na viña do Señor.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)

(es) *De todo tiene la viña del Señor: uvas, pámpanos y agraz.* (Sbarbi) / *De todo tiene*

[6034] ms-LU: *todos os*; ms21,03r: *Cost'a-baixo*.

[6035] mc: *tua*.

[6036] ms: *do cocedoiro*. Dentro do tema *Miscelánea* no orixinal.

[6037] Dentro do tema *Miscelánea* no orixinal.

[6038] Dentro do tema *Miscelánea* no orixinal.

[6039] ms4: *partemos, cómemos*. Dentro do tema *Miscelánea* no orixinal.

[6040] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

la viña del Señor. (Id.) (ct) *De tot hi ha en la vinya del Senyor.* (Alberola)

20770. **Deixa a carne un mes i-ela deixarache tres.** (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *Deja a Venus por un mes, y ella te dejará por tres.* (Castillo) / *Deja el vicio por un mes, y él te dejará por tres.* (R. Marín)

Alude a la carne, uno de los tres enemigos del alma.

20771. **Desnudo nacín, desnudo estou: nin perdín nin gano.** [6041] (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

20772. **Despois de comer os cregos non faltan culleres.** [6042] (mc: A.S.A.)

20773. **Di con quén andas, eu che direi qué é.** (ms-SA: López Baleato)

20774. **Dichoso mes que empeza con letanías maiores e termina con elas menores.** [6043] (mc: Santiago / ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

20775. **Dime con quén andas e eu che direi quén eres.** (ms-SA: Manuel Tojo Reboredo)

Var.: *Dime con quén andas e che direi qué eres.* (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C / ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C) / *Dime con quén andas e te direi quén eres.* (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

20776. **Dime con quén andas, eu che direi qué es.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

20777. **Dime con quén paseas e direiche quén eres.** (ms-SA: José M. Domínguez Martínez: Sardiñeiro, Fisterra, C)

20778. **Dime con quen vas e direiche a onde irás.** (ms10,031r: *D.E.*)

20779. **Dio-las cría i-o demo as axunta.** [6044] (ms8,24r: La Cañiza)

20780. **Dio-los cría e eles se aparellan.** [6045] (mc: Lugo / ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

Var.: *Dio-los cría e eles se xuntan.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

(pt) *Deus os fez, Deus os juntou.* (Chaves) (es) *Dios los cría y ellos se juntan.* (R. Marín) (ct) *Deu els cría y ells s'ajuntan.* (Alberola)

20781. **Dios dá o pan pero a quen non ten moas.** [6046] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20782. **Dios dea sorte, que o que temos seguro é a morte.** (ms15,15)

20783. **Dios me libre de un forno vello arder.** [6047] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20784. **Dios nos amañeza con sete buratos na cabeza.** (mc: Eiré, Monforte / ms11,33: Eiré.)

Dios nos conserve los sentidos, que el original refrán representa en los siete agujeros que tiene la cabeza: ojos, narices, orejas y boca.

20785. **Diste mundo levarás boas obras, se as fas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

20786. **Dixo u san Beato Ávila que o Cristo tratar ben hai, que é fillo de moi bo pai.** (ms-SA: Pedro Pontes García)

20787. **Do alleo, nin un pelo.** (mc)

20788. **Do bispo e do mulo, canto máis lexos, máis seguro.** [6048] (ms15,45r: Chantada)

20789. **Dó demo o crego que non fai bo do labrego.** [6049] (mc: Santiago)

20790. **Do nabo sale a nabiza, da nabiza sale o grelo, son tres personas distintas i-un solo Dios verdadeiro.** [6050] (mc: Biville)

20791. **Do sol e do superior, canto máis lonxe millor.** (mc: Santiago)

20792. **Dódeme o santo que non mantén ó seu ermitaño.** (ms: O. de Rey)

20793. **Donde as dan, as toman.** [6051] (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / ms10,001v: *D.E.*)

20794. **Donde hai moita alegría hai pouco seso.** [6052] (mc)

(pt) *Muito riso, pouco siso.* (Id.) (es) *Donde hay mucha alegría, hay poco seso.* (Castillo) / *Donde hay mucha risa, hay poco juicio.* (R. Marín)

[6041] O orixinal di: *Desnudo nacin, desnudo esto, nin perdin nin gano.*
[6042] mc: *dispóis*; ms4: *Despois que comen*. Dentro do tema *Miscelánea* no orixinal.
[6043] O orixinal di: *Dichoso mes que empeza con letanias mayores e termina con elas menores.*
[6044] O orixinal di: *Diol-as cría i-o demo as axunta.*
[6045] O orixinal di: *Diol-os cría e eles se aparellan.*
[6046] O orixinal di: *Dios do pan pero á quen non ten moas.*
[6047] ms-LU: *dun forno*.
[6048] Dentro do tema *Miscelánea* no orixinal.
[6049] mc: *bon*. Dentro do tema *Miscelánea* no orixinal.
[6050] O orixinal di: *Do nabo sale a nabiza da nabiza sale o grelo, son tes personas distintas y-un solo Dios verdadeiro.*
[6051] ms10: *Onde as dan*. / En ms10 s.v. *Dar*.
[6052] ms: *hay*.

20795. **Du que nun reza nin vai á misa, u diablo fai ben a risa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

20796. **En oír misa e dar cebada non se perde xornada.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

20797. **En oír misa e dar cebada nunca se atrasa xornada.** (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *Por oír misa y dar cebada, no se pierde la jornada.* (Sb)

20798. **Está a vella a morrere e está a aprendere.** [6053] (mc: Santiago)

Var.: *Vai o vello morrendo e mais deprendendo.*

(es) *Viejo se es y mas viejo y cada día aprendiendo.* (R. Marín) / *Salomón muriendo, de un niño aprendiendo.* (Id.)

20799. **Facer ben, alcanzar mal.** (mc: Santiago)

20800. **Fágante como ti fagas, non tes de que estrañarte.** [6054] (mc e ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

20801. **Fágase o ben e fágao Xan ou Miguel.** [6055] (mc: M.V. / ms21,20v: Bermés)

20802. **Fai ben a quen che fai mal.** [6056] (ms-SA: Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C)

20803. **Fai ben e non cates a quen.** (mc: Pidre-F.V.S.)

Var.: *Fai ben e non mires a quen.* (M.V.)

(pt) *Faze bem, não cates a quem.* (Chaves)
(es) *Haz bien y no cates a quién; haz mal y guárdate.* (Correas)

20804. **Fai ben e non mires a quen; fai mal e gárdate.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20805. **Fai ben sin mirar a quen; ben fas, ben atoparás.** (mc)

(pt) *Faze bem, não cates a quem.* (Chaves)
(es) *Haz bien y no cates a quién; haz mal y guárdate.* (Correas)

20806. **Fai ben sin mirar a quen.** (ms5,027: Ribadeo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Viveiro, LU)

20807. **Fai ben; nese instante a Dios serás semellante.** [6057] (mc: Velle)

(pt) *Faze bem, não temerás ninguém.* (Chaves) / *Fazer bem nunca se perde.* (Id.)

20808. **Fai caso ós curas e xa verás como duras.** (ms-SA: seminarista anónimo: Besexos, Vila de Cruces, PO)

20809. **Fai o qu'eu che mando e non o qu'eu fago.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)

20810. **Fai o qu'eu digo e non fagas o qu'eu fago.** [6058] (mc: J.P.)

(pt) *Fazei o bem que digo e não o mal que faço.* (Chaves) (es) *Haz lo que bien digo, y no lo que mal hago.* (Correas) / *Haz lo que yo bien te dijere, y no lo que mal hiciere.* (R. Marín) / *Haz lo que digo y no hagas lo que hago.* (ct) *Fes lo qu'et diga y no faces lo que fas.* (Alberola)

20811. **Fai o qu'o crego dixere e non fága-lo qu'el fixere.** [6059] (ms21,23v: Bermés / ms-SA: Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

20812. **Fai o que che digo e non fága-lo qu'eu fago.** [6060] (ms21,23v: Bermés)

20813. **Fai o que che eu digo e non fagas o que eu fago.** (ms-SA: Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

20814. **Fai o que che mando e non fagas o que eu fago.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

20815. **Fai o que che mando, ho, non fagas o que eu fago.** (ms-SA: José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C)

20816. **Fai o que dixera e non o qu'el fixera.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)

20817. **Fai o que eu che mando e non fagas o que eu fago.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

20818. **Fai o que o crego dixere e non o que fixere.** (ms18,28r)

20819. **Fai o que o cura dixere e non o que el fixere.** [6061] (mc: Ribas de Miño-S.Victorio-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

20820. **Fai o que poidas e non o que queiras.** (mc: L.G. / ms8,40v: O. de Rey / ms15,01: E. Carré Aldao, *Lit.Gall.,* 2ª edición, 1911)

[6053] V. *Vai o vello morrendo e mais deprendendo* en *Edades* (*Ancianidad*).
[6054] mc: *extrañarte*.
[6055] ms21,20v: *Fágas'o ben e fago Xan*.
[6056] O orixinal di: *Fai ven ó quen che fai mal.*
[6057] ms e ms4: *eres semellante*.

[6058] mc: *o que digo, o que fago*. Jacinto del Prado rexistra o refrán coas formas *o que eu digo* e *o que eu fago*. A diferenza pode deberse a un erro de transcrición de Vázquez Saco.
[6059] Fai o qu'o crego dixere e non fagal'o qu'el fixere. / ms-SA: *o que o crejo, fagas o que*.
[6060] O orixinal di: *Fai o que che digo e non fagal'o qu'eu fago,* ou *fai o qu'o crego dixere e non fágal'o qu'el fixere.*
[6061] ms-LU (Lugo): *que'l*; ms-LU (Buciños): *quil*.

20821. **Fai o que che mando e non fagas o que eu fago.** [6062] (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

20822. **Fertuna che dé Dios, que o saber pouco che abonda.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

(es) *Fortuna te dé Dios, hijo, que el saber poco te basta.* (Sbarbi)

20823. **Fíate na Virxen e non corras.** (ms: C.A. *A Nosa Terra*)

(pt) *Fia-te na Virgem e não corras e verás o tombo que levas.* (Chaves) / *Fia-te na Virgem, não olhes para o chão e tens certo o trambulhão"* (Id.) (es) *Fíate en la Virgen y no corras.* (Sbarbi)

20824. **Frade que pide pan, toma carne se lla dan.** [6063] (ms: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

(es) *Fraile que pide pan, carne toma si se la dan.* (Correas)

20825. **Frai Modesto nunca foi prior.** [6064] (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

20826. **Funche vello e rao e nunca dixen misa en vao.** (ms21,16v: Bermés)

20827. **Gana o tesouro verdadeiro e deixa o perecedeiro.** (mc: Tuiriz, Monforte)

20828. **Gracias a Dios i-ás nosas labores nosas barrigas parecen tambores.** [6065] (mc: A.I.)

20829. **Gracias a Dios i-ás nosas labores as nosas barrigas parecen tambores.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20830. **Hai cruces i-hai cruceiros.** (mc: Buciños)

20831. **Hai que levar as duras coas maduras.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20832. **Hainos que merecen paus.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20833. **Honra e proveito non caben nun feito.** (ms-SA: José Manuel Area Alonso)

20834. **Honra e proveito non caben nun xeito.** (ms: M.V. / ms21,24v: Bermés)

(pt) *Honra e proveito não cabem em saco estreito.* (Chaves) / *Honra e proveito não fazem geito.* (Id.) (es) *Honra y provecho no viven bajo un mismo techo.* (R. Marín) (va) *Honra y profit, no caben en un pit.* (Alberola) / *Honra y profit, no caben dins d'un sac.* (Id.)

20835. **Hoxe na vida, mañán na morte, benia o corpo que pola alma traballa.** (ms10,030v: *D.E.*)

20836. **Hoxe por min e mañán por ti, todo che ha de quedar aquí.** (ms10,030v: *D.E.*)

20837. **Hoxe por min, mañán por ti.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

20838. **Hoxe por ti, mañá por min.** (mc / ms4: F.V.S.)

(pt) *Hoje por min, amanhã por ti.* (Chaves) (es) *Hoy por mí, cras por ti; y hoy por mí, mañana por ti.* (Correas) / *Hoy por ti, mañana por mí.* (Sbarbi) (ct) *Huí per mí, demá por tú; no s'escapará ningú.* (Alberola)

20839. **Hoxe somos, mañán non.** (ms10,030v: *D.E.*)

20840. **Hoxe voume, mañán voume, e non sei cándo nin pra dónde.** (ms10,030v: *D.E.*)

20841. **Inda Dios non é vello.** (mc: G.P.)

20842. **Kirie eleisón, cartos ó queixón.** (ms-SA: Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C / ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

20843. **Kirie eleisón, kirie'leisón, cartos ó meu queixón.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

20844. **Lus e crus, diante.** (mc: M.V.)

20845. **Mal a filliña que pola ruada deixa a misiña.** (ms-SA: Pedro Pontes García)

20846. **Mal a quen dorme na misa, porque nunca Dios lle avisa.** (mc: Santiago)

20847. **Mala filliña que pola moda deixa a misiña.** (mc: Santiago)

20848. **Mentras o home pode, deixarlle a corda solta e, se non podemos, kyrie eleisón i-oremos.** [6066] (ms15,17)

20849. **Moitos son os chamados e poucos os escollidos.** (ms10,013v: *D.E.*)

20850. **Morreu Cristo, acabouse a Pasión.** (ms-SA: José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)

20851. **Neste mundo pasaremos; e no outro, si ben ou mal o fixemos, xa o veremos.** (ms10,042r: Silvarrey)

20852. **Nin oír dúas misas nin perder unha.** (mc / ms4: F.V.S.)

20853. **Nin oír dúas nin deixalas todas.** (ms8,32v: O. de Rey)

Se refiere a la misa.

[6062] O orixinal di *Fai ou que che mando e non fagas o que eu fago*.

[6063] Dentro do tema *Miscelánea* no orixinal

[6064] Dentro do tema *Miscelánea* no orixinal.

[6065] mc: *nostras baarrigas*.

[6066] O orixinal di: *Mentras o home pode, deixarlle a corda solta e se non podemos kyrie eleisón y'oremos.*

20854. **Nin Dios fixo o que non quixo nin home cousa sin lixo.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)

20855. **Ninguén pinta o que Dios dita.** (mc: Santiago)

20856. **Ninguén ten máis creto có que Dios lle quere dar.** (mc: Santiago)

20857. **Ningún faga a risa de min que non caia donde eu caín.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

20858. **Ningún faga risa de min que non caiga ond'eu caín.** (mc / ms4: F.V.S.)

20859. **Niste mundo cansado non hai ben cumplido nin ben acabado.** [6067] (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

(es) *En este mundo fementido, nin mal acabado, nin bien cumplido.* (R. Marín)

20860. **Non dura unha misa máis do que quer o crego.** (ms18,35r)

20861. **Non fága-lo que fago, fai o que che mando.** [6068] (ms4: F.V.S.)

20862. **Non fagas o qu'eu fago, fai [o] que che mandan.** [6069] (mc: A.S.A.)

20863. **Non hai gloria sin cruz.** [6070] (mc: Antas)

(pt) *Não há glória sem inveja.* (Chaves)

20864. **Non hai nadia sin cruz.** (mc: Buciños)

(es) *No hay quien no tenga su cruz.* [6071] (Sbarbi)

20865. **Non lle des a outros o que non queiras pra ti.** (mc: Santiago)

20866. **Non lles des a outros u que non queres para ti.** (ms-SA: Pascual Campos Arestiño: Cando, Outes, C)

20867. **Non queiras para ti o que non queiras para outro.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

20868. **Non te alabes nin te deixes de alabar polo moito que poidas alcanzar.** (mc: Santiago)

20869. **Non te deites sin algo rezar nin te levantes sin te santiguar.** (mc: Santiago)

20870. **Non te deites sin rezar nin te levantes sin santiguar.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / ms-SA: Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C)

20871. **Nunca mal se faga.** (mc)

20872. **Ó burro de Cristo nunca lle faltou cebada.** (mc: Buciños)

20873. **Ó caer a folla descóbrense os niños.** [6072] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20874. **O cortixo de malas abellas pensa as súas polas alleas.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

20875. **O cortizo das malas abellas mide as súas polas alleas.** (mc: Buciños)

20876. **O cortizo de malas abellas pens'as súas polas alleas.** [6073] (ms-SA: seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)

20877. **O credo non quita a salve.** (mc: Palas de Rey)

20878. **O crego: cen onzas d'ouro no bolsillo, cen botós na petrina e cen légoas lonxe da familia.** [6074] (ms-LU: seminarista anónimo: San Cristovo de Chamoso, O Corgo, LU)

20879. **O cura no "Kirie eleisón" sempre pide cartos para o caixón.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

20880. **O lume no pallar mui malo é de apagar.** (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

20881. **O malo, pra mal facer, achaques non ha menester.** (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

(es) *El malo para mal hacer, achaques no ha de menester.* (Sbarbi)

Al mal intencionado nunca le faltan pretextos para dañar.

20882. **O manchado por naide debe ser culpado.** (mc: Tuiriz)

20883. **O moito soprar alcende o lume.** (mc / ms4: F.V.S.)

20884. **O muro e a cal encúbrenche moito mal.** (mc: Santiago)

20885. **O pau teno o crego na mau.** (ms-SA: José M. Domínguez Martínez: Sardiñeiro, Fisterra, C)

20886. **O pecado vai na penitencia.** [6075] (mc: Buciños)

20887. **O que a ferro mata, a ferro morre.** [6076] (mc: *Dicc. Ac.* / ms10,019v: *D.E.*)

(pt) *Quem con ferro mata, com ferro morre.* (Chaves) (es) *Los que matan a hierro de esa misma muerte acabarán.* (Sbarbi) / *Quien a hierro mata a hierro muere.* (Id.)

[6067] O orixinal di: *N'iste mundo cansado non hay ben cumplido nin ben acabado.* / ms4: *N'este.*

[6068] O orixinal di: *Non fagal'o que fago, fai o que che mando.*

[6069] mc: *fago*; ms4: *o que che mandan.*

[6070] O orixinal di: *Non hay gloria sin cruz.*

[6071] ms: *quien tenga.*

[6072] ms-LU: *descúbrense.*

[6073] O orixinal di: *O cortizo de malas abellas pens'as suas pol'as alleas.*

[6074] O orixinal di *O crego, cen onzas d'ouro n'o bolsillo, cen botós n'a petrina e cen legoas lonxe d'a familia.*

[6075] V. *Co pecado vai a penitencia* en *Pecado.*

[6076] En ms10 s.v. *Hierro.*

20888. **O que a ferros mata, a ferros morre.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20889. **O que a solas fas na casa, podan ver na plaza.** (ms-SA: Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

20890. **O que a solas fas na casa, poidan todos ver na plaza.** [6077] (mc: M.V. / ms21,23r: Bermés)

(es) *Lo que a solas hagas, puedan todos ver en la plaza.* (R. Marín)

20891. **O que a solas fas na casa, todos poidan ver na plaza.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

20892. **O que alto cuspe, á cara se lle volve.** (ms21,12v: Bermés)

20893. **O que anda entre espiñas, sempre se pica.** (mc)

20894. **O que anda entre espiñas, tarde o temprano se espiña.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

20895. **O que ao alto cospe, á cara lle vén dar.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

20896. **O que as fai o sábado, págaas o domingo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

20897. **O que avisa non é malo.** (mc: Santiago)

20898. **O que ben prautica a virtú, non lle faltará salú.** (ms4: J.P.)

20899. **O que comín, falta me fixo; o que dei, atopeino; e do que quedou, nada vin.** (ms15,45r: Nogales)

Dicho de una mujer muy cristiana y caritativa, en el que cantaba un himno a la caridad y a la limosna.

20900. **O que con ferro mata, con ferro morre.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns / ms-SA: José Porto Buceta: Portas, PO / ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

20901. **O que cuspe moi alto, caille na cara.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

20902. **O que cuspe ó aire, na cara lle cai.** (mc: Corme)

20903. **O que che cubre che descubre.** (mc: Santiago)

20904. **O que dá o que ten, non está obligado a máis.** (mc)

20905. **O que da Sangre de Cristo non bebe, non pode ter o seu corazón alegre.** (mc: Francos)

20906. **O que de santo s'esbala, hasta qu'é demo non para.** (mc: Santiago)

20907. **O que de santo resbala, o demo o para.** (mc: Santiago)

20908. **O que de santo resbala, en demo para.** [6078] (ms-SA: Jesús Santiso Barreiro)

20909. **O que deixa o seu polo alleo, méteche pedras no seo.** (mc: Buciños)

20910. **O que é de boa fe, vai morrer a un hospital.** (mc: Buciños)

20911. **O que en Dios nunca pensou, ese non ten corazón.** (ms-SA: Carballo)

20912. **O que en Dios nunca pensou, é que non ten corazón.** (mc: Santiago)

20913. **O que está ás duras, ten que estar ás maduras.** (mc: Paradela)

Var.: *O que está ás verdes, ten que estar ás maduras.* (F.V.S.)

(es) *Quien está a las duras, que esté a las maduras.* (R. Marín)

20914. **O que está contento, non fai mal.** (mc / ms4: F.V.S.)

20915. **O que fai ben, merece mal.** (mc / ms4: F.V.S.)

Lo lleva en recompensa.

20916. **O que fai mal, mal espere.** (ms5,133: Mondoñedo)

20917. **O que fai mal, pra si o fai.** (mc)

(pt) *Quem mal faz por mal espere.* (Chaves) / *Quem faz mal espere outro tal.* (Id.) (es) *Quien mal hace, para sí hace.* (R. Marín) (ct) *Qui mal fa, mal trobará.* (Alberola)

20918. **O que fai o que non debe, atopa o que non quere.** (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *Quien hace lo que no debe, le sucede lo que no cree.* (R. Marín)

20919. **O que fai unha, fai máis.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

20920. **O que fai unha, fai outra.** [6079] (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

20921. **O que fai unha, fai un cento se lle dan vergas e tempo.** [6080] (mc: Corme)

(es) *El que hace un cesto hace un ciento.* (Sbarbi) / *El que hace un cesto hace un ciento si le dan mimbres y tiempo.* (Id.)

El que hace una maldad, ya tiene el camino abierto para cometer otra.

20922. **O que fai unha, fainas todas.** (mc: Santiago)

[6077] ms21,23r: *qu'a solas*.

[6078] O orixinal di: *O que de santo revala en demo para.*

[6079] *O que fai um a fai outra*.

[6080] V. *O que fai un cesto, fai un cento, se lle dan corres e tempo* en *Propensión*.

20923. **O que foi e volveu, nada perdeu.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

20924. **O que has de volver, non-o deixes pró morrer.** (mc: Buciños)

20925. **O que lle desea a morte ó seu veciño, vénlle a súa polo camiño.** [6081] (mc: Santiago)

Var.: *O que lle pide a morte ó veciño, vénlle a súa polo camiño.* (Santiago)

20926. **O que lle desea mal ó veciño, a súa lle vén polo camiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Moreda, Taboada, LU)

20927. **O que mal cuspe, en si o ve.** (mc: M.L.P.)

(pt) *Quem mal cospe em si cospe.* (Chaves) (es) *Quien mal escupe, dos veces se limpia.* (R. Marín)

20928. **O que mal roga, pra si aboga.** (mc: Tuiriz)

20929. **O que mal vive, mal ha de morrer.** (mc: Santiago)

20930. **O que moitas fai, nunha cai.** (ms-SA: M. González Fernández)

20931. **O que moito reza e peta no peito, moito mal fai ou ten feito.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20932. **O que moito se zanguea, paus leva.** (mc / ms4: F.V.S.)

20933. **O que n'as fai, n'as pensa.** (mc: Corme)

20934. **O que na morte non pensa, na vida ben pouco aprende.** (mc: Santiago)

20935. **O que nesta vida fai mofa, na outra foza.** (ms-SA: José Manuel Area Alonso)

20936. **O que neste mundo fai mofa, no outro fosa.** (ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

20937. **O que neste mundo fai mofa, no outro foza.** (mc: M.V. / ms21,24r: Bermés)

20938. **O que neste mundo fai risa, no outro quéimanlle a camisa.** [6082] (mc: *Terra de Melide* / ms: V.R. y A.R. / ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

20939. **O que neste mundo fai risa, no outro toca a chifra.** [6083] (mc: M.V. / ms21,22v: Bermés)

20940. **O que neste mundo mofa, no outro foza.** (ms18,66r)

20941. **O que niste mundo se mofa, no outro foza.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

20942. **O que non fai mal, fai moito ben.** (mc: Buciños)

Ensalza lo que de bueno tiene la bondad negativa.

20943. **O que non queiras pa ti, non llo queiras pó outro.** (ms-SA: Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C)

20944. **O que non se queira ensuciar, que non vaia ao bulleiro pasear.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

20945. **O que non se queira manchar, que non vaia ó bulleiro pasear.** [6084] (mc: Tuiriz)

20946. **O que non sepa as partes que ten a misa, a ninguén lle meta cobisa.** (mc: Santiago)

Var.: *Quen non sepa as partes que ten a misa, a ninguén lle meta cobisa.* (ms-SA: Pedro Pontes García)

20947. **O que non ten cabeza, págallas o corpo.** (mc: Buciños-F.V.S.)

(es) *El que no tiene cabeza que tenga pies.*

20948. **O que non ten punto, non ten honra.** (mc: Buciños)

20949. **O que noutra vida queira gozar, neste ten moitas que pasar.** (mc: Tuiriz)

20950. **O que o rezo non fai, ó inferno vai.** (ms: Santiago)

20951. **O que queira honra, que a gane.** [6085] (ms6,03v, ms10,048r: *D.E.*)

Dispersos.

20952. **O que respeta ó amo, respeta ó criado.** [6086] (mc: Tuiriz / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

20953. **O que s'abriga debaixo de folla, tres veces se molla.** (ms21,19r: Bermés)

20954. **O que se abriga debaixo da folla, dúas veces se molla.** (ms-SA: José Porto Buceta: Portas, PO)

20955. **O que se acolle debaixo da folla, dúas veces se molla.** [6087] (mc: A.S.A. / ms16: *D.E.* / ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)

(pt) *Quem se acolhe* (ou *abriga*) *debaixo de folha, duas vezes se molha.* (Chaves) (es) *Quien se acoja debajo de la hoja dos veces se moja.* (Sbarbi) / *Quien se pone debajo de la hoja, dos veces se moja.* (Z.)

[6081] V. variantes en *Vicios*.
[6082] ms-LU: *fai a risa, quéimanll'a*.
[6083] ms: *toca ou chifra*; ms21,22v: *n'outro*.
[6084] O orixinal di: *O que non se queira manchar, que non vaya o bulleiro pasear.*
[6085] En ms10 s.v. *Miscelánea*.
[6086] ms-SA: *a o amo, a o criado*.
[6087] ms-LU: *baixo*.

Denota la imprudencia de los que por conseguir alguna cosa, desatienden otras o las pierden.

20956. **O que se arrecolle debaixo da folla, dúas veces se molla.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

20957. **O que se muda, Dios o axuda.** [6088] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms10,008v: *D.E.*)

20958. **O que se pon á goteira, recibe doble molleira.** (ms5,027: Sta Mª Mayor de Mondoñedo)

20959. **O que se pon debaixo da folla, dúas veces se molla.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

20960. **O que se ríe do veciño, vénlle o mal polo camiño.** [6089] (mc: Santiago)

20961. **O que ten croa, vai a Roma.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)

20962. **O que ten vista d'aumento, sempre ten que ter medo.** (mc: Santiago)

20963. **O que torto nace, tarde ou nunca se endereita.** [6090] (mc: A.S.A. / ms10,131r: *D.E.*)

(pt) *Quem torto nasce, tarde ou nunca se endireita.* (Chaves) (es) *Quien tuerto nace, tuerto se yace.* (R. Marín) / *Quien nació malo, será bueno cuando la rana tenga pelo.* (Id.)

20964. **O que tropeza e non cae, adelanta camiño.** (ms8,65v: Lajosa)

20965. **O que tropeza e non cai, máis adiante un paso vai.** [6091] (mc: M.V. / ms10,134r: *D.E.*)

(es) *Quien tropieza y no cae, adelanta camino.* (R. Marín)

20966. **O que u rezo non fai, pró inferno vai.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

20967. **O que unha fai, outra espera.** (mc: Buciños)

20968. **O que vai cos da feira e volve cos do mercado, non merece bon pago.** [6092] (mc / ms4: F.V.S.)

20969. **O rosario na man i-o demo no corpo.** [6093] (mc e ms5,138: A.S.A.)

Var.: *O demo no corpo i-o rosario na mau.* (ms5,138: Nogales)

(pt) *Rosário ao pescoço, diabo no corpo.* (Chaves) (es) *El rosario al cuello y el diablo en el cuerpo.* (R. Marín) (ct) *El rosari al còll y el diable en lo còs.* (Alberola)

Contra el vicio de la hipocresía.

20970. **O rosario non priva a misa.** (mc: M.V.)

Como *O credo non quita a salve*.

20971. **O rosario pequeno é bo de rezar.** (mc: J.P.)

20972. **O santo que non mantén o santoiro non é bon santo.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: algún lugar do sur da provincia de Lugo)

20973. **O santo que non mira por si, fóra de aquí.** (ms8,48v: Breija, Pontevedra)

20974. **O vivir ben é unha sorte: asegún é a vida, é a morte.** (ms5,027: Illán, Begonte)

20975. **Obra ben e ponte na mala.** (mc: Buciños-F.V.S.)

20976. **Oír, ver e chitón, que máis non soupo Salomón.** [6094] (mc: Santiago / ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

20977. **Onde as dan, lévanas.** [6095] (mc: Santiago / ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

20978. **Os bés, aunque con salú, valen pouco sin virtú.** (ms4: J.P.)

20979. **Os bos queimanos.** (mc: Incio-F.V.S.)

20980. **Os cachos mítanlle as olas.** [6096] (mc: Santiago)

20981. **Os que cocen ós domingos, peneiranll'os bacuriños.** (mc: Santiago)

20982. **Os que o rezo non fan, ó inferno van.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

20983. **Os santos non se fan á forza.** (mc: Carballedo-F.V.S.)

20984. **Ós santos, padrenuestros; ás vírgenes, salves; ós Cristos, credos; i-os cartos, quedos.** (mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

(es) *A los santos, salves y credos; pero los cuartos, quedos.* (Sbarbi)

20985. **Para ir á misa fai falta ter camisa.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

20986. **Pódese decir o conto da vella pero non quen ela era.** (mc)

20987. **Polas túas arrabeas mide as alleas.** (mc: Camba)

20988. **Por ben facer, mal haber.** (mc: M.V. / ms21,20v: Bermés)

[6088] ms10: *Diol-o axuda*. En ms10 s.v. *Dios*.
[6089] V. variantes en *Vicios*.
[6090] En ms10 s.v. *Tuerto*.
[6091] En ms10 s.v. *Tropezar*.
[6092] V. *Vai cos da feira e vén cos do mercado* en *Contratos*.
[6093] ms: *deño no corpo* / Indica *Falsedad* en ms5,138.
[6094] ms-SA: *chaton, supo*.
[6095] ms-SA: *as levan*.
[6096] V. *Os cachos imitan as olas* en *Familia. Parientes*.

(pt) *Por bem fazer mal haver.* (Chaves) (es) *Por bien hacer, mal haber; mas no de deje de hacer.* (Correas)

20989. **Por oír misa e comer cebada, nunca se perdió xornada.** [6097] (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

20990. **Por oír misa e dar cebada non se perde a xornada.** (ms21,10v: Bermés)

20991. **Por oír misa e dar cebada non se perdeu xornada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20992. **Por oír misa e dar cebada nunca se perdeu xornada.** (mc: Aguada, Carballedo)

(pt) *Para ouvir missa e dar cevada, nunca se estorve jornada.* (Chaves) / *Missa nem cevada, não estorva jornada.* (Id.) (es) *Por oír misa y dar cebada, nunca se perdió jornada.* (Correas) / *Por herrar y dar cebada, nunca se perdió jornada.* (Id.)

20993. **Por oír misa e dar cebada nunca se perdiu de ganar xornada.** (mc: Santiago)

20994. **Pós de Cristo sempre houbo cebada.** (ms21,10v: Bermés)

20995. **¿Pr'onde fuche, cristiano, pr'onde fuche, pr'onde andache que ás tres misas de Nadal non chegache?** (mc: M.V.)

20996. **Pra abaixo tódolos santos axudan.** (mc: M.V.)

(pt) *Para baixo todos os santos ajudam.* (Chaves)

20997. **Prá misa e prá feira non esperes pola compañeira.** [6098] (mc: Buciños-F.V.S.)

20998. **Pra ser respetado hai que respetar.** [6099] (mc)

20999. **Pró ben facer, mal haber.** (ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C (10-11-51))

21000. **Pró que non debe, Dios ou o diablo lle dá arte.** (ms8,38v: Silvarrey)

21001. **Quen a bo árbor se arrima, boa sombra lle cobija.** [6100] (ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, Vimianzo, C)

21002. **Quen a ferro mata a ferro morre.** (ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, Vimianzo, C)

21003. **Quen á misa non queira ir, pouco che ha de subir.** (ms-SA: Pedro Pontes García)

21004. **Quen a pau mata, a pau morre.** (ms-SA: Rafael García Ramos: Cabo de Cruz, Boiro, C)

21005. **Quen ben fai, mal pago terá.** (mc / ms4: F.V.S.)

21006. **Quen colle as maduras que colla as duras.** (mc: Santiago)

21007. **Quen con ferro mata con ferro morre.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

21008. **Quen erra e se enmenda, en Dios terá facenda.** (mc: J.P.)

21009. **Quen mal nos queira, no ceu nos vexa.** (mc: Buciños)

21010. **Quen mal vive mal acaba.** (mc: Santiago)

21011. **Quen moito reza, d'algo se teme.** [6101] (mc: A.S.A. / ms10,108r: *D.E.*)

21012. **Quen moito vai á igresia, algunha ten feita.** [6102] (mc: M.L. / ms10,030v: *D.E.*)

Ambos son injustos y no merecen más largo comentario.

21013. **Quen non queira aprender e non sepa confesarse, no inferno ha d'amolarse.** [6103] (ms-SA: Pedro Pontes García)

21014. **Quen ó trono non teme, a Dios ofende.** (mc: Golada)

21015. **Quen queira ser un santo, rece con moito llanto.** (ms-SA: Pedro Pontes García)

21016. **Quen se salva, sabe; quen non se salva, non sabe nada.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

21017. **Quen tempo ten e por tempo espera, tempo é o que o demo lle leva.** [6104] (mc: A.N.)

(pt) *Quem tempo tem e por tempo espera, tempo é que o demo lhe leva.* (Chaves) / *Quem tem tempo e tempo perde, lá vem tempo em que se arrepende.* (Id.) (es) *Quien tiempo tuvo y tiempo perdió, bestia es de albardón.* (R. Marín) / *Quien tiempo tuvo y tiempo perdió, con una albarda castíguele Dios.* (Id.) / *Quien tiempo tiene y otro espera, tiempo vendrá que se arrepienta.* (Id.) (ct) *Qui té temps y el temps aguarda, que li pòsen un'albarda.* (Alberola)

21018. **Quen ten gana de festa por lucir, nunca alma llega a subir.** (ms-SA: Pedro Pontes García)

[6097] Por oir misa, e comer cebada, nunca se perdio xornada.

[6098] V. *Prá misa e pró muíño non esperes polo veciño* en *Diligencia*.

[6099] O orixinal di: *Pra ser respetado, hay que respetar.*

[6100] O orixinal di: *Quen a bo arbor xe arrima, boa sombre lle cobija.*

[6101] En ms10 s.v. *Rezar*.

[6102] En ms10 s.v. *Iglesia*.

[6103] O orixinal di: *Quen non quira aprender e non sepa confesarse, no inferno ha da molarse.*

[6104] ms4: *tempo e que o demo*.

21019. **Quen desconoce o ben feito, en nada será de proveito.** (mc: Buciños)

21020. **Quen sembra inxurias, recolle culpas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

Var.: *Quen sembra infortunios, recolle culpas.* (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

21021. **Quen sembra odios, recollerá venganzas.** (mc: Buciños)

21022. **Quen sembra ventos, recolle tempestades.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

21023. **Sabemos da morte, mais non de qué sorte.** (mc: M.L.)

(es) *La muerte es tan cierta, como la vida incierta.* (Sbarbi)

21024. **Santa María, ora pro nobes, cantan os cregos e enchen os foles.** (ms: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)

21025. **Santa María, si máis soupera, máis decía.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

21026. **Santo que non fai milagros, cura que non ten agros.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

21027. **Santos, ó ceo.** (mc: M.V.)

21028. **Santo, santo, santo, i-o demo no corpo.** (mc: Mellid-F.V.S.)

Nueva matraca contra los hipócritas.

21029. **Se a misa che é pesada, cando a digas será apurada.** (ms-SA: Pedro Pontes García)

21030. **Se agora non eres bo, ¿como serás aló?** (ms-SA: Pedro Pontes García)

21031. **Se coces os días santos, sacarás ósos du forno.** (mc: Santiago)

21032. **Se fas mal, espera outro tal.** (mc)

Var.: *Se fas mal, farante outro tal.* (R. Caruncho)

(pt) *Quem faz mal espere outro tal.* (Chaves) / *Ninguém faça mal que espere de lhe vir bem.* (Id.) (es) *El que hace mal espere otro tal.* (Sbarbi)

21033. **Se queres que todos che queiran ben, non fagas mal a niguén.** (mc: Santiago)

21034. **Se perdonas a ofensa, terás recompensa.** (mc: Buciños)

21035. **Según é a túa vida, será a túa morte.** (ms8,60r: Silvarrey)

21036. **Según é o santo, así son as cortinas.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *Según es el santo, es la cortina.* (R. Marín) / *Según el altar, así es el frontal.* (Id.)

21037. **Séntate no teu lugar; non te farán levantar.** (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

(pt) *Senta-te no teu lugar, não te farão levantar.* (Chaves) (es) *Siéntate en tu lugar, no te harán levantar.* (Correas)

21038. **Señor cura, a misa lixeira, que meu pai vai á eira.** (ms4: J.P.)

21039. **Si chegas a ser un santo, cubrirante cun bon manto.** (mc: Santiago)

21040. **Si fas algún ben que grande non fora, fainos máis grandes que o ben nunca sobra.** (mc: Tuiriz)

21041. **Si fas algún ben que grande non fore, fainos maiores que o ben nunca morre.** [6105] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

21042. **Si o árbol non sale dereito, non trates de endereitalo.** (mc: Tuiriz)

21043. **Si queres chegar á misa, corre pouco e anda axiña.** (mc / ms4: F.V.S. / ms18,66v: Pol)

Aplicación del *Vísteme despacio que estoy de prisa*

21044. **Sin defeuto non hai ninguén.** [6106] (mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

(es) *Sin defecto, solo Dios del Cielo.* (R. Marín)

21045. **Tal vida, tal morte.** (mc: Camba / ms17,002)

(es) *Tal vida llevas, tal din esperes.* / *Tal vida, tal muerte.* (R. Marín)

Es el conocido, *qualis vita finis ita*.

21046. **Ti que me levas e eu que me axudo, vámo-los dous ó cabo do mundo.** [6107] (mc: A.I.)

Var.: *Ti que me lavas, eu que me axudo.* (ms4: L.G.) / *Ti que te vas e eu que che axudo, vámonos indo ó cabo de mundo.* (ms16) / *Ti que me levas, eu que axudo*. (ms-SA: M. González Fernández)

21047. **Tin, tan, os que se foron non volverán.** (ms10,130r: *D.E.*)

21048. **Tin, tan, tin tan, nunca máis volven os que se van.** (ms10,130r: *D.E.*)

21049. **Toca a campana e non pola que morre.** [6108] (mc / ms4: F.V.S.)

[6105] O orixinal di: *Si fas algun ben que crande non fore, fainos mayores que o ben nunca morre.*

[6106] O orixinal di: *Sin defeuto non hay ninguén.* / ms4 e ms-LU: *defecto*.

[6107] O orixinal di: *Ti que me levas e eu que me axudo, vamol-os dous o cabo do mundo.*

[6108] ms4: *polo que morre.*

Toca para que los vivos se acuerden del difunto.

21050. **Toca a oración, levanta, peón.** (mc)

21051. **Todo mundo ten algo que rascar.** (mc: Buciños)

21052. **Todos somos honrados mentras non deixamos de selo.** (mc: Buciños)

21053. **Tras da cruz está o demo.** [6109] (mc)

(pt) *Por detrás da cruz está o diabo.* (Chaves)

Como *Detrás da cruz...*

21054. **Tras de min virá quen de min bon fará.** (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)

Var.: *Tras de min virá quen bon me fará.* (mc: Tuiriz / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

(pt) *Atrás de min virá quem bom me fará.* (Chaves) / *Mau virá que bom te fará.* (Id.) (es) *Detrás vendrá quien bueno me hará.* (R. Marín)

21055. **Tu que me levas i-eu que me axudo, vámonos indo ó cabo do mundo.** [6110] (ms18,02v: Biville)

21056. **Un cura pra estar ben, tres ces: cen leguas, cen botós e cen doblós.** (ms: Buciños)

21057. **Un mata e outro esfola.** (mc: M.V.)

21058. **Un pincha i-outro esfola.** [6111] (mc)

21059. **Unha mancha de amora con outra verde se quita.** (mc)

(pt) *Uma amora tinge, outra destinge.* (Chaves) (es) *La mancha de la mora con otra verde se quita.* (Sbarbi) / *Lo que tiñe la mora, otra verde lo descolora.* (Id.)

21060. **Unha ovella sarnosa infesta todo o rebaño.** (mc: Buciños)

(pt) *Uma ovelha tinhosa faz todo o rebanho tinhoso.* (Chaves) (es) *Una res mala a todo el rebaño daña.* (R. Marín) / *Una oveja mala el rebaño entero daña.* (Id.) (ct) *Ovella ronyosa, embruta el ramat.* (Alberola)

21061. **Vai o pan no forno i-a gracia de Dios polo mundo todo: Dios o suba nos agros e o baixe nos mercados.** [6112] (mc / ms4: F.V.S.)

21062. **Vai o vello a morrer, vai a aprender.** (ms-SA: José González Santos: Boa, Camboño, Lousame, C)

21063. **Val máis acó pasar que aló penar.** (mc: M.L.)

21064. **Val máis andar solo que mal acompañado.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

21065. **Val máis aquí un día que aló un ano.** (mc: Puebla de San Julián / ms4: F.V.S.)

Lo oímos a propósito de la incertidumbre de la otra vida. (mc) / Se refiere a la vida de aquí en comparación con la de ultratumba (aló) (ms4).

21066. **Val máis ser solo que mal acompañado.** (ms-SA: Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)

21067. **Vale máis ben de cerca ca mal de lexos.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

21068. **Vale máis ser vasallos no ceo que reyes no inferno.** [6113] (mc: Tuiriz, Monforte)

21069. **Vale máis solo que mal acompañado.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

21070. **Vale máis solo que mal acompañado.** [6114] (mc e ms: M.V. / ms21,25v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia (galego occidental) / Area Alonso, J.M.)

(pt) *Mais vale só que mal acompanhado.* (Chaves) / *Mais vale andar só que mal acompanhado.* (Chaves) (es) *Más vale solo que mal acompañado.* (Correas) (ct) *Més val anar a sòles, que mal acompanyat.* (Alberola)

21071. **Véxote vir e non podo fuxir.** (mc)

21072. **Viño e sacramentos, pra quen os queira.** (mc: Buciños)

Var.: *Santos a forza...*

Han de recibirse desde luego, con absoluta voluntad, para que sean fructuosos.

21073. **Vísperas e completas, coas maus nas calcetas.** [6115] (mc: M.V.)

(es) *Vísperas y completas, mientras me pongo las calcetas.* (R. Marín)

21074. **Vivir ben costa barato.** (mc: Tuiriz)

21075. **Volvendo bens por aghravios negocian os homes sabios.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

21076. **Xente honrada non anda tirada.** (ms8,58v: O. de Rey)

[6109] V. *Detrás da cruz está o demo* en *Diablo*.

[6110] O orixinal di: *Tu que me levas y-eu que me axudo, vámonos indo ô cabo d'o mundo.*

[6111] O orixinal di: *Un pincha y-outro esfola*.

[6112] O orixinal di: *Vai o pan no forno y-a gracia de Dios pol-o mundo todo; Dios o suba nos agros e o baixe nos mercados.*

[6113] ms: *vasallo, rei*.

[6114] ms-LU e J.M. Area Alonso: *Val*.

[6115] Dentro do tema *Miscelánea* no orixinal.

21077. **Xente honrada non é reparada.** (mc: M.L.)

21078. **Xúntate ós bos e serás un deles; xúntate ós malos e faceraste coma eles.** (ms-SA: Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C)

21079. **Zoquiños á rodilla do cregho, sotana pisan.** [6116] (ms: Santiago)

21080. **¡Cuidado coas bestas, que non se confesan nin van á misa!** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

RELOJ

21081. **O reló de mediodía nunca dá menos de doce.** (ms10,108r: *D.E.*)

REMEDIO

21082. **Coa mala persoa, o millor remedio é terra no medio.** (ms10,108r: *D.E.*)

21083. **O que está feito, non ten remedio, e o que está por facer, quer consello.** (ms10,108r: *D.E.*)

21084. **O que non ten remedio, bótalle neto e medio.** (ms10,108r: *D.E.*)

21085. **O remedio pra non emprobecer é mercar o forzoso e non o que é mester.** (ms10,108r: *D.E.*)

21086. **Pra todo hai remedio pero non prá morte.** (ms10,108r: *D.E.*)

21087. **Sempre Dios pon o remedio onde a morte a enfermedá.** (ms10,108r: *D.E.*)

21088. **Todo ten remedio menos a morte.** (ms10,108r: *D.E.*)

REMIENDO

21089. **A que non sabe remendar non sirve pra se casar.** (ms10,108r: *D.E.*)

21090. **Remenda o teu pano e durarache máis un ano; vólveo a remendar, e outro che volverá a durar.** [6117] (ms10,108r: *D.E.*)

21091. **Remenda o teu pano e pasarás o teu ano.** (ms10,108r: *D.E.*)

RENTA

21092. **Ares, non ares, a renda me pagues.** (ms10,108r: *D.E.*)

21093. **Non hai renda máis certa que deixar de gastar o que se pode aforrar.** (ms10,108r: *D.E.*)

Var.: *Non hai renda máis certa que deixar de gastar o que se pode escusar.* (ms10,108r: *D.E.*)

REÑIR

21094. **Cando un non quer, dous non rifan.** [6118] (ms10,109r: *D.E.*)

REPRENDER

21095. **Reprende as vidas alleas co teu exempro e non co teu entendemento.** (ms10,108r: *D.E.*)

RESERVA ORAL

21096. **Di a túa razón e non digas o autor.** [6119] (ms10,106r: *D.E.*)

21097. **Máis verdades se han de saber que decir.** [6120] (ms10,112r: *D.E.*)

21098. **O que sabe unha man, que non-o seipa a outra.** [6121] (ms10,113r: *D.E.*)

21099. **O que saiba a man direita, que non-o saiba a esquerda.** [6122] (ms10,113r: *D.E.*)

21100. **¿Quen sabe o que hai dentro da arca que está pechada?** [6123] (ms10,113r: *D.E.*)

RESPONSO. V. tamén *Religiosos y morales*.

21101. **Inda na sepultura, por vella que sea, si lle din un responso, ben se ela recrea.** (ms10,108r: *D.E.*)

21102. **Tanto vale o responso cantado como o rezado.** (ms10,108r: *D.E.*)

REY

21103. **A novo rei nova lei.** (ms10,107r: *D.E.*)

21104. **A onde vai o rei, alí vai a corte.** (ms10,107r: *D.E.*)

21105. **Antes bo rei que boa lei.** (ms10,107r: *D.E.*)

21106. **Cal é o rei tal a lei.** (ms10,107r: *D.E.*)

21107. **Cedo acordou o rei que rabeou.** (ms10,107r: *D.E.*)

21108. **De cando en cando, ó rei gústalle o rancho.** (ms10,107r: *D.E.*)

[6116] O orixinal di: *Zoquiños a rodilla do crejo, sotana pisan.*

[6117] V. variantes en *Ahorro*.

[6118] V. *Cando un non quere, dous non pelexan* en *Guerra y paz*.

[6119] En ms10 s.v. *Razón* coa indicación *Reserva oral*.

[6120] En ms10 s.v. *Saber* coa indicación *Reserva oral*.

[6121] O orixinal di: *O que sabe unha man, que nono seipa a outra.* / En ms10 s.v. *Saber* coa indicación *Reserva oral*.

[6122] O orixinal di: *O que saiba a man direita que nono saiba a esquerda.* / En ms10 s.v. *Saber* coa indicación *Reserva oral*.

[6123] En ms10 s.v. *Saber* coa indicación *Reserva oral*.

21109. **Diante do rei todos calan, pero detrás del todos falan.** (ms10,107r: *D.E.*)
21110. **Enriba do rei está a lei.** (ms10,107r: *D.E.*)
21111. **O rei cando roga, manda.** (ms10,107r: *D.E.*)
21112. **O rei e o río non teñas por moi veciño, pois se se anoxa, todo o deixa barrido.** (ms10,107r: *D.E.*)
21113. **O rei non está obrigado á lei.** (ms10,107r: *D.E.*)
21114. **O rei non-o ofendas nin te metas nas súas rendas.** [6124] (ms10,107r: *D.E.*)
21115. **O rei nunca se equivoca.** (ms10,107r: *D.E.*)
21116. **O rei reina pero non goberna.** (ms10,107r: *D.E.*)
21117. **Onde está o rei está a corte.** (ms10,107r: *D.E.*)
21118. **Onde o rei non está, ninguién o atopará.** (ms10,107r: *D.E.*)
21119. **Pode decir que é rei o que non viu rei.** (ms10,107r: *D.E.*)
21120. **Pra un rei cuasque sempre sobra a lei.** (ms10,107r: *D.E.*)
21121. **Rei morto, rei posto, pero val máis o vivo que o morto.** [6125] (ms10,107r: *D.E.*)
21122. **Rei morto, reino revolto.** [6126] (ms10,107r: *D.E.*)
21123. **Rei novo, lei nova.** [6127] (ms10,107r: *D.E.*)
21124. **Rei sin consello perde o seu e perde o alleo.** (ms10,107r: *D.E.*)
21125. **Rei teñamos e non-o vexamos.** [6128] (ms10,107r: *D.E.*)
21126. **Reis rachan leis.** (ms10,107r: *D.E.*)
21127. **Tal o rei, tal a grei.** (ms10,107r: *D.E.*)
21128. **Tal o rei, tal a lei.** (ms10,107r: *D.E.*)
21129. **Vai o rei a onde pode e non a onde quer.** (ms10,107r: *D.E.*)

REZAR. V. tamén *Religiosos y morales*.
21130. **Non coides que por rezar te has de salvar.** (ms10,108r: *D.E.*)
21131. **O moito rezar pon o bico longo.** (ms10,108r: *D.E.*)
21132. **O que moito reza tenlle medo á morte.** (ms10,108r: *D.E.*)
21133. **Quen moito reza, moito peca.** (ms10,108r: *D.E.*)
21134. **Quen moito ten que rezar, moito debe pecar.** (ms10,108r: *D.E.*)
21135. **Se pasas pola porta do rezador, déixao rezar, que che é moito millor.** (ms10,108r: *D.E.*)

RÍO
21136. **Á par do río non merques viñas nin casarío.** (ms10,109r: *D.E.*)
21137. **Cando o río non fai ruído, ou non leva auga ou vai moi crecido.** (ms10,109r: *D.E.*)
21138. **No bo río péscase a troita.** (ms10,109r: *D.E.*)
21139. **Non hai río bravo que non teña un bo paso pra atravesalo.** (ms10,109r: *D.E.*)
21140. **O que o río achega, o río o leva.** (ms10,109r: *D.E.*)
21141. **Onde vai máis fondo o río, fai menos arruído.** (ms10,109r: *D.E.*)

RIQUEZA. V. tamén *Riqueza y dinero, Tesoro*.
21142. **A riqueza é moitas veces causa de tristeza.** (ms10,109r: *D.E.*)
21143. **Ben pode dicir que é rico o que ten bos amigos.** (ms10,109r: *D.E.*)
21144. **Da riqueza saen ás veces os vicios.** (ms10,109r: *D.E.*)
21145. **Do rico é dar remedio, e do vello consello.** (ms10,109r: *D.E.*)
21146. **Está ben rico o que está a ben consigo.** (ms10,109r: *D.E.*)
21147. **Quen rico ser queira, teña égoa parideira e muller goberneira.** [6129] (ms10,109r: *D.E.*)
21148. **Rico é o que non debe nada a ninguién.** (ms10,109r: *D.E.*)
21149. **Se queres ser rico, calza de vaca e viste de fino.** (ms10,109r: *D.E.*)

RIQUEZA Y DINERO. V. tamén *Derroche, Dinero, Economía, Escasez, Malgastar, Pobreza, Religiosos y morales, Riqueza, Tesoro*.
21150. **A ama que queira poñer o amo rico, que poña as estelas de bico.** (mc: Carballedo)
21151. **A cara de Alfonso todo tapa.** [6130] (mc: G.P.)

[6124] O orixinal di: *Ó rei nono ofendas nin te metas nas suas rendas.*
[6125] V. *Rei morto, rei posto* en *Jurídicos y similares*.
[6126] V. *A rei morto, reino revolto* en *Jurídicos y similares*.
[6127] V. *Novos reis, novas leis* en *Jurídicos y similares*.
[6128] O orixinal di: *Rei teñamos e nono vexamos.*
[6129] V. *Quen rico queira ser, estas cousas ha de ter: ovella i-abella i-a pedra que terbella, égoa parideira e muller goberneira* en *Riqueza y dinero*.
[6130] ms: *d'Alfonso*

21152. **A viña, o que non-a ten, non-a vendima.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

21153. **Acertadas plantaciós fan ricas as naciós.** [6131] (ms4: J.P.)

21154. **Agora xa vén o verán: alegría prós señores, que se poñen na ventana mirand'os traballadores.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

21155. **As cartas non fan rico a ninguén.** (ms15,41: Baraja, Lugo / ms6,01v)

21156. **Así fai quen pode e non quen quer.** (mc: Santiago)

21157. **Baraxa diñeiro, sea teu, sea alleo.** (mc: Agro)

Var.: *Baraxa diñeiro, téñalo ti ou sea alleo.* (Agro) / *Baraxa diñeiro, sea teu ou alleo.* (C.A.)

(es) *Ten dinero, tuyo o ajeno.* (Sbarbi)

21158. **Cando hai leña, logo se fan rachas.** (mc: G.P.)

21159. **Canto máis rico é, máis quere ser.** (mc: Santiago)

21160. **Canto máis rico, máis porco.** (mc: Santiago)

21161. **Cartos chaman cartos.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)

(es) *Dinero llama dinero.* (Sbarbi)

21162. **Comer pan e beber viño é propio do rico.** (mc: Santiago)

21163. **Contas non enchen.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

21164. **Dádeme cartos e non me deades consellos.** (mc: C.A.)

Var.: *Dádeme cartos, que os consellos podédelos gardar.*

(pt) *Dá-me a mim dinheiro e ao demo conselho.* (Chaves) / *Dá-me dinheiro, não me dês conselho.* (Id.) (es) *Dame dineros, y no consejos.* (R. Marín)

21165. **Debe facerse a obra co diñeiro que sobra.** [6132] (ms15,18 / ms10,070r: *D.E.*)

21166. **Doblones pintan blasones.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

21167. **Donde canta un crego e ornea un burro, nunca falta un peso duro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

21168. **Donde hai cura ou albarda, sempre hai hora mellorada.** (mc: A.N.)

21169. **Donde ouro se mede, ouro se verte.** (mc: Fonsagrada. F.V.S. / ms11,43: Comarca de Fonsagrada)

21170. **En falando de diñeiro e santidá, metá por metá.** (mc: G.S.)

(pt) *De dinheiro e santidade, a metade da metade.* (Chaves) (es) *De dineros y bondad -o calidad-, la mitad de la mitad -o siempre quita la mitad.* (R. Marín)

Véase *De diñeiro e santidade...*

21171. **En terra que moi boa sea, ben o diñeiro s'emprea.** (ms4: J.P.)

21172. **En todo gastar o bastante, coa conta sempre por diante.** (ms4: J.P.)

21173. **Fume, fumeiro, corre pra que ten diñeiro.** (mc)

Como *Corre o fume...*

21174. **Inda que seas conde, non lle fagas mal ó home, que eu nunca vin un rico que non precise do pobre.** (mc: Carballino)

Parece procedente de un cantar.

21175. **Melloras podes facer sin moitos capitás ter.** (ms4: J.P.)

21176. **Memorias sin diñeiro molestan o pasaxeiro.** [6133] (mc: A.I. / ms10,006v: *D.E.*)

21177. **Moitas cerdas ten un cocho mais non son as de un marrau.** (ms18,33r)

21178. **Moitas serdas ten un cocho e non son as dun marrau.** [6134] (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

Var.: *Moitas serdas ten un cocho e non pasa de marrau.* (C.A.)

Se aplica a los nuevos ricos.

21179. **N'hai diñeiro como o primeiro.** (mc: M.L.)

21180. **Na casa dos ricos non pidas limosna; vai á do probe, que sempre dona.** [6135] (mc / ms4: F.V.S.)

21181. **Na casa onde cantou un cura i-orneou un burro, nunca faltou un peso duro.** [6136] (ms21,06v: Bermés)

21182. **Na miña terra meu haber me honra; na terra de fóra a roupa me abona.** [6137] (mc: M.V. / ms21,29v: Bermés)

Recogido en la canción popular: *Na miña terra / meu haber me honra; / na terra de fora / a roupa me abonda.*

[6131] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[6132] En ms10 s.v. *Obras* coa indicación *Construcciones*.

[6133] Indica *Interés* no ms. / En ms10 s.v. *Dinero*.

[6134] ms: *d'un*; ms4: *mais non son*.

[6135] ms4: *limosnas*.

[6136] O orixinal di: *N'a casa onde cantou un cura, y'orneou un burro, nunca faltou un peso duro.*

[6137] mc: *terra de afora*; ms3 e ms21,29v: *m'honra, m'abona*.

21183. **Non con ouro se consigue a dicha.** (mc)

21184. **Non escondas a chave ó bodegueiro si queres do viño facer diñeiro.** (ms4: J.P.)

21185. **Non hai máis mala tenda que a vacía.** [6138] (ms)

21186. **Non todo o que reloce é ouro.** [6139] (mc: M.V.)

(pt) *Nem tudo o que luz é oiro, nem tudo o que alveja é prata.* (Chaves) (es) *No es todo oro lo que reluce.* (Correas)

21187. **O calor é a capa de ricos e probes.** [6140] (mc: Mondoñedo-F.V.S.)

21188. **O muíño albeiro, pouco rendemento e moito diñeiro.** [6141] (mc: Pol / ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)

21189. **O que compra sin ter, vende sin querer.** [6142] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

21190. **Ó que é rico e ten diñeiro fanlle a honra por enteiro.** (mc: Santiago)

Var.: *O que é rico e ten diñeiro fai a función por enteiro.* (ms5,045: Carballo-Coristanco)

21191. **O que gasta o que non debe, vende o que non quere.** (ms: F.V.S.)

21192. **O que pasa un día ben, non-os pasa todos mal.** (mc / ms4: F.V.S.)

21193. **O que pode, non necesita cambón.** (mc: Buciños-F.V.S.)

21194. **O que pode, puxa, e o que non, curuxa.** (mc: Caurel-F.V.S.)

21195. **O que queira ser rico, queime o carabullo polo bico.** [6143] (mc: M.L.)

Var.: *O que queira ser rico, que queime o carabullo polo pico.* (ms4: *Vida Gallega*)

21196. **O que quere ser rico, ten que quitarllo ó bico.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

21197. **O que rico sea e pobre queira ser, meta criados e n'os vaia a ver.** (mc: S.P.P.-*Ultreya*)

En la sección "Pobreza", van otros análogos.

21198. **O que sobra é o que mantén.** (mc: Lugo)

21199. **O que ten cartos no bolsillo, peligra polo camiño.** (mc: Santiago)

21200. **O que ten todo o que lle fai falta, é rico abondo.** (mc: Santiago)

21201. **O que ten, cómeo ben.** [6144] (mc: Santiago)

21202. **O que sea rico, a Dios llo agradeza.** (mc: Layosa)

21203. **Ó rico non debas e ó pobre non ofendas.** [6145] (mc: Santiago)

21204. **Ó rico o diabro lle xunta a folla.** (mc: M.L.)

21205. **O ter moito non é bon, que moito ten o demo e non hai quen o queira.** (ms9,02r: Silvarrey)

21206. **O vrao é a capa de probes e de ricos.** (ms9,13v: Silvarrey)

21207. **Onde canta un crego i-ornea un burro, nunca falta un duro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

21208. **Onde canta un crego, moe un muíño e ornea un burro, nunca falta un peso duro.** [6146] (mc: M.V.)

21209. **Onde hai bonete non falta catete.** [6147] (mc: Carballedo)

(es) *Donde hay bonete, nunca falta mollete.* (R. Marín) / *Donde hai corona, hay borona.* (Id.)

21210. **Onde hai bonete non falta zoquete.** (mc: Buciños)

(es) *Donde entra bonete, no falta zoquete.* (Sbarbi) / *Donde hay bonete, hay zoquete.* (R. Marín) / *Donde hay bonete, nunca falta mollete.* (Sbarbi) / *Donde hay corona, hay borona.* (Id.)

21211. **Onde hai crego ou albarda, hai hora mellorada.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

21212. **Onde hai crego ou albarda, sempre hai hora mellorada.** [6148] (mc: M.V. / ms21,22r: Bermés)

Var.: *Como: Donde hai cura ou albarda...*

(es) *Donde entra bonete, no falta zoquete.* (Sbarbi) / *Donde hay bonete, hay zoquete.* (R. Marín) / *Donde hay bonete, nunca falta mollete.* (Sbarbi) / *Donde hay corona, hay borona.* (Id.)

21213. **Onde hai ouro, logo reloce.** (mc: M.V. / ms21)

(es) *El oro siempre reluce.* (Sbarbi)

[6138] O orixinal di: *Non hay mais mala tenda que a vacía*.
[6139] ms3: *No todo*.
[6140] ms4: *A calor*.
[6141] ms-LU: *rendimento*.
[6142] O orixinal di *O que compra sinter, vende sin querer*.
[6143] mc: *queime o carballo*.
[6144] ms: *comea*.
[6145] V. *Ó pobre non ofrezas i-ó rico non debas* en *Deudores* (*Nadie sea deudor*) e en *Deudas*. / mc: *i-o*.
[6146] ms: *moiño*.
[6147] ms: *Ond'hai un bonete, un catete*.
[6148] ms21,22r: *Ond'hay, millorada*.

21214. **Onde hai, calquera goberna.** [6149] (mc: C.A. / ms10,026v: *D.E.*)

21215. **Onde hai, hai.** [6150] (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

21216. **Onde hai, sai.** [6151] (ms4: G.S. y A.)

21217. **Onde ouro anda, ouro mana.** (ms8,62r: O. de Rey)

21218. **Onde vexas pino, palomar ou ciprés, casa de señorío é.** (ms5,029)

21219. **Os cartos cóllense unha vez e antes cóntanse tres.** [6152] (ms21,21v: Bermés)

21220. **Os cartos cóllense unha vez e cóntanse tres.** [6153] (mc: M.V.)

(es) *El dinero para contarlo se ha hecho.* (R. Marín) / *El dinero se hizo para contarlo y las llaves para guardarlo.* (Id.)

21221. **Ou labrador de boa zoca ou señor de boa bota.** (ms: Puertomarín)

21222. **Pedra de irexa ouro gotexa.** [6154] (mc: A.S.A. / ms3: C.A. / ms21,05v: Bermés)

(pt) *Telha de igreja sempre goteja.* (Chaves) (es) *Piedra de igreja, oro goteja.* (Correas)

21223. **Polo interés anda o mundo ó revés.** (mc: Sober / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

21224. **Quen gasta pouco diñeiro, nunca foi gran tesoureiro.** (ms4: J.P.)

21225. **Quen moito ten, moito perde; quen nada ten, nada ten que perder.** (mc: R. Caruncho)

21226. **Quen ouro manexa, ouro gotexa.** (mc: R. Caruncho)

21227. **Quen pode, puxa, e quen non, tarruxa.** [6155] (mc: A.N.)

Var.: *Quen pode, puxa.* (M.L.)

Tarruxar, en la Tierra Llana, es rechinar los dientes. Se dice también *tarruñar*, y ambas voces faltan en nuestros diccionarios.

21228. **Quen rico queira ser, estas cousas ha de ter: ovella i-abella i-a pedra que terbella, égoa parideira e muller goberneira.** [6156] (mc e ms4: M.L. / ms4: F.V.S.)

(pt) *Abelha, ovelha, pena atrás da orelha e parte na igreja, desejava para seu filho a velha.* (Chaves) (es) *Quien tiene abejas y ovejas y molinos, puede entrar con el rey en desafío.* (Correas) / *Abeja y oveja, y piedra que rabeja, y péndola tras oreja, y parte en la Igreja, deseaba a su hijo la vieja.* (Correas). (ct) *Abella, ovella e iglesia, si vòls riquea.* (Alberola)

21229. **Quen te cubre tamén te descubre.** (mc)

(es) *Quien te cubre te descubre.* (Bergua)

Se dice de los nuevos ricos, a los cuales los lujos y riqueza contribuyen a descubrir su origen. (Bergua)

21230. **Quen te cubre, descúbrete.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

21231. **Quen ten bon viño na casa, ten a bota na porta.** (ms: Buciños)

21232. **Rata de irexa non morre de fame.** [6157] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Var.: Como: *Pedra de irexa ouro gotexa.*

21233. **Riqueza i-hermosura, todos a percuran.** [6158] (mc e ms4: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

21234. **Se queres ir ó roupeiro, non te olvides do diñeiro.** (mc: Santiago / ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

21235. **Sempre miran pra quen ten, i-o mirar sempre foi ben.** (mc: A.S.A)

Var.: *Sempre miran pra quen ten.* (S.P.P.-*Ultreya*)

21236. **Sempre perde quen ten máis.** (mc)

21237. **Seso, diñeiro e bondá non é sempre caridá.** (mc: Santiago)

21238. **Tal domingo, tal semana, s'o luis ll'acompaña.** [6159] (ms11,46: Comarca de Fonsagrada)

21239. **Tella de igrexa ouro gotexa.** [6160] (mc: A.N. / Amador Darriba Míguez / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(pt) *Telha de igreja sempre goteja.* (Chaves) (es) *Teja de igreja, oro goteja.* (Correas) / *Teja de iglesia, siempre gotea.* (R. Marín)

Véase *Pedra de igrexa...*

21240. **Ter e saber, non hai querer.** (ms)

(pt) *A muito entendimento, dinheiro pouco.* (Chaves) / *A muito entendimento, fortuna pouca.* (Id.) (es) *Harto pediría quien a Dios pidiese riqueza y sabiduría.* (R. Marín) /

[6149] mc: *Donde hai*. En ms10 s.v. *Gobernar*.

[6150] O orixinal di: *Onde hay, hay.*

[6151] En ms4 está recollido este refrán dúas veces, coas referencias G.S y A. e C.A. *A Nosa Terra*.

[6152] Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Jurídicos y similares.*

[6153] Indica *Interés* no ms. / V. tamén *Jurídicos y similares*.

[6154] ms: *d'irexa*; ms21,05v: *d'igrexia*.

[6155] ms4: *e o que non*.

[6156] ms: *y abella, y a pedra*; ms2: *y abella, y a pedra*.

[6157] ms-LU: *iglesia* (*eirexa*).

[6158] O orixinal di: *Riqueza i-hermosura, todos e percuran.* / ms4 e ms-LU: *todo dio-la procura*.

[6159] *Luís* é forma dialectal de *luns* na Fonsagrada.

[6160] ms-LU: *d-irexa* / A. Darriba Míguez: *irexa*.

Rico y sabio, términos implicados. (Id.) / *Los libros hacen muchos sabios, pero pocos ricos.* / *Si quieres a tu hijo rico, procura que sea borrico.* / *Si quieres ser rico, no te des mucho a los libros.*

21241. **Tes bés, moitos amigos tes.** (mc: Santiago)

21242. **Ti ten e non mires a ninguén.** (mc: Santiago)

21243. **Vaise o ouro pra o tesouro.** (ms21,08r: Bermés)

21244. **Vale máis ter libros de conta que conta de libros.** [6161] (mc: M.V. / ms21,22r: Bermés / ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C (10-11-51))

ROBO. V. tamén *Hurto, Ladrón, Sablazo*.

21245. **A cantar ganei diñeiro, a cantar se me acabou; diñeiro mal ganado, a auga o dou i-a auga o levou.** (mc: Buciños)

21246. **Andan os ladrós tras dos que rouban.** [6162] (mc)

21247. **As cerdeiras e os ladrós, anque se prendan, non son bos.** [6163] (mc: M.V. / ms21,21v: Bermés)

Var.: *As silveiras e os ladrós, inda que se prendan, non son bos.* (C.A.)

21248. **Co roubado non se medra.** (ms21,09r: Bermés)

21249. **Coida o ladrón que todos son da súa condición.** (mc: M.V.)

Var.: *Coida o ladrón que tódo-lo son.* (A.N.)

(pt) *Cuida o ladrão que todos o são.* (Chaves) / *Cuida o ladrão que todos são de sua condição.* (Id.) (es) *Piensa el ladrón que todos son de su condición.* (Correas)

21250. **Coméronme os cartos e gafáronme a casa.** (ms: Trasmonte)

21251. **De ladrón da casa e de louco de afora líbrenos Dios.** (mc)

(es) *De ladrón de casa y de loco de fuera, de ello líbrenos Dios y nuestra buena estrella.* (R. Marín)

Recogido también en una copla popular: *Nin estela de pior lei* / *que a do pau mesmo arrincada,* / *nin tampouco pior ladrón* / *co que está dentro da casa*.

21252. **Deixa o ladrón pero o fogo non.** (mc: *Vida Gallega*)

21253. **En terra de ladrós, alforxas diante.** (mc)

21254. **Furto xeitoso fai o home ladrón.** [6164] (mc: M.V. / ms4: Buciños-F.V.S.)

21255. **Na hucha aberta o xusto peca.** [6165] (mc: M.V. / ms21,24v: Bermés)

(pt) *Na arca aberta, o justo peca.* (Chaves) (es) *En arca abierta el justo peca.* (Sbarbi) (ct) *En caixa aubèrta, hasta el just peca.* (Alberola)

21256. **Nin sirvas a quen sirviu nin roubes a quen roubou.** (ms18,73r: A.S.A.)

21257. **Non hai pior ladrón que o da casa.** (mc: J.A.P.)

(pt) *A ladrão de casa nada é vedado.* (Chaves) / *A ladrão de casa nada se esconde.* (Id.) / *A ladrão de casa, não há chave.* (Id.) (es) *Ladrón de casa hurta a mansalva.* (R. Marín) / *No hay peor ladrón que el de casa.* (Sbarbi)

Véase *De ladrón da casa...*

21258. **Non sirvas a quen serviu nin roubes a quen roubou.** [6166] (mc e ms4: A.S.A. / ms10,120r: *D.E.*)

21259. **O diñeiro mal ganado entra pola porta e sai polo tellado.** (mc)

(pt) *Dinheiro mal ganhado, água o deu, água o levou.* (Chaves)

21260. **O gato ladrón pensa que todos son da misma condición.** [6167] (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)

21261. **O gran ladrón empeza por unha agulla.** (mc: Biville, Sarria)

Var.: *O gran ladrón empezou por unha agulla.* (Mellid)

21262. **Ó ladrón da casa nada se ll'escapa.** [6168] (mc: Buciños / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(es) *No hay peor ladrón que el de casa* (o el doméstico). (Sbarbi)

Véase *Non hai pior ladrón...*

21263. **O ladrón das malas abellas xuzga as súas polas alleas.** (mc: Buciños)

21264. **O que é ladrón, pensa que tódo-lo son.** [6169] (mc: R. Caruncho)

Véase *Coida o ladrón...*

[6161] ms21,22r: *Val*; ms-SA: *cantos*. / V. *Non é o mismo ter libros de conta que conta de libros* en *Distinguir*.

[6162] ms: *arrouban*.

[6163] ms21,21v: *y'os ladrós*.

[6164] ms e ms4: *O furto*.

[6165] V. *Na arca aberta o xusto peca* en *Oportunidad* (*Oportunidad tentadora*).

[6166] ms4: *Nin*; ms4 e ms10: *sirviu*. / En ms10 s.v. *Servir* coa indicación *Criados*.

[6167] V. *O gato lambón pensa que todos son da súa condición* en *Agrícolas* (*Animales*).

[6168] mc: *nada se escapa*.

[6169] O orixinal di: *O que é ladrón, pensa que todol-o son.*

21265. **O que non leva o ladrón, logo parece no meixón.** (mc: *Vida Gallega*)

Var.: *O que non leva o ladrón, parece logo no meixón.* (M.L. / ms4: *Vida Gallega*).

(es) *Lo que no hurtan ladrones, perece en los rincones.* (Correas)

21266. **O que non levan os ladrós, aparecerá polos rincós.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

21267. **O que rouba no ano da fame, xa no da fartura ten un risque rasque.** (mc: S.P.P.-*Ultreya* / ms6,03v: Portela Pazos, en *Ultreya*)

El que acostumbra a robar en año de hambre, fácilmente alarga la mano en años de abundancia. (mc) / Recogidos en la provincia de Pontevedra. Quiere decir que el que acostumbra a robar en año de hambre, más fácilmente alarga la mano a lo ajeno en año de hartura. (ms6,03v)

21268. **O que rouba, fai por ter.** (mc: Buciños-F.V.S.)

Var.: *O que rouba é pra ter; sempre foi i-ha de ser.* (ms15,43: Lugo)

21269. **O roubado non loce.** [6170] (mc: M.V. / ms21,25r: Bermés / ms-SA: Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C)

(es) *"Lo robado es lo que luce", dicen los gatos.* (R. Marín)

21270. **O roubado pouco loce.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)

21271. **Pensa o ladrón que todos son da misma condición.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

21272. **Pensa o ladrón que todos son da súa condición.** [6171] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo:Illán, Begonte, LU / ms-SA: Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C)

21273. **Pó ladrón da casa non hai nin chaves nin portas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

21274. **Por unha agulla empézase o ladrón.** (mc: Monforte)

Véase *O gran ladrón...*

21275. **Queda ó ladrón e non queda ó tizón.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

21276. **Quen dixo frade, dixo fraude.** (ms: M.L.)

(es) *Quien dice frade, dice fraude.* (R. Marín) / *Quien dijo frade, dijo alforja y fraude.* (Id.)

21277. **Roubar a quen ten non é pecado.** (ms8,20r: Silvarrey)

21278. **Roubar pra comer non é pecado.** (ms8,20r: La Cañiza)

21279. **U que rouba a riquesa, volverase en tristeza.** (ms-SA: Pedro Pontes García)

ROER

21280. **As penas hai que roelas.** (ms10,110r: *D.E.*)

21281. **Se te roi un alacrán, busca a cera e mais o pan; se te roi a denosiña, búscaos inda máis axiña.** [6172] (ms10,110r: *D.E.*)

ROGAR

21282. **A quen has rogar non-o debes agravear.** [6173] (ms10,110r: *D.E.*)

21283. **Máis vale o rogo do amigo que o ferro do enemigo.** (ms10,110r: *D.E.*)

21284. **Máis vale rogar que furtar.** (ms10,110r: *D.E.*)

21285. **Non rogues cama á muller que non fai mester.** (ms10,110r: *D.E.*)

21286. **Rogo e direito fan o feito.** (ms10,110r: *D.E.*)

21287. **Rogos por que cante, e rogos por que cale.** (ms10,110r: *D.E.*)

ROMERÍA. V. tamén *Fiestas y romerías, Religiosos y morales, Romero*.

21288. **Ás romaxes e ás bodas van as tolas todas.** (ms10,110r: *D.E.*)

21289. **Boa romaxe fai o que ten a casa en paz.** (ms10,110r: *D.E.*)

21290. **O que anda en romaxes, gasta o tempo en viaxes.** (ms10,110r: *D.E.*)

21291. **Pra ir a unha romaxe, non vaias en recovaxe.** (ms10,110r: *D.E.*)

21292. **Quen vai a moitas romaxes, gasta cartos e traxes.** (ms10,110r: *D.E.*)

21293. **Romaxe de cerca, moito viño e pouca cera.** (ms10,110r: *D.E.*)

ROMERO. V. tamén *Fiestas y romerías, Religiosos y morales, Romería*.

21294. **Benia o romeiro que di ben do compañeiro.** (ms10,110r: *D.E.*)

21295. **Bo vai o romeiro cando o bordón se lles esquece.** [6174] (ms10,110r: *D.E.*)

[6170] ms-SA: *luse*.

[6171] ms-SA: *u ladrón, condisión*.

[6172] V. *Si te roi un alacrán, busca cera e mais o pan, e si te roi a adelouciña, buscaos inda máis axiña* en *Medicina. Higiene*.

[6173] O orixinal di: *A quen has rogar nono debes agravear*.

21296. **Vaites, vaites co romeiro que non sabe andar a pé.** (ms10,110r: *D.E.*)

ROMPER

21297. **O que rompe, paga.** (ms10,110r: *D.E.*)

ROPA. V. tamén *Saya, Sayo, Traje, Vestido*.

21298. **A roupa moi lixosa lávase na casa.** (ms10,110r: *D.E.*)

21299. **Ben estás de roupa, se non che se molla.** (ms10,110r: *D.E.*)

ROSA

21300. **Non hai rosa sin espiñas.** (ms10,110r: *D.E.*)

ROSARIO. V. tamén *Religiosos y morales*.

21301. **O que reza o rosario non é o millor cristiano.** (ms10,110r: *D.E.*)

21302. **O rosario na man, lévano moitos polo que dirán.** (ms10,110r: *D.E.*)

21303. **O rosario ó pescozo i-o demo metido no corpo.** (ms10,110r: *D.E.*)

RUGIR

21304. **Onde ruxe a tixela, ou hai muller parida ou hai larpadela.** [6175] (ms10,111r: *D.E.*)

RUÍDO

21305. **Finxir ruído pra vir a partido.** (ms10,111r: *D.E.*)

RUÍN

21306. **A ninguién lle pese que lle chamen ruín; péselle de selo por si.** (ms10,111r: *D.E.*)

21307. **A ruín, ruín e medio.** (ms10,111r: *D.E.*)

21308. **A un ruín, outro ruín.** (ms10,111r: *D.E.*)

21309. **Cada ruín quer o seu fillo.** (ms10,111r: *D.E.*)

21310. **O que é ruín na súa casa, ruín é na praza.** (ms10,111r: *D.E.*)

21311. **O ruín boi descórnase folgando.** (ms10,111r: *D.E.*)

21312. **O ruín, canto máis lle rogan, máis se enfoncha.** (ms10,111r: *D.E.*)

21313. **Os ruís e os tizós nunca ben os compós.** (ms10,111r: *D.E.*)

21314. **Polos ruís perden os bos.** (ms10,111r: *D.E.*)

21315. **Quen ruín é na súa terra, ruín é fóra de ela.** (ms10,111r: *D.E.*)

21316. **Ruín é o paxariño que descobre o seu niño.** (ms10,111r: *D.E.*)

21317. **Ruín é o probe avarento, mais pior é o probe soberbio.** (ms10,111r: *D.E.*)

21318. **Ruín paxaro, ruín cantar.** (ms10,111r: *D.E.*)

21319. **Ruín seña quen por ruín se teña.** (ms10,111r: *D.E.*)

21320. **Ruín será na casa quen o vai pregoar á praza.** (ms10,111r: *D.E.*)

21321. **Ruín virá que bo me fará.** (ms10,111r: *D.E.*)

21322. **Se un ruín se nos vai da porta, outro vén que nos consola.** (ms10,111r: *D.E.*)

21323. **Sempre o ruín ha topar unha boa landra.** (ms10,111r: *D.E.*)

21324. **Un ruín ido e outro vido.** (ms10,111r: *D.E.*)

21325. **Vaise un ruín da porta do probe e non ha faltar quen o amole.** (ms10,111r: *D.E.*)

SÁBADO. V. tamén *Días, Semana*.

21326. **Nin sábado sin sol, nin moza sin amor, nin vella sin door.** [6176] (ms10,112r: *D.E.*)

21327. **Non hai sábado sin sol, nin romeiro sin frol, nin rapaza sin amor.** (ms10,112r: *D.E.*)

21328. **Quen o sábado vai ó muiño, pouca folga ten o domingo.** (ms10,112r: *D.E.*)

SÁBALO. (V. *Peces. Sábalo*)

SABER

21329. **Bastante sabe quen a tempo calar sabe.** (ms10,112r: *D.E.*)

21330. **Ben pouco sabe o que pra si non sabe.** (ms10,112r: *D.E.*)

21331. **Ben sabe o bo bocado se non custase caro.** (ms10,112r: *D.E.*)

21332. **Ben sabe o que non sabe, se calar sabe.** (ms10,112r: *D.E.*)

[6174] V. *Bon vai o romeiro des que ll'o bordón esquece* en *Fiestas y romerías*.

[6175] V. *Donde ruxe a tixela, ou parida ou larpadela* en *Hambre. Gastronomía*.

[6176] V. variantes en *Amor y amistad*.

21333. **Ben sabe o sabio que sabe i-o parvo que sabe que non sabe.** (ms10,112r: *D.E.*)
21334. **Bo saber é calar, hastra que sea tempo de falar.** [6177] (ms10,112r: *D.E.*)
21335. **Cada día sabemos máis.** (ms10,112r: *D.E.*)
21336. **Cada un sabe de si.** (ms10,112r: *D.E.*)
21337. **Cada un sabe ónde lle doi e ónde lle proi.** (ms10,112r: *D.E.*)
21338. **Dabondo sabe o que non sabe, se calar sabe.** (ms10,112r: *D.E.*)
21339. **Dabondo sabe o que vivir sabe.** (ms10,112r: *D.E.*)
21340. **De sabios é mudar de consello.** (ms10,113r: *D.E.*)
21341. **Dinos o que sabes, pra sabermos o que iñoras.** (ms10,112r: *D.E.*)
21342. **Do que non sabes non fales.** (ms10,112r: *D.E.*)
21343. **Do que non seipas non fales, que é moito millor que cales.** (ms10,112r: *D.E.*)
21344. **Do sabio, o consello; do rico, o remedio.** (ms10,113r: *D.E.*)
21345. **Entre o ceo i-a terra non hai nada que non se seipa.** (ms10,113r: *D.E.*)
21346. **Fai o que seipas, pra que en todas partes queipas; que o que sabe, en tódolos sitios cabe.** (ms10,112r: *D.E.*)
21347. **Hai que saber que hai mañán.** (ms10,112r: *D.E.*)
21348. **Máis ben me sabe a miña cebola que a carne da túa ola.** (ms10,112r: *D.E.*)
21349. **Máis sabe o parvo na súa casa que o cordo na allea.** (ms10,112r: *D.E.*)
21350. **Máis vale o saber que o poder.** (ms10,112r: *D.E.*)
21351. **Millor é non saber que mal saber.** (ms10,112r: *D.E.*)
21352. **Millor é saber moito e falar pouco que saber pouco e falar moito.** (ms10,112r: *D.E.*)
21353. **Moito sabe o que calar sabe.** (ms10,112r: *D.E.*)
21354. **Nada sabe o que pra si non sabe.** (ms10,112r: *D.E.*)
21355. **Non digas todo o que sabes, se queres vivir en paz.** (ms10,112r: *D.E.*)
21356. **Non é sabio o que pra si non sabe.** (ms10,113r: *D.E.*)
21357. **Non sabe mandar o que non foi mandado.** (ms10,112r: *D.E.*)
21358. **Non sabe o que ten, o que ten casa de seu.** (ms10,112r: *D.E.*)
21359. **O bo saber val máis que o bo nacer.** (ms10,112r: *D.E.*)
21360. **O que me sabe, engórdame.** (ms10,112r: *D.E.*)
21361. **O que non sabe fai como o que non ve.** (ms10,113r: *D.E.*)
21362. **O que non se sabe é o que non se di.** (ms10,113r: *D.E.*)
21363. **O saber val máis que o ter.** (ms10,113r: *D.E.*)
21364. **O sabio pensa as cousas e o parvo fainas.** (ms10,113r: *D.E.*)
21365. **O ser señor non é saber, mais éio sabelo ser.** (ms10,113r: *D.E.*)
21366. **Por moito que se seipa é máis o que se iñora.** (ms10,113r: *D.E.*)
21367. **Pouco sabe o que pra si non sabe.** (ms10,113r: *D.E.*)
21368. **Quen coida que todo o sabe, pouco sabe.** (ms10,113r: *D.E.*)
21369. **Quen non seipa que adeprenda.** (ms10,113r: *D.E.*)
21370. **Quen queira saber que vaia adeprender.** (ms10,113r: *D.E.*)
21371. **Quen sabe, en calquera lado cabe.** (ms10,113r: *D.E.*)
21372. **Quen ten saber, sabe ter.** (ms10,113r: *D.E.*)
21373. **Sabe o que se salva, que o que se afoga non sabe nada.** (ms10,113r: *D.E.*)
21374. **Sabe o sabio que non sabe, e o parvo pensa que sabe.** (ms10,113r: *D.E.*)
21375. **Sábeo Vicente e sábeo toda a xente.** (ms10,113r: *D.E.*)
21376. **Saber é poder.** (ms10,113r: *D.E.*)
21377. **Saber é vencer.** (ms10,113r: *D.E.*)
21378. **Saber escoller boa muller é moito saber.** (ms10,113r: *D.E.*)
21379. **Saber moito e telo calado é pasar por aparvado.** (ms10,113r: *D.E.*)
21380. **Sábese onde se naceu e non onde se ha morrer.** (ms10,113r: *D.E.*)
21381. **Sabio é quen pouco fala e moito cala.** (ms10,113r: *D.E.*)
21382. **Se queres alcanzar posto de sabido, precura vivir onde seas entendido.** (ms10,113r: *D.E.*)
21383. **Se queres pasar por sabido, procura vivir onde non seas conecido.** (ms10,113r: *D.E.*)

[6177] V. *O bo saber é calar antes de ser tempo de falar* en *Cautela en el hablar*.

21384. **Se queres saber d'aquí, d'acá, e d'acolá, o tempo cho dirá.** (ms10,113r: *D.E.*)
21385. **Se queres saber quén eres, pergúntallo ó teu veciño.** (ms10,113r: *D.E.*)
21386. **Tanto é non saber coma non ver.** (ms10,113r: *D.E.*)
21387. **Todo o que seipas non-o dirás, se queres vivir en paz.** [6178] (ms10,113r: *D.E.*)
21388. **Val máis o saber que o haber.** (ms10,113r: *D.E.*)

SABLAZO (ESTAFA). V. tamén *Hurto, Ladrón, Robo*.
21389. **A pufo nada é caro.** (ms10,102r: *D.E.* / ms15,13)
En ms10 s.v. "Sablazo (estafa)".
21390. **Con moitos pufos non todos viven a gusto.** (ms10,102r: *D.E.*)
21391. **Con pufos ben se vive mentras hai quen os ature.** (ms10,102r: *D.E.*)
21392. **Contra as mañas do pufista, Dios nos asista.** (ms10,102r: *D.E.*)
21393. **Ó pufista nada vale seguirlle a pista.** (ms10,102r: *D.E.*)
21394. **O pufista non hai quen o resista.** (ms10,102r: *D.E.*)
21395. **O que é pufista, o millor é perdelo de vista.** (ms10,102r: *D.E.*)
21396. **Quen ten moitos pufos, hai días que non gana pra disgustos.** (ms10,102r: *D.E.*)
21397. **Véxanme con pufos e non me vexan difunto.** (ms10,102r: *D.E.*)

SACO
21398. **Un saco valeiro non se ten dereito.** (ms10,113r: *D.E.*)

SACRISTÁN. V. tamén *Religiosos y morales*.
21399. **Os cartos do sancristán, cantando se veñen, cantando se van.** (ms10,115r: *D.E.*)
21400. **Sacristán que vende cera e non ten colmea, que o digan as velas da igrexa.** (ms10,115r: *D.E.*)

SAL
21401. **Derramarse o sal é mala siñal.** (ms10,114r: *D.E.*)
21402. **O sal, canto salga tanto val.** (ms10,114r: *D.E.*)
21403. **Sal e fogo quer un ovo, se non sai grolo.** (ms10,114r: *D.E.*)
21404. **Unhas areíñas de sal, na conversa non din mal.** (ms10,114r: *D.E.*)

SALADO
21405. **O ben salgado, pouco vinagre e ben aceitado.** (ms10,114r: *D.E.*)

SALAMANDRA
21406. **Se te morde a salamántiga, que che fagan logo a cama.** (ms10,114r: *D.E.*)

SALMÓN. (V. *Peces. Salmón*)

SALUD
21407. **A moita saúde non é virtú.** (ms10,117r: *D.E.*)
21408. **A saúde é a riqueza dos probes.** (ms10,117r: *D.E.*)
21409. **A saúde non é conecida hastra que é perdida.** (ms10,117r: *D.E.*)
21410. **Déanos Dios saúde; irémola andando.** (ms10,117r: *D.E.*)
21411. **Dios nos dea saúde pra ir vivindo.** (ms10,117r: *D.E.*)
21412. **Haxa saúde e diñeiro, que non faltará humor e compañeiro.** (ms10,117r: *D.E.*)
21413. **Máis vale a saúde que o diñeiro.** (ms10,117r: *D.E.*)
21414. **Saúde e alegría, fermosura cría.** (ms10,117r: *D.E.*)
21415. **Vese a saúde conecida cando empeza a ser perdida.** (ms10,117r: *D.E.*)

SAN ANDRÉS. V. tamén *Días* (*Días y festividades*), *Fiestas y romerías, Religiosos y morales*.
21416. **A San Andrés de Teixido hai que ir morto ou vivo.** (ms10,114r: *D.E.*)
21417. **O que de morto non vai a San Andrés de Teixido, é porque foi de vivo.** [6179] (ms10,114r: *D.E.*)
21418. **Polo san Andrés hai porcos gordos pra vender.** (ms10,114r: *D.E.*)
21419. **Polo san Andrés mata o teu porco como é.** (ms10,114r: *D.E.*)
21420. **Polo san Andrés mata o teu porco como o tes.** (ms10,114r: *D.E.*)

[6178] O orixinal di: *Todo o que seipas nono dirás, se queres vivir en paz.*

[6179] V. *A San Andrés de Teixido hai que ir de morto ou de vivo* en *Fiestas y romerías*.

21421. **San Andrés de Teixido, do morto fai o vivo.** (ms10,114r: *D.E.*)

21422. **San Andrés trai a vela e san Xoán a leva.** [6180] (ms10,114r: *D.E.*)

SAN ANTONIO. V. tamén *Días* (*Días y festividades*), *Fiestas y romerías, Religiosos y morales*.

21423. **O san Antonio é o santo das nenas, porque ó casalas améndalle as penas.** (ms10,114r: *D.E.*)

21424. **San Antón vello e tristeiro convida as rapazas ó rezadeiro.** (ms10,114r: *D.E.*)

SAN JUAN. V. tamén *Días* (*Días y festividades*), *Fiestas y romerías, Religiosos y morales*.

21425. **En san Xoán a mexada de un can.** (ms10,116r: *D.E.*)

21426. **Hastra san Xoán toda a herba é pan.** [6181] (ms10,116r: *D.E.*)

21427. **No día de san Xoán baila o sol pola mañán.** [6182] (ms10,116r: *D.E.*)

SAN LUCAS. V. tamén *Días* (*Días y festividades*), *Fiestas y romerías, Religiosos y morales*.

21428. **Polo san Lucas mata o teu porco e barra a túa cuba.** (ms10,115r: *D.E.*)

21429. **Polo san Lucas saben as uvas, porque hai poucas ou ningunhas.** [6183] (ms10,115r: *D.E.*)

San Lucas (18 oct.)

21430. **Polo san Lucas solta os bois, mata os porcos e tapa as uvas.** (ms10,115r: *D.E.*)

SAN MARTÍN. V. tamén *Días* (*Días y festividades*), *Fiestas y romerías, Religiosos y morales*.

21431. **No san Martiño remonta cada día un ferradiño.** (ms10,115r: *D.E.*)

San Martiño (11 nov.).

21432. **Polo san Martiño todo o mosto é viño.** (ms10,115r: *D.E.*)

21433. **Por san Martiño faise o magosto con castañas asadas e mosto.** (ms10,115r: *D.E.*)

21434. **Por san Martiño non sementes fabas nin liño.** (ms10,115r: *D.E.*)

21435. **Por san Martiño xa se conoce o bo viño.** (ms10,115r: *D.E.*)

21436. **San Martiño sempre quer o seu grauciño, anque sea pequeniño.** (ms10,115r: *D.E.*)

SAN VICENTE. V. tamén *Días* (*Días y festividades*), *Fiestas y romerías, Religiosos y morales*.

21437. **Polo san Vicente toda a auga é semente.** (ms10,116r: *D.E.*)

21438. **Sábeo san Vicente e sábeo toda a xente.** (ms10,116r: *D.E.*)

SANDÍA. V. tamén *Huerta*.

21439. **A sandía, nin en abril sementada nin en maio nada.** (ms10,115r: *D.E.*)

SANGRE

21440. **Máis val onza de sangue que libra de amistade.** (ms10,115r: *D.E.*)

21441. **Malia o sangue que non corre polas venas.** (ms10,115r: *D.E.*)

21442. **Non se pode sacar sangue de onde non-o hai.** [6184] (ms10,115r: *D.E.*)

21443. **O sangue ferve sin fogo.** (ms10,115r: *D.E.*)

21444. **O sangue hérdase i-o vicio pégase.** (ms10,115r: *D.E.*)

21445. **O sangue sin lume ferve e arde.** (ms10,115r: *D.E.*)

21446. **O sangue tira.** (ms10,115r: *D.E.*)

21447. **Sangue pola boca, nin das enxivas.** (ms10,115r: *D.E.*)

SANO

21448. **O san ó doente, en regra o mete.** (ms10,114r: *D.E.*)

21449. **Sanan as coiteladas e non as malas palabras.** (ms10,114r: *D.E.*)

21450. **Se queres vivir san, faite vello cedo.** [6185] (ms10,114r: *D.E.*)

SANTERO. V. tamén *Religiosos y morales*.

21451. **Ben parvo é o santeiro que se deita sin cear, tendo o santo diñeiro.** (ms10,115r: *D.E.*)

21452. **Cada santeiro pide pró seu gargueiro.** (ms10,115r: *D.E.*)

21453. **Cada santeiro pide pró seu santo.** (ms10,115r: *D.E.*)

[6180] V. *San Francisco trae a vela e san Xosé a leva* en *Trabajo*.

[6181] V. *En san Xoán medra a herba como pan* en *Agrícolas* (*Meses. Junio*).

[6182] V. *No día de san Xoán baila o sol pola mañán* en *Agrícolas* (*Santoral*).

[6183] V. *Polo san Lucas saben as uvas* en *Agrícolas* (*Santoral*).

[6184] O orixinal di: *Non se pode sacar sangue de onde nono hai*.

[6185] En ms10 s.v. *Sanar*.

SANTIAGO. V. tamén *Días* (*Días y festividades*), *Fiestas y romerías, Religiosos y morales*.

21454. **Aí vén o mes de Santiago co seu canado.** (ms10,115r: *D.E.*)

21455. **Cando algús van a Santiago, xa volven outros con cuncas.** (ms10,115r: *D.E.*)

21456. **Polo Santiago comenza na viña a pintar o bago.** (ms10,115r: *D.E.*)

21457. **Polo Santiago esconde o coello o rabo e por san Miguel vólveselle ver.** (ms10,115r: *D.E.*)

SANTO. V. tamén *Días* (*Días y festividades*), *Fiestas y romerías, Religiosos y morales*.

21458. **A pequeno santo pequeno rezado.** (ms10,116r: *D.E.*)

21459. **ºA santo pequeno vixilia grande.** (ms10,116r: *D.E.*)

21460. **Cada santo quer a súa candea.** (ms10,116r: *D.E.*)

21461. **De pai santo, fillo diaño.** (ms10,116r: *D.E.*)

21462. **Entre santa e santo, un carro de canto.** [6186] (ms10,116r: *D.E.*)

21463. **O santo que non está presente, vela non se lle acende.** (ms10,116r: *D.E.*)

21464. **Rogarlle ó santo hastra saír do charco; e dispois de saído, santo esquecido.** (ms10,116r: *D.E.*)

21465. **Santo vello non fai milagres.** (ms10,116r: *D.E.*)

21466. **Santo, santo, pero non tanto.** (ms10,116r: *D.E.*)

21467. **Tódolos santos teñen novena, e hainos que teñen festa.** (ms10,116r: *D.E.*)

SANTOS = NOVIEMBRE V. tamén *Agrícolas* (*Meses. Noviembre*).

21468. **Cando Santos acaba, o inverno empeza.** (ms10,116r: *D.E.*)

21469. **No mes de Santos a máis tardar, ponte a sementar.** (ms10,116r: *D.E.*)

21470. **Por Santos inda hai campos verdes e xa hai montes brancos.** (ms10,116r: *D.E.*)

21471. **Por Santos, neve nos campos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

21472. **Por Santos sacha a horta e capa o rancho.** [6187] (ms10,116r: *D.E.* / Juan Bello Valiña)

SARDINAS (V. *Peces. Sardinas*)

SARNA

21473. **Sarna con gusto non pica; o conto é sarna sin el.** (ms10,117r: *D.E.*)

SARTEN

21474. **Cando a tixela roxe é que hai guisote.** (ms10,130r: *D.E.*)

21475. **Cando canta a tixola, siñal de que hai encherola.** (ms10,130r: *D.E.*)

21476. **Fuxir da tixola pra caír nas brasas, dou ó demo tales ventaxas.** (ms10,130r: *D.E.*)

21477. **O golpe da tixola lixa anque non doia.** (ms10,130r: *D.E.*)

21478. **Onde roxe a tixela, ou parida ou larpadela.** (ms10,130r: *D.E.*)

21479. **Quen ten a tixola polo rabo, ese é o amo.** (ms10,130r: *D.E.*)

21480. **Todos pican na tixola, i-eu picarei, si me deixan, cando poida.** (ms10,130r: *D.E.*)

SAYO, SAYA. V. tamén *Ropa*.

21481. **Coida ben o teu saio que, inda que estea vello, durarache outro ano.** (ms10,114r: *D.E.*)

21482. **Por ben ou mal que che vaia, non vendas a túa saia.** (ms10,114r: *D.E.*)

21483. **Remenda o teu saio e servirache outro ano.** (ms10,114r: *D.E.*)

SAZÓN

21484. **Val máis a boa sazón que cavar moito o terrón.** (ms10,117r: *D.E.*)

SECRETO

21485. **Di o teu segredo ó amigo e faraste seu cautivo.** (ms10,117r: *D.E.*)

21486. **Dille ó amigo o teu segredo e quédaste del preso.** (ms10,117r: *D.E.*)

21487. **Garda o segredo no teu seo, non-o metas no alleo.** [6188] (ms10,025v: *D.E.*)

21488. **Non hai segredo que non-o descubra o tempo.** [6189] (ms10,117r: *D.E.*)

21489. **Non hai segredo que non se seipa tarde ou cedo.** (ms10,117r: *D.E.*)

[6186] V. *Entre santa e santo, parede de cal e canto* en *Precaución*.

[6187] J. Bello Valiña: *sach'a horta*.

[6188] En ms10 s.v. *Guardar* coa indicación *Secreto*

[6189] O orixinal di: *Non hai segredo que nono descubra o tempo*.

21490. **Non hai segredo que o sea por moito tempo.** (ms10,117r: *D.E.*)
21491. **Non hai segredo que tarde ou cedo non sea descoberto.** (ms10,117r: *D.E.*)
21492. **O que ch'encobren, non queiras sabelo, e o que che descobren, teno sacreto.** (ms15,19v)
21493. **O segredo do teu amigo gardarás, e o teu non-o dirás.** [6190] (ms10,117r: *D.E.*)
21494. **Quen non garda o seu segredo, non pode gardar o alleo.** (ms10,117r: *D.E.*)
21495. **Segredo de dous, sábeo Dios; segredo de tres, sábeo quen quer.** (ms10,117r: *D.E.*)
21496. **Segredo entre moitos, malo é de gardar.** (ms10,117r: *D.E.*)
21497. **Segredo que de dous é, xa segredo non é.** (ms10,117r: *D.E.*)

SED

21498. **Prá moita sede non hai auga mala.** (ms10,117r: *D.E.*)

SEMANA. V. tamén *Días, Domingos, Lunes, Martes*.

21499. **O lus mollo, o martes lavo, o miércoles seco, o viernes peneiro, o sábado amaso, e o domingo, que eu fiaría, todos me din que estou noutra semana e que xa non é día.** (ms10,117r: *D.E.*)
21500. **Toda a semana bambeouse e o sábado arremangouse.** (ms10,117r: *D.E.*)

SEMBRAR. V. tamén *Agrícolas*.

21501. **Como sementedes, así colleredes.** (ms10,118r: *D.E.*)
21502. **Do que se sementa é do que se colleita.** (ms10,118r: *D.E.*)
21503. **Do que sementes collerás.** (ms10,118r: *D.E.*)
21504. **O que sementa e cría, tanto gana de noite como de día.** (ms10,118r: *D.E.*)
21505. **Que non sementa non colleita.** (ms10,118r: *D.E.*)
21506. **Que non sementa non sega.** (ms10,118r: *D.E.*)
21507. **Quen pouco sementa, pouco colleita.** (ms10,118r: *D.E.*)
21508. **Quen sementa en mala terra, non colle máis que herba.** (ms10,118r: *D.E.*)
21509. **Quen sementa en mala terra, non espere gran colleita.** (ms10,118r: *D.E.*)
21510. **Quen sementa no camiño, sementa pró veciño.** (ms10,118r: *D.E.*)
21511. **Quen sementa, sega.** (ms10,118r: *D.E.*)
21512. **Sementa cedo e poda máis, que se unha vez erras, cen acertarás.** (ms10,118r: *D.E.*)
21513. **Sementa cedo e poda tardeiro.** (ms10,118r: *D.E.*)
21514. **Sementa cedo e poda tardío e collerás pan e viño.** (ms10,118r: *D.E.*)
21515. **Sementa favores, collerás sinsabores.** (ms10,118r: *D.E.*)
21516. **Sementa pra coller e colle pra sementar.** (ms10,118r: *D.E.*)
21517. **Sementa quen fala e colle quen cala.** (ms10,118r: *D.E.*)
21518. **Sementar por fanegas e coller por espigas.** (ms10,118r: *D.E.*)
21519. **Tal como sementes, collerás.** (ms10,118r: *D.E.*)
21520. **Tal sementeira farás, cal seia a semente que sementaras.** (ms10,118r: *D.E.*)
21521. **Tal sementeira, tal sega.** (ms10,118r: *D.E.*)
21522. **Us sementan e outros segan.** (ms10,118r: *D.E.*)
21523. **Us seméntano, outros ségano e aproveitano.** (ms10,118r: *D.E.*)
21524. **Vai sementar cando sintas o cuco cucar e a ruliña rular.** (ms10,118r: *D.E.*)

SENDERO

21525. **Cada sendeiro ten o seu carreiro.** (ms10,118r: *D.E.*)

SENTARSE

21526. **O que ó sentarse di ¡ai! e ó erguerse di ¡opa! non quero á miña porta.** (ms10,118r: *D.E.*)
21527. **O que tarde chegou, de pé se quedou e non se sentou.** (ms10,118r: *D.E.*)

SENTIR

21528. **Cada cal sinte o seu ben i-o seu mal.** (ms10,118r: *D.E.*)
21529. **En non sentir está parte do ben vivir.** (ms10,118r: *D.E.*)
21530. **O que sabe sentirse, sabe decirse.** (ms10,118r: *D.E.*)
21531. **Quen non se sinte dunha mala palabra, non se sinte dunha labazada.** (ms10,118r: *D.E.*)

[6190] O orixinal di: *O segredo do teu amigo gardarás, e o teu nono dirás.*

SEÑOR. V. tamén *Poder, Señorío, Vasallo*.

21532. **Cal é o señor, tal mesa pon.** (ms10,119r: *D.E.*)

21533. **Cando o ruín fan señor, non hai coitelo pior.** (ms10,119r: *D.E.*)

21534. **De grandes señores grandes favores.** (ms10,119r: *D.E.*)

21535. **De grandes señores, moitas veces mesquiños favores.** (ms10,119r: *D.E.*)

21536. **Dos señores e do sol, canto máis lonxe, millor.** (ms10,119r: *D.E.*)

21537. **Eu señora e ti señora, ¿quen prepara os pratos e a tixola?** (ms10,119r: *D.E.*)

21538. **Eu señora e vós señora, ¿quen poñerá ó lume a cazola?** (ms10,119r: *D.E.*)

21539. **Ninguién pode servir ben a dous siñores.** (ms10,119r: *D.E.*)

21540. **Renego da señora que todo o chora.** (ms10,119r: *D.E.*)

21541. **Ser señor non é saber; é señor sabelo ser.** (ms10,119r: *D.E.*)

SEÑORÍO. V. tamén *Poder, Señor, Vasallo*.

21542. **En lugar de señorío non fagas o teu niño; e se o fai o pai, non-o faga o fillo.** [6191] (ms10,119r: *D.E.*)

21543. **Señorío probe, señorío podre.** (ms10,119r: *D.E.*)

21544. **Señorío sin rendas non dá prá mantenza.** (ms10,119r: *D.E.*)

21545. **Señoríos vellos e de pouco rango, máis que señoríos, son señoritangos.** (ms10,119r: *D.E.*)

SEPTIEMBRE. V. tamén *Agrícolas* (*Meses. Septiembre*).

21546. **En setembre e outono bebe o viño vello e deixa estar o novo.** (ms10,120r: *D.E.*)

21547. **En setembro come e vende, mais no sea tanto o vender que non deixes que comer.** (ms10,120r: *D.E.*)

SEPULTURA. V. tamén *Entierro, Muerte*.

21548. **A sepultura, por vella que sea, se lle cantan un responso, ben se recrea.** (ms10,119r: *D.E.*)

21549. **Hastra a sepultura a carne viva non é segura.** (ms10,119r: *D.E.*)

21550. **Na sepultura amolece a carne máis dura.** [6192] (ms10,119r: *D.E.* / ms15,12)

SEQUÍA. V. tamén *Agrícolas* (*Meteorológicos*), *Calor*.

21551. **A moita seca trai ás veces a moita mollada.** (ms10,117r: *D.E.*)

SER

21552. **A "non pode ser" non lle hai que facer.** (ms10,119r: *D.E.*)

21553. **Cal ti eres, así me dis.** (ms10,119r: *D.E.*)

21554. **Cal ti eres, así medres.** (ms10,119r: *D.E.*)

21555. **Cal ti eres, tal te seques.** (ms10,119r: *D.E.*)

21556. **Como son así, millor quero pra min que pra ti.** (ms10,119r: *D.E.*)

21557. **D'aquí alá, sabe Dios o que será.** (ms10,119r: *D.E.*)

21558. **Dime qué fuches e direiche quén eres.** (ms10,119r: *D.E.*)

21559. **Dime quén eres e direiche quén fuches.** (ms10,119r: *D.E.*)

21560. **Fomos como vós e seredes como nós.** (ms10,119r: *D.E.*)

21561. **Hoxe somos e mañá non.** (ms10,119r: *D.E.*)

21562. **Hoxe somos e mañán non fomos.** (ms10,119r: *D.E.*)

21563. **Hoxe somos e mañán non seremos.** (ms10,119r: *D.E.*)

21564. **Máis vale ás veces ser que parecer.** (ms10,119r: *D.E.*)

21565. **Mentras máis somos máis valemos.** (ms10,119r: *D.E.*)

21566. **Non son tantas as noces como as voces.** (ms10,119r: *D.E.*)

21567. **O que é i-o por que é, non saben moitos cómo é.** (ms10,119r: *D.E.*)

21568. **O que foi e non é, como se non fora.** (ms10,119r: *D.E.*)

21569. **O que foi e xa non é, é o mesmo que se non fora.** (ms10,119r: *D.E.*)

21570. **O que foi, é e será.** (ms10,119r: *D.E.*)

21571. **O que ha ser, convén que sea.** (ms10,119r: *D.E.*)

21572. **O que ha ser, vai sendo.** (ms10,119r: *D.E.*)

21573. **Ó que non pode ser, non hai que lle facer.** (ms10,120r: *D.E.*)

21574. **Se fuches e non es, é o mesmo que se non foras.** (ms10,120r: *D.E.*)

21575. **Ser e non ser non pode ser.** (ms10,120r: *D.E.*)

[6191] O orixinal di: *En lugar de señorío non fagas o teu niño; e se o fai o pai nono faga o fillo.*

[6192] En ms10 s.v. *Sepultura*.

21576. **Tanto é o máis como o menos.** (ms10,120r: *D.E.*)
21577. **Todo o que foi, poido ser, e todo o que é, xa foi.** (ms10,120r: *D.E.*)
21578. **Un soio non é ninguién, pero dous xa son alguén.** (ms10,120r: *D.E.*)

SERMÓN. V. tamén *Religiosos y morales*.
21579. **O sermón e o salmón, na Coresma teñen sazón; dispois, non.** (ms10,120r: *D.E.*)
21580. **Renego do sermón que acaba en daca.** (ms10,120r: *D.E.*)

SERVIR
21581. **Bo traballo é ser servidor dispois de ser señor.** (ms10,120r: *D.E.*)
21582. **Mal lle senta ser servidor ó que foi señor.** (ms10,120r: *D.E.*)
21583. **Ninguién pode servir a dous amos e agradar a entrambos.** (ms10,120r: *D.E.*)
21584. **Se queres ser ben servido, sírvete ti correndiño.** (ms10,120r: *D.E.*)
21585. **Sírvete do mancebo e aconséllate co vello.** (ms10,120r: *D.E.*)

SIBARITISMO. V. tamén *Ahorro y tacañería, Gastar, Superfluo*.
21586. **Comamos e xoldeemos que eso máis ganaremos.** (ms16: *D.E.*)
21587. **Comamos, bebamos e runflemos que ó cabo morrer temos.** (ms16: *D.E.*)
21588. **Come e folga e terás vida boa.** (ms16: *D.E.*)
21589. **Comer e beber e pete á porta quen quixer.** (ms16: *D.E.*)
Var.: *Comer e beber e pete á porta quen dispois viñer.* (ms16: *D.E.*)
21590. **Come, durme e engorda e, se te chaman, faite a xorda.** (ms16: *D.E.*)
21591. **Deste mundo levarás panza chea e nada máis, e boas obras s'as fas.** (ms4: Páramo-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Var.: *Diste mundo levarás boas obras se as fas.* (Buciños, Carballedo-F.V.S.) / *Deste mundo sacarás panza chea e nada máis.* (ms16: Sarria)

SIERRA
21592. **A mala serra non corta a madeira.** (ms10,120r: *D.E.*)
21593. **Cando a serra se pon de touca, temos auga, moita ou pouca.** (ms10,120r: *D.E.*)
21594. **Ou estar ó pé da serra ou a cen legoas dela.** (ms10,120r: *D.E.*)
21595. **Vivir ó pé da serra ou lonxe dela.** (ms10,120r: *D.E.*)

SOBRAR
21596. **Máis val que sobre que non que falte.** (ms10,121r: *D.E.*)
21597. **O que che sobra, méteo en obra.** (ms10,121r: *D.E.*)
21598. **O que non fai falla, sobra.** (ms10,121r: *D.E.*)
21599. **O que sobra, estorba.** (ms10,121r: *D.E.*)
21600. **O que sobra, farta.** (ms10,121r: *D.E.*)
21601. **O que sobra, honra.** (ms10,121r: *D.E.*)

SOCORRO
21602. **Socorro tardeiro, socorro valeiro.** (ms10,121r: *D.E.*)

SOL
21603. **Cando o sol madruga é siñal de chuvia.** (ms10,122r: *D.E.*)
21604. **Cando o sol sai, pra todos sai.** (ms10,122r: *D.E.*)
21605. **Desque se pon o sol, logo vén a noite.** (ms10,122r: *D.E.*)
21606. **Hastra poñerse o sol, hai día.** (ms10,122r: *D.E.*)
21607. **O sol de xaneiro non ten compañeiro.** (ms10,122r: *D.E.*)
21608. **O sol do inverno sempre anda detrás do outeiro.** (ms10,122r: *D.E.*)
21609. **Ó sol madrugadeiro non lle abras o medeiro.** (ms10,122r: *D.E.*)
21610. **O sol na eira e a auga na nabeira.** (ms10,122r: *D.E.*)
21611. **O sol que madruga pode traer chuvia.** (ms10,122r: *D.E.*)
21612. **Ó sol sin sombreiro, nin en agosto nin en xaneiro.** (ms10,122r: *D.E.*)
21613. **O sol, o médico e o alguacil entran cando queren e volven saír.** (ms10,122r: *D.E.*)
21614. **Onde o sol non dá, anda o ciruxán.** (ms10,122r: *D.E.*)
21615. **Sol con auga non val nada.** (ms10,122r: *D.E.*)
21616. **Sol de abril, ábrelle a man e déixao ir.** (ms10,122r: *D.E.*)
21617. **Sol de marzo, sol de mazo.** (ms10,122r: *D.E.*)

21618. **Sol de xaneiro vén tarde e vaise cedo.** (ms10,122r: *D.E.*)
21619. **Sol de xaneiro, amor de xenro.** (ms10,122r: *D.E.*)
21620. **Sol de xaneiro, porco ó bulleiro.** (ms10,122r: *D.E.*)
21621. **Sol en nubes engarrado ten a chuvia ó seu lado.** (ms10,122r: *D.E.*)
21622. **Sol madrugador, nunca é bo sol.** (ms10,123r: *D.E.*)
21623. **Sol na cibdá, auga no nabal.** (ms10,123r: *D.E.*)
21624. **Sol que moito madura, pouco dura.** (ms10,123r: *D.E.*)
21625. **Soles e penas e ceas teñen as sepulturas cheas.** (ms10,122r: *D.E.*)

SOLANO (VIENTO)
21626. **O ar soán, nin no inverno nin no vran.** (ms10,121r: *D.E.*)
21627. **Vento soán, malo de inverno e pior de vran.** (ms10,121r: *D.E.*)

SOLDADO
21628. **O bo soldado sácase do arado.** (ms10,123r: *D.E.*)
21629. **O soldado que é casado, nin bo soldado nin bo casado.** (ms10,123r: *D.E.*)
21630. **Soldado gallego na terra hai que velo.** (ms10,123r: *D.E.*)
21631. **Un soldado sabe máis que sete abogados.** (ms10,123r: *D.E.*)

SOLO
21632. **Eu soilo ¿como poderei facelo todo?** (ms10,122r: *D.E.*)

SOLTERO. V. tamén *Matrimonio*.
21633. **Máis vale solteiro estar que mal casar.** (ms10,123r: *D.E.*)

SOPA. V. tamén *Comida*.
21634. **A millor sopa é a que se fai na boca.** (ms10,123r: *D.E.*)
21635. **As sopas e os amores, os primeiros son os millores.** (ms10,123r: *D.E.*)
21636. **Botar sopas e solber, todo xunto non se pode facer.** (ms10,123r: *D.E.*)
21637. **Entre a man e a boca corre perigo a sopa.** (ms10,123r: *D.E.*)
21638. **Nin sopa de auga nin viño de sopa.**[6193] (ms10,123r: *D.E.* / ms15,12)
21639. **Sopa en viño non emborracha pero alegra a rapaza.** (ms10,123r: *D.E.*)
21640. **Sopa en viño non emborracha, pero agachar, agacha.** (ms10,123r: *D.E.*)
21641. **Sopas de sartén son porcas pero saben ben.** (ms10,123r: *D.E.*)
21642. **Sopas e solber, non hai tal comer.** (ms10,123r: *D.E.*)
21643. **Sopas fervidas alongan a vida.** (ms10,123r: *D.E.*)

SOSPECHAS
21644. **A sospeita enxamais sai de onde entra.** (ms10,124r: *D.E.*)
21645. **O que sospeita, ten a dúbida feita.** (ms10,124r: *D.E.*)
21646. **Precura quitar sospeita e non poñela nin mantela.** (ms10,124r: *D.E.*)
21647. **Quen sospeita non acouga.** (ms10,124r: *D.E.*)

SOTO
21648. **Polo souto non corras atrás de outro.** (ms10,124r: *D.E.*)

SUBIR
21649. **A grande sobida trai a grande caída.** (ms10,121r: *D.E.*)
21650. **Canto máis alta é a sobida, máis grande é a caída.** (ms10,121r: *D.E.*)
21651. **Quen logo sobíu, máis axiña caíu.** (ms10,121r: *D.E.*)
21652. **Quen malamente sobe, máis malamente cai.** (ms10,121r: *D.E.*)

SUCEDER
21653. **Ti que querías, eu que tiña gana, socedeu o que o diaño esperaba.** (ms10,121r: *D.E.*)

SUDAR. V. tamén *Calor, calentura*.
21654. **Súa o labrego mentras outros non queren vir ó rego.** (ms10,124r: *D.E.*)
21655. **Súa o traballador pró que non é suador.** (ms10,124r: *D.E.*)

SUEGROS. V. tamén *Familia. Parientes*.

[6193] ms15,12: *sopa d'auga*.

21656. **A quen ten sogra, cedo se lle morra.** (ms10,122r: *D.E.*)

21657. **Á túa sogra, bon trato e xicarazo.** [6194] (mc e ms16: C.A. / ms10,122r: *D.E.*)

21658. **Acórdate, sogra, de que fuches nora.** (ms10,122r: *D.E.*)

21659. **As sogras i-as patacas danse moi ben baixo da terra.** (ms5,056: Silvarrey)

21660. **Así medre meu sogro como a leña no fogo.** (ms10,122r: *D.E.*)

21661. **Cando se quer a un sogro é dispois de morto.** (ms10,122r: *D.E.*)

21662. **Dos homes que conocín solo Adán tuvo xuicio: casou con muller sin nai e vivíu no paraíso.** (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)

21663. **Entre a sogra i-a muller fan o home adoecer.** (mc e ms16: Sober)

21664. **Miña sogra cando reñe ponse no medio da casa; ela misma "boto fóra", i-e eu digo "nun teño trazas".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

21665. **Non se acorda a sogra que foi nora.** [6195] (ms10,122r: *D.E.*)

21666. **O que non goza de sogra, non goza de cousa boa.** (ms10,122r: *D.E.*)

21667. **O que ten sogra, quer que logo se lle morra.** (ms10,122r: *D.E.*)

21668. **Os enemigos do home son tres: sogra, cuñada e muller.** (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO / J. M. Barral Sánchez)

21669. **Os enemigos do home son tres: sogra, cuñado e muller.** (ms-SA: M. González Fernández)

21670. **Os sogros i-os señores, os mortos son millores.** (ms)

21671. **Pra sogra borracha, tinallas cheas.** (ms10,122r: *D.E.*)

21672. **Sogra e nora comen mal a unha mesma hora.** (ms10,122r: *D.E.*)

21673. **Sogra e nora, e can e gato, non comen ben nun mesmo prato.** (ms10,122r: *D.E.*)

21674. **Sogra e nora, solas.** (mc e ms16: Buciños)
(es) *Suegra y nuera comen mal a una mesa.* (R. Marín) / *Suegra y nuera, ni en una talega.* (Id.)

21675. **Sogras e noras, ningunha conta verdá; foron feitas na mentira, criadas na falsedad.** (ms8,39r: Silvarrey)

21676. **Sogra, cuñada e sartén, na cuciña están ben.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

21677. **Sogra, nin de azucre é boa.** (ms10,122r: *D.E.*)

21678. **Sogra, nin de barro á porta.** (ms10,122r: *D.E.*)

21679. **Sogra, nin mala nin boa.** (mc e ms16: R. Caruncho / ms3: C.A. / ms10,122r: *D.E.*)

21680. **Sogra, ningunha é boa.** (ms10,122r: *D.E.*)

21681. **Sogra, nora e xenro son a entrada no inferno.** (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)

21682. **Sogra, nora e xenro son a entrada nun inferno.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

21683. **Veu o foro cargar con meu sogro.** (ms15,15)

21684. **Xa que pra min non podo, devanarei pró meu sogro.** (ms10,122r: *D.E.*)

SUELA

21685. **Con solas e viño xa pode un andar camiño.** (ms10,123r: *D.E.*)

21686. **Con solas, pan e viño ben se pode coller o camiño.** (ms10,123r: *D.E.*)

21687. **Solas e viño andan camiño.** (ms10,123r: *D.E.*)

SUEÑO. V. tamén *Dormir*.

21688. **Noites alegres, mañás tristes, cabezas tolas que non durmistes.** [6196] (mc e ms: Santiago)

21689. **Noites longas, sono curto.** [6197] (mc e ms: Santiago)

21690. **O sono i-a morte son irmaus xemelos.** [6198] (ms10,123r: *D.E.*)

21691. **Pró moito sono non hai xergón duro.** [6199] (ms10,123r: *D.E.*)

21692. **Sono de abril déixallo ó teu fillo dormir.** [6200] (ms10,123r: *D.E.*)

21693. **Sono de maio, déixao pró teu criado.** [6201] (ms10,123r: *D.E.*)

21694. **Soñaba o cego que vía e soñaba o que quería.** [6202] (ms10,123r: *D.E.*)

[6194] ms10: *bo trato*.

[6195] V. *Non s'acorda o cura de cando foi sacristán* en *Oficios*.

[6196] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal. Contén a indicación *Sono* no ms. / mc: *dormistes*.

[6197] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal. Contén a indicación *Sono* no ms.

[6198] En ms10 s.v. *Sueño, sueños*.

[6199] En ms10 s.v. *Sueño, sueños*.

[6200] En ms10 s.v. *Sueño, sueños*.

[6201] En ms10 s.v. *Sueño, sueños*.

21695. **Soñar dormindo ou soñar desperto, é come andar a rolos ou dando voltas por un deserto.** [6203] (ms10,123r: *D.E.*)

21696. **Un sono saca outro sono.** [6204] (ms10,123r: *D.E.*)

SUERTE. V. tamén *Fortuna*.

21697. **A sorte non é pra quen a busca senón pra quen a atopa.** (ms10,124r: *D.E.*)

21698. **O que che tocou en sorte non teñas por forte.** (ms10,124r: *D.E.*)

21699. **Sorte teñas, fillo, que o saber non sempre vale.** (ms10,124r: *D.E.*)

21700. **Teñas moita sorte e o saber pouco che importe.** (ms10,124r: *D.E.*)

SUFRIR

21701. **Moito sofre quen ben quer.** (ms10,121r: *D.E.*)

21702. **Sofre con pacencia e vivirás en paz.** (ms10,121r: *D.E.*)

21703. **Sofre hoxe que xa chegará mañá.** (ms10,121r: *D.E.*)

21704. **Sofre o mal veciño e libraraste de outro máis maliño.** (ms10,121r: *D.E.*)

21705. **Sofre por saber e traballa por ter.** (ms10,121r: *D.E.*)

21706. **Sofrir con pacencia non é mala penitencia.** (ms10,121r: *D.E.*)

21707. **Sofrir por valer, traballar por ter e estudiar por saber, calquera o pode facer.** (ms10,121r: *D.E.*)

SUPERFLUO. V. tamén *Gastar, Sibaritismo*.

21708. **Azafrán de noite e luz de día é tontería.** [6205] (ms: C.A.)

(es) *Azafrán de noche y candela de día, es cosa perdida.* (Correas) / *Azafrán de noche y candil de día, despilfarro y tontería.* (R. Marín)

Lo del azafrán es por lo que ponen en las tocas que no luce: algunos quieren que sea de los guisados, que no se descubre, o por ser dañoso y caliente para de noche. (Correas)

SUPERSTICIOSO. V. tamén *Religiosos y morales*.

21709. **Si pasas por debaixo do pau, non medras máis.** [6206] (mc e ms: Santiago)

Contiene una vana superstición del pueblo.

TABACO

21710. **O tabaco e o viño hai algús que os regalan ó seu veciño.** (ms10,124r: *D.E.*)

21711. **Si o tabaco é de colillas, non te gastes as cerillas.** [6207] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

21712. **Tabaco, muller e viño, millor pra min que pró meu veciño.** (ms10,124r: *D.E.*)

21713. **Tabaco, viño e muller botan un home a perder.** (ms10,124r: *D.E.* / ms15,12)

TABERNA. V. tamén *Beber*.

21714. **Anque estou malo das pernas, inda podo ir á taberna.** (ms10,124r: *D.E.*)

21715. **Anque teño mala a perna, ben sei onde está a taberna.** (ms10,124r: *D.E.*)

21716. **Por ir á misa entrei na taberna e quedeime nela.** (ms10,124r: *D.E.*)

21717. **Taberna sin xente ben pouco vende.** (ms10,124r: *D.E.*)

21718. **Taberna vella non precisa na porta ramalleira.** (ms10,124r: *D.E.*)

TABERNERO

21719. **Do taberneiro novo fuxe como do lobo.** (ms10,124r: *D.E.*)

21720. **Nunca taberneiro seas, por mal e probe que esteas.** (ms10,124r: *D.E.*)

21721. **O bo taberneiro, antes de vender o viño, bautízao primeiro.** (ms10,124r: *D.E.*)

21722. **O taberneiro novo fai da taberna o seu tobo.** (ms10,124r: *D.E.*)

TAJADA. V. tamén *Comida*.

21723. **Benia a tallada que trai outra engarrada.** (ms10,124r: *D.E.*)

TAMBORILERO

21724. **Repinica de présa, meu tamborileiro, que bailar de présa, eso éche o que eu quero.** (ms10,124r: *D.E.*)

[6202] En ms10 s.v. *Sueño, sueños*.

[6203]

[6204] En ms10 s.v. *Sueño, sueños*.

[6205] Contén a indicación *Sobre lo supérfluo*.

[6206] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal. Contén a indicación *Supersticioso* no ms.

[6207] O orixinal di *Si o tabaco e de colillas nonte gastes as cerillas*.

TAPADERA

21725. **Benia o testo que sabe tapar a ola.** (ms10,130r: *D.E.*)

21726. **Benia o testo que tapa ben o pote.** (ms10,130r: *D.E.*)

TARDAR

21727. **Non tarda o que vén, se o que espera pacencia ten.** (ms10,125r: *D.E.*)

21728. **Soilo tarda o que se espera.** (ms10,125r: *D.E.*)

TARDE

21729. **Nas tardes de abril vai a onde teñas que ir, que á túa casa irás a durmir.** (ms10,125r: *D.E.*)

21730. **Tarde chega a vello o que de mozo vive como vello.** (ms10,125r: *D.E.*)

21731. **Tarde dá quen agarda a que lle pidan.** (ms10,125r: *D.E.*)

21732. **Tarde dar e negar, andan á par.** (ms10,125r: *D.E.*)

21733. **Tarde e mal son dous males.** (ms10,125r: *D.E.*)

21734. **Tarde e mal, dúas veces mal.** (ms10,125r: *D.E.*)

21735. **Tarde ou cedo queda o burro sin pelexo.** (ms10,125r: *D.E.*)

21736. **Tarde ou cedo van os porcos ó cortello.** (ms10,125r: *D.E.*)

21737. **Tarde ou cedo, tódolos porcos proban o coitelo.** (ms10,125r: *D.E.*)

21738. **Tarde ou cedo, todos debaixo da terra estaremos.** (ms10,125r: *D.E.*)

21739. **Tarde se arrepinte o rato cando xa está na boca do gato.** (ms10,125r: *D.E.*)

21740. **Tarde volveu o gato coa sardiña ó garabato.** (ms10,125r: *D.E.*)

21741. **Tarde, mal e nunca son tres malas pagas.** (ms10,125r: *D.E.*)

TASA

21742. **A tasa non ten medida.** (ms10,125r: *D.E.*)

21743. **Ben sabe a tasa que merca e paga.** (ms10,125r: *D.E.*)

TEJA

21744. **A millor tella, a máis vella.** (ms10,125r: *D.E.*)

21745. **A tella preto da orella.** (ms10,125r: *D.E.*)

21746. **O que non dorme debaixo da tella, coa morte se aconsella.** (ms10,125r: *D.E.*)

TEJADO

21747. **Non debe tirar pedras ó tellado o que non está limpo de pecado.** (ms10,125r: *D.E.*)

21748. **O que ten o tellado de vidro non debe tirar pedras ó do veciño.** (ms10,125r: *D.E.*)

21749. **Tellado feito de contado, non tarde en ser retellado.** (ms10,125r: *D.E.*)

TELA

21750. **A tea de araña deixa o rato e a mosca apaña.** (ms10,125r: *D.E.*)

21751. **A tea mal tecida, ó lavala queda máis encollida.** (ms10,125r: *D.E.*)

21752. **A tea miúda, o seu dono axuda.** (ms10,125r: *D.E.*)

21753. **Pra tea tecida e muller parida nunca remedio faltou na vida.** (ms10,125r: *D.E.*)

21754. **Tea de un soilo pulgar, tarde vai ó tear; mais cando vai, vai sempre igual.** (ms10,125r: *D.E.*)

TELAR

21755. **Mentras teña o meu tear, camisa non me ha de faltar.** (ms10,125r: *D.E.*)

21756. **No tear déixemo Dios poñer, que inda que sea o diaño haio tecer.** (ms10,125r: *D.E.*)

TEMOR

21757. **A moitos debe temer aquel a quen moitos temen.** [6208] (ms10,125r: *D.E.*)

21758. **As veces val máis temer que ser temido.** [6209] (ms10,125r: *D.E.*)

21759. **O que de moitos é temido, a moitos ten que temer.** [6210] (ms10,125r: *D.E.*)

21760. **O temor á muller é o comenzo da saúde.** (ms10,126r: *D.E.*)

21761. **O temor é o máis fero door.** (ms10,126r: *D.E.*)

21762. **O temor sempre sospeita o pior.** (ms10,126r: *D.E.*)

TEMPLANZA

21763. **A temperanza é media vida.** (ms10,126r: *D.E.*)

21764. **Coa temperanza a saúde é a que máis gana.** (ms10,126r: *D.E.*)

[6208] En ms10 s.v. *Temer*.
[6209] En ms10 s.v. *Temer*.
[6210] En ms10 s.v. *Temer*.

TENDERO. V. tamén *Comercio, Tienda*.

21765. **O tendeiro e a muller sempre teñen que facer.** (ms10,128r: *D.E.*)

21766. **O tendeiro que o seu trato non entende, que cerre a tenda ou que a venda.** (ms10,128r: *D.E.*)

TENER. V. tamén *Propiedad*.

21767. **Abondo ten quen bo creto ten.** (ms10,128r: *D.E.*)

21768. **Bo é ter en que se entreter.** (ms10,128r: *D.E.*)

21769. **Canto temos, tanto valemos.** (ms10,128r: *D.E.*)

21770. **De médico, poeta, músico e louco, todos temos un pouco.** (ms10,128r: *D.E.*)

21771. **Dende que teño ovellas e crías, todos me dan os bos días.** (ms10,128r: *D.E.*)

21772. **Máis val "teño un ichavo" que "préstame un carto".** (ms10,128r: *D.E.*)

21773. **Nada ten o que nada lle abonda.** (ms10,128r: *D.E.*)

21774. **Nada ten que perder que nada ten de seu.** (ms10,128r: *D.E.*)

21775. **Ninguén sabe o que ten, se ten quen o mantén.** (ms10,128r: *D.E.*)

21776. **Non sabe o que ten quen casa de seu ten.** (ms10,128r: *D.E.*)

21777. **Non sempre temos o que queremos.** (ms10,128r: *D.E.*)

21778. **Non ten eira, nin leira, nin pau de figueira.** (ms10,128r: *D.E.*)

21779. **Non ten nada quen nada lle abonda.** (ms10,128r: *D.E.*)

21780. **O conto é que eu teña, veña de onde veña.** (ms10,128r: *D.E.*)

21781. **O que ten cabras e fillos, non pode estar a ben cos seus veciños.** (ms10,128r: *D.E.*)

21782. **Quen nada ten e nada desea, é o máis rico da terra.** (ms10,128r: *D.E.*)

21783. **Quen non ten non é tido.** (ms10,129r: *D.E.*)

21784. **Quen o ten, lúceo.** (ms10,129r: *D.E.*)

21785. **Quen pouco ten e o dá, logo se arrepintirá.** (ms10,129r: *D.E.*)

21786. **Quen ten catro e gasta cinco, non necesita faltriqueira.** (ms10,129r: *D.E.*)

21787. **Quen ten roupa e durme no chan, é un bo borricán.** (ms10,129r: *D.E.*)

21788. **Quen ten, ese ten.** (ms10,129r: *D.E.*)

21789. **Ruín seña quen por ruín se teña.** (ms10,129r: *D.E.*)

21790. **Se moito se ten, moito se gasta e máis se quer.** (ms10,129r: *D.E.*)

21791. **Se non tes pra ben, pra mal non che faltará.** (ms10,129r: *D.E.*)

21792. **Sempre o ter se lixou no saber.** (ms10,129r: *D.E.*)

21793. **Sorte do que ten e probe do que o ten que buscar.** (ms10,129r: *D.E.*)

21794. **Tanto come o que ten como cobiza o que non ten.** (ms10,129r: *D.E.*)

21795. **Tanto tes como vales.** (ms10,129r: *D.E.*)

21796. **Ten de teu e fai por ter, que tarde ou cedo ó teu has de volver.** (ms10,129r: *D.E.*)

21797. **"Ten quen ten", din as campanas de Toén.** (ms10,129r: *D.E.*)

21798. **Teña en cubas e caudal, e quen queira, viñas e lagar.** (ms10,129r: *D.E.*)

21799. **Teñamos paz e chegaremos a vellos.** (ms10,129r: *D.E.*)

TESORO. V. tamén *Riqueza, Riqueza y dinero*.

21800. **Bo tesouro ten o que está de saúde ben.** (ms10,130r: *D.E.*)

21801. **Máis val tesouro de virtú que de ouro.** (ms10,130r: *D.E.*)

21802. **Non falta tesouro de viño nin de ouro.** (ms10,130r: *D.E.*)

21803. **O maor tesouro sempre vai ó ouro.** (ms10,130r: *D.E.*)

21804. **Quen ten un tesouro non pensa máis que en ouro.** (ms10,130r: *D.E.*)

21805. **Sempre o tesouro chama polo ouro.** (ms10,130r: *D.E.*)

TESTAMENTO (V. tamén *Dádivas, Dado, Dar y recibir, Donaciones, Limosna, Negación, Negativas, Peticiones*.

21806. **De facer testamento, faino a tempo.** (ms10,130r: *D.E.*)

21807. **Se queres facer testamento, faino antes de estar enfermo.** (ms10,130r: *D.E.*)

21808. **Testamento non é enterramento pero é presentemento.** (ms10,130r: *D.E.*)

TESTIGO

21809. **Apurar moito o testigo máis é cousa de enemigo que do amigo.** (ms10,130r: *D.E.*)

21810. **Dous testigos falsos matan un home.** (ms10,130r: *D.E.*)

21811. **Máis vale un testigo de vista que un cento de ouvidos.** (ms10,130r: *D.E.*)

21812. **Pensa sempre que non hai sitio sin testigo.** (ms10,130r: *D.E.*)

TÍA

21813. **Tiven unha tía que mentras mandaba unha cousa, xa a facía.** (ms10,130r: *D.E.*)

TIEMPO. V. tamén *Agrícolas* (*Meteorológicos*), *Calor, Estrellas, Frío, Marítimos* (*Aves, Peces, Tierra y mar, Vientos y calmas*), *Niebla, Nieve, Nubes, Pronósticos atmosféricos, Tronar, Viento*.

21814. **A bo tempo chegamos, se non nos dan xostregazos.** (ms10,126r: *D.E.*)

21815. **Á curta ou á larga, o tempo todo o alcanza.** (ms10,126r: *D.E.*)

21816. **Cada cousa, no seu tempo.** (ms10,126r: *D.E.*)

21817. **Cada tempo ten os seus costumes.** (ms10,126r: *D.E.*)

21818. **Calquera tempo pasado é millorado.** (ms10,126r: *D.E.*)

21819. **Cando fai o seu tempo, non é mal tempo.** (ms10,126r: *D.E.*)

21820. **Cando non fai o seu tempo, non é bo tempo.** (ms10,126r: *D.E.*)

21821. **Canto máis tempo se gana, máis tempo se perde.** (ms10,126r: *D.E.*)

21822. **Co tempo todo chega.** (ms10,126r: *D.E.*)

21823. **Co tempo todo morre.** (ms10,126r: *D.E.*)

21824. **Co tempo todo pasa.** (ms10,126r: *D.E.*)

21825. **Co tempo todo se acaba.** (ms10,126r: *D.E.*)

21826. **Co tempo todo se desfai.** (ms10,126r: *D.E.*)

21827. **Co tempo todo se esquece.** (ms10,126r: *D.E.*)

21828. **Co tempo todo se sabe.** (ms10,126r: *D.E.*)

21829. **Co tempo todo se vai.** (ms10,126r: *D.E.*)

21830. **Co tempo veñen os figos.** (ms10,126r: *D.E.*)

21831. **Colle o tempo conforme vén, se outra cousa non podes facer.** (ms10,126r: *D.E.*)

21832. **En tempo e lugar, hai que saber perder e ganar.** (ms10,126r: *D.E.*)

21833. **En tempo mollado vende a lan e deixa o fiado.** (ms10,126r: *D.E.*)

21834. **Ganando tempo, pérdese tempo.** (ms10,126r: *D.E.*)

21835. **Hai que dar tempo ó tempo pra que as cousas veñan con tento.** (ms10,126r: *D.E.*)

21836. **Mal anda o tempo, cando o que non pode a xusticia, pódeo o diñeiro.** (ms10,126r: *D.E.*)

21837. **No tempo de arrendar, cantar; no tempo de pagar, chorar.** (ms10,126r: *D.E.*)

21838. **No tempo de marzo, á mañán enxoito e á tarde mollado.** (ms10,126r: *D.E.*)

21839. **No tempo dos coellos non hai consellos.** (ms10,126r: *D.E.*)

21840. **Non é bo tempo o que non é do seu tempo.** (ms10,126r: *D.E.*)

21841. **Non se fai fóra do tempo o que se fai no seu tempo.** (ms10,126r: *D.E.*)

21842. **Nunca "tempo hai" fixo cousa boa.** (ms10,126r: *D.E.*)

21843. **Ó seu tempo maduran as uvas.** (ms10,127r: *D.E.*)

21844. **Ó seu tempo vén o que Dios quer.** (ms10,127r: *D.E.*)

21845. **O tempo acrara as cousas e o tempo as escurece.** (ms10,127r: *D.E.*)

21846. **O tempo corre, e todo vai detrás del.** (ms10,127r: *D.E.*)

21847. **O tempo corre.** (ms10,127r: *D.E.*)

21848. **O tempo creba sin canto e sin pedra.** (ms10,127r: *D.E.*)

21849. **O tempo cura o enfermo e non o ingüento.** [6211] (ms10,127r: *D.E.* / ms15,17)

21850. **O tempo dá bo consello.** (ms10,127r: *D.E.*)

21851. **O tempo dá o remedio e nunca falta o consello.** (ms10,127r: *D.E.*)

21852. **Ó tempo das brevas todos se achegan.** (ms10,127r: *D.E.*)

21853. **O tempo é diñeiro.** (ms10,127r: *D.E.*)

21854. **O tempo é o inventor de moitas cousas.** (ms10,127r: *D.E.*)

21855. **O tempo é o millor conselleiro.** (ms10,127r: *D.E.*)

21856. **O tempo é o millor mestre.** (ms10,127r: *D.E.*)

21857. **O tempo é ouro.** (ms10,127r: *D.E.*)

21858. **O tempo é pai da verdá e irmau da mentira.** (ms10,127r: *D.E.*)

21859. **O tempo é sabio, pero o diaño é vello.** (ms10,127r: *D.E.*)

21860. **O tempo i-o diñeiro corren a paso lixeiro.** (ms10,127r: *D.E.*)

21861. **O tempo non anda pra atrás.** (ms10,127r: *D.E.*)

21862. **O tempo non-o come o lobo.** [6212] (ms10,127r: *D.E.*)

21863. **O tempo non pasa en balde.** (ms10,127r: *D.E.*)

[6211] ms15,17: *o ungüento.*

[6212] O orixinal di: *O tempo nono come o lobo.*

21864. **O tempo non recúa, porque non é mula.** (ms10,127r: *D.E.*)

21865. **O tempo non se detén, porque non fala con ninguién.** (ms10,127r: *D.E.*)

21866. **O tempo non se para, nin recúa, nin adianta.** (ms10,127r: *D.E.*)

21867. **O tempo nunca ten présa pero sempre chega.** (ms10,127r: *D.E.* / ms15,17)

21868. **O tempo pasado sempre foi louvado.** (ms10,127r: *D.E.*)

21869. **O tempo que é do seu tempo, que chova, que trone, sempre é bo tempo.** (ms10,127r: *D.E.*)

21870. **O tempo todo o amansa.** (ms10,127r: *D.E.*)

21871. **O tempo todo o cobre, todo o encobre, e todo o descobre.** (ms10,127r: *D.E.*)

21872. **O tempo todo o cura, hastra topar connosco na sepultura.** (ms10,127r: *D.E.*)

21873. **O tempo todo o tapa e todo o destapa.** (ms10,127r: *D.E.*)

21874. **O tempo todo o trai e todo o leva.** (ms10,127r: *D.E.*)

21875. **O tempo trai as froles; e dispois de as traer, fainas toller e vólveas traer.** (ms10,127r: *D.E.*)

21876. **O tempo traino todo e lévao todo.** (ms10,127r: *D.E.*)

21877. **O tempo vaise e os anos véñense.** (ms10,127r: *D.E.*)

21878. **Perdendo o tempo non se gana diñeiro.** (ms10,127r: *D.E.*)

21879. **Quen en tempo foxe, con tempo acode.** (ms10,127r: *D.E.*)

21880. **Quen tempo ten e tempo espera, tempo é que o demo lle leva.** (ms10,127r: *D.E.*)

21881. **Tempo e fertuna logo se muda.** (ms10,127r: *D.E.*)

21882. **Tempo e sazón a ninguién dan conta nin razón.** (ms10,127r: *D.E.*)

21883. **Tempo ido, tempo perdido.** (ms10,127r: *D.E.*)

21884. **Tempo pasado que vén á memoria, dá máis pena que groria.** (ms10,127r: *D.E.*)

21885. **Tempo ten a choca e tempo ten quen a xoga.** [6213] (mc e ms: A.S.A.)
(pt) *Tempo à choca e tempo a quem a joga.* (Chaves)

21886. **Tempo tras tempo, tempo vén.** (ms10,127r: *D.E.*)

21887. **Tempos van e tempos veñen; sofran os que penas teñen.** (ms10,128r: *D.E.*)

21888. **Tódalas cousas queren o seu tempo.** (ms10,128r: *D.E.*)

21889. **Todo tempo pasado foi o máis louvado, porque o que está por vir, ou nos fará chorar ou nos fará surrir.** (ms10,128r: *D.E.*)

21890. **Todo tempo pasado foi o millor.** (ms10,128r: *D.E.*)

TIENDA. V. tamén *Comercio, Tendero*.

21891. **A pior tenda é a valeira.** (ms10,128r: *D.E.*)

21892. **A tenda é pra quen a atenda.** (ms10,128r: *D.E.*)

21893. **Do que está na súa tenda, que non digan que estivo na contenda.** (ms10,128r: *D.E.*)

21894. **Non hai pior tenda que a que está valeira.** (ms10,128r: *D.E.*)

21895. **Pon a tenda do que entendas.** (ms10,128r: *D.E.*)

TIERRA

21896. **A terra allea queima.** (ms10,129r: *D.E.*)

21897. **A terra descansada non precisa ser gabada.** (ms10,129r: *D.E.*)

21898. **A terra e a femia que non-a ara, en balde a sementa.** [6214] (ms10,129r: *D.E.*)

21899. **A terra morena bo pan leva.** (ms10,129r: *D.E.*)

21900. **A terra negra bo pan leva; a branca, nin pan nin palla.** (ms10,129r: *D.E.*)

21901. **A terra onde nacín é a millor pra min.** (ms10,129r: *D.E.*)

21902. **A terra que non se cobre de herba, non é boa nin prá vaca nin prá ovella.** (ms10,129r: *D.E.*)

21903. **Bota terra enriba de terra e verás o pan que leva.** (ms10,129r: *D.E.*)

21904. **Da terra ben traballada espera boa anada.** (ms10,129r: *D.E.*)

21905. **En terra de señorío, almendro ou guindo; en terra real, nogueira e moral.** (ms10,129r: *D.E.*)

21906. **Na ruín terra antes vén a fame que a cereixa.** (ms10,129r: *D.E.*)

[6213] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal. Contén a indicación *Sobre el tiempo* no ms.

[6214] O orixinal di: *A terra e a femia que nona ara, en balde a sementa.*

21907. **Na súa terra, ou o burro fala ou o burro ornea.** (ms10,129r: *D.E.*)
21908. **Non andes con soberbia enriba da terra, porque has de ir pra debaixo dela.** (ms10,129r: *D.E.*)
21909. **Non é boa a terra que sempre hai que loitar co ela.** (ms10,129r: *D.E.*)
21910. **Non hai terra mala cando lle vén a súa anada.** (ms10,129r: *D.E.*)
21911. **Non hai terra tan brava que non amoleza ca aixada.** (ms10,129r: *D.E.*)
21912. **Non hai terra tan brava que resista o arado, nin home tan manso que queira ser mandado.** (ms10,129r: *D.E.*)
21913. **O que traballa a súa terra, nunca terá moita perda.** (ms10,129r: *D.E.*)
21914. **Pola terra e polo mar, obrar e calar.** (ms10,129r: *D.E.*)
21915. **Renega da terra que tes que loitar con ela.** (ms10,129r: *D.E.*)
21916. **Terra boa, terra mala, cada unha dá a súa anada.** (ms10,129r: *D.E.*)
21917. **Terra como a do Ribeiro non-a hai no mundo enteiro.** [6215] (ms10,129r: *D.E.*)
21918. **Terra folgada sempre gana.** (ms10,129r: *D.E.*)
21919. **Terra moi aradeira pra quen a queira.** (ms10,130r: *D.E.*)

TÍO

21920. **Ó tío sin fillos aparéllalle Dios sobriños.** (ms10,130r: *D.E.*)
21921. **Se tes un tío rico e sin fillos, faille mimos e aloumiños.** (ms10,130r: *D.E.*)

TIZÓN

21922. **Un tizón non arde sin outro que o acompañe.** (ms10,130r: *D.E.*)
21923. **Un tizón non arde sin outro.** (ms10,130r: *D.E.*)

TOCINO. V. tamén *Comida*.

21924. **Anaco de touciño pide trago de viño.** (ms10,131r: *D.E.*)
21925. **Ó touciño mételle tragos de viño.** (ms10,131r: *D.E.*)
21926. **Onde hai touciños non hai corres.** (ms10,131r: *D.E.*)
21927. **Tallada de touciño quer gulapo de viño.** (ms10,132r: *D.E.*)

TODO. V. tamén *Mucho, Nada, Poco*.

21928. **Non digas todo o que sabes nin fagas todo o que podes, nin xusgues todo o que ves nin creas todo o que falan.** (ms10,130r: *D.E.*)

TOMAR

21929. **No tomar e dar e fácil errar.** (ms10,131r: *D.E.*)

TOMATE. V. tamén *Comida, Huerta*.

21930. **A todo lle vai ben o tomate, non sendo ás papas e ó chiculate.** (ms10,131r: *D.E.*)
21931. **Con tomates na cociña fanse milagros a eito.** (ms10,131r: *D.E.*)
21932. **Con tomates non hai mala cociñeira.** (ms10,131r: *D.E.*)
21933. **O tomate úsase hastra que se remate.** (ms10,131r: *D.E.*)

TORMENTA

21934. **As tormentas de san Xoán tollen o viño e levan o pan.** (ms10,131r: *D.E.*)

TRABAJO. V. tamén *Ocio* (*Reprobación del ocio*).

21935. **A casa donde se traballa nunca está sin pan nin palla.** [6216] (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
21936. **A pedra andando non cría musgo.** [6217] (mc: A.S.A. / ms10,086r: *D.E.*)
21937. **A pedra que roda non ten carrizo.** (mc: C.A.)
(pt) *Pedra que muito rola, não cria musgo.* (Chaves) / *Pedra roliça não cria bolor.* (Id.) (es) *Piedra movediza no cría moho.* (R. Marín) / *Piedra rodona, nunca mohosa.* (Id.) / *Piedra movediza no coge musgo.* (Id.) (ct) *Pedra movediça, no cría mèlsa.* (Alberola)
21938. **A que bon meniño cría, boa fusadiña fía.** (mc: Fonsagrada-F.V.S.)
21939. **A que en san Bartolomeu non vela, non fai boa tela.** [6218] (mc: J.P.)
(pt) *A boa fiandeira, de S. Bartolomeu* (24), *toma a vela e a mais boa, da Madalena* (22

[6215] O orixinal di: *Terra como a do Ribeiro, nona hai no mundo enteiro.*

[6216] ms4: *casa en donde*.
[6217] En ms10 s.v. *Piedra*. V. *A pedra parada musgo cría* en *Ocio* (*Efectos del ocio*).
[6218] mc: *San Bartolomé*. Jacinto del Prado rexistra o refrán coa forma *Bartoloméu*.

de julho). (Chaves) (es) *La que en San Bartolomé no vela, no hace buena tela.* (Sbarbi) (ct) *La que per sant Bartomeu no vela, mai fa bona tela.* (Sanchis) / *La bona filanera per sant Bartomeu comença la vela; i la molt bona, per santa Magdalena.* (Id.)

21940. **A que seus fillos cría, boa tea fía.** [6219] (mc: M.V. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(pt) *Bem fiei, pois meu filho criei.* (Chaves) (es) *No es poca la lana que hila la mujer que sus hijos cría.* (R. Marín)

21941. **A quen cedo se ergue, cedo lle estrelece.** (mc: C.A.)

21942. **A quen primeiro se ergue, todo lle serve.** [6220] (mc: G.S.)

21943. **A Roma por cento, a Roma por cento e un.** (mc: M.V.)

(es) *A Roma por todo.* (Sbarbi)

21944. **A roupa lavada, polo enxoito agarda.** (mc: Cotá.)

(es) *Ropa lavada sol aguarda.* (R. Marín)

21945. **A roupa lavada, polo sol agarda.** [6221] (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

21946. **A todo o mundo lle chega a súa hora.** [6222] (mc: Buciños)

21947. **Acábate, miña roca, embelóurate, meu fuso, pre que miña mai diga: "Miña filla, fías muito".** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

21948. **Afanar, afanar e nunca medrar.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

(pt) *Afanar, afanar e nunca medrar.* (Chaves) (es) *Afanar, afanar, y nunca medrar.* (Correas) / *Afanar y no medrar es para desesperar.* (Id.)

21949. **Antes de almorzar non quero traballar.** (ms-SA: José Calviño Pueyo: A Ponte Maceira, Portor, Negreira, C / Francisco Canosa Quintáns)

21950. **Aquel que non traballa non ten migalla.** (mc: Pidre / ms4: F.V.S.)

(pt) *Quem não trabalha não mantem casa farta.* (Chaves) / *Quem não trabalha não come.* (Id.)

21951. **Aquel que non traballa, non come na cunca e dorme na palla.** (ms15,17)

21952. **As cousas ben feitas ben parecen i-o que as fai algo merece.** [6223] (ms)

21953. **As cousas ben feitas ben parecen.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(es) *Lo bien hecho, bien parece.* (Correas)

21954. **As noites para andar fan o camiño largo.** (mc / ms18,68r: *Diario de Avisos* de Ricardo Caruncho (1888))

Var.: *As noites para andar fan o camiño alargar.* (mc)

21955. **As obras son boas pra quen as encontra feitas.** [6224] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

21956. **Axúdame algo e dareiche moito.** (mc: Santiago)

21957. **Barba pon a mesa e non perna tesa.** [6225] (mc e ms: J.P. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(es) *Barba pone mesa, que no pierna tiesa.* (Correas) / *Barba pone mesa, que no brazo ni pierna.* (Correas / R. Marín)

21958. **Bo traballo é traballar cando a ganancia é pouca.** (ms10,132r: *D.E.*)

21959. **Boa roca fía quen seus fillos cría.** (mc)

21960. **Boa roquiña fía a que o seu fillo cría.** [6226] (mc: *Terra de Melide* / ms: V.R. y A.R.)

Var.: *Boa rocada fía a que o seu filliño cría.* (ms5,137: A.N.)

(pt) *Boa massaroca* (ou *teia*) *fia quem seu filho cria.* (Chaves) (es) *Bien hilé, pues mis hijos crié.* (R. Marín)

Como *A que bon meniño cría...*

21961. **Boa tea fía o que seu fillo cría.** (ms21,15v: Bermés)

21962. **Bordar e facer albardas, todo é dar puntadas.** (ms15,13)

21963. **Cada pita ten que vivir do que escarabella.** [6227] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

21964. **Cada traballo fai o seu callo.** (mc: Tuiriz)

21965. **Cal traballes comerás.** (mc: M.L.)

21966. **Cando mozos, traballos; e cando vellos, farrapos.** (ms10,132r: *D.E.*)

[6219] ms4: *A quen*; ms-LU: *quos seus*.
[6220] ms4: *pirmeiro*.
[6221] O orixinal di: *A roupa lavada pol'o sol agarda.*
[6222] V. *A todos os santos lles chega a súa festa* en *Esperanza* (*Esperanza ante los infortunios*).

[6223] O orixinal di: *As cousas ben feitas ven parecen y'o que as fai, algo merece.*
[6224] ms-LU: *pro quias encontra*.
[6225] V. *Pra traballar, requenquenear; e pra comer á mesa, barba tesa* en *Pereza*. / mc: *Basba, nin perna*; ms-LU: *pon mesa*. Jacinto del Prado rexistra o refrán tal e como aparece en ms.
[6226] mc: *a quen*.
[6227] ms-LU: *do qu'escarabella*.

21967. **Cando o crego toca cedo, deixa a fariña i-o lévedo.** (mc: Chantada)

21968. **Cando o demo non ten que facer, sácalle os ollos a súa nai.** (mc: C.A.)

Var.: *Cando o demo non ten en que se entreter, sácalle os ollos á súa nai.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

Reprende a los que en tiempos de ocio se entregan a trabajos impropios de su edad o condición.

21969. **Cando os demos son moitos i-a auga bendita pouca, non se fai labor.** [6228] (mc: Buciños / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

21970. **Cando se afila un aceiro, non che prospera o tinteiro.** (ms: Santiago)

21971. **Canta máis prisa máis facer.** (mc: Santiago)

Var.: *Canta máis prisa máis tecer.* (Id.)

21972. **Canto o mundo traballa e precura, todo é loucura.** (ms10,132r: *D.E.*)

21973. **Carreira que non bota, no corpo a ten.** (mc: Páramo-F.V.S.)

(es) *Carrera que no da el caballo, en el cuerpo le queda.* (Sbarbi)

Equiv.: *Cuanto más me apresuro, más me destruyo*. Dícese do can.

21974. **¡Como alegra o que sin traballo se gana e sin traballo se aumenta!** (ms10,132r: *D.E.*)

21975. **Con pouco traballo non se fan logo as cousas.** (ms10,132r: *D.E.*)

21976. **Con regra has de executar canto queiras ensaiar.** [6229] (ms4: J.P.)

21977. **Cuña, cuña, qu'anque no[n] serra, axuda.** [6230] (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

21978. **Cuña, cuña, que inda que non serra, axuda.** (mc: C.G.)

21979. **Chirlo merlo, busca de vrau pra comer no inverno.** [6231] (mc: Otero de Rey)

Var.: *Díxolle a formiga a un paxaro: "Chirlo merlo, chirlo merlo, según andas de póla en póla, busca de comer pró inverno".* (ms4: Paradela-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

21980. **Dar ao pé, facer é.** [6232] (ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* d La Coruña)

21981. **De día traballar e de noite espallar.** (ms10,049r: Pidre)

21982. **De pouco sirve o afanar sin quen sepa aproveitar.** (ms4: J.P.)

21983. **De Dios abaixo cada un vive do seu traballo.** (ms: Silvarrei)

21984. **De Dios abaixo todo o mundo vive do seu traballo, sexa bon, sexa malo.** [6233] (ms10,007r: *D.E.*)

21985. **Descubrir un altar pra cubrir outro é cousa de loucos.** (mc: A.S.A.)

(es) *Desnudar a un santo para vestir a otro no es buen acomodo.* (R. Marín)

Amén de otras aplicaciones, el refrán critica el trabajo superfluo.

21986. **Descubrir un altar pra cubrir outro é uso de louco.** (ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)

21987. **Detrás do traballo vén o pago.** (ms10,132r: *D.E.*)

21988. **Dios de traballo a todos menos ó verdugo.** (ms4: F.V.S.)

21989. **Dios dea salude que traballos non han faltar.** [6234] (ms15,12)

21990. **Do traballo sai a virtude.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

21991. **É millor arrodear que mal atallar.** [6235] (mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

21992. **É millor liño mazar ca liño crebar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

21993. **É millor mal arrodear ca mal atallar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

21994. **É millor traballar pra pillos que pedir pra amigos.** (mc: Buciños)

21995. **En boa roca fía, o que os seos fillos cría.** [6236] (ms-SA: M. García García: Santa Xuliana de Monfero, C)

21996. **En boa roca fía o que seus fillos cría.** (ms-SA: José Luís Castro Izaga: Lira, Carnota, C)

[6228] ms-LU: *Cand'os demos, auga bendita é pouca*.

[6229] O orixinal di: *Con regra has de executar canto queiras ensayar*. Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición oral.

[6230] O orixinal di: *Cuña!, cuña!, qu'anque no zerra axuda.*

[6231] V. En vez de andar ó tirulero, traballe de vran pró inverno, *díxolle a formiga ó merlo* en *Agrícolas* (*Animales*). / V. *Chicha, carrizo; traballa do vran pró inverno e non teñas priguicia* en *Pereza*.

[6232] ms6,02v: *Dar ó pé*.

[6233] En ms10 s.v. *Dios* coa indicación *Trabajo*.

[6234] V. *Pacencia nos dea Dios que traballos non han de faltar* en *Paciencia* (*Paciencia voluntaria*).

[6235] ms-LU: *ca mal atallar*.

[6236] O orixinal di *O que en boa roca fía, o que os seos fillos cría*.

21997. **En cama molida non se goberna a vida.** (mc: M.V. / ms27,26v)

Var.: *En cama mullida non se gana a vida.* (mc: Taboada / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo) [6237]

21998. **En esta terra terruca, o que non traballa non manduca.** [6238] (mc: Buciños / ms4: Monterroso)

(pt) *Em casa deste home quem não trabalha não come.* (Chaves) (es) *En esta vida caduca, el que no trabaja, no manduca.* (R. Marín)

21999. **En labor feito e pan cocido moito axuda un mal veciño.** [6239] (mc: M.L. / ms10,031v: *D.E.*)

22000. **En ningúa parte dan pan por dormir.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

22001. **Entre sacar as zocas, poñer as abarcas e sunguir os bois á molida pasan o día.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22002. **Esperar e non venir, estar na cama e non dormir, e servir sin galardón, tres cousas mui malas son.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

22003. **Esperar por quen non vén, ir á cama e non dormir e traballar sin galardón, tres plagas de maldición.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

(es) *Esperar y no venir, tener sueño y no dormir, penas son muy de sentir.* (R. Marín)

22004. **Esta vida outra requer pra quen ten fillos e muller.** (mc: Aguada)

22005. **Estache a lotería no traballo e na economía.** (mc: Layosa)

(es) *No hay mejor lotería que el trabajo y la economía.* (Sbarbi)

22006. **Facer moito e ben, non hai quen.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pontevedra, PO)

22007. **Fai ben e traballa e non durmirás na palla.** [6240] (mc: C.A.)

22008. **Fai traballar o teu fillo se non queres que che salga un pillo.** (ms15,17)

22009. **Gánase pouco con fiar e menos con folgar.** (mc)

(es) *Poco se gana hilando; pero menos mirando.* (R. Marín)

[6237] ms-LU: *mulida*.
[6238] V. *En esta terra negruca o que non traballa non manduca* en *Ocio* (*Efectos del ocio*).
[6239] En ms10 s.v. *Labor*.
[6240] ms4: *domirás*.

22010. **Hai máis na marra que facela e furala.** (mc: Buciños)

Var.: *Máis ha na marra que facela e furala.* (mc: Leite de Vasconcellos. F.V.S.)

(pt) *Mais há na amarra que fazê-la e furá-la.* (Chaves) (es) *Más hay en la marra que hacella y horadalla.* (Correas)

Que no basta hacer las cosas si no se hacen bien.

22011. **Hai que andar sempre.** [6241] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22012. **Hai que ganar cos dentes pra comer cas enxivas.** (mc: Buciños-F.V.S.)

Var.: *O que non fixo algo con dentes, non-o fai coas enxivas.*

(es) *A mocedad ociosa, vejez trabajosa. / El que de joven no come, de viejo trota. / A mocedad sin vicio y de buena posada, vejez larga y descansada.* (R. Marín) / *Si de joven no trabajaste, a la vejez ¿qué comiste?, Perezoso, te luciste.* (R. Marín)

Hay que trabajar en la juventud, para poder vivir con los ahorros de ésta, en la vejez.

22013. **Hai que traballar como pra sempre vivir.** (ms-SA: M. González Fernández)

22014. **Hai que traballar pra vivir e non vivir pra traballar.** (ms8,62r: S. Simón de la Cuesta)

22015. **Home parado podrá morrer de frío mais non rebentado.** (ms10,050r: Lugo)

22016. **Irse tarde e recadar cedo todo se vai en paseo.** (ms10,031v: *D.E.*)

22017. **Labor feita non mete présa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22018. **Labor feito nada pide ó por facer.** [6242] (ms3, ms4 e mc: M.V. / ms21,24v: Bermés)

22019. **Labor feito nada pide.** (ms18,53r: *Vida Gallega*)

22020. **Labor feito non corre prisa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)

22021. **Labor feito non quer présa: o feito, feito.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

22022. **Labor feito non ten présa.** (mc: M.L. / ms3: T.M.)

22023. **Labor feito, ben parece, i-o que o fixo, ben o merece.** (mc)

Var.: *Labor feito, ben parece, e quen o fixo algo merece.* (ms4: F.V.S.) / *Labor feita, ben parece.* (ms15,01: Eugenio Carré Aldao. *Literatura Gallega* 2ª edición, 1911)

[6241] ms-LU: *q'andar*.
[6242] mc: *nada pide por facer*; ms3: *o por facer*.

22024. **Lanza larga por a neve non hai diablo que a leve.** (mc: A.S.A.)

Var.: *Lanza larga pola neve, n'hai diaño que cha leve.* (mc: G.P. / ms4: A.S.A. / ms21,04r: Bermés) [6243]

(es) *Lanza larga por la nieve no hay diablo que la lleve.* (Correas)

Otros dicen *zanca* = zueco, en vez de *lanza*. (F.V.S.) (Vasconcelos)

22025. **Levántate no luceiro e non serás perguiceiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Lugo, Lugo, LU)

22026. **Madruga e verás, traballa e terás.** [6244] (mc: Meilán / ms10,034v: *D.E.*)

(pt) *Madruga e verás, trabalha e terás.* (Chaves) (es) *Madruga y verás, trabaja y habrás.* (Correas)

22027. **Madrugha e verás, traballa e verás.** [6245] (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

22028. **Máis fácil é cortar que desatar.** [6246] (mc / ms4: F.V.S.)

22029. **Maus e vida compoñen vila.** [6247] (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(es) *Manos y vida componen villa.* (Sbarbi)

22030. **Mete o teu fiadeiro no mes de xaneiro.** [6248] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22031. **Moita roupa sempre carga e pró traballo embarga.** (mc: J.P.)

22032. **Moito ben non fai ninguén.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

22033. **Moito e ben n'o fai ninguén.** [6249] (mc e ms3: A.I. / ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)

Var.: *Moito e ben, non hai quen.* (mc: Carballedo / ms: *Terra de Melide* / ms-SA: Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C / ms21,06v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia (galego oriental))

(pt) *Muito e mal, é geral, muito e bem, há pouco quem.* (Chaves) (es) *Mucho y bien, la paloma lo vuela.* (R. Marín)

22034. **Moito e ben non fai ninguén.** (ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

22035. **Moito e ben, hai pouco quen.** (mc: Santiago)

22036. **Moito e ben non hai quen.** [6250] (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro: Muxía, C)

22037. **Moito te matas e non te decatas.** (mc: M.L.)

22038. **Muíño parado non gana maquía nin xornada.** (mc: *Terra de Melide*)

Var.: *Muíño parado non gana maquía.* (mc: M.V. / ms21,26v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo) [6251]

(pt) *Andando ganha a azenha que não estando quêda.* (Chaves) (es) *Molino que no anda, no gana.* (Correas) / *Molino parado no gana maquila.* (R. Marín) / *Molino que no hace harina, no gana maquila.* (Id.)

Recógelo la canción popular: *Vámonos de aquí, meu ben, / que aquí non ganamos nada; / fagamos como o muiño, / que muíño, andando, gana*. *Molino andando gana*, escribía ya el Arcipreste de Hita (*Libro de Buen Amor*, estr. 473).

22039. **Na cama molida non se arregla vida.** (ms-SA: Manuel Fresco Reboredo: San Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO)

22040. **Na terra, amén, amén, o que non traballa non come.** [6252] (mc: Santiago)

Ver: *Moitos amenes chegan ó ceo*.

22041. **Nesta terra cuca o que non traballa non manduca.** (ms-SA: José Cornes Iglesias: Santiago de Buxán, Val do Dubra, C)

22042. **No inverno feldrán** [sic] **ó inferno.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

22043. **No vran toca, galdrán.** [6253] (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

22044. **Non hai atallo sin arrodeo.** (mc: Santiago)

22045. **Non hai atallo sin traballo nin rodeo sin paseo.** [6254] (mc: Fonsagrada)

Var.: *Non hai atallo sin traballo nin rodeo sin recreo.* (ms4: M.V.) / *Non hai atallo sin traballo nin arrodeo sin recreo.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

(pt) *Não há atalho sem trabalho.* (Chaves) (es) *No hay atajo sin trabajo, ni rodeo sin pateo.* (R. Marín) / *No hay atajo sin trabajo, ni rodeo sin cansancio.* (Id.)

[6243] ms21,04r: *non hay*.
[6244] En ms10 s.v. *Madrugar*.
[6245] O orixinal di: *Madruja e veras, traballa e beras.*
[6246] mc: *destar*.
[6247] ms-LU: *Maos*.
[6248] ms-LU: *Met'o*.
[6249] ms3: *non o fai ninguén*; ms-LU: *non'o fai*.

[6250] O orixinal di *Mouito e ben non hai quen*.
[6251] ms-LU: *Moiño*.
[6252] V. *O que non traballa que non coma* en *Ocio* (*Reprobación del ocio*).
[6253] V. tamén *Estaciones* (*Estaciones y agricultura*).
[6254] ms3: *N'hai*.

22046. **Non hai atallo sin traballo.** (mc: Buciños)
(pt) *Não há atalho sem trabalho.* (Chaves)
(es) *No hay atajo sin trabajo.* (Sbarbi)

22047. **Non hai cousa que máis canse que o traballo.** (ms10,132r: *D.E.*)

22048. **Non remexas, que todo te esparamexas.** [6255] (ms10,108r: *D.E.*)

22049. **No[n] hai rodeo sin paseo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

22050. **Nunca medra a araña que fía e non debana.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

22051. **O ben feito ben parece e o que o fai algo merece.** (mc / ms-SA: Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C / ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C (10-11-51))
(es) *Lo bien hecho, siempre es de provecho.* (R. Marín) / *Lo bien hecho da al oficial honra y provecho.* (Id.)
Véase *Labor feito ben parece...*

22052. **O ben feito ben parece; o que o fai algo merece.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

22053. **Ó bon cavador non lle fai falta chaqueta inda que non faga sol.** (ms8,65r: Silvarrey)

22054. **O crego mentras xanta, non canta.** (ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO / ms-SA: Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C)

22055. **O crego onde canta, alí xanta.** [6256] (mc: *Dicc. Ac.* (V.R. Y A.R.) / ms4: V.R. Y A.R. / ms21,22r: Bermés / ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas / ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(es) *El abad, donde canta, dende yanta.* (R. Marín)
Cada uno debe vivir de su trabajo.

22056. **O cura onde canta alí xanta.** [6257] (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951) / ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C / ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

22057. **O demo traballa cando quer ganar.** (mc)

22058. **O día de mañán colle o traballo pola man.** (ms-SA: Manuel Rodríguez Gamallo: Tomonde, Cerdedo, PO)

22059. **O feito non lle pide nada ó por facer.** (ms-SA: Alfonso Fernández Barros: Santa Eulalia de Oeste, Catoira, PO)

22060. **Ó ir ou volver do traballo, abrigo levarás sempre contigo.** (ms4: J.P.)

22061. **O labrador debe estar xunto ó que vai traballar.** (mc / ms4: F.V.S.)

22062. **O mal i-o labor sempre se deixa pró peor.** (ms15,34v)

22063. **Ó mal traballador non hai arma que lle sirva.** (ms8,26r: La Cañiza)

22064. **O moito remexer tamén dá que facer.** [6258] (ms10,108r: *D.E.*)

22065. **O moito traballo quer a moita mantenza.** (ms10,132r: *D.E.*)

22066. **O moito traballo trai o moito gasto.** (ms10,132r: *D.E.*)

22067. **O muíño i-o castelo, quen o quixer, véleo.** [6259] (ms4 e mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)

22068. **O qu'en marzo velou, tarde se acordou.** [6260] (mc: J.P.)
(es) *La que en marzo veló, tarde se acordó.* (Sbarbi)
Porque pasó en el ocio la temporada de las noches largas, y por lo tanto más propicias al trabajo.

22069. **O que á cerdeira non sobe, malas cereixas come; se sobe e cai, pior lle vai.** (mc: M.V.)

22070. **O que a garlopa queira afiar, ten que sudar.** (mc: Buciños)

22071. **O que anda a facer, non anda a correr.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

22072. **O que arriba non come** [sic]**, cereixa madura non come.** [6261] (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

22073. **O que arriba non sobe, cereixa madura non come.** (mc: Layosa)

22074. **O que arriba non sobe, verdes as come.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pol, LU)

22075. **O que ben parece, as maus o fan.** (mc: M.L.)

22076. **O que ben vai ben parece.** [6262] (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C / ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro: Muxía, C)

[6255] Sen tema no manuscrito orixinal.
[6256] V. *O cego en donde canta alí xanta* en *Música. Danza*.
[6257] ms-LU(Melide): *donde*.
[6258] Sen tema no manuscrito orixinal.
[6259] mc: *quen quixer, peleo*.
[6260] ms: *s'acordou*; mc: *A que en, se acordou*. Jacinto del Prado rexistra o refrán coas formas *A qu'en, se acordou*.
[6261] Posible erro: o refrán coñecido é *O que arriba non sobe, cereixa madura non come*.
[6262] O orixinal di *O que ben bay ben parece*.

22077. **O que come sin traballar, en algo virá a dar.** [6263] (mc: Santiago)

22078. **O que con moitas pallas traballa, a algún lle quita os ollos.** (mc: R. Caruncho)

22079. **O que dan as maus do home, ben o como.** (ms-LU: seminarista anónimo: Lugo, Lugo, LU)

22080. **O que está arando, non está coitado.** (ms-LU: seminarista anónimo: Becerreá, LU)

22081. **O que máis traballa non é o que máis come.** (mc: Monforte)

22082. **O que máis traballa non é o que máis gana.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

(es) *Quien más trabaja, menos gana.* (R. Marín)

22083. **O que moito se alaba, pouco traballa.** (mc: Chantada)

22084. **O que moito traballa, máis axiña acaba.** (ms10,132r: *D.E.*)

22085. **O que non come, non pode traballar.** (mc: Buciños)

(es) *El que no es para comer, no es para trabajar.* (Sbarbi)

22086. **O que non fai as cousas de unha vez, fainas de dúas ou tres.** [6264] (mc: L.G. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao / M. González Fernández ms15,01: Eugenio Carré Aldao. *Literatura Gallega* 2ª edición, 1911)

Var.: *O que non fai o labor dunha vez, faino dúas ou tres.* (Buciños)

22087. **O que non sobe, boa cireixa non come.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22088. **O que non ten que comer, se non é cego nen tolleito ou empedido, que busque.** (mc: Velle)

22089. **O que non traballa a súa viña, non vendima.** [6265] (mc: Taboada-F.V.S.)

22090. **O que non traballa na súa mocedá, non chega a vello na ancianidá.** (ms10,132r: *D.E.*)

22091. **O que o traballo non quere facer, non debe comer.** (ms-SA: José Cornes Iglesias: Santiago de Buxán, Val do Dubra, C)

22092. **O que os seus fillos cría, boa roca fía.** [6266] (ms-LU: seminarista anónimo: Moreda, Taboada, LU)

22093. **O que pode facer un, tamén o pode facer outro.** (mc: Sarria)

22094. **O que queira o caramelo, ten que merecelo.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

22095. **O que queira o proveito, que lle busque o xeito.** (mc: Tuiriz, Monforte)

22096. **O que quer coller o pan, ten que cavar a bouza.** [6267] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22097. **O que quer comer, que traballe.** (mc: Sarria)

22098. **O que quere moito sin traballar, sempre terá que desear.** (mc: Santiago)

22099. **O que quere traballar, nunca lle faltou que facer.** (mc / ms4: F.V.S.)

22100. **O que quere troitas, non-as pilla ás maus enxoitas.** [6268] (mc: Santiago)

22101. **O que se levanta cedo, repara o seu e mailo alleo.** (mc: M.V.)

22102. **O que se levanta cedo, ve a súa vida e mais a allea.** (ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C / ms-SA: Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C)

22103. **O que se levanta cedo, ve o seu e mailo alleo.** [6269] (ms21,13v: Bermés)

22104. **O que se levanta cedo, ve o seu e o alleo.** (ms18,67r)

22105. **O que traballa cos pés, páganllas os bés.** (mc: Buciños)

22106. **O que traballa e se instruye, en bon e máis rico concruye.** [6270] (ms4: J.P.)

22107. **O que traballa sin compás, vai adiante e volve atrás.** (mc: Taboada-F.V.S.)

22108. **O que traballa, ten direito á vida.** (mc: Buciños)

22109. **O traballar é de xente de mal vivir, pois o día fíxose pra descansar i-a noite pra durmir.** (ms10,132r: *D.E.*)

22110. **O traballar e o comer, o seu xeito ha de ter.** (ms10,132r: *D.E.*)

22111. **O traballar é virtude i-o non traballar é saúde.** (ms10,132r: *D.E.*)

22112. **O traballar i-o comer desd'o berzo hai que aprender.** [6271] (ms15,17)

[6263] V. *Nin comer sin traballar, nin traballar sin comer* en *Ocio* (*Reprobación del ocio*).

[6264] ms4 e ms15,01: *de dous ou tres.*

[6265] ms4 / ms15,27r: *vendimia.*

[6266] O orixinal di: *O que os seus fios cría boa roca fia.*

[6267] ms-LU: *colle-lo pan.*

[6268] V. *Non se pillan troitas cas bragas enxoitas* en *Esfuerzo.*

[6269] O orixinal di: *O que se levanta cedo ve o seu e mail'o alleo.*

[6270] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

22113. **O traballar moito non é propio de boa familia.** [6272] (mc / ms4: F.V.S.)

22114. **O traballo ben feito, ben parece, e quen-o fai algo merece.** (ms21,15r: Bermés)

22115. **O traballo cansa pero non mata.** (ms10,132r: *D.E.*)

22116. **O traballo de Pascua arde como ascua.** (mc: U.C. Cuartilla 9)

22117. **O traballo e o saber, o cortello fan valer.** (mc: J.P.)

22118. **O traballo é prós burros.** (ms10,132r: *D.E.*)

22119. **O traballo é sagrado, nunca o toques.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

22120. **O traballo é virtú i-o folgar é salú.** (mc: Buciños)

(es) *El trabajar es virtud; y el no trabajar, salud.* (R. Marín)

22121. **O traballo ennobrece.** (ms10,132r: *D.E.*)

22122. **O traballo espera un polo outro.** (ms8,05r: Silvarrey)

22123. **O traballo non deshonra a ninguién.** (ms10,132r: *D.E.*)

22124. **O traballo non mata, pero amansa.** (mc: Santiago)

22125. **O traballo non mata, pero amata.** (mc: M.V.)

(pt) *O trabalho não mata a ninguém.* (Chaves)

22126. **Odre valeiro, enchelo custa diñeiro.** [6273] (mc e ms4: S.Victorio de R. de Miño / ms10,071r: *D.E.*)

22127. **Os golfos, sin traballo, fanse ricos.** (mc: Santiago)

22128. **Os traballos con pan son millores de levar.** [6274] (mc: Tuiriz, Monforte / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

(es) *Todos los trabajos comiendo se pasan.* (Sbarbi) / *Los duelos con pan son menos.* (Id.)

22129. **Os traballos da sega dan que facer ós da vila i-ós da aldea.** [6275] (mc / ms4: F.V.S.)

22130. **Pedra movediza non cría mofo.** [6276] (mc: Tuiriz / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

(pt) *Pedra que muito rola, não cria musgo.* (Chaves) / *Pedra roliça não cria bolor.* (Id.) (es) *Pedra movediza nunca moho la cobija o nunca la cubre moho.* (Correas) (ct) *Pedra movediça, no cría mèlsa.* (Alberola)

Véase *A pedra andando...*

22131. **Pedra movediza nunca moho cría.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22132. **Pedra movida non cría musgo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22133. **Por ben estar, moito se ha de andar.** (mc: Villanueva, Lalín)

22134. **Por máis que lle dou á roca, non fío unha mazaroca, e s'é así a traballar, nin pra comer hei gañar.** [6277] (mc / ms16)

22135. **Pouco gana a muller a fiar, pero menos gana a mirar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22136. **Pouco se gana fiando e menos folgando.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22137. **Pouco se gana fiando e menos se gana mirando.** (ms-SA: seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)

22138. **Pozo que haxas de limpiar, en setembre o has de traballar.** [6278] (ms4: J.P.)

22139. **Pr'on traballador bo non hai ferramenta mala.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

22140. **Pra bon traballador non hai ferramenta mala, e pró mal traballador non hai ferramenta boa.** (mc / ms4: F.V.S.)

Var.: *Pró ruín traballador non hai aveño que lle veña ben.* (ms5,056: Silvarrey)

Aveño: cualquier instrumento de labranza.

22141. **Pra comer e beber nadia se faga amarelo e traballe con cuidado, que o corpo non é de ferro.** (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22142. **Pra facer unha canteira, saca-lo escombro e tiralo á veira.** [6279] (mc: Buciños)

22143. **Pra o ruín traballador non hai ferramenta boa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

[6271] O orixinal di: *O traballar y-o comer, desd'o berzo hay que aprender.*

[6272] ms4: *ch'ê propio*.

[6273] mc: *henchelo costa*; ms10: *costa diñeiro*.

[6274] ms-SA: *mellores*.

[6275] ms4: *y-os da aldea*.

[6276] ms-SA: *moho*. / V. *Pedra parada musgo cría* en *Pereza y ociosidad*.

[6277] mc: *ganar*.

[6278] Jacinto del Prado recolle no orixinal a forma *o as de traballar*.

[6279] O orixinal di: *Pra facer unha canteira, sacal-o escombro e tiral-o â veira.*

22144. **Pra tempo andado, pan ganado.** (ms: A.N.)

22145. **Pra ti fías, pra ti son as mazarocas.** (mc: A.S.A.)

22146. **Pra traballar, xente nova e roupa vella.** (ms15,38: Golada)

22147. **Pró folgazán non hai ferramenta de gusto.** (ms: Buciños)

22148. **Pró ruín traballador tódalas far[r]amentas son malas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22149. **Puxa o boi polo arado, mal de seu grado.** (mc: A.N.)

(pt) *O boi pega* (ou *trava*) *no arado, mas não por seu grado.* (Chaves) (es) *El buey traba el arado, mal de su grado.* (Sbarbi)

Laborem nemo libenter suscipit.

22150. **Quen dá pan, pon afán.** (mc: M.L.)

22151. **¿Quen fai caso de medios días habendo días enteiros?** [6280] (ms10,103r: *D.E.*)

22152. **Quen fía e tece, ben lle parece.** [6281] (mc: A.N. / ms10,020r: *D.E.*)

(pt) *Quem fia e tece, bem lhe parece.* (Chaves) (es) *Quien hila y tuerce, bien se le parece.* (R. Marín)

A aquel que se dedica a cualquier trabajo con constancia y aplicación, le luce soberanamente. (Sbarbi)

22153. **Quen manda e fai, ten dous traballos.** (mc: *Vida Gallega*)

(es) *Quien manda y haz, no ha menester rapaz.* (Bergua)

22154. **Quen non ten a quen mande, levántese e ande.** (mc e ms4: A.S.A. / ms21,07r: Bermés)

Var.: *Quen non ten quen mande, levántese e ande.* (ms4: J.P.)

22155. **Quen non ten que lle mande, levántese e ande.** (ms18,58r: *Vida Gallega*)

22156. **Quen queira traballos, que os busque e que lle aproveite.** (ms10,132r: *D.E.*)

22157. **Quen ten maus e saúde, come pan hastra o ataúde.** [6282] (mc / ms4: F.V.S.)

22158. **Quen traballa en xulio, traballa con orgullo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22159. **Quen traballos pida, que malos traballos o perigan.** (ms10,132r: *D.E.*)

22160. **Quéntate co traballo e non co lume de carballo.** [6283] (mc: *Nós* / ms-SA: Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C / Francisco Canosa Quintáns / ms-SA: Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO)

22161. **San Francisco trai a vela e san José a leva.** [6284] (mc, ms e ms4: J.P.)

(es) *San Francisco trae la vela, y San José se la lleva.* (R. Marín) / *San Eugenio* (13 nov.) *trae la vela y San José se la lleva.* (Id.)

22162. **¡Se houbera que axudar a precuralo como hai que axudar a disfrutalo!** (mc: Buciños)

22163. **Se queres boa fama, non che dé o sol na cama.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22164. **Se queres ver a un gitano traballar, méteo nun pallar.** [6285] (mc: Tuiriz, Monforte / ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)

22165. **Se ques comer, traballa.** (ms-SA: Jesús Alvite Alvite: San Cibrán de Vilastose, Muxía, C)

22166. **Según é o tratiño será o traballiño.** (mc: Buciños-F.V.S.)

(pt) *Tal trabalhito, tal tratito.* (Chaves)

22167. **Si a vella ves fiar, pon o pito a guisar.** [6286] (mc: Buciños / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

22168. **Si esta semana che é pouca, con seis días vén a outra.** [6287] (mc: Tuiriz, Monforte / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

22169. **Si queres boa fama, non che de o sol na cama.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

22170. **Si queres comer pouco, tes que traballar moito.** (mc: Santiago)

22171. **Si queres medrar, traballa.** (mc: Orense / ms: O Tío Marcos da Portela / ms4: FVS.)

22172. **Si queres pan, traballa coa man.** (mc: Santiago)

22173. **Si queres que a auga corra, tíralle o torrón da presa.** (mc: Buciños)

22174. **Si queres ter boa fama, non che dea o sol na cama.** [6288] (ms-LU: Luís Alonso Alonso / José Ballesteros Alonso)

[6280] Sen tema no orixinal.

[6281] En ms10 s.v. *Confiar-Hilar*.

[6282] ms4: *hasta*.

[6283] ms4: *do carballo*; ms-SA (Teófilo C.): *con traballo, con lume*.

[6284] Dentro de *Meteorológicos. Santos* no ms. / ms: *trae*; mc, ms e ms4: San Xosé. Jacinto del Prado rexistra o refrán coas formas *trai* e *San José*.

[6285] ms-LU: *Si, mitio n-un pallar*.

[6286] ms-LU: *S'a vella*.

[6287] ms-SA: *ch'é pouca*.

[6288] J. Ballesteros Alonso: *non che dé*.

22175. **Si queres ter boa fama, que non che dea o sol na cama.** [6289] (mc: Paradela-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU / ms-SA: José Castro López: Sobrado dos Monxes, C / ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C / E. Segade Vidones / M. Lago López / J. A. Iglesias Ares)

(pt) *Se queres boa fama, não te demores na cama.* (Chaves) / *Se queres ter boa fama, não te tome o sol na cama.* (Id.) (es) *Si quieres tener buena fama, no te tome el sol en la cama.* (Correas)

22176. **Si queres ter fama, que non che colla o sol na cama.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

22177. **Si tes salú e queres comer, traballa.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

22178. **Si us dentes nun ganan prás inxivas, as insivas nun poden ganar prós dentes.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

22179. **Sin maña non se come castaña.** (mc: Buciños)

22180. **Sin traballar non se come e sin comer non se traballa.** [6290] (mc: Santiago)

22181. **Sin traballo non hai nada.** (ms5,055: Silvarrey)

Var.: *Do traballo sale todo.*

22182. **Soilo do tempo é avaro o home de talento craro.** (ms4: J.P.)

22183. **Soprar e sorber non pode ser.** [6291] (mc e ms: M.L.)

(es) *Soplar y sorber, no puede ser.* (Correas) / *Soplar y sorber tiene dificultad.* (R. Marín) / *Sorber y silbar no puede ser a la par.* (Id.) / *Soplar y sorber, junto no puede ser.* (Id.) (ct) *Beure y bufar no pòt ser.* (Id.)

Latín: *Flare simul, sorbere simul, res ardua semper.*

TERQUEDAD

22184. **Todas comen, todas puxan.** (mc: Buciños)

Var.: *Todos ó trato, todos ó prato.* (Buciños)

22185. **Traballa ben, si queres comer.** (mc: Santiago)

22186. **Traballa e non comerás palla.** (ms10,132r: *D.E.*)

22187. **Traballa fondo canto queiras, a non ser en terras lixeiras.** (ms4: J.P.)

22188. **Traballa ti que eu xemerei.** (mc: Buciños)

22189. **Traballade, rapaces e nenas, todos os días de rudas faenas.** (ms: Santiago)

22190. **Traballando sin candil fanse fillos mil.** (ms10,132r: *D.E.*)

22191. **Traballar e non comer é camiño seguro pra morrer.** (ms10,132r: *D.E.*)

22192. **Traballar e non medrar é cousa pra rabear ou tolear.** (ms10,132r: *D.E.*)

22193. **Traballar pra medrar e sempre probe estar, mal se pode aturar.** (ms10,132r: *D.E.*)

22194. **Traballar sin tino é morrer sin fe.** (ms10,132r: *D.E.*)

22195. **Traballar sin regla é morrer sin fe.** (mc: M.V.)

22196. **Traballo comenzado é medio rematado.** (ms10,132r: *D.E.*)

22197. **Traballo empezado, medio acabado.** (mc: M.L.)

22198. **Traballo feito non corre prisa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

22199. **Traballo feito non pide nada ó por facer.** (ms15,01: Mato)

22200. **Traballo feito non pide présa.** (ms10,132r: *D.E.*)

22201. **Traballo feito, traballo pagado.** (ms10,132r: *D.E.*)

22202. **Traballo pagado, ben traballado.** (ms10,132r: *D.E.*)

22203. **Traballo pra non morrer de fame e mátome a traballar; pois é millor deixarse estar.** (ms15,16)

22204. **Traballo precipitado non pode dar resultado.** (mc)

(pt) *Trabalho precipitado não dá bom resultado.* (Chaves)

22205. **Traballo sin proveito é facer o que xa está feito.** (ms10,132r: *D.E.*)

22206. **Traballo ten a raposa cando anda ós grilos.** (ms10,132r: *D.E.*)

22207. **Traballo, perseverancia e saber son as fontes do haber.** (ms4: J.P.)

22208. **Tráete a criada e bótate a servir.** (ms: Monforte)

Porque hay que servirla a ella.

22209. **Tu que non podes lévame ás costas.** [6292] (mc: A.N. 2ª serie / ms4: N.V. 2ª serie)

[6289] ms4 e ms-LU: *non che día o sol*. / V. *Si queres dormir ben, que non che dea o sol na cama* en *Diligencia*.

[6290] V. *Nin comer sin traballar, nin traballar sin comer* en *Ocio* (*Reprobación del ocio*).

[6291] ms4: *O soprar*. / Dentro de *Miscelánea* no mc; conténa indicación *Trabajo* no ms.

[6292] ms4: *Ti que*.

(pt) *Tu que não podes, leva-me às costas.* (Chaves) (es) *Tú que no puedes, llévame a cuestas.* (Sbarbi) (ct) *Tu que no pots, portam al coll.* (Alberola)

Censura al que aumenta el trabajo de otro, que apenas puede desempeñar el suyo.

22210. **Vai comer onde traballache.** (ms9,04r: Silvarrey)

Var.: *Vai comer onde o mereciche.* (Meda)

22211. **Val máis onza de trato que libra de traballo.** (ms-SA: José Manuel Area Alonso)

22212. **Val máis onza de cuidado que libra de traballo.** (mc: Santiago)

22213. **Val máis quen quer que quen pode.** [6293] (mc: J.P.)

(pt) *Mais vale quem quer do que quem pode.* (Chaves) (es) *Más hace el que quiere que el que puede.* (Sbarbi)

22214. **Vale máis ben rodear que mal atallar.** (ms18,65r: Páramo)

22215. **Vale máis mazar que estopar.** (mc: Buciños)

No se ha de reparar en un trabajo, por duro que sea, cuando sale bien compensado.

22216. **Vale máis onza de trato que libra de traballo.** [6294] (mc: M.V. / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU / ms-LU: Dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU / ms21,25v: Bermés)

Var.: *Vale máis onza de cencia que libra de traballo.*

(es) *Más vale onza de trato que libra de trabajo.* (R. Marín)

22217. **Vale máis unha hora de traballo que vintecatro de garbana** [sic]**.** [6295] (ms8,46r: La Cañiza)

22218. **Vale máis unha onza de goberno c'onha libra de traballo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22219. **Viva Dios e cante o merlo, que tras do vrau vén o inverno.** (mc: M.L.)

22220. **Volta feita non ten prisa.** (mc: Tuiriz, Monforte)

22221. **Xa que cobras, traballa.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

22222. **Xa que ti soplas, eu vou á leña.** (ms: Buciños)

22223. **Xuana, mentras fía, non devana.** [6296] (mc / ms: Neira de Rey)

TRAGÓN. V. tamén *Comida, Excesos, Obesidad*.

22224. **O larpeiro come o que non ten e o que non ten, déixao.** (ms10,032v: *D.E.*)

TRAJE. V. tamén *Ropa, Vestido*.

22225. **O bo traxe cobre o mal linaxe.** (ms10,133r: *D.E.*)

22226. **O bo traxe fai o señoriaxe.** (ms10,133r: *D.E.*)

TRAJINANTE

22227. **O traxineiro é mal compañeiro, porque ten que ir de rueiro en meiro e de meiro en rueiro.** (ms10,133r: *D.E.*)

22228. **O traxineiro non pode ser preguiceiro.** (ms10,133r: *D.E.*)

TRASNO. V. tamén *Demo, Demonio, Diablo, Diaño, Religiosos y morales*.

22229. **Nunca se farta o trasno de facer trasnadas.** (ms10,132r: *D.E.*)

22230. **¿Que ha de facer o trasno, se non son trasnadas?** (ms10,132r: *D.E.*)

TRASNOCHAR. V. tamén *Noche*.

22231. **Quen trasnoita e madruga, pouco pode durmir.** (ms10,132r: *D.E.*)

TRATO. V. tamén *Comercio*.

22232. **Dá o trato por desfeito cando sea máis o dano que o proveito.** (ms10,133r: *D.E.*)

22233. **Dime os dous que estaban e direiche o que trataban.** (ms10,133r: *D.E.*)

22234. **Fuxe de facer trato con quen non ten máis dios que o prato.** (ms10,133r: *D.E.*)

22235. **Máis val unha hora de trato que cen de traballo.** (ms10,133r: *D.E.*)

22236. **Non trates con rico empobrecido, nin con probe enriquecido.** (ms10,133r: *D.E.*)

22237. **O trato é trato; todo o demais é lan de gato.** (ms10,133r: *D.E.*)

[6293] V. *Fai máis quen quere, que quen pode* en *Voluntad* (*Poder de la voluntad*).

[6294] ms-LU (Buciños): e ms-LU (Lugo): *ca libra*; ms-LU (Paradela) e ms-LU (norte): *Val*.

[6295] O orixinal di *Vale máis unha hora de traballo que vintecatro de* garvana. Supoñemos que se refire á *galbana*, ou preguiza. O propio Vázquez Saco xa colocaba un [sic] despois da palabra *garvana*, o que quere dicir que a el tamén lle sorprendeu.

[6296] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal. Contén a indicación *Trabajo* no ms.

22238. **Se queres facer bo trato, vende caro o que merques barato.** (ms10,133r: *D.E.*)

TRESILLO (V. tamén *Juego de la brisca*, *Lacras y vicios sociales*).

22239. **O que vai por tres, súa é.** (ms5,134: Lugo)

Tresillo. Yendo sólo por tres cartas, se supone que las seis restantes que se reserva el jugador forman una buena entrada.

22240. **Seis i-a espadas, nunca a fagas.** (ms5,134: Lugo)

En el juego del tresillo. Pedir seis cartas nuevas, y a espadas, que es palo corto es mala entrada.

22241. **Volta co basto, malo.** (ms15,43: Lugo)

22242. **Volta de mala, nunca é mala.** (ms15,43: Lugo)

TRIGO. V. tamén *Comida, Pan*.

22243. **Cando o trigo está no celeiro é do que ten diñeiro.** (ms10,133r: *D.E.*)

22244. **Cando o trigo está nos campos, é de Dios e dos santos.** (ms10,133r: *D.E.*)

22245. **O trigo que non se axunta na leira, xúntase na eira.** (ms10,133r: *D.E.*)

22246. **Quen colle trigo pode comer pantrigo.** (ms10,133r: *D.E.*)

22247. **Se che vai ben o trigo tardeiro, non llo digas ó teu compañeiro.** (ms10,133r: *D.E.*)

22248. **Trigo que lle a palla doura, logo estará pró fouciño.** (ms10,133r: *D.E.*)

22249. **Xa que o trigo non é meu, que o cañe quen o colleu.** (ms10,133r: *D.E.*)

TRONAR. V. tamén *Pronósticos atmosféricos, Tiempo*.

22250. **Cando no inverno vires tronar, vende os bois e bótao en pan.** (ms10,133r: *D.E.*)

22251. **Cando trona en marzo, aparella as cubas e o mazo.** (ms10,133r: *D.E.*)

22252. **Cando trona, forza é que chova.** (ms10,133r: *D.E.*)

22253. **Cando tronou e trona, forza é que chova.** (ms10,133r: *D.E.*)

22254. **Os tronos e o mar dan un pouco que pensar.** (ms10,133r: *D.E.*)

22255. **Tronando en abril, de dez graus nacen mil.** (ms10,133r: *D.E.*)

22256. **Tronos de soán, pouca auga e, se cadra, pouco pan.** (ms10,133r: *D.E.*)

22257. **Tronos en maio anuncian mal ano.** (ms10,133r: *D.E.*)

22258. **¡Tronos ó mar! que alí teñen onde se afogar.** (ms10,133r: *D.E.*)

TROPEZAR

22259. **Co moito tropezar adepréndese a andar.** (ms10,134r: *D.E.*)

22260. **Tropezar é adiantar.** (ms10,134r: *D.E.*)

22261. **Tropezar e máis tropezar chega a cansar.** (ms10,134r: *D.E.*)

TROTE. V. tamén *Animales domésticos*, *Mula, Potro, Yegua*.

22262. **O trote que colle a mula, todo o día lle dura.** (ms10,134r: *D.E.*)

TRUCHAS. (V. *Peces. Truchas*)

TUERTO. V. tamén *Ojos*.

22263. **A torto ou direito, axude Dios o noso consello.** (ms10,131r: *D.E.*)

22264. **Cando vai torta, o demo que a endereite.** (ms10,131r: *D.E.*)

22265. **Do que vai torto non digas que vai direito.** (ms10,131r: *D.E.*)

22266. **Máis val quedar torto que morto.** (ms10,131r: *D.E.*)

22267. **Máis val torto que cego.** (ms10,131r: *D.E.*)

22268. **Máis vale ser torto de un ollo que cego dos dous.** (ms10,131r: *D.E.*)

22269. **O que nace torto, enderéitase tarde.** (ms10,131r: *D.E.*)

22270. **Val máis torta e nosa que con catro ollos e vosa.** (ms10,131r: *D.E.*)

UNO

22271. **Cada un é cada un.** (ms10,134r: *D.E.*)

22272. **Cada un é como Dios o fixo.** (ms10,134r: *D.E.*)

22273. **Cada un é pra si e non prós máis.** (ms10,134r: *D.E.*)

22274. **Un e nada todo é un.** (ms10,134r: *D.E.*)

22275. **Un por outro, o traballo non se fai.** (ms10,134r: *D.E.*)

UNTAR

22276. **O que non unta o carro, quédase ás veces na corredoira.** (ms10,134r: *D.E.*)

22277. **Quen unta, amolenta.** (ms10,134r: *D.E.*)

UNTO. V. tamén *Comida*.

22278. **O caldo que non leva un pouco de unto, non está no seu punto.** (ms10,134r: *D.E.*)

USO

22279. **Horta, muller e muíño queren uso continuo.** (ms10,134r: *D.E.*)
22280. **No usaxe sempre hai algo de señoriaxe.** (ms10,134r: *D.E.*)
22281. **Ó mal uso créballe a perna.** (ms10,134r: *D.E.*)
22282. **O uso é mestre de todo.** (ms10,134r: *D.E.*)
22283. **O uso fai mestres.** (ms10,134r: *D.E.*)
22284. **O uso novo enterra o vello.** (ms10,134r: *D.E.*)
22285. **Polo usaxe non vén ningún aldraxe.** (ms10,134r: *D.E.*)
22286. **Por non perder o uso, leva a roca o fuso.** (ms10,134r: *D.E.*)
22287. **Quen usa, non abusa.** (ms10,134r: *D.E.*)
22288. **Todo quer uso e a muller quer roca e fuso.** (ms10,134r: *D.E.*)
22289. **Usa e serás mestre.** (ms10,134r: *D.E.*)

USOS Y COSTUMBRES

22290. **A cada terra seu uso e a cada roca seu fuso.** (ms-SA: Emilio Segade Vidones)
22291. **A cada terra seu uso, a cada roca seu fuso.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
22292. **A moda non incomoda.** (mc: *Dicc. Ac.* / ms8,70r: Castroverde)
Var.: *A moda non enfada.* (Chantada)
(es) *Lo que es moda no incomoda.* (Sbarbi)
22293. **A onde fores fai como vires.** (ms10,031r: *D.E.*)
22294. **A onde vaias fai o que vexas.** (ms10,031r: *D.E.*)
22295. **A sangre hérdase i-o vicio pégase.** (mc: Buciños)
22296. **Alí como alí i-eiquí como eiquí.** (mc: Buciños)
22297. **Cada país ten seu uso e cada roca seu fuso.** (mc: M.V.)
(pt) *Cada terra com seu uso, cada roca com seu fuso.* (Chaves) (es) *En cada país hay sus usos.* (Sbarbi)
22298. **Cada roca ten seu fuso, cada terra ten seu uso.** (ms-SA: Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C)
22299. **Cada roca ten seu fuso, en cada terra hai seu uso.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
22300. **Cada terra o seu uso e cada roca o seu fuso.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
22301. **Cada terra seo uso, cada roca seo fuso.** [6297] (ms21,02r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)
22302. **Cada terra ten seu uso, cada roca seu fuso.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)
22303. **Cando é moda, falda de fóra.** (ms8,70r: Silvarrey)
22304. **Con tal que sea moda, inda que sea a falda fóra.** (ms: Carballedo)
22305. **Chámanlle ó gancho cousa torta.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santiago de Compostela, C)
22306. **De balde tíranlles pedras ós cas.** [6298] (ms4: A.S.A. / ms21,05r: Bermés)
22307. **De lugar a lugar, diferente falar.** [6299] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
22308. **Dios fai, fai, pro non fai fillo sin pai.** [6300] (ms4: M.L. / ms10,007v: *D.E.*)
22309. **Donde fores, fai como vexas.** (mc: C.A.)
(es) *A donde fueres, haz como vieres.* (R. Marín) (ct) *Aon vages, lo que veges fer, faces.* (Alberola)
22310. **Donde vivires, fai como vires.** (mc: Otero de Rey / ms15,22)
22311. **En cada nación hai o seu uso e cada roca ten o seu fuso.** [6301] (ms-LU: seminarista anónimo: Xestoso, Monfero, C / Gestoso, provincia de La Coruña)
22312. **En cada roca seu fuso i-en cada país seu uso.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
22313. **En cada terra o seu uso e cada roca o seu fuso.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
22314. **En cada terra seu uso i-a cada roca seu fuso.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
22315. **En cada terra seu uso i-en cada roca seu fuso.** (mc: C.G.)
Var.: *En cada terra hai seu uso, en cada roca seu fuso.* (G.S.)
(pt) *Cada terra com seu uso, cada roca com seu fuso.* (Chaves) (es) *En casa tierra su uso y en cada casa su costumbre.* (R. Marín)
Véase *Cada país ten seu uso...*

[6297] ms-LU: *seu uso, seu fuso*.
[6298] ms21,05r: *tíranlle*.
[6299] ms-LU: *difrente*.
[6300] ms10: *pero non fai fillo*. En ms10 s.v *Dios*.
[6301] Gestoso (La Coruña): *hai seu uso*.

22316. **En cada terra seu uso, cada roca seu fuso.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

22317. **En terra de lobos, ouvear coma eles.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22318. **Faldra fóra pasou por eiquí vendendo ratos a maravedí.** (mc: Buciños)

Dicho que se inventó para dar matraca a la moda de la *faldra fóra*.

22319. **Hoxe todo vai pola nova; s'é bon, mañá o dirá quen poida.** [6302] (mc: M.V.)

22320. **Mexo na cama e cago no lume: eso depende de mala costume.** (mc: Tuiriz, Monforte)

22321. **Muda o lobo os dentes e non as mentes.** (mc: J.P.)

(es) *Muda el lobo los dientes, y no las mientes.* (R. Marín)

La fuerza de la costumbre.

22322. **Na terra do bon haber, según fan, facer.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22323. **Na terra do bon saber, como fan, facer.** (mc: Buciños)

(pt) *Na terra onde fores viver, faze como vires fazer.* (Chaves) (es) *En la tierra do vivieres, haz como vieres.* (Sbarbi) / *A donde fueres, haz como vieres.* (Id.)

Véase *Donde vivires...*

22324. **Na terra dos lobos hai que facer coma todos.** [6303] (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns / José Lage Radío: Santa Eulalia de Xil, Meaño, PO)

22325. **Na terra dos lobos hai que ouvear coma todos.** [6304] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia (galego occidental) / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / ms-SA: Manuel Cancela Corredoira: San Pedro de Campañó, Pontevedra, PO)

22326. **Na terra dos lobos oubear como todos.** [6305] (mc: A.N. / ms21,14r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-SA: Leonardo Carro Rodríguez: Vilaño, A Laracha, C)

Var.: *Na terra dos lobos oubear como eles.* (Sarria) / *Na terra dos lobos hai qu'aular com'eles.* (ms4: Fonsagrada-F.V.S. / ms11,44: Comarca de Fonsagrada) / *No tempo dos lobos oubear coma todos.* (ms4: F.V.S.)

(es) *Quien con lobos anda, a aullar se enseña.* (Jara) / *Quien con lobos anda, al año aulla.* (R. Marín) / *Quien con lobos se acompaña, si no aúlla hoy, aullará mañana.* (Id.)

Dum Romae fueris, romano vivito more.

22327. **Na terra en que vivires fai sempre o que vires.** (mc: G.S.)

Var.: Como: *Na terra do bon saber...*

(pt) *Na terra onde fores viver, faze como vires fazer.* (Chaves) / *Aonde fores ter farás como vires fazer.* (Chaves) (es) *Por donde fueres, haz como vieres.* (Correas)

22328. **Na terra onde vivires fai como vires.** (ms10,031v: *D.E.*)

22329. **Non con quen naces sinón con quen paces.** [6306] (mc: Buciños / ms10: *D.E.*)

Var.: *Dime con quén naces e non con quén paces.* (F.V.S.)

(es) *No con quien naces, sino con quien paces.* (Sbarbi)

El trato con las personas influye más que el nacimiento en las costumbres.

22330. **Non póña-lo pelo á moda qu'os caseiros non chos vexo pra te poñer de señora.** [6307] (ms21,16v: Bermés)

22331. **Nun hai millor traxe que u de pana nin mellor calzamenta cós zocos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

22332. **Nunca negues teus xornales ós camiños veciñales.** [6308] (ms4: J.P.)

22333. **O que malas costumbres ten, nin cedo nin tarde as bota ben.** (ms-LU: seminarista anónimo: Chantada, LU)

22334. **O que non está afeito ás bragas, as costuras lle fan llagas.** (ms4: G.S. y A.)

22335. **O que s'usa, non s'escusa.** (ms)

22336. **O que (moito) se usa, non se excusa.** (mc: M.V. / mc: Chantada)

(pt) *O que se usa não se escusa.* (Chaves) (es) *Lo que se usa no se excusa.* (Sbarbi)

Debemos conformarnos con la costumbre común del tiempo, siempre que sea lícita y honesta.

22337. **Pinga, pinga, na casa da tía Dominga.** [6309] (ms e ms4: M.L.2 / ms10,092r: *D.E.*)

[6302] ms3: *s'é bo*.

[6303] J. Lage Radío: *como todos*.

[6304] ms-LU (Lugo): *hai qu'ouvear*; ms-SA (A Coruña) e ms-SA (Manuel C.): *oubiar*.

[6305] ms3: *coma os lobos*; ms-SA, ms-LU e ms21,14r: *coma todos*; ms-SA: *oubiar*.

[6306] ms10: *senon con quen*.

[6307] O orixinal di: *Non poñal'o pelo a moda c'os caseiros non chos vexo pra te poñer de señora.*

[6308] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[6309] En ms10 s.v. *Gotear*.

22338. **Pra quitar a bruxería mete allos na bolsilla.** (ms / ms15,45v: Fraguas en *Vida Gallega*)

22339. **Quen come con navalla é porque é da montaña.** (ms21,17v: Bermés)

22340. **Sea moda, non sea moda, non botes a faldra fóra.** (mc: Taboada-F.V.S.)

22341. **Si n'é por zancas, é por barrancas.** (ms: M.L.)

22342. **Toda a manta é la.** (mc: M.L.)

22343. **Toda a terra é unha.** [6310] (mc: M.L. / ms10,130r: *D.E.*)

Var.: *Toda a terra é país.* (ms4: F.V.S. / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU) [6311]

(pt) *Toda a terra é uma e a gente, quase, quase.* (Chaves)

22344. **Tras de tempos, tempos veñen, mais volven os usos ós seus corredais.** (mc: Buciños)

22345. **Tras de tempos, tempos, mais volven os usos ós seus carredais.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22346. **Usos novos en terras vellas.** (ms8,03r: Meda)

22347. **Vistir a uso e calzar a gusto.** [6312] (mc: A.S.A.)

(pt) *Vestir a uso e comer a gosto.* (Chaves)
(es) *Vestir, al uso; comer, al gusto.* (R. Marín)

UVAS. V. tamén *Agrícolas* (*Generales*) .

22348. **As uvas non son uvas hastra que están maduras.** (ms10,134r: *D.E.*)

22349. **Cando comenzan as uvas a pintar, comenzan as mozas a fiar.** (ms10,134r: *D.E.*)

22350. **Cando hai uvas e figos, amaña os teus vestidos.** (ms10,134r: *D.E.*)

22351. **Co tempo veñen as uvas se son maduras.** (ms10,134r: *D.E.*)

22352. **Dispois de uvas e mel, sabe mal o viño pero fai ben.** (ms10,134r: *D.E.*)

22353. **En Santiago pinta o bago.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22354. **Na santa Mariña pinta o bago na viña.** (mc e ms16: J.T.)

(es) *Por Santa Marina, busca en la viña.* (R. Marín)

22355. **Non queiras uva verde nin podrida si te propós facer boa bebida.** [6313] (ms4: J.P.)

22356. **Ó seu tempo cóllense as uvas se están maduras.** (ms10,134r: *D.E.*)

22357. **Ou tarde ou cedo, a cepa sempre dá uvas polo setembro.** (ms6,05v: Pura Vázquez en "Vendimiai, vendimiadores", publicado en *La Noche*)

22358. **Polo san Lucas saben ben as uvas.** (ms10,134r: *D.E.*)

San Lucas (18 oct.)

22359. **Por san Martiño e san Xudas, piñeiriñas de túas uvas.** (mc e ms16: C.A. / ms: E.C.)

22360. **Por san Miguel as uvas maduras moito me tardan e pouco me duran.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22361. **Por santa Ana, a uva pintada.** (mc e ms16: J.P.)

(es) *Por Santa Ana, uva pintada.* (R. Marín) *ms16: H. Núñez*

22362. **Por Santiago e Sant'Ana pintan as uvas, e pola Nosa Señora xa as hai maduras.** [6314] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22363. **Por Santiago e santa Ana pintan as uvas.** (mc e ms16: J.P.)

(pt) *No S. Tiago, pinta o bago.* (Chaves)
(es) *Por Santiago pinta el bago, pinta la uva, pinta el melón y pinta el melocotón.* (R. Marín) / *Por Santiago y Sta. Ana, pinta las uvas y las granadas.* (Id.) (ct) *Per sant Jaume pinta l'uva, per festes d'agost ja serà madura.* (Sanchis)

22364. **Por Santiago pinta o bago.** (mc e ms16: Santiago)

Véase *Por santa Ana y por Santiago...*

22365. **Poucas son as malas fadas.** (ms18,76r: A.S.A.)

22366. **Pouco por uvas se me dá cando non-as hai.** [6315] (ms10,134r: *D.E.*)

22367. **Pra que me gusten as uvas, han de estar maduras.** (ms10,134r: *D.E.*)

22368. **San Migueliño das uvas maduras, que tarde nos vés e que pouco nos duras; se dúas veces ó ano viñeras, moito ben nos deras e moitos favores tamén nos fixeras.** (ms10,135r: *D.E.*)

[6310] En ms10 s.v. *Tierra*. V. *Todo o mundo é país* en *Patria*.
[6311] ms-LU: *Tod'a terra*.
[6312] ms4: *uso, calzar*.
[6313] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.
[6314] O orixinal di: *Por Santiago e Sant'Ana pintan as uvas, e po'la Nosa Señora xa has hay maduras.*
[6315] O orixinal di: *Pouco por uvas se me da, cando nonas hai.*

22369. **Uva de viña apedreada pona en pipo separada.** (ms4: J.P.)
22370. **Uva mollada, pra viño non vale nada.** (ms10,135r: *D.E.*)

VACAS. V. tamén *Agrícolas* (*Animales*), *Vaquero*.
22371. **A carto vai a vaca; pero si non hai carto, non hai vaca.** (ms10,135r: *D.E.*)
22372. **A vaca canto máis se munxe, máis grande ten o teto.** (ms10,135r: *D.E.*)
22373. **A vaca farta, do rabo fai a cama.** (ms10,135r: *D.E.*)
22374. **Canto máis se munxe a vaca, máis os tetos se lle agrandan.** (ms10,135r: *D.E.*)
22375. **De unha vaca sai un becerro.** (ms10,135r: *D.E.*)
22376. **Que dea a vaca bo tenreiro, que moito leite coa herba no prado non hai que esperalo.** (ms10,135r: *D.E.*)
22377. **Vaca e carneiro, comida de cabaleiro.** (ms10,135r: *D.E.*)
22378. **Vaca estransillada, nin bo leite nin boa crianza.** (ms10,135r: *D.E.*)
22379. **Vai a carto a vaca, pero o que non ten un carto non-a cata.** [6316] (ms10,135r: *D.E.*)
22380. **Val máis bocado de vaca que catro de pataca.** (ms10,135r: *D.E.*)

VALENTÍA
22381. **O valente que hoxe fuxe, outra vez peleará.** (ms10,135r: *D.E.*)
22382. **Os valentes e o bo viño acábanse logo.** (ms10,135r: *D.E.*)
22383. **Tan valente é un combatindo como outro fuxindo.** (ms10,135r: *D.E.*)
22384. **Valente de boca, lixeiro de pés.** (ms10,135r: *D.E.*)
22385. **Valente que fuxe unha vez é que se garda pra outra vez.** (ms10,135r: *D.E.*)

VALER
22386. **Casa de terra, cabalo de herba e amigo de pousada non valen nada.** (ms10,135r: *D.E.*)
22387. **Máis vale din que don.** (ms10,135r: *D.E.*)
22388. **Máis vale malo conecido que bo por conecer.** (ms10,135r: *D.E.*)
22389. **O que moito val, de debaixo da terra sai.** (ms10,135r: *D.E.*)
22390. **Quen menos val é quen ás veces máis crece.** (ms10,135r: *D.E.*)
22391. **Tanto vale un home canto el se estima.** (ms10,135r: *D.E.*)
22392. **Val máis un "por se acaso" que un "quen pensara".** (ms10,135r: *D.E.*)

VAQUERO. V. tamén *Vacas*.
22393. **Onte vaqueiro e hoxe cabaleiro.** (ms10,135r: *D.E.*)

VARA
22394. **Vara seca non se domea, que creba.** (ms10,135r: *D.E.*)

VARÓN. V. tamén *Hombre, Mujer*.
22395. **Benia o varón que por si se castiga e por outro non.** (ms10,136r: *D.E.*)
22396. **Cal é o varón, tal é a súa sazón.** (ms10,136r: *D.E.*)
22397. **O máis sisudo varón, a muller bótao ó fondón.** (ms10,136r: *D.E.*)
22398. **O varón forte non-o arrendan o tempo nin a morte.** [6317] (ms10,136r: *D.E.*)
22399. **Pró bo varón, as terras como as súas.** (ms10,136r: *D.E.*)

VASALLO. V. tamén *Poder, Señor, Señorío*.
22400. **O bo vasallo fai o bo señor.** (ms10,136r: *D.E.*)

VECES
22401. **A bo comer ou mal comer, tres veces beber.** (ms10,136r: *D.E.*)
22402. **Decir unhas veces torto e outras direito, é de xente de mal xeito.** (ms10,136r: *D.E.*)
22403. **Dúas veces pon a mesa quen come e deixa.** (ms10,136r: *D.E.*)
22404. **Unha vez non son veces.** [6318] (ms10,140r: *D.E.*)

VECINO
22405. **Cando haxa un mal veciño, sofrilo.** (ms10,136r: *D.E.*)
22406. **Cando teñas un mal veciño tes que sofrilo.** (ms10,136r: *D.E.*)

[6316] O orixinal di: *Vai a carto a vaca, pero o que non tén un carto, nona cata.*

[6317] O orixinal di: *Ó varón forte nono arrendan o tempo nin a morte.*

[6318] En ms10 s.v. *Vez*.

22407. **Cando tiveres un mal veciño, pide que non che veña outro máis malino.** (ms10,136r: *D.E.*)

22408. **Co bo veciño casarás a túa filla e venderás o teu viño.** (ms10,136r: *D.E.*)

22409. **Co bo veciño venderás o teu viño e collerás o teu trigo.** (ms10,136r: *D.E.*)

22410. **Co mal veciño faise o home precavido.** (ms10,136r: *D.E.*)

22411. **Daime, veciñas, a embora, que boto touciño na miña ola.** (ms10,136r: *D.E.*)

22412. **Mal veciño é o amor, pero onde o non hai, é pior.** (ms10,136r: *D.E.*)

22413. **Non hai veciño pior que o murmurador.** (ms10,136r: *D.E.*)

22414. **Non teñas por veciño forno nin muíño.** (ms10,136r: *D.E.*)

22415. **O rei i-o río non-os teñas por veciños, porque se se asañan, todo cho deixan barrido.** [6319] (ms10,136r: *D.E.*)

22416. **Os coidados do veciño hanse sentir con cuncas de viño.** (ms10,136r: *D.E.*)

22417. **Polo mal veciño non desfagas o teu niño.** (ms10,136r: *D.E.*)

22418. **Refrán é moi antigo, que é gran mal o mal veciño, e inda máis se é do teu oficio.** (ms10,136r: *D.E.*)

VEJEZ. V. tamén *Edades* (*Ancianidad*).

22419. **A vella que de amores debece, o diaño que a leve.** (ms10,136r: *D.E.*)

22420. **A vellez mala enfermedade é.** (ms10,136r: *D.E.*)

22421. **A vellez nunca vén soila.** (ms10,136r: *D.E.*)

22422. **A vellez ten mala cura.** (ms10,136r: *D.E.*)

22423. **Á vellez, estudar, pra morrer antes de acabar.** (ms10,136r: *D.E.*)

22424. **Abonda ser vello pra estar enfermo.** (ms10,136r: *D.E.*)

22425. **Anque seas vello non renegues do consello.** (ms10,136r: *D.E.*)

22426. **Cando o vello é gaiteiro, ¿que fará o mozo solteiro?** (ms10,136r: *D.E.*)

22427. **Canto máis vello máis pelexo.** (ms10,137r: *D.E.*)

22428. **De vello hai quen se troca en pelexo.** (ms10,137r: *D.E.*)

22429. **Fol sacudido non dá fariña.** [6320] (ms15,43: Diomondi)

Figurado: se aplica a la vejez: un viejo que ya vivió su vida, nada espera para adelante y dice: *fol sacudido*.

22430. **Non hai ningún tan vello que non pense vivir un ano.** (ms10,137r: *D.E.*)

22431. **Non hai vella da cintura pra abaixo.** (ms10,136r: *D.E.*)

22432. **Non hai vella fermosa nin moza fea.** (ms10,136r: *D.E.*)

22433. **O vello hai que mantelo.** (ms10,137r: *D.E.*)

22434. **O vello i-a palleira, cando se alcenden son mala fogueira.** (ms10,137r: *D.E.*)

22435. **O vello i-o forno pola boca se quentan: un con viño e outro con leña.** (ms10,137r: *D.E.*)

22436. **O vello na súa terra e o mozo na allea, minten á súa maneira.** (ms10,137r: *D.E.*)

22437. **Ó vello non lle preguntes "¿como che vai?" senón "¿como che foi?".** (ms10,137r: *D.E.*)

22438. **Ó vello nunca lle falta que contar: ou ó sol ou ó pe do lar.** (ms10,137r: *D.E.*)

22439. **O vello por non poder e o mozo por non saber, déixanse as cousas perder.** (ms10,137r: *D.E.*)

22440. **O vello que engorda, dúas mocedades logra.** (ms10,137r: *D.E.*)

22441. **O vello que hincha e o mozo que mirra, quédalle pouca vida.** (ms10,137r: *D.E.*)

22442. **O vello que se cura, máis anos dura.** (ms10,137r: *D.E.*)

22443. **Polo vello non poder e o mozo non saber, moito se deixa de facer.** (ms10,137r: *D.E.*)

22444. **¿Por que vai a vella á casa da moeda? Por se algo se lle pega.** (ms10,136r: *D.E.*)

22445. **Quen de vello engorda, dúas mocedades disfroita.** (ms10,137r: *D.E.*)

22446. **Quen ó vello lle furta a cea, querlle ben anque o non pareza.** [6321] (ms10,137r: *D.E.*)

22447. **Quen queira ser vello moito tempo, váiase con tento.** (ms10,137r: *D.E.*)

22448. **Se a vella é gaiteira ¿que fará a moza solteira?** (ms10,136r: *D.E.*)

[6319] O orixinal di: *Ó rei i ó río nonos teñas por veciños, porque se se asañan, todo cho deixan barrido.*

[6320] Indica *Vejez*.

[6321] O orixinal di: *Quen o vello furta lle furta a cea, querlle ben anque o non pareza.*

22449. **Se mudas o vello de terra, logo che dará el a pelexa.** (ms10,137r: *D.E.*)
22450. **Se non miro prá vella, miro prá maxencia que leva.** (ms10,136r: *D.E.*)
22451. **Se o vello non pode ir, o mozo non quer, ¿que se lle ha facer?** (ms10,137r: *D.E.*)
22452. **Se queres chegar a vello, sube as costas como vello.** (ms10,137r: *D.E.*)
22453. **Vello con amores, inverno con frores.** (ms10,137r: *D.E.*)
22454. **Vello que fai boda, cava sin querer a súa cova.** (ms10,137r: *D.E.*)
22455. **Vello que se namora, chama pola derradeira hora.** (ms10,137r: *D.E.*)

VELA

22456. **A vela da barca hai que velala, e se non, largala.** (ms10,136r: *D.E.*)
22457. **Moita vela, pouco vento.** (ms10,136r: *D.E.*)
22458. **Pouca vela, moito vento.** (ms10,136r: *D.E.*)

VENDIMIA. V. tamén *Agrícolas*.

22459. **A vindima non é cada día.** (ms10,141r: *D.E.*)
22460. **A vindima, enxoita e fría.** (ms10,141r: *D.E.*)
22461. **Antes da vindima compón as cubas axiña.** (ms10,141r: *D.E.*)
22462. **Dispois de vindimas, corvos.** (ms10,141r: *D.E.*)
22463. **Mandar rapaces á vindima é cousa perdida.** (ms10,141r: *D.E.*)
22464. **Ós comenzos de setembre aparella as cubas pra vindimar as uvas.** [6322] (ms10,120r: *D.E.*)
22465. **Pola vindima vende as túas galiñas; pola Navidá vólveas mercar.** (ms10,141r: *D.E.*)
22466. **Vindima enxoito se queres coller viño mosto.** (ms10,141r: *D.E.*)

VENIR

22467. **A mal vir, botar tabaco e cuspir.** (ms10,143r: *D.E.*)
22468. **Axiña vén o que se ve.** (ms10,143r: *D.E.*)
22469. **Os que cabirtos venden e cabras non teñen, ¿de onde lle veñen?** (ms10,143r: *D.E.*)
22470. **Quen vén o derradeiro, chega ás veces o primeiro.** (ms10,143r: *D.E.*)
22471. **Quen vén, non tarda.** (ms10,143r: *D.E.*)
22472. **Se queres vir comigo, trai contigo.** (ms10,143r: *D.E.*)
22473. **Védesme como veño e preguntádesme qué teño.** (ms10,143r: *D.E.*)
22474. **Venme o que bebo e non me ven a sede que teño.** (ms10,143r: *D.E.*)
22475. **Veume o mal que me acostumbra a vir, que dispois de farto bótome a durmir.** (ms10,143r: *D.E.*)

VENTA

22476. **A millor venda é a primeira.** (ms10,137r: *D.E.*)
22477. **Na venda onde pasares, paga sin reparares nin regateares.** (ms10,137r: *D.E.*)
22478. **No vender vai a ganancia.** (ms10,137r: *D.E.*)
22479. **Quen vende o trigo na eira i-a lan na ovella, i-o pan en agosto i-o viño en mosto, dá proveito a moitos.** (ms10,137r: *D.E.*)

VENTURA

22480. **A ventura corre máis que o cabalo i-a mula.** (ms10,138r: *D.E.*)
22481. **Cando a ventura chega a unha casa, botala fóra é parvada.** (ms10,138r: *D.E.*)
22482. **Ninguén chega a ver a ventura que quer.** (ms10,138r: *D.E.*)
22483. **Ninguién pode saber a ventura que ha ter.** (ms10,138r: *D.E.*)
22484. **Se a ventura é moita, hastra as augas se trocan en troitas.** (ms10,138r: *D.E.*)
22485. **Ten ás veces máis ventura o que menos a precura.** (ms10,138r: *D.E.*)
22486. **Ventura che dea Dios, que o saber pouco che abonda.** (ms10,138r: *D.E.*)

VER

22487. **Anque te non vexo, moito ben te desexo.** (ms10,138r: *D.E.*)
22488. **Canto máis vexo, máis mal me vexo.** (ms10,138r: *D.E.*)
22489. **Canto máis vexo, menos vexo.** (ms10,138r: *D.E.*)
22490. **Dende que non vos vemos, non nos conecemos.** (ms10,138r: *D.E.*)

[6322] En ms10 s.v. *Setiembre* coa indicación *Vendimia*.

22491. **O que non vexo non-o desexo.** [6323] (ms10,138r: *D.E.*)

22492. **Os vivos ó verán, que os mortos non poderán.** (ms10,138r: *D.E.*)

22493. **Por non ver visiós, déitome moitas veces ás oraciós.** (ms10,139r: *D.E.*)

22494. **Quen moito ve moito adeprende.** (ms10,138r: *D.E.*)

22495. **Quen non viu Lisboa, non viu cousa boa.** [6324] (ms10,138r: *D.E.* / ms-SA: Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C)

22496. **Quen vexa as miñas mangas, non verá as miñas faldras.** (ms10,138r: *D.E.*)

22497. **Unha cousa é ver e outra mirar.** (ms10,138r: *D.E.*)

22498. **Vemos menos o que está máis preto.** (ms10,139r: *D.E.*)

VERANO. V. tamén *Estaciones, Agrícolas* (*Meses*).

22499. **Cando o vran é inverno i-o inverno é vran, mal anda prós probes o ano de pan.** (ms10,143v: *D.E.*)

22500. **O vranciño de san Martiño, ou grande ou pequeniño.** (ms10,143v: *D.E.*)

VERDAD

22501. **A verdá foxe dos currunchos.** (ms10,139r: *D.E.*)

22502. **A verdá non perde por nena nin a mentira gana por vella.** (ms10,139r: *D.E.*)

22503. **A verdá non ten pés e anda.** (ms10,139r: *D.E.*)

22504. **A verdá ten forza porque non se creba.** (ms10,139r: *D.E.*)

22505. **A verdá ten moita forza.** (ms10,139r: *D.E.*)

22506. **A verdade adelgaza, pero non creba.** (ms10,139r: *D.E.*)

22507. **A verdade é aceda i-a mentira é doce.** (ms10,139r: *D.E.*)

22508. **A verdade é filla da caridade.** (ms10,139r: *D.E.*)

22509. **A verdade é filla de Dios e afillada do demo.** (ms10,139r: *D.E.*)

22510. **As verdades sempre amargan.** (ms10,139r: *D.E.*)

22511. **Máis val decir verdades que parezan mentiras que mentiras que parezan verdades.** (ms10,139r: *D.E.*)

22512. **O pouco i-o moito non ten medida.** [6325] (ms: Valcarria)

22513. **Por decir as verdades, pérdense moitas amistades.** (ms10,139r: *D.E.*)

22514. **Pra verdades, o tempo.** (ms10,139r: *D.E.*)

22515. **Quen non crea a verdá, verdá non dirá.** (ms10,139r: *D.E.*)

22516. **Quen di a verdá, nin peca nin minte.** (ms10,139r: *D.E.*)

22517. **Quen verdá non me cre, verdá non me di.** (ms10,139r: *D.E.*)

22518. **Vista de ollo saca de duda.** [6326] (ms: Tuiriz)

(pt) *Vista faz fé.* (Chaves) (es) *Vista faz fe.* (Correas)

VERDURA. V. tamén *Huerta*.

22519. **Comer verdura e botar mala ventura, prós probes é cousa segura.** (ms10,139r: *D.E.*)

VERGÜENZA

22520. **A pouca vergonza, menos honra.** (ms10,139r: *D.E.*)

22521. **A vergonza é un espantallo que pra moitas cousas é atallo.** (ms10,139r: *D.E.*)

22522. **A vergonza i-a honra, cando unha muller as perde, enxamais as atopa.** (ms10,139r: *D.E.*)

22523. **A vergonza no probe, máis probe o volve.** (ms10,139r: *D.E.*)

22524. **A vergonza pasa i-o diñeiro queda na casa.** (ms10,139r: *D.E.*)

22525. **A vergonza, de onde sai, nunca máis volta.** (ms10,139r: *D.E.*)

22526. **Antes morte que vergonza.** (ms10,139r: *D.E.*)

22527. **Como muller sin vergonza, así o árbore sin codia.** (ms10,139r: *D.E.*)

22528. **Máis val vergonza na casa que mágoa no corazón.** (ms10,139r: *D.E.*)

22529. **O que non é bo de palabra, non é bo de pancada.** (ms5,133: Santiago)

22530. **O que non é bon por palabra, non é bon por pancada.** [6327] (ms: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)

(pt) *O que não tem uma palavra, não tem uma pancada.* (Chaves) / *Quem não teme o*

[6323] O orixinal di: *O que non vexo nono desexo.*

[6324] ms-SA: *non veo Lisboa, veo cousa boa.*

[6325] O orixinal di: *O pouco y-o moito non ten medida.*

[6326] Contén a indicación *Verdad*.

[6327] Contén a indicación *Vergüenza*.

sermão, não teme o bondão. (Id.) / *Quem nao vai a palabra, nao vai a pancada.* (Id.)

22531. **O que non é bon por razós, menos é por paus.** (ms5,057: O. de Rey)

22532. **O que non sinte a palabra, non sinte a pancada.** [6328] (ms: M.V. / ms21)

Var.: *Cando por palabra n'entende, por pancada inda é pior.* (Poyo-Pontevedra. G.P.)

(es) *El que no siente de una mala palabra, no siente de un puñalada.* (R. Marín)

22533. **O que non ten vergonza, en calquera casa almorza.** [6329] (ms)

(pt) *Quem não tem vergonha, todo o mundo é seu.* (Chaves) (es) *Quien no tiene vegüenza, toda la villa es suya.* (R. Marín) / *Quien no tiene vergüenza, en todas partes almuerza.* (Id.) (ct) *El que no té vergonya, tot lo mon es d'ell.* (Alberola)

22534. **O que non ten vergonza, en todas partes almorza.** (ms10,139r: *D.E.*)

22535. **O que non ten vergonza, ten por súa a terra toda.** (ms10,139r: *D.E.*)

22536. **Onde a vergonza sai unha vez, nunca máis se volve ver.** (ms10,139r: *D.E.*)

22537. **Onde non hai vergonza, non hai cousa boa.** (ms10,139r: *D.E.*)

22538. **Onde pos a cara, pon a vergonza.** (ms10,050r: Silvarrey)

22539. **Pide o goloso pró vergonzoso.** [6330] (ms e ms4: A.S.A.)

(pt) *Pede o guloso para o desejoso.* (Chaves) (es) *Pide el goloso para el deseoso.* (Correas)

22540. **Pra pouca vergonza, val máis ningunha.** (ms10,139r: *D.E.*)

22541. **Pró que non ten vergonza, toda a terra é súa.** (ms10,139r: *D.E.*)

22542. **Quen ten vergonza, nin come nin almorza.** (ms10,139r: *D.E.*)

22543. **Quen unha vez perde a vergonza, a vela non volta.** (ms10,139r: *D.E.*)

VESTIDO. V. tamén *Ropa, Traje*.

22544. **Bo vestido e limpeza non anda coa probeza.** (ms10,139r: *D.E.*)

22545. **O que ten mal vestir, hastra a roupa lle quer fuxir.** (ms10,140r: *D.E.*)

22546. **O vestido do servidor di quén é o señor.** (ms10,139r: *D.E.*)

22547. **Polo vestido do criado ben se conoce o amo.** (ms10,140r: *D.E.*)

22548. **Viste un ladrón e parecerache un señor.** (ms10,140r: *D.E.*)

VIAJE

22549. **A onde has d'ir non vale fuxir.** [6331] (mc e ms: Lugo-F.V.S.)

22550. **Andar dacabalo é malo, pero andar d'a pé é morrer.** [6332] (mc / ms)

22551. **Andarás e verás.** [6333] (mc e ms: Tuiriz)

22552. **Bo viaxe fai o que vai e volve.** (ms10,140r: *D.E.*)

22553. **Cando vaias a un viaxe, cuida ben do teu paraxe.** [6334] (ms: A.C. *A Nosa Terra*)

22554. **En vísperas de viaxe non te poñas a xugar.** [6335] (ms: Otero de Rey)

Var.: *En vísperas de viaxar non te poñas a xugar.* (ms15,22r)

22555. **Mentras vai e vén, viaxe ten.** [6336] (mc e ms: Lugo)

22556. **Mentras vas e mentras vés, xornada tes.** [6337] (mc / ms)

(pt) *Emquanto vai e vem, alma tem* (ou *não está parado*). (Chaves)

22557. **Mentras vas e vés, camiñada tes.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22558. **Mentras vas e vés, non folgas camiño.** [6338] (mc e ms: Lugo)

22559. **O que ten boca vai a Roma.** (ms-SA: José González Santos: Boa, Camboño, Lousame, C / ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C / ms-SA: Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C / ms-SA: Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C / ms-SA: Francisco Ageitos Pérez: Corrubedo, Ribeira, C / ms-SA: Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C)

[6328] Contén a indicación *Vergüenza* no ms.

[6329] Contén a indicación *Vergüenza*.

[6330] Contén a indicación *Vergüenza*. / ms4: *pr'o*. / V. *Pide o goloso pró cobizoso* en *Peticiones*.

[6331] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal. Contén a indicación *Viaje* no ms.

[6332] Dentro de *Miscelánea* no mc; no ms contén a indicación *Viaje*. / ms15,24r: *Andar de cabalo, andar de a pé*.

[6333] Dentro de *Miscelánea* no mc; no ms contén a indicación *Viaje*.

[6334] Contén a indicación *Viajar*. / ms4: *de teu*.

[6335] Contén a indicación *Viaje*.

[6336] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal. Contén a indicación *Viaje* no ms.

[6337] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal. Contén a indicación *Viaje* no ms.

[6338] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal. Contén a indicación *Viaje* no ms.

22560. **O que ten lengua a Roma chega.** [6339] (ms: M.V.)

(pt) *Quem língua tem, a Roma vai e de Roma vem.* (Chaves) / *Quem tem boca vai a Roma.* (Id.) (es) *Quien tiene lengua, a Roma va.* (Sbarbi) (ct) *El que té llengua a Roma va.* (Alberola)

22561. **O que ten lengua chega a Roma.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

22562. **O que ten lengua vai a Roma.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22563. **Perguntando vaise a Roma.** (ms e ms4: V.R. y A.R.)

22564. **Quen ten ollos vai a Roma.** [6340] (ms: A.N.)

22565. **Se vas polo mundo, non pares na casa dun coxo, torto ou xorobado, que s'hai algún bo, será un milagro.** [6341] (ms: Buciños)

22566. **Untar de botas, señal de viaxe.** (ms21,19v: Bermés)

22567. **Untura de botas, señal de viaxe.** [6342] (ms: Lugo-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22568. **Viaxando, nin misa nin miseria.** [6343] (ms: F.V.S.)

22569. **Viaxar podes mui ben sin que ch'empate ninguén.** [6344] (ms: Santiago)

22570. **Viaxe derradeiro, ou ben cargado ou ben valeiro.** (ms10,140r: *D.E.*)

VICIOS. V. tamén *Lacras y vicios sociales, Pereza y ociosidad.*

22571. **A borracheira indina e brutal, no inverno sempr'é mortal.** [6345] (ms4: J.P.)

22572. **A curiosidad é a mai de tódolos vicios.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22573. **Alcohol en viño froxo dálle forza e color roxo.** [6346] (ms4: J.P.)

22574. **Antes tardaban anos i ahora non tardan días.** (ms10,049v: Carballedo)

Non botes soberbias. (ms15,24r)

22575. **As soberbias non can nas pallas.** [6347] (ms / ms9,05v: Pidre)

22576. **As soberbias non collen pró monte.** (ms9,05r: San Simón)

El mal que se pide le viene al que lo desea.

22577. **Cand'é moita a m[erda], cheira.** (mc: M.L.)

22578. **Cando está seca a garganta, non chía nin canta.** (ms10,026r: *D.E.*)

22579. **Cando o viño é bo, un vaso chama a outro.** (ms: Orense)

22580. **Cando vexas a merda, non lle toques pra que non cheire; s'é moita, non hai quen aguante.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22581. **Cando vexas a m[erda], non lle toques pra que non cheire.** (mc: Buciños)

22582. **Canto máis se remexe na m[erda], máis cheira.** [6348] (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

Var.: *A m*[erda] *canto máis se remece, máis cheira.* (mc / ms)

(es) *La mierda, mientras más se menea, más apesta.* (R. Marín) / *La mierda, dejarla estar queda, para que menos huela.* (Id.)

22583. **Canto máis se remexe, máis cheira.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

22584. **Carta na banca non se levanta.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)

22585. **Carta na mesa non pesa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)

22586. **Carta na mesa queda presa.** (mc)

22587. **Carta na mesa, carta que pesa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pol, LU)

22588. **Carta tocada, carta xogada.** (mc: G.P.)

22589. **Cexa raída n'é por boa vida.** [6349] (mc: G.P.)

22590. **Co ingrato non teñas trato.** (mc: Tuiriz)

(es) *Con el ingrato no tengas trato.* (R. Marín)

22591. **Coas glorias olvídanse as memorias.** (mc / ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

Var.: *Coas glorias fóronse as memorias.* (C.A. *A Nosa Terra*)

(pt) *Com as glórias, olvidam-se as memórias.* (Chaves) (es) *Con las glorias se olvidan las memorias.* (R. Marín)

22592. **Codicia de labrego non enche talego.** [6350] (ms)

[6339] Contén a indicación *Viaje*.

[6340] Contén a indicación *Viaje*.

[6341] O orixinal di: *Se vas pol-o mundo non pares na casa d un coxo, torto ou xorobado, que s'hay algun bó será un milagro.* / Contén a indicación *Viajes*.

[6342] Contén a indicación *Viaje*. / ms-LU: *sinal de viaxe*.

[6343] Contén a indicación *Viaje*.

[6344] Con indicación entre parénteses *Viaje* no ms.

[6345] Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[6346] ms4: *Alcohol e viño*. Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

[6347] Atopado xunto cos de *Medicina e higiene*.

[6348] Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

[6349] mc: *n'e boa*.

(es) *Codicia de labriego no llena talego.* (R. Marín)

22593. **Coller e non dar a todo o mundo ha de alegrar.** (mc: Paradela)

22594. **Como desaúno a auga ardente, soilo a toma un imprudente.** (ms4: J.P.)

22595. **Contr'o ás non arrastrarás.** (mc: Otero de Rey)

22596. **Chufas e peidos non custan diñeiros.** (ms4: M.L.)

22597. **Deixa o mar onde está; lávate en augardente que millor será.** (ms5,121: Trapero)

Var.: *Deixa o mar onde está; báñate en augardente que millor será.*

22598. **Dentro do borracho sempre fala o viño.** (mc: Santiago)

22599. **Detrás do vicio vén o fornicio.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / ms10,023r)

22600. **En tratándose de cartos, nin parentes nin adaentes.** [6351] (Jesús Vázquez: Sarria, LU)

22601. **Eso non é defeuto; defeuto é roer a roupa e non facer por outra.** (ms4: F.V.S.)

22602. **Hai máis farándula ca proveito: o que fai a propaganda é o artícalo.** [6352] (mc: Buciños)

22603. **Hai máis farándula ca proveito.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22604. **Mentras cría, queremos a ama; en pasando o proveito, logo olvidada.** (mc)

(es) *Entretanto que cría, amamos al ama; en pasando el provecho, luego olvidada.* (Sbarbi) / *Ama sois ama, mientras el niño mama; desque no mama ni ama ni nada.* (Id.)

22605. **N'hai soberbia que non caia.** [6353] (mc: M.V.)

22606. **Naide mormure de naide, que somos de carne humana; non hai pelexo de viño que non teña a súa botaina.** (mc: Carballino)

22607. **Neste mundo o que non mata, espelexa.** (mc: Santiago)

22608. **Non desexes a sorte de veciño, que a túa che vén polo camiño.** [6354] (mc: Tuiriz)

(pt) *Não desejes mal a ninguém que o teu pelo camiño vem.* (Chaves)

22609. **Non hai manxar que non empalaghe e vicio que non enfade.** [6355] (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

22610. **Nunca digas de esta auga non hei beber.** [6356] (mc: Tuiriz)

(pt) *Ninguém diga desta água não beberei e deste pão não comerei.* (Chaves) (ct) *Ningú que pense bé, diga d'esta aigua no beuré.* (Gella)

22611. **Nunca o can morde á cadela.** (ms10,041r: *D.E.*)

22612. **O blanco viño gústalle ó monaguillo.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

22613. **O can baila polo pan.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

22614. **O can salta polo pan.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

22615. **O demo cheo de carne meteuse a frade.** (ms18,37r)

22616. **O demo, farto de carne, meteuse frade.** (mc)

Var.: *O demo, cheo de carne, métese frade.* (R. de Miño-S.V. / ms4: C.A. *A Nosa Terra*) [6357]

(pt) *O diabo depois de velho fêz-se eremitao.* (Chaves) (es) *El diablo harto de carne se metió fraile.* (Sbarbi) (ct) *El dimòni, cansat de fer mal, es ficá flare.* (Alberola)

22617. **O fumador que sabe fumar, bota o fume despois de falar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ortigueira, Ortigueira, C)

22618. **O fumador que sabe fumar, bota u fume antes de falar.** (ms: Santiago)

22619. **O fumador que sepa fumar, bota o fume despois de falar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

22620. **O fumar é un vicio como outro calquera, que se colle e non se pode deixar.** (mc: Santiago)

22621. **O home borracho sempre anda tirado.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

22622. **O movemento demóstrase andando, i-o agradecemento, dando.** [6358] (mc: Buciños)

[6350] Aparece tachado por atrás da ficha de *Cada maestriño ten o seu libreiño*.

[6351] O orixinal di *En trantandose de cartas nin parentes nin adaentes.*

[6352] mc: *que proveito*.

[6353] ms3: *caya*.

[6354] V. variantes en *Religiosos y morales*.

[6355] O orixinal di: *Non hay Manxar que non empalaje e vicio que non enfade.*

[6356] O orixinal di: *Nunca digas de esta auga non ei beber.* / V. *Nadie diga* desta auga non beberei en *Posibilidad*.

[6357] ms4: *a frade*.

[6358] O orixinal di: *O movemento demóstrase andando, y-o agradecemento, dando.*

(es) *El movimiento se demuestra andando.* (Sbarbi)

22623. **O olvidado, nin agradecido nin pagado.** [6359] (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *Lo olvidado, ni agradecido ni pagado.* (R. Marín)

22624. **O que bebe moito viño, sálelle o diablo ó camiño.** (mc: Santiago)

Var.: *O que bebe moito viño, vaiche por mal camiño.* (Santiago)

22625. **O que debe obligación, non sabe con qué pagar.** (mc: Lugo)

22626. **O que desea mal ó veciño, vénll'a el polo camiño.** (ms-SA: Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C)

22627. **O que está pr'arder, ha de arder.** (mc)

22628. **O que fai a propaganda é o artícalo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22629. **O que lle desea mal ó seu veciño, o seu lle vén polo camiño.** (ms-SA: Eliseo López Varela)

22630. **O que moito revolve na merda, sempre cheira a ela.** (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

22631. **O que nada bebe, nada teme.** (ms18,56r: *Vida Gallega*)

22632. **O que non agradece o ben que lle fan, non naceu de boa mai.** [6360] (mc)

22633. **O que non bebe nin fuma tabaco, o diaño llo leva por outro burato.** (mc: Buciños)

22634. **O que non é agradecido, non é ben nacido.** (mc / ms4: F.V.S.)

(pt) *O que não e agradecido, não e bem nascido.* (Chaves) (es) *Quien no es agradecido, no debiera haber nacido.* (R. Marín) / *Quien nada agradece, cualquier mal merece.* (R. Marín) / *Quien no es agradecido, no es bien nacido.* (R. Marín) (ct) *A cor ingrat mal any lo mat.* (R. Marín)

22635. **O que non fuma nin toma tabaco, o demo llo leva por outro burato.** [6361] (ms18,55r: *Vida Gallega*)

22636. **O que non fuma tabaco non ten trato.** (ms8,16r: Silvarrey)

22637. **O que non gasta en viño, o demo llo leva por outro camiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

22638. **O que non gastas en tabaco i-en viño, ou demo cho leva por outro camiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pape, San Xoán de Silvarrei, Outeiro de Rei, LU)

22639. **O que non ten e gastos ten, dalgún lado lle vén.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

22640. **O que se alegra co mal de veciño, ten o del no camiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

22641. **O que se alegra do mal do veciño, vénlle o seu polo camiño.** (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

22642. **O que se alegre co mal do veciño, ve o seu polo camiño.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

22643. **O que se ri do mal do veciño, vénll'o seu polo camiño.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

22644. **O que desea a morte ó seu viciño, vénlle a súa polo camiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

22645. **O que desea a morte ó veciño, ten a del no camiño.** [6362] (mc: Biville / ms4: Baralla-F.V.S.)

22646. **O que desea o mal do veciño, o seu lle vén por o camiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Serantes, Santiso (Terra de Melide), C)

22647. **O que desea o mal do veciño, vénlle o seu polo camiño.** [6363] (mc)

Var.: *O que se alegra do mal do veciño, xa lle vén o seu polo camiño.* (A.S.A.)

(pt) *A quem quere mal ao vizinho, o seu vem pelo caminho.* (Chaves) / *Ninguem se ria do mal do vizinho que o seu já vem pelo caminho.* (Id.) / *Não desejes mal a ninguém que o teu pelo caminho vem.* (Id.) (es) *Quien desea el mal de su vecino el suyo le viene de camino.* (Sbarbi)

22648. **O rapás e o can brincan polo pan.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

22649. **O sábado a chover e o borracho a beber, vai a semana a roer.** (mc: Santiago)

22650. **O vicio trai o fornicio.** [6364] (ms10,23r: *D.E.*)

22651. **Polo pan baila o can.** [6365] (mc: Buciños / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms21,16v: Bermés)

Var.: *Polo pan and'o can.*

[6359] ms4: *olvidao, pagao*.

[6360] mc: *agradesce*.

[6361] O orixinal di: *O que non fuma nin toma tabaco o demo l-o leva por outro burato.*

[6362] V. variantes en *Religiosos y morales*.

[6363] V. variantes en *Religiosos y morales*.

[6364] Sen clasificar no orixinal.

[6365] ms-SA: *baila u can*; ms-LU e ms21,16v: *bail'o can.* / V. tamén *Hambre. Gastronomía*.

22652. **Polo pan danza o can.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22653. **Por cartos baila o can e por pan si llo dan.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

22654. **Quen disputa cun borracho disputa cun ausente.** (mc: R. Caruncho)

(es) *Quien disputa con un borracho, disputa con un ausente.* (Sbarbi)

Porque tiene perdida la razón y es en balde cuanto se haga por convencerlo. (Sbarbi)

22655. **Quen o pouco desprecia menos merece.** [6366] (mc: R. Marín / ms4: M.V. / ms: Santiago / ms21,28r: Bermés)

(es) *Quien lo que le dan recibe con desprecio, es un necio.* (R. Marín)

22656. **Quen por malos camiños anda, malos abrollos colle.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

22657. **S'é moita a m[erda], non hai quen aguante.** (mc: Buciños)

22658. **Sacristán que vende cera -il colmeas non ten- dalgún lado lle vén.** (ms14,17)

22659. **Sacristán que vende cera e non ten o colmear, rapaverum / furtaverum as veliñas do altar.** [6367] (mc: M.V.)

(es) *Sacristán que vende cera y no tiene colmenar, rapio rapis del altar* (o *rapaverum del altar* o *volaverum del altar*). (Correas) / *Sacristán que cera vende que es urtada bien se entiende.* (R. Marín)

22660. **San Xuan benditiño, o borracho que bebe agua é porque non ten viño.** (mc: Santiago)

22661. **Se deseas mal ó veciño, vénche o teu polo camiño.** [6368] (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

22662. **Se queres que de ti falen ben, non fales mal de ninguén.** (mc: Santiago)

22663. **Si tes gado e non prau, unha vaca e moito leite, non che estrañe que mal pense.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22664. **Sobre uha boa capa escóndese un bon bebedor.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22665. **Tod'a carne come o lobo, méno-la súa que lambe.** [6369] (ms21,25r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

22666. **Tod'a xente mata o lobo, méno-la súa qu'a lambe.** [6370] (ms-SA: Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO)

22667. **Toda carne come o lobo, non sendo a súa que a delambe.** [6371] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22668. **Toda carne o lobo come, meno-la súa que a lambe.** [6372] (mc: M.V.)

Var.: *Toda a carne come o lobo, agás a súa que a delambe.* (A.N.)

(es) *El lobo come de todas carnes; pero la suya la lame.* (R. Marín) / *Un lobo a otro lame y no come su carne.* (Id.)

22669. **Tras do pan corre o can.** (ms-LU: seminarista anónimo: Fazouro, Foz, LU)

22670. **Véndeme a cunca e mais o cunqueiro e non me vendas o meu tabaqueiro.** [6373] (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago)

22671. **Viño, viñiño, quen te me dera na xesta; baixástem'á barriga e non te me subas á testa.** (mc: Buciños)

Ni los aficionados quieren perder la cabeza.

VICIOS. JUEGOS

22672. **Faguedor de tantos, pagador de netos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

22673. **Todas dun pao, baraxa, marrao.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)

22674. **Trunfo seguido, xogo perdido pró mismo individuo.** (mc e ms5,134: Otero de Rey)

Var.: *Xugada repetida, xugada perdida.* (ms5,134: Lugo)

Se aplica al triunfo. Cuando se repite el triunfo del juego anterior, se pierde. (ms5,134)

22675. **Xogador de voltereta, tresillista da puñeta.** [6374] (ms: Buciños / ms5,134: Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

(es) *Jugador de volvoreta, no te casarás con mi hija.* (R. Marín)

22676. **Xugarás pero non apostarás.** [6375] (ms: Piugos-F.V.S)

[6366] V. tamén *Desdén y desprecio*.

[6367] mc: *rapaverum, furtaverum,* ms15,48. M.V.: *ten colmear*.

[6368] O orixinal di: *Se deseas mal o veciño vende o teu po lo camiño.*

[6369] O orixinal di: *Tod'a carne come o lobo menol'a sua que lambe.* / ms-LU: *delambe*.

[6370] O orixinal di: *Tod'a xente mata o' lobo menos l'asua qu'a lambe.*

[6371] O orixinal di: *Toda carne come o lobo en sendo a sua que a delambe.*

[6372] Toda carne o lobo come menol-a súa que a lambe. / ms4: *come o lobo*.

[6373] É un fragmento dunha cantiga.

[6374] Indica *Vicios. Juegos*. / ms5,134: *Xugador*.

[6375] Indica *Vicios. Juegos*.

VICTORIA

22677. **A millor victoria é a que sin sangue se logra.** (ms10,140r: *D.E.*)

VIDA

22678. **A vida da aldea pra quen a queira.** (ms10,140r: *D.E.*)

22679. **A vida da aldea, Dios a dea.** (ms10,140r: *D.E.*)

22680. **A vida mal pasada trai a vellez pesada.** (ms10,140r: *D.E.*)

22681. **Bo é vivir pra ver o que ha vir.** [6376] (ms10,143r: *D.E.*)

22682. **Boa vida engurras e fame tira.** (ms10,140r: *D.E.*)

22683. **Cada un vive como pode e como o deixan vivir.** [6377] (ms10,143r: *D.E.*)

22684. **Cada un vive como pode e non como quer.** [6378] (ms10,143r: *D.E.*)

22685. **Coa vida fanse moitas cousas, e coa morte desfanse todas.** [6379] (ms10,140r: *D.E.*)

22686. **Coa vida moitas cousas se remedian, e sin a vida, nin media.** (ms10,140r: *D.E.*)

22687. **Como se vive, mórrese.** [6380] (ms10,143r: *D.E.*)

22688. **Dáte boa vida e temerás máis a caída.** (ms10,140r: *D.E.*)

22689. **Dime como vives e direiche como pensas.** [6381] (ms10,143r: *D.E.*)

22690. **Hai que buscar a vida, que a morte vén ela soila.** (ms10,140r: *D.E.*)

22691. **Hastra a morte todo é vida.** (ms10,140r: *D.E.*)

22692. **Imos vivindo: aquí entropezando e alí caíndo.** [6382] (ms10,143r: *D.E.*)

22693. **Media vida é a candea; pan e viño é outra media.** [6383] (ms10,140r: *D.E.*)

22694. **Mentras us viven, outros morren.** [6384] (ms10,143r: *D.E.*)

22695. **Moitos anos viva quen nos convida.** [6385] (ms10,143r: *D.E.*)

22696. **Non esquezas que a vida tela perdida.** (ms10,140r: *D.E.*)

22697. **Non hai vida que non estea perdida.** (ms10,140r: *D.E.*)

22698. **Non ten a vida segura o que as cousas moito apura.** (ms10,140r: *D.E.*)

22699. **O que a longa vida chega, moito viu e máis espera.** (ms10,140r: *D.E.*)

22700. **O que mal vive, pouco vive.** [6386] (ms10,143r: *D.E.*)

22701. **Pra que us vivan, é mester que outros morran.** [6387] (ms10,143r: *D.E.*)

22702. **Quen moito vive, moito mal recibe.** [6388] (ms10,143v: *D.E.*)

22703. **Quen moito vive, moito ve.** [6389] (ms10,143v: *D.E.*)

22704. **Quen queira vivir ben, viva lonxe de todos.** [6390] (ms10,143v: *D.E.*)

22705. **Se queres vivir ben, leva en todo un ten con ten.** (ms10,143v: *D.E.*)

22706. **Se queres vivir en paz, canto ves non xusgarás.** [6391] (ms10,143v: *D.E.*)

22707. **Tan ben vive o probe no seu sobrado como vive o rico no seu pazo.** [6392] (ms10,143v: *D.E.*)

22708. **Todo é vivir hastra morrer.** [6393] (ms10,143v: *D.E.*)

22709. **Unha hora de vida non é moita vida.** (ms10,140r: *D.E.*)

22710. **Val máis onza de boa vida que fanega de sabiduría.** (ms10,140r: *D.E.*)

22711. **Vida sin amigos, morte sin testigos.** (ms10,140r: *D.E.*)

22712. **Vivamos todos, que a vida i-a terra pra eso é de todos.** [6394] (ms10,143v: *D.E.*)

22713. **Vive como poidas e non como queiras.** [6395] (ms10,143v: *D.E.*)

22714. **Vive en cibdá por pequena que sea, cásate con moza por probe que pareza, e come carneiro por caro que se venda.** [6396] (ms10,143v: *D.E.*)

[6376] En ms10 s.v. *Vivir*.
[6377] En ms10 s.v. *Vivir*.
[6378] En ms10 s.v. *Vivir*.
[6379] O orixinal di *Coa vida faise moitas cousas, e coa morte desfanse todas*. Pero Eladio Rodríguez recollía o refrán coa forma *fanse moitas cousas*.
[6380] En ms10 s.v. *Vivir*.
[6381] En ms10 s.v. *Vivir*.
[6382] En ms10 s.v. *Vivir*.
[6383] V. variantes en *Medicina*. *Higiene*.
[6384] En ms10 s.v. *Vivir*.
[6385] En ms10 s.v. *Vivir*.
[6386] En ms10 s.v. *Vivir*.
[6387] En ms10 s.v. *Vivir*.
[6388] En ms10 s.v. *Vivir*.
[6389] En ms10 s.v. *Vivir*.
[6390] En ms10 s.v. *Vivir*.
[6391] En ms10 s.v. *Vivir*.
[6392] En ms10 s.v. *Vivir*.
[6393] En ms10 s.v. *Vivir*.
[6394] En ms10 s.v. *Vivir*.
[6395] En ms10 s.v. *Vivir*.
[6396] En ms10 s.v. *Vivir*.

22715. **Vive sempre coa verdá e vivirás en seguridá.** [6397] (ms10,143v: *D.E.*)

22716. **Vivir ben, comer ben, e beber ben, non é pra quen non ten.** [6398] (ms10,143v: *D.E.*)

22717. **Vivir como se pode e non como se quer.** [6399] (ms10,143v: *D.E.*)

22718. **Vivir pra ver e ver pra vivir, ¿que máis se pode pedir?** [6400] (ms10,143v: *D.E.*)

22719. **Vivirás longamente, se comes moito caldo e andas sempre quente.** [6401] (ms10,143v: *D.E.*)

22720. **Vivir, servir e pedir fan os homes sofrir.** [6402] (ms10,143v: *D.E.*)

VIDA COMERCIAL Y CONTRATOS. V. tamén *Comercio, Contratos, Convenios, Jurídicos y similares, Negocios, Préstamos*.

22721. **A abundancia fai a baratura.** [6403] (mc e ms: Becerreá.)

22722. **A ganancia vai na compra.** (mc: M.V.)
(ct) *La ganancia está en lo despaig.* (Alberola)

22723. **A pouca ganancia nunca empeña.** (mc: Valcarría)

22724. **Antes o cliente que os parientes.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

22725. **As perdas e as ganancias sempre anduveron xuntas.** (mc)

22726. **Besta que vai a tódalas feiras algún defeuto ten.** [6404] (ms21,19v: Bermés)

22727. **Bota á feira que un peso has de ganar dalgunha maneira.** (ms-SA: seminarista anónimo: Besexos, Vila de Cruces, PO)

22728. **Cada un vai á feira co que ten.** (mc: *Vida Gallega*)

22729. **Cando vaias prá feira, que non che esqueza a carteira.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)

22730. **Coa perda naide se alegra.** [6405] (mc: M.L.)

22731. **Coitadiño do que vende, que non puxa nin extende.** (mc: Nós)

22732. **Comerciante e porco, despois de morto.** [6406] (ms: G.P. / ms21,27v: Bermés / ms10,094r: *D.E.*)

22733. **Comerciante sin diñeiro non fai milagres.** (ms18,27r)

22734. **Compra barato e vende caro.** (mc: C.A.)
Medio infalible de medrar.

22735. **Compra clase e vende herba.** (mc: Buciños-F.V.S.)
Var.: *Compra raza e vende herba.* (mc / ms18,65r: Parga)
La raza suple lo que otras puedan dar con mayor alimentación.

22736. **Compra que vendas.** (mc: M.V.)
(pt) *Compra que vendas.* (Chaves) (es) *Comprar y vender, buen camino para enriquecer.* (R. Marín) / *Comprar y vender, eso es saber.* (Id.)

22737. **En apuntar vai a ganancia.** (mc: C.A.)

22738. **En botar contas poucos se engañan.** (mc: C.A.)

22739. **En cobrar vai a ganancia.** (mc: Tuiriz, Monforte)

22740. **En non puxar vai a ganancia.** (mc: C.A.)

22741. **Entre dous que reñen, dous teñen a culpa.** (mc)
(es) *Para reñir, como para casarse, se necesita que haya dos.* (Sbarbi)

22742. **Hai quen sabe o que vende i-hai quen vende o que sabe.** [6407] (mc: Lugo)

22743. **Iste non é sitio de tratos nin contratos: o que queira vender, que vaia á feira.** [6408] (mc: Buciños-F.V.S.)

22744. **Iste non é sitio de tratos nin de contratos: o que queira comprar e vender, que vaia á feira.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

22745. **Máis quero comprar que ruín roupa.** [6409] (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

22746. **Maula comprar e maula vender.** (mc: A.S.A. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Lit.Gall.*,2ªed.,1911)
Var.: *Diablos comprar e diablos vender.* (ms4 e ms: M.V.)

22747. **Maula mercar e maula vender calquera o sabe facer.** (ms10,038v: *D.E.*)

22748. **N'hai feira mala: o que un perde, outro gana.** [6410] (mc: M.V. / ms-LU: Tres

---

[6397] En ms10 s.v. *Vivir*.
[6398] En ms10 s.v. *Vivir*.
[6399] En ms10 s.v. *Vivir*.
[6400] En ms10 s.v. *Vivir*.
[6401] En ms10 s.v. *Vivir*.
[6402] En ms10 s.v. *Vivir*.
[6403] Dentro do sobre *Contratos* no ms.
[6404] O orixinal di: *Besta que vai a toda'lás feiras algún defeuto ten.*
[6405] ms4: *naide alegra*.
[6406] ms10: *dipois de morto*. / En ms10 s.v. *Puercos*.
[6407] ms: *y-hay*.
[6408] ms e ms4: *o que queira comprar e vender*, ms4: *nin de contratos*.
[6409] ms4 e ms15,47r: *compra*.

seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU / ms21,23v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

(es) *No hay feria mala: lo que uno pierde, otro lo gana.* (R. Marín) / *No hay feria que para todos sea mala, pues lo que unos pierden otros lo ganan.* (R. Marín)

22749. **Na feira mala, o que un perde, o outro gana.** (ms-SA: Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

22750. **Naide faga conta senón do que ten na mau.** [6411] (mc / ms4: F.V.S.)

Var.: *Ninguén faga conta sinón do que ten na mau.* (ms4: A.S.A.)

Recogido en la canción del pueblo: *Non hai cantiga no mundo / que non teña seu refrán: / nunca ninguén faga conta / sinón do que ten na man*.

22751. **Nas túas contas, medida colmada, e nas alleas, sempre axustada.** (mc: C.A.)

22752. **Non hai feira mala: un perde e outro gana.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

22753. **Non o mercou, que o herdou.** (mc: Altamira. C. Alvarellos)

22754. **Non penses nunca en mercar o que de contado non haxas de pagar.** (ms4: J.P.)

22755. **Non quero vida nin tratos con xente espanta-buxatos.** [6412] (mc e ms4: M.L. / ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

Var.: *Non quero vida nin tratos con xente espanta-miñatos.* (mc e ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

22756. **Non te fagas mercader daquelo que non entendas.** [6413] (mc: Tuiriz, Monforte)

22757. **Non todos van á feira por mercar nin á iglesia por rezar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

22758. **Non todos van á misa por rezar nin á feira por comprar.** (mc: A.S.A. / ms21,05v: Bermés)

Graciosamente glosado en la canción popular: *Acoden onda ti moitos, / nena, mais non todos van / por mor de rezar á misa, / nin á feira por mercar*.

22759. **Non todos van á misa por rezar nin á feira por mercar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

22760. **Non todos van por mor de rezar á misa nin á feira por mercar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

22761. **Nunca á feira vaia que máis perda.** [6414] (mc: M.V.)

(es) *Nunca se vaya a la feria que más se pierda.* (Sbarbi)

22762. **Nunca hai feira mala: o que un perde, outro o gana.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

22763. **O barato de balde é caro.** [6415] (mc: M.V.)

(pt) *O barato sai caro.* (Chaves) / *O que é barato sai caro e o que é bom custa dinheiro.* (Id.) (es) *Lo barato es caro, y lo caro es barato.* (Correas) / *Lo barato es caro, porque es malo.* (R. Marín) / *Lo bueno, no es caro por cualquier dinero; y lo malo, por poco dinero es caro.* (R. Marín)

22764. **O bo non é caro.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)

(es) *Lo bueno no es caro por cualquier dinero; y lo malo, por poco dinero es caro.* (R. Marín)

22765. **O que as compra ao domingo e véndea[s] ao lunes, perde ben cartos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

22766. **Subas en Santos, baixas en san Andrés; baixas en Santos, subas en san Andrés.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Refírese ás feiras. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22767. **Un negocio é un negocio, dous negocios é medio negocio e tres negocios é ningún negocio.** (ms: Aguada)

22768. **Vaite, ganancia, non me deas perda.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

VIENTO. V. tamén *Agrícolas* (*Metereológicos*), *Marítimos.* (subtemas relacionados cos prognósticos meteorolóxicos), *Niebla, Nubes, Pronósticos atmosféricos, Solano, Tiempo*.

22769. **A pouco vento, forza de remos.** (ms10,137r: *D.E.*)

22770. **Con vento non hai bo tempo.** (ms10,137r: *D.E.*)

[6410] ms e ms21,23v: *N'hay*; ms-LU (Lugo), ms-LU (Buciños), ms-LU (Laiosa), ms-LU (Outeiro de Rei): *Non hai*.

[6411] ms4: *man*.

[6412] ms: *xent'espanta*.

[6413] ms: *d'aquelo*.

[6414] ms: *vaya*, mc: *quen mais perda*.

[6415] ms: *valde*, mc: *Miña carapucheiriña / na costa do Areeiro / o que é barato sai caro / o que e bó custa diñeiro*.

22771. **Con vento soán vén a agua á man.** (ms10,137r: *D.E.*)
22772. **Ó mal vento vólvelle o capelo.** (ms10,137r: *D.E.*)
22773. **Quen sementa ventos recolle tempestades.** (ms10,137r: *D.E.*)
22774. **Vento marzal, bo temporal.** (ms10,138r: *D.E.*)
22775. **Vento que se deita ó anoitecer, érguese ó amañecer.** (ms10,138r: *D.E.*)
22776. **Vento que se queda a cear, tamén quer almorzar.** (ms10,138r: *D.E.*)
22777. **Vento, ventiño; vento, venteiro, hoxe rosmón e mañan falangueiro.** (ms10,138r: *D.E.*)

VIENTRE

22778. **Malia o ventre que do pan comido se esquence.** (ms10,138r: *D.E.*)
22779. **O que é bo pró ventre, non é ás veces bo pró dente.** (ms10,138r: *D.E.*)

VILLA

22780. **Á vila fun, da vila volvo; fun correndiño e veño sin folgo.** (ms10,140r: *D.E.*)
22781. **Á vila me vou e á vila me veño; se non son amores, non sei o que teño.** (ms10,140r: *D.E.*)
22782. **Cando vaias á vila, pergunta pola nai e saberás quén é a filla.** (ms10,140r: *D.E.*)

VILLANO

22783. **Ó vilán dálle a aixada na man.** (ms10,141r: *D.E.*)
22784. **O vilán, na súa terra; o fidalgo, en calquera.** (ms10,141r: *D.E.*)
22785. **Ó vilán non lle fagas ben nin mal.** (ms10,141r: *D.E.*)
22786. **O vilán rico non coñece amigo.** (ms10,141r: *D.E.*)
22787. **Vilán que non mata porco é como escudeiro que non gana soldo.** (ms10,141r: *D.E.*)
22788. **Vilán que se fai con diñeiro, tense por un fidalgo enteiro.** (ms10,141r: *D.E.*)

VINAGRE

22789. **O vinagre i-o limón, medio ciruxanos son.** (ms10,141r: *D.E.*)
22790. **Vinagre e mel saben mal e fan ben.** (ms10,141r: *D.E.*)

VINO

22791. **A bo viño non hai mal bebedor.** (ms10,141r: *D.E.*)
22792. **A pouco viño, coidadiño.** (ms10,141r: *D.E.*)
22793. **Apregoar viño e vender vinagre.** (ms10,141r: *D.E.*)
22794. **Cando deas viño ó teu señor non mires ó sol.** (ms10,141r: *D.E.*)
22795. **Cando se remata o viño, a bota non fai falta.** (ms10,142r: *D.E.*)
22796. **Collerás viño mosto se vendimas enxoito.** (ms10,142r: *D.E.*)
22797. **De cunca porca e sin fregar, viño malo hai qu'esperar.** (ms4: J.P.)
22798. **Derramarse o viño é boa siñal, pero non o sal.** (ms10,142r: *D.E.*)
22799. **Do bo viño bo vinagre.** (ms10,142r: *D.E.*)
22800. **Do novo viño bota un traguiño polo san Martiño.** (ms10,142r: *D.E.*)
22801. **Inda non é viño e xa quer ser vinagre.** (ms10,142r: *D.E.*)
22802. **Menos valen ás veces as borras que o viño.** (ms10,142r: *D.E.*)
22803. **Ninguién que beba viño chame borracho o seu veciño.** (ms10,142r: *D.E.*)
22804. **No millor viño hai borras.** (ms10,142r: *D.E.*)
22805. **Non hai millor viño que o da viña.** (ms10,142r: *D.E.*)
22806. **Nunca lle falta achaque ó viño: no vran polo calor e no inverno polo frío.** (ms10,142r: *D.E.*)
22807. **O bo viño trai a venda consigo.** (ms10,142r: *D.E.*)
22808. **O millor viño fai borra.** (ms10,142r: *D.E.*)
22809. **O que ten bo viño non lle faltan amigos.** (ms10,142r: *D.E.*)
22810. **O viño alegra o ollo e quenta o corpo.** (ms10,142r: *D.E.*)
22811. **O viño con mel sabe mal e fai ben.** (ms10,142r: *D.E.*)
22812. **O viño da viña vella zonzonéame na orella.** (ms10,142r: *D.E.*)
22813. **O viño das cepas vellas quenta as orellas.** (ms10,142r: *D.E.*)
22814. **O viño das peras, non-o tires nin o bebas nin ó teu amigo o deas.** [6416] (ms10,142r: *D.E.*)

[6416] O orixinal di: *O viño das peras nono tires nin o bebas, nin ó teu amigo o deas.*

22815. **O viño do Avia ten forza, espirto e labia.** (ms10,142r: *D.E.*)
22816. **O viño do Ribeiro fai andar o mozo lixeiro.** (ms10,142r: *D.E.*)
22817. **O viño do Ribeiro fai fortes os mozos e remoza os vellos.** (ms10,142r: *D.E.*)
22818. **O viño do Ribeiro fai ó vello chuscarrandeiro.** (ms10,142r: *D.E.*)
22819. **O viño do Ribeiro non ten compañeiro.** (ms10,142r: *D.E.*)
22820. **O viño do Ribeiro ten sona de paroleiro.** (ms10,142r: *D.E.*)
22821. **O viño é bo, pero se é viño bo.** (ms10,142r: *D.E.*)
22822. **O viño é o leite dos vellos.** (ms10,142r: *D.E.*)
22823. **O viño é pan e medio.** (ms10,142r: *D.E.*)
22824. **O viño fai rir, fai dormir e fai os coores á cara saír.** (ms10,142r: *D.E.*)
22825. **O viño ha ser comido máis ben que bebido.** (ms10,142r: *D.E.*)
22826. **O viño i-o pan sempre se dan: us anos ben, outros mal e outros menos mal.** (ms10,142r: *D.E.*)
22827. **O viño polo coor e o pan polo sabor.** (ms10,142r: *D.E.*)
22828. **O viño que é chispeiro non precisa de pregoeiro.** (ms10,143r: *D.E.*)
22829. **O viño tinto quer estar apretado, i-o branco, folgado.** (ms10,143r: *D.E.*)
22830. **O viño, bebelo a modiño, gotiño a gotiño.** (ms10,142r: *D.E.*)
22831. **¿Onde habrá millor viño que o que sai das cepas?** (ms10,142r: *D.E.*)
22832. **Pola vosa santa palabra, eu non son digno de beber o viño sin auga.** (ms10,143r: *D.E.*)
22833. **Polo san Martiño todo o mosto é bo viño.** (ms10,143r: *D.E.*)
22834. **Pra bos viños, Ribadavia e todo o Ribeiro de Avia.** (ms10,143r: *D.E.*)
22835. **Quen non dá do seu viño, non queira catar o do veciño.** (ms10,143r: *D.E.*)
22836. **Viño acedo, touciño vello e pan centeo sosteñen a casa en peso.** (ms10,143r: *D.E.*)
22837. **Viño tinto do Ribeiro, falangueiro e trouleiro.** (ms10,143r: *D.E.*)
22838. **Viño, que salte; queixo, que chore; pan, que cante.** (ms10,143r: *D.E.*)

CLASES DE VINOS GALLEGOS.

22839. **O albariño non ten amigos.** [6417] (ms15,44)
No admite composiciones químicas; podrá ser gaseado, más duro o ácido, según los terrenos en que se cultiva; pero no admite mezcla de otros vinos.

VIÑA

22840. **A viña de bo amo pódase en marzo.** (ms10,141r: *D.E.*)
22841. **A viña do ruín pódase en abril.** (ms10,141r: *D.E.*)
22842. **A viña gárdaa o medo máis ben que o viñadeiro.** (ms10,141r: *D.E.*)
22843. **A viña i-o poldro que o críen outros.** (ms10,141r: *D.E.*)
22844. **A viña vella quer amo novo.** (ms10,141r: *D.E.*)
22845. **Cáveme quen queira, pódeme quen seipa, bímeme calquera; cóideme o meu amo.** (ms10,141r: *D.E.*)
22846. **Coida ben a viña e terás vindima.** (ms10,141r: *D.E.*)
22847. **Máis garda a viña o medo que o viñadeiro.** (ms10,141r: *D.E.*)
22848. **O que en ruín lugar fai a viña, ó lombo saca a vindima.** (ms10,141r: *D.E.*)
22849. **O vello pranta a viña e o vello a vindima.** (ms10,141r: *D.E.*)
22850. **Poda a viña en marzo pra cavala en maio.** (ms10,141r: *D.E.*)
22851. **Pra viña vella, amo novo.** (ms10,141r: *D.E.*)
22852. **Viña que non se poda dispacio, dará poucos e ruís acios.** (ms10,141r: *D.E.*)

VIOLENCIA

22853. **A máis non poder non hai que lle facer.** [6418] (ms16 e ms10,093r: *D.E.*)
Var.: *A máis non poder, ¿que se lle ha facer?* (ms16 e ms10,093r: *D.E.*)
(es) *A más no poder ¿qué se ha de hacer?* (Correas)
22854. **Bastos son trunfos.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Bastos son triunfos.* (R. Marín)
22855. **Cousa que se fixo por forza non se ten por cousa boa.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Cosa que se hizo por fuerza, no se estima por buena.* (R. Marín)

[6417] Indica *Clases de vinos gallegos*.
[6418] Tanto refrán como variante en ms10 s.v. *Poder* coa indicación *Violencia*.

VIRTUD

22856. **Con virtú e bondá adequírese autoridá.** (ms10,143r: *D.E.*)

22857. **Non hai virtú e bondá que non corrompa a probeza i-a necesidá.** (ms10,143r: *D.E.*)

VISITAS

22858. **Á túa casa non veña quen ollos teña.** (ms16: Enc.)

22859. **Ás dez deixa a casa a de quen é.** [6419] (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms: C.A.)

Var.: *Ás dez deixa a calle a de quen é.*

(es) *A las diez, déjale calle para quien es.* (Sbarbi) / *A las diez, déjale calle para quien es, los rincones para los gatos y las esquinas para los guapos.* (Id.)

22860. **Cando fores a casa da fóra, chama dende a porta.** (ms16: Enc.)

22861. **En chamando á porta, se é que non responden, ou non está naide ou é que se esconden.** [6420] (ms16 e ms10,096r: *D.E.*)

(es) *En llamando a la puerta, si no responden, o no están en casa o se escoden.* (Correas)

22862. **En visita todos somos bos.** (ms16: Lugo)

(es) *En visita todos somos buenos.* (R. Marín)

22863. **Huesped e pescado, ós tres días cheiran.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22864. **O que á miña casa non vén, da súa me bota.** (ms16: Enc.)

Var.: *O que á miña casa non vén, na súa non me quer.* (ms16: Lugo)

(es) *Quien a mi casa no viene; de la suya me despide.* (R. Marín) / *Quien a mi casa no viene, en la suya no me quiere.* (R. Marín)

22865. **Visita a túa tía, e nunca de día.** (ms5,029)

INFRECUENCIA Y BREVEDAD DE LAS VISITAS

22866. **Á casa de túa tía non vaias cada día.** [6421] (mc e ms16: A.S.A.)

Var.: *Á casa da túa tía non debes ir cada día.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *A casa da túa tia, no irás cada dia.* (Chaves) / *Em casa de tia, mas não cada dia.* (Id.) (es) *A casa de tu tía, mas no cada día.* (Correas) (ct) *A casa la tía, pero no cada día.* (Alberola)

22867. **Á casa de túa tía non vaias tódolos días.** [6422] (ms18,16r)

22868. **Á casa do rico vai obrigado e á do probe vai sin ser chamado.** (ms16: *D.E.*)

22869. **Á casa do teu amigo non vaias sin aviso e á do necesitado vai sin ser chamado.** (ms16: *D.E.*)

(es) *A casa del amigo rico, irás siendo requerido, y a casa del necesitado, irás sin ser llamado.* (Correas)

22870. **Á casa do teu irmán non irás cada vran.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

22871. **Á casa do teu irmán non vaias cada vran.** (ms5,045: Santiago)

Var.: *Á casa do teu irmán non vaias cada serán.* (ms16 e ms10,031v: *D.E.*)

(es) *A casa de tu hermano no irás cada serano.* (H. Núñez)

22872. **A onde non te chaman, non vaias, que se non te chaman, é que non fas falla, e se vas sin te chamar, volverás avergonzado.** [6423] (ms15,13)

22873. **A onde te queren moito coida de ir pouco.** [6424] (ms16 e ms10,103r: *D.E.*)

(es) *A do te quieren mucho, no entres a menudo.* (S.)

22874. **Onde ben te queren irás poucas veces, e onde mal nunca irás.** [6425] (ms16 e ms10,104r: *D.E.*)

(es) *Donde bien ten queiren, irás pocas veces; donde mal, nunca irás.* (Correas)

22875. **Vai a cas túa tía e non vaias cada día.** [6426] (ms21,14v: Bermés)

22876. **Vai á casa de túa tía, e non vaias cada día.** [6427] (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo / ms14,16)

Var.: Como: *ida por vida...*

(pt) *A casa da tua tia, não irás cada dia.* (Chaves) / *Em casa de tua tía nao iras cada dia.* (Chaves) (es) *A casa de tua tía, mas no cada día.* (Sbarbi) / *A casa de tu hermano no irás cada verano.* (Sbarbi) (ct) *A casa da tía, pero no cada día.* (Alberola)

[6419] mc: *deixa a casa de quen é.*

[6420] En ms10 s.v. *Puerta* coa indicación *Visitas*.

[6421] ms16: *da túa*

[6422] O orixinal di: *A casa de tua tía non vayas todol-os días.*

[6423] O orixinal di: *A onde non te chaman non vayas que se non te chaman e que non fas falla e se vas sín te chamar volverás avergonzado.*

[6424] En ms10 s.v. *Querer* coa indicación *Visitas*.

[6425] En ms10 s.v. *Querer* pero coa indicación *Visitas*.

[6426] O orixinal di: *Vai a cas' tua tía e non vayas cada día.*

[6427] ms4 e ms14,16: *d'a tua tía*; ms16: *da tua tía*.

22877. **Vai onda túa tía e non vaias cada día.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

VIÚDA. V. tamén *Mujer*.

22878. **A viúda honrada ten a súa porta pechada.** (ms10,143r: *D.E.*)

22879. **A viúda que moito chora, ten gana de outra boda.** (ms10,143r: *D.E.*)

22880. **A viúda rica logo casada fica.** (ms10,143r: *D.E.*)

22881. **De viúda tres veces casada non fíes nada.** (ms10,143r: *D.E.*)

VOLAR

22882. **Non pode voar o que non ten aas.** (ms10,143v: *D.E.*)

22883. **Voa o tempo como voa o vento.** (ms10,143v: *D.E.*)

VOLUNTAD

22884. **Atrás de quen corre, correr.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro: Muxía, C)

22885. **Cando dúas vontades están conformes, de pouco sirven os revolvedores.** (ms10,143v: *D.E.*)

22886. **De ser boa non teño gana, de ser mala, damo a i-alma.** [6428] (ms10,25r: *D.E.*)

22887. **Eu ao facer a honra, facíaa redonda.** [6429] (ms: F.B.B.)

Var.: *O que fai a honra, faina redonda.* (Buciños)

22888. **Fai máis quen quere que non quen pode.** (ms18,28r)

22889. **Fai máis quen quere que quen pode.** [6430] (ms: A.C. *A Nosa Terra*)

22890. **Non hai millor meiciña que a gana de comer.** [6431] (ms10,25r: *D.E.*)

22891. **Non hai pior saber que non querer.** [6432] (ms16 e ms10,112r: *D.E.*)

(es) *No hay peor saber que no querer.* (H.)

22892. **O falar é de quen quere, o facer de quen ten poder.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

22893. **O que non quer pouco, tampouco quer moito.** [6433] (ms: Santiago)

22894. **O que vai polo río abaixo, agárrase a un ferro quente.** [6434] (ms: Buciños)

(es) *Agarrarse a un hierro* (clavo) *ardiendo.* (Sbarbi)

22895. **Onde vivan cen, vive ti tamén.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

22896. **Onde viven cen vive ti tamén.** [6435] (ms21,03r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

22897. **Pr'onde vaian cen, vai ti tamén.** [6436] (ms: Tuiriz)

22898. **Que haxa vontade, pois que comere non ha faltare.** (ms10,143v: *D.E.*)

22899. **¡Que máis quere o cego que ver!** [6437] (ms: Buciños)

22900. **Quen pode e non quer, cando quer non pode.** (ms16: *D.E.*)

Var.: *O que pode e non quer, cando queira non poderá.* (ms16 e ms10,093r: *D.E.*) [6438]

(es) *El que puede y no quiere, cunado él podrá no querrá.* (Correas)

22901. **Querer e non querer non está nun ser.** [6439] (ms16 e ms10,104r: *D.E.*)

(es) *Querer y no querer no está en un ser.* (H. Núñez)

22902. **Teño gana de ser mala, non se me teñen as pernas na casa.** [6440] (ms10,25r: *D.E.*)

BUENA VOLUNTAD

22903. **De boas voluntás está o inferno cheo.** (ms5,029)

22904. **Logo se fai o que ben se fai cando con gusto se fai.** [6441] (ms16 e ms10,016r: *D.E.*)

22905. **Non dá quen ten senón quen ten e quer.** [6442] (ms16: *D.E.*)

(es) *No da quien tiene si bien no quiere.* (Correas)

22906. **Non falle vontá que lugar e tempo non faltará.** (ms16: D.G.)

[6428] En ms10 s.v. *Voluntad, ansia*.
[6429] A variante contén a indicación *Voluntad*.
[6430] Contén a indicación *Voluntad*. V. *Mais fai quen quer, que quen pode* en *Voluntad* (*Poder de la voluntad*). / ms4: *que non quen pode*.
[6431] En ms10 s.v. *Voluntad, ansia*.
[6432] En ms10 s.v. *Saber* coa indicación *Voluntad*.
[6433] Contén a indicación *Voluntad*.
[6434] Contén a indicación *Voluntad*.
[6435] ms-LU: *Donde*.
[6436] Contén a indicación *Voluntad*.
[6437] Contén a indicación *Voluntad*. V. *O que quere o cego é ver* en *Medicina. Higiene*.
[6438] En ms10 s.v. *Poder* coa indicación *Voluntad*.
[6439] En ms10 s.v. *Querer* coa indicación *Voluntad*.
[6440] En ms10 s.v. *Voluntad, ansia*.
[6441] En ms10 s.v. *Hacer* coa indicación *Buena voluntad*.
[6442] En ms10 s.v. *Dar* coa indicación *Buena voluntad*.

(es) *No falte voluntad, que no faltará lugar.* (H. Núñez)

3258. **Non falte vontá, que lugar e tempo non faltará.** [6443] (ms10,143v: *D.E.*)

22907. **Non mires o don senón a intención do que o dou.** (ms16: Lugo)

(es) *No mira Dios el don, sino la intención.* (H.)

22908. **Non quedou por non querer senón por non poder.** [6444] (ms16 e ms10,104r: *D.E.*)

22909. **Onde hai gana hai maña.** [6445] (ms16 e ms10,025r: *D.E.*)

(es) *Donde hay gana, hay maña.* (R. Marín)

22910. **Onde hai querer todo se fai ben.** [6446] (ms16 e ms10,104r: *D.E.*)

(es) *Donde hay querer, todo se hace bien.* (Correas)

22911. **Querendo fanse as cousas.** (ms16: Lugo)

(es) *Queriendo se hacen las cosas.* (R. Marín)

22912. **Se non podes o que queres, fai o que poderes.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Si no puedes lo que quieres, haz lo que puedes.* (Correas / R. Marín)

22913. **Traballo que se fai con gusto, non-o sinte o corpo.** [6447] (ms16 e ms10,132r: *D.E.*)

PODER DE LA VOLUNTAD

22914. **Fai máis o que quere có que pode.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

22915. **Máis fai quen quer que quen pode.** [6448] (ms: A.S.A.)

Var.: *Máis fai o que quer que o que pode.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *Mais faz quem quer do que quem pode.* (Chaves) (es) *Más hace el que quiere que el que puede.* (ms: R. Marín (ms16: H.) (ct) *Més fa el que vól qu'el que pòt.* (Alberola)

22916. **Querer é poder.** [6449] (ms16 e ms10,104r: *D.E.*)

(es) *Querer es poder.* (R. Marín)

VOZ

22917. **Voz do pobo, voz de Dios.** (ms10,143v: *D.E.*)

VUELTA

22918. **Benia a quen dixo volta, que requer perna solta.** (ms10,143v: *D.E.*)

22919. **Non hai volta sin revolta.** (ms10,143v: *D.E.*)

YEGUA. V. tamén *Agrícolas* (*Animales*), *Animales domésticos*.

22920. **Couces de égoas non matan poldros.** (ms10,010v: *D.E.*)

22921. **O que di mal da égoa, ese é o que a merca.** (ms10,010v: *D.E.*)

22922. **Onde égoas pacen, poldros nacen.** (ms10,010v: *D.E.*)

22923. **Onde hai égoas nacen poldros.** (ms10,010v: *D.E.*)

22924. **Os couces das égoas non fan dano ós poldros.** (ms10,010v: *D.E.*)

YERRO

22925. **A quen erra, perdóalle unha vez mais non tres.** (ms10,013r: *D.E.*)

22926. **O erro do médico a terra o tapa; o do abogado, o diñeiro o sana.** (ms10,013r: *D.E.*)

YESCA

22927. **O esqueiro é unha axuda pró xornaleiro.** (ms10,015r: *D.E.*)

22928. **O esqueiro na man do obreiro é un bo compañeiro.** (ms10,015r: *D.E.*)

ZAMBO. V. tamén *Cojos, Pierna*.

22929. **Home trenco e muller trenca fan parella mostrenca.** (ms10,133r: *D.E.*)

ZAPATO

22930. **O que leva zapatos en xaneiro, ou non ten outros ou non ten diñeiro.** (ms10,143v: *D.E.*)

22931. **O zapato do amigo, moito pez e ben cosido.** (ms10,143v: *D.E.*)

22932. **O zapato do amigo, pouco pez e mal cosido.** (ms10,143v: *D.E.*)

22933. **Zapato de amigo, a sola queimada i-o fío podrido.** (ms10,143v: *D.E.*)

ZARZA

22934. **As silveiras e os valados teñen ás veces orellas.** (ms10,121r: *D.E.*)

22935. **Onde a silva se engarra, ou fai sangre ou esgaza.** (ms10,121r: *D.E.*)

[6443] En ms10 s.v. *Voluntad* coa indicación *Buena voluntad*.
[6444] En ms10 s.v. *Querer* pero indicación *Voluntad*.
[6445] En ms10 s.v. *Voluntad* (*Ansia*).
[6446] En ms10 s.v. *Querer* pero indicación *Buena voluntad*.
[6447] En ms10 s.v. *Trabajo* coa incación *B. voluntad*.
[6448] Contén a indicación *Voluntad* no ms.
[6449] En ms10,104r s.v. *Querer* coa indicación *Voluntad*.

2.3. Ditos tópicos e refráns con topónimo

Comentando o refrán *Muller asturiana, louca, vana, ou mala cristiana*, recollido en Buciños, Vázquez Saco di o seguinte:

> *Como diremos en los refranes tópicos de lugares, las rivalidades de donde proceden casi todos, son injustas, y no pueden alcanzar nunca un sentido universal.*

Parécenos unha boa observación que hai que ter presente sempre que se fale de ditos tópicos e de non poucos refráns con topónimo.

En calquera caso, parécenos útil polo seu volume reunir aquí tódolos ditos tópicos que fomos encontrando entre os diferentes manuscritos e inserir entre eles tamén os refráns con topónimo. Coidamos que compón unha das seccións máis novidosas do material de tradición oral que dera xuntado Vázquez Saco.

Esforzámonos por localizar tódolos lugares a que se refire cada unha das case 1400 unidades. Nalgúns casos foi doado, porque o propio Vázquez Saco daba orientación e, unha vez máis, detéctase porque o dato aparece en castelán e moitas veces co topónimo castelanizado á moda da época. Noutros casos tivemos que botar man do *Nomenclátor de Galicia* e nalgúns foinos imposible e indicar con certeza de qué lugar se trata, polo que ofrecémo-la varias posiblidades que nos parece que existen: coma sempre, as nosas notas están en galego e cos topónimos actualizados. Agradeceremos calquera corrección que se nos queira facer en paremias@cirp.es.

1. **Abades** (Abades, San Paio; Baltar, OU)
O que ve Abades ve todos os lugares. (mc: M.L.)
2. **Abeleda, A** (Vilanova, San Xoán; Lalín, PO)
Jolateiros, na Abeleda. (mc: Vilanova)
3. **Abeledo, Pico de** (Entre Abadín e Mondoñedo, LU)
Cando o Pico de Abeledo se cubre de negro, tembran as vellas de medo. (mc)
4. **Abelleira, A** (Tuimil, Santa María; Bóveda, LU)
Pineireiros os da Abelleira (mc / ms)
V. "Tuimil".
5. **Abeneiras, monte**
O aire abeneirao, ou moita auga ou nin un grao. [6450] (mc: Incio / ms4: Incio-F.V.S.)
Procedente del monte de Abeneiras, sito en términos del municipio.
6. **Abres** (San Tiso de Abres, AS) [6451]
Os de Abres, lateragos. (mc e ms11,24: Abres, Ribadeo)
7. **Acivedo** (Millarada, San Amedio; Forcarei, PO)

[6450] ms4 *nin un grau.*
[6451] Lugar de fala galega pertencente ó concello asturiano de San Tiso de Abres, lindante cos concellos lugueses de Trabada e moi cerca de Ribadeo. Nesta zona o río Eo comenza a ensancharse creando a denominada Ría de Abres.

Os de Acebedo, larutos. (mc / ms4: F.V.S.)
V. "Millarada".

8. **Adai** (Adai, Santa María; O Páramo, LU)
Os de Aday, garruchos. (ms-LU: seminarista anónimo: San Cristovo de Chamoso, O Corgo, LU)
V. "Villaquinte".

9. **Adelán** (Adelán, Santiago; Alfoz, LU)
As campás de Adelán tocan porque dan. (mc: Mondoñedo)

10. *Os de Adelán, campaneiros.* (ms5,041: *El Compostelano* 1938,39,40)
Entresacados de los artículos sobre folklore gallego publicados por Lence-Santar en *El Compostelano* de Santiago de Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940.

11. **Agrexán** (Aguada, Santa Baia; Carballedo, LU)
Lobos ruzos, os de Agrexán. [6452] (ms)
Lobos ruzos son lobos salvajes, monteses; *Afrexán* está en la parte montañosa más alejada del centro de la parroquia. / V. "Fufín".

12. **Agruñá** [6453] (Cotá, San Martiño; Friol, LU)
Catro infernos hai: a Retorta, a Gruñá, a Purreira i-a Pena de Cotá. (mc)
Todo pertenece al municipio de Friol.

13. **Aguada** (Aguada, Santa Baia; Carballedo, LU)
Fariñeiros, os de Aguada (ms)
V. "Fufín".

14. **Airexe** (Aguada, Santa Baia; Carballedo, LU)
Campo rondado, da Irexe. [6454] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
V. "Montós".

15. *E na Airexe, pretas.* (ms)
Pretas es sinónimo de apretados, tacaños. (ms) / V. "Fufín".

16. **Alba**
Brúa Alba, tempo en calma. (mc: Agro)

17. **Alba** [6455]
Ranchos os de Alba. (ms)

18. **Albán** (Albán, San Paio; Coles, OU)
Os de Albán, o que teñen ó lombo tran. (mc: Buciños)
Albán, de Orense.

19. **Albarellos** (Albarellos, Santiago; Monterrei, OU)
Albarellos, cazafellos (mc: Ben-Cho-Shey, *Nós* 65, 1929, 88)
V. "Baronzás".

20. **Albeiros** (Albeiros, San Lourenzo; Lugo, LU)
Os de Albeiros, embusteros e zarapalleiros. (ms8,16r: Silvarrey)

21. *Os de Albeiros, larpeiros.* (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)

22. *Os de Albeiros, tramposos e zaramalleiros, i-os de Meilán, pra alá van.* [6456] (mc: Bagueixos, Lugo / ms4: Bagueixos-F.V.S.)
Albeiros, es anejo de San Froilán de Lugo, y Meilán, parroquia situada a pocos kilómetros de la capital.

23. *Os de Albeiros, zarapalleiros.* (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)
Var.: *Os de Albeiros son mentirosos e zarapalleiros.* (ms15,22)

24. *Zaramalleiros en Albeiros, músicos en Guntín, armadanzas en Saamasas, estudiantes de pouca monta en Meira.* (ms4: F.V.S.)

25. **Alberte, San** (Artes, San Xián; Ribeira, C)
Si a Curota ves tapar, vai a San Alberte a destellar. (mc: *Sonata Gallega*)
San Alberte es una capilla que se alza en un monte de Santa Eugenia de Riveira, a la que solían festejar las esposas e hijos de los marineros cuando reinaba temporal.

26. **Albín** (Ousende, Santa María; Saviñao, O; LU)
Fun a Albín, según fun volvín. (mc: Chantada)

27. **Aldosende** (Aldosende, Santiago; Paradela, LU)
Zorros d'Aldosende, o burato a tres y a catro. (ms4: Paradela-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

28. **Alemaña**
Son as mañas d'Alemaña. (mc: A.S.A.)

29. **Alén do Río** (Buciños, San Miguel; Carballedo, LU)
Fidalgos, os de Lendeorrío; lavaredas, os de Outeiro; letrados, os de Trasar; touciñeiros, os de Loureiro; borristas, os de Santrocado; pasaxeiros, os de Coedo; manteleiros, os de Surrego; noveleiros, os de Trasmonte; galiñas chocas, no

---

[6452] No ms non se ve claro se escribe *Afrexán* ou *Agrexán*. Supoñemos que é *Agrexán* porque *Afrexán* non aparece como topónimo no nomenclátor.

[6453] O único topónimo con forma semellante a *Gruñá* recollido neste concello é o do lugar Agruñá pertencente á parroquia San Martiño de Cotá.

[6454] Non atopamos ningún topónimo *A Irexe*. O máis parecido é Airexe, tendo en conta a proximidade fonética entre *da Irexe* e *d'Airexe*.

[6455] O topónimo *Alba* aparece unha vez na provincia de Lugo, no concello de Vilalba; e dúas na de Pontevedra, nos concellos de Vigo e Pontevedra.

[6456] ms4: *y os de Meilan, paaló, van*.

Barrio, e esparavanos, na Torre. (mc: Buciños)

Un vecino del lugar de Lendeorrío (Alén do río) denunció a los demás de la parroquia porque no le guardaban las consideraciones de su hidalga alcurnia, de ahí que motejen de *fidalgos* a los de aquel lugar.

30. **Alperiz** (Parada, Santa María; Lalín, PO)
Cagarría, de Alperiz (mc / ms4: F.V.S.)
V. "Lamas".

31. *Cascarría, de Alperiz* (mc: Buciños)
V. "Parada".

32. **Altamira** [6457]
Altamira, pasala con día. (ms: C.A. / ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

33. **Álvare** (Álvare, Santa María; Pastoriza, A; LU)
A nebra díxolle á fame: -¿Pr'onde vas? -Vou pra Guixán. ¿E ti? -Pra Álvare. [6458] (ms5,039 / ms16: Lence Santar)

34. **Amián** (Traba, Santiago; Laxe, C)
Berra Amián, auga na man. (ms16: *R. Fisterrán*)
Amián = Pedra Amián se llama un bajío al sur de la playa de Traba de Laxe.

35. **Amiudal** (Amiudal, Santiago de; Avión, OU)
As campanas de Amiudal din sempre que as repinican: "Quen ten val, quen ten val". (ms16: D.E.)
Amiudal (Orense)

36. **Amoeiro** (Amoeiro, OU)
O que queira bon carneiro, que vaia por el a Amoeiro. (mc)

37. **Ancares, Os** (Ancares, Os; LU)
O coto de Carracedo a todos pon medo, agás ós Ancares, que son iguales. (mc)
Carracedo, altura que cierra por un lado el valle de Villanueva de Lorenzana. Algo exagerado el refrán, al compararla con la de los Ancares, bastante más pronunciada.

38. *O puerto de Ancares, pasalo poucas veces, que ten a boca mui grande e papa os ancareses.* (mc)

39. **Anduriñas** (Chaodarcas, Santa Ana; Pereiro de Aguiar, O; OU)
Pica toxos, Anduriñas (mc: Ben-Cho-Shey, *Nós* 42,1927,14)
V. "Cibreiro".

40. **Anguieiro** (Castro, Santo André; Lugo, LU)
E poñen os trapos os de Anguieiro (mc, ms e ms4)
V. "Fingoi".

41. **Antas** (Antas de Ulla, San Xoán; Antas de Ulla, LU)
De Antas, o millor torrón, o de Vilasión. (mc: Antas de Ulla)

42. *En Antas, bebe e non preguntes.* (ms15,11)

43. **Antas, As** (Lebozán, Beariz, OU)
Nas Antas, moito frío e poucas mantas. (mc: Castelao, *Nós* 38,1927,14)

44. **Anxeriz** (Anxeriz, Santa María; Friol, LU)
Cacharreiros, de Anxeriz. (mc)
Angeriz, es anejo en Miraz, en Friol.

45. **Aragón**
Arreboles a Aragón, á noite con auga son. [6459] (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)
(es) *Arreboles a Aragón, a la noche con agua son.* (Correas)

46. **Arante** (Arante, San Pedro; Ribadeo, LU)
¿Eres de Arante? O demo que te levante. [6460] (mc e ms11,24: Ribadeo)

47. **Arcos** (Arcos de Frades, Santiago; Pol, LU)
Cambeleiros, os de Arcos. (mc: Pol)
Cambeleira, de donde dicen está tomado el tópico, es, en aquella comarca, el pesebre donde come el ganado vacuno, con apartados independientes para cada res. (mc) / *Cambeleira* falta en nuestros diccionarios. (ms)

48. *Cucos os de Gondel, cambeleiros os de Arcos, borrachos os de Valonga i-os de Caraño, raposos.* [6461] (mc / ms / ms4: Pol-F.V.S.)
V. "Gondel".

49. **Ardeleira**
Brúa Ardeleira, trigo á eira. (Manuel Portela Balayo)

50. **Area** (Faro, San Xiao; Viveiro, LU)
¿De Area? -Xente hebrea. (mc: M.-*R. de P.*)

51. **Arenteiriño** (Oseira, Santa María; Cea, San Cristovo; OU)
Os de Arenteiriño derraman o fuciño. (mc)

52. *Os d'Alinteiriño derraman o fuciño.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
V. "Confurco".

53. **Ares** (Ares, C)

[6457] *Altamira* aparece tres veces na provincia de Lugo (concellos de Vilalba, Viveiro e Guitiriz); cinco en Pontevedra (concellos de Silleda, Meaño, Salceda de Caselas, As Neves e Sanxenxo) e tres na Coruña (concellos de Cambre, Cerceda e Ortigueira.

[6458] ms16: *néboa, Pra Albare*.

[6459] mc: *con auga non*.

[6460] ms11,24:*¿Es de Arante?*.

[6461] ms: *y os*.

En Ares non te pares, en Redes non te quedes i-en Camouco para pouco. [6462] (mc: *Nos*)

Var.: *En Ares non te pares.* (C.A.)

Pueblos de Canedo, Orense. [sic]

54. E*n Ares non te pares.* (ms: C.A. *A Nosa Terra* / Rodríguez Vieites, Félix)

55. *En Camouco para pouco, en Redes non te quedes, en Ares non te pares.* (Barral Sánchez, J.M.)

56. **Argozón** (Argozón, San Vicente; Chantada, LU)

Polo san Mateu sementa ti e sementarei eu; polo San Miguel semente quen poider; e polo San Luca saca o boi da asuca, en Chantada i-Argozón, que en Camba e Deza non. (mc / ms4: F.V.S.)

San Mateu: 21 set. San Miguel: 29 set. San Luca: 18 oct. V. "Chantada".

57. **Armenteira** (Armenteira, Santa María; Meis, PO)

Nublada Armenteira, norte na ribeira. (mc: Bueu)

Var.: *Nubrado a Armenteira, norte na ribeira.* (ms16: Bueu)

58. **Arnela, A** (Baroña, San Pedro; Porto do Son, O; C)

Berra a Arnela, o demo tras dela. (ms16: *R. Fisterrán*)

Arnela, pequeña playa de la costa de Finisterre. El refrán anuncia mal tiempo.

59. **Arousa** (Illa de Arousa, San Xulián da; Illa de Arousa, A; PO)

Cuberta Arousa, mala cousa. (mc: M.-Bueu)

60. **Arroxo** (6 concellos, LU)

D'Arroxo, nin gado nin xente, que hastra os cochos roen as portas. (ms4: A.N. / ms: A.N.V.)

Var.: *De Arroxo, nin gado, nin xente, que hastra os cochos traban as portas.* (ms5,041: *Úbeda*)

Variante do ms5,041: Entresacados de los artículos sobre folklore gallego publicados por Lence-Santar, en *El Compostelano* de Santiagode Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940. (ms5)

61. *¿Eres leiteira de Arroxo? Xa, xa.* (mc: M.L.)

62. **Arroxo** (Arroxo, San Xoán; Baralla, LU) [6463]

Nin muller de Chamoso nin besta de Arroxo. (mc / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

63. **Artoño** (Artoño, Santalla; Agolada, PO)

Os de Artoño, fariñeiros. (mc: Lalín / ms4: F.V.S.)

V. "Berredo".

64. **Arzúa** (Arzúa, C)

En Arzúa todo se volven mulas. (mc: Santiago / ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)

65. **Asadur** (Asadur, Santa Mariña; Maceda, OU)

Campana por campana, Asadur ou nada. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Ourense)

Asadur (Orense).

66. **Astariz** (Caboi, San Vicente; Outeiro de Rei, LU)

Os de Outeiro comen bon carneiro, i-os de Astariz mellor perdiz. (ms8,49v)

Pueblos de O. de Rey.

67. **Astorga** (Astorga, LE)

O pan d'Astorga, moito na mau e pouco n'andorga. (ms-LU: Recaredo de la Fuente Pérez: Pombeiro, Pantón, LU (04-10-1951)

El pan de Astorga no está muy esponjado, parece muy bien y representa mucho; pero luego al comerlo no harta, y para hartarse hay que comer más cantidad que si fuera de otro pan (centeno por ejemplo).)

68. *Pan de Astorga, moito na man e pouco na andorga.* (mc)

(es) *El pan de Astorga mucho en la mano y poco en la andorga.* (Sbarbi)

69. *Quen fez a Lugo, fez a Astorga e Ponte da Cigarrosa, e levou unha pedra no capelo con que fez o Coronatelo.* [6464] (mc: A.S.A. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

70. **Asturias** (AS)

Abril non era malo, se non fora o aire asturiano. [6465]

(mc: Taboada / ms15,27r: Lugo)

71. *Os rapaces en Asturias, cando non tên que facer, tiran pedras cara arriba e xa din que vai chover.* (mc: Santiago)

Proviene de una canción popular.

72. **Atán** (Atán, Santo Estevo; Pantón, LU)

Escanelados, de Atán. (mc / ms4: F.V.S.)

V. "Palacio".

73. **Avia, río** (OU)

[6462] ms: *y*.

[6463] Supoñemos que se trata da parroquia de Arroxo en Baralla, limítrofe co concello do Corgo.

[6464] ms-LU: *fez Lugo, fez Astorga, fez a Coronatelo*.

[6465] ms15,27r: *sinon fora.*

O viño do Avia ten forza, espirto e labia. (ms10,142r: D.E.)

74. **Bacelo / Bocelo, Serra do** (Sobrado / Toques, C)

Faro, Farelo, Pico Sacro i-o Bacelo (ms15,34r)

V. "Faro".

75. **Bagude, Monte** (Bagude, San Bartolomeu, Portomarín, LU)

Cando o monte Bagude ten carapucha, auga segura. (ms15,41: Puertomarín)

76. **Bagueixos** (Tirimol, San Xoán; Lugo, LU)

Os de Bagueixos comen pan e queixo; os de Meilán comen solo pan. (mc: Lugo)

77. **Baíñas, As** (Baíñas, Santo Antoíño; Vimianzo, C)

A costureira das Baíñas cose de balde e pon as liñas. (mc: Pidre)

(pt) *Alfaiate de encruzilhada, que põe as linhas de sua casa.* (Chaves)

78. *O xastre das Baíñas cose de balde e mais pon as liñas.* (ms21,13r: Bermés)

79. *O xastre das Baíñas cose de balde e pon as liñas.* [6466] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / Francisco Canosa Quintáns)

Var.: *Xastre das Baíñas, cose de balde e mais pon as liñas.* [6467] (M.V.)

(pt) *Alfaiate de encruzilhada, que põe as linhas de sua casa.* (Chaves)

(es) *El sastre de Peralvillo, que hacía la costura de balde y ponía el hilo.* (Correas) / *El sastre de cantillo, que cosía de balde y ponía el hilo.* (Correas) / *El sastre de Ciguñela, que pone la costa y hace de balde la obra.* (Correas)

80. **Baíña, A** (Baíña, San Pedro da; Agolada, PO)

Os de Baíña, carrapelos. (mc: Lalín / ms4: F.V.S.)

V. "Berredo".

81. *Os de Baíña, tiñosos; os de san Paio, carpaceiros; os de Carmoega, fariñeiros; os de Esperante, cucos; os de Vilariño, cereixeiros; os de Merlín, lagartos; os de Orrea, gorriós; os de Brántega, croieiros; os de Tuiriz, sardiñeiros, i-os de Val, ratos.* (mc / ms4: F.V.S.)

Son pueblos de Lalín y comarca.

82. **Balsada** (Montefurado, San Miguel; Quiroga, LU)

¿Onde irás boi que non ares? -A Balsada i-a Casares. (ms8,39v)

Pueblos de Quiroga muy accidentados en los que no pueden arar los bueyes.

83. **Baltar** (Baltar, San Bartolomeu; Baltar, OU)

Entre Baltar e Godín é unha xente moi ruín. (mc: Ben-Cho-Shey, *Nós* 65, 1929, 88)

84. *Entre Baltar e Tixós nacen moitas avisiós* (mc: Ben-Cho-Shey, *Nós* 65, 1929, 88)

85. **Bamba** (Tordesillas, VA)

O abad de Bamba, o que non pode comer, dáo pola súa ialma. (mc)

(es) *El abad de Bamba, lo que no puede comer, dalo por su alma.* (Sbarbi)

Moteja a los que sólo dan las cosas que no pueden aprovechar.

86. **Baño, O** (Lugo, LU)

Lavacús, no Baño. (mc, ms e ms4)

Lavacús es igual a aduladores. / *Lavacús* = aduladores. (ms4) / V. "Fingoi".

87. **Barán** (Barán, San Pedro; Paradela, LU)

Os de Barán, tabaus. (mc: Paradela)

Lo dicen en sentido de traidores, que no dan la cara.

88. *Terra negra nun dá pan, y-o que queira muller mala qu'a vaia buscar a Barán.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

89. **Barbadelo** (Barbadelo, Santiago; Sarria, LU)

Os de Barbadelo, lavancos. (mc)

V. "Piñeira".

90. **Barbaín** (Barbaín, Lugo / O Incio, LU)

I-auga os de Barbaín. [6468] (mc, ms e ms4)

V. "Fingoi".

91. **Barbanza, O** (Entre a Pobra do Caramiñal e o Porto do Son, C)

Cando Barbanza ten touca, ou moita chuvia ou pouca. (ms-SA: Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C)

92. *Cando o Barbanza ten touca, auga, moita ou pouca.* (mc: Sar.-Noya)

Barbanza es la cordillera que se prolonga sobre la península que separa las rías de Arosa y de Muros. Si se cubre de nubes, anuncia lluvia.

93. **Barca, A** [6469]

Na area de Illa moito, na area da Barca, nada. (mc: M.-*R. de P.*)

94. **Barca, A** (Anllo, Santo Estevo; Sober, LU)

[6466] mc: *Vaíñas*.

[6467] mc: *Vaiñas*.

[6468] ms: *y'auga os*

[6469] *A Barca* (Santa Cruz de Castrelo, Cambados, PO) – Illa de Arousa ou *A Barca* (San Salvador de Poio, Poio, PO) - Illa de Tambo

Cando nace un home na Barca, nace boi, carro e xugo. (ms5,136)

Se refiere a la Barca de S. Esteban de Rivas de Sil (Anllo), porque es un terreno tan quebrado, que no hay carros ni bueyes: todo el trabajo tiene que hacerlo el hombre. [6470]

95. **Barcia** (Barcia do Seixo, Santa Ana da; Lama, A; PO)

Atestados, os de Barcia. (ms: Castelao, *Nós* 38,1927,14)

96. **Barcia de Mera** (Barcia de Mera, San Martiño; Covelo, PO)

Terra por terra, Barsamedera; millor por millor, Val de Miñor. (mc: A.I.)

97. **Baredo** (Baredo, Santa María; Baiona, PO)

Néboa a Varedo, noroeste cedo. (mc: M.-*R. de P.*)

98. *Neboeiro en Varedo, noroeste cedo.* [6471] (mc e ms16: Vigo)

99. **Baroncelle** (Baroncelle, Santiago; Abadín, LU)

Os de Baroncelle, os puchos. (ms5,041: *El Compostelano* 1938,39,40)

Entresacados de los artículos sobre folklore gallego publicados por Lence-Santar en *El Compostelano* de Santiago de Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940.

100. **Baroncelle** (Carboentes, Santo Estevo; Rodeiro, PO)

Os puchos. (mc: A.N. / ms4: F.V.S.)

Se aplica a los de Baroncelle.

101. **Baronzás** (Xinzo de Limia, Santa Mariña; Xinzo de Limia, OU)

Curre cas, en Barouzós, Salta sebes en Paredes; Campaneiros os de Zas, Gomariz, pé de perdiz, Entre Baltar e Tixós, nacen moitas avisiós, Merendas na Caridad, Cas descalzos en Medeiros, En Villaza, caza, caza, Albarellos, cazafellos, Entre Baltar e Godín é unha xente moi ruín, Queima ceras en Laroá, San Mamede xa me fede, Soutelo xa me pon medo;¡Viva o lugar de Ganade xunto co de Sabucedo! (mc: Ben-Cho-Shey, *Nós* 65, 1929, 88)

Son pueblos de Ganade, en la Limia.

102. **Barqueiro, O** (Mañón, Santa María; Mañón, C)

Loiba, Espasante, Barqueiro, Ortigueira, niebla en Cañoles, tempos moles. (mc)

103. **Barra, Punta** (Bares, Santa María; Mañón, C)

Norte en Barra, vendaval en Vizcaia. (mc: S. Loureiro)

Deza, Trasdeza e Val de Quireza e no chan de Tenorio unha peza. (ms4: S.P.P. *Ultreya*)

Se refiere a la fertilidad de estos encantadores parajes.

373. *En Deza, nin boa besta nin bon burro.* (mc: M.V.)

Var.: *En Deza, nin boa besta nin boa peza.* (ms4: M.V.)

374. *Moza de Deza e vaca da Ulla, de cento, unha.* (mc: M.V. / ms10,044r: D.E.)

375. *Polo san Mateu sementa ti e sementarei eu; polo san Miguel semente quen poider; e polo san Luca saca o boi da asuca, en Chantada i-Argozón, que en Camba e Deza non.* (mc / ms4: F.V.S.)

San Mateu: 21 set. San Miguel: 29 set. San Luca: 18 oct. V. "Chantada".

376. *Se vas a Camba, leva pan na manga; e se vas a Deza, que non ch'esqueza.* (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

377. *Se vas a Deza, quizá nunca ch'esqueza* (ms15,32: Camba)

Cantan los de Camba.

378. *Si vas a Oseira, leva o pan na faltriqueira; si vas pra Camba, lévao na manga; si vas pra Deza, que non che esqueza.* (mc: Aguada, Carballedo)

379. **Doroña** (Doroña, Santa María; Vilarmaior, C)

Tras de Leiro, Viadeiro; tras da Oroña, Carantoña. [6518] (ms15,01)

Pueblos del Miño.

380. **Dozón** (Dozón, Santa María; Dozón, PO)

En Dozón, nin boa cabra nin bon castrón. (mc)

381. **Eirelo, O / Eirado** (3 parroquias co topónimo Eirado nos concellos Arbo, Salvaterra de Miño e Tui, PO)

Becerría, no Eiredo. (mc)

De San Juan de Vilanova.

382. **Eirexalba** (Eirexalba, Santo Estevo; Incio, O; LU)

Os de Eirexalba, refaixeiros e fanagueiros. (mc / ms4: F.V.S.)

V. "Vilasouto".

383. **Eiriz** (Folgoso do Courel, Santa María; Folgoso do Courel, LU)

-Ai, pai ¿i-a ovella morta, lévoa ó monte? -Ai, fillo dun burro ¿e non lle darás unha guichiña de herba e déixala na corte? [6519] (mc: O Caurel)

Matraca que dan los de Caurel a los vecinos de Eiriz (Folgoso), para tratarlos de tontos.

384. **Eixón** (Eixón, San Xurxo; Pobra do Brollón, A; LU)

Dios en Cereixa, Cristo en Chavaga, santos en Liñares, rei en Sindrán, e

---

[6518] En toda Galicia só existe un lugar chamado Oroña, na parroquia de Santo Ourente de Entíns, no concello de Outes.

[6519] ms: *Ay, y.*

marqueses en Eixón. (ms-LU: seminarista anónimo: Sindrán, Monforte de Lemos, LU)

Nombre de las casas de estos pueblos.

385. **Enxamea, A** (Castro de Rei de Lemos, Santa María; Paradela, LU)

En Enxamea, o que non come rabea. (mc: Paradela-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

386. **Enxerto** (Aguada, Santa Baia; Carballedo, LU)

Acubilladores, os de Enxerto [6520] (ms)

Acubilladores = encubridores. / V. "Fufín".

387. **Escairón** (Vilasante, San Salvador; Saviñao, O; LU)

A xente de Escairón, pouco trato e menos conversación. (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

388. *Cos d'Escairón, nin trato nin conversación, e cos de Ferreira, canto se queira.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do sur da provincia de Lugo)

389. *Cos de Escairón nin trato nin conversación.* [6521] (mc / ms-LU: Dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo)

390. *Cos de Escairón non temos trato nin conversación.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

391. *O que queira beber viño bon, que vai'a Escairón.* [6522] (mc / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Sabiñao. (mc) / Esperón (Saviñao). (ms-LU) [6523]

392. *Os de Ferreira mataron un burro, os de Escairón comérono crudo, os de Monforte mandaron recado que lles garden a punta do rabo.* (mc)

Se atribuyen los mismos conceptos a muchos otros pueblos de Galicia, y es tópico corriente también en cast.

393. *Os de Monforte, rabudos, i-os de Escairón, cabezudos.* (mc)

394. **Escuadro** (Escuadro, San Salvador; Silleda, PO)

Os de Escuadro, caza brava. (mc / ms4: F.V.S.)

V. "Millarada".

395. **Esmoriz** (Esmoriz, San Xillao; Chantada, LU)

Cuartilleiros, de Esmoriz. (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

V. "Furco".

396. **España**

De España, nin bon vento nin bon casamento. (mc: C.A.)

(pt) *De Espanha, nem bom vento, nem bom casamento.* (Chaves)

397. *Hanse acabar os ladrós en España cando os borrachos se acaben en Francia.* (ms8,51v: Silvarrey)

398. **Espasante** (Espasante, San Xoán; Ortigueira, C)

Loiba, Espasante, Barqueiro, Ortigueira, niebla en Cañoles, tempos moles. (mc)

399. **Esperante** (Esperante, San Cibrao; Agolada, PO)

Os de Esperante, cucos (mc / ms4: F.V.S.)

V. "A Baíña".

400. **Esperante** (Esperante, Santalla; Lugo, LU)

N'Esperante, carrasqueiros. (mc, ms e ms4)

Carrasqueiros, porque se dedican a vender carrascos y raíces de uz. (mc) / Se dedican a arrancar *carracos* o raíces de huz y las vendían en Lugo. (ms) / *Carrasqueiros*, se dedican a arrancar carrascos o raices de uz y las vendían. (ms4) / V. "Fingoi".

401. **Espindo** (Dúas Igrexas, Santa María / Forcarei, San Martiño; Forcarei, PO)

Os de Espinto [sic], *somantas.* (mc / ms4: F.V.S.)

V. "Millarada".

402. **Estaca de Bares** (Bares, Mañón, C)

Dendes a punta da Estaca (*de Vares*) *á ribeiriña de Foz, canto máis lonxe, millor.* (ms16: Pedro Merille, *La Defensa*, Betanzos)

Deben los barcos alejarse de la costa.

403. **Estación, A** (Lugo, LU)

Os da Estación mataron un burro; os da Chanca comérono crudo; os de Paraday mandaron recado de que lles gardaran a punta do rabo. (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)

404. **Esteiro** (C) [6524]

[6520] ms: *Inxerto*.
[6521] ms-LU: *d'Escairón*.
[6522] mc: *vaia a*.
[6523] Só se encontraron cinco lugares en Galicia co nome Esperón: catro na provincia da Coruña e un na de Pontevedra.

[6524] Antigamente existían prognósticos do tempo baseados en sons que chegaban de moi lonxe: o P. Sarmiento di no s. XVIII que en Pontevedra se senten o mar da Lanzada e a freixa de Ponte Caldelas. A cortina acústica actual impide semellante percepción pero é posible que nun refrán quedase fosilizado un antigo prognóstico. Este Esteiro podería ser de Muros ou de Ferrol e resulta máis inverosímil semellante prognóstico no concello de Carballo referido ó Esteiro ferrolán. Quizais teñamos que

Brúa Esteiro, vellos ó quinteiro. (ms16: Carballo)

405. **Esteiro, enseada** (; Cedeira, C)

Había un baile en Esteiro, no Ferrol, que co neboeiro non se vía o sol. (ms10,067r: D.E.)

406. **Estelo** (Remedios, Nosa Señora dos; Mondoñedo, LU)

Nebras, os de Estelo. (mc: A.N.)

Var.: *Estelo, os anebrados.* (mc) / *Pandeiros, nebras ou os anebrados.* (mc)

Está situado en la alta meseta que separa Mondoñedo del Valle de Oro, lugar de frecuentes nieblas.

407. **Estrada, A** (Estrada, A; PO)

O Pepe da Estrada está como estaba. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do sur da provincia de Lugo)

408. *Xente da Estrada, pola palabra.* (ms15,36)

409. **Fafián** (Fafián, San Xoán; Sarria, LU)

Os de Fafián, roqueiros. (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)

Alude a la parroquia de este nombre en el municipio de Sarria, muchos de cuyos habitantes se dedicaban, tiempos atrás, a hacer ruecas.

410. **Fardán, Chairas de** (OU)

Si pasas polo Fardán e che preguntan pola vela, dilles que a levas na man. (mc: Santiago)

411. **Farelo, O** (Antas de Ulla, LU)

Cando o Farelo pon a monteira, chove anque o ceo non queira. (mc: Antas de Ulla)

Var.: *Cando o Farelo pon o capelo, meniñas da Ulla poñede o mantelo.* (mc: Monterroso) / *Carapucho no Farelo, auga no pelo.* (mc: Golada)

412. *Cando o Farelo ten sombreiro, os labradores qu'anden con xeito.* (ms-SA: seminarista anónimo: A Golada, A Golada, PO)

413. *Faro, Farelo, Pico Sacro i-o Bacelo* (ms15,34r)

V. "Faro".

414. *Néboa no Farelo, millor á noite que á mañá cedo.* [6525] (ms16: Trabanca / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

415. *S'o Farelo ten niebla, millor á noite cá mañá cedo.* (ms-SA: seminarista anónimo: A Golada, A Golada, PO)

416. **Faro, O** (Chantada, LU)

Cando a niebla pousa no Faro, desfaise en tronada. [6526] (mc e ms18,65v: Chantada)

El Faro separa los partidos de Chantada y Camba, y en él se asienta el venerado Santuario de la Virgen del mismo nombre.

417. *Faro, Farelo, Pico Sacro i-o Bacelo.* (ms15,34r)

Se refiere a las montañas más altas de Galicia.

418. *Si subes ó Faro, non subas de noite nin polo claro.* (mc: Chantada)

El famoso santuario de tierras de Chantada.

419. **Farrapeira, A** (Santa María de Salceda; Salceda de Caselas, PO)

Descalzos, de Farrapeira. [6527] (mc / ms4:F.V.S.)

V. "Palacio".

420. *Vaqueiros, os de Castro; albarcados, de Santa Mariña; famentos, da Farraqueira.* (mc: Buciños)

421. **Felpós** (Felpós, San Tomé; Palas de Rei, LU)

Os de Felpós, hinchados. (mc)

En Palas de Rey.

422. **Ferreira** (Castro de Rei de Lemos, Santa María; Paradela, LU)

Os de Ferreira mataron un burro, os de Escairón comérono crudo, os de Monforte mandaron recado que lles garden a punta do rabo. (mc)

(es) *En Escarabajosa, mataron la burra tiñosa; en Escobar, la acabaron de desollar; en Pinillos, se comieron los menudillos; en Cabañas, le quitaron las legañas, y en Agejas, se comieron las mollejas.* (R. Marín)

Se atribuyen los mismos conceptos a muchos otros pueblos de Galicia, y es tópico corriente también en cast.

423. **Ferreira de Pantón** (Ferreira de Pantón, Santa María; Pantón, LU)

Cos d'Escairón, nin trato nin conversación, e cos de Ferreira, canto se

---

pensar en lugares con este topónimo que sexan de menor entidade (parroquias ou lugares). Se cadra o *Carballo* de Carnota ten máis probabilidades porque o *Esteiro* de Muros está a pouca distancia, dirección sur-leste. Para o *Esteiro* ferrolán poden ter algunha verosimilitude os *Carballos* de Pontedeume, Cedeira ou Ortigueira. En calquera caso, queda no aire esta localización, porque se pode estar referindo a un *Esteiro* distindo daqueles nos que nós pensamos. Este mesmo refrán aparece recollido no *Refraneiro do Mar* de Clodio González Pérez e localízao en Ortigueira.

[6525] ms-LU: *Niebla*.

[6526] ms18,65v: *desfaise a tronada*.

[6527] mc: *Dexalzos, da Farrapeira*.

queira. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do sur da provincia de Lugo)

424. *Cos de Ferreira, todo o que se queira.* (mc: Ferreira de Pantón)

425. *En Ferreira de Pantón o que non é gato é ladrón e si non, testigo falso e prueba de eso hai, que hai fillos de cárceles.* (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

426. *En Ferreira de Pantón, o que non é gato é ladrón, e, si non, testigo falso, e proba de eso é que hai fillos de cárceles.* (mc)

427. *Terrón por terrón, Ferreira de Pantón; si che dan a escoller, vólvete a Sober.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

428. *Torrón por torrón, Ferreira de Pantón, pero si che dan a escoller, vaite a Sober.* (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

429. *Torrón por torrón, vénte a Ferreira e Pantón.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

430. **Ferrol** (Ferrol, C)

Cando chove e fai sol, vai o demo pró Ferrol.) (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

431. *Cando chove e mais vai sol, anda u demo por Ferrol.* (ms-SA: Julio Barreiro Fernández: San Miguel de Vilar, Touro, C)

432. *Cando chove e quenta o sol, anda o demo por Ferrol.* (ms-SA: Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)

433. *Cando chove e quenta o sol, vai pra Ferrol.* (Canosa Quintáns, Francisco)

434. *Cando chove e vai sol, anda u demo no Ferrol.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

435. *Cando chove e vai sol, corren as nubes pa Ferrol.* (ms-LU: seminarista anónimo: Novelúa, Monterroso, LU)

No sé si es Ferrol o Friol.

436. *Cando chove e vai sol, vai o diaño pró Ferrol, cargado de tañedores pra picar os seniores.* (ms21,05r: Bermés)

437. *Cando chove e vai sol, van as meigas pra Ferrol.* (ms-LU: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro: Cangas, PO)

438. **Filgueira** (Filgueira, San Tomé; Palas de Rei, LU)

Os de Filgueira, conexos. (mc)

En Palas de Rey.

439. **Fingoi** (Lugo, San Pedro; Lugo, LU)

Caballeros en Fingoi [6528]*; patrós de lancha en Mazoi* [6529]*; carreteiros en Ponteagos; tripeiros* [6530] *na Viña; lavacús, no Baño; n'Esperante, carrasqueiros; en Sanfiz, pataqueiros; en Piugos, argalleiros; hinchafoles os de Carreiros; maquieiros nos Cangos; muiñeiros en Peiteiros; chingadores en Soñar; borrachos, no Carballal; famentos na Madanela; fachendiñas, en Villalbite; estrigapolos no Vilar; retorcidos en Cuíña; planetas e direuciós, zancanillas i-apertadores de carabillas en Cabo de Vila; berrallós, en Vilamiñao; demoños vivos en Cumbraos; pantoxas en Ribeira; caladiños en Santalla; choqueiros na Tolda; en Piteiro* [sic] [6531]*, pitos coxos; en Renque, bestas mortas; en Penoucos, laroucos; os de Bravos, letrados; os de Paredes, cagados; e limpan os de Risende* [sic] [6532]*, e poñen os trapos os de Anguieiro i-auga os de Barbaín i-o gas os de Bóveda.* (mc, ms e ms4.)

Todos son parroquias, o lugares de las cercanías de Lugo. *Caballeros* equivale a señoritos. [...] (mc) / Porque eran poco trabajadores, más bien señoritos. (ms) / Los nombrados son todos pueblos, lugares y aldeas de las cercanías de la ciudad de Lugo. *Caballeros* = señoritos, poco trabajadores.

440. **Fieira** [6533] (Montemaior, Santa María Madalena; A Laracha, C)

Para millo na Fireira, para cebolas na Buza. (mc: Santiago)

441. **Fisterra** (Fisterra, C)

Cando Fisterra estira o piteiro, vendaval verdadeiro. (mc: Muros)

442. *Os de Finisterre non poden ter outra cousa que a sardiña e o arenque.* (mc: Santiago)

443. **Fiúnte** (Bembibre, San Pedro; Taboada, LU)

[6528] mc, ms e ms4: *Fingoy*.
[6529] ms4: *Mazoy* / mc e ms: *Magoy*.
[6530] mc: *ripeiros*.
[6531] V. *Piñeiro*.
[6532] V. *Bosende*.
[6533] Non aparece no Nomenclátor ningún lugar con estes nomes. Pero existe Fieira e Bouza no concello de A Laracha. Fieira é unha aldea da parroquia de Montemaior e *Bouza* é outra aldea da parroquia de Soandres.

Os de Fiúnte comen o caldo sin unto, i-os de San Pedro, o caldo acedo. (mc)

Lugares de Bembibre, Taboada.

444. **Foilebar** (Foilebar, Santa María; Incio, O; LU)

Corren as nubes pra Foilevar, colle o mallo e vai mallar, e si corren pró Cebreiro, colle a capa i-o sombreiro (ms10,049r: Renche, Samos)

Var.: *Corren as nubes pra Foilevar, colle o fouciño e vai segar, e si corren pró Cebreiro, colle a capa i-o sombreiro.*

445. *Si van as nubes pró Cebreiro, colle a capa i-o sombreiro; si van pra Foilebar, colle o mallo pra mallar.* [6534] (mc: Quiroga)

446. **Foles** (Viveiro, LU) [6535]

Arriba, cabalos de Foles, que atrás dos ricos veñen os dos probes. (mc: Nos)

Quedó en refrán de un jefe carlista que pronunció la frase después de requisar unos caballos en una casa rica de Foles.

447. **Fonfría** (Forcarei, PO / Fonfría, San Xoán de; Pedrafita do Cebreiro, LU) [6536]

Brétema en Fonfría, auga de noite ou de día. [6537] (ms16: Bermés / ms21,13v: Bermés)

Es la sierra de Candán - Pontevedra.

448. *Niebla en Fonfría, auga de noite e de día.* (mc: Camba)

449. *Niebla na costa de Fonfría; se non chove de noite, chove de día.*) (ms-LU: seminarista anónimo: Serantes, Santiso (Terra de Melide, C)

450. **Fonsagrada, A** (Fonsagrada, A; LU)

Fonsagrada, montes sin leña, fontes sin auga, mulleres sin honra e homes sin palabra. (mc)

Var.: *Da Fonsagrada fonte sin auga, monte sin leña y-home sin palabra.* (ms15,22) / *Os da Fonsagrada, montes sin leña, fontes sin auga, mulleres sin honra e homes sin palabra.* (ms4: F.V.S.)

(es) *Génova la bella, mar sin pescado, montes sin leña, hombres sin conciencia, mujeres sin verguenza.* (Gella)

Véase: *"Adiós, Xinzo de Limia..."*. Gella Iturriaga recoge uno similar, aplicado al pueblo de Graus, y dice que se aplica también a varios puertos del Mediterráneo, como derivación del dedicado a Génova (ms: José Gella Iturriaga, *Refranero del mar*, pág. 100).

451. *Na Fonsagrada: monte sin leña, fonte sin auga, muller sin conducta e home sin palabra.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

452. *Na Fonsagrada: monte sin leña, fonte sin auga, muller sin vergonza y-home sin palabra.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

453. *Xente de Fonsagrada, mala canalla.* (mc: Baralla-F.V.S.)

454. **Fontaos** (Folgoso do Courel, LU)

Os de Meiraos comen caldo e tabaos, i-un burro que mataron a paus en Fontaos. (mc)

Pueblos de Caurel.

455. **Fontao, O** (Oleiros, San Miguel; Carballedo, LU)

Niebla en Funtán, auga na man. [6538] (mc: Buciños)

456. **Forcadas** [6539]

Cando a Forcadas ten touca, hai agua muita ou pouca. (ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C)

457. **Foxos** (Cebreiro, Santa María do; Pedrafita do Cebreiro, LU)

Si che gusta comer papas, vai a Foxos segar pan: á mañá danche papas; a mediodía papas che dan; á merenda, papas solas; á noite, papas sin pan. (ms5,045 e ms16: Cebrero)

458. **Foz** (Foz, LU)

Dendes a punta da Exstaca (*de Vares*) *á ribeiriña de Foz, canto máis lonxe, millor.* (ms16: Pedro Merille, *La Defensa*, Betanzos)

V. "Estaca de Bares".

459. *Os de Foz, os de coxeto.* (ms5,041: *El Compostelano* 1938,39,40)

Var.: *Os de coxeto.* (mc)

[6534] ms: *y-o*.

[6535] É posible que sexa un lugar preto de Viveiro porque nesta vila hai unha rúa co nome *Río dos Foles*. En Galicia non se atopou outro topónimo con este nome.

[6536] Pico de 1394 m situado na parroquia do mesmo nome. Podería tamén tratarse dun pico ou monte da serra do Candán, no concello de Forcarei.

[6537] ms21,13v: *Fonfría* (*Candán*).

[6538] Tendo en conta que a forma dialectal empregada na zona onde foi recollido o refrán é *mao* para *man*, é posible que o refrán fose orixinarimente *Niebla en Funtao, auga na mao*.

[6539] Varios montes galegos teñen este nome, o máis alto deles (1516 m) encóntrase na provincia de Ourense, na parroquia de Santa María de Forcadas, concello de Chandrexa de Queixa. O único monte con este nome da provincia da Coruña (439 m) limita entre os concellos das Pontes de García Rodríguez (C) e de Xermade (LU).

Entresacados de los artículos sobre folklore gallego publicados por Lence-Santar en *El Compostelano* de Santiago de Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940.

460. *Vaia por Dios e polos santos de Foz.* (ms11,24)

Juramento usado en tierras de Ribadeo.

461. **Francia**

Hanse acabar os ladrós en España cando os borrachos se acaben en Francia. (ms8,51v: Silvarrey)

462. *Os vendavales de maio levan os barcos a Francia.* (ms5,033)

El viento sur, en mayo, dispersa mucho las naves.

463. **Franqueira** (Vigo, PO)

Ruibas á Franqueira, vellas á borralleira. (mc: Sar.)

La Franqueira está situada en la parte oriental de la ría de Vigo.

464. **Freituxe** (Freituxe, Santiago; Bóveda, LU)

Os de Freituxe, ferruxentos. (mc / ms4: F.V.S.)

Tierra de Incio. / V. "Vilasouto".

465. **Freixo, O** (Freixo, O; PO)

Carpinteiros, do Freixo. (ms5,031: de *Galicia Emigrante*)

466. **Frexulfe** (Frexulfe, Santa Eulalia; Valadouro, O; LU)

Os de Frexulfe, sombrizos. (ms5,041: *El Compostelano* 1938,39,40)

Entresacados de los artículos sobre folklore gallego publicados por Lence-Santar en *El Compostelano* de Santiago de Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940.

467. **Frouxeira, A** [6540] (Alforz, LU)

S'as penas de Oirán se volveran pan, a Frouseira manteiga y-o río d'Ouro viño mouro, n'había terra como o Valedouro. [6541] (ms e ms4: M.L. / mc)

468. **Fufín** (Aguada, Santa Baia; Carballedo, LU)

A Fufín non hai que ir; en Quintela non te metas; en Seber, sonche bruxos, e na Airexe, pretas; a Corbeira, a curiosidá; Vilareal, a Tolda; cabalgantes, os das Lamas; puntuales, os de Vilar do Monte; chatoleiros os de Quintián; andantes os de Nodar; lobos ruzos, os de Agreixán; roubamantas os de Pico; acubilladores, os de Inxerto; rosquilleiros, os de Marrubio [6542]*; fariñeiros os de Aguada, e calcapelicos, os de Vidueiros.* (ms)

469. **Furco** (Furco, San Gregorio; Carballedo, LU)

Agros como os de Furco e nabieiras como as de Vales, non as teñen os frades. (ms: Buciños)

470. *Din os frades: "Pan en Furco, millo en Vales".* (mc: Buciños)

Véase: *"Agros como os de Furco..."*

471. *Monteiros, os de Furco, cuartilleiros de Esmouriz; e gorras tortas de Seoane.* [6543] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

472. **Furelos** (Furelos, San Xoán; Melide, C)

Besta de Liñares, moza de Melide e troita de Furelos, arrenega de todos tres como do demo. (mc)

473. *Home de Lugo, muller de Melide, besta da Cruña e can de Furelos, de todos eles Dios che me libre como dos demos.* (ms5,009: P. Lobeira)

V. "Lugo".

474. *Muller de Melide e can de Furelos, arrenega del coma dos demos.* [6544] (mc e ms: Chorexe / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

475. **Galgao** (Galgao, San Martiño; Abadín, LU)

Polo mor das de Quende pérdense as de Galgao. (mc: A.N.)

476. **Galicia**

A fame en Galicia entra nadando. (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas.)

477. *A fame pra Galicia vén nadando.* (ms-SA: seminarista anónimo: Xestoso, Monfero, C)

478. *A Galicia a fame vén nadando.* (mc: C.A.)

Var.: *En Galicia entra a fama* [sic] *nadando.*

(pt) *Em Portugal entra a fame nadando.* (Chaves)

Es indicio de mala cosecha el exceso de lluvias.

479. *Galicia sin toxo non val, sin esterco non é nada: ¡hai que rozar!* [6545] (mc: Buciños)

480. *Corren as néboas cara a Galiza, vellas á cinza.* (mc: J.T.)

[6540] Monte que rodea o Valadouro (Alfoz). Tamén hai un lugar na parroquia de Santiago de Sancovade, concello de Vilalba (LU) co nome de A Frouseira.

[6541] mc e ms4: *Vale d'Ouro*.

[6542] *Marrube* no orixinal.

[6543] ms-LU: *Manteiros, d'Esmoriz, Soane*.

[6544] ms e ms: *de él*.

[6545] ms: *hay*.

481. *O nome de Galicia é a nosa máis grande delicia.* (ms: Santiago)

482. **Gamoal, O** (Oseira, Santa María; Cea, San Cristovo; OU)
Os de Gamoal comen o caldo sin sal. (mc)

483. *Os de Gamual comen o caldo sin sal.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
V. "Confurco".

484. **Ganade** (Ganade, San Bartolomeu; Xinzo de Limia, OU)
¡Viva o lugar de Ganade xunto co de Sabucedo! (mc: Ben-Cho-Shey, *Nós* 65, 1929, 88)

485. **Gandarío** (marxe esquerda da ría de Betanzos, Ouces, San Xoán; Bergondo, C)
Cando zoa Ganderío, panos ó río. (ms-SA: Manuel Autrán Ramos: Santa Marta de Babío, Bergondo, C)

486. **Garaba** (PO)
Os de Garaba, chincheiros. (mc / ms4: F.V.S.)
V. "Millarada".

487. **Garabás** (Garabás, San Pedro; Maside, OU)
Nos tratos cos de Garabás mira o que fas. [6546] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Así contestan a lo que se dice de ellos.

488. *Os de Garabás, fóra o trato, son como os demais.* [6547] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Así se defienden de "Nos tratos cos de Garabás... mir'o que fas". (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

489. *Os de Garabás venden as vacas y'aran cos cas.* (ms12,70)

490. *Tratos cos de Garabás, mira como fas.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Garabás, entre Carballino y Cea. Tramposos en la compra de ganado.

491. **Goá** (Goá, San Xurxo; Cospeito, LU)
Cunqueiros, os de Goá. (mc / ms4: F.V.S.)

492. **Goián** (Goián, San Miguel; Sarria, LU)
Os de Goyán, coceiros. (ms-LU: seminarista anónimo: San Cristovo de Chamoso, O Corgo, LU)
Coza = raíz de las uces. / V. "Villaquinte".

493. **Goiás** (Goiás, San Miguel; Lalín, PO)
De Goiás, nin vello nin rapás. (ms15,43)

494. *Ladroizos, de Goiás* [6548] (mc / ms4: F.V.S.)
V. "Lamas".

495. **Golada, A** (Liber, San Remixio; Becerreá, LU)
"A conta xusta e axustada", dixo o crego da Golada: "seis touciños, seis xamós, tres rabos e seis lacós". (mc: Becerreá)

496. *"Cousa xusta y-arrematada", dixo u cura da Golada, "tres porcos, seis touciños, doce pés con tres fuciños".* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

497. **Golfariz** (Paradela, Santa María; Estrada, A; PO)
Viño de Golfariz sabe ós homes i-amarga ós rocís. (mc: Buciños)

498. **Gomariz** (Baltar, San Bartolomeu; Baltar, OU)
Gomariz, pé de perdiz (mc: Ben-Cho-Shey, *Nós* 65, 1929, 88)
V. "Baronzás".

499. **Gondán** (Cabarcos, San Xulián; Barreiros, LU)
As campanas de Gondán dan porque lles dan. (mc)
Var.: *Alí fan cal di a campá de Gontán: "Dando dan".* (ms e ms4: M.L.)
(es) *Las campanas de Guzmán, "donde dan, dan".* (Ricart)

500. **Gondel** (Gondel, San Cosme; Pol, LU)
Cucos os de Gondel, cambeleiros os de Arcos, borrachos os de Valonga i-os de Caraño, raposos. [6549] (mc / ms4: Pol-F.V.S.)
Parroquias del municipio de Pol.

501. *Os de Gondel, comen as papas e deixan o mel.* (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)

502. **Gontán** (Abadín / Samos, LU)
Alí fan cal di a campana de Gontán: "Dando dan". (ms e ms4: M.L.)
(es) *Con las campanas dice el sacristán: "Donde dan, dan, donde dan, dan".* (Ricart) / *Las campanas de Guzmán "donde dan, dan".* (Ricart)
Parecidos en castellano.

503. **Goó** (Goó, Santa María; Incio, O; LU)
Os de Goó, zorros; Santa Cristina, mariñeiros; Rendar, gorriós, Sirgueiros, pimenteiros. (mc e ms: Incio-F.V.S.)
Muy antiguo y muy conocido. (ms)

504. **Grallás** (Grallás, Santo Estevo; O Páramo, LU)
Os de Grallás guímaros. (ms-LU: seminarista anónimo: San Cristovo de Chamoso, O Corgo, LU)
V. "Villaquinte".

505. **Granada**
Teño un tío en Granada: non me manda nada, nin é tío nin é nada. (ms8,57r: Meda)

[6546] ms-LU: *mir'o que fas*.
[6547] ms-LU: *for'o trato, com'os demais*.
[6548] ms e ms4: *de Goyás*.
[6549] ms: *y os*.

506. **Granxa, A** (Viveiro / Monforte, LU)
Da Granxa á Lagoa non hai cousa boa. (mc)

507. **Granxa, A** (San Lourenzo da Granxa, Boqueixón, C)
Si as nubes van da Granxa pra Lestedo, mallar sin medo; si de Lestedo prá Granxa, mallar con ansia. (mc: Santiago)
Var.: *Cando van as nubes da Granxa pra Lestedo, mallar sin medo; cando van de Lestedo prá Granxa, mallar con ansia.* (ms5,135: Puente Ulla)

508. **Grixoá, A** (Chouzán, Santo Estevo; Carballedo, LU)
Cos de Roucos, tratos poucos; e cos de Grixoá, sólo a mitá. (mc: Chantada)

509. **Grova, A** (Serra da Grova, PO)
Néboa na Grova, noroeste afora. (mc: Sar., Bayona)
Var.: *Néboa na Groa, noroeste fóra.* (ms4: Pontevedra-F.V.S.)
Grova es un monte de 640 m. de altura, próximo a Bayona y a tres millas al S.E. del cabo Silleiro.

510. **Grove, O** (Grove, O; PO)
Os mecos. (ms5,031: de *Galicia Emigrante*)
Os naturales de O Grove. Parece que viene de que los del Grove colgaron de una higuera a un cura de allí de mala conducta.

511. **Gudín** (Gudín, San Miguel; Xinzo de Limia, OU)
Entre Baltar e Godín é unha xente moi ruín. (mc: Ben-Cho-Shey, *Nós* 65, 1929, 88)

512. **Gudiña, A** (Gudiña, A; OU)
Nubes á Gudiña, vellas á cociña. (ms: J.T. / ms4 e ms16: J.T.-*Folk. de Verín*)
Es el suroeste, con relación a Verín y trae nieve o invernía.

513. **Guimarei** (3 parroquias, Friol, LU)
Pra cabras, Guimarei. (mc / ms18: Villamayor de Negral)

514. **Guimeráns** (San Pedro de Batallóns, Neves, As; PO)
A viña de Guimeráns trabállana cen homes e vendímiana dous cas. (mc: C.A.)
(es) *La viña del cerro cávanla ciento y vendímiala un perro.* (Correas) */ La viña de Boadilla un perro la vendimia.* (R. Marín) */ La viña del cerro árala un galgo y vendímiala un perro.* (R. Marín)

515. **Guixán** (LU)
A nebra díxolle á fame: -¿Pr'onde vas? -Vou pra Guixán. ¿E ti? -Pra Álvare. [6550] (ms5,039 / ms16: Lence Santar)

516. **Guizán** (Guizán, Santa María; Mos, PO)
Os raposos. (mc: A.N. / ms4: F.V.S.)
Los de Guizán.

517. **Guldriz** (Guldriz, Santiago; Friol, LU)
Tres infernos ten Cotá: Guldriz i-a Retorta i-a Pena de Griñá. (ms8,25v)

518. **Guntín** (Guntín, San Cristovo, Bóveda, LU)
Os de Guntín, carrasqueiros. (mc: Bóveda)
Es pueblo escaso de leñas, y sus vecinos, para proveerse, habían de acudir a las sierras en busca de *carrascos*.

519. **Guntín** (Guntín, LU)
Cerrulo ou Carruliño. (mc)

520. *Poupas.* (mc)

521. *Músicos en Guntín.* [6551] (ms4: F.V.S.)
V. "Albeiros".

522. **Gurgueiro** (Gurgueiro, San Miguel; Agolada, PO)
Picapeidos, de Gorgueiro (mc / ms4: F.V.S.)
V. "Lamas".

523. *Picapeidos, en Gurgueiro* (mc: Buciños)
V. "Parada".

524. **Habana, A**
Andandiño, che, que vas para A Habana. (mc: C.A.)
Var.: *Andandiño, che, que vas para a praza.* (mc: C.A.)

525. *Deixan moita vida na Habana os que veñen e non tran nada.* (mc)

526. *O diñeiro da Habana pouco custa e pouco dura.* (mc: A.S.A.)
Aplícase a los emigrantes.

527. **Holanda**
Liño d'Holanda, pesa e non anda. (mc: M.V. / ms21,25r: Bermés)

528. **Horta, A** (Agüeira, San Xoán; Becerreá, LU)
Os de Horta comen o caldo nunha biorta, i-os de Torrallo, nun fardallo. (mc)
Pueblos de Becerreá. *Viorto* en el dicc. de Valladares, y *Biorto* en el de Carré. Falta la forma femenina que tiene amplio uso en algunas zonas de Galicia.

529. **Illa**

[6550] ms16: *néboa, Pra Albare*.

[6551] Hai oito parroquias en Lugo co nome *Guntín*. Por proximidade ó resto dos lugares mencionados no refrán, as dúas que son máis probables son *Guntín*, lugar da parroquia de Meilán (Lugo) e *Guntín de Pallares*, parroquia do concello de Guntín.

Na area de Illa moito, na area da Barca, nada. (mc: M.-*R. de P.*)

530. **Labrada** (Labrada, San Pedro; Abadín, LU)

En Labrada, canto din hoxe mañá non é nada. (mc: M.L.)

En el ayuntamiento de Abadín.

531. *Labrada, os da neveira.* (mc: A.N.)

Os d'a neveira. Situada en la parte más montañosa de Abadín, con frecuencia acometida por fuertes nevadas, como recuerdan las canciones populares: *Indo por Montouto arriba, / anoiteceume na serra. / Rapaciños de Labrada, / abride as portas que neva. Carrapetas de Labrada / abride a porta que neva, / vindo por Montouto abaixo / anoiteceume na serra.*

532. *Os da nevada.* (mc: A.N.)

Var.: *Os da neveira.* (mc / ms4: F.V.S.)

Como dijimos en otro lugar, se refiere a los de Labrada.

533. **Lacatrán**

O señor de Lacatrán, se ofrece hoxe non dá mañán. (mc: R. Caruncho)

534. **Ladrido, Punta Barra de** (Ladrido, Santalla; Orgigueira, C)

Cando brúa a barra de Ladrido, bois ó abrigo. [6552] (ms: Gella. –Cariño)

535. **Lagoa, A** (Viveiro / Monforte, LU)

Da Granxa á Lagoa non hai cousa boa. (mc)

536. **Lagoa, San Vicente** (Lagoa, San Vicente; Alfoz, LU)

Os de San Vicente de Lagoa, caguñeiros. (ms5,041: *El Compostelano* 1938,39,40)

Entresacados de los artículos sobre folklore gallego publicados por Lence-Santar en *El Compostelano* de Santiago de Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940.

537. **Lagoa, San Xoán** (Lagoa, San Xoán; Pastoriza, A; LU)

Os da Lagoa, Cadavedo e Loboso, os da Corda. (ms5,041: *El Compostelano* 1938,39,40)

Entresacados de los artículos sobre folklore gallego publicados por Lence-Santar en *El Compostelano* de Santiago de Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940.

538. **Lagrade** (Orbán, Santa María; Vilamarín, OU) [6553]

Altas torres, de Lagrade. (mc / ms4: F.V.S.)

V. "Palacio".

539. **Laíño** (Laíño, San Xoán / Laíño, San Xián; Dodro, C)

Como chove miudiño, como miudiño chove, pola banda de Laíño, pola banda de Lestrobe. (mc: Santiago)

Es también canción popular.

540. *Si queres beber viño, vaite a Laíño.* (mc: Santiago)

541. **Laiosa** (Laiosa, San Martiño; Incio, O; LU)

Os de Laiosa, campaneiros. (mc / ms4: F.V.S.)

V. "Vilasouto".

542. **Lalín** (Lalín, PO)

Os de Lalín, xente ruín. (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms4: Buciños-F.V.S.)

543. *Viva Lalín, con razón ou sin ela.* (mc: Lalín)

Especie de grito de desafío y combate de los habitantes de la zona de Lalín.

544. **Lamacarreira**

Máis de maneira... borreas ou Lamacarreira. (mc: Aguada / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

Se dice en el ayuntamiento de Carballedo, por donde pasaba la antigua calzada que conducía a la frontera de Portugal, y se llama aún Lamacarreira. Varias parroquias del municipio daban buen contingente de personas que salían para trabajar en Portugal. Cuando un criado, bracero del campo, etc. no quiere trabajar, se dice el refrán: *Mais de maneira, ou borreas, ou Lamacarreira*: O trabajas, o te vas. (mc) / [...] La primera parte no tiene más objeto que buscar consonante. (ms)

545. **Lamas** (Cadrón, Santo Estevo; Lalín, PO)

Espantapegas, de Lamas; Mirandelas, de Cadrón; Cerraportas, do Castelo; Estafetas, de Muimenta; Pantrigueiros de Mengumín; fidalguería, de Parada; Cagarría, de Alperiz; Besta roxa, de Laxosa; Picapeidos, de Gorgueiro; Ladroizos, de Goiás [6554]*; Encubridores, de Santón; Abolleiros, os de Ponte;*

[6552] Indica Mar.-Pronóstico de mal tiempo no ms.

[6553] Non atopamos ningún topónimo con esta forma. O máis parecido é *Sagrade*, aldea da parroquia de Santa María de Orbán, concello de Vilamarín, en Ourense. Ademais, atopamos un refrán moi parecido coa forma *Sagrade*.

[6554] ms e ms4: *de Goyás*.

Mangueiraos, de Carballeda. [6555] (mc / ms4: F.V.S.)

Parroquias y lugares de la comarca de Lalín. Mirandelas, curiosas, fisgonas; cerraportas, asustadizas; porque cierran las puertas, en cuanto ven personas forasteras por los alrededores; estatefas, estafadores; abolleiros, abusones; mangueiraos, mangantes; cagarrías, cobardes. En Mengumín se da el (ms: "pan") trigo mejor de la comarca. (mc)

546. *Espantosos os de Lamas* (mc: Buciños)

V. "Parada".

547. *Os de Lamas mataron a besta, os de Cadrón comérona fresca, os de Castelo mandaron recado que lles gardaran a croca do rabo, os de Muimenta a gritas e gritas, que lles gardaran a merda das tripas.* (mc / ms4: F.V.S.)

Pueblos de Lalín.

548. **Lamas, As** (Aguada, Santa Baia; Carballedo, LU)

Cabalgantes, os das Lamas (ms)

V. "Fufín".

549. **Lama, A** (Lama, A; PO)

Na Lama xanta e vaite. (mc: Castelao, *Nós* 38,1927,14)

Var.: *Os da Lama, "xanta e vaite".* (ms: A.S.A.)

550. **Lanzada, A** (Noalla, Santo Estevo; Sanxenxo, PO)

Con norte fuerte ronca a Lanzada, pronto virá a racalmada. (mc)

551. **Lapamán** (Cela, Santa María; Bueu, PO)

Berra o mar en Lapamán, colle a leña e coce o pan. (mc: M.-*R. de P.*)

552. *Berra o mar en Lapamán, vento sur á mañán.* (mc: M.-*R. de P.*)

Var.: *Berra o mar en Lapamán, vento sur na man.* (mc: M.-*R. de P.*)

553. *Na plaia de Lapamán colles lapas coa man.* (mc: M.-Bueu)

554. **Lapío** (Lapío, San Miguel; O Corgo, LU)

Os de Lapío, lagartos. (ms-LU: seminarista anónimo: San Cristovo de Chamoso, O Corgo, LU)

V. "Villaquinte".

555. **Lariño** (Lariño, Carnota, C)

As pesudas, de Lariño. (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

V. "Santiago de Compostela".

556. **Laroá** (Laroá, Santa María; Xinzo de Limia, OU)

Queima ceras, en Laroá (mc: Ben-Cho-Shey, *Nós* 65, 1929, 88)

V. "Baronzás".

557. **Larouco** (Larouco, OU)

Larouco, pan pouco. (mc)

Ayuntamiento en el partido judicial de Puebla de Trives. La parte alta, dice Risco, tiene fama de ser muy pobre, y dar muy escasa cosecha. En Caldelas dicen que, cuando la gaita toca, habla lo siguiente: *E non-o araron, e non-o araron, / nin colleron, nin sembraron.* A lo cual el tamboril contesta con el refrán: *Larouco, pan pouco, / Larouco, pan pouco.* (ms: *Geografía de Galicia, Orense*, p. 575)

558. *O que vai a san Silvestre a Larouco, vai nun ano e volve no outro.* [6556] (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

559. **Lastres** (Renche, Santiago; Samos, LU)

Mintireiros os de Lastres. (ms10,049r: Renche, Samos)

V."Toca".

560. **Laxe** (Laxe, C)

Brúa o mar de Laxe, hala bois a bas. (ms5,135: Estrada, Puente Ulla)

561. **Laxe, A** (Laxe, San Xoán da; Valadouro, O; LU)

Os de A Laxe, montantes. (ms5,041: *El Compostelano* 1938,39,40)

Entresacados de los artículos sobre folklore gallego publicados por Lence-Santar en *El Compostelano* de Santiago de Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940. [6557]

562. **Laxosa** (Gurgueiro, San Miguel; Agolada, PO)

Besta roxa de Laxosa (mc: Buciños)

V. "Parada".

563. *Besta roxa, de Laxosa* (mc / ms4: F.V.S.)

V. "Lamas".

564. *Besta vella os de Laxosa* (mc: Buciños)

V. "Parada".

565. **Leboreiro** (Leboreiro, Santa María do; Melide, C)

[6555] ms4: *estafetas de Muimenta; Pantrigueiro de Parada; cagarria de Alperiz, de Castelo.*

[6556] Na bibliografía consultada non encontramos en Larouco ningún santuario que leve este nome. O san Silvestre celébrase o 31 de decembro, por iso seguramente alude a que, ó encontrarse Larouco dentro da zona máis oriental de Galicia, a viaxe a esas terras é longa. Contamos cunha variante máis esclarecedora sobre o significado do refrán: *O que o día de San Silvestre á Serra do Larouco vai, nun ano vai e noutro vén.*

[6557] Aínda que na provincia de Lugo aparecen vintetrés parroquias con este mesmo nome, esta é a que se atopa na área xeográfica á que se refiren os refráns precedentes e seguintes.

O que viu o Leboreiro viu o mundo enteiro. (mc: Pidre-F.V.S.)

566. **Leiro** (Leiro, San Salvador; Miño, C)
Tras de Leiro, Viadeiro; tras da Oroña, Carantoña. (ms15,01)
Pueblos del Miño.

567. **Leiro, O** [6558]
Carta sin diñeiro non pas'o ponte do Leiro. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

568. **Leixazós** (Pacios da Serra, San Salvador; Quiroga, LU)
En Leixazós, non entra carro nin Dios, i-o que entrou, esbragou. [6559] (mc: Caurel)
Var.: *En Leixazós non entra carro nin Dios.* (mc e ms4: Caurel-F.V.S.)
Con esta irreverente expresión se pondera la situación geográfica del pueblo, enclavado en la parroquia de Pazos de la Sierra, uno de los parajes más abruptos de la sierra de Caurel. *Esbragar*, es resbalar, caer por un precipicio, y falta en nuestros Diccionarios.

569. **Lemos** (Monforte de Lemos, LU)
Casamos unha filla en Lemos, diablo tiñamos e diablo trouxemos. (mc: M.V.)

570. *Homes de Lemos, homes chufós, bois da mulida, carros cantós.* (mc: Sober / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

571. *Homes de Lemos, homes chufós: bois á molida e carros cantós, medas na aira como fachós.* (mc: Sober / ms4: F.V.S.)

572. **León**
A Castilla e a León, novo mundo don Colón. (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

573. *A Castilla e a León, un novo mundo don León.* (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

574. **Lestedo** (Lestedo, Santiago; Palas de Rei, LU)
Os de Lestedo, marelos. (mc)
Var.: *Os de Lestedo, os marelos*. (ms-LU: seminarista anónimo: San Cristovo de Chamoso, O Corgo, LU)
San Juan de Cubelo y Santiago de Lestedo, en el municipio de Palas de Rey. / V. "Villaquinte" (ms-LU)

575. *Si as nubes van da Granxa pra Lestedo, mallar sin medo, si de Lestedo prá Granxa, mallar con ansia.*
Var.: *Cando van as nubes da Granxa pra Lestedo, mallar sin medo; cando van de Lestedo prá Granxa, mallar con ansia.* (ms5,135: Puente Ulla)
V. "Granxa, A"
(mc: Santiago)

576. **Lestrobe** (Dodro, Santa María; Dodro, C)
Cómo chove miudiño, cómo miudiño chove, pola banda de Laíño, pol-a banda de Lestrobe. (mc: Santiago)
Es también canción popular.

577. *En Lestrove, nin bo porco nin bo home.* (ms-SA: Alfonso Fernández Barros: Santa Eulalia de Oeste, Catoira, PO)

578. **Ligonde** (Ligonde, Santiago; Monterroso, LU)
Os de Ligonde, ranchos. (mc / ms-LU: seminarista anónimo: San Cristovo de Chamoso, O Corgo, LU)
En Palas de Rey. / V. "Villaquinte". (ms-LU)

579. *Se vas a Ligonde, leva pan qu'abonde e cuitelo pró cortar, qu'alí non cho han de dar.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

580. *Se vas a Ligonde, leva pan que ch'abonde.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

581. *Si vas a Ligonde, leva pan que che abonde e coitelo que corte e manteles pra poñer, que alí non-os han ter.* [6560] (mc / ms4: F.V.S.)
Ligonde, parroquia del municipio de Monterroso.

582. **Lindín** (Lindín, Santiago; Mondoñedo / Vilalba, LU)
Fun a Lindín: cal fun tal volvín. (mc: M.L.)

583. **Liñares** (Liñares, San Cosme; Pobra do Brollón, A; LU)
Dios en Cereixa, Cristo en Chavaga, santos en Liñares, rey en Sindrán, e marqueses en Eixón. (ms-LU: seminarista anónimo: Sindrán, Monforte de Lemos, LU)
Nombre de las casas de estos pueblos.

584. **Liñares** (Liñares, Santiago; Santiso, C)
Besta de Liñares, moza de Melide e troita de Furelos, arrenega de todos tres como do demo. (mc)

585. **Lira** (Lira, Carnota, C)

[6558] Leiro podería referirse ó concello ourensán do mesmo nome ou a unha parroquia no concello pontevedrés de Ribadumia. En ámba-las dúas hai unha ponte.
[6559] ms: *y*.
[6560] ms: *non'os* / ms4: *que o corte, han de ter*.

¿Ronca o mar de Lira? Mete a leña e serra a porta. (ms-SA: José Luís Castro Izaga: Lira, Carnota, C)

586. *As corbeiras, de Lira.* (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

V. "Santiago de Compostela".

587. **Liripio** (Liripio, San Xoán Bautista; Estrada, A; PO)

Cando a serra do Liripio pon o capelo, xentiña poñede o mantelo. [6561] (mc: Santiago / ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

588. *Cando as campanas de Liripio empezan a tocar, vaise a tronada pró mar.* [6562] (mc: Santiago / ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

589. **Lisboa**

O que non foi a Lisboa non viu cousa boa. [6563] (mc: Buciños / ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C / ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

590. *O que non veu Lisboa non veu cousa boa.* (ms-SA: José Porto Buceta: Portas, PO)

591. *Quen non veu Lisboa, non veu cousa boa.* (ms-SA: Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C)

592. **Liz** (Gomelle, Santiago; Guntín, LU)

Liz, Oxuriz e Montouto da Astariz son tres aldeas ruís. (ms / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

Var.: Liz, Oxuriz e Astariz son tres aldeas ruís. (ms15,45v: Fraguas en *Vida gallega*) Son pueblos de Gomelle y San Román da Retorta.

593. **Lobelle** (Lobelle, San Cristovo; Carballedo, LU)

Os de Trasar matan a besta, os de Lobelle cómena fresca, i-os de Quintá mandaron recado que lles gardaran a mitá do rabo. (mc: Buciños)

Pueblos de Carballedo.

594. **Loboso** (Loboso, Santo André; Pastoriza, A; LU)

Os da Lagoa, Cadavedo e Loboso, os da Corda. (ms5,041: *El Compostelano* 1938,39,40)

Entresacados de los artículos sobre folklore gallego publicados por Lence-Santar en *El Compostelano* de Santiago de Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940.-

595. **Lodos** (Logares, Santo André; Fonsagrada, A; LU)

A niebla de Valiña a Lodos faltará un día, pero non-os faltará todos. (mc)

596. *De Lodos a Padrón está o val de Burón.* (ms15,42: Fonsagrada)

597. **Loiba** (Loiba, San Xulián; Ortigueira, C)

Loiba, Espasante, Barqueiro, Ortigueira, niebla en Cañoles, tempos moles. (mc)

598. **Loibán** (Merille, Santa Eulalia; Ourol, LU)

Arrieiros de Loiván, cunha besta catro van: dous arrean, e un ten i-outro mira si vai ben. (mc: M.L.)

599. **Loiro**

Entre Loiro e Ventraces, patacas novas. (ms18,72r: A.S.A.)

600. **Loura** [6564]

¿De Loura? -Xente moura. (mc: M.-*R. de P.*)

601. **Loureiro** (Buciños, San Miguel; Carballedo, LU)

Touciñeiros, os de Loureiro. (mc: Buciños)

En Loureiro abundan las casas acomodadas.

602. **Loureiro** (Loureiro, Santiago; Cotovade, PO)

Estoupa xogos, os de Loureiro. (mc: Castelao, *Nós* 38,1927,14)

603. **Lourenzá, Val** (Lourenzá, LU)

Os de Val de Mondoñedo ios do Val de Lourenzá, os vacecos. (ms5,041: *El Compostelano* 1938,39,40)

Entresacados de los artículos sobre folklore gallego publicados por Lence-Santar en *El Compostelano* de Santiago de Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940.-

604. **Lourido Grande** (Renche, Santiago; Samos, LU)

Pra bos, os de Lourido. (ms10,049r: Renche, Samos)

V. "Toca".

605. **Louro** (Sante, San Xiao; Trabada, LU)

Entre Louro e Louro, patacas novas. (mc: C. A. *A Nosa Terra*)

606. **Louro** (Setecoros, San Salvador; Valga, PO)

Millo en Louro e Tal, fame xeneral. (mc: Muros)

607. **Louro** (Louro, Muros, C)

As de Louro, buleiras. (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

V. "Santiago de Compostela".

608. **Louro, Monte** (Muros, C)

[6561] ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO: *serra de Liripio*.

[6562] ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO: *tronada po mar*.

[6563] ms-SA (Ramón A.): *veu cousa*.

[6564] Coidamos que se trata da Praia de Area Loura, no concello de Nigrán.

Cando Monte Louro pon touca, chuvia moita ou pouca. [6565] (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

609. *Cando o Monte Louro se pon a monteira, tómalle tódolos rizos ás velas.* (mc: Sar.-Noya)

El Louro se eleva a regular altura al S.O. de la ensenada de San Francisco, próxima a Muros. Cuando se cubre de nubes anuncia viento duro, por lo que el marinero debe prepararse a recibirlo arrizando las velas.

610. *Monte Louro con touca, chuvia moita ou pouca.* (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

611. *Monte Louro touco, auga, moita ou pouca.* [6566] (mc e ms16: Muros)

El Louro se alza al S.O. de la ensenada de San Francisco, próxima a Muros.

612. **Louzarela** (Louzarela, San Xoán; Pedrafita do Cebreiro, LU)

Dos lugarciños da serra, Meizarán pra pan e Louzarela pra herba. (ms4: F.V.S. / ms15,53)

Meizarán, ay. de Nogales; y Louzarela, de Piedrafita del Cebrero.

613. **Lugo** (Lugo, LU)

Aire de Lugo, auga no fuciño. (ms-LU: Julio Elías Bello Méndez: O Santo, Árbol, Vilalba, LU)

614. *Aire de Lugo, auga no puño.* (mc: C.G.)

Var.: *¿Corren as nubes pra Lugo? Auga no puño.* (ms: A.I.) / *Roibo pra Lugo, auga no puño.* (mc: Prov. de La Coruña)

Se dice en las comarcas situadas al sur de Lugo.

615. *Andar todo o mundo e morrer en Lugo.* (ms e ms4: M.L.)

(es) *Muérete en Lugo.* (Sbarbi) / *Para entierros Lugo.* (Sbarbi)

Por la suntuosidad con que se suele celebrar las exequias en aquellas tierras. (ms: Sbarbi)

616. *As señoras de Lugo, moita bambolia: pucheiros ó lume con auga sola.* (mc)

Procede de una seguidilla, que tiene numerosas variantes.

617. *Besta luguesa, muller coruñesa e home santiagués, merda prós tres.* (mc: Silleda)

618. *Cand'as nubes corren pra Lugo, auga hast'o puño; e se corren pr'Orense, con auga non pense.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

619. *Cando o gaiteiro era neno, Lugo tiña vinteseis rúas, e agora que o gaiteiro é vello, ten máis de mil rúas.* (ms-SA: Jesús Alvite Alvite: San Cibrán de Vilastose, Muxía, C)

620. *Corren as nubes pra Lugo, pon a roupa ó enxugo.* (ms10,049v: O. de Rei) (mc: A.I. / ms21,05r: Bermés)

621. *¿Corren as nubes pra Lugo? Auga no puño.*

622. *De Lugo, nin boa besta nin bon burro; pero montadores, os millores.* (mc: M.L.)

Var.: *En Lugo, nin boa besta nin bon burro.* [6567] (mc e ms4: M.V.) / *O gaiteiro de Lugo, nin boa besta nin bon burro.* (mc)

623. *De Sarria a Lugo, Santacomba e San Juan de Muro.* (ms8,36v)

624. *Díxolle san Froilán ó lobo: "Xa que me comiche o burro, lévame os libros a Lugo".* (mc: Cervantes)

Se funda en el conocido milagro que se atribuye a San Froilán, en el que se basa también la iconografía del Santo Patrón de Lugo.

625. *En Lugo, nin boa besta nin bon burro, pero montadores, os mellores.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

626. *Feira en Nadela, en Lugo nin unha cadela.* (mc e ms:Lugo)

V. "Nadela".

627. *Home de Lugo, muller de Melide e aire santiagués, ningún dos tres.* (mc: Taboada-F.V.S. / ms15,38: Golada)

(es) *Hombre de Lugo, mujer de Betanzos y can de Villalba, tres cosas malas.* (R. Marín)

628. *Home de Lugo, muller de Melide, besta da Cruña e can de Furelos, de todos eles Dios che me libre como dos demos.* (ms5,009: P. Lobeira)

Var.: *Muller de Melide e can de Furelos, arrenega de él como dos demos.* (mc e ms: Chorexe)
O viño de Peralta entra pola boca e sale pola gaita. (ms15,45r: Sta. Eugenia Asma)

931. **Pereiros** (Cartelle, Santa María; Cartelle, OU)
En Pereiros, fúxeme ós carreiros. [6615] (mc e ms: Castelao, *Nós* 38,1927,14)

932. **Pereiro, O** (Orbán, Santa María, Vilamarín, OU)
Corrieiros, do Pereiro. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
V. "Montós".

933. **Pereiro, O**
Xente do Pereiro, tropa do diaño: beben e vanse. (mc)

934. **Peroxa, A** (Peroxa, A; OU)
Manteigueiros da Peroxa. (mc / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

935. **Pesqueira** (Cerdedo / Forcarei, PO)
Os de Pesqueira, churruchaos. (mc / ms4: F.V.S.)
V. "Millarada".

936. *Soa a Pesqueira, sinal de mal tempo.* (mc: *R. de P.*)

937. **Pico** (Aguada, Santa Baia; Carballedo, LU)
Roubamantas, os de Pico. (ms)
Los de Pico tuvieron fama de rateros. (ms) / V. "Fufín".

[6612] ms-LU: *Cando vay sol devaixo de pena*. Hai moitos lugares en Galicia que teñen este nome. Pode mesmo que no refrán non aluda a un topónimo. Destacan os seguintes picos: en Lugo, A Pena, 1250 m, limítrofe entre os concellos das Nogais e Pedrafita do Cebreiro; e en Ourense, A Pena, 1382 m, no concello de Larouco.

[6613] O topónimo máis parecido é *Penaxubeira*, aldea da parroquia de A Cervela, concello do Incio.

[6614] mc: *Teixueiras*.

[6615] mc e ms: *Ferreiros*.

938. **Pico Sagro, O** (Boqueixón, C)
Cando o Pico cubre o capelo, homiños da Ulla collede u mantelo. (ms-SA: Julio Barreiro Fernández: San Miguel de Vilar, Touro, C)

939. *Cando o Pico Sagro pon a touca, agua temos muita ou pouca.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

940. *Cando o Pico Sagro pon capelo, meniñas do gando levade o mantelo.* (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

941. *Cando o Pico Sagro pon o capelo, rapazas da Ulla cubride o mantelo.* (mc: M.V.)

942. *Cando o Pico Sagro pon touca, auga temos, moita ou pouca.* (mc: M.V.)
Alude al famoso Pico Sacro de Santiago, tan vinculado a las peregrinaciones jacobeas.

943. *Cando o Pico Sagro pon touca, auga temos, pouca ou moita.* [6616] (ms21,29v: Bermés / Darriba Míguez, Amador)

944. *No Pico Sacro pódense coller pedras pra un saco.* (mc: Santiago)

945. *Faro, Farelo, Pico Sacro i-o Bacelo* (ms15,34r)
V. "Faro".

946. *O Pico Sacro, hoxe te vexo, mañán te paso.* (mc: Santiago)

947. *"O que sea meu amigo verdadeiro, veña a verme o vinte de xaneiro", dixo o santo do Pico Sagro.* (mc: M. V.)
Lo dice por el rigor de la estación, y se refiere al Pico Sacro, tan celebrado en las peregrinaciones jacobeas.

948. *Pico Sacro, Pico Sacro, líbrame do mal que eu traio.* (mc: S. Julián de Vea, Estrada / ms4: F.V.S.)
De la parroquia de San Julián de Vea (Estrada), relacionado con el Pico Sacro y el Apóstol Santiago, y prueba del tradicional espiritu religioso de aquella comarca.

949. **Pieiro, O** (Doniños, San Román, Ferrol, C)
En xaneiro costa traballo pasa-lo Pieiro. (ms: Sada. F.V.S.)

950. **Pindo, O** (Carnota, San Mamede; Carnota, C)
Cando no monte do Pindo hai touca, ou moita auga ou pouca. (mc: Gella.-Lira)

951. **Piñeira** (Piñeira, Cartelle / Castro Caldelas, OU)
Ó chegar a Piñeira, pata lixeira (mc: Orense)

952. **Piñeira** (Piñeira, San Miguel; Sarria, LU)
Os de Piñeira, chorniegos; os de Barbadelo, labancos. [6617] (mc)

953. *Os de Piñeira, papeiros.* (ms11,24)

954. *Vén o vento de Piñeira, arma a caldeira á goteira.* (mc: Piñeira, Sarria / ms4: F.V.S.)
Dicen en Sarria, a cuya parte sur está la parroquia de Piñeira.

955. **Piñeiro** (3 concellos [6618], LU)
Os de Piñeiro, sete un chanteiro. (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

956. *Os de Piñeiro, sete un canteiro.* (mc: Paradela-F.V.S.)

957. **Piñeiro** (Piñeiro, San Martiño; Lugo, LU)
En Piteiro, pitos coxos [6619] (mc, ms e ms4)
Pitas coxas, cobardes. (mc) / *Pitas coxas* = cobardes. (ms4) / V. "Fingoi".

958. **Pioselo** (Moreiras, Santa Marta; Pereiro de Aguiar, O; OU)
Zarramangueiros, os de Pioselo (mc: Ben-Cho-Shey, *Nós* 42,1927,14)
V. "Cibreiro".

959. **Pitelos** (Pitelos, Santa María; Verea, OU)
Piteles lle dá combate (mc: Limia)
Cenadela y Pitelos, lugares de Sta. María de Pitelos; Valín y Casares, de la de Sanguñedo, ayuntamiento de Verea, Orense. El refrán corre por tierras de Limia. / V. "Cenadela".

960. **Piúgos** (Piúgos, Santiago; Lugo, LU)
En Piúgos, argalleiros. (mc, ms e ms4)
Argalleiros, porque tienen fama de pleiteantes. (mc) / Siempre en líos de justicia. (ms) / *Argalleiros*, andan siempre en líos de justicia. (ms4) / V. "Fingoi".

961. *Os de Piúgos, unhos ladrós e outros verdugos.* (mc: Bagueixos)

962. **Pobra de Burón, A** (Pobra de Burón, Santa María Madalena da; Fonsagrada, A; LU)
De lodos a Padrón está o val de Burón. (ms15,42: Fonsagrada)
V. "Lodos".

963. *Os de Burón, moita farfalla e pouco pulmón.* (mc / ms4: F.V.S.)

[6616] A. Darriba Míguez: *Pico Sacro*.

[6617] En mc aparecen seguidos en liñas diferentes; en ms4 e ms aparecen xuntos; ms: *Pueblos de Sarria*; mc: *En el municipio de Sarria*; ms / mc: *lavancos*.

[6618] Este topónimo é moi frecuente en toda a xeografía galega. En concreto en Lugo, encontrámolo en tres concellos: Bóveda, O Páramo e O Saviñao.

[6619] *Piteiro*. Supoñemos que é *Piñeiro* porque moitos dos nomes da serie aparecen localizados no concello de Lugo. Pero localizamos un Peteiro en Sarria. (mc e ms) / *Pitos coxos*, cobardes (mc) / *pitas coxas*, cobardes, que valían poco. (ms).

964. *Se vas pra Meira, leva pan na faltriqueira e, se vas pra Burón, que o leves que non.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
V. "Meira".

965. *Si vas pra Meira, leva pan na faltriqueira, e si vas pra Burón, que leves que non.* (mc)
Var.: *Si vas a Burón, que leves alforxa, que non.* (mc: F.V.S. -Fonsagrada)

966. **Pobra do Brollón, A** (Pobra do Brollón, A; LU)
Os guimaros: viva o conde, bon señor... si, meu señor... non, que son da Puebla de Brollón. (ms4: F.V.S.)

967. **Ponferrada** (Ponferrada, LE)
As vacas de Ponferrada, moito ubre e pouca canada. (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)

968. *Vaca de Ponferrada, moito ubre e pouca canada.* [6620] (mc: C.G. / ms21,03r: Bermés)

969. **Ponte** (Castro, San Miguel; Estrada, A; PO)
Abolleiros, os de Ponte (mc / ms4: F.V.S.)
V. "Lamas".

970. **Ponte Chorente** (Chorente, San Xulián; Sarria, LU)
Un home foi á pesca e foi a Ponte Chorente; colleo as troitas tan podres que non se lles pon o dente. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

971. **Ponte da Cigarrosa** (Albos, San Mamede; Verea, OU)
Quen fez a Lugo, fez a Astorga e Ponte da Cigarrosa, e levou unha pedra no capelo con que fez o Coronatelo. [6621] (mc: A.S.A. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
V. "Lugo".

972. **Ponte de Outeiro, A** (Outeiro, Santa María; Castro de Rei, LU)
Bestas en pelo, na Ponte de Outeiro. [6622] (mc: M.L.)
Var.: *Bestas é pelo na ponte de Outeiro.* (ms4)

973. **Ponte Ferreira, A** (Ferreira de Negral, San Martiño; Palas de Rei, LU)
Os de Ferreira, sombrizos. (mc)
Se refiere a Villamayor de Negral, Puenteferreira, San Román de Retorta, San Jorge de Aguas Santas y Santa María de Pacio, en el municipio de Guntín y Palas de Rey. / V. "Vilamaior de Negral".

974. **Ponte Sampaio** (Ponte Sampaio, Santa María; Pontevedra, PO)
Ostras, na Ponte San Paio. (Castelao, *Nós* 38,1927,14)

975. **Ponteareas** (Ponteareas, PO)
Pra capas, Ponteareas, e no Porriño roubadas. (mc)

976. **Pontegaos** (Piúgos, Santiago; Lugo, LU)
Carreteiros en Ponteagos. [6623] (mc, ms e ms4)
V. "Fingoi".

977. **Pontes de García Rodríguez, As** (Pontes de García Rodríguez, Santa María das; Pontes de García Rodríguez, As; C)
Os manteigueiros. (mc: A.N. / ms4: F.V.S.)
Se aplica a los de Puentes de García Rodríguez.

978. **Pontevedra** (Pontevedra, PO)
Eu caseime en Santiago e viñen a Pontevedra: a muller veu sola por ser costumbre da terra. (mc)
V. "Santiago".

979. *Eu fun a Pontevedra por ver Marín.* (ms: Santiago)

980. *Non hai canteiros com'os de Pontevedra.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

981. *Os de Pontevedra, fundotes.* (mc)
Derivado de la inscripción que en el siglo XVI había en su casa Ayuntamiento: *Fundóte Teucro valiente / de aqueste río en la orilla / para que en España fueses / de villas la maravilla*.

982. *Pontevedra é boa vila: dá de beber a quen pasa na fonte da Ferrería.* (mc: C.G.)

983. *Pontevedra é boa vila, ninguén o ve que non-o diga.* (mc)
Véase *Galicia en el mar*, pág. 68.

984. *¡Pontevedra! Nin lexos nin cerca dela.* (ms21,11v: Bermés)

985. *Pontevedra, quen te vira non te dera.* (mc)
Encarece a hermosura de Pontevedra, y es frase legendaria de un rey, que la cedió a

[6620] Nunha segunda aparición deste mesmo refrán no mecanoescrito, Vázquez Saco escribíu *moita ubre*.
[6621] ms-LU: *fez Lugo, fez Astorga, fez a Coronatelo*.
[6622] Manuel Leiras Pulpeiro recolle o refrán como: *Bestas a pela na Ponte de Outeiro.*

[6623] Non aparece este topónimo no Nomenclátor. O Diccionario de Madoz (1845) informa que Pontegaos era feligresía de Santiago de Piúgos, concello de Lugo con tres veciños e quince almas.

otro, sin conocerla, y se arrepintió después.

986. *Pra pica-la pedra, canteiros de Pontevedra.* (mc)

987. **Ponte, A** (Covelas, San Vicente; Ribadeo, LU)
Cando o Mondigo bota capelo, as nenas da Ponte temblan de medo. (ms5,027: S. Vicente de Cubelas. Ribadeo)
V. "Mondigo".

988. **Porcallos, Os** (Goiás, San Miguel; Lalín, PO)
Dos Porcallos ó Santón hai o salto de un castrón. (mc)

989. **Porriño, O** (Porriño, O; PO)
Pra capas, Ponteareas, e no Porriño roubadas. (mc)
V. "Ponteareas".

990. *Panadeiros de Cea e Porriño.* (ms5,031 e ms16: *Galicia Emigrante*)
V. "Cea".

991. **Portas** (Portas, PO)
San Silvestriño das perniñas tortas, abogadiño das nenas de Portas. (mc)

992. **Portela, A** (Castromaior, San Xoán; Abadín, LU)
Cando ruxe o río da Portela, colle a brosa e fai estelas. (ms5,057: Castromayor-Abadín)
Castromayor, Abadín, por donde discurre el río Portela.

993. **Portela** (Portela, San Mamede; Barro, PO)
Lengua por lengua, San Amaro da Portela. (ms5,009: P. Sarmiento)

994. **Portela de Lamas, A** (Lamas, Santalla; Lugo, LU)
En Portela de Lamas, ricas damas. [6624] (mc: Castelao, *Nós* 38, 1927, 14)

995. **Porto**
Unha dicen os de Porto i-outra lles queda no corpo. [6625] (mc / ms4: F.V.S.)

996. **Porto do Son** (Porto do Son, C)
Os do Son son ladróns: rouban cabos e rizóns. (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

997. **Portomarín** (Portomarín, LU)
O viño de Portomarín é viño de tres homes: un pra botalo, outro pra bebelo i-outro pra ter conta de quen o bebe. [6626] (mc)
Es vino flojo y con mucha acidez, a lo que alude la última parte del refrán.

998. *Si vén o aire de Portomarín, auga na cara.* (mc: S. Martín de Torre, Páramo)

999. **Portugal**
Aire de Portugal, vellas ó xestal. (mc: J.T.)
Anuncia buen tiempo y se puede salir de casa.

1000. *Arreboles a Portugal, á mañán sol serán.* (mc)
(es) *Arreboles de Portugal, a la mañana sol serán.* (Sbarbi)

1001. *¿Corren as néboas pra Portugal? Camisas ó soallal.* (mc: J.T.)
Camisas al sol, porque hará buen tiempo. *Soallal* no consta en los vocabularios gallegos, que registran *soalleira* = ardor del sol, calma.

1002. *Norte craro, Portugal escuro* (*al sur*)*; vento pola terra, vendaval seguro.* (ms5,131: Sangenjo)
Var.: *Galicia claro; Portugal oscuro, vendaval seguro.* (ms5,138: Sta. Eugenia de Riveira)

1003. *Portugal claro e Galicia escura, vendabal sin duda.* (ms16: Ribeira. Sta. Eugenia)

1004. *Vento de Portugal, auga no val.* (mc: J.T.)

1005. **Pousa** (OU)
¿Sabes unha cousa? Pasou o tren pola Pousa. (ms9,07v: Orense)

1006. **Prada** (Prada, Santo André; Veiga, A; OU)
Os de Curra moxen a burra, i-os de Prada danlle a canada, i-os de Riomao danlle cun pao i-os de Meda móntanlle nela. (ms8,01r)
V. "Curra".

1007. *Os de Prada, pradarelo, comen tripas con farelo, dálle, dálle de aguillón hastra que lles traspase o corazón.* (ms8,01r: Orense)
Prada = de la Vega.

1008. **Prado** (Prado, San Martiño; Lalín, PO)
Vida por vida, San Benito de Castro de Arriba, e, si o queres máis honrado, vai a San Benito do Prado. [6627] (mc: Lalín)
V. "Castro de Arriba".

1009. **Prevesos** (Prevesos, Santo Estevo; Castro de Rei, LU)
Finos, os de Prevesos. (mc)

1010. **Puga** (Puga, San Mamede; Toén, OU)
De Puga, quen poidere, fuga. (ms4: A.S.A.)

1011. **Purreira, A** (Narla, San Pedro; Friol, LU)

[6624] ms e ms4: *De Portela*
[6625] ms: *y-outra*.
[6626] ms: *y outro pra ter conta do que o bebe*.
[6627] ms4: *o San Benito de Prado*.

Catro infernos hai: a Retorta, a Gruñá, a Purreira i-a Pena de Cotá. (mc)

Pertenece al municipio de Friol. / V. "Retorta, A".

1012. **Quende** (Quende, Santiago; Abadín, LU)

Polo mor das de Quende pérdense as de Galgao. (mc: A.N.)

1013. *"Ten quen ten", dice a campana de Quende.* (mc: M.L.)

1014. *"Ten quen ten e dá quen quer" di a campana de Quende.* (ms5,039)

1015. **Quindimil** (Quindimil, San Miguel; Palas de Rei, LU)

Os de Quindimil, festeiros. (mc)

En Palas de Rey.

1016. **Quintá** (Viana, Santa Cruz / Grade, San Vicente da; Chantada, LU)

Os de Trasar matan a besta, os de Lobelle cómena fresca, i-os de Quintá mandaron recado que lles gardaran a mitá do rabo. (mc: Buciños)

V. "Trasar de Sabugueiro".

1017. **Quintela** (Aguada, Santa Baia; Carballedo, LU)

En Quintela non te metas. (ms)

V. "Fufín".

1018. **Quintián** (Quintián, Outeiro de Rei / Páramo, O / Lugo, LU)

Chatoleiros, os de Quintián. [6628] (ms)

Chatoleiros equivale a bribones, que ponen tacha a todo. (ms) / V. "Fufín".

1019. **Rabeda, A** (Rabeda, Santiago da; Taboadela, OU)

Anada na Rabeda, fame en tod'a terra. (ms)

Santiago de Rabeda es una parroquia del ayuntamiento de Taboadela (Orense). "En general", dice Risco, *Geografía de Galicia. Orense*, pag. 391, "no tiene fama de rica aquella tierra y es de tales condiciones que el refrán reza: Anada..."

1020. **Ramallosa** (4 concellos en PO e C)

Se queres boa moza, vai a Ramallosa. [6629] (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1021. **Raña, A** (Orbán, Santa María; Vilamarín, OU)

Rañadores, os da Raña. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

V. "Montós".

1022. **Raña** (Rodís, San Xiao; Lalín, PO)

Palio, Rodís e Raña, as tres parroquias máis ruís de España. [6630] (mc)

V. "Palio".

1023. **Rañoá, A** (Barbadelo, Santiago; Sarria, LU)

Os da Rañoá, de Maside. (mc: Buciños)

1024. **Raxadiña** (PO)

Cando vén a néboa pola Raxadiña, colle a coroza e vente axiña. [6631] (mc: J.T.-Monterrei)

Porque anuncia lluvia pertinaz. *Coroza*: unos de los pocos refranes que conservan la memoria de esta prenda cuyo uso va desapareciendo paulatinamente.

1025. **Reboiro** (Reboiro, Santa María; Incio, O; LU)

En Cizán naceu a fame, comeu en Reboiro i-en Castillón quedouse. (mc)

Pueblos del municipio del Incio.

1026. **Rebordaos** (4 concellos [6632], LU)

Como o cego de Rebordaos, que o que non ve cos ollos apálpao coas maos (ms4: M.L.)

1027. *Os de Rebordaos, o que non ven cos ollos, pálpano cas maos.* (ms8,13v: Silvarrey)

1028. **Rebordela, A** (Carballido, Santa María; Fonsagrada, A; LU)

A Valiña, a Burela e a Rebordela son tres pueblos de pouca bucela. [6633] (mc / ms4: F.V.S.)

Tres lugares de la feligresía de Sta. María de Carballido, en Fonsagrada. / V. "Valiña das Ovellas, A".

1029. **Rebordelo** (Rebordelo, San Martiño; Cotovade, PO)

Refugallo en Rebordelo. (mc: Castelao, *Nós* 38,1927,14)

1030. **Recaré, San Xiao** (Recaré, San Xiao; Valadouro, O; LU)

Os de San Xulián de Recaré, fabeiros. (ms5,041: *El Compostelano* 1938,39,40)

Entresacados de los artículos sobre folklore gallego publicados por Lence-Santar en *El Compostelano* de Santiago de Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940.

1031. **Recaré, Santo Tomé** (San Tomé de Recaré; Valadouro, O; LU)

[6628] No Nomenclátor actual só figura *Quintián* en Lugo, O Páramo e Outeiro de Rei. No Madoz só aparece no concello de Lugo.

[6629] mc: *boa mosa*.

[6630] ms: *d'España*.

[6631] Atopamos un Loma de Raxairiña, monte situado na parroquia de Calvos, Fornelos de Montes, Pontevedra.

[6632] Encontramos este topónimo nos seguintes concellos: Castroverde, Lugo, O Saviñao e Vilalba.

[6633] ms4: *puebliños*.

Os de Santo Tomé de Recaré, cachopeiros. [6634] (ms5,041: *El Compostelano* 1938,39,40)

Entresacados de los artículos sobre folklore gallego publicados por Lence-Santar en *El Compostelano* de Santiago de Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940.

1032. **Recheda, A** (Carracedo, Santiago; Peroxa, A; OU)

Alto como de Recheda: muito bulto e pouca leña. (ms: Meilán)

1033. **Redes** (Camouco, San Vicente; Ares, C)

En Ares non te pares, en Redes non te quedes i-en Camouco para pouco. [6635] (mc: Nos)

Var.: *En Redes non te quedes.* (mc: C.A. A Nosa Terra) / V. "Ares".

1034. *En Camouco para pouco, en Redes non te quedes, en Ares non te pares.* (Barral Sánchez, J.M.)

1035. **Redondela** (Redondela, PO)

Cesteiros en Redondela. (mc)

V. "Ourense".

1036. *Os de Redondela, choqueiros.* (mc)

Alude al *choqueiro* o céntulo que con la coca o tarasca desfila por las calles de Redondela en las fiestas de Corpus.

1037. **Redondela** (Ribas de Sil, San Clodio; Ribas de Sil, LU)

Os de Vilela comen a cadela no chao de Redondela con tripas e merda, e nin un bocao de pan tên pra comer con ela. (mc: Aldeas de Caurel)

V. "Vilela".

1038. **Reguengo, O** (4 concellos, LU) [6636]

Dios nos libre das penas do inferno e das carreiras do Regengo. [6637] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms4: F.V.S.)

Unha costa.

1039. **Remonde** (Árbol, San Lourenzo; Vilalba, LU)

Os de Remonde, lagartos. (mc)

En Palas de Rey.

1040. **Renche** (Renche, Santiago; Samos, LU)

Campaneiros os de Renche. (ms10,049r: Renche, Samos)

V. "Toca".

1041. **Rendal** (Rendal, Santa María; Arzúa, C)

Di a campana de Rendal: "O que ten, val; o que nonten, non val". (ms16: Santiago)

1042. **Rendar** (Rendar, Santa María; Incio, O; LU)

Rendar, gorriós. (mc: Incio-F.V.S.)

V. "Goó".

1043. *Si corren as nubes pra Rendar, colle o mallo e vai mallar; si corren pra Outeiro, colle a capa i-o sombreiro.* (mc)

Son lugares del municipio de Incio.

1044. **Renque** (LU [6638])

En Renque, bestas mortas. [6639] (mc, ms e ms4)

Bestas mortas, lo explican unos porque son muy calmosos y llenos de pachora, y otros, porque en aquel lugar se enterraban los caballos que morían en toda la comarca. (mc) / Allí llevaban a enterrar las caballerías que se morían, y se les llama así también porque son muy calmosos,"teñen pachorra". (ms) / *Bestas mortas* = llevaban allí a enterrar las caballerías, también se les llama así porque son muy calmosos. "Tienen pachorra". (ms4) / V. "Fingoi".

1045. **Retorta, A** (Vilalvite, San Pedro; Friol, LU)

Catro infernos hai: a Retorta, a Gruñá, a Purreira i-a Pena de Cotá. (mc)

Todo pertenece al municipio de Friol.

1046. *Tres infernos ten Cotá: Guldriz i-a Retorta i-a Pena de Griñá.* (ms8,25v)

V. "Cotá".

1047. **Riax**

Brúa o Riax, auga atrás. [6640] (Manuel Portela Balayo)

1048. **Ribadavia** (Ribadavia, OU)

Pra bos viños, Ribadavia e todo o Ribeiro de Avia. (ms10,143r: D.E.)

1049. *Viño tinto, de Ribadavia.* (mc: Castelao, *Nós* 38,1927,14)

(es) *Vino de Ribadavia, súbese luego a la gabia.* (R. Marín)

1050. **Ribadeo** (Ribadeo, LU)

[6634] Aínda que no refrán aparece como *Santo Tomé de Recaré*, o único Recaré que aparece é *San Xiao de Recaré*.

[6635] ms: *y-en*.

[6636] Existen lugares con este nome nas seguintes parroquias luguesas: Vilachambre (Baralla), Teilán (Bóveda), Santiago de Arriba (Chantada), Santo Estevo de Farnadeiros (O Corgo).

[6637] ms-LU: *Rejenjo*. Tamén se rexistra o topónimo *Reguengo* en varios puntos das provincias de Pontevedra, A Coruña e Ourense

[6638] Tendo en conta que a maioría dos restantes topónimos desta serie de ditos pertencen ó concello de Lugo, consideramos moi probable que este lugar tamén se atope neste concello.

[6639] ms: *Reque*.

[6640] Manuel Portela Balayo: *auga a tras*.

A Ribadeu, a Ribadeu, que alí tamén fun eu. (mc)

Quedó de un cuento que narra Ramón Artaza: Había n'unha casa un matrimonio en que a muller non facía máis que prestar sal as veciñas, e non llo volvían; entonces o home cansado de carretar tanto sal, díxolle un día â muller: Arréglate que hoxe imos os dous ô sal. Chegaron a Ribadeu, e cargaron dous talufos igoales (ms: saquetos). Cando volvían prá casa, como o home podía mellor, adiantábase da muller, e, cando lle parecía, esperaba por ela. Cando a muller chegaba onda seu home, iste decíalle: Ale, colle o meu talufo, que xa descansou, i-eu levo o teu. Así foron chegando a casa; ela máis morta que viva. Pro outro día pola mañá, foron as veciñas á casa de Maripepa, e dixéronlle: Seica foche onte ó sal. -Fun. -Pois logo hasnos de prestar un pouco. Ela contestoulles: "A Ribadeu, a Ribadeu, que tamén fun eu".

1051. *Aquí, como en Ribadeo, cada un paga o seu.* (ms4: Fonsagrada- F.V.S.)

1052. *Aquí, como en Ribadeu, cada un faga o seu.* (ms: Fonsagrada)

1053. **Ribas Altas** (Ribas Altas, San Pedro; Monforte de Lemos, LU)

Ribas Altas e Bascós, criminales e ladrós. [6641] (mc)

Pueblos de Monforte.

1054. **Ribeira** (5 parroquias, Baños de Molgas / Xinzo de Limia, OU)

Molleres de Ribeira e vacas da Mezquita, quita, quita, que teñen vida de señorita. [6642] (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Mezquita, OU)

La Mezquita.

1055. **Ribeira** (Tuimil, Santa María; Bóveda, LU)

Manteigueiros, os da Ribeira, i-ahí che vai a parroquia enteira. [6643] (mc / ms)

V. "Tuimil".

1056. **Ribeira** (Cuíña, Santalla; Lugo, LU)

Pantoxas en Ribeira (mc, ms e ms4)

Pantoxas, muy aficionados a colocar espantapájaros en sus sembrados / *Pantoxas*, muy aficionados a poner espantapájaros o *pantoxas*. (ms e ms4) / V. "Fingoi".

[6641] mc: *Rivasaltas*.
[6642] ms-LU: *de ribeira e bacas*.
[6643] ms: *Riveira, y-ahí*.

1057. **Ribeira, A** (Ribeiras de Lea, San Xoán; Castro de Rei, LU)

O cura da Ribeira, de día dorme e de noite peneira. (ms8,14r: Silvarrey)

1058. **Ribeira, A** (LU)

Papelle e Nogueira é a chave da Ribeira. [6644] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1059. **Ribeira, A**

U que apañe us grilos da Ribeira háselle dar chuculate da chuculateira. [6645] (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

1060. **Ribeiro, O** (Comarca do Ribeiro, OU)

Braseiro, braseiro, o de Ribeiro. (ms10,050v: Aguada)

Se refiere al vino del Ribeiro.

1061. *Dálle ó porco do caldeiro e non do Ribeiro.* (ms10,094r: D.E.)

1062. *Mentras auga teña o Miño, no Ribeiro non falta o viño.* (mc: M.V.)

1063. *Mentras auga teña o Miño, no Riveiro non faltará viño.* (Luna Bande, Francisco / ms21,30r: Bermés)

1064. *Mentras auga leve o Miño, no Riveiro non faltará viño.* (ms21,31r: Bermés)

1065. *O Ribeiro é o inferno das bestas e o purgatorio dos cans.* (ms: M.V.)

1066. *O viño do Ribeiro fai fortes os mozos e remoza os vellos.* (ms10,142r: D.E.)

1067. *O viño do Ribeiro fai o vello chuscarrandeiro.* (ms10,142r: D.E.)

1068. *O viño do Ribeiro non ten compañeiro.* (ms10,142r: D.E.)

1069. *O viño do Ribeiro ten sona de paroleiro.* (ms10,142r: D.E.)

1070. *Pra bos viños, Ribadavia e todo o Ribeiro de Avia.* (ms10,143r: D.E.)

1071. *Terra como a do Ribeiro non-a hai no mundo enteiro.* (ms10,129r: D.E.)

1072. *Viño tinto do Ribeiro, falangueiro e trouleiro.* (ms10,143r: D.E.)

1073. **Ribela** (8 concellos, LU)

Viño de Ribela, sabe que pela. (mc: Buciños)

1074. **Rinlo** (Rinlo, San Pedro; Ribadeo, LU)

Os de Rinlo, sorosos. (ms11,24)

[6644] Refírese á ribeira do río Miño.
[6645] *Ribeira* pode ser tanto un nome común coma topónimo. De tratarse dun topónimo, a localización resulta difícil, xa que hai moitos lugares en Galicia que reciben este nome.

Porque hablan con la ese. En la fiesta de su patrón San Pedro, comen casón cosido, casón asado, casón estofado, casón mechado e casón encasolado.

1075. **Riomao** (Riomao, San Tomé; Veiga, A; OU)
Os de Curra moxen a burra, i-os de Prada danlle a canada, i-os de Riomao danlle cun pao i-os de Meda móntanlle nela. (ms8,01r)
Pueblos del Arcip. de la Vega. / V. "Curra".

1076. **Riotorto** (Riotorto, LU)
Aquí, como en Riotorto, que ninguén se faga o tolo. [6646] (ms / ms4: F.V.S.)

1077. *En Riotorto tanto vive o limpo como o porco.* (mc / ms4: F.V.S.)

1078. **Roás** (Roás, San Miguel; Cospeito, LU)
Furelos, os de Roás. (mc)

1079. **Rois** (Cirio, Santa María; Pol, LU)
Cirio, Rois e Xerbolés, lugarciños todos tres. (ms)
V. "Cirio".

1080. **Robaleira, A** (Bueu, PO)
Na Robaleira muxes na veira. (mc: M.-Bueu)

1081. **Robra** (Robra, San Pedro Fiz; Outeiro de Rei, LU)
Os de Robra, xusticieiros. (ms5,055)
Silvarrey y Robra. O. de Rey. / V. "Silvarrei".

1082. **Rodelas** (Maceira, San Martiño; Lalín, PO)
Millo de Rodelas, fame en todas terras. (mc)

1083. **Rodís** (Rodís, San Xiao; Lalín, PO)
Os de Cangas parten as barandas; os de Cancela parten as canelas; os de Rodís teñen carrachas nos cadrís. (ms4: F.V.S.)
V. "Cangas".

1084. *Palio, Rodís e Raña, as tres parroquias máis ruís de España.* (mc)
V. "Palio".

1085. **Roma**
A Roma por cento, a Roma por cento e un. (mc: M.V.)
(es) *A Roma por todo.* (Sbarbi)

1086. *Camiño de Roma, nin mula coxa nin bolsa floxa.* (mc: J.P.)
(pt) *Caminho de Roma, nem mula manca, nem bolsa vazía.* (Chaves)
(es) *Camino de Roma, ni mula coja, ni bolsa floja.* (Correas)

1087. *Cando falan de Roma, logo sona.* (mc: A.S.A.)

1088. *Cando falan do ruín de Roma, logo asoma.* (mc: A.C.)
(es) *En mentando o nombrando al ruin de Roma, al punto, o catalo, o luego, asoma.* (Sbarbi)

1089. *Falando do ruín de Roma, pronto s'asoma.* [6647] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1090. *Falando dun ruín de Roma, logo s'asoma.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1091. *Non se chega a Roma nun día.* (ms15,24r: Castroverde)

1092. *O que burro vai a Roma, burro vén a volta.* (ms16: Enc.)
(es) Quien necio va a Roma, necio se torna. (R. Marín)

1093. *O que fala de Roma, pronto se asoma.* (Manuel Camino Sánchez)

1094. *O que ten lengua a Roma chega.* (ms: A.V.)
(pt) Quem língua tem, a Roma vai e de Roma vem. (Chaves) / Quem tem boca vai a Roma (Id.)
(es) Quien tiene lengua a Roma va. (Sbarbi)
(ct) El que te llengua a Roma va. (Alberola)

1095. *O que ten boca vai a Roma.* (ms-SA: José González Santos: Boa, Camboño, Lousame, C / ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C / ms-SA: Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C / ms-SA: Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C / ms-SA: Francisco Ageitos Pérez: Corrubedo, Ribeira, C / ms-SA: Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C)

1096. *O que ten lengua vai a Roma.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1097. *O que ten lengua, chega a Roma.* (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

1098. *Perguntando vaise a Roma.* (ms e ms4: V.R. y A.R.)

1099. *Roma e Pavía non se fixeron nun día.* (mc: A.N.)
(pt) *Roma e Pavía não se fizeram nun dia.* (Chaves)

1100. *Tódolos camiños van a Roma.* (ms16: D.E.)
(es) Por todas partes se va a Roma. (R. Marín)

1101. **Rostro, O** (Sardiñeiro, San Xoán; Fisterra, C)
Berra o Rostro, Dios connosco. (ms16: *R. Fisterrán*)

[6646] ms4: *ningún se faga*.

[6647] ms-LU: *pronto sasoma*.

Buen tiempo. Rostro = playa en el seno de Memiñal.

1102. *Berra o Rostro, tempo revolto.* (ms5,135: Finisterre)

1103. *Mar do Rostro, se casaras, ablandaras.* (mc)

(es) *Si el mar se casara, tantas espumas no levantara.* (Gella) / *Si el mar se casase, se le quitaba la braveza.* (Id.)

Hay en la costa de Finisterre un bravo arenal, llamado del Rostro, bañado por el mar, al que alude el refrán.

1104. **Roucos** (Chantada, LU)

Cos de Roucos, tratos poucos; e cos de Grixoá, sólo a mitá. (mc: Chantada)

1105. **Rúa, A** (Rúa, A; 9 concellos, LU)

O que regalaba era da Rúa i-ahora morreu. (ms8,37v: Silvarrey)

1106. **Rus** (Rus, Santa María; Carballo, C)

Cando chove e hai lus, anda o demonio por Rus. (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

1107. **Sa** (Sa, Santiago, O Páramo, LU)

Os de Saa cureños. (ms-LU: seminarista anónimo: San Cristovo de Chamoso, O Corgo, LU)

Páramo: *Cureño* = agarrado. / V. "Villaquinte".

1108. **Saamasas** (Lugo, LU)

Armadanzas en Saamasas. (ms4: F.V.S.)

V. "Albeiros".

1109. **Sabucedo** (Sabucedo, San Salvador; Porqueira, OU)

¡Viva o lugar de Ganade xunto co de Sabucedo! (mc: Ben-Cho-Shey, *Nós* 65, 1929, 88)

V. "Baronzás".

1110. **Sacos** (Sacos, Santa María; Cotovade, PO)

Farraquiteles, os de Sacos. (mc: Castelao, *Nós* 38,1927,14)

Verba dos canteiros. (ms)

1111. **Sagrade** (Orbán, Santa María; Vilamarín, OU)

Altas torres, de Sagrade. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

V. "Montós".

1112. **Salamanca**

O que queira saber, a Salamanca a aprender. (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

1113. **Salgueiriña** (Tuimil, Santa María; Bóveda, LU)

Sala real, a Salgueiriña (mc / ms)

V. "Tuimil".

1114. **San Amaro** (Portela, San Mamede; Barro, PO)

Lengua por lengua, San Amaro da Portela. (ms5,009: P. Sarmiento)

Alude a que desde Pontevedra tirando al Norte y camino de Santiago hay una *desaforada* de largo hasta llegar a San Amaro da Portela. (P. Sarmiento. *Onomástico Etimológico de la Lengua Gallega*)

1115. **San Andrés de Teixido** (Régoa, Santa María; Cedeira, C)

A San Andrés de Teixido hai que ir de morto ou de vivo. (mc: J.A.P.)

Var.: *A san Andrés de Teixido vai de morto o que non foi de vivo.* (G.P.) *O que de morto non vai a San Andrés de Teixido, foi de vivo.* (G.P.)

Llegan los romeros al extremo de no molestar, y mucho menos matar a los reptiles y sabandijas que encuentren en su peregrinación, en la creencia de que son las almas de los descuidados o descreídos que no hicieron en la vida la romería al famoso Santuario.

1116. A San Andrés de Teixido hai que ir morto ou vivo. (ms10,114r: D.E.)

1117. *A san Andrés (de Teixido) van dous e veñen tres: milagros que o santo fai.* (ms: G.P.)

1118. *A San Andrés vaite outra vez.* (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

1119. *Meu santiño San Andrés, cómo lle foi non llo sei: fumos dous e vimos tres.* (mc)

Se refiere también al santuario de San Andrés de Teixido.

1120. O que de morto non vai a San Andrés de Teixido, é porque foi de vivo. (ms10,114r: D.E.)

1121. San Andrés de Teixido, do morto fai o vivo. (ms10,114r: D.E.)

1122. **San Cibrán** (Tomeza, San Pedro; Pontevedra, PO)

O que vai a Santa Comba e non vai a San Cibrán, fai o viaxe en van. [6648] (mc / ms4: F.V.S.)

Alude a los famosos pastequeiros que había en ambas parroquias. Véase: "Los pastequeiros de Santa Comba y San Cibrán", de Lis Quibén, en la *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, t.III, 1947, pgs.495 y 496. / V. "Santa Comba".

1123. **San Mamede de Sobreganade** (Sobreganade, San Mamede; Porqueira, OU)

San Mamede, xa me fede (mc: Ben-Cho-Shey, *Nós* 65, 1929, 88)

V. "Baronzás".

[6648] ms / mc: *San Cibrián*.

1124. **San Miro** (Malpica de Bergantiños, C)
Brúa San Miro, auga a tiro. (Manuel Portela Balayo)

1125. **San Paio**
Terra por terra, San Paio e a Penela. (mc)

1126. **San Paio** (Bais, San Paio / Lodeiro, San Paio; Agolada / Lalín, PO)
Os de San Paio, lagarteiros. (mc: Lalín / ms4: F.V.S.)
V. "Berredo".

1127. *Os de San Paio, carpaceiros* (mc / ms4: F.V.S.)
V. "Baíña, A".

1128. **San Pedro**
Señoritos, os de San Pedro. (mc)

1129. **San Pedro** (Bembibre, San Pedro; Taboada, LU)
Os de Fiúnte comen o caldo sin unto, i-os de San Pedro, o caldo acedo. (mc)
Lugares de Bembibre, Taboada.

1130. **San Pedro de Mor** (San Pedro de Mor, San Pedro; Alfoz, LU)
Os de San Pedro de Mor, lagarteños. (ms5,041: *El Compostelano* 1938,39,40)
Entresacados de los artículos sobre folklore gallego publicados por Lence-Santar en *El Compostelano* de Santiago de Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940.

1131. **San Román** (San Román, Santa Mariña; Val do Dubra, C)
Cando vaias a San Román, leva pistola na man. [6649] (mc: Santiago / Carballo)

1132. **San Romao** (Campos, San Romao; Carballedo, LU)
Os de San Román, pouco viño e pouco pan. [6650] (mc: Buciños / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)

1133. **San Romao** (San Romao da Retorta; Guntín, LU)
Os de San Román, zorros. (mc)
Se refiere a Villamayor de Negral, Puenteferreira, San Román de Retorta, San Jorge de Aguas Santas y Santa María de Pacio, en el municipio de Guntín y Palas de Rey. / V. "Vilamaior de Negral".

1134. **San Sadurniño** (Froián, San Sadurniño; Sarria, LU)
Os de San Sadurniño, carouveiros. (mc)
Var.: *Os de Sansadurniño, caroiveiros.* (ms)
San Saturnino de Froyán, donde abundan las cerezas. (mc) / En todo un pueblo non hay un inxerto. (ms)

1135. **San Salvador**
Crego de San Salvador e frade, todo é aire. (ms: C.A. A Nosa Terra)

1136. **San Silvestre** (Larouco, OU)
O que vai ó San Silvestre a Larouco, vai nun ano e volve noutro. (mc: Layosa)
(pt) *Quem vai a S. Silvestre* (ms: "31 dic."), *vai n'um ano, vem n'outro, e não se despe.* (Chaves)
Porque es el último día del año.

1137. **San Trocado** (Buciños, San Miguel; Carballedo, LU)
Borristas, os de San Trocado. (mc: Buciños)
Borristas equivale a vanidosos, presumidos; *Santrocado*, corrupción de San Torcuato, a quien antiguamente había dedicada una capilla, hoy destruída, carga con el apodo de borristas. / V. "Alén do Río".

1138. *Ferrocarril do Oural, ¿por quen andas gobernado? Polo Patán de Corveira i-o mono de San Trocado.* (mc: Buciños)
A esta parroquia pertenecían los nombrados en el dicho, que fueron personas de carne y hueso, y trabajaron en las obras de ferrocarril del Norte, en la zona de Oural. / V. "Oural, O".

1139. **San Trocado** (Ourantes, San Xoán; Punxín, OU)
Cando San Trocado ten monteira, bota o pan á eira. (ms9,06v: Ourances. Orense)
San Trocado = un monte.

1140. *Si o san Trocado colle moleira, hai que sacar o centeo da eira.* (ms: Orense)
Porque lloverá. / *Moleira* = Niebla

1141. **San Vintín / Vintín ?** (Petán, A Cañiza, PO)
As campanas de San Vintín non dan sin din. (ms16: D.E.)

1142. **San Xoán** (Veiga, San Xián; Pobra do Brollón, A; LU)
En Canedo, anque se morre en agosto, entérrase en San Xoán. (mc: Layosa)
Es Canedo de Monforte de Lemos, cuyo cementerio está en el lugar de San Juan, de ahí el equívoco del tópico (mc) / Juego de palabras: San Juan es el nombre del

[6649] Refrán recollido por un seminarista de Santiago en Carballo (A Coruña). Hai varios lugares con este nome na provincia da Coruña (concellos de Cedeira, Cerceda, Santiso e Val do Dubra). A parroquia de Santa Mariña de San Román, no concello de Val do Dubra é a máis próxima ó lugar onde foi recollido o refrán. / Carballo: *leva a pistola*.
[6650] ms-LU: *San Román*.

lugar en que está el cementerio. (ms) / V. "Canedo".

1143. **San Xurxo de Sacos** (Sacos, San Xurxo; Cotovade, PO)

Alpurrantes, os de San Xorxe. (mc: Castelao, *Nós* 38, 1927, 14)

Verba dos canteiros. (ms)

1144. *Ladrós, os de San Xorxe.* (mc: Castelao, *Nós* 38,1927,14)

1145. **San Xillao** (San Xillao de Tor, San Xillao; Monforte de Lemos, LU)

Os de San Xulián fan as casas de merda de can, botan afora, miran pra ela e quedan sin chimenea. [6651] (ms: Monforte)

Se refiere a San Julián de Tor y alude a una tierra especial que allí abunda y que los naturales utilizan como cemento para construir sus casas, tan poco sólidas, que difícilmente resisten un fuerte vendaval, o unas lluvias torrenciales. (mc) [6652]

1146. **San Xurxo** (Tuimil, Santa María; Bóveda, LU)

Borrachís, os de Sansurxo. [6653] (mc / ms)

V. "Tuimil".

1147. **San Xurxo** (Augas Santas, San Xurxo; Palas de Rei, LU)

Os de San Xorxe, becerreiros. (mc)

En Palas de Rey.

1148. *Os de San Xorxe, burriqueiros.* (mc)

Se refiere a Villamayor de Negral, Puenteferreira, San Román de Retorta, San Jorge de Aguas Santas y Santa María de Pacio, en el municipio de Guntín y Palas de Rey. / V. "Vilamaior de Negral".

1149. **Sandiás** (Sandiás, OU)

Ó chegar a Sandiás, mira adiante e mira atrás. (mc: Orense)

1150. **Sangorza** (Val de Sangorza, Santa María; Agolada, PO)

Os de Sangorza, rateiros. (mc: Lalín / ms4: F.V.S.)

V. "Berredo".

1151. **Sanguiñedo** (Sanguiñedo, Santa María; Dozón, PO)

Sanguiñedo, señoría. (mc)

Porque están allí las únicas casas señoriales de la parroquia.

1152. **Santa Comba** (Santa Comba, 6 parroquias, LU)

Os de Santa Comba, pombos. (mc)

1153. **Santa Comba** (Agolada / Oia / Vilaboa, PO)

O cura de Vigo é xastre y o de Caldas, mariñeiro, o de Ourense, afilador, y o de Santa Comba casamenteiro. (ms)

1154. **Santa Comba** (Santa Comba, San Pedro; Lugo, LU)

De Sarria a Lugo, Santacomba e San Juan de Muro. (ms8,36v)

1155. **Santa Comba** (Bértola, Vilaboa, PO)

O que vai a Santa Comba e non vai a San Cibrán, fai o viaxe en van. [6654] (mc / ms4: F.V.S.)

Alude a los famosos pastequeiros que había en ambas parroquias. Véase: "Los pastequeiros de Santa Comba y San Cibrán", de Lis Quibén, en la *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, t.III, 1947, pgs.495 y 496.

1156. **Santa Cristina** (5 concellos, LU)

O que de Santa Cristina vén, auga con il ten. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1157. **Santa Cristina de Asma** (Asma, Santa Cristina; Carballedo, LU)

Lázaros, os de Carballeira; nabiñaos, os de Sta. Cristiña; lugar de Viana, lugar de gran fama, vintecinco veciños gobérnanse cunha cuchara. (mc: Sbarbi)

Pueblos de Chantada.

1158. *Os de Santa Cristina, nabiñaos.* (mc e ms18,65v: Chantada)

Santa Cristina de Asma, Chantada. Por nabiñaos entienden, retacos, de pequeña estatura.

1159. **Santa Cristina** (Viso, Santa Cristina do; Incio, O; LU)

Santa Cristina, mariñeiros. (mc: Incio-F.V.S.)

Var.: *Os de Santa Cristina, nabiñeiros.* (Viso, Incio)

V. "Goó".

1160. **Santa Cruz de Mirandela** (Mirandella - Portugal)

Polo señal de Valdepazos, Santa Cruz de Mirandela, Dios che me dea arcas abertas e mulleres de pouca cautela. [6655] (mc: La Gudiña / ms11,25: Gudiña)

V. "Valdepaços".

1161. **Santa Gadía** (San Emeterio, Bimenes, AS)

Cando ruxe o mar en Santa Gadía, hai auga ó outro día. (ms: Viavélez)

[6651] ms4: *as casas de m…, miran pra elas*.

[6652] Pérez Ballesteros dá a seguinte cantiga: *O gaiteiro -de San Xulián / fixo unha casa -de m... de can: / saleu para fora -miróu para ela / ¡probe de min, -que non ten chaminéa!*. (1126)

[6653] ms: *os de Sanxurxo*.

[6654] mc e ms: *San Cibrián*.

[6655] mc: *pouca tela*.

1162. **Santa Mariña do Castro de Amarante** (Santa Mariña do Castro de Amarante, Santa Mariña; Antas de Ulla, LU)

Os de Santa Mariña, lebratos. (mc)

En Palas de Rey.

1163. *Albarcados, de Santa Mariña.* (mc: Buciños)

V. "Castro".

1164. **Santa Marta** (Ortigueira, Santa Marta; Ortigueira, C)

Santa Marta, o que non ten pan que o parta. (mc: Ortigueira)

1165. *Santa Marta, vila farta.* (mc / ms4: F.V.S.)

Se refiere a Stª Marta de Ortigueira.

1166. **Santa Marta** (Moreiras, Santa Marta; Pereiro de Aguiar, O; OU)

Xente noble, Santa Marta. (mc: Ben-Cho-Shey, *Nós* 42,1927,14)

V. "Cibreiro".

1167. **Santalla** (Pena, Santalla; Begonte, LU)

Os de Santalla, borrachós. (mc: Otero de Rey)

Santa Eulalia de Pena, en el municipio de Begonte.

1168. **Santalla** (Cuíña, Santalla; Lugo, LU)

Caladiños, en Santalla. (mc, ms e ms4)

Caladiños, cada uno atiende a lo suyo, sin preocuparse de los demás. (mc) / Cada uno atiende a lo suyo y procura arreglar las cosas sin que se entere nadie. (ms) / *Caladiños* = cada uno atiende a lo suyo y procura arreglar sus cosas sin que se entere nadie. (ms4) / V. "Fingoi".

1169. **Santarén** (Lobás, San Vicente; Calvos de Randín, OU)

Burros van a Santarén, burros van e burros vên. (mc: Loureiro de Cotovad)

1170. **Santiago de Compostela** (Santiago de Compostela, C)

¡Búscame un de capa negra en Santiago! (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

1171. *Cando algús van a Santiago, xa volven outros con cuncas.* (ms10,115r: D.E.)

1172. *Cando corren as nubes pra Santiago, pon a silla ó cabalo.* (mc: Vasconçelos)

1173. *De Santiago, nin bon aire nin bon señor.* (mc: Deza)

1174. *Deica Santiago irei e de Santiago pra riba, bagullas qu'eu botarei.* (ms4: F.V.S.)

1175. *Eu caseime en Santiago e viñen a Pontevedra: a muller veu sola por ser costumbre da terra.* (mc)

1176. *Arcebispo compostelán, ballesta e báculo na man.* (mc: C.A.)

1177. *Besta luguesa, muller coruñesa e home santiagués, merda prós tres.* (mc: Silleda)

V. "Lugo".

1178. *Capas negras en Santiago* (mc)

V. "Ourense".

1179. *Home de Lugo, muller de Melide e aire santiagués, ningún dos tres.* (mc: Taboada-F.V.S. / ms15,38: Golada)

V. "Lugo".

1180. *No camiño de Santiago, tanto anda o coxo como o sano.* (mc: A.N.)

(es) *Camiño de Santiago, tanto anda el cojo como el sano.* (Sbarbi)

1181. *O que vén a Santiago e non vai a Muxía, non fai romaría.* (ms5,135: Estrada. Puente Ulla)

1182. *Obispo de Santiago, báculo e ballesta.* (mc)

Procede el adagio, según López Ferreiro, de los tiempos del Obispo compostelano D. Diego Peláez, que, como señor de las tierras de Santiago, "tenía obligación de levantar tropas y conducirlas por sí mismo, o por jefes de su confianza, hasta incorporarlas en la hueste regia".

1183. *Os de Santiago, picheleiros.* (mc)

Aludiendo a la industria ejercida en otros tiempos en la ciudad del Apóstol.

1184. *Quen vai a Santiago e non vai a Padrón, ou faz romería ou non.* [6656] (mc / ms21,10r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Iria y Padrón compartieron con Santiago la peregrinación jacobea. Hay quien cree que la romería es incompleta si no se visitan estos lugares llenos del recuerdo del Apóstol. (mc)

1185. *Santiagueses, picholeiros; as de Louro, buleiras; as pesudas; de Lariño; as corbeiras, de Lira.* [6657] (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

1186. *Quen vai a Santiago e non vén por Padrón, ou fai romería ou non.* (ms-SA: José Barca Sanmartín: Santa Minia de Brión, C)

1187. **Santo Domingo** (Sanguiñedo, Santa María; Dozón, PO)

Zurruchanetos, os de Santo Domingo. (mc)

[6656] ms-LU e ms21,10r: *fai romería*.

[6657] O orixinal di *Santiagueses picholeiros / Os de Louro vuleiras / As pesudas de La iño / As corbeiras de Lira.*

Único lugar de Sanguiñedo, situado en la carretera, y dotado de tabernas.

1188. **San Tomé** (Carballo, San Tomé; Taboada, LU)
¡Ai!, rapaces de Santomé: o que non ten besta, anda de pé. [6658] (mc: Taboada)

1189. **Santón, O** (Veiga, San Ramón da; Lalín, PO)
Dos Porcallos ó Santón hai o salto dun castrón. (mc)
V. "Porcallos, Os".

1190. *Encubridores, de Santón* (mc / ms4: F.V.S.)
V. "Lamas".

1191. **Sanxenxo** (Sanxenxo, PO)
Os de Sanxenxo, campanudos. (mc)
"Pol-o moito e festeiro repique das campás", dice Isidoro Millán González Pardo, en sus comentarios filológicos a *Antífona da Cantiga*, de Cabanillas, pág. 203.

1192. *Os de Sanxenxo, lilainos.* (mc)
Nombre que daban los de Portonovo a los marineros de Sangenjo, que salían al mar con unas tortas de pan de trigo a las que los de Portonovo llamaban "lilainas". *Lilainas* = miudezas, cigalladas. Es término despectivo, y lo usaban los de Portonovo que presumían de comer pan de maíz y centeno, más fuerte y alimenticio. Véase Isidoro Millán, Gonzáles Pardo, o.c. págs. 202 y 203 (mc) / Valladares: *lilán* = Nina-Nana, fruslería, nada entre dos platos. Carré Alvarellos: *lilaina* = baratija, fruslería: cosa de poco valor. (ms)

1193. **Sarria** (Sarria, LU)
Aire de Sarria, ou moito ou nada. (ms-LU: seminarista anónimo: O Corgo, LU)

1194. *De Sarria a Lugo, Santacomba e San Juan de Muro.* (ms8,36v)

1195. *Non hai cas como os de Chantada nin gatos como os de Sarria.* (ms5,029)
V. "Chantada".

1196. *Sarria, Carregal e Mandeu, todo por aquí é meu.* (mc: Betanzos)

1197. *Sarria, prás boas empanadas.* (mc)

1198. **Savane** (Quindous, San Xusto / Ribón, Santa Mariña; Cervantes / Navia de Suarna, LU)
-¿De donde vés? –De Savane. –Vés cheo de pasar fame. (ms,11,57)

1199. **Saviñao, O** (Saviñao, O; LU)
O que queira beber viño bon, que vai'a Esperón. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Esperón (Saviñao).

1200. *Caballero de Saviñao: freno de xesta, espuela na man.* (ms4: Paradela- F.V.S.)

1201. *Caballero de Saviñao, freno de xesta, espuela de pao.* (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

1202. **Seixalbo** (Guldriz, Santiago; Friol, LU)
Son de Seixalbo, ¿quéresme algo? (mc: Buciños)

1203. **Seixas** (Sanguiñedo, Santa María; Dozón, PO)
Currevoltas, os de Seixas. (mc: Pontevedra)
Lugar de Sta. María de Sanguiñedo.

1204. **Seixón** (Seixón, San Paio; Friol, LU)
Pelados de Seixón e corvos de Santa Leocadia fixeron unha festa con cagalliñas de cabra. (mc: Miraz)
Parroquias de Friol. [6659]

1205. **Seoane** (Laxe, San Xoán da; Chantada, LU)
Gorras tortas, de Seoane. (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
V. "Furco".

1206. **Seoane** (Meavía, San Xoán; Forcarei, PO)
Os de Seoane, carrasqueiros. (mc / ms4: F.V.S.)
V. "Millarada".

1207. **Serra** (Vigo, PO)
Tronada pola terra, sardiña dentro da Serra. (mc: Sar.-Bayona)
Serra es una pequeña ensenada en la ría de Vigo.

1208. **Sevil** (Castro Sevil, Cuntis, PO) [6660]
Cando Soteiros [sic] *ten capa e Sevil capela, corre Maruxa á casa pola capela.* [6661] (Luís Alonso Alonso / ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

1209. *Cando Xesteiras ten capa e Servil ten capelo, corre Maruxiña, corre polo capelo.* (mc: Santiago)
V. "Xesteiras".

[6658] ms:*¡Ay!, San Tomé.*

[6659] Aínda que Vázquez Saco di que Seixón e Santa Leocadia son parroquias de Friol, só o é a primeira. Santa Locaia de Parga pertence a Guitiriz, limítrofe con Friol.

[6660] Aínda que no concello de Cuntis tamén existe o lugar Sebil, pertencente á parroquia de Santa María de Cequeril, coidamos que é máis lóxico que o refrán aluda a un monte; neste caso ó monte Servil, que a unha aldea.

[6661] ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO: *capelo.* Non atopamos ningún topónimo *Soteiros*. Podería ser un erro do informante e referirse ó monte *Xesteiras*, próximo a Cuntis-PO, ou ben a un microtopónimo non recollido nas colecciónes de toponimia que manexamos.

1210. **Setefontes** (Repostería, San Cibrao da; Palas de Rei, LU)
Cucos, os de Setefontes. (mc)

1211. **Sever** (Aguada, Santa Baia; Carballedo, LU)
En Seber, sonche bruxos (ms)
V. "Fufín".

1212. **Sevilla**
